# Informe de Literatura 2015

**Directora e Coordinadora**: Blanca-Ana Roig Rechou
**Bolseiras do proxecto**: Laura Blanco Casás e Verónica Pousada Pardo

## Equipo redactor

**Rafael Adán Rodríguez**
**Eulalia Agrelo Costas**
**Laura Blanco Casás**
**Belén Bouzas Corgal**
**Guillermo Calviño Santos (Ilustración)**
**Silvia Capelo Álvarez (Ilustración)**
**Verónica Casais Vila**
**Alba Cid Fernández**
**Olalla Cortizas Varela (Ilustración)**
**Noelia Estévez Rionegro**
**Raquel Fernández Parada (L. Medieval)**
**Sandra Fernández Queiruga**
**Mar Fernández Vázquez**
**Mª del Carmen Ferreira Boo**
**Rebeca Ferrín Castro**
**Irene Freire Casal**
**Mª del Rocío García Pedreira**
**Xurxo Martínez González**
**Isabel Mociño González**
**Marta Neira Rodríguez**
**Verónica Pousada Pardo**
**Blanca-Ana Roig Rechou**
**Alba Rozas Arceo**
**Carmen de Santiago Gómez (L. Medieval)**
**Cristina Trigo Martínez (Ilustración)**

## Colaboradores

**Mónica Álvarez Pérez**
**Laura Carbajo Lago**
**Sara Filgueira Lorenzo**
**Carmen Franco Vázquez (Ilustración)**
**Xavier Senín Fernández**
**Mª Isabel Soto López**
**Tania Vázquez García**

**Edita:**
XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

**Secretario Xeral de Política Lingüística**
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

**Coordinador Científico**
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

**Directora Técnica de Literatura**
BLANCA-ANA ROIG RECHOU

**ISBN: 978-84-453-5244-1**

**Dep. Legal: C 63-2017**

# *Índice Xeral*

**Nota previa.....7**

**Estatísticas**

***I. Narrativa.....9***

I. 1. Narradores galegos.....9
I. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....88
I. 3. Traducións e versións.....92
I. 4. Antoloxías.....104

***II. Poesía.....105***

II. 1. Poetas galegos.....105
II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....140
II. 3. Traducións e versións.....143
II. 4. Antoloxías.....144

***III. Teatro.....149***

III. 1. Dramaturgos galegos.....149
III. 2. Postas en escena.....152
III. 2. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras e semanas.....152
III. 2. 2. Estreas:.....201
III. 2. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....201

III. 2. 3. Postas en escena que continúan en cartel.....227
III. 2. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....227

***IV. Día das Letras Galegas: Xosé F. Filgueira Valverde.....254***

IV. 1. Creación: Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....254
IV. 2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos. Antoloxías.....260
IV. 3. Publicacións en revistas.....271
IV. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....274
IV. 5. Publicacións en xornais: entrevistas.....280
IV. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....281

***V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica*****.....307**

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....307
V. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....344
V. 3. Publicacións en revistas.....345
V. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....378
V. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....400
V. 6. Publicacións en xornais: entrevistas.....437
V. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....450

***VI. Clásicos greco-latinos traducidos*****.....536**

VI. 1. Publicacións en revistas.....536

***VII. Literatura Infantil e Xuvenil*****.....537**

VII. 1. Narrativa.....537
VII. 1. 1. Narradores galegos.....531
VII. 1. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....591
VII. 1. 3. Adaptacións.....595
VII. 1. 4. Traducións e versións.....597

VII. 2. Poesía.....628
VII. 2. 1. Poetas galegos.....628
VII. 2. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....638
VII. 2. 3. Traducións e versións.....640

VII. 3. Teatro.....644
VII. 3. 1. Dramaturgos galegos.....644
VII. 3. 2. Postas en escena.....647
VII. 3. 2. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras e semanas.....647
VII. 3. 2. 2. Estreas:.....685
VII. 3. 2. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....685

VII. 3. 2. 3. Postas en escena que continúan en cartel:.....697
VII. 3. 2. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....697

VII. 4. Cómic.....719
VII. 4. 1.Galegos.....719
VII. 4. 2. Cómics traducidos ou versionados.....721

VII. 5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas.....725
VII. 5. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....725
VII. 5. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....741
VII. 5. 3. Publicacións en revistas.....746
VII. 5. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....754
VII. 5. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas....776

VII. 5. 6. Publicacións en xornais: entrevistas.....779
VII. 5. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....781

***VIII. Literatura de transmisión oral*.....808**

VIII. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos.....808
VIII. 2. Publicacións en xornais: entrevistas.....811
VIII. 3. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....812
VIII. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....813
VIII. 5. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....814

***IX. Revistas*.....816**

***X. Premios*.....832**

X. 1. Narrativa.....832
X. 2. Poesía.....877
X. 3. Teatro.....902
X. 4. Investigación.....914
X. 5. Mixtos (varias modalidades).....919
X. 6. Premios a unha vida.....947
X. 7. Literatura infantil e xuvenil.....964
X. 8. Premios escolares e xuvenís.....990

***XI. Literatura medieval*.....1031**

XI. 1. Monografías e libros colectivos.....1031
XI. 2. Reedicións.....1038
XI. 3. Antoloxías.....1039
XI. 4. Publicacións en revistas.....1040
XI. 5. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....1042
XI. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....1043
XI. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....1044

***XII. Apéndice: entradas non recollidas en Informes anteriores*.....1046**

XII.1. Narrativa.....1046
XII. 1.1. Narradores galegos.....1046
XII. 1.2. Traducións e versións.....1049

XII. 2. Poesía.....1050
XII. 2.1. Poetas galegos.....1050
XII. 2.2. Reedicións comentadas e facsímiles.....1051
XII. 2.3. Antoloxías.....1051

XII. 3. Teatro.....1053
XII. 3.2. Dramaturgos galegos.....1053

XII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.....1054
XII. 4.1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....1054

XII. 5. A literatura infantil e xuvenil.....1055
XII. 5.1. Narrativa.....1055
XII. 5.1.1. Narradores galegos.....1055
XII. 5.1.2. Reedicións comentadas e facsímiles.....1055
XII. 5.1.3. Traducións, versións e reedicións.....1056
XII. 5.2. Poesía.....1058
XII. 5.2.1. Poetas galegos.....1058
XII. 5.3. Cómic.....1059
XII. 5.3.1. Galegos.....1059

XII. 6. Literatura de transmisión oral.....1061
XII. 6.1. Recompilacións, monografías e libros colectivos.....1061

XII. 9. Literatura medieval.....1065
XII. 9.1. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....1065

**Nota previa**

Un ano máis, e van xa vinte, achegamos aos interesados en coñecer cómo se desenvolveu a Literatura galega en Galicia e fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao ano 2015, o primeiro observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só dá noticia da creación senón tamén da recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala. Este *Informe* poderase consultar, como en anos anteriores, en formato PDF, xunto con todos os Informes dende o ano 1995, na web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (http://www.cirp.es) en recursos en liña ou ben directamente no buscador Google: Informes de Literatura.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano 2015 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais etc.

Ofrecemos un comentario descritivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2015 como das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes comentarios tratamos tan só de informar o lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que tamén son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente conceden algunha atención á Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC*, *El Mundo* e *El País*. Doutra banda, apreciarase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre "Recensións" e "Referencias varias", por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, cousa que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que atinxe ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras como *AILIJ* (*Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*), *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), *Estudios Románicos*, *Madrygal*. *Revista de Estudios Gallegos* e *Medievo Romanzo*. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar o lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e

Asociacións culturais e outros Centros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

No apartado IX Revistas, no que se fai unha biografía da publicación, non dos traballos que contén, a non ser as achegas de creación, dado que se describen no apartado anterior, só biografaremos aquelas que teñen ISSN, as demais que chegan ás nosas mans, como xa dixemos, serán descritas por medio dos seus traballos en Publicacións en Revistas. Os *Anuarios* que non teñan ISSN e si ISBN serán descritos como monografías (Apartado V.1). Tamén neste apartado acollemos as revistas que se ofrecen en edición facsimilar.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, Xosé Filgueira Valverde.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada "Cómic" polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ▪), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ◆), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Nos *Informes* anuais, como ocorre neste, seguimos a engadir un "Apéndice" que acolle aquelas obras que chegaron ás nosas mans despois de pechado este, xa sexan do mesmo ano ou anteriores.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento a Mercedes Brea pola axuda e a información que nos prestou sobre Literatura medieval, e a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración ou nalgún aspecto puntual, como é o caso de Juan José Mosquera Ramallo e María Vanesa Solís Cortizas.

Blanca-Ana Roig Rechou

# *Informe de Literatura*

# ***2015***

# *I. NARRATIVA*

## I. 1. NARRADORES GALEGOS

**Alfaya**, An, *Muros de aire*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2015, 248 pp. (ISBN: 978-84-9914-904-2).

Novela de An Alfaya (Vigo, 1964) que ten como fío condutor as vivencias dun grupo de persoas con tendencias suicidas. Comeza a narrativa presentando a Cora e Fidel, unha parella que manteñen ademais unha relación profesional ao compartir a dirección dunha empresa de socioloxía. Cora e Fidel están realizando un estudo sociolóxico, centrado en tendencias suicidas, grazas a un encargo que reciben dunha institución académica. Cora é a encargada de realizar o estudo de campo mentres que Fidel está envolvido nos asuntos administrativos. No decorrer da narrativa, Cora vai realizando diferentes entrevistas aos suicidas que recolle en gravacións para a súa posterior análise, tarefa que lle resulta cada día máis insoportábel debido á carga psicolóxica que iso lle provoca e á súa vinculación emocional co traballo que desenvolve. Esa situación vaina levar a unha insatisfacción persoal, caracterizada polo sentimento de frustración, dor e incomprensión que afecta á súa vida persoal e profesional e que a levará a fuxir até a cidade onde creceu. A través dun narrador omnisciente, a autora vai construíndo diferentes narrativas até converxer no final da novela. Esta novela ábrese cunha dedicatoria "A Manolo, Tania e Mario, ordenando o caos" e continúa cunha nota da autora onde explica a intención do libro: "amosar a dor duns personaxes sen vontade". Ao longo da narrativa vanse desenvolvendo e relacionando diferentes temas como a dor, o amor, a insatisfacción persoal e social, a soidade, a violencia, o sentimento de culpa ou a frustración, entre outros. Na introdución An Alfaya dispón tres citas: a primeira é un poema de Rosalía de Castro, "Que pasa ó redor de min?", de *Follas Novas*; a segunda é de Emily Dickinson, "A vida é unha morte que nos leva tempo", e, por último, aparece unha cita de Vicente Huidobro pertencente ao "Canto III", de *Altazor*, "Y puesto que debemos vivir y no nos suicidamos/ Mientras vivamos juguemos." A división da novela responde aos chamados "Cartafol suicidas", onde se dispoñen as entrevistas realizadas por Cora no seu estudo de campo. Aquí preséntanse os casos e as persoas entrevistadas, deixando ver as historias individuais de cada unha delas. Suman un total de once e cada parte conta cunha subdivisión numerada onde se van intercalando as vivencias persoais e as memorias de Cora. Menos o primeiro cartafol, "Cartafol suicidas. Caso un", o resto dos cartafoles están introducidos por citas de autores, todas relacionadas coa morte, co abandono etc. Os autores citados son, por orde de aparición: Manuel Rivas, Bernadino Graña, Manoel Antonio, Celso Emilio Ferreiro, Camus, Antonio García Teijeiro, Paul-Louis Landserg, Mario Benedetti, Xosé Carlos Caneiro e Gioconda Belli. No final da novela engádense dúas citas máis, a primeira de Franz Kafka e a segunda de Almudena Grandes. Finalmente, péchase o libro cunha nota onde se recolle un anaco do Código Penal Español, Libro II (Delitos e as súas penas), Título Primeiro (Do homicidio e as formas), Art. 143, dedicado ao suicidio.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Unha ollada á condición humana”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 2 outubro 2015, p. 6.

Comenta que a autora trata unha temática difícil que vai dende a violencia até a incomprensión social e valora que o faga con convicción. Fala brevemente do argumento, que considera un traballo coidado e documentado, e indica que se amosa outro rostro da vida marcado polas “cicatrices e os silencios”. Valora que se trate como tema literario unha realidade agochada pois axuda a tomar conciencia sobre o mesmo.

- Xosé Carlos Caneiro, “Enganchar”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “No ficción”, “Club dandi”, 23 outubro 2015, p. 6.

En primeiro lugar, reflexiona sobre a presenza na literatura dos guerrilleiros, maquis e fuxidos. A continuación, comenta que An Alfaya é unha autora de longa tradición nas letras galegas. Fala do argumento da súa última obra. Destaca que a trama xira arredor dos suicidios e resalta o ritmo áxil e rápido da historia, que a converte nunha obra de sinxela lectura.

- Francisco Martínez Bouzas, “Na presenza do mal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 558, “Libros”, 29 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”*,* n.º 513, “Letras galegas”, 7 novembro 2015, p. 10.

Comenta brevemente que *Muros de aire* é a obra máis importante de An Alfaya tras revisar outras publicacións anteriores. Di que a temática predominante nesta novela é o suicidio, as súas causas e consecuencias, de forma que plasma a eterna loita entre o que está ben e o que está mal como desencadeante da morte autoinflinxida. Destaca o personaxe principal de Cora que, xunto coa súa parella, son os encargados de elaborar un estudo sobre as persoas que intentaron suicidarse, descubrindo no seu camiño que estas persoas eran criminais. Indica que se trata dunha novela interior e salienta a elaborada estrutura da obra.

**Alonso**, María, *Despois do cataclismo*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaian, xaneiro, 2015, 124 pp. (ISBN: 978-84-15699-69-9).

Primeira novela de María Alonso Alonso (Matamá, Vigo) cuxa acción se localiza nun tempo futuro que comeza co parto solitario dunha muller, cuxa filla pasa a formar parte da comunidade grazas a un nanochip que controla os seus pensamentos, de xeito que non a conduzan ao cataclismo que destruíu o mundo no pasado. A súa vida transcorre nun castro controlado pola política (representada polos gardas da tradición que controlan o señor do Castro), a ciencia (que se reflicte no personaxe do señor das Herbas) e o medo. Cando a rapaza chega á adolescencia descobre unha realidade oculta no bosque e a verdadeira natureza das moras. A novela encádrase no xénero da ciencia ficción, mesturada coa fantasía e o concepto do neocastrexismo, e contén unha crítica social ao redor do machismo, que se recrea na violencia tanto do corpo (manifesta no parto) coma nas mulleres que a sofren.

**Recensións:**

- Jorge L. Bueno, "Fantasía lendaria", *Tempos Novos*, n.º 222, *ProTexta*, n.º 11, "ProPostas", novembro 2015, p. 86.

Defínese esta novela como unha "distopía post-humana" que enche un baleiro na narrativa galega. Alúdese á influencia na obra de Lovecraft, Poe, Clive Barker, Shakespeare ou a literatura medieval. Equipárase a obra ao relato de Philip K. Dick "O rei dos elfos" pola súa mestura de fantasía lendaria e ciencia ficción. Saliéntanse o bo artellamento da historia e a súa capacidade para incitar á reflexión**.**

**Álvarez**, Bautista, *Cuarto minguante*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, febreiro 2015, 205 pp. (ISBN: 978-84-9914-809-0).

Bautista Álvarez (Loucía, Santo Amaro, Ourense, 1933) presenta neste volume a historia da emigración galega no século XX, primeiro a América e despois a Europa, a través das vivencias de Ismael na súa peripecia emigrante. *Cuarto minguante* comeza cun "Prólogo" no que o autor afirma que non escribe "para os de agora" senón para os das xeracións anteriores e divídese en trinta e nove capítulos, sen título e con numeración romana, e mais un "Epílogo". A narración comeza coa chegada de Bautista Álvarez a Zürich para impartir unhas conferencias, lugar no que atopa un amigo da infancia chamado Ismael Carballo. A seguir detállase a vida deste personaxe dende o seu nacemento en Loucía. Coñécese como en 1955 decide emigrar a Venezuela, pero debido a unha bebedeira desembarca en Río de Xaneiro, onde segue co oficio de xastre aprendido en Loucía e que continuará co paso do tempo en Bos Aires. En 1965, de volta a Galicia, continúa exercendo a súa profesión, mais ten problemas coa xustiza, morre súa nai Rosaura e decide emigrar a Suíza. Na emigración nese novo país, Ismael traballa no hotel Rigilbik, é enganado por Isaura Torga, coa que ía casar, e remata traballando nunha cervexaría, aínda que finalmente lle outorgan a incapacidade laboral. Despois desta longa biografía de Ismael Carballo, a voz narradora dá conta do seu regreso a Suíza, agora en misión política, e da descuberta do falecemento de Ismael e da loita dos familiares pola súa herdanza.

**Recensións:**

- Alfredo Conde, "Dúas lecturas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 5 marzo 2015, p. 4.

Faise unha crítica a dúas obras, *Cuarto minguante*, de Álvarez Bautista, e *Amor en alpargatas*, de Manuel Portas. En canto á primeira, dise que está escrita cunha técnica "de lareira" e que consegue evocar as narracións orais do pasado. Saliéntase a calidade da lingua empregada e o uso de recursos propios da oralidade. Polo que se refire á segunda, coméntase o acerto do primeiro capítulo, onde se mesturan diversos puntos de vista e destácase a presenza do tema da infancia e a "recuperación do mundo que se foi". Finalmente, recoméndase a lectura das dúas novelas.

- Francisco Martínez Bouzas, “Anos martelados”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 543, “Libros”, 21 maio 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 498, “Letras galegas”, 30 maio 2015, p. 10.

Informa que a obra trata sobre a emigración galega a Latinoamérica e Europa nos anos cincuenta e sesenta e que o autor se baseou para a escrita nas experiencias vividas no seu lugar natal, o concello de San Amaro (Ourense), e na súa bisbarra. Sinala que non é unha novela histórica da emigración galega, senón un relato de ficción que se basea na realidade da época. Di que a obra conta cun prólogo do autor no que reivindica a lectura e resume a vida do escritor Marcial Lafuente Estefanía. Sinala que Bautista Álvarez fai este retrato da emigración como un narrador omnisciente que mesmo se introduce na historia e fai comentarios sobre o seu labor. Finalmente, tamén fala sobre a presenza da ironía e a ausencia de idealismos ou “tremendismos”, así como sobre o emprego dunha lingua popular coa que recupera palabras e expresións esquecidas na actualidade.

- Vicente Araguas, “Da naturalidade”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 20/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 888, p. 26/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 888, p. 30, “máis Libros”, 5 xullo 2015.

Comenta a natureza desta obra, que vai da novela ao conxunto de relatos, e valora aspectos como a dedicatoria á UPG, o prólogo e epílogo do propio autor, o seu estilo e lingua literaria ou a presenza de persoeiros da historia literaria española (Emilia Pardo Bazán, Francisco Quevedo, José Zorrilla) no tecido dunha historia de emigración, enfiada con considerábel habelencia para ir contrastando acontecementos en Galicia, en América e en Suíza.

**Álvarez Cáccamo**, Xosé María, *As últimas galerías*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 337, xuño 2015, 199 pp. (ISBN: 978-84-9865-619-0).

Primeira novela longa do poeta Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) que principia con dous paratextos en forma de dedicatorias (“A miña nai, María Luisa Cáccamo, referente fundamental” e “A Isabel Parreño, a lectora decisiva”) e que, a continuación, presenta unha nota de agradecemento para Beatriz García-Ramos, Paqui Álvarez, Anxos Villot, Celso López, Xavier Baixeiras, Aurelio Casal e Víctor F. Freixanes. O libro destaca a importancia da memoria para coñecer o pasado e mudar o presente. Dividida en once capítulos, a historia comeza con Manuel, o narrador, guiando a cadeira de rodas da súa nai, Amalia. A muller, vítima da parálise, a demencia senil e a xordeira está internada nunha residencia xeriátrica. O discurso confuso da nai, que se alterna con momentos de lucidez, consegue que Manuel reviva fragmentos da infancia e comece a interesarse por algúns acontecementos do pasado, como a relación de amor que existiu entre os seus proxenitores, no marco dos anos da ditadura. Mediante a lectura da correspondencia dos pais antes do casamento e a conversa con diversas testemuñas, entre outras fontes, o narrador descobre a violencia, os horrores da guerra civil e algúns sucesos que lle permitirán reinterpretar a existencia do seu pai e a imaxe da súa nai. O percorrido a través do pasado remata cun dramático desenlace que cambiará para sempre a vida de Manuel.

**Recensións:**

- Rexina Vega, "Memoria histórica e íntima", *Tempos Novos*, n.º 220, *ProTexta*, n.º 10, "ProPostas", setembro 2015, p. 78-79.

Comézase por salientar o tema da vellez na historia, posto que o punto de partida sitúase nun xeriátrico, ao que un fillo leva un álbum de fotos para que a nai reconstrúa a "memoria autocensurada". Conclúese destacando a verosimilitude coa que se tratan a Guerra Civil e a posguerra.

- Vicente Araguas, "Unha historia de amor", *La Región*, 3 setembro 2015/ *Atlántico Diario*, 6 setembro 2015, "*La Revista*", n.º 194, "Con texto", "Rabo de nube", p. 14.

Mostra a traxectoria literaria do autor, desenvolta no ámbito poético, contístico e memorialístico. Indica a estrutura da novela, que se divide en tres partes: a primeira narra a historia da nai do narrador; a segunda, correspóndese cunha comunicación epistolaria entre os amantes e a terceira recolle o testemuño da muller, clave da historia. Indica o carácter sorprendente que posúe a obra, o cal procede en gran medida do desenlace. Por último, destaca o personaxe de Tucho Ruiz, que morrerá ao longo da novela e de quen se descobre que tivo un escuro pasado na época franquista.

- Ramón Nicolás, "Reactivar a memoria, redescubrir a vida", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 4 setembro 2015, p. 13.

Indica que nesta obra se apela á importancia do elemento memorialístico como un elemento principal da vida dos seres humanos. Destaca a importancia da personaxe Amalia e sinala a relevancia dos relatos orais, no senso da memoria social. Comenta que arredor disto, botando man dunhas cartas, se argalla a estrutura da novela unindo o presente e o pasado para botar luz sobre a vida dos proxenitores do protagonista. Tamén destaca que esta novela posúe a xenialidade da composición, polo que non debe pasar desapercibida.

- Laura Blanco Casás, "Conmovedor relato", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 554, "Libros", 1 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 509, "Letras galegas", 10 outubro 2015, p. 10.

Comenta cales foron os elementos que constituíron a idea do libro e fai un resumo amplo do argumento da obra. Destaca que é a primeira aproximación do autor á narrativa de ficción e que a súa formación lírica se percibe tamén na prosa. Subliña que a novela ten unha estrutura orixinal, ben contada e cunha historia que conmove os lectores.

**Referencias varias:**

- E. Ocampo, "Xosé María Álvarez Cáccamo. 'O libro xorde logo dunha conversa coa miña nai, doente de alzhéimer", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 xullo 2015, p. 41.

Preséntase unha breve entrevista co autor, antes da presentación da súa primeira novela, na Feria do Libro de Vigo. Coméntase o xermolo da novela –unha conversa coa nai do autor, doente de alzhéimer–, os lindes do autobiográfico e do novelado, o porqué do título ou a escolla de Xina Vega para a presentación.

- J. Fernández, "Antón Ocampo y el lenguaje de los animales", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 27 novembro 2015, contracuberta.

Entre outras novas, informa da presentación desta novela en Cronopios e destaca a presenza de Victor F. Freixanes e Xosé Manuel Trigo no acto.

**Ameixeiras**, Diego, *A noite enriba*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2015, 152 pp. (ISBN: 978-84-9914-936-3).

Novela negra de Diego Ameixeiras (Lausana, Suíza, 1976) na que se realiza unha reflexión profunda sobre os límites deste xénero e o propio feito de escribir. O volume consta de tres partes que levan por título "O sol de Oregón", "Sombras sobre dúas pernas" e "A morte borrará os teus ollos", nas que se narra a historia dun escritor obsesionado con David Goodis, un dos grandes narradores esquecidos da época dourada do xénero negro nos Estados Unidos de América, quen decide iniciar o seu proxecto máis pretensioso: a redacción dunha biografía novelada do autor norteamericano, reivindicado durante décadas polos filósofos existencialistas franceses. O ritmo da novela é áxil e dinámico, caracterizado polo uso de múltiples elipses e saltos no tempo.

**Araúxo**, Emilio, *Balbina*, Noia: Toxosoutos, col. Nume, 2015, 98 pp. (ISBN: 978-84-944314-1-8).

Novela histórico-biográfica de Emilio Araúxo (Coles, Ourense, 1946) centrada na traxectoria vital de Balbina López Roxo, galega que viviu moi de preto a Guerra Civil española, a Segunda Guerra Mundial e a Revolución cubana. O libro ábrese cunha serie de "agradecementos" do escritor a Marisa González Feijoo, Carlos Morales Iglesias, Luis Pérez Sánchez e á familia de Balbina. A continuación, ofrécese un conxunto de dezaseis discursos da protagonista, todos eles baixo un título diferente extraído dunha frase concreta expresada pola propia Balbina. Os textos aparecen datados entre os anos 1986 e 1989, de modo que se trata de confesións íntimas que trata de rescatar da memoria dende a vellez, pois naceu en 1904. Nun ton conversacional e distendido, e cun estilo no que abundan os dialectalismos e as expresións da fala cotiá, Balbina conta en primeira persoa os episodios máis importantes da súa vida. De procedencia galega, marchou con tan só dezaoito meses a Cuba cos seus pais. Nese lugar casárona contra a súa vontade aos doce anos cun home moito maior e a partir dese momento empezou a traballar en diversas fábricas para sobrevivir á miseria, até que, enganada pola nai, regresou a Galicia con vinte anos. O pai abriu un negocio na Coruña que o levou á ruína, polo que Balbina se viu obrigada a marchar a Barcelona e a traballar ao servizo

dunha familia acomodada. Cando quixo volver á súa terra, en xullo de 1936, produciuse o estalido da Guerra Civil e non puido regresar. Nos primeiros instantes da contenda, formáronse diversos grupos en hospitais baixo o mando da Cruz Vermella e Balbina, que comezara a prepararse como enfermeira auxiliar, participou nas tarefas de rescate de nenos e familias vítimas dos bombardeos e dos ataques a vivendas e escolas. De alí marchou a Francia, onde permaneceu exiliada durante dez anos e onde percorreu o país e presencia matanzas, que lembra con especial dor e crueldade, como a de Oradour-Sur-Glane por parte das tropas alemás. Posteriormente, actuou de enlace da guerrilla antifranquista en varias ocasións e deu información aos maquis ocultos nos montes galegos. Anos máis tarde, volveu a Cuba, onde tamén lle tocou vivir a Revolución.

**Area**, Ramón, *Tempo de pedra*, [A Coruña]: Editorial Canela/ Canela Producións S.L., col. narrativacanela, decembro 2015, 267 pp. (ISBN: 978-84-608-4348-1).

Novela de Ramón Area Carracedo (Ourense, 1969) que reproduce na lapela da cuberta unha breve recensión crítica de Carlos Martínez Uzal, coordinador da Asociación Itinera Voluntarios en Saúde Mental, na que destaca a cor gris e o silencio dos hospitais psiquiátricos e indica o feito real do que parte a historia. Na lapela da contracuberta ofrécese unha breve sinopse biobliográfica do autor. A exclamación "Ai dos vencidos!", de Breno, xefe galo, antecede o primeiro capítulo, intitulado "Dez de outubro" e punto de partida dunha estrutura cíclica dun ano, que comeza e remata cun capítulo homónimo. A trama desenvólvese nun hospital psiquiátrico e arrinca cando o doutor Goeiro, mentres valora a posibilidade de darlle a alta ao esquizofrénico paranoide Lorenzo Sandiás, se dá conta da súa borracheira o 10 de outubro, para celebrar o aniversario do nacemento en 1875 de Wilhelm Friedrich Mette, cuxa lápida descubriu un século despois, no cemiterio de Conxo, que está vinculado á historia do Sanatorio psiquiátrico dende 1917. A partir deste detonante, o médico decide investigar e, na súa procura, saca á luz feitos acontecidos durante a Segunda Guerra Mundial, que conforma unha trama secundaria á principal: a intrahistoria do persoal médico e dos enfermos dun hospital psiquiátrico, exemplificado, neste caso, na recreación do compostelán Sanatorio psiquiátrico de Conxo.

**Referencias varias:**

- Joel Gómez, "Ramón Area. 'Mette merecía unha moi boa historia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "En primera persona", 18 decembro 2015, contracuberta.

Infórmase da presentación na Casa das Asociacións de Cornes desta obra centrada na historia do capitán alemán Friedrich Wilhelm Mette, enterrado no cemiterio histórico do Psiquiátrico de Conxo. Coméntase que na novela se reconstrúe a vida deste home e explícase como chegou a Santiago. Dise que o título evoca a obra *Tiempo de silencio*, de Martín Santos, e a lousa que durante moitos anos existiu sobre os doentes do Psiquiátrico.

**Bermúdez**, José M., *A revolta dos gorrións. Nobres e vasalos*, [El Ejido]: Ed. Círculo rojo, col. Novela, 2015, 270 pp. (ISBN: 978-84-90954799).

Novela de José Manuel Bermúdez Siaba (Muros, 1957) ambientada na segunda metade do século XV e na que se mestura a ficción con feitos históricos reais acontecidos na Galicia dos anos 1465 a 1472. Nesta época Galicia estaba a sufrir unha situación de inestabilidade, falta de alimentos e carencias que afectaban fundamentalmente ás clases baixas e medias. Ademais dos períodos de malas colleitas estaban os abusos da aristocracia e os contínuos ataques de salteadores e criminais que actuaban baixo a protección de nobres e clero. O descontento do pobo estoupou nunha gran loita popular. *A revolta dos gorrións. Nobres e vasalos* céntrase nesa Gran Revolta Irmandiña de 1467 e conta a historia de Valente Bolaño, un labrego que se alista no exército popular e que encarna a liberdade e a vinganza. O protagonista acada satisfaccións, pero tamén padece as penas da guerra, como a perda de seres queridos.

**Referencias varias:**

- C. Botrán, "A revolta dos gorrións' afonda na historia novelada dos Irmandiños", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", contracuberta.

Infórmase da presentación da última novela do muradán José Manuel Bermúdez, ambientada nas revoltas irmandiñas e editada por Círculo Rojo. Dise que logo dunha primeira presentación entre a comunidade galega de Arxentina, o acto se celebrou no Hotel Araguaney canda a outras personalidades muradás, que salientaron a necesidade de revitalizar a cultura de Muros.

**Bóveda**, Jorge Emilio, *A morte vén en chancletas: problemas novos para Leopardo*, Santiago de Compostela: Enxebrebooks, 2015, 154 pp. (ISBN: 978-84-15782-71-1).

Novela negra e policial na que Jorge Emilio Bóveda (Ourense, 1975) retoma a figura dun peculiar investigador que xa aparecera na súa obra anterior, o ex-convito Leopoldo Pardo. Ábrese con agradecementos a David Cortizo Conde, a Ramón Nicolás, aos membros do grupo de autores de *Contos estraños* e á editora Alicia Romero. A seguir, inclúese unha nota titulada "Advertencia", asinada polo autor e dirixida aos lectores, onde indica que todos os personaxes e situacións que aparecen na novela son resultado dun proceso de observación. A obra está dedicada a Mar, a Sara e a Xurxo "que sempre veñen con pés nus" e conta cunha nota, escrita en verso: "Os libros/ abren máis portas/ que as chaves./ Paulo Coelho?/ Non. Un cerralleiro/ que montou o seu negocio/ ao carón dunha biblioteca/ e tivo que pechar por, segundo el,/ competencia desleal./ Para citas acaídas/ escriba as palabras 'citas célebres'/ en calquera buscador/ da Internet". Tamén ofrece un capítulo titulado "Guía do lector", onde se relacionan todos os personaxes que interveñen na obra. A seguir a novela estrutúrase en vinte episodios nos que a intriga segue o modelo tradicional de novela policial, coa clásica morte dun personaxe nun lugar ateigado de persoas, do cal ninguén pode saír e onde todas son sospeitosas da morte. Hai unha abundante descrición de espazos e faise uso da ironía e o

humor. Péchase co colofón: “Portimao (Portugal), A vila (non Ávila) (Lobios) e O Piñeiral (San Cibrao das Viñas) no verán do 2014 por Jorge Emilio Bóveda”.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Negra, policial e social”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 11 setembro 2015, p. 12.

Describe brevemente o fío argumental da obra centrada nun crime e na súa posterior investigación para dar co autor. Sinala a posíbel homenaxe a diversos autores do xénero, como Edgar Allan Poe ou Agatha Christie, e narra as sospeitas dos personaxes a través dunha atmosfera de novela negra ou policial, na que tamén ten espazo o sentido do humor. En última instancia, sinala como o volume ofrece un marcado compoñente de crítica social ao sinalar a deficiencia da cultura lectora por parte dos seres humanos.

**Cajaraville**, Héctor, *De remate*, Premio Xerais de Novela 2015, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 381, outubro 2015, pp. 214 (ISBN: 978-84-9914-931-8).

Novela de Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1974) constituída por un extracto dos artigos do periodista Bieito Sanmarful, colaborador do xornal *Loaira*, que se complementan con anotacións dunha especie de diario persoal, onde o protagonista escribe todo tipo de reflexións, notas soltas, versos ou reportaxes inéditas que consideraba que debían quedar arquivadas ao longo dos seus últimos tres anos de vida. Así mesmo, recóllense algúns dos correos electrónicos que intercambia con amigos ou incluso cos lectores da súa columna semanal, ben para felicitalo, ben para criticar o seu labor periodístico. A novela ábrese cun prólogo ficcional do ex-director de *Loaira*, Pablo Cardeiro, quen anuncia que esta é a terceira edición do volume, que coincide co décimo aniversario do falecemento de Bieito Sanmarful e o cincuenta aniversario do seu nacemento. Explica Cardeiro que na obra se presentan vinte e dous artigos expresamente seleccionados porque son aqueles que mellor se corresponden coas reflexións que Bieito apuntaba no seu diario polas mesmas datas, de modo que a través da obra pódese reconstruír a imaxe tanto pública como privada do xornalista falecido. Despois deste prólogo explicativo, preséntanse en distintos apartados, baixo o título que Sanmarful lles deu, os distintos artigos que publicou en *Loaira* de forma cronolóxica entre xaneiro de 2012, momento no que comezou a súa colaboración no xornal, e xullo de 2015, mes no que deixou de traballar debido á súa enfermidade. Acompañando a cada un dos artigos, inclúense algunhas das anotacións que Sanmarful escribiu no seu diario en datas próximas ou que dalgún xeito teñen que ver con eses artigos, ademais dos correos electrónicos que lectores ou amigos lle envían en relación con eles. A forma en que está estruturada a novela fai desta unha obra na que se amalgaman diversos xéneros, que van dende o relato, á crónica, á entrevista ou á noticia, entre outros. Do mesmo xeito, Cajaraville demostra a súa capacidade para o emprego de distintos rexistros, xa que o seu protagonista escribe para un público lector dun xornal, para as persoas máis próximas ou incluso para si mesmo. Neste sentido, os artigos de Sanmarful reflicten a realidade da Galicia máis tradicional e actual, ao tratar temas como o Entroido ou o Camiño de Santiago, mentres que en moitos deles a lingua é a

protagonista. Deste modo, ao longo da novela realízanse múltiples reflexións e comentarios filolóxicos sobre os usos lingüísticos do galego ou sobre etimoloxía popular. Ademais, a partir dos diversos fragmentos e anotacións, o lector descobre a vida íntima de Bieito, un home que a piques de cumprir os corenta anos se namora de Miguel, cando nunca antes se vira atraído por unha persoa do mesmo sexo e ao que dun día para outro lle diagnostican un tumor cerebral. Por este motivo, o lector tamén se achega a unha persoa perdida, que sufre nos últimos meses da súa vida unha crise persoal e existencial. Trátase, por tanto, dunha novela habilmente construída e orixinal dende un punto diexético, que dá conta, ademais, do manexo lingüístico do autor.

**Recensións:**

- Montse Pena Presas, "Lingua labrada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 562, "Libros", 26 novembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 517, "Letras galegas", 5 decembro 2015, p. 10.

Explícase que a obra se abre cun limiar ficticio do exdirector dunha revista, que escribe para a terceira edición dun volume que recolle unha serie de textos de Bieito Sanmarful, o protagonista da novela. Engade que ademais dos citados artigos o libro está conformado por diversos materiais, de modo que é un "híbrido xenérico". Destaca o manexo "preciso, delicado e decidido da lingua" do autor e a súa capacidade para controlar os diversos xéneros e estilos pero critica que as múltiples referencias ao campo literario galego están dirixidas a un lector culto.

- Vicente Araguas, "Pero moi de remate", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 911, "máis Libros", 13 decembro 2015, p. 30.

Explica que a obra se centra na historia dun periodista, Bieito Sanmarful, que fai columnas de opinión nun xornal en declive. Ademais explica que o autor inclúe en paralelo o diario íntimo do protagonista e os seus correos electrónicos, que serven para que o lector tamén se conforme unha imaxe persoal de Sanmarful.

**Referencias varias:**

- Patricia Hermida, "San Sadurniño regala unha segunda vida ao último Premio Xerais", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 6 novembro 2015, p. 43.

Anúnciase a estrea do documental *En memoria de Bieito Sanmarful*, creado a partir da novela de Héctor Cajaraville, a modo de *booktrailer*. Indícase que o documental é totalmente ficcional, debido a que o personaxe de Bieito nunca existiu.

- Xabier Sanmartín C., "De remate', libro dun santiagués profeta na terra", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 7 novembro 2015, p. 42.

Di que é unha novela onde domina a ficción, pero con algunha tintura autobiográfica. Salienta que o libro está composto de artigos de xornal, emails, anacos do seu diario, poesías e algunha denuncia.

- Mar Mato, “Héctor Cajaraville. ‘Escribir es estar lo más cerca de un ser superior”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 novembro 2015, p. 37.

Coméntase a nova novela de Héctor Cajaraville e sublíñase a vocación do autor e interpretación da escritura coma un vehículo de comunicación cun ser superior.

- Xosé Carlos Caneiro, “Distinción”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “No ficción”, “Club dandi”, 4 decembro 2015, p. 13.

Entre outras cuestións, fálase que a novela gañou o premio Xerais e saliéntase a súa estrutura. Dise que o seu fío narrativo está constituído por diversos materiais, como artigos, poemas, correos electrónicos, un diario, etc. Tamén se destaca a súa prosa vivaz e o emprego da palabra exacta, ademais do acerto ao propoñer un lector activo e participativo.

- Lourdes Varela, “Héctor Cajaraville. ‘A retranca é a verdadeira protagonista da miña novela”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 564, “Entrevista”, 10 decembro 2015, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 519, “Entrevista”, 19 decembro 2015, p. 11.

Recolle as respostas do autor que explica que a historia ficcional do xornalista Bieito Sanmarful xurdiu da invención dunha serie de artigos a partir dos que completou a novela incorporando o diario persoal ou os correos electrónicos do protagonista. Tamén se comenta que o propio autor ten aspectos en común con Bieito, como a súa profesión ou a cidade onde habita, mais non con respecto á súa actitude vital.

**Calveiro**, Marcos, *Fontán*, IX Premio Narrativa Breve Repsol 2015, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 347, 27 novembro 2015, 243 pp. (ISBN: 978-84-9865-646-6).

Novela de carácter histórico na que Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1968) recrea a vida persoal e a profesional do ilustrado, matemático e topógrafo Domingo Fontán (Portadeconde, Portas, Pontevedra, 1788-Cuntis, Pontevedra, 1866) dende o seu nacemento até o final da súa vida. Artéllase en oito capítulos intitulados, na súa maioría, co nome de conceptos e temas claves no devir da humanidade dende antano (mundo, creación, amor, coñecemento, tempo). A acción sitúase no século XIX e localízase en Galicia e noutros lugares europeos, sobre todo franceses, para ir amosando os achados na investigación para medir o mundo e lograr unha medida universal. Un narrador omnisciente é o encargado de afondar nos conflitos internos e externos aos que se enfrontou Domingo Fontán na súa incansábel procura da exactitude de medida até que conseguiu elaborar a primeira carta xeodésica de Galicia, coñecida popularmente como o “mapa de Fontán”. Manéxanse datos precisos sobre conceptos científicos, claves no convulso século XIX, marcado polas disputas para levar a termo avances innovadores no campo da ciencia. A verosimilitude caracteriza a recreación da vida persoal e laboral do personaxe principal, dos feitos históricos acontecidos e dos lugares e personaxes aludidos ou referenciados. Incídese no relevante labor desenvolvido por Fontán, na importancia das súas achegas científicas e no inxusto recoñecemento da súa

figura nos últimos anos da súa vida, malia á súa demostrada valía. Resáltase a paixón irrenunciábel de Fontán polo coñecemento e a liberdade e dignidade do seu comportamento e actitude ante os avances científicos.

**Recensións:**

- Henrique Rabuñal, "Fontán e o ideario reformista ilustrado", *Grial*, n.º 208, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro, 2015, pp. 88-89.

Dáse conta da estrutura desta novela, dividida en sete partes de once capítulos e un epílogo, así como da súa temática arredor da carreira científica, académica e política de Domingo Fontán, incidindo no fito da realización da carta xeométrica que constituíu o primeiro mapa de Galicia. Saliéntanse as referencias aos fitos históricos da época que se inclúen no libro, os avatares relacionados coa elaboración do mapa de Galicia por parte de Fontán, ademais do seu ideario e vida.

**Caneiro Ameneiros**, Mario, *Emparellados e tres nenas*, Cangas do Morrazo: Edicións Barbantesa, marzo 2015, 100 pp. (ISBN: 978-84-940302-5-3).

Conxunto de relatos, dedicados "A Marta", do físico e funcionario Mario Caneiro Ameneiros (Narón, 1969), que xiran arredor do amor. Vinte e dúas son as historias que conforman os "Emparellados" e tres son as que pechan o libro no apartado "Tres nenas", estrutura que adopta Caneiro Ameneiros partindo dunha suxestión editorial que apostaba por agrupar aqueles contos que xiraran arredor dun só tema, neste caso o amor. Para a súa creación, o autor botou man de fragmentos, situacións e personaxes desbotados da súa novela *Homiños* (Barbantesa, 2012), conseguindo que algúns dos relatos ou microrrelatos foran galardoados no Certame Literario do Concello de Ames, como se indica. Son, en total, vinte e cinco breves historias de amores con maiúsculas, grandes, pequenos, desamores, relacións rotas ou problemas amorosos nas que este sentimento se manifesta como pulsión de vida; perspectivas masculinas e femininas que incitan á reflexión do lector, deixando un pouso amargo e tristeiro. Nas lapelas do libro, Caneiro Ameneiros, que domina o mundo cotián da parella e das relacións sentimentais, afirma que á literatura galega cómprelle unha Corín Tellado, e pretende encher ese baleiro con *Emparellados e tres nenas*, desmitificando ese sentimento e achegándoo á perda ou á derrota.

**Recensións:**

- Laura Blanco Casás, "De amores e desamores", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 546, "Libros", 11 xuño 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 501, "Letras galegas", 20 xuño 2015, p. 10.

Indica que algúns dos relatos e microrrelatos desta obra agroman de fragmentos, personaxes e situacións desbotados da ópera prima do autor, a novela realista *Homiños*, e que a idea de facer esta compilación de contos que tratan sobre o mesmo tema, o

amor, foi da editorial. Sinala que *Emparellados e tres nenas* está composta por vinte e dous relatos de amor con perspectivas femininas e masculinas, que incitan á reflexión e que se sosteñen cunha asombrosa unidade. Di que son, a maior parte das veces, relatos inacabados, que teñen un estilo irónico e sutil.

**Carré**, Héctor, *Hai que matalos a todos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, abril 2015, 312 pp. (ISBN: 978-84-9914-835-9).

Novela de suspense asinada por Héctor Carré (A Coruña, 1960) da que cómpre destacar a importante influencia que teñen sobre ela o cine, en especial o *thriller*, e o xornalismo. A través de distintos puntos de vista nárranse tres tramas que rematan confluíndo: a dunha parella que grava accidentalmente co móbil un atropelo mortal cometido polo príncipe; a dun xornalista que contactan para vender o vídeo e a do axente do CNI que intentará impedir a difusión das imaxes. Os espazos nos que transcorre a acción son variados (A Coruña, Bos Aires, Casablanca, Edimburgo, Madrid e Rianxo) e os personaxes, aínda que poucos, logran seducir o lectorado. Ao longo das páxinas desta novela Héctor Carré consegue que o lector se identifique cos personaxes e dota dunha gran verosimilitude o texto, que sen dúbida está ben documentado, como proban as descricións dos lugares nos que transcorre a acción. O autor tamén demostra que coñece ben as características do *thriller* cinematográfico que adapta á literatura. É de destacar a atención que lle presta ao tempo en que vivimos e a seriedade coa que trata temas como a tensión entre seguridade e democracia, os riscos das novas tecnoloxías ou a crise do Estado e dos medios de comunicación.

**Recensións:**

- Francisco Martínez Bouzas, "Un verdadeiro 'thriller", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 547, "Libros", 18 xuño 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 502, "Letras galegas", 27 xuño 2015, p. 10.

Sinala que o autor é un home de cine e que o cuño cinematográfico está moi presente na estrutura e no desenvolvemento da obra, que é un thriller cheo de suspense e cun gran dinamismo. Precisa que na novela se mesturan aspectos do xénero negro con outros do xornalismo de investigación, destacando que comeza cunha homenaxe aos xornalistas que foron asasinados nos últimos anos e que continúa ao longo das súas páxinas estendéndoa aos xornalistas que impiden que os poderosos dean a coñecer a verdade como lles convén a eles. Di que na trama conflúen tres fíos condutores que se van alternando: unha parella que, sen querelo, grava un atropelo por parte do herdeiro da coroa de España; os manexos dun xornalista contactado pola parella para vender o vídeo e as manobras sucias e criminais do CNI para impedir que as imaxes sexan divulgadas. Tamén sinala que ao longo da obra, ademais de alternar os fíos condutores, alternan os narradores: dous omniscientes heterodiexéticos e un narrador en primeira persoa. Para rematar, salienta a reflexión sobre as zonas escuras do poder, o maquiavelismo dos servizos secretos, a inviolabilidade do rei, a necesidade das novas tecnoloxías e os problemas do xornalismo na actualidade.

**Referencias varias:**

- Xesús Fraga, "Carré une novela negra e xornalismo en 'Hai que matalos a todos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 maio 2015, p. 33.

Infórmase da presentación da obra na Coruña e sinálase que se sitúa entre a novela negra e o xornalismo, oficio sobre o que se fai unha reflexión.

**Costas**, Ledicia, *Un animal chamado néboa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 374, xuño 2015, 197 pp. (ISBN: 978-84-9914-873-1).

Volume de relatos de Ledicia Costas (Vigo, 1979) que se abre cunha nota da autora na que avanza o carácter ficticio dos relatos que compila e dá conta, así mesmo, das fontes bibliográficas que emprega. En "Leningrado" relátase a difícil supervivencia dos habitantes durante o cerco da cidade. As familias vense na obriga de buscar alimento para non caer na inanición e nesta procura e convivencia en sotos esquécese a solidariedade, de tal forma que cadáveres, mascotas e humanos se converten en alimento. En "A derradeira misión do buque *USS Indianapolis*" recórdase, como o título anticipa, a derradeira misión do barco americano "USS Indianapolis" que foi vítima dun ataque dos xaponeses cando ía nunha expedición cara ás Filipinas. O capitán Charles B. McVay tratou de contar con escoltas e medios de seguridade, pero negáronllos, de modo que cando o buque foi abatido moitos militares morreron e outros foron devorados polas quenllas. A historia rememórase a partir das indagacións de Hunter, un neno que se ve fascinado por este acontecemento a partir dos libros e cuxo final coñece da man da súa avoa, Mary Jane, o verdadeiro amor de Charles, quen acabou suicidándose tras ser acusado de ser responsábel de tantos falecementos. Hunter, ao coñecer todo o acontecido, decide facer xustiza e eximilo daquela culpa. En "Retrato do sol nacente" recórdase a desolación que produciron as bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaqui. A esposa de Tibbets, comandante encargado do *Enola Gay*, estaba embarazada cando se decatou das atrocidades que levaba a cabo o seu marido. Nese intre, deixou de amalo e o seu fillo, Hope, naceu con chagas e malformacións iguais ás das vítimas dos ataques radioactivos. Anos despois, Hope namoraríase de forma fugaz dunha moza que pertencía á segunda xeración de persoas afectadas polos bombardeos. En "A canción de vila triste" descríbense as torturas que tiveron que soportar Maurizio e Giovanni, defensores da resistencia italiana, xunto con outros perseguidos polo réxime por parte de Pietro Koch e doutros compañeiros. Tras abandonar a pensión Jaccarino, onde cometían os fatídicos acontecementos, trasladáronse a Vila Triste, onde continuaron coas súas atrocidades. Koch, ao coñecer que súa nai fora detida coa finalidade de coñecer o paradoiro do seu fillo, entregouse e foi executado ante a atenta mirada de Luchino Visconti que, a diferenza de Maurizio e Giovanni, sobreviviu aos seus macabros interrogatorios. En "Un animal chamado néboa" relátanse as barbaries ás que eran sometidas as mulleres nos campos de concentración, especialmentea partir do sufrimento persoal de Anne e Martha.quen non só se consideraban obxectos sexuais, senón que era tamén vítimas de ensaios médicos. Finalmente, en "Tres xuízos para tres nazis" descríbense os interrogatorios e as condenas ás que foron sometidos Hermann Goering, Rudolf Höss e Adolf Eichmann sen esquecer incluír narracións intercaladas nas que se describen algunhas das prácticas habituais nos campos de concentración.

**Recensións:**

- Ramón Rozas, "O horror feito palabra", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 27 xuño 2015, p. 71/ *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 28 xuño 2015, p. 77.

Recensiónase este conxunto de relatos que xiran en torno á II Guerra Mundial e enténdese en clave de conformación como escritora da autora, con pegada recente na Literatura Infantil e Xuvenil. Sublíñase o aterrecedor da historias, así como a sensación de fracaso da humanidade e a eficacia que os relatos, convenientemente documentados, teñen sobre o lectorado, nunha escrita sen concesións que escolle escenarios coma o cerco de Leningrado, os campos de concentración ou o xuízo de Nuremberg.

- Vicente Araguas, "Hazañas bélicas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 20/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 894, p. 26/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 894, p. 30, "máis Libros", 16 agosto 2015.

Comenta brevemente a estrutura da obra, formada por relatos que contan cunha pretensión conceptual xa presente noutros autores anteriores. Critica a erudición da autora en certos temas que fan da lectura un proceso complicado e engade que o relato que pecha a obra, "Tres xuízos para tres nazis", cae no risco da historicidade, deixando de ser relato. Por último, subliña a capacidade de creación da narradora, gabando a obra pola súa facilidade para atrapar o lectorado.

- Pilar Ponte, "No límite do humano", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 553, "Libros", 24 setembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 508, "Letras galegas", 3 outubro 2015, p. 10.

Dá conta do fío argumental que une os distintos relatos deste libro e que está ligado á anterior obra da autora para un público xuvenil, *Recinto gris* (2014). Destaca dous dos relatos ("Leningrado" e "Un animal chamado néboa") pois di que conseguen atraer a atención ao conseguir situar o lectorado en situacións límites. Por último destaca que a autora ten recibido numerosas críticas positivas e aplaude a súa decisión de dedicarse profesionalmente á literatura con resultados óptimos como este libro.

**Referencias varias:**

- S. V., "Ledicia Costas presenta o seu novo libro na Libraría Paz de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 25 xuño 2015, p. 10.

Infórmase da presentación do libro na libraría Paz de Pontevedra o día 29 de xuño. Tamén se fai unha breve descrición da obra, da que se di que os seus relatos reflicten con crueza os dramas provocados pola II Guerra Mundial, así como da traxectoria da autora.

**Eiré**, Afonso, *O Piloto. O último guerrilleiro*, A Coruña: Hércules de Ediciones, 2015, 164 pp. (ISBN: 978-84-94386-82-4).

Novela curta de memoria histórica de Afonso Eiré (Chantada-Lugo, 1955) na que se desenvolve unha documentada historia onde se narran as vivencias de Xosé Castro Veiga (O Corgo,1915- Chantada,1965), considerado o último guerrilleiro na loita antifranquista. Dividida en vinte e tres capítulos encabezados por números romanos, ábrese cunha epígrafe onde se insiren dúas citas de certa transcendencia para a historia, a primeira delas asinada por Camilo de Fidalgo, "O que non fai o que ten que facer, non fai nada", e a segunda de Ernesto Guevara, "O guerrilleiro séntese elixido entre o pobo para ser quen lle leva á comunidade unha maior calidade de vida". A seguir, comézase relatando a incorporación, como voluntario, de Xosé Castro Veiga ao centro de Aviación española (de aí o sobrenome de "O Piloto"). Continúase explicando como desertou do bando nacional para loitar no republicano, como foi capturado en Madrid e condenado a trinta anos de cárcere e como regresou á súa terra natal para continuar a loita. A narración xira ao redor da figura dun loitador que resistía coa axuda da sociedade, durante vinte anos, loitando contra a ditadura, grazas á colaboración de amigos e de numerosos veciños de comarcas limítrofes a Chantada. *O Piloto. O último guerrilleiro* é definido na contracapa como "un libro de investigación novelada no que falan os documentos" xa que para elaborar esta narrativa o autor apóiase en todo momento en documentos reais que foron recollidos e investigados, así como en textos da literatura oral recadados na zona de Chantada. Nesta obra o autor combina investigación, xornalismo e narración que unifica mediante dunha linguaxe sinxela. Ademais, a edición do libro foi lanzada coincidindo co centenario do nacemento de Xosé Castro Veiga e os cincuenta anos da súa morte. Péchase o volume cunha nota de agradecementos dirixida á familia, aos veciños de Riopedroso, a Claudio Caseiro, ao Leiteiro de Trasouteiro, a todos os historiadores que estudaron a guerrilla, a Bernardo Máiz e a Xan Carballa, así como cunha lembranza especial para os guerrilleiros.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "Resituando ao Piloto", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 29 maio 2015, p. 6.

Sinálase que se pode advertir claramente que o autor dedicou tempo e esforzo a achegarse á figura do protagonista desta biografía novelada, Xosé L. Castro Veiga, e ás actividades de resistencia armada que tiveron lugar durante o franquismo. Saliéntase que o autor consegue convencer dende as primeiras páxinas da verosimilitude do seu relato e que para a súa escritura combinou diversos tipos de material, como fontes documentais e entrevistas orais. Sinálase que o autor ten a intención de reconstruír o máis fielmente posible o retrato do Piloto, intentando superar a visión que se ten del como bandoleiro e fuxido, así como facer unha revisión crítica dos movementos políticos nos que tivo un papel importante. Recoméndase o documental *O Piloto*, con guión de Afonso Eiré, como complemento a esta lectura.

**Referencias varias:**

- Enrique Carballo, "Afonso Eiré. 'En Chantada a represión franquista foi mínima grazas á guerrilla", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 14 setembro 2015, p. 8.

Entrevista a Afonso Eiré a causa da publicación do seu novo libro dedicado ao resistente antifranquista José Castro Veiga, asasinado pola Garda Civil en 1965. Destácase que o obxectivo da obra é reivindicar a figura deste home coma un loitador, desprezando a idea que del se tiña coma a dun bandido que se opoñía á orde social e política da época.

**Estévez López**, José, *Xoel. Persecución e caneo de estereotipos*, Vigo: Redelibros, 2015, 227 pp. (ISBN: 978-84-943412-2-9).

Novela de José Estévez López (Guntín, 1954), que conta coas ilustracións de Eva Xanín. O volumen ábrese cun apartado chamado "Soleira" no que se presenta a Xoel Saltanocribo, o protagonista, como o fillo literario do autor. Altérnase entre un narrador en primeira, segunda e terceira persoa para relatar a historia de Xoel, quen, tras recibir unha serie de ameazas á saída dun concerto de jazz na cidade de Lugo, opta por contratar aos detectives Pepe Carvalho (Vázquez Montalbán), Horacio Dopico (Diego Ameixeiras) e Frank Soutelo (Miguel Anxo Fernández) co gallo de investigar sobre o autor do suceso. O amor e a incerteza conforman os principais ingredientes deste volumen, no que tamén se albiscan múltiples guiños á novela policial.

**Eyré**, Pablo Rubén, *A verdade nos espellos*, XV Premio Risco de Creación Literaria 2014, ilust. cuberta Xurxo Bértola, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 2015, 210 pp. (ISBN: 978-84-7824-648-9).

Volume narrativo de Pablo Rubén Jorge Eyré (Vilanova de Seoane-Chantada-Lugo, 1958) dedicado á súa filla Lara. Componse de vinte e sete relatos intitulados nos que se abordan distintas temáticas, se ben se advirten trazos comúns,como un final inesperado para o desenvolvemento de cada trama, un narrador omnisciente, comezos *in media res*, o carácter maoritariamente realista dos personaxes, das tramas e dos lugares. Tamén os espellos como obxectos reais ou imaxinarios que devolven visións inesperadas. Entre os relatos que conforman o volume destaca o que dá título, "A verdade nos espellos", dedicado "A Manuel Figueiras F.", eque constitúe un xogo metaliterario sobre a imaxe que devolve un espello real, a insatisfacción co peso corporal e os "chuchasangues". En conxunto, o volume caracterízase pola variedade temática; a multiplicidade de referencias literarias, sobre todo de novelas de misterio, de dobres sentidos, de contraste entre a aparencia e a realidade que agocha, e a mestura de personaxes reais con comportamentos que lembran a personaxes de obras destacadas da literatura universal, entre outros.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Tras dos espellos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 28/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", p. 32, n.º 898, "letras Atlánticas", 13 setembro 2015.

Sinala brevemente varios aspectos biográficos como a fundación da revista de información e debate nos anos 90, *Alén-Parte*, e a publicación de varios poemas nos xornais. De *A verdade nos espellos* destaca a coidada morfoloxía da obra e indica brevemente a homenaxe que nela se fai a escritores galegos de gran recoñecemento como Ánxel Fole, Rafael Dieste, Álvaro Cunqueiro, Xosé Neira Vilas, Xosé Luís Méndez Ferrín, Suso de Toro e Miranda. Por último, resalta a importancia das historias cotiáns, do destino e a incerteza da vida, pero, sobre todo, resalta a inexistencia de grandes heroes.

- Julia Varela, "Hai alguén aí? *A verdade nos espellos* de Pablo Rubén Eyré", *A Trabe de Ouro*, n.º 103, "Publicacións", xullo, agosto, setembro 2015, pp. 459-461.

*A verdade nos espellos* analízase dende unha perspectiva sociolóxica, debido á presenza dos espellos. Descríbese o volume, que contén vinte e sete contos de temática variada, e saliéntase a representación que nel se fai do "esmigallamento do urbano e do rural". Conclúese sinalando o valor destes relatos, que poñen de relevo a conciencia sobre a riqueza da lingua galega e a necesidade de manter os lazos sociais.

**Referencias varias:**

- Sonia Torre, "La literatura premiada centró los actos de la Feria del Libro", *La Región*, "Ciudad", 4 xuño 2015, p. 10.

Comenta a xornada da Feira do Libro en Ourense e salienta a presentación desta obra gañadora da XV edición do Premio Risco de Creación Literaria.

- Xosé Carlos Caneiro, "Ventura", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Club dandi", 20 novembro 2015, p. 12.

Tras reflexionar sobre o labor do lector que debe recrear as obras que le, transformalas, refacer a palabra do autor e gozalas, comenta brevemente este libro de relatos que une tradición e modernidade e que rende homenaxe a Cunqueiro e a Fole "cun ritmo de prosa engaiolante e que en ningún momento baixa as expectativas estilísticas".

**Fajardo**, Montse, *Un cesto de mazás. Memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu*, Vilagarcía: Consorcio Editorial Galego, setembro 2015, 256 pp. (ISBN: 978-84-608-1274-6).

Segundo libro da xornalista Montse Fajardo (Vilagarcía, 1973) que versa sobre a Guerra Civil española, centrándose nas vítimas, tanto nas que foron asasinadas, as que permaneceron escondidas, as que sufriron humillacións e as que foron exiliadas, coma nas mulleres que ficaron soas e viúvas e se viron obrigadas a sacar adiante ás súas crianzas. Trátase da historia de moitos personaxes (que conforman o cesto de mazás que dá título á obra) recuperada da memoria oral que chegou á autora a través do testemuño de quen a viviu de preto. Destaca o capítulo dedicado a Josefina Arruti, que pasou dezaoito meses presa e dous anos de arresto domiciliario, cuxa historia sempre estivo

eclipsada pola do seu esposo, o alcalde republicano Bibiano Fernández Osorio-Tafall. Nas dezaseis historias que compoñen a obra está presente Pontevedra, lugar no que estivo preso Antonio Alejandre, no que foron fusilados Amando Iglesias e Celestino Carbia e no que impartía docencia Ernestina Otero, entre outras vítimas tamén vinculadas á provincia. Conta cun limiar escrito pola propia autora e con ilustracións e *collage* de José Luis Oubiña. A foto de cuberta é da autoría de Zuriñe Otero Touriño e cada un dos capítulos contén unha ilustración de diferentes autores na seguinte orde: Uxío López, Alfonso R. Castelao, Víctor Casas, Cestola na cachola, Augusto Metztli, María Touriño Olveira, Manolo Chazo, J. C. da Silva, Mario F. Granell, Antón Rivas Briones, Ánxel Huete, Carlos García, Andrea Ordóñez Brión, Carlos Álvarez Besada, Marthazul, Álex Pedrosa e Xaquín Chaves.

**Referencias varias:**

- Fran P. Lorenzo, "Contra a última morte das vítimas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 decembro 2015, p. 46.

Infórmase que esta novela ten como fío común as vítimas do alzamento militar de 1936. Saliéntase o interese da autora por recuperar a memoria e que é un tema que non se pode obviar. Explícase que o libro se centra sobre todo no que aconteceu nos anos da posguerra, especialmente ás mulleres que foron represaliadas e silenciadas, ós mestres republicanos, pero tamén ós obreiros, canteiros ou mariñeiros.

**Feijoo**, Pedro, *Morena, perigosa e romántica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 379, outubro 2015, 432 pp. (ISBN: 978-84-9914-919-6).

Novela de Pedro Feijoo (Vigo, 1975) que se inicia cun paratexto en forma de dedicatoria persoal, "Para Marta, a quen, ás veces, aínda fago rir", e unha cita de Groucho Marx. Consta de tres partes diferenciadas nas que se relata a historia dun grupo de xente que se ve afogada pola crise e decide roubar unha obra de arte, con secuestro incluído, co gallo de afrontar a súa situación de pobreza. A Banda Perigo confórmase de personaxes que simbolizan distintos prototipos do máis absurdo da sociedade como Miqui Chismes, Linda Love, Atila Prudencio, Jordi Panerola ou o protagonista, Dante Odeón, quen tamén é narrador e apela continuamente ao público coa intención de simular unha peza teatral. Na primeira parte a acción transcorre na cidade de Vigo, mais na segunda e na terceira o escenario é Barcelona. Os ingredientes principais do volume son o humor e a retranca, mais tamén a reivindicación contra a inxusta situación actual.

**Recensións:**

- Francisco Martínez Bouzas, "Disparatada comedia", *Faro de Vigo*, "*Faro da cultura*", n.º 560, "Libros", 12 novembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 515, "Letras galegas", 21 novembro 2015, p. 10.

Destaca a figura de Pedro Feijoo e desta nova novela a mestizaxe das características máis coñecidas da novela negra, xunto co humor, do que se presume escaso na narrativa galega actual. Indica que o autor presenta unha reflexión sobre a existencia e que tentará responder mesturando traxedia e comedia, imitando o modelo de Dante na súa *Divina Comedia*, a súa estrutura tripartita, a forma dos cantos e mesmo o nome das personaxes (Dante e Beatriz). Salienta tamén a importancia do compromiso coa sociedade pero critica algúns aspectos da novela, como a multiplicidade de personaxes secundarios.

**Referencias varias:**

- Pedro Feijoo, "Todo o mundo vai ao Carballo", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 930, 10 outubro 2015, p. 2.

Recóllese o comezo dun dos primeiros capítulos da nova novela de Pedro Feijoo Barreiro.

- Ana Baena, "Pedro Feijoo. 'Na miña próxima novela mato ao alcalde de Vigo, e pode que sexa Caballero se segue cos dinosetos", *Atlántico Diario*, "Vigo", 13 outubro 2015, p. 10.

Entrevista a Pedro Feijoo por mor da publicación da súa nova novela. Indica que pertence ao xénero policíaco e que está dividida en tres partes. Comenta que inicialmente se sitúa en Galicia e que remata en Cataluña. Ademais, destaca que "a literatura é un xeito de escaparme a outro mundo".

- Mar Mato, "Pedro Feijoo. 'Si no crees en ti mismo, da igual que creas en la democracia o Gran Hermano", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 16 outubro 2015, p. 40.

Dáse conta da presentación na librería Andel do último libro de Pedro Feijoo. Coméntase que é unha novela pertencente ao xénero policíaco que amosa pinceladas de comedia. Recóllense as palabras do autor con respecto á súa creación ("quería construír un *bestseller* con elementos galegos e demostrar que hai público para a comedia") e fálase da importancia das persoas para cambiar o mundo coa súa voz e da nova relixión imperante no mundo: os clubs de fútbol.

- L. F., "El escritor Pedro Feijóo presenta su último libro 'Morena, perigosa e romántica", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 22 outubro, p. 17.

Dáse conta da presentación do libro na libraría Nós e destácase a presenza de Manuel Bragado e Xaime Corral no acto. Explícase que o autor é licenciado en Filoloxía Galega, pola Universidade de Santiago de Compostela, e que a súa primeira novela, *Os fillos do mar*, foi finalista no Premio Xerais de Novela 2011.

- Belén López, "Pedro Feijoo. 'Con cada libro hai que ir a saco", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 30 outubro 2015, p. 12-13.

Sinálase a defensa que o autor fai da cultura popular e da literatura de masas. Coméntase a falta de obras humorísticas en Galicia e critícase a literatura galega

dominante, posto que "cada libro que se publica ten que ser a grande novela galega". Finalmente sinálanse os autores da novela negra que inspiraron o autor, caso de Eduardo Mendoza.

- Lourdes Varela, "Pedro Feijoo, 'Algunhas noticias demostran que non hai historias imposibles", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", 5 novembro 2015, p. V/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 514, 14 novembro 2015, p. 11, "Entrevista".

Indícase a importancia do xénero da comedia para Pedro Feijoo. Dise que os personaxes da novela beben de certos arquetipos xa cimentados eresáltanse algúns dos seus referentes para a produción literaria: Timur Vermes, Groucho Marx, Eduardo Mendoza e Woody Allen.

- H. J. P., "Morena, perigosa e romántica", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Para ler", 3 decembro 2015, p. 42.

Define esta obra como "disidente das letras galegas. Destaca o uso dun "disparatado humorismo", que sitúa na liña de Eduardo Mendoza, e a homenaxe que realiza a Dante.

- Xosé Carlos Caneiro, "Futuros", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Club dandi", 18 decembro 2015, p. 10.

Fai unha crítica negativa a esta obra que define como "unha novela absolutamente prescindible". Coméntase que os diálogos sobre os que está construída a trama non achegan luz, que soamente hai acción e que o humor e a ironía, propias do escritor, se converten en caricatura neste caso. Tamén se considera que os protagonistas caen no tópico e que a narración é ordinaria e está falta dun estilo literario.

- Jorge Lamas, "Pedro Feijoo. 'Aburre escuchar a algunos críticos despreciar el 'best seller' gallego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 decembro 2015, p. 40.

Salienta a novidade no xénero da obra, posto que nunca antes fixera unha "comedia". Comenta tamén que o humor e o dobre sentido galegos funcionan moi ben entre o público de fóra, aínda que non estean afeitos. Ademais expón a súa disconformidade cara ao sector da crítica literaria galega que está en contra do best-séller galego.

**Fernández**, Manrique, *Tres feridas*, Vigo: Belagua, febreiro 2015, 165 pp. (ISBN: 978-84-941751-5-2).

Primeira novela do xornalista Manrique Fernández (Cospeito, 1965) que ten como alicerce un secuestro e na que o autor narra como a falta de comunicación na parella formada por Elina e Rafael, dous mozos composteláns, provoca un conflito que afecta gravemente ás súas vidas e ás dos seus achegados. A obra conta cunha estrutura tripartita na que cada unha das partes está protagonizada por un dos tres personaxes principais, sendo cada un deles vítima dunha das tres feridas da novela: Elina, que simboliza a vida e o positivismo, recibe a ferida da vida; Rafael, que representa o (des)amor, é ferido polo amor, e Eduardo, que representa a morte, sofre a ferida da

morte debido ao falecemento de alguén achegado. Cómpre destacar que as feridas que sofren os personaxes coinciden, ao igual que a estrutura da obra, coas do célebre poema de Miguel Hernández que comeza cos versos "Llegó con tres heridas:/ la del amor / la de la muerte, / la de la vida" e que o autor reproduce ao inicio da novela. Para pechar a obra inclúese un epílogo no que Manrique Fernández explica diversas cuestións relacionadas coa evolución do relato e o seu desenlace.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "As feridas e as súas cicatrices", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 9 outubro 2015.

Comenta a saída do prelo desta nova novela de Manrique Fernández. Sinala a existencia dun libro de relatos anterior, *Crónicas de Embora*, que foi recibido gratamente pola crítica. Destaca a semellanza de *Tres feridas* coa estrutura e temática dun poema de Miguel Hernández e sinala que a novela se estrutura arredor desas "tres feridas". Comenta a importancia da viaxe tanto temporal coma física, pois a obra transcorre a cabalo de Madrid e Santiago de Compostela, a través das consecuencias que as accións do pasado teñen no presente e no futuro dos protagonistas. Resalta a importancia do xogo das perspectivas, a forza narrativa que posúe o epílogo e o ritmo áxil da trama.

**Referencias varias:**

- Lourdes Varela, "Manrique Fernández. 'A protagonista desta novela acaba rebelándose contra o seu autor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 555, 8 outubro 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 510, 17 outubro 2015, p. 11, "Entrevista".

Entrevista a Manrique Fernández con motivo da publicación da súa última novela. Sinala que conta co poema homónimo de Miguel Hernández como introdución. Destaca a importancia da lingua galega como vehículo de expresión literaria e a relevancia da música como un tema subxacente.

**Fernández Leiceaga**, Xoaquín, *Agosto de memoria e morte*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 376, xullo 2015, 344 pp. (ISBN: 978-84-9914-883-0).

Novela de xénero policial, de Xoaquín Fernández Leiceaga (Noia, 1961), centrada na investigación dunha serie de asasinatos na vila de Noia en agosto de 1974. O libro ábrese cunha "Nota do autor" na que realiza algunhas aclaracións acerca do modo en que concibiu a historia. Comeza dicindo que é unha obra de ficción, polo que aínda que se basee en acontecementos históricos ou aparezan personalidades que existiron estes foron convertidos en materia literaria. Neste sentido, comenta que se permitiu certas licenzas ao introducir variacións sobre a realidade e ao inventar os protagonistas. Finalmente, menciona que se axudou dos traballos de Xerardo Agrafoxo para completar o contido da obra, da súa muller Lola Arxóns, quen realizou correccións e observacións no texto e, por último, de Lourenzo Fernández Prieto, quen fixo algunhas consideracións históricas. A novela conta cunha estrutura fragmentaria. A través dun

narrador omnisciente en terceira persoa  nárranse os acontecementos desenvolvidos entre o 5 e o 13 de agosto de 1974, que dan comezo coa morte do promotor inmobiliario Ramón Cortés. Miguel Santos, un policía novo, enfróntase ao seu primeiro caso e trata de resolver quen puido ser o asasino e cales foron os motivos que o levaron a facelo. Ademais do falecemento de Cortés, nos seguintes días prodúcense até un total de catro mortes, co que a investigación tomará diversos camiños até descubrir que non son os negocios nin os asuntos de corrupción nos que o morto estaba metido as razóns que levaron a alguén a rematar coa súa vida, senón unha cuestión do pasado. Todos os asasinados pertenceran na súa mocidade a unha célula falanxista e participaran activamente na represión e nas inxustizas cometidas na vila de Noia durante aqueles anos. Os catro amigos tiñan un quinto, que marchara á guerra e do que nunca volveran saber nada. Despois de case trinta anos, este decide regresar e acabar con todos eles. Está a piques de morrer debido a unha enfermidade e considera que os seus antigos compañeiros traizoaron os ideais da súa mocidade. Non pode soportar que leven unha vida acomodada, burguesa, de poder. Deste xeito, decide escribir o relato da súa vida, non para exculparse, senón para que os demais saiban  as razóns que o levaron a facer o que fixo. Por outra banda, o lector descobre progresivamente, a través da voz do asasino en primeira persoa, cal foi o pasado tanto del como das vítimas ao relatar sucesos que tiveron lugar entre 1931 e 1936. A novela sitúase en dous momentos históricos fundamentais: o tempo da República e a chegada da guerra por un lado e o final da ditadura franquista por outro, o que permite ao autor tratar temas como a memoria histórica, o silencio, a represión ou o intento por borrar o pasado.

**Recensións:**

- Laura Caveiro, "Así no fútbol como na guerra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 554, "Libros", 1 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 509, "Letras galegas", 10 outubro 2015, p. 10.

Comenta que a obra trata personaxes reais que o autor converte en literarios a partir do contexto de Galicia antes da guerra e o ambiente prebélico. Destaca o traballo de documentación, a destreza do autor para fiar pasado histórico con ficción, a boa montaxe do argumento e cualifica de boa literatura toda a obra. Finalmente comenta que o relato é capaz de crear un ritmo cinematográfico.

**Referencia varias:**

- P. Calveiro, "Xaquín Fernández Leiceaga. 'Escribir unha novela era algo así como un reto persoal para min", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 9 outubro 2015, p. L2.

Anúnciase a saída ao mercado da primeira novela do político e economista Xaquín Fernández Leiceaga. Indícase que pertence ao xénero policíaco e que está enmarcada na época da República e o franquismo. Engádese que é un produto de tres anos de escrita e que reflicte a historia dende o punto de vista dos vencedores da guerra, principalmente dende o punto de vista do policía e do asasino.

- M. G., “Leiceaga presenta ‘Agosto de memoria e morte”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 8 novembro 2015, p. 34.

Dá conta da presentación desta obra na casa de cultura Avilés de Taramancos de Noia. Indícase que a novela “aborda o Santiago dos anos 70 e a Noia do 36” e comenta brevemente o seu argumento. Sinálase a participaron no acto do concelleiro de Cultura, José Manuel Lage, e do presidente de Barbantia, Xesús Laíño.

**Fontes**, Xulio, *Mundo onírico*, Vigo: Editorial Elvira, maio 2015, 92 pp. (ISBN: 978-84-9431-453-7).

Volume plástico e narrativo de Xulio Fontes (Celanova, Ourense, 1951) no que se recolle un conxunto de vinte e tres cadros do pintor, realizados entre os anos 2000 e 2004. Cada un deles aparece acompañado dun pequeno texto no que o autor describe de forma sintética, nun estilo depurado e directo, o que pretendeu plasmar nas distintas pinturas. Todos os cadros, de carácter colorista, están pintados sobre óleo e neles represéntanse paisaxes e espazos relacionados con tradicións galegas ou acontecementos significativos relacionados coa súa terra. “A natureza” está dedicado ao monte Alba de Vigo; “Á procura da fertilidade” mostra ás mulleres que en San Xoán ían á praia da Lanzada; “O baile das cepas” céntrase na vendima. Outros representan escenas nas que se pretenden reflectir denuncias sociais ou inxustizas. É o caso de“Desolatio”, crítica contra a invasión de Afganistán por parte dos Estados Unidos, ou “Bágoas negras”, sobre a traxedia do Prestige. Algúns dos cadros están inspirados en lembranzas ou en aspectos persoais da vida do pintor, como ocorre en “Madeixas” ou en “As orixes da música”. Despois da presentación da obra plástica, séguense os comentarios críticos e persoais de cada un dos cadros, realizados por diferentes artistas, escritores e intelectuais: Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Veiga, Luís Martínez-Risco, Anxo Angueira e Álvarez Cáccamo, entre outros. O volume péchase cun limiar de Jesús de Juana que resume o contido da obra e resalta “a cromatía”, “a pespectiva”, “o ensoñamento”, ademais da “solidariedade”, “a xustiza social” ou “o amor á terra e ós homes”.

**Recensións:**

- Román Raña, “Enriquecedor hipertexto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 560, “Libros”, 12 novembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 515, “Letras galegas”, 21 novembro 2015, p. 10.

Salienta a multiplicidade da obra e indica a presenza de vinte e tres cadros do pintor e escritor que aparecen descritos por un breve texto do autor no que se comentan as intencións e motivos que o inspiraron. Sinala que a obra se divide en tres bloques: na primeira parte aparecen vinte e tres cadros; a segunda parte está composta por vinte e tres textos; a terceira é un prólogo de Alfonso Álvarez Cáccamo. Resalta a mestura entre imaxe e palabra, que dá como resultado un hipertexto enriquecedor, xa que a obra se refire a si mesma, intricándose e clarificándose.

**García Campos**, Iván, *Cuestións vitais secretas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 271, maio 2015, 180 pp. (ISBN:978-84- -9865-607-7).

Conxunto de contos de Iván García Campos (A Coruña, 1974) baseado nas vidas de persoas do común cuxos dilemas son compartidos por todos os humanos. Cun ton reflexivo amosa a dificultade de expresar os sentimentos, de errar, de emendar os erros e de afrontar os problemas. Aborda experiencias vitais das que ninguén pode escapar, fortes sensacións en historias sinxelas que convidan o lector á reflexión e que chegan a remover conciencias e cambiar o punto de vista que este ten sobre a realidade. O autor realiza pescudas sobre os feitos e observa o comportamento dos personaxes para narrar as historias de xeito preciso e pormenorizado.

**Recensións:**

- Laura Blanco Casás, "Para un lector activo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 556, "Libros", 15 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 511, "Letras galegas", 24 outubro 2015, p. 10.

En primeiro lugar, fala da traxectoria literaria do autor, dos premios gañados e dalgunhas das obras anteriores do escritor, como *Unha casa chea de xanelas* ou *O imposible de desatar*. A continuación comenta que *Cuestións vitais secretas* é unha colección de relatos centrada nas decisións que os personaxes tomaron no pasado e que os levaron á súa situación actual. Sinala a incitación á reflexión a partir de certos acontecementos narrados na obra. Destaca as características dos protagonistas, con problemas e dúbidas reais que se enfrontan a cuestións cotiáns, como a crianza dun fillo, os malos tratos, a saúde ou os problemas entre familias. Por último, destaca a utilización dunha técnica sinxela con frases breves que axudan ao transcurso do ritmo narrativo.

- Vicente Araguas, "Algo que non cadra", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 905, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 905, p. 30, "máis Libros", 1 novembro 2015.

Comenta o argumento da novela, destaca o seu realismo e critica o seu cariz. Salienta a importancia dos camiños secundarios que o escritor é capaz de crear para os seus personaxes e a acertada representación da oposición entre o urbano e o rural. Describe brevemente a biografía do autor, citando algúns dos galardóns obtidos, como o Premio Blanco Amor en 2010 por *O imposible de desatar*. Por último, enxalza a capacidade de Iván García Campos para deixar o final aberto.

**Referencias varias:**

- Dolores Vilavedra, "Lecturas para o lecer", *Tempos Novos*, n.º 219, "Todo é Peixe", setembro 2015, pp. 20-21.

Faise un repaso pola renovación xeracional que está a experimentar a literatura galega. Entre as novas voces da novela saliéntanse a María López Sández, con *O faro escuro*; Mercedes Leobalde, con *Funambulistas*; Iván García Campos, con *Cuestións vitais secretas*; ou a Ramón Vilar Landeira e Ledicia Costas. No campo do ensaio, alúdese a Teresa Moure;á obra *A identidade fascinada*, de Antonio Piñeiro, e á *Biografía intelectual de Filgueira* preparada por Xesús Alonso Montero. En poesía, destácase *Celebración*, de Gonzalo Hermo. Conclúese salientando a novela curta *Xente que nunca antes morrera*, de Antonio Pichel Beleiro, gañador do premio Manuel Lueiro Rey de novela.

- Enrique Carballo, "Iván García Campos. 'A complexidade está no cotiá, e a maior narratividade, nos pequenos detalles", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 6 setembro 2015, p. 10.

Conversa co escritor Iván García Campos na que se opón á nova concepción da literatura como unha ditadura da historia unicamente preocupada polo argumento da obra. Chámase a atención sobre a capacidade das obras, tanto literarias como pictóricas, para suxerir algo ao lector. Indícase que a literatura debe ir máis alá dunha lectura superficial, debe provocar reflexións sobre o mundo.

- Xosé Carlos Caneiro, "Crisol", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", 25 setembro 2015, p. 10.

Entre outras cuestións, recomenda a lectura desta obra de Iván García Campos, un libro de relatos que é "capaz de debuxar un universo propio, unha proposta literaria que os lectores non deben perder". Sinala que pertence ao xénero fantástico e que ten "recendo a Tolkien".

**García Mañá**, Luís Manuel, *Por que as sombras non teñen ollos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 380, outubro 2015, 160 pp. (ISBN: 978-84-9914-920-2).

Novela de Luís Manuel García Mañá (Ourense, 1950) na que se relata como o contrabandista Xosé Benito provoca un conflito diplomático despois de ter roubado uns documentos secretos que atopou entre os restos do bombardeiro Hudson da Royal Air Force que se esnafrara en 1944 na Serra de Pena, na fronteira da raia seca entre Galicia e Portugal. No avión sinistrado, que facía o percorrido de Xibraltar a Inglaterra, ía o oficial canadense James Douglas Morgan quen levaba uns documentos secretos, da operación Overlord (nome enclave da batalla de Normandía), que Xosé Benito escondeu na casa da súa tía Palmira. Daquela os servizos secretos ingleses e alemáns envían á zona espías para recuperar os documentos. Así, chegan á zona os axentes alemáns Hans e mais Jaakkina, unha axente dobre alemá que se fai pasar por profesora finlandesa de Historia e que traballa para os aliados. Grazas á amizade desta co doutor Barros Jaakkina consegue fotografar os documentos antes de que os colla Hans.

**Recensións:**

- Francisco Martínez Bouzas, "Loable recuperación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 565, "Libros", 17 decembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 520, "Letras galegas", 26 decembro 2015, p. 10.

Explica que a obra está centrada nun feito histórico acontecido no ano 1944, cando un bombardeiro británico se estrelou na Serra de Pena, a partir do que o autor creou a súa ficción. Comenta que a trama se centra na procura por parte dos servizos de intelixencia alemá e contraintelixencia aliada dunha documentación que levaba consigo un dos falecidos do accidente. Destaca a linealidade da novela e a claridade e sinxeleza na escrita do autor, ademais da súa capacidade para retratar os personaxes. Tamén di que nela se retrata a Galicia máis profunda de crenzas, ritos populares ou historias de lobos.

**Referencias varias:**

- E. Ocampo, "El bombardero caído en la 'raia' en 1944 reescribe su final", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 outubro 2015, p. 38.

Dise que a novela se desenvolve arredor da caída dun avión durante a II Guerra Mundial nos límites entre Galicia e Portugal. Fala da proliferación de espías existentes na Galicia dese momento e destaca que a obra parte desa idea, elixindo como personaxe principal a un contrabandista que atopa os corpos dos viaxantes falecidos.

- José Teo Andrés, "Luis García Mañá: 'Levo Vigo no corazón, na comisaría foi onde acadei a feitura dun xefe policial", *Atlántico Diario*, "Vigo", 28 outubro 2015, p. 9.

Sinala a saída ao mercado desta novela de Luís Manuel García Mañá. Indica que narra un feito real, un acontecemento situado no Couto Mixto, "unha especie de Andorra que houbo entre Galicia e Portugal ata finais do século XX". Comenta que é unha novela de fronteira centrada na caída dun avión bombardeiro.

**González Ahola**, Tomás, *Derradeiro bis en catro-corenta*, Vigo: Edicións Redelibros, xullo 2015, 162 pp. (ISBN: 978-84-943412-5-0).

Novela de intriga e suspende de Tomás González Ahola (Vilaboa, 1981) que comeza coa morte dun home aforcado nun palco de música dun lugar indeterminado do Salnés o 19 de outubro de 2014. A estrutura colapsa co peso do corpo inerte e derrúbase, deixando o corpo soterrado baixo os entullos. A partir do enigma da identidade deste morto comeza un percorrido por diferentes escenarios, lugares e momentos da historia recente de Galicia, con capítulos que se retrotraen á década dos setenta e que teñen como protagonistas aos integrantes e representantes de diferentes grupos musicais e orquestras. Deste modo configúrase un percorrido ficcional pola historia recente da evolución das festas populares galegas e, sobre todo, das agrupacións musicais que as amenizan, que pasaron de ser grupos afeccionados e con precariedade salarial a se converteren en auténticas empresas, con cantantes considerados estrelas do espectáculo, coñecidas e admiradas por miles de mozas e mozos que os van seguindo en diferentes actuacións. A modo de crebacabezas, os capítulos fan un retrato das intrigas, loitas polo

control das orquestras e das inxentes cantidades de diñeiro que manexan, por veces moi vinculadas coas mafias de tráfico de drogas e redes de prostitución, que van levando ao lectorado cara á resposta ao enigma inicial e desvelan, finalmente, a identidade da vítima e a súa morte como resultado dunha vinganza que ten orixe anos atrás a causa dun accidente de tráfico.

**Graña**, Farruco, *O soño de Xoán*, Ferrol: Edicións Embora, col. Narrativa galega, 2015, 116 pp. (ISBN: 978-84-16456-04-8).

Novela de ciencia ficción, que tamén conta cunha compoñente histórica, de Xosé Farruco Graña Rama (Carballo, 1966). Ábrese cunha dedicatoria a "Inés, Uxío, Laura, Martín, Marta, Andrés e María Eugenia. O agarimo e perseveranza das vosas profesoras e profesores deu os seus froitos. Tedes o mundo do saber aos vosos pés. Aventurádevos!" e segue "Ás miñas alumnas e alumnos do IES Marqués de Casariego (de Tapia), que durante tantos anos me teñen escoitado falar da revolución científica". A trama sitúase en Ribadeo, no século XVII, e trata sobre as aventuras desenvolvidas por Xoán Lourido, un mozo de Ribadeo que é afeccionado á astronomía. O protagonista adquire unha copia do Somnium de Kepler e, a partir de aí, redacta unha viaxe de ida e volta á lúa dende o Monte de Santa Cruz. A paixón de Xoán Lourido pola astronomía desembocará en problemáticas co Santo Oficio, por bruxería e lecturas contrarias á fe. As temáticas que se desenvolven relaciónanse coa fantasía, a relixión, o amor, o humor etc. A obra estrutúrase en tres partes diferenciadas. A primeira delas, titulada "Retrato dunha dama", sitúa a acción na primeira metade do século XV, que serve a modo de introdución e a cal se caracteriza pola tolerancia relixiosa; a segunda parte, titulada "O soño de Xoán", é o grosso da novela, situada cronoloxicamente no século XVI e na primeira metade do século XVII, e caracterízase pola intolerancia relixiosa e pola presenza do Santo Oficio; na terceira parte, que leva por título "Viaxe Sideral", é onde se narra a viaxe do protagonista

**Referencias varias:**

- J. M. Ramos, "IX Solpor Poético con Xoán Curiel en la Praia dos Cristais de Laxe", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.369, 22 agosto 2015, contracuberta.

Entre outras actividades, anúnciase a presentación desta novela na Praza dos Libros de Carballo.

**Leobalde**, Mercedes, *Funambulistas*, XVI premio de Narrativa Curta Ánxel Fole 2014, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, marzo 2015, 108 pp. (ISBN: 978-84-9914-823-6).

Volume, da autoría de Mercedes Leobalde (A Coruña, 1967), composto por vinte e cinco relatos breves e intitulados, de temática diversa, pero coa presenza dunha circunstancia tráxica. En "Psicopatía manual" unha persoa quere amputar a súa man dereita xa que non obedece; en "Obediencia á autoridade",Isamël sofre un accidente de

coche; en “A idade da inocencia”,ten cabida un embarazo adolescente etc. Tamén hai presenza do maltrato á muller (“Negrón”, “Escrita a man”, “Estimada Elena Francis”, “E a señora Francis era un señor”, “Mobiliario urbano” e mais “Carme, o Nadal, o frío”); de separacións matrimoniais (“Tatoos” ou“Morcego”); dun santoral lascivo en “O terceiro mandamento”; da matanza do porco en “A berra é o conxunto de berros dun porco”,ou reflexións variadas, en“Declaración de amor do axedrecista”, “Cúmulos”, “Amencer” etc. Finalmente cómpre sinalar que en “My Sweet Love” se describe o roubo do *Códice Calixtino* da catedral de Santiago de Compostela.

**Recensións**:

- Armando Requeixo, “Dourada medianía”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 29/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 875, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 875, p. 33, “letras Atlánticas”, 5 abril 2015.

En primeiro lugar realízase un breve repaso polos estudos e ocupacións da autora desta novela, destacando o seu coñecemento da lingua e a posesión dos recursos gramático-retóricos precisos para a escrita. Coméntase que Mercedes Leobalde, pese a recibir o Premio de Narrativa Curta Ánxel Fole, carece da capacidade para sorprender cunha voz literaria propia e que aínda lle queda un longo camiño por percorrer. Polo que á obra respecta, dise que é un volume de historias breves que non sempre teñen relación entre si. Informa da tendencia á primeira persoa, á confesión da protagonista e da temporalización actual dos contos. Aínda que se salienta a axeitada escolla do título, laméntase o argumento previsíbel e coméntase que a obra debía rachar “o teito de dourada medianía polo que transitan estas páxinas”. Por último, sinálase a posibilidade de que as súas futuras obras acaden a excelencia da que carece este volume.

- Vicente Araguas, “Macedonia de contos”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 876, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 876, p. 30, “máis Libros”, 12 abril 2015.

Indica que Mercedes Leobalde xa publicara *Chamádeme Eva*, un libro de poemas eróticos co que gañou o Premio Illas Sisargas. Sinala que esta nova obra é un volume de relatos breves que acadou o Premio de Narrativa Curta Ánxel Fole. Comenta a variedade de rexistros “que vai do esperpento á tenrura pasando por maneiras de ollar o mundo cun prismático posto do revés” e a calidade da lingua empregada. Sinala a existencia de certas semellanzas coas composicións de Edgar Allan Poe e Carver. Finalmente, informa da innecesaria colocación de “explicacións a destempo” e da pouco axeitada “moralina que desprenden ás veces os seus relatos”.

- Ramón Nicolás, “Metáforas do noso tempo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 17 abril 2015, p. 6.

Dá conta da estrea como narradora de Mercedes Leobalde, logo da publicación do poemario *Chamádeme Eva* (2013), gañador do Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas. Comenta que *Funambulistas* é un conxunto de relatos ou microrrelatos caracterizados pola polifonía, ductibilidade e orixinalidade. Destaca que os textos, inseridos na

realidade actual, están marcados pola vulnerabilidade, a inestabilidade, o descoñecido e a incógnita da propia existencia humana. Por último, salienta que é "un libro para gozar, pola contención expresiva que encerra, e tamén, para pensar, polas conclusións que deitan estes relatos".

- César Lorenzo Gil, "A caída desde a corda frouxa", *Tempos Novos*, n.º 217, *ProTexta*, n.º 9, "ProPostas", xuño 2015, p. 82.

Critícase a falta de risco do volume, a ausencia dunha poética ou voz da autora e a escasa presenza de estrutura narrativa. Só se salienta a redacción correcta dos relatos.

**Referencias varias:**

- Jaureguizar, "Mercedes Leobalde: 'Todos somos funambulistas, non sae todo rodado", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura",. 15 maio 2015, p. 84.

Anúnciase a participación de Mercedes Leobalde nas "Catas literarias" do Museo Interactivo de Historia de Lugo para falar das súas obras *Funambulistas* e *Chamádeme Eva*. Sinálase que a autora indicou que as persoas desfavorecidas son as que máis lle interesan para os seus relatos "porque teñen preocupacións e dificultades".

- Dolores Vilavedra, "Lecturas para o lecer", *Tempos Novos*, n.º 219, "Todo é Peixe", setembro 2015, pp. 20-21.

Faise un repaso pola renovación xeracional que está a experimentar a literatura galega. Entre as novas voces da novela saliéntanse a María López Sández, con *O faro escuro*; Mercedes Leobalde, con *Funambulistas*; Iván García Campos, con *Cuestións vitais secretas*, ou a Ramón Vilar Landeira e Ledicia Costas. No campo do ensaio, alúdese a Teresa Moure; á obra *A identidade fascinada*, de Antonio Piñeiro, e á *Biografía intelectual de Filgueira*, preparada por Xesús Alonso Montero. En poesía, destácase *Celebración*, de Gonzalo Hermo. Conclúese salientando a novela curta *Xente que nunca antes morrera*, de Antonio Pichel Beleiro, gañador do premio Manuel Lueiro Rey de novela.

**Lista**, Suso, *Xeixos*, Ferrol: Edicións Embora, xullo 2015, 108 pp. (ISBN: 978-84-16456-02-4).

Volume que recolle  trinta relatos de Suso Lista (Corme, 1962), percebeiro de profesión, ademais de actor, guionista, director radiofónico e escritor, nos que domina un ton acedo e sarcástico e nos que o humor e a fantasía se unen para construír un conxunto de pezas curiosas e orixinais. A obra ábrese cun prólogo de Manuel Lourenzo, titulado "Os soños do percebeiro", no que compara a figura do "cronista" Suso Lista coa de Cunqueiro, pois considera que tamén nas súas narracións predomina a ironía e o absurdo do mundo. Despois de facer un breve repaso por algúns dos personaxes de *Xeixos*, opina que despois de ter lido esta obra, o autor debería ocupar "un lugar cimeiro nas nosas letras". O conxunto destes breves relatos ten como fío condutor a vila de Corme, o espazo no que se desenvolven cada unha das historias dos personaxes,

relatadas por un narrador en primeira persoa, testemuña de moitos dos sucesos que relata. A maior parte delas céntranse nos habitantes máis peculiares da vila, con dons especiais ou con vidas fora do común, coma Dolores dos Mostrengos, que empregaba a tinta dos polbos para que a súa roupa fora negra, xa que debía ir de loito e non tiña cartos para pagala; Conrado Saborido, que tiña a capacidade de saber a morte da xente con tan só cinco minutos de antelación; Dacio Pernas, que non bebía con xeo porque estivo cinco meses sen ver terra na Patagonia entre pranchas de xeo e icebergs; Basilio o Cansado,"un caso único" pois todos os días soñaba que realizaba pesados traballos de maneira que ao longo do día non podía facer nada..

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "Ventás do Norte", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 28/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", p. 30, n.º 891, "máis Libros", 26 xullo 2015.

Dá conta da saída do prelo desta nova novela e comenta brevemente outra obra anterior, *Salseiros* (2014), que xa vai pola segunda edición debido ao interese que suscitou na crítica e no público. Indica o argumento de *Xeixos*, centrada nunha vila mariñeira onde conflúen realidade e ficción; as virtudes e defectos sobre os que se constrúen as personaxes e certos costumes propios desta vila. Gaba, por último, a calidade da escrita do autor e o prólogo da obra que realiza Manuel Lourenzo.

**Referencias varias:**

- R. N., "O mar, as xentes e o tempo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 28 abril 2015, p. 5.

Explícase que o mar representa un papel importante dentro desta obra, de forma paralela á xente, "simbolizados felizmente neses xeixos igualados pola aparencia lisa" e indícase que o autor consegue "deseñar un retrato do seu Corme natal".

- Rodri García, "Suso Lista. 'As miñas nanas eran as películas do cine que tiña debaixo da cama", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 28 agosto 2015, p. 5.

Conversa co escritor Suso Lista con motivo da publicación do seu segundo libro. Sinala que está composto por trinta relatos con "sabor a mar, emocións, humor negro e retranca" e indica que se narra dende o punto de vista dos retranquerios galegos. Comenta tamén a importancia da temática da morte nos seus libros e a presenza da súa vila, Corme.

**Lobato**, Xosé M., *Elos de cinza*, Santiago de Compostela: Ensenada de Ézaro Ediciones, 2015, 126 pp. (ISBN: 978-84-942943-2-7).

Relato de Xosé M. Lobato (Boqueixón, 1958) que, logo da dedicatoria a Marcelino de Outeiro e a Marcelino de Pazos e, sobre todo, á súa tataraneta Fátima de la Iglesia, quen, "por herdanza, forma un elo necesario para manter aceso o rescaldo dos seus tataravós e

de todos aqueles membros dunha saga cun halo enraizado nos misterios e profundos encantos do Pico Sacro", así como dunha cita de Alejandra Pizarnik, se inicia cun texto introdutorio que xustifica os restantes capítulos. Nel, un narrador en terceira persoa dá conta de como un avó, en compañía do seu neto, soben ao Pico Sacro na noite de San Xoán e, alí, contemplan un ser atípico que os conduce a un lugar estraño e máxico do que saen cun feixe de papeis manuscritos de varios séculos atrás, documentos que gardan e deben protexer na súa familia o misterio de Espírito Moura. A continuación, despois da reprodución dunha serie de páxinas manuscritas de documentos antigos, cedidas, tal como consta nos créditos do volume, polo Arzobispado de Santiago de Compostela, acóllense dez capítulos que se encadran entre o "Alento primeiro" e "Alento derradeiro" e que se denominan: "Primeira inspiración. Liberdade no ar", "Segunda inspiración. Diálogo dos soutos", "Terceira inspiración. Zoar do vento", "Cuarta inspiración. Invasión de tristura", "Quinta inspiración. Danza da terra", "Sexta inspiración. Dona do espírito", "Sétima inspiración. Sete consternadas expiracións", "Oitava inspiración. Fillo tan especial", "Novena inspiración. Morada deste alén", "Décima inspiración. Bágoas de acollida. Forzada inspiración. Para relevantes mortos. Soterrada inspiración". Neles dáse conta das andanzas de Espírito Moura por diferentes terras galegas (Fonsagrada, Ribas de Sil, Corrubedo etc.), da súa relación con animais e homes en diferentes momentos históricos, da orixe da irmandade homónima, da súa función, das vivencias dos integrantes desa irmandade etc. Trátase de relatos que dan conta dunha saga mitolóxica e telúrica, que recrean episodios da historia medieval galega, que se centran en lendas relacionadas co Pico Sacro etc.

**López Sández**, María, *O faro escuro*, Vigo: Editorial Galaxía, col. Literaria, n.º 333, 2015, 136 pp. (ISBN: 978-84-9865-591-9).

Novela curta, de misterio e policial, da autoría de María López Sández (Lugo, 1973), na que se desenvolve unha historia de intriga que xira arredor da desaparición de Catalina Moscoso, unha xornalista galega de recoñecido prestixio afincada en Madrid. Iníciase cun tráxico accidente de avión no Atlántico, suceso que se conectará co resto da historia. Nos capítulos posteriores, nárrase a investigación levada a cabo pola inspectora de policía Elisa Neira e os seus axudantes, Eva e Ernesto. Na narración altérnase a desesperación da propia protagonista encerrada nun profundo pozo cheo de escuridade e acompañada unicamente por un can que Catalina Moscoso bautiza como Coco, co proceso de investigación policial. Finalmente a inspectora Neira e os seus axudantes terminan relacionando a desaparición da periodista cunha illa onde hai un faro.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "O peso das decisións", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 27 marzo 2015, p. 6.

En primeiro lugarreflexiónase sobre a anterior obra da escritora para, posteriormente, dar conta da publicación desta nova novela, composta por trinta e unha secuencias narrativas. Destácase a versatilidade da autora e indícase que a historia parte das circunstancias relacionadas cun accidente aéreo. Coméntase o argumento, fálase

dalgúns personaxes e saliéntase o tema recorrente da toma de decisións en determinados contextos extremos e as súas consecuencias.

- Inma Otero Varela, "A empatía da razón. A lóxica do irracional", *Grial*, n.º 206, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2015, pp. 110-111.

Destácanse as características propias da escrita da autora, quen subverte os trazos propios da novela policial para priorizar a crónica psicolóxica, que caracteriza tamén a súa novela anterior, *A forma das nubes*, a través do emprego do monólogo e as súas variantes. Saliéntase a importancia da perspectiva feminina das mulleres protagonistas que rompen os estereotipos do xénero negro e a aproximación de maneira tanxencial á problemática da violencia de xénero. Achéganse trazos argumentaisda obra, anótase a súa vinculación coas correntes sociolóxicas e da comunicación e, por último, resáltase, en canto ao estilo, a axilidade do relato e do ritmo lingüístico, así como a repercusión semántica do espazo.

- Armando Requeixo, "Escrita volátil", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 876, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 876, p. 33, "letras Atlánticas", 12 abril 2015.

Presenta a última novela de María López Sández, quen en 2012 gañara o Premio de Narrativa Breve Repsol con *A forma das nubes*. Comenta que esta nova obra foi finalista do Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*;di que é unha narración de intriga que xira ao redor dun secuestro e destaca a "corrección no emprego das fórmulas propias do xénero" policíaco. Lamenta a previsibilidade excesiva do final e a escasa profundidade dalgúns dos personaxes da obra, posíbel consecuencia da mecánica de trinta e unha entregas do certame. Finalmente, indica que se trata dunha lectura entretida e sen complicacións extremas.

- Dolores Martínez Torres,"Evocables personaxes", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 544, "Libros", 28 maio 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 499, "Letras galegas", 6 xuño 2015, p. 10.

Sinala que a obra se desenvolve con ritmo cinematográfico e nunha cronoloxía paralela que intercala dous escenarios que acaban converxendo: por unha banda, a investigación dun secuestro, e, pola outra, a narración do sufrimento da persoa secuestrada e do secuestrador. Indica que tanto as situacións como os personaxes ou decorados responden a estereotipos que se repiten na ficción actual e que difiren dos empregados noutras ocasións, poñendo como exemplo dúas personaxes que se contrapoñen nas súas prioridades de elección: a secuestrada, que se presenta como unha muller dura, e a inspectora Neira, unha profesional moi competente cuxos recursos residen fundamentalmente no mental e cunha vida privada vulnerábel pola que renuncia a outros éxitos. Finalmente, informa de que a obra fora finalista na anterior edición dun concurso de novela por entregas e de que bota en falta un labor de puído.

**Referencias varias:**

- Víctor Castro, "María López Sández presentó en Brión su libro 'O faro escuro", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 29 abril 2015, p. 18.

No marco das actividades programadas polo Concello de Brión para conmemorar o "Día do libro" infórmase da presentación da novela *O faro escuro*. Destácase a presenza, neste acto, da crítica literaria Dolores Vilavedra, que definiu a obra como "unha fábula moral, que se aprecia máis nunha segunda lectura".

- Dolores Vilavedra, "Lecturas para o lecer", *Tempos Novos*, n.º 219, "Todo é Peixe", setembro 2015, pp. 20-21.

Faise un repaso pola renovación xeracional que está a experimentar a literatura galega. Entre as novas voces da novela saliéntanse a María López Sández, con *O faro escuro*; Mercedes Leobalde, con *Funambulistas*; Iván García Campos, con *Cuestións vitais secretas*,ou Ramón Vilar Landeira e Ledicia Costas. No campo do ensaio, alúdese a Teresa Moure; á obra *A identidade fascinada*, de Antonio Piñeiro, e á *Biografía intelectual de Filgueira*, preparada por Xesús Alonso Montero. En poesía, destácase *Celebración*, de Gonzalo Hermo. Conclúese salientando a novela curta *Xente que nunca antes morrera*, de Antonio Pichel Beleiro, gañador do premio Manuel Lueiro Rey de novela.

**López Tuñas**, Xosé Manuel, *A flor da figueira*, lim. Pablo Vaamonde, Ponte Caldelas: Edicións do Cumio, col. Narrativa, decembro 2015, 240 pp. (ISBN: 978-84-8289-515-4).

Xosé Manuel López Tuñas (Negreira, 1948) ofrece nesta novela unha serie de historias familiares e da xente da súa contorna que constitúen unha verdadeira crónica do cotián. O autor mestura diversas fontes documentais para trazar a narración ao longo de distintas etapas históricas: apelando ao recordo, ás vivencias propias, a fontes orais… Os personaxes que desfilan pola narración son os protagonistas da historia e reflicten imaxinarios cos que calquera lector se pode sentir identificado. O autor trata de transmitir a idea de que as persoas son as verdadeiras protagonistas do que acontece a nivel político, social e cultural, xa que as súas accións inciden no seu futuro e na súa realidade. Todas esas vidas que narra son para o autor as "flores da figueira", porque fixeron posíbel a historia narrada. A obra está precedida dun limiar a cargo de Pablo Vaamonde García (Baña, 1956) no que destaca ao autor como persoa comprometida, cuxa propia vida é o fío condutor da narración, perfectamente fiada coa alternancia entre capítulos narrativos e outros reflexivos, emotivos e humorísticos.

**Referencias varias:**

- E. F., "José Manuel López Tuñas presentó 'A flor da figueira', su crónica social", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 13 decembro 2015, p. L5.

Dáse conta da presentación do primeiro libro de José Manuel López Tuñas, así como dos asistentes ao acto. Tamén se recollen algunhas declaracións do autor a respecto da súa intención no momento da composición da historia ou da escolla da figueira como motivo do libro.

**Lorenzo**, Fran P., *Cabalos e lobos*, Premio Blanco Amor 2014, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 373, abril 2015, 192 pp. (ISBN: 978-84-9914-836-6).

Novela do escritor Fran P. Lorenzo (Vigo, 1973) na que se reconstrúe o pasado familiar de Paula Costa Beckmann, quen dende un presente, con cincuenta anos, sente que viviu nunha completa mentira e nun silencio absoluto, de modo que precisa respostas. A obra está dividida en tres grandes seccións. A primeira delas, titulada "Gran Vía nº 2", está organizada en vinte capítulos nos que a protagonista, en primeira persoa, rememora distintos sucesos determinantes da súa vida. A novela está construída a partir de constantes saltos temporais, pois Paula realiza analepses que se retrotraen á súa infancia ou á súa vida universitaria para volver de novo á situación actual e ao lugar onde todo comezou: o piso de Gran Vía nº 2 de Vigo. A protagonista é unha muller atormentada, que vive coa súa nai, Gloria Beckmann, coa que apenas ten relación, co seu fillo adolescente Thomas e co seu tío Álvaro, ao que sempre lle tivo un cariño especial. Acábanlle de detectar unha mancha nun pulmón, polo que pensa que quizais lle quede pouco tempo de vida, razón pola que quere descubrir toda a verdade da súa familia. Só ten certos recordos do suposto suicidio do pai unha noite de agosto de 1960; sabe que a nai e o tío senten rancor o un polo outro pero non entende as razóns e coñece moi pouco acerca dos seus avós, unha parella alemá que nos anos vinte se instalou en Vigo e fixo fortuna até converterse na respectada familia Beckmann, adherida ao réxime franquista e ao nazismo alemán. Grazas á carta que o seu tío Álvaro decide escribir a Thomas, tal e como ela lle pediu, tanto o lector como Paula coñecen na segunda sección da novela, "Descampado", todas as claves do pasado familiar. Álvaro relata a historia tráxica da súa vida, pois foi un home reprimido, que tivo que levar en segredo a súa homosexualidade, nunha época na que se isto se descubríaafectaría á reputación da familia. Con todo, acaba por ter unha relación sexual co seu cuñado, cónxuxe da súa irmá Gloria e pai de Paula, o que permitirá á protagonista entender as razóns polas que seu pai morreu e polas que a súa nai sempre quixo desfacerse de todo o que a ataba ao pasado. Por último, na sección "Alba de gloria", que funciona a modo de epílogo, Paula explícalle á nai que sabe toda a verdade e ela consegue que encaixen así todas as pezas do crebacabezas. Cabe dicir que a partir da reconstrución do pasado dos Beckmann o autor realiza un percorrido pola España do século XX, marcado pola guerra, a represión e o silencio, ademais dun retrato da cidade de Vigo ao longo de distintas épocas e o modo de vida dos diferentes estratos sociais. En canto ao modo no que está relatada a obra, domina un estilo descarnado, natural e directo, que se corresponde coa narración en primeira persoa da protagonista.

**Recensións:**

- Ramón Rozas, "As fiestras do pasado", *El Progreso*, "Vivir", 2 maio 2015, p. 41/ *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 3 maio 2015, p. 77, "Libros".

Dá conta da publicación desta novela na que Fran P. Lorenzo "percorre os rincóns escuros dunha familia tecendo unha historia que deriva en moitas direccións, abrindo un abano de relacións e historias". Celebra a escolla do argumento, informa de que a

narración se sitúa na cidade de Vigo despois da II Guerra Mundial e sinala a presenza de "sentimentos amparados polo medo e a vergoña". Destaca o tratamento do tema da homosexualidade e o "afouto desenlace".

- Armando Requeixo, "Sombras resinosas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 545, "Libros", 4 xuño 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 500, "Letras galegas", 13 xuño 2015, p. 10.

Informa de que a novela foi galardoada co Premio Blanco Amor 2014 e que é a primeira creación do seu autor no eido da escrita de ficción. Destaca a súa capacidade de fusión no xenérico, pois está entre o psicodrama e o *thriller* histórico; no estrutural, xa que incorpora o relato epistolar, o parateatral e pequenos textos poéticos, e no conceptual coa revisión de lacerantes divisións entre clases sociais. Sinala que é unha sorte de concentrada saga familiar ambientada en diferentes tempos e espazos na que se fai de Vigo un personaxe máis da trama, con tanta importancia que as lapelas e cubertas interiores do volume están forradas cun mapa no que se salientan espazos e construcións importantes na historia. Indica que as fontes que alimentan a novela –tanto nos paratextos como, entre outros aspectos, as visións dos personaxes– son moitas e de boa calidade.

- Ramón Nicolás, "Desentullar a memoria", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 5 xuño 2015, p. 6.

Sinala que é a primeira novela do autor e destaca que a obra, coa que acomete con fortuna un proxecto novelístico, ten como núcleo unha historia na que se unen dous eixes que a suxeitan: unha familia de orixe alemá e a cidade de Vigo, elevada á categoría de protagonista.

- Vicente Araguas, "Unha ollada moi viguesa", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", p. 30, n.º 885, "máis Libros", 14 xuño 2015.

Coméntase que o autor ten un estilo preciso e funcional que fai que este relato coral se desenvolva de maneira fluída e destácase que a súa condición de vigués lle proporciona a precisión necesaria para percorrer a cidade cos seus personaxes nunha historia que atrapa axiña polo argumento. Sinálase que a novela comeza co aparente suicidio do pai dunha das protagonistas, Paula Costa, que ao longo do relato irá desfacendo un enguedello para coñecer a verdade.

- Francisco Martínez Bouzas, "Cabalos e lobos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 11 xullo 2015, p. 44.

Dáse conta deste debut narrativo, a crónica recuperada da saga dunha familia alemá, estabelecida en Vigo ao remate da Primeira Guerra Mundial. Saliéntase a estrutura acaída, a amálgama subxenérica (*thriller* histórico, drama, crónica social, relato erótico), a escolla das técnicas (o *flashback*, algunhas luzadas líricas), o perspectivismo e o nobelo dunha intriga que percorre boa parte do século XX conformando un fresco da

cidade olívica, ollada dende o epicentro do edificio Albo, que adquire unha presenza principal.

- Camiño Noia, "Complicidades e medos", *Tempos Novos*, n.º 217, *ProTexta*, n.º 9, "ProPostas", xuño 2015, p. 80-81.

Tras unha breve introdución sobre a función dos premios no sistema literario galego, analízase a novela de Fran P. Lorenzo. Descríbese a historia, que segue a traxectoria dunha familia burguesa de orixe alemá na cidade de Vigo, para narrar ao tempo a intrahistoria dos personaxes e a historia social e política do tempo. Saliéntanse o seu carácter de crónica, a importancia do papel das mulleres e a descrición minuciosa da beleza e o vestiario. Conclúese sinalando que a obra segue a estela d' *Os Buddenbrook*, de Thomas Mann.

**Referencias varias:**

- Maite Gimeno, "Cabalos e lobos': la novela que golpea el corazón del lector", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 25 abril 2015, p. 41.

Dá conta da presentación deste libro na galería do fotógrafo vigués Javier Teniente e recolle algunhas das palabras do seu autor, nas que destaca que a novela mostra as súas obsesións, preocupacións e temas de interese. Salienta que unha das ideas principais da obra é volver conectar a cidade de Vigo co seu pasado e reivindicar a figura do arquitecto Francisco Castro.

- Lourdes Varela, "Fran P. Lorenzo. 'Vigo é unha fonte infinita de historias por contar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 541, 7 maio 2015, p. V/ "Fran P. Lorenzo. 'As cautelas e as precaucións parécenme impropias do oficio da escrita", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 496, 16 maio 2015, p. 11, "Entrevista".

Entrevista a Fran P. Lorenzo na que fala, entre outras cuestións, sobre as referencias literarias introducidas nesta obra, a posíbel pegada do Fran P. Lorenzo xornalista na súa obra literaria ou a metáfora do título.

- Ana Baena, "Fran P. Lorenzo. 'O meu obxectivo era que os lectores descubran un Vigo cun pasado do que se sentir orgullosos", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 9 xullo 2015, p. 10.

Recóllese unha breve entrevista co xornalista e escritor tras a sinatura de exemplares na Feira do Libro de Vigo. Coméntanse aspectos ligados á historia presente na novela, a súa ligazón coa historia de Vigo ou ao cambio de rol do autor, do mundo xornalístico ao literario.

- Jaureguizar, "Fran P. Lorenzo. 'Os nazis son malos, pero tratei de comprendelos", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", 20 setembro 2015, pp. 2-3.

Conversa con Fran P. Lorenzo por mor da publicación da súa novela. Sinala que nela relata acontecementos entrecruzados que teñen como protagonista aos Beckman, unha

familia de nazis, na época do franquismo. Comenta a importancia de Vigo como "cúmulo de contradicións que son as contradicións de Galicia" e como a cidade máis importante de Galicia pola súa posibilidade de comunicación.

**Lorenzo Tomé**, José, *Delourando os días*, Rianxo: Axouxere Edicións, col. Calíope, n.º 2, primavera 2015, 314 pp. (ISBN: 978-84-941379-7-6).

Novela de José Lorenzo Tomé (Guitiriz, 1954), conformada por vinte e seis capítulos, na que un narrador en primeira persoa, Inocencio, dá conta da súa vida dende os anos da infancia na aldea chairega de Lagostelle até o presente, así como tamén da historia dos seus amigos cos que compartiu conversas e aprendizaxes variados dende os anos estudantís. Nesta especie de crónica xeracional fóxese da nostalxia para reflexionar filosoficamente sobre a vida, dende a realidade da experiencia adulta. Cuestións teóricas sobre temas como a política, a filosofía ou a historia son unha constante no relato, ao tempo que se mesturan con situacións propias da vida cotiá (estudos, traballos, amores etc.). *Delourando os días* presenta unha intención dialóxica na que non só se recupera o xa vivido, como o título deixa intuír, senón que se sitúa o relatao no pasado para concentrar a historia e cuestionala no presente (coa confidente e amiga Venicia Guarditxea). Neste senso, as cartas cos amigos (Fabio e Penide) axudan a profundizar nos puntos de vista dos personaxes. O fío temático contén ademais metaliteratura: incorporación dun relato escrito polo protagonista que se interesa pola literatura oral ("Pepe Roto") e reproducións dalgúns fragmentos de obras literarias. O cadro da cuberta é obra de Pablo Orza.

**Referencias varias:**

- Luis Montero, "José Lorenzo fala o martes sobre 'Delourando os días' en Filosofía" , *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 novembro 2015, p. 42.

Indícase que a trama principal da novela xira arredor das conversas que manteñen dous amigos sobre filosofía e nas que aparecen Heidegger, Foucault ou Habermas. Indica que a trama principal é unha historia de desamor que entronca coas conversacións filosóficas que o protagonista mantén cos seus amigos ao longo dos anos.

**Lourenzo González**, Manuel, *Cegoñas no fondo da ría*, limiar Luís Bará, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaiano, 2015, 266 pp. (ISBN: 978-84-15699-46-0).

Compilación de vinte e cinco entregas (que se corresponden cos vinte e cinco capítulos do libro), da autoría de Manuel Lourenzo González (Vilaboa, 1955), publicadas orixinalmente no xornal dixital *Pontevedra Viva*, entre os anos 2012-2014, que compoñen unha crónica de viaxes a través da xeografía, a mitoloxía e a historia no espazo da cidade de Pontevedra, contada de xeito simbólico pero verosímil. Principia o libro cun limiar de Luís Bará, que salienta a utilidade da obra para aprender deleitándose, ao que lle seguen os os vinte e cinco capítulos: "Máis sobre Casablanca", "Un San Sebastián republicano", "Tras o misterio do rei Urco", "Gaitas do mar", "Un

xenio da maxia", "Rosalía en Pontevedra", "A xoia secreta do Museo", "Novas sobre o Descubrimento", "Pontevedra Morta", "Das terras furtadas", "Memoria de Tambo", "Do Lérez a Compostela", "Ravachol, a lenda", "Augas mil", "A conquista do aire", "Luces e sombras", "Turistas que botan raíces", "Hai Feira Franca", "Unha biblioteca de libro", "Unha Pontevedra austral", "Sabias, meigas, mouras, santas" e "Un epílogo fóra de serie". A obra presenta reminiscencias literarias a autores como Torrente Ballester e Álvaro Cunqueiro.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "A realidade alén da imaxinación", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 18 setembro 2015, p. 12.

Comenta a importancia da viaxe como motivo central e destaca como espazo primordial a cidade de Pontevedra, lugar real pero ao mesmo tempo cargado de matices imaxinados. Tamén destaca a mestura entre o real e o fantástico que lle outorga sentido á novela e resalta as figuras de Cunqueiro e Torrente Ballester como autores de literatura de viaxes que deixan pegadas perfectamente recoñecíbeis neste volume. Remata destacando a viaxe física da novela, pois comeza publicándose na rede para logo pasar a editarse en papel.

**Moure**, Teresa, *Ostrácia*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através das letras, n.º 18, setembro 2015, 324 pp. (ISBN: 978-84-87305-95-5).

Volume de Teresa Moure (Monforte de Lemos, 1969) que se abre cunha dedicatoria e cunha nota na que se fai fincapé nos seus posíbeis diferentes tipos de lectura. A seguir, estrutúrase en catro núcleos diferenciábeis que levan por nome: "A persuasão", "A hegemonia", "A revolução" e "Um mundo novo". No primeiro explícase de onde nace a idea de escribir sobre Inessa Armand, quen participou activamente na cúpula bolchevique, fundou Sociedades feministas e combatiu contra diversas normas sociais. No segundo apartado fálase da verdadeira relación entre Lenin e Inessa Armand, das verdades científicas da Historia e da importancia do xénero epistolar, entre outros. No terceiro núcleo abórdanse os horrores da revolución dende unha perspectiva diferente e descríbese o concepto de amor libre segundo Inessa Armand. No último apartado amósase o escepticismo sobre a relación existente entre os conceptos de amor e liberdade e fálase sobre os últimos días de Vladimir Ilich. O binomio amor-política conforma o *leitmotiv* deste volume. Finalmente, ofrécese un prefacio e un compendio de referencias bibliográficas.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "Entre a liberdade e a disidencia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 27 novembro 2015, p. 4.

Comenta que a obra está centrada na relación sentimental e política entre a revolucionaria bolxevique Inessa Armand e Lenin. Explica que na obra se reflexiona sobre as contradicións do poder e os límites da submisión, do amor e mesmo do propio proceso da escrita. Exponse que a novela está articulada a partir da investigación que realiza unha filla de Inessa para afondar na vida da súa nai.

**Referencias varias:**

- C. F., "A sala Amalia Domínguez Búa acollerá a presentación da novela Ostrácia", 22 novembro 2015, p. 18/ "Presentación da novela 'Ostrácia', de Teresa Moure, na sala Domínguez Búa", "Bueu", 25 novembro 2015, p. 20, *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo".

Infórmase do acto de presentación desta novela. Indícase que está organizado pola Asociación Cultural para o Debate Ricardo Gómez Buceta, coa colaboración do Concello de Bueu e da Librería Miranda. Coméntase que a novela conta unha historia sobre a Revolución Rusa e que "é tamén un romance sobre a épica das mulleres bravas".

**Neira Vilas**, Xosé, *Romaría de historias*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Neira Vilas, n.º 8, outubro 2015, 152 pp. (ISBN: 978-84-9865-644-2).

Volume que recolle un conxunto de breves historias do escritor Xosé Neira Vilas (Gres,Vila de Cruces,Pontevedra,1928-2015) que teñen como fío condutor o mundo rural galego. O libro ábrese cunha dedicatoria a Luís Reimóndez, presidente da Fundación Neira Vilas, a Katina, a Victoria, a Enrique e a David. A continuación, ofrécese unha cita de John Berger, na que o autor reivindica a cultura campesiña como un universo enriquecedor que está a piques de desaparecer. Despois, preséntase un limiar no que se comenta que esta é unha novela múltiple, feita de "retrincos". Explícase que a súa estrutura fragmentaria está inspirada en autores como John dos Passos, coa súa obra *Manhattan Transfer*; na novela *La Feria*, do mexicano Juan José Arreola, ou en *Madera de boj*, de Camilo José Cela. Así mesmo, lémbrase que este procedemento xa foi utilizado polo autor na súa obra *Remuíño de sombras* (1973), que tiña como protagonistas os galegos emigrados á cidade de Bos Aires. En *Romaría de historias* móstrase a imaxe colectiva do mundo aldeán para ofrecer unha visión panorámica das aldeas galegas ao longo de varias décadas de historia. O conxunto está formado por pequenos relatos de carácter variado con personaxes moi diversos, pero en todos eles a protagonista é a aldea. Mestúranse tanto episodios actuais como historias do século pasado. A temática é moi heteroxénea: relátanse disputas veciñais, historias de amor, supersticións, mitos e meigas, reprodúcense conversas cotiás entre os campesiños, cóntanse sucesos de guerra e fusilamentos... A través do humor e a retranca galegas, e nalgúns casos a través da crítica social, ofrécese unha visión coral do rural galego.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, “O último Neira Vilas”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 912, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 912, p. 32, “Letras Atlánticas”, 20 decembro 2015.

Explica que esta obra sintetiza a esencia narrativa do autor, posto que nela conflúen elementos que sempre estiveron presentes nas súas creacións. Resalta especialmente a súa vinculación estrutural con *Remuíño de historias* (1973), centrada na visión da comunidade galega emigrada a Bos Aires. Así mesmo, di que a novela é un “atlas do mundo rural galego” tanto dende un punto de vista espiritual, con historias de meigas e aparecidos, coma material, pois reflíctense costumes, tradicións e modos de vida das aldeas galegas. Por último, comenta que a obra está construída a partir de microrelatos intercalados por diálogos e resáltase a calidade formal das narracións.

**Referencias varias:**

- Baltar, Amancio, “Culturgal 2015. Lembranza especial para Manuel María e Neira Vilas”, *Grial*, n.º 208, “O rego da cultura”, outubro, novembro, decembro 2015, p. 11.

Co gallo da oitava edición do Culturgal, dirixida por Manuel Bragado, alúdese ás actividades realizadas en memoria de Manuel María, escritor ao que a Real Academia Galega dedica as Letras Galegas do ano 2016, e máis a Xosé Neira Vilas. No caso do autor de *Memorias dun neno labrego* indícase que, debido ao seu falecemento, non puido presentar a súa última novela, *Romaría de historias*, pero que foi obxecto dunha homenaxe na que participaron Dolores Vilavedra, Loli Beloso, Fina Casalderrey e Pilar Sampedro, entre outros.

- Camilo Franco, “Neira Vilas e o mundo perdido”, *Tempos Novos*, n.º 223, “Cultura”, decembro 2015, pp. 76-77.

Con motivo do falecemento de Xosé Neira Vilas faise un repaso pola súa traxectoria vital, repasando as súas experiencias en Galicia, Arxentina e Cuba. No que atinxe á literatura, alúdese ás súas *Memorias dun neno labrego*, pero tamén se menciona a recente publicación de *Romaría de historias*, a cargo da editorial Galaxia. Este volume descríbese como unha narración “aparentemente fragmentada”, na que se achegan pequenas instantáneas do pasado.

- Sandra Sánchez, “Homenaxe póstuma a Neira Vilas na presentación de ‘Romaría de historias”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, p. 69/ “Homenaje póstumo al prolífico Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, p. 45, 16 decembro 2015.

Infórmase da presentación na libraría compostelá Pedreira desta obra e ao que acudiron personalidades importantes do mundo da cultura galega. Dise que a obra está conformada por un conxunto de pezas autónomas que teñen como fío condutor o mundo das aldeas galegas, na que se plasman situacións que o propio autor viviu de primeira man. Destácase o interese do autor por recuperar as aldeas como lugares vinculados a todo galego e a heteroxeneidade das historias.

- Xesús Fraga, “O libro póstumo de Neira Vilas, unha visión coral da vida aldeá”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 decembro 2015, p. 44.

Dáse noticia da presentación da obra na libraría Pedreira de Santiago de Compostela e coméntase que está construída de forma similar a *Remuíño de historias*. Explícase que se trata de breves narracións con personaxes diferentes que conforman unha visión coral, chea de mitos, realismo e retranca, e infórmase de que o autor de Gres deixou a medias o libro *O soño do vello mariñeiro.*

**Pavón**, Cristina, *Á busca da orixe perdida das especies*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 314, 2015, 91 pp. (ISBN: 978-84-8487-251-1).

Antoloxía de contos de Cristina Pavón (A Coruña, 1962) que contén cinco relatos. En “Máquina Proust” a protagonista narra a visita con dous amigos a unha mostra na Cidade da Cultura na que se exhibían pavillóns dedicados á obra de Proust, Borges, Philip K. Dick, García Marquez e Cunqueiro. A personaxe principal decide iniciarse na experiencia de recordar o seu pasado na Máquina de Proust, de tal forma que se converte en vítima das súas lembranzas coa necesidade de regresar nos dous días seguintes. Ademais, vende efectos persoais para poder emprender a viaxe a Majadahonda na que tiña sede o estudo de neurociencia que era o responsábel desta Máquina. Tras varias sesións, as súas lembranzas comezan a sufrir cambios substanciais que afectan á protagonista, polo que os especialistas non lle permiten continuar revivindo experiencias pasadas. Afortunadamente, encontra un instituto semellante en Lyon no que é capaz de volver a reencontrarse cos seus recordos e liberarse deles. En “Sara e os años” Sara sofre un ataque de ansiedade nunha mercería e a partir de entón non é capaz de entrar en ningunha tenda soa. Decide entón recuperar os seus recordos do pasado para intentar saber cal foi a orixe deses trastornos nerviosos e tras grandes esforzos decátase de que foron os abusos que sufrira por parte de seu avó. En “Culler, culler, culler” unha muller reflexiona sobre a natureza do ser humano e da linguaxe. Nun primeiro momento pensaba que a linguaxe era a capacidade que definía o ser humano, pero en clases de antropoloxía descobre que en realidade é a técnica. O capítulo remata con preguntas retóricas que fai a voz narradora ante a perda de memoria para saber se segue sendo humana ao esquecer o nome “culler” ou a súa “utilidade”. En “O pomo da porta do Paraíso era unha castaña” a protagonista medra co desexo de non facerse maior. A súa nai dille que as castañas “pilongas” evitan que continúe medrando e permiten conservar a infancia. A pesar do seu profundo desexo de consumilas, sente medo e pasa os anos da nenez sendo moi feliz e esquecendo este feito, de modo que cando o recorda, xa é tarde, pero aínda así algúns golpes no nariz faranlle ver a necesidade de compaxinar a realidade coa ficción dos momentos máxicos da infancia. En “Á busca da orixe perdida das especies”, relato que lle dá título ao volume, a voz narradora realiza unha comparativa da vida e obra de Darwin e Proust. Ao final do capítulo coñécese que a ordenación da información transmitida está motivada polo cancro que lle impediría publicala.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Na cerna da memoria”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 13 marzo 2015, p. 6.

Dáse conta da publicación da nova obra de Cristina Pavón, unha escolma de relatos sobre a mente humana, centrados na memoria e en “como esta inflúe nas persoas e como determina a propia identidade”. Informa do contido dos textos e destaca o discurso próximo á ciencia-ficción do primeiro conto e o ton meta-literario do último. Finalmente, coméntase a presenza de protagonistas femininas e fálase dos finais “brillantes e sorprendentes” dos relatos.

- Francisco Martínez Bouzas, “Viaxes pola memoria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 539, “Libros”, 23 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 494, “Letras galegas”, 2 maio 2015, p. 10.

Destaca que os cinco relatos que conforman o volume recibiron o Premio de Narrativa Ricardo Carvalho Calero 2014 do Concello de Ferrol e que o título da obra parte do derradeiro deles. Indica que son textos “de natureza distinta que nos abeiran á memoria, á perda, procura e construción da memoria”. Ademais, comenta brevemente o contido de cada un deles. Di que o primeiro é un conto de ficción científica, que os tres seguintes parten de experiencias no ámbito familiar e que o último é un “híbrido de ensaio e pequenas doses de ficción narrativa”. Informa da calidade dos textos e do estilo “forte, puído e innovador” da súa autora.

- Ana Bande, “A consolidación da escrita de Cristina Pavón”, *Tempos Novos*, n.º 217, *ProTexta*, n.º 9, “ProPostas”, xuño 2015, p. 76.

Saliéntanse a curiosidade da autora e o seu interese polo coñecemento. Descríbense os seus textos como profundos e sinceros e conclúese destacando a súa obsesión co tema da memoria.

**Paz**, Xabier, *A galera de Xelmírez*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia: col. Narrativa, xullo 2015, 155 pp. (ISBN: 978-84-9914-882-3).

Novela histórica de Xabier Paz (A Coruña, 1949), ambientada nos tempos do arcebispo Diego Xelmírez, na que se narran, cunha linguaxe clara, as peripecias de tres paisanos que emprenden unha viaxe a Compostela logo de seren contratados por este para construír unha galera de guerra en Iria. Os protagonistas son o mestre carpinteiro de ribeira Fuxón Bonincontro e o seu axudante Stefano Bagnoli, que na súa viaxe estarán acompañados polo aprendiz Francesco Nuti. A trama comeza cando os tres personaxes parten de Pisa cara a Santiago. Tras unha primeira etapa por mar que remata en Barcelona, os mozos inician o *Camiño*, que os levará a atravesar a península nunha viaxe que os cambiará para sempre e mudará as relacións entre eles. Logo dos encontros cunha moza e cunha bruxa, Fuxón comezará a obsesionarse polo coñecemento e consumo de herbas e fungos e pola experimentación de novas prácticas sexuais, que farán que esqueza os seus compromisos profesionais e o conducirán a un tráxico final. Ante esta situación, Stefano verase obrigado a tomar o mando e suplantar a identidade do seu mestre, o que o levará a cometer un crime que o atormentará o resto dos seus

días. Unicamente Francesco sairá ben parado desta viaxe. O libro estrutúrase en dúas partes, que levan o nome dos seus protagonistas: "Stefano" e "Fuxón". Na primeira delas, dividida en quince capítulos, Stefano lembra a viaxe a Santiago e a estadía en Iria durante o seu regreso a Pisa tres anos despois da partida. Na segunda parte, dividida en nove capítulos, é Fuxón o que relata os feitos dende a súa perspectiva. As narracións en primeira persoa de Stefano e Fuxón, que presentan un ritmo narrativo pausado no que abundan as descricións, alternan en ocasións coa voz dun narrador en terceira persoa omnisciente. A continuación incorpórase un epílogo no que Stefano narra en primeira persoa o momento da morte de Fuxón. Pecha o libro unha "Nota do autor" na que dá conta das principais obras que leu para documentarse.

**Recensións:**

- Camiño Noia, "A Iria polo Camiño de Santiago", *Tempos Novos*, n.º 220, *ProTexta*, n.º 10, "ProPostas", setembro 2015, pp. 76-77.

Tras un breve repaso pola biografía e obra do autor, descríbese este relato, situado na Galicia medieval entre os anos 1120 e 1130. Explícase o argumento, centrado en Stefado e Fuxón, que viaxan a Iria para construír unha galera encargada por Xelmírez. Saliéntase a indagación nos comportamentos humanos sometidos a circunstancias especiais, na súa relación co medio.

- Dolores Martínez Torres, "Suxestiva narración", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 556, "Libros", 15 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 511, "Letras galegas", 24 outubro 2015, p. 10.

Comenta que esta novela ten como protagonistas a Stefano Bagnoli e ao seu axudante Fuxón. Dá conta do argumento, cuxa acción transcorre  no Camiño de Santiago, iniciado polo Camiño francés;fala da eficacia das voces narrativas e remata afianzando a idea do Camiño de Santiago como símbolo e escenario, como protagonista principal da novela, sendo o motor dos personaxes principais.

**Referencias varias:**

- R. N., "Da galera á nave de cristal", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 28 abril 2015, p. 5.

Dá conta da última novela de Xabier Paz, a cal versa sobre a "construción dunha galera que sufraga o arcebispo Xelmírez para combater as razzias dos sarracenos". Indícase que trata temas como a alquimia, a suplantación de identidade e o poder transformador do Camiño.

**Pérez González**, Noa, *O ocaso da familia Portela*, Cangas do Morrazo: Barbantesa, 2015, 119 pp. (ISBN: 978-84-940302-6).

Novela da filóloga Noa Pérez González (Vigo, 1978) que supón a súa irrupción na Literatura Galega e na que se narra a historia dunha familia poderosa e tradicional afín ao réxime franquista dende a perspectiva intimista, e en primeira persoa, de Guadalupe, unha das seis irmás Portela afincadas na cidade de Vigo. Guadalupe lembra a educación e as vidas de Antonia, Clara María, Malvina, Maripili e SofiPortela, centrándose na de Clara María, a única rebelde e valente da familia que decidiu, no primeiro ano de carreira, fuxir cun pseudointelectual descontento co réxime e co que tivo fillos, nenos aos que vai dirixida esta historia co único fin de que entendan de onde veñen e o "pecado" que a súa nai cometeu para seren repudiados polo resto daquela familia acomodada da Galicia do século XX. Pérez González remóntase ao Vigo da Guerra Civil e da posguerra, momento en que a ditadura vai tornándose débil e inestábel, tal e como amosa na novela. Mentiras, segredos, concubinatos, fuxidos, crimes pasionais, delacións, abortos clandestinos, traizóns, adulterios, represión… aparecen nesta obra que pretende reivindicar a memoria e a figura da muller, así como reflectir o ambiente da cidade na que creceu Pérez González, introducindo datos históricos e espazos identificábeis que a converten nunha novela histórica. Ao retrato da cidade de Vigo e arredores (Monteferro, Oia, Mougás, Goián…) únenselle elementos manidos do subxénero da memoria histórica, todo cun estilo descritivo que fai que a acción se manteña nun segundo plano.

**Recensións:**

- Laura Blanco Casás, "Mentiras e segredos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 549, "Libros", 2 xullo 2015, p. VI.

Coméntase esta obra que supón a estrea literaria da filóloga Noa Pérez González. Indícase que é unha crónica dunha familia poderosa afín ao réxime franquista, e saliéntanse as posibilidades temáticas, ao tempo que se lamenta a descrición e adxectivación desmedidas, así como a dispersión causada por historias secundarias que ralentizan a novela.

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, "Sólida estrea literaria", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 27 marzo 2015, p. 6.

Destaca algunhas características desta obra coa que fai o seu debut a autora e indica que Vigo é o espazo onde se desenvolven os feitos narrativos.

**Piñeiro**, Antonio, *A identidade fascinada*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 334, abril 2015, 159 pp. (ISBN: 978-84-9865-606-0)**.**

Volume de Antonio Piñeiro (Santa Uxía de Ribeira, 1962) no que se realiza un repaso ás súas vivencias como universitario na Compostela dos anos oitenta do século pasado. O libro xébrase en catorce capítulos con título antecedidos dun "Prólogo" no que se indica que un dos fíos condutores desta crónica é a sala Clangor e a movida

universitaria. Ao longo dos diferentes capítulos de *A identidade fascinada* descríbese e reflexiónase sobre o impacto da chegada de sesenta mil mozas e mozos universitarios e consumistas, denominados "baby boomer", a Santiago de Compostela, así como as experiencias do narrador como universitario nesta altura. Repásanse os locais composteláns de moda, como a sala Clangor (coa descrición da detonación e dunha bomba en 1990), o Derby, o Modus Vivendi etc.; os poetas e a música dos 80; o grupo Atlántica; as drogas ou a política daquela época cando xorde o BNG e cando collen maior protagonismo persoeiros como Manuel Fraga ou Xosé Manuel Beiras. Finalmente indícase que o "fenómeno Clangor" é un símbolo da comunidade universitaria, musicalizada e culturizada, que foi protagonizada pola xeración do "baby boom" que descubriu a identidade social, económica, política e cultural de Galicia.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "Santiago nos oitenta", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 887, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 887, p. 30, "máis Libros", 28 xuño 2015.

Incídese na escolla temática (o Santiago dos corenta mil estudantes, contextualizado política e socialmente, que dá como resultado unha novela en boa medida coral, en consonancia coa significativa fotografía da cuberta) e revísanse as escollas estilísticas de quen é narrador e ensaísta (con respecto á concepción ampla de novela que poderían ter Pío Baroja ou Camilo José Cela) coa abundancia de citas, a aparición de nomes propios...

- Ramón Nicolás, "Anos 80: Compostela punto cero", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "En galego", "Letras", 3 xullo 2015, p. 10.

Comenta esta novela, centrada no particular universo que a chegada masiva do estudantado universitario creou nos anos 80 en Santiago de Compostela. Saliéntase inicialmente a súa concepción novelística, híbrida e documental e revísase o pulso ensaístico e filosófico (con Goethe, Bataille, Hume…), xeracional e lírico dunha novela que parece compoñer un mosaico da citada década marcado pola noite, os bares e os perfís esvaecidos. Subliña a capacidade da novela para condensar o que esa década supuxo para a construción e o recoñecemento identitarios.

- Antón Riveiro Coello, "Memoria e fascinación", *Tempos Novos*, n.º 220, *ProTexta*, n.º 10, "ProPostas", setembro 2015, p. 74.

Achégase unha recensión da novela *A identidade fascinada* (Galaxia, 2015), de Antonio Piñeiro. Tras unha breve semblanza do autor, descríbese o volume como un cruzamento de xéneros, no que se mesturan ensaio e novela para facer unha homenaxe aos anos universitarios dos oitenta en Compostela. Saliéntanse a capacidade do autor para recrear o ambiente da época coas súas metáforas e o lirismo da súa escritura.

- Francisco Martínez Bouzas, “As bágoas de Eros”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 553, “Libros”, 24 setembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 508, “Letras galegas”, 3 outubro 2015, p. 10.

Explica que a trama do libro se localiza en Compostela na década dos anos oitenta e que se move entre a realidade e a ficción, mesturando os estilos narrativos e ensaísticos. Critica que o autor ofrece unha visión “optimista e eufórica” da cidade daquel tempo cando tamén houbo unha experiencia dura que levou a moita mocidade á morte. Por último, considera que o autor optou por ofrecer unha cara máis positiva ca negativa daqueles anos.

**Referencias varias:**

- Ana Baena, “Antonio Piñeiro. ‘Santiago recolleu o espírito da movida e levouno ao mundo dos estudantes”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 7 xullo 2015, p. 9.

Entrevista co autor desta obra, editada por Galaxia e presentada na Feira do Libro de Vigo. En conversa, comenta a escolla temática –a medio camiño entre o ensaio e a crónica en primeira persoa– centrada nos anos 80 da Universidade de Compostela, e nos cambios que esta sufría, canda os propios da mudanza democrática.

**Piñeiro**, Antonio, *O noiro*, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2015, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 2015, 92 pp. (ISBN: 978-84-7824-653-3).

Novela de Antonio Piñeiro (Santa Uxía de Ribeira, 1962) que se abre cunha cita de Francisco Umbral e unha dedicatoria “Aos mestres, -aos meus, aos seus-”. O narrador inicial preséntase como testemuña duns feitos, aínda que será participante do desenvolvemento da historia. Viaxa dende Santiago de Compostela a Madrid, onde percorrerá espazos que durante a Guerra Civil foron  campo de batalla (Jarama, Morata de Tajuña,...). O narrador vai axudar tamén a saldar unha débeda que un dos seus antigos mestres tivo cun vello mestre. O motivo xorde nos momentos previos ao comezo da contenda de 1936, cando nun día da escola o vello mestre manda facer unha redacción a raíz dunha pelexa entre dous cativos: o Merlo e o Suma. O exercicio queda inacabado por mor dos acontecementos. Hai, pois, unha confrontación entre a refrega dos rapaces e a propia da guerra, o que suscita unha continua reflexión sobre a violencia. Serve ademais o regreso a esa redacción incompleta, por parte do mestre do narrador, para evitar que o sucedido caía no esquecemento, ao tempo que que se reconstrúe o clima da batalla. Ademais, esa superficie do terreo á que fai referencia o título da obra simboliza unha fronteira que separa temporalmente a infancia da madurez, mais tamén a oposición de dúas ideoloxías. As diferentes partes que compoñen a novela, caracterizadas polos saltos temporais, destacan pola súa extensión irregular, sen título e sen numerar.

**Portabales Santomé**, Arantza, *Sobrevivindo*, XV Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* 2015, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 340, outubro 2015, 134 pp. (ISBN: 978-84-9865-643-5).

Novela de Arantza Portabales Santomé (Donostia, 1973) que consta de trinta e un capítulos que levan por título o nome dalgún dos seus cinco personaxes principais: Val (Valentina Valdés, coñecida como Tina cando era estudante e posteriormente como Val Valdés), Roi, Martín (Martín Vila, avogado de Valentina), Marcos (Marcos Leis, antigo noivo de Valentina) e mais Roque (o padre Roque do colexio Santa Catalina). A trama da novela xira ao redor da vida de Valentina Valdés e presenta unha variada localización espacial (nomeadamente Santiago de Compostela e Madrid, pero tamén Suíza, Barcelona, Louro, Teixeiro ou A Coruña) e temporal ( entre os anos 1984 e 2015). Esta dislocación temporal aséntase en que os acontecementos están narrados sen orde lineal dos feitos, senón que se vai descubrindo a trama con saltos atrás e adiante no tempo. Así, o lectorado observa como Valentina tivo o seu fillo Roi Wagner con só quince anos; que estivo casada con Matías Wagner, moito máis maior ca ela; que participou e gañou un programa de telerrealidade da vida en directo; que montou o grupo empresarial LAV e que rematou matando a Marcos Leis cando este descubriu que Roi Wagner non é fillo de Matías Wagner.

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Arantza Portabales debuta na novela cos 31 ganchos directos de 'Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 novembro 2015, p. 49.

Coméntase a saída do prelo da primeira novela desta autora e  e dáse conta do acto de presentación desta obra que ten como protagonista a Val Valdés, personaxe que gaña un concurso de televisión facéndose rica ao instante. .

**Portas**, Manuel, *Amor en alpargatas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 364, febreiro 2015, 208 pp. (ISBN: 978-84-9914-805-2).

Novela de Manuel Portas (Barcelona, 1960) que transcorre nun tempo narrativo de apenas vinte minutos e ten como espazo literario o cemiterio no que descansan os restos de Senén, nacionalista galego cuxa traxectoria política e vital se desentraña a partir das lembranzas de dúas mulleres coas que compartiu a súa vida sentimental: Lucía, a súa primeira muller e nai do seu fillo Xián, e Sara, a súa segunda compañeira coa que concibiu a Amalia. Unha historia que non é real pero si verosímil e que permite coñecer de preto a loita nacionalista dende unha perspectiva crítica e realista.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "Memoria de amor e vida", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 27 febreiro 2015, p. 6.

Indícase que esta obra aborda, dende a ficción, a praxe nacionalista dos últimos anos, explorando as "posibilidades expresivas do idioma" e afondando nas complexas relacións entre persoas e nas contradicións do ser humano. Saliéntase que na novela aparecen varias historias de amor, entre as que se destaca o triángulo composto por Senén, Lucía e Sara. Por último, coméntase a mestura entre experiencias persoais e convicción ideolóxicas.

- Alfredo Conde, "Dúas lecturas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 5 marzo 2015, p. 4.

Faise unha crítica a dúas obras, *Cuarto minguante*, de Álvarez Bautista, e *Amor en alpargatas*, de Manuel Portas. En canto á primeira, dise que está escrita cunha técnica "de lareira" e que consegue evocar as narracións orais do pasado. Saliéntase a calidade da lingua empregada e o uso de recursos propios da oralidade. Polo que se refire á segunda, coméntase o acerto do primeiro capítulo, onde se mesturan diversos puntos de vista, e destácase a presenza do tema da infancia e a "recuperación do mundo que se foi". Finalmente, recoméndase a lectura das dúas novelas.

- Dolores Martínez Torres, "Biografía dunha ausencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 540, "Libros", 30 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 495, "Letras galegas", 9 maio 2015, p. 10.

Sinala que a estrutura circular desta novela e a reconstrución dos personaxes a partir da memoria lembran a obra *Cinco horas con Mario*. Presenta os protagonistas e refire o argumento do libro, destacando as crises familiares, o triángulo amoroso no que se atopa Senén e o activismo nacionalista que envolve todo o libro. Indica que a novela carece de sorpresa, emoción ou conflito no seu desenvolvemento e que abundan tópicos e estereotipos. Finalmente, salienta a calidade da escrita e lamenta a escolla do título por consideralo pouco atractivo.

- Vicente Araguas, "Realismo tal cal", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 880, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 880, "máis Libros", p. 30, 10 maio 2015.

En primeiro lugar preséntase unha breve reflexión persoal sobre a novela realista en xeral para, posteriormente, celebrar a nova obra de Manuel Portas, *Amor en alpargatas*. Coméntase o seu argumento e laméntase a tendencia á pormenorización e ás digresións líricas que engrosan o volume sen necesidade. Saliéntase a calidade do desenvolvemento narrativo "a partir dun progreso dramático que vai cara a enriba" e a profundidade dos personaxes. Ademais de recomendar a súa lectura, indícase que o autor "é un narrador contundente ao que apetece seguir".

- María López Sández, "Do amor e da liberdade", *Tempos Novos*, n.º 220, *ProTexta*, n.º 10, "ProPostas", setembro 2015, p. 75.

Comézase por sinalar os dous eixos da obra: o amor e o nacionalismo. Saliéntase a posíbel lectura alegórica en clave nacional que, non obstante, non impide unha lectura ávida. Para concluír, destácase a narración retrospectiva, construída con redución

temporal e con cambios na focalización, de xeito que as perspectivas son inesperadas e a obra imprevisíbel.

**Referencias varias:**

- Joel Gómez, "Manuel Portas. 'Reflexiono sobre as loitas fratricidas no nacionalismo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 25 febreiro 2015, p. L2.

Entrevista a Manuel Portas con motivo da presentación da súa obra no Airas Nunes Café de Santiago de Compostela. Informa da presenza no acto de Dolores Vilavedra, Bieito Iglesias e Manuel Bragado. Salienta que o protagonista é unha homenaxe aos libreiros e que a obra afonda no tema da política e o amor con Compostela como escenario, "xa que é unha cidade que dá moito xogo literario".

- Xosé Carlos Caneiro, "Aventuras e desventuras", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", "Club dandi", 3 xullo 2015, p. 12.

Faise referencia, en primeiro lugar, á saída a lume dunha nova entrega da revista *Grial* e, en segundo, coméntase brevemente a novela de Manuel Portas louando o talento literario do autor e lamentando o peso do político no libro.

- Jaureguizar, "Manuel Portas: 'A división do nacionalismo galego non é nova, xa vén de vello", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 16 outubro 2015, p. 59.

Dáse conta da publicación da novela de Manuel Portas pola editorial Xerais. Dise que está centrada na personalidade de Senén, quen é lembrado por dúas mulleres que compartiron o seu amor. Indícase que aínda sendo unha historia de amor, tamén se trata dunha historia de amor ao país. Destácase que os personaxes son elementos fundamentais para o levantamento do nacionalismo.

**Portas**, Manuel, *Lourenço, xograr*, Premio García Barros 2015, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 339, outubro 2015, 339 pp. (ISBN: 978-84-9865-642-8).

Novela, de Manuel Portas (Barcelona, 1960), ambientada na segunda metade do século XIII e na que, como o seu título anticipa, existe unha ampla presenza da cultura trobadoresca daquela altura: trobadores, segreis, soldadeiras, relación coa Provenza, instrumentos musicais, as cantigas galego-portuguesas e os seus recursos literarios etc. Está dividida en dous grandes bloques: "Livro primeiro" e mais "Livro segundo", e cada un deles conta con oito capítulos con numeración romana e cun resumo escrito en galego-portugués que adianta o que se vai relatar no capítulo. Protagonizada polo xograr Lourenço Martíns, no "Livro primeiro" detállanse as peripecias deste personaxe como xograr do segrel Joam García de Guilhade quen, á súa vez, traballa ao servizo de Gonçalo García de Sousa como escudeiro. En primeiro lugar, Lourenço aparece como axudante do mestre ferreiro Diogo e no capítulo nárrase como é asaltado por uns bandoleiros e como nesta loita Lourenço mata o fillo de Vasco Goterres. A seguir, Lourenço Martíns aparece como acompañante de Joam García de Guilhade e vese como van dende Portugal até Compostela por un motivo de Estado (a loita entre os irmáns

Sancho o Capelo e mais o conde de Boloña polo trono de Portugal) e como o protagonista regresa a Lanhoso xunto á súa nai Lianor e ao mestre ferreiro Diogo, quen acabará sendo o seu padrasto. Durante esta etapa os namoros de Lourenço son Branca Peres e mais Marinha. No "Livro segundo" preséntase en cada un dos capítulos un protagonista que conta a trama dende o seu punto de vista (son eles Lourenço, Diogo, Branca, Joam García de Guilhade, María Peres a Balteira, rei Afonso, Sancha de Guilhade e, finalmente, Lourenço). Neste segundo bloque descríbese o asalto frustrado á cidade do Porto; como Lourenço regresa á aldea de Lanhoso e na compaña do seu padrasto, Diogo, frecuenta as feiras de Braga onde volve ver a Branca Peres, quen rematará casando con Nuno Gonçalves. Tamén se coñece como Lourenço, na compaña de Joam García de Guilhade, vai de Portugal a Salamanca ou Ávila; como a soldadeira María Peres a Balteira aconsella a Lourenço ou como este, ao ser o xograr favorito do rei Afonso de Castela, recibe deste casa e facenda. Tamén se desvela como Lourenço casa, grazas á influencia de Joam García de Guilhade, con Sancha Guilhade, sobriña deste e coa que ten un fillo, Martinho, malia estar namorado de Branca Peres e ver a esta en Braga de maneira furtiva. Finalmente, Lourenço repasa a súa vida mentres se desangra despois dunha emboscada duns bandoleiros entre os que Lourenço cre recoñecer a Vasco Goterres.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "Á busca dun soño", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 18 decembro 2015, p. 12.

Comenta que a última novela de Manuel Portas foi galardoada co Premio García Barros e explica que o autor se centra na figura do case descoñecido xograr Lourenço, quen, a pesares da súa orixe plebea, soñaba con compor cantigas que lle conferisen un recoñecemento. Así mesmo, saliéntase a capacidade de Portas para dar vida a este personaxe da lírica medieval galego-portuguesa, pertencente a un mundo pouco tratado dende a ficción contemporánea. Tamén se destaca a plasticidade, en especial, daquelas páxinas que recrean o contexto trobadoresco ou as que describen a guerra ou o amor.

**Pose**, Héctor, *Doce lúas*, Rianxo: Axóuxere Edicións, col. Calíope, n.º 3, 2015, 108 pp. (ISBN: 978-84-941379-9-0).

Novela de Héctor Pose (Malpica de Bergantiños, 1964), con fotografía da cuberta de Alberto Rodríguez Fariña (Malpica de Bergantiños, 1983), dividida en doce capítulos conforme as doce lúas que dan título á obra. Trátase dun diario no que un home, que perdeu a súa filla no mar, conta as súas experiencias nunha vila mariñeira, espazo que aparece fotografado ao longo de todo o libro para apoiar con imaxes a narración. O texto está ateigado de metáforas que aluden á desesperación, á dor e ao paso do tempo que marcan a vida das persoas desa vida mariñeira e que só o alcol, a música e a literatura poden aliviar. A través da historiarealízase tamén unha crítica á realidade socioeconómica da vila, cada vez máis baleira de xente nova.

**Recensións:**

- Román Raña, "Por tellado a melancolía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 565, "Libros", 17 decembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 520, "Letras galegas", 26 decembro 2015, p. 10.

Explica que a obra permite a reflexión sobre os lindes dos xéneros literarios, que quedan diluídos, e conclúe que a mestura das dúas artes conxugadas (literatura e fotografía) deu lugar a un resultado mixto: por unha banda, as fotografías que retratan o litoral de Malpica, con rochedos, escenas portuarias, praias etc.; por outra, os textos líricos que se combinan con textos narrativos ou reflexións. Por último, dise que a obra está dividida en doce partes e que o título remite á literatura xaponesa.

**Queizán**, María Xosé, *Son noxento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, col. Narrativa, marzo 2015, 108 pp. (ISBN: 978-84-9914-824-3).

Novela curta de María Xosé Queizán (Vigo, 1939), escrita en forma de monólogo interior, na que se reflexiona arredor de temas tan importantes e comúns como a violencia exercida sobre as mulleres, a pedofilia ou o acoso sexual. A obra ábrese cun breve prólogo da autora no que di que non sabe como chegou o seu protagonista, amoral e hilarante, á súa imaxinación e que en moitas ocasións se ignora a parte escura da vida privada da xente da que nos rodeamos. No relato de Suso, o protagonista, faise unha crítica ao machismo existente na sociedade actual a través das situacións de violencia que se narran, así como pola linguaxe empregada polo narrador, un ser abominábel que se autocualifica como noxento e que, á vista do seu relato, se revela como un depredador sexual, unha persoa carente de ética e cuxos actos nunca lle fan sentir ningún tipo de remordemento. Ademais desta crítica ao machismo e á explotación sexual das mulleres, a autora critica outros aspectos da sociedade de hoxe en día, como a explotación do proletariado por parte das persoas ricas, a falta de valores, a pedofilia e a dobre moral. Sobre os personaxes cómpre sinalar a imaxe dura da muller do protagonista, presentada como unha muller covarde que desculpa a Suso; o personaxe da sogra, que non actúa ante as inxustizas e o acoso sexual, e o sogro, que ten unha dobre moral. En canto aos espazos evocados cómpre sinalar que aparecen diferentes localizacións, tales como o cárcere, do que sinalan as súas eivas, aínda que non con descricións moi detalladas, e outros lugares, como bares ou casas de ricos e de pobres.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "Grand Guignol", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 883, "máis Libros", 10 maio 2015, p. 30.

Dise que esta obra é unha *nouvelle* que ten "un aquel de esperpento, cando non de *grand guignol*" xa que a historia, a pesar de estar adornada con certa crítica social, "transita polos rueiros do disparate". Sinálase que cara á metade do libro é fácil intuír cal será o rumbo que vai tomar o relato, que os feitos que nel se narran son tan demenciais que resulta difícil crelos e que as cancións populares que nel aparecen encaixan máis coa

autora que co narrador. Por último, coméntase que se trata dunha obra de realismo sinxeliño que conta con interludios carcerarios que lle achegan un pouco de sal e pementa a un relato truculento.

- Ramón Nicolás, "Narrativa afouta", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 22 maio 2015, p. 6.

Dise que nesta obra está presente un afán de denuncia social ao tratar temas pouco amábeis como o incesto, o consentimento da pederastia ou a violencia de xénero. Sinálase que a autora trata temáticas que non son novas na súa obra, pero que si o é a maneira en que as presenta: "a través do discurso dun protagonista abominable, abxecto e a todas luces desprezable". Por último, di que é unha novela que convida á reflexión e que incomoda e violenta a quen a le.

- Manuel Pena, "Cando o humor se torna horror", *Tempos Novos*, n.º 217, *ProTexta*, n.º 9, "ProPostas", xuño 2015, p. 83.

Analízase a obra atendendo a dous eixos: o temático e o técnico. En canto á temática, centrada en temas tabú como a pederastia, o incesto ou a violencia, indícase que non é a súa primeira aparición na narrativa da autora. Sobre a técnica, saliéntase o uso da corrente de pensamento, que se insire na subxectividade do protagonista. Conclúese sinalando que a crueldade e a violencia teñen a función de incomodar e transformar.

**Quintiá**, Xerardo, *O viaxeiro radical*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 336, 2015, 216 pp. (ISBN: 978-84-9865-612-1).

Novela de Xerardo Quintiá (Friol, 1970) centrada na figura de Manfred Gnädinger, un artista alemán que chegou á vila de Camelle no verán de 1962, onde se instalou para vivir a súa arte en liberdade e á marxe dos convencionalismos. O libro abre cunha dedicatoria do autor: "Para Montse, dende a liberdade, como xeito de amor e entendemento", seguida dunha cita de Knut Hamsun. A continuación preséntase a historia, estruturada en tres "viaxes" e relatada por un narrador en terceira persoa omnisciente que emprega unha linguaxe sinxela. Na "Primeira viaxe", dividida en nove capítulos, nárranse os primeiros anos de Manfred en Camelle, onde chegou logo dunha viaxe por Europa que emprendera seguindo os seus desexos de facerse artista. Alí, Man é acollido polos veciños e comeza unha nova vida na que, paseando e pintando, os días discorren tranquilos. Neste tempo, namórase dunha moza, mestra dunha vila próxima, coa que inicia unha amizade e quen na noite enque o artista tiña pensado confesarlle o seu amor lle anuncia o seu casamento con outro home, noticia pola que Man se derruba. A "Segunda viaxe", estruturada en catorce capítulos, iníciase co protagonista afectado polo acontecido e co cambio radical no seu xeito de vida, os seus costumes e a súa indumentaria; en definitiva, coa conversión do protagonistanun artista ceibe e solitario e coa consideración de tolo por parte do resto de veciños. Así, Man constrúe unha casa á beira do mar e comeza unha vida de artista marxinal centrada na construción dun museo, no que recolle a obra que durante anos vai elaborando cos materiais que lle proporciona a natureza. Porén, a aprobación da construción dun dique en Camelle no

lugar no que se atopa o museo obriga á súa demolición e provoca un enfrontamento entre o artista e a xente da vila. Cando se recupera deste duro golpe, Man comeza a deixar a súa pegada artística no dique e consegue que a súa obra teña un grande éxito, con todo, isto empeora as relacións cos seus veciños, que o levarán mesmo a ser acusado dun delito sexual. Finalmente, na "Terceira viaxe", dividida en tres capítulos, nárranse os últimos anos de vida do artista, marcados por un novo acontecemento: o naufraxio do *Prestige*. Pecha a obra unha "Nota do autor" na que sinala cales dos aspectos da vida de Manfred retratados na obra son reais e cales son ficticios e na que manifesta os seus agradecementos a distintas persoas.

**Recensións:**

- Francisco Martínez Bouzas, "Man desde a ficción", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 551, "Libros", 10 setembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 505, "Letras galegas", 19 setembro 2015, p. 10.

Describe o fío argumental do presente volume, que recrea a historia do escultor Manfred Gnädinger, coñecido tamén como Man de Camelle. Dá conta dunha breve biografía do artista alemán que viaxa a Camelle por pracer e remata permanecendo alí até a súa morte. Destaca a estrutura tripartita da novela, a cal se corresponde coas tres viaxes que o protagonista realizou e nas cales se recrea á vez a viaxe física do artista, mais tamén a viaxe espiritual, cara ao seu interior. Por último, resalta algunhas das técnicas narrativas que utiliza o autor da novela, tales como analepses ou pausas narrativas.

- Xosé Carlos Caneiro, "Setembro 2015", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Club dandi", 11 setembro 2015, p. 10.

Entre outras cousas, fala sobre esta obra e sinala a súa importancia por tratarse dunha busca da identidade, a do escultor Man de Camelle, artista que se rebela contra o estabelecido. Sinala como obxectivo primordial da obra a busca da beleza e o sublime como meta.

- Ramón Nicolás, "Manfred Gnädinger e as viaxes pola vida", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 23 outubro 2015, p. 4.

Indica que esta novela xira arredor da figura artística de Manfred Gnädinger e dá conta brevemente da biografía do artista alemán afincado en Galicia. Destaca a importancia da viaxe na personalidade deste autor e comenta que era coñecido como Man de Camelle. Fala de que a viaxe é o motor polo que o artista transita e que é unha forza motriz constante na novela de Xerardo Quintiá. Por último, destaca a presenza da arte como representación do seu creador.

**Referencias varias:**

- Maru Torres, "Ideas que se concretan en feitos", *El Progreso*, "Xente de aquí", "En sociedade", 21 xuño 2015, p. 15.

Dáse conta da publicación da obra e do argumento. Tamén recorda como comezou a súa traxectoria o autor, así como o título doutras das súas creacións.

- Xesús Fraga, "A viaxe radical de Manfred", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 xuño 2015, p. 27.

Indícase que a obra é unha biografía novelada de Manfred Gnädiger, o alemán de Camelle, cuxa estrutura respecta os chanzos biográficos máis importantes da vida do protagonista e que tamén contén episodios imaxinados. Ademais, recóllense palabras do autor sobre a novela e o home que a protagoniza.

- María Xesús Nogueira, "Un recordo de Man", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 25/ *El Progreso*, "Opinión", p. 29, 18 xullo 2015.

Indícase que esta novela xira arredor de Manfred Gnädinger, "o alemán de Camelle", considerándoa a primeira ficción narrativa sobre el e valorando o peneirado de datos reais e ficcionais, así como o motivo da viaxe. Considérase tamén a historia de Man en tanto historia recente de Galicia, facendo referencia a textos de Manuel Rivas ou ao acontecido tras o afundimento do Prestige.

- Jaureguizar, "Xerardo Quintiá. 'Man era un tolo con taparrabos para moita xente de Camelle", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 6 setembro 2015, p. 45.

Conversa con Xerardo Quintiá por mor da publicación da súa novela. Coméntase que a obra é unha homenaxe ao artista alemán Manfred Gnaädinger, coñecido posteriormente como "Man de Camelle". Dise que o escritor cre na existencia dunha débeda histórica con este artista, o cal non foi valorado en Camelle até despois de finado.

- Santiago Jaureguizar, "A recorrente ameaza de invadir Polonia", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", 27 setembro 2015, p. 8.

Infórmase, entre outras cuestións, da historia do artista Man de Camelle contada nesta novela de Xerardo Quintiá. Indícase que na obra se narran as vicisitudes vividas polo artista, quen posúe un museo na Costa da Morte onde se expoñen as súas obras..

**Quiroga**, Xabier, *Izan o da saca*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 383, novembro 2015, 382 pp. (ISBN: 978-84-9914-940-0).

Novela de intriga de Xabier Quiroga (O Saviñao, 1961) na que se mesturan elementos da novela histórica e da detectivesca ou policial. Despois das dedicatorias, a cita duns versos de Ramón Cabanillas de "No escuro" e unha breve nota do autor sobre a veracidade dos feitos narrados, recréase un capítulo inicial que leva por título "A casca" e no que se sitúa o lector no momento actual na oficina do Fiscal Superior de Galicia, quen recibe unha chamada para confirmar se recibiu un paquete. O contido deste paquete son uns recortes de prensa e unha morea de folios que na primeira páxina levan por título "Izan o da saca (No escuro)". O contido deste documento é o que se recrea en trinta capítulos titulados e un epílogo. Neles nárranse os feitos que ocorreron en Galicia

entre 1935 e1948 vinculados coa contenda bélica da Guerra Civil española e a presenza de nazis en Galicia, alternados coa evolución das investigacións que contrata un coñecido político galego, moi próximo ao poder, despois de recibir unha mensaxe de correo electrónico na que se lle anuncia a súa vinculación coa presenza de nazis en Galicia. O medo a que calquera asunto escuro poida dificultar a súa carreira política lévao a contratar un taxista, coñecido xogador e noctámbulo, para que investigue que relación pode ter el con un asunto tan distante no tempo. O relato histórico altérnase sistematicamente cos avances da investigación na actualidade e, a medida que se van coñecendo máis datos sobre o acontecido durante a guerra e a posguerra na Ribeira Sacra, tamén se van dando as respostas a diferentes mortes e asasinatos que semellan quedar impunes. Péchase a obra cun capítulo final titulado igual que o inicial, "A casca", onde se desvela a decisión tomada polo Fiscal Superior de Galicia con respecto á documentación que recibiu no seu despacho.

**Reimóndez**, María, *A música dos seres vivos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 359, xuño 2015, 357 pp. (ISBN: 978-84-9914-665-2).

Novela de María Reimóndez (Lugo, 1975) que se abre cos agradecementos da autora. Está estruturada en dez pistas a modo de capítulos que contan con dúas ou tres divisións internas que levan por título "play", "rewind" e "fastforward". Atendendo ao contido, a obra narra o traslado dunha familia támil a Gran Bretaña en busca dun futuro mellor. A filla maior, Manimekalai, posúe escasos coñecementos de inglés e sente unha profunda morriña pola súa aldea, de modo que, até que coñece a Liv, unha rapaza que lle fai ver o mundo dende outra perspectiva, lle custa moito adaptarse no colexio. Ambas as mozas namóranse e manteñen unha relación ás agachadas na que non están ausentes os enfados. Ao comezo dun novo curso escolar, Dionne, a profesora de música, esperta as capacidades musicais da protagonista. Ademais, axúdalle a convencer os pais para poder formar parte dun grupo musical local composto por outras mozas, onde debuta con grande éxito como cantante e percusionista. Axiña viaxa a Londres e alí comeza a súa carreira cara á fama. Mentres tanto, Liv xúntase con malas compañías e faise vítima das drogas. Ante esta situación, Manimekalai prohíbelle acompañala nunha xira e Liv suicídase. A protagonista suspende os seus concertos e sobreponse con dificultades a este feito, contando coa axuda de Dionne e dunha nova amiga, Gaia, da cal tamén se namorará. Despois de moitos éxitos, a protagonista decide regresar á súa aldea natal. Alí reflexiona sobre os tráxicos acontecementos do seu pasado, pero parece comezar a pensar en mudar a súa traxectoria musical en favor de melodías que representen os sons da natureza.

**Recensións:**

- César Lourenzo Gil, "Historias con boas músicas", *Tempos Novos*, n.º 220, *ProTexta*, n.º 10, "ProPostas", setembro 2015, p. 80.

Comézase por sinalar que sería unha boa novela xuvenil, aínda que se trata dunha obra de fronteiras. Saliéntanse a estrutura coherente e sinxela e o bo traballo dos personaxes. Critícase, non obstante, a falta de edición na resolución de parágrafos e frases.

Conclúese sinalando o apropiado desta obra para un público ao que lle guste a música e os libros.

- Dolores Martínez Torres, "Mensaxeiras funcionais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 557, "Libros", 22 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 511, "Letras galegas", 31 outubro 2015, p. 10.

En primeiro lugar comenta que esta obra está inserida na colección denominada "O ciclo dos elementos". Di que a protagonista é MK, unha cantante lesbiana que amosa os problemas aos que se enfrontou dende as súas orixes en Escocia até o momento actual. Engade que é moza de Gaia, a protagonista da anterior entrega eindica que os capítulos aparecen nomeados segundo pistas inversas divididas en tres tempos: pasado, presente e futuro (play, forward e rewind). Destaca a tormentosa relación entre MK e Gaia, os problemas, as frustracións e as dúbidas nas relacións amorosas. Por último, enxalza a coidada estrutura da obra, a técnica sinxela utilizada a base de frases curtas e a abundancia de diálogos e acción.

**Referencias varias:**

- Jaureguizar, "Reimóndez volve á inconformidade en 'A música dos seres vivos", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 12 xuño 2015, p. 71.

Infórmase da participación de María Reimóndez nas Catas Literarias organizadas polo Concello de Lugo e recóllense palabras da autora arredor da cantante que protagoniza a novela. Indícase, ademais, que a presentación da obra será despois do verán e que nela participará Mercedes Peón, artista coa que a autora prepara un espectáculo que terá a novela como núcleo.

_____, "María Reimóndez crea un espectáculo dunha novela súa xunto a Mercedes Peón", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 31 outubro 2015, p. 65.

Anúnciase a presentación da novela e a presenza no acto da cantante Mercedes Peón que lle puxo son a diversos fragmentos. Sinálase a mestura entre literatura e música e dise que a obra forma parte dunha serie titulada "O ciclo dos elementos" "composta por novelas que precisan as unhas das outras par crear un universo de complicidade con quen le".

- Susana Rodríguez, "María Reimondez. 'Teño unha imaxinación poderosa e tendo a soñar todo tipo de toladas", *El Progreso*, "*Xente de aquí*", "Moi persoal", 29 novembro 2015, p. 16.

Entrevista coa tradutora, intérprete e escritora galega María Reimóndez. Desvela información relacionada cos seus gustos, a súa vida cotiá, as súas preferencias políticas e, por último, fala da súa novela *A música dos seres vivos*. Destaca o seu argumento e indica que achega a súa visión crítica sobre a sociedade actual.

**Rivadulla** Corcón, Xosé Henrique, *Moraime, pequena vila con mar*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, maio 2015, 125 pp. (ISBN: 978-84-941204-5-9).

Volume que recompila un conxunto de cen relatos breves do escritor Xosé Henrique Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) centrados nas vidas dos múltiples habitantes da vila mariñeira de Moraime. A obra ábrese cunha primeira dedicatoria a Xurxo Souto e a Mari Pereira, grazas aos que puideron xurdir os distintos contos que naceron como colaboración diaria do programa da Radio Galega "Un día por diante" entre os anos 2008 e 2009. A continuación, inclúese unha segunda dedicatoria aos amigos de Rivadulla Corcón dos que tomou os nomes para crear os personaxes de Moraime, a maioría personalidades do mundo das letras e da cultura galegas. Tras isto, aparecen recollidas varias citas literarias dos autores Bernardino Graña, Uxío Novoneyra, Vicente Araguas, José Luís Peixoto e Álvaro Cunqueiro, que despois serán reutilizadas por algúns dos personaxes nos propios relatos. O primeiro dos contos, que ten por título "Moraime", serve como marco para situar o espazo no que se desenvolven cada unha das pequenas historias que constitúen a obra. Preséntase Moraime coma unha vila con mar "situada ao norte do mundo" na que os seus habitantes teñen como tarefa principal soñar. Son persoas que dedican o seu día a día a tratar de construír un mundo mellor e máis humano. As noventa e nove narracións seguintes reflicten as vidas de xentes unidas por sentimentos como o amor, a amizade, a compaixón ou a solidariedade. Mariñeiros como Manolo Nerium, Miguel Betés ou Zé Paredes non matan peixes por pracer, nin inxustamente; toda a vila decide unirse para que o vagabundo Xavier Baixeras teña un lugar onde vivir e xuntos logran atopar a boneca que perdera Loliña; o zapateiro fai unha doazón á biblioteca da vila dun manuscrito para que todos os veciños poidan consultalo; a carteira de Moraime envíalle cartas á solitaria María de Xaviña, unha muller viúva á quen ninguén lle escribe. Estes son só algúns dos pequenos xestos dunha poboación idílica na que todos os seus habitantes se coñecen e se respectan. As historias, todas elas relatadas por un narrador omnisciente en terceira persoa, son moi dispares. Nelas, estúrase a fantasía, as lendas populares, o humor, o misterio e en todas predomina un estilo coidado e poético.

**Rivas**, Manuel, *O último día de Terranova*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, novembro 2015, 256 pp. (ISBN: 978-84-9914-954-7).

Novela de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) que supón toda unha homenaxe ao oficio de libreiro e ás librarías, converténdose nun verdadeiro manifesto da súa defensa e do papel que estas cumpren na sociedade de hoxe en día. A acción narrativa transcorre no outono-inverno do ano 2014, cando Vicenzo Fontana, recollendo o legado dos seus proxenitores -a librería Terranova-, debe afrontar o ultimato polo que se pon en marcha o desafiuzamento daquel amado espazo que estaba próximo a desaparecer por mor da especulación inmobiliaria, un soño a piques de ser esborrallado. A novela arrinca *in extrema res*, nese momento fatalista da ameaza de peche, e a partires deste suceso o protagonista mergúllase nas súas lembranzas e fai rexurdir a súa propia historia. Vicenzo retrotráese até a mesma data de fundación de Terranova, no verán de 1935, para ir contando mediante grandes saltos temporais e espaciais a historia da súa familia e do que a facía permanecer unida. Manuel Rivas regresa, unha vez máis, á etapa franquista e á da Transición, viaxando desta vez por Galicia -Coruña-, Madrid, París,

Lisboa e Bos Aires. Terranova convertérase naquela época nun refuxio para disidentes e libros prohibidos, nun espazo de liberdade onde un podía respirar e sentirse tranquilo; un lugar onde o exilio nunca existira. Coñécese como a libraría estivera rexentada, primeiramente, polos seus pais, o galeguista Amaro Fontana,profesor de linguas clásicas, membro do Seminario de Estudos Galegos e vítima da represión franquista, e a súa muller Comba, apaixonada dende nena polos libros,; despois polo tío Eliseo. Terranova fora tamén lugar de acollida para Garúa, unha moza exiliada arxentina que coa súa chegada transformaría aquel espazo para sempre. Estruturada de maneira elaborada, con breves capítulos que levan o lector dun ano a outro, coñecendo parcialmente a historia até o mesmo final, a novela evoluciona cun lixeiro ritmo aderezado con referencias culturais de todos os xéneros e engalanado cunha linguaxe elegante e poética.

**Recensións:**

- José-Carlos Mainer, "Historia y pasión de una librería", *El País*, "*Babelia*", n.º 1.253, 28 novembro 2015, p. 3.

Realiza un resumo do argumento central desta novela e explica que o dono de Terranova, Vicenzo, que conseguiu sobrevivir á represión franquista, é vítima da especulación urbanística e teme o fin do seu negocio. Destaca a heteroxeneidade temática das historias dos distintos personaxes que aparecen na novela, nas que se mestura o xénero picaresco, fantasioso e mesmo tráxico. Por último, coméntase que, de fondo, atópase a crítica de Rivas á fraxilidade dos libros e unha homenaxe aos lectores e aos escritores que permiten que estes sigan vivos.

**Referencias varias:**

**-** Mar Mato, "Manuel Rivas regresa a la novela este otoño con una saga familiar sobre libreros", *Faro de Vigo*, p. 16 / "Un otoño con muy buena letra", *La Opinión*, "Cultura & ocio", "Sociedad", p. 23, 19 outubro 2015.

Sinálase que Manuel Rivas volve á novela de ficción coa obra *O último de Terranova*, a historia dunha saga familiar que mantén unha libraría nos anos 30 e que chega até a actualidade. Ademais desta novidade literaria, tamén se destacan outras como, por exemplo, *Porque as sombras non teñen ollos*, de García Mañá; *A noite enriba*, de Diego Ameixeiras; *Alicia no país das marabillas*, traducida por Xabier Queijo, ou *Traca-Traco*, de Paco Rivas.

- María Varela, "Manuel Rivas. 'A escrita é desposuírse para que naza algo novo", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 6, 25 outubro 2015, pp. 2-3.

Entrevista a Manuel Rivas por mor da publicación da súa última novela. Fálase da sensación de escribir un novo libro, sensación semellante á da escrita do primeiro e destácase a importancia dos personaxes como a vía de comunicación entre escritor e

lector. Dise que a historia da novela transcorre na librería Terranova, lugar existente na realidade.

- Ana Mendoza, "Manuel Rivas. 'La librería es un universo de pasadizos que unen al exilio en mi novela", *Diario de Pontevedra,* "Vivir aquí", p. 69/ *El Progreso*, "Vivir", "Literatura", p. 41, "Cultura", 24 novembro 2015.

Dise que esta obra narra a historia de Vicenzo Fontana e a súa supervivencia ao réxime franquista. Indícase que Terranova, a libraría, é unha vía de escape para os lectores do franquismo, pois alí existen libros prohibidos polo réxime, pero indícase tamén a súa conexión co exilio. Destácase a simboloxía de Terranova, como o conxunto de librarías españolas que se ven afectadas pola precariedade e se ven obrigadas ao peche.

_____, "Manuel Rivas analiza la crisis que viven las librerías en su nueva novela", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 24 novembro 2015, p. 31.

Indica que esta novela xira arredor do peche dunha libraría con sesenta anos de vida e destácase o papel fundamental que constitúen estes estabelecementos para a construción e mantemento da cultura nacional. Tamén se comenta o temor que o autor sente ante o inminente peche de moitas máis librarías.

_____, "Manuel Rivas. 'La economía canalla castiga al eslabón más débil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 novembro 2015, p. 40.

Fálase do motivo fundamental da existencia da obra: o constante peche das librarías en España. Descríbese brevemente o fío argumental de *O último día de Terranova*, centrado no peche da libraría de Vicenzo Fontana por desafiuzamento. Ademais engade que este estabelecemento xoga un papel simbólico, segundo se indica, pois era un vehículo para a venda de libros prohibidos no réxime franquista.

- Rodri García, "Manuel Rivas. 'A ironía levanta as palabras do chan, fixo que escribira esta novela", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 novembro 2015, p. 48.

Infórmase que a editorial Xerais vén de publicar a última novela de Manuel Rivas, *O último día de Terranova*, razón pola que se organiza un acto de presentación na librería coruñesa Lume. Coméntase que a obra naufraga a través do peche da libraría Terranova por desafiuzamento e indícase o inevitable uso da ironía e o humor para levar mellor esta situación. Destácase a idea metáforica do peche das librarías en España que para o autor vén a coincidir cunha crise existente no ámbito existencial e cultural.

- Javier Rodríguez Marcos, "Manuel Rivas. 'España es una democracia amputada", *El País*, "*Babelia*", n.º 1.253, "Entrevista", 28 novembro 2015, pp. 2-3.

Coméntase que a novela reflicte a España da posguerra e da Transición a través da vida dunha libraría coruñesa. Fálase do paralelo entre literatura e historia e reivindícase a necesidade de que non desaparezan espazos como as librarías. Por último, dise que a crítica ao franquismo e á ditadura arxentina están presentes na novela.

- Enrique Carballo, "Manuel Rivas. 'A literatura está na xente: sei de campesiñas que falan como personaxes de Homero", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 29 novembro 2015, p. 10.

Conversa con Manuel Rivas debido á recente publicación da súa última obra. Sinala que narra a historia dunha libraría coruñesa que conseguiu sobrevivir á época da posguerra e que no relato converxen historia e actualidade. Por último, reflexiona sobre a importancia da literatura e a necesidade de que non desaparezan as librerías.

- Quique Alvarellos, "Memorias de libreir@s", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Crónicas invisibles", 8 decembro 2015, p. 42.

Con motivo da publicación da última novela de Manuel Rivas reflexiona sobre as librarías que marcaron a súa vida dende os seus inicios até a actualidade. Lembra nomes como Follas Novas ou Galí en Santiago, Alonso e Balmes en Lugo ou Tanco en Ourense, entre outras. Destaca as persoas, tanto libreiros como escritores, vinculadas a eses espazos e reivindica a necesidade de non esquecelos.

- F. P. L., "Rivas presenta en Couceiro 'O último día de Terranova", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 decembro 2015, p. 41.

Informa da presentación da obra na libraría Couceiro de Santiago de Compostela e sinala que é unha "colaxe de memoria, historia e paisaxes da alma arredor dunha libraría".

- M. García, "O último día de Terranova' la última obra de 'un clásico", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 16 decembro 2015, p. L11.

Dá conta da presentación do libro na libraría Couceiro de Santiago de Compostela. Indícase que no acto participaron o autor, que leu algúns fragmentos da novela, e o director de Edicións Xerais de Galicia, Manuel Bragado.

- E. Ocampo, "Rivas. 'Hai un fetichismo das tecnoloxías, pero non poden suplir ao pensamento", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 decembro 2015, p. 49.

Dáse conta da charla de Manuel Rivas no Club Faro onde falou da súa última novela e explícase que a obra constitúe unha defensa das librarías e unha homenaxe ao oficio. Comenta que é unha historia que loita contra o presente, contra a crise económica e, en último termo, contra a desaparición da memoria e dos logros do pensamento.

- José Castro López, "Librerías, libros y lectores", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 59/ *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Verlas venir", p. 44, 21 decembro 2015.

Coméntase o regreso de Manuel Rivas coa publicación deste libro centrado na vida dunha libraría que despois de sesenta anos de resistencia está a piques de pechar debido

ácrise económica actual. Explícase que na realidade as ventas nas librarías caeron nos últimos anos e os lectores cada vez son menos.

- Ramón Rozas, "O mal do horizonte", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí!", "A vida nun fío", 26 decembro 2015, contracuberta.

Coméntase a situación actual do peche de moitas librarías a propósito da publicación deste libro que se centra no negocio da libraría Terranova, que está a piques do desafiuzamento. Saliéntase o baleiro cultural que supón a desaparición destes espazos nos que "se preservou a palabra" durante tantos anos e a capacidade do escritor para lograr darlle transcendencia a un relato que se desenvolve nun pequeno recuncho.

**Riveiro** Coello, Antón, *Os elefantes de Sokúrov*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, nº 338, 2015, 412 pp. (ISBN: 978-84-9865-640-4).

Novela pertencente ao xénero do drama psicolóxico, de Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964), centrada na vida de Janis, unha muller de trinta anos que debido á situación actual de crise económica vese obrigada a coidar a cinco anciás nun piso de Santiago e a facer críticas de cinema nas súas horas libres para gañar cartos, mentres agarda que saia a convocatoria para as oposicións ao ensino, a súa verdadeira vocación. A obra está organizada en catro partes, nas que se superpoñen as voces dos distintos personaxes que conforman a trama narrativa e que relatan en primeira persoa as súas experiencias vitais e sentimentos. Destes personaxesdestacan Janis e  Consantino, o coprotagonista da novela, quen se coñecen na cafetaría que frecuentan cada mañá e entre os que pouco a pouco xorde unha complicidade especial, pois comparten afección pola literatura, a arte e o cinema. Janis e Constantino viven unha historia de amor apaixonada e, ao mesmo tempo, axúdanse mutuamente a resolver certos enigmas que os atan ao pasado. Ela perdeu a súa nai nun accidente cando tiña dez anos e sempre tivo a sospeita de que foi un suicidio. A volta de Nela, unha antiga amiga da infancia, remove o pasado e finalmente remata por descubrir a verdade. El, viúvo dende hai once anos, é un home solitario e itinerante que se dedica a escribir relatos sobre as distintas cidades ás que viaxa. Decide instalarse en Compostela porque quere atopar o home dunha vella fotografía, o fillo da persoa á que seu pai asasinou. Constantino precisa arranxar este asunto que o liga ao pasado e realizar un acto de xustiza. Ademais das voces destes personaxes as de Roberto, Cristina, Nela ou algunhas das anciás que coida a protagonista tamén achegan a súa visión persoal da realidade. A través das preocupacións internas dos protagonistas trátanse temas coma o amor, a morte, a traizón, a recuperación da memoria histórica ou a problemática social e económica da actualidade. Na obra predomina un estilo depurado, áxil e fluído, con abundantes referencias artísticas e culturais, con especial mención ao director de cine ruso Alexander Sokúrov.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "Somos grazas á memoria", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Obituario" 4 decembro 2015, p. 10.

Destaca a fluidez narrativa do autor e a súa capacidade para adaptarse ás diferentes voces narrativas en función do protagonista de cada unha das cinco partes que compoñen a obra. Tamén se salienta a habilidade do autor para transformar en materia narrativa asuntos que afectan á vida cotiá. Por último, resalta o carácter cinematográfico da novela e a solidez coa que se "esculpiron" os personaxes.

**Referencias varias:**

- P. C., "Antón Riveiro Coello, 'Na novela fago unha pequena homenaxe a Compostela", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 12 novembro 2015, contracuberta.

Comenta que o autor recoñece que intenta realizar unha homenaxe a Santiago de Compostela. Indica que se trata dunha novela centrada nas emocións e que e escenario da novela se move entre prazas e recunchos coñecidos da zona vella de Compostela.

- Cuca M. Gómez, "Mi crónica de los jueves culturales", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 20 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras novas, dá conta da presentación desta obra no IES Valle-Inclán de Pontevedra.

- M. G., "Riveiro Coello presenta 'Os elefantes de Sokúrov", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 26 novembro 2015, p. 38.

Dáse conta da presentación do libro na estación Leñaverde. Indícase que no acto participaron o autor, o director da editorial Galaxia, Víctor Freixanes, o vicepresidente de Barbantia, Manuel Cartea, e o alcalde da localidade, Juan José Dieste.

**Rodríguez**, Manuel F., *A viaxe á fin do mundo*, Santiago de Compostela: Bolanda Edicións, 2015, 493 pp. (ISBN: 978-84-608-2090-1).

Novela de Manuel F. Rodríguez (Sarria, 1958) na que se narra a historia dun xornalista que emprenderá unha investigación exhaustiva sobre un suceso que carecera de repercusión mediática no seu momento: o roubo da cruz de Afonso III na Catedral de Santiago de Compostela no ano 1906. O volume consta de sete capítulos titulados: "Ela", "Maio de 1906", "El", "Maio de 1921", "Maio de 2006", "Nas horas que seguiron" e "A chamada", nos que o protagonista, cen anos despois da desaparición desta cruz, experimentará unha busca paralela tanto no persoal coma profesional. O misterio, a intriga, o compoñente histórico e a tensión emocional da trama conforman os principais ingredientes desta novela, que se complementa con tres apartados titulados: "A proposta documental", "Autores e bibliografía inspiradora e relacionada" e "Agradecementos".

**Recensións:**

- Cristóbal Ramírez, "Novela en Santiago con robo como trasfondo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", 30 outubro 2015, p. 12.

Sinala a base real da historia: o roubo da cruz de Alfonso III en 1906, roubo que aínda hoxe non se esclareceu. Afirma que non se trata dunha novela de peregrinos, de rutas e camiños, senón dunha investigación pormenorizada da man dun redactor dun xornal chamado Marcos Albaredo. Destaca o enorme traballo de documentación por parte do autor á hora de relatar certos acontecementos ao redor deste roubo e o equilibrio entre acción, reflexión e diálogos. Por último comenta que é unha novela completa, sutil e nada aburrida.

**Referencias varias:**

- Xurxo Melcho, "Manuel F. Rodríguez. 'O roubo da cruz de Afonso III é unha historia que merecería contarse", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 27 outubro 2015.

Entrevista a Manuel F. Rodríguez por mor da publicación da súa última novela. Comenta que o punto de partida da obra é o roubo da cruz de Afonso III en Santiago de Compostela e destaca a veracidade dos feitos nos que se basea a novela. Tamén resalta a importancia dos espazos nos que se desenvolve a novela: Santiago de Compostela, Fisterra e Vilagarcía.

- Isabel Blanco, "Manuel F. Rodríguez: 'Aquí non hai unha cultura forte de posta en valor do Xacobeo", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 28 outubro 2015, p. 19.

Coméntase que a novela circula sobre o roubo da cruz de Afonso III en 1906 e que o pano de fondo da historia se sitúa na Catedral de Santiago de Compostela. Sinálase a deficiente cultura do Xacobeo que teñen os habitantes da cidade e proponse como solución valorar máis a figura do peregrino, dado que forma parte da cultura e do patrimonio da cidade.

- Xabier R. Blanco, "O camiño pode dar máis de si, pero hai que diferencialo ben do turismo", *La Región*, 1 novembro 2015, p. 67 /*Atlántico Diario*, 3 novembro 2015, p. 31, "Sociedad"

Indica que a cruz de Afonso III foi adorada por milleiros de peregrinos durante séculos. Presenta Santiago de Compostela como a meta do fin do mundo e destaca a importancia da ficción para a novela. Por último, fala da sobreexplotación do Camiño de Santiago.

- Abraham Coco, "Dos periodistas tras el robo jamás resuelto en una Catedral sin ciudad", *ABC*, "Galicia", 9 novembro 2015, p. 73.

Sinala que con esta obra realiza o seu debut literario Manuel F. Rodríguez e comenta que a novela se centra no roubo da cruz de Afonso III, roubo que en palabras do autor, nunca foi aclarado nin investigado.

- Marta Salgado, “Manuel Fernández Rodríguez. ‘La Catedral de Santiago aún no resolvió el robo de una cruz del siglo IX”, *La Región*, “Ourense”, “Foro La Región”, 17 decembro 2015, p. 12.

Anúnciase a presentación da novela no Foro de la Región, un encontro no Centro Cultural Valcárcel, e coméntase que *A viaxe á fin do mundo* é a unión de dous feitos reais, o acontecido coa cruz e o incendio en 1921 no que ardeu o retablo no que desaparecera. Por último, anúnciase que a novela conta cun blog para que os lectores teñan máis información sobre o que é historia e o que é ficción.

_____, “Los ladrones de la cruz de Alfonso III en Santiago actuaron ‘por encargo”, *La Región*, “Ourense”, “Foro La Región”, 18 decembro 2015, p. 8.

Infórmase da presentación desta novela e explícase que a peza era un regalo que no ano 874 o rei Afonso III lle fixo ao Apóstolo Santiago d. Dise que tiña un gran valor emocional para os peregrinos, que bicaban a cruz antes do tradicional abrazo ao apóstolo e que continúa en paradoiro descoñecido.

**Rodríguez [López]**, Xoán C., *SECTORES de FOGO*, [A Coruña]: Impresión Tórculo Comunicación Gráfica, S.A., 14 abril 2015, 89 pp. (ISBN: 978-84-606-6961-6).

Edición de autor de Xoán Carlos Rodríguez López (A Barra-Ourense, 1996) na que se acollen narracións breves, algunhas delas microrrelatos, encabezadas pola cita “Un novo cosmos rebentará do caso”, de Ricardo Carvalho Calero. Comeza cun índice, dividido en dous “sectores”, columnas cortadas e complementarias, que recolle os títulos en negriña de cada narración breve, así como as primeiras palabras de cada unha delas. Un narrador en primeira persoa dá conta da súa morte nunha cela do Depósito de Detención Preventiva nun microrrelato que serve de presentación do resto dos textos que o volume acolle. En conxunto, fórmase o relato dunha historia de preocupacións, sentimentos e emocións experimentados polo protagonista ao longo dunha vida marcada pola incomprensión do mundo circundante e por uns pensamentos que ás veces o fan comportarse dun xeito que non se considera “normal” á vista do resto da sociedade e que o fan acumular unha ampla historia clínica, ateigada de medicación.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, “Lume que arde”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, p. 26/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 30, n.º 898, “letras Atlánticas”, 13 setembro 2015.

Tras comentar brevemente certos aspectos biográficos do autor e citar outro volume publicado por Xoán C. Rodríguez, *Occidencia* (2004), resalta, entre outros aspectos, a multidisciplinariedade da obra ao moverse no eixo da poesía e a prosa, mais tamén a presenza dos espazos naturais galegos como Cabo do Home, Punta do Cabalo ou Prioiro.

**Rodríguez Baixeras**, Antonio, *A historia de Odoyno. A primeira novela galega*, Noia: Toxosoutos, col. Trivium, 2015, 184 pp. (ISBN: 978-84-944232-6-0).

Antonio Rodríguez Baxeiras (Ribadeo, 1950) novela a vida de Odoyno, un monxe do século X que, á súa morte, deixa un testamento no que doa a igrexa de Santa Comba de Bande, da súa propiedade, ao mosteiro de Celanova. A partir deste documento, nárranse as orixes da igrexa e as dificultades do monxe para mantela. De xénero historiográfico, a obra mestura elementos novelescos coa crónica histórica, cunha sólida contextualización da historia na época medieval. Polo relato desfila todo un elenco de personaxes históricos (como o rei Ramiro II de León, o bispo Rudesindo, a abadesa fundadora de Guimarães, Mumadona Dias, e o "conde santo" de Lourenza, Osorio Gutiérrez) que mostran un bo labor de documentación por parte do autor. Alén da trama, o relato dá conta de circunstancias políticas, económicas e culturais dunha época esquecida na fronteira sur de Galicia co río Mondego.

**Recensións**:

- X. L. Méndez Ferrín, "A novela de Odoíno (1)", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 925, 5 setembro 2015, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 504, "No fondo dos espellos", 12 setembro 2015, contracuberta,.

Describe polo miúdo o fío argumental da obra, sendo unha historia dun personaxe chamado Odoíno, quen herda unha propiedade familiar que hoxe se coñece como Santa Comba de Bande. Sinala a viaxe vital que constitúe a novela, sendo unha peregrinación de Odoíno para recuperar a súa herdanza. Por último, destaca a recuperación do patrimonio familiar, mais estabelécese unha descrición dos acontecementos históricos que se viviron na época.

_____, "A novela de Odoíno (2)", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 926, 12 setembro 2015, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 505, "No fondo dos espellos", 19 setembro 2015, contracuberta.

Comenta que a novela se desenvolve na Idade Media, no territorio da Galiza feudal de amos e caciques, onde se leva a cabo a batalla de Aguioncha, o actual Couto Mixto. Fala da batalla onde se enfrontaron Rodrigo Viascóniz e Gundisalvo Méndez e sinala a importancia do personaxe do monxe Odoíno. Describe polo miúdo o fío argumental da novela e dá conta das palabras recollidas no testamento de don Odoíno. Por último, resalta a importancia que Santa Comba tiña para o bando portugués, tanto polo propio valor da cidade coma pola súa posición estratéxica.

- Alfredo Iglesias, "A novela de Odoyno", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 555, "Libros", 8 outubro 2015, p. VI./ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 510, 17 outubro 2015, p. 10.

Saliéntase a aparición dun testamento do ano 982, onde o monxe Odoyno relata en primeira persoa unha serie de acontecementos vitais para a configuración da historia de Galiza. Dise que o documento se centra na época de Rosendo (878-985), pero a historia

comeza en 868, cando o avó de Odoyno lle regala a propiedade de Santa Comba. Indícase que esta novela afonda na orixe, repartición e recuperación do territorio de Santa Comba. Sinálase a importancia desta obra á hora de axudar á reconstrución do reino de Galiza, ficando nos eixes centrais do reino Mondoñedo, Celanova, Porto e Coimbra. Destácase o seu valor histórico, xa que ofrece un relato real en primeira persoa do monxe Odoyno, a modo de testemuña.

- Xosé Benito Reza, "A residencia de San Rosendo en Verea", *La Región*, "Celanova", "La Tribuna", 17 novembro 2015, p. 20.

Comenta o contido desta novela, onde se realiza un estudo do testamento do monxe Odoyno Vermúdez, un monxe propietario de terras. Sinala que este documento posúe gran valía para os historiadores porque permite coñecer datos até agora escuros na historiografía medieval galega. Salienta a importancia das investigacións realizadas polo monxe, quen viviu unha vida chea de pecados e, no final da súa vida, decidiu recollerse nun mosteiro, legando todas as súas propiedades á Igrexa. Achega información sobre batallas internas nas terras galegas e describe detalladamente o fío argumental que seguirá a narración sobre a vida do monxe Odoyno.

**Rodríguez Fernández**, Eladio, *Gandarón ou o gran falo megalítico de Pena Corneira*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, 2015, 401 pp. (ISBN: 978-8-47-680724-8).

Novela de Eladio Rodríguez Fernández (Beade) conformada por vinte e oito capítulose máis un epílogo. Iníciase coa presentación de Xesús Alonso Montero titulada "Prólogo para unha historia nova e rechamante" na que se presentan datos biográficos do autor e se celebra a publicación desta obra, malia considerar que unha versión compendiada gañaría literariamente. *Gandarón ou o gran falo megalítico de Pena Corneira* correspóndese cun relato épico que supón unha crónica do pobo dos cornasos, orixinarios de Pena Corneira. Ambientado nas terras do Ribeiro durante a Idade de Pedra, o relato inspírase nas lendas que xiran arredor deste lugar. Un narrador principal presenta inicialmente ao neno Gandarón, fillo de Miro, xefe do clan, e de Axel, quen vive no castro e ha de experimentar os primeiros ritos da cultura castrexa. A partir de aí, súmanse outros personaxes, algúns vinculados a acontecementos históricos mais a maior parte caracterizados por pertencer á mitoloxía castrexa: os druídas, a deusa Barbaña, a becha Usía, os semideuses Faunus e Martiño,... Destaca ademais a alternancia de capítulos nos que se describen ambientes e escenas, como son aquelas relacionadas co hábitat e os modos de vida: plantación de cepa, construción dunha factoría metalúrxica, colleita de viño,... Complétase a historia coa descrición minuciosa da organización do pobo, que desencadea unha serie de expedicións a outras terras (ao castro de Tegra, por exemplo), así como coa descrición da participación en certas batallas. A toponimia propia da comarca do Ribeiro, como Beade ou Ridimoas, mestúrase con outra ficcional, como é Ávea Dacá. Péchase o volume cun apartado dedicado ao "Léxico cornaso".

**Referencias varias:**

- Sonia Torre, “Eladio Rodríguez. ‘Esta novela mezcla mitología castrexa con otra inventada por mí”, *La Región*, “Ciudadanos”, 16 decembro 2015, p. 11.

Dá conta das declaracións do autor nas cales explica que o título da obra fai referencia ao mundo da cultura castrexa e á Idade de Ferro e que nela mesturou mitoloxía. Tamén se comenta que se decidiu a escribir pola atracción que sempre sentiu por Pena Corneira e, por último, anuncia que axiña sairá á luz unha nova novela, *A maxia que perdura*.

- M. M., “A novela ‘Gandarón’ retrocede á loita entre romanos e castrexos no Ribeiro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 30 decembro 2015, p. 33.

Recóllese a noticia da presentación na cafetería viguesa Detrás do Marco desta obra e explícase que a historia é unha mestura de feitos reais e personaxes humanos e mitolóxicos inventados polo propio autor. Resáltase a simboloxía que encerra a obra e as relacións humanas coma un dos seus temas máis importantes.

**Santos**, Alberte, *O rebumbio dos vagalumes*, Santiago de Compostela: Laiovento Edicións, col. Narrativa, nº 322, 2015, 227 pp. (ISBN: 978-84-8487-297-9).

Primeira novela de Alberte Santos Ledo (A Coruña, 1965) que ten como protagonista a Paula, unha muller adulta que trata de rebelarse contra a súa vida monótona na que xa non existe nada que a motive. A obra ábrese cunha dedicatoria “a Aránzazu” e a continuación o autor inclúe un apartado de agradecementos ás persoas que o axudaron a compoñer a historia. Destaca o ánimo e a paciencia de Antón Álvarez, a visión crítica de Francisco Xavier Charlín, os consellos do editor Xabier Vázquez e, por último, lembra o seu irmán. A novela conta cunha estrutura complexa, de carácter fragmentario, dividida en diferentes relatos repartidos entre as tres partes nas que se organiza a materia narrativa. No que respecta ao punto de vista, domina o multiperspectivismo. A historia de Paula, narrada en primeira persoa, convive cos testemuños dos distintos homes que a rodean. Xaime Souto, o seu marido, revela a súa preocupación ante un matrimonio que non funciona dende hai tempo. El, empresario de éxito, apenas fai vida familiar e séntese cada vez máis afastado da muller. Xurxo Couceiro, quen participa con Paula como colaborador nunha ONG, tamén relata a atracción que sente por ela, pero non se ve correspondido. Ela vive dúas aventuras, narradas tamén polos propios protagonistas: a primeira xunto ao médico Uxío Meicende e a segunda xunto ao seu amigo cubano Raúl Merodio, do que se namora perdidamente. Paula debátase entre a posibilidade de separarse do seu marido, o que suporía romper coa vida cómoda, pero infeliz, que levou até o momento ou dar un paso adiante e comezar unha nova relación xunto Raúl. Cando finalmente toma a decisión e o seu marido marcha para Chicago, avísana de que faleceu. Sente dor polas súas fillas ao tempo que alivio, porque definitivamente rematou a súa frustración. No que respecta ao estilo, domina a naturalidade, a espontaneidade e fluidez narrativa.

**Recensións:**

- E. S., “Os vagalumes de Alberte Santos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, n.º 923, 22 agosto 2015, p. 2.

Dáse conta da publicación desta novela de Alberte Santos na editorial Laiovento e do seu fío argumental. Destácase a importancia da traxedia nos personaxes femininos e como isto afecta aos seus testemuños. Sublíñase a protagonista, Paula, unha profesora universitaria que loita contra o destino imposto e a sociedade que a asfixia.

**Referencias varias:**

- A. Baena, “Santos: ‘Como xornalista, son un albanel da linguaxe”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 20 agosto 2015, p. 10.

Conversa con Alberte Santos con motivo da publicación da súa primeira novela. Sinala que a protagonista é unha muller, resalta o emprego da narración en terceira persoa e a aparición de diversas cidades. Destaca tamén a existencia dunha dualidade de vidas paralelas ao longo da obra.

- H. J. P., “O rebumbio dos vagalumes’, primeira novela do xornalista Alberte Santos”, “*La Voz de Galicia*”, “Cultura”, 8 setembro 2015, p. 37.

Dáse conta do lanzamento da primeira obra narrativa do xornalista, editada por Laiovento, “un relato no que pon en xogo as tribulacións de Paula, unha profesora universitaria que se rebela contra unha vida que a leva por unha situación de asfixia emocional”.

- Ana Lorenzo, “Alberte Santos publica su ópera prima ‘O rebumbio dos vagalumes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 outubro 2015, p. 45.

Anúnciase a saída ao mercado da última obra de Alberte Santos publicada pola editorial Laiovento. Fálase da protagonista da novela, Paula, como símbolo do inconformismo e a rebeldía; elixida porque “a pesar de que na actualidade o papel da muller evolucionou moito, aínda quedan facetas relevantes do mundo da muller onde non están en plena igualdade”.

- Marta García Márquez, “Alberte Santos: ‘As decisións importantes medímolas coa nosa tolerancia, xogo e risco”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 outubro 2015, p. 17.

Entrevista a Alberte Santos a causa da súa nova novela. Describe polo miúdo a Paula e a Xaime Souto, os seus protagonistas. Destaca tamén a necesidade da participación activa por parte do lector, o cal debe actuar como un compoñedor de imaxes e historias. Por último, destaca o poder que ten a literatura para remover conciencias.

- J. Fernández, “Presentación literaria”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 6 novembro 2015, contracuberta.

Informa da presentación desta obra na Libraría Couceiro.

- Lourdes Varela, “Alberte Santos Ledo. ‘Eu sempre fun rebelde, incluso para escribir esta novela”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 561, 19 novembro, p. V/ *La Opinió*n, “*Saberes*”, n.º 516, 28 novembro 2015, p. 11, “Entrevista”.

Destácase a importancia da protagonista da novela, Paula, como unha muller que foxe dos convencionalismos e da conformidade. Infórmase da pluralidade de voces que coexisten na obra, pois atópanse até un total de cinco narradores diferentes que axudan ao ritmo e desenvolvemento da novela.

**Seixas**, Manuel, *Interferencias*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 378, setembro 2015, 138 pp. (ISBN: 978-84-9914-905-9).

Novela de Manuel Seixas (Vilagarcía, 1961) que se abre coa dedicatoria “Para ela, aínda que ela non queira,/ Para a nosa bailarina das antípodas, aínda que ela non quixera,/ Para as catro mulleres marabillosas que leron isto e me animaron a loitar por compartilo: Chus, Elena, Estela e María./ Para todos os humanos que sufriron, sofren ou sufrirán a escuridade e a dor mental. Teño unha mensaxe para vós e para min: ‘Ás veces, ocorren milagres inesperados e laicos. Tede esperanza, camaradas de negra néboa’”; e que continúa cunha cita textual de Peter Handke, tirada de *O peso do mundo*, “Descender ao fondo de todas as existencias (apropiarse da gravitación terrestre)”. A seguir, en cincuenta e catro capítulos numerados en romanos nárrase a historia de María e Xosé, dous  personaxes que viven illados e que acaban por cruzar os seus camiños. María é unha moza que traballa de fisioterapeuta nun centro de maiores. Xosé é profesor de Historia no ensino secundario. Ambos os dous , personaxes derrotados, non atopan sentido á vida e son culpábeis de permanecer atrapados nunha idea do amor como posesión. A novela, que trata a temática do maltrato, a soidade vista dende un modo existencial, a idea de amor como incógnita, os afectos como salvación, a atracción, a paixón..., péchase cunha nota de agradecementos ( “Grazas a Manolo Bragado e a Xerais pola súa teimuda e preciosa confianza./ Grazas a tod@s @s que estivestes aí, cando todo era nada e nada era todo”).

**Recensións:**

- Inma Otero Varela, “O candor dos crueis”, *Grial*, n.º 208, “O espello das letras”, outubro, novembro, decembro, 2015, pp. 89-90.

Saliéntase que o amor, a morte e a infelicidade constitúen os temas sobre os que pivota esta novela e que caracterizan a produción do autor. Dáse conta do argumento da obra aludindo á situación vital dos protagonistas e a outras temáticas de interese que tamén van ser tratadas como a depresión, a soidade, a violencia, a crueldade ou os ciúmes. Destácase o paralelismo discursivo en estruturas e pensamentos como recurso compositivo, o recurso ao narrador implícito, o predominio da narración en estilo indirecto libre, a coral de personaxes secundarios e o narrador en primeira persoa con trazos de narrador omnisciente que apela aos protagonistas e ao lector. Sinálase o estilo narrativo de períodos sintácticos breves e repeticións.

- Soraya Domínguez Portela, “O pensamento enfermo”, *Tempos Novos*, n.º 222, *ProTexta*, n.º 11, “ProTagonista”, novembro 2015, p. 85.

Faise unha recensión da novela *Interferencias* (Xerais, 2015) de Manuel Seixas. Contextualízase o libro na liña de obras como *Dark Butterfly*, de Rexina Veiga (Xerais, 2012), ou *E os domingos, un cruasán*, de Úrsula Heinze (Alvarellos, 2015). Saliéntase o ritmo intenso e rápido da narración que amosa a angustia dos protagonistas, María e Xosé, así como o carácter non maniqueo do relato, que foxe de representacións absolutas, movéndose entre as gamas de gris.

- Armando Requeixo, “Entre miserias e alegrías”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 559, “Libros”, 5 novembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 514, “Letras galegas”, 14 novembro 2015, p. 10.

Aplaude que este autor volva á prosa logo de varias obras publicadas no ámbito poético. Comenta o principal argumento desta obra e caracterízaa como unha novela “sobre a identidade e o destino”. Ademais indica outras temáticas presentes como a cuestión dos tratamentos médicos ou a soidade da vida urbana. Finaliza cunha valoración positiva de *Interferencias* que achega unha reflexión sobre outras caras da realidade.

- Vicente Araguas, “Café con sal”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 906, “máis Libros”, 8 novembro 2015, p. 30.

Destaca a personalidade autorial de Manuel Seixas e resalta o protagonismo dos personaxes perdedores presentes na historia. Comenta que o amor vertebra a narración, unindo a dúas persoas coas súas propias inquedanzas amorosas, as cales non poden esquecer, de forma que o coñecemento lles abre a porta á cura da súa compaña. Salienta a capacidade para xerar misterio do autor e resalta o bo pulso do escritor, quen formula unha boa novela, aínda que se indica que recae demasiado nas excesivas explicacións, restándolle frescura á narración.

- Ramón Nicolás, “As nubes negras”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 20 novembro 2015, p. 13.

Sinala a lograda e traballada perspectiva narrativa que, cunha estrutura dividida en secuencias e un ritmo áxil, atrapa o lector por completo. Describe con detalle o fío argumental e salienta a importancia da esperanza que se outorgan os personaxes aínda que non todo será felicidade pois os fantasmas do pasado reaparecerán para facerlles entender que o presente está ateigado de nubes negras.

**Referencias varias:**

- Xosé Carlos Caneiro, “Obscenidade”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ficción”, “Club dandi”, 9 outubro 2015, p. 10.

Define esta obra como unha “novela de desesperanzas, polo tanto novela esperanzada” e realiza un breve comentario da trama.

- Camilo Franco, "Escribín a novela máis como un reto ca como a intención de contarlle unha historia aos lectores", *Tempos Novos*, n.º 222, *ProTexta*, n.º 11, "ProTagonista", novembro 2015, pp. 82-84.

Achégase unha entrevista con Manuel Seixas na que se tratan temas como a enfermidade mental, que se trata na novela, o ton pesimista da súa obra, presente xa en *A velocidade do frío* (Xerais, 1996), e o seu retorno á vida pública como escritor e músico.

- Cuca M. Gómez, "90 años de Coral Polifónica", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 11 decembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras novas, informa da presentación desta novela na Librería Paz de Pontevedra.

**Sende**, Séchu, *A República das Palavras*, Santiago de Compostela: Associaçom Galega da Língua, abril 2015, 150 pp. (ISBN: 978-84-87305-91-7).

Compilación de relatos curtos e poemas asinada por Séchu Sende (Padrón, 1972) que integran diferentes temáticas, como a cuestión da lingua galega, a situación da muller ou a experiencia como pai. Parte dos textos recollidos nesta colectánea xa foran publicados en diversas plataformas *on line* (en xornais e no blog do propio autor). *A República das palavras* faise continuador do seu anterior libro, *Made in Galiza*. En xeral, son breves historias que se caracterizan por presentar unha escrita lúdica pensada para o entretemento onde conflúen humor e crítica, realidade e ficción. O estilo singularízase por mostrar un uso sinxelo da linguaxe. Os textos están narrados en primeira ou terceira persoas e o lector preséntase como unha parte importante da narrativa, pois son numerosos os casos nos que o narrador interactúa co lector. Claro exemplo disto é "As palavras de Kunta Kinte", onde o narrador convida o lector para que busque máis información: "se procuras informação na internet poderás ler que […]". Son moitos os contos que beben e fan referencia á cultura actual, sendo un exemplo diso "A guitarra e a terra", onde aparecen músicos da cultura pop- rock como Kyus, Santana, Zënzar, Narf. Por outra banda, tamén é común a presenza de referencias intertextuais, sirva como exemplo "As palavras de Kunta Kinte", no que o narrador elabora un resumo da novela *Roots*, de Alex Haley, e da súa adaptación á TV, ademais de explicar como se creou.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "O feitizo da palabra", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 19 xuño 2015, p. 13.

Sinálase que o autor retoma o espírito de *Made in* Galiza con esta obra que está composta por varios textos, uns inéditos e outros xa publicados en medios dixitais, nos que paira a integración xenérica, trazo característico do autor, é dicir "poemas, fragmentos narrativos que beirean as estremas do ensaio ou a crónica, (...) e ficción que camiña en distancias curtas, ben co microrrelato ben co relato máis ou menos

canónico". Destácase a habilidade que ten o autor para ofrecer relatos intensos nos que tece o marabilloso no ámbito cotián ou o cotián no marabilloso.

**Referencias varias:**

- N. V., "Despois de 17 anos a Fundación Artabria renova o seu local e o seu programa de actividades", *Diario de Ferrol*, 1 outubro 2015, p. 14.

Informa da presentación desta obra de Sechu Sende dentro do programa de actividades da Fundación Artabria de Ferrol.

**Tizón**, Antonio, *A antesala luminosa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, xaneiro 2015, 261 pp. (ISBN: 978-84-9914-800-7).

Esta novela de Antonio Tizón (A Coruña, 1960) consta de dúas tramas básicas que a estruturan: unha delas, narrada en primeira persoa, está protagonizada polo inspector Xosé Sánchez Pereiro e céntrase nas pescudas que realiza sobre a identidade de dous cadáveres calcinados e esfolados que apareceron nas inmediacións da praia coruñesa do Matadoiro; a outra está contada a xeito de novela autobiográfica por Gustavo Gallego e ten como protagonistas a este personaxe e mais a María Silveira. A primeira trama compleméntase coas lecturas que o inspector Sánchez realiza da novela escrita por Gustavo Gallego, que ademais comeza sendo un dos principais sospeitosos dos asasinatos. O inspector Sánchez persegue a Gustavo Gallego, que padece trastorno bipolar. Despois de o buscar pola Coruña, por Santiago de Compostela e por Ourense, atópao finalmente en Madrid. Por fin descobre que un dos cadáveres calcinados é o dun traficante que matara Luís Naveira e que o levara á praia do Matadoiro. Posteriormente conclúe que o outro é o dun proxeneta que fora asasinado por unha prostituta venezolana. A outra trama de *A antesala luminosa*, a novela autobiográfica de Gustavo, só ten escritos os capítulos pares (do 2 ao 20), xa que os impares os ten na súa cabeza. Nela Gustavo Gallego conta a súa propia historia dende que chega a Madrid para estudar Xornalismo. Na universidade coñece a María Silveira e alí comeza a sufrir a enfermidade crónica do trastorno bipolar. Describe como irá vivir a Ourense con María Silveira e tamén como forma parte dunha cuadrilla de amigos conformada por el e Francisco Eduardo Fontana-Vázquez Sotillo del Río, alcumado como Font; Paloma Salgado, antiga noiva de Font; Cristina Fandiño, compañeira de piso de Paloma; Esteban Latorre, actual mozo de Paloma; Dora Barbeito e Adolfo Nogueira.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "Novela ambiciosa", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 6 febreiro 2015, p. 12.

Anuncia a aparición da primeira novela en galego do escritor. Indica que a cidade da Coruña e os seus espazos se converten "nun elemento fulcral do argumento" coa intención de engadir realismo á trama. Comenta que pese a partir do xénero negro engade outros elementos "que contribúen a ensanchar os seus horizontes". Di que a

loucura, a ética profesional e a corrupción son algúns dos temas tratados ao longo do libro. Destaca que este está composto de dúas partes diferenciadas que, pese a mostrar diversos rexistros expresivos, constitúen un todo.

- Montse Pena Presas, "Fusión de subxéneros", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 534, "Libros", 12 marzo 2015, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 488, "Letras galegas", 21 marzo 2015, p.10.

En primeiro lugar, faise unha pequena reflexión sobre a presenza da novela negra na Literatura Galega. Logo anúnciase a publicación desta obra por Edicións Xerais de Galicia, refírese o argumento e fálase do seu protagonista, o inspector Sánchez. Destácase a ousadía do autor "á hora de ir alén nun texto negro fusionando motivos e temáticas", porén lamenta o emprego dunha lingua demasiado usual e práctica que limita o espazo literario. Finalmente, sinálase que *A antesala luminosa* é unha "proposta atractiva e diferente", que reinventa o xénero negro.

- Xosé Carlos Caneiro, "Clásica", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", 10 abril 2015, p. 11.

Entre outras cuestións, coméntase, de xeito persoal, a novela de Antonio Tizón, destacando o seu argumento metaliterario, a imaxinación e o coñecemento das técnicas de escrita novelesca por parte do autor. Indícase que a obra carece dos enganos e trucos fáciles que acostuman acompañar a novela negra e saliéntase que o protagonista, Xosé Sánchez Pereiro, é "un dos mellores detectives da historia literaria" no ámbito galego. Por último, lamenta a "cativez da lingua" empregada e recomenda a súa lectura como entretemento.

**Referencias varias:**

- José Manuel Gutiérrez, "Antonio Tizón. 'A novela negra é tamén unha forma de retratar unha sociedade corrupta", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 2 febreiro 2015, p. 8

Entrevista a Antonio Tizón debido á publicación da súa primeira novela que, segundo o propio autor, mestura autobiografía e imaxinación. Comenta a escolla do xénero negro, "unha forma de retratar unha sociedade corrupta caracterizada pola impunidade" e destaca a presenza do tema da loucura. Fala da intención de seguir coas aventuras do inspector Sánchez e informa das referencias a lugares e personaxes reais da Coruña.

- Fran P. Lorenzo, "Antonio Tizón. 'Espinme por completo nesta novela", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 marzo 2015, p. 43.

Dáse conta da presentación desta novela do xornalista Antonio Tizón na libraría Couceiro de Santiago de Compostela. Destácase a influencia do inspector Carvalho Vázquez de Montalbán e a presenza da gastronomía. Por último, reflexiónase sobre o trastorno bipolar que sofre o protagonista.

- Montse García, “Antonio Tizón. ‘Elixín a novela negra porque me permitía falar da loucura”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 25 marzo 2015, p. L2.

Conversa co escritor por mor da presentación da súa novela na librería Couceiro de Santiago de Compostela. Indica que o título ten a súa orixe no crítico de cinema Ángel Fernández que definía a tolemia como “antesala luminosa”. Comenta que é a primeira obra que escribe en galego e destaca que o tema principal é a loucura. Salienta que a novela está ambientada en Ourense, Madrid e A Coruña e que hai unha pequena parada gastronómica en Santiago de Compostela.

- X. R. Blanco, “Antonio Tizón presenta su novela ‘mulata’, con Ourense de fondo”, *La Región*, “Ciudad”, 14 maio 2015, p. 11.

Sinálase que o relato é de grande intensidade, que reúne todos os requisitos para atrapar o lector dende o comezo da obra e que ao longo das súas páxinas, dependendo de se os capítulos son pares ou impares, pasamos do relato das vivencias dun personaxe ás do outro.

- Alba Villar, “Antonio Tizón. ‘O libro é unha mistura de amor, loucura e morte, autobiográfica e en tono de novela negra”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 setembro 2015, p. 49.

Entrevista a Antonio Tizón por mor da saída ao mercado da súa primeira novela. Sinala que pertence ao xénero da novela negra, pero á vez posúe tinturas románticas. Comenta que a obra é o resultado dun longo proceso de escritura e que foi reescrita e reelaborada, mantendo unicamente o personaxe de Gustavo Galego. Destaca que foi publicada pola editorial Xerais seis anos despois de tela rematado.

- Jaureguizar, “Antonio Tizón. ‘Escribín sobre a bipolaridade, pero foi máis raro dar clases de biónica”, *El Progreso*”, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 18 setembro 2015, p. 71.

Indícase que a nova novela de Antonio Tizón se cimenta no trastorno de bipolaridade que padece o escritor e destácase que a súa doenza non lle impide dar clases de Deseño Ergonómico e Biónica nin escribir. Coméntase que o escritor xa entregou a que será a segunda parte na editorial Xerais.

**Varela Puñal**, Diana, *Fin de festa*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, 2015, 72 pp. (ISBN: 978-84-8487-285-6).

Diana Varela Puñal (Corme-Ponteceso, 1981) ofrece en *Fin de festa* unha crónica do pasado recente de Xuvino, que é un trasunto do seu espazo vivencial de infancia e xuventude. Tal e como sinala nunha nota inicial, “Sen ter plena conciencia do inminente ‘futuro anterior”, decidiu escribir estes “retratos” das súas xentes que, en gran parte, teñen un referente real. Ao longo de catorce elos narrativos configúrase a biografía de Susi Arnela, que se complementa coa intercalación de trece textos relativos a episodios destacábeis dos seus veciños máis próximos, entre os que están Fernando D´avás,

Elpidio Zulueta, o carniceiro Modesto Abellón ou Indalecio Tadeo. Susi Arnela era unha moza dunha extraordinaria beleza e elegancia e todos devecían por estar preto dela, aínda que unha adicción arrástraa a cruzar unha liña prohibida e toda a súa fermosura e prometedor futuro esvaécense. Neste proceso de máxima admiración ata a decadencia total dun mito erótico participan diferentes membros da comunidade, algúns deles tamén marcados pola fatalidade e a traxedia, tal e como manifesta a voz dunha amiga de Susi, que relata todo o acontecido en Xuvino. Parece ser que, despois dun tortuoso romance cun músico, Susi regresa ao lugar de nacemento e é recollida por unha irmá, sempre ignorada pola longa sombra da admirada moza. Alí permanecería para sempre entre recordos indelebles, irreais e medorentos.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Xente de noso", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", p. 32, n.º 891, "letras Atlánticas", 26 xullo 2015.

Subliña tanto a elaborada estrutura trenzada da obra, a cal dise que axuda á unión dos pequenos relatos que a compoñen, como a relevancia da protagonista feminina, Susi Arnela. Describe brevemente o fío argumental, destacando unicamente á personaxe de Susi, unha moza de extraordinaria beleza que rematará por perder. Dise que a historia da novela supón un percorrido pola infancia e a adolescencia dos personaxes, de modo que esta viaxe supón o autocoñecemento da conciencia do presente.

- Ramón Nicolás, "A historia de Susi Arnela", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*","Letras", "Galego", 28 agosto 2015, p. 5.

Describe o fío argumental da obra, centrado na personaxe de Susi Varela, unha muller complexa na que destaca o seu carácter decidido e a súa intelixencia, o que a levará a enfrontarse con situacións nada doadas. Sinala a presenza do elemento memorístico na obra, sobre todo de aspectos da infancia e mocidade da escritora. Por último, describe a importancia do espazo creado para a novela (Xuvino) e o peso das tradicións máis preto da moralidade que da liberdade.

- Vicente Araguas, "Oh, Susana!", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 28/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 26/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", p. 30, n.º 897, "máis Libros", 6 setembro 2015.

Destaca polo miúdo a calidade da súa escritura, reflectindo as experiencias e acontecementos que mudaron a súa personalidade na infancia e mocidade. Describe a personaxe feminina protagonista, Susi Arnela, que alterna entre a felicidade e a desgraza, sendo unha novela sen ensinanza. Por último, indica a importancia do paso do tempo, sobre todo para unha xeración de mozos que caeu en desgraza ao non saber enfrontar a vida e as súas propias decisións.

- Pilar Ponte, "Xeografía da desgraza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 563, "Libros", 3 decembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 518, "Letras galegas", 12 decembro 2015, p. 10.

Compárase esta obra co estilo de Álvaro Cunqueiro en *Xente de aquí e acolá* e explica que se trata dun conxunto de relatos que teñen como espazo común a localidade de Xuvino, trasunto do Corme natal da escritora. Di que nas narracións se presentan personaxes melancólicos dunha xeración perdida da Costa da Morte e que a estrutura é fragmentaria. Por último, destaca o "risco literario" da autora ao manter este posicionamento.

**Vázquez Pintor**, Xosé, *Antípodas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, xaneiro 2015, 248 pp. (ISBN: 978-84-9914-802-1).

Novela de Xosé Vázquez Pintor (A Coruña, 1946) que principia coas palabras de Eduardo Vázquez: "Busco sin esperanza el aire / que abandonó mi casa / cuando eran de sal las horas / y música de voces me nombraban". A obra está estruturada en noventa e un capítulos nos que se narra a historia dun neno, Plinio, e a súa particular relación co mundo e con todo o que o rodea. Narrada en primeira persoa, dende a perspectiva do seu protagonista, caracterízase pola súa carga poética que enriquece a propia narración a través dunha linguaxe vinculada ao mundo dos soños e da poesía. Destaca o emprego dunha sintaxe antiga, léxico non recollido nos dicionarios e trazos propios da oralidade. Tamén se percibe a constante presenza da ironía e do humor ao longo da obra.

**Recensións:**

- Francisco Martínez Bouzas, "As resistencias da memoria", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 27 marzo 2015, p. 43.

Dá conta da publicación desta obra, onde se "reconstrúe o mundo coa evocación" dende o punto de vista dun cativo. Refire o seu argumento e salienta a presenza do tema da memoria e da denuncia. Finalmente, destaca algúns dos elementos característicos da escrita do autor: o emprego dunha sintaxe propia do galego antigo, a poetización da súa narrativa, os trazos orais e o uso de léxico non rexistrado nos dicionarios.

- Ramón Nicolás, "Contra os abismos, resiliencia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 3 abril 2015, p. 8.

Dáse conta da publicación da última novela de Vázquez Pintor, destacando que é unha obra moi innovadora, que mestura prosa con linguaxe lírica e que inclúe elementos parateatrais. Coméntase o argumento do volume e fálase da figura esencial do seu protagonista, un neno chamado Plinio. Saliéntase a posíbel lectura simbólica, a reflexión sobre a riqueza da nosa lingua e o papel fundamental da oralidade.

- Pilar Ponte, "Narrativa en bucle", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 536, "Libros", 26 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 490, "Letras galegas", 11 abril 2015, p. 10.

Celébrase a nova novela de Vázquez Pintor como unha peza innovadora, "un texto que nos fala de esperanza e de futuro polos vieiros do marxinal". Coméntase que o personaxe principal é "un neno de inclusa polo que sentimos simpatía dende o inicio da obra" e, ademais, indícase que o discurso literario está estruturado en noventa e un capítulos curtos. Infórmase da intención, por parte do autor, de crear unha "experiencia persoal límite" e saliéntase a riqueza léxica da obra, a experimentación lingüística e os xogos que se realizan mediante o uso de tipografías, maiúsculas e cursivas. Por último, apúntase que *Antípodas* traspasa todo tipo de fronteiras, rachando coas regras do discurso lóxico narrativo e mesturando a novela con elementos poéticos e teatrais.

**Referencias varias:**

- Belén López, "Xosé Vázquez Pintor. 'Esta novela é un lóstrego na noite", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 1 febreiro 2015, p. 10.

Entrevista a Xosé Vázquez Pintor con motivo da presentación da súa última novela, cuxo protagonista recibe o nome de Plinio. Destaca a versatilidade do autor, algúns dos galardóns recibidos e o estilo particular da súa escrita. Ademais, comenta o argumento da obra, salienta algúns elementos da situación política actual e o seu labor como xornalista.

- S. E., "El melidense Xosé Vázquez presenta en Lalín su última novela: 'Antípodas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.196, 26 febreiro 2015, p. 7.

Informa da presentación desta novela no museo municipal de Lalín, que contou coa presenza do editor Manuel Bragado.

- Xosé Carlos Caneiro, "Vocación", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Club dandi", 13 marzo 2015, p. 4.

Entre outras cuestións, recoméndase a lectura desta obra de Xosé Vázquez Pintor e destácase que é unha novela "profundamente emotiva, ben escrita, intrépida na súa concepción estrutural".

**VV. AA.**, *Artes plásticas. Banda deseñada. Carteis. Deseño de xoias. Graffiti. Moda. Música. Teatro. Videocreación. Poesía. Relato breve. Xuventude Crea Premios 2014*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Xuventude. Consellería de traballo e Benestar. Xunta de Galicia, 2015, 162 pp. (DL: C 182-2015). ◆

Volume colectivo no que se recollen os galardoados e mencións de honra nos Premios 2014 Xuventude Crea. Tras dúas presentacións institucionais, estrutúrase nas diferentes modalidades galardoadas, das que se ofrece a composición da comisión de selección e os premios outogardos. En relación coa Literatura galega, reprodúcense os seguintes traballos premiados. No apartado "Relato breve": Daniel Barral Calvo (Vigo, 1997), "Stalingrado", Primeiro premio, pp. 138-147; Raquel Fernández González (Vigo, 1987), "1987", Segundo premio, pp. 148-155, e Irma Pérez González (Redondela, 1989), "Zapato", Terceiro premio, pp. 156-162.

**VV. AA.**, *Premio 2015 de Relato, Poesía e Tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Xunta de Galicia / Secretaría Xeral de Política Lingüística / Xerais, 2015, 150 pp. (ISBN: 978-84-9914-933-2). n

Volume colectivo no que se recollen os galardoados, accésits e mencións no Premio de Relato, Poesía e Tradución da Universidade de Vigo. Principia cun limiar asinado polo reitor da universidade, Salustiano Mato de la Iglesia, onde refire o xurado do certame e comenta algúns aspectos do homenaxeado das Letras Galegas, Xosé Filgueira Valverde. Na modalidade de tradución gañou o primeiro accésit Moncho Iglesias Míguez, pola tradución do ingles ao galego dun texto narrativo de Dena Afrasiabi, *String*. En relación coa Literatura galega, reprodúcense os seguintes traballos premiados na modalidade de narrativa:

- Xurxo Martínez González, "Fragmentos", primeiro premio, pp. 9-22.

Principia con dúas citas de Benn Gottfriedd e Lois Pereiro. Narra a historia de Arístides, un viúvo que vive so e que pasa o tempo rememorando o seu pasado, recordos da súa infancia e familia.

- María López Correa, "Dar ao vento a súa bandeira", primeiro accésit, pp. 23-40.

Relato ficcional sobre a vida de Manuel Antonio, que principia cunha cita de Urbano Lugrís e estruturado en cinco capítulos intitulados "Adeus, Viladomar!", "Excelsior", "Rianxeira", "Vento ó mar" e "Maís alá".

- María Alonso Alonso, "Desaceleración transitoria", segundo accésit, pp. 41-53.

Conto, a modo de diario, narrado por un cativo que describe todo canto o rodea: os profesores, a familia, as clases, a inestabilidade económica... Remata co medo do protagonista ante a enfermidade de seu avó.

# I.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Caride**, Ramón, *O frío azul*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, 2015, 140 pp. (ISBN: 978-84-15699-18-7).

Reedición da obra homónima de Ramón Caride Ogando (Cea, 1957) publicada orixinalmente na editorial Sotelo Blanco Edicións no ano 2007 e xa descrita no *Informe de Literatura* dese mesmo ano. Como cambios salientábeis con respecto á primeira edición cómpre sinalar a mudanza de editorial e colección (Urco Editora, colección Alcaián). Ademais, esta nova edición inclúe un apartado de documentación histórica conformado por tres artigos: "Os lugares da fala", "Lenda, ficción e historia en Oseira" e "Traxedia".

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, "Reedición novidosa", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras. Galego", 21 agosto 2015, p. 7.

Dá conta da reedición, por parte de Urco Editora, da novela *O frío azul*. Indica que inclúe material novo, "converténdoa, ademais, na primeira novela en galego que incorpora o recurso tecnolóxico da 'realidade aumentada", recurso que poderá ser empregado a través dunha aplicación gratuíta disposta dende un dispositivo móbil.

**Castelao**, *Cousas da vida. Animais*, 128 pp. (ISBN: 978-84-9865-653-4)/ *Cousas da vida. Homes*, 140 pp. (ISBN: 978-84-9865-655-8)/ *Cousas da vida. Caciques*, 116 pp. (ISBN: 978-84-9865-654-1)/ *Cousas da vida. Vellos*, 128 pp. (ISBN: 978-84-9865-658-9)/ *Cousas da vida. Nenos*, 116 pp. (ISBN: 978-84-9865-657-2)/ *Cousas da vida. Mulleres*, 128 pp (ISBN: 978-84-9865-656-5)/ *Cincuenta homes por dez reás*, 112 pp. (ISBN: 978-84-9865-659-6), Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Castelao, novembro 2015.

Reedición dunha parte da obra gráfica de Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950), que recupera a editorial Galaxia e que se insire agora nunha nova colección. Trátase de *Cincuenta homes por dez reás*, publicada por primeira vez en 1930, e que inclúe tamén o "Aviso", a modo de prólogo, que se abre cuns versos dunha cantiga popular. Tamén das *Cousas da vida*, presentadas en en seis volumes clasificados por un criterio temático: "nenos", "homes", "mulleres", "vellos", "caciques" e "animais". En todos eles, o artista combina a palabra e o debuxo, aparecendo o texto ao pé do deseño (o texto caracterízase pola súa brevidade, reflectindo as peculiaridades da cultura do pobo galego no nivel simbólico). Nestas *Cousas da vida* achégase á realidade do contexto social e político da Galicia das primeiras décadas do século XX, dende un punto de vista crítico e nunha liña marcadamente nacionalista, utilizando o humor, a sátira ou a ironía, o que reflicte unha singular concepción estética da obra. Ademais, todos os volumes inclúen un breve limiar da editorial, que tamén é reproducido na contracapa do

libro. En *Cincuenta homes por dez reás* destácase o xogo irónico co dobre significado do título, ademais de reparar no valor material desa cantidade económica na época. Con respecto aos volumes de *Cousas da vida*: no dos "nenos" repárase en que eles son protagonistas dos mellores contos do escritor, como dalgúns dos seus debuxos máis salientábeis. No de "Mulleres", sinálase que Castelao pintou con elas dous mundos opostos, pertencentes a dúas clases sociais: as aldeás e as finas; en "Homes" apúntase que os de Rianxo os tratan con respecto "pero sen temor". As cincuenta e nove láminas que compoñen este volume clasifícanse en "Homes que non poden ver", "Homes que falan de política", "Homes que piden xustiza", "Homes que beben máis da conta" e "O home que pintou os homes deste libro". Na nota editorial de "Vellos" indícase que se mostran depositarios da sabedoría pola experiencia vivida e que o motivo de inspiración é o mesmo que aparece noutra das súas obras máis recoñecidas, *Os vellos non deben de namorarse.* Clasifícanse estes debuxos en "Vellos que profundan nas cousas", "Vellos que non calan o que pensan", "Vellos que se meten en política" e "Outros vellos". En "Caciques" considérase que Castelao obrou "sen matices" con esta clase de xente. E, finalmente, no limiar de "Animais" coméntase que os pintou non como son, senón "como a el lle parecía que debían ser". As láminas preséntanse a cor nas páxinas impares do volume e a respéctase a lingua orixinal do autor.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Imprescindibles de Castelao", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 910, "letras Atlánticas", 24 maio 2015, p. 32.

Fai un repaso pola historia da primeira edición destas obras e a súa aparición en cabeceiras xornalísticas como *El Pueblo Gallego*. Felicita a iniciativa da Editorial Galaxia por esta reedición das seis entregas de *Cousas* na colección Biblioteca Castelao e comenta algúns dos trazos que as caracterizan: humorismo, xogo populista, lirismo ou humanismo.

- J. M. Giráldez, "As cousas da vida de Castelao", *El Correo Gallego*, "*2Domingo*", 13 decembro 2015, p. 38.

Recóllese a noticia da publicación dunha nova reimpresión da obra de Castelao e saliéntase a habilidade do escritor para condensar nos seus debuxos e nas breves frases o seu pensamento con respecto a Galicia, ademais da "potencia crítica" e da "beleza gráfica" desta obra. Por último, di que na edición se inclúe a publicación de *Cincuenta homes por dez reás*, un conxunto de cincuenta debuxos nos que destaca a ironía e a cotidianidade.

- Ramón Rozas, "A semente de Castelao", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 13, 13 decembro 2015, p. 7.

Destaca a capacidade de Castelao para mesturar o debuxo e a escrita así como para mostrar a súa actitude crítica e a súa preocupación ante o que acontecía na Galicia do seu tempo. Tamén se salienta o "compromiso co ser humano" e a "dignidade" coa súa

terra, ademais do papel didáctico que para o autor tiñan estas viñetas. Igualmente resáltase o humor como un dos elementos fundamentais que compoñen a obra, que serve de instrumento para xerar unha reflexión ao espectador. Por último, comenta a habilidade de Castelao para perfilar os diferentes tipos da sociedade e especialmente para retratar os nenos.

**Referencias varias:**

- María Xesús Nogueira, "Cousas da vida", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/ *El Progreso*, "Opinión", p. 29, "Un falar", 12 decembro 2015.

Infórmase da incorporación ao mercado editorial galego dunha reedición da obra de Castelao por parte da editorial Galaxia. Dise que é o libro máis popular de Castelao e que ao longo de case un século tivo unha gran difusión, posto que as viñetas e láminas que o integran foron reproducidos en lugares moi diversos e empregados tanto na fala culta coma na popular. Por último, saliéntase a súa importancia, por tratarse dunha obra vinculada á identidade e ao imaxinario colectivo galegos.

- X. F., "O ano dedicado a Castelao arranca con novas edicións do seu humor gráfico", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 decembro 2015, p. 53.

Coméntase que estes volumes seguen a ter unha gran vixencia xa que as súas viñetas e frases "agochan unha verdadeira carga de profundidade". Salienta a capacidade do autor para o uso da ironía e a retranca propias do galego e lembra que estas publicacións débense ao 130 aniversario do nacemento de Castelao.

**Neira Vilas**, Xosé, *Aqueles anos do Moncho*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Neira Vilas, n.º 7, xullo 2015, 148 pp. (ISBN: 978-84-9865-622-0).

Obra narrativa de Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928-2015) publicada por vez primeira en 1977 na colección "Arealonga" da madrileña editorial Akal e que ao ano seguinte da súa publicación, en 1978, apareceu formando parte da triloxía *O ciclo do neno*, conformada tamén por *Memorias dun neno labrego* e *Cartas a Lelo*, triloxía inserida por diversos autores na Literatura Infantil e Xuvenil. Con posterioridade, en 1989, foi publicada por Edicións Xerais de Galicia, baixo edición de Xosé Manuel Enríquez, na colección "Biblioteca das Letras Galegas". Na novela, que neste 2015 saíu a lume na colección "Biblioteca Neira Vilas" da Editorial Galaxia, nárrase por medio dun narrador omnisciente as vivencias e reflexións de Moncho, un rapaz que vive nunha aldea galega durante os anos previos á contenda e durante os anos da Guerra civil e que vai comprendendo os acontecementos provocados polo conflito bélico a partir das referencias e explicacións que escoita dos maiores, sobre todo do seu tío Lois, e das complicidades cos seus compañeiros de xogos. O protagonista descobre pouco a pouco o mundo que o rodea, mentres que o lectorado é testemuña de toda unha serie de acontecementos que configuran un repaso polos anos de infancia do protagonista, que á súa vez perfilan un retrato social da vida rural.

**Recensións:**

- X. F., "Aqueles anos do Moncho", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Para ler", 5 agosto 2015, p. 36.

Informa que esta novela completa unha triloxía composta por *Memorias dun neno labrego* (1961) e *Cartas a Lelo* (1971), sendo a encargada de cerrar o "Ciiclo do neno". Indica brevemente o fío argumental que protagoniza Moncho, un rapaz de nove anos que vai mudando co estoupido da Guerra Civil. Di que o espazo elixido para a representación é unha aldea galega nos anos da guerra e comenta o uso da terceira persoa, a diferenza das obras anteriores, para obter un distanciamento con algúns acontecementos narrados.

**Referencias varias:**

- Ana Márquez, "Neira Vilas presenta cheo de agarimo a reedición de 'Aqueles anos do Moncho", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 outubro 2015, p. 39.

Dá conta do acto de presentación do libro, na Libraría Pedreira, que contou coa presenza do director xeral de Galaxia, Víctor F. Freixanes, a crítica literaria, Dolores Vilavedra, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, os xornalistas López-Barxas e Perozo, e o profesor Portas. Destaca que Freixanes anunciou a próxima obra de Neira Vilas: *Romaría de historias*.

- José Miguel Giráldez, "Xosé Neira Vilas, unha literatura desde a memoria", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 18 outubro 2015, p. 2.

Destácase a personalidade de Xosé Neira Vilas como un símbolo da memoria de Galicia. Realízase un percorrido pola súa biografía e pola súa creación literaria máis salientábel e móstrase a relevancia da memoria para o pobo galego. Fálase da importancia que ten a lingua galega para a construción cultural e literaria de Galicia. Dáse noticia da publicación dunha nova edición da obra *Aqueles anos do Moncho*, Premio da Crítica española en 1978.

# I.3. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS E REEDICIÓNS

**Anderson**, Sherwood, *O triunfo do ovo* (*Triumph of the Egg*, B.W. Huebsch, 1921), trad. Carlos Valdés e Celia Recarey, Santiago de Compostela: Irmás Cartoné, 226 pp. (ISBN: 978-84-942570-3-2).

Volume de quince relatos breves de Sherwood Anderson (Ohio, 1876-1941), autor considerado coma o padriño da xeración literaria de Faulkner, Steinbeck e Hemingway. Cada relato é unha pequena historia que, en conxunto, supoñen un bo retrato da vida cotiá das xentes do medio oeste americano no século vinte. Principia a obra o conto titulado "O mudo", que versa sobre unha historia que o protagonista non é quen de narrar. Séguenlle "Quero saber por que", unha historia de decepcións que xira arredor das carreiras de cabalos e a prostitución; "Sementes", sobre o desexo sexual feminino; "A outra muller", que versa sobre os pensamentos obsesivos dun home que mantén unha dobre e paralela relación sentimental; "O ovo", relato que dá título á obra, sobre un home que ansía ser un emprendedor pero é vencido por un ovo; "Lámpadas apagadas", é a morte anunciada dun facultativo que padece do corazón, que afonda nos sentimentos da súa filla, coñecedora do que vai acontecer; "Senilidade", reflexiona sobre a vellez; "O home do abrigo marrón", combina poemas breves e relatos e céntrasena descrición da muller de quen narra; "Irmáns", sobre o reencontro de dous irmáns que descoñecían que o eran; "A trapela" contén as reflexións sobre a vida cotiá dun home casado e con fillos; "A moza de Nova Inglaterra" é a historia dunha rapaza que marcha ao oeste e toma conciencia do seu proceso de madurez; "Guerra" contén a historia dunha descoñecida nun vagón dun tren; "Maternidade" narra un encontro amoroso que remata en embarazo; "De ningures á nada" é o relato máis extenso do libro, no que se conta a historia dos seis anos que Rosalind, a protagonista, pasou na cidade de Chicago. A obra remata con "O home da trompeta", unha brevísima historia sobre o poder das verbas para liberar os homes. Trátase dunha tradución de gran perfección e atino lingüístico, que respecta o orixinal tanto na forma coma no contido.

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, "O 'pai' de Faulkner", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 3 abril 2015, p. 8.

Dá conta da publicación en lingua galega desta obra de Anderson, considerado por Faulkner coma o seu pai literario. Neste volume de relatos, "baixo unha aparente sinxeleza adornada co nimbo do cotián, latexan pousos irónicos e desacougantes, por veces subversivos e sempre inconformistas".

**Auslander**, Shalom, *Lamentacións dun prepucio* (*Foreeskin's Lament*, Riverhead Hardcover, 2010), trad. Rafael Salgueiro, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, 2015, 286 pp. (ISBN: 978-84-92866-71-7).

Nun bo exercicio de tradución, Rafael Salgueiro (Cangas do Morrazo) traslada ao galego unha das obras que lle outorgou maior recoñecemento a Shalom Auslander (Nova York, 1970). Narrada en primeira persoa, a novela céntrase na infancia e adolescencia do autor dentro dunha comunidade de xudeus ortodoxos contra cuxas doutrinas se rebela mediante un abuso extremo de determinadas prácticas consideradas laicas: a pornografía, as drogas e a masturbación compulsiva, entre outras. A pesar de todos os esforzos, o protagonista segue a atormentarse co medo ao castigo divino e á repercusión que este pode ter na súa muller e nos seus descendentes, razón pola cal, no momento no que vai ser pai por primeira vez toma en consideración cortar o seu prepucio para evitar males maiores. A trama transcorre alternando dous planos temporais: o presente, no que o narrador ten trinta e cinco anos e vai ser pai cunha muller non xudía, e o pasado, onde vivía nunha pequena comunidade xudía illada da contorna. Nun ton eminentemente humorístico, o autor mestura drama e comedia, ao tratar temas de gran dureza (como a opresión, a relixión extrema ou o illamento) de xeito divertido e, asemade, profundo.

**Barbara**, Charles, *O asasinato da Pont-Rouge* (*L'Assassinat du Pont-Rouge*, 1855), trad. Marie Abraira, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2015, 140 pp. (ISBN: 978-84-943230-7-2).

Este relato de Charles Barbara (Orléans, 1817-París, 1886) viu a luz por vez primeira como folletín nas páxinas da *Revue de Paris*, antes de aparecer en formato libro. O texto sitúase nas orixes dun xénero aínda por definir: a novela policial. Barbara, admirador de Edgar Allan Poe e moi amigo de Charles Baudelaire, pode ser considerado como un verdadeiro precursor do xénero: pon en escena un crime misterioso e achega unha moderna reflexión sobre o crime inexpiábel e, sobre todo, sobre as repercusións no aspecto moral de quen o comete. A acción desenvólvese en París, onde un narrador omnisciente en terceira persoa conta como Maximilien Destroy atopa o seu amigo Clément tras anos sen velo, casado con Rosalie e nunha desafogada situación económica que contrasta coa miseria na que ambos vivían anos atrás. Pouco e pouco Max irá coñecendo a través de diferentes confesións a historia do seu amigo e o peso dos remorsos, que acaban marcando a súa vida, ao tempo que conecta o seu relato coa desgraza que lle aconteceu á súa amiga e veciña, Henriette Thillard, unha nova, arruinada e distinguida viúva pola que se sente atraído, cuxo home, un axente de cambio, fuxiu cos cartos dos seu traballo e apareceu morto nas augas do Sena. A novela ofrece descricións moi realistas da vida parisiense e detalles do crime, e desvela a psicoloxía dos seus personaxes de maneira críbel ao integralos nun evidente ambiente fantástico, que favorece o desenlace. A cuberta, de cor negra, pon o acento na cobiza que provoca o crime, cunha ilustración que representa os cartos.

**Boye**, Karin, *Kallocaína* (*Kallocain*, 1940), trad. Marta Dahlgren, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, nº 27, abril 2015, 187 pp. (ISBN: 978-84-943230-4-1).

Tradución ao galego da última e máis importante novela da sueca Karin Maria Boye (Gotemburgo, 1900-1941) encadrada no xénero da ciencia ficción de carácter distópico

e previa a narracións como *1984*, de Orwell, e *Farenheit 451*, de Ray Bradbury. A acción sitúase nun futurista réxime totalitario integrado por cidadáns soldado sometidos ao control do poderoso e opresor Estado Mundial, que vixía todos os aspectos da vida cotiá, a reprodución e a formación das xeracións máis novas. Leo Kall, o científico integrado no sistema protagonista desta historia, inventa unha droga, a kallocaína, que, ao ser inxectada nos individuos, provoca que estes se desinhiban e digan a verdade, co cal o Estado por fin poderá ter o control sobre os pensamentos e as verdadeiras intencións da cidadanía e garantir así a estabilidade mundial. Mais, neste mundo aparentemente estábel, e grazas ás confesións que se obteñen logo dos primeiros ensaios coa droga, axiña se revela a existencia dun grupo de resistencia dotado de conciencia individual que trata de levar unha vida á marxe das normas estabelecidas e cre na posibilidade de explorar a Cidade do Deserto. A novela de Karin Boyle, de marcado ton pesimista, disfraza o sistema social marcado pola opresión do nazismo e o auxe do totalitarismo e foi considerada unha obra de referencia no eido da distopía. Publicouse un ano antes de que a autora se suicidase tras inxerir somníferos. A cuberta componse cunha ilustración da xiringa coa que se introduce a droga no corpo das persoas.

**Conrad**, Joseph, *Mocidade* (*Youth. A narrative*, 1898), trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, nº 34, 2015, 63 pp. (ISBN: 978-84-944422-1-6).

Novela curta de Joseph Conrad (Berdiczew, Ucraína, 1857-Bishopsbourne, Inglaterra, 1924), encadrada na liña temática de aventuras no mar, que se publicou por primeira vez na *Blackwood's Magazine* en 1898 e en 1903 como volume de seu. Botando man do seu *alter ego* Charles Marlow (protagonista tamén de *Lord Jim* ou *Corazón da escuridade*), Conrad recrea a súa primeira viaxe a Oriente. Trátase dunha travesía rodeada de dificultades de principio a fin a bordo do veleiro de carga *Judea*: tormentas, atrasos, choques, inundacións e mesmo un incendio que causa un naufraxio. Na súa condición de narrador desta experiencia iniciática no mar, Marlow achega reflexións sobre o ímpeto propio da mocidade, a forza irreprimíbel da curiosidade, a impaciencia e a ambición, trazos que sitúan nun segundo termo os contratempos. O relato destaca polas súas pormenorizadas descricións e a presenza dun abundante léxico mariño. O mundo do mar ao que remite está presente tamén na ilustración elixida para a cuberta.

**Infántiev**, Porfiri P., *Noutro planeta. Historia da vida dos habitantes de Marte* (*Na drugói planetie*, 1901), trad. Irina Yurievna Stepánova Bolshakova, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, nº 29, xullo 2015, 121 pp. (ISBN: 978-84-943230-5-8).

Porfiri Pávlovich Infántiev (Orenburg, 1860-Nóvgorod, 1913) escribiu este relato en 1896, pero a publicación atrasouse até 1901 por problemas coa censura, que mutilou o texto considerabelmente. Ademais de ser un dos primeiros textos escritos en ruso cuxa acción ten lugar no planeta Marte, o autor aproveitou para integrar nela a súa visión sobre un sistema social xusto e as súas ideas socialistas. Tras sufrir un accidente escalando nas montañas suízas, o protagonista é rescatado polo investigador François Rochas, quen o informa das súas descubertas científicas e lle propón unha viaxe a Marte

intercambiando o seu corpo co dun marciano. Unha vez superado o abraio inicial, o protagonista accede a tal experiencia e descobre así un mundo que conta cun gran desenvolvemento a todos os niveis, moito máis avanzado ca a Terra. O autor describe os marcianos como unha raza superior que mira con curiosidade os adiantos dos terrestres, e mesmo revela a existencia entre eles de inventos que lembran o CD, o DVD, o *playback* ou os paneis de enerxía solar. A ilustración da cuberta remite a un dos insólitos seres submariños que o protagonista ten ocasión de descubrir en Marte.

**Jarrar**, Randa, *Un mapa do lar* (*A Map of Home. A novel*, 2008), trad. Moncho Iglesias Míguez, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, nº 31, outubro 2015, 286 pp. (ISBN: 978-84-943230-8-9).

A autora americana de orixe palestina Randa Jarrar (Chicago, 1978) foi galardoada co Arab-American Book Award por esta novela na que a súa personaxe, unha rapaza chamada Nidali, percorre en primeira persoa a súa vida dende o momento no que naceu, en Chicago, por azar, até que se viu obrigada a partir dende Alexandría coa súa familia aos Estados Unidos de América e a se instalar en Texas fuxindo da guerra do Golfo Pérsico. A través do relato, Nidali aborda todos os acontecementos que foron marcando o seu crecemento: o seu contexto familiar —produto dunha mestura de culturas pois o seu pai é palestino e a súa nai grego-exipcia—; a súa iniciación no amor e a descuberta da sexualidade, a formación dun carácter rebelde, que busca construír unha identidade e un camiño de seu, ou os conflitos coa autoritaria figura paterna. Palestina, a patria do pai, convértese nun espazo que funciona como un lar perdido, que Nidali, malia non coñecelo de primeira man, albisca a partir dos mapas, das anécdotas e historias que escoita e que incorpora á súa identidade, configurada por todas as experiencias vitais que lle toca sufrir. A narración estrutúrase en dúas partes —a primeira dá conta dos diferentes traslados polos países árabes e a segunda céntrase na vida en América— e nela percíbese a evolución do ton da narradora, dende a inxenuidade que caracteriza os seus primeiros anos até a madureza da súa etapa adolescente. Para a ilustración da cuberta do volume recorreuse a unha das escenas de especial relevancia que aparecen na trama.

**Lacombe**, Patrice, *A terra paterna* (*La terre paternelle*, 1846), trad. Marie Abraira, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2015, 65 pp. (ISBN: 978-84-944422-0-9).

O notario Patrice Lacombe (Lac-des-Deux-Montagnes, Oka, O Quebec, 1807-Montreal, 1863) acadou sona por fomentar a literatura no seu país e non caeu no esquecemento grazas á escrita de *A terra paterna*, novela que inaugurou a literatura rexionalista no Canadá nos tempos da Révolte des Patriotes, centrada na vida do rural canadense que dominou a literatura en lingua francesa no Bas-Canada de 1846 a 1945, data a partir da cal foi substituída polas novelas urbanas. A primeira edición da obra apareceu no *Album littéraire et musical* da *Revue canadienne* en febreiro de 1846 e, en 1848, no *Répertoire national* de James Huston, unha antoloxía da literatura canadense da época. Posteriormente coñeceu máis de once edicións. Nela relátase a historia dunha familia campesiña, os Chauvin, que cae en desgraza tras a partida do seu fillo menor ao Pays-

d'en-Haut. Para evitar que o máis vello faga o mesmo, o pai dóalle a súa terra, o cal ocasionará unha sucesión de desgrazas. A lectura deste relato ofrece un panorama da vida e os costumes do século XIX na América do norte francófona. A narración contén os valores que adoitaban incluír as novelas rexionais canadenses ( a defensa da terra propia e da agricultura, a familia, a lingua e a relixión) e caracterízase pola idealización e a énfase nas tradicións, aspectos que trata de reflectir a ilustración da cuberta.

**Lee**, Vernon, *Un amante fantasma. Unha historia fantástica* (*A Phantom Lover. A Fantastic Story*, 1886), trad. Antía Veres Gesto, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, nº 30, xullo 20015, 93 pp. (ISBN: 978-84-943230-6-5).

O narrador deste relato de misterio de Vernon Lee, nome literario de Violet Page (Boulogne-sur-Mer, 1856-San Gervasio Bresciano, 1935), é un pintor sen nome que, en primeira persoa, vai recuperando o que lle aconteceu en Okehurst, na casa da familia Oke, sita no condado de Kent, unha vez que aceptou a proposta do señor William Oke de pintar senllos retratos del e da súa dona Alice. Nese espazo, o pintor vive de preto as desavinzas entre a parella, así como o estraño feito do parecido entre a señora Oke e unha súa parente do século XVII cuxo retrato pendura nunha parede da mansión, e a súa suposta relación coa pantasma do poeta Christopher Lovelock, que esperta os celos do seu home. A enigmática personalidade desta muller, así como o ambiente gótico e vitoriano que se recrea, outórganlle a este relato unha atmosfera sobrenatural que deriva nun inesperado desenlace. A ilustración da cuberta remite ao mundo da pintura.

**Mann**, Thomas, *A morte en Venecia* (*Der Tod in Venedig*, 1913), trad. Laureano Xoaquín Araujo Cardalda, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Clásica, 2015, 146 pp. (ISBN: 978-84-92866-70-0).

Novela de Thomas Mann (Lübeck, 1875), autor de longa traxectoria no ámbito narrativo e gañador do Nobel de Literatura, con pouca acción e que se centra nos pensamentos do personaxe principal, Gustav von Aschenbach. A novela sitúase pouco antes do comezo da Primeira Guerra Mundial momento no que Aschenbach é un escritor burgués que vive reprimido e dedicado á arte por completo. O protagonista viaxa a Venecia, onde coñece un rapaz que veranea coa súa nai, Tadzio, do que namora perdidamente debido á súa impresionante beleza. Este rapaz representa o caos da arte na súa orde da vida, de modo que a paixón, o amor e o desexo que o escritor sente cara ao mozo remata por conducilo á loucura. A historia camiña a través da mente de Gustav von Aschenbach, sendo así testemuñas das súas inquedanzas psicolóxicas a raíz da obsesión que posúe con Tadzio. Desta forma, o escritor réxese por unha dicotomía apolínea, pola arte propiamente, mentres que o rapaz representaría unha tendencia dionisíaca, o desexo, o amor que o conduce ao caos máis absoluto. O escritor nunca chega a entablar unha conversa con Tadzio e o lectorado asiste aos seus delirios mentais. Pola súa parte, a familia de Tadzio prepara a súa partida da cidade por mor da presenza da peste. Finalmente, o escritor desmáiase ao contemplar o rapaz na praia, vaticinando o contaxio da enfermidade. Ao final da novela, Aschenbach falece, pois non quixo abandonar Venecia para non perder o mozo Tadzio.

**Recensións:**

- Estro Montaña, “Arredor do sexo prohibido”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 563, “Libros”, 3 decembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 518, “Letras galegas”, 12 decembro 2015, p. 10.

Comenta que este libro se deu a coñecer grazas á película de Luchino Visconti. A pesar das diferenzas ideolóxicas entre os dous artistas, dise que ambas as obras presentan a idea de que detrás da razón existe un mundo irracional ligado ao sexo prohibido. Exponse que a novela se centra na vida dun vello escritor que viaxa a Venecia e que se debate entre o seu traballo e os seus sentimentos por un adolescente polaco, aínda que remata por morrer vítima dunha epidemia de cólera. Por último, destaca a proximidade de Mann ao filósofo Nietzch.

**Mansfield**, Katherine, *Nunha pensión alemá* (*In a German Pension*, Stephen Swift & Co, 1911), trad. Celia Recarey Rendo e Carlos Valdés, A Coruña: Irmás Cartoné, abril 2015, 144 pp. (ISBN: 978-84-942570-4-9).

Volume que recompila un conxunto de trece relatos de Katherine Mansfield (Nova Zelandia, 1888-Francia, 1923). Sete deles céntranse na vida dos hóspedes da pensión alemá Müller, que é retratada a partir da mirada crítica dunha muller inglesa, quen en primeira persoa relata as experiencias xunto ao resto de habitantes da pensión. Nas diferentes narracións preséntanse escenas costumistas e conversas cotiás das comidas, dos paseos ou das excursións realizadas, nas que a protagonista se sente desprazada ou xulgada por ser estranxeira. O tema central destes relatos é o contraste cultural entre os alemáns e os ingleses. Os seis restantes relatos, de carácter máis heteroxéneo, teñen como principais protagonistas ás mulleres da sociedade alemá de comezos do século XX. A través dun narrador en terceira persoa, reflíctense historias de amas de casa, nais, serventas ou cociñeiras que levan unha vida de infelicidade e frustración ou ben polo sometemento á imposición masculina ou ben pola soidade, a falta de amor etc. En todos os relatos domina a ironía, un humor acedo e certo sarcasmo, para amosar unha sociedade conservadora, cun gran peso das normas sociais, onde se observa a discriminación de clase e a relegación da muller á vida doméstica.

**Maupassant**, Guy de, *O doutor Héraclius Gloss* (*Le Docteur Héraclius Gloss*, 1921), trad. Marie Abraira, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. Vólvense os paxaros contra as escopetas, 2015, 98 pp. (ISBN: 978-84-944422-3-0).

Guy de Maupassant (Tourville-sur-Arques, Normandía, 1850-París, 1893) é o autor desta novela curta que se publicou postumamente por entregas, entre novembro e decembro de 1921, nas páxinas de *La Revue de Paris*. A trama dá conta, de maneira lineal, da vida e costumes do estrafalario doutor Héraclius Gloss, quen, tras descubrir o abraiante mundo da metempsicose, é vítima dunha poderosa obsesión que o arrastra cara ao extremismo e mesmo até a loucura, aspecto ao que remite o volume dende a ilustración da cuberta. O achado dun manuscrito nunha libraría de vello na súa cidade,

Balançon, desencadea unha sucesión de feitos que levarán o doutor Gloss a cambiar as súas rutinas, a encher a súa casa de animais, a manter unha estrita dieta vexetariana e a se enfrontar con outro sabio que pretende arrebatarlle a gloria da súa descuberta. O ton do relato alterna o humorismo coa sátira e a mordacidade.

**Mirbeau**, Octave, *No ceo* (*Dans le ciel*, 1892-1893), trad. Xavier Senín, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, nº 32, outubro 2015, 163 pp. (ISBN: 978-84-943230-9-6).

Esta novela de Octave Mirbeau (Trévières, Normandía, 1848-París, 1917) publicouse primeiramente en vinte e sete entregas en *L'Écho de Paris* entre o 20 de setembro de 1892 e o 2 de maio de1893, e non apareceu en formato independente até 1989. Trátase dunha novela en abismo na que os relatos encaixan uns noutros, artellada en 28 capítulos que abordan tres momentos narrativos. Arrinca coa visita dun primeiro narrador anónimo, despois de quince anos, a un antigo amigo, Georges, que vive retirado no cumio dunha montaña e que o recibe nun estado de loucura e degradación, invadido por ideas sinistras e doente polo poder que o ceo exerce sobre el. Cando marcha da montaña, Georges entrégalle ao amigo un manuscrito no que relata a súa dura infancia a carón dun pai autoritario e como decorre a súa mocidade até que se encontra con Lucien, un pintor que lle propón que o acompañe a París. Xorde así unha tortuosa amizade entre ambos na que pouco a pouco Lucien se vai obsesionando cada vez máis coas súas pinturas até o punto de que acaba culpando a súa man de traizoalo e suicidándose, mentres Georges escoita o que acontece detrás dunha porta sen poder impedilo. A través do caso emblemático de Lucien —un pintor que se identifica con Van Gogh, cuxa presenza e importancia se suxire na cuberta do volume—, Mirbeau trata tamén a traxedia do artista esixente que corre eternamente tras un ideal que lle escapa, o cal deriva no sufrimento, a frustración, a loucura e a morte. A estrutura que escolleu o autor, sen orde lóxica ningunha, permite a coexistencia de varias temporalidades e subxectividades, ao tempo que introduce a reflexión. O relato está impregnado dun fondo pesimismo, que se plasma na concepción do ser humano como un camiño sen senso nin finalidade, e da sociedade burguesa como a encargada de castralo e destruír as súas potencialidades

**Mörling**, Staffan, *Namoreime en Ons* (*Långt borta ute I havet*), trad. Ramiro Combo, Pontevedra: Edicións do Cumio, 2015, 216 pp. (ISBN 978-84-8289-508-6).

Staffan Mörling (Karlstad, Värmland,Suecia, 1936), antropólogo e especialista na dorna e na súa cultura, presenta unha novela de amor e de memorias. Arrinca a obra cun capítulo prologal titulado "NAMOREIME EN ONS ", no que o narrador escribe un breve resumo do contido da novela, en verso: "El era un mozo sueco/ universitario/ comprometido cun proxecto/ de investigación en Galicia./ Ela viña da natureza,/ pintada polos raios do sol e a brisa do mar./ Namoráronse contra toda razón./ Rodeados da bravura atlántica,/ tiveron que loitar contra a incomprensión,/ a ignorancia maliciosa e, ás veces,/ a propia desesperación./ Atopando nela o amor que sempre esperou,/ el rexeitou a idea de volver ao seu país". A seguir, reprodúcese o relato que se sitúa na década dos anos sesenata e que narra a chegada dun rapaz sueco á illa de Ons, un mozo

investigador que busca estudar as embarcacións marítimas tradicionais galegas. Alén diso, coñecerá a Xoana, unha rapaza da illa coa cal vivirá unha romántica historia de amor. O relato vai narrando, en primeira persoa, eses primeiros momentos de amor, de loita e persistencia dun mozo sueco que tenta adaptarse a unha nova sociedade e que se esforza para conquistar a quen sería a súa futura muller, Xoana. A narrativa ofrece, ademais, descricións da cultura popular da illa naquel momento, inserindo lendas e crenzas, deixando entrever un mundo supersticioso e máxico, e tamén realizando unha descrición de lugares e embarcacións como dornas, galeóns ou lanchas. A división interna do libro correspóndese con trinta capítulos organizados cronoloxicamente, numerados e con subtítulos que a miúdo adiantan información do contido.

**Referencias varias:**

- Nacho Cortés Riveiro, "Staffan Mörling presenta o venres a súa obra 'Namoreime en Ons", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 23 setembro 2015, p. 19.

Coméntase a recente publicación desta novela do sueco Staffan Mörling afincado en Galicia. Dise que a obra conta a historia de amor nada en Ons que viviu o propio escritor coa que agora é a súa muller.

**Mlakic**, Josip, *Cando levanten as brétemas* (*Kad magle stanu*, 2000), trad. Jairo Dorado Cadilla, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XXI, nº 33, 2015, 187 pp. (ISBN: 978-84-944422-2-3).

O escritor e guionista croata Josip Mlakic (Bugojno, Bosnia e Hercegovina, 1964) é o autor desta novela, unha das que acadou maior transcendencia na literatura croata contemporánea. A través da voz do protagonista, Jakov Serdar, a quen lle recomendan que escriba como parte dun tratamento terapéutico, abórdanse unha serie de vinte e catro "imaxes", estruturadas en catro partes, que constitúen unha crónica dos horrores da guerra acontecida en Bosnia e, ao tempo, unha confesión descarnada das súas vivencias ao longo do conflito canda os seus compañeiros soldados. A novela vai encabezada cunha cita tomada de *O mestre e Margarita*, a obra capital do escritor ruso Mikhail Bulgakov (Kiev, 1910-Moscova, 1940), que Serdar non deixa de ler durante a guerra. A cuberta vai ilustrada con tres elementos que pertencen ao relatado: un coche, unha granada e un paxaro.

**Mussa**, Alberto, *O enigma de Qaf* (*O enigma de Qaf*, Editora Record, 2004), trad. María Alonso Seisdedos, Vigo: Novovinilo Edicións, 276 pp. (ISBN: 978-84-608-4509-6).

Novela de Alberto Mussa (Río de Xaneiro, 1961), que se abre cun "Prólogo" de Walnice Nogueira Galvão, quen afirma que se trata dun libro de "elegantes misterios" e un apartado denominado "Advertencia", no que o autor explica que a historia está dividida en vinte e oito capítulos, nomeados consonte as vinte e oito letras do alfabeto árabe; tamén engade que hai entre eles capítulos intermedios chamados parámetros e

excursos. A seguir, ponse de manifesto que na cultura árabe, a Idade da Ignorancia designa o tempo anterior á chegada do Islam, época da que se conservan sete poemas, que a tradición venera como testemuña dun tempo previo ao da sabiduría. Porén, o narrador da novela sostén que hai un oitavo, que a el lle chegou a través do seu avó, quen emigrou de novo ao Brasil. Deste xeito, comeza unha aventura intensa, con doses notábeis de maxia, feitizos e cidades eternas, na que o heroe deberá resolver o enigma de Qaf para acadar o seu soño: contemplar o rostro de Layla. O volume péchase cun apartado denominado "Postescrito", no que Mussa describe o proceso correspondente á creación deste volume.

**Referencias varias:**

- Mar Mato, "Nace Novovinilo, una editorial que plasma en gallego joyas literarias del siglo XXI", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 14 decembro 2015, p. 17.

Coméntase que a intención inicial da editorial é traducir obras do século XXI que até agora era inéditas en galego. Tamén se explica que Alberto Mussa se interesou polo proxecto e decidiu incoporar á súa web o anuncio da próxima edición en galego. Por último, coméntase que Novovinilo editará outras obras próximamente como *Sombras de seis barbudos*, de José J. Veiga, ou un libro que narrará a historia do músico Robert Johnson.

**Sartre**, Jean-Paul, *A infancia dun xefe* (*L'enfance d'un chef*, 1939), trad. Ánxela Gracián, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 26, xaneiro 2015, 100 pp. (ISBN: 978-84-943230-1-0).

Novela que aparecera por vez primeira na compilación de cinco relatos de Jean-Paul Sartre (París, 1905-1980) intitulada *Le Mur* (1939) e que acadou un notábel éxito (en 1940 recibiu en Francia o Premio Populista). Esta obra, da que existe unha tradución previa ao galego, de 1989, intitulada *O paredón*, feita por Xosé María Proupín para Edicións Xerais de Galicia, na colección "Grandes do noso tempo", ambiéntase no contexto convulso e ameazador que precedeu ao auxe do fascismo no período entre as dúas grandes guerras do século XX e retrata a vida dun mozo nado nunha familia burguesa e cun destino marcado. Trátase dunha novela de formación, de corte psicolóxico, na que Sartre senta as bases no pensamento existencialista que desenvolverá en obras posteriores, xa ensaio xa ficción. Nela abórdase a vida de Lucien Fleurier dende a súa infancia até a mocidade, marcada polo destino a suceder o seu pai á fronte da fábrica que este posúe. O discurso, con predominio das frases breves e presentado cunha insólita disposición que trata de reproducir o fluír de conciencia do personaxe, vai dando conta das diferentes etapas da súa existencia: a máis tenra nenez, coa visión do mundo dun naipelo a respecto dos pais, dos amigos destes, da familia próxima que o arrodea, da escola; a adolescencia, a curiosidade polo sexo, as disquisicións filosóficas sobre o ser e o nada, e a mocidade, cando a busca de amigos cos que se identificar plenamente se converte no seu obxectivo para fuxir do desacougo. Así acontece ao primeiro con Berliac, un seu compañeiro de clase con maneiras, costumes e aparencia extravagantes, e pouco despois co surrealista Bergère, co que

mesmo mantén unha relación homosexual. Posteriormente, tras un proceso de reflexión, Lucien trata de cumprir cos estereotipos da vida burguesa: coquetea cunha criada de dezasete anos que traballa na súa casa, valorando a posibilidade de convertela na súa amante e despois rexeita facelo para non comprometer a súa posición; tamén sae co seu amigo Guigard, que lle busca unha amante, Maud, e o instrúe nun dos principios básicos –utilizar un nome falso– para lograr deitarse con ese tipo de mulleres que non son da súa clase e que só constitúen un divertimento. Durante a súa etapa de estudante, acorda entrar en política e manifféstase como un violento antisemita. A obra dá conta da busca dun camiño de seu para este mozo burgués cheo de dúbidas a respecto da súa identidade e da súa posición no mundo, quen, tras probar diferentes vías características do seu tempo (a psicanálise, o diletantismo, a vida bohemia, a violencia estudantil das mocidades do partido monárquico francés ou os comezos do antisemitismo) acaba entregándose de cheo á burguesía e asumindo o seu destino de se converter nun xefe, tal como estabeleceran os costumes e o seu dereito de nacenza.

**Schreiner**, Olive, *Historia dunha granxa africana* (*The Story of an African Farm*, 1883), trad. Begoña R. Outeiro, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, n.º 25, xaneiro 2015, 364 pp. (ISBN: 978-84-943230-2-7).

Narración da surafricana Olive Schreiner (O Cabo Oriental, 1855-1920), de referencia na literatura de África do Sur. Foi publicada orixinalmente en lingua inglesa pola editorial, con sede en Londres, Chapman & Hall e coñeceu varias reimpresións. Nela cóntase a historia duns nenos, Lynda, Waldo e Em, nunha granxa situada nunha zona árida de África do Sur. Ademais destes personaxes aparecen tamén outros como Bonaparte, un pícaro sen escrúpulos que tira partido da inxenuidade dos rapaces e, sobre todo, da necidade da súa tía. A narración, dividida en dúas partes e con cadanseus capítulos, sucédese con numerosas citacións bíblicas e extensos parlamentos dos diversos personaxes. Na segunda parte, aqueles tres nenos xa son adultos e tanto as rapazas coma o rapaz tomaron o seu propio camiño; non obstante, as vidas de todos parecen marcadas polo peso das convencións e a falta de expectativas. Esta edición inclúe o prefacio á segunda edición en lingua inglesa, un glosario con termos coloniais ao cabo da obra e tamén media ducia de notas a pé de páxina que complementan a lectura con información histórica.

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, “Schreiner: fundadora da tradición literaria sudafricana”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 16 xaneiro 2015, p. 11.

Indícase que nesta obra, Schreiner, que se ocultou baixo o pseudónimo masculino de Ralp Iron na primeira edición de 1883, ofrece un espello da sociedade vitoriana colonial. Coméntase que algunhas das imaxes alegóricas poden resultar obsoletas na actualidade e que a autora pretendía mostrar a desigualdade da muller na época.

**Storm**, Theodor, *O xinete do cabalo branco* (*Der Schimmelreiter*, 1888), trad. Rosa Marta Gómez Pato, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, nº 28, abril 2015, 131 pp. (ISBN: 978-84-943230-3-4).

O alemán Hans Theodor Storm (Husum, 1817-Hademarschen, 1888) publicou esta novela curta nas páxinas da revista *Deutsche Rundschau*. Ambientada na Frisia setentrional, o autor recrea unha lenda popular da rexión, centrada na existencia dunha figura espectral que cabalga sobre as marismas, a paisaxe dominante nesa terra, ao lombo do seu cabalo branco durante as noites de temporal. A historia é recreada pola voz do vello mestre da vila, marco do relato, que dá entrada aos diferentes episodios vividos por Hauke Haien mediado o século XVIII no seu empeño por construír un dique e gañar terreo ao mar sorteando a incomprensión dos seus veciños. O relato remóntase á súa infancia, describíndoo como un neno solitario e estudoso que grazas ao seu traballo logra ascender socialmente até entrar ao servizo do *Deichgraf*, o encargado oficial da administración dos diques, un posto tradicionalmente ocupado polos terratenentes. Cando este morre, casa coa súa filla Elke e consegue ser elixido administrador, pois ela cédelle as terras do pai. A malquerenza dos veciños, polo rigor no desempeño do seu traballo, fai nacer sobre a súa montura diferentes supersticións que o identifican cun cabalo infernal. Con todo, Hanke continúa co seu labor e consegue facer realidade o dique, malia que as forzas da natureza se impoñan e lle outorguen á historia un tráxico desenlace. En consonancia co título, a cuberta presenta o xinete de a cabalo.

**Recensións:**

- Estro Montaña, "Pequena peza mestra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 558, "Libros", 29 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 513, "Letras galegas", 7 novembro 2015, p. 10.

Indica o fío argumental, centrándose na familia propietaria dos diques da vila e salientando o personaxe de Hauke. Comenta que a obra se enmarca nunha paisaxe mariña, nun mar que máis ten que ver coa bravura que coa calma e reivindica a importancia das lendas mitolóxicas. Destaca a labor de escritura do autor e resalta a loita interior do protagonista: por un lado a súa actitude racionalista como modo de enfrontarse ao mundo que o rodea; por outro, a súa imaxinación que pretende responder aos feitos que non teñen resposta, ás visións que sofre e ás lendas que circulan pola vila.

**Wolf**, Virginia, *Orlando. Unha biografía* (*Orlando. A Biography*, Hogarth Press, 1928), trad. Celia Recarey Rendo, A Coruña: Irmás Cartoné, 246 pp. (ISBN: 978-84-942570-01).

Novela de Virginia Wolf (Londres, 1882, Lewes-Sussex, 1941) centrada en Orlando, un escritor novo ao servizo da raíña Isabel I que ambienta as súas obras en reinos imaxinarios ao mesmo tempo que escolle algunhas alegorías como personaxes. Durante o inverno dos anos 1683-1684 o protagonista coñece a unha princesa rusa da que se namora, pero unha vez que as condicións climáticas melloran, a moza regresa ao seu país despois da súa breve historia de amor. O profundo pesar de Orlando súmeo nun

soño de sete días. Cando esperta, o protagonista encóntrase moi decidido a escribir, pero as decepcións que sofre a causa do amor e das creacións literarias condúceno a embarcarse cara a Turquía para servir como embaixador ao rei Carlos II de Inglaterra. Non obstante, durante o seu servizo, queda durmido de novo durante sete días e, ao espertar, convértese nunha muller debido á acción de varios espíritos. Orlando decide dirixirse a Estambul en burro coa axuda dun xitano. Alí, vese obrigado a rexeitar o casamento cun home e regresa a Inglaterra debido á morriña pola terra natal. Cando regresa á súa cidade de orixe decátase de que a sociedade xa o declarara como falecido, polo que a súa adaptación non é doada. A este inconveniente súmase o do cambio de sexo, xa que no momento no que está ambientada a obra as mulleres solteiras non podían ter posesións. No século XVIII Orlando coñece a grandes intelectuais e escritores da Ilustración como A. Pope. Despois da revolución industrial e do período vitoriano, os dereitos da muller minguan, pero neste momento coñece a Esquire, con quen mantén unha relación. O último capítulo da obra está ambientado no s. XX, época na que Orlando alcanza unha gran fama grazas á obra *The Oak tree* que supón a culminación a trescentos anos de traballo literario.

**Wolf**, Virginia, *Ruar. Unha aventura londinense* (*Street Haunting: A London Adventure*, Yale Review, 1927), trad. Celia Recarey Rendo, A Coruña: Irmás Cartoné, agosto 2015, 32 pp. (ISBN: 978-84-942570-5-6).

Tradución ao galego do libro escrito orixinalmente en inglés da autora Virginia Woolf (Londres, 1882) na que unha voz narrativa en primeira persoa, aínda que ás veces combinada coa primeira persoa de plural con valor inclusivo, achega unha visión subxectiva da cidade de Londres. Coa escusa de mercar un lapis nunha papelaría, nunha posición de testemuña observadora, percorre as súas rúas nun serán de inverno. Dende Bloomsbury até o Strand, detén a súa vista nunha zapatería, nunha floristería ou nunha libraría de segunda man, mentres penetra nas vidas das xentes que se atopa no seu paseo. Ananas, cegos, vellas e pobres ás portas de teatros e comercios entre Holborn e o Soho chaman a atención da voz narrativa, quen aproveita para facer algunhas reflexións existenciais. Así mesmo, tamén protagonizan o relato mulleres elegantes na mansión de Mayfair ou traballadores que tras a longa xornada laboral cruzan a ponte de Waterloo para coller o tren que os devolva ao fogar. A autora captura pequenos anacos da vida dos londinienses nunha linguaxe coidada e moi poética para ofrecer un retrato realista da cidade e dos seus habitantes. O libro está acompañado de numerosas ilustracións en branco e negro. Ao final inclúese tamén un mapa orientativo para que o lector poida seguir o percorrido da protagonista polas diferentes áreas da cidade.

# I.4. ANTOLOXÍAS

**VV.AA.**, *Plug&Play. Antoloxía galega de ciencia ficción erótica*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Contos estraños, 2015, 167 pp. (ISBN: 978-84-942971-7-5).

Escolma de relatos breves que teñen como temática común a ciencia ficción erótica. Os autores seleccionados e os relatos son os seguintes, segundo orde de aparición na antoloxía: Mariña Pérez Rei, con "Ío Cuarta"; Manuel Lourenzo González, con "Protogaia, o Paraíso"; Xesús Constenla, con "Preta Pretinha"; Roque Rei/ Xerardo Méndez, con "Reprodución Asistida. A Pena Negra"; Ramón Caride Ogando, con "Hendra"; María Alonso Alonso, con "Aokigahara", e Moncho Mariño, con "Unha Praia Vermella Moi Lonxe". Antes de cada narración ofrécese un pequeno resumo onde se explica a traxectoria profesional do autor ou autora. Dependendo do relato, a temática erótica pode manter unha maior ou menor intensidade e/ou importancia no ciclo narrativo; do mesmo xeito, a construción da ambientación ten sempre como base a ciencia ficción, xogando un papel máis ou menos importante. No caso do relato "Reproducción asistida" é interesante sinalar que contén un microrrelato interno e independente do texto principal, titulado "A pena negra" (onde o protagonista narra unha aventura durante unha viaxe). Outro relato como, por exemplo, "Aokigahara", xoga ademais cunha ambientación xaponesa. Por último, é de interese sinalar como na contracuberta do libro se indica que se trata da "Primeira antoloxía galega de ciencia ficción erótica, seguindo o ronsel que no seu momento comezaron Samuel R. Delany, Philip José Farmer, Robert Silverberg ou Thomas N. Scortia entre moitos outros."

**Referencias varias:**

**-** Belén López, "Sexo de ciencia ficción", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 25 agosto 2015, p. 11.

Coméntase brevemente esta publicación. Dise que é a primeira antoloxía galega de ciencia ficción erótica que publica a editorial Urco Editora e destácase a idea de que unha obra deste tipo axudará á normalización da literatura galega.

- R. N., "Erotismo e ficción científica", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 4 setembro 2015, p. 13.

Relata o inicio desta antoloxía, cita os autores seleccionados, a variedade temática e a desigual calidade dos textos no que atinxe ao aspecto erótico.

# *II. POESÍA*

## II. 1. POETAS GALEGOS

**Abalde**, Marcos, *Oenach*, XIV Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño 2014, Culleredo: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 261, maio 2015, 39 pp. (ISBN: 978-84-92646-92-0).

Primeiro poemario de Marcos Abalde (Vigo, 1982) que se abre cunha composición presentadora de Antígona e Polinices, que serve tamén para encetar a tensión dialóxica que ambos os personaxes manteñen ao longo do poemario. No nivel da arquitectura textual, estrutúrase en tres partes: "Pasto dos corvos", "Paz e gangrena" e "Matadoiro tebano", que permiten acompañar os diferentes momentos da trama clásica, aínda que hai abondos elementos que ancoran os poemas na historia e xeografía galegas. Dende o punto de vista temático e repertorial, Antígona preséntase como símbolo de disidencia, reformúlase culturalmente como mito hexemónico e convive con outras recorrencias míticas e historiográficas: dende o referente irlandés do título, até outras marcas bretoas, ou referencias ao mundo castrexo. A dicción é directa, introducida por veces con guións de diálogo, entrecortada outras polo ritmo que a puntuación impón. É salientábel a recorrencia á anáfora e aos paralelismos, así como a procura dun léxico afín, e de metáforas non gastas.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "O Oenach de Abalde", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 900, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 900, p. 30, "máis Libros", 27 setembro 2015.

Recensiónase o libro gañador do XIV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Tras comentar as evocacións asamblearias e populares do título, valórase principalmente a cerna épica do libro, que se liga ás orixes dramáticas do autor. Precísase que Antígona, Polinices e Creonte abren un volume en certo modo narrativo e manifestario, reivindicativo, e darán paso a Amador e Daniel, Reboiras ou Alexandre Bóveda, ou a escenarios como Ceuta, Lampedusa, Tijuana, Guernica, Derry, San Simón ou Mauthausen, marcados pola infamia.

**Abeal**, Xosé, *A fría escuridade do perdido*, ilust. Juan Vidales Pousa, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 9, 2015, 112 pp. (ISBN: 978-84-61738137).

Poemario de Xosé Abeal (Irixoa, A Coruña, 1954) que se abre cunha dedicatoria e unha cita da Farsalia de Lucano, e estrutúrase en cinco partes. "Arredores e cómaros" recolle dez poemas ligados á contemplación calma da natureza, en consonancia coa cita de Lucrecio que os precede tomada de *De rerum natura*. A cerna do volume compóñena as seccións "Primeira leira", "Segunda leira" e "Terceira leira", con ao redor dunha vintena de poemas cada unha. De novo é a imaxinería natural (e até a toponimia e microtoponimia propia) a empregada para dar conta da terra e os espazos vividos, pero

tamén do tempo, da vida, dos antigos ritos e traballos, ou do amor. Formalmente, predomina o hendecasílabo, disposto en tercetos e cuartetos. Unha sección menor, "Cadullos", pecha o poemario, combinando a inminencia da morte cunha sorte de seguridade da permanencia.

**Referencias varias:**

- Vicente Araguas, "A herba medrando", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 872, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 872, p. 30, "máis libros", 15 marzo 2015.

Comenta que o autor deste poemario corre o risco de pasar desapercibido pola discreción dos seus versos e loa o feito de que escriba cando e do que lle "peta". Explica que o libro é un percorrido discreto e silandeiro e que a súa lectura é "como mergullarse nun río de canle intensa". Afirma que a poética do autor, inspirada na natureza, non precisa de adobíos e loa a lingua empregada. Finalmente, asegura que Xosé Abeal ten o don do poeta verdadeiro.

**Abeledo Maristany**, Carlos, *Lindos abrollos. Poesías e poemas*, intro. do autor, Ferrol: Edicións Embora, n.º MMXV, 2015, 59 pp. (ISBN: 978-84-16456000).

Esta recompilación de poemas de Carlos Abeledo Maristany ábrese con dous paratextos breves: unha serie de dedicatorias mínimas e o texto "A modo de proemio". Neste texto, a voz autorial comenta a súa demora na publicación dun primeiro libro, as decisións que marcaron a forma final deste (a procura dun libro homoxéneo, referido aos afectos, lonxe da poesía civil que marcou as súas orixes e noutro momento publicará) e a xustificación do título, inserido na redondilla "Quem ora soubesse" de Luis de Camões que reproduce a continuación. Os poemas seguintes, "Introito" e "Lindos abrollos" redundan nese sentido de apertura do poemario, e debullan o sentido desa metáfora principal. A partir de aquí, o volume divídese nas seguintes epígrafes, que dan boa conta da temática preferente das composicións nela situadas: "Paisaxes", "Tempo", "Ti", "Ausencias", "Noites" e "Morte". Trátase de poemas breves, que non adoitan aterse a esquemas de metro ou rima. A sensorialidade e a claridade retórica, especialmente visíbel na escolla das metáforas e comparacións son unha das constantes desta poética, constantemente debruzada na melancolía. Como o mesmo autor anunciaba na introdución, as citas que aparecen ao longo do poemario, encabezando as diferentes epígrafes, pertencen a autores portugueses na súa maioría: Manuel Alegre, Eugenio de Andrade ou Fernando Pessoa, cunha incursión mínima na literatura anglófona da man de E. E. Cummings.

**Referencias varias:**

- Nicolás Vidal, "Carlos Abeledo. 'Miramos moito a Castela pero non tanto aos nosos irmáns portugueses", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 12 abril 2015, p. 11.

Dá noticia da presentación deste poemario, que representa o primeiro libro do autor, na Galería Sargadelos. Sinala como elementos vertebradores a muller e o vencello coa poesía portuguesa.

**Alem**, Tamila, *Darling bolboreta*, Ourense: Uma petit cascuda independente, 2015, 118 pp. (DL: OU 262-2015).

Tal como os paratextos anuncian (contracuberta e lapelas interiores, principalmente), o primeiro poemario de Tamila Alem (Ourense, 1994), en autoedición e con maquetación de Wladimir Vaz, achega unha mirada dende o confesional e o feminino en construción até o social. As únicas citas do volume resultan ser as de apertura, e se ben non aparecen filiadas, son traducións ao galego de fragmentos de Elvira Sastre e Love of Lesbian. A partir de aquí, compílanse sesenta e seis textos poéticos nos que salienta a presenza dun eu poético sen enfeites, que verque a súa interioridade e subxectividade en pugna con diferentes realidades ou circunstancias, e chega por veces a apostrofar: a sociedade patriarcal, a pegada das drogas, a familia ou certas frustracións vitais. Formalmente, óptase por unha fluidez oral, afastada de todo constrinximento métrico (aínda que non sempre da rima), aspecto que deriva en versos moi desiguais e poemas de extensión diversa. A anáfora e a enumeración, así como a metáfora e certa recorrencia a frases feitas son constantes ao longo do poemario, cuxa corrección léxica merecería maior atención. Aínda que non se detecta unha arquitectura clara ao longo do volume, cóidase a súa circularidade, cunha primeira composición presentadora ("Este é o meu blues") e unha derradeira bastante explicativa e conclusiva ("Morrer como unha eterna bolboreta"). Na última páxina e lapela interior, referénciase tamén o espazo web de creación e o contacto da autora.

**Referencias varias:**

- M. Vázquez, "Canalizar sentimentos", *La Región*, "*Vida*", "Vida", 27 decembro 2015, pp. 2-3.

Entrevista á autora con motivo da publicación do seu primeiro poemario autoeditado. Coméntase a súa actividade poética (en colectivos como Esbardalle e ciclos como Bildung), e as claves da obra: a forza dos sentimento e das emocións, a preponderancia do intimista e do social; a experiencia co público nas primeiras presentacións; e as vicisitudes do xénero e da inspiración.

**Alonso**, Rodolfo, *Cheiro de choiva*, pról. Xosé Luís Méndez Ferrín, Cangas do Morrazo: Edicións Barbantesa, xuño 2015, 78 pp. (ISBN: 978-84-940302-7-7).

Esta recompilación poética de Rodolfo Alonso (Bos Aires, 1934) ábrese cun limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín, "Regreso de Rodolfo Alonso", no que se dá conta da peculiar adscrición do autor, da súa modulación do galego dende un acento afastado, da anterior publicación dunha serie de poemas n'*A Trabe de Ouro* (2006), do seu labor tradutolóxico ou da súa poética cortante e estrita, que non renuncia á prosa. Xa na cerna do volume, e como o índice final desvela, a orde dos poemas responde ao criterio cronolóxico. Así é como se combinan diferentes composicións, optando polo verso

libre, polo poema en prosa ou incluso polas cantigas con refrán; e tamén por diversas temáticas, dende as da memoria ("Galiza, nai, crioulo"), o social ("Hespaña espera), a familia ou o amor ("Da, genitor" ou "Bos ventos"), entre outras. O volume péchase cun texto en prosa do 2002, entre a opinión e o ensaio, intitulado "Trobadores: linguaxe e nación (2002)", onde se revisa a historia lingüística persoal, pero tamén a sorte primeira do galego-portugués como lingua lírica peninsular, a recuperación na democracia e autonomía, e a extensión actual do portugués, coas implicacións culturais que tal feito merece.

**Recensións:**

- Román Raña, "De soños e mulleres", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 562, "Libros", 26 novembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 517, "Letras galegas", 5 decembro 2015, p. 10.

Coméntase este volume presentándoo vagarosamente ao público, tal como acontece no emotivo texto de Xosé Luís Méndez Ferrín que lle serve de prólogo. Este escritor galegoarxentino de infancia bilingüe, que se estreou como poeta nos 50 e traduciu ao castelán múltiplos libros da literatura francesa, alemana e lusa, reúne no poemario a súa produción en galego. Incídese que resultan tematicamente centrais a melancolía a través do amor, do drama da emigración ou do fulgor da paisaxe, e formalmente importantes os xogos de palabras, a querenza polo aforismo ou a inspiración rosaliana.

**Antón Mandaio**, Susana, *Adiado*, Pontevedra: Editorial El Taller del Poeta, 2015, pp. 68. (ISBN: 978-84-943624-0-8).

O poemario de Susana Antón Mandayo (Romai, Pontevedra, 1960) non conta con paratexto introdutorio nin texto na contracapa, pero mentres a primeira lapela ofrece a biografía da autora, a segunda lapela ofrece unhas liñas co desexo de condensar a súa poética. As citas de Sophia de Mello Breyner Andersen e Lee O-Yong que serven de limiar resultan igualmente anunciadoras do que o volume contén: un camiño demorado e difícil polos camiños do tempo ido, canda a todo un manifesto metapoético nunha liña, que identifica a forza da poesía na súa autenticidade. A partir de aí, o poemario divídese en tres partes, "Unha mina profundísima", "Terra nas mans" e "Fala. conta. Describe", sempre viradas cara á reflexión evocadora e nostálxica, e cuxos temas principais resultan o paso do tempo e as súas pegadas na memoria, en forma de persoas, escenarios, fotografías e unha constante presenza do mundo natural. Existen tamén algúns poemas mantidos a xeito de xogo fónico (como "Kamikaza") e certo gusto polos paralelismos e pola repetición consecutiva, xa sexa encabezando os poemas, xa nos títulos ("Insomnio, insomnio").

**Arza Sánchez**, Urbano, *O paso no tempo*, pról. do autor, Santiago de Compostela: Nino-Centro de Impresión Digital, 2015, 66 pp. (ISBN: 978-84- 943494-5-4).

Tras a dedicatoria, o poemario autoeditado ábrese cun prólogo do propio autor, Urbano Arza (Folgoso do Courel, Lugo, 1930) de carácter biográfico e ton melancólico, que se aproveita tamén para explicar o achegamento á escrita como vehículo das memorias

sobre a nenez e a terra. No índice que segue diferéncianse catro grandes partes da obra: "Reflexións", "A vida", "Camiños do pastor" e "Terra". A poética de Urbano caracterízase polo verso breve e os poemas de factura igualmente breve –que non adoitan superar as tres ou catro estrofas–, un ton directo, áxil, que privilexia a claridade, ao que axuda unha escolla de recursos estilísticos principalmente virados cara á estrutura (anáforas, paralelismos, quiasmos...). Do mesmo xeito, os recursos semánticos son diáfanos, co emprego de comparacións, paradoxos e metáforas que por veces se desenvolven nos versos seguintes. Poema a poema, reflexiónase sobre a vida, o amor, o esquecemento, ou o paso do tempo, ancorando as memorias a diferentes escenas, obxectos (do "silabario" á "almofada de Lola") e lugares (como acontece, nomeadamente, na terceira parte, que recorre por veces á listaxe de topónimos e microtopónimos para relatar viaxes). Os paratextos poéticos son mínimos, limitándose á dedicatoria persoal dalgúns poemas.

**Cacheiro Varela**, Maximino, *Mar e Lume*, lim. do autor, Noia: Toxosoutos, col. Letra Inversa, n.º 26, 2015, 139 pp. (ISBN: 978-84-944314-3-2).

Poemario de Maximino Cacheiro Varela (A Coruña, 1943), que principia cun limiar no que se presenta a estrutura da obra e se explica o contido de cada parte, sendo oito en total: "Latexos do exilio (1994)" (pp. 7-21), "Tremor do amor (1997)" (pp. 23-37), "Fulgor do fetiche lezamiano (2001)" (pp. 39-57), "Relampos do existir (2005)" (pp. 59-91), "Cantos aos pintores galegos (2009)" (pp. 93-111), "A iluminación do mar (2005)" (pp. 113-121), "Onde se irisa a flor (2006)" (pp. 122-130) e "Música irisada (2012)" (pp. 131-139). Os temas e motivos poéticos máis destacados son a emigración cargada de existencialismo, o amor e o desamor, a pasividade das persoas fronte ás inxustizas, a morriña, o desexo, composicións que oscilan entre o tratamento mitolóxico, o filosófico e o metafísico, a referencia ao propio labor poético, a loucura, a natureza, o mar galego contraposto a mares estranxeiros e a presenza da música no acto creador da poesía. Cerra a obra unha breve nota biográfica sobre o autor, na que se destaca a súa traxectoria artística como escritor de poemas, de novelas, de antoloxías, de traducións e de ensaios.

**Campello García**, Luz, *Inventario do prohibido*, pról. Eva Veiga, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 259, abril 2015, 74 pp. (ISBN: 978-84-92646890).

O poemario de Luz Campello (Guitiriz, Lugo, 1966) ábrese cun prólogo de Eva Veiga, enunciado dende o feminino, que retoma a palabra de Sylvia Plath, Xela Arias, Xohana Torres e a propia Luz Campello, incidindo na necesidade dunha reapropiación que comece pola reivindicación da singularidade. Traspasado este limiar, o libro artéllase en cinco partes: "Inventario 1/ O código invertebrado", "Inventario 2/ Por iso che pido que me desaprendas", "Inventario 3/ Dos silencios que nos berran", "Inventario 4/ Desandar toda marca de contexto" e "Inventario da apostasía". A última parte recolle poemas de "Muller" (como "O teito de Nefertiti" ou "Voces sen voz"), en orixe unha serie premiada pola Irmandade de Centros Galegos de Euskadi no 2005, nunha versión actualizada. Fondo e forma converxen coa intención de denunciar o machismo imperante na sociedade e os seus efectos, cun ton apostrófico recorrente, que deriva nunha especie de chamada á igualdade. A muller "poliédrica" que toma a voz nos poemas correspóndese co poliédrico das composicións, que van do narrativo á reflexión

ensaística, sen renunciar outras veces ao verso breve e sincopado. Unha conduta fractal que parece espellar a dificultade mesma da presentación dun "eu feminino" até os nosos días.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "Alma de trapeira", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella"/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 913/ *El Ideal Gallego*, "la Galería", n.º 913, 27 decembro 2015, p. 30.

Ofrécese unha lectura crítica dun poemario marcado polas revoltas e as insubmisións, polos estoupidos ben deseñados, consciente do rol da muller da sociedade na que vivimos. Afírmase que é un volume ben artellado, a modo de manual ou dicionario de intencións, do que se citan algúns versos, e se valora a autenticidade, a claridade do lugar sentimental do que procede. Con todo, considérase que o remate, serie procedente do Premio da Irmandade dos Centros Galegos de Euskadi, rompe a unidade estética do libro. Recoméndase reiteradamente o prólogo, ilustrado e argumentado con talento, que corresponde ao facer de Eva Veiga.

**Referencias varias:**

- C. P. R., "La guitiricense Luz Campello presenta 'Inventariado do prohibido' en Lugo", *El Progreso*, "A Chaira", 4 xuño 2015, p. 22.

Dá conta da presentación na Capela de Santa María desta obra, que a autora define como "unha chamada á igualdade", e anuncia a súa presentación na Casa Habanera de Guitiriz.

- Armando Requeixo, "Vilares de Poesía Labrada", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 887, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 887, p. 32, "máis Libros", 28 xuño 2015.

Afirma que a obra desta autora está marcada polo seu lugar de nacemento e que engrosa un grupo de escritores guitiricenses cada vez maior. Indica que o poemario se divide en cinco seccións que xiran ao redor dun único tema, a denuncia da subordinación da muller e a reivindicación do seu lugar, seguindo o camiño xa iniciado por outras autoras. Invítase aos lectores a ler o poemario e recoméndase especialmente o prólogo de Eva Veiga.

**Caramés Gorgal**, María Carmen, *Dos días escuros*, XVII Premio de Poesía Johán Carballeira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 39, febreiro 2015, 63 pp. (ISBN: 978-84-9914-814-4).

O poemario de Mª Carmen Caramés Gorgal (Santa Comba, 1966), estrutúrase en cinco partes, que concordan cun desenvolvemento nitidamente narrativo sobre o maltrato. Tras unha dedicatoria persoal e unha cita de Graça Pires, ábrese cun "I. Incipit" en prosa, que deixa claro o papel da memoria, e dun amor inicial, na reconstrución dos feitos que se presentarán. O núcleo do poemario constitúeno as seccións "II. Dos dias

escuros", "III. As testadoras" e "IV. Reflexións sobre un tratado de (meta)física cuántica". Resulta salientábel o pulso narrativo que os textos estabelecen (botando tamén man de fragmentos en prosa), e respectando a gradación temporal da historia ao longo do poemario. Escóllese un eu poético confesional que enuncia o acontecido, e pode reflexionar sobre os danos en tempo real, valorar o carácter construído da condición feminina, ou dirixirse a unha amiga (de nome María). Por veces, os textos tornan metapoéticos, presentando a escrita como outro dos espazos vivenciais. Polo que ás imaxes e aos campos léxicos privilexiados respecta, salienta un marco outonizo ou invernal (sempre grisallo, con tempestades, eclipses, días que acurtan...), así como unha escolla conscientemente ligada ao ámbito da dor e as feridas. "V. <Explicit> ou o último desengano" pecha a travesía cun único poema longo centrado na denuncia do ritual mediático que sucede a cada un destes episodios, a todas luces inefectivo e igualmente doloroso.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "Don da escritura", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 873, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*la Galería*", n.º 873, p. 30, 22 marzo 2015.

Precisa que a obra ten un comezo misterioso e que está chea de reviravoltas e desacougo, conseguidas a través do emprego dunha linguaxe fluída e tensa ao mesmo tempo. Indica que a dor e a sombra son elementos recorrentes no libro e que a poética desta autora non se axusta á doutras poetas galegas recentes. Finalmente, sinala como aspectos máis negativos o remate e a explicación recollida na contracuberta, que non encaixa co misterio que caracteriza a obra.

- Román Raña, "Duro e necesario", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 564, "Libros", 10 decembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 519, "Letras galegas", 19 decembro 2015, p. 10.

Recensiónase o XVII Premio de Poesía Johán Carballeira do Concello de Bueu. Destaca a asfixiante experiencia de maltrato e asedio, a dureza e claridade coa que o suxeito poético vive e vehicula en carne propia o terror, nun deliberado labor de creación e suxestión. Preséntase como un volume necesario para visibilizar o padecemento dunha muller invisibilizada pola sociedade, con dous xiros orixinais, consistentes en non dar protagonismo ao maltratador e na concepción do corpo como campo da batalla perdida e silenciosa, cuxa reificación implicará a perda da identidade, e a fragmentación, palpábeis no poemario.

**Referencias varias:**

- Emilio Forján, "Carmen Caramés. 'O maltrato comeza por unha historia de amor", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 1 marzo 2015, contracuberta.

Dá conta da presentación en Santa Comba deste poemario centrado no maltrato ás mulleres e defíneo como de "versos duros".

**Cebreiro**, María do, *O deserto*. A Coruña: Apiario, 2015, 48 pp. (ISBN: 978-84-943210-3-0).

Poemario de María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976). O deseño, obra do Laboratorio NUMAX, inclúe un envoltorio en papel de seda cun cromo encolado na capa onde se representa a imaxe dun cadro de François-Joseph Navez ('Ismaël et Agar dans le désert'). No interior inclúense páxinas desdobradas, onde se dispoñen os poemas e as imaxes. Os textos preséntanse próximos ás secuencias de carácter narrativo e aparecen complementados con notas a rodapé. As imaxes aluden á iconografía cinematográfica e á relixiosa. Hai varias citas bíblicas e cinematográficas que serven ás veces como fío condutor e que estabelecen un diálogo directo entre texto e imaxe. A sucesión dos poemas é a seguinte, onde se desenvolven temas como o amor, a soidade, a morte, ou a maternidade: "Nota sobre a escultura", "Ismaël et Agar dans le désert (un cadro de François-Joseph Navez)", "A noite", "Os cervos", "Os trazos", "O dioivo", "O deserto", "A columna", "O sangue", "O frío", "As tesoiras", "A pel", "A besta humana (un filme de Renoir)", "O corazón", "As ilusións", "O corpo", "Deucalión" e "O Amor". A lectura do poemario realízase trazando unha traxectoria onde conflúen imaxes e textos, e onde se produce un diálogo entre ambos. Aínda que as estampas representan motivos relixiosos, a lectura dos poemas é de corte espiritual. Durante a obra aparece a idea do deserto conectada á idea de humanidade. O deserto non figura como un espazo sen vida, despoboado, senón que se presenta como un lugar fértil e de convivencia.

**Collazo Mora**, Ricardo, *As fontes do ceo*, Vigo: Redelibros, abril 2015, 67 pp. (ISBN: 978-84-943412-1-2).

Colección de cincuenta e oito poemas de Ricardo Collazo Mora (Pontevedra, 1970). O poemario, o segundo publicado polo autor, introdúcese cunha cita de Omar Khayyan e contén referencias literarias a Carlos Oroza, Ferlinghetti, Rosalía de Castro e Walt Whitman, así como ao artista pictórico Van Gogh. Acolle fondas reflexións vitais a partir de motivos naturais (gatos, flores, illas, auga, folerpas, choiva, sol...) plasmadas graficamente no papel mediante un xogo visual.

**Enríquez**, Rosa, *Historia do meu corpo en labaradas/ Historia de mi cuerpo en llamas*, Valencia: Editorial Neopàtria, 2015, 113 pp. (ISBN: 978-84-16391-63-9).

Poemario de Rosa Enríquez (A Rúa, Ourense, 1969) en edición bilingüe. Serven de limiar dúas citas, pertencentes a Sharon Olds e a Costas Mavrudís. A partir de aquí dispóñense os poemas da primeira parte do libro, que inicia significativamente cos versos "O corpo do que escribo fóra dos barrotes/ está na miña boca". En efecto, o corpo e canto nel se inscribe (social e politicamente) son centrais para o poemario. Todo aquilo ligado a "ser un corpo" importa aquí, no que ten a ver co desexo, coa vida ou coa morte, mais tamén coas marcas do colectivo, especialmente a violencia exercida sobre o corpo das mulleres, dende a idea da beleza até a orixe incerta pero ríxida destas determinacións. De virarmos cara á poética da autora, cabe sinalar que o volume está ateigado non só de citas literarias (enmarcadas ou inseridas nos poemas) senón de referencias filosóficas, académicas, cinematográficas... que xogan por veces a carta do estrañamento ou a musicalidade, ao seren introducidas nas súas linguas orixinais. A segunda parte, "O que nace da boca de dous", continúa a explorar a temática xa sinalada

e incorpora a Marilyn como personaxe en reiteradas ocasións. Compréndese a súa escolla en tanto icona do audiovisual hipersexualizada, que pairará polos versos canda a referencias como Chantal Maillard ou Mark Strand, para ofrecer esoutra visión dela, unha visión humanizada, próxima ás súas inquedanzas culturais ou aos seus medos.

**Referencias varias:**

- S. N., "Actividades infantiles y solidarias", *La Región*, "Nadal en A Rúa", "Programa", 23 decembro 2015, p. 80.

Entre outras novas, informa da presentación deste poemario no marco das actividades de Nadal organizadas polo concello.

**Franco Grande**, X. L., *Xoguetes do tempo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Dombate, n.º 65, novembro 2015, 126 pp. (ISBN: 978-84-9865-627-5).

Terceiro poemario de Xosé Luís Franco Grande (Tembra, Tomiño, 1936) concíbese como unha recompilación de tres libros: "Na moega aberta", "Xanela do tempo" e "Lentura", caracterizados por unha sensibilidade distinta, malia a compartiren os trazos coñecidos da poética do autor. Significativa resulta a nudez de paratextos introdutorios ou epilogais, pola relevancia que adquiren a cita de Ovidio que serve de limiar "Tempus edax rerum" canda o primeiro dos textos poéticos soltos, que incorpora na primeira estrofa o verso que dá título ao poemario. Como estas dúas composicións anuncian, o tempo que todo o devora é o protagonista indiscutíbel do primeiro libro, e segue presente nos outros dous. Con el veñen a reflexión sobre a morte e sobre a finitude de canto nos rodea, pero tamén unha recorrencia enunciativa á segunda persoa do singular a modo de "ti autorreflexivo", a dicción directa e o aproveitamento das referencias naturais a modo de metáforas (o vento, os cumios…). Algúns poemas están dedicados, como acontece con "San Ero volve do paraíso", para A. X. Filgueira Valverde; ou con "Proclama", para Ramón Lorenzo. A contracapa esboza unha breve biobibliografía do autor, reparando especialmente nos seus título de poesía, e aproveitando para lembrar o tratamento crítico do que gozou, coincidente en sinalar como tema central da súa obra a vivencia do eu, nunha "mística da soidade", e escollendo en coherencia os recursos literarios: unha fala simple, que confía no símbolo e na exclamación para expresar o inefábel.

**Recensións:**

- Xesús Alonso Montero, "Franco Grande: 'Tempus edax rerum"', *La Voz de Galicia*, "Fugas", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit" 18 decembro 2015, p. 12.

Recensiónase a terceira entrega como poeta deste autor (cuxos títulos anteriores neste xénero son de 1967 e 1987) incidindo neste aspecto, e nas peculiares escollas repertoriais que foi tomando, ao escribir poesía existencialista nos 60 e non seguir o ronsel socialrealista de Celso Emilio, e continuar neste volume fiel a esa ética e estética. Detállase a cita ovidiana de apertura e a súa estrutura, así como o tema do tempo

destrutor, que non resulta exclusivo nos dous últimos poemarios que o libro acolle, e do que serve de exemplo "Patria", significativo último poema con ecos pondalianos.

**Referencias varias:**

- Héctor J. Porto, "Xosé Luís Franco Grande. 'Se es político estás perdido como poeta", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 decembro 2015, p. 40.

Ofrece o resumo dunha conversa co autor, con motivo da publicación na editorial Galaxia do seu último traballo. O autor incide no distanciamento entre poesía e política (tema que aborda adoito nos seus ensaios), na diversidade e amplitude temporal da coletánea, e na reflexión sobre a morte. Salienta o poemario de Arcadio López-Casanova, *As voces da máscara*, entre os libros últimos que valora.

**Fuentes Castro**, Xoán, *Berra, irmán!*, limiares David González Couso e Ramón Caride Noia: Toxosoutos, col. Nume, 2015, 95 pp. (ISBN: 978-84-943014-8-3).

Poemario homenaxe ao escritor falecido Xoán Fuentes Castro (San Vicente do Mar, O Grove, 1932 – Pontevedra, 2013). Trátase da edición póstuma, coordinada por Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957), dunha serie de 57 poemas que o autor deixara seleccionados e ilustrados para publicar. A edición reproduce os orixinais sen ningún tipo de retoque. Vai precedida de dous prólogos: o primeiro, intitulado *Bolboretas de fume*, é da autoría de David González Couso (Ourense) e, o segundo, *Conversas con Xoán Fuentes*, do propio Ramón Caride. Trátase dunha obra máis persoal e apaixonada do que é habitual no autor e, de acordo coa crítica, tamén a máis creativa. A terra galega está presente ao longo de todo o poemario, cuxa realidade é retratada mediante motivos como os ríos, as fervenzas, o mar, o gando, os apeiros de labranza etc. dos que o autor se serve para expresar sentimentos de saudade e reflexións íntimas. Tamén retoma o motivo rosaliano da sombra en poemas coma "Esta noite".

**Guilherme e Bastardo**, *Veredevere*, prefacio Teresa Moure, debuxos Séchu Sende, Rianxo: Editorial Axóuxere, col. EUTERPE, n.º 1, 2015, 56 pp. (ISBN: 978-84-941379-8-3).

Poemario-disco de Xurxo Novoa Martins (Vigo, 1975) e Alfredo Dourado (Vigo), compoñentes do dúo Guilherme e Bastardo, que se abre cun prefacio de Teresa Moure, quen recalca o carácter conmovedor e transgresor da súa escrita. A seguir preséntanse doce composicións nas que se incita ao inconformismo e á acción e que levan por título: "A chegada das naves", "Pandeirada do Che", "O atraco", "Rapuntzel", "Campos magnéticos", "O tigre", "Val-quem-tem", "Me handzo Ya Nhimpi/ Desejo confidencial", "Orient rouge", "Tremensom", "Resposta" e "Teimosa". O volume péchase cun apartado de "Agradecementos" e "Crowdfunding", no que se explica que o 10% do obtido coa venda da obra irá para as Escolas de Ensino Galego Semente.

**Recensións:**

- Román Raña, “Vindicación da diversidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 563, “Libros”, 3 decembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 518, “Letras galegas”, 12 decembro 2015, p. 10.

Coméntase este poemario publicado por Axóuxere Editora na colección “Euterpe”, acompañado dun CD coa música dos textos (e abondas colaboracións), así como dun prólogo emocionado de Teresa Moure e de debuxos de Séchu Sende. Tirando deste fío, preséntase a obra como colectiva e arriscada, nacida grazas a unha campaña de *crowdfunding*. Explícase que Xurxo Nóvoa Martins está por tras de Guilherme, con obra publicada, tamén letrista e actor ocasional e que Bastardo é Alfredo Dourado, instrumentista da banda de folk A Roda. Refírese que é toda unha vindicación da pluralidade, dende o diverso das músicas até a autoría dos textos, que van de Álvaro Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro a Márcio André ou Raida Rodríguez Mosquera.

**Lado**, María, *Oso, mamá, si?*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 38, febreiro 2015, 49 pp. (ISBN: 978-84-9914-813-7).

O novo poemario de María Lado (Cee, 1979) podería semellar, como o paratexto de Suso Baamonde mostrado na contracapa sinala, un libro sobre a maternidadade, pero non debe reducirse a tal etiquetaxe. *Oso, mamá, si?* abre cunha selección de fragmentos poéticos ligados ao embarazo, a maternidade ou os fillos, da autoría de Estíbaliz Espinosa, Elena Medel e Xosé María Álvarez Cáccamo. A partir de aquí, tras un poema en cursiva e a modo de limiar, sobre o prender dunha vara de amendoeira, sucédense dezaseis poemas, titulados con cadansúa cifra. Responden a unha gradación cronolóxica, ao comezaren polos momentos do parto no hospital, e desenvolvérense até unha escena co pequeno na praia ou a breve composición de peche, que efectúa unha prospección até o inicio da vida adulta do cativo, cando este deixe a casa familiar. A poética de María Lado é sinxela e fluída, coidada na adxectivación, e atenta ás escenas cotiás, ancorada moitas veces nos escenarios da costa atlántica. Fondo e forma colaboran ao combinar aspectos da propia infancia (a fascinación primeira ante as cousas, a inocencia) cun modo de dicir accesíbel, puído e natural, que recorre á tenrura con orixinalidade. Pecha o libro unha listaxe das composicións musicais que acompañaron a súa escrita, detallada até o nivel dos sons e os ruídos da chuvia e o deshumidificador; así como un colofón que refire a data final de escrita.

**Recensións:**

- Montse Pena Presas, “Poética do cotián”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 541, “Libros”, 7 maio 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 496, “Letras galegas”, 16 maio 2015, p. 10.

Apunta que a obra está baseada no cotián e que ten como protagonista a maternidade. Sinala que o eu lírico corresponde a unha nai e que, a través da súa voz, o lector-espectador camiña dende o momento do nacemento do seu fillo até as súas primeiras palabras. Afirma que a autora logra crear co seu lectorado unha intimidade intensa que provoca que queden con ganas de máis. Finalmente, sinálase como aspecto máis destacado da obra as potentes imaxes que ofrece.

**Referencias varias:**

- J. Trillo, "María Lado presentó su obra en Cee", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.245, 18 abril 2015, p. 7.

Informa da presentación deste poemario no edificio de Librerías Ler en Cee.

- R. Nicolás, "A vida que pasa", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 19 xuño 2015, p. 13.

Destaca que a obra vai máis alá da cuestión da maternidade ao romper con certos estereotipos. Describe os principais temas e o estilo da autora.

**Manforote**, *Poemas e trobas de Manforote*, lim. Xosé Lois Ripalda, Vigo: Ir Indo, 2015, 106 pp. (ISBN: 978-84-7680-721-7).

Poemario de Manforote, nome literario de Manuel Fortes Otero (Novefontes, A Coruña, 1932), que comeza cun limiar de Xosé Lois Ripalda, quen destaca que o gran tema do poemario é o "sentimento". O libro está estruturado en dúas partes diferenciadas: "Poemas" (pp. 9-69) e "Trobas" (pp. 73-106). As composicións pertencentes á primeira parte posúen todas título, mentres que as composicións presentes na segunda parte non o teñen. Un dos temas principais é o de Galicia como patria nai, seguido da emigración, a morriña, o amor, a morte como destino final dunha vida de sufrimentos, a melancolía, a natureza como elemento esencial para a vida, o pasado, os soños, o home galego como modelo, a fugacidade da vida, as festas. Dedica un poema á súa neta "A miña neta (29-07-2013)" (pp. 60-61) e outro aos seus netos "Os meus netos" (pp. 62-64). A obra remata cun índice de todos os poemas.

**Martínez Delgado**, Verónica e Alberte **Momán**, *A outra voz*, IX Premio de Poesía erótica Illas Sisargas, Malpica: A. C. Caldeirón, 2015, 39 pp. (ISBN: 978-84-608-3007-8).

Obra poética conxunta de Verónica Martínez Delgado (Valdoviño, A Coruña, 1976) e Alberte Momán (Ferrol, 1976), na que describen as vivencias dunha muller que sofre un aborto. Poetízase dende o proceso do embarazo, a ilusión, o medo, a felicidade e por último a dor da perda. O poemario ábrese cunha cita de John Berger que introduce os trinta poemas que o constitúen, a maioría intitulados, nos que se combinan versos longos ecurtos carentes de rima. Presenta unha estrutura de poemas a dobre páxina, de modo que o poema da páxina da dereita completa e mesmo responde ao poema da páxina esquerda. O tema predominante é a sexualidade da muller a través de diferentes momentos: a relación sexual, o embarazo, as revisións do xinecólogo presentadas como violacións, o medo ao aborto, o inminente aborto a causa dunha enfermidade conxénita e o vacío final, externo e interno. O suxeito lírico deambula entre a dualidade vida – morte (cuña – berce – furna), resaltada pola utilización de metáforas e paralelismos para describir o diverso instrumental dos médicos e dos xinecólogos, e para facer fronte aos propios sentimentos.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Loquios versais", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 907, "letras Atlánticas", 15 novembro 2015, p. 32.

Recensiónase o poemario galardoado co Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, da Asociación Cultural Caldeirón e o Concello de Malpica, na súa novena edición. Precísase que se trata dun poemario a catro mans, unha experiencia colaborativa entre dous creadores que coincidiran xa en proxectos editoriais varios, alén de ser Martínez recuncante nun certame do que foi finalista no 2013. Resalta que se presenta a violencia obstétrica e xinecolóxica como esteo temático, motivo que contrasta co sexo e o desexo procurado. Incide en que aspectos non amábeis como a sensación de profanación, a obxectalización e a asepsia conseguen dar o ton denunciativo ao poemario, que espella a complexidade das relacións amorosas, sexuais e procreativas.

**Referencias varias:**

- Ramón Nicolás, "Contra a violencia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 27 novembro 2015, p. 4.

Destaca que o poemario foi galardoado co premio de poesía erótica Illas Sisargas, está escrito a catro mans e aborda o proceso de deshumanización da muller e a súa vulnerabilidade.

**Mato Fondo**, Miguel A., *Terra fría*, lim. do autor, Malpica: A. C. Caldeirón, 2015, 91 pp. (ISBN: 978-84-606-5828-3).

Poemario de Miguel A. Mato Fondo (Ponteceso, A Coruña, 1953) composto por corenta e nove poemas e un texto en prosa de extensión variábel, escritos en verso libre e prescindindo dos signos de puntuación. O volume abre cunha cita de Louise Glück que anticipa un dos temas principais da obra: o paso do tempo. Séguenlle unha nota na que o autor explica a quen están dedicadas varias das composicións e un pequeno texto no que se presenta ante os lectores, amosando un ton pesimista, de derrota, que impera ao longo de toda a obra. Os textos estrutúranse en cinco seccións: "Inmobilidade do tempo" (pp. 13-28); "Ars poetica" (pp. 29-40), encabezada por unha cita de Luísa Villalta; "Abril" (pp. 41-58); "Terra fría" (pp. 59-74), que inicia cun fragmento de *Cold cold ground*, de Tom Waits, que dá título á obra; e "Aflición" (pp. 75-91), que principia cunha cita de Roberto Bolaño. Os poemas das dúas primeiras seccións carecen de título, en contraposición aos das seccións restantes. Dende o punto de vista temático, o tempo convértese nun tema transversal que está presente ao longo de todo o poemario e que aparece vinculado a motivos como a memoria, a infancia, o abandono, a perda, a derrota e a morte. Xunto a el, xorden outros eixes temáticos, caso da paisaxe e preocupación pola terra. Adquire grande importancia a dimensión social, visibilizada nun conxunto de poemas nos que se denuncian temas diversos como a perda do país, a guerra, o asasinato das rapazas de Ciudad Juárez ou os incendios forestais. Son tamén continuas ao longo de todo o poemario as referencias literarias (Auden, John Keats etc.), pictóricas (Van Gogh etc.) e musicais (Tom Waits, Samuel Barber etc), que dialogan cos textos.

**Referencias varias:**

- Cuca M. Gómez, "Ni un día sin poesía", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 26 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras novas, dá conta da presentación do poemario na pontevedresa Libraría Paz e destaca a presenza de Xesús Constenla.

**Méndez**, Oriana, *O que precede a caída é branco*, XVII Premio de poesía Concello de Carral 2014, Culleredo: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 262, 2015, 51 pp. (ISBN: 978-84- 926469-3-7).

Poemario de Oriana Méndez (Vigo, 1984) composto por vintecatro poemas, de longo alento na súa meirande parte. Abren o volume dúas citas, de A. Johnston citado por Žižek e de Anna Akhmatova, que dialogan de modo contrastado, facendo unha referencia á repercusión que os pequenos acenos poden ter no estado de situación, e botando outra unha mirada fría e desesperanzada sobre a fin dunha época. A partir de aquí, sucédense poemas de dicción nítida –tamén no referido ás imaxes e ás secuencias, certeiras–, con certo pulso narrativo e unha aposta decidida polo encabalgamento e as rupturas sintácticas, que violentan o ritmo dos versos, ao que tamén contribúen as escenas e a súa traslación lingüística. A necesidade da rebelión, os relacionamentos humanos, o comunitario, os trazados e as fronteiras aos que nos adaptamos son algúns dos temas centrais, á vez que o poemario continúa atravesado por referentes xeográficos significativos, que van da cidade olívica a Camelle, Traba, Termidor ou Plymouth. O poemario non conta con máis paratextos que a biografía da lapela interior, o índice e o colofón propio da colección "Poesía" de Espiral Maior.

**Recensións:**

- Román Raña, "Quebrando a sintaxe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 558, "Libros", 29 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 513, "Letras galegas", 7 novembro 2015, p. 10.

Recensiónase o terceiro poemario da autora, galardoado co XVII Premio de Poesía Concello de Carral e editado por Espiral Maior. En primeiro lugar refire que, como nos poemarios anteriores, persiste unha certa narratividade, precisión lingüística e sentimento de angustia ante a deriva do mundo. Ademais saliéntase a nova distorsión que a poeta aplica á linguaxe, provocando coas quebras sintácticas pequenos estímulos, que acompañan a exactitude sentimental e o gusto pola enumeración. Cítase tamén a proximidade do aforismo poético e a pegada da dor, a rebeldía e a enfermidade.

- Armando Requeixo, "Oriana Méndez", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 908, p. 35/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 908, p. 32, "letras Atlánticas", 22 novembro 2015.

Coméntase o novo poemario da autora viguesa incidindo en que continúa a poética da autora, que "oniriza un discurso fragmentario", creando múltiplas fulguracións crípticas, viraxes sintácticas e unha densidade simbólica que poden facer da súa unha obra

críptica para receptores non acostumados. Resalta que a autora ensaia unha teoría da revolución que prende na cidade olívica, pero tamén noutros escenarios pendentes e irredentos, para continuar a termar da memoria. Remata conectando a súa escrita coa de Xosé María Álvarez Cáccamo, Eva Veiga, Helena de Carlos, Chus Pato e Xabier Cordal.

- Rosa Enríquez, "Estética cegadora", *Tempos Novos*, n. º 220, *ProTexta*, n.º 10, "ProTagonistas", "A contrafío", setembro 2015, p. 72.

Gábase o ton rotundo do poemario que se mantén dende o comezo. Saliéntanse a súa voz rítimica, liberada do exceso de culturalismo, e a súa sonoridade textual. Conclúese referindo á minuciosidade no traballo do texto, no que o tema principal é a inminencia dun acontecemento que se intúe.

- Gonzalo Hermo, "Suspender o simulacro", *Tempos Novos*, n. º 220, *ProTexta*, n.º 10, "ProTagonistas", "A contrafío", setembro 2015, p. 73.

Comézase por comentar a aposta pola demolición o "eu" como motor do texto, de xeito que o poemario presenta unha voz colectiva. Equipárase a poesía da autora á brancura da que fala o poemario. Para concluír, saliéntase a celebración do comunitario, na liña d'*A noite dos proletarios*, de Rancière.

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, "O fulgor cristalizado", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 28 abril 2015, p. 5.

Indica que este poemario, galardoado co premio de poesía Concello de Carral, se caracteriza por achegarse "criticamente a un tempo presente para cuestionar o poder".

- Lourdes Varela, "Oriana Méndez. 'A poesía navega entre a oralidade e o silencio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", 26 novembro 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 517, 5 decembro 2015, p. 11, "Entrevista".

Conversa coa autora, con motivo da recente publicación do seu poemario, galardoado co Premio do Concello de Carral, *O que precede á caída é branco*. Abórdanse cuestións como a unidade de fondo e forma, Vigo como escenario físico da obra, ou a violencia na linguaxe como principio creador.

**Núñez**, Toño, *Poemas de Amor en Outono*, lim. Armando Requeixo, Santiago de Compostela: Editorial Fachinelo, febreiro 2015, 162 pp. (ISBN: 978-84-16121-20-5).

Poemario de Toño Núñez (Navia de Suarna, Lugo, 1959) que principia cunha cita dunha canción de Violeta Parra: "Gracias a la vida que me ha dado tanto". A continuación presenta unha carta dirixida aos lectores e un limiar de Armando Requeixo. O poemario divídese en tres partes perfectamente diferenciadas: "De amor" (pp. 23-79) vinte e catro poemas, "Desamor" (pp. 83-107) trece poemas e "E desacougo" (pp. 111-159) dezaoito poemas, sumando un total de cincuenta e cinco composicións, identificadas cos anos da súa vida, un poema por cada ano e a maioría acompañados de ilustracións. A temática é

o amor e o desamor, pero existen tamén subtemas como a natureza, o bucolismo, o sexo, a reivindicación da fala, o desacougo, a melancolía, a desesperación, a crítica social e política, o paso do tempo e a morte. Presentan ademais poemas prosísticos: "Patriotas!" (pp. 127-128), "Sangue negro" (p. 131) e "a vida" (p. 153). Pecha o poemario unha descrición do autor e a súa obra e un índice das composicións.

**Referencias varias:**

- Marta Becerra, "Experiencias renovadoras", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 7 novembro 2015, p. 11.

Entre outras novas, refire a presentación do poemario no instituto Lucus Augusti e indica que se compón de ilustracións e videopoemas.

- R. Nicolás, "Poesía que é vida", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 18 decembro 2015, p. 12.

Destaca o carácter intimista e reflexivo do poemario e salienta que se percibe a mestura do amor, o desamor e as ausencias.

**Ondjaki**, *Os modos do mármore + 3 poemas*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através das Letras, n.º 20, novembro, 2015, 42 pp. (ISBN: 978-84- 87305-98-6).

Quinto poemario de Ondjaki (Luanda, Angola, 1977) e o primeiro publicado por Através Editora. Conta coa colaboración da editora Ana Varela, sobre cuxa idea gráfica se erixe o poemario. A capa é unha serigrafía e a contracuberta convértese nun póster co verso "nós não temos muitos dias, amor" no reverso. De lectura sinxela e factíbel a un lector non especializado, o poemario xira arredor dunha despedida amorosa e está cheo de referencias vitais e xeográficas relacionadas co autor.

**Patiño**, Antón, *Teoría do riso*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 2015, 120 pp. (ISBN: 978-84-9914-934-9).

Poemario de Antón Patiño (Monforte de Lemos, Lugo, 1975), que se abre e pecha cunha cita de Franz Kafka. Consta de cento oito textos en verso libre e de extensión breve nos que, a partir do concepto "riso" destacado no título, o autor fai uso da ironía coa intención de reivindicar o papel do riso como a ferramenta clave para afrontar todo aquilo que acontece ao noso arredor. Xógase coa disposición textual e cos espazos en branco. As ideas temáticas xiran ao redor dos conceptos de liberdade, de subversión contra o poder e da creación artística.

**Referencias varias:**

- E. Ocampo, "O riso emancipador de Patiño", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 decembro 2015, p. 21.

Anúnciase a presentación na libraría Librouro de Vigo do novo poemario do autor (tras unha década sen recuncar neste xénero). Indícase que participarán o músico Julián Hernández, Alberto González Alegre e o editor Manuel Bragado. Coméntase a concepción de Antón Patiño da poesía e da ironía, subversivas, o gusto polos poemas breves como aforismos e a atención á poética do intre.

- Ana Baena, "A actualidade política empurra a Antón Patiño a liberar o verso", *Atlántico Diario*, "Vigo", 30 decembro 2015, p. 10.

Coméntase a presentación en Vigo do último poemario do autor, unha escolma do creado ao longo dos últimos sete anos, incidindo na importancia do riso, da sesta e do xogo, así como do instante poético, invitando á rebelión festiva. Valóranse outras facetas artísticas do autor. Precísase que estivo acompañado polo músico Julián Hernández, o crítico Alberto González Alegre e o editor Manuel Bragado.

**Pedreira**, Emma, *s/t*, III Premio Gonzalo López Abente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, novembro 2015, 44 pp. (ISBN: 978-84-9914-935-6).

Poemario intimista de Emma Pedreira (A Coruña, 1978) que se abre cunha dedicatoria e unha cita da poeta Eva Veiga. Cómponse de vinte e nove poemas de carácter narrativo, a maior parte deles intitulados. Ademais da inexistencia de título, apúntase outro que é "sen terra", presentando así o tema principal da obra: a perda das orixes. O eu lírico realiza un exercicio de memoria sobre un tempo e un espazo ao que é imposíbel volver. Neste senso, o tempo evocado vai dende 1978 até 1990 e o espazo concrétase coa toponimia: Eume, Doroña, o Vilar, etc. A infancia é recuperada tamén cos obxectos daquel tempo como son os xoguetes ("Inventarios ridículos") ou a lembranza da casa ("A ventá"). O suxeito poético constrúe sobre ese tempo extinguido un discurso introspectivo ateigado de recordos e sentimentos, como a culpa, o silencio ou a dor. A natureza propia do lugar amosa acontecementos naturais concretos vencellados a certas estacións do ano: a vendima a comezos do outono, a "Tempada de mazás", a época dos figos ("Migueliños"). O abandono da aldea é definido como unha "fuxida inútil", ao xeito dun exilio, malia ser este máis mental ca físico ("O exilio só existe con retorno. O outro chámase olvido").

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Teoría do lugar", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 909/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 909, "letras Atlánticas", 29 novembro 2015, p. 32.

Recensiónase o poemario merecente do III Premio de Poesía Gonzalo López Abente. Valórase primeiramente a camaleónica capacidade de Emma Pedreira para reinventarse en cada nova entrega e a continuación defínese o poemario como un volume de orfandades dende a dobre significación do título. Afírmase que os lugares e os tempos idos, a infancia no Eume e os seus recordos naturais a modo de *locus amoenus* irreversíbel, as pantasmas dos devanceiros ou a xestión dos legados son os temas principais, dos que emerxe certa sensación de exclusión e perda.

- Vicente Araguas, “A orixe do mundo”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 910/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 910, “máisLibros”, 6 decembro 2015, p. 30.

Analízase o último poemario galardoado no premio de Poesía Gonzalo López Abente, salientando o longo percorrido da autora en certames salientábeis do sistema galego, coma o Johán Carballeira. Debátese a concepción da escuridade poética a partir da lectura do poemario, apóstase pola súa seriedade e a súa “música calada”. Ademais,insístese na dureza, e acedume dun poemario que canta, con Machado, canto se perde, e que leva o Eume como río iniciático e sitio das orixes.

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, “As perdas” *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Obituario” 4 decembro 2015, p. 10.

Destaca que o contido do poemario galardoado co premio López Abente gravita sobre as ideas do “desposuimento” e da “perda”. Engade leva cara á infancia e que están presentes a morte, a saudade e o medo.

**Penela**, Carlos, *Arte de fuga*, XVII Premio de Poesía Miguel González Garcés, A Coruña: Deputación da Coruña, 2015, 46 pp. (ISBN: 978-84-9812-253-4). ◆

Poemario de Carlos Penela (Vigo, 1975) composto por vinte e seis composicións carentes de rima e con frecuentes metáforas. Os temas característicos son a memoria, os mortos esquecidos das guerras, as consecuencias da guerra, os fusilados da guerra civil, o exilio, o desamor, as reflexións sobre os poemas e o acto de escritura, os anos perdidos, o pasado como áncora do presente, a pobreza, o peso dos mortos na memoria, a melancolía, a desesperanza, a perda da fe na humanidade e a soidade. Estes motivos poéticos crean unha obra de marcado compoñente político e social que busca recuperar a memoria dos esquecidos da guerra, devolvéndolles así a súa dignidade. O poemario ábrese cunha cita de Hilde Domin, a primeira de varias citas máis, ás que se suman dúas dedicatorias persoais: unha na páxina dezaoito e outra na páxina vinte e dúas. Dúas das composicións homenaxean, respectivamente, ao pintor Caravaggio e ao poeta inglés Keats.

**Recensións:**

- Román Raña, “Convertendo a cinza en lume”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 552, “Libros”, 17 setembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n. 507, “Letras galegas”, 26 setembro 2015, p. 10.

Recensiónase o último poemario gañador do Premio de Poesía Miguel González Garcés 2014, revisando criticamente unha etiqueta que fora moi empregada para definir á xeración dos oitenta: culturalismo, e que afectara á recepción de autores como Manuel Forcadela, Ramiro Fonte, Paulino Vázquez e Eusebio Lorenzo. Resáltase que o poemario presenta referencias pictóricas, históricas, musicais, políticas e literarias,

inserida dende o dialoxismo e dende a ilustración dun mundo interior no que salientan a nostalxia do expatriado e o paso do tempo, entre outros motivos literarios.

**Pereiras Gómez**, Tomás Antón, *Nin rabechudo, nin badueiro, á que salta un indo*, Vigo: Editorial Galaxia, 23 decembro 2015, 122 pp. (ISBN: 978-84-9865-664-0).

Poemario de Tomás Antón Pereiras Gómez (Vedra-A Coruña, Santiago de Compostela, 2013), composto por vinte e seis poemas intitulados e con numeración romana, de arte maior e rima asonante, e marcados pola riqueza da cultura galega atesourada na transmisión oral e con raigame nas fórmulas e composicións de base popular. Nos poemas aborda unha ampla variedade de temas e motivos, cos que rende homenaxe á figura dos gaiteiros e dos labregos de antano; reflexiona sobre o proceso de escrita dun poemario; loa a lingua galega como medio de comunicación; destaca a importancia de artellar ben o proxecto de vida persoal cunha aposta por marcarse soños para tentar cumprilos; resalta a relevancia de ser conscientes da fugacidade da vida e do dereito á liberdade; aposta por ser unha boa persoa, que obra sen mentiras e tras pensar nas consecuencias do seu comportamento, entre outros. Compleméntase cun "Glosario" de termos, tirados dos dicionarios consultados.

**Pite Sanjurjo**, Soledad, *Mar ao fondo*, pról. Francisco X. Fernández Naval, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 11, decembro 2015, 74 pp. (ISBN: 978-84-608-4210-1).

Poemario de corte existencial de Soledad Pite (Teo, 1955) conformado por trinta e dúas composicións que teñen como protagonista o mar. A obra iníciase cun prólogo de Francisco X. Fernández Naval, intitulado "Mar ao fondo: un canto de sal e de amor". Destaca a temática marítima, pero tamén están presentes a natureza, a soidade, a melancolía, a invocación do mar como elemento que sanda as almas humanas, o mito de Ulises, a musicalidade do mar, o paraíso perdido polo fastío da vida cotiá, o mar como elemento principal da vida e o paso incesante do tempo como forza demoledora. As composicións, carentes de rima, conteñen abundantes metáforas e paralelismos do ámbito do mar e da natureza (sol, caracolas, area, xestas, roseiras, paxaros, dornas, etc.). No interior do volume recóllense dúas citas, unha de Uxío Novoneyra e outra de S. P. Ademais, os textos compleméntanse coas ilustracións da propia autora, realizadas con acuarelas ou tinta china.

**Recensións:**

- Luís Cochón, "Mar ao fondo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 11 decembro 2015, p. 41.

Analiza este poemario reflexionando brevemente sobre a súa publicación. En primeiro lugar fala da colección na que está incluído e de Soledad Pite Sanjurjo, poeta e pintora. Destaca a súa "notable habelencia poética", reproduce e comenta con detemento algúns versos. Estabelece unha analoxía con Manuel Antonio e *De catro a catro*. Por último, comenta a relación pictórica da autora con Sevilla.

**Referencias varias:**

- Xabier Sanmartín C., "Soledad Pite presenta un 'bello y breve libro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 11 decembro 2015, p. 41.

Céntrase na presentación do poemario, salientando que se celebra no salón de profesores do IES Rosalía de Castro, onde imparte docencia a autora, contando coa presenza de F. X. Fernández Naval, Luís Cochón e Luís Alonso Girgado.

**Portela**, Elías, *Bazar de traidores*, XII Premio de Poesía Afundación, Santiago de Compostela: Centro PEN Galicia, col. Arte de Trobar, n.º 23, 2015, 92 pp. (ISBN: 978-84-606-8095-6). ■

Poemario de Elías Portela (Cangas do Morrazo, 1981) que presenta como elementos clave na súa arquitectura fragmentos da canción *Heathen Lyrics*, de David Bowie, que serve de miliario ao longo do volume; así como os versos latinos, que chegan a dialogar cos versos propios do autor. Formalmente, priviléxiase a fragmentación e a diversidade, a dicción directa (incluso proverbial), o xogo tipográfico e referencial. Nunha especie de poética visionaria do mal, ateigada de sombras, medos, cadáveres e violencia nun contexto posindustrial, artella unha crítica irónica dos perigos e maldades que cercan a contemporaneidade. Con todo, non abandona a imaxinería mariña, ensaiada noutros títulos anteriories, nin un persoal proceder coas metáforas, adoito sensoriais e vibrantes. A consciencia logofáxica do volume distribúe significativamente espazos e páxinas en branco.

**Recensións:**

- Raña, Román, "Poesía excéntrica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Libros", n.º 555, 8 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*" "Letras galegas", n.º 510, 17 outubro 2015, p. 10.

Coméntase o poemario gañador do XII Premio de Poesía Afundación 2014. Tras facer unha referencia á súa excepcional pericia vital e literaria, a medio camiño entre Islandia e Galicia, incídese na súa fragmentación formal, que acompaña a dicción excéntrica e disruptiva que o autor escolle, así como a temática, que opta por mostrar reflexións sobre o destino humano e a insensatez de certos comportamentos. Subliña, xogando co nome e o apelido do autor, o carácter profético e místico, así como o poliédrico e sinuoso da súa poética, seccionada por citas de David Bowie e inzada de metáforas creacionistas que lembran as doutro poeta de mar, Manuel Antonio.

- Manuel Forcadela, "Repoñéndose ao frío do cosmos", *Tempos Novos*, n.º 217, *ProTexta*, n.º 9, "ProPostas", xuño 2015, pp. 84-85.

Comézase por describir o estilo conciso e sintético do autor, que reivindica o ultraísmo español e o creacionismo de Manuel Antonio. Saliéntanse o depurado da súa linguaxe e o carácter místico da súa poesía, na que se xuntan o real, o simbólico e o imaxinario.

Conclúese resaltando o seu uso da linguaxe que, dende o punto de vista da tematoloxía, foxe da concreción.

**Referencias varias:**

- J. G., "Elías Portela, 'Este libro retrata un cambio de era, un devir da historia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*, "A pie de calle", 1 outubro 2015, contracuberta.

Recóllese a presentación na libraría Couceiro de Santiago de Compostela do poemario co que Elías Portela gañou o premio Afundación. Incorpóranse comentarios do autor referidos á estrutura, á exploración da micropoesía e ao vangardismo.

- R. Nicolás, "Heterodoxia creativa", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 15 outubro 2015, p. 12.

Fálase concisamente do poemario presentándoo como unha proposta vangardista no sentido manuelantoniano, disruptiva e arriscada, irónica e visionaria, que subliña os perigos que axexan na contemporaneidade. Lémbrase a dobre adscrición do autor no eido literario, considerando a súa presenza no sistema literario islandés.

**Pose**, Héctor e Alberto **Rodríguez Fariña**, *Doce lúas*, Araño: Editorial Axóuxere, col. Calíope, 2015, 107 pp. (ISBN: 978-84-941379-9-0).

Poemario conxunto do escritor Héctor Pose (Malpica de Bergantiños, 1964) e do fotógrafo Alberto Rodríguez Fariña (Malpica de Bergantiños, 1983), que principia cunha dedicatoria seguida dunha cita de Edward Said: "O viaxeiro ve sempre o que leu". Presenta doce poemas longos, sen rima, que se asemellan á prosa con abundantes metáforas e hipérboles. As composicións están intituladas segundo o número correspondente e neles destaca a presenza do mar como o antídoto das vilas pesqueiras que están desaparecendo dando paso ás novas tecnoloxías e ao esquecemento ao que as someten os políticos. Todas as composicións destacan por posuír algunha fotografía en branco e negro de paisaxes mariñas, animais como as gaivotas ou os gatos, persoas, bares, barcos, pero sobre todo do mar. O tema fundamental é a vida mariñeira, pero tamén a soidade dunha vila case deshabitada, o desamor, a perda, o existencialismo do ser humano, a soidade do namorado, a morriña, a crítica social, a dura vida dos pescadores, o mar como ataúde dos mariñeiros e o peso dos costumes. En dous poemas aparecen nomeados escritores doutras literaturas foráneas ou da galega: na composición "Sete" cítase a Sampedro Rivas, Flaubert, Echenoz, Neuman e Chateaubriand; e en "Dez" noméase a Blanco-Amor, Rosalía de Castro, Pessoa, Antonio Tabucchi e Erri di Luca.

**Reixa**, Antón, *Algo raro pasa raro*, ilust. Juan Ugalde, pról. Agustín Fernández Mallo, Madrid: La Oficina Ediciones, 2015, 172 pp. (ISBN: 978-84-941270-9-0).

Volume bilingüe de Antón Reixa (Vigo, 1957) que se abre cun prólogo de Agustín Fernández Mallo, "Piedra en la que otros afilarán sus lápices", no que se comeza falando da mente creadora e de como esta ten a materia sobre a que traballar ao alcance da man e simplemente é preciso unha ollada diferente sobre as cousas para crear. A

seguir, Algo raro pasa raro estrutúrase en tres partes: “8000”, “Cacofonías” e “Zoofilia”, nas cales os textos en galego, de extensión breve en xeral, aparecen na parte superior da páxina e en cor azul, mentres que as traducións ao castelán aparecen na parte inferior e en cor negro. Estas composicións caracterízanse por achegarse a temáticas actuais e por introducir elementos do cotián e reflexións sobre feitos do día a día (por exemplo, á morte dunha nena chinesa a mans de seus pais adoptivos, conversas escoitadas en lugares públicos, paráfrases de lecturas etc.). A primeira desas partes, “8000”, é a que acolle maior número de composicións e preséntase como poemario que se comezou a escribir na madrugada, entre o 31 de decembro de 2013 e o 1 de xaneiro de 2014, coa intención de escribir versos soltos ao longo de 8000 minutos e pico, duración temporal, máis ou menos, que se lle atribúe a un ano e cantidade que, tamén, se pon en relación co alpinismo e co historial daqueles que practican este deporte de xeito que “8000” sería o primeiro cume do historial de Reixa. Pola súa parte, en “Cacofonías” destaca o emprego dunha linguaxe cotiá e mesmo irreverente, mentres que en “Zoofilia” os protagonistas das composicións son diferentes animais. Moitas das composicións acompáñanse de fotografías, xeralmente manipuladas.

**Referencias varias:**

- Mar Mato, “Antón Reixa. ‘Es inútil creer que violencia y odio pueden transformar la realidad’, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 novembro 2015, p. 45.

Conversa co autor, con motivo da publicación do seu novo poemario, acompañado polas ilustracións de Juan Ugalde e con prólogo de Agustín Fernández Mallo. Coméntanse aspectos como a irreverencia, o seu paso pola SGAE (Sociedad General de Autores Españoles), e o contido do propio volume.

- Claudia Morán, “Antón Reixa, tipo disperso”, *Luzes*, n.º 25, “República”, “Entrevista”, pp. 69-73.

Achégase unha entrevista con Antón Reixa na que se fala da importancia do tempo no libro e da influencia do Grupo de Comunicación Poética Rompente. Trátanse tamén aspectos como a carreira musical de Antón Reixa, a súa labor na SGAE, o seu pensamento político e os seus próximos proxectos.

**Ríos**, Eli, *Doe tanto a túa ausencia (Traxedia dun solitario acto)*, XVIII Premio Francisco Añón de Poesía 2014, Outes: Concello de Outes, maio 2015, 65 pp. (DL: C774/2015). ◆

Poemario de Eli Ríos (Londres, 1976) que se inicia cun limiar de Verónica Martínez Delgado, asinado en Lugo a 31 de decembro de 2014, no que se destaca que nesta obra ecoa o silencio e que nela se “vivisecciona con éxito o percorrido da dor, da ausencia, da enfermidade e da morte” (p. 7). Tamén se anticipa o que o lectorado pode atopar: “unha escena tráxica cun monólogo no que se espreme a dó” e que “mostra os elementos simbólicos que representan a morte, para introducir a conclusión final, o motivo da ausencia”. A seguir, logo dunha fotografía de Carlos Lorenzo Pérez, na que se observan unhas flores sobre unha tumba de pedra na que se presenta en relevo unha caveira, iníciase a parte denominada “Doe tanto a túa ausencia”, que lle dá título ao

poemario e que está dedicada "A meu irmao por habitar estes versos". Nela identifícase á "Recitadora" con unha "muller vestida de branco" e sitúase a acción nun escenario de "Lápidas en tons grises e brancos difuminadas no fondo" cun "Salgueiro chorón á esquerda da zona do recitado" e cunha iluminación de "Luz branca difusa seguindo á recitadora sobre ambiente en negro". A continuación, a voz da muller láiase, con gran dor, da ausencia dun ti, ao tempo que a paisaxe e a natureza (sobre todo as aves) a acompañan e reflicten dalgún xeito o seu estado de ánimo. A voz da "Recitadora" busca a desaparición e mesmo "ausculto a ausencia alí onde lembraba tela estacionado" (p. 39); tamén agarda no hospital a resposta do cirurxián que, coa súa chegada, "mata o meu monte de esperas" e provoca que o eco se mofe "do que non quero/ sei/ desexo escoitar" (p. 43) até que "A túa morte sega o meu tálamo" (p. 49). A muller de branco dá conta do que acontece cando "Finaliza o acto público de dó/ e quedo a soas cos sentires" (p. 58), así como dos medos e cousas que lle gustaría ter dito a ese ti, a esa nai agora morta. Péchase o poemario cunha breve bibliografía da autora.

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, "Versos para encher ausencias", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 7 agosto 2015, p. 12.

Fálase sucintamente do libro galardoado na XVIII edición do premio Francisco Añón de poesía, facendo referencia á progresión da autora e salientando o diálogo xenérico e a morte como temática, tratada de xeito simbolicamente rico, íntimo e emotivo.

**Rivas**, Manuel, *A boca da terra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 40, xullo 2015, 101 pp. (ISBN: 978-84-9914-932-5).

Poemario de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) dividido en tres partes que teñen como temática común a morte. "A terra que se esconde" acolle vinte e tres poemas que xiran ao redor do paso irrefutable do tempo e da defunción. "A báscula de Ohio" intégrana vinte e cinco composicións nas que predomina a tristura, a reflexión, a crítica social e referencias literarias e mitolóxicas variadas. A obra péchase con "Oracións fúnebres", un recoñecemento en nove poemas a mártires que foron asasinados e a pequenos heroes que, demasiado adiantados para o seu tempo, trataron de cambiar o mundo con pequenos xestos. Algúns poemas están debidamente anotados para explicar o contexto e a situación que motivaron a súa composición.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "O 'ex libris' da terra", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras. Galego", 21 agosto 2015, p. 7.

Sinala o regreso do autor ao xénero poético, cun volume que cuestiona a concepción do esquecemento, a natureza e a insurxencia. Casando o popular, os haikus e as luzadas surrealistas, salienta a enxeñaría metafórica do volume e o latexo reflexivo a través das súas seccións. Precisa que a primeira trata a "terra que se esconde" partindo dunha cita de Camões, deseñando unha cartografía onde a protagonista é a natureza; a segunda, "A

báscula de Ohio", dá voz aos obxectos para que poidan evocar e percorrer a memoria íntima, con recurso á ironía e á relectura crítica de tradicións, crenzas e lugares comúns.

- Anna Lammers, "A memoria que se esconde na natureza", *Grial*, n.º 208, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2015, pp. 92-93.

Saliéntase que o poemario consta de cincuenta e sete poemas que recollen as voces do imaxinario colectivo de Galicia, da natureza e dos seus seres. Destácase que se divide en tres partes "A terra que se esconde", "A báscula de Ohio" e "Oracións fúnebres". Refírese á variedade formal dos poemas longos e curtos e aos motivos centrais: a problemática do esquecemento e do descoñecido e a importancia da memoria. Destácase o foco da obra sobre os silenciados da historia de Galicia e a súa importancia para a historia cultural.

- Vicente Araguas, "O río de Monelos", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 902, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 902, p. 30, "máis Libros", 11 outubro 2015.

Recensiónase o último poemario do autor principiando pola percepción de cambio, dende as primeiras páxinas, nitidamente bergerianas e selvaxes, viradas cara á natureza e ao rural dende os haikus, até as luzadas propias da tensión narrativa do autor, entre a lírica e a épica. Valórase especialmente a viraxe cara a este traballo da memoria do "cronista dun tempo", os seus labirintos, obxectos, personaxes, mentiras, tamén o seu cariz republicano e social.

- Román Raña, "Embelezando a extrañeza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 557, "Libros", 22 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 511, "Letras galegas", 31 outubro 2015, p. 10.

Coméntase a volta á poesía do autor, que vén marcada por unha maior calma, ligada a un lirismo íntimo e a formas xaponesas coma o haiku, que non permite a dispersión e obriga ao poeta á ourivería. Precísase que combina esta escolla coa rabia, coa proxección do sufrimento humano, pero tamén cunha natureza benéfica e propia, e cun traballo cos vestixios. Afírmase que se embeleza a estrañeza é unha das funcións da poesía, tamén o é coidar as resonancias, sexan da memoria ou dos caídos pola liberdade.

- Ramón Rozas, "O ex libris da terra", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 6, 25 outubro 2015, p. 4.

Revísase a produción última do autor no peche do ano 2015, valorando a súa escrita entre poesía, relato curto e novela. Do poemario sublíñase a aliaxe de raza e territorio, como tamén acontece no libro de relatos *Madonna e outros contos de inverno*, no que tenrura e humor colaboran para elaborar unha cartografía propia. Anúnciase tamén a saída dunha novela a finais de novembro, insistindo na concepción da obra do autor de modo total, no seu percorrer da natureza vivida e das voces múltiples que poidan contar o que somos.

- Armando Requeixo, "A poesía skáldica de Manuel Rivas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 906, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 906, p. 32, "máis Libros", 8 novembro 2015.

Coméntase o regreso á poesía do autor, considerando en primeiro lugar a súa pertenza irrenunciábel a este xénero. Sublíñase a epifanía cosmogónica e a revelación da raíz ás que o poeta convoca, a presenza da autorrecursividade con respecto á propia obra e a variedade formal dos poemas, que van do alento vagaroso á vertixe, aos fotogramas de paisaxes, aos "haicais" ou a unha sorte de "kenningard" autóctonos. Incídese na homenaxe velada a Cunqueiro, Rosalía, Manuel Antonio e Méndez Ferrín.

**Referencias varias:**

- Nicolás Vidal, "Manuel Rivas. 'Para a vida das palabras é máis importante que exista unha Semana da Poesía Salvaxe que unha Academia", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 7 xuño 2015, p. 13.

Conversa con Manuel Rivas con motivo da presentación do poemario na que se fala, entre outros temas, da súa propia creación poética, da obra publicada, da xornada poética de Ferrol e de política en canto a súa relación con Marea Atlántica.

_____, "Os novos poemas de Manuel Rivas soaron na Biblioteca da praza de España", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 9 xuño 2015, p. 11.

Céntrase na presentación deste poemario na Biblioteca Central de Ferrol durante o acto de peche da Semana da Poesía Salvaxe, onde o autor sinalou a importancia da natureza na obra e destacou o apartado "Oracións fúnebres", no que homenaxea a varias persoas que considera heroes.

- Xesús Fraga, "Manuel Rivas. 'A linguaxe da terra tamén é a da poesía porque vai contra a falsidade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xullo 2015, p. 49.

Entrevista co autor que se abre cunha referencia á báscula que aparece na capa do seu novo poemario. Fálase do sentido da terra, da visión englobadora da natureza que aparece no libro, do poder de nomear o que desaparece, entre outros aspectos.

- M. G. M., "Manuel Rivas y su marea de lectores", *Diario de Ferrol*, "Provincia", p. 19/ *El Ideal Gallego*, "A Coruña", p. 12, 5 agosto 2015.

Refírese á presentación do último poemario do autor na Feira do Libro de Ferrol, durante a que recitou algúns dos poemas e comentou certas clavese a súa concepción da natureza.

- J. M. Ramos, "IX Solpor Poético con Xoán Curiel en la Praia dos Cristais de Laxe", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.369, 22 agosto 2015, contracuberta.

Entre outras actividades, anúnciase a presentación do poemario na Praza dos Libros de Carballo.

- María Xesús Nogueira, "Esoutro Rivas", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 25/ *El Progreso*, "Opinión", p. 37, 26 setembro 2015.

Valórase a traxectoria literaria do autor, incídese na súa obra poética, menos mediática pero existente dende os inicios dos oitenta, e retomada con este poemario. Saliéntanse as imaxes, a paisaxe identitaria que esboza e o tributo polos que non están.

**Rodríguez Baixeras**, Xavier, *Luz extinta*, XXIX Premio de Poesía Cidade de Ourense 2013, A Coruña: Espiral Maior, n.º 263, maio 2015, 78 pp. (ISBN: 978-84-92646951).

Poemario de Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) dividido en tres seccións de moi desigual extensión: "Pouso e mudanza", "Infancia" e "Apéndice". A primeira delas subdivídese en tres niveis e acolle a meirande parte das composicións, mentres que a última contén unicamente dous poemas en prosa e un en verso libre. Os poemas en prosa (ensaiados en títulos anteriores do autor) son a forma privilexiada ao longo do volume. Dende o punto de vista formal, resulta salientábel a contención acadada, contención que non renuncia aos períodos longos, á enumeración profusa ou á adxectivación. Recórrese preferentemente á descrición, e dese proceder emerxen as sensacións e o propio fío reflexivo do poemario. Dende o punto de vista temático, aténdese preferentemente á memoria: de certas vilas (nomeadas) e rúas, festas e casas, cartas, escenas da infancia ligadas ao contacto co medio natural ("Encontro coa araña", "Saúdo á lesma"...). O poemario pecha recorrendo ao silencio e á perda.

**Referencias varias:**

- Sonia Torre, "La literatura premiada centró los actos de la Feria del Libro", *La Región*, "Ciudad", 4 xuño 2015, p. 10.

Infórmase da presentación, na Feira do Libro de Ourense, do poemario que se basea na memoria e na experiencia vital do autor e que busca conseguir a emoción do lector.

- Xabier Limia de Gardón, "Exposicións e libros", *La Región*, "Ourense", "Arte et alia", 8 xuño 2015, p. 6.

Menciona a exposición "Elízara, lugar onde non estiven" de Xoán Guerreiro no Centro Cultural da Deputación. Entre os seus traballos, destaca a de ilustrador de libros. Por outro lado, menciona que Miguel Anxo Fernán-Vello presentou o poemario gañador do Premio Cidade de Ourense, *Luz extinta,* de Xavier Rodríguez Baixeras, na Feira do Libro.

**Rodríguez Fer**, Claudio, *Deathless Loves. Amores sen morte*, intro Diana Conchado, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 10, abril 2015, 138 pp. (ISBN: 978-84-606-8504-3).

Poemario bilingüe galego-inglés de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), que se abre cunha introdución de Diana Conchado. Estrutúrase en cinco seccións: a primeira delas é "Amantes", que consta dos poemas intitulados "A cabeleira (Fragmentos)", "Amor sen morte", "Amor ao mediodía", "Porque nada hai alleo ao amor que che teño", "Así saberei sempre onde te encontras", "A boca violeta", "Volveremos a Nantes", "Como te amei en Rennes", "Novela dos fuxitivos", "Imos vivir mil anos" e "Onte (Un día na

vida)", nos que se celebra a enerxía vital do erótico; a segunda é "Micropoemas", composta polos poemas "Traza de muller" e "Mínima máxima", que conforman unha epifanía; a terceira, "Lugo blues", inclúe "A muralla", "Abril, 1846", "A noite amurallada", "Máis alá de Lugo", "Paris, Texas", "Un vello e un rapaz (Proxecto de revolución na muralla de Lugo), e "A brétema", nos que se recolle a memoria da cidade natal do poeta; na cuarta,"Nova York jazz", atópanse "Na procura do tapiz vermello (Díptico de The Cloisters) e "Revolución rosaliana en Nova York", nos que se fai eco da súa experiencia multicultural e urbana; e, na última, "Camiños celtas", figuran os poemas "Máis alá da saudade", "As fillas de Morgana", "Balada dos amantes nómades", "Propagadora de armiños", "Ir a Irlanda", "Estar en Escocia" e "A volta de Ossián", nos que o poeta medita sobre unha herdanza celta máis ampla.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Amores bilingües", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 552, "Libros", 17 setembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n. 507, "Letras galegas", 26 setembro 2015, p. 10.

Valórase a publicación na editora santiaguesa Follas Novas desta tradución ao inglés, coordinada por Diana Conchado e que reúne trinta poemas e unha plaquette que xa tiveran saída en diferentes revistas anglófonas ou en escolmas bilingües. Precísase que recolle obra dende 1991 e versións de tradutores de prestixio como Kathleen March, Julian Palley, Clifford Irizarry, Jonathan Dunne, Androulla Sarah Panayi, John Rutherford, Ute Margaret Saine e a propia Conchado. Afírmase que pode entenderse como un repaso selecto pola produción do autor lucense.

**Referencias varias:**

- Maru Torres, "Cadros e libros para o outono", *El Progreso*, "*Xente de aquí*", "En sociedade", 1 novembro 2015, p. 15.

Entre outras cuestións, comenta a presentación da antoloxía poética no Hunter College da City University of New York.

- J. Fernández, "Antón Ocampo y el lenguaje de los animales", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 27 novembro 2015, contracuberta.

Entre outras novas, informa da presentación deste volume na libraría Follas Novas e destaca a presenza de Armando Requeixo e Luís Alonso Girgado no acto.

- Victoria Rojas, "Follas Novas Edicións presenta dos nuevos títulos: 'Deathless Loves' y 'A chave perdida", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 decembro 2015, p. 44.

Comenta algúns aspectos da biografía do autor e destaca que o poemario foi traducido por Diana Conchado, entre outros destacados tradutores.

**Rodríguez Ferrer**, Xosé, *O inferno na terra*, Santiago de Compostela: Finis Terrae Ediciones, febreiro 2015, 134 pp. (ISBN: 978-84-943160-6-7).

Poemario de Xosé Rodríguez Ferrer (Vilamartín de Valdeorras, 1946) que principia cunha dedicatoria "A todos os que sufriron a Guerra Civil e a represión neste país chamado España". O libro divídese en tres apartados. O primeiro, "A Guerra Civil Española", que se abre cunha breve composición, é un texto de carácter histórico que repasa os antecedentes previos ao estalido do conflito bélico. O segundo apartado, "O inferno da terra", contén un conxunto de case setenta composicións que xiran en torno a este tema. Agás un soneto, o resto son poemas que destacan polo seu estilo prosaico. Algúns elementos salientábeis do conxunto poético son a ausencia de localización xeográfica concreta (agás a propia de España), a recorrencia aos adxectivos e a descrición das consecuencias do conflito: morte, represión etc., e deste modo recrea os dous bandos ideolóxicos enfrontados. Na liña do primeiro apartado é o último, que leva por título "A ditadura franquista e a represión", e no que se realiza un percorrido histórico repasando o acontecido dende o fin da guerra até a morte do ditador Franco en 1975.

**Sánchez Aríns**, Susana, *Seique*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através das letras, nº. 19, setembro 2015, 192 pp. (ISBN: 978-84-87305-33-7).

Poemario de Susana Sánchez Aríns (Vilagarcía de Arousa, 1974), no que presenta temáticas relacionadas coa memoria da guerra. Ábrese con catro citas, de Herminio Barreiro, de Luandino Vieira, unha canción de Marful e unha cita de Chimamanda Ngozi Adichie, ás que segue unha ilustración antiga na que aparecen varias mulleres, homes e nenos. O tema principal é a guerra: a presenza do pasado como un tempo mellor, a importancia de memoria e a presenza da desmemoria, a infancia como paraíso perdido, a maldade encarnada polo tío Manuel, dono das vidas dos seus familiares, o exilio forzado pola guerra, o silencio das mulleres da familia, a inxustiza do réxime e a pobreza de espírito. O silencio da avoa Gloria entronca coa tradición das 'caladas', as mulleres que tomaban o mutismo como método de supervivencia das súas familias, o cal se indica nas composicións "mutismo" (p. 62) e "calada" (p. 90). Os poemas presentan maioritariamente títulos en galego, agás sete, que fluctúan entre títulos en inglés e nomes de personaxes famosos: "love story" (p. 49), "oliver twist" (p. 51), "mr. pip" (p. 62), "damages" (p. 65), "james bond" (p. 86), "corleone" (p. 105) e "curro jiménez" (p. 132). O poemario compleméntase con algunhas pequenas composicións, denominadas "coro", que reafirman as ideas expresadas con anterioridade. Na cuberta atópase unha breve descrición do que significa e constitúe este poemario; en palabras da autora, un compendio que fluctúa entre o poemario, o romance, o ensario e a pesquisa histórica, narrando desta forma a historia dun fascista. O poemario remata cunha dedicatoria da autora a seu pai e ás persoas que colaboraron con ela e a súa historia, coa bibliografía e cunha táboa de contidos.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "Entre a memoria e a desmemoria", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", 13 novembro 2015, p. 13.

Destaca a figura de Susana S. Arins como poeta de longa traxectoria na literatura galega actual. Indica que a antoloxía xira en torno á incerteza, salientando unha familia rural

galega nos tempos da guerra civil e a posguerra. Comenta o fío argumental e indica a existencia do pasado de moitas familias silenciadas pola guerra, un pasado estruturado mediante secuencias, relatos curtos, diálogos e conversas, poemas, contos, anacos de coplas populares, sentenzas ou refráns. Por último, fai referencia ao carácter comprometido da autora, reflectindo a dor dos esquecidos polo poder, plasmando así a memoria perdida no tempo.

**Referencias varias:**

- C. B., "O Mome acollerá a presentación do poemario 'Seique", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 novembro 2015, p. 33.

Dá conta da presentación do poemario no Museo do Moble e da Madeira, na Estrada, nun acto organizado pola Asociación Cultural Vagalumes e coa presenza de Chus Nogueira.

**Sende**, Séchu, *A República das Palavras*, Santiago de Compostela: Associaçom Galega da Língua, abril 2015, 150 pp. (ISBN: 978-84-87305-91-7).

Coletánea de relatos curtos e poemas de Séchu Sende (Padrón, 1972) que integran diferentes temáticas, como a cuestión da lingua galega, a situación da muller ou a experiencia como pai. Parte dos textos recollidos xa foran publicados en diversas plataformas dixitais (xornais e blogue do propio autor). *A República das palavras* faise continuador do seu anterior libro, *Made in Galiza*. En xeral, son breves historias que se caracterizan por presentar unha escrita lúdica, pensada para o entretemento, onde conflúen humor e crítica, realidade e ficción. Narrados en primeira ou terceira persoas, o lector preséntase como unha parte importante da narrativa, pois son numerosos os casos nos que se interactúa co lector, por exemplo en "As palavras de Kunta Kinte", onde o narrador convida o lector a buscar máis información: "se procuras informação na internet poderás ler que […]". Moitos contos fan referencia á cultura actual, por exemplo "A guitarra e a terra", onde aparecen músicos da cultura pop- rock como Kyus, Santana, Zënzar e Narf. É común a presenza de referencias intertextuais, como en "As palavras de Kunta Kinte", onde o narrador resume a novela *Roots*, de Alex Haley e a súa adaptación á televisión, ademais de explicar como se creou.

Tamén está descrito no apartado *I. Narrativa* deste *Informe*.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "O feitizo da palabra", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 19 xuño 2015, p. 13.

Sinálase que o autor retoma o espírito de *Made in* Galiza con esta obra composta por varios textos, uns inéditos e outros publicados en medios dixitais. Precísase que neles paira a integración xenérica, trazo característico do autor, é dicir "poemas, fragmentos narrativos que beirean as estremas do ensaio ou a crónica, (...) e ficción que camiña en distancias curtas, ben co microrrelato ben co relato máis ou menos canónico".

Destácase a habilidade que ten o autor para ofrecer relatos intensos nos que tece o marabilloso no ámbito cotián ou o cotián no marabilloso.

**Referencias varias:**

- N. V., "Despois de 17 anos a Fundación Artabria renova o seu local e o seu programa de actividades", *Diario de Ferrol*, 1 outubro 2015, p. 14.

Alude á presentación desta obra de Séchu Sende dentro do programa de actividades da Fundación Artabria de Ferrol.

**Valle**, Luís e Baldo **Ramos**, *Trona, o merlo*, Cangas do Morrazo: Edicións Barbantesa, 2015, 84 pp. (ISBN: 978-84-940302-6-0).

Poemario de Luís Valle (Lugo, 1977) e Baldo Ramos (Celanova, 1971) composto por setenta poemas escritos por Luís Valle, algúns dos cales se enlazan coa caligrafía en cor negra executada por Baldo Ramos, creando así un diálogo entre palabra e imaxe. Formalmente, os haikus non presentan a severa pauta silábica que os define (5- 7- 5), senón que o autor toma unha certa liberdade, mais mantén a forma básica que os caracteriza (tres versos curtos sen rima). Os poemas presentan numerosos substantivos relacionados co mundo da natureza; a maioría deles, ora seres animados (bolboreta, saltón, merlo) ora inanimados (pedra, auga, toxos), aparecen humanizados. Trátase dunha poesía moi visual debido á gran presenza de elementos naturais como a auga, o monte, a lúa ou os animais, cargada de imaxes moi sensoriais que evocan unha natureza viva.

**Recensións:**

**-** Armando Requeixo, "Ubres de néboa de Luis Valle", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 901, "letras Atlánticas", 4 outubro 2015, p. 32.

Recensiónase este volume poético a catro mans. Comézase indicando que o autor lugués se encarga dos setenta haikus, entre os que se intercalan ilustracións de Baldo Ramos. Sublíñase a natural discreción, a contención e resáltase a amálgama de paisaxe, tempo e sentimento á que a forma asiática obriga. Destácanse os tríades pobóanos bosques, cervos de luz, rulas nas ramas, gadañas baixo o sol, incidindo así nos fenómenos meteorolóxicos e na fauna e flora propias. Menciónase que percuten nos versos, tamén, Eliot, Rilke, Auden ou o Lorca máis surreal.

**Referencias varias:**

- Jaureguizar, "O poeta lucense Luis Valle ultima o libro de haikus 'Trona o merlo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 4 xuño 2015, p. 58.

Anuncia a publicación deste poemario, indicando que representa un cambio de ton con respecto ás obras anteriores do poeta e unha "continuidade" con *As cicatrices do sol*, segundo explicou o propio autor durante a presentación.

- R. Nicolás, “Haikus de noso”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 24 xullo 2015, p. 13.

Destaca, a partir dun símil musical, o diálogo dos poemas coas ilustracións de Baldo Ramos.

**Valle**, Luís, *As cicatrices do sol*, Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey, lim. Armando Requeixo, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Premios de Poesía Manuel Lueiro Rey, n.º 3, 2015, 72 pp. (ISBN: 978-84-7824-646-5).

Poemario de Luís Valle (Lugo, 1977) que principia cun limiar a cargo de Armando Requeixo, intitulado “O rostro da luz”, no que se ofrecen certas claves sobre a “poética visionaria” e o facer imaxinístico do autor: a arquitectura concéntrica do simbólico, capaz de cohesionar o texto; a dicción bíblica ou profética escollida e a fluidez dos versos. O poemario ábrese con tres citas en idioma orixinal, pertencentes a Lautrêamont, Eugenio Montale e Alfonso Pexegueiro. A seguir, dispóñense os poemas, presentados sempre con abondo sangrado en cada unha das marxes, de maneira que os pequenos poemas en prosa polos que o autor opta forman unha columna ou bloque en cada páxina. Algunhas composicións conteñen por veces citas iniciais (de Aquilino Iglesia Alvariño, de Else Lasker-Schüler e de William Blake), e outras van seguidas dun nome entre parénteses cursivas, a modo de título (tal como acontece no primeiro dos poemas, que presenta un título homólogo ao do libro). A poética de Luís Valle debrúzase nas imaxes e recunca nas temáticas centrais da vida: o amor, a dúbida, a pegada do tempo…, á vez que traza un universo con certa coherencia mística, habitado de estrelas, soles, aguias, caligrafías ou libros borrados.

**Recensións:**

- Román Raña, “Radicalmente persoal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 550, “Libros”, 9 xullo 2015, p. VI.

Afírmase que o autor ofrece unha poética moi persoal que remite a escritores doutros tempos e espazos. Sinálase que a obra está integrada por composicións breves e condensadas que conducen a un mundo interior complexo e que reflicten os sentimentos máis extremos, impactando na sensibilidade do lector. Saliéntase o texto “Profecía do mediodía” como o que mellor sintetiza o “trebón sentimental”.

- Isidro Novo, “As cicatrices fecundan a terra”, *Tempos Novos*, n.º 217, *ProTexta*, n.º 9, “ProPostas”, xuño 2015, p. 87.

Tras un breve percorrido pola obra do autor, descríbese o volume no contexto da súa poética e resáltase a presenza do amor como emoción e devoción. Conclúese destacando a imaxinería do autor, de xeito que as súas referencias achegan unha “pátina” propia á composición.

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, “Diálogo e simbolismo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 1 maio 2015, p. 12.

Sinala que Luís Valle foi galardoado no II Premio Lueiro Rey cunha obra na que destaca o diálogo con outras voces poéticas, a estilización dos poemas e o simbolismo.

**Vaqueiro**, Vítor, *Palavras a Espártaco*, lim. Xabier Paz, Santiago de Compostela: Através Editora, febreiro 2015, 81 pp, (ISBN: 978-84-87305-89-4).

Poemario de Vítor Vaqueiro (Vigo, 1948) que contén un comentario de Xabier Paz sobre o propio autor, intitulado “Vítor Vaqueiro, restaurador do idioma e reconstrutor de mitos”. Presenta unha cita tirada da película *Terra da abundancia* do cineasta alemá Win Wenders. O poemario está dividido en catro seccións con numeración romana compostos por composicións de diversa temática que xiran ao redor do personaxe de Espartaco. Realiza unha reformulación do mito clásico e presenta reflexións profundas sobre a dor. Péchase cun posfacio intitulado “A orixe dos textos” e co apartado “Notas bibliográficas”, no que o autor pretende facer xustiza a través da poesía dado que é o camiño “mais reflexivo e menos arriscado”. A temática é o sufrimento e a explotación humana ao longo da historia.

**Recensións:**

- Román Raña, “Con mítica indignación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 549, “Libros”, 2 xullo 2015, p. VI.

Cualifica o poemario de “excepcional” por afastarse do tópico do lirismo intimista e do tipismo e por ofrecer un tipo novo de indignación que se pode denominar “mítica”. Refire que a obra xira arredor da loita ao longo da historia entre os explotadores, para os que non hai piedade, e os explotados. Precisa que contén numerosas referencias históricas, literarias, estéticas e políticas. Destaca o emprego da apóstrofe e das figuras simbólicas. Finalmente loa o uso que fai o autor do verso alexandrino.

- Alberte Valverde, “Diálogo co mito”, *Grial*, n.º 207, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2015, pp. 102-103.

Tras contextualizar a obra dentro deste selo editorial que aposta pola variante reintegracionista do galego, descríbese a obra. Indícase que a primeira parte é un anticipo do canto, na que se salienta o desexo por reformular o mito clásico; que na segunda, a máis extensa, hai un diálogo coa figura de Espártaco, a través do cal se suscita a dor e a reflexión. Precísase que a terceira sección continúa o canto épico, mentres que a última explica o retorno de Espártaco para seguir na loita. Conclúese salientando o poemario como “crónica poética dun tempo novo”.

**Velasco**, Eduard, *Ruído de trens*, XXVII Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé, prol. Isaac Lourido, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 260, abril 2015, 49 pp. (ISBN: 978-84-92646-90-6).

Primeiro poemario de Eduard Velasco (Barcelona, 1982) que se abre cun prólogo, a cargo de Isaac Lourido, intitulado "Trânsitos, corpos", e que se detén na peculiar entrada de Eduard Velasco no espazo literario galego grazas a dous premios de poesía; na reflexión arredor do propio certame Pérez Parallé, e na poética do autor, categorizada primeiramente como "estimulante", de atendermos ás realidades, escenas e espazos privilexiados no poemario, mais tamén a trazos como a ironía, a exploración metaliteraria ou a intuición poética que rebordan certas imaxes. A continuación aparecen as citas inciais (de Senior i El Cor Brutal, e dunha carta astral) e un poema introdutorio, que recolle as intencións da escrita autorial e condensa unha autopoética: "Fago poemas de amor e ódioos porque amo". Os seguintes paratextos, que enmarcan circularmente o libro, son unha cita inicial e outra final, pertencentes a Lupe Gómez. A partir de aquí, a cerna do volume constitúena seis poemas numerados, e outros seis que acompañan aos xa citados. Neles, resultan fundamentais os tránsitos, os escenarios habitados e unha carnalidade física que impregna e cohesiona o volume enteiro. Con verso longo, procúrase a fluidez e naturalidade do narrado. O poemario péchase cun fragmento intitulado "Débedas", onde se efectúan os agradecementos e recoñecementos poéticos pertinentes para o autor, ligados incluso aos poemas que xeraron.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "Ruído poético", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 28/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 899, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 899, p. 30, "máis Libros", 20 setembro 2015.

Recensiónase o poemario principiando por lembrar o poeta de Barallobre e salientar a necesidade de dedicarlle algunha relectura. Saliéntase a brevidade e o ar posmoderno, a voz directa e sinxela a modo de manual de instrucións sentimentais, así como o acompañamento dalgúns nomes da poesía galega actual, entre os que se subliña o de Luz Pichel, procedente da poesía en lingua española de quen precisa que tivo unha chegada tardía pero boa ao panorama galego.

- Armando Requeixo, "A escrita móbil de Eduard Velasco", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 902, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 902, p. 32, "letras Atlánticas", 11 outubro 2015.

Coméntase o primeiro poemario do autor, incidindo en primeiro lugar nas súas ocupacións anteriores como tradutor catalán galego, como lector na Universidade Nova de Lisboa e como premiado no III Premio de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro en Mondoñedo. Con respecto ao poemario, saliéntase a sensación de recoñecemento na paisaxe sentimental, as voces amigas (Xiana Arias, Francisco Cortegoso ou Antonina Canyelles) e o prólogo de Isaac Lourido.

**Referencias varias:**

- N. V., "Unidade de Fene, única entidade de toda Galicia que leva celebradas as 53 edicións do evento", *Diario de Ferrol*, "Comarca", 17 maio 2015, p. 15.

Alúdese á presentación desta obra, gañadora do Premio de Poesía Pérez Pallaré, no marco do programa das Letras Galegas do CMI Unidade de Fene.

- R. Nicolás, “Palabras para abrazarse”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 23 outubro 2015, p. 4.

Sinálase a capacidade suxestiva, os ecos da carnalidade e as paisaxes habitadas deste poemario.

**Vidal Alvarinho**, R., *Mares de queijo*, prol. Elvira Ribeiro Tobío, Vigo: Q de Vian Cadernos, col. A Porta Verde do Sétimo Andar, n.º 20, 2015, 43 pp. (ISBN: 978-84-15164-95-1).

Edición en papel do poemario de Ramiro Vidal Alvarinho (Ferrol, 1973) que vira a luz en formato dixital por AGAL no ano 2004. Ábrese co prólogo de Elvira Ribeiro Tobío para o seu primeiro lanzamento, no que describe brevemente os temas dos poemas, e cunha imaxe no deseño da capa de Maria José López Federido. Os vinte e sete poemas tratan da melancolía, o amor e a morte e conteñen referencias musicais de estilo punk, heavy metal e hip-hop e mensaxes políticas, que instan á liberación dos pobos do imperialismo, o fascismo, o racismo e a relixiosidade extrema.

**VV. AA.**, *Artes plásticas. Banda deseñada. Carteis. Deseño de xoias. Graffiti. Moda. Música. Teatro. Videocreación. Poesía. Relato breve. Xuventude Crea Premios 2014*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Xuventude. Consellería de traballo e Benestar. Xunta de Galicia, 2015, 162 pp. (DL: C 182-2015). ◆

Volume colectivo no que se recollen os galardoados e mencións de honra nos Premios 2014 Xuventude Crea. Tras dúas presentacións institucionais, estrutúrase nas diferentes modalidades galardoadas, das que se ofrece a composición da comisión de selección e os premios outorgados. En relación coa Literatura galega, reprodúcense os seguintes traballos premiados. No apartado “Poesía”: Brais González Pérez (Salceda de Caselas, 1988), “Robeson, calquera” e Charo López Sánchez (Boiro, 1988), “Do quotidiano (random)”, Primeiro premio compartido, pp. 100-113; Fabián Freixedo Fariñas (O Carballiño, 1993), “IN-HERENCIAs. Anacos de familiaridade” e Ismael Ramos Castelo (Mazaricos, 1994), “O grande pecador”, Segundo premio compartido, pp. 114-125; e Lúa Gándara (Vigo, 1988), “O meu patio de luces é moi feo” e Olalla Liñares García (Negreira, 1992), “Pirroto”, Terceiro premio compartido, pp. 126-136.

**VV. AA.**, *Premio 2015 de Relato, Poesía e Tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Xunta de Galicia / Secretaría Xeral de Política Lingüística / Xerais, 2015, 150 pp. (ISBN: 978-84-9914-933-2). ■

Volume colectivo no que se recollen os galardoados, accésits e mencións no Premio de Relato, Poesía e Tradución da Universidade de Vigo. Principia cun limiar asinado polo reitor da universidade, Salustiano Mato de la Iglesia, onde refire o xurado do certame e comenta algúns aspectos do homenaxeado das Letras Galegas, Xosé Filgueira Valverde. Na modalidade de tradución gañou primeiro premio Marta Santamaría Domínguez, pola tradución do francés ao galego dun texto poético de Paul-Jean Toulet, *Contrerimes*. En

relación coa Literatura galega, reprodúcense os seguintes traballos premiados na modalidade de poesía:

- Anxo Mera Rodríguez, "15C", primeiro premio, pp. 57-64.

Poema longo de verso libre ambientado na cidade de Vigo.

- María López Correa, "Redes persoais", primeiro accésit, pp. 65-76.

Conxunto de oito composicións intituladas "3.0", "Timeline", "RT: @senconxeción", "Selfie", "FF: @osquequedan", "TT: Crack do 36", "FA: @amor" e "# RRPP", de temática variada, centradas nas novas tecnoloxías.

- Lara Domínguez Araújo, "Muda en sete tempos", segundo accésit, pp. 77-92.

Poemario estruturado en sete composicións intituladas con números romanos correlativos, de verso libre nas que se reflexiona sobre temáticas diversas con referencias a Aristóteles e Castelao.

- Eva González Blanco, "Matemáticas", mención, pp. 93- 98.

Poema longo de carácter intimista, sen rima.

# II. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Álvarez Torneiro**, Manuel, *Rigorosamente humano*, Pontevedra: Kalandraka, col. Tambo, novembro 2015, 96 pp. (ISBN: 978-84-15250-89-0).

Reedición do poemario de Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) publicado en 1995 tras acadar o Premio Esquío de poesía un ano antes. Esta obra, descrita no *Informe 1995,* mantén a mesma dedicatoria, citas e distribución en tres partes. A única diferenza é o cambio editorial: en 1995 publicouna a Sociedad de Cultura Valle-Inclán de Ferrol e esta nova reedición Kalandraka Editora.

**Antonio**, Manuel, *De catro a catro*, ilust. Pablo Otero, trad. Luís Rei Núñez, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, 12 xullo 2015, 88 pp. (ISBN: 978-84-943213-7-5).

Edición bilingüe do poemario de Manuel Antonio (Rianxo, 1900-1930), publicado por primeira vez en 1928 na editorial Nós. Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) encargouse de verter a obra ao castelán e Pablo Otero das ilustracións do libro. O poemario divídese en dúas partes: a primeira (pp. 11-61) é a parte escrita en galego, na cal se mantén a fidelidade ao texto orixinal; e a segunda (pp. 65-88) é a tradución ao castelán.

**Recensións:**

**-** Armando Requeixo, "Versos 'De catro a catro", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 901, "letras Atlánticas", 25 outubro 2015, p. 32.

Comézase efectuando unha revisión das primeiras edicións desta obra manuelantoniana, que van da orixinal impresa en Nós até a bilingüe galego-castelá publicada en 1940 na Arxentina, con tradución e limiar de Rafael Dieste e ilustracións de Colmeiro, ou a recollida en 1972 no primeiro volume das obras completas. Saliéntanse tres engádegas de valor: a coidada tradución ao castelán, asinada polo poeta e narrador Luís Rei Núñez, a suxestiva interacción que as ilustracións de Pablo Otero estabelecen, e o primor material na execución dun volume a toda cor sobre papel de calidade. Expóñense a continuación algunhas das claves deste clásico da poesía de vangarda galega.

**Referencias varias:**

- R. V., "Homenaxean os 115 anos do nacemento de Manuel Antonio cunha reedición", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.326, 9 xullo 2015, p. 35.

Dá conta da publicación desta edición bilingüe e ilustrada do poemario para conmemorar o 115 aniversario do nacemento de Manuel Antonio. Indica que o libro pretende chegar tanto a novos lectores coma aos que xa o coñecían.

- X. F., "O universo de 'De catro a catro', traducido ao castelán e a imaxes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 xullo 2015, p. 32.

Dá conta da nova edición da obra, sinalando que se trata dunha versión bilingüe traducida ao castelán por Luís Rei e ilustrada por Pablo Otero. Afirma que o libro busca, entre outras cousas, achegar os versos do poeta rianxeiro a novos lectores.

**Rodríguez Fer**, Claudio, *A Cabeleira (Poema en 35 idiomas)*, [Lugo]: Asociación para a Dignificación das Vítimas do Fascismo, col. A tola soñando, n.º 1, 2015, [46] pp.

Poemario conformado por un poema de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) escrito orixinalmente en galego e publicado en 1985 en *Grial,* en 1987 no libro *A boca violeta* e máis tarde en versión tetralingüe –galego, castelán, francés e inglés-, e a súa tradución a trinta e catro linguas: vinte e unha europeas (portugués, asturiano, eúscaro, castelán, catalán, occitano, francés, italiano, inglés, alemán, danés, neerlandés, finés, grego, gaélico irlandés, gaélico escocés, galés, bretón, ruso, polaco, checo), seis asiáticas (armenio, hebreo, árabe, chinés, xaponés, hindi), tres africanas (swahili, ioruba, wolof), dúas americanas (quechua, guaraní), unha de Oceanía (rapanui) e no internacional esperanto. As traducións foron realizadas por tradutores dos cinco continentes, a ilustración do debuxo da cuberta e o caligrama do poema son da autoría de Carme Blanco pero, ademais, conta con varios debuxos no interior de Sara Lamas. A edición péchase cun recoñecemento ás vítimas das guerras que marcaron o século XX.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "As linguas da cabaleira", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 883/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 883, "letras Atlánticas", 31 maio 2015, p. 32.

Fala da obra tirada do prelo pola colección A Tola Soñando. Comenta que o libro ofrece en trinta e cinco idiomas o poema "A Cabeleira", de Claudio Rodríguez Fer, que vira a luz no ano 1985 na revista *Grial*. Apunta que os textos van acompañados das ilustracións de Sara Lamas, a cuberta e a contracuberta de Carmen Blanco e uns apéndices bibliográficos sobre o autor e a súa traxectoria. Finalmente, reproduce o poema en galego.

**Referencias varias:**

- Maru Torres, "Cadros e libros para o outono", *El Progreso*, "*Xente de aquí*", "En sociedade", 1 novembro 2015, p. 15.

Entre outras cuestións, informa da celebración dun recital colectivo desta obra multilingüe no Hunter College da City University of New York.

# II. 3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

**Apollinaire**, Guillaume, *O bestiario ou cortexo de Orfeo*, (*Le Bestiaire ou Cortège d'Orphée*, 1911), trad. Pablo Seoane, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, novembro 2015, 65 pp. (ISBN: 978-84-942739-4-0).

Tradución do *Bestiario* de Guillaume Apollinaire (Roma, 1880 - París, 1918), que busca unha fidelidade considerábel nos seus aspectos formais principais: aparece en versión bilingüe, e conta cos gravados da edición orixinal, da autoría de Raoul Dufy. Recompílanse poemas breves de Apollinaire quen, conxugando a maneira das fábulas e a tradición dos bestiarios, tenta recoller en cada unha das composicións (presentadas en follas diferentes, e sempre acompañadas da imaxe de Dufy) o retrato dun animal: dende a tartaruga ou a "cabra do Tíbet" até a carpa ou o exótico ibis. O personaxe de Orfeo ten un papel destacado, abrindo a compilación de poemas e servindo de miliario, ao reaparecer en tres ocasións máis, cunha función adoito presentadora, xa que se adianta ao xénero de animais e seres que desfilarán a continuación, como acontece na súa última intervención. A recolla resulta coherente, con composicións sempre curtas (maiormente estrofas de catro versos, sen superaren nunca os seis) e enunciadas dende unha voz en primeira persoa, pertencente a Orfeo, hábil no que á sensorialidade respecta, e que repara na tradición clásica. A edición non conta con Limiar, ao contrario do que se indica no índice de peche.

**Recensións:**

- H. J. P., "O bestiario ou cortexo de Orfeo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Para ler", 18 decembro 2015, p. 42.

Coméntase a aparición desta tradución no catálogo de Positivas, pouco máis de cen anos de aparecer publicado orixinalmente en Francia, agora da man do músico e escritor ferrolán Pablo Seoane, que estreou tamén composicións inspiradas do ciclo de cancións para piano que Francis Poulenc creara sobre estes versos. Incídese en que se revisa nel a vella tradición que segue o volume, a dos prodixios da natureza ("bichos e orfeos") tan comentados no medievo, mesturada co espírito lúdico propio do surrealismo.

# II. 4. ANTOLOXÍAS

**Berengarten**, Richard, *O voar da bolboreta azul*, intro. dos tradutores, trads. Loreto Riveiro e Francisco Lavandeira, Culleredo: Espiral Maior, col. Auliga, n.º 15, maio 2015, 245 pp. (ISBN: 978-84-9246-91-3).

Antoloxía de Richard Berengarten (Londres, 1943) que se inicia cunha introdución na que os tradutores dan conta da intención coa que se concibiu esta obra. Acto seguido, exponse un preludio bio-bibliográfico no que se realiza un pequeno achegamento a cada unha das obras recollidas nesta compilación (*Avebury*, *Tree*, *Black Light*, *Croft Woods*, *Against Perfection*, *The Manager*, *Book With No Back Cover*, *The Blue Butterfly*, *Under Balkan Light*, *Manual*, *Cohering*), así como comparacións con poetas e obras que lles son máis próximos aos lectores e unha listaxe da bibliografía mencionada. A antoloxía ábrese cun poema dedicado a Rosalía de Castro. As temáticas abordadas son moi diversas: o vagar do poeta entre pedras megalíticas, a busca das preguntas das antigas forzas do silencio, a importancia da natureza e da súa observación, o amor, algúns acontecementos históricos (masacre de Šumarice, asasinatos de nenos no río Sava), a morte e reflexións sobre a creación poética. A obra caracterízase pola gran variedade métrica dos poemas e polas referencias intertextuais. Péchase cun apéndice, cunhas notas explicativas sobre a tradución e os poemarios e cos agradecementos.

**Díaz**, Suso e Helena **Villar Janeiro** (coords.), *6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca*, lim. dos coordinadores, A Coruña: Biblos, 17 decembro 2015, 69 pp. (ISBN: 978-84-15086-51-2).

Edición conmemorativa pensada como unha homenaxe colectiva a Federico García Lorca (Fuente Vaqueros, 1898- Víznar, 1936) ao cumprirse o centenario da súa primeira visita a Galicia. Os coordinadores, Suso Díaz (Lobios, 1971) e Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940), asinan un limiar onde explican os motivos da publicación, subliñan a importancia dos *Seis poemas galegos* (1935) de García Lorca e comentan a estrutura do propio libro: por cada poema en galego de García Lorca acompáñanse seis poemas de distintos autores galegos. Participan neste volume  Helena Villar Janeiro, Marica Campo, Francisco X. Fernández Naval, F. R. Lavandeira, Xesús Rábade Paredes, Miro Villar, Modesto Fraga Moure, Rocío Blanco, Alfredo Ferreiro, Alexandre Nerium, Emma Pedreira, Xosé Henrique Rivadulla Corcón, Marta Dacosta, Xosé María Álvarez Cáccamo, Ledicia Costas, Paco Souto, Eva Veiga, Rafa Vilar, Yolanda Castaño, Lucía Aldao, Xiana Arias, Olalla Cociña, Gonzalo Hermo, María Lado, Suso Díaz, Miguel Ángel Alonso Diz, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Baldo Ramos, Lorena Rei, Noelia Rodríguez, Lucía Novas, Alba Cid, Xosé Daniel Costa Currás, Rosa Enríquez, Miriam Ferradáns e Ismael Ramos. Na parte final inclúese un poema que mediante un acróstico lembra a tarefa editorial e o asasinato de Ánxel Casal, editor dos poemas galegos de García Lorca. O libro, de temática variada, está acompañado de seis estampas da autoría de Nolo Suárez, Viki Rivadulla, Alfonso Costa, Marita Martín Carmona, Irene Silva Xiráldez e Antón Sobral.

**Referencias varias:**

- Helena Villar Janeiro, "Homenaxe poética", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 27 decembro 2015, p. 2.

Coméntase a publicación do singular volume de homenaxe a Federico García Lorca, no que trinta e seis poetas (seis poetas coordenando equipos de seis poetas) dialogan cos seus seis poemas galegos, no 80 aniversario desta produción do autor. Explícase que o libro inclúe seis textos a doce mans e trinta e seis individuais, así como seis ilustracións de artista e un acróstico final dedicado ao editor, Ánxel Casal.

- Fran P. Lorenzo, "Un libro colaborativo une 36 voces poéticas galegas en tributo a Lorca e Casal", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 decembro 2015, p. 42.

Comenta a presentación, na Libraría Couceiro de Santiago, deste volume colectivo que dialoga cos seis poemas galegos de Federico García Lorca, na que estiveron presentes os coordinadores, Suso Díaz e Helena Villar Janeiro, e o editor, Tucho Calvo. Lístanse os participantes, os responsábeis dos seis grupos (dedicados a cadanseu poema) e valórase a xestación do proxecto.

**Manuel María**, *Poemas escollidos*, Lugo: Fundación Manuel María de Estudos Galegos, Casa Museo Manuel María, 2015, 280 pp. (ISBN: 978-84-944417-0-7). ◆

Escolma que revisa o conxunto da obra poética de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004). Ábrese o volume cun texto asinado por Manuel López Foxo, "A poesía de Manuel María: o país, sempre o país, e tamén unha viaxe cara a dentro", quen agarda que o Día das Letras Galegas de 2016 sirva para redescubrir ao poeta. Destaca o cultivo dunha liña intimista, alén da poesía socio-política e patriótica, considerando que está presente, con distinta intensidade, en toda a súa obra. Refírese, entre outras cuestións, á organización da presente antoloxía, apuntando que a orde de presentación concorda co tempo de elaboración, o que permite observar a evolución da súa poética e o diálogo coas correntes temáticas e estéticas da época. Os poemas escollidos proceden de cincuenta e dous poemarios publicados dende 1950 até a actualidade, incluíndo os seus libros póstumos, polo que a súa produción abarca dende *Muiñeiro de Brétemas* até *Poemas para dicirlle a dúas lagoas*. O resto de poemas antologados proceden de: *Elexías á miña vida pequeniña*, *Morrendo a cada intre*, *Advento, Libro de Pregos, Panxoliñas, Poemas a Compostela, O Miño canle de luz e néboa*, *Terra Chá*, *Libro das Cantigas*, *Mar Maior*, *Entre a arxila e a luz*, *Documentos persoais*, *Poemas da ausencia, Camiños de luz e sombra*, *Escolma de Poetas de Outeiro de Rei*, *Cancioneiro de Monforte de Lemos, Remol*, *Versos florecidos en louvanza de Foz*, *Proba documental*, *Os soños na gaiola*, *Versos para cantar en feiras e romaxes*, *Versos para un país de minifundios*, *Canciós de lusco ao fusco*, *Informe para axudar a alcender unha cerilla*, *Odes nun tempo de paz e de ledicia, Aldraxe contra a Xistra*, *Laio e clamor pola Bretaña*, *O libro das baladas*, *Cantos rodados para alleados e colonizados*, *Poemas para construír unha patria*, *Poemas ao outono, Brétemas do muiñeiro*, *Cataventos de neutrós domesticados*, *As rúas do vento ceibe, Cecais hai unha luz*, *Poemas de labarada estremecida*, *Versos de lume e vagalume, O camiño é unha nostalxia*, *Saturno, Cantigueiro do Orcellón*, *A luz resucitada*, *As lúcidas lúas de outono*, *Oráculos para cabaliños de demo*, *Ritual para unha tribo capital de concello*, *Sonetos ao val de Quiroga*, *A primavera de Venus*, *Os lonxes do solpor*, *Compendio de orballos e incertezas*, *Sonetos á casa de Hortas*, *Cantigas e cantos de Pantón.* Trátanse

de case duascentas composicións que amosan un autor prolífico non só polo número de obras, senón polo cultivo de diferentes temáticas poéticas, entre as que destaca o intimismo, o compromiso coa terra na súa poesía social e cívica, os cantos elexíacos, etc. Non se informa da data de publicación dos poemarios e, como xa sinalou, aparecen por orde de creación, non de publicación. A ilustración da portada é da autoría de Manuel Facal.

**Manuel María**, *Uxía canta a Manuel María*, Outeiro de Rei-Lugo: Fundación Manuel María de Estudos Galegos, 2015, [16] pp., contén un estoxo con 52 fichas. (DL: C2158-2015). ◆

Traballo musical gravado ao vivo sobre poemas de Manuel María (nome literario de Manuel María Fernández Teixeiro, Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004) por Uxía Domínguez Senlle (Sanguiñeda, Mos, Pontevedra, 1962), no que se inclúe o CD coa gravación musical de quince poemas, cuxas letras se reproducen nun libreto e que están tirados de *Sonetos á Casa das Hortas* (1997), *Advento* (1954), *Documentos persoais* (1958), *As lúcidas lúas de outono* (1988), *Terra Chá* (1954), *Versos para cantar en feiras e romaxes* (1969), *Os soños na gaiola* (1972), *Os lonxes do solpor* (2012), *Libro de cantigas* (1955), *Documentos persoais* (1958), *As rúas do vento ceibe* (1979), *Versos do lume e do vagalume* (1982), *Terra Chá* (1954) e *Os lonxes dos solpor* (2012). Péchase este libreto cos agradecementos de Uxía a todas as persoas implicadas no proxecto e á Fundación Manuel María de Estudos Galegos pola confianza depositada nela, así como os créditos técnicos e dos autores. Acompáñase este traballo cun portapoemas no que se inclúen cincuenta e dúas fichas nas que se reproducen outros tantos poemas do autor da Terra Chá e que os editores convidan a gozar todo o ano con esta "poesía de cabeceira para soñar, para degustar lentamente e, inclusive, para memorizar e así levar sempre contigo". Explícase tamén que cada exemplar é único pola folla de carballo de Santa Isabel que leva pegada o portapoemas. A selección deste "calendario" poético para todo o ano contén poemas de temáticas variadas extraídos de *Terra Chá* (1954), *Versos para un país de minifundios* (1969), *Cancións do lusco ao fusco* (1970), *Os soños na gaiola* (1972), *Cantos rodados para alleados e colonizados* (1976), *Oráculos para cavaliños do demo* (1986), *Aldraxe contra a xistra* (1973), *Poemas ao Outono* (1977), *As rúas do vento ceibe* (1979), *Poemas da labarada estremecida* (1981), *Versos de lume e vagalume* (1982), *A luz resucitada* (1984), *Ritual para un tribo capital de concello* (1986), *Oráculos para cavaliños do demo* (1986), *As lúcidas lúas de outono* (1988), *Compendio de orballos e incertezas* (1991), *Poemas para dicirlle a dúas lagoas* (1994), *Sonetos á Casa de Hortas* (1997) e *Os lonxes do solpor* (2012).

**Referencias varias:**

- Fran P. Lorenzo, "Uxía canta a Manuel María' inaugura as celebracións do 2016 para o poeta", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 23 decembro 2015, p. 45.

Explícase que, ao ronsel de Milladoiro, Fuxan os Ventos, A Quenlla, Suso Vaamonde ou Berrogüetto, se suma a cantante Uxía, nunha achega musical que foi presentada no restaurante O 16, en Santiago de Compostela.

**Patinha**, Manuel (ed.), *Froitos do tempo. Poesía latina*, pról. Sandra Barboni, Ferrol: Edicións Embora, febreiro 2015, 118 pp. (ISBN: 978-84-92644-98-8).

Escolma poética editada por Manuel Patinha (Póvoa de Santa Iria, 1949) que recolle as composicións de seis poetas escritas nas súas respectivas linguas maternas: galego, portugués, castelán e italiano. A obra comeza cun limiar homónimo asinado pola profesora da Universidade de Padova Sandra Barboni, onde se presenta o volume e aos autores escolmados e se adiantan algúns trazos da poesía de cada un deles. O texto do limiar preséntase traducido ás catro linguas presentes na obra. A seguir, recóllense as composicións, estruturadas en seis seccións en función do seu autor, nesta orde: Chema Paz Gago (Celanova, 1958), João Rasteiro (Coimbra, 1965), Manuel Patinha, Sabrina Lembo (Roma, 1980), Pedro Antonio Pérez (Franza, Mugardos, 1940) e Vicente Araguas (Xuvia, Neda, 1950). Cada sección inicia coa biografía do autor, escrita na mesma lingua que os seus poemas, e a continuación reprodúcense os textos en versión orixinal, moitos deles xa publicados anteriormente noutras obras. Trátase de composicións de extensión variábel e escritas todas elas en verso libre, agás os textos de Pedro Antonio Pérez que presentan unha métrica bastante regular e rima asonante. Dende o punto de vista temático, abórdanse temas diversos entre os que destacan algúns comúns como o amor, o paso do tempo ou as ausencias. A obra inclúe ilustracións de Manuel Patinha.

**Rodríguez Alonso**, Carme (ed.), *Un bosque novo. Antoloxía de poesía gaélica contemporánea*, prefacio Manuela Palacios González, intro. da editora, A Coruña: Trifolium, col. Musa pedestris, serie Clea, 119 pp. (ISBN: 978-84-942103-8-9).

Antoloxía realizada por Carme Rodríguez Alonso onde se inclúen poemas da tradición poética contemporánea irlandesa. As composicións están dispoñibles na súa versión orixinal (gaélico) e van acompañadas dunha tradución á lingua galega realizada por Carme Rodríguez Alonso. Principia a antoloxía cunha dedicatoria que versa "Á miña amiga Isabel Presedo Vázquez". De seguido, ábrese o volume cun prefacio de Manuela Palacios González que comeza referíndose á Xeración Nós, e ao interese que esta mostrou pola literatura irlandesa escrita en inglés, mais non na escrita en gaélico. Engádese que as traducións desta antoloxía "son un paso importante e pioneiro para corrixir un desequilibrio no noso sistema de recepción literaria". A seguir, na introdución, Carme Rodríguez Alonso sinala que pretende "contribuír e afondar nos vencellos lingüísticos, culturais e sociolóxicos que Galicia e Irlanda, en certa medida, comparten". Engade que, en Galicia, foron autores como Murguía, Pondal ou o grupo 'A Cova céltica' algúns dos que mostraron interese pola cultura e literatura irlandesas. Ademais, realiza unha breve achega á figura dos autores escollidos para conformar a antoloxía e do campo literario no cal se sitúan: Máirtín Ó Direáin (1910-1988), Seán Ó Ríordáin (1917-1977), Máire Mhac An Tsaoi (1922), Pearse Hutchinson (1927-2012), Mícheál Ó Hairtnéide (1941-1999), Caitlín Maude (1941-1982), Gabriel Rosenstock (1949), Liam Ó Muirthile (1950), Michael Davitt (1950-2005), Nuala Ní Dhomhnaill (1952), Cathal Ó Searcaigh (1956), Louis De Paor (1961) e Celia De Fréine (1948). Finaliza a introdución afirmando que esta antoloxía "nin pode nin pretende dar unha visión exhaustiva [...]. Este traballo tenta ser unha achega a través da tradución ao intercambio e ao diálogo entre dúas culturas [...]." Péchase o libro cunha nota de

agradecementos a Xabier Cordal, Manuela Palacios, Armando Requeixo, Alberto Gómez Creo, Isabel Presedo Vázquez, Pádraig Ó Domhnallái, David Barnwell, Mícheál Ó Conghaile, Isabel Nic an Fhaillí, Mónica Ó Reilly-Vázquez, Pillar Garrido, Victoria Pazos, José Carlos García-Sacristán e Manuel Rodríguez Alonso.

**Referencias varias:**

- Santiago Jaureguizar, "Un piano de cola que sobrevoou a cidade", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cidade xardín", 14 xuño 2015, p. 76.

Entre outras cuestións, dá conta da publicación da antoloxía, sinalando que a pesar de que a calidade dos autores escolmados é desigual, o libro é interesante no seu conxunto.

- H. J. P., "Un bosque novo. Antoloxía de poesía gaélica contemporánea", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Para ler", 15 xuño 2015, p. 23.

Informa da publicación desta escolma bilingüe gaélico-galego preparada por Carme Rodríguez Alonso e sinala que os textos seleccionados pertencen a trece poetas que contribuíron á modernización do gaélico e que a súa temática é moi variada.

**VV. AA.**, *Sentimentalismo. Antoloxía transcendental*, Santiago de Compostela: Bubela, 2015, 147 pp. (ISBN: 978-84-943845-0-9).

Poemario de autoría colectiva que se abre cun texto no que se explica que lugar ocupa esta antoloxía dentro do proxecto do "Sentimentalismo" (posterior á publicación das "TAR (Tres Antoloxías de Referencia)" e o seu método de confección: unha convocatoria aberta ás autoras e autores presentes nas TAR para reflexionar poeticamente arredor da divindade, apuntalando así a vertente máis espiritual do movemento. Inclúense as mensaxes dirixidas previamente ao grupo de autores e explórase o concepto de "divindade", reivindicando a dimensión transcendental do ser humano. A continuación encóntranse as dez propostas poéticas recollidas, pertencentes a creadoras e creadores con diferentes graos de recoñecemento dentro do sistema literario galego: Carlos Arias, Xulio Cid Neira, Xavier López Marqués, Manuel Celso Matalobos, Mariña Pérez Rei, Elías Portela, Baldo Ramos, Helena Salgueiro, Xesús Manuel Valcárcel, Eva Veiga. A contribución poética de cadaquén vai precedida dunha breve biografía (na que se salienta a súa ligazón e contacto anterior co "Sentimentalismo") e, noso máis dos casos, dunha sorte de autopoética. As ilustracións do volume corresponden a Manuel Celso Matalobos no caso das fotografías, e a Baldo Ramos no das pinturas.

# *III. TEATRO*

## III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

**Cortegoso**, Santiago, *Raclette*, Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2014, Vigo / Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia / Xunta de Galicia, col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 21, 2015, 99 pp. (ISBN Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9914-872-4 / ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-5189-5). ■

Peza dramática de Santiago Cortegoso (Domaio, Moaña, 1974) cuxa acción transcorre nun único espazo do ámbito cotián e familiar, arredor dunha mesa sobre a que hai unha *raclette*. Son dúas as parellas que se sentan nela, entre as que semella existir unha quinta parede, pois non se comunican. Míriam e Mario por unha parte, unha zoóloga e un xornalista en paro e pola outra, Raúl e Paula, un actor de teatro alternativo e a axudante de dirección dunha serie audiovisual, *Lonxe do ruído*. Estes últimos esperan a dous convidados, Vero -enfermeira encargada dunha horta urbana- e o seu ex marido Adolfo, que nunca chega, ambos pais de Mateo, neno seleccionado para un dos papeis da serie. Sucédense na peza breves escenas, un total de vinte e seis, nas que mentres Mario e Míriam discuten sobre a necesidade de seguir cara adiante, o traballo, o paro, as baixas laborais e as pastillas para durmir, Míriam e Mario, xunto con Vero, fan o mesmo sobre a posibilidade de que Mateo participe como actor nesa produción audiovisual na que está metida Paula. Cortegoso propón un xogo no que fai reflexionar sobre os problemas e as desgrazas que afectan á condición humana, con esa mirada aceda que o caracteriza, facendo alusión a unha serie de cuestións de relevancia no momento actual, como é a situación do teatro e do audiovisual de noso e os prexuízos que se teñen sobre el. O climático final une en escena as cinco persoas que estaban na mesa, que por fin se comunican entre elas e desvelan o que teñen en común.

**Recensións:**

- X. F., "Raclette", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Para ler", 22 xuño 2015, p. 27.

Anuncia a publicación desta obra "que mestura comedia e drama" e sinala algunhas das temáticas abordadas: incomunicación, amizade, maternidade e violencia. Presenta os personaxes e comenta brevemente o seu argumento. Destaca que aparecen "tratadas cun humor non exento de fina ironía, as contradicións, explícitas ou implícitas diso que podemos chamar a vida moderna".

- Manuel F. Vieites, "Teatro doméstico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 551, "Teatro", 10 setembro 2015, p. VIII.

Sinálase que a raclette "é o elemento que xunta arredor dunha mesa persoas que finalmente van compartir unha terrible desgraza. Indícase que acción se desenvolve no ámbito doméstico e dáse conta do argumento da peza. Establécese unha conexión cos filmes de Marco Ferreri e destácase a presenza, como pano de fondo, de cuestións como a situación actual do teatro galego ou do ámbito audiovisual.

- Lara Rozados, "*Raclette*: comer(nos) en comunidade", *Grial*, n.º 207, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2015, p. 103.

Descríbese a obra, na que se presentan ao tempo dúas ceas separadas por unha quinta parede escénica, de modo que se separa o espazo diexético. Saliéntase os diálogos áxiles e cargados de humor negro, que tratan sobre as artes escénicas, os límites entre información e ficción, a comida ecolóxica e saudable e as preferencias ou noxos.

**Lama**, Xavier, *Ela, piedade dos suicidas*, A Coruña: Baía Edicións/Xunta de Galicia, col. Barriga verde, nº 13, xullo 2015, 55 pp. (ISBN: 978-84-9995-160-7) (ISBN: 978-84-453-5193-2). ■

Peza teatral da autoría de Xavier Lama (Guntín, 1962) que resultou gañadora do XI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques 2014 na modalidade de adultos. A obra ábrese cun limiar que leva por título "Unha (in)explicación posible" e tres citas de Jan Fabre, Bob Wilson e Antonio Gamoneda. A seguir, preséntanse doce capítulos nos que se realiza unha nova visita ao vello mito grego de Orpheo e Eurídice, un relato caracterizado polo descenso aos infernos na procura da muller idealizada. Trátase dunha proposta en verso libre, na que salienta a calidade lírica que caracteriza a fala dos personaxes. As ideas temáticas xiran ao redor dos conceptos do abismo existente entre a vida e a morte e entre a realidade e o desexo, dos roles xenéricos e do poder da palabra.

**VV. AA.**, *Artes plásticas. Banda deseñada. Carteis. Deseño de xoias. Graffiti. Moda. Música. Teatro. Videocreación. Poesía. Relato breve. Xuventude Crea Premios 2014*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Xuventude. Consellería de traballo e Benestar. Xunta de Galicia, 2015, 162 pp. (DL: C 182-2015). ◆

Volume colectivo no que se recollen os galardoados e mencións de honra nos Premios 2014 Xuventude Crea. Tras dúas presentacións institucionais, estrutúrase nas diferentes modalidades galardoadas, das que se ofrece a composición da comisión de selección e os premios outogardos. En relación coa Literatura galega, reprodúcense os seguintes traballos premiados. No apartado "Teatro": Os farsantes, "Vicent", Primeiro premio, pp. 84-85; Pinchacarneiro Teatro (Noia), "Tralo telón", Segundo premio, pp. 86-87; e La passoire, "Fétide nettoyage", Terceiro premio, pp. 88-89.

**Pexegueiro**, Alfonso, *Lapsus. A Comedia de existir*, Rianxo: Axóuxere Edicións, col. Calíope, 2015, 128 pp. (ISBN: 978-84-941379-4-5).

Traxicomedia de Alfonso Pexegueiro (Angoares, 1948) que principia cun prólogo de David Souto intitulado "Unha política ficcional da infancia" (pp. 7-12) e que conta cunha serie de ilustracións realizadas por Carlos Crego, a modo de "figuríns". A obra dramática, que enlaza coa estética do absurdo, xira arredor da infancia non vivida e da perda da infantilidade dos irmáns Ron (un executivo) e Lapo (un vagabundo). Estes irmáns fanse pasar por parella, coma se dun xogo infantil se tratase, e incluso teñen un fillo, un boneco chamado Cuco. Os protagonistas, que disocian as súas identidades, reflexionan sobre a violencia soterrada que se utiliza para domesticar aos nenos,

matando a súa inocencia. A historia está marcada pola guerra e as consecuencias, pola escravitude e pola violencia simbólica exercida polos pais. A peza está dividida en tres apartados: en primeiro lugar, a obra de teatro propiamente dita, *Lapsus. A comedia de existir. Poema sen voz* (o epígrafe aparece unicamente no título que aparece no interior) (pp. 18-83); en segundo lugar, as "Cartas" (pp. 87-99), que conteñen a correspondencia entre o autor e David Souto Alcalde; e por último, o poema escénico "Días lentos. Hikikomori" (pp. 103-121). Pecha o volume os agradecementos do autor, coroados por unha cita de Samuel Beckett: "*Trouver une forme qui accomode le gâchis, telle est actuellement la tâche de l'artiste*". Polo que se refire á lingua, presenta fragmentos en galego e en castelán.

# III. 2. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en "recensións" e "referencias varias".

# III. 2.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS E SEMANAS

**Agarimo**, IIIº Certame de Teatro Afeccionado de Outono

Organizado pola sociedade Agarimo de Sillobre (Fene) dende 2013. Esta terceira edición de 2015 celebrouse os días 22 e 29 de novembro e o 6 de decembro, coas xornadas teatrais "Juan J. Galdo Fachal". Contou coa participación da Agrupación Teatral Agarimo Sillobre, coa peza *O pai do rapás*; Teatro Donas Amistad, con *A voda de Tano Godello*; e Teatro Xosé María Pérez Parallé, con *Mamá é señora para todo, declárase en rebeldía*.

**Aguiño**, VIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Organizada pola asociación cultural, recreativa e veciñal Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño dende 2011. A edición de 2015 celebrouse os sábados do mes de novembro no conservatorio-aula de música de Aguiño. Contou coa participación dos grupos de teatro O Aturuxo de Melpómene, con *Cipriano de Bequelar*; Teatro A Pombiña de Pedroso, con *A pastilla milagrosa*; Teatro Airiños, con *Nosa Señora das nubes*; e Tangatutanga Teatro, con *Que Deus nos colla confesados. Cabaré Bíblico*.

**Referencias varias:**

- M. G., "Catro grupos actuarán na mostra de teatro de Aguiño", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 outubro 2015, p. 36.

Indícase que na mostra participarán os grupos de teatro Airiños, O Aturuxo de Melpómene, Tangatutanga e A Pombiña. Destácase a intención de "achegar a arte dramática feita en Galicia e principalmente na nosa lingua aos veciños de Aguiño".

**Agustín Magán**, XIVº Festival de teatro afeccionado

Organizado por primeira vez en 2002 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA) para lembrar e homenaxear a Agustín Magán, ademais de servir de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. A edición de 2015, celebrada entre os días 5 e 8 de decembro, contou coa participación das compañías Hipócrita Teatro, con *Emperador, qué pensas?*

*Fala!*; Teatro do Aramio, con *Ulrike no deserto*; Gargallada Teatro, con *Estación Sombrío*; Nova Escena Teatro, con *In Pacem*; Axóuxere Teatro, con *A túa tenrura, Molotov*; e Marañao Teatro, coa peza *Inmortal*.

**Referencias varias:**

- P. C., "Chelo Pampillón. 'O teatro amador está en moi boa forma, coma se verá en Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 26 novembro 2015, contracuberta.

Dáse conta da presentación de vinte e unha agrupacións e indícase que os finalistas desta décimo cuarta edición do festival interpretaron "comedia, drama, teatro reivindicativo e representativo dos distintos xéneros" no Teatro Principal e no Salón Teatro. Anúnciase o programa da mostra e o prezo das entradas.

- J. Gómez, "El Festival Magán programa a Gargallada y a Nova Escena", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 6 decembro 2015, p. L11.

Infórmase da posta en escena das pezas *Estación Sombrío*, de Gargallada Teatro e *In Pacem*, de Nova Escena Teatro. Dáse conta do seu argumento e fálase da Federación de Teatro Afeccionado.

- Camilo Franco, "O teatro polo que non se cobra" *Diario de Pontevedra*, p. 7/ *El Progreso*, p. 6, "*Táboa redonda*", n.º 12, "Fatiga ocular", 6 decembro 2015.

Indica que o Festival Agustín Magán non é o único, e que tamén hai mostras de teatro en Palas, Valga, Vedra, Ferrol, O Carballiño, etc. Comenta que diversidade de festivais lonxe de ser un problema, é unha garantía de público. Por último, destaca a distancia entre o teatro amador e o profesional.

- ECG, "Dos nuevas obras dentro del Festival Agustín Magán", *El Correo Gallego*, "Santiago", 7 decembro 2015, p. 19.

Dentro do Festival Agustín Magán, anuncia a representación das pezas *A túa tenrura, Molotov*, de Axóuxere Teatro e *Inmortal*, de Marañao Teatro.

**ALT.15**, XIVº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Iniciado no ano 2003, este festival está organizado pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e pola Asociación Cultural Noescafé Teatro. Patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conta ademais coa colaboración de entidades tanto públicas coma privadas, así como da Concellaría de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística. Os diversos espectáculos teñen lugar tanto nas rúas de Vigo coma en espazos cubertos, tales como o Auditorio Municipal, a Casa das Arte, o Museo de Arte Contemporánea (MARCO) ou a Casa Arines, sé do Instituto Camões. A edición de 2015 celebrouse dende o 9 até 15 de marzo e contou con

actuacións de teatro, danza e performances de compañías galegas como Anómico Teatro, con *Preferiría non facelo*; Voadora, con *A tempestade*; e Funboa Escénica, con *Sushi gratis*. Participaron tamén as compañías foráneas Sara Molina e Ana Vallés (Granada-Boqueixón), Circolando (Portugal), Microscopía e Oligor (México-España) Karla Kracht e Andrés Beladiez (España-Alemaña). Realizouse unha programación especial dedicada ao traballo da compañía Voadora, presentando en varios espazos da cidade parte dos espectáculos que marcaron a súa traxectoria: *Quen goste de poesía que grite 'miseria'*, *Waltz* e *Tokio3*, ademais de desenvolver unha mesa redonda, *Nun filme sempre pop*, amadriñada por Inma López Silva. A Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, que patrocina o festival, completou a exhibición de traballos de creadoras galegas cun programa de acompañamento e apoio á creación, ALT.PROCREA, onde se reivindica a creación artística feminina, contou coa participación das artistas Ana F. Gouveia, Ana Vallés, Ánxela Blanco, Beatriz Pérez, Cristina Balboa, Kirenia C. Martínez, Lúa Gándara, Mercè de Rande, Olga Cameselle e Sara Molina.

**Referencias varias:**

- A. Salse Batán, "Historias teatrales de los objetos cotidianos", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 7 marzo 2015, p. 63.

Sinala cal foi a idea principal da compañía Oligor y Microscopía no seu espectáculo *La máquina de la soledad*, que se presentará no festival vigués ALT, e reproduce brevemente algunhas reflexións sobre a peza por parte da actriz Shaday Larios.

- Amaia Mauleón, "El Festival Alt levanta el telón con un documental sobre el poder de la danza", *Faro de Vigo*, "Tv/ Espectáculos", 9 marzo 2015, p. 59.

Faise eco das actividades que terán lugar no marco do festival ao longo dos sete días na cidade olívica. Fálase, con máis detalle, sobre o documental "Five days to dance" sobre danza, e cítanse traballos escénicos que se levarán á escena como *Prefiriría non facelo* da compañía Anómico Teatro.

- C. Crespo, "Un tributo á valentía en clave retrospectiva", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", "Entrevista", 27 febreiro 2015, p. 7.

Dá conta da realización dunha maratón retrospectiva da actividade da compañía Voadora organizada no marco do festival das artes escénicas ALT15 que comezará coa realización dunha mesa redonda para logo dar paso á posta en escena das obras *Quen goste de poesía que grite 'miseria'*; *Waltz,* Premio da Crítica de Galicia no 2013; *Tokio3*, Premio Max 2013 ao Mellor Espectáculo Revelación; e *A tempestade.*

**Alxén**, XVIª Xornadas de Teatro de

Organizadas Asociación Teatral Alxén A.T.A. Sempre (Salvaterra de Miño, Pontevedra). A edición de 2015, que se celebrou os días 15, 16 e 17 de maio no centro cultural da localidade, contou coa participación dos grupos de teatro Fonte da Tella, con

*Voda ou funeral?*; CEP Carlos Casares con *Alxén, a lenda*; Ata Sempre, con *Imos contar un conto*; e Tarabelos Teatro, con *Fábulas*.

**Ames**, Xª Mostra de Teatro Afeccionado de

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Concello de Ames. A edición de 2015 celebrouse dende o 6 até o 27 de novembro. Representáronse as pezas *O ollo que todo o ve*, de The Puntillas Teatro; *O mundo está tolo e ti ségueste duchando*, da Escola Municipal de Teatro de Negreira; e *A voda*, do Grupo Municipal de Teatro de Ames.

**Referencias varias:**

- M. M. O., "Unha trintena de actividades para o outono cultural", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 outubro 2015, p. 32.

Entre outras actividades organizadas polo Concello de Ames, dáse conta do programa desta mostra.

_____, "Teatro nicrariense na casa da cultura do Milladoiro o 6", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 novembro 2015, p. 31.

Informa da inauguración da mostra coa peza *O mundo está tolo e ti ségueste duchando*, "unha visión surrealista da humanidade de ton absurdo, esperpéntico e singular".

- M. Manteiga, "Teatro afeccionado coa escola municipal de Negreira e de Ames durante este mes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 novembro 2015, p. 24.

Destácase a participación da Escola Municipal de Teatro de Negreira, con *O mundo está tolo e ti ségueste duchando* e do grupo municipal de Ames, con *A Voda*.

- M. M., "Sigue la Mostra de Teatro Afeccionado con la escuela local", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 novembro 2015, p. 25.

Sinala o éxito da representación *O mundo está tolo e ti ségueste duchando*, da Escola Municipal de Teatro de Negreira e futura posta en escena da peza *A voda*, do Grupo Municipal de Teatro de Ames.

- M. Toledo, "A obra 'A voda' clausura a décima edición da Mostra de Teatro Afeccionado", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 novembro 2015, p. 32.

Ofrécese información sobre a obra que pecha a décima edición da Mostra en Ames, dirixida por Mónica Camaño. Indícase, ademais, a actuación das compañías The Puntillas Teatro (ligada á Escola Municipal de Santa Comba) e a Escola Municipal de Teatro de Negreira.

Asociación de Mulleres "**Amistad**", XXº Mes do Teatro da

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación de Mulleres "Amistad", de Santa Mariña. Na edición de 2015, celebrada durante o mes de outubro, participaron as compañías Teatro O Bordelo, con *O Reparto*; Axóuxere Teatro, con *A rúa do inferno*; Donas de Amistad, con *A voda de Tano Godello*; grupo de teatro Teruca Bouza, con *O pan de cada día*; e A Pombiña, con *A pastilla milagrosa*.

**Arteixo**, XVIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada pola Concellería de Educación e Cultura de Arteixo, con emprazamento no Auditorio da localidade. A edición de 2015 celebrouse entre os días 13 de marzo e 24 de abril. Contou coa presenza do Grupo de Teatro Municipal de Ames, coa peza *Tromparía*; a Aula de teatro da Universidade de Santiago de Compostela, con *A Historia de Sweeney Todd, O barbeiro diabólico da rúa Fleet*; e a Asociación de Teatro Afeccionado Coruñés, con *Eirugas*. Tamén se representou, para público infantil, *O Quiosco*, do grupo teatral Runxe-Runxe.

**A Rúa**, VI Xornadas de Teatro Afeccionado

Organizadas pola Asociación Cultural A Ruada co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e do Concello da Rúa (Ourense). A edición 2015 celebrouse o 1 de maio, concentrando sete representacións. Participaron as compañías A Ruada Teatro, con *A tía lambida*; Mulleres do Rural de Vilamartín, con *O chao das donas*; Augas do Sil de San Clodio (Lugo), coa obra *O fotógrafo*; La Caja de Pandora de Verín, con *A precuela*; A.M.B.I. de Ponferrada, con *Monólogos*; e Gabriel de Gargallada do Barco, cun fragmento de *Quimera*.

**Referencias varias:**

- Mónica G. Bellver, "VI Xornada de Teatro 1 de maio", *O SIL*, "Cultura", maio 2015, p. 55.

Dáse conta do comezo desta mostra organizada pola Asociación Cultural de Teatro A Ruada. Infórmase do programa, do horario das representacións, así como do prezo da entrada que será en favor de Cruz Vermella.

**Arzúa**, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono

Organizado polo Concello de Arzúa. A edición de 2015 celebrouse durante tres domingos do mes de outubro, os días 11, 18 e 25, en diferentes lugares do municipio. Representáronse as pezas *Historia da vida, guerra, amor e case morte*, de Daboapipa e *Desencaixados. Esperpéntica crise*, d'O Aturuxo de Melpómene. Tamén tivo lugar o concerto-obradoiro infantil *Brinca vai! De aquí e acolá*, de Paco Nogueiras.

**Referencias varias:**

- M. T., "Arzúa acoge el noveno ciclo de Teatro no Outono", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 6 outubro 2015, p. 34.

Informa do comezo da mostra, dá conta do programa e do horario das representacións.

- Sol Elvira, "Teatro no Outono llega el domingo al rural de Arzúa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 outubro 2015, p. 35.

Ofrécese información da actuación levada a cabo polo grupo Dobapipa, *Historias da vida, amor, guerra e case morte*. Indícase que a obra se move entre narración oral e teatro con música ao vivo, e que se relata a través de contos, historias populares e instrumentos tradicionais como o acordeón.

**Baión**, VIIIº Certame de Teatro

Organizado pola Asociación Cultural O Castro. A edición de 2015, celebrada na Casa de Cultura de Baión tivo lugar durante o mes de febreiro. Contou coa presenza das compañías Alecrín de Ribadumia, coa obra *O bulto negro*; grupo Valle-Innova, con *Teatro do absurdo e do esperpento*; e Aturuxo de Baión, con *Por prescripción médica*.

**Betanzos**, VIº Encontro de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos dende o ano 2010. A edición de 2015 celebrouse do día 7 até o 28 de febreiro na Aula Municipal de Cultura do Edificio Liceo da localidade. Contou coa participación das compañías Quemaistén Teatro, con *Ela, a miña amante e a miña señora*; O Aturuxo de Melpómene, con *Desencaixados. Esperpéntica crise*; FarandOleiras Cabaré, con *Un cabaré de película*; e DameCuerdaQueTeatro, con *Os nenos perdidos*.

**Boqueixón**, IIIº Ciclo de Teatro de Outono de

Organizado polo Concello de Boqueixón. A edición de 2015 realizouse durante os días 15, 22 de novembro e o 6 de decembro, na casa da Cultura de Camporrapado. Participaron os grupos Os Baralláns, con *Os diamantes*; Asociación Cultural a Charamela, coa obra *Botando a lingua a pacer*; e A Mámoa Teatro, con *Se o sei non volvo á casa*.

**Referencias varias:**

- M. T., "La casa de cultura de Camporrapado acoge este mes dos funciones del ciclo de teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 6 novembro 2015, p. 32.

Infórmase deste ciclo de teatro, inserido dentro do programa cultural do concello. Sinálase a participación das compañías Os Baralláns, Charamela de Melide e A Mámoa Teatro.

**Buxiganga**, Circuítos

Organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. A edición de 2015, celebrada no salón de actos do colexio de Castroverde e na casa da cultura da localidade, contou coa participación das compañías Mircromina Teatro de Títeres, con *Martín, Matín*; Lucecús Teatro, con *A órbita do lucecú*; Xabier Iglesias Producións, con *Moendo muiñeiras*; Palimoco Teatro, con *Medea*; Nasdrovía teatro, con *Illa-Ollo*; Achádego Teatro, con *O barco sen mariñeiro*; grupo Ollomao, con *Oé, oé, oé!*; Hipócrita Teatro, con *Solipsismos*; e Boneca Lareta, con *Sede de Mal*. Asemade, este mesmo ano realizouse a primeira edición do Circuíto "Buxiganga Proxecto Teatral Profesional", dirixido a grupos teatrais con residencia na provincia de Lugo. Tamén se levaron a escena as pezas para público infantil *Traxicomedia de Calixto e Celestino*, de Teatro Marionetas Trécola; *Chuvia de historias*, de Alentía Teatro; *Malo será*, de Unidade de Ozono; e *4 tempos*, a cargo de Teatro do Miolo.

**Referencias varias:**

- Pilar Cheda, "Buxiganga se amplía a las compañías de teatro profesionales", *El Progreso*, "Comarcas", 11 abril 2015, p. 13.

Informa que o plan de promoción Buxiganga terá como novidade a inclusión de compañías teatrais profesionais, referíndose ás declaracións do vicepresidente da Deputación, Antonio Veiga.

_____, "Vicepresidencia destinará 60.000 euros a promover o teatro profesional en Lugo", *El Progreso*, "Comarcas", 17 abril 2015, p. 28.

Dá conta da posta en marcha un ano máis do proxecto Buxiganga que subvenciona as representacións teatrais na provincia de Lugo co fin de colaborar coa industria cultural. Coméntase que Mario Outeiro avanza o establecemento de dúas quendas e a colaboración que se establecerá proximamente tamén con grupos afeccionados.

_____, "El teatro aficionado de Buxiganga vuelve con actuaciones de julio a noviembre", *El Progreso*, "Comarcas", 16 maio 2015, p. 24.

Fálase da posta en marcha do programa de teatro aficionado que subvenciona, de forma parcial, representacións solicitadas por un concello ou asociación interesada á Deputación. Avánzase a publicación das bases da convocatoria na que poden participar grupos da provincia de Lugo.

- C. P. R., "El circuito Buxiganga programa obras de teatro en Muras y Castro", *El Progreso*, "A Chaira", 30 outubro 2015, p. 18.

Destaca a representación das pezas *Nun recuncho do monte...*, de Ti e máis eu Teatro e *Memorias do Anxo*, da compañía O Tren de Moebius.

**Cabaré**, VIIIº Festival Galego de

Celebrado na Coruña, dende o 24 até o 28 de setembro de 2014. Con representacións teatrais, un Maratón de Cabaret e un Café Cantante. Participaron o Colectivo Femme Fatale, coa peza *Babel. Canto de sereas* e Faltriqueira, con *The pockettes*. Tamén se levou á escena o espectáculo infantil *Maxico Circus Cabaret*, de Cayetano Lledó. O vindeiro mes de febreiro de 2016 o Festival Galego de Cabaré cumpre 10 anos, e celebrarán a IX-X Edición.

**Candilejas Don Bosco**, XVIº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Organizado polo colexio Calvo Sotelo da Coruña. A edición de 2015, celebrada dende abril até xuño, contou coa participación das compañías Teatro Cántigas da Terra, coa peza *Pasatempos*; Teatro Ateaco, con *Eirugas*; Caruncho Teatro, con *¡Extravaganzza!*; Grupo Pinchacarneiro Teatro, con *Vilar de inferno*; Instituto Alfredo Brañas de Carballo, con *Quén quere ser princesa*; Grupo DameCuerdaQueTeatro e Asociación Airiños do Eume, Pontedeume, con *O Escorial*; Grupo DameCuerdaQueTeatro e Asociación Airiños do Eume, con *Os nenos perdidos*; Grupo de Teatro Xosé María Pérez Parallé, con *A oficina das ocorrencias*; Teatro Xosé María Pérez Parallé de Fene, con *Enganados* e *Mamá é señora para todo e declárase en rebeldía*; Fiestra Teatro, con *A noite vai triste*; Teatro Fas-Que-Fas, con *Historias para ser contadas* e *A fábula*; Escola de Teatro CasaHamlet, con *Obras completas de Shakespeare*; Quemaistén Teatro, con *Ela a miña amante e a miña señora*; Trosma Teatro, con *Elas*; IES Maximino Romero Lema, con *O velorio*; Grupo de Teatro ASCM, con *A disparatada educación*; Grupo Arjé Teatro, con *Nai coraxe*; Grupo Valverde Teatro de Cedeira, con *Díxome, díxome*; Teatro Vagalume Animación, con *Unha de romanos* e *Vikingos*; Teatro do Ar e CPI de Panxón, con *¿O cianuro, só ou con leite?*; e Teatro Lusco e Fusco, con *Miles gloriosus*. Tamén se levaron a escena as pezas para público infantil *Un mosquito de nome Henri*, a cargo do Colexio Santa María del Mar; *Locurentos* e *Comitatus*, de Hogar Santa Margarita; *Qué tipo de tipos*, do Colexio Raquel Camacho; *A princesa que non sabía espirrar*, do grupo O Polo Saltón; *O transplante de corazón*, do Colegio Labarta Pose; *A ratiña presumida* e *O documento*, do Colexio Ramón de la Sagra; *Coñecendo a Renoir*, de Chuchumecolandia; *Ézaro* e *A rexión escura*, do Colexio Andaina; *A frauta máxica*, do Colexio Emilia Pardo Bazán; *Chiu Chiu e o manantial azul*, do grupo COMEDY2 e Asociación Melandrainas; *A costureiriña valente*, do Grupo Migallas e CEIP Arteixo; *Contos en verso para nenos perversos* e *As manoplas da carapuchiña*, do Colexio de Tarrio; *Escola de piratas*, *Todo é un conto* e *Un conto de piratas*, *Escola de bruxas*, de Teatro Vagalume Animación; e *Ubuntu*, de Teatro Salesianos.

**Cangas**, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Fundada en 1984 pola Asociación Cultural Xiria. Organizada pola Asociación Cultural Xiria, o concello de Cangas e Ningures Produción, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño. Está actualmente patrocinado pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Concello de Cangas, Deputación de Pontevedra, Frigoríficos del Morrazo e a Xunta de Galicia. Realiza unha programación internacional, estatal e galega, ademais

de exposicións, obradoiros, encontros e eventos como o "Revoltallo en Pedra", no que se dan cita moitas das asociación culturais e artísticas de Cangas, ou as xornadas "Mulleres en Acción" (creadas no ano 2000). Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio "Xiria", co que se destaca o labor teatral dunha persoa; este ano recaeu na actriz Luma Gómez. A edición de 2015, que se celebrou do 3 ao 11 de xullo, contou coa participación das compañías galegas Il Maquinario Teatro, coa peza *Perplexo*; Funboa Escénica, con *Sushi gratis*; A Artística, con *Illas Atlánticas*; Ibuprofeno Teatro, con *Fitness*; Escola Municipal Artes Escénicas de Cangas, con *Bordadora de soños*; Teatro do Andamio, con *Naviza girl*; e as compañías foráneas Acrónica Producciones (Navarra); Teatro El Zurdo (Madrid); Dei Furbi (Cataluña); auMents (Mallorca e Chile); Monsieur et Madame O (Francia); e Teatro del Norte (Asturias). Tamén se levou a escena o espectáculo infantil *Jim e a illa do tesouro*, a cargo de EME2.

**Referencias varias:**

- Sabela González, "El teatro más cómico y festivo vuelve a invadir Cangas", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Morrazo", 3 xullo 2015, p. 20.

Dá conta da celebración desta mostra e recolle as palabras da pregoeira Isabel Risco que destaca o criterio e a predisposición do público. Salienta a variedade de actividades e algunhas das compañías.

- Carlos Crespo, "En Cangas de chorar, nada, o que hai é gañas de comedia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", "Teatro", 3 xullo 2015, p. 8.

Anúnciase a inauguración da nova edición da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo coa lectura do pregón por parte da actriz Isabel Risco. Infórmase dos grupos teatrais que compoñen o cartel e do papel fundamental das compañías galegas: Il Maquinario, con *Perplexo*; EME2, co espectáculo infantil *Jim e a illa do tesouro*; e Funboa, con *Sushi gratis*. Ademais, destácase a existencia de espazos para a reflexión e da entrega do premio Mulleres en Acción á investigadora e escritora Aurora Marco.

**Caranza**, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol e a compañía ferrolá Teatro Ad Libitum dende o mes de novembro do ano 2000. Celebrado no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO, conta asemade coa colaboración da Asociación Max de Teatro e co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Caixa Galicia. Durante a celebración de cada edición outórgase o Premio do Público. As postas en escena teñen lugar. Na edición de 2015 levouse a cabo durante os meses de outubro e setembro. Participaron as compañías Donas de Amistad, con *A vinganza de Antón* Torrán; Ti e Máis Eu Teatro, con *A fada da malla*; Farandoleiras Cabaré, con *Cabaré de película*; e Agarimo Teatro, con *O anel máxico*.

**Referencias varias:**

- Nicolás Vidal, "Regresa a Caranza este mes o controvertido ciclo teatral 'Domingos a Escena", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 11 febreiro 2015, p. 14.

Informa que o Centro Cívico de Caranza retomará o ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena". Faise eco do conflito que existe entre a Concellería de Cultura, a Asociación de Veciños de Caranza e a asociación Ti e Máis Eu Teatro.

_____, "A parálise de Domingos a Escena leva á AVV de Caranza a crear un novo ciclo", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 13 febreiro 2015, p. 11.

Refírese ao conflito administrativo existente entre a Concellería de Cultura de Ferrol e a asociación Ti e Máis Eu Teatro a respecto da organización deste ciclo teatral. Indícase que o programa deste ano contará coa axuda de Max Teatro.

**Carballiño**, XXVIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Organizado pola compañía Nove-Dous Teatro e Arteficción en colaboración co Concello do Carballiño e con subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Na edición de 2015 entregáronse os galardóns de mellor actriz a Isabel Risco, mellor actor a Celso Fernández Sanmartín, Premio de Honra a Vidal Bolaño, e de espectáculo máis valorado polo público, *O furancho*, da compañía Ibuprofeno Teatro. Leváronse a escena as pezas, *Eu ocúpome dos nenos e o meu home da parte dos gastos,* de La Floristería; *O Furancho,* de Ibuprofeno Teatro; e *Bobas & Galegas*, de Mofa e Befa. Tamén se representaron, para público infantil, *As mil e unha noites*, de Ghazafelhos; *O Segredo do Tendal*, de Raquel Queizas e *Cocer e Cantar*, de Viravolta.

**Referencias varias:**

- M. V., "Arranca el Fetega con una completa agenda", *La Región*, "Sociedad", "Agenda cultural", "Teatro", 6 setembro 2015, p. 66.

Dáse conta da nova edición deste festival e dos seus participantes. Saliéntase a presenza de Carlos Blanco, Celso Fernández Sanmartín, Raquel Quizás, Compañía Viravolta, Manu Fernández, Vicky Pérez, Laura Villaverde, Ghazafelhos Teatro, Ibuprofeno Teatro, e Mofa e Befa.

- S. N., "Estreno mundial de 'Arenteiro", *La Región*, "XXVI Festival de Teatro Galego", "Carballiño", 8 setembro 2015, p. 23.

Infórmase dos vinte e seis anos de vida do Festival de Teatro Galego. Recóllese información do espectáculo protagonizado por Carlos Blanco e Celso Fernández Sanmartín, *Arenteiro*. Destácase a participación de Raquel Quizás, Viravolta, La Floristería, Ghazafelhos, Ibuprofeno Teatro e Mofa e Befa. Por último, tamén se especifica que Viravolta organiza uns obradoiros de marionetas, figuriñas de papiroflexia e de tarabelas.

_____, "Josi Lage. 'Tenemos un público fiel porque damos calidad", *La Región*, "Carballiño", 9 setembro 2015, p. 24.

Entrevista con Josi Lage, directora do festival. Indica que o Fetega é o único festival galego que permanece despois de vinte e seis anos continuados. Explica que o éxito radica en ter en conta a opinión do público para a programación de cada edición e sinala que a actual edición conta cunha programación para adultos e outra para o público infantil. Dáse conta dos participantes desta edición e anuncia a súa colaboración con Teatro do Morcego, nunha "comedia poética".

- Rosa Cano, "Isabel Risco e Celso Fernández Sanmartín, premios Fetega 2015", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 12 setembro 2015, p. 44.

Indícase que no festival houbo un "incremento significativo" en canto á participación do público, en comparación co ano anterior, "o número de entradas vendidas neste Fetega foi un 42% superior ao do ano pasado". Engádese que os premios recaeron en Isabel Risco, por mellor actriz e Celso Fernández Sanmartín, por mellor actor. Ademais dise que o galardón para o mellor espectáculo foi para a peza *O Furancho*, de Ibuprofeno Teatro.

**Carballo**, Venres Culturais en

Programa cultural organizado polo Concello de Carballo que integra música, teatro, maxia, exposicións, cinema e outras actividades. A edición de 2015, celebrada dende xaneiro até marzo, no Pazo da Cultura de Carballo, contou coa participación das compañías Talía Teatro, con *Demolición;* Chévere, con *Ultranoite no país dos ananos*; Il Maquinario Teatro, con *Perplexo*; Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; e Eme2 Emoción&arte, con *O crédito*. Para público infantil representáronse as pezas *A casa do avó*, de Tanxarina Teatro; *Chíos*, de Teatro da Semente; *Laboratorio Máxico*, de Mundo Mandarina; e *Ra, ra, ra*, de Abrapalabra Creacións Escénicas.

**Referencias varias:**

- J. M. R., "Teatro, exposicións, música e maxia animarán os Venres Culturais 2015", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.153, 13 xaneiro 2015, p. 6.

Apunta que o ciclo Venres Culturais contará cun total de cinco espectáculos programados, como o do grupo Chévere e o Talía Teatro coa peza *Demolición*. Para as citas "en familia" destaca o teatro, maxia e monicreques de Eduardo Rodríguez "Tatán", entre outras cuestións.

- J. M., "Venres Culturais con 'Perplexo', la nueva obra de Il Maquinario Teatro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.175, 5 febreiro 2015, p. 7.

Enmarcado no programa dos Venres Culturais de Carballo, anuncia a representación da obra *Perplexo* e o prezo das entradas.

**Cariño**, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2015, celebrada entre o 17 e o 21 de agosto, tiveron lugar dez representacións, cinco para o público adulto e cinco para o infantil. Participaron as compañías Mofa e Befa, con *Bobas & Galegas*; Chévere, con *As fillas bravas* e *Ultranoite no país dos ananos;* A Panadaría, con *Pan! Pan!*; e ArtesaCía, con *Balor na acción dunha cadeira*. Representáronse para o público infantil *Aurora*, de Elefante Elegante; *Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí?*, de Títeres Cachirulo; *Rumpelskitin o enano saltarin*, de Títeres Trompicallo; *Martes*, de Baobab; e *O espírito do bosque*, de Falcatrúa.

**Cee á escena**, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas

Mostra que substitúe á Mostra de Teatro de Cee, que no ano 2012 celebrou a súa XXVª edición e última. A edición de 2015 tivo lugar no auditorio da casa da cultura dende o 18 até o 24 de agosto. Contou coa presenza das compañías Talía Teatro, con *Demolición*, Malasombra Teatro, con *D.E.P.*; Boneca Lareta, con *Filosolfando*; Teatro do Atlántico, con *O Principio de Arquímedes*; e O Aturuxo de Melpómene, con *Desencaixados. Esperpéntica crise*. Tamén se representaron para público infantil as pezas *Un diaño na maleta* e *Ikú e Elegguá*, de Títeres Cascanueces; *Feo!*, de Caramuxo Teatro; *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón* e *Cocer e Cantar*, de Viravolta Títeres.

**Referencias varias:**

- J. Trillo, "Cee recupera la muestra de teatro en la programación del Agosto Cultural", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.341, 25 xullo 2015, p. 40.

Infórmase da recuperación desta mostra teatral en Cee. Indícase que abrirá a compañía local Talía Teatro e que tamén se contempla unha programación infantil.

- José M. Ramos, "El ciclo teatral Á Escena trae siete obras a la villa ceense", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.359, 12 agosto 2015, p. 34.

Recóllese información das obras e grupos que participarán nesta mostra tanto para público adulto como para público infantil.

- J. M., "El ciclo Á Escena trae hoy a Cee a Malasombra con 'Descanse en paz", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.366, 19 agosto 2015, p. 31.

Informa da representación de *Demolición*, da compañía Talía Teatro, e da obra *D.E.P.* de Malasombra teatro.

_____, "Deportes, gastronomía y conciertos en la Festa da Praia da Concha de Cee", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.368, 21 agosto 2015, p. 31.

Anuncia a participación de Luis Iglesia e Xavier Deive cun espectáculo "cómico-musical", na casa da cultura.

**Chantada**, XXVª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Organizada polo colectivo teatral Faro-Miño do concello lucense de Chantada. Na edición de 2015, celebrada do 17 ao 21 de agosto, participaron as compañías galegas Charamela Teatro, con *Botando a lingua a pacer*; o grupo de teatro Faro-Miño, con *Os trillizos da Socorro*; Metátese Teatro, con *A gran final*; e a foránea Tamerlam (Madrid).

**Referencias varias:**

- A. L., "A mostra de teatro de Chantada contará con catro agrupacións", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 12 agosto 2015, p. 12.

Indícase a participación de diferentes compañías na mostra de Teatro Maruxa Villanueva: Charamela Teatro de Melide, Faro-Miño e Metátase Teatro. Explícase que o Concello colabora economicamente.

- A. Rodil, "Faro-Miño se va de boda", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 21 outubro 2015, p. 23.

Dáse conta do vixésimo quinto aniversario da compañía teatral Faro-Miño. Ofrécese un percorrido pola súa traxectoria como grupo, sinalando que a súa primeira obra foi *O cego de Fornelos*. Fálase da primeira Mostra de Teatro que realizou a compañía, ofrecendo tamén unha breve biografía de Maruxa Villanueva. Indícase que neste ano o grupo prepara un festival especial en agradecemento ao público.

**Chapela**, IIIº Ciclo de teatro da Asociación Cultural de

Organizado pola Asociación Cultural de Chapela. A edición de 2015, celebrada do 10 de xaneiro ao 7 de febreiro no Auditorio do Multiusos de Chapela, contou coa presenza do grupo de teatro Alecrín, coa obra *Bulto Negro*; Teatro Fonte da Tella, con *Voda ou funeral?*; e o grupo teatral do Centro Cultural de San Fins de Rebordans, con *Compravenda*. Tamén se representou para público infantil a peza *Pintores Expres*, da compañía *Expresion Teatro*.

**Clubes** de Teatro Afeccionado, Iª Mostra

Organizada pola rede de centros socioculturais e a Concellaría de Cultura no marco do programa "Vive o verán". Esta primeira edición celebrouse durante os catro sábados do mes de xuño na Sala Agustín Magán do Centro Sociocultural de Santa Marta. Contou coa participación dos clubes de teatro do Centro Sociocultural das Fontiñas, con *Confección en acción*; Rochaforte, con *A caída do castelo*; Centro Sociocultural Santa Marta, con *Pequenas pezas para un gran teatro*; Centro Sociocultural de Conxo, con *Monólogo para inventar o amor*; e José Saramago, con *Nin fé nin café*. Tamén se representaron para público infantil as pezas *A frautista de Exipto*, do CSC do Castiñeiriño; *Historias arredor dun banco*, do CSC das Fontiñas; *Ir á escola non amola*

e *Das palabras e dos soños todos somos donos*, do CSC Conxo; e *A nosa historia feita dun mogollón de historias*, do CSC Santa Marta.

**Cultura no Camiño**, Ciclo

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A edición de 2015 desenvolveuse nos concellos das rutas xacobeas durante o mes de outubro como parte da programación conmemorativa do oitavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago. Contou coa participación das compañías galegas Volta e Dalle Teatro, con *Rodesindo da Barrosa*; Daboapipa, con *Historias de vida, guerra, amor e case morte*; Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; Teatro do Andamio, con *Naviza girl*; Boneca Lareta, con *Filosolfando* e *Sede de Mal*; Troula Animación, con *Errantes* e *Lume*; Malasombra Producións, con *D.E.P.* e *Odisea galaica*; Os 7 magníficos máis Un, con *Bivalvos como galegos*; Talía Teatro, con *O método Grönholm*, *Pelos na lingua* e *Bicos con lingua*; Teatro de Adro, con *Laretando con Josito Porto*; A Panadaría, con *Pan! Pan!*; Ibuprofeno Teatro, con *Fitness* e *O furancho*; 3DTrans, con *Ride, ride...!*; Os Quinquilláns, con *A traizón*; Dandylady, con *Poeticlub*; Troula Animación, con *Moulin Rouge*; Fulano, Mengano e Citano, con *O que hai que ver!*; Cinema Sticado, con *STRPTS//Episodio 1: Mirlo&Rula*; Expresión Producións, con *Que é o que preciso?*; Mofa e Befa, con *A Galiña*; e Carlos Blanco, con *Menú do día*. Tamén se levaron a escena para público infantil as pezas *4 tempos*, a cargo de Teatro do Miolo; *As mil e unha noites*, de Ghazafelhos; *Uxía lambona e a banda molona* e *Circo*, de Troula Animación; *Vellos, vellas e outras lerias*, de Daboapipa; *Luppo* e *Bailando con contos*, de Baobab Teatro; *Feo!* e *As fabas máxicas*, de Caramuxo Teatro; *Titiricircus*, de Tanxarina Teatro; *Roedores*, de Redrum Producciones; *Valentino Rufi ni e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)*, de Talía Teatro; *Ne me quitte pas* e *Retrete cabarete*, d'O Retrete de Dorian Gray; *Rei, rei?*, *Rodarirrodari* e *Velocíclopes*, de Fantoches Baj; *Carapuchiña no faiado* e *A verdadeira historia da cigarra e a formiga*, de Teatro do Andamio; *A casiña de acollida* e *Laia, aprendiz de maga*, de Animar-T; *Viaxar con títeres*, de Títeres Cascanueces; *Carteiro en bicicleta* e *O apalpador conta con vós*, d'A trastenda dos contos; *Vacacións no mar*, de Mircromina; *Xan Perillán compra queixo compra pan*, *Contos do vento acatarrado* e *Xan Perillán e a maleta máxica*, d'Os Monicreques de Kukas; *Chove*, de Titereficciós; *Cocer e cantar* e *Varietés*, de Seisdedos; *Lobo Bobo*, de Elefante Elegante; *Por qué é salgada a auga do mar?*, d'Os Quinquilláns; *Pitusa Semifusa*, de Seispés Producións Creativas; *Carmiña Miudiña, a pinga aventureira*, de BocAberta; *A miña primeira viaxe*, de Xarope Tulú; *Os xogos de Paporrubio*, de Paporrubio; *Conto para escoitar mentres bailamos un vals* e *Contos de medo que deixan durmir*, d'A trastenda dos contos; *Nº 8 da Rúa dos Contos*, de Teatro de Marionetas Trécola; *O libro máxico*, de Expresión Producións; *Constanza e o libro máxico*, de Intres; *Merenda con pan de millo*, *Canta connosco!*, *Pan de millo: Vai ser boa!* e *Contos nas orellas*, de Migallas Teatro; *O circo dos contos*, d'A Cova das Letras; *Os tres porquiños*, de EducaTeatro Producións; *O Camiño de Santiago*, de Escuadra 17 Teatro; *O bufón do reino*, de Pinga Teatro; e *Sabela e o paxaro máxico*, de Tarabelos.

**Referencias varias:**

- R. T., "As representacións retornan á vila de Padrón nunha nova edición de Cultura no Camiño", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.290, 2 xuño 2015, p. 7.

Infórmase da posta en escena de catro obras de teatro para celebrar a oitava peregrinación de San Francisco a Compostela e dáse conta do programa.

- Noelia Soage, "Maxia, música, contos e teatro infantil na programación de 'Cultura no Camiño", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Pontevedra", 21 xullo 2015, p. 9.

Indícase que se realizarán sete actuacións escénicas dirixidas ao público infantil e familiar, na praza do Teucro, con motivo do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela. Destácanse a presenza das compañías Ghazafelhos, con *As mil e unha noites*; A illa dos nenos, con *De troula en troula*; Pinga Teatro, con *O bufón do reino*; e Troula Animación, con *Uxía lambona e a banda molona*.

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 9 agosto 2015, p. 6.

Anúnciase este programa escénico e musical, informando da súa duración e da variedade da programación.

- Mónica G. Bellver, "Para os máis pequenos", *O SIL*, "*Especial Cristo*", "Cultura", setembro 2015, p. 11.

Dáse conta dalgunhas das actuacións que forman parte do programa deste ciclo. Infórmase de tres propostas: a primeira é *Os xogos do Paporrubio*, a cal se describe como unha serie de xogos cos que se dá a coñecer os paxaros aos máis pequenos, xunto coa cultura agraria a través de historias e en familia; a segunda proposta é *Estamos no verán*, realizada polo grupo musical Son+de2. A terceira proposta está organizada pola compañía Ghazafelhos, coa posta en escena de *As mil e unha noites*, onde "botan man dos cativos como parte activa da obra".

**CSC Santa Marta**, VIIIº Ciclo de Teatro Comunitario

Ciclo organizado pola Comisión Cultural da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e o grupo Teatro Enlata da mesma facultade. Celebrouse no CSC Santa Marta do 9 a 11 de abril 2015 e nela participaron as compañías Farrapo Teatro, coa peza *Poñer a parir*; Enlata Teatro, con *Vostede estivo aquí*; Iliria Teatro, con *S/T*; e O Aturuxo de Melpómene, con *Fábula das galiñas, o gato e o can*.

**Daniel Cortezón**, XIª Mostra de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado levado a cabo no municipio de Ribadeo que recibe o seu nome do escritor ribeirense Daniel Cortezón Álvarez. A edición de 2015, que tivo lugar entre os días 27 e 29 de novembro, contou coas postas en escena de Teatro Crea de

Viveiro, con *Xoguetes cómicos*; Andaravía Teatro de Vedra, con *Manifféstate!*; e Ollomao de Barreiros, con *Noite de Reis*.

**Domingos de Teatro**, Iº Ciclo

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Ferrol como unha solución temporal á parálise na que se atopou o ciclo municipal de teatro afeccionado "Domingos a escena". Esta primeira edición de 2015 contou coa participación das compañías Teatro A Pombiña, con *O xardín dos pobres;* Grupo Teatral do Asteleiro, con *Oé, oé, oé*; e Asociación Sociocultural ASCM, con *A familia Rufo*.

**Dumbría a escena**, IIª Xornadas de teatro

Ciclo organizado polo Concello de Dumbría, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, AGADIC e Talía Teatro, que pretende tomar o relevo da finada Mostra de Teatro de Cee. A edición de 2015 celebrouse do 22 de agosto ao 17 de setembro na casa de cultura de Olveira. Participaron as compañías Axóuxere Teatro, con *A rúa do inferno*; Chévere, con *As fillas bravas*; Escola Municipal de Teatro de Muxía, con *O velorio de Antón Carballo*; O aturuxo de Melpómene, con *Cipriano de Bequelar*; e Talía Teatro, con *O Método Grönholm*. Tamén se levaron a escena as pezas para público infantil *Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)* e *Rosa Caramelo*, de Talía Teatro; e *Xan Perillán e a maleta máxica*, de Monicreques de Kukas.

**Enrique Landesa**, IVº Ciclo de Teatro Afeccionado

Certame teatral que dá continuación ao organizado con anterioridade polo Centro Cultural Rueiro e que se denomina como un dos compoñentes d'O Trasno Novo Teatro, recentemente falecido. A edición de 2015 celebrouse entre os días 17 e 31 do mes de outubro no salón de actos do complexo parroquial Cristo da Victoria de Coia. Participaron os grupos Teatro Falcatrueiros, con *Clownvento*; Aramio, con *Virtual*; grupo de teatro do Centro Cultural Rueiro, con *Pillabáns de cinco estrelas*; e Os Baralláns, con *A boda de Esgaranello*.

**Entreculturas**, VIº Festival de Teatro

Organizado pola Asociación Cultural La Caja de Pandora en colaboración co Concello de Verín. A edición de 2015, celebrouse dende o día 3 de outubro até o 8 de novembro na Casa da Cultura de Verín. Participaron os grupos e compañías galegas Aneis, con *Carmelo e as veciñas*; A Tecedora de soños, con *As Troianas*; Gargallada, con *Lurpias*; Asociación Cultural A Ruada, con *A zapateira*; La Caja de Pandora, con *Sempre nos quedará Venecia*; e Charamela, con *Se o sei non volvo a casa*. Ademais, tamén contou coa presenza da Asociación Cultural Vai Avante de Portugal.

**Referencias varias:**

- Mónica G. Bellver, "VI festival de teatro", *O Sil*, "Cultura", outubro 2015, p. 46.

Infórmase da sexta edición deste festival e saliéntase que conta coa participación de sete agrupacións

**Escenas do Cambio**, Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción

Festival que inclúe representacións teatrais, música, conferencias, proxeccións e espectáculos de danza. A edición de 2015, celebrada entre os días 4 e 21 de febreiro no Museo Centro Gaiás, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, contou coa presenza da compañía galega Matarile Teatro, coa peza *Teatro invisible*. Tamén participaron grupos foráneos Cláudia Dias (Portugal); Ana Borralho e Joao Galante (Portugal); Roger Bernat (Cataluña); La Ribot (Suiza-España); Alessandro Sciarrioni (Italia); Oligor e Microscopía (México); Pablo Larraín (Chile); e Tiago Rodrígues e Mundo Perfeito (Portugal).

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "El público pasará al papel de actor y director en Escenas do Cambio", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Para todos los públicos", 28 xaneiro 2015, p. L6.

Informa dos espectáculos que terán lugar no Festival Escenas de Cambio no Gaiás. Destácase a obra *Atlas*, dos portugueses Ana Borralho e João Galante, onde o público poderán ser os protagonistas principais da obra e indica que o proceso de cásting segue aberto. Reproduce as palabras do director do certame que fala, en liñas xerais, das propostas do festival.

- Amaia Mauleón, "Escenas do cambio' trae desde hoy al Gaiás una veintena de propuestas pioneras", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 4 febreiro 2015, p. 55.

Recóllese a programación deste festival composta por grupos de reflexión, teatro e música. Ademais, sinálase brevemente o contido das obras que se representarán.

- C. Villar, "Escenas do cambio' propone 'un relato del mundo que se cruce con el de Galicia", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 12 decembro 2015, p. 63.

Informa da celebración da segunda edición deste festival, dá conta do programa de actos e recolle as declaracións do director artístico, Pablo Fidalgo. Destaca que actuarán dezaoito grupos de dez países diferentes.

- Mario Álvarez, "El festival Escenas do cambio reunirá en el Gaiás a 18 grupos", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 12 decembro 2015, p. 41.

Sinala que entre os días 28 de xaneiro e 13 de febreiro terá lugar no Gaias a segunda edición deste festival e que contará con compañías de dez países. Recolle as

declaracións do director artístico, Pablo Fidalgo, quen destacou que a mostra ofrece "un realto do mundo que se cruza co relato de Galicia".

**EstéNarúa**, IIIº Festival Galego de Teatro Amador

Festival organizado pola asociación cultural Ti e Mais Eu Teatro coa colaboración do Concello de Ferrol que inclúe teatro, música e danza. Na edición de 2015, celebrada os días 12 e 13 de setembro, participaron as compañías Agarimo Teatro, Teatro Estepario, Teatro Azar, El Ruiseñor, Hermanas Teatro, grupo de teatro Rúa Placer e Ti e Mais Eu Teatro.

**Fegatea Móvete**, Xº Festival Galego de Teatro Afeccionado

Organizado pola Federación Fegatea e promovido pola Asociación Cultural Papaventos. A edición de 2015 desenvolveuse durante o mes de setembro na casa da cultura de Santa Cruz de Ribadulla, no municipio de Vedra. Actuaron as compañías galegas Falcatrueiros de Monterroso, con *Clownvento*; A Fiestra, con *O anel máxico*; e o grupo Outra cena, con *Primarcka*. Tamén contou coa presenza do colectivo portugués Comedias do Minho e da Federación de teatro Aficionado de Castilla y León.

**Fene**, Ciclo Novembro, mes do humor de

Organizado pola Concellería de Cultura e Ensino de Fene, en colaboración coa Deputación. A edición de 2015, celebrada durante os venres do mes de novembro, inclúe contacontos, cabaret, teatro e monólogos. Contou coa participación de Camila Bossa e Yolanda Muíños, coa peza *Malos hábitos*.

**Ferrol a Escena** 2015, Ciclo

Organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ferrol pola Asociación veciñal do Inferniño, coa intención de difundir e promocionar o teatro, a música e a danza a nivel aficionado. A edición de 2015, contou coa participación dos grupos ASCM, con *Disparatada educación*; Donas de Amistad, con *A vinganza de Antón Torrón*; Socializarte, con *Asombrate Teatro!*; Max teatro, con *Unha tarde especial*; Galerna Crúa, con *O sexo que sucede*; grupo teatro Eirado, con *Delicatessem*; Oquetiqueiras, con *Selfie*; Teatro do Asteleiro, con Puro teatro; Armelinda Teatro, con *Servicio de urxencias*; A.C. Estudio de teatro, con *Palabra de chapeu*; Bartoleta Teatro, con *Arrabal en guerra*; e A.C. O Maxolo, con O florido pensil. Tamén se representaron as pezas, para público infantil, *O reino dos fantoches* e *O cociñeiro Antón e a pasteleira Tomasa*, de Teatro Calavera.

**FIOT**, XXIVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo. A partir

da edición de 2002 pasou a se denominar "FIOT". Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais e distintos tipos de *shows*. Na edición de 2015, celebrada dende o 25 de setembro até o 31 de outubro, concedeuse o galardón honorífico "Xograr de Outono" a actriz Susana Dans. Participaron as compañías galegas Mofa e Befa, con *A galiña*; Boneca Lareta, con *Filosolfando*; Teatro do Morcego, con *Presidente*; e as compañías foráneas Chirigóticas (Andalucía), Companhia do Chapitô (Portugal), Draft.inn (Madrid), Centro Dramático Nacional, Festival Grec e Avance P.T. (Madrid), Kendosan Producciones (Madrid), Ron Lalá e Galo Film (Madrid), Producciones Meridional (Madrid) e Gabriel Chamé (Argentina). Asemade, no marco deste festival, tivo lugar o VI Ciclo OTNI e a XVII edición Rúa dos Contos. O Ciclo OTNI, mostra teatral destinada a proxectos de carácter máis contemporáneo, contou coa presenza da compañía galega Cinema Sticado, con *STRPTS//Episodio 1: Mirlo&Rula*; e as foráneas Atresbandes (Cataluña), Paula Quintana (Canarias) e Pez Limbo (País Vasco). Pola súa banda, no proxecto Rúa dos Contos, que inclúe teatro, música, cabaret e monólogos, participaron as compañías Mofa e Befa, con *Sempre ao lonxe*; Os Quincalláns, con *Conto con sal*; Daboapipa, con *Historias de vida, amor, guerra e case morte*; e Os 7 magníficos máis Un, con *Falar sen cancelas*.

**Referencias varias:**

- José M. Ramos, "Susana Dans recibirá el Xograr de Outono del FIOT de Carballo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.295, 7 xuño 2015, p. 7.

Dá conta do recoñecemento que o festival realizará a Susana Dans polos seus méritos artísticos. Acto seguido, preséntase unha reseña da actriz galardoada.

- C. C., "Carballo celebra o outono con 34 espectáculos nun mes", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", 25 setembro 2015, p. 3.

Informa da programación deste festival e anota brevemente o contido das obras que se representarán así como das propias compañías. Por último engade que o premio Xograr de Outono se entregará a Susana Dans.

- C. Crespo, "El teatro se va de bares en Carballo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 2 outubro 2015, p. 11.

Anúnciase a celebración do Festival Internacional de Outono de Teatro de Carballo, que inclúe maxia, contos, monólogos, improvisación, clown e cabaré. Sinálase que os espectáculos serán realizados en tascas, bares, pubs e cafetarías da localidade. Dise que Antón Coucheiro representará, no mesón A Cabaña, a obra *Múltiple*. Engádese que en "Contos na rúa" participarán Paula Carballeira, Pepo Suevos, Daboapipa, Manuel de Eva, Chansón Mor Món (Madrid). Por último, indícase que se representarán as obras *El pueblo de los mellados*, de Félix Albo; e *A galiña*, de Mofa e Befa.

- José Manuel Ramos, "Humor para torpes en el FIOT con Joan Estrader", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 outubro 2015, p. 39.

Infórmase da celebración de actividades paralelas ao festival. Indícase que o "Taller de Humor" será impartido por Joan Estrader coa finalidade de "potenciar las cualidades

cómicas de cada uno de los participantes". Engádese que a segunda edición do curso "Escuela del Espectador", será realizado por Camilo Franco, para "facilitarles las claves para la comprensión y el análisis de los espectáculos", e que será complementado con outros espazos, como "Café con..." para acercar o público ao festival. Alén diso, tamén se recolle información sobre unha exposición.

- Patricia Blanco, "Carballo se erige como meca teatral en su 24.ª edición del FIOT", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 outubro 2015, p. 42.

Dáse conta deste festival de teatro que dura un total de trinta e sete días e destácase que a actual edición é a máis grande en actuacións e en modalidades. Explícase que haberá trinta e catro espectáculos, con compañías de sete comunidades e tres países, onde catro son estreas absolutas e dez estreas a nivel galego.

- P. Blanco, "Tres días y cuatro obras en Carballo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", 16 outubro 2015, pp. 2-3.

Ofrécese información sobre o festival. Indícanse os espectáculos programados para esa fin de semana e preséntase un breve resumo de cada obra.

- J. M. Ramos, "Inma Cuevas participará en el 'Café con...' antes de presentar 'Constelaciones", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 outubro 2015, p. 36.

Indícase que este festival é unha das grandes citas do teatro en Galicia e cítanse algunhas das representacións.

- P. Blanco, "Obra alternativa a mayores y el Premio Xograr", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 23 outubro 2015, p. 9.

Entre outras cuestións, destaca o ciclo Obxecto Teatral Non Identificado (OTNI), que se inclúe dentro da mostra como un espectáculo aparte e que procura acoller novas propostas alternativas.

- Patricia Blanco, "Un político en apuros electorales y tres cooperantes en Afganistán", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 23 outubro 2015, p. 9.

Anuncia a posta en escena da peza *O Presidente* dentro da programación do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT). Define este espectáculo como unha comedia e unha obra divertida que debe incitar á reflexión. Achega un breve resumo da obra e indícase que Teatro do Morcego está recibindo moi boa acollida por parte do público, agotando as entradas. Ademais, engade que tamén participarán no festival Meridional Producciones (Madrid).

- J. M. Ramos, "Los espectadores dieron un notable a la veinticuatro edición del FIOT", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 novembro 2015, p. 36.

Dáse conta da vixésimo cuarta edición do festival e indícase que foi avaliado cun notable por parte dos espectadores que asistiron ás funcións. Recóllense as obras mellor valoradas e indícase que os organizadores recoñeceron moi positivamente a participación do público en todas as actividades.

**FITEU**, XXIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Organizado pola Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración co Concello de Santiago de Compostela e a Aula de Teatro da USC. Na edición de 2015, celebrada entre os días 9 e 14 de febreiro no Teatro Principal, representáronse as pezas *A historia de Sweeney Todd. O barbeiro diabólico da Rúa Fleet*, a cargo da Aula de Teatro da USC; *M. 4. A. 4.*, da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia; e as pezas das compañías foráneas Théâtre Universitaire Royal de Liége (Bélxica); Escuela Superior de Arte Dramático de Murcia; e Compañía de Teatro Universitario de Covilha (Portugal).

**FITEUC**, XXIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Festival internacional de teatro universitario organizado pola Concellería de Cultura en colaboración coa Aula de Teatro e Danza da Universidade da Coruña. A edición de 2015, celebrouse do día 6 ao 15 de abril no Centro Ágora, o Fórum Metropolitano, o Teatro Rosalía e o Teatro Colón. Contou coa participación da Aula de Teatro da USC, con *A historia de Sweeney Todd. O barbeiro diabólico da Rúa Fleet*; Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, con *III*; Corifeo Teatro UDC, con *Salas de espera*; e Aula de Teatro Normal da UCD, con *Augusta*. Tamén se representou unha peza do grupo de teatro da Nova da Universidade de Lisboa.

**FITO**, VIIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Este festival naceu da man de Teatrauria, programa de accións para a xestión, produción e difusión das artes escénicas para as cidades. Está organizado pola compañía teatral ourensá Sarabela Teatro, co apoio institucional da Consellería de Cultura, a Deputación Provincial, o Concello de Ourense e o Teatro Principal e a Universidade de Vigo. A edición de 2015 tivo lugar dende o 2 até o 12 de outubro. Contou coas representacións *Menú ExquiFITO*, de Trécola Teatro; *A órbita do lucecú*, de Lucecús; *C'est la vie*, de Matrioshka Teatro; *Sushi gratis*, a cargo de Funboa Escénica; e *Kassa*, de Elefante Elegante. Participaron tamén as compañías foráneas La Veronal (Cataluña), Los Lunes (Madrid), Cavaluna (Francia-Portugal), Teatro de los Andes (Bolivia), Teatro Art'imagem (Portugal), Marco Canale (Argentina), Hongaresa (Valencia), Lolita Corina (Cataluña), L'alakran (Suíza) e Frida Kahlo Production, Richard Jordan Productions Ltd e Produzioni Fuorivia (Italia).

**Referencias varias:**

- C. R., "O menú da FITO inclúe 16 espectáculos", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 1 outubro 2015, p. 7.

Dáse conta da oitava edición deste festival e sinálase que reivindica "a visibilización da muller nas artes escénicas". Recóllense palabras da súa directora, Ánxeles Cuña, quen

busca “o equilibrio, ser diversa, atraer diferentes tipos de espectadores e ser ponte”. Indícase que as compañías galegas comparten cartel con grupos estatais e internacionais.

- Xosé Manoel Rodríguez, “Oito anos duna cita que fixo de Ourense o centro da escena”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 2 outubro 2015, p. 11.

Indícase que o festival inclúe a presenza de dezaoito compañías e que contará con actividades paralelas, como un obradoiro de creación en escena ou o primeiro encontro Mulleres Creando, onde “participarán mulleres vencelladas ao mundo da escena, escritoras, xornalistas e outras creadoras”. Ademais, recóllese unha listaxe coas compañías que participarán no evento.

- S. N., “Más de 30 actuaciones en 10 días en el FITO 2015”, *La Región*, “Sociedad”, 4 outubro 2015, p. 61.

Recolle información sobre o festival. Indica as compañías que actuarán e ofrece un breve resumo dalgunhas das obras representadas.

**Fundación TIC**, VIIª Semana do teatro da

Semana cultural que inclúe teatro, espectáculos con proxeccións, música, recitais e danza. A edición de 2015, celebrada os días 9 e 10 de marzo, contou coa representación de dez obras da man dos alumnos de Realización e Produción da Escola de Imaxe e Son (EIS). Levouse a escena unha única peza en galego: *Pero da Ponte*.

**Galicia**, XVIª Mostra de Teatro Universitario de

Mostra de teatro universitario celebrada na cidade de Santiago de Compostela. A edición de 2015 tivo lugar entre o 27 de abril e o 14 de maio no Salón Teatro e na sala de teatro Roberto Vidal Bolaño. Contou coa participación das dos grupos Tolemia, con *Un, dous, tres*; Artías, con *Delayed (Air Carballeira)*; Grosso, con *3016*; Vacaloura, con *Mousike e as kronomusas*; Pinchacarneiro, con *Vilar de inferno*; Tik Tak Teatro, con *Mamarrat ou a estomacante decisión dun roedor*; La Barata, con *Cinco horas con Iago*; Aula de Teatro Universitaria de Ourense. Grupo Maricastaña, con *III*; Teatro Normal da Universidade da Coruña, con *Augusta*; Aula de Teatro USC-Lugo, con *Lear. De nada nada sae*; Teatro no aramio, con *Ulrike no deserto*; Corifeo, con *Salas de espera*; Factoría Ballenera, con *Extracto de forma e vida en tres cuartas partes*; e o grupo GN, coa peza *Kraft*.

**Galicia Escena Pro**, IIIª Mostra de artes escénicas

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Abanca. Nesta edición de 2015, celebrada entre os días 3 e 6 de novembro, ademais de actuacións de danza, maxia e novo circo, participaron as compañías Redrum Teatro, que levou a escena *Noiteboa*;

Voadora, con *Calypso*; Teatro de Ningures, con *Unhas poucas picadelas*; A Panadaría, con *Panamericana*; Sarabela Teatro, con *Ensaio sobre a cegueira*; Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; e Teatro do Morcego, con *Presidente*. No apartado denominado 'showcases', para público adulto, ArtesaCía, con *Zugunruhe*; Colectivo Cinema Sticado, con *STRPTS//Episodio 1: Mirlo&Rula*; Bucanero, con *Os amos do mundo*; e Ibuprofeno Teatro, con *O furancho*. Tamén se representaron as pezas para público infantil *Luppo*, de Baobab Teatro; *Feo!*, de Caramuxo Teatro; *Jim e a Illa do tesouro*, de Eme2 emoción&arte; *Xoga*, de Entremans; *Don Quixote, unha comedia gastronómica*, de Limiar Teatro; e *Peer Gynt*, de Viravolta Títeres. No apartado 'showcases', para os espectadores máis novos, *Non toques os meus círculos*, de Artello Teatro; *Xurdefet*, de Berrobambán; e *As fillas de Manawee*, de Matrioshka Teatro.

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "La escena gallega luce sus últimos trabajos en las salas de Santiago", *El Correo Gallego*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 3 novembro 2015, p. L6.

Anuncia o programa desta mostra de artes escénicas e destaca que os espectadores poderán acceder até completar aforo.

- Juan Sánchez, "Las artes escénicas 'invaden' Compostela", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 novembro 2015, p. 24.

Dáse conta da terceira edición desta mostra destinada aos ámbitos de teatro, danza, novo circo e maxia. Infórmase das actuacións que se levarán a cabo e dun seminario "estrictamente profesional", titulado Estratexias dixitais para compañías de artes escénicas, impartido por Pepe Zapata.

- Ana Iglesias, "Profesionales y público aplauden el talento del sector escénico gallego", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 novembro 2015, p. 29.

Infórmase do éxito da mostra, con vinte e catro compañías, catorce espectáculos e dez 'showcase'. Anúnciase o programa e indícase a intención de ofrecer un espazo de mercado dinámico, mostrando parte da nova produción escénica galega.

**Implícate!**, Xº Festival

Festival de música e palabra solidaria organizado pola ONG Implicadas no Desenvolvemento, que inclúe música, danza, poesía e teatro. A edición de 2015, presentada Yolanda Castaño e Isabel Blanco, celebrouse no Teatro Principal de Santiago de Compostela no mes de xaneiro. Contou coa participación, no apartado teatral, de Celso Parada e Isabel Risco.

**Isto Ferve**, XIº Encontro Contemporáneo de Teatro e Danza

Organizado polo Teatro Ensalle, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Vigo, celébrase na Sala de Teatro Alternativo

Teatro Ensalle. Na edición de 2015, que tivo lugar no mes de abril, participaron as compañías Teatro Ensalle e Onírica Mecánica Teatro.

**Laracha**, Venres teatrais 2015 da

Ciclo de teatro organizado polo Concello da Laracha en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2015 tivo lugar entre os días 6 e 27 de novembro na Casa da Cultura desa localidade. Participaron as compañías galegas Producións Teatrais Excéntricas, con *Da Vinci tiña razón!*; Malasombra Producións, con *D. E. P., Unha comedia de morte*; Talía Teatro, con *Demolición*; e Teatro Proscrito, con *Manar*.

**Laxe**, XIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe, ten lugar durante os domingos do mes de outubro e novembro. A edición de 2015 contou coa representación das pezas, para todos os públicos, *O ollo que todo o ve*, da Escola Municipal de Teatro de Santa Comba; *O país dos mandóns*, de Ghazafelhos Teatro; *Unha de romanos*, do grupo Apem Carballo; e *Brinquedos*, de Metátese Teatro.

**Lousame**, XIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada pola Concellería de Cultura de Lousame en colaboración coa Deputación da Coruña, ten lugar durante as fins de semana de novembro na Casa da Cultura. A edición de 2015 contou coa participación das compañías Tastarabás Teatro, coa peza *As tres Gracias*; Teatro Carauta, con *Shakespeare Low Cost*; Verdeveras Expresións Artísticas, con *Tacóns na corda*; e Teatro do Improvisto, con *Non gañamos para sustos* e *Zombies*.

**Referencias varias:**

- M. G., "Catro grupos participan na XII Mostra de Teatro Afeccionado de Lousame", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 novembro 2015, p. 37.

Recóllese información da décimo segunda edición da mostra, indicando que se leva a cabo en colaboración coa Deputación da Coruña, e que reúne a catro compañías: Tastarabás, Teatro Carauta, Verdeveras Expresións Artísticas e Teatro do Improvisto.

_____, "Verdeveras lleva a la casa de cultura 'Tacóns na corda", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 novembro 2015, p. 36.

Dá conta da representación da peza *Tacóns na corda* dentro da XII Mostra de Teatro Afeccionado de Lousame.

- S. Souto, "A obra 'Zombies' pecha hoxe a Mostra de Teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 novembro 2015, p. 34.

Ofrécese información sobre a obra *Zombies*, da compañía Teatro do Improvisto, escrita e dirixida por Gustavo G. Dieste. Indícase que esta peza foi a encargada de pechar a mostra de teatro afeccionado organizada polo Concello de Lousame en colaboración coa concellería de Cultura de Boiro e a Deputación Provincial da Coruña.

**Lugo**, XVª Mostra de Teatro Clásico de

Mostra organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova e destinada a rememorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións celébranse no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2015, que tivo lugar entre os días 22 de xaneiro e 28 de febreiro, contouse coas representacións das pezas *A tempestade*, de Voadora e *Bobas & Galegas*, de Mofa e Befa. Ademais, mostra acolleu a representación da peza infantil *A frauta máxica no maxín*, d´Os Monicreques de Kukas. Participaron tamén compañías foráneas Arden Producciones (Valencia), Teatro Meridional (Madrid), Anem Anant Teatre (Valencia), Teatro de la Danza (Madrid), Teatro Corsario (Valladolid), Pentación Espectáculos (Madrid), Dei Furbi (Barcelona), Galo Film (Madrid) e Ron Lalá (Madrid).

**Referencias varias:**

- R. L., "Charo López e Gurruchaga, na Mostra de Teatro Clásico", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Teatro", 9 xaneiro 2015, p. 53.

Nomea algunhas obras que se representarán na XV Mostra de Teatro Clásico de Lugo, entre as que destaca a presenza de compañías galegas como Voadora coa peza *A tempestade*, ou Mofa e Befa, coa montaxe *Bobas & galegas.*

- María L. Viñas, "Charo López. 'El mal rollo me pone muy mal, necesito alegría en mi vida", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Teatro", 22 xaneiro 2015, p. 47.

Conversa coa actriz Charo López con motivo da adaptación celestinesca *Ojos de agua,* que será representada como obra inaugural na XV Mostra de Teatro Clásico de Lugo. Comenta sobre a súa traxectoria profesional, a importancia deste papel na súa carreira, así como outras cuestións da súa vida.

- Ruth López, "El amor shakesperiano llega a Lugo del lado Montesco", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 25 xaneiro 2014, p. 56.

Fala da representación que tivo lugar na Mostra do Teatro Clásico da versión do clásico shakesperiano *Romeo* pola compañía Teatro Meridional. Destaca que a historia é contada dende o punto de vista do lado Montesco.

- R. L., "Shakespeare conquistó a los más pequeños de Lugo en la obra '1,2,3 Macbeth", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 febreiro 2015, p. 30.

Dá conta da XV Mostra de Teatro Clásico de Lugo e da gran acollida por parte do público dalgunhas das pezas representadas. Coméntase a trama da obra *A tempestade*, da compañía galega Voadora.

_____, “Mofa e Befa combaten os tópicos mesetarios”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 2 febreiro 2015, p. 63.

Coméntase a obra *Bobas & Galegas*, da compañía Mofa e Befa, destacando as particularidades do proxecto teatral, que puntualizan os seus actores, Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira.

**Lugo-Ourense**, XVª Mostra de Teatro Grecolatino

Festival organizado pola asociación Prósopon, a sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos e o Concello de Lugo. Ten como obxectivo achegar o teatro grecolatino aos mozos de Educación Secundaria e Bacharelato. No ano 2015, para facilitar a asistencia a aqueles centros máis arredados, establecéronse dúas sedes: o Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo e o Auditorio Municipal de Ourense. A presente edición, celebrada do 2 ao 9 de marzo, contou coa participación do grupo El Ruiseñor, coa obra *Antígona*, de Sófocles; Noite Bohemia, con *Miles Gloriosus*, de Plauto, e *Bacantes*, de Eurípides; e o grupo SV Producciones de Madrid, con *Edipo Rey*, de Sófocles, e *Cestita*, de Plauto.

**Lugo**, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e a Federación Galega de Teatro Afeccionado co obxectivo de facilitar o intercambio de compañías lucenses con outras de diferentes localidades galegas. A edición de 2015 tivo lugar entre o 30 de outubro e o 2 de novembro no Auditorio Gustavo Freire da localidade lucense e contou coa participación de Teatro do Aramio, coa peza *Ulrike no deserto*; Max Teatro, con *Vaia Tropa*; e Nova Escena Teatro, con *A Apócema*. Tamén se levou a escena para público infantil *Un día no circo*, da compañía teatral Paso de Valverde.

**Lugo**, XXIº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de

Mostra internacional de teatro universitario celebrada na cidade de Lugo. A edición de 2015, que tivo lugar entre o 9 e o 14 de febreiro, acolleu as representacións das pezas *A historia de Sweeney Todd, o barbeiro diabólico da rúa Fleet*, da Aula de Teatro da USC; e *M. 4. A. 4.*, da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. O público puido asistir igualmente a unha serie de microproxectos de actores galegos en formación, denominados “Teselas”, ademais doutras actividades e de postas en escena de compañías foráneas como Théâtre Universitaire Royal de Liége (Bélxica), Escuela Superior de Arte Dramático de Murcia e Compañía de teatro universitario de Covilha (Portugal).

**Malpica**, XIª Mostra de Teatro de

Organizada pola Consellería de Educación e Cultura do Concello de Malpica. A edición de 2015, celebrada durante os meses de novembro e decembro, acolleu as representacións *Cociña económica*, de Mofa & Befa; *D.E.P.*, de Malasombra Producción; *As fillas bravas*, de Chévere Producción; *Demolición*, de Talía Teatro; e *O cantar dos cantares*, d'Os Amigos de Malpica. Tamén se levaron a escena, para público infantil, *15 primaveras*, de Mamá Cabra; *Xango* e *Rosa Caramelo*, de Talía Teatro.

**Referencias varias:**

- J. M. Ramos, "Las 'Quince primaveras' de Mamá Cabrá izarán el telón teatral en Malpica", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 novembro 2015, p. 36.

Recóllese información sobre esta mostra de teatro e indícase a participación das compañías Mamá Cabra, Mofa e Befa, Malasombra Producións, Chévere, Talía Teatro e Os Amigos de Malpica.

- J. Trillo, "Éxito de público da Mostra de Teatro do Concello de Malpica", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 novembro 2015, p. 37.

Comenta o triunfo da mostra e destaca a posta en escena de *15 primaveras*, da man de Mamá Cabra, no Centro Cívico.

**Mámoa de Luou**, XVIIIº Mes do Teatro da

Ciclo organizado pola Asociación Cultural A Mámoa de Luou en colaboración co concello de Teo. A edición de 2015 tivo lugar durante os domingos do mes de novembro e contou coa participación d'O Aturuxo de Melpómene, coa peza *Desencaixados. Esperpéntica crise*; O Seixo de Mugardos, con *O pan de cada día*; Chumpa Teatro, con *Un marido de ida e volta*; A Mámoa Teatro, con *Se o sei... Non volvo á casa*.

**Referencias varias:**

- C. B., "El teatro regresa este mes a Luou gracias a la apuesta de la asociación A Mámoa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 novembro 2015, p. 32.

Recóllese información da décimo oitava edición da mostra, indicando a colaboración do Concello de Teo.

**Manicómicos**, XV Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, coa colaboración do Concello da Coruña, da Deputación Provincial e de Gadis, acollía actuacións galegas e internacionais. No ano 2012, a Concellería de Cultura do Concello da Coruña eliminouno do programa das festas da cidade pero o colectivo Manicómicos decidiu

recuperar o festival xusto o seguinte ano. A edición de 2015 desenvolveuse durante o mes de agosto e acolleu diversos espectáculos de teatro cómico en diferentes espazos da cidade. Contou coa presenza da compañías galegas Inversa Teatro, coa peza *Té con Kant*; Antón Coucheiro, con *Psicópata*; The Momento Impro, con *Entreliñas*; e Pelotinautas, con *Fair Play*. Ademais, celebrouse a XII Gala de Aniversario, con espectáculos de circo, danza, clown, acrobacias e humor. Tamén se levaron a escena, para público infantil, *Laboratorio Máxico*, de Mundo Mandarina; e *Improfantasía*, a cargo de Duguis Impro e The momento Impro.

**Referencias varias:**

- David Fontán, "Luz y color en los barrios", *La Opinión*, "A Coruña", 6 agosto 2015, p. 10.

Anuncia a nova edición do Festival Internacional de Teatro Cómico, refire as datas, lugares e horarios das representacións. Recolle as declaracións de Vanesa Rivas, integrante de Manicómicos e destaca a variada localización dos escenarios en prazas da cidade, parques e mesmo no castelo de San Antón.

- M. G. M., "Las artes escénicas irrumpen en el programa festivo con 'Transcénica", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 8 agosto 2015, p. 11.

Entre outras novas, informa da celebración do festival Manicómicos dentro das actividades inseridas na programación das Festas de María Pita.

- E. C. G., "Manicómicos celebra su gala de duodécimo aniversario con números de circo", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 31 decembro 2015, p. 12.

Dáse conta dos espectáculos que se van levar a cabo na celebración da XII Gala de Aniversario, dentro do Festival Manicómicos.

**Mañufe levanta o telón**, IIª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Asociación Cultural San Vicente de Mañufe. A edición de 2015 celebrouse durante as fins de semana do mes de outubro e contou coa participación dos grupos Xesta Vermella de Borreiros, coa peza *Doutor de cabeceira*; Escoitade de Valladares, con *Exposición de catro mementos*; Atlántida de Matamá, con *Falando de cartos*; Teatro Tarantela de Beade, con *O achado do castro*; e *Xente daquí e dacolá*, de Mañufe, con *O testamento do tío Naxo*. Tamén se levou a escena para público infantil *A consulta do doutor Melquíades*, de Xente daquí e dacolá.

**Martabeladas**, IIª Mostra de Teatro Afeccionado

Iniciativa da Asociación Teenses pola Igualdade que se celebra no auditorio da Asociación Rosalía de Castro de Cacheiras. Na edición de 2015, celebrada durante os domingos do mes de xuño, participaron Artías Teatro, coa obra *DesastRosas*; Teatro

Carouta, con *Traballos de amor perdidos*; Teatro do Muíño, con *Un alto no camiño*; e Escola Municipal de Teatro de Muxía, con *O velorio de Antonio Carballo*.

**Meaño**, Mes do Teatro de

Organizado pola Concellaría de Cultura e Educación e a Oficina Municipal de Información Xuvenil de Meaño. A edición de 2015 celebrouse no centro social de Dena os domingos do mes de marzo. Contou coa participación do grupo Trimentes, con *Operación tri-unfo*. Ademais, a mostra acolleu a representación, para público infantil, das pezas *O vulto negro*, da Escola de Teatro Municipal de Valga; *Casa Nicasia*, das Mulleres Rurais de Lores; *Un marido de ida e volta*, de Chumpá; e *Cousas nosas*, do grupo Asduasepunto.

**MIT**, XXXIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. A edición de 2015, celebrada entre os días 18 e 25 de xullo, contou coa presenza das compañías Teatro do Vilar, coa peza *O florido pénsil*; Chévere, con *As fillas bravas*; Velaivai, con *O palleiro*; A Panadaría, con *Pan! Pan!*; Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; Inversa Teatro, *Té con Kant*; Il Maquinario, con *Perplexo*; e das compañías foráneas La Veronal (Cataluña); Tutatis (Cataluña); Teatro del Barrio (Madrid); Nanterre-Amandiers Centre Dramatique Nacional (Francia, Austria, Alemaña, Bélxica e Suíza); Cía. Manolo Alcántara (Cataluña); Frida Kahlo Production, Richard Jordan Productions Ltd e Produzioni Fuorivia (Italia); Títeres María Parrato (Castilla y León), La Güasa (Andalucía), Sr. Serrano (Cataluña); La Re-sentida (Chile), Colectivo 360º (Portugal), La Trastienda (Madrid). Ademais representouse, para o público infantil, a peza *Peer Gynt*, a cargo de Viravolta.

**Referencias varias:**

- Marcos Sueiro, "Roberto Pascual. 'El reto inmediato del teatro gallego es la proyección exterior", *ABC*, "Galicia", 27 marzo 2015, p. 74.

Conversa con Roberto Pascual, profesor da ESAD e director da Mostra de Ribadavia, que opina sobre a dimensión e calidade da escena galega considerando, entre outras cuestións, que vive un período de cambio xeracional. Sinala que pensa que debería haber unha maior planificación no ámbito teatral e considera que a hibridación de distintas artes é positiva porque permite explorar o teatro.

- Sabela Pinal, "Un impulso para a MIT", *La Región*, "Verano", 11 xullo 2015, p. 23.

Dá conta do comezo dunha nova edición desta mostra, que este ano contará cun incremento das axudas económicas por parte da Deputación e do Ministerio de Cultura. Informa da diversidade de actividades, do prezo das entradas e dos horarios.

- Roberto Pazos e N. S., "O teatro aterra en Rivadavia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 17 xullo 2015, p. 10.

Faise referencia á orixe desta mostra e indícase que o cartel deste ano presenta unha grande variedade de opcións: espectáculos experimentais, funcións para público infantil e montaxes de agrupacións *amateurs*. Sinálanse algunhas das compañías e obras que se achegarán a Ribadavia.

- A. R., "Ribadavia se convierte en capital del teatro", *ABC*, "Galicia", 19 xullo 2015, p. 66.

Anúnciase a presentación do programa da trixesimo primeira edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que este ano contará con vinte e un espectáculos de compañías procedentes de Galicia, Castilla y León, Andalucía, Madrid, Cataluña, Portugal, Francia, Argentina ou Chile. Entre outras actividades, destácase a posta en escena de dúas pezas: *As fillas bravas*, de Chévere e *O palleiro* de Velaivai.

- E. Ocampo, "El público premia el espectáculo 'Como si pasara un tren' en la Mostra de Ribadavia", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 27 xullo 2015, p. 43.

Sinálase que o premio do público foi para o espectáculo *Como si pasara un tren* e que, en terceiro lugar, destacou a compañía Chévere, con *As fillas bravas*. Engádese, para finalizar, que a mostra fará un arquivo audiovisual online coa finalidade de que todos os usuarios poidan facer uso das gravacións dos foros.

- Marta Salgado, "La MIT de Rivadavia acogió a más de 14.000 espectadores", *La Región*, "Verano", 26 xullo 2015, p. 22.

Dáse conta do peche do ciclo de espectáculos da XXI Mostra. Coméntase a boa acollida do público, cun "total de 14 mil espectadores", e indícase que a obra máis aplaudida foi *La Merda*, de Italia, así como *As fillas bravas*, de Chévere. Ademais, tamén se informa dos "Foros da MIT Ribavia", novidade desta edición onde se realizaron debates, entrevistas e obradoiros.

**MITEU**, XX[a] Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións estabelécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando

Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o "Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro", que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. Nesa edición incluiuse un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado "Suso Díaz". Na de 2015, que se celebrou entre o 16 e o 29 de abril, participaron as compañías galegas Aula de Teatro Universitaria Rosaura, con *Donos do tempo*; Cordelia, Aula Universitaria de Teatro de Ourense, con *Caleidoscopio XX*; Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, *Sweeney Tood, o barbeiro diabólico da rúa Fleet*; Limiar Teatro–Acaso Danza (Galicia-Brasil), con *Pangeia*; Ibuprofeno Teatro, con *Pequenos actos pseudorrevolucionarios*; Corifeo Teatro da Coruña, con *Salas de espera*; Aula de Teatro Normal da Universidade da Coruña, con *Augusta*; Aula de Teatro da USC-Lugo, con *Lear. Da nada sae a nada*; e Maricastaña, Aula de Teatro Universitaria de Ourense, con *III*. A mostra acolleu tamén a representación da peza infantil *As aventuras de Polgariña*, a cargo de Geppetto, Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense. Así mesmo, contou coa participación das compañías foráneas Zen del Sur (Andalucía), Malaestirpe Teatro Universitario (Castilla La Mancha), Okidok (Bélxica), Teatro El Mayal da Universidade de León, Aula de Teatro da Universidade de Huelva, Escena Miriñaque (Cantabria), Craq'otchod (Cabo Verde), Leo Bassi (EEUU-Italia), Teatro Universitario de Bellas Artes da Complutense (Madrid), Asta Teatro (Covilhá, Portugal), Teatr'ubi, Grupo de Teatro da Beira Interior (Covilhá, Portugal), Residui Teatro (Italia), Sokoot Theatre Group (Irán), Grupo de Teatro de la Universidad Pública de Navarra, Asociación Teatro Taller Tegucigalpa (Honduras) e Yllana (Madrid).

**Referencias varias:**

- C. R., "A Miteu volve a Vigo espallando teatro por toda a cidade", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 12 marzo 2015, p. 4.

Indica os lugares onde se desenvolven as actividades teatrais e noméanse as representacións.

- S. N., "La Miteu más internacional con 27 obras de nueve países", *Atlántico Diario*, "Sociedad", 12 abril 2015, p. 68.

Contén a programación cos horarios e os lugares nos que se levaran á escena os espectáculos da mostra.

- C. R., "Un aplauso para a Miteu, a edición con máis público", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 7 maio 2015, p. 7.

Dá conta da clausura desta mostra celebrada en Ourense e que entregou os seus premios facendo unha valoración moi positiva da calidade dos vinte e sete espectáculos aos que deu acollida.

**MOSTRA(TE)**, XIV[a] Mostra de Teatro Afeccionado do Condado

Organizado pola Asociación Cultural Solpor, coa colaboración do Concello de Salvaterra do Miño e a Deputación de Pontevedra. A edición de 2015 tivo lugar na Carballeira das Fraguiñas os días 23, 24 e 25 de xullo. Contou coa participación do grupo San Fins de Rebeordáns de Tui, con *Cesar Augusto*; Os deslinguados de Cangas, con *A farsa do señor xuíz*; Osiris Teatro de Salceda de Caselas, con *Old Saybrook*; e DameCuerdaQueTeatro de Pontedeume, con *Non hai ladrón que por ben non veña*. Tamén se levou a escena a peza para público infantil *Contos de carromato*, de Teatro Aforo de Vigo.

**Referencias varias:**

- V. P., "Cinco grupos actúan en la Mostra de Teatro Afeccionado de Salvaterra", *Faro de Vigo*, "Condado-Paradanta", 22 xullo 2015, p. 13.

Dáse conta do programa da décimo cuarta edición desta mostra e indícase que se celebrará na parroquia de Fornelos da Ribeira, en Salvaterra, con entrada gratuíta.

**Mourente**, Ciclo de Teatro da Sociedade Cultural e Deportiva de

Organizado pola Sociedade Cultural e Deportiva de Mourente. Na edición de 2015, celebrada os sábados e domingos dende o 28 de febreiro até o 28 de marzo, participaron as compañías Alecrín de Ribadumia, con *O bulto negro*; Fonte da Tella, con *Boda ou ... funeral*; Avelaiña, con *E din que chove*; Lúa Chea de Poio, con *A idade de ouro*; Argalladas, con *Prescipción facultativa*; e Teatro Xenio de Mourente, con *Dous por un*.

**Negreira**, Ciclo de Teatro de

Organizado polo Concello de Negreira en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2015, cun total de once representacións, desenvolveuse entre o 28 de maio e o 13 de xuño e contou coa participación da Escola Municipal de Teatro de Negreira, con *O mundo está tolo e ti ségueste duchando*, Escola de Teatro de Santa Comba, con *O ollo que todo o vé*; Axoúxere Teatro, con *Chou más gou on*; Malasombra Teatro, con *A herdanza*; Boneca lareta, con *Sede de mal*; O aturuxo de Melpómene, con *Cipriano de Bequelar*; e Os 7 magníficos máis Un, con *Bivalvos como galegos!*. Ademais, o ciclo inclúe a tres representacións dos grupos máis novos da Escola Municipal de Teatro de Negreira: *Silencio estamos rodando*, *A importancia do tempo* e *Cenizo e caperuzo*. Tamén se representou, para público infantil, a peza *As fabas máxicas*, de Caramuxo Teatro.

**Referencias varias:**

- M. Manteiga, "O ciclo de teatro de Negreira inclúe 11 representacións para todas as idades", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.284, 27 maio 2015, p. 3

Informa sobre o programa de actuacións (datas, horarios, grupos que participan e as súas obras) desta nova edición do ciclo de teatro de Negreira.

**Nun Local**, IIº Festival

Iniciativa comunitaria e independente que integra música, teatro, danza, monólogos, cabaret, maxia e poesía. A edición de 2015 tivo lugar o 30 e 31 de outubro e o 1 de novembro no casco vello da cidade e Vigo. Participaron as compañías galegas Moito Morro Teatro, con *Mi Madriña* e Madialeva Teatro, con *Contos chinos*. Para público infantil levouse a escena a peza *Tilintilonia*, d'O Baúl da Tía Tola.

**Referencias varias:**

- Alberto Blanco, "El Casco Vello se viste de música, danza y teatro", *Faro de Vigo*, "Vigo", 1 novembro 2015, p. 11.

Dáse conta da celebración da segunda edición do festival. Indícase que foi un éxito de participación, maior que na anterior edición, tanto número de negocios como de artistas. Sinálase que están programadas sesenta actuacións e que procuran crear unha plataforma para as artes en Vigo, fóra das grandes salas.

**O Couto**, Mostra de Teatro Amador de Narón

Organizada pola Asociación O Aturxo de Melpómene e o Padroado de Cultura de Narón. A edición de 2015, celebrada entre os días 12 e 26 de abril, contou coa participación das compañías O Aturuxo de Melpómene, con *Desencaixados. Esperpéntica Crise*; Escola de Teatro de Narón, con *Ismael e a balea branca*; Escola de Teatro de Narón e obradoiro de teatro Virxe do Mar, con *Vivas*; e Escola de Teatro de Narón e obradoiro de Teatro de Piñeiros, con *Pin, Pan, Clown*.

**O Seixo,** XXVIª Xornadas de Teatro Afeccionado en galego

Ciclo escénico organizado pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en colaboración co Concello de Mugardos. Na edición de 2015, celebrada do 5 ao 6 de decembro no local social de Bello Piñeiro, participaron as compañías A Mámoa Teatro, coa peza *Se o sei non volvo a casa*; Perez Parallé, *Mamá é señora para todo, declárase en rebeldía*; e A Pombiña, con *A pastilla milagrosa*. Tamén se representou, para público infantil, *As mil e unha noites*, de Ghazafelhos.

**Outes**, Outono Teatral de

Ciclo organizado polo Concello de Outes. A edición de 2015 celebrouse do 26 de setembro ao 20 de decembro no auditorio da Casa da Cultura. Contou coa participación das compañías O Aturuxo de Melpómene, con *Desencaixados. Esperpéntica Crise*; Chévere, con *Ultranoite no País dos Ananos* e *As fillas bravas*; Axóuxere Teatro, con *A*

*rúa do inferno*; Verdeveras, con *Desalmados*; Mofa e Befa, con *A galiña* e *Bobas & Galegas*; Escola de Teatro de Narón, con *Ismael e a balea branca*; Bandullo Azul, con *Play. Historia de Maestro e Pupilo*; e Tangatutanga, con *Que Deus nos colla confesados. Cabaré Bíblico*. Para público infantil representáronse as pezas *Laboratorio máxico*, a cargo de Mundo Mandarina; *Fíos* e *Babs*, de Baobab Teatro; *Glub, glub* e *Feo!*, de Caramuxo Teatro; *Concerto magnífico*, d'Os 7 Magníficos máis Un; *Contos de Animalario*, de Daboapipa; e *Fair Play*, de Pistacatro Productora de Soños.

**Referencias varias:**

- Rosalía Verdú, "Bandullo Azul ou como facer da comicidade un selo de identidade", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 novembro 2015, p. 39.

Dáse conta do estreno de *Play. Historia de Maestro e Pupilo*, enmarcada dentro do programa Outono de Outes, do cal se ofrece un breve resumo. Tamén se indica que o grupo está composto por dous actores, Fran Ameixeiras e Fran Campos, e dirixida por Evaristo Calvo. Sinálase que a primeira gran produción da compañía foi *Verdadeira historia de Robinson Crusoe*.

**Outono de teatro As Neves**, Ciclo

Organizado polo Concello d'As Neves no Auditorio Municipal. A edición de 2015, celebrada durante os meses de outubro e novembro, contou coa participación dos grupos de teatro Xerpo, con *Elixir de amor*; Asociación Teatral de Laxen, con *Imos Contar un Conto*; Teatro de Pesqueiras, con *O Chufón*; e Teatro do Andamio, con *Naviza Girl*.

**Outonoteatro**, Ciclo

Organizado polo Concello de Redondela e celebrado no Auditorio da Xunqueira, do 3 de outubro ao 7 de novembro. Na edición de 2015 participaron as compañías galegas A Panadaría, con *Pan! Pan!*; Teatro Galileo, con *Cyrano*; Eme2 Emoción&arte, con *Meu ben*; Il Maquinario Teatro, con *Perplexo*; Ibuprofeno Teatro, con *O Furancho*; e Vía 6, con *Amor en 3D*.

**Palas de Rei**, XVIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago"

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural "Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos". Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellería de Cultura e a Deputación. Na edición de 2015, celebrada entre os días 19 de agosto e 3 de setembro, participaron os grupos Teatro o Batán de Cangas de Foz, con *Igualdade Virtual*; Volta e Dálle Teatro, con *Rodesindo da Barbosa*; Lusco Fusco Teatro, con *Vareadas de creatividade*; Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, con *Todo é un conto*.

*Estación de autobuses*. *Os cravos de prata*; Teatro Solidario As Insuas, con *Kronamar*; Metátese Teatro, con *Brinquedos*; Dandylady, con *Poeticlub*; grupo teatral Faro Miño, con *Os trillizos da Socorro*; e Teatro do Andamio, con *Naviza girl*. Para o público infantil leváronse a escena as pezas *Lobo bobo*, por parte de Elefante Elegante; Alentía Teatro, con *Cambio de cor*; Folerpas Teatro, con *O mundo das ras*; e *Brincos de fantasía*, do Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei.

**Poio Escena**, IVº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola SCD de Raxó, a SCD de Samieira e a asociación Armadiña de Combarro, en colaboración co Concello de Poio. Dende o ano 2013 pasou de se celebrar durante un mes a se desenvolver durante a metade do ano con representacións o último venres de cada mes. Contou coa participación das compañías Martabelas, coa peza *Mullerebillosas*; Avelaíña Teatro, con *E din que chove*; O Trasno Novo Teatro, con *Conversas nunha cuneta mentres a vida pasa alá fóra*; Tangatutanga, con *Que Deus nos colla confesados. Cabaré Bíblico*; DameCuerdaQueTeatro, con *Os nenos perdidos*; Disfunción Continua, con *Eran outros tempos, ou non?*; grupo de teatro Fonte da Tella, con *Voda ou funeral?*; Medievándalos, con *Entremeses entre masas*; Lúa Chea, con *Idade de Ouro*; Teatro Enxebre, con *Tress*; Carauta Teatro, con *Traballos de amor perdidos*; e Moura Teatro, con *Leóns de Area*.

**Referencias varias:**

- J. Casal, "Poioescena' se sube de nuevo al escenario con varias novedades", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 31 xaneiro 2015, p. 14.

Faise eco da presentación da sexta edición da iniciativa Poioescena. Ademais, apunta que a organización entregará un premio á obra mellor valorada do ciclo de 2014, interpretada polo grupo Armadiña Teatro de Combarro.

- D. Leiro, "As parroquias de Raxó e Combarro serán as protagonistas de agosto no 'PoioEscena 2015", *Diario de Pontevedra*, "Poio. Comarca", 28 xullo 2015, p. 12.

Dáse conta do ciclo teatral e sinálase que o propósito principal é "achegar o teatro ós veciños e crear un programa cultural durante os doce meses do ano". Indícase que, para o mes de agosto, están planificadas dúas representacións: *Voda ou funeral?*, do grupo Fonte de Tella; e *Entremeses entre masas*, de Medievándalos.

- Á. Piñeiro, "Poio reune as áreas de Cultura, Deporte e Educación na programación de Nadal", *Diario de Pontevedra*, "Poio. Comarca", 12 decembro 2015, p. 16.

Entre outras novas, dá conta da celebración deste festival e da participación do grupo Fonte da Tella.

- J. Casal, "El mejor divertimento, sobre las tablas", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 27 decembro 2015, p. 10.

Informa que a parroquia de Samieira acollerá a última función desta mostra e que correrá a cargo da compañía Teatro Fonte da Tella coa obra titulada *Miña naiciña*. Ademais recolle as declaracións dos organizadores felicitándose polo éxito da mostra.

**Ponteatro**, IIIº Ciclo

Ciclo teatral organizado polo Concello de Pontevedra que se desenvolve no Teatro Principal e no Pazo da Cultura. A edición de 2015, celebrouse entre o 8 de outubro e o 17 de decembro no Teatro Principal. Contou coa participación das compañías Teatro do Morcego, con *Presidente*; Il Maquinario Teatro, con *Perplexo*; Mofa e Befa, con *Bobas & Galegas*; Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; Redrum Teatro, con *Noiteboa*; e Voadora, con *Waltz*. Asemade, na presente edición, baixo o nome de "Venres golfos", inclúense dúas representacións a partir das doce da noite: *Psicópata*, de Antón Coucheiro e *Strpts*, de Cinema Sticado.

**Referencias varias:**

- Noelia Soage, "O ciclo de teatro en galego volve para revolucionar as noites dos xoves e venres", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 25 setembro 2015, p. 12.

Fálase sobre a volta do ciclo teatral Ponteatro e da súa programación. Coméntase que está formada por oito espectáculos, dos que dous estarán baixo o nome de venres "golfos" e terán horario nocturno.

- Cuca M. Gómez, "Teatro para mi espíritu", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 9 outubro 2015, pp. 70-71.

Entre outras novas, dáse conta do desenvolvemento deste ciclo teatral.

_____, "90 años de Coral Polifónica", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 11 decembro 2015, pp. 78-79.

Informa da representación da peza *Noiteboa* dentro do ciclo Ponteatro, entre outras actividades.

_____, "El mes de los empachos", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 18 decembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras novas, dá conta da representación da peza *Waltz* no Teatro Principal de Pontevedra, dentro do ciclo Ponteatro.

**Ponteceso**, XXIIº Ciclo de Teatro

Organizado pola Concellaría de Cultura de Ponteceso, en colaboración coa Asociación Cultural Monte Branco. A edición de 2015 tivo lugar os sábados do mes de novembro no Salón de Actos do E. das Escolas. Representáronse as pezas *Bivalvos como galegos*,

d'Os 7 Magníficos máis Un; *D.E.P*, de Malasombra Teatro; *As fillas bravas*, de Chévere; e *Mil primaveras*, de Talía Teatro.

**Pontedeume**, IIº Mes de Teatro Afecionado de

Organizado polo Concello de Pontedeume. A edición de 2015 tivo lugar entre o 2 e o 29 de maio no salón de actos do IES Breamo. Contou coa participación da agrupación teatral mariñán ATM, coa peza *Martini seco*; DameCuerdaQueTeatro, con *Os nenos perdidos*; e Grupo Licor Café, con *Rosenda, unha criada indecente*.

**Ponte... na escena**, IIIº Edición do Festival Internacional de Teatro Brasil-Portugal-Galiza

Organizado pola asociación Ponte... nas ondas, Limiar Teatro e a Concellaría de Cultura do Concello de Gondomar. A edición de 2015, celebrada do 24 ao 26 de maio, contou coa participación das compañías galegas Limiar Teatro, con *Verbum Fahrenheit*; e 8mm. Teatro, con *Unha historia de amor ao Tarantino*. Tamén representaron as súas obras compañías portuguesas Fafe Cidade das Artes e Teatro Invisible, e as brasileiras Teatro Andante e Farándula.

**Porriño**, Circuito Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA), o concello do Porriño e a compañía Atrezo Teatro. A edición de 2015 celebrouse os días 9, 10, 16 e 17 de maio no centro cultural municipal. Contou coa presenza das compañías Teatro Escoitade, coa peza *Exposición de catro mementos*; Nostrum Cai, con *Alba, a casa pechada*; Aturuxo de Melpómene, con *Desencaixados, esperpéntica crise*. Tamén se levou a cabo un contacontos teatralizado do grupo Fanfarra dos soños, *A caixiña máxica*.

**Referencias varias:**

- Y. S., "Porriño acogió cuatro obras del Circuito Galego de Teatro Amador", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño/ Louriña", 30 maio 2015, p. 5.

Infórmase da clausura desta mostra no que o público pagou a súa entrada mediante a doazón dun quilo de alimentos non perecedoiros ao Programa Municipal de Alimentos SOS Porriño. Indica que Chelo Pampillón, unha das organizadoras, destacou a alta calidade dos grupos participantes.

**Rianxo**, Outono Cultural de

Organizado pola Área de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Rianxo, coa colaboración da Deputación da Coruña e outras entidades. O teatro ocupa un papel fundamental neste programa, onde tamén teñen oco as presentacións

literarias, as exposicións, os concertos e até unha acampada na biblioteca municipal. No 2015 celebrouse durante os meses de outubro, novembro e decembro e contou coas seguintes postas en escena: *Da Vinci tiña razón!*, a cargo de Producións Teatrais Excéntricas; *Calypso*, de Voadora Teatro, *Chou mas gou on!*, de Axouxere Teatro; *Nosa señora das nubes*, do Grupo de Teatro Airiños; *Mensaxe sen botella*, de Caramuxo Teatro; *O furancho*, de Ibuprofeno Teatro; *Bobas & Galegas*, de Producións Teatrais Excéntricas; *Kassa*, de Elefante Elegante; *Tacóns na corda*, de Verdeveras; e *Ismael e a balea branca*, da Escola de Teatro de Narón.

**Riveira**, Mostra de Teatro de

Organizada pola Concellería de Cultura e Festexos, coa colaboración da Deputación da Coruña, e celebrada en Riveira. Na edición de 2015, que tivo lugar no Auditorio Municipal dende o 23 de outubro até o 11 de decembro, representáronse as pezas *Desencaixados. Esperpéntica Crise*, d'O Aturuxo de Melpómene; *Xamón, xamón*, de Teatro dos Tirinautas; *D.E.P.*, de Malasombra; *O Decamerón*, de Abrapalabra Creacións Escénicas*; Bobas & Galegas*, de Mofa e Befa; *Mil primaveras*, de Talía Teatro; *A malquerida*, do Grupo Municipal de Teatro de Riveira; e *Avoíña, avoíña... Como sobrevivo na casiña?*, de Teatro Artellar.

**Referencias varias:**

- S. Souto, "A Mostra de Teatro de Ribeira inclúe 8 funcións", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 outubro 2015, p. 24.

Informa da organización do ciclo teatral que terá lugar no auditorio municipal, recolle o programa e destaca que as entradas serán de balde.

- S. S., "Mofa e Befa representará el viernes 'Bobas&Galegas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 novembro 2015, p. 37.

Anuncia que no marco da Mostra de Teatro do Concello de Ribeira se representará a obra *Bobas & Galegas* no auditorio. Sinala que no mesmo día tamén actuará Talía Teatro con *Mil primaveras*. Destaca que nos seguintes días participarán as compañías Teatro Artellar e o Grupo Municipal de Teatro de Riveira.

**Sada**, XIª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Sada que, ademais das diversas representacións teatrais, presenta outras actividades de xeito paralelo, tales como coloquios ou cursos monográficos. Concédese ademais o premio Lugrís Freire a aquelas obras mellor valoradas, podendo participar grupos de toda Galicia e norte de Portugal. Na edición de 2015, celebrada entre os días 14 e 29 de marzo, participaron as compañías Teatro Valacar, con *Somos tan imbéciles*; O Aturuxo de Melpómene, con *Desencaixados. Esperpéntica Crise*; Teatro Muxicas, con *A visita da vella dama*; agrupación teatral mariñán ATM, con *Martini seco*; Cía Municipal de Teatro de Sada, con *4 batallas*; e a foránea Stres de Quatre (Valencia).

**San Andrés de Comesaña**, IXº Encontro Teatral de

Mostra de Teatro afeccionado organizada pola compañía teatral O Trasno Novo Teatro. Na edición de 2015, que tivo lugar durante o mes de setembro, participaron as compañías Hipócrita Teatro, coa peza *Emperador, qué pensas?*; Teatro do Aramio, con *Baile de Sombras*; Atlántida de Matamá, con *Falando de cartos*; e O Trasno Novo Teatro, con *En venda*. Tamén contou coa representación, para público infantil, da peza *Un día no circo*, de Paso de Valverde.

**Referencias varias:**

- Ana Rodríguez, "Arte dramático para todos los gustos en Nautilius", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 8 setembro 2015, p. 3.

Dáse conta do noveno Encontro Teatral de San Andrés de Comesaña, organizado pola compañía O Trasno Novo Teatro, e inserido dentro do Circuíto Galego de Teatro Amador da Fegatea. Indícase o nome das compañías que participaron no encontro.

- Fernando Franco, "Y del ciclo de teatro Amador", *Faro de Vigo*, "Vigo", 3 setembro 2015, p. 9.

Fala de Jaime Costas como fundador do grupo de teatro O Trasno Novo Teatro e da Federación Galega de Teatro. Informa que este ciclo comezará no auditorio Nautilus de Comesaña coa compañía Hipócrita Teatro.

**Santa Comba**, Iº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado polo Concello de Santa Comba. Nesta primeira edición, que tivo lugar entre o 6 e o 20 de novembro, representáronse as pezas *Demolición*, de Talía Teatro e *Tacóns na corda*, de Verdeveras. Para público infantil levouse a escena a peza *As fabas máxicas*, de Caramuxo Teatro.

**Referencias varias:**

- M. M., "Tres obras para el primer ciclo de teatro desde Santa Comba", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 novembro 2015, p. 29

Preséntase a primeira edición desta mostra e anúncianse as datas e representacións que compoñen o seu cartel.

- M. M. O., "Santa Comba abre hoy la Mostra de Teatro Afeccionado", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 novembro 2015, p. 31.

Informa do inicio desta mostra coa obra *O ollo que todo o ve*, da Escola de Xallas.

**San Telmo**, VII Semana de Teatro Amador de Tui

Organizada polo concello de Tui. A edición de 2015 tivo lugar entre o 6 e o 11 de abril no teatro municipal da localidade. Contou coa participación dos grupo de teatro Chirlomirlo da Asociación Xuntaza de Randufe, con *Pementos, cochos e santa compaña*; Atalaia do Centro Sociocomunitario, con *Un morto, morto*; grupo de teatro da Asociación San Fins de Rebordáns, con *César a gusto*; Caldemiños da Asociación A Insua de Caldelas, con *Hai que lío!*; grupo de teatro da Asociación Santiago de Malvas, con *O achádego do Castro*; e Aloia da Asociación Aloia de Pazos de Reis, con *O pobo das mulleres*.

**Referencias varias:**

- A. F., "Presentación de la Semana de Teatro Amador San Telmo 2015", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 31 marzo 2015, p. 15.

Dá conta da presentación da VII Semana do Teatro Amador San Telmo 2015, apuntando que haberá un representante de cada un dos grupos.

- Antón Ferreira, "La Semana de Teatro Amador de San Telmo recibe seis grupos", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 3 abril 2015, p. 14.

Preséntase a VII edición desta mostra que terá lugar no Teatro Municipal de Tui e infórmase do seu programa.

**Sarria**, Mes do Teatro

Organizado pola Delegación de Cultura do Concello de Sarria. A edición de 2015, celebrada entre 31 de outubro e o 29 de novembro no salón de actos da casa da cultura, contou coa participación das compañías Pinchacarneiro, con *Vilar de Inferno*; Nostrum Cai, con *Alba, a casa pechada*; Lucecús Teatro, con *A órbita do Lucecú*; Teatro O Bordelo, con *O Reparto*; e Aula de Teatro do Concello de Sarria, con *Dramatización*.

**Sen Numerar**, Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura da Coruña, en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios, co obxectivo de reforzar a programación do Fórum Metropolitano e apoiar o traballo de compañías locais e galegas. Na edición de 2015, celebrada do 25 de setembro até o 18 de decembro, representáronse as pezas *Love room*, de Teterella Teatro; *Sushi gratis*, de Funboa Escénica; e *As fillas bravas*, de Chévere. Tamén se levaron a escena, para público infantil, a peza *Don Quixote, unha comedia gastronómica*, de Limiar Teatro. Ademais, contou coa participación das compañías foráneas CTC Producciones (Madrid), Sudhum Teatro (Madrid), JoTacción e Teatro del Temple (Zaragoza).

**Teatro Colón**, VIª Mostra de Teatro Afeccionado do

Organizada dende 2012 por Artestudio, baixo a dirección de Ramiro Neira, e celebrada no Teatro Colón da Coruña todos os martes de outubro. A edición de 2015 contou coa participación do Grupo Teatro Vacalar, con *Somos tan imbéciles* e da Asociación Cultural e Teatral Trotaconventos, con *Caso Retrete*.

**Teatro con Melpómene**, IIº Ciclo de

Ciclo escénico amoador organizado pola asociación teatral O Aturuxo de Melpómene. A edición de 2015, celebrada entre o 20 de setembro e o 11 de outubro no Auditorio de Narón, contou coa presenza das compañías Teatro de Cámara Ditea, coa peza *Animaliños*; Teatro Marañao, con *Inmortal*; Nostrum Cai, con *Alba, a casa pechada*; e Chumpá Teatro, con *Un marido de ida e volta*.

**Teatro... e punto**, Ciclo

Ciclo organizado polo Concello de Brión durante os meses de marzo, abril, maio, outubro, novembro e decembro. Na edición de 2015 as representacións tiveron lugar o segundo e o cuarto sábados de cada mes, no centro Social Polivalente de Pedrouzos e no Teleclube de Ons. Contou coa participación dos grupos de teatro Badius, con *Frankenstein*; A Pombiña, con *O xardín dos pobres*; Escola de Teatro de Narón, con *Ismael e a balea branca*; grupo de teatro Oquetiqueiras, con *Raiñas*; Teatro de Cámara DITEA, con *Acto imprevisto*; Teruca Bouza, con *O cantar dos cantares ou Galicia 1948*; Teatro Universitario Pinchacarneiro, con *Policía*; Axóuxere, coa peza *A rúa do Inferno*; A Mámoa, con *Se o sei non volvo á casa*; T-Tinglado de Narón, con *Selfie*; e o grupo de teatro Chumpa, con *Un marido de ida e volta*.

**Teatrofilia**, XIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2015, celebrada no Centro Social da Terceira Idade de Vedra dende o 13 até o 29 de marzo, participaron os grupos de teatro do Centro Sociocultural de Vedra, con *Fitipaldi*; A.C. Cotomanguelo, con *A consulta do avogado* e *O testamento do Nacho*; Gargallada Teatro, con *Estación Sombrío*; Chévere, con *As fillas bravas*; Vacaloura Teátrica, con *Musicando... que é xerundio*; Aula de teatro do C.P.I de Vedra, con *Destino interior*; A.C. Cotomanguelo, con *En clave rosa*; Agrupación Teatral Mariñán, con *Martini seco*; Tangatutanga, con *Urraca*; Pinchacarneiro, con *Vilar de Inferno*; Aquelando Teatro, con *A noticia*; Tira e Afloxa, con *A raíña loba*; e compañía foránea Teatro Carbayín (Asturias).Tamén se representaron as pezas destinadas a un público infantil *O Guindastre*, do grupo de teatro da A.C. Cotomanguelo; *O bosque enfermo*, da Escola de San Miguel de Sarandón; *Cativos*, de Tira e afloxa; *Sola na aldea*, de A.C. San Campio; e *Brincacontos*, de Andaravía Teatro.

**Referencias varias:**

- M. Toledo, “A programación de Teatrofilia recolle obras de ‘clown’, musicais e pezas para os pequenos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.183, 13 febreiro 2015, p. 14.

Comenta a programación da mostra de teatro. Entre as actividades, sinala que haberá musicais como *Musicando... que é xerundio,* de Vacaloura Teatro; obras de clown e máscaras como *Estación Sombría*, de Gargallada Teatro, entre outras. Indícase, ademais, que contará coa actuación do grupo profesional Chévere coa peza *As Fillas Bravas.*

_____, “O centro da terceira idade de Vedra acollerá en tres fins de semana Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.196, 26 febreiro 2015, p. 7.

Informa do comezo da décimo segunda Mostra de Teatro Amador Teatrofilia e nomea as obras que se levarán á escena.

- M. T., “A la venta las entradas para Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.204, 6 marzo 2015, p. 6.

Anuncia a posta á venda na Asociación Cultural Papaventos para este XII ciclo de mostra de teatro amador de Vedra.

- Carla Barreiro, “La muestra Teatrofilia abre el telón el viernes en Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.209, 11 marzo 2015, p. 7.

Faise eco da celebración en Vedra da Mostra de Teatro Amador, referíndose as datas e os horarios da programación.

- A. P., “Papaventos abriu con éxito de público o telón de Teatrofilia en Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.214, 17 marzo 2015, p. 7.

Infórmase do comezo da duodécima edición de Teatrofilia, en Vedra, organizada pola asociación Cultural Papaventos. Indícase que o certame foi inaugurado co grupo de teatro do Centro Sociocultural de Vedra, con *Autoescola Fitipaldi*; seguida da A. C. Cotomanguelo, con *A consulta do avogado e o testamento de nacho*; e Gargallada Teatro, con *Estación sombrío*. Por último, destácase que tamén se organizou unha xornada dedicada ao público infantil.

- M. T., “Teatrofilia baixa o telón esta fin de semana en Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.223, 26 marzo 2015, p. 7.

Comenta a posta en escena da obra *Vilar de inferno*, do grupo Pinchacarneiro; *A raíña loba*, de Tira e afloxa, e *A noticia* de Aquelando Teatro.

_____, “Teatrofilia pecha o prazo dos carteis o 4 de xaneiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 3 novembro 2015, p. 29.

Dá conta da celebración dun concurso para a escolla do cartel da XIII Mostra de Teatro Amador Teatrofilia 2016.

_____, "Premio de 250 € al autor del cartel de Teatrofilia", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 novembro 2015, p. 32.

Anúnciase a celebración dun concurso de carteis para a XIII Mostra de teatro amador de Vedra Teatrofilia. Indícase o prazo, as pautas e os premios.

**Teatro no camiño**, IV Ciclo teatro afeccionado

Organizado pola asociación cultural Charamela de Melide. A edición de 2015, celebrada entre os días 4 e 26 de xullo na casa da cultura da localidade, contou coa participación do grupo O Bordelo de Cervo, con *Os amores do mariñán*; La Caja de Pandora de Verín, con *Sempre nos quedará Venecia*; Faro-Miño de Chantada, con *Os trillizos de Socorro*; e Charamela Teatro de Melide, con *Botando a lingua a pacer*.

**Referencias varias:**

- M. T., "Cine y teatro animan las noches de verano en Vedra y Melide", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.325, 8 xullo 2015, contracuberta.

Entre outras novas, anuncia o comezo do IV Ciclo teatro afeccionado O teatro no camiño coa peza *Os amores do mariñán* polo grupo O Bordelo de Cervo. Informa do resto de representación que compoñen o seu cartel: *Sempre nos quedará Venecia*, de La Caja de Pandora (Verín); *Os trillizos de Socorro*, de Faro-Miño (Chantada); e *Botando a lingua a pacer*, de Charamela (Melide), clausurando o ciclo.

- M. T., "Éxito do segundo pase do ciclo O teatro no camiño", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.330, 13 xullo 2015, p. 24.

Infórmase do IV Ciclo teatro afeccionado O teatro no camiño e anúncianse as datas e representacións que compoñen o seu cartel: *Os amores do mariñán* de O Bordelo de Cervo; *Sempre nos quedará Venecia*, de La Caja de Pandora; *Os trillizos de Socorro*, de Faro-Miño; e *Botando a lingua a pacer*, de Charamela.

**Teo**, VIIIº Mes do Teatro

Organizada polo Concello de Teo en colaboración coa Deputación da Coruña e AGADIC. A edición de 2015, que tivo lugar do 5 ao 20 de outubro, contou coa participación das compañías Abrapalabra Creacións Escénicas, con *As do peixe*; Os 7 magníficos máis Un, con *Bivalvos como galegos*; Tangatutanga Teatro, con *Cabaret Bíblico*; Aporía Escénica Teatro, con *30 e tantos osos*; e Boneca Lareta, con *Filosolfando*. Tamén se levaron a escena, para o público infantil, as pezas *Zapatos*, de Caramuxo Teatro; e *O traxe novo do Rei*, de Tarabelos.

**Referencias varias:**

- R. Verdú, "As do peixe' abre hoxe en Teo o mes cultural no que reina o teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 outubro 2015, p. 34.

Dáse conta da posta en escena da obra *As do peixe*. Indícase que está dirixida ao público adulto e que "honra a memoria das traballadoras das conservas [...]". Sinálase que obtivo tres premios María Casares (mellor dirección, mellor actriz protagonista e mellor texto orixinal), así como o premio do público no Festival de Teatro de Ribadavia. Indícase, ademais, dentro do Mes do Teatro de Teo, a participación de Pedro Brandariz e Fran Rei, con *Bivalvos como galegos* e Tangatutanga Teatro, con *Cabaret Bíblico*. Engádese que o público infantil terá programación específica.

**Terras do Orcellón**, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Organizada polo grupo Tirule, co apoio da Deputación Provincial de Ourense e do Concello do Carballiño. A edición de 2015 celebrouse entre os días 2 de outubro e 1 de novembro no Auditorio do Carballiño. Representáronse as pezas *Media de Callos*, de Tiruleque Teatro; *Espermatozoides*, de Piollo Teatro; *Os cravos de prata*, de Grupo de Teatro Rosalía de Antas de Ulla; *Un cabaret de película*, de Farandoleiras Cabaré; *Eirugas*, de Ateaco; *Alba, a casa pechada*, de Nostrum Cai Teatro; *O anel máxico*, de Gargallada Teatro; *Frío*, de Farrapo Teatro; *Desenxaixados*, d´O Aturuxo de Melpómene; e *A miña gran mansión*, de Delatoute Produciónss.

**Tomiño**, Outono Cultural

Organizado polo Concello de Tomiño. Na edición de 2015, celebrada entre o 4 e o 25 de outubro na Casa da Cultura da localidade, participaron as compañías Boneca Lareta, con *Filosolfando*; Migallas Teatro con *O cantante e as mulleres*; Fulano, Mengano e Citano, con *Top Manta*; e Malasombra Teatro, con *D.E.P.*

Teatro **Total**: O Legado de Valle-Inclán, IIº Ciclo de

Organizado pola Fundación Valle-Inclán coa intención de difundir o teatro independente na zona. A edición de 2015, celebrada durante o mes de novembro na Casa do Pescador de Vilanova, contou coa participación de Teatro Aturuxo da Asociación Cultural O Castro de Baión, con *Prescripción facultativa*; e do grupo de Teatro da Asociación de Amas de Casa Noso Lar de Vilagarcía de Arousa, con *O mal do Andresiño*.

**Referencias varias:**

- B. Yáñez, "La Fundación abre un ciclo de teatro y prepara el 150 aniversario de Valle-Inclán", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 5 novembro 2015, p. 13.

Indícase que, con motivo do 150 aniversario de Valle-Inclán, a fundación presentou un novo ciclo de teatro, coordinado pola Consellería de Cultura, para "poñer en valor aos

grupos de teatro independente". Sinálase que a mostra contará con once representacións e que no próximo ano disporán de exposicións, editoriais, debates e máis teatro.

- D. A., "O Legado de Valle-Inclán' arranca con una representación de 'O Castro", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 9 novembro 2015, p. 9.

Fala da primeira representación inserida no ciclo, *Por prescripción médica*. Indica que foi levada a escena polo grupo Aturuxo.

_____, "Tatana Teatro y Amigos da Música actúan esta tarde en Vilanova", *Diario de Arousa*, "Cambados", 21 novembro 2015, p. 14.

Dá conta da celebración do segundo ciclo de Teatro Total e informa dalgunhas das actividades que componen a súa programación.

**Touro**, VIIIº Festival do Teatro de

Organizado polo Concello de Touro. Nesta edición de 2015, celebrada o sábado 9 de maio, na casa da cultura da localidade, participaron os grupos da Escola Municipal de Teatro de Laxe, Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei e Aula de teatro del IES de Melide, coa peza *Brincos de Fantasía*; e Aula de Teatro do IES Antón Losada da Estrada e a Aula de Teatro do Colexio de Touro, con *Gorentosadas*.

**Tui**, VIIª Semana de Teatro Afeccionado de San Telmo

Xornada de teatro afeccionado que organiza a Concellería de Cultura de Tui, coincidindo coas festas de San Telmo celebradas no concello. Nesta edición de 2015, entre o 6 e o 11 de abril, participaron as compañías Chirlomirlo Teatro, con *Pementos, cochos e santa compaña*; a Asociación San Fins de Rebordáns, con *César a gusto*; Atalaia, con *Un morto, morto*; Santiago de Malvas, con *O achado do castro*; e Aloia, con *O pobo das mulleres*.

**Valadouro**, XXXª Semana do Teatro

Xornadas de teatro afeccionado celebradas no concello do Valadouro. A edición de 2015, entre o 31 de agosto e o 4 de setembro, contou coa representación das pezas *Os trillizos de Socorro*, do grupo Faro-Miño; *Igualdade virtual*, d'O Batán; *Unha morta... moi viva*, d'A Adala; *As farturas de Servando*, de Axóuxeres; e *O reparto*, d'O Bordelo de Cervo.

**Valladares teatral**, XIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Organizado polo centro veciñal e cultural de Valladares, en Vigo, apoiado pola compañía Platta, a Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) e co patrocinio da Xunta de Galicia. Na edición de 2015, celebrada durante os meses de outubro e novembro, representáronse as pezas *Desencaixados. Esperpéntica crise*, d'O

Aturuxo de Melpómene; *Animaliños*, a cargo de Teatro de Cámara Ditea; *O barco sen mariñeiro*, de Achádego Teatro; e *A verdadeira historia de carapuchiña vermella* de Atrezo Teatro.

**Val Miñor** e **Oia**, Iª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos e o Concello de Gondomar. Esta primeira edición, celebrada dende o día 6 até o 29 de novembro no Auditorio Municipal Lois Tobío, contou coa participación dos grupos teatrais Bertorella, con *Non hai ladrón que por ben non veña*; Xente daquí e dacolá, con *Os animais do paraíso* e *O asasino anda solto*; O mellor de casa casa, con *Picnic*; A xesta vermella, con *Doutor de cabeceira*; e A Moura, con *Polos pelos*.

**Vedra**, Circuito Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) no centro social da terceira idade de Vedra. Na edición de 2015, celebrada durante os meses de maio e xuño, participaron as compañías Gargallada Teatro, con *O anel máxico*; Atrezo Teatro, con *A verdadeira historia de carapuchiña vermella*; Achádego Teatro, con *O barco sen mariñeiro*; e Andaravía Teatro, con *Manifféstate!*. Tamén se representou a peza, para público infantil, *Brinca contos*, a cargo de Andaravía Teatro.

**Referencias varias:**

- M. Toledo, "El Circuito de Teatro Amador llega a Vedra con cinco piezas a partir del día 30", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.285, 28 maio 2015, p. 7.

Dá conta do comezo desta mostra, o lugar onde se celebrará e indica cal é o programa de actuacións.

_____, "Andaravía Teatro clausurará el circuito gallego en Vedra con la interpretación de 'Manifféstate!", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.290, 2 xuño 2015, p. 7.

Infórmase da clausura do Circuíto Galego de Teatro de Vedra coa representación de *Manifféstate!* Ao mesmo tempo, recórdase a programación das sesións anteriores que compuxeron o encontro.

- M. T., "Pechan o Circuito galego de teatro amador en Vedra", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.299, 11 xuño 2015, p. 7.

Di que Andaravía Teatro pechará este circuíto dramático.

_____, "Doble función de Andaravía Teatro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.301, 13 xuño 2015, p. 7.

Comenta que Andaravía Teatro levará a escena en Vedra, dentro do Circuito Galego de Teatro Amador, as pezas *Brinca contos* e *Manifféstate!*.

**Viana do Bolo**, II Mostra de Teatro Afeccionado

Ciclo organizado pola Asociación Cultural Candea e celebrado na Casa da Cultura de Viana do Bolo do 6 ao 9 de agosto, no que participaron os grupos de teatro Candea de Viana, con *Xulia e os Pérez e Ás tres con Puri*; Teatro Talía de Viana, con *Gañas de reñir* e *Unha familia que te cagas*; e Augas do Sil de San Clodio, con *Dous ovos para cear* e *O fotógrafo*.

**Referencias varias:**

- Mónica G. Bellver, "Do 6 ao 9 de agosto en Viana", *O SIL*, "Cultura", agosto 2015, p. 51.

Dáse conta do programa desta mostra. Sinálase que grupo Candea de Viana levará a escena dúas obras, *Xulia e os Pérez*, "que fai unha reflexión sobre os malos tratos"; e *Ás tres con Puri*, "obra que pretende refletir, en ton de humor, o valor da amizade".

**Vigocultura**

Organizado polo concello de Vigo no auditorio municipal, inclúe espectáculos de música, teatro e danza. A edición de 2015, celebrada todos os venres e sábados durante os meses de outubro, novembro e decembro. Contou coa participación das compañías Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; A Panadaría, con *Panamericana*; Sarabela Teatro, con *Pequenas certezas*; Mofa e Befa, con *Bobas & Galegas*; e Eme2 Emoción&arte, con *Meu ben*. Tamén se levaron a escena, para público infantil, as pezas *Jim e a illa do tesouro*, de Eme2 Emoción&arte e *15 primaveras*, de Mamá Cabra.

**Referencias varias:**

- E. Ocampo, "Vigocultura' programa 19 citas con las artes escénicas en tres meses", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 12 marzo 2015, p. 38.

Anuncia a celebración desta mostra e dá conta das distintas actuacións programadas que se representarán no Auditorio municipal. Ademais informa sobre os prezos das entradas e dos abonos.

**Vigo**, Certame de Teatro Afeccionado de

Organizado polo concello de Vigo en colaboración con diversos Centros Culturais. A edición de 2015, celebrada o día 28 de novembro, contou coa participación das compañías Teatro Rueiro de Coia, con *Pillabáns de 5 estrelas*; Escoitade de Valladares, con *Exposición de catro mementos*; Atlántida de Matamá, con *Falando de cartos*;

Teatro Tarantela de Beade, con *O achado do castro*; e o grupo de teatro Porta Aberta, con *A casa do senador*.

**Vila de Sarria**, Vª Semana de Teatro Cómico

Xornada teatral celebrada na Casa da Cultura da vila de Sarria. A edición de 2015, celebrada do 6 ao 9 de agosto, contou coas representacións das pezas *Arsénico por caridade*, da Aula de Teatro do Concello de Sarria; *O Furancho*, de Ibuprofeno Teatro; e *Go on*, de Malasombra. Tamén se levaron a cabo os espectáculos infantís *Contos viaxeiros*, de Soledad Felloza; *Peor Imposible*, de Peter Punk e *A Gramola Gominola*.

**Referencias varias:**

- Y. Q. U., "Seis compañías participan del 6 al 10 de este mes en la Semana de Teatro Cómico", *El Progreso*, "Sarria", 1 agosto 2015, p. 9.

Anúnciase o programa da mostra teatral e destácase que conta con seis representacións de diferentes compañías galegas.

**Vilalba**, XVIª Mostra de Teatro de

Organizada por Hipócrita Teatro, coa colaboración da Concellería de Cultura, e celebrada no Auditorio Municipal Carmen Estévez de Vilalba. A edición de 2015, celebrada os días 21, 28 de febreiro e 7 de marzo, contou coa participación da Escola Municipal de Teatro da Pontenova, coa peza *Do píldaro a cubana*; Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei, con *Almacéns Nova Chaira*; e Escola Municipal de Teatro de Vilalba, con *Cometa, cometa*.

**Vilamarín**, XXVIIIª Noites Teatrais de

Organizadas polo Concello de Vilamarín e celebradas no auditorio municipal desa localidade. A edición de 2015, celebrada entre os días 14 e 17 de xullo, contou coa participación das compañías Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, con *III*; Fulano, Mengano e Citano, con *A Louca Historia de Galicia*; Teatro Galileo, con *Cyrano*; e Chévere, con *As fillas bravas*.

**Referencias varias:**

- Marta Salgado, "Vuelven las 'Noites teatrais de Vilamarín", *La Región*, "Verano", 11 xullo 2015, p. 23.

Anúnciase o comezo da vixesimo oitava edición das Noites Teatrais no Concello de Vilamarín e infórmase das pezas que compoñen a súa programación: *III*, da Aula de Teatro Universitario de Ourense, unha adaptación de *Ricardo III* de William Shakespeare; *A Louca Historia de Galicia*, de Fulano, Mengano e Citano; *Cyrano*, de

Teatro Galileo, unha aposta polo teatro clásico; e *As fillas bravas*, de Chévere, clausurando o ciclo.

**Vimianzo**, Ciclo teatral de outono de

Organizado polo Concello de Vimianzo todos os sábados dos meses de outubro, novembro e decembro na Casa da Cultura da localidade. Na edición de 2015 participaron as compañías Boneca Lareta, con *Filosolfando*; Teatro Badius, con *Frankenstein*; Malasombra Producións, con *A herdanza*; A Mámoa Teatro, con *Se o sei non volvo á casa*; Sal-Monela Teatro, con *Tan perfecto non te quero*; Talía Teatro, con *Mil primaveras*; e Mofa e Befa, con *Bobas & Galegas*.

**Xosé Agrelo**, VIIIª Mostra de Teatro

Mostra de teatro organizada polo Concello de Muros. A edición de 2015 tivo lugar dende o 18 de abril até o 17 de maio. Nela representáronse as pezas *A lenda de Xoán bonome*, de Ímolandando Teatro; *Tromparia*, do grupo de teatro municipal de Ames; *Contos de Pepe Agrelo*, de O Xeito Teatro; *As fillas bravas*, de Chévere; *Amor*, de Teatro Solidario as Ínsuas; e *A noticia*, de Aquelando Teatro de Muros. Así mesmo representáronse, para o público infantil *Ra, ra, ra*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; *Gorentosadas*, da Aula de Teatro do IES de Melide; *Un ben con outro ben*, de Obradoiro de Teatro do CEIP-Louro; *Feo*!, de Caramuxo Teatro; *A ratiña fachendosa*, de Obradoiro de teatro Ramón de Artaza; *A Cincenta que non quería comer perdices*, do grupo de teatro do Centro Ocupacional de Valadares; *Peter Punk*, do Obradoiro de teatro de Muros; e *Cativad@*s, do Obradoiro de Teatro Ricardo Tobío de Esteiro.

**Referencias varias:**

- Manuel Gil, "A Mostra de Teatro Xosé Agrelo inclúe 22 representacións", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.243, 16 abril 2015, p. 7.

Sinala que as funcións da mostra comezan coa posta en escena da obra *A lenda de Xoán Bonome.* A seguir, informa do horario do resto das representacións.

# III.2.2. ESTREAS

# III.2.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

**7 magníficos máis Un**: *Falar sen cancelas*, dirección Diego Rey

Ver FIOT, XXIVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

**Referencias varias:**

- F. D., "Actividades para os máis pequenos", *La Región*, "Nadal en Allariz", "Programa", 23 decembro 2015, p. 14.

Entre outras novas, informa da representación desta peza no marco das actividades de Nadal organizadas polo concello.

**Achádego** Teatro: *Toda a terra é dos homes*

**Referencias varias:**

- R. L., "Achádego Teatro celebrará sus 27 años con una gala a favor de los refugiados", *El Progreso*, 20 novembro 2015, p. 56.

Recóllese información sobre a gala benéfica a favor dos refuxiados políticos que organiza a compañía teatral, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo. Sinálase a posta en escena da obra *Toda a terra é dos homes*, con texto de Lourdes Abuide, onde se narran "historias de migración, desarraigo y expulsión".

_____, "Achádego Teatro presenta en Lugo una obra a favor de los refugiados", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 5 decembro 2015, p. 52.

Recolle a rolda de prensa na cal se anunciou a posta en escena desta peza dramática que se representará o 12 de decembro no Auditorio Gustavo Freire de Lugo. Indica que se trata dunha gala solidaria cos refuxiados e explica os contidos dos tres actos en que se divide.

- Marta Becerra, "Entretenimiento para regalar", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 13 decembro 2015, pp. 10-11.

Comenta a posta en escena durante unha gala benéfica en beneficio da Asociación a favor da Xestación Subrogada. Engade que na representación teatral tamén participou o grupo de danza Star Dance.

**Acto Primeiro**: *Noises off*, dirección Iván Martínez

Teatro **Airiños**: *Nosa Señora das Nubes*, dirección Esther F. Carrodeguas

Ver Aguiño, VIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño de
Ver Rianxo, Outono Cultural de

**Referencias varias:**

- S. S., "Airiños representa en Rianxo 'Nosa Señora das Nubes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 novembro 2015, p. 35.

Informa da representación da peza no auditorio de Rianxo e destaca que o elenco está formado por dezasete actores.

**Andaravía** Teatro, *Manifféstate!,* dirección Paula Carballeira

Ver Daniel Cortezón, XIª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Vedra, Circuito Galego de Teatro Amador de

Teatro do **Aramio**: *Ulrike no deserto*, dirección Fran Godón

Ver Agustín Magán, XIVº Festival de teatro afeccionado
Ver Galicia, XVIª Mostra de Teatro Universitario de
Ver Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

**Artesa Cía**: *Balor na acción dunha cadeira*, texto e dirección Roi Fernández

Ver Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de

**Referencias varias:**

- Enrique Carballo, "Roi Fernández. 'Temos unha imaxe cliché do emigrante galego: foi inquedo e cosmopolita", *La Opinión*, "Ciudad y cultura", 6 febreiro 2015, p. 12.

Conversa co creador e director da peza teatral que se estreará no teatro Colón. Entre outras achegas, explica como xorde a obra e o seu contido, destacando que "rompe coa imaxe cliché e distorsionada que temos da emigración galega".

Teatro do **Atlántico**: *O principio de Arquímedes*, texto Joseph Maria Miró

Ver Carballo, Venres Culturais en
Ver Cee á escena, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas
Ver Cultura no Camiño, Ciclo

Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver MIT, XXXIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia
Ver Ponteatro, IIIº Ciclo
Ver Vigocultura

**Recensións:**

- Manuel F. Vieites, "As pegadas do medo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 556, "Teatro", 15 outubro 2015, p. VIII.

Dá conta detallada do contido desta obra, unha versión dramática dun texto de Josep Maria Miró, e destaca que a obra conduce a unha reflexión ante as distintas posibilidades de interpretar a trama mediante a división de bos e malos. Culmina dicindo que esta obra toca asuntos de actualidade e que chama a repensar a facilidade coa cal emitimos xuízos.

- Camilo Franco, "A sospeita como argumento líquido", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 11, "Fatiga ocular", 29 novembro 2015, p. 6.

Comenta varios aspectos que caracterizan a obra e destaca que a principal é a da sospeita xa que, segundo indica, a aceptamos como "un argumento de peso e pasamos á acción sen esperar polos datos". Subliña a interpretación da compañía e a súa capacidade para afrontar o contido da peza sen especulacións escénicas. Finalmente relaciona o xogo entre realidade e ficción que se expresa nesta representación.

- Inma López Silva, "Saír a flote", *Tempos Novos*, n.º 215, "Crítica", "Teatro", maio 2015, p. 90.

Achégase unha recensión da posta en escena de *O principio de Arquímides*, a cargo da compañía Teatro do Atlántico. Descríbese o tema da montaxe, que reflexiona sobre os límites da perversión sexual. Gábase o traballo dos actores e saliéntase a capacidade da obra para facer que os espectadores pensen sobre as relacións humanas.

**Referencias varias:**

- S. N., "O principio de Arquímedes' y los prejuicios modernos", *La Región*, "Sociedad", "Agenda cultural", "Teatro", 23 marzo 2015, p. 52.

Informa da estrea da obra no Teatro Principal de Ourense de *O principio de Arquímedes,* e achega o seu argumento.

- P. Calveiro, "O principio de Arquímedes' y la sombra de la pederastia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 4 xuño 2015, p. L6.

Comenta o contido desta obra adaptada ao galego e indica que será representada no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Tamén se salienta que a compañía acaba de cumprir trinta anos en activo.

- Cuca M. Gómez, "Mi crónica de los jueves culturales", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 20 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras novas, dá conta representación desta peza no Teatro Principal de Pontevedra.

**Aturuxo** Teatro: *Benvido Mr. Marshall*, dirección Elena Seijo

Teatro **Badius**: *Frankenstein*

**Bandullo Azul**: *Play. Historia de Mestre e Pupilo*, dirección Evaristo Calvo

Ver Outes, Outono Teatral de

**Boneca Lareta** Producións: *Filosolfando*, texto e dirección Diego Rey

Ver Cee á escena, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver FIOT, XXIVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Ver Teo, VIIIº Mes do Teatro de
Ver Tomiño, Outono Cultural de
Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

**Bucanero** Teatro: *Os amos do mundo*, texto Carmen Blanco, dirección Lino Braxe

Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas

**Referencias varias:**

- Nicolás Vidal, "Bucanero. 'Seguimos sendo Bucanero pero cun toque máis cara o social", *Diario de Ferrol*, 9 outubro 2015, p. 14.

Conversa co dúo teatral Bucanero co gallo da estrea da súa obra. Sinala que é unha comedia, escrita por Carmen Blanco, adaptada e dirixida por Lino Braxe. Ofrece un breve resumo do argumento, indicando que ten un toque máis social que as súas anteriores pezas. Engade que participarán na Feira de Teatro de Galicia e que o grupo colaborará nun proxecto con Cachirulo Teatro para o próximo ano sobre un texto de Manuel Rivas.

- Beatriz Lago, "Carmen Braxe y Pedro Bonome. Las simbiosis bucaneras", *La Región*, "Ourense", "Opinión", 13 outubro 2015, p. 8.

Dáse conta da estrea da obra, autoría de Carmen Blanco e adaptada por Lino Braxe. Indícase que se trata dunha comedia e ofrécese un breve resumo do argumento principal.

**Centro Dramático Galego** (1): *Xardín suspenso*, dirección Cándido Pazó

**Recensións:**

- Manuel F. Vieites, "*Xardín suspenso*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 539, "Teatro", 23 abril 2015, p. VIII.

Fálase da sabedoría que amosa o papel da avoa no espectáculo *Xardín suspenso* e di que o tema agocha unha complexidade maior da que resulta evidente. Por outro lado, realízase unha interpretación sobre o papel da personaxe central e sinala que o espectáculo pode verse de moitas formas. Ademais sinálase o traballo actoral de Luísa Merelas e Melania Pérez nun elenco desigual, opínase sobre a escenografía, ao tempo que define o espectáculo, a modo xeral, como "aceptable, inquietante e polémico". Refírese a posta en escena da obra *Saxo Tenor,* dirixida por Manuel Guede, en Portugal, e dise que se coñece pouco da dramaturxia galega alén Miño e viceversa.

- S. N., "Xardín suspenso': historia de amor no correspondida", *La Región*, "Sociedad", "Teatro", 10 maio 2015, p. 77.

Dá conta da estrea no Teatro Principal desta peza dirixida por Cándido Pazó e feita a partir da obra de Abel Neves. Informa do seu argumento: a historia dun amor imposíbel que leva á protagonista nunha profunda depresión. Ademais, indica que tamén se descobren os significados metafóricos da obra.

**Referencias varias:**

- S. V., "O últimos abonos de teatro no Centro Social Afundación véndense hoxe", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 13 xaneiro 2015, p. 11.

Entre outras actividades, dáse conta da representación desta peza en Pontevedra no marco da temporada teatral que se celebra dende xaneiro até abril.

- P. Calveiro, "Emilio Rúa estrena la cartelera del Salón Teatro para el 2015", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Para todos los públicos", 14 xaneiro 2015, p. L6.

Comenta a carteleira do Salón Teatro para o ano 2015. Destaca a representación desta obra e comenta que é a última produción do CDG.

- C. Villar, "Cándido Pazó. 'Coido que a empatía é algo obrigado no teatro e non sempre a hai", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 2 marzo 2015, p. 59.

Conversa co director desta cuxa estrea comeza a tempada de producións propias e o acordo institucional de intercambio de autores con Portugal do Centro Dramático Galego. O dramaturgo vigués, ademais de comentar o contido da obra, destaca que

"construír un hábito é unha das grandes asignaturas pendentes que teñen os teatros galegos".

- M. G., "El Centro Dramático abre mañana temporada con 'Xardín suspenso", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 12 marzo 2015, p. L6.

Comenta que a obra dá comezo á tempada de representacións do Centro Dramático Galego, e explica que xorde pola colaboración de dita institución e o Teatro Nacional Dona María II de Portugal a raíz do intercambio de autores fundamentais das escenas galega e lusa, para o cal Portugal está a preparar a adaptación de *Saxo tenor* de Roberto Vidal Bolaño. Tamén anuncia a súa representación en distintas localidades galegas antes de recalar en Lisboa.

- Carlos Crespo, "Cándido Pazó. 'O humor e o absurdo permitíronme romper o naturalismo deste dramón", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Artes escénicas", 13 marzo 2015, p. 13.

Conversa co director onde fala da dificultade que lle supuxo tornar ao seu terreo a peza escrita por Abel Neves, mais comenta que despois do encontro co dramaturgo, quen lle destacou a importancia do absurdo e do humor pese a tratarse dunha traxedia, tivo claro como artellar o espectáculo. Tamén destaca que non tivo en conta a proposta dramática portuguesa e fala das diferenzas de traballar co CDG no lugar da súa compañía.

- ECG, "Teatro, música, contos e humor en Compostela", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 marzo 2015, p. 27.

Entre outras novas, informa da estrea desta peza no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- N. V., "O CDG leva ao Pazo da Cultura unha loita entre a razón e o idealismo", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 11 abril 2015, p. 11.

Anúnciase a posta en escena da montaxe *Xardín Suspenso*, da que se mencionan o director  e os seus protagonistas. Recóllense as palabras da actriz protagonista, Melania Cruz, quen afirma que non é unha obra monolítica e que ten a sorte de traballar nunha peza na que hai drama, risa e emocións. Ademais, conclúese falando brevemente da experiencia de traballo no CDG.

- Ana Baena, "Xardín suspenso', un novo paso no teatro luso-galaico", *Atlántico Diario*, "Vigo", 30 abril 2015, p. 9.

Dáse conta da estrea no teatro García Barbón desta peza que supón o comezo dun proxecto de futuro co que se inaugura unha colaboración entre o teatro galego e portugués. Ademais, infórmase dos actores que participan na posta en escena.

- E. O., "Xardín suspenso', de Cándido Pazó, alcanzará en Vigo el ecuador de su gira", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 30 abril 2015, p. 59.

Sinala a representación en Vigo desta obra da autoría de Abel Neves e explica o argumento, o significado simbólico da mesma e menciónanse os actores que participan na súa posta en escena.

- Enrique Carballo, "César Cambeiro. 'O que ve a obra entende o que pasa, pero o meu personaxe non; é o absurdo da traxedia", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 20 maio 2015, p. 27.

Dá conta do derradeiro pase en Galicia de *Xardín Suspenso* e realízase unha entrevista a César Cambeiro, un dos actores, que informa dos motivos que o conduciron a participar nesta obra, do seu argumento, da boa acollida que ten para xente de todas as idades e dos motivos polos cales o personaxe que representa lle gusta ao actor.

**Centro Dramático Galego** (2): *Ganas de ouvear*, texto Alfonso Pexegueiro, dirección Daniel Salgado

**Recensións:**

- Manuel F. Vieites, "Entre o sublime e a nada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 540, "Teatro", 30 abril 2015, p. VIII.

Infórmase da presentación de *Ganas de ouvear*, dirixida por Dani Salgado, que realizaron o Centro Dramático Galego, o Teatre Nacional de Catalunya e o Catro Cadeiras en Compostela. Advírtense as relacións coa novela *O náufrago*, de Thomas Bernhard, e resúmese o seu argumento, que está tinguido do humor e da ironía.

- Inma López Silva, "Ouvear a prol do teatro", *Tempos Novos*, n.º 216, "Crítica", "Teatro", maio 2015, p. 90.

Achégase unha recensión da posta en escena de *Ganas de ouvear*, a cargo da compañía CatroCadeiras. Descríbese o espectáculo, que emprega as linguaxes da teatralidade contemporánea, como "sinxelo e efectivo", de xeito que oscila entre a crítica irónica e o divertimento teórico-estético. Saliéntase a ironía como técnica interpretativa que sostén o espectáculo. Críticase a fragmentariedade, que ás veces non deixa clara a unidade temática; e laméntase o pouco percorrido escénico da produción.

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Emilio Rúa estrena la cartelera del Salón Teatro para el 2015", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Para todos los públicos", 14 xaneiro 2015, p. L6.

Entre outras actividades, comenta a representación desta peza no marco da carteleira do Salón Teatro para o ano 2015. Sinala que está coproducida co Teatro Nacional de Cataluña e Catrocadeiras.

- Mario Álvarez, "Ganas de ouvear', no Salón Teatro ata o próximo domingo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 abril 2015, p. 41.

Comenta a estrea do espectáculo no Salón Teatro de Compostela e do acto de presentación da montaxe. Sinala que os creadores comparten a interpretación como a dramaturxia da peza, que xunto os textos poéticos de Pexegueiro inclúe referencias á filmografía de Godard. Destaca a explicación do secretario xeral de Cultura, quen subliñou o papel do proxecto para establecer pontes entre os sistemas teatrais galego e catalán, entre outras cuestións.

- P. Calveiro, "El CDG abre un nuevo puente teatral con Cataluña", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 abril 2015, p. 39.

Refírese á primeira coprodución entre os teatros públicos de Galicia e Cataluña coa estrea de *Ganas de ouvear* na Coruña, logo da súa exhibición en Barcelona. Coméntase como xurdiu a idea e dise que se trata dunha obra híbrida. Reprodúcense ademais as breves valoracións sobre este proxecto do director do CDG, Manuel Guede, e do secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, e de Joan Giralt, codirector tamén da obra.

**Chévere** Teatro : *Ultranoite no País dos Soviets*

**Recensións:**

- Inma López Silva, "Estados cheos para Chévere", *Tempos Novos*, n.º 217, "Crítica", "Teatro", xuño 2015, p. 90.

Faise unha recensión da posta en escena de *Ultranoite no País dos Ananos*, a cargo da compañía Chévere, gañadora do Premio Nacional. Descríbese a montaxe como unha sucesión de *sketches* con gran presenza do elemento musical. Saliéntase a unidade do espectáculo, conseguida a través da visión satírica da política galega, as cuestións de lingua e relixión e asuntos de actualidade.

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Chévere exporta el teatro gallego desde Teo para el mundo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 febreiro 2015, p. 40.

Fálase da xira nacional e internacional do grupo Chévere co seu espectáculo *Citizen*. Dise que o grupo foi o gañador do último Premio Nacional de Teatro. Ademais engade que o 30 de abril presentarán en Teo, concello onde o grupo se asentou, a súa nova montaxe *UltranoiTeo*.

- O. S. e J. C., "Los alcaldes de las mareas se prestan a las mofas de Chévere", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 28 agosto 2015, p. 7.

Ofrécese un resumo da actuación, indicando que presenta unha temática sociopolítica en ton humorístico. Engádese que participaron os alcaldes Xulio Ferreiro, Martiño Noriega e Jorge Suárez.

- Alfredo Conde, "O talento de Chévere", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 30 agosto 2015, p. 4.

Fala do novo espectáculo do grupo teatral, indicando que "o fan de xeito que non decaia a atención nin por un só instante". Comenta a pena que lle produciu que o grupo musical Os Tristáns se diluíra. Engade que é un espectáculo que foi moi ben recibido polas persoas e pecha dando as grazas aos actores e actrices que conforman o grupo: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Manolo Cortés, e Xesús Ron.

**Contarte**: *Lavar, marcar e enterrar*, dirección Pedro Sancho

**Referencias varias:**

- Ana Baena, "O teatro, á conquista da perruquería", *Atlántico Diario*, "Vigo", 9 xullo 2015, p. 12.

Informa da estrea desta peza dirixida por Pedro Sancho nun lugar pouco habitual, a perruquería El Salón, situada no casco vello da cidade. Recolle o seu elenco, o aforo reducido debido ás limitacións do local, o prezo das entradas e o xeito de reservalas. Destaca que se trata dunha adaptación dunha obra de Juanma Pina que foi todo un éxito nun salón de beleza en Malasaña.

- Marcos Martín, "Teatro en la peluquería", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 18 xullo 2015, p. 37.

Comenta que Pedro Sancho, logo de asistir á posta en escena desta obra de Juanma Pina nunha perruquería de Madrid, decide adaptala ao galego. Indica que a historia narra como dous atracadores entran nunha perruquería na que se atopan a dona e o seu axudante e destaca as continuas referencias á cidade de Vigo. Rexistra as palabras do seu director que considera que a peza, unha historia de caveiras, pistolas, rolos e pinzas, é unha mestura entre Woody Allen, Tarantino e Almodovar. Por último, cita o nome dos actores que participan, o prezo das entradas e un teléfono de contacto para poder reservalas.

**Delatoute Producciones**: *Viva a menciña*, texto e dirección Carlos Pérez.

**Disfunción Continua** Teatro: *Teimas*, dirección Jouse García

Teatro de Cámara **Ditea**: *Animaliños*, texto Roberto Vidal Bolaño

Ver Teatro con Melpómene, IIº Ciclo
Ver Valladares teatral, XIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Clube Teatral **Elsinor** (1): *Medea*

**Referencias varias:**

- N. V., “Despois de 17 anos a Fundación Artabria renova o seu local e o seu programa de actividades”, *Diario de Ferrol*, 1 outubro 2015, p. 14.

Informa da representación desta peza dentro do programa de actividades da Fundación Artabria de Ferrol.

Clube Teatral **Elsinor** (2): *Xente pálida de pel. Flores de Álvaro Cunqueiro*, dirección Manuel Lourenzo

**Eme2** Producións&Arte: *O Crédito*, texto Jordi Galcerán, dirección Fernando Bernués

Ver Carballo, Venres Culturais en

**Recensións:**

- C. Crespo, “La venganza convertida en carcajada”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, 6 febreiro 2015, p. 9.

Valora que o director Fernando Bernués considere que a peza ten “deleite sociológico”. Opina que a obra arranca cunha escena do máis cotiá que é o punto de partida para fiar unha comedia de humor negro, caracterizada por certo desexo de vinganza. Celebra ademais que esta versión galega sexa protagonizada por actores de “incuestionable solvencia” como é Pedro Alonso (cliente) e Antonio Durán *Morris* (director). Engade breves consideracións sobre o espectáculo de ambos actores e informa que a obra percorrerá os teatros da principais cidades e vilas de Galicia con máis de vinte e cinco representacións.

- Tere Grandín, “Tipos de interés que dan risa”, *Faro de Vigo*, “*ViSaDo*”, “Teatro”, 27 febreiro 2015, p. 3.

Informa da representación da peza, da que conta o argumento destacando os seus diálogos áxiles, os xiros imprevistos e a coidada posta en escena, entre outras cuestións. Considera que atrapa porque parte dunha situación cotiá e inclúe algunhas valoracións a respecto da peza dun dos actores principais, Antonio Durán “Morris”.

- Manuel F. Vieites, “O crédito segundo Galcerán”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 533, “Teatro”, 5 marzo 2015, p. VIII.

Comeza falando das situacións identificables presentes na comedia teatral para se referir ao rumbo inesperado que hai na peza *O Crédito* nun momento concreto. Considera que no desenvolvemento das diferentes situacións, que encaixan “como nun crebacabezas”, establécense os peores instintos das persoas. Destaca, entre outras cuestións, a sinxeleza e efectividade da composición escénica grazas á versión galega. Apunta certa problemática a respecto do tránsito entre escenas e remata felicitando ao equipo polo traballo. Nun á parte, intitulado “Os armarios”, repara en que a peza clave deste

espectáculo é a muller do director da sucursal, considerando ademais que esta circunstancia asenta tamén no tópico da muller como obxecto de sedución.

- Inma López Silva, "Una obra dos intérpretes", *Tempos Novos*, n.º 214, "Crítica", "Teatro", marzo de 2015, p. 82.

Faise unha recensión da posta en escena da obra *O Crédito*, a cargo da compañía Eme2. Saliéntase que o peso recae nos actores, para avanzar a comedia, de xeito que se presenta un pulo de poderes e sensibilidades etre dúas personaxes. Critícase que a obra deixa unha certa sensación de lixeireza.

**Referencias varias:**

- Belén López, "O Crédito', rock'n'roll en directo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 4 febreiro 2015, p. 13.

Dá conta da presentación desta comedia teatral que se estreará no teatro principal de Pontevedra para despois continuar cunha xira pechada de 26 funcións en 14 cidades galegas. Tamén destaca a participación dos actores Pedro Alonso e Antonio Durán "Morris", que por primeira vez aparecen xuntos nun escenario e cuxa posta contará con rock'n'roll en directo.

- Cuca M. Gómez, "El morbo de la 'telebasura", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "De café con cuca", 6 febreiro 2015, p. 78.

Entre outras cousas, comenta brevemente a estrea da obra en Pontevedra.

- P. Calveiro, "Llega a Santiago la comedia bancaria 'O crédito", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Para todos los públicos", 13 febreiro 2015, p. L6.

Anuncia a próxima posta en escena desta obra dramática no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Comenta brevemente o contido da obra e dá conta de quen son os seus produtores: Eme2 e Tanttaka.

- Jaureguizar, "Pedro Alonso. 'O crédito' conecta coa comedia clásica de Matthau e Lemmon", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Teatro", 5 marzo 2015, p. 47.

Entrevista a un dos protagonistas desta comedia, Pedro Alonso, sobre varios aspectos da obra como o argumento da mesma, o carácter dos personaxes e o propio argumento. Ademais comenta outras experiencias vividas no teatro e na televisión

- Ruth López, "Morris e Alonso presentaron 'O crédito' no Gustavo Freire", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 6 marzo 2015, p. 54.

Dá conta da representación desta obra no Gustavo Freire de Lugo e comenta que xa existen quince versións desta obra. Ademais engade que ten unha boa posta en escena e que mantén diálogos áxiles e frescos.

- S. N., “O crédito’: reflexión y risa van de la mano”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda cultural”, “Teatro”, 5 abril 2015, p. 60.

Anuncia a súa representación no Teatro Principal de Ourense e comenta brevemente o reparto así como o argumento da obra. Ademais dedica unhas breves liñas aos actores e ás súas traxectorias profesionais.

- Sonia Torre, “Morris. ‘Que te hagan reír ahora, como están las cosas, merece premio”, *La Región*, “Ciudad”, 8 abril 2015, p. 12.

Entrevista na que o actor Morris, un dos protagonistas, comenta o argumento da comedia, a situación do teatro galego, a relación existente co público e o mercado fóra de Galicia.

- Enrique Carballo, “Morris. ‘A comedia pode transmitir miserias, pero hai que saber contalas a través da risa”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 19 abril 2015, p. 15.

Conversa con Antonio Durán “Morris” co gallo da posta en escena da comedia *O crédito,* sobre a adaptación do orixinal do escritor catalán Jordi Galcerán e sobre o discurso a relación coa actualidade bancaria. Comenta ademais como son os protagonistas da obra e salienta que é no contrapunto entre eles que reside a parte cómica do espectáculo.

- J. A. Martínez Sevilla, “Dialéctica crediticia”, *Diario de Arousa*, p. 21/ *El Ideal Gallego*, p. 24, “Opinión”, “La columna”, 28 abril 2015.

Infórmase do éxito que alcanzou Eme2 Producciones no Rosalía coa representación da obra de Jordi Galcerán e tamén se dá conta do contido da obra.

**ESAD** Galicia: *M. 4. A. 4.*, dirección Ricardo Solveira

Ver FITEU, XXIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela
Ver Lugo, XXIº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de

**Referencias varias:**

- Amaia Mauleón, “Manuel Antonio, más joven que nunca”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 8 febreiro 2015, p. 47.

Dáse conta da estrea desta peza teatral realizada polos alumnos de último ano de Interpretación Xestual da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia, despois dun meticuloso proceso de investigación sobre a obra do poeta Manuel Antonio. Tamén se recollen as declaracións do director, Ricardo Solveira, e destácase que a obra ten previstas outras representacións e asistencia a diferentes mostras e festivais de teatro.

Teatro **Estepario**: *Aventura Teatral*

**Etiqueta Negra** Producións: *Amigos ata a morte*, dirección Javier Veiga

**Referencias varias:**

- B. L., "Amigos ata a morte', con David Amor, estrearase en Pontevedra o 15 de outubro", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 1 setembro 2016, p. 11.

Anúnciase a estrea desta obra, fálase do elenco de actores e dos horarios das representacións. Sinálase que esta peza é unha adaptación galega da obra en castelán do mesmo título de Javier Veiga.

- S. Souto e David Mosquera, "Triple preestrea oficial da obra 'Amigos ata a morte", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 outubro 2015, p. 29.

Comenta que ante o éxito da representación da obra o Concello de Noia tivo que organizar dúas funcións adicionais.

- Ana Baena, "Ledicia Sola. 'Non se me ocorren mellores compañeiros; son moi fan de Touriñán e de David", *Atlántico Diario*, "Vigo", 15 outubro 2015, p. 9.

Entrevista con Ledicia Sola onde se informa da representación da comedia dirixida por Javier Veiga. Fálase dos tres personaxes interpretados e da boa acollida do público.

- P. Calveiro, "Xosé Antonio Touriñán. 'Nunca sentira a ovación final que nos está dando o teatro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 22 outubro 2015, p. L6.

Conversa con Xosé Antonio Touriñán co gallo da estrea da comedia, onde "dous amigos van detrás da mesma muller". Indica que se desenvolve durante unha hora e corenta e cinco minutos e destaca a boa acollida do público.

- S. N., "Amigos' una obra sobre la amistad que se pone a prueba", *La Región*, "Sociedad", "Agenda cultural", 25 outubro 2015, p. 60.

Informa da estrea desta peza no Teatro Principal de Ourense, comenta o elenco de actores e o seu argumento.

- Camilo Franco, "Humor rápido, sexo urxente e selfies", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 7, "Fatiga ocular", 1 novembro 2015, p. 5.

Entre outras cuestións, fálase da representación da comedia "sobre cornamentas indisimuladas" dirixida por Javier Veiga.

Producións Teatrais **Excéntricas**: *Os amores de Jacques o fatalista*, adaptación e dirección Quico Cadaval

**Expresións** Producións: *¿Que é o que preciso?*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

**Referencias varias:**

- D. A., "El auditorio ofrece una obra de teatro para adultos este domingo", *Diario de Arousa*, "Cambados", 14 novembro 2015, p. 14.

Fala da posta en escena desta peza en Cambados e sinala que é unha comedia de enredo.

**Farrapo** Teatro: *Frío*, dirección Lorena Conde

Ver Terras do Orcellón, VIIIª Mostra de Teatro Amador

**Fulano, Mengano e Citano**: *A louca historia de Galicia*, texto e dirección Manuel Pombal e Manuel Botana

Ver Vilamarín, XXVIIIª Noites Teatrais de

**Funboa** Escénica: *Sushi gratis*, texto e dirección Cristina Balboa e Lúa Gandara.

Ver ALT.15, XIVº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo
Ver Cangas, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de
Ver FITO, VIIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense
Ver Sen Numerar, Ciclo de Teatro

**Referencias varias:**

- Sabela González, "Cristina Balboa. 'Es como algo que vuelve del pasado y que desembocará en Cangas", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Morrazo", 3 xullo 2015, p. 20.

Conversa con Cristina Balboa por mor da estrea desta obra na Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Indica que a peza inclúe traumas familiares, amores non correspondidos e elementos propios da novela negra. Por último, dá conta das próximas representacións da obra.

- M. García, "Un té que descubre un gran secreto en 'Sushi gratis", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 17 decembro 2015, p. L10.

Comenta o argumento da peza, cita o seu elenco e destaca que é unha historia de pequenas vinganzas e grandes redencións.

**Gargallada** Teatro: *Fuga*, texto Jordi Galcerán

**Referencias varias:**

- A. R., "Con catro compañías", *O SIL*, n.º 231, "Cultura", setembro 2015, p. 47.

Sinálase que a peza *Fuga*, a cargo de Gargallada Teatro, é unha comedia, con texto de Jordi Galcerán, autor de *Método Grönholm* e *O Crédito*.

**Hipócrita** Teatro: *Solipsismos*

Ver Buxiganga, Circuítos

**Ibuprofeno** Teatro (1): *O furancho*, dirección Santiago Cortegoso

Ver Carballiño, XXVIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver Outonoteatro, Ciclo
Ver Rianxo, Outono Cultural de
Ver Vila de Sarria, Vª Semana de Teatro Cómico

**Referencias varias:**

- S. N., "O furancho': dos modelos de inspiración para la mujer", *La Región*, "Sociedad", 8 marzo 2015, p. 61.

Informa da posta en escena desta peza que mestura elementos tradicionais e modernos, con motivo do Día Internacional da Muller. Indica que as protagonistas, Marián Bañobre e Isabel Risco, son dous iconos femininos que serven de inspiración para todas aquelas mulleres que loitan por cumprir os seus soños.

- Enrique Carballo, "Isabel Risco. 'Sobrevivir ao fracaso ten comicidade, a retranca serve para vivir o dramático", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 17 marzo 2015, p. 12.

Conversa coa actriz Isabel Risco con motivo da representación no Teatro Colón da obra *O Furancho.* Coméntase como naceu a idea de facer esta obra xunto coa outra actriz Marián Ballobre. Refírese á importancia que ten a música, o baile e o humor na obra e remata apuntando que a estética do vestiario e o *atrezzo* ten o papel de reivindicar o moderno do rural galego.

- Marcos Manteiga, "Teatro e maxia para o peche de ano cultural e deportivo amiense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 outubro 2015, p. 21.

Fala da representación desta obra no Concello de Ames dentro da programación cultural e deportiva para o outono.

- M. M., "Ibuprofeno Teatro trae 'O Furancho' ata bertamiráns", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 outubro 2015, p. 31.

Anuncia a representación da peza na casa da cultura de Bertamiráns.

- M. G., "Ibuprofeno representa 'O Furancho' este sábado", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 novembro, 2015, p. 37.

Infórmase da posta en escena da obra. Preséntase un breve resumo do enredo e indícase que foi creada con motivo do día da Muller, para reflexionar "sobre os temas de xénero, entre os que preocupa especialmente o da violencia machista".

- S. S., "Ibuprofeno Teatro trae a Rianxo la 'O Furancho", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 novembro 2015, p. 37.

Achega o horario e lugar da representación desta obra en Rianxo. Sinala que as entradas son de balde até completar aforo.

**Ibuprofeno** Teatro (2): *Pequenos actos pseudorevolucionarios*

Ver MITEU, XXª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

**Recensións:**

- David Gómez, "Menciña enriba do escenario", *El Progreso*, "*deVerano*", "Cousas do país", 8 agosto 2015, p. 39.

Dáse conta da última representación da obra, despois de ter realizado tres anos de xira. Indícase que é "un espectáculo cómico e político baseado nuns textos escritos a partir dun proceso de investigación e creación colectiva". Engádese que ten dous premios María Casares: ao mellor texto teatral e á mellor actriz protagonista.

Teatro do **Improvisto**: *Non gañamos para sustos*

Ver Lousame, XIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

**Referencias varias:**

- S. S., "Nueva cita teatral el 22 en Lousame", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 novembro 2015, p. 38.

Dá conta da representación desta obra na casa da cultura de Lousame.

**Lucecús** Teatro: *A órbita do lucecú*, dirección Santiago Cortegoso e Marián Bañobre

Ver Buxiganga, Circuítos
Ver FITO, VIIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense
Ver Sarria, Mes do Teatro

**Mofa e Befa** (1): *Bobas & Galegas. Mofa e Befa no Século de Ouro*, dirección Quico Cadaval

Ver Carballiño, XXVIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Lugo, XVª Mostra de Teatro Clásico de
Ver Ponteatro, IIIº Ciclo
Ver Rianxo, Outono Cultural de
Ver Riveira, Mostra de Teatro de
Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de
Ver Vigocultura

**Referencias varias:**

- A. Iglesias, "Mofa & Befa vuelve la vista a los clásicos del Siglo de Oro", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 febreiro 2015, p. 28.

Dáse conta da presentación desta obra, "un percorrido gozoso polos argumentos, ocupacións e industrias dos criados do século de Ouro". Fálase do elenco de actores e da conexión coa anterior obra representada pola compañía, *Shakespeare para ignorantes*.

- M. O., "Mofa e Befa vuelven al Principal", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Para todos los públicos", 3 febreiro 2015, p. L6.

Informa do regreso de Mofa e Befa con esta nova peza ao Teatro Principal de Santiago de Compostela. Comenta o argumento da obra e destaca que é unha obra clásica, unha comedia en verso.

- Elena Ocampo, "Bobas & Gallegas' de Mofa e Befa, única producción gallega que opta a los MAX", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", p. 59/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 30, 23 abril 2015.

Dise que este espectáculo dirixido por Quico Cadaval concorrerá aos Premios Max de Artes Escénicas cunha nominación a mellor deseño de espazo escénico. Resalta que a obra, resultado da redacción de Cadaval, se compuxo a partir de textos de autores do Século de Ouro cos que se tratan temas diversos. Así mesmo, menciónanse outras obras nominadas e a composición do xurado do Premio.

- Rodri García, "Cadaval. 'Este é un espectáculo moi de engancharse na silveira...", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", "Agenda", 8 maio 2015, p. 7.

Dáse conta da posta en escena no teatro de Almagro desta obra que recupera os autores do Século de Ouro, pero baixo unha mirada cómica co fin de render unha homenaxe aos segadores galegos que marchaban cara a Castela. Menciónanse as distintas partes das que se compón a posta en escena.

- J. A. Martínez Sevilla, "Bobas & Galegas", *Diario de Arousa*, "Opinión", "La columna", 16 maio 2015, p. 26.

Salienta a colaboración de Mofa e Befa co teatro clásico de Almagro. Indica que ofreceron dúas representacións de *Bobas & Galegas*, de Quico Cadaval, sobre textos de Calderón, Lope, Benavente, Juan Zamora e Andrés Claramonte que destacan pola súa diversidade.

- B. L., "Mofa e Befa contra o Século de Ouro", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 5 novembro 2015, p. 11.

Indícase que a obra foi realizada por encargo para o Festival de Almagro. Explícase que "nesta montaxe revisan o papel dos galegos no teatro do Século de Ouro" mediante textos de diversos autores. Engádese que a posta en escena contará con música en directo e que foi nomeada na categoría de mellor escenografía para os Premios Max de 2015.

- M. G., "Mofa e Befa y Pistacatro actúan este fin de semana", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 novembro 2015, p. 36.

Comenta que o dúo composto por Evaristo Calvo e Víctor Mosquera representa esta peza cómica que mestura teatro clásico e contemporáneo.

- C. G., "Brión acolle a obra de Mofa e Befa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 novembro 2015, p. 33.

Dá conta da representación desta peza no centro social polivalente de Brión.

- F. D., "Actividades para os máis pequenos", *La Región*, "Nadal en Allariz", "Programa", 23 decembro 2015, p. 14.

Entre outras novas, informa da representación desta peza no marco das actividades de Nadal organizadas polo concello.

**Mofa e Befa** (2): *A galiña*, dirección Quico Cadaval

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
FIOT, XXIVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Ver Outes, Outono Teatral de

**Moito Morro** Teatro: *Mi madriña*

Ver Nun Local, IIº Festival

Teatro de **Ningures**: *Unhas poucas picadelas*, texto Laila Ripoll, dirección Etelvino Vázquez

Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas

**Non Sí?** Teatro: *Variacións dun soño sen título*, texto e dirección Mónica Sueiro

Teatro do **Noroeste**: *Linda and Freddy, ilusionistas*, texto e dirección Eduardo Alonso

**Referencias varias:**

- Marta García Márquez, "Cando o presente se pinta ao lado de sucursais bancarias", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 22 xaneiro 2015, p. 15.

Comenta que os actores que representan esta peza son Luma Gómez e Eduardo Alonso e recolle as súas declaracións sobre a obra. Indica que o espectador se vai atopar con dous profesionais da maxia e fala da colaboración de Lino Braxe, como locutor radiofónico e de Alejandro Carro, imitando a Rajoy.

**Noite Bohemia**: *Bacantes*, texto Eurípides, dirección Javier Fernández

Ver Lugo-Ourense, XVª Mostra de Teatro Grecolatino

**Referencias varias:**

- Marta García Márquez, "Danzando entre lo divino y lo humano", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Reportaje", 22 marzo 2015, p. 11.

Sinala que a obra está de actualidade ao pór en escena o choque entre relixión e estado, entre outras cuestións. Reproduce a opinión do seu director, Javier Fernández, quen destaca que o dramatismo se dulcifica coas danzas do coro grego. Ademais, tamén indica que como contrapunto, a mesma compañía representará unha comedia.

Proxecto **Nós** Territorio (Es)Cénico Portugal Galicia: *Bilingüe*, texto José María Vieira Mendes, dirección Pedro Pennin

**Referencias varias:**

- ECG, "Desde hoxe e ata o domingo o Salón Teatro acollerá a obra 'Bilingüe", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 xuño 2015, p. 36.

Dá conta da presentación desta peza no Salón Teatro, primeiro espectáculo que é resultado do Proxecto NÓS Territorio (es)Cénico Portugal Galicia. Sinala a colaboración levada a cabo entre compañías galegas e portuguesas co obxectivo de desenvolver unha rede de artistas formados nas escolas colaboradoras.

- Carlos Crespo, "O intercambio lusófono comeza a ser realidade tamén na escea", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Artes escénicas", 19 xuño 2015, p. 9.

Infórmase da importancia que está adquirindo a colaboración de obras teatrais entre Galicia e Portugal co fin de conseguir a circulación profesional de actores, directores e técnicos portugueses e galegos. Indícase que un exemplo é a representación de *Bilingüe*, no Salón Teatro, e explícase a colaboración artística á que deu acollida esta obra, preséntase o seu argumento e as expectativas de futuro da mesma.

**Nó** Teatro: *Crono*

**Olobú** Teatro: *Homes en Escabeche*

**O Retrete de Dorian Gray**: *In memoriam*, dirección Xesús Ron

**Os Palimoquiños**: *Antígona vive*, texto Jean Anoilh, dirección Paloma Lugilde

Grupo de teatro **Os Valuros**: *O menciñeiro á forza*, texto Xosé Manuel Carballo Ferreiro, dirección Samarita Canto

**Referencias varias:**

- C. P. R., "Os Baluros recupera 'O menciñeiro á forza' 40 años después", *El Progreso*, "A Chaira", 19 agosto 2015, p. 12.

Comenta a posta en escena da obra, onde participarán algúns dos actores orixinais dentro do actual reparto. Indica que está dirixida por Samarita Canto baixo supervisión do autor do libreto Xosé Manuel Carballo Ferreiro.

_____, "Os Baluros recupera 'O menciñeiro á forza' 40 años después", *El Progreso*, "A Chaira", 23 agosto 2015, p. 22.

Dáse conta da posta en escena desta obra. Explícase que a primeira vez que se representou foi en 1975 e que se trata dunha comedia dividida tres actos, inspirada na obra *El médico a palos*. Engádase que o elenco está composto por nove actores e que, de entre eles, tres repiten os papeis que interpretaron na estrea orixinal.

**Pinga** Teatro: *Pai non hai mais que un*

**Piollo** Teatro: *Espermatozoides*, dirección Miro Magariños

Ver Terras do Orcellón, VIIIª Mostra de Teatro Amador

**Referencias varias:**

- Belén López, "Piollo Teatro debuta hoxe na Cultural de Mourente coa obra 'Espermatozoides", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 24 xaneiro 2015, p. 11.

Informa da estrea desta peza teatral na Cultural de Mourente. Recolle as palabras do director da peza, Miro Magariños e dalgúns dos compoñentes do grupo de teatro sobre a creación do seu conxunto e sobre temática escollida para a obra: a reprodución humana.

**Pistacatro** Productora de Soños: *Fair Play*, dirección Pablo Sánchez e Arturo Cobas

Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Manicómicos, XV Festival Internacional de Teatro Cómico

**Referencias varias:**

- Sara P. Seijo e J. C., "Set y partido para la comedia 'Fair Play", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 12 agosto 2015, contracuberta.

Dise que é unha comedia que se desenvolve a xeito de partido de tenis que traslada aos asistentes aos anos vinte. Indícase que o espectáculo forma parte de Cultura no Camiño, promovido pola Xunta de Galicia, e conta coa colaboración de Turismo de Galicia e da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

**Proscrito** Teatro (1): *Cartas a un amigo alemán*, dirección Lino Braxe

**Proscrito** Teatro (2): *Manar*, texto e dirección Lino Braxe

Ver Laracha, Venres teatrais 2015 da

**Redrum** Teatro: *Noiteboa*, dirección Álex Sampayo

Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver Ponteatro, IIIº Ciclo

**Referencias varias:**

- Margarito Flowers, "Ya es 'Noiteboa' en Santiago por efecto de Redrum Teatro", *El Correo Gallego*, "Gente", 27 agosto 2015, p. 56.

Comenta a estrea do novo espectáculo no Teatro Principal de Santiago. Indica que está baixo dirección Alex Sampayo e achega un breve resumo, destacando que se trata dunha traxicomedia que transcorre durante a noite do vinte e catro de decembro.

- R. M., "Redrum se adelanta a la Navidad con el estreno hoy de su 'Noiteboa", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 17 setembro 2015, p. L6.

Dáse conta do estreo da obra no Teatro Principal, en Santiago de Compostela, interpretada por Ernesto Chao, Mela Casal e Guillermo Carvajo. Indícase que o fío condutor da obra é o roubo reincidente da figura do neno Xesús do Obradoiro. Ofrécese, ademais, unha breve aproximación ao argumento principal da obra.

- Nicolás Vidal, "Ernesto Chao. 'Nunca me felicitaron tanto na rúa por unha obra de teatro como con esta", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 3 outubro 2015, p. 13.

Entrevista co actor Ernersto Chao co gallo da representación da nova obra. Explica que se trata dunha traxicomedia onde aparecen elementos de suspense cunha trama "como capas de cebola", pois segundo indica tamén aparecen outros "asuntos como a emigración, o islamismo ou a lei mordaza". Sobre a reacción do público, sinala que é moi positivo porque esgotaron as entradas catro días seguidos na estrea en Santiago.

- Carlos Crespo, "Nesa noite na que ao neno Xesús lle deu por procurarse unha familia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", "Teatro", 16 outubro, p. 4.

Indícase que a peza foi ideada como "unha traxicomedia sobre a soidade en calquera etapa da vida". Engádese que se trata da sexta montaxe teatral de Redrum, e que procuran que o público volva ao teatro con "historias que combinan un certo surrealismo con retratos antolóxicos do cotiá".

- S. N., "Noiteboa', un enredo familiar que mezcla comedia y drama", *La Región*, "Sociedad", 2 novembro 2015, p. 60.

Explícase que é unha comedia dramática. Ofrécese un breve resumo da obra, que comeza coa chegada do nadal a Santiago de Compostela.

**Roxín Roxal**: *Ruínas*, texto Leandro Carré

**Sarabela** Teatro (1): *Ensaio sobre a cegueira*, dirección Ánxeles Cuña.

Ver Galicia Escena Pro, III[a] Mostra de artes escénicas

**Referencias varias:**

- Sonia Torre, “Sarabela estrena la obra ‘Ensaio sobre a cegueira”, *Atlántico Diario*, “sociedad”, p. 46/ *La Región*, “Ourense”, p. 10, 18 setembro 2015.

Dáse conta da estrea da adaptación da obra de Saramago. Indícase que o grupo de teatro xa ten feito outras adaptacións como *A Esmorga* ou *O lapis do carpinteiro*. Recóllense palabras da súa directora, Ánxeles Cuña, quen sinala que a obra conta cun elenco de nove actores e unha proposta cinematográfica.

- S. N., “Sarabela adapta ‘Ensaio sobre a cegueira’ de Saramago”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda cultural”, 20 setembro 2015, p. 76.

Infórmase da adaptación teatral da obra de Saramago que realiza a compañía, realízase un breve resumo do argumento principal da obra e explícase que está dirixida por Ánxeles Cuña.

- Cristina R. “Música, teatro e cine nas tardes do outono da Universidade”, *Atlántico Diario*/ *La Región*, “*Universitas*”, 22 outubro 2015, cuberta.

Entre outras cuestións, fala da representación desta obra dentro da programación cultural da Universidade de Vigo e explica nunha liña o seu contido.

- A. Mauleón, “Sarabela Teatro inicia hoy en Vigo la gira de ‘Ensaio sobre a cegueira”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 28 outubro 2015, p. 55.

Indícase que a peza é unha gran produción porque conta cun elenco de nove actores. Ofrécese un breve resumo da peza e engádese que a montaxe inclúe unha filmación cinematográfica dirixida e realizada por Jorge Coira e Gaspar Broullón. Ademais, exponse que é a primeira vez que se adapta en España unha obra de Saramago.

- S. N., “Ensaio sobre a cegueira’ se sumerge en el alma humana”, *La Región*, “Sociedad”, “Agenda cultural”, 30 novembro 2015, p. 61.

Dá conta da posta en escena da obra de Saramago, adaptada e dirixida por Ánxeles Cuña Bóveda. Expón o seu argumento e ofrece información dos actores protagonistas que participan.

- C. C., “Ánxeles Cuña. ‘Este é, sen dúbida, o proxecto máis arriscado de toda a nosa traxectoria”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, “Agenda”, 27 novembro 2015, p. 8.

Explica a complexidade da obra para ser trasladada ao teatro. Indica que a directora da montaxe xa fixo anteriormente unha translación semellante con *O lapis do carpinteiro*, *A Esmorga* ou *A conxura dos necios*. Tamén comenta a distribución da obra en Portugal e no resto de España.

**Sarabela** Teatro (2): *Pequenas certezas*, texto Bárbara Colio, dirección Ánxeles Cuña Bóveda

Ver Vigocultura

**Talía** Teatro: *Mil primaveras*

Ver Ponteceso, XXIIº Ciclo de Teatro de
Ver Riveira, Mostra de Teatro de
Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

**The Momento Impro**: *Noite improbable*

**Tira e Afloxa**: *Traslado dos restos do Apóstolo*

**Referencias varias:**

- Marcos Manteiga, "Fe, espantallos y monturas en el santiaguiño de Vedra", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.368, 21 agosto 2015, p. 31.

Anuncia a participación da compañía Tira e Afloxa dentro das celebracións patronais do Santiaguiño, coa representación *Traslado dos restos do Apóstolo*.

_____, "Tira e Afloxa llevó su Traslatio a Vedra entre espantapájaros", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.369, 22 agosto 2015, contracuberta.

Dáse conta da representación da Traslatio dos restos do apóstolo, levada a cabo por Tira e Afloxa. Sinálase que na obra participaron vinte actores, entre os tres e os sesenta anos. Indícase que a primeira representación foi realizada en 1997, a cargo da asociación cultural Santiaguiño.

Teatro dos **Tirinautas**: *Xamón, xamón*, dirección Xosé Lueiro

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

**Referencias varias:**

- Á. Piñeiro, "Soutomarior 'carga' su programa navideño con 15 planes gratuítos", *Diario de Pontevedra*, 3 decembro 2015, p. 16.

Entre outras actividades, informa da posta en escena desta obra de teatro cómica dentro do programa de actividades realizado polo Concello de Soutomaior.

**Tiruleque** Teatro: *Media de callos*, dirección Victor Tato

Ver Terras do Orcellón, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Teatro **Trasluz**: *A tres niveis*

**Triatreros** Teatro (1): *Impronews*

**Triatreros** Teatro (2): *Listo para sentenza*, texto Henrik Svindel, dirección Sergio Macías

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Teatro, cine y circo cerrarán este año la oferta del Salón Teatro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 21 outubro 2015, p. L6

Entre outras novas, fala da representación desta comedia satírica no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Aula de Teatro da **Universidade de Santiago de Compostela** (1): *Cinzas*, dirección Roberto Salgueiro

Aula de Teatro da **Universidade de Santiago de Compostela** (2): *Cinza, a historia do poni no parque*

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Teatro, cine y circo cerrarán este año la oferta del Salón Teatro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 21 outubro 2015, p. L6

Entre outras cuestións, informa da próxima estrea desta peza, da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela.

**Valacar**: *Os arquivos da vida*, dirección Lino Braxe

**Referencias varias:**

- M. G. M., "O don compartido de levar a emoción", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 10 outubro 2015, p. 14.

Dáse conta da posta en escena desta obra e indícase que é unha colección de contos inspirados nas obras de Dieste e Castelao.

**Voadora** (1): *Quen goste de poesía que grite: miseria*

Ver ALT.15, XIVº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

**Voadora** (2): *Calypso*, dirección Marta Pazos

Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver Rianxo, Outono Cultural de

**Referencias varias:**

- C. F., "Entendemos o teatro como unha totalidade, non como literatura dramática en tres dimensións", *Tempos Novos*, n.º 221, "Cultura", outubro 2015, pp. 76-79.

Co gallo da súa nova montaxe, *Calypso*, achégase unha entervista con Marta Pazos, directora da compañía Voadora, na que se tratan temas como a intención da obra, o proceso de traballo, a traxectoria da compañía, o panorama do teatro galego ou os conceptos de autor e director.

**Xabier Iglesias** Producións: *Moendo muiñeiras*, dirección Paloma Lugilde

# III. 2.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

# III. 2.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

**7 magníficos máis Un** (1): *Bivalvos como galegos*, dirección Iván Prado

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Negreira, Ciclo de Teatro de
Ver Ponteceso, XXIIº Ciclo de Teatro de
Ver Teo, VIIIº Mes do Teatro de

**Referencias varias:**

- Suso Souto, "Música, humor y teatro en la semana cultural de Aguiño", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.155, 15 xaneiro 2015, p. 6.

Dá conta da representación da peza no marco das actividades da X Semana Cultural de Ribeira.

- P. Calveiro, "Bivalvos como galegos', una clase práctica sobre nuestro sentido del humor", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 25 xaneiro 2015, p. L8.

Comenta que o espectáculo é o decimo terceiro da compañía e destaca que está composto por "esqueches sobre como os galegos se enfrontan coa súa retranca típica ás situacións diarias". Sinala que os actores son Fran Rei e Pedro Brandariz e recolle as súas palabras en relación coa posta en escena da obra.

- J. M. Ramos, "Fisterra renderá unha homenaxe a Rosalía de Castro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.168, 29 xaneiro 2015, p. 7.

Anuncia que o Concello de Fisterra programou unha homenaxe a Rosalía de Castro e a representación da obra teatral.

- J. M. R., "Fisterra de suma a los homenajes a Rosalía de Castro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.191, 21 febreiro 2015, p. 6.

Dáse conta da posta en escena desta peza e indícase que é unha obra recomendada para público a partir de 10 anos, e que se realiza con motivo da homenaxe a Rosalía de Castro.

**7 magníficos máis Un** (2): *Feliciano*, dirección Iván Prado

**8mm**. Teatro: *Unha historia de amor ao Tarantino*

Ver Ponte... na escena, IIIº Edición do Festival Internacional de Teatro Brasil-Portugal-Galiza

Títeres **Alacrán**: *Pequeno cabaret de tolos*

**Aporía** Escénica Teatro: *30 e tantos ósos*, dirección Diana Mera

Ver Teo, VIIIº Mes do Teatro de

Teatro do **Aramio**: *Baile de sombras*, dirección Fran Godón.

Ver San Andrés de Comesaña, XIº Encontro Teatral de

**A Artística** (1): *Arquitectura da emoción*, texto Alfredo Rodríguez, Olga Cameselle e Gena Baamonde, dirección Gena Baamonde

**Referencias varias:**

- C. C., "A Artística expone su trilogía en un intensivo fin de semana", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Artes escénicas", 10 abril 2015, p. 6.

Dá conta da posta en escena da peza, primeira parte da triloxía *A Atlántica*. Indica que a obra é unha "invitación a reflexionar sobre os sentimentos".

**A Artística** (2): *Illas Atlánticas*, texto Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle

Ver Cangas, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de

**Referencias varias:**

- C. C., "A Artística expone su trilogía en un intensivo fin de semana", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Artes escénicas", 10 abril 2015, p. 6.

Informa da posta en escena da peza que forma parte da triloxía *A Atlántica*.

**A Artística** (3): *Verde a tempo completo*

**Referencias varias:**

- C. C., "A Artística expone su trilogía en un intensivo fin de semana", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Artes escénicas", 10 abril 2015, p. 6.

Dá conta da posta en escena da obra que pecha a triloxía *A Atlántica*. Faise unha reflexión sobre a relación entre o espectáculo e o público.

**Abrapalabra** Creacións Escénicas (1): *As do peixe*, texto e dirección Cándido Pazó

Ver Teo, VIIIº Mes do Teatro de

**Recensións:**

- Camilo Franco, "As redes que van aos peixes", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 13, "Fatiga ocular", 13 decembro 2015, p. 6.

Sinala que ao teatro galego se lle esixe máis realismo que a outros xéneros literarios. Afirma que a obra ofrece realidade e que se afasta de metáforas e simbolismos. Destaca que trata de preto o carácter dos galegos a partir dunha historia da clase traballadora feminina. Ademais, indica que mantén o pulso da comedia pero que, no fondo, trata o por que das cousas.

**Abrapalabra** Creacións Escénicas (2): *O Decamerón*, texto e dirección Cándido Pazó

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

**Achádego** Teatro (1): *O barco sen mariñeiro*, dirección Antonio Sampaio

Ver Buxiganga, Circuítos
Ver Valladares teatral, XIº Ciclo de Teatro Afeccionado
Ver Vedra, Circuito Galego de Teatro Amador de

**Achádego** Teatro (2): *Xustiza a xusta*

**Achádego** Teatro (3): *Cidade de Mortos*

Teatro **Airiños** (1): *Celtas sen filtro*, texto Méndez Ferrín e Artello Teatro, dirección Esther F. Carrodeguas

**Recensións:**

- Manuel F. Vieites, "Árbores que fan bosque", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 547, "Teatro", 18 xuño 2015, p. VIII.

Fálase da representación teatral que o grupo de teatro afeccionado "Airiños", de Rianxo, vén de facer no centro cultural Valadares de Vigo, coa obra *Celtas sen filtro*, de X. L. Méndez Ferrín. Faise unha reflexión sobre a situación do teatro en Galicia a partir da historia deste grupo, nacido en 1933.

**Referencias varias:**

- C. G., "Teatro Airiños levará o domingo a Valga a súa 'explosiva obra' Celtas sen filtro", *Diario de Pontevedra*, "Caldas. Deza. Tabeirós", 3 febreiro 2015, p. 18.

Anúnciase a representación da peza en Valga e coméntase que é unha "explosiva historia". Infórmase do prezo das entradas e do xeito de mercalas.

Teatro **Airiños** (2): *Cantar de cego: salvemos o xeito*

**Referencias varias:**

- Suso Souto, "Airiños estrena en Rianxo una obra inspirada en los cantares de ciegos en defensa del xeito", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.253, 26 abril 2015, p. 6.

Dise que a finalidade da obra é amosar a loita dos mariñeiros para defender as artes de pesca que se viron ameazadas polos plans comunitarios. Dáse conta dos lugares nos que terá lugar a posta en escena.

Teatro do **Andamio**: *Naviza girl*, dirección Isabel Risco

Ver Cangas, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Palas de Rei, XVIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago" de
Ver Outono de teatro As Neves, Ciclo

**Referencias varias:**

- J. M. R., "Isabel Risco trae hoxe a Vimianzo a superheroína rural 'Naviza Girl", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.219, 22 marzo 2015, p. 7.

Recóllese información sobre a actuación de Isabel Risco, quen presentará "unha superheroína rural galega con denominación de orixe e con poderes que proveñen do sulfato."

**Anómico** Teatro: *Preferiría non facelo*, dirección Julio Fernandez

Ver ALT.15, XIVº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

O **Aturuxo de Melpómene**: *Desencaixados. Esperpéntica crise*, dirección Pablo Sánchez

Ver Arzúa, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono de
Ver Betanzos, VIº Encontro de Teatro Afeccionado de
Ver Cee á escena, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas
Ver Mámoa de Luou, XVIIIº Mes do Teatro da
Ver O Couto, Mostra de Teatro Amador de Narón
Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Porriño, Circuito Galego de Teatro Amador
Ver Riveira, Mostra de Teatro de
Ver Sada, XIª Mostra de Teatro Afeccionado de
Ver Valladares teatral, XIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Compañía **Arume**: *Agromar*, texto Xosé Filgueira Valverde

**Referencias varias:**

- Belén López, "O Museo capitaliza o Día das Letras", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 25 febreiro 2015, p. 11.

Anuncia que a Deputación de Pontevedra completa a programación ao redor da figura de Xosé Filgueira Valverde cunha exposición antolóxica, un concerto de Germán Díaz e coa representación da obra de teatro *Agromar*.

**Avelaíña** Teatro (1): *E din que chove!*, dirección Antón Lamapereira

Ver Mourente, Ciclo de Teatro da Sociedade Cultural e Deportiva de
Ver Poio Escena, IVº Ciclo de Teatro

**Referencias varias:**

- B. L., "Avelaíña Teatro chama 'á reflexión e á indignación' con 'E din que chove!'", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 17 setembro 2015, p. 10.

Dá conta da posta en escena da obra. Indícase que é a segunda montaxe do grupo e que se achega á crítica social. Destácase que para a súa realización reuniron "unha serie de sketches de diferentes autores para tratar temas de actualidade". Engádese que os autores seleccionados son Alfonso Becerra, Octavio Paz, Pablo Neruda, Vanesa Sotelo e Manuel Ayán.

**Avelaíña** Teatro (2): *María Castaña*, texto Manuel Ayán, dirección Antón Lamapereira

**Referencias varias:**

- O. B., "María Castaña hace historia en Vilagarcía", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 20 abril 2015, p. 5.

Informa da actuación no Salón García da compañía Avelaíña Teatro, sinalando que malia se definir como un grupo de afeccionados, demostran "mucho más que talento". Repara na mensaxe de plena vixencia que ofrece o personaxe de María Castaña.

**Axóuxere** Teatro: *A rúa do inferno*, texto Antonio Onetti, dirección Alejandro Albaiceta

Ver Asociación de Mulleres "Amistad", XXº Mes do Teatro da
Ver Dumbría a escena, IIª Xornadas de teatro
Ver Outes, Outono Teatral de

**Bértola Teatro Desmontable**: *O pack cósmico*, dirección Mario Iglesias
*O que ten cu ten medo*
*O cataclismo*
*A coincidencia cósmica*

**Boneca Lareta** Producións: *Sede de mal*, dirección Pseudónimo

Ver Buxiganga, Circuítos
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Negreira, Ciclo de Teatro de

**Referencias varias:**

- J. A. Martínez Sevilla, "Sed de éxitos", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La columna", 7 maio 2015, p. 24.

Infórmase da representación, enxálzase a riqueza e pluralidade á que deu acollida esta posta en escena e o bo recibimento por parte do público.

**ButacaZero**: *Supermarket*, dirección Xavier Castiñeira

**Referencias varias:**

- A. Iglesias, "Montajes de teatro alternativo para dar vida a la sala Zona C", *El Correo Gallego*, "Santiago", 29 xaneiro 2015, p. 23.

Entre outras actividades, informa da posta en escena da peza no marco das propostas escénicas que durante os meses de febreiro e marzo se levarán a cabo na Zona C de Bonaval.

**Cándido Pazó**: *Memorias dun neno labrego*, texto Xosé Neira Vilas

**Carlos Blanco** e **Luis Davila**: *Menú do día*, dirección Carlos Blanco

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

**Referencias varias:**

- Rita Álvarez Tudela, "Monólogo ilustrador en Londres", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 novembro 2015, p. 39.

Dáse conta da presentación do espectáculo en The Round Chapel e no instituto Cañada Blanch en Portobello (Londres). Indícase a percepción do actor Carlos Blanco, o cal considera que foi unha experiencia positiva.

- M. García, "Carlos Blanco. 'Os dous somos unha potencia en retranca. Temos para exportar", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 16 decembro 2015, p. L10.

Entrevista na cal o actor Carlos Blanco dá conta do éxito deste espectáculo e do novo proxecto titulado *Menú da noite*. Sinala que parte do éxito é a retranca empregada e confesa que hai partes de improvisación pero outras están programadas.

**Casahamlet**: *Finxindo perversidade*, dirección Santiago Fernández

**Referencias varias:**

- Enrique Carballo, "Fusión de las piezas de catorce dramaturgos", *La Opinión*, "Ciudad y cultura", 16 xuño 2015, p. 10.

Comenta a representación de pezas moi diversas ensambladas nun todo que leva por título *Finxindo Perversidade* por parte da compañía Casahamlet. Ao mesmo tempo, informa das características que reúnen todos os seus actores e dos lugares onde se levou a escena con anterioridade.

**Catro Cadeiras**: *O feo*, adaptación do texto de Marius Von Mayenburg, dirección Juan Carlos Corredoira

Teatro **Charamela**: *Almas sinxelas*, texto Prado Lameiro

**Referencias varias:**

- Víctor Castro, "María López Sández presentó en Brión su libro 'O faro escuro", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 29 abril 2015, p. 18.

No marco das actividades programadas polo Concello de Brión para conmemorar o "Día do libro", infórmase da representación do sainete *Almas sinxelas*.

**Chéspir** Teatro, *Os cravos de prata*, dirección Iago López

Ver Palas de Rei, XVIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago" de
Ver Terras do Orcellón, VIIIª Mostra de Teatro Amador

**Chévere** Teatro (1): *As fillas bravas*, texto Manuel Cortés, dirección Xesús Ron

Ver Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Dumbría a escena, IIª Xornadas de teatro
Ver Malpica, XI Mostra de Teatro de
Ver MIT, XXXIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia
Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Ponteceso, XXIIº Ciclo de Teatro de
Ver Sen Numerar, Ciclo de Teatro
Ver Teatrofilia, XIIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra
Ver Vilamarín, XXVIIIª Noites Teatrais de
Ver Xosé Agrelo, VIIIª Mostra de Teatro

**Referencias varias:**

- Ana Baena, "Chévere busca dignificar o teatro galego no Auditorio", *Atlántico Diario*, "Vigo", 8 abril 2015, p. 13.

Comenta que Chévere é a única compañía galega galardoada co Premio Nacional de Teatro. Anuncia as actividades que vai levar a cabo na cidade de Vigo: a presentación do libro *Máis alá da Ultranoite. Crónica canalla do cambio de milenio (1993-2013)* (2014), a estrea dun filme documental e a representación das pezas *As fillas bravas* e *Ultranoite no país dos ananos*.

- E. Ocampo, "Un canto ao saber das 'fillas bravas", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 25 abril 2015, p. 63.

Dáse conta da posta en escena en Vigo desta obra que ten como finalidade criticar estereotipos e desigualdades, como xa fixera esta compañía noutras obras reivindicativas. Infórmase, así mesmo, do argumento da peza dramática na que acollen unha grande importancia os cantares populares.

- Roberto Pazos, "Patricia Lorenzo. 'O público acharase fronte a un espectáculo divertido con tres mulleres de avanzada idade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 17 xullo 2015, p. 10.

Conversa con Patricia de Lorenzo, da compañía Chévere, por mor da representación desta peza na Mostra Internacional de Ribadavia. Entre outras cuestións, destaca que é "unha obra cómica, aderezada con música popular, que se enmarca no teatro con perspectiva de xénero".

- Enrique Carballo, "Patricia de Lorenzo. 'As coplas da obra, de sexo e violencia contra a muller, proceden do cancioneiro popular", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 27 outubro 2015, p. 12.

Entrevista a Patricia de Lorenzo na que se realiza unha breve análise da obra. Destaca que o guión foi feito colectivamente e que procuraban levar ao escenario mulleres que non son vítimas "senón que están empoderadas". Engade que hai interacción co público, así como unha parte musical. Explica que as coplas foron seleccionadas coa axuda de Carme Hermida, creando tamén unha unidade didáctica para que os textos sexan un material de traballo nos centros de ensino.

**Chévere** Teatro (2): *Ultranoite no País dos Ananos*, texto Manuel Cortés, dirección Xesús Ron

Ver Carballo, Venres Culturais en
Ver Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Outes, Outono Teatral de

**Referencias varias:**

- Ana Baena, "Chévere busca dignificar o teatro galego no Auditorio", *Atlántico Diario*, "Vigo", 8 abril 2015, p. 13.

Comenta que Chévere é a única compañía galega galardoada co Premio Nacional de Teatro. Anuncia as actividades que vai levar a cabo na cidade de Vigo: a presentación do libro *Máis alá da Ultranoite. Crónica canalla do cambio de milenio (1993-2013)* (2014), a estrea dun filme documental e a representación das pezas *As fillas bravas* e *Ultranoite no país dos ananos*.

- E. Ocampo, "Chévere desembarca en Vigo con el premiado musical 'Ultranoite no país dos ananos", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 10 abril 2015, p. 59.

Infórmase das presentacións dos últimos traballos da compañía Chévere na cidade de Vigo, coa presentación do libro-disco *Mais alá da Ultranoite*; a posta en escena de *Ultranoite no país dos ananos* no auditorio Mar de Vigo*,* que Xesús Ron destaca polo espectáculo de gran formato e con música en directo; e da preestrea do filme documental *A viaxe dos Chévere.* Dise que o último espectáculo será a representación de *As Fillas Bravas.*

- Elena Ocampo, "Xesús Ron. 'É un axuste de contas coa Galicia actual", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 17 abril 2015, p. 59.

Recóllese a reflexión de Xesús Ron, director artístico de Chévere, sobre a representación ante unha gran cantidade de público, sobre a intención de dar a coñecer a súa compañía e fidelizar o público cunha obra crítica que abrangue un período temporal que vai dende os anos 90 até a actualidade.

- Carlos Crespo, "Ultranoite no país dos ananos', vinte anos non é nada", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 29 maio 2015, p. 7.

Salienta a traxectoria da compañía Chévere tras vinte e dous anos nos escenario e alude a esta obra que mestura humor e música arredor dos acontecementos culturais, sociais e políticos de Galicia.

**Chévere** Teatro (3): *Citizen*, dirección Xesús Ron

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Chévere exporta el teatro gallego desde Teo para el mundo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 febreiro 2015, p. 40.

Fálase da xira nacional e internacional do grupo Chévere co seu espectáculo *Citizen*. Dise que o grupo foi o gañador do último Premio Nacional de Teatro. Ademais engade que o 30 de abril presentarán en Teo, concello onde o grupo se asentou, a súa nova montaxe *Ultranoite*.

- E. Ocampo, "Citizen' regresa de 'hacer las Américas", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 23 outubro 2015, p. 67.

Dáse conta da representación da obra en Vigo. Indícase que son as únicas representacións que se realizarán en Galicia, dentro da súa xira nacional e internacional. Destácase que é a primeira vez que unha compañía galega é seleccionada pola Agencia Española de Cooperación internacional (AECID), e que iso lle permitiu actuar en salas prestixiosas de Arxentina (Festival Internacional Mercosur de Córdoba) ou Uruguai (Teatro Solís de Montevideo). Engádese que a obra foi tamén a máis votada para acceder á Red de Teatros Alternativos de España, que recibiu o premio de Crítica 2011 e cinco premios María Casares en 2012.

**Cinema Sticado**: *STRPTS//Episodio 1: Mirlo&Rula*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver FIOT, XXIVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas

**Recensións:**

- Inma López Silva, "Cine-teatro de peto", *Tempos Novos*, n.º 221, "Crítica", "Teatro", outubro 2015, p. 90.

Faise unha recensión da posta en escena de *Mirlo e rula*, a cargo da compañía Cinema Sticado. Descríbese o montaxe como unha produción nas fronteiras entre o cine e o teatro. Saliéntanse a vocación pola miniatura e a teatralidade íntima. Critícase que os múltiples temas só se apuntan, pero destácase o interese do proxecto de cara a un ruptura xenérica.

**Daboapipa**: *Historias de vida, guerra, amor e case morte*, texto Vero Rilo

Ver Arzúa, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono de
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver FIOT, XXIVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

**Referencias varias:**

- J. M. Ramos, "Domingos culturais con teatro, música e contos en Vimianzo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.168, 29 xaneiro 2015, p. 6.

Dá conta das actividades que se celebrarán en Vimianzo. Destácase a posta en escena das pezas, para público adulto, *Historias da vida, guerra, amor e case morte*, con Daboapipa; e *De leria con Castelao*, de Theatron Producións.

**DameCuerdaQueTeatro**: *Os nenos perdidos*

Ver Betanzos, VIº Encontro de Teatro Afeccionado de
Ver Candilejas Don Bosco, XVIº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado
Ver Poio Escena, IVº Ciclo de Teatro
Ver Pontedeume, IIº Mes de Teatro Afeccionado de

**Dandylady**: *Poeticlub*

Ver Palas de Rei, XVIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago"

**Delatoute Producciones**: *Princesas con conto*, texto e dirección Roberto de la Torre.

**Disfunción Continua** Teatro: *Eran outros tempos, ou non?*, dirección Jouse García

Ver Poio Escena, IVº Ciclo de Teatro

Producións **Dispersas**: *Falándolle a un espello*, dirección José Campanari

**Referencias varias:**

- A. Iglesias, "Montajes de teatro alternativo para dar vida a la sala Zona C", *El Correo Gallego*, "Santiago", 29 xaneiro 2015, p. 23.

Entre outras actividades, informa da posta en escena desta peza no marco das propostas escénicas que durante os meses de febreiro e marzo se levarán a cabo na Zona C de Bonaval.

- S. Bermúdez, "O ciclo de teatro galego da Zona C acolle a obra 'Falándolle a un espello", *El Correo Gallego*, "Santiago", 5 febreiro 2015, p. 27.

Anuncia a representación da peza escrita e protagonizada por Diego Freire. Comenta que é un espectáculo no que "un home descubre unha mañá que é o derradeiro habitante do planeta, o único sobrevivente da fin do mundo". Por último, sinala que a obra mestura intimismo, comedia, crítica social, musical e drama.

**Elefante Elegante**: *Kassa*, texto e dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

**Recensións:**

**-** Inma López Silva,, "A casa pola xanela", *Tempos Novos*, n.º 213, "Crítica", "Teatro", febreiro de 2015, p. 90.

Faise unha recensión da posta en escena de *Kassa*, a cargo da compañía Elefante Elegante. Descríbese a obra, que parte da temática da burbulla inmobiliaria. Saliéntase o uso do espazo escénico e o papel do corpo nun teatro físico, con toques de musical. Conclúese destacando a arriscada proposta, que aplica unha linguaxe moi utilizada no teatro para infancia no teatro para todos.

**Eme2** Producións&Arte: *Meu ben*, dirección Álvaro Lavín

Ver Outonoteatro, Ciclo
Ver Vigocultura

**Espello Cóncavo**: *Romano*, texto e dirección Lino Braxe

**Referencias varias:**

- Enrique Carballo, "Roma, contada en galego, en latín e en grego antigo", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 13 maio 2015, p. 28.

Infórmase da posta en escena nos teatros italianos desta peza de Lino Braxe na que deu cabida ás súas lembranzas persoais. Dáse conta dos lugares nos que se representará a obra, da motivación que o conduciu a escoller a base romana e dos idiomas que terán cabida na posta en escena.

Producións Teatrais **Excéntricas**: *Da Vinci tiña razón!*, texto Roland Topor, dirección Quico Cadaval

Ver Laracha, Venres teatrais 2015
Ver Rianxo, Outono Cultural de

**Referencias varias:**

- M. Manteiga, "Cultura programa una decena de obras de teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 outubro 2015, p. 32.

Entre outras cuestións, fala da representación da obra na Casa da Cultura de Bertamiráns.

**Farandoleiras** Cabaré: *Un cabaré de película*, dirección Clara Gayo

Ver Betanzos, VIº Encontro de Teatro Afeccionado de
Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver Terras do Orcellón, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Teatro **Fontevella**: *Prohibido casar*, dirección Chelo Pampillón

**Fulano, Mengano e Citano** (1): *Top manta*

Ver Tomiño, Outono Cultural

**Referencias varias:**

- Natalia Álvarez, "Ártika, el nuevo espacio cultural vigués", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 13 xaneiro 2015, p. 2.

Informa da posta en escena desta peza no marco de Ártika e comenta que é unha sala de teatro e escola artística creada para encher o baleiro teatral da cidade de Vigo.

**Fulano, Mengano e Citano** (2): *O que hai que ver!*

**Funboa** Escénica: *Sigue buscando*

Teatro **Galileo**: *Cyrano*, dirección Pedro Rubín

Ver Outonoteatro, Ciclo
Ver Vilamarín, XXVIIIª Noites Teatrais de

**Gargallada** Teatro (1): *Quimera*, dirección Paco González

Ver A Rúa, VI Xornadas de Teatro Afeccionado

**Referencias varias:**

- M. V., "Obradoiros, ludoteca, deporte e música", *La Región*, "Nadal en Viana", "Viana do Bolo", 23 decembro 2015, p. 95.

Entre outras novas, informa da representación desta peza no marco das actividades de Nadal organizadas polo concello.

**Gargallada** Teatro (2): *Estación Sombrío*

Ver Agustín Magán, XIVº Festival de teatro afeccionado
Ver Teatrofilia, XIIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra

**Gargallada** Teatro (3): *O anel máxico*, dirección Cándido Pazó

Ver Terras do Orcellón, VIIIª Mostra de Teatro Amador
Ver Vedra, Circuito Galego de Teatro Amador de

**Hipócrita** Teatro: *Emperador, que pensas? Fala!*, dirección Carlos Rebolo

Ver Agustín Magán, XIVº Festival de teatro afeccionado
Ver San Andrés de Comesaña, XIº Encontro Teatral de

**Histeria** Teatro: *Berlín*, tradución e adaptación Leo Fernández Campos, dirección Chiqui Pereira

**Inversa** Teatro (1): *Té con Kant*, texto e dirección María Caparrini e Marta Pérez

Ver Manicómicos, XV Festival Internacional de Teatro Cómico
Ver MIT, XXXIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

**Inversa** Teatro (2): *Femina Sapiens*, dirección Carlos Álvarez-Ossorio

**Recensións:**

**-** Inma López Silva, "A posición crítica", *Tempos Novos*, "Crítica", "Teatro" n. º 212, xaneiro de 2015, p. 90.

Faise unha recensión da posta en escena de *Fémina Sapiens*, con texto e interpretación de Marta Pérez, levada a cabo por Inversa Teatro. Saliéntanse a construción dun espectador crítico e a plasmacion da variedade comunicativa, así como a reflexión permanente sobre o valor artístico do teatro en relación con temas trascendentes.

**Referencias varias:**

- Cuca M. Gómez, "Arte por todas partes", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 27 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras novas, informa da representación desta peza.

**Koilon** Teatro: *Parella aberta*, tradución e adaptación Cándido Pazó

**Limiar** Teatro (1): *Pangeia*, dirección Fran Núñez

Ver MITEU, XXª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

**Recensións:**

- C. Crespo, "Galicia, Portugal e Brasil volven en escea a conformar un único continente", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", "Artes escénicas", 10 abril 2015, p. 6.

Considera que a obra *Pangeia* é unha proposta inusual en canto á loxística e á creación ao xurdir das inquedanzas comúns de dúas compañías teatrais. Opina tamén que a obra achega preguntas que teñen como finalidade a reflexión sobre a deriva cultural nun mundo global. Tamén cre que fuxe dos estereotipos á hora de achegarse aos distintos públicos. Reproduce tamén os comentarios que sobre o espectáculo realiza o seu coodirector, Fran Núñez.

**Referencias varias:**

- Fran F. Lorenzo, "Pangeia' leva a escena o reencontro dos sotaques e das disciplinas artísticas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 abril 2015, p. 43.

Sinala que o espectáculo da compañía galega Limiar Teatro e a brasileira Acaso Dança xira en torno ás ideas críticas sobre a deriva cultural no mundo globalizado. Informa da

representación que terá lugar no Salón Teatro compostelán, e resume os comentarios da presentación da montaxe, fundamentalmente os seus directores Fran Núñez e Bárbara Aguiar, o director do CDG, Manuel Guede, e o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo. Repara na estrutura circular, na luz e na composición musical da peza.

**Limiar** Teatro (2): *Verbum Fahrenheit*

Ver Ponte... na escena, IIIº Edición do Festival Internacional de Teatro Brasil-Portugal-Galiza

Teatro **Lameiro**: *O amor dañino ou a vítima das súas virtudes*

**Malasombra** Teatro (1): *D.E.P.*, texto Jordi Sánchez e Pep Antón Gómez, dirección Marcos Orsi

Ver Cee á escena, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Malpica, XI Mostra de Teatro de
Ver Riveira, Mostra de Teatro de
Ver Tomiño, Outono Cultural de

**Referencias varias:**

- M. G., "Teatro, cine y música animan el mes de octubre", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 outubro 2015, p. 37.

Anuncia a representación desta obra dentro dun ciclo diverso de actividades organizadas pola Concellaría de Cultura de Muros. Tamén alude á obra *O último dragón*, de Sarabela Teatro.

- S. S., "Malasombra trae a Ribeira 'DEP. Unha comedia de morte", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 novembro 2015, p. 35.

Dá conta da representación desta peza no auditorio municipal de Ribeira.

**Malasombra** Teatro (2): *Go on!*, dirección Marcos Orsi

Ver Vila de Sarria, Vª Semana de Teatro Cómico

Il **Maquinario** Teatro (1): *Perplexo*, dirección Tito Asorey

Ver Cangas, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de
Ver Carballo, Venres Culturais en
Ver MIT, XXXIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Ver Outonoteatro, Ciclo
Ver Ponteatro, IIIº Ciclo

**Recensións:**

- J. A. Martínez Sevilla, "Perplexo", *Diario de Arousa*, p. 21/ *El Ideal Gallego*, p. 24, "Opinión", "La columna", 3 novembro 2015.

Comenta que esta peza foi traducida por Catuxa Pato e que resulta unha mestizaxe de varios estilos: drama, comedia, farsa, esperpento... Dá conta do reparto, destaca a "magnífica escenografía", a cargo de Luís Iglesias e subliña o ritmo "frenético" da representación.

**Referencias varias:**

- S. N., "Perplexo': metáfora de la realidad social moderna", *La Región*, "Sociedad", "Agenda cultural", 22 febreiro 2015, p. 60.

Indícase que esta obra teatral será posta en escena no Teatro Lauro Olmo d'O Barco de Valdeorras. Sinálase que o texto é orixinal de Marius Von Mayenburg, que será escenificada pola compañía Il Maquinario Teatro e ofrécese un breve resumo da peza.

- Marcos Manteiga, "Teatro e maxia para o peche de ano cultural e deportivo amiense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 outubro 2015, p. 21.

Di que se vai representar a obra no Concello de Ames dentro da programación cultural e deportiva para o outono.

- M. Manteiga, "Alumnos da escola infantil O Bosque veñen de recibir ao outono cunha vendima", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 outubro 2016, p. 32.

Comenta que a compañía Il Maquinario representará esta obra dirixida a público adulto e mozo. Sinala que é a segunda montaxe da compañía, despois de *O home almofada*.

- Belén López, "Il Maquinario trae a Ponteatro a comedia delirante 'Perplexo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 22 outubro 2015, p. 10.

Indícase que a obra recibiu cinco premios María Casares, incluíndo o de mellor espectáculo, mellor dirección, texto adaptado, iluminación e vestiario. Defínese o argumento de *Perplexo* como "unha comedia delirante contemporánea, que fala de atopar a identidade propia nun mundo cambiante".

Il **Maquinario** Teatro (2): *O home almofada*, texto Martin McDonagh, adaptación e dirección Tito Asorey

**Matarile** Teatro: *Teatro invisible*, texto e dirección Ana Vallés

Ver Escenas do Cambio, Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción

**Matrioshka** Teatro: *C'est la vie*, dirección Marta Pazos

Ver FITO, VIIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

**Referencias varias:**

- Suso Souto, "Matrioshka vende contra reloj las entradas de teatro en Boiro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.215, 18 marzo 2015, p. 7.

Fálase do reto da compañía Matrioshka que quere obter 5.000€ a través dunha campaña de *crowdfunding* co obxectivo de levar á escena a obra *C'est la vie* en Boiro.

**Microefectos Dramatúrxicos**: *Mal tratadas*

**Mofa e Befa**: *Shakespeare para ignorantes*, adaptación e dirección Quico Cadaval

**Referencias varias:**

- C. G., "Senra Café celebra este viernes el Día Mundial del Teatro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.223, 26 marzo 2015, p. 7.

Anuncia a posta en escena desta peza co gallo do Día Mundial do Teatro que se celebra no centro cultural de Teo.

**Mofa e Befa**: *Sempre ao lonxe*, dirección Quico Cadaval

Ver FIOT, XXIVº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

Teatro do **Morcego** (1): *Diálogo do can e o seu amo*, dirección Celso Parada

**Referencias varias:**

- Irene Jiménez, "Cultura propón 440 actos ata o vindeiro xuño", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 6 xaneiro 2015, p. 34.

Entre outras cuestións, informa da posta en escena desta peza dramática na capital galega.

- P. Calveiro, “Emilio Rúa estrena la cartelera del Salón Teatro para el 2015”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Para todos los públicos”, 14 xaneiro 2015, p. L6.

Entre outras actividades, comenta a representación desta peza no marco da carteleira do Salón Teatro para o ano 2015.

Teatro do **Morcego** (2): *Presidente*, texto e dirección José Prieto

Ver FIOT, XXIVº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo
Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver Ponteatro, IIIº Ciclo

**Referencias varias:**

- Camilo Franco, “O mundo dos indecisos cando se deciden”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, n.º 3, “Fatiga ocular”, 4 outubro 2015, p. 7.

Realízase unha reflexión sobre o teatro e a política, a través da obra *O Presidente*. Remóntase ás orixes do teatro político e prolóngase até a súa visión na actualidade. Conclúese afirmando que “o teatro político non sei fai para falar dos problemas da política senón dos problemas da xente”.

- Belén López, “Celso Parada. ‘Eu sería seguramente un mal presidente”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 7 outubro 2015, p. 10.

Entrevista co actor Celso Parada con motivo da representación da peza *O Presidente*, a cal se define como unha comedia político-electoral coa que se pretende “unha reflexión sobre a manipulación política”. Ademais, fala da precariedade que está vivindo o teatro galego, indicando que “o que hai é un teatro precario con moitos perigos como o de que a xente traballe sen unhas condicións laborais mínimas”.

- Cuca M. Gómez, “Teatro para mi espíritu”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, 9 outubro 2015, pp. 70-71.

Entre outras novas, informa da representación desta peza no Teatro Principal de Pontevedra dentro do Ciclo Ponteatro e dá conta do seu elenco. Destaca que xira arredor da política e que “retrata o día a día de varias familias en plena campaña electoral”.

Teatro **Muxicas**: *A visita da vella dama*, texto Friedrich Dürrenmatt, dirección Melania Cruz

Ver Sada, XIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Teatro do **Noroeste**: *Selección natural*, dirección Eduardo Alonso

**Referencias varias:**

- Irene Jiménez, "Cultura propón 440 actos ata o vindeiro xuño", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 6 xaneiro 2015, p. 34.

Entre outras cuestións, comenta a posta en escena desta peza dramática en Santiago de Compostela.

**Obras públicas**: *Bye bye Honey*, director Jose Prieto

A **Panadaría** (1): *Panamericana*, texto Areta Bolado

**Recensións:**

- Camilo Franco, "A Panadería, un sistema cómico", *Tempos Novos*, n.º 221, "Cultura", outubro 2015, pp. 74-75.

Dáse conta da estrea de Panamericana, comedia a cargo da compañía A Panadería. A montaxe descríbese como un entrecruzamento entre música latinoamericana, parodia das historias deamor e comedia que require a atención dos espectadores. Estabelécense as diferenzas coa montaxe anterior da compañía, *Pan! Pan!*, e coméntanse os puntos en común como a comicidade e o minimalismo escénico.

- Inma López Silva, "Superlatina", *Tempos Novos*, n.º 222, "Crítica", "Teatro", novembro de 2015, p. 90.

Realízase unha recensión da posta en escena de *Panamericana*, a cargo da compañía A Panadaría. Comézase por contextualizar a obra dentro das características da compañía: o minimalismo escénico, a estrutura baseada en *gags* humorísticos, a música como elemento unificador e as interpretacións limpas. Resúmese a obra, que narra o "trauma migratorio" da cantante Miranda Celia del Río. Críticase a falta de axilidade do ritmo da obra, que quizais se mitigaría cun espazo sonoro que fose máis alá dos corpos das actrices. Conclúese salientando a calidade interpretativa e a ironía crítica.

A **Panadaría** (2): *Pan! Pan!*

Ver Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver MIT, XXXIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia
Ver Outonoteatro, Ciclo

**Referencias varias:**

- S. N., "Pan! Pan!': comedia irónica en un rancho vaquero", *La Región*, "Sociedad", 2 febreiro 2015, p. 60.

Faise eco da representación no Teatro Principal de Ourense do espectáculo *Pan! Pan!*, da compañía A Panadaría. Refírese ao argumento, indicando que se trata dunha parodia dos westerns americanos e que as tres actrices da peza constrúen oito personaxes, cinco espazos e a música.

**Pistacatro** Productora de Soños: *Desperta!*, dirección Natalia Outeiro "Pajarito"

**Referencias varias:**

- M. G., "Mofa e Befa y Pistacatro actúan este fin de semana", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 novembro 2015, p. 36.

Entre outras actividades, informa da representación desta peza.

- J. M. Ramos, "Pistacatro llega a la villa ceense con la obra 'Desperta!" , *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 novembro 2015, p. 38.

Dáse conta da presentación deste espectáculo que mestura circo, teatro e música, na casa da cultura de Cee.

**Redrum** Teatro (1): *Curriculum vitae*, dirección Álex Sampayo

**Redrum** Teatro (2): *Amor flexible*, dirección Álex Sampayo

**Referencias varias:**

- R. P., "As funcións teatrais, protagonistas da oferta cultural lalinense en xuño", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.284, 27 maio 2015, p. 3.

Comenta a representación desta peza no marco do programa cultural organizado polo concello de Lalín que inclúe música e teatro.

- C. C., "Y tras las dos últimas funciones, a pensar en 'Noiteboa", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", 5 xuño 2015, pp. 12-13.

Informa das últimas postas en escena en Santiago da obra *Amor Flexible*, da compañía Redrum Teatro, tras ser representada en 25 localidades. Indica que a compañía anuncia o inminente inicio da produción do novo espectáculo, *Noiteboa*, e adianta o seu reparto.

**Sal-Monela,** Teatro: *Tan perfecto non te quero*, dirección Gema Domínguez

Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

**Referencias varias:**

- D. R., "El teatro copa este fin de semana el programa cultural", *El Ideal Gallego*, "Sada", 14 outubro 2015, p. 19.

Entre outras novas, dá conta da posta en escena desta obra a cargo de Sal-Monela Teatro.

**Sarabela** Teatro (1): *O último dragón*, dirección Fina Calleja

**Referencias varias:**

- M. G., "Teatro, cine y música animan el mes de octubre", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 outubro 2015, p. 37.

Anuncia a representación desta obra dentro dun ciclo diverso de actividades organizadas pola Concellaría de Cultura de Muros.

**Sarabela** Teatro (2): *A idade da pavía*, texto Arístides Vargas, adaptación e dirección Ánxeles Cuña

**Talía** Teatro (1): *Demolición*, texto e dirección de Cándido Pazó

Ver Carballo, Venres Culturais en
Ver Cee á escena, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas
Ver Laracha, Venres teatrais 2015 da
Ver Malpica, XI Mostra de Teatro de
Ver Santa Comba, Iº Ciclo de Teatro

**Referencias varias:**

- Irene Jiménez, "Cultura propón 440 actos ata o vindeiro xuño", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 6 xaneiro 2015, p. 34.

Entre outras cuestións, informa da posta en escena desta peza dramática na capital galega.

- M. M., "Teatro de adultos en Bertamiráns y anotación para los carnavales", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.168, 29 xaneiro 2015, p. 7.

Anuncia a representación desta obra na Casa de Cultura de Bertamiráns.

**Talía** Teatro (2): *Pelos na lingua*, texto e dirección Avelino González

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

**Referencias varias:**

- Irene Jiménez, "Cultura propón 440 actos ata o vindeiro xuño", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 6 xaneiro 2015, p. 34.

Fala da posta en escena desta peza dramática na capital galega, entre outras cuestións.

**Talía** Teatro (3): *Bicos con lingua*, dirección Avelino González

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

**Talía** Teatro (4): *Método Grönholm*, texto Jordi Galcerán, dirección Xúlio Lago

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Dumbría a escena, IIª Xornadas de teatro

**Recensións:**

- Manuel F. Vieites, "O método Grönholm", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 531, "Teatro", 19 febreiro 2015, p. VIII.

Principia cunha reflexión sobre os que queren situar a arte por riba da política para referirse logo ao *O método Grönholm* como unha obra que fala da condición humana. Define esta recreación dos sistemas de selección de persoal de alta dirección como dramaturxia da situación, da crise e do conflito e considera que Talía Teatro acertou "de cheo" escollendo esta peza de Jordi Galcerán. Refire ademais á efectividade do xogo que axuda a comprender as razóns polas que determinadas persoas toman certas decisións. Para rematar, salienta a técnica de Xulio Lago, o labor do escenógrafo Suso Montero, así como dos actores e actrices.

**Tangatutanga** Teatro: *Urraca*, texto e dirección Beatriz Bravo

Ver Teatrofilia, XIIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra

**Referencias varias:**

- P. C., "Las funciones benéficas siempre son especiales y se disfrutan más", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 19 abril 2015, contracuberta.

Explica que a obra *Urraca* foi representada novamente en favor da Fundación Down Compostela. Recolle as explicacións dunha das actrices, Silvia Lías.

**Tanxarina** Teatro: *Titiricircus*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo

**Theatron** Producións: *De leria con Castelao*, dirección Jorge López

**Referencias varias:**

- J. M. Ramos, "Domingos culturais con teatro, música e contos en Vimianzo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.168, 29 xaneiro 2015, p. 6.

Dá conta das actividades que se celebrarán en Vimianzo. Destácase a posta en escena das pezas, para público adulto, *Historias da vida, guerra, amor e case morte*, con Daboapipa; e *De leria con Castelao*, de Theatron Producións.

**Teterella** Teatro: *Love room*, texto Tirso Calero, dirección Carmen Blanco

Ver Sen Numerar, Ciclo de Teatro

**Referencias varias:**

- T. M., "Amor, lujuria... y opiniones enfrentadas en la habitación", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", "Agenda", 23 xaneiro 2015, p. 12.

Describe o contido da obra e anuncia a súa posta en escena no Teatro Colón da Coruña.

- Marta García Márquez, "Porque nadie está libre de caer", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 27 xaneiro 2015, p. 12.

Dáse conta da estrea da versión galega desta peza no teatro Colón. Sinálase que é drama e risa ao mesmo tempo e fálase dos seus actores. Recóllense as palabras da directora da obra e dise que a peza se converterá nun filme.

- N. V., "Teterella Teatro leva ao Jofre a comedia 'Love room', unha análise das paixóns amorosas", *Diario de Ferrol*, "Ferrol, 11 abril 2015, p. 13.

Faise eco da posta en escena da obra *Love Room* no teatro ferrolán. Recóllese a definición da obra que fai un dos seus actores, Mateo González. Repárase ademais no punto de vista cómico da peza, escrita orixinalmente por Tirso Calero, e dise que a peza leva funcionando catro anos.

**Trécola** Teatro: *Menú ExquiFITO*

Ver FITO, VIIIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Aula de Teatro da **Universidade de Santiago de Compostela**: *A Historia de Sweeney Todd, O barbeiro diabólico da rúa Fleet*, dirección Roberto Salgueiro

Ver Arteixo, XVIª Mostra de Teatro Afeccionado de
Ver FITEU, XXIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela
Ver FITEUC, XXIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña
Ver Lugo, XXIº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de
Ver MITEU, XXª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

**Valacar**: *Somos tan imbéciles*, texto e dirección Lino Braxe

Ver Sada, XIª Mostra de Teatro Afeccionado de
Ver Teatro Colón, VIª Mostra de Teatro Afeccionado

**Referencias varias:**

- M. G. M., "O don compartido de levar a emoción", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 10 outubro 2015, p. 14.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da obra escrita e dirixida por Lino Braxe. Sinálase que a compañía está vinculada coa ONCE e que a maioría dos actores son cegos ou con pouca visión.

**Verdeveras** Expresións Artísticas (1): *Tacóns na corda*, texto María Angeles Iglesias

Ver Lousame, XIIª Mostra de Teatro Afeccionado de
Ver Rianxo, Outono Cultural de
Ver Santa Comba, Iº Ciclo de Teatro de

**Verdeveras** Expresións Artísticas (2): *Desalmados*, dirección Carlos Neira

Ver Outes, Outono Teatral de

**Vía 6**: *Amor en 3D*, texto e dirección José Prieto

Ver Outonoteatro, Ciclo

**Recensións:**

- Manuel F. Vieites, "Xogando ás películas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 525, "Teatro", 8 xaneiro 2015, p. VIII.

Opina que o espectáculo *Amor en 3D* da compañía Vía 6 faría máis de 60 funcións por ano, se as condicións do teatro actualmente fosen outras. Apunta ademais que o seu director aposta sen complexos por un teatro "abertamente comercial" e para todos os públicos. Refire ao xogo ás películas presentes que resulta unha proposta cun "ritmo trepidante" que se gaña o favor do espectador. Indica que que outras das claves do espectáculo está na carga emocional que devén da parodia. Ademais, aplaude a ruptura cara o final da peza, indicando ademais que esta pode coller por sorpresa ou chegar a ser un atranco na recepción da peza. Nun á parte, intitulado "Empanada", salienta, entre outras cuestións, o traballo actoral das tres actrices.

**Voadora** (1): *Waltz*, dirección Marta Pazos

Ver ALT.15, XIVº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo
Ver Ponteatro, IIIº Ciclo

**Referencias varias:**

- C. Crespo, "Un tributo á valentía en clave retrospectiva", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", "Entrevista", 27 febreiro 2015, p. 7.

Dá conta da realización dunha maratón retrospectiva da actividade da compañía Voadora organizada no marco do festival das artes escénicas ALT15 que comezará coa realización dunha mesa redonda para logo dar paso á posta en escena das obras *Quen goste de poesía que grite 'miseria'*, *Waltz,* Premio da Crítica de Galicia no 2013, *Tokio3*, Premio Max 2013 ao Mellor Espectáculo Revelación e *A tempestade.*

**Voadora** (2): *Tokio3*, dirección Marta Pazos

Ver ALT.15, XIVº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

**Referencias varias:**

- C. Crespo, "Un tributo á valentía en clave retrospectiva", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", "Entrevista", 27 febreiro 2015, p. 7.

Dá conta da realización dunha maratón retrospectiva da actividade da compañía Voadora organizada no marco do festival das artes escénicas ALT15 que comezará coa realización dunha mesa redonda para logo dar paso á posta en escena das obras *Quen goste de poesía que grite 'miseria'*, *Waltz,* Premio da Crítica de Galicia no 2013, *Tokio3*, Premio Max 2013 ao Mellor Espectáculo Revelación e *A tempestade.*

**Voadora** (3): *A tempestade*, texto William Shakespeare, adaptada por Fernando Epelde e dirixida por Marta Pazos

Ver ALT.15, XIVº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo
Ver Lugo, XVª Mostra de Teatro Clásico de

**Recensións:**

- Manuel F. Vietes, "O teatro plástico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 537, "Teatro", 9 abril 2015, p. VIII.

Co título do artigo define a proposta da compañía Voadora que fai da peza shakesperiana *A tempestade,* manifestando que ao non operar coa lóxica do texto non hai dramaturxia nin interpretación. Sinala que as escenas non teñen moito vínculo coa obra orixinal e opina que nas poucas escenas que si hai relación o desacerto inicial é un "descomunal desastre". Para rematar, reflexiona sobre a deconstrución de obras clásicas en dicursos irreverentes. Nun á parte, apunta que se traballou a dimensión visual, mais que se esqueceu "todo o demais". Ademais, sinala que o maior problema é a sensación de que é algo xa visto en escena.

**Referencias varias:**

- C. Crespo, "Un tributo á valentía en clave retrospectiva", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 27 febreiro 2015, p. 7.

Dá conta da realización dunha maratón retrospectiva da actividade da compañía Voadora organizada no marco do festival das artes escénicas ALT15 que comezará coa realización dunha mesa redonda para logo dar paso á posta en escena das obras *Quen goste de poesía que grite 'miseria'*, *Waltz,* Premio da Crítica de Galicia no 2013, *Tokio3*, Premio Max 2013 ao Mellor Espectáculo Revelación e *A tempestade.*

**Volta e Dálle** Teatro: *Rodesindo da Barrosa*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver Palas de Rei, XVIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago" de

# *IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: Xosé F. Filgueira Valverde*

## IV.1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

**Filgueira Valverde**, Xosé, *Adral*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Filgueira Valverde, n.º 3, abril 2015, 442 pp. (ISBN: 978-84-9865-603-9).

Reedición da primeira edición desta obra de Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996) publicada orixinariamente en 1979. O volume vai ilustrado na súa capa cunha obra do pintor Ovidio Murguía: *Bosquexo do Pórtico da Gloria*. Acolle cen artigos publicados entre 1976 e 1978 no xornal *Faro de Vigo* e todos eles, agás dous, contan coa data do orixinal. Os artigos están xebrados en seis bloques con título: "As verbas"; "Os símbolos", con referencias á simboloxía na literatura medieval galego-portuguesa; "O rito e a cantiga", onde reflexiona sobre os vencellos entre os ritos e cantigas populares; "Os oficios"; "As artes" e mais "As letras", no que detalla diferentes aspectos da literatura galega: lírica e prosa medieval, Padre Feixoo, cura de Fruíme, Ramón Cabanillas ou Ramón Otero Pedrayo.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "Adral ao ceo", *La Región*, "*La Revista*", "Con texto", "Rabo de nube", 31 maio 2015, p. 14.

Fala da variedade do contido desta obra na cal Filgueira Valverde se amosa como un home culto, que igual fala de etimoloxías que de vellos mesteres ou de símbolos. Destaca as súas facetas de paleógrafo, numismático ou arqueólogo que fan de *Adral* un calidoscopio de coñecemento no que Filgueira Valverde mostra toda a súa erudición.

**Referencias varias:**

- José Miguel Giráldez, "Letras e celebración", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "En estado crítico", 15 maio 2015, p. 37.

Saliéntase a figura de Xosé Filgueira Valverde, a través dun repaso da súa inxente labor como polígrafo, cunha mención especial á edición de *Adral* por parte da editorial Galaxia.

**Filgueira** Valverde, Xosé, *Os nenos*, ilust. David Pintor, lim. Ramón Villares, estudos Fina Casalderrey e Miguel Fernández-Cid, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2015, [99] pp. (ISBN: 978-84-92923-61-8).

Edición facsimilar da obra *Os nenos*, de Xosé F. Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996), impresa en Pontevedra en 1925 pola Editorial Lar, que edita o Consello da Cultura Galega como homenaxe ao autor do Día das Letras Galegas de 2015. Conta cun limiar de Ramón Villares no que, baixo o título de "A «opera prima» dun polígrafo", pon de manifesto a relevancia da figura intelectual deste autor, o seu impulso a institucións galegas hoxe asentadas e a relevancia da obra seleccionada, que considera senlleira e "pensada co mellor alento da cultura europea da altura". Salienta que se trata da obra dun autor precoz, que foi publicada nunha colección fundamental para a literatura galega e na que destaca que se poden rastrexar algunhas das claves do seu pensamento. Detense brevemente na estrutura e contidos dos relatos que conforman a obra, dos que ecoa unha clara conciencia social e a percepción das diverxencias culturais da sociedade da época. Remata agradecendo a cesión da obra orixinal á Fundación Filgueira Valverde para a súa reprodución facsimilar e adiantando os traballos que acompañan o texto de Fina Casalderrey e Miguel Fernández-Cid, respectivamente, así como as láminas de David Pintor, que estabelecen un diálogo orixinal e fecundo coas ilustracións de Luís Pintos. O volume pódese consultar ou descargar integramente da mediateca da páxina en liña do Consello da Cultura Galega, no enderezo: http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/2015_edicion-facsimilar-os-nenos-fv.pdf. Os estudos que preceden o facsímile son os que seguen:

- Fina Casalderrey, "Un latexar pola causa galega", pp. 21-50.

Comeza cun pormenorizado repaso polas diferentes edicións que coñeceu a obra dende a súa edición orixinal en 1925, pasando pola de 1971 en *Quintana viva* até a reimpresión de 2002 de *La Voz de Galicia*. Continúa coa análise da dedicatoria e o significado que ten Irlanda como modelo do rexurdir do celtismo e o nacionalismo, tanto en diferentes textos do propio Filgueira Valverde, coma doutros intelectuais galegos do século XX. A seguir, céntrase no significado da aldea na propia obra e a través da biografía do autor, os seus contactos familiares con este ambiente, a descuberta do seu significado identitario profundo e o protagonismo dos nenos do ámbito rural, por saber que son eles os que menos oportunidades teñen de se facer oír, de aí que o autor tome a palabra en seu nome. Salienta dos relatos a subxectividade da primeira persoa, o ton triste e as evocacións de infancia en cada un deles. Remata referíndose ao labor docente do autor e á súa vocación didáctica, que se reflectiu no seu maxisterio e noutras obras, como a peza de teatro *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936).

- Miguel Fernández-Cid, "Filgueira Valverde e Pintos Fonseca", pp. 51-63.

Comeza referíndose ao papel das revistas como lugares de "reunión social" e ás editoras como sintetizadoras de proxectos con fondo ideolóxico claro, entre as que salienta Lar, Céltiga e Nós. Considera que estudar as obras que publicaron estas editoras permite observar como as imaxes funcionan como apoio ao texto e responden á idea de "defender o libro como proxecto global no que a literatura manda, pero os debuxos acompañan e as capitulares dan aire de proxecto cultural". A seguir céntrase no traballo de Filgueira Valverde e Luís Pintos Fonseca, así como nas cubertas de Castelao, que configuran un trío plenamente integrado nos movementos estéticos da altura. Describe con detalle o estilo e recursos empregados tanto por Pintos coma por Castelao e refírese á traxectoria vital e creativa do primeiro.

**Referencias varias:**

- Mario Álvarez, "O CCG reedita en edición facsimilar 'Os nenos' de Filgueira Valverde", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 11 abril 2015, p. 41.

Coméntase a reedición da obra, primeiro texto literario do autor homenaxeado, e indícase que se trata dunha serie limitada, con achegas de contextualización literaria e artística a cargo de Fina Casalderrey, así como de ilustracións realizadas por David Pintor. Explícase, ademais, que a reedición mantén o texto orixinal, así como a capa e contracapa realizada por Castelao para a súa primeira edición (en 1925).

- S. N., "Edición conmemorativa de 'Os nenos", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 6.

Dáse conta da reedición publicada polo Consello da Cultura Galega e indícase que esta obra está conformada por quince relatos (historias que lle acontecen a nenos da vila e da aldea), con ilustracións de Luís Pintos Fonseca, e coa capa e contracapa elaborada por Castelao "en 1925 para a que foi a primeira edición".

**Filgueira Valverde**, Xosé, *O Vigairo. A monxa-frade. Agromar. Aucto de Santa María*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Filgueira Valverde, n.º 2, abril 2015, 164 pp. (ISBN: 978-84-9865-602-2).

Volume que reproduce catro obras de Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra 1906-1996) e que se abre cunha nota dos editores, na que se explica de onde proveñen estas catro producións literarias. Trátase, por un lado, de dous textos de xénero narrativo: o primeiro, *O Vigairo* (pp. 13-46), publicado por primeira vez en 1927, que é unha loa literaria sobre o comercio do sal e dos quiñóns da sardiña no mar de Pontevedra. O segundo, *A monxa-frade* (pp. 47-58), é un texto inédito de inspiración histórica que deixou inacabada e que iniciara para publicar na colección "Contos de Castromil". Por outro lado, recóllense dous textos dramáticos: *Agromar* (pp. 59-129) escrita en 1936, contén unhas verbas limiares nos que o autor fai comentarios sobre o proceso creativo, entre outras cuestións. Trátase dunha "farsa para rapaces" asinadas tamén co pseudónimo J. Acuña, pensadas para a representación no ámbito da escola e que se vincula ao ideario galeguista de comezos de século XX, estabelecendo unha dicotomía entre o rural e o urbano. A segunda e última peza dramática recollida é *Aucto de Santa María* (pp. 131- 159), que é unha auto sacramental publicado no número 25 da revista *Grial* en 1969. Conta a Asunción de Santa María ao ceo, refeito con textos galegos dos séculos XIII e XIV, e xebrado en cinco partes. A imaxe da cuberta é un fragmento da obra *Estudo de figura infantil* (1896), de Ovidio Murguía.

**Recensións:**

- Xosé Feixó, "Retornos de Filgueira Valverde", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 549, "Libros", 2 xullo 2015, p. VI.

Dáse conta da nova publicación da editorial Galaxia para homenaxear a figura de Xosé Filgueira Valverde, o volume *O Vigario/ A monxa-frade/ Agromar/ Aucto de Santa María*. Faise unha breve descrición de cada parte, achegando un breve resumo. Engádese que tamén se reedita *Quintana viva*, á que se indica que seguirán outras obras para "conformar a Biblioteca Filgueira Valverde".

- V. B., "Creación literaria e divulgación erudita", *Grial*, n.º 205, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 11.

Con motivo do Día das Letras Galegas 2015, achéganse as novas sobre a Biblioteca de Autor Filgueira Valverde, iniciada pola Editorial Galaxia. Dáse conta da aparición dos catro primeiros volumes: dous dedicados á súa obra literaria, e dous para as primeiras entregas da serie Adral. Comenta que este volume contén varios títulos e explica que *Aucto de como Santa María foi levada aos ceos* con motivo da festa da nosa señora de agosto.

**Referencias varias:**

- Ramón Rozas, "Abeizoada recuperación", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir aquí", 17 maio 2015, p. 85/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 16 maio 2015, p. 63.

Recóllese información sobre a obra literaria de Filgueira Valverde e indícase que o libro está composto por catro composicións diferentes, onde se inclúe poesía, teatro e narrativa. Engade que se inclúen relatos como "O Vigairo", "A monxa frade" ou "Agromar".

**Filgueira Valverde**, Xosé, *Quintana viva*, lim. do autor, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Filgueira Valverde, n.º 1, marzo 2015, 131 pp. (ISBN: 978-84-9865-595-7)

Colección de relatos breves que Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996) publicou en 1971 e que conta cunha segunda edición de 1990. O volume principia cun limiar do propio autor no que explica que os textos foron escritos en "prosa poética" ao longo de medio século. A obra preséntase dividida en seis partes e inclúe ilustracións de Castelao, Luís Pintos Fonseca, Luís Seoane, Xosé Sesto e Manuel Torres. A primeira, "Os nenos" (pp. 13-50), conformada por dezasete textos, comeza coa dedicatoria que Filgueira Valverde colocou en 1925, cando foron editados concretamente estes relatos. A segunda, que recibe o nome de "Artistas aldeáns" (pp. 53-77), contén trece composicións sobre persoas normais que teñen certas habilidades. Na terceira, "Obradoiro" (pp. 81-96), en catro textos fala dun labrego, un fogueteiro, un carpinteiro e un canteiro. Por último, cerra o volume "Os nomeandeiros" (pp. 99-127), dezaseis composicións que xiran ao redor dos nomes empregados para designar todo o que nos rodea. Os relatos, inspirados na Galicia dos anos vinte do século pasado, presentan unha prosa sinxela con trazos poéticos. Ao longo da obra, Filgueira Valverde elabora un retrato costumista, reflectindo a súa visión da vida cotiá nesa época (infancia, tradicións, oficios, supersticións...). Pecha o volume un índice co nome dos contos de cada sección.

**Recensións**:

- Vicente Araguas, “Fino estilista”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 879, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 879, p. 30, “máis Libros”, 3 maio 2015.

Dáse conta da reedición deste “libro recompilador de persoas, mesteres, lugares, anécdotas, categorías”. Indícase que contén unha sección chamada “Os Nenos”, conformada por dezasete contos. Tamén se dá conta da polémica ao redor da figura do homenaxeado o Día das Letras Galegas 2015.

- V. B., “Creación literaria e divulgación erudita”, *Grial*, n.º 205, “O rego da cultura”, xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 11.

Con motivo do Día das Letras Galegas 2015, achéganse as novas sobre a Biblioteca de Autor Filgueira Valverde, iniciada pola Editorial Galaxia. Dáse conta da aparición dos catro primeiros volumes: dous dedicados á súa obra literaria, e dous para as primeiras entregas da serie Adral. Descríbese o primeiro volume, *Quintana viva*, como un feixe de textos que Filgueira preparou para Galaxia en 1971, ilustrado con debuxos de Luís Pintos Fonseca, Castelao, Luís Seoane, Xosé Sesto e Manuel Torres; artistas escollidos polo autor.

**Filgueira Valverde**, Xosé, *Segundo Adral*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Filgueira Valverde, n.º 4, abril 2015, 531 pp. (ISBN: 978-84-9865-604-6)

Reedición da primeira edición desta obra de Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996) publicada orixinariamente en 1981. Este volume de tapas brandas vai ilustrado na súa capa cunha obra do pintor Ovidio Murguía: o *Bosquexo do Pórtico da Gloria*. Este volume reproduce cento vinte e cinco artigos publicados dende 1978 até 1981 nomeadamente nos xornais galegos *Faro de Vigo*, *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego* e de xeito testemuñal en *Pueblo Gallego* e *Libredón. Órgano Oficial del Centro Gallego de Santander*. Os diferentes artigos están xebrados en nove bloques con título: “As verbas”; “Os símbolos”; “O rito e os tempos”; “Dos cantares”, con textos centrados na lírica galego-portuguesa e mais nos autores do Rexurdimento; “Dos mesteres”; “Das artes”; “Os feitos”; “As lecturas”, con referencias a libros e xornais en lingua galega, e finalmente “Mestres e amigos”, onde se detén en loar a figura de grandes escritores galegos e amigos seus.

**Filgueira Valverde**, Xosé, *Terceiro Adral*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Filgueira Valverde, n.º 5, 2015, 427 pp. (ISBN: 978-84-9865-665-7).

Ábrese o volume co limiar á primeira edición deste volume datada no ano 1984, despois da saída do prelo dos números anteriores en 1979 e 1981. Nel sinala Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996) que nas súas páxinas se dá “o xuntoiro da vida e da morte, do rito e do costume, do sagro e do profano, da matinación e da rexouba. Unha mesturanza onde se esvencellan moi diversos temas: verbas, falares; crenzas e costumes; historias; artes e mesteres; evocacións e lembranzas. Todo contado contado coa posible fidelidade e cunha migalla de humor” (p. 9). Tamén sinala que moitos destes anacos parten da lembranza e que son unha mostra do seu xeito de traballar, ademais de comentar o galego empregado e desexar que o lector atope neles algo de

ensino ou de divertimento. A maior parte dos textos apareceron en xornais como *Faro de Vigo*, *El Ideal Gallego*, *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia* e foron escritos a principios dos anos oitenta. Todos eles son unha mostra do coñecemento, erudición e reflexión deste pontevedrés, que se formou no espírito do Seminario de Estudos Galegos. Este *Terceiro Adral* articúlase en sete apartados: "Falar das falas", "Das letras", "Das festas e dos costumes", "Do camiño e da romaxe", "Das historias", "Dos mesteres e das artes" e "Os feitos". En todos eles rexístranse alusións a textos provenientes da literatura galega, especialmente da medieval, e a diferentes cuestións vinculadas con autores como o Padre Sarmiento, Vicente Risco, Castelao e Rafael Dieste. Non obstante o apartado "Das letras" céntrase na literatura galega e refírese á relación das cantigas de Martín Codax co "Altas undas que venez suz la mar", de Raimbaut de Vaqueiras; á cantiga marial atribuída a El-Rei san Fernando; á María Francisca Isla y Losa, musa dos "ilustrados" de Galicia; á tradución de clásicos no Rexurdimento galego; á significancia sa Sociedad del Folklore Gallego na fundación da Real Academia Galega; ao *Teatro de máscaras* (1934), de Ramón Otero Pedrayo; á poesía mariñeira do Papa Wojtyla, que reproduce en galego; e á presenza do neotrobadorismo na poética de Álvaro Cunqueiro.

**Referencias varias:**

**-** Xosé Manuel Sarille, "Entre Gelmírez e Suger", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Pan e coitelo", 26 maio 2015, p. 2.

Fálase dun artigo que se recolle no *Terceiro Adral*, no cal "compara dúas figuras moi relevantes do século XII, Suger e Gelmírez".

**Filgueira Valverde**, Xosé, *Historias de Compostela. Dezasete crónicas de Santiago (1970)*, Premio da Edición de Galicia á Mellor Iniciativa Editorial 2014, lim. Xerardo Estévez, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora / Consorcio de Santiago, 2015, 343 pp. (ISBN: 978-84-16460-00-7). ■

Volume que recolle dezasete crónicas de Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996)nas que se abordan diversos aspectos relacionados coa cidade compostelá. O contido da obra xa fora reproducido e publicado no ano 1970 nunha colectánea en castelán, se ben esta edición presenta os textos traducidos ao galego, traballo realizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xunto ás crónicas de Filgueira Valverde publícase un limiar de Xerardo Estévez no que fala sobre a figura homenaxeada este ano e recorda a súa unión con esta cidade. Os textos aparecen divididos en catro seccións: "Da Compostela medieval", con tres crónicas que fan un repaso sobre aspectos desa época; "Señor Sant-Iago", que inclúen dúas crónicas que versan sobre o Apóstolo; "A festa barroca", con catro escritos que tratan o tema das festas compostelás dos séculos XVII e XVIII, e "Varia lección", oito textos nos que se comentan algunhas referencias literarias ao Camiño de Santiago, ao Apóstolo ou á propia cidade.

# IV.2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS. ANTOLOXÍAS

**Alonso Girgado**, Luís e Laura **Blanco Casás** (eds.), *Escolma de textos literarios e xornalísticos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XXXIV, decembro 2015, 163 pp. (ISBN: 978-84-453-5206-9). ◆

Logo dunha breve nota de agradecementos dos editores literarios, ofrécese un perfil bio-bibliográfico de Xosé F. Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996). Séguelle unha nota, na que se xustifica a escolla parcial de textos do autor e na que tamén se sinalan as pautas seguidas na presente edición. A continuación, engádese a selección de textos que constitúe o groso do volume e que se estruturan en catro partes: a primeira, "Narracións", contén cinco prosas curtas pertencentes ao libro *Quintana viva*; a segunda, "Poemas", amosa catro composicións, na liña neotrobadoresca como "6 canciones de mar 'in modo antico" ou ao redor da cidade compostelá "Seguida para os *Anxos de Compostela*", que é ademais unha homenaxe a Gerardo Diego; a terceira, "Artigos de prensa", recolle trinta e un textos reproducidos en diferentes medios, que amosan a erudición do autor sobre temas populares da cultura galega; e, finalmente, a última parte reproduce fragmentos crítico-biográficos de Afonso X, Álvaro Cunqueiro, Castelao, Armando Cotarelo Valledor, Euxenio Montes, Luís Seoane, Losada Diéguez e Valle-Inclán. Todos os textos que se recollen son completos, excepto algún fragmento biográfico. Péchase cun apartado de selección bibliográfica, na que reproducen corenta obras escritas por Filgueira Valverde pertencentes aos campos da literatura de ficción, ao xénero biográfico, a estudos de lírica galego-portuguesa medieval, a guías de cidades e a ensaios sobre artes plásticas. As ilustracións son da autoría de Juan Vidales Pousa e a fotografía do interior do homenaxeado pertence a *El Correo Gallego.*

**Referencias varias:**

- Mario Álvarez, "Peche do ano das Letras de Xosé Filgueira", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 31 decembro 2015, p. 41.

Indícase que o Centro Ramón Piñeiro publicou un libro homenaxe cun feixe de estudos sobre a vida e obra de Xosé F. Filgueira Valverde : *Escolma de textos literarios e xornalísticos*. Coméntase que ao acto de presentación asistiron a familia do homenaxeado, o secretario de Política Lingüística, Valentín García, e o editor, Luís Alonso Girgado, entre outros.

**Alonso Montero**, Xesús, *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, serie Biografía, abril 2015, 292 pp. (ISBN: 978-84-9914-833-5).

Amplo e pormenorizado percorrido pola traxectoria vital, pero sobre todo intelectual de Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996) da man de Xesús Alonso Montero, no que se configura como a biografía intelectual dun dos homes máis prolíficos da cultura galega do século XX. Tal como sinala na breve introdución que precede a unha

cronoloxía vital e intelectual, recóllense unha pequena parte dos títulos dos seus traballos, considerados os máis significativos, pola inxente cantidade que produciu ao longo dos seus noventa anos de vida, que aparecen dispostos en cadros que avanzan en paralelo os acontecementos da vida e a obra. A seguir recóllense cincuenta textos sobre a personalidade de Filgueira Valverde que foron escritos entre 1925 e 2014, correspondentes a trinta e catro autores diferentes, que loan, agradecen ou evocan lembranzas sobre o protagonista. De seguido, achégase a biografía propiamente dita, na que se percorren as diferentes áreas de coñecemento e intereses deste polígrafo galego, cuxos traballos abordan dende a arqueoloxía ao folclore literario e musical, dende os estudos bibliográficos á epigrafía ou o estudo da historia da arte, da prehistoria ou da museoloxía até, sobre todo, a literatura, como creación e investigación, área na que segundo o biógrafo foi na que Filgueira Valverde se realizou con máis intensidade e orixinalidade. Estrutura o percorrido biográfico en tres períodos, o primeiro de 1906 a 1936, recolle a infancia, a familia e os primeiros anos de formación, o paso pola universidade como estudante e docente, onde impartiu o primeiro curso sobre literatura galega, e o amplísimo traballo no Seminario de Estudos Galegos; no segundo período, "No 36, do 36, despois do 36", refírese á controversia que suscitou o seu nomeamento como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, polo que se achega a outros oito escritores que por diferentes motivos poderían ter suscitado polémica polas súas traxectorias, caso de Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Aquilino Iglesia Alvariño, Francisca Herrera Garrido, Ramón Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro e Xosé María Díaz Castro; no último período, percórrese a traxectoria de Filgueira Valverde dende 1936 até a súa morte, con referencias á estancia en Lugo durante a Guerra Civil, a creación do Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos e os múltiples proxectos editoriais nos que participou, así como os seus estudos en lírica medieval galega, sobre autores doutras literaturas ou o labor político e a prol da defensa da lingua e cultura galegas. Péchase o volume coa bibliografía pasiva, as fontes e agradecementos.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "Filgueira, un océano do saber", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 24 abril 2015, p. 4.

Dáse conta do volume publicado sobre a "biografía intelectual" de Filgueira Valverde co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Indícase que se abordan oito décadas de produción bibliográfica, "con brillantez, en apenas trescentas páxinas", e que as primeiras están dedicadas á elaboración dunha cronoloxía "que revisa tanto aspectos estritamente biográficos coma outros de índole bibliográfica".

- Xosé Luis Franco Grande, "Encadre de Filgueira", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Soleira", 11 maio 2015, p. 14.

Elabórase un breve resumo do libro publicado sobre a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Sinálase que se trata dunha publicación "moi útil para comprender, encadrar e valorar figura tan sobranceira da cultura galega".

- Joaquim Ventura, "Volvendo a Filgueira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 545, "Libros", 4 xuño 2015, p. VI/ / *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 500, "Letras galegas", 13 xuño 2015, p. 10.

Fálase da autoridade moral que o autor posúe para abordar a controvertida figura de Filgueira Valverde, acusado de franquista. Sinala que Alonso Montero, dende as antípodas ideolóxicas, fai unha defensa contundente e ben documentada da súa evolución intelectual e aborda sucesos complexos como a actuación do biografado tras o estoupido da guerra civil ou o seu paso pola alcaldía de Pontevedra, mostrando comprensión polo seu comportamento baixo a ditadura. Destaca o seu gran labor no estudo das cantigas medievais galegas e a súa fidelidade ao longo de toda a súa vida.

- Ana Acuña, "Biografía intelectual (e moral) de Filgueira Valverde", *Grial*, n.º 207, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2015, pp. 105-106.

Descríbese o volume, que conta cunha cronoloxía, xuízos sobre o autor, un prólogo, tres partes nas que se desenvolve a súa biografía intelectual e unha bibliografía básica. Saliéntase o logro do ensaio para mostrar a capacidade de traballo de Xosé Filgueira Valverde, así como o labor do biógrafo para mostrar a intrahistoria dos textos de Filgueira, as súas fontes e as súas intertextualidades.

**Referencias varias:**

- Susana Regueira, "Xesús Alonso Montero. 'Filgueira traballou dende dentro contra a ditadura de Franco", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 38/ "Xesús Alonso Montero. 'Xosé Filgueira Valverde traballou desde dentro contra a dictadura de Franco", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 31, 16 abril 2015.

Conversa na que se dá conta da presentación deste ensaio e destácase que a obra de Filgueira Valverde é "inmensa". Recóllese que abarca temas como a "historia, prehistoria, arte, folclore literario, arqueoloxía, folclore musical e, sobre todo, sobre literatura".

- Marina Abilleira, "296 páxinas de puro Filgueira Valverde", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 17 abril 2015, p. 10.

Infórmase da presentación pública deste ensaio sobre o polígrafo pontevedrés e explícase que "a obra aborda todos os períodos da vida do intelectual".

- Ana Piñeiro, "Alonso Montero avanza as claves da biografía intelectual de Filgueira", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 abril 2015, p. 41.

Alúdese á presentación deste volume, coa presenza do editor Manuel Bragado e do fillo do homenaxeado, e incídese na figura de Filgueira Valverde como "medievalista".

- Santiago Jaureguizar, "Un sapo grande de máis para ser tragado", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 19 abril 2015, p. 84/ *El Progreso*, "Vivir", 18 abril 2015, p. 50, "Cultura", "Cidade xardín".

Destaca que está en contra da postura adoptada polo autor do estudo, e considera que Filgueira Valverde se situaba a prol do franquismo.

- Nicolás Vidal, "Alonso Montero. 'A obra de Filgueira Valverde é un capítulo grandioso da historia da literatura galega de todos os tempos", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 30 abril 2015, p. 14.

Dáse conta da presentación en Ferrol deste libro e, entre outras cousas, indícase que é "a única biografía de Xosé Filgueira Valverde que se ten publicado". Ademais tamén se tratan cuestións sobre o decreto do plurilingüismo e a polémica aberta coa Xunta de Galicia.

- LourdesVarela, "Xesús Alonso Montero. 'Filgueira quixo erosionar o franquismo desde dentro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 544, 28 maio 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 499, 6 xuño 2015, p. 11, "Entrevista".

Entrevista centrada na figura de Filgueira Valverde co gallo da súa escolla para o Día das Letras Galegas 2015. Fálase da controversia que espertou a súa elección e do libro que o propio Alonso Montero vai publicar sobre a biografía intelectual e literaria deste escritor.

- Xesús Alonso Montero, "De re bibliographica", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 24 xullo 2015, p. 13.

Comenta o modo en que o autor chegou á composición e redacción da obra e explica os distintos arquivos e libros dos cales tirou a información. Destaca tres artigos de relevancia tomados de *Primeiro Nadal sen Filgueira* e dá noticia da recente publicación, por parte do Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, dunha antoloxía de Filgueira preparada por Xesús Ferro Ruibal.

**Cochón**, Luís e Laura **Mariño Taibo** (eds.), *Filgueira Valverde. Homenaxe*, intro. Luís Cochón, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XXXI, maio 2015, 468 pp. (ISBN: 978-84-453-5188-8). ◆

Colectánea editada por Luís Cochón e Laura Mariño (Seavia-Coristanco, 1984) que se abre cun poema de Arcadio López-Casanova dedicado a Xosé Filgueira Valverde. Segue unha miscelánea introdutoria escrita por Luís Cochón no que se mesturan os diversos aspectos da figura creadora do homenaxeado cos recordos persoais da relación entre eles. A continuación recóllense vinte e nove artigos nos que se rende homenaxe ao autor pontevedrés por parte de trinta e dous especialistas de ámbitos de coñecemento diferentes. En relación coa literatura galega, acóllense os seguintes traballos:

- Ana Acuña, "Xosé Figueira Valverde e *O Gaiteiro de Lugo*", pp. 35-50.

Fala da colaboración do autor durante os anos 50 e primeiros 60 do século XX con esta publicación periódica, onde desenvolveu un labor de selección e creación de textos co obxectivo de facer pedagoxía social.

- Anxo Angueira, “A Rosalía de Filgueira Valverde”, pp. 71-84.

Destaca o seu labor como rosalianista, que se prolongou ao longo da súa carreira, cunha especial atención ao tema do fogar na obra rosaliana. Así mesmo, salienta o traballo do homenaxeado para a creación da Casa-Museo de Rosalía.

- Mercedes Brea, Antonio Guiadanes e Xabier Ron, “Filgueira investigador e divulgador do feito trovadoresco”, pp. 133-148.

Relata como evolucionou a súa investigación ao longo da súa carreira académica, cunha especial atención ao estudo que fixo dos procedementos formais empregados polos trobadores.

- Arturo Casas, “*Agromar. Farsa para rapaces* (1936), a tentativa teatral de Filgueira Valverde”, pp. 149-170.

Fala da publicación desta obra teatral e realiza unha sucinta análise da que é a única obra teatral do autor, enmarcada pola situación política na que foi publicada e que determina a interpretación social e política da farsa.

- Francisco Cerviño González, “Filgueira Valverde. Literatura e política”, pp. 171-176.

Abórdase a postura política tomada por Filgueira Valverde tras a insurrección militar de 1936 e a posterior guerra civil. Móstrase a complicada relación entre o mundo literario e o político.

- Esther Corral Díaz, “Don Xosé Filgueira Valverde e os estudos da épica galego-portuguesa medieval”, pp. 187-196.

Destaca a busca por parte do homenaxeado de trazos propios da épica na literatura galego-portuguesa medieval, agochados tras a poesía lírica e o romanceiro popular.

- Xosé Manuel Dasilva, “A actividade de Filgueira Valverde como camonista”, pp. 197-216.

Repasa os estudos que Filgueira Valverde fixo sobre Luis de Camões e nos cales non soamente salienta a relación coa literatura castelá, senón que tamén desenvolve a tarefa de tradutor de Camões do portugués para o castelán.

- Cecilia Doporto Regueira e José Ángel Docobo Durantes, “A relación epistolar de Filgueira co astrónomo e matemático Ramón María Aller”, pp. 233-248.

Dá conta do interese de Filgueira Valverde por relacionarse con intelectuais versados en áreas de coñecemento máis alá das literarias, que neste caso se traduciu nunha colaboración literaria n'*O Gaiteiro de Lugo*.

- Elvira Fidalgo, “Figueira Valverde e as *Cantigas de Santa María*”, pp. 249-266.

Aborda o interese do autor nas *Cantigas* afonsinas, que demostrou cando escolleu a análise dunha das cantigas como tema da súa tese de doutoramento. Destaca que este

interese permaneceu ao longo de toda a súa carreira, mostra do cal foi a edición que realizou a principios dos anos 80 das *Cantigas de Santa María* localizadas en Galicia.

- Elsa Gonçalves, "Don Xosé Filgueira Valverde e a lírica trovadoresca galego-portuguesa", pp. 291-304.

Fai un recorrido pola influencia que nos seus estudos sobre este tipo de lírica tivo a obra ensaística de Filgueira Valverde, constituíndo un faro que a guiou nas investigacións neste campo.

- Arcadio López-Casanova, "Poética e poesía das *6 canciones de mar in modo antico*", pp. 317-334.

Aborda o tema da escola neotrobadoresca, que xorde nos anos trinta do século XX e que supón a revalorización das formas da lírica popular. Subliña que xa na posguerra e dentro desta corrente, Filgueira Valverde escribe e publica na revista *Albor* estas seis cancións, obxecto dunha breve análise ao final do artigo.

- Antón Lopo, "O baúl de don Xosé. Os *Adral*, a nostalxia e a infancia en Filgueira Valverde", pp. 335-344.

Fala dos recordos do pasado de Filgueira Valverde na vila pontevedresa e destaca que estas memorias, integradas nos volumes de *Adral*, non entran só nos detalles persoais senón que tamén debuxan unha imaxe da sociedade pontevedresa do seu tempo.

- Basilio Losada, "Adral", pp. 345-352.

Trata esta obra publicada en nove volumes que recolle moitos dos traballos de Filgueira Valverde, con ensaios e artigos sobre infinidade de temas, tanto históricos como literarios ou sociolóxicos, pero nos que a erudición do autor destaca por encima de todo.

- Pegerto Saavedra, "Xosé Filgueira Valverde, camiñando polos vieiros abertos por Feijoo e Sarmiento", pp. 405-416.

Destaca o carácter polígrafo de Filgueira Valverde dentro do eido das letras, con ensaios non só no campo literario senón tamén etnográfico, constituíndose en discípulo de Feijoo e Sarmiento.

**Referencias varias:**

- Elizabeth López, "La Real Academia invita a exaltar el gallego mañana en el 'día grande de la palabra", *Diario de Ferrol*, p.27/ *El Ideal Gallego*, p. 29, "Galicia", 16 maio 2015.

Recolle as declaracións de Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, sobre a figura de Xosé Filgueira Valverde, de quen sinala que ofrece moitas visións. Saliéntase a publicación dos "Cadernos Ramón Piñeiro" dedicada ao homenaxeado *Xosé Filgueira Valverde. Homenaxe. Quíxose con primor e feitura.*

- Vicente Paza, "A RAG invita a exaltar o galego no novo 'día grande da palabra", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 16 maio 2015, p. 41.

Infórmase da presentación do volume que se publicou sobre o autor pontevedrés co gallo do Día das Letras Galegas. Recóllese información sobre a súa biografía e tamén sobre os diferentes campos aos que dedicou investigacións. Indícase que o presidente da Real Academia Galega afirma que a situación da lingua galega é preocupante, mais que a literatura galega está "nun momento verdadeiramente extraordinario".

- A. Agulla, "O Club de Opinión Portocelo lembra ao mestre Filgueira Valverde", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 17 xuño 2015, p. 17.

Céntrase no acto de homenaxe a Filgueira Valverde organizado polo Club de Opinión Portocelo no Museo Manuel Torres. Indícase que incluíu a presentación do XXXI volume dos "Cadernos Ramón Piñeiro" que leva por título *Xosé Filgueira Valverde. Homenaxe. Quíxose con primor e feitura*.

**Freixeiro Mato**, Xosé Ramón, *A poesía oculta de Filgueira Valverde. Guerra Civil, literatura franquista e galeguismo n'*O Gaiteiro de Lugo, lim. do autor, A Coruña: Baía Edicións, marzo 2015, 128 pp. (ISBN: 978-84-9995-161-4).

Volume de Xosé Ramón Freixeiro Mato (Carballo, 1951) no que atribúe a Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996) a autoría dos tres "Xuicios do Ano" publicados n'*O Gaiteiro de Lugo* nos anos 1937, 1938 e 1939. A obra abre cun "Limiar" no que o Freixeiro Mato expón as súas pretensións: demostrar que o verdadeiro autor dos textos foi Filgueira Valverde e non Antonio Noriega Varela, como se tiña pensado. Séguenlle a este prólogo os sete apartados que constitúen o libro. En "1. Tres poemas na procura de autor", fai alusión a traballos anteriores nos que xa tiña negado a autoría de Noriega Varela, a pesar de que tal atribución se apoiaba no testemuño de Filgueira Valverde, e apuntado a figura do propio polígrafo pontevedrés como posíbel autor dos textos. En "2. Noriega Varela e Filgueira Valverde na Segunda República e durante a Guerra Civil" fala da actividade e da ideoloxía que mantiveron os dous autores durante este período. A terceira sección, denominada "*O Gaiteiro de Lugo* na década de 30", dá conta da relación dos dous autores con esta publicación e divídese en tres apartados: "3.1. Breve historia e significado", onde se fala da historia deste almanaque e "3.2. A participación de Noriega Varela" e "3.3. A participación de Filgueira Valverde", onde mostra a participación directa e intensa dos escritores na publicación. Na cuarta sección, intitulada "Os 'Xuicios do Ano' de 1937, 1938 e 1939 n'*O Gaiteiro de Lugo*", reprodúcense os tres textos ao redor dos que xira a obra. Séguenlle dous apartados nos que se expoñen, respectivamente, as "Razóns que negan a autoría de Noriega Varela" e as "Razóns da atribución a Filgueira Valverde", que son de tres tipos: persoais ou circunstanciais, ideolóxicas e lingüístico-estilísticas. Finalmente, no apartado "Conclusión", o autor afirma que as razóns expostas, especialmente as lingüísticas, achegan argumentos suficientes para atribuír a autoría dos textos a Filgueira Valverde.

**Referencias varias:**

- Jaureguizar, “As peores anfetaminas de Occidente”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 12 abril 2015, p. 76/ *El Progreso*, “Vivir”, 11 abril 2015, p. 48, “Cultura”, “Cidade xardín”.

Faise referencia á edición deste ensaio e explícase que nel son atribuídos a Filgueira Valverde “tres poemas no que un autor descoñecido enumeraba as regalías que nos proporcionaba o franquismo”.

- Jaureguizar, “Freixeiro Mato. ‘Tres poemas de Noriega son de Filgueira”, *El Progreso*, “Cultura vivir”, “Literatura”, 15 maio 2015, p. 81.

Dáse conta da presentación deste volume e sinálase que o autor atribúe a Filgueira Valverde tres poemas que se consideraban do escritor Noriega Varela, publicados n'*O Gaiteiro de Lugo*. Recóllese que estes poemas enxalzan a figura de Franco e explica as razóns que xustifican esta identificación.

**Ferro Ruibal**, Xesús (ed.), *Xosé Filgueira Valverde. O noso Adral*, intro. do ed., A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega. Letras galegas, 2015, 134 pp. (ISBN: 978-84-9757-289-7).

Volume editado por Xesús Ferro Ruibal (Moraña, 1944), no que recolle unha antoloxía de artigos de Xosé Filgueira Valverde publicados en *La Voz de Galicia*. Ábrese coa introdución, escrita polo editor, que se divide en dúas partes: na primeira, titulada “Filgueira nunha cuncha”, faise un breve repaso das variadas actividades que o autor desenvolveu ao longo da súa vida: profesor, político, editor, membro de sociedades culturais e escritor de poesía, teatro, relatos, artigos e ensaios de diversos temas: literarios, históricos, etnográficos, etc; na segunda, titulada “O noso *Adral*”, fálase do contido do volume, o cal pretende ser un novo *Adral*, facendo referencia aos volumes do mesmo título nos que se recolleu moita produción do autor. Así mesmo reflexionase sobre o carácter xeral dos artigos, enfatizando a importancia dos valores culturais galegos, da idiosincrasia galega e da amnesia en relación con moito do pasado galego. Tras unha breve explicación sobre os criterios desta edición, respecto ás particularidades lingüísticas do galego empregado por Filgueira Valverde, encóntranse os vinte e catro artigos do autor que forman o núcleo do volume. Subliña que a diversidade das temáticas é moi ampla, con artigos que abordan asuntos tan variados como a festa dos Maios, a historia de vilas como Pontevedra e Padrón na época medieval, a situación dos vellos centenarios na Galicia do século XVIII, a etimoloxía da palabra “milladoiro” ou a creación e funcionamento da “Sociedad del Folklore Gallego” e o Seminario de Estudos Galegos, entre outros. En relación cos aspectos literarios, destacan aqueles artigos nos que se salienta a importancia dos cancioneiros medievais (“O códice de Berkeley e o desinterese polos Cancioneiros”) e a dos cancioneiros populares (“A recollida do cancioneiro popular galego”), así como apuntamentos sobre figuras literarias como Luis Camões e Rosalía de Castro (“Camões en Rosalía”), Federico García Lorca (“O branco galán da *Danza da lúa* de García Lorca”) ou Dámaso Alonso (“Galicia en Dámaso Alonso”). A continuación, tras o epígrafe “Filgueira visto por xornalistas de La Voz”, reprodúcense tres diferentes entrevistas concedidas polo autor a tres xornalistas de La Voz, centradas en diversos temas: a primeira, asinada por J. Navemer, aborda o tema da recolección da música e danza popular; na segunda, asinada por Xosé Manuel Dapena, Filgueira Valverde fala do seu labor xornalístico en Galicia; por último, na terceira,

asinada por Manoli Sío Dopeso, lémbrase o labor de Filgueira Valverde no mundo universitario. Remata o libro cunha breve bibliografía do autor.

**Regueiro**, Manuel e Fernando **Regueiro**, *As razóns do galeguismo autonomista. Xosé Fernando Filgueira Valverde*, intro. Xulio Xiz, epíl. dos autores, [Lugo]: Galicia Dixital e Xunta de Galicia, 2015. (DL: LU-150-2015). ■

Estudo e edición dunha conferencia de Xosé Filgueira Valverde realizados por Manuel Regueiro (Perbes, Miño, 1943) e Fernando Regueiro Pérez a partir dun texto manuscrito atopado no Museo Provincial de Pontevedra. O traballo ábrese cunha introdución do xornalista Xulio Xiz na cal introduce o contexto en que se impartiu esta conferencia, lida o 18 de xuño de 1936, e explica o seu contido: a solicitude, en nome da Dereita Galeguista, do voto afirmativo para o plebiscito do Estatuto. Deseguido os editores amplían as circunstancias daquela lectura, nun capítulo titulado "Contexto histórico-vital da conferencia-mitin" (pp. 9-19), no cal tamén fala da formación intelectual e as posicións políticas de Filgueira Valverde. O orixinal manuscrito do polígrafo pontevedrés é reproducido mediante fotografía coa súa correspondente transcrición debaixo. Para pechar o libro recóllese un epílogo, "O problema autonómico dramáticamente adiado" (pp. 59-60) onde os autores fan unha síntese do valor do texto, da súa intencionalidade e a resituación de Filgueira Valverde logo da guerra.

**Referencias varias:**

- L. P., "Un libro recupera el discurso en el que Filgueira pidió votar el Estatuto", *El Progreso*, "Lugo", 18 setembro 2015, p. 9.

Sintétizase a presentación do libro de Manuel Regueiro e Fernando Regueiro. Indícase que nel se recupera unha conferencia que deu Filgueira Valverde animando o pobo galego, en nome da dereita galeguista, a votar a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia. Coméntase que a intervención de Filgueira ten transcendencia debido ao contexto histórico. Engádese que á presentación do libro acudiron Xesús Ferro e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

- José Pereira, "Filgueira: estatuto e prudencia", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", 14 novembro 2015, p. 23.

Indícase que nesta obra está explicado de xeito eficaz como Filgueira Valverde pronunciou un discurso a favor da autonomía no referendo. Engádese que Filgueira se erixiu nos anos trinta como líder da dereita nacionalista cristiá, e afírmase que defendía o dereito a autogobernación, onde marcaba as diferenzas entre a cultura galega e a española.

- B. L., "Catro corais pontevedresas únense arredor da figura de Filgueira", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 17 decembro 2015, p. 15.

Entre outras actividades, informa da presentación deste libro no Museo Provincial de Pontevedra.

**Tarrío**, Anxo (ed.), *Xosé Filgueira Valverde: Día das Letras Galegas 2015*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, primavera 2015, 215 pp. (ISBN: 978-84-16183-82-1). ◆

Volume conmemorativo do Día das Letras Galegas, organizado polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela e editado polo profesor Anxo Tarrío Varela, no que se reúnen oito traballos que estudan as múltiples facetas vitais e creativas deste polígrafo galego ademais dunha escolma de textos xornalísticos. Péchase a obra cunha escolma de textos publicados en prensa e despois recollidos en *Adral* que teñen como elo temático a cidade de Santiago de Compostela e/ou a súa universidade. En relación coa literatura galega, acóllense os seguintes estudos:

- Darío Villanueva, "Filgueira Valverde, universitario compostelán (tres lembranzas en dous paraninfos)", pp. 15-21.

Comeza sinalando que non foi unha persoa achegada a Xosé Filgueira Valverde e celebra que a RAG decidise dedicarlle o día das Letras Galegas. No traballo, recupera tres lembranzas de contactos del co escritor no ámbito da Universidade de Santiago de Compostela (o congreso *Rosalía de Castro e o seu tempo* no paraninfo da institución; na investidura como Doutor *honoris causa* de Gonzalo Torrente Ballester no Salón do Colexio de Fonseca; e a investidura del coa mesma honra no paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia). Destes recordos destaca algunhas cuestións das súas disertacións e reflexións, así como algunha conversa mantida no transcurso deses actos, ao tempo que destaca a personalidade intelectual do pontevedrés.

- Mercedes Brea e Elvira Fidalgo, "Filgueira Valverde e a literatura galega medieval", pp. 23-51.

Repárase en que o interese pola literatura galega medieval foi unha constante ao longo de toda a vida de Filgueira Valverde. Consideran que malia non levar a cabo edicións críticas, acertou de pleno na interpretación dalgún texto complexo. Divídese o artigo en dous apartados: "As cantigas de Santa María", onde se realiza un percorrido polas publicacións de Filgueira relativas ao marial afonsino, apuntando que seguen sendo un punto de referencia para os estudosos actuais, entre outras cuestións. No seguinte apartado, "A lírica trobadoresca", analízase o traballo de Filgueira sobre esta temática, salientando que foi un auténtico pioneiro e que se debeu, en gran medida, ao ambiente cultural propiciado pola Xeración Nós.

- Luis Cochón, "Filgueira, semper docuit", pp. 115-121.

Realiza un perfil intelectual de Xosé Filgueira Valverde, afirmando que provén da estirpe dos ilustrados e salientando a publicación de vinte e dúas entradas na *Gran Enciclopedia Gallega,* entre outras cuestións. Por outro lado, considera que toda a súa obra de creación literaria está "enchoupada" polo don da poesía e ilustra a afirmación coas prosas de *Os nenos.* Ademais, lembra como era o pontevedrés nas aulas como mestre.

- Xesús Alonso Montero, "Un inédito de Filgueira Valverde sobre a sonetística galega", pp. 123-129.

Recorda que en 1995 estaba a realizar un traballo sobre o soneto en lingua galega e sinala que enviou a estudosos unha solicitude con vinte e unha cuestións. Repara nas persoas que lle contestaron e sinala que tamén o fixo Xosé Filgueira Valverde. A continuación, reproduce o inquérito sobre o soneto e considera que o pontevedrés, dada a súa saúde delicada, respostou sen consultar ás cuestións, o que, segundo el, probaría o coñecemento da poesía galega. Ademais dá a súa opinión a respecto dalgunhas respostas.

Tamén descrito no apartado XI. Literatura Medieval deste *Informe*.

**Recensións:**

**-** Carmen Ferreira, "Xosé Filgueira Valverde: o gran polígrafo galego", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 19 maio 2015, p. 42.

Coméntase esta monografía dedicada a Xosé Filgueira Valverde que recolle traballos e lembranzas de diferentes persoeiros como Darío Villanueva, Luís Cochón e Elvira Fidalgo, entre outros sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015. Saliéntase, dentro destes traballos, o realizado por Isabel Mociño "Xosé Filgueira Valverde na formación do sistema literario infantil e xuvenil", onde se fai un repaso ao labor en defensa do galego e a súa promoción a través de obras dirixidas a un público infantil e xuvenil, como son *Os nenos* (Editorial Lar, 1925) e *Agromar. Farsa para rapaces* (Imprenta Palacios, 1936). Explícase que o libro remata cunha escolma de textos de Filgueira Valverde publicados en prensa e que teñen como núcleo temático a cidade e a Universidade de Santiago de Compostela.

**Referencias varias:**

- Fran P. Lorenzo, "Alonso Montero glosa os vencellos de Xosé Filgueira Valverde coa USC", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 13 maio 2015, p. 41.

Repásase a presentación en Fonseca do volume que conmemora a figura de Filgueira Valverde, centrándose na súa relación coa Universidade de Santiago de Compostela (USC). Recóllense, entre outros datos, que Filgueira impulsou a "creación dunha cátedra de Lingua e Literatura Galegas na USC […] vencellada á licenciatura de Filoloxía Románica"; que foi un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos; que pronunciou a primeira conferencia na USC en galego no ano 1923; ou que foi partícipe nos anos 40 do século XX nos cursos de verán de galego para estranxeiros.

- P. Calveiro, "El 'sí quiero' de María Mera y Ghaleb Jaber", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 13 maio 2015, contracuberta.

Entre outras novas, dá conta da presentación desta monografía e destaca que estivo ao coidado de Anxo Tarrío.

# IV.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

**Beramendi**, Justo, "Filgueira e o libre albedrío", *Tempos Novos*, n.º 216, "En foco", "O caso Filgueira: da poeira ao debate", maio 2015, pp. 16-19.

Co gallo da homenaxe no Día das Letras Galegas a Xosé Fernando Filgueira Valverde, faise un repaso pola súa traxectoria vital e ideolóxica, dende a súa aproximación ás Irmandades da Fala, até a súa vida durante a ditadura franquista e despois da transición democrática.

**Bernárdez Vilar**, Xoán, "Adeus 'Chuchi', amiga", *Encrucillada*, n.º 193, "Crónica da cultura", maio-xuño 2015, pp. 102-110.

Neste percorrido polo panorama cultural galego, alúdese á celebración da figura de Filgueira Valverde no Día das Letras Galegas, aos actos de conmemoración celebrados en Pontevedra e á presentación do documental *Contextualizando a Filgueira Valverde* e dos "XXXI Cadernos Ramón Piñeiro" dedicados a Filgueira Valverde.

**Castro**, Antón, "A peito cheo", *Luzes*, n.º 14, "Ás ceibas", xaneiro 2015, p. 61.

Faise unha reflexión sobre a conmemoración do Día das Letras Galegas, na que se alude a autores como Lois Amado Carballo, Luís Pimentel, Blanco Amor, Manuel Murguía, Ángel Fole, Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro e Luís Seoane. Coméntase a ausencia de público nun acto celebrado no Museo Ágora da Coruña.

**Doporto Regueira**, Cecilia, "La figura de Buenaventura Cañizares del Rey a través del epistolario entre Xosé Filgueira Valverde y Ramón María Aller Ulloa", *Lvcensia*, n.º 51, vol. XXVI, 2015, pp. 173-186.

No contexto dun estudo sobre a figura de Buenaventura Cañizares del Rey, achéganse fragmentos do epistolario mantido entre Ramón María Aller Ulloa e Xosé Filgueira Valverde.

**Freixanes**, Víctor F., "O vello profesor", *Grial*, n.º 205, "Carta do editor", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 5-7.

Comeza destacando o labor investigador e divulgativo de Xosé Filgueira Valverde, para pasar a salientar a "biografía intelectual" presentada por Xesús Alonso Montero. Coméntase a estreita relación do autor coa cidade de Pontevedra, dende a alcaldía, o Instituto de Ensio Medio e o Museo Provincial. Entre todas as facetas de Filgueira, destácanse o seu labor docente e a súa vocación didáctica, presentes na peza de teatro *Agromar. Teatro escolar galego. Farsa para rapaces*.

**Fuentes Alende**, Xosé, "Filgueira Valverde, crente na vida e na obra", *Encrucillada*, n.º 192, "Estudo", marzo-abril 2015, pp. 54-70.

Faise unha semblanza en varios apartados da figura de Xosé Filgueira Valverde. Tras unha breve introdución, no apartado "Católico fronte a galeguista", trátase a súa conciliación do cristianismo e o galeguismo. Na segunda sección, "Iniciativas e proxectos", dáse conta de iniciativas como a fundación de confrarías, a revista *Logos*, a revista *Spes* ou o impulso do uso do galego na liturxia. A seguir, "A obra escrita" adícase ao seu traballo en materia literaria, aludindo á súa investigación sobre as *Cantigas de Santa María* ou ao tratamento do tema do apóstolo Santiago. Por último, no "Epílogo", conclúese salientando o espírito católico que mostrou nas súas publicacións.

**Monteagudo**, Henrique e Santiago **Jaureguizar**, "Que facemos co Día das Letras Galegas?", *Luzes*, n.º 18, "Debates intrépidos", 2015, pp. 34-35.

Establécese un debate sobre o Día das Letras Galegas. Monteagudo defende a pertinencia da celebración, mais pon de relevo a necesidade dunha cultura viva e crítica máis que conmemorativa. Jaureguizar chama a atención sobre a necesidade de abrir o número de persoas que votan para elixir o homenaxeado. Ambos os dous mencionan a polémica xurdida a raíz do nomeamento de Filgueira Valverde e reivindican a necesidade de horizontes máis plurais para a cultura galega.

**Noia Campos**, Camino, "Os estudos de lingua e literatra galegas de Filgueira Valverde", *Grial*, n.º 205, "Letras Galegas", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 127-131.

Co gallo do Día das Letras Galegas dedicado a Filgueira Valverde en 2015, faise un repaso pola súa figura como escritor e como erudito. Comézase cunha introdución na que se explican os motivos da Real Academia Galega para elixir a este autor e no que se trata brevemente a controversia xerada nos medios de comunicación. No apartado "Traballos sobre lingua e literatura galegas" recóllense os traballos de Filgueira Valverde neste ámbito, como os artigos "Namentras non falemos na nosa lingua", "A fala galega", "Os eidos do galeguismo" e "O galego verdadeiro". Na sección "O interese pola poesía galega medieval" abórdanse as súas investigacións sobre a lírica medieval e menciónanse os distintos artigos e libros de Filgueira Valverde rrespecto a este tema. O terceiro apartado, "Sobre textos e autores galegos modernos", desenvolve o labor de Filgueira analizando os textos doutros escritores galegos, entre os que se salienta o artigo "Rosalía Castro e a música", aínda que tamén estudase a autores como Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro e Eduardo Blanco Amor. Por último, conclúese co breve apartado "Filgueira editor", no que se analiza o seu labor como coeditor das coleccións "Bibliófilos Gallegos" e da Fundación Barrié de la Maza. Conclúese resaltando o traballo de Filgueira a prol do patrimonio literario galego.

**Ramos Rodríguez**, Xosé e Antón **Costa Rico**, "Panoraula", *Revista Galega de Educación*, n.º 61, abril de 2015, p. 91.

Faise un breve repaso das novas do panorama educativo. No apartado "Arredor da galeguización" dáse conta da publicación do número 9 de *Novas Penzol*, dedicado a Xosé Filgueira Valverde, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Saliéntanse as súas obras *Os nenos* (1925) e *Quintana viva* (1971), así como a súa promoción de traballos escolares no Museo de Pontevedra.

**Vázquez Freire**, Miguel, "De Bernhard a Filgueira Valverde", *Tempos Novos*, n.º 216, "En foco", "O caso Filgueira: da poeira ao debate", maio 2015, pp. 20-23.

Co gallo de dedicar o Día das Letras Galegas 2015 a Xosé Fernando Filgueira Valverde, faise unha reflexión sobre a política do intelectual. En "Sastre, Camus: o escritor como educador", retrátanse os escritores como "educadores", aludindo ás figuras destes escritores. A continuación, no apartado "Céline, Álvaro Cunqueiro e Filgueira", discútese a pertinencia de equiparar o labor de Filgueira ao de Álvaro Cunqueiro. Por último, en "Figura literaria ou heroe cívico?" reflexiónase sobre a confusión entre a valía estética e a exemplaridade cívica.

**Vázquez Martínez**, Xosé Ramón, "Xosé Filgueira Valverde", *Adral*, n. º 23, "Actualidade", outubro de 2015.

Achégase unha análise grafolóxica da personalidade de Filgueira Valverde. Tras a observación dunha carta que escribiu, saliéntanse a súa sinxeleza, o seu carácter activo e dinámico, a súa sensibilidade artística e a súa busca do sentido estético.

**Villamor**, Luís, "A política da Xunta coa lingua insírese na deconstrución da nosa identidade", *Tempos Novos*, n.º 216, "En foco", "O caso Filgueira: da poeira ao debate", maio 2015, pp. 24-31.

Reprodúcese unha entrevista con Francisco Fernández Rei, na que se tratan diversos temas. No que atinxe á literatura galega, coméntase a elección de Filgueira, que Fernández Rei defende, posto que foi "elixido democraticamente".

# IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

**Alonso Girgado**, Luís, "Filgueira Valverde e Santiago", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 21 marzo 2015, p. 40.

Coméntase a relación entre Filgueira Valverde e Santiago de Compostela, cidade da cal recibiu a Medalla de Ouro. Realízase un repaso da súa biografía en relación a esta cidade, sinálase o feito de estudar Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, ser o impulsor do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos ou o fundador do Consello da Cultura Galega, así como os diversos estudos que lle dedicou á temática xacobea.

**Alonso Montero**, Xesús, "Con Cervantes e Filgueira Valverde", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 9 xaneiro 2015, p. 7.

Coméntase brevemente a relación entre Xosé Filgueira Valverde e Miguel de Cervantes. Indícase que o autor homenaxeado publicou en 1948 o artigo "Don Quijote y el amor trovadoresco", na *Revista de Filología Española*.

_____, "Filgueira Valverde, sonetista", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 6 febreiro 2015, p. 12.

Noméanse os poemas escritos por Filgueira Valverde, na maioría dos casos descoñecidos ou non editados. Destácase, sobre todo, que a obra máis relevante do escritor é a crítica da lírica medieval, "eido no que era unha autoridade desde 1949". Reprodúcese, ademais, parte do "Soneto sonetil e didáctico".

_____, "Filgueira: 'La résurrection d´une langue", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 20 febreiro 2015, p. 7.

Achégase información dun estudo publicado polo autor homenaxeado e indícase que o traballo consiste nunha aproximación sociocultural da lingua galega, e que foi posteriormente adaptado para unha conferencia que ofreceu en 1991 en Santiago de Compostela. Engádese que o texto foi primeiramente publicado en francés, nos *Arquivos do Centro Cultural Português*, no ano 1990. Sinálase que a tradución ao francés foi feita por Paul Teyssier, e que se conservan un par de cartas entre ambos.

_____, "Tres textos sobre Filgueira", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 27 marzo 2015, p. 6.

Coméntase a publicación dunha biografía intelectual de Filgueira Valverde e indícase que nun capítulo preliminar son recollidas "cincuenta reflexións sobre Filgueira de escritores tan distintos como Otero Pedrayo, Rodrigues Lapa, Castelao, R. Piñeiro, Basílio Losada". Insírense algúns textos que falan da figura homenaxeada, o primeiro da autoría de Alexandre Bóveda e o resto de Ramón Piñeiro.

_____, "Nas vésperas do 17 de maio", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Tribuna", 29 abril 2015, p. 15.

Faise eco do conflito público que xira ao redor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2015. Sinálase que outros escritores homenaxeados tamén publicaran frases a favor do franquismo e ponse de exemplo a autores como Álvaro Cunqueiro, Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo ou Francisca Herrera Garrido.

_____, "Filgueira en Portugal", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 8 maio 2015, p. 13.

Refírese á relación do autor coa literatura portuguesa e do interese que este mostrou, sobre todo, pola literatura galego-portuguesa medieval. Menciónase un libro publicado por Filgueira Valverde en 1958, intitulado *Camoens*, onde "é moi orixinal cando examina a súa poesía castelá e cando compara, seguindo a Ramiro de Maeztu, Os *Lusíadas* co *Quixote*".

_____, "Filgueira e as 'mociñas galegas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 22 maio 2015, p. 6.

Alúdese ao estudo que realizou Filgueira Valverde durante os seus anos de universitario sobre o comportamento idiomático. Indícase que o ensaio é de 1980, e que leva por título *Da miña universidade nos anos vinte*. Tamén se puntualiza que Filgueira foi o segundo en dar unha conferencia en galego na Universidade, "pois a primeira pronunciáraa, en 1915, o profesor Porteiro Garea".

_____, "Filgueira: 'Deus volo premie", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 19 xuño 2015, p. 13.

Coméntase a tarefa de Filgueira Valverde nas Cortes franquistas do ano 1969, onde conseguiu, coa colaboración de Antonio Rosón, que se recollera na *Ley General de Educación* o ensino do galego no nivel de primaria. Indícase que para conseguilo, Filgueira Valverde fixo referencia ás virtudes pedagóxicas presentadas polo Padre Sarmiento.

**Araguas**, Vicente, "Filgueira: un pouco máis", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Agora xa foi", 7 xuño 2015, p. 41.

Fala da defensa que Xesús Alonso Montero fai da figura de Filgueira Valverde, controvertida polas súas conexións co franquismo. Destácase que o homenaxeado nunca desprezou a súa fala nin a súa cultura, senón que aproveitaba todas as fendas da ditadura para promover o galego e a Galicia.

**Blanco Valdés**, Juan L., "Dous domingos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Bágoas de crocodilo", 16 maio 2015, p. 42.

Realízase unha exaltación da figura homenaxeada e indícase que "Don Xosé foi un home honesto, un sabio da vella escola que viviu no país que lle coubo vivir".

**Blanco Vila**, Luis, "Dámaso Alonso y Filgueira Valverde", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí!", 5 outubro 2015, contracuberta.

Coméntase a relación que mantivo con Dámaso Alonso e con Filgueira Valverde. Resúmense, de forma breve, os últimos anos de Dámaso Alonso como profesor universitario e como responsable da Real Academia Española. Sobre Filgueira Valverde coméntase que compartiron algúns momentos xuntos, indicando que posúe unha fotografía con el xunto á Catedral de Santiago de Compostela.

**Blas**, Ceferino de, "Los tabúes de Filgueira", *Faro de Vigo*, "Opinión", 25 maio 2015, p. 67.

Repásase a listaxe dos homenaxeados no Día das Letras Galegas e indícase que Emilia Pardo Bazán, Ramón Mª del Valle Inclán e Camilo José Cela non están incluídos como "literatos gallegos". Fálase de Filgueira Valverde, da súa relación co franquismo e da industrialización de Pontevedra.

**Castro Ratón**, Xosé, "Día das Galegas nas Letras", *Diario de Arousa*, "Opinión", 16 maio 2015, p. 26.

Alúdese á creación do "Día das Galegas nas Letras", por parte da plataforma A Sega. Indícase que A Sega é "un colectivo feminino de voces individuais que se xuntan ao servizo da xente". Exponse que a iniciativa procura "celebrar a figura dunha muller que contribuíse de forma sobranceira á cultura en xeral e á literatura en particular". Coméntase que no ano pasado se "rendeu tributo á memoria de Dorothé Schubarth" e que "agora veñen de escoller a María Victoria Moreno". Achégase unha breve biografía da autora homenaxeada en 2015.

**Caneiro**, Xosé Carlos, "De quintana", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Club dandi", 8 maio 2015, p. 12.

Refírese ao debate que xurdiu sobre a homenaxe de Filgueira Valverde e destácase a importancia das achegas do polígrafo pontevedrés, afirmando que "hai que ler a Filgueira", sobre todo no campo da literatura galega medieval.

**Cochón**, Luís, "Filgueira na fin do afincamento", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 31 decembro 2015, p. 41.

Alúdese a varios fitos na vida e obra de Filgueira Valverde. Comézase indicando que recibiu o Pedrón de Ouro e reprodúcense unhas verbas do seu discurso de recepción do premio na Casa da Matanza. Continúase establecendo unha relación entre Santiago de Compostela e Pontevedra, explicando que foron dúas cidades con gran significado para o autor. Por último, engádense varios fragmentos d'*Os nenos*.

**Dobarro**, Xosé María, "De Filgueira Valverde e Carvalho Calero", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 18 xaneiro 2015, p. 20.

Realízase unha breve achega á figura de Carvalho Calero como personalidade para ser escollida pola Real Academia Galega para homenaxear no Día das Letras no próximo ano, "no que, a maiores, se cumpren vintecinco anos do pasamento do mestre".

**Fernández Fernández**, Ángel, "Xosé Filgueira Valverde-As Letras Galegas 2015", *O Sil*, "*Especial Santa Rita Maio 2015*", "Colaboración", maio 2015, p. 14.

Réndeselle homenaxe ao "polígrafo" pontevedrés, faise un repaso da súa biografía intelectual e explícanse os motivos polos cales é merecedor da homenaxe. Fai referencia, ademais, a unha relación epistolar que mantivo co autor, sobre un folleto do padre Sarmiento, e tamén sobre a familia Prada.

**Fernández Otero**, José Carlos, "Filgueira Valverde", *La Región*, "Opinión", "Mis reflexiones", 14 maio 2015, p. 34.

Recóllense anécdotas e vivencias persoais que xiran ao redor da figura de Filgueira Valverde e achégase unha breve biografía do autor. Destácase a importancia que este tivo na provincia de Pontevedra, onde "estimulou o eido cultural e promovou numerosas medidas dirixidas á conservación do conxunto histórico e monumental".

**Ferro Ruibal**, Xesús, "Filgueira: innovación no teatro escolar", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "De cotío", 2 marzo 2015, p. 14.

Ofrécese un breve resumo de *Agromar*, "a primeira peza de teatro xuvenil da nosa historia", publicada baixo o heterónimo Juan Acuña. Indícase que o conflito lingüístico, xunto co conflito aldea-cidade e a adolescencia, están desenvoltos "cunha lingua pulcra e fraseoloxicamente rica". Ademais, engádese que se trata dunha "ópera aberta", pois o autor permite expresamente modificar a obra.

**García López**, Xoán A., "Palabras-lingua-cultura", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 26 maio 2015, p. 12.

Noméanse palabras que foron desaparecendo da lingua galega debido á falta de uso. Realízase unha reivindicación do uso da lingua galega e faise unha pequena homenaxe a Xosé María Pérez Pallaré, escritor ferrolán finado o 1 de novembro de 1987, o cal "nos deixou, á parte dunha gran colección de poemas, a súa bonomía, a súa amabilidade, o seu saber".

**González**, Víctor, "Galleguismos", *La Región*, "Opinión", 20 maio 2015, p. 32.

Recóllese a polémica que suscitou o nomeamento de Filgueira Valverde como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, sitúase a prol da súa figura e recóllese unha cita de Castelao onde se gaba a Pontevedra.

**Pérez-Lema**, Xoán Antón, "Filgueira Valverde", *Diario de Arousa*, p. 11/ *El Ideal Gallego*, p. 14, "Opinión", "Cadernos da viaxe", 11 maio 2015.

Trata a relación de Filgueira Valverde co franquismo e dise que se atopaba nunha "plena integración consciente no aparello institucional dun Réxime ilexítimo e opresor". Sinálase que se poden recoñecer os seus méritos culturais e a súa "achega sobranceira", mais acentúase que non se pode esquecer "o seu activismo político durante o franquismo".

**Ponte Hernando**, Fernando, "La tesis doctoral de Filgueira Valverde", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 maio 2015, p. 44.

Infórmase de que a tese de Filgueira Valverde foi presentada baixo o título *La Cantiga CIII: Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*. Explícase que foi editada "en rústica en agosto de 1936 por la USC- Instituto de Estudios Regionales", defendida na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid, e dirixida por Armando Cotarelo Valledor.

**Rozas**, Ramón, "Fillos dun mesmo tempo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí!", "A vida nun fío", 9 maio 2015, contracuberta.

Recóllese a relación entre Filgueira Valverde e Manuel Torres, debido a que se celebran vinte anos do pasamento do pintor. Explícase que foi acompañado por Filgueira Valverde no acto de apertura do Museo Manuel Torres e tamén que este lle cedeu ao Museo de Pontevedra algunha das súas pezas.

**Varela**, Alberto, "El pecado de ser de derechas", *ABC*, "Galicia", "Crónicas atlánticas", 17 maio 2015, p. 113.

Dáse conta da polémica que xurdiu ao redor da figura homenaxeada o Día das Letras galegas. Maniféstase a prol do recoñecemento de Filgueira Valverde e indícase que é merecedor debido á súa contribución á literatura e cultura galegas.

**Vázquez-Monxardín**, Afonso, "Ofensa ao galeguismo", *La Región*", "Opinión", 16 maio 2015, p. 37.

Indícanse as achegas que fixo o polígrafo pontevedrés á cultura galega e destácanse, entre outras cousas, que "el ergue a primeira editorial que edita en galego despois da Guerra Civil, Bibliófilos gallegos", e que colaborou na recuperación da casa de Rosalía de Castro.

_____, “Datas de Filgueira Valverde en Ourense”, *La Región*, “Opinión”, 19 maio 2015, p. 31.

Recóllense algúns fitos da relación de Filgueira Valverde con Ourense e sinálanse algunhas das conferencias, visitas ou asembleas ás que asistiu.

# IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

**Armesto**, Javier, "Xesús Alonso Montero. 'No franquismo todos fomos franquistas, eu tamén", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 maio 2015, p. 46.

Reproduce a conversa co presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, quen defende a figura de Filgueira Valverde e salienta a súa conciencia moral afirmando que esta sempre estará presente.

**Pereira**, José, "Xosé Fernando Filgueira Valverde, o gran mestre da cidade da 'boa vila", *Diario de Pontevedra*, "Diario das Letras", pp. 2-3/ "Xosé Filgueira Valverde. 'Cada un dos pobos de España ten o seu carácter", *El Progreso*, "Día das Letras Galegas", pp. 52-53, 17 maio 2015.

Dáse conta da reprodución íntegra dunha entrevista publicada meses antes do seu pasamento, o 26 de xullo de 1996. Fálase da cidade de Pontevedra, do Museo, e dos cambios producidos na sociedade pontevedresa. Así mesmo, recóllese a súa opinión sobre a situación da lingua galega. Por outra banda, coméntase as funcións do Consello da Cultura Galega, entidade que presidía nesa altura.

**Torre**, Sonia, "Montserrat González. 'Rendiremos homenaje a las letras con un acto poético musical", *La Región*, "Ciudadanos", 12 maio 2015, p. 14.

Reprodúcese a entrevista realizada a Montserrat González Iglesias, presidenta da Capela Madrigalista de Ourense e infórmase da actuación que acollerá o Auditorio ourensán o venres 15 de maio ás 20.30 horas para celebrar o Día das Letras Galegas 2015 na que se funden música e poesía tanto do homenaxeado Filgueira Valverde coma doutros autores destacados da literatura galega, como Alfonso X, Castelao e Rosalía de Castro.

**Varela**, Lourdes, "Xosé Fernando Filgueira Valverde. 'O meu pai deunos unha educación liberal, pero moi estricta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 542, "Letras Galegas 2015", 16 maio 2015, p. III.

Recóllese unha entrevista ao fillo de Filgueira Valverde, tamén presidente da fundación homónima. Céntrase na figura do homenaxeado e explícanse os motivos polos cales cambiou do Partido Galeguista á Dereita Galeguista. Ademais indícase que Filgueira Valverde aceptou o cargo de alcalde durante o franquismo para defender a cultura galega dende dentro.

# IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

**A. R.**, "Día das Letras Galegas", *ABC*, "Galicia", 18 maio 2015, pp. 90-91.

Dá conta das actividades realizadas en Galicia co gallo da celebración do Día das Letras Galegas 2015. Recolle as principais impresións do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, sobre o homenaxeado Filgueira Valverde, de quen destacan a súa laboura pola dignificación da lingua galega e do Museo de Pontevedra, que debería levar o seu nome.

**Abet**, P., "Cultura en las bolsas de la compra", *ABC*, "Galicia", "Día das Letras Galegas", 13 maio 2015, p. 79.

Infórmase da iniciativa levada a cabo pola empresa Gadis, consistente na entrega aos clientes dun repertorio de nanas tradicionais galegas e a tirada de dous millóns de bolsas coa imaxe de Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado o Día das Letras Galegas 2015.

_____, "O día do vello profesor", *ABC*, "Galicia", 17 maio 2015, p. 113.

Salienta a relevancia da figura de Filgueira Valverde como erudito que puxo en valor a lingua galega. Recolle as verbas de Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, sobre o homenaxeado, de quen resalta a súa rigorosa moral.

**Abilleira**, Marina, "Filgueira Valverde: del papel al 'byte", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 4 febreiro 2015, p. 12.

Dáse noticia da intención de dixitalizar documentos de Filgueira Valverde (como a súa produción epistolar) e de reeditar a obra *Os nenos*, publicada en 1926.

**Agís Villaverde**, Marcelino, "Onde está Filgueira...", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al sur", 27 abril 2015, p. 2.

Faise eco da inauguración, no Museo de Pontevedra, da mostra "Filgueira Valverde. Un faro na construción de Galicia", na que se resumen noventa anos de paixón pola lingua galega a través da vida e a obra de Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado no Día das letras Galegas 2015.

**Alonso Girgado**, Luis, "O xornalista", *Diario de Arousa*, p. 37/ *Diario de Ferrol*, p. 22, "*Especial Letras Galegas*", 17 maio 2015.

Salienta a figura de Xosé Filgueira Valverde coma articulista colaborador de numerosos xornais galegos, como *El Ideal Gallego*, *Galicia*, *El pueblo Gallego*, *La Noche*, *El Correo Gallego*, *El Diario de Pontevedra*, *La Voz de Galicia*, entre outros.

**Alonso Montero**, Xesús, "O catedrático que non foi", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 542, "Letras Galegas 2015", 16 maio 2015, p. II.

Destaca a figura de Xosé Filgueira Valverde como experto medievalista, especialmente no eido da literatura galega, e que lle correspondería ter ostentado unha cátedra.

**Álvarez**, Mario, "Filgueira defende a actuación do seu pai a favor do idioma", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 maio 2015, p. 42.

Alude á defensa realizada por Xosé Fernando Filgueira Iglesias sobre a figura do seu pai como homenaxeado o Día das Letras Galegas 2015, de quen salienta o seu labor a prol da lingua galega.

_____, "A RAG pide 'bautizar' como Filgueira Valverde o Museo de Pontevedra", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 18 maio 2015, p. 43.

Informa sobre o acto organizado pola Xunta de Galicia no Día das Letras Galegas 2015. Salienta a iniciativa proposta nel por Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, sobre rebautizar o Museo de Pontevedra co nome de Filgueira Valverde.

**Álvarez Pousa**, Concepción, "Filgueira Valverde: a presenza do mar nunha singradura ao servizo da cultura galega", *O SIL*, "*Especial Letras Galegas*", maio 2015, p. 6.

Ponse de manifesto o prolífero traballo realizado por Xosé Filgueira Valverde en beneficio da cultura galega e céntrase nun dos eixos fundamentais da súa traxectoria: a imaxe do mar. Saliéntanse obras como *O vigairo: ensaio simbólico, orixinal e inédito* (1927), *Archivo de Mareantes* (1946) e *Pontevedra y el mar, textos para la antología de una tradición* (1963).

**A. R.**, "Semana das Letras na biblioteca", *O SIL*, "*Especial Letras Galegas*", maio 2015, p. 7.

Menciónanse as actividades que se levaron a cabo na Biblioteca Pública Municipal da Rúa co gallo das Letras Galegas 2015: exposición de marcapáxinas, xogos ao redor da figura do homenaxeado Xosé Filgueira Valverde, espectáculo de música "Libros en-cantados", a cargo de Magín Blanco, e "Os escritores do calendario en cómic" de Ana Santiso.

**Araguas**, Vicente, "O día Filgueira", *Diario de Arousa*, p. 36/ *Diario de Ferrol*, p. 20, "*Especial Letras Galegas*", 17 maio 2015.

Reflexiona ao redor da polémica suscitada coa escolla de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015, salientando a súa relevancia para a cultura galega e loando a espléndida lingua galega que manexaba o polígrafo.

**B. L.**, "O Consello da Cultura Galega celebrará o Concerto das Letras en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", "Ano Filgueira", 7 maio 2015, p. 15.

Faise eco da celebración do concerto das Letras no Centro Social de Afundación en Pontevedra a cargo da Real Filharmónica de Galicia e coa participación da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra.

_____, "Os alumnos do Sagrado Corazón estrean un documental sobre Filgueira", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 26 maio 2015, p. 21.

Alude á estrea dun documental sobre Xosé Filgueira Valverde realizado por oitenta alumnos de ensino secundario do colexio Sagrado Corazón de Pontevedra, que poderá consultarse na vitácora do departamento de galego do centro.

_____, "Pontevedra centra el final del Ano das Letras dedicado a Xosé Filgueira Valverde", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 11 novembro 2015, p. 11.

Refírese ao congreso realizado conxuntamente polas catro institucións culturais galegas, das que se indica que é a primeira vez que se reúnen conxuntamente: Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega, Fundación Barrié de la Maza e Museo de Pontevedra. Coméntase que a primeira parte do Simposio se realizou en Pontevedra, coa mesa redonda do ciclo "Filgueira Valverde na cultura galega do século XX", á que deu continuación "Pontevedra en Filgueira Valverde". Engádese que o simposio pretendeu reflexionar sobre as diversas facetas do autor homenaxeado.

_____, "Catro corais pontevedresas únense arredor da figura de Filgueira", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 17 decembro 2015, p. 15.

Entre outras novas, comenta a celebración dun gran concerto en Afundación para honrar a figura de Filgueira Valverde, que inclúe a interpretación dalgunhas pezas do propio autor.

**Ballester**, Amelia, "Vegalsa-Eroski celebra o Día das Letras cunha tirada especial de 2.500.00 bolsas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 12 maio 2015, p. 42.

Alude á iniciativa levada a cabo pola empresa Vegalsa-Eroski con motivo das Letras Galegas 2015, que consiste na difusión da figura do homenaxeado Xosé Filgueira Valverde a través de material promocional e divulgativo como carteis e bolsas.

_____, "Gadis edita 20.000 exemplares do inédito 'Cantos de berce", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 maio 2015, p. 42.

Dáse noticia da edición de vinte mil exemplares da obra inédita *Cantos de berce* por parte de Gadis para homenaxear a figura de Xosé Filgueira Valverde nas Letras Galegas 2015.

**Beramendi**, Justo, "Filgueira Valverde e o nacionalismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da*

*Cultura*", n.º 542, "Letras Galegas 2015", 16 maio 2015, cuberta.

Realiza un repaso da situación do nacionalismo galego na época de Xosé Filgueira Valverde, no que este participou até que as súas discrepancias ideolóxicas o posicionan nas políticas de dereitas, polo que abandonou a dirección do Partido Galeguista e acabou por escindirse, xunto cun escaso número de persoas, na Dereita Galeguista de Pontevedra, o que o protexeu da represión franquista.

**Bernárdez**, Carlos L., "Da luz de Filgueira Valverde", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 541, "Arte/exposicións", 7 maio 2015, p. III.

Infórmase da exposición que o Museo de Pontevedra dedica a Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado o Día das Letras Galegas 2015. Incídese no carácter documental dos traballos de Filgueira, así como os datos biográficos e o traballo de campo, metodoloxía que prima por riba da análise estilística.

**Blas**, Ceferino de, "Filgueira Valverde, el hombre que más sabía de Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 16 maio 2015, p. 37.

Infórmase da publicación do volume *Filgueira Valverde y Faro de Vigo* (2015), onde se recollen as colaboracións de Filgueira Valverde no xornal *Faro de Vigo*, así como unha achega á súa biografía. Indícase a división interna de dita obra, separada cronoloxicamente en catro partes, dende a súa mocidade até o ano do seu pasamento.

**Bouza**, Anxo, "Vegalsa-Eroski conmemora o Día das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Especial", 17 maio 2015, p. 21.

Faise eco da iniciativa levada a cabo pola compañía Vegalsa-Eroski con motivo do Día das Letras Galegas 2015, que consiste na edición de dous millóns e medio de bolsas e cinco centos carteis alusivos a Filgueira Valverde. Ademais, coméntase que colaborará na edición de *No bico un cantar*.

**C. A.**, "El IES Lois Peña Novo programa decenas de actividades por las Letras Galegas", *El Progreso*, "A Chaira", 10 maio 2015, p. 23.

Reprodúcese o programa de actividades que o IES Lois Peña Novo de Vilalba organiza co gallo do Día das Letras Galegas: recitais, teatro, obradoiros, chapas e graffitis.

**Calveiro**, P., "A antesala das Letras Galegas eleva a figura de Filgueira Valverde", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 febreiro 2015, p. 40.

Indica que se pon en marcha a programación para difundir e afondar na figura do homenaxeado o Día das Letras Galegas e que inclúe, entre outros, exposicións, proxectos na Rede, audiovisuais, publicacións conmemorativas, recitais e encontros. Comenta que colaboran a Consellería da Cultura, a Real Academia Galega (RAG), o

Consello da Cultura Galega (CCG), a Fundación Filgueira Valverde, a Deputación de Pontevedra, a televisión pública autonómica e outras empresas implicadas coa cultura. Salienta a exposición itinerante "Filgueira Valverde (1906-1996). Un faro na construción de Galicia", as actividades que se van a celebrar nos centros educativos, a páxina web impulsada pola Fundación Filgueira Valverde (www.filgueiravalverde.gal) e a dixitalización do seu epistolario por parte do Consello da Cultura. Tamén nomea a edición de monografías, como o novo número dos "Cadernos Ramón Piñeiro" ou a edición facsimilar d'*Os nenos* e a divulgación no exterior. Destácanse as palabras de Henrique Monteagudo, secretario da Real Academia Galega, sobre o homenaxeado, a quen considera o mellor candidato en canto á súa defensa e impulso da cultura galega.

_____, "Abre en Santiago unha mostra itinerante sobre Filgueira Valverde", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 abril 2015, p. 35.

Céntrase na mostra itinerante promovida pola Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra: "Xosé Filgueira Valverde (1906-1996). Un faro na construción de Galicia", que percorrerá vinte e dúas localidades galegas e que conta cunha versión ampliada no Museo de Pontevedra, que se pode ver até o 24 de maio de 2015.

_____, "El 'sí quiero' de María Mera y Ghaleb Jaber", "Filgueira y la USC", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 13 maio 2015, contracuberta.

Entre outras novas, dá conta da conmemoración realizada na Universidade de Santiago de Compostela polo Día das Letras Galegas 2015. Indica que o acto estivo presidido polo reitor Juan Viaño e salienta que contou cun relatorio do presidente da Real Academia Galega.

**C. B.**, "Velada literaria en Teo en torno a Filgueira Valverde", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.274 , 17 maio 2015, p. 4.

Anuncia a celebración dunha velada conmemorativa que xira ao redor da figura homenaxeada no Día das Letras. Comenta a intervención de grupos tradicionais e xornalistas naturais ou residentes de Teo, así como a presentación de *Imos xogar con Xosé Filgueira Valverde*.

**C. M.**, "Gala literaria e musical na Casa da Cultura de Verín", *La Región*, "Provincia", 16 maio 2015, p. 27.

Informa das actividades levadas a cabo na Casa da Cultura de Verín co gallo das Letras Galegas 2015: gala músico-literaria e Certame de poesía Xosé Carlos Caneiro.

**Campos**, Luisa, "O 17 de maio, o noso día", *La Región*, "*Gente mayor*", "Opinión", 3 maio 2015, p. 2.

Repasa brevemente as orixes do Día das Letras Galegas e os datos biográficos máis relevantes de Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado o presente ano.

**Casares**, Christian, "A Real Academia ensalza a figura polifacética de Filgueira Valverde", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 maio 2015, p. 31.

Refírese á celebración do pleno da Real Academia Galega co gallo do Día das Letras Galegas 2015 no que o seu presidente, Xesús Alonso Montero, propón poñer o nome do homenaxeado Filgueira Valverde ao Museo de Pontevedra, ademais de destacar a súa actividade en múltiples eidos da cultura galega.

**Castro**, Víctor, "Las obras de Filgueira Valverde están en la biblioteca de Ordes", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 16 maio 2015, p. 20.

Enumera as actividades levadas a cabo pola biblioteca municipal de Ordes co gallo das Letras Galegas 2015: exposicións, teatro, maxia e contacontos.

**C. F.**, "Conferencia sobre a vida e obra de Xosé Filgueira Valverde no Museo Torres", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 28 agosto 2015, p. 17.

Dáse conta da conferencia que se realiza, no Ateneo Santa Cecilia de Marín, sobre a vida e obra do autor homenaxeado. Engádese que a charla está enmarcada na exposición itinerante "Xosé Filgueira Valverde (1906- 1996): un faro na construción de Galicia", que percorrerá máis de vinte concellos e que consta de catorce paneis informativos.

**Clemente**, Mª Luisa, "Fagama festeja las Letras Galegas 2015 en Madrid", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 xullo 2015, p. 40.

Informa do acto organizado pola Federación de Asociacións Galegas en Madrid para celebrar o Día das Letras Galegas. Indícase que Xesús Ferro Ruibal impartiu unha conferencia sobre o homenaxeado desta edición, Xosé Filgueira Valverde.

**Cochón**, Luís, "Cabezaleiro do xurado do Premio Galicia da Fundación March no ano 1962", *Diario de Arousa*, "*Especial Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 38.

Recolle a testemuña de Filgueira Valverde sobre a escolla de Otero Pedrayo fronte a Vicente Risco para o Premio Galicia. Reproduce, tamén, unha carta de Otero Pedrayo a Isidoro Millán sobre o devandito premio.

**Cortés Riveiro**, Nacho, "O Museo Torres homenaxea a figura de Filgueira Valverde", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 15 agosto 2015, p. 3.

Céntrase na homenaxe que o Museo Torres realiza sobre Filgueira Valverde. Coméntase que a exposición itinerante, intitulada "Xosé Filgueira Valverde (1906- 1996): un faro na construción de Galicia", recoñece o labor polo seu traballo divulgativo a prol da lingua e cultura galegas. Indícase que a mostra está composta por paneis informativos estruturados en dous bloques: o seu traballo a prol da lingua e o seu papel no Museo de

Pontevedra.

**D. A.**, "El Concello celebra el Día das Letras con cuentacuentos y teatro en colegios y casas de cultura", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 9 maio 2015, p. 14.

Noméanse as actividades culturais que se levarán a cabo en Meaño con motivo do Día das Letras Galegas 2015: teatro e contacontos, principalmente.

**D. D.**, "Filgueira Valverde, arqueólogo da cultura galega", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 febreiro 2015, p. 38.

Tras uns breves datos biográficos sobre Xosé Filgueira Valverde, enuméranse as actividades que se realizarán ao redor da súa figura como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015. Detállase o amplo programa, no que se conxugan música e folclore, literatura e exposicións, actividades escolares e xogos, etc.

**Dacosta**, Henrique, "O polígrafo", *Diario de Arousa*, "Letras Galegas", 17 maio 2015, p. 26.

Salienta a figura de Xosé Filgueira Valverde como eminencia no campo das humanidades, tanto como estudoso coma en calidade de creador.

**Dapena**, Sonia, "Las ciencias y las 'letras galegas' van de la mano", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 17 maio 2015, p. 15.

Informa dos actos levados a cabo na cidade da Coruña co gallo do Día das Letras Galegas 2015 e do Día Internacionail dos Museos: roteiros pola toponimia galega do litoral coruñés, visitas guiadas polo Castelo de San Antón, mostras da orixe romana da Torre de Hércules, dicionario visual que percorre as Letras Galegas e espectáculos de música e maxia.

**David**, Juan, "O Centro Gaiás adianta a hoxe a gran festa do Día dos Museos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 16 maio 2015, p. 43.

Anuncia a programación de actividades realizada para conmemorar a figura de Xosé Filgueira Valverde, entre a que destaca a festa do Día dos Museos que o Gaiás adianta cunha xornada de portas abertas e a organización de xogos, conferencias, concertos e obradoiros ao redor do homenaxeado.

**Domínguez**, D., "Cultura ensalzará a Filgueira Valverde para alcanzar 'una Galicia más grande", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 24 febreiro 2015, p. 37.

Anúnciase que a cidade de Pontevedra será o epicentro das actividades celebradas con motivo do Día das Letras Galegas 2015, dedicado a Xosé Filgueira Valverde: mostras,

reedicións, concertos de música, sesión extraordinaria da Real Academia Galega, edición especial dos "Cadernos Ramón Piñeiro" e representación da obra *Agromar*. Tamén se detalla que haberá espazos específicos sobre Filgueira Valverde nos medios de comunicación públicos de Galicia.

_____, "Cultura ensalzará a Filgueira Valverde para alcanzar 'una Galicia más grande", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 25 febreiro 2015, p. 29.

Menciónanse a reedición da obra de Filgueira Valverde *Os nenos* e a dixitalización de 20.000 documentos do homenaxeado o Día das Letras Galegas 2015, así como da mostra "Filgueira Valverde (1906-1996), un faro na construcción de Galicia". Anúnciase, tamén, a publicación dunha edición especial dos *Cadernos Ramón Piñeiro* e a reedición de *Historias de Compostela*, a tradución de parte da súa obra e a recuperación da gravación realizada ao gaiteiro de Campañó en 1947.

**Dopico Vale**, Julia Mª, "Nas Letras Galegas", *Diario de Ferrol*, "Comarca", 17 maio 2015, p. 15.

Realiza un breve repaso de homenaxeados anteriores e céntrase, a continuación, no actual, Xosé Filgueira Valverde, e nas celebracións levadas a cabo en Galicia sobre a súa figura.

**ECG**, "Exposición sobre Filgueira Valverde en la Ánxel Casal", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 abril 2015, p. 16.

Dáse conta da inauguración da exposición "Filgueira Valverde (1906- 1996), un faro na construcción de Galicia", organizada polas Secretarías de Cultura e de Política Lingüística e con entrada libre.

_____, "Xosé Azar ofrece na Casa de Galicia unha visión diferente de 'Negra sombra", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 16 maio 2015, p. 43.

Refírese á do poema "Negra Sombra", de Rosalía de Castro, por parte de Xosé Azar no marco da conferencia "Negra sombra, fondo e trasfondo", celebrada na delegación da Xunta de Galicia en Madrid.

**ELOS**, "Protagonistas do ano 2014", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 5 maio 2015, p. 35.

Celébrase a figura de Xosé F. Filgueira Valverde, autor ao que se lle dedica en 2015 o Días das Letras Galegas. Destácanse as obras *Os nenos* (Lar, 1925) e *Agromar. Farsa para rapaces* (Palacios, 1936), que responden "ás preocupacións dos intelectuais da Época Nós por dotar de materiais adecuados os educadores e os escolares para a aprendizaxe da lingua galega".

**E. P.**, "La muestra de Filgueira Valverde viajará por veintidós concellos", *Faro de*

*Vigo*, "Sociedad", 29 abril 2015, p. 37.

Infórmase da mostra "Filgueira Valverde. Un faro na construción de Galicia", que se desenvolve co gallo das Letras Galegas 2015, dedicada ao polígrafo Xosé Filgueira Valverde. Precísase que a exposición viaxará ao longo de vinte e dúas localidades galegas e que terá unha versión ampliada no Museo de Pontevedra.

_____, "Villares insta a analizar a Xosé Filgueira como el 'galleguismo que sobrevive' durante el franquismo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 maio 2015, p. 16.

Recóllense as declaracións de Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, sobre Xosé Filgueira Valverde, de quen salienta a súa lealdade á cultura galega e o seu papel como promotor de institucións, á vez que lamenta da existencia de críticas e opinións contrarias á súa elección como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015.

**F. D.**, "Non todas as críticas teñen razón", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 5.

Reproduce a resposta de Xosé Fernando Filgueira Valverde ás críticas sobre a elección do seu pai como homenaxeado das Letras Galegas 2015, acusando de falta de coñecemento aos detractores e agradecendo aos seguidores o seu apoio.

_____, "O último gran polígrafo galego", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 2.

Salienta a teima de Xosé Filgueira Valverde por visibilizar Galicia e reconstruír a súa historia a través da cultura e o patrimonio.

_____, "Compromiso coa cultura de Galicia", *Atlántico Diario*, "*Letras galegas*"/ *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 3.

Realiza un breve percorrido pola biografía de Xosé Filgueira Valverde, salientando os seu coñecementos de literatura galega medieval e o seu compromiso coa cultura galega que o levaron a impulsar e crear algunhas das institucións culturais máis relevantes de Galicia no seu tempo, coma o Seminario de Estudos Galegos.

_____, "Galeguista por riba de todo", *Atlántico Diario*, "*Letras galegas*"/ *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 4.

Recóllense as declaracións de Ramón Villares ante a polémica suscitada pola homenaxe o Día das Letras Galegas 2015 a Xosé Filgueira Valverde, quen recoñece a súa lealdade á cultura galega e a súa precisión ao estudar Galicia, produto da súa curiosidade.

_____, "A faceta bibliófila de Filgueira Valverde", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 6.

Comenta o artigo de Xosé Filgueira Valverde "A hestoria do libro galego" no que o autor, como bibliófilo, realiza un resumo da historia do libro, as bibliotecas e os

manuscritos en Galicia.

_____, "Coñecendo o home e o escritor", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 12.

Detállanse as actividades de difusión audiovisual levadas a cabo co gallo das Letras Galegas 2015, entre as que destacan o documental de Gonzalo Veloso "Contextualizando a Filgueira Valverde" e a emisión na Televisión de Galicia de pequenas pezas audiovisuais a partir de textos de Filgueira Valverde.

_____, "Entrevistas e pezas literarias", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 12.

Dá noticia da emisión na Televisión de Galicia de entrevistas con Filgueira Valverde e pezas literarias tiradas da súa obra para conmemorar o Día das Letras Galegas 2015.

_____, "Epistolario de gran valor histórico", *Atlántico Diario*, "*Letras galegas*", p. 11/ *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", p. 22, 17 maio 2015.

Informa da dixitalización dun conxunto de preto de vinte mil documentos, como cartas e outros materiais, escritos por Xosé Filgueira Valverde que levará a cabo o Consello da Cultura Galega co gallo do Día das Letras Galegas 2015 dedicadas á súa figura. Ademais, dá conta da edición dun libro/disco coa gravación realizada ao Gaiteiro de Campañó en 1947 por iniciativa de Filgueira, que elaborará a Xunta de Galicia en colaboración coa Central Folque.

_____, "Reedicións e recuperación musical", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 22.

Alude á recuperación, por parte da Xunta de Galicia, da gravación ao gaiteiro de Campañó que se realizou en 1947 por iniciativa de Xosé Filgueira Valverde.

**Ferreira**, Antón, "Pazos fomenta la música y la literatura", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Redondela/Morrazo", 14 maio 2015, p. 22.

Enuméranse as actividades organizadas polo concello de Pazos de Borbón en relación coas Letras Galegas 2015: encontro coral no que participan tres agrupacións do municipio e un obradoiro infantil.

**Filgueira Valverde**, Xosé, "A 'despedida", *Diario de Pontevedra*, "*Diario das Letras*", 17 maio 2015, p. 4.

Saliéntase a figura de Xosé Filgueira Valverde como polígrafo, especialmente o seu traballo sobre a celebración do Corpus, no que trataba as imaxes e os gremios de mareantes e carpinteiros.

**Fontán Couto**, Mateo, "Filgueira Valverde e a Semana Santa", *Diario de Pontevedra*,

"Cultura", "Vivir aquí", 1 abril 2015, p. 53.

Comenta o compromiso de Filgueira Valverde coa fe e o seu labor para a recuperación das celebracións da Semana Santa en Pontevedra, onde fundou a Confraría do Espírito Santo en 1952.

**Forneiro**, José Luís, "Cantigueiros de noso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 542, "Letras Galegas 2015", 16 maio 2015, p. VI.

Destaca a figura de Xosé Filgueira Valverde no referente á literatura oral, centrándose nas súas interesantes achegas ao estudo do folclore galego.

**Franco**, F., "Filgueira Iglesias: 'O meu pai foi un mestre na vida, na virtude e na ciencia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 12 maio 2015, p. 36.

Recóllense as declaracións de Fernando Filgueira Iglesias, fillo de Xosé Filgueira Valverde, sobre a elección da figura do seu pai como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015. Sinala a súa relixiosidade e o seu papel na ciencia, nun acto celebrado no Club Faro no que participaron, tamén, Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, e Carlos Valle, director do Museo de Pontevedra, baixo o título "Filgueira Valverde. Polígrafo da causa galega".

**Frieiro**, F., "Xermán Torres. 'A Filgueira Valverde colgáronlle o sambenito da celulosa, pero el non tivo nada que ver", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 10 decembro 2015, p. 9.

Detalla a presentación da obra *Xosé Filgueira Valverde, Alcalde de Pontevedra (1959-1968). Aspectos Educativos e Culturais* (2015) que publica Xermán Torres. Indícase que nela se trata a figura do polígrafo galego e a súa traxectoria como alcalde de Pontevedra. Engádese que na súa produción son analizadas cuestións polémicas como a da instalación da celulosa. Afírmase que, a través desta obra, Xermán Torres pretende destacar o labor educativo e cultural que a figura de Filgueira Valverde tivo en Pontevedra.

**García**, Javier, "Vinte e dous concellos van acoller a exposición itinerante sobre Filgueira", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 29 abril 2015, p. 41.

Dáse conta do itinerario que realizará a mostra "Filgueira Valverde. Un faro na construción de Galicia" por vinte e dúas localidades galegas con motivo das Letras Galegas 2015, no que se amosa a vida do homenaxeado e a súa pegada na cultura galega a través de catorce paneis informativos. Reprodúcense as verbas de Agustín Hernández, alcalde de Santiago de Compostela, sobre Filgueira Valverde: un dos primeiros precursores da lingua e un namorado de Compostela.

**Gil**, M., "El Grupo Filatélico de Noia cierra hoy la exposición del Día das Letras", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.281, 24 maio 2015, p. 7.

Refírese á clausura da edición da Mostra filatélica Día das Letras Galegas, organizada polo Grupo Filatélico de Noia e á edición dun libro dedicado a Xosé Filgueira Valverde, un sobre e un mataselos especiais a cargo da mesma asociación.

**Gil**, M.; J. M. **Ramos** e **M. M.**, "Ofrendas e premios centran os actos do Día das Letras en Noia e Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.271, 14 maio 2015, p. 6

Nomea as actividades organizadas co gallo das Letras Galegas 2015 en Noia e na Costa da Morte: recitais poéticos, xogos tradicionais e obradoiros.

**Gómez**, Cuca M., "El mes de los empachos", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 18 decembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras novas, dá conta do concerto celebrado na honra de Filgueira Valverde no auditorio de Afundación en Pontevedra. Destaca a presenza de Xesús Alonso Montero e de Ramón Villares.

**Jaureguizar**, "Filgueira sacaba partido de calquera situación, tamén do franquismo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 28 abril 2015, p. 41.

Faise eco do debate promovido polo Clube Valle Inclán o 27 de abril de 2015 en Lugo sobre as luces e as sombras de Xosé Filgueira Valverde, polémico homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015. Recóllense as diferentes posturas entre os participantes ao redor da ideoloxía e o papel político de Filgueira Valverde.

**Jiménez**, Irene, "Gran colaboración institucional para divulgar a figura de Filgueira Valverde", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura, Ocio", 24 febreiro 2015, p. 34.

Infórmase do programa multidisciplinar que a Consellería de Cultura, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, a Deputación de Ourense e medios públicos elaboraron para honrar a Xosé Filgueira Valverde no Día das Letras Galegas 2015: exposicións, concertos, edicións conmemorativas, actividades escolares, estudos, traducións, proxectos audiovisuais e unha páxina en liña. Destácanse as verbas de Henrique Monteagudo, secretario da Real Academia Galega, sobre a idoneidade de Filgueira como a figura homenaxeada.

**Lago**, Alba, "Xosé Fernando Filgueira: 'Hai quen fala con pouco coñecemento do meu pai", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 3 maio 2015, p. 40.

Reproduce a opinión de Xosé Fernando Filgueira, fillo de Xosé Filgueira Valverde,

sobre a polémica suscitada ao redor da elección do seu pai como homenaxeado do Día das Letras Galegas 2015. Salienta o seu legado ensaístico e defende a súa figura alegando que o sector crítico está movido por mentiras históricas que pesan sobre Filgueira Valverde.

_____, "Unha mostra rescata o destacado papel do selo 'Bibliófilos gallegos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 5 maio 2015, p. 36.

Céntrase na exposición, composta por máis de setenta libros e documentos da editorial Bibliófilos Galegos (na que participou Xosé Filgueira Valverde), que acolle o Gaiás con motivo das Letras Galegas 2015. Infórmase, tamén, da edición do festival Arte pola Igualdade, a cargo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que terá como protagonista ao homenaxeado Filgueira Valverde.

_____, "O 'Letreseo' da Fundación Cela celebra as Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 9 maio 2015, p. 37.

Comenta as actividades organizadas pola Fundación Pública Camilo José Cela para conmemorar a semana do 17 de maio e o aniversario do premio Nobel: ciclo de cine, conferencias, traballos escolares, exposicións, proxección de documentais e obradoiros ao redor da figura de Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015.

_____, "O Consello lembrará con música a Filgueira Valverde", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 maio 2015, p. 39.

Menciona algunhas actividades organizadas polo Consello da Cultura Galega para render homenaxe a Filgueira Valverde no Día das Letras Galegas, entre as que destaca a estrea dunha peza musical de Xabier Paz, creada a partires de textos do homenaxeado e a dixitalización das súas cartas.

_____, "Pontevedra será a sede hoxe do acto central do Día das Letras de Filgueira", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 17 maio 2015, p. 39.

Dá conta do acto celebrado na honra de Xosé Filgueira Valverde organizado pola Xunta de Galicia e celebrado na cidade de Pontevedra, presidido por Alberto Núñez Feijóo e o conselleiro de Educación Román Rodríguez. Tamén informa da celebración dunha sesión aberta do pleno da Real Academia Galega no Museo de Pontevedra, así coma da celebración dun concerto de lírica medieval e outras actividades en homenaxe de Filgueira Valverde.

**Leiro**, Benito, "Filgueira Valverde, pregoeiro do Albariño", *Diario de Arousa*, "*Especial Albariño LXIII*", 30 xullo 2015, p. 4.

Fálase da festa do Albariño e da súa progresión, comentando que en 1977, no vinte e cinco aniversario, foi declarada de Interese Turístico Nacional. Engádese que nesa celebración, Xosé Filgueira Valverde (daquela membro da Real Academia Galega e director do Museo de Pontevedra) pronunciou un discurso "de fonda raigame galeguista", do que se reproduce unha parte.

**López**, Belén, "O PP insiste na porfía por Filgueira", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 10 febreiro 2015, p. 10.

Faise eco das acusacións por parte da oposición ao goberno municipal de Pontevedra de non cumprir o acordo plenario para o enxalzamento da figura de Filgueira Valverde, homenaxeado o Día das Letras Galegas 2015. Recóllese que o goberno, porén, di comprometerse co Día das Letras Galegas e manifesta a súa vontade de celebralo este ano, como sempre fixo.

_____, "Filgueira Valverde ponse en pé", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 24 febreiro 2015, p. 11.

Comenta unha gran mostra sobre Filgueira Valverde, comisionada por Carlos Valle, que percorrerá Galicia con motivo das Letras Galegas, ademais doutras actividades educativas e divulgativas, como edicións conmemorativas e traducións da obra do homenaxeado. Destácase a elaboración, por parte do Centro de Estudos Galegos de San Petesburgo, dunha edición rusa dunha das obras de Filgueira Valverde e a produción de pezas televisivas que serán emitidas a través da Televisión de Galicia e a Radio Galega.

_____, "O Museo capitaliza o Día das Letras", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 25 febreiro 2015, p. 11.

Informa de tres actividades que a Deputación de Pontevedra levará a cabo con motivo do Día das Letras Galegas 2015: unha exposición antolóxica, un concerto de Germán Díaz e a representación da obra teatral *Agromar* pola compañía Arume, a primeira que porá en escena a obra do homenaxeado.

_____, "O libreiro é quen está ao carón do lector", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 15 abril 2015, p. 11.

Dáse conta da reivindicación que fai Fernando Filgueira, fillo de Xosé Filgueira Valverde, sobre a figura do seu pai como bibliógrafo e editor no pregón da Feira do Libro de Pontevedra, nun manifesto a prol da lectura.

_____, "Filgueira Valverde entra na escola da man de lingua.gal", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 23 abril 2015, p. 11.

Faise eco da iniciativa emprendida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, que pon á disposición dos centros educativos materiais e recursos didácticos sobre a figura de Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015, a través da súa páxina en liña lingua.gal (na sección 'Letras Galegas 2015').

_____, "Filgueira Valverde de corpo enteiro", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 25 abril 2015, pp. 2-3.

Dáse noticia da inauguración da mostra "Filgueira Valverde. Un faro na construción de Galicia", na que o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, cualifica ao homenaxeado como infiltrado entrañable, en tanto que aproveitaba a cultura para facer

política e viceversa. Detállase que a exposición componse dun compendio de fotografías, obras de arte, libros e documentación diversa sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015. Recóllense, tamén, os reproches a Lores, alcalde de Pontevedra, por non ter asistido ao acto, pois a figura do homenaxeado debería estar por riba da ideoloxía.

_____, "A EPA Río Lérez fai rimar Filgueira con Armenteira", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", "Ano Filgueira", 8 maio 2015, p. 15.

Alúdese a que a Escola Pública de Adultos de Pontevedra recibe o premio do concurso-exposición Letras Galegas da Consellería de Cultura polo traballo "Filgueira roma con Armenteira". Precisa que os traballos gañadores son impresos e distribuídos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística a máis de dous mil puntos de Galicia e do exterior.

_____, "Concerto para o bisavó Filgueira", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", "Ano Filgueira", 13 maio 2015, p. 8.

Refírese ao acto de celebración do Día das Letras Galegas 2015 desenvolvido no Conservatorio de Música Manuel Quiroga, no que participan dous bisnetos de Xosé Filgueira Valverde, Xacobe e Ángela Medina.

_____, "Un concerto con pouso en homenaxe ao 'vello profesor", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 14 maio 2015, p. 8.

Infórmase da estrea de pezas musicais de Xavier de Paz, a partir de poemas de Filgueira Valverde, a cargo da Coral Polifónica e a Filharmonía de Galicia, que se levarán a cabo en Pontevedra co gallo do Día das Letras Galegas 2015.

_____, "Con banda sonora de Filgueira", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 17 maio 2015, p. 16.

Anuncia que a Filharmonía de Galicia estrea na cidade de Pontevedra unha serie de cantigas de Filgueira Valverde musicadas por Xavier Paz e a posta en escena por primeira vez da obra *Agromar,* de man da compañía de teatro Arume.

_____, "A RAG canoniza a Filgueira Valverde dentro das letras galegas", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", pp. 2-3/ *El Progreso*, "Vivir", pp. 62-63, "Día das Letras Galegas 2015",18 maio 2015.

Dá conta do pleno organizado pola Real Academia Galega en Pontevedra co gallo das Letras Galegas 2015 e salienta a solicitude do seu presidente, Xesús Alonso Montero, á Deputación para que bautice o Museo de Pontevedra co nome do homenaxeado, Xosé Filgueira Valverde. Recolle, tamén, as verbas do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, sobre o polígrafo de quen afirma que recolleu, enriqueceu e transmitiu o legado da nosa fala.

_____, "Valentín García Bóveda. 'Nunca apoiei explícitamente que se lle adicase o Día das Letras a Filgueira", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 27 maio 2015, p. 11.

Fálase da conversa que, dentro do ciclo "Conversas na UVI", organizado pola Universidade de Vigo e Diario de Pontevedra na Casa das Campás, mantiveron o columnista Bernardo Sartier e Valentín García Bóveda, neto de Alexandre Bóveda. Precísase que, entre outros temas, falaron das circunstancias da morte do seu avó e da polémica de Filgueira Valverde no Día das Letras Galegas.

____ , "Posta en común final sobre Filgueira", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 4 novembro 2015, p. 11.

Coméntase o ciclo de conferencias que se realizou en Pontevedra, onde se analizaron as diferentes facetas de Xosé Filgueira Valverde. Indícase que o congreso se celebrou en tres cidades diferentes: Santiago de Compostela, Pontevedra e A Coruña, e que foi a primeira vez que están involucradas conxuntamente as catro institucións culturais máis importantes de Galicia: Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega, Fundación Barrié de la Maza e Museo de Pontevedra. Engádese que as actas resultantes do congreso serán publicadas ao longo do vindeiro ano co obxectivo de contar con nova documentación.

_____, "No nome de Xoán Tilve, gaiteiro de Campañó", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 24 novembro 2015, p. 11.

Dáse conta dunha publicación de Óscar Ibáñez e Xavier Groba, un libro-disco onde se inclúen gravacións orixinais realizadas por Filgueira Valverde a Xoán Tilve, xunto con pezas do seu repertorio e interpretadas coa súa gaita. Engádese unha breve biografía de Xoán Tilve, comentando que este gaiteiro "serviu e serve de inspiración para gaiteiros e para todo tipo de músicos".

**López**, Chechu, "O Concello de Riveira volcase coa programación cultural no Mes das Letras Galegas", *Diario de Arousa*, "Especial", 17 maio 2015, p. 39.

Cita a programación elaborada polo concello de Riveira co gallo das Letras Galegas 2015, que inclúe bailes, música, exposicións e certames literarios.

**López**, Elizabeth, "A Academia invita a exaltar o galego no 'día grande da palabra", *Atlántico Diario*, p. 59/ *La Región*, p. 74, "Sociedad", "Día das Letras Galegas", 16 maio 2015.

Recóllense as palabras pronunciadas polo conselleiro de Cultura cara aos nenos galegos, aos que insta a falar o idioma para que exista sempre. Dáse conta, tamén, da celebración do Día das Letras Galegas por parte dos Bolechas cunha aplicación que dá acceso a un concurso e o sorteo de libros da popular familia.

**López**, Elizabeth e Cristina **Terceiro**, "A Real Academia Galega convida a exaltar o galego no 'día grande da palabra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí" , p. 67/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 68, 16 maio 2015.

Infórmase sobre o acto centrado no Día das Letras Galegas 2015, celebrado no Museo de Pontevedra, que inclúe a interpretación de cantigas medievais. Recóllense, tamén, as declaracións de Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, sobre Filgueira Valverde, de quen afirma que achega aspectos sobre a cultura e lingua galegas, fronte aos anteriores homenaxeados.

**López**, Uxía, "Bibliófilos Gallegos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 5 maio 2015, contracuberta.

Alúdese á inauguración na Cidade da Cultura de Compostela da mostra "A editorial Bibliófilos Galegos. Un proxecto cultural galeguista na posguerra", composta por máis de setenta libros sobre a editorial que conmemora o Día das Letras Galegas 2015, dedicada a Xosé Filgueira Valverde.

**Lopo**, Antón, "Filgueira e o fío da Historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 542, "Letras Galegas 2015", 16 maio 2015, p. XII.

Repásase a biografía de Xosé Filgueira Valverde e céntrase na súa faceta de articulista e colaborador asiduo da prensa con relevantes artigos sobre a cultura galega.

**Llano**, J., "O Otero Pedrayo pecha mañá as Letras Galegas", *La Región*, "Ciudad", 19 maio 2015, p. 11.

Refírese ás actividades levadas a cabo no IES Otero Pedrayo de Ourense, como conferencias, presentación de libros, teatro, Correlingua etc.

**Manteiga**, Marcos, "O Día das Letras rendeuse aos traballos de 11 veciños de Ames", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.271, 14 maio 2015, contracuberta.

Céntrase na entrega de premios dos certames de narrativa, poesía e intercentros levada a cabo no Milladoiro, cuxos galardoados foron Manuel Otero, Xosé Anxo Corral, Sara Morán e Iria Pérez.

**Martínez**, Koro, "A figura de Filgueira Valverde, nun millón de fogares da man de Feiraco", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 28 abril 2015, p. 40.

Faise eco da edición especial de envases de leite que a cooperativa láctea galega Feiraco lanza con motivo das Letras Galegas 2015. Explícase que, baixo o lema "Sempre coas Letras Galegas", un millón de envases de leite incluirán un retrato de Xosé Filgueira Valverde e un código QR que enlaza ao seu artigo "O galego verdadeiro". Finaliza apuntando que se convoca un concurso de relatos curtos en galego a través da rede social Facebook.

**Martínez**, Alberto, "López-Casanova: 'Filgueira é o noso último gran polígrafo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 novembro 2015, p. 43.

Dáse conta do congreso realizado conxuntamente polas catro institucións culturais galegas, das que se indica que é a primeira vez que se reúnen conxuntamente: Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega, Fundación Barrié de la Maza e Museo de Pontevedra. Coméntase a última intervención, na Fundación Barrié, foi unha charla de Xavier Groba sobre a relación de Filgueira Valverde coa música galega e a tradición oral.

**Mateo**, Rosa, "Feijoo gaba a traxectoria de Xosé Filgueira Valverde", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 25 abril 2015, p. 43.

Reprodúcense as palabras do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, sobre Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015, pronunciadas nunha visita á exposición "Filgueira Valverde. Un faro na construción de Galicia" ao redor da súa figura: se Filgueira fora eliminado da cultura galega, o Seminario de Estudos Galegos non existiría na actualidade.

**M. G.**, "Terra de Outes celebrou un debate", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.276, 10 maio 2015, p. 3.

Alúdese ao debate centrado na figura de Xosé Filgueira Valverde, desenvolvido polo colectivo Terra de Outes, para festexar o Día das Letras. Indícase que participaron Xan Mariño, Suso Laíño e Uxío Breogán Diéguez.

**M. G. M.**, "A cidade vestirase de 'letras galegas' con rutas, xogos e teatro", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 16 maio 2015, p. 15.

Informa das actividades levadas a cabo na cidade da Coruña co gallo das Letras Galegas 2015, que comparte protagonismo co Día Internacional dos Museos.

**M. M. O.**, "O profesor Liñares divulgou a Filgueira e Magariños", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.170, 31 xaneiro 2015, p. 5.

Dá conta da conferencia do vicedirector do instituto de Negreira, titulada "Filgueira Valverde, Magariños Negreira e o Seminario de Estudos Galegos".

_____, "Música e premios en Ames para festexar o Día das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.270, 13 maio 2015, p. 7.

No marco do Día das Letras Galegas, detalla a realización dunha serie de actividades: concertos, entrega de premios literarios do XII Certame Literario de Narrativa e Poesía e do VII Certame artístico-literario Intercentros.

**Mosteiro**, Santy, "Non hai ningunha foto de Filgueira coa camisa azul ou co brazo levantado", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 25 xaneiro 2015, p. 9.

Indica que Xosé Fuentes Alende rememora os tempos nos que foi bolseiro no Museo de Pontevedra onde tivo acceso á arte, unha paixón que lle viña da influencia que nel exerceron os profesores Filgueira Valverde e Isidoro Millán. Reflicte o seu desconcerto coa controversia creada ao redor do feito de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Filgueira, de quen destaca o seu labor a prol do estudo da lingua galega.

**M. T.**, "O Serán das Letras de San Campio acollerá un concurso de relatos, foliada e actuacións", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.271, 14 maio 2015, p. 7.

Faise eco da primeira edición do concurso de relatos Serán das Letras, organizado pola asociación cultural San Campio.

**Nicolás**, Ramón, "As relacións epistolares testemuñan os universos literarios de Filgueira", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 maio 2015, p. 42.

Dáse conta do proceso de dixitalización do fonde epistolar de Xosé Filgueira Valverde que leva a cabo o Consello da Cultura Galega xunto á Fundación Filgueira Valverde. Destácanse e reprodúcense tres cartas inéditas a Celso Emilio Ferreiro, que reflicten un espírito galeguista común a ambos os autores.

**Ocampo**, Carlos, "Filgueira Valverde no seu gran día", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la escuela*", n.º 1.188, "Literatura", 13 maio 2015, p. 6.

Lémbrase a celebración das Letras Galegas e a figura homenaxeada en 2015, Xosé Filgueira Valverde, do que se ofrece unha breve biografía.

**Ocampo**, E., "Máis de 70 títulos amosan o proxecto editorial galeguista que cofundou Filgueira Valverde", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 5 maio 2015, p. 36.

Céntrase na exposición da Cidade da Cultura de Compostela, que percorre a historia da editorial Bibliófilos Galegos, creada en 1940 por persoas ligadas ao Seminario de Estudos Galegos, entre as que se atopa Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015.

**Padín**, A., "Filgueira Valverde achégase a Melide nunha exposición sobre a súa figura", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.314, 26 xuño 2015, p. 4.

Indícase que a mostra itinerante sobre Filgueira Valverde poderá visitarse na casa da Cultura de Melide. Coméntase que con motivo da súa inauguración se achegou até alí o Secretario Xeral de Política Lingüística, quen destacou o labor literario e a contribución á lingua e á cultura galegas de Filgueira Valverde.

_____, “Tarde de xogos en Frades con motivo do Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.278, 21 maio 2015, p. 11.

Enuméranse as actividades, xogos e obradoiros culturais realizados para conmemorar o Día das Letras.

**Plaza**, Vicente, “Valentín García erixe a Filgueira Valverde ‘nun titán’ da cultura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 10 maio 2015, p. 36.

Recóllense as declaracións de Valentín García, Secretario Xeral de Política Lingüística, sobre Filgueira Valverde, nas que referiu que non vai politizar a súa homenaxe sobre unha figura que ten luces e sombras.

**R. T.**, “Carlos Valle lembrou en Pontearéas o labor de Xosé Filgueira Valverde”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/Louriña”, 15 maio 2015, p. 21.

Dá noticia da conferencia impartida por Carlos Valle Pérez, actual director do Museo de Pontevedra, sobre Xosé Filgueira Valverde, de quen afirma que foi un “faro na construción de Galicia”.

**Regueira**, Susana, “El Museo Provincial adopta “la palabra de Filgueira Valverde”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 abril 2015, p. 39.

Infórmase sobre a inauguración da mostra “Filgueira Valverde. Un faro na construcción de Galicia”, á que acudiu o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, quen afirmou, citando a Thomas Mann, que onde estivo Filgueira, estivo a cultura galega e que, sen a súa pegada, non habería Seminario de Estudos Galegos. Recóllese que para o presidente da Real Academia Galega a exposición versa sobre un home de gran erudición, o último polígrafo.

_____, “O ‘San 17 de Maio’ de Filgueira”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, pp. 22-23/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura & ocio”, pp. 52-53, 18 maio 2015.

Dá conta do pleno celebrado pola Real Academia Galega co gallo das Letras Galegas 2015, no que os académicos e as máximas institucións lembraron en Pontevedra ao homenaxeado Xosé Filgueira Valverde, a quen o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, calificou de “obreiro da causa galega”, citando a Alexandre Bóveda.

**Rodríguez**, Ángeles, “Oito décadas de producción intelectual”, *O SIL*, “*Especial Letras Galegas*”, maio 2015, pp. 2-4.

Coméntase brevemente o paso de Xosé Filgueira Valverde pola Real Academia Galega, deténdose no seu discurso de ingreso, intitulado *Da épica na Galicia medieval*, pronunciado o 27 de xullo de 1941. Recóllense as palabras de Xesús Alonso Montero, presidente actual da Real Academia Galega, quen defende a figura de Filgueira

Valverde como homenaxeado o Día das Letras Galegas 2015 e resta importancia á súa vinculación franquista, motivo da polémica suscitada ao redor da súa elección. Inclúese unha ficha coa obra do autor e descríbese, a grandes trazos, a súa biografía.

_____, "Filgueira, unha autoridade en literatura medieval", *O SIL*, "*Especial Letras Galegas*", "O autor", maio 2015, p. 4.

Destácase o papel de Xosé Filgueira Valverde como medievalista, especialista na lírica galego-portuguesa, como avanzou coa súa tese de doutoramento *La Cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* de 1936, na que afonda na citada composición das *Cantigas de Santa María* de Alfonso X o Sabio.

**Romero**, L., "O Letras Galegas 2015, Xosé Filgueira Valverde, tamén era un namorado do albariño cambadés", *Diario de Arousa*, "Cambados", 16 maio 2015.

Alúdese ás actividades levadas a cabo en Cambados co gallo das Letras Galegas 2015, cuxos protagonistas son os nenos do concello, que participaron en ofrendas florais, concertos e recitais.

**Rozas**, Ramón, "Filgueira Valverde e o Diario", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", "Ano Filgueira", 17 maio 2015, p. 17.

Informa da vinculación de Xosé Filgueira Valverde co xornal *Diario de Pontevedra*, do que foi un asiduo articulista.

**S. E.**, "Cousas de Castelao para os cativos", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.274 , 17 maio 2015, p. 4.

No marco das actividades realizadas en Touro para celebrar o Días das Letras Galegas, fálase da actividade "Cousas de Castelao", que mestura música, teatro e danza.

**S. N.**, "Un titán da cultura galega", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 5.

Recolle as declaracións de Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, sobre a lingua galega, cuxo futuro está asegurado polo que demanda non empregar a lingua como arma, en clara alusión ao homenaxeado.

_____, "Unha vida adicada á investigación", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 11.

Resume a actividade polifacética de Xosé Filgueira Valverde, salientando a súa faceta investigadora e dá conta da programación cultural do Museo de Pontevedra co gallo das Letras Galegas 2015 para homenaxear a quen fora o seu director.

_____, "Música e libros en galego", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio

2015, p. 16.

Enuméranse as actividades levadas a cabo no concello de Ourense co gallo do Día das Letras Galegas 2015, como concertos, espectáculos circenses e a colocación dunha carpa da asociación provincial de libreiros.

_____, "Reivindicación dos libros en galego", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 18.

Dá conta das actividades realizadas co gallo das Letras Galegas 2015 en Maceda, como lecturas, danza, música e a sexta edición da Feira do libro en galego organizada pola Asociación Cultural Aira das Mantas.

_____, "Escolma de textos literarios na Praza Maior", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2015, p. 18.

Informa da celebración da Festa das Letras no Barco, un acto que exalta a lingua galega falada, escrita e cantada na Praza Maior do concello.

**Soto**, Juan, "Filgueira, servidor de Galicia", *ABC*, "La tercera", 17 maio 2015, p. 3.

Reflexiona sobre as sombras que existen ao redor da figura de Xosé Filgueira Valverde en relación ao seu vínculo co réxime franquista e á morte de Alexandre Bóveda, un caso que se compara co de Luis Rosales, difamado por consideralo co-responsable da morte de García Lorca.

**Souto**, Suso, "Ribeira repasa con trinta libros a figura de Filgueira Valverde", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.270, 13 maio 2015, p. 7.

Dáse noticia da exposición que acolle a Biblioteca municipal de Ribeira sobre Xosé Filgueira Valverde, formada por trinta libros ao redor da súa figura.

_____, "Festa no CEIP Salustiano Rey en homenaxe ó 'vello profesor", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.273, 16 maio 2015, contracuberta.

Nomea as actividades organizadas polo CEP Salustiano Rey co gallo das Letras Galegas 2015: festa e entrega de premios do Concurso-Exposición Letras Galegas 2015.

**Sueiro**, Marcos, "Las Letras de Filgueira Valverde", *ABC*, "Galicia", 24 febreiro 2015, p. 65.

Preséntase o programa deseñado pola Xunta de Galicia e as institucións culturais galegas para homenaxear a Filgueira Valverde o Día das Letras Galegas: unha mostra itinerante, a reedición da obra *Os nenos*, a edición conmemorativa dos "Cadernos Ramón Piñeiro", o Concerto das Letras a cargo da Real Filharmonía e actividades escolares como unha xincana.

**Témbar**, Roma, "Mos y Porriño implican a los escolares en el Día das Letras", *Atlántico Diario*, "Área metropolintana", "Condado/Louriña", 14 maio 2015, p. 21.

Dá conta das actividades organizadas nos concellos de Mos, Porriño e Ponteareas para o Día das Letras Galegas: espectáculos musicais, mural conmemorativo sobre Xosé Filgueira Valverde e carreiras de marcha e bicicleta, así como musicais e xogos, respectivamente.

**Terceiro**, C., "A Mesa cree que Filgueira Valverde no puede ser presentado como 'ejemplo", *Diario de Ferrol*, p. 27/ *El Ideal Gallego*, p. 29, "Galicia", 16 maio 2015.

Recolle as declaracións do presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, sobre a figura de Xosé Filgueira Valverde, afirmando que foi unha mala escolla homenaxealo no Día das Letras Galegas, debido ao seu pasado franquista, malia recoñecer a importancia da súa obra.

**Terceiro**, Cristina, "A creatividade toma as rendas en Galicia na festa da lingua", *Atlántico Diario*, p. 56/ *La Región*, p. 59, "Sociedad", 17 maio 2015.

Informa das múltiples actividades realizadas en Galicia para honrar a Xosé Filgueira Valverde co gallo do Día das Letras Galegas 2015: exposición virtual, intercambio de libros, lecturas a micro aberto, dinamización de lecturas na rúa etc.

**Toledo**, Mar, "Os actos culturais a prol da lingua galega enchen Terras", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.269, 12 maio 2015, p. 7.

Céntrase nas actividades realizadas con motivo do Día das Letras Galegas 2015 en Arzúa (lecturas, cine, música e bailes), Padrón (certames poéticos, teatro, concertos, recitais e obradoiros), Lalín (teatro e presentación do libro *Lingua de lata*, de Francisco Oti e Julio Fernández) e Noia (recitais, mostras e a presentación do libro *Unha nova odisea*, de Emilio García Portosín).

**Torre**, Sonia, "A gran festa do galego tivo o seu prólogo", *La Región*, "Ourense", 16 maio 2015, p. 9.

Dá conta das celebracións levadas a cabo nos distintos centros educativos de Ourense co gallo das Letras Galegas 2015, así como do programa oficial da cidade que inclúe teatro, música e charlas.

**Valcárcel**, Xulio, "O autor pontevedrés converteuse nunha figura comprometida", *Diario de Arousa*, p. 35/ *Diario de Ferrol*, p. 18, "*Especial Letras Galegas*", 17 maio 2015.

Resalta a figura de Xosé Filgueira Valverde nas súas facetas política e relixiosa, motivos que suscitaron unha importante polémica ao redor do polígrafo como homenaxeado o Día das Letras Galegas.

**Valiño**, Natalia, "Ferrol reivindicou o galego como garantía de futuro no Día das Letras", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 18 maio 2015, p. 2.

Refírese á manifestación celebrada en Ferrol con motivo das Letras Galegas 2015, convocada pola plataforma Queremos Galego, na que centos de persoas reivindicaron a lingua galega como garantía de futuro.

**Valle Pérez**, Xosé Carlos, "Crónica dun referente cultural", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 542, "Letras Galegas 2015", 16 maio 2015, p. VIII.

Salienta a figura de Xosé Filgueira Valverde como director do Museo de Pontevedra e o crecemento que este experimentou da súa man.

**Vázquez**, Manuel, "Letras Galegas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 12 maio 2015, contracuberta.

Alúdese á pegada de carteis levada a cabo pola empresa Vegalsa-Eroski coa que se contribúe á difusión da figura de Xosé Filgueira Valverde, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015, así como á elaboración dunha tirada especial de bolsas cun fragmento do seu libro *Segundo Adral*.

**Vélez Latorre**, Xosé Manuel, "Poeta Filgueira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 542, "Letras Galegas 2015", 16 maio 2015, p. X.

Incídese na figura de Xosé Filgueira Valverde como poeta e a súa obra *Seis canciones del mar in modo antico*, resaltando os recursos estilísticos empregados e o léxico arcaizante que a sitúan no neotrobadorismo.

**Ventura**, Joaquim, "Un medievalista pioneiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 542, "Letras Galegas 2015", 16 maio 2015, p. IV.

Destaca a figura de Xosé Filgueira Valverde como medievalista, especialmente, no eido da literatura galega, atendendo aos estudos realizados polo autor, así coma os numerosos artigos que publicou sobre o tema na prensa.

**Vidal**, Nicolás, "Entre a reivindicación e o lecer, chega o día grande das Letras Galegas", *Diario de Ferrol*, "Comarca", 17 maio 2015, p. 15.

Anúncianse as actividades levadas a cabo en Ferrol para conmemorar o Día das Letras Galegas 2015: unha feira no Ateneo, unha manifestación convocada pola plataforma Queremos Galego en Canido e lectura e maxia en Narón.

**Vidal**, Xoán, "González Tosar desautoriza aos detractores de Filgueira", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 maio 2015, p. 44.

Recolle as palabras de Luís González Tosar pronunciadas nun acto celebrado pola Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela. Nelas tacha de sectarios aos detractores de Filgueira Valverde, que o descualifican polo feito de ser un galeguista católico e de dereitas.

**Vidal Villaverde**, Manuel, "Se non é vero é ben trovato", *El Progreso*, "Día das Letras Galegas", 17 maio 2015, p. 54.

Percorre brevemente a biografía de Xosé Filgueira Valverde, salientando a súa actividade política, relixiosa e cultural.

**Vieites**, Manuel F., "Vieiros múltiples", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 543, "Teatro", 21 maio 2015, p. VIII.

Alude á actividade polígrafa de Filgueira Valverde e céntrase na dramaturxia e na peza *Agromar*. Afirma que o autor sempre pensou na existencia dun teatro medieval en lingua galega.

**Vila**, Sara, "El profesor Filgueira, protagonista del 17 de mayo", *Diario de Pontevedra*, "*Anuario 2015*", "Pontevedra", 31 decembro 2015, p. 8.

Dáse conta do recoñecemento de Filgueira Valverde como figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Coméntase que a súa escolla non estivo exenta de polémica, mais que finalmente foi ben acollida. Engádese que a cidade de Pontevedra se ergue como capital cultural de Galiza, con citas como o Salón do Libro Infantil e Xuvenil e o Culturgal.

**Villanueva**, Elena, "La vida y obra de Filgueira Valverde llega a la sede de la Diputación en trípticos e imágenes", *Faro de Vigo*, "Vigo", 8 setembro 2015, p. 8.

Infórmase da exposición itinerante, titulada "Xosé Filgueira Valverde (1906- 1996): un faro na construción de Galicia", onde se amosa o labor polo seu traballo divulgativo a prol da lingua e cultura galegas, por medio de paneis informativos.

**Villar**, C., "Un millón de leite para Filgueira Valverde", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 abril 2015, p. 36.

Menciónase a iniciativa da cooperativa láctea galega Feiraco, que lanzará un envase especial conmemorativo para difundir a figura de Xosé Filgueira Valverde como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015.

**Y. S.**, "Festivas reivindicaciones de las letras gallegas entre los escolares de Tui", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño/Louriña", 30 maio 2015, p. 7.

Enuméranse as diversas actividades que os colexios da zona de Tui puxeron en práctica para conmemorar o Día das Letras Galegas e recordar o homenaxeado en 2015, como foron exposicións de carteis, contacontos, actuacións musicais e concursos de preguntas sobre a vida de Xosé Filgueira Valverde.

# *V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA*

## V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

**Alonso Girgado**, Luís, Luís **Cochón**, Nuria **Rouco Aneiros** e Xurxo **Martínez González** (eds.), *Epistolario Ricardo Carballo Calero Ramón Piñeiro (Historia dun libro)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XXXIII, decembro 2015, 365 pp. (ISBN: 978-84-453-5205-2). ◆

Volume no que se recolle o epistolario entre dous dos intelectuais galegos máis recoñecidos da segunda metade do século XX. Comeza cunha nota de agradecementos dos editores literarios. Séguelle un "Limiar" asinado por Luís Cochón, distribuído en oito partes e unha coda, que recorda o trato persoal con Ramón Piñeiro e Ricardo Carballo Calero. Sinala ademais que hai cuestións que as cartas non din porque antes foron "conversa ou encontro persoal" e repara no proceso creativo ao redor da primeira edición da *Historia da literatura galega* de Carballo. A continuación, Luís Alonso Girgado asina a "Nota de edición", na que presenta o contido do volume e o contexto no que xorden estas misivas, ademais de informar que parte deste corpus epistolar xa fora publicado nun número anterior dos "Cadernos Ramón Piñeiro" en 2004. Tamén sinala que para a presente edición manexaron fotocopias das cartas orixinais depositadas na Fundación Penzol e na Biblioteca Carballo Calero do Parlamento de Galicia. A seguir, reprodúcense por orde cronolóxica unha totalidade de duascentas vinte e seis cartas que se enviaron ao longo dun período que abrangue dende 1950 até 1982. As escritas de Carballo Calero suman cento catro e cento vinte e dúas as asinadas por Piñeiro. Os contidos das cartas son diversos e derivan da relación persoal e profesional de ambos intelectuais. Unha das cuestións máis tratadas é a relativa á preparación do volume *Historia da literatura galega contemporánea* (1963) do escritor ferrolán e que ía publicar a editorial Galaxia, que dirixía o propio Piñeiro. Ademais, o material amosa aspectos da vida cultural da Galicia desas décadas, como a creación da revista *Grial* en 1963, outras publicacións de Galaxia como o *Diccionario* de Eladio Rodríguez González ou a presenza de voces emerxentes da altura, así como outros aspectos ligados a cuestións ideolóxicas e socio-políticas.

**Alonso Montero**, Xesús e Antón **Pulido** (eds.), *Polos vieiros das palabras. Homenaxe a Modesto Hermida*, Vigo: Ir Indo, 2015, 182 pp. (ISBN: 84-7680-718-7).

Xesús Alonso Montero refírese no apartado introdutorio "Por qué esta homenaxe a Modesto Hermida" ás virtudes comunicativas, á condición de amigo e ao vínculo co ámbito político de esquerdas deste docente e inspector de educación, ao que desexan homenaxear co gallo da súa xubilación. Alude ao seu inxente labor no estudo das Letras Galegas e como colaborador en diferentes cabeceiras e como escritor. A continuación o volume articúlase en catro partes: "Currículum e bibliografía de Modesto Hermida", na que se recollen os seus trazos vitais fundamentais e se dá conta dos libros, edicións,

estudos, artigos, prólogos, colaboracións na prensa e traducións da súa autoría; "Páxinas sobre Modesto Hermida", na que participan Xesús Ferro Ruibal, Manuel Torres Vizcaya e Emilio Pérez Sánchez; "Estudos lingüísticos e literarios", na que colaboran Ana Acuña, Xesús Alonso Montero, Gregorio Ferreiro Fente, Manuel González González, Esperanza Mariño Davila, Afonso Vázquez-Morxandín Fernández, Xosé Neira Vilas, Arturo Reguera, Anxo Tarrío Varela e Xosé Manuel Vélez Latorre; e "Versos para Modesto Hermida", na que se recollen textos creativos de Luísa Cayetano, Luís G. Tosar, Úrsula Heinze de Lorenzo, Arcadio López-Casanova, Alberto Reverter e Xesús Manuel Valcárcel. Os traballos que abordan cuestións vinculadas coa literatura galega son:

- Xesús Ferro Ruibal, "Modesto Hermida García", pp. 21-25.

Dille a Modesto Hermida que sería aconsellábel que escribise as súas experiencias ao redor da lingua galega a partir do seu labor no ámbito do ensino. Tamén detalla o seu labor ao redor da literatura esquecida do século XIX e principios do XX, a través da súa tese de doutoramento, de posteriores traballos e do seu labor á fronte do proxecto "Narrativa recuperada", que se desenvolve no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Sinala que nesta literatura hai descubertas sorprendentes, así como unha relevante riqueza e personalidade léxica e fraseolóxica. Tamén se refire ao seu labor poético ben como escritor ben como estudoso e valora as súas colaboracións na Radio Galega durante os anos 1990 e 1996, que están recollidas nun volume publicado por Ir Indo en 2009. Dende a perspectiva persoal, evoca a ocasión na que se coñeceron, un curso de formación de especialistas en lingua galega, e a outros contactos que mantiveron no eido profesional e cultural.

- Emilio Pérez Sánchez, "Homenaxe a Modesto", pp. 31-37.

Ademais de referirse ao seu vínculo con Modesto Hermida e de glosar a súa personalidade, menciona o seu labor no campo da literatura, da investigación e do ensaio. Así cita *Castelao e "Os dous de sempre"*, unha obra que testemuña o seu labor como analista de textos literarios; as publicacións didácticas *Castelao para nenos* e *A prensa en galego*; os estudos *As revistas literarias en Galicia na Segunda República* e *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*; e o poemario *No fío da navalla e outros poemas*, un libro fermoso no que destaca, segundo a crítica, unha voz madura e fonda e a vivencia da vella e rica fala familiar das terras de Cea. Conclúe co texto "Romance para un retorno anunciado".

- Ana Acuña, "Domear as vermellas verbas" para "alumarar a noite entebrecida", pp. 41-43.

Despois de rememorar a viaxe compartida en 2012 con Modesto Hermida até a Ínsua dos Poetas, recorda aqueloutra que se lle tributara a Celso Emilio Ferreiro en Madrid e que foi considerada como o maior acto a un poeta na Transición. A seguir, refírese aos poemas recitados e/ou recreados para este acto celebrado o 3 de novembro de 1979, parte dos cales foron atesourados e cedidos por José Escudero.

- Xesús Alonso Montero, "A poesía de Celso Emilio Ferreiro", pp. 45-62.

Comeza ofrecendo dez incursións sobre a biografía de Celso Emilio Ferreiro, que inicia co seu nacemento en Celanova o 6 de xaneiro de 1912 e a súa mocidade vinculada coas forzas galeguistas. Refírese ao seu paso pola guerra civil nas liñas franquistas e aos primeiros anos da posguerra en Pontevedra como funcionario e con escasa produción en lingua galega, así como ao seu traslado a Vigo, onde escribe *O soño sulagado* (1955) e *Longa noite de pedra* (1962) e milita clandestinamente en formacións políticas. A seguir, alude á multitudinaria homenaxe que recibe cando se dispón a viaxar a Caracas en 1966, tras aceptar o traballo ofrecido pola Hermandad Gallega. Detense na súa experiencia vital coas xentes da emigración, sobre a que mostra a súa desconformidade coa vida que levaban e expón as súas mordaces diatribas en *Viaxe ó País dos Ananos* (1968), ademais de falar do seu regreso e das homenaxes que recibiu tras a súa morte en 1979. Recolle un fragmento sobre a autopoética de Celso Emilio e explica como se converteu nun poeta social, ademais de comentar *Longa noite de pedra* e insistir en que a súa poesía é rica en temas, rexistros e modalidades. Tamén aborda a súa poesía satírica e outras das súas facetas como periodista literario, biógrafo de Manuel Curros Enríquez e tradutor.

- Esperanza Mariño Davila, "Os carteis de cego de Isaac Díaz Pardo", pp. 91-121.

Sinala que a finais da década dos sesenta do século XX, Isaac Díaz Pardo concibiu unha nova función para os carteis de cego, ao outorgarlles unha finalidade didáctica e de concienciación social, á vez que un certo carácter "subversivo". Explica que o texto do primeiro dos carteis de cego debuxados por Isaac Díaz Pardo, *Paco Pixiñas. Historia dun desleigado contada por il mesmo* (1970), corresponde a Celso Emilio Ferreiro, quen retomou o contido de *Viaxe ao País dos Ananos* (1968) e a crítica corrosiva de *Cantigas de escarnio e maldecir* (1968). Apunta que lle seguiron os carteis *A nave espacial* (1970), *O marqués de Sargadelos* (1970), *O crime de Londres* (1977) e *Castelao* (1985). Explica que Díaz Pardo debuxa sempre as viñetas cun trazo claro e definido e escribe cun innegábel valor histórico e narrativo, ademais de cun agudo sentido crítico. A seguir, detense no comentario de cada un destes carteis e reprodúcense os seus textos.

- Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, "Un prólogo (inédito) de Camilo José Cela para *O silencio redimido* de Silvio Santiago", pp. 123-138.

Recolle certos trazos vitais de Silvio Santiago García (Vilardevós-Ourense, 1903-Santiago, 1974), que pasou polas torturas da guerra civil e se refuxiou en Venezuela, onde desenvolveu un próspero labor empresarial. Tamén se refire á súa actividade cultural nas institucións de emigrantes galegos e como director da revista *Galicia* (1952-1954), ademais da súa participación nos programas de radio "Sempre en Galicia" e como anfitrión en Venezuela de diferentes intelectuais galegos. Cita a súa contribución económica para a edición de obras galegas e para a consolidación de Galaxia e da Fundación Penzol. Refírese ás súas obras literarias, *Villardevós* (1961) e *O silencio redimido* (1976), publicada tras o seu pasamento. A partir de diferentes documentos, reconstrúe as tentativas de edición desta novela, cuxo prólogo foi escrito polo seu amigo Camilo José Vela, do que se reproduce o orixinal.

- Xosé Neira Vilas, “A novela de Otero Pimentel”, pp. 139-140.

Achega unha serie de datos biográficos sobre Luís Otero Pimentel, nado no concello de Vila de Cruces e autor da novela fantástica *Campaña da Caprecórneca* (1897), que é obxecto do seu comentario. De Modesto Hermida destaca sobre todo o seu labor á fronte da colección “Narrativa de onte”, da Editorial Galaxia, na que recuperou a citada novela e a doutro autor emigrado en Cuba: *¡A besta!*, de Xan de Masma (pseudónimo de Patricio Delgado).

- Anxo Tarrío Varela, “Álvaro Cunqueiro: unha mirada holística”, pp. 145-160.

Despois de referirse ao atrevemento do título dado ao presente ensaio, anuncia que procura sintetizar o que considera fundamental no *modus operandi* de Álvaro Cunqueiro no momento de activar o rexistro literario na súa escritura. Sinala que Cunqueiro foi un dos poucos que soubo fuxir da literatura producida durante a Época Nós, que se caracterizou por certas inclinacións doutrinais e moralizantes debidas ás consignas identitarias e rexeneracionistas, por entender que a literatura debería ter autonomía de seu. Así mesmo, apunta que o mindoniense concibiu un novo modelo de lector, pois nos seus textos insta a un lector implícito que xa está liberado de concretas orientacións ideolóxicas, sen que por iso rexeite a reflexión sobre os desacougos universais do ser humano nin da identificación cos relatos e cos personaxes de ficción. A seguir, analiza a construción da súa narrativa con exemplificacións textuais e co apoio de diferentes fontes bibliográficas. Explica que Cunqueiro parte do xeito tradicional de narrar, aínda que estivo pendente das novas técnicas narrativas do seu tempo. Tamén se refire á súa necesidade de convencer da verdade do que conta, do carácter audíbel dos seus contos, da súa estrutura medievalizante e fragmentaria e da presenza de personaxes narradores e doutros que só lles gusta contar historias. Tamén apunta que, sen renunciar ás técnicas propias do realismo, lle daba unha gran relevancia á imaxinación e que ergueu unha escritura esperanzada, destacando que Cunqueiro transvasa á súa obra “o que a el se lle antollaba propio da cosmovisión do home galego rural, por moito que semellen puras fantasías o que nela se conte” (p. 159).

-Xosé Manuel Vélez Latorre, “Notas oterianas: un Otero xacobino, anti-conservador e anti-menendezpelayista (Sobre 'O espello no serán' e outros textos)”, pp. 161-165.

A partir da referencia a textos de Ramón Otero Pedrayo, explica que este intelectual evidencia unha evolución dende posicións conservadoras ás liberais e mesmo republicanas. Sinala que isto se evidencia tamén en *O Espello no Serán* (1966), no que recompila unha serie de traballos sobre Compostela que supón un verdadeiro calidoscopio de interpretacións persoais sobre o papel desta cidade na cultura universal. Céntrase no comentario dalgún dos textos e refírese ao artigo “No craustro de Fonseca” publicado en *La Noche* en 1947, no que alude a unha obra de Erasmo de Rotterdam que critica as peregrinacións a Santiago. Reclama a edición de textos oterianos, dispersos ou inéditos, que ofrecerían moitas das claves para entender a súa narrativa e ensaística.

**Recensións:**

- Xesús Alonso Montero, "Modesto Hermida: homenaxe", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 24 abril 2015, p. 4.

En primeiro lugar, faise un resumo da vida intelectual de Modesto Hermida, para, posteriormente, anunciar a publicación dun volume colectivo para homenaxear a súa figura. Indícase a estrutura da obra, conformada por un capítulo preliminar, dez estudos lingüístico-literarios e unha serie de poemas dedicados ao homenaxeado. Sinálase o nome dos participantes e recóllese algún fragmento.

**Referencias varias:**

- ECG, "Presentan un libro de homenaxe a Modesto Hermida", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 abril 2015, p. 43.

Dá conta do acto de presentación do libro e dalgunhas das autoridades presentes no acto.

**Burgoa Fernández**, Juan José e Guillermo **Llorca Freire** (coords.), *Homenaxe a Ferrol Vello*, Ferrol: Edicións Embora, xuño 2015, 253 pp. (ISBN: 978-84-16456-01-7).

Volume coordinado por Guillermo Llorca Freire e Juan José Burgoa Fernández, que asinan cadanseu traballo, xunto con: Fernando Dopico Blanco, Pilar Blanco Vidal, Rosa Méndez Fonte, Juan A. Rodríguez-Villasante Prieto, Bernardo Máiz Vázquez, Justino Fernández Negral, Eliseo Fernández, Álvaro Porto Dapena, Alfredo Alcalá, Ana Martín García e Jorge Manuel Deza. A obra está formada por dezaseis artigos, nos que se realiza un percorrido pola historia do barrio máis antigo de Ferrol, dende a súa creación no medievo até tempos actuais. Trátanse ademais cuestións relativas ao seu patrimonio, á actividade portuaria e industrial, ao sindicalismo e á cultura obreira e ao estudo da toponimia, entre outras cuestións. Como complemento gráfico a este volume, móstrase unha escolma de gravados do debuxante ferrolán Julio M. Ferrín Gómez nunha serie de diferentes vistas do singular barrio. As ilustracións da capa e da contraportada son de Juan José Rodríguez Soto. Entre os traballos presentados, son de interese para este Informe o seguinte:

- F.T.V., "Referencias literarias e históricas", pp. 175-182.

Inclúense apuntamentos biobibliográficos de Ricardo Carvalho Calero e Xohana Torres, escritores nados nesta parte da cidade, dos que se achega unha brevísima mostra poética de ambos. A seguir, reprodúcense parcialmente un par de traballos xornalísticos que versan sobre Ferrol Vello: un de Justo Gayoso, que viu a luz no *Anuario ferrolano para 1905*, e outro de Manuel París, na publicación *Ferrol Viejo* (1997). Séguelle un apartado sobre antigas revistas de festas do lugar e, para rematar, dáse noticia doutros historiadores ferroláns que nas súas publicacións trataron temas históricos e descritivos do barrio.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, “Días de festa”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, p. 26/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 30, n.º 892, “máis Libros”, 22 febreiro 2015.

Coméntase esta obra, da que se sinala que é un libro formativo, que achega datos á historia sobre monumentos e no que se comentan curiosidades descoñecidas de Ferrol. Por último, comenta que botou en falta a colaboración no libro dalgúns autores como Xosé María Dobarro e o Príncipe Galín.

**Callón**, Carlos e Paulo **Filgueiras**, *Cicatrices de ferro nas palabras. A obra poética e o programa cultural de Valentín Paz Andrade*, A Coruña: figurandorecuerdo(s) edicións/rosa espiñeira pan, novembro 2015, 196 pp. (ISBN: 978-84-606-5552-7).

Ensaio de Carlos Callón e Paulo Filgueiras que se centra no que os autores cualifican como unha visión “menos recoñecida e estudada” de Valentín Paz Andrade (Pontevedra, 1898-Vigo, 1987) que é a de creador literario, malia ser unha figura homenaxeada co día das Letras Galegas en 2012. Neste sentido, consideran que é unha idea infundada que a dedicatoria do Día das Letras Galegas esgote o estudo da obra dun autor ou dunha autora. O volume componse dos seguintes apartados: “O percorrido vital”, “Erguer Galiza ao nivel dos soños: o programa literario-cultural”, “*Pranto matricial*: a transmisión da memoria de Castelao”, “*Sementeira do vento:* Aínda nós somos nós”, “*Cen chaves de sombra*: memoria e acción para un tempo novo”, “Galiza tamén vive dos seus mortos” e “O redimensionamento do poeta”. Xa que logo, o volume realiza primeiramente un achegamento bibliográfico e ofrece unha explicación do programa literario e cultural do escritor para despois estudar pormenorizamente cada un dos volumes poéticos que deu ao prelo. O estudo organízase por orde cronolóxica de publicación: *Pranto matricial* (1954), *Sementeira do vento* (1968) e *Cen chaves de sombra* (1979). Compílanse tamén as elexías non recollidas en ningún dos seus libros e que viron a luz en distintas publicacións, ademais de incluír un apartado con todos os seus títulos de poesía, inéditos durante algún tempo e que, malia darse a coñecer en 2012, non foron obxecto de análise.

**Castro Rey,** Ignacio, *Pontes co diaño. Encontros con Ignacio Castro*, Santiago de Compostela: Corsárias Editora, xaneiro 2015, 150 pp. (ISBN: 978-84-16121-24-3).

Ignacio Castro Rey (Santiago, 1952) comeza este conxunto de entrevistas cun paratexto de J. L. Borges, o cal lle precede un epílogo, 13 títulos distintos e un apartado final onde se recolle unha pequena biografía de todos os entrevistadores e entrevistadoras. Cada capítulo, está formado por unha serie de preguntas e respostas que elabora un entrevistador e as que contesta o propio autor. Trátase dun conxunto de “conversas” relacionadas cunha amplitude temática que vai dende a tecnoloxía, os conflitos políticos, até as humanidades, literatura e a cultura. Nesta serie de diálogos aparecen innumerábeis referencias a filósofos clásicos, modernos e contemporáneos, dos que o autor bota man á hora de desenvolver as súas respostas.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "Diálogos co trasno", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 20/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 869, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 869, p. 30, "máis Libros", 22 febreiro 2015.

Achega breve a esta obra, da que destaca que é un libro de entrevistas, e que a primeira delas é unha que foi elaborada para o *Diario de Ferrol* por Pedro Ferrández. Sinálase que nas conversas Castro entreabre diferentes temáticas no que se observa o seu pensamento ideolóxico e as súas lecturas. Apunta ademais que as súas opinións, de "extrema lucidez" confortan nos "tempos ruíns que estamos a vivir".

- Eva Garea, "Da tecnoloxía á literatura, un repaso aos problemas fundamentais do noso tempo", *Grial*, n.º 206, "O espello das letras", abril, maio, xuño, 2015, pp. 116-117.

Indícase que a obra recolle unha ducia de entrevistas ao autor. Destácase a orde da obra a modo de diálogo filosófico socrático, a reflexión que induce sobre a comunicación no século XXI, o repaso que ofrece dos acontecementos actuais como o solipsismo da sociedade tecnolóxica, a necesidade de reivindicar a corporalidade e tamén a percepción do acontecemento a través da tarefa literaria, así como achega un percorrido pola comprensión da historia, cunha revisión do pensamento posmoderno do suxeito e o fomento do pensamento crítico.

- G. T., "O sorriso do medo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", 1 maio 2015, p. 10.

Preséntase a obra como un "libro de entrevistas co filósofo", destacando a diversidade temática. Valórase de forma positiva a crítica realizada polo autor ás sociedades contemporáneas e á estrutura capitalista na que estamos inmersos. Coméntase tamén a idea do autor, plasmada na obra, de que o fracaso non ten porque ser nada negativo. Tamén se fai mención ao título, do que se recalca que alude "tanto á índole individual de cada quen como ao lado escuro do real".

**Referencias varias**:

- P. C., "Ignacio Castro Rey. 'Hai un medo patético a estar a soas con nada", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 25 febreiro 2015, contracuberta.

Realízase un breve recorrido pola traxectoria do autor, destacando que é doutor en Filosofía, crítico da arte e de cine. Ofrécense datos sobre a presentación do libro, que se presenta como como unha serie de entrevistas sobre unha temática diversa.

**Fernández Rei**, Francisco, *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2015, 368 pp. (ISBN: 978-84-9914-900-4).

Volume no que se recollen os traballos de investigación que ao redor do mar na literatura levou a cabo durante os últimos quince anos Francisco Fernández Rei. Son

trinta textos dispersos, escritos entre 1999 e 2014, agás dous que se datan en 1977. A temática central de todos estes traballos é a memoria de Cambados, a figura de Ramón Cabanillas e o seu labor a prol da dignificación de Galicia e da construción dun galego literario, así como a presenza do mar da Arousa na súa obra e na doutros creadores. Conta cun limiar no que o Fernández Rei explica a xénese e organización do volume, o seu interese pola temática e o seu desexo de converter esta obra nunha homenaxe a todas as persoas vinculadas co mar da Arousa, en especial o poeta Ramón Cabanillas. Os artigos, nove deles inéditos, aparecen estruturados en cinco apartados, que se organizan cronoloxicamente e que tratan sobre: a memoria e as paisaxes de Cambados, notas biográficas e literarias de Ramón Cabanillas, a fala de Fefiñáns e a lingua literaria do poeta cambadés, o tratamento do mar en diferentes autores (Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Manuel Antonio, Manuel Lueiro Rey, Armando Cotarelo Valledor, Álvaro Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín...) e do mar da Arousa en particular e, por último, a reivindicación e valorización do poeta de Cambados, polo que Cabanillas se converte en centro de practicamente todos os textos recompilados, enxalzando a súa figura e o seu labor cultural e social a prol de Galicia.

**Recensións:**

- Miro Villar, "Un poeta fulcral, a súa lingua e o seu territorio", *Grial*, n.º 208, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2015, pp. 95-96.

Comentario no que se describe o contido e estrutura da obra, configurada como unha memoria de Cambados, con anotacións sobre a biobibliografía de Cabanillas e a construción da lingua literaria galega en canto á fraseoloxía e léxico mariñeiro. Infórmase de que a obra se estrutura en cinco apartados nos que se analiza o *modus vivendi* social e cultural da vila, os acontecementos principais da vida e da obra de Ramón Cabanillas, o estudo lingüístico e sociolingüístico da fala da vila ou diferentes propostas para honrar a figura deste autor. Ademais tamén se sinala a reiteración de datos e opinións así como a heteroxeneidade e a diverxente profundidade das distintas partes do estudo.

- Camiño Noia, "Homenaxe a Cabanillas", *Tempos Novos*, n.º 222, *ProTexta*, n.º 11, "ProPostas", novembro 2015, p. 88.

Comézase cunha breve semblanza da figura de Fernández Rei e os seus estudos sobre Ramón Cabanillas. Descríbese o volume, dividido en cinco partes, nas que se estuda a lingua, léxico e poesía de Cabanillas, pero nas que tamén se fai unha historia social de Cambados. Entre o conxunto dos artigos recollidos, saliéntase "Unha vida entre peixe e salitre do mar de Arousa", no que Xenxa Rei relata a súa vida en Fefiñáns, unha representación da vida das mulleres en Cambados.

**Referencias varias**:

-E. Ocampo, "Cabanillas en 'The Times", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 1 setembro 2015, p. 33.

Ademais de anunciar a próxima publicación desta monografía, explícase que cando se fan noventa e cinco anos do ingreso de Ramón Cabanillas na Real Academia Galega a institución desvela as crónicas británicas que se fixeron eco desta noticia, que foron obra de Annette M. B. Meakin publicadas en *The Times* e *The Morning Post*. Tamén se fai referencia a outros documentos que conserva a Academia no seu arquivo.

- X. L. Méndez Ferrín, "Pasa Ramón Cabanillas", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 936, 21 novembro 2015, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 516, 28 novembro 2015, contracuberta, "No fondo dos espellos".

Dáse conta da publicación desta monografía e lembra o primeiro cabodano da súa morte, ao cal asistiu. Indícase que foi Ramón Cabanillas quen traduciu por vez primeira ao galego a 'Internacional' de Pottier, e que foi el "o primeiro grande poeta e escritor monolingüe da Historia de Galicia". Coméntase o libro *Antífona da cantiga*, indicando que grazas a Cabanillas comezou a ser apreciada a poesía popular galega.

- Salvador García-Bodaño, "Cabanillas cen anos despois", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 22 novembro 2015, p. 3.

Dáse conta da presentación na libraría Couceiro de Santiago de Compostela de *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa* (Xerais, Vigo, 2015), de Francisco Fernández Rei. Indícase que no acto interveu Antón Santamarina e Manuel Bragado.

**Figueroa**, Antón, *Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural*, ed. ao coidado de Alejandro Alonso Nogueira, Arturo Casas, Manuel Forcadela, Teresa López, Laurence Malingret e Elías Torres Feijó, limiar dos editores e editoras, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 321, 2015, 220 pp. (ISBN: 978-84-8487-295-5).

Recompilación de dez estudos de Antón Figueroa (Chantada-Lugo, 1943), que viran a luz con anterioridade entre 1983 e 2012 en libros colectivos, actas e revistas de difícil acceso na actualidade. Ábrese cun "Limiar" dos editores e editoras no que explican que decidiron seleccionar e recompilar estudos de Antón Figueroa, como homenaxe con motivo da súa xubilación no verán do 2013. Precisan que a iniciativa foi dobre dende o comezo: recompilar publicacións breves ás que non resulta doado acceder e convocar un simposio para finais do verán de 2015 no que diferentes especialistas abordaran aspectos teóricos e crítico-historiográficos que interesaron a Figueroa durante as súas investigacións, dende a publicación de *Diglosia e texto* (1988). Explican a estrutura do volume en tres sectores: "A lectura de textos literarios", "As relacións interliterarias" e "O campo cultural e a dimensión nacional do feito literario", que representan aspectos polos que foron recoñecidas as achegas de Figueroa, aos que engaden unha ampla entrevista. Glosan de forma sintética os méritos de Figueroa, reparando en primeiro lugar nos libros e a seguir nos artigos e colaboracións resultantes da súa participación en congresos, homenaxes e outros libros colectivos. Salientan que a escolma representa de xeito fidedigno e cabal o seu pensamento e as súas investigacións, ademais de estabelecer converxencias internas e externas coas últimas obras referentes de Figueroa. A continuación aparece unha listaxe coa "Procedencia dos textos compilados" e unha

"Bibliografía selectiva de Antón Figueroa ordenada cronoloxicamente", que se subdivide en libros e artigos e capítulos de libros, que anteceden á reprodución dos textos seleccionados. En conxunto, as achegas de Antón Figueroa explican a situación e conformación da literatura galega en base a aspectos entre os que salientan a conflitiva situación lingüística, a simultaneidade no espazo da escrita e da lectura, a recepción textual en contextos diglósicos, os actos de comunicación aplicados aos textos do pasado e á súa funcionalidade no campo literario, as relacións entre culturas e literaturas, a dimensión nacional do feito literario e as funcións dos textos de viaxes, entre outros.

**Recensións:**

- Montse Dopico, "Literatura e diglosia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 558 "Reportase", 29 outubro 2016, p. VII.

Di que o tema central deste ensaio é a recepción da literatura nun contexto diglósico e explica que o volume conta cun conxunto de textos preparados por estudosos como Alejandro Alonso Nogueira, Arturo Casas, Manuel Forcadela, Laurence Malingret ou Elías Torres. Explícase que nunha sociedade diglósica tanto no proceso creador coma receptor se produce unha necesidade de atender ao propio código lingüístico e que o texto unicamente se ve como un medio de autoafirmación.

**Referencias varias:**

- J. G., "Un simposio internacional reconoce las investigaciones de Antón Figueroa", *La Voz De Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 25 agosto 2015, p. L4.

Coméntase que a contribución das investigacións de Antón Figueroa, catedrático da USC, serán recoñecidas nun simposio internacional que terá lugar nesta universidade e no que, ademais do legado deste investigador, se abordarán diversas cuestións como a tradución e o espazo cultural transnacional. Infórmase de que nesta homenaxe participarán especialistas de prestixio como Itamar Even-Zohar, Rakefet Sela-Sheffy ou Alex Alonso. Tamén se anuncia a publicación deste ensaio.

- Xosé Carlos Caneiro, "Ventura", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Club dandi", 20 novembro 2015, p. 12.

Fala da natureza da obra, constituída por unha selección de textos editados anos atrás polo autor que dan conta da calidade do seu corpus conceptual.

**García**, Xosé Lois, *Manuel María. Reencontrado*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Memoralia, n.º 13, decembro 2015, 262 pp. (ISBN: 978-84-944314-2-5).

Monografía de Xosé Lois García centrada na figura de Manuel María Fernández Teixeiro (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004) que inicia coa seguinte dedicatoria: "Para o profesor e amigo Camilo Gómez Torres polo que nos descubriu de Manuel

María". A obra está estruturada en dúas partes: "Manuel María da Ribeira Sacra" e "Diversos traballos publicados por XLG sobre Manuel María". A primeira presenta un percorrido pola vivencia persoal de Manuel María e a súa vinculación con diferentes lugares xeográficos, así como a actividade e vinculación do poeta con estas terras, incorporando abundante material fotográfico, ademais de analizar como se reflicten na súa produción literaria elementos como a paisaxe, a arquitectura, os persoeiros, o viño etc. Préstalle especial atención a algunhas obras do autor, como *Sonetos ao Val de Quiroga* (1988), *Cancioneiro de Monforte de Lemos* (1991) ou *Cantigas e Cantos de Pantón* (1994), das que se reproducen fragmentos de varios poemas. Pechan esta primeira parte as seccións "Manuel María en Cataluña", que dá conta das viaxes e da actividade do autor nestas terras, e "Manuel María e a relixión", onde se fala da súa relixiosidade e da repercusión que tivo na súa obra. Na segunda parte do volume recóllese unha compilación de oito traballos de Xosé Lois García sobre Manuel María, difundidos con anterioridade a través de diferentes publicacións: "Lectura e itinerario posíbel polo *Terra Cha* de Manuel María", "Aportacións para un vocabulario da flora e da fauna no *Terra Cha* de Manuel María", "A arquitectura na poesía de Manuel María", "Metáfora e reivindicación no *Libro de Pregos* de Manuel María", "A poderosa paixón de ser poeta nun país de versicidas", "Venus, Simonetta, Botticelli, Florencia e Manuel María", "A esperanza da patria faise certeza en Manuel María" e "Sonetos gregorianos para Manuel María no existencialismo da súa infinidade".

**García Negro**, Pilar (ed.), *No tempo de Follas Novas. Unha viaxe pola literatura universal*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, Oeste [divulgación & ensaio], abril 2015, 282 pp. (ISBN: 978-84-89323-97-1).

Volume monográfico editado por María del Pilar García Negro, quen xustifica na presentación a constitución da obra como unha homenaxe a Rosalía de Castro. Márcase como obxectivo principal reunir unha escolma de textos de autores que entrasen en diálogo coa produción rosaliana. Agradece aos participantes a súa paixón e entrega e sinala o seu desexo de que este traballo teña acollida nas aulas de Literatura Universal. A obra conta con colaboracións de distintos autores que analizan de forma minuciosa as achegas á literatura e dan acollida a unha escolma de textos.

- María Pilar García Negro, "Escolma e comentario dos textos escollidos de *Follas Novas*", pp. 17-80.

Estuda a dedicatoria, o prólogo-ensaio inicial e as distintas partes da obra, á vez que se reproducen algúns fragmentos escollidos.

- Marica Campo, "As literatas", pp. 81-88.

Comeza cunha introdución á biografía de Camilo Castelo Branco e á súa produción literaria, centrándose especialmente na tradición misóxina na que se inscribe o poema "As literatas", que se reproduce a continuación.

- Teresa Barro, "Bury Me in a Free Land", pp. 89-94.

Inicia a súa participación cunha referencia á biografía de Frances Harper, facendo alusión á reivindicación que realizou co fin de lograr a abolición da escravitude das mulleres. Antes de dar acollida a un fragmento da autora, descríbese o estilo da súa obra.

- Kathleen N. March, "D'*A tiranía rosa e branca. Unha novela de sociedade*", pp. 95-99.

Realízase un breve percorrido pola biografía de Harriet Beecher Stowe e polo argumento das súas obras, que son pouco coñecidas.

- Xosé Luís Axeitos, "A última clase", pp. 101-108.

Comeza a súa achega cunha contextualización histórica do momento no que viviu Alphonse Dauret, posto que determinou a súa produción, feito que se observa na reivindicación do patriotismo do pobo, tema que se advirte tamén no fragmento que se inclúe.

- Mª Jesús Lorenzo Modia, "I Grant You Ample Leave", pp. 109-115.

Realiza unha introdución á biografía e obra de George Eliot, pseudónimo que adoptou Mary Ann Evans para lograr que as súas obras fosen valoradas polos seus méritos.

- Elvira Sanz Gómez, "De *Casa de bonecas*", pp. 117-121.

Destácase a novidade que supón a obra de Henrik Ibsen no panorama literario do momento e realízase un resumo do argumento da peza *Casa de bonecas*, da que se inclúe un fragmento pertencente ao terceiro acto.

- Eduardo Álvarez, "Bóla de Sebo, pp. 123-186.

Inclúe uns breves datos biográficos de Guy de Maupassant para centrarse a continuación no argumento do relato breve "Bóla de Sebo" que se reproduce.

- Carme Fernández Pérez-Sanjulián, "D'*O crime do padre Amaro*", pp. 187-194.

Centra o seu interese na obra de Eça de Queirós, marcada particularmente polo afastamento físico que sufriu de Portugal. Sitúa o fragmento seleccionado d'*O crime do Padre Amaro* na novela e apunta o seguimento que realizou este autor da obra de Rosalía de Castro.

- María del Pilar García Negro, "De *La Regenta*", pp. 195-201.

Iníciase cunha referencia biográfica de Leopoldo Alas y Ureña e a súa obra *La Regenta*, da que selecciona un fragmento que contextualiza.

- Celia Armas García, "D'*Un matrimonio provinciano*", pp. 203-209.

Comézase cunha referencia biográfica da autora María Antoniett Torriani e da súa produción literaria, centrando o seu interese na obra *Un matrimonio provinciano*.

- Anxo Angueira, "Veillées", pp. 211-214.

Ábrese cunha referencia biográfica breve de Arthur Rimbaud e co estabelecemento da relación entre a súa produción literaria e a de Rosalía de Castro.

- María Pilar García Negro, "[Fragmentos]", pp. 215-227.

Iníciase cun percorrido pola vida de Emilia Pardo Bazán e pola súa obra, da que selecciona algúns fragmentos.

- Marica Campo, "L'Emigrant", pp. 229-235.

Despois dunha referencia biográfica de Jacint Verdaguer, céntrase na relación da composición "L'Emigrant" co poema de Rosalía de Castro "Adiós ríos, adiós fontes".

- Xoán Ignacio Taibo, "D'*A Sonata a Kreutzer*", pp. 237-242.

Comenta algúns datos biográficos de Liev Tolstoi e deseguido presta atención á obra *A Sonata a Kreutzer,* da que selecciona un fragmento.

- Andrés Pociña e Aurora López, "De *Versos sencillos*", pp. 243-247.

Relaciónase a obra de José Martí coa de Rosalía de Castro, centrando o seu interese nos versos escritos por ambos os dous poetas no desterro.

- Carlos Callón, "D'*A família Medeiros*", pp. 249-253.

Iníciase cunha referencia biográfica de Júlia Lopes de Almeida, dando acollida a comentarios sobre a súa produción poética, especialmente na obra *A família Medeiros.*

- Pilar Pallarés, "I felt a Funeral, in my Brain", pp. 255-258.

Relaciona a obra de Rosalía de Castro coa de Emily Dickinson.

- Luís Cochón, "[Sleeping at last]", pp. 259-264.

Recorre ao estudo de Plácido R. Castro para relacionar a obra de Rosalía de Castro coa de Christina Rossetti, autora da que selecciona o poema "Sleeping at last", despois de facer uns breves comentarios temáticos deste.

- Francisco Rodríguez, "De *De Profundis* (1897) e d'*A balada do cárcere de Reading*", pp. 265-273.

Ábrese cunha referencia biográfica de Oscar Wilde e cunha análise da vinculación que se advirte entre a súa produción literaria e a da autora homenaxeada.

A obra conclúe cun epílogo de Carlos Negro (pp. 275-282) no que o autor realiza unha análise da importancia que supuxo a obra de Manuel Curros Enríquez na produción literaria. Ademais, menciona as referencias de admiración e respecto que o autor lle fixo a Rosalía de Castro, situadas no contexto histórico e social.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "A luz de Rosalía", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 886, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 886, p. 32, "letras Atlánticas", 21 xuño 2015.

Comenta esta obra, da que repasa as diferentes contribucións, das que opina que hai colaboracións de "moi diverso xorne". Apunta que hai algún traballo que semella esquecer o referente rosaliano e algún outro que "gasta unha prosa pedante e insufrible". Con todo, di que o volume no seu conxunto "loce a gran nivel" e remata salientando o labor de García Negro, tanto como editora como ensaísta no volume.

- Xosé Feixó, "En tempo rosaliano", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 548, "Libros", 25 xuño 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 503, "Letras galegas", 4 xullo 2015, p. 10.

Presenta a obra, definíndoa como un proxecto "ambicioso e excelente" e refire os colaboradores do volume. Menciona o contido e nomea os escritores e escritoras que se estudan vencellados á obra rosaliana, comentando que se poden atopar "múltiples coincidencias e analoxías". Por outro lado, refírese ao labor de investigación de García Negro en torno á figura da poeta e considera que este libro será de proveito para todo tipo de lectores.

- Vicente Araguas, "Rosalía e os outros", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 903, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 903, p. 30, "máis Libros", 18 outubro 2015.

Explica que a editora propón un percorrido por distintas obras de autores da literatura universal que viron a luz arredor de 1880, ano de publicación de *Follas novas*, para realizar unha análise literaria dende Galicia cara ao resto do mundo. Comenta que no volume participa unha ducia e media de especialistas, con estudos sobre Maupassant, Oscar Wilde, Rimbaud, Pardo Bazán etc.

**Referencias varias:**

- Marta Veiga, "García Negro válese de Rosalía para analizar a literatura universal do XIX", *El Progreso*, "Vivir cultura", "Letras", 8 maio 2015, p. 68.

Informa da publicación da obra e sinala que utiliza o poemario rosaliano como punto de partida para achegarse á obra de dezaoito autores da segunda metade do século XIX, coetáneos da poeta. Sinálase que esta obra serve tamén para rescatar escritoras

invisibilizadas daquela época. Nese senso, noméanse a algunhas destas autoras, así como as persoas encargadas do seu estudo. A continuación, cita outras persoas que colaboraron no volume con cadanseu traballo.

- R. Nicolás, "Caleidoscopio literario", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 5 xuño 2015, p. 6.

Felicita a iniciativa de Pilar García Negro para organizar un libro colectivo, con traballos de varios ensaístas arredor de *Follas novas* e a literatura universal.

**Gômez**, Joel R., *Ernesto Guerra Da Cal, do exílio a galego universal*, limiar de Elias J. Torres Feijó, Santiago de Compostela: Através editora, col. Através de nós (Através), n.º 10, 2015, 392 pp. (ISBN: 978-84-87305-90-0).

Elias J. Torres Feijó no prólogo "Ernesto Guerra Da Cal: *Cur tam varia?* sinala que o presente volume ofrece a garantía dun traballo moi documentado sobre a traxectoria de Ernesto Guerra Da Cal (Ferrol, 1911-Lisboa, 1994). A seguir, refírese ao descoñecemento no ámbito galego deste intelectual, a pesar da súa inxente produción investigadora e ensaísta, das súas potentes relacións e do seu éxito persoal, e conclúe que se debe á súa condición "lusista". Considera que a traxectoria e produción de Guerra Da Cal é unha fonte útil para entender o campo cultural galego. A seguir, Joel R. Gômez explica a organización da obra e anota as fontes consultadas, así como dá conta das distincións que recibiu este ferrolán universal. Fai un percorrido pola súa biografía e detalla as súas responsabilidades profesionais na docencia, investigación e xestión universitaria en Nova York. Destaca que co seu traballo quere contribuír ao rescate dun autor que atinxiu un importante capital simbólico e presenza na súa Galicia natal, pero tamén nos intersistemas lusófono, hispánico e anglófono. A continuación presenta a biografía e traxectoria de Ernesto Guerra da Cal que parte da súa tese de doutoramento defendida na Universidade de Santiago de Compostela baixo a dirección do profesor Elías Torres Feijó e que articula nos seguintes apartados: "Do nascimento (Ferrol, 1911) ao exílio (Nova Iorque, 1939)", "O tempo profissional na docência e na pesquisa nos EUA", "Do aposentamento à morte (1977-1994): Estoril, Londres, Nova Iorque, Lisboa" e "A projeção e valorização de Ernesto Guerra Da Cal após a sua morte". Para rematar achega unha serie de conclusións e a bibliografía e outras fontes documentais consultadas para este monográfico sobre este profesor universitario que acadou proxección internacional grazas aos seus traballos como docente, investigador e escritor. Na síntese final, Joel R. Gômez explica que en Galicia é valorado sobre todo como queirosianista e lorquianista, amais de vincularse co reintegracionismo, unha posición "que foi bem valorizada e ajudou para que prosperassem as suas iniciativas e projetos", pero que "não vingou na Galiza, onde o Campo do Poder Político, e o académico, legitimaram o referente de oposição da mesma" (pp. 334-335).

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Guerra da Cal, embaixador literario", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 36/ *El Ideal Gallego*, "*la Galería*", p. 39, n.º 881, 17 maio 2015.

Salienta tres motivos polos que considera que Ernesto Guerra da Cal non gozou do recoñecemento que debía nos estudos da literatura galega. Por este motivo, celebra que se dignificase a súa obra coa publicación do investigador Joel R. Gômez, *Ernesto Guerra Da Cal, do exílio a galego universal.* Considera que é un ensaio "moi documentado" e repasa, a modo xeral, os contidos do volume.

- X. L. Franco Grande, "Rigoroso traballo sobre unha figura impar", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", 11 setembro 2015, p. 11.

Considera a fonte máis completa de información coa que se conta sobre esta figura, da que se di que é unha das máis sobresaíntes da cultura galega do século XX. Comenta o coidado posto no libro e o valor do estudo de investigación realizado. Ademais, explica que a obra permite "facer xustiza" a unha figura do exilio que foi esquecida pola súa propia terra.

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, "Reivindicación de Guerra da Cal", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 22 maio 2015, p. 6.

Considérase que é este novo traballo sobre Guerra da Cal que realiza Joel R. Gômez no que se aplica unha perspectiva máis divulgadora e totalizadora.

**Heinze de Lorenzo**, Ursula, *...E os domingos, un croissant. Diario dun encontro coa vida*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, febreiro 2015, 147 pp. (ISBN: 978-84-89323-96-4).

Diario de Ursula Heinze de Lorenzo (Colonia, Alemaña, 1941) no que narra as súas vivencias durante os dous meses que estivo ingresada no sanatorio psiquiátrico La Robleda para superar unha depresión. A obra inicia coa seguinte dedicatoria: "Dedícolle o libro a Amaia e a Ramón, que sufriron moito por min", á que lle sucede unha cita de Mark Twain. Séguelle un breve texto no que a autora ofrece información sobre o sanatorio e explica os motivos polos que decidiu ingresar nel. Remata dicindo: "Neste diario xunto tódalas miñas forzas e abro a miña alma a un público que nunca quixo coñecerme de verdade". A continuación reprodúcense as páxinas do diario, onde, a través dunha linguaxe sinxela e accesíbel, a protagonista relata en primeira persoa o seu día a día no sanatorio, dende a súa chegada o 7 de agosto de 2014 até a súa saída o 3 de outubro. A descrición das súas experiencias, sentimentos e sensacións mestúrase coa narración de anécdotas protagonizadas por outros pacientes e polo persoal do centro. No final destas páxinas inclúese unha "Nota" na que a autora explica que os feitos e persoas retratados son reais, aínda que emprega nomes ficticios. Pechan a obra dúas fotografías en branco e negro do exterior do sanatorio e unha nota de agradecemento ao persoal do centro e aos outros pacientes.

**Recensións:**

- Iria Veiga, “Os lugares descoñecidos do cotián”, *Grial*, n.º 206, “O espello das letras”, abril, maio, xuño, 2015, pp. 112-113.

Coméntase esta obra na que se destacan os principais trazos argumentais, como son o ingreso voluntario da escritora nun centro psiquiátrico e a narración en primeira persoa da súa situación, así como a relación coa compañeira de cuarto, co persoal e as vidas dos internos. Saliéntase o valor documental do relato, as reiteracións, a pobreza da linguaxe e a presentación non estereotipada nin dramática do internamento a través do formato de diario marcado pola subxectividade.

- Ramón Nicolás, “Un libro que alenta a vivir”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, 15 maio 2015, p. 12.

Dá conta da publicación deste diario escrito por Úrsula Heinze durante a súa estancia voluntaria no sanatorio psiquiátrico La Robleda, de Santiago de Compostela. Sinala que na obra se reflexiona sobre temas como a inestabilidade emocional, as dificultades da convivencia ou sobre a propia condición humana, ademais de que a autora tamén lle dá relevancia aos conceptos da solidariedade, á conversa, á ironía e ao riso como terapias. Finalmente precisa que se trata dunha crónica moi valiosa que serve para abrir os ollos e que non só transmite vivencias persoais, xa que resulta útil para lembrarnos a importancia de volver humanizarnos.

- Vicente Araguas, “Terapia ocupacional”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 20/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 893, p. 26/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 893, p. 30, “máis Libros”, 9 agosto 2015.

Destaca a temática e as experiencias reflectidas neste diario dos acontecementos vividos pola escritora nun sanatorio mental en Santiago de Compostela. Fala do carácter catártico da literatura e do oficio de escritura para manter a mente clara e con vitalidade. Por último, analiza as accións que fundan este diario, a estancia no sanatorio, as relacións cos outros enfermos, co persoal médico etc. Incide na veracidade dos feitos que se esconden baixo nomes ficticios, destacando o labor de narradora da autora ao atreverse a relatar as súas propias vicisitudes.

**Referencias varias:**

- Fran P. Lorenzo, “Ursula Heinze leva a un diario o relato valente do seu ingreso psiquiátrico”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 abril 2015, p. 36.

Dáse conta da publicación da obra e da súa presentación o día 3 de abril, no Sanatorio La Robleda, na que estarán presentes a autora, os doutores Álvarez e Ramos e o editor do libro, Henrique Alvarellos.

- Lourdes Varela, “Úrsula Heinze. ‘Hai máis vida real dentro dun psiquiátrico que fóra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 553, 24 setembro 2015, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 508, 3 outubro 2015, p. 11, “Entrevista”.

Entrevista á escritora galego-alemá pola publicación deste libro. Explica que nel libro recolle as vivencias dos enfermos, a propia enfermidade da autora e as características das instalacións psiquiátricas nas que pasou dous meses en 2014.

- P. Calveiro, "Úrsula Heinze. 'Escribir foi para min unha terapia dentro do psiquiátrico", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 26 novembro 2015, p. L2.

Indícase a relevancia dende diario pois relata as vivencias da escritora nun sanatorio mental cerca de Santiago de Compostela. Destácase que a escritura do diario se converteu nunha terapia debido á monotonía dos días que estivo recuperándose. Di que o título da obra se refire ao cambio de dieta dos domingos, coa presenza dos croissants para almorzar.

**López** Facal, Xan, *Percursos sem roteiro*, Santiago de Compostela, Associaçom Galega da Língua, Colección Através das ideias, 210 pp. (ISBN: 978-84-87305-93-1). ◆

Conxunto de artigos de Xan López Facal que van precedidos por un prólogo no que o autor adianta o contido e estrutura da obra, que aborda diversos temas e reflexións. O libro organízase en diferentes apartados, en función da temática: "Galaicidades", composto por nove artigos que teñen como foco de estudo Galicia e que levan por título: "Pequeno atlas de geografia simbólica", "Breve percurso pola Galiza Sul", "Ouro nas fontes", "Deve chamar-se tristeza", "Eu sei quem sou", "Unamuno volta a Portugal em companhia de Remesal", "Os pais da Deolinda", "Um pais de suicidas" e "A terra permanece"; en "Escrito sobre a água" reúnense outros oito artigos centrados en diversas biografías ("O marechal Ney entra em clausura", "Regina e Ofélia", "O Saboia que véu morreu na foz do Douro", "My heart's in the Highlands", "Gospodi pomilui", "Oleiros 10/02/11", "Genius loci" e "Elogio do guerreiro"), mentres que en "Longa língua", se compendian trece textos ao redor de cuestións da lingua para, por último, en "Incursos", centrarse en aspectos políticos. Péchase o libro cun apartado onde se inclúen os datos de publicación de cada artigo incluído no compendio, indicando o título, lugar de edición e o ano, deixando ver que a maioría deles foran anteriormente publicados no xornal en liña *Praza Pública* e no Portal Galego da Língua.

**López Silva**, Inmaculada, *Resistir no escenario. Cara a unha historia institucional do teatro galego*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2015, 402 pp. (ISBN: 978-84-16533-48-0). ◆

Inmaculada López Silva no limiar intitulado "Hic et Nunc?" sinala que o teatro é un dos discursos máis mozos da cultura galega e achega as razóns polas que as súas historias se deteñen nos momentos clave do que se chama "periodización" do pasado e só atinxe o presente naquelas ocasións imprescindíbeis. Tamén expón que é posíbel explicar o teatro dende a perspectiva inversa, "a través dun relato que, facendo fincapé nos diversos *presentes* que se foron sucedendo ao longo do tempo, dea conta da capacidade das xentes do teatro para incidir no seu propio destino como artistas e mais da

capacidade de todos nós para definir o teatro galego da maneira máis útil e eficaz". Refírese ás funcionalidades da literatura e, polo tanto do teatro, nun contexto en permanente conflito e en constante construción como o galego. Sinala que para desenvolver o seu relato comeza por definir o que se entende hoxe por "teatro galego" no marco da nosa comunidade cultural coas implicacións identitarias, ideolóxicas e políticas que implica, polo que realizará unha descrición completa do teatro galego como sistema, a partir de múltiples documentos. Especifica que nese sistema se detén nas institucións do campo cultural, é dicir, as entidades, mecanismos e formas de organización que se encargan de mediar entre os distintos axentes que nel participan para que funcione. Así, inicia o seu relato cunha referencia ao sistema teatral galego de actual, na que presenta unha posíbel descrición da súa conformación diacrónica e trata as claves do conflito cultural existente en Galicia, alén de aludir aos diferentes factores que integran o sistema teatral galego (os produtores, o consumo, o repertorio e os produtos, o mercado e as institucións). A seguir, detense no proceso de institucionalización política do teatro galego e no campo de poder, ademais de abordar o papel das institucións na difusión do teatro, falar das institucións profesionais e das institucións canonizadoras e do estabelecemento do réxime de valor. Por último ofrece unhas conclusións, a bibliografía e un índice onomástico.

**Losada**, Basilio, *Reflexións sobre as primeiras novelas de Rosalía de Castro*, A Coruña: Real Academia Galega, 2015, 65 pp. (ISBN: 978-84-87987-95-3).◆

Volume no que se recolle o discurso pronunciado por Basilio Losada Castro (Láncara, Lugo, 1930) con motivo da súa entrada na Real Academia Galega e a resposta de Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928). Losada comeza agradecendo a proposta de ingreso e sinala que nunca pensou que tivese méritos dabondo para formar parte desta institución. A continuación, xustifica o tema de intervención manifestando que "Galicia é (...) o único país do mundo construído e mantido en vida polos seus poetas, e cunha muller en cabeza deles". Centra o discurso na análise das obras de Rosalía de Castro *La hija del mar* e *Flavio.* Detense en analizar os principais núcleos temáticos de as ambas novelas, ao tempo que enlaza as súas reflexións facendo mención a outros traballos que versaron sobre a obra rosaliana, como os de Catherine Daves, Kathleen N. March, Francisco Rodríguez, Pilar García Negro, Helena González, Pilar Pallarés ou María do Cebreiro. A resposta de Xesús Alonso Montero comeza salientando de Losada a súa personalidade polifacética, o seu labor docente, a súa condición de narrador oral, así como outras facetas alleas ao ámbito literario. Repasa algúns datos biobibliográficos do escritor, fundamentalmente os traballos ensaísticos, vencellados á publicación *Grial*, e destaca o seu labor de tradutor. Por último engádese unha extensa bibliografía de Basilio Losada, cuxa nota previa informa de que non recolle a totalidade dos textos publicados senón unha parte significativa, remitindo ao traballo de Helena González e Xesús González Gómez *Professor Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade e risco*, para consultar unha bibliografía máis completa.

**Losada**, X. Ricardo, *Faustino Rey Romero. Un evanxeo bufo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, xullo 2015, 192 pp. (ISBN: 978-84-9914-874-8).

Biografía interpretada do crego, poeta e teólogo Faustino Rey Romero (Isorna, 1921-Bos Aires, 1971), de X. Ricardo Losada, na que se manexa abondosa documentación e se insiren aspectos da pescuda levada a cabo polo autor. Nun estilo áxil e por veces próximo á ficción, comeza reproducindo unha conversa entre o autor e unha persoa que responde ás iniciais X. M. que, a modo de prólogo, desvela que o traballo é froito dunha encarga para levar a cabo a investigación ao redor da vida deste controvertido persoeiro. A seguir detense nas escuras circunstancias que rodearon a súa morte, da que a familia sospeita que foi un asasinato, ben por implicacións políticas, ben por rivalidades con outros membros da curia, tal como se deixa ver pola correspondencia e as testemuñas manexadas. A seguir, reprodúcense sete capítulos nos que se percorre a vida deste intelectual e se reproducen fragmentos das súas obras e de cartas que escribiu a outras persoas. Da nenez de Faustino Rey Romero saliéntase que está marcada polo seu carácter soñador, que lle imprimiu un infantilismo que mantivo ao longo de toda a vida, e a confrontación co pai, que determinará a súa personalidade. Da mocidade incídese na admiración polas ensinanzas de San Francisco de Asís, a súa formación no seminario durante a posguerra e o exercicio como sacerdote en diferentes parroquias galegas, que dan paso nos anos cincuenta ás medidas de castigo do bispo de Tui pola súa actitude desafiante dende o púlpito, as súas ideas revolucionarias e a súa vida extravagante, propia dun home atormentado que se refuxia na poesía. Refírese o rexeitamento da curia, as reaccións á súa actitude pouco ortodoxa e mesmo escandalizante para a época, unha postura vital, contraria ás convencións e que provocou reaccións encontradas entre os que o coñeceron. Remata o volume coa etapa de exilio na Arxentina, onde é destinado a La Balvanera, até o seu falecemento. Un percorrido vital no que conviven os datos biobibliográficos coa interpretación feita polo biógrafo para amosar o seu ideario e unha personalidade cualificada por moitos como auténtica. Péchase o volume cos agradecementos do autor ás persoas que colaboraron con el na elaboración deste traballo.

**Recensións:**

- X. L. Franco Grande, “Faustino Rey Romero, esclarecido”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, 24 xullo 2015, p. 12.

Destaca a dificultade para levar a cabo esta obra, debido á complexa personalidade de Faustino Rey Romero e considera que é un home que “non vivía en liberdade”, “esvaradío”, “contraditorio”. Salienta a habilidade de Losada para esclarecer cuestións sobre a súa vida que outros non lograron responder. Por último, destaca o traballo de investigación e a fundamentación do libro.

- Vicente Araguas, “Unha indagación”, *La Región*, “*La Revista*”, n.º 193, “Con texto”, “Rabo de nube”, 30 agosto 2015, p. 14.

Realiza unha pequena síntese da biografía de Faustino Rey Romero para despois destacar o fondo estudo de investigación realizado por X. Ricardo Losada na biografía do crego e poeta galego. Considera que merecería un posto no Día das Letras Galegas e que Rey Romero é unha “lenda viva”.

- Maruxa Gestoso Álvarez, “Retrato dun incomprendido”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 561, “Libros”, 19 novembro, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 516, “Letras galegas”, 28 novembro 2015, p. 10.

Afirma que esta biografía recolle testemuñas reais de amigos do biografiado, así como cartas, escritos, artigos e poemas. Resalta a súa vida e morte controvertidas, das que non se teñen datos fiábeis, e destaca a súa ousadía ao escribir poemas en galego no seu tempo e a súa falta de recoñecemento pola súa condición de crego. Destaca tamén a reivindicación na obra da necesidade de recuperar unha figura como a de Rey Romero, inxustamente tratada, e propón a súa candidatura ao Día das Letras Galegas.

**Monteagudo**, Henrique (ed.), *Ramón Piñeiro. A vontade da intelixencia. Unha fotobiografía. 1915-1990*, Vigo: Fundación Penzol / Editorial Galaxia, 2015, 161 pp. (ISBN: 978-84-9865-663-3).■

Co poema de Salvador García Bodaño [A Ramón Piñeiro] ábrese este volume, no que Henrique Monteagudo explica no seu “Limiar” que foi elaborado co gallo do centenario do nacemento deste galeguista nado en Láncara (Lugo) no ano 1915 e finado en Santiago de Compostela en 1990. Sinala que nel trata de ofrecer un achegamento sintético, veraz e ameno á súa figura, co propósito de divulgala. Refírese ás dificultades atopadas na súa configuración e sinala que asenta nunha serie de entrevistas feitas a Piñeiro en vida, dende o ano 1964 a 1989, por Víctor F. Freixanes, Benxamín Vázquez, Xavier Costa-Clavell, Luís Álvarez Pousa, Luís Rei Núñez e Eugenio Ibarzabal, entre outros. Explica que o seu labor se centrou na selección das imaxes cedidas en boa parte pola familia de Piñeiro e a Editorial Galaxia e dos treitos publicados, así como na redacción dos marcos históricos e biográficos que contextualizan o discurso do protagonista, presentados ben nas introducións a cada capítulo ben nas glosas laterais ou intercaladas. Tamén destaca as débedas contraídas co folleto-catálogo da exposición *Ramón Piñeiro: olladas no futuro*, coa que se homenaxeou o autor ao dedicárselle o Día das Letras Galegas en 2009. A partir destas achegas, estrutúrase esta fotobiografía nos seguintes apartados: “Cos ollos abertos. Infancia e adolescencia. 1915-1931)”, “Compromiso galeguista. 1931-1936”, “Nas catacumbas. Guerra, clandestinidade e cárcere. 1936-1949”, “Resistencia. Os anos escuros. 1950-1962), “Fendendo muros. 1963-1976” e “Camiño aberto. 1977-1990”. Nas súas páxinas recóllese a súa memoria de vida e dáse conta do seu labor polifacético asentado nunha grande intelixencia e nunha acción incansábel a prol da cultura galega e da conciencia de nación. Destaca, tal e como apunta o editor, a reiteración con que se lle preguntou por cuestións sobre a súa actividade política fronte á relativa escaseza de interrogacións sobre o seu quefacer en Galaxia, as súas ideas filosóficas e estéticas ou a súa relación con moitos dos persoeiros cos que tratou, así como a descuberta de opinións de Piñeiro que pouco casan coa imaxe que del se creou, en parte, distorsionada. Péchase o volume con mostras da prosa poética do lancarao a través das epístolas dirixidas a Álvaro Cunqueiro, Luís Seoane, Celestino Fernández de la Vega, Manuel Rodrigues Lapa e Rodolfo Prada e coa bibliografía e fontes consultadas.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, “Imaxes de Piñeiro”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 913, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 913, p. 32, “letras Atlánticas”, 27 decembro 2015.

Coméntase que Monteagudo xa publicou con anterioridade traballos de mérito arredor da obra de Ramón Piñeiro, como *A linguaxe e as linguas* e *O espertar da conciencia galega*. Saliéntase que esta fotobiografía é “un testemuño precioso dos seus pasos, das decisións tomadas en momentos ben complexos, das opinións defendidas en transos transcendentais”. Dáse conta da estrutura da obra e afírmase que Monteagudo consegue trasladarnos “a *vera effigies* dun pensador incomparable”.

**Neira Vilas**, Xosé, *Semente galega en América*, Santiago de Compostela: Bolanda, 2015, 211 pp. (ISBN: 978-84-606-9062-7).

Volume de Xosé Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces-Pontevedra,1928-2015) que se concibiu como unha compilación de recensións biográficas de cen modestos emigrantes galegos asentados en América, que se completan con fotografías, debuxos de Xosé Vizoso ou reproducións gráficas que tratan de describir os protagonistas. A compilación ábrese cunha dedicatoria a María Xesús Neira e cun mapa de América no que se sitúan os personaxes estudados. A continuación, reprodúcese un prólogo do autor no que xustifica a súa selección de personalidades. Entre os relatos biográficos aparece unha heteroxénea mostra de protagonistas, dende mecánicos, debuxantes, escritores (Guimarães Rosa, José Alonso Trelles, Valle-Inclán, Bartolomé Crespo Borbón, Manuel Rodríguez, Lino Novás Calvo, María do Carme Kruckenberg, Francisco Álvarez, Emilio González López, Amador González, Domingo Campía Devesa Naveiro, Victorino Abente Lago) até editores de publicacións como *Nova Galicia*, *A Gaita Gallega* e *El Eco de Galicia*, músicos, compositores, xornaleiros, pescadores, fotógrafos, catedráticos, investigadores, cantantes, relixiosos, humoristas, sindicalistas e políticos, emprendedores, carpinteiros, actores, profesores, médicos ou psicólogos.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, “Sementando galeguidade”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 893, p. 28/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 893, p. 32, “letras Atlánticas”, 9 agosto 2015.

Comenta que aínda que Neira Vilas xa escribiu moitas obras dedicadas á emigración, nesta o enfoque é distinto: realiza un repaso por cen persoeiros galegos que en América conseguiron enriquecer o continente grazas ao seu traballo e esforzo e ao mesmo tempo honrar a Galicia. Realiza un repaso por algunhas destas personalidades, para despois resaltar a habilidade de Neira Vilas para retratar con grande amenidade e acuidade esta galería de personaxes. Por último, destaca o coidado posto nas ilustracións da man de Xosé Vizoso.

**Referencias varias:**

- ECG, "Neira Vilas presenta o xoves o seu novo libro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 xullo 2015, p. 44.

Fálase brevemente da presentación que terá lugar en Santiago da obra *Semente galega en América*, de Neira Vilas, editada por Edicións Bolanda e ilustrada por Xosé Vizoso.

- R. L., "Xosé Neira Vilas presenta mañana en Santiago 'Semente galega en América", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 8 xullo 2015, p. 43.

Anuncia o acto de presentación de *Semente galega en América*, que terá lugar no Salón Cimabue do Hotel Monumento de Santiago. Cita as persoas que acompañarán o escritor Neira Vilas e dáse conta do contido do libro.

- P. Calveiro, "Neira Vilas recolleita nun libro cen 'sementes' galegas en América", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xullo 2015, p. 34.

Fala desta obra que vén de publicar Xosé Neira Vilas e na que deixa constancia da pegada da emigración naquel continente. Fálase do acto de presentación que tivo lugar en Santiago e cita o nome dalgúns persoeiros da cultura galega que acompañaron o escritor, reproducindo ademais algunhas das súas declaracións.

- Vicente Plaza, "Neira Vilas compila cen 'sementes' galegas en América na súa nova obra", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 10 xullo 2015, p. 49.

Dá conta do acto de presentación da obra que tivo lugar en Compostela. Refírese ao contido do libro e nomea algúns persoeiros do eido cultural que acompañaron o escritor no acto. Sinálase que todos destacaron a relevancia cultural e histórica de Neira Vilas e tamén das persoas que el escolleu para ser as protagonistas das crónicas deste novo volume, entre outras cuestións. Nun á parte, infórmase que prepara outra novela "fragmentaria" dedicada ao mundo rural.

- Cristina Terceiro, "Neira Vilas retrata a emigración en 'Semente galega en América", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 10 xullo 2015, p. 45.

Infórmase do acto de presentación da obra de Neira Vilas e indícase que o autor subliñou o importante legado das xentes da emigración que lograron crear un proxecto e deixar pegada en América. Inclúense breves valoracións de persoeiros do ámbito cultural galego que participaron no acto sobre a obra de Neira Vilas.

- Cristina Terceiro, "Neira Vilas narra las huellas de la emigración en América", *La Región*, "Sociedad", 10 xullo 2015, p. 71.

Fala do acto de presentación da obra de Neira Vilas e saliéntase que o autor subliñou o importante legado das xentes da emigración que lograron crear un proxecto e deixar pegada en América. Nun á parte, inclúense breves valoracións de persoeiros do ámbito cultural galego que participaron no acto sobre a obra de Neira Vilas.

- Nuria G. Guillín, "Personas en forma de semilla", *ABC*, "Galicia", 12 xullo 2015, p. 92.

Fala da obra de Xosé Neira Vilas e céntrase nesta monografía da que explica que recolle parte das memorias vividas polo escritor na emigración. Contén algunhas declaracións realizadas durante o acto de presentación do libro en Santiago, deténdose nalgunhas das historias. Finalmente, dise que o autor non descarta seguir recollendo máis información que devén da experiencia vivida.

- E. E., "Neira Vilas recoge en su nuevo libro 'Semente galega en América' la aportación de cien emigrantes a su país de acogida", *España Exterior*, "Emigración", 21 xullo 2015, p. 11.

Comenta a presentación desta obra e explica que consiste nun "catálogo" de cen emigrantes galegos en América, dos que se relata a súa traxectoria e a súa contribución ao país de destino. Di que a temática central da obra é a débeda do continente americano coa emigración galega e comenta que tamén se mostra na novela o drama que viviu Galicia coa emigración con respecto á demografía. Por último, insiste na emigración como un dos temas predilectos na obra do autor.

- Lourdes Varela, "Xosé Neira Vilas. 'A obra múltiple dos galegos en América merece ser lembrada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 551, 10 setembro 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 505, 19 setembro 2015, p. 11, "Entrevista".

Comenta o criterio que o autor seguiu para a escolla dos cen emigrados que compoñen os relatos biográficos, o seu interese por dar a coñecer personalidades que contribuíron ao progreso cultural e económico, aqueles que máis o impresionaron, o momento no que decidiu que a emigración galega se convertería nun tema central da súa obra e, por último, fala da situación actual da marcha forzosa de moitos mozos ao estranxeiro.

- Erik Dobaño, "Xosé Neira Vilas. 'A lingua perdurará na medida en que se sigan publicando libros e se ensine na escola", *La Región*, "Ourense", 24 setembro 2015, p. 8.

Co gallo da presentación desta obra, o seu autor, Xosé Neira Vilas, asegura nesta conversa que a meirande achega dos emigrantes a Galicia foi as máis de trescentas escolas que financiaron a finais do século XIX cando o analfabetismo en Galicia chegaba ao 72%.

**Otero Pedrayo**, Ramón, *Lembranzas do meu vivir II. Os tempos da universidade. Madrid, 1904-1912*, ed. Joaquim Ventura, prólogo de Ramón Villares, Vigo: Fundación Otero Pedrayo / Editorial Galaxia, col. Otero Pedrayo, n.º 9, 2015, 408 pp. (ISBN da Fundación: 978-84-606-8989-9) (ISBN: 978-84-9865-621-3).■

Ramón Villares é o encargado de abrir este volume cun prologo titulado "Otero Pedrayo en Madrid, 1905-1919. Unha vida de estudante contada polo autor". Nel alude á extensa obra de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976) e subliña que o emprego de

material autobiográfico é unha constante na súa escrita e na súa palabra, que se mostra nos seus textos de creación, na literatura epistolar e nos escritos breves de xornal. Tamén se refire ás razóns da redacción destas lembranzas e recorda que é unha continuación dunha primeira entrega centrada nas orixes familiares e no período de formación adolescente no instituto de Ourense, *Lembranzas do meu vivir I. O meu século XIX. Os anos do instituto, 1898-1904*. Sinala que se trata de evocacións fragmentarias que están concibidas dende o momento da súa redacción, entre 1961 e 1963, e que o propósito de Otero Pedrayo era ofrecer un testemuño vital, ademais de detallar os contidos que nel se recollen. En "Case vinte anos despois (unha reflexión do editor)", Joaquim Ventura explica que o manuscrito destas lembranzas foi depositado por Francisco Fernández del Riego na Biblioteca da Fundación Penzol e alude ás súas características formais e de contido, ademais de deterse nas razóns que levaron a Otero Pedrayo a escribilas e a non as publicalas en vida e de apuntar certas cuestións relativas ás anotacións e á transcrición. A seguir, recóllese o manuscrito baixo o encabezamento de "Os tempos da Universidade. 1904-1912", que se divide nos seguintes apartados: "O pasamento do meu pai. Os hourizontes vagos e anguriosos do verán. Primeiros estudos universitarios. O desvelamento de Sant Yago", "Madrid, os primeiros estudos entre o Noviciado e o Ateneo. Os mármores asoellados e os peiraos do mencer. Horas e semanas na beiramar redondelá", "Rolda de amigos e mestres dos meus tempos universitarios", "Día e noite de Madrid", "Memorias do Ateneo", "Ideas, libros, tertulias, vagares", e "Toledo, doloroso, fermoso, lonxano e Sevilla, xentil". Nestes apartados Otero Pedrayo traza o seu fío vital dende a morte do pai en 1904 e a súa saída cara á Madrid para cursar estudos universitarios na procura dun posto de relevo na vida pública. Sobresae a visión que proxecta da cidade madrileña e dos seus centros de ensino regulado (Universidade) e non regulado (Ateneo), alén de amentar a aprendizaxe dunha nova sociabilidade con moitas amizades e coa frecuencia a cafés con faladoiros e a esmorgas nocturnas. Tamén traza o seu percorrido intelectual, a partir da mención das súas lecturas e autores do seu gusto, á vez que fala do seu descontento co estudo e os profesores e do seu inconformismo que só virou coa descuberta de Galicia como unha idea e como un destino vital. En xeral, debuxa unha Universidade decadente nun Madrid, do que ofrece unha descrición ambivalente, que pasa da admiración ao desprezo, amais de facer referencia a outros espazos que compoñen a súa xeografía da memoria nese tempo. Todo isto está enchoupado de múltiples referencias a profesores, investigadores, obras literarias, científicas e xurídicas, estilos artísticos e datos históricos e xeográficos, por veces postos dun xeito desordenado e incluso carente de coherencia. Péchase o volume co prolixo apartado de "Notas do editor".

**Recensións:**

- Patricia Arias Cachero, "Fundamental texto autobiográfico", *Grial*, nº 208, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro, 2015, pp. 90-91.

Destácase o carácter autobiográfico da obra referida á xuventude do escritor e redactada en 1963, así como a publicación de dous fragmentos do manuscrito con anterioridade na revista *Grial*. Saliéntase que a historia está contada polo autor xa de ancián e que abrangue os últimos exames no instituto e os recordos máis salientábeis da súa vida social durante os anos de carreira universitaria en Madrid. Anúnciase a publicación da

primeira parte destas *Lembranzas* que incluiría as orixes familiares e os anos de estudo no instituto entre 1898 e 1904.

- Vicente Araguas, "O Madrid de Otero", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 901, "máis Libros", 4 outubro 2015, p. 30

Comenta que a publicación permite coñecer a autobiografía máis "nidia" de Otero Pedrayo nos seus anos en Madrid. Explica que naquela época de mocidade a capital era para el unha oportunidade de futuro e destaca a capacidade de Otero para retratar o seu rueiro, as pensións, os cafés etc. Engádese que tamén no libro o autor viaxa a Toledo, a Sevilla e, por último, regresa a Galicia. Finalmente, critícase o traballo realizado por Joaquim Ventura nalgunhas anotacións.

**Referencias varias:**

- Lourdes Varela, "Joaquim Ventura. 'Otero Pedrayo estableceu unha alianza de por vida con Galiza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 554, 1 outubro 2015, p. V. /*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 509, 10 outubro 2015, p. 11, "Entrevista".

Destaca a importancia de Madrid na formación política do escritor, os círculos intelectuais nos que se moveu, as relacións que mantivo con autores como Primitivo Rodríguez Sanjurjo e a súa faceta intelectual. Tamén salienta a importancia de *Arredor de si* na literatura galega e comenta as relacións que Otero mantivo con Castelao.

- Xesús Alonso Montero, "Otero Pedrayo, memorialista", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 30 outubro 2015, p. 13.

Dáse conta da publicación desta obra da man de Galaxia. Indícase que a obra está precedida por palabras de Ramón Villares e que se inclúen aspectos moi interesantes para comprender a figura do autor Ramón Otero Pedrayo.

**Pardo de Neyra**, Xulio, *Literatura de sereas. A maxia da muller acuática desde a literatura comparada*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Divulgación e Ensaio, 2015, 296 pp. (ISBN: 978-84-943014-6-9).

Ensaio de Xulio Pardo de Neyra (Lugo, 1968) sobre os mitos da muller acuática, concretamente, o da serea, que se abre cunha dedicatoria a Pilar, Afonso, Xulio, Rosalía e Pilita. Contén unha extensa introdución na que explica, entre outras cuestións, que o presente traballo é froito da súa terceira tese doutoral, que se orixinou entre Galicia e Estremadura e que defendeu no ano 2012. O groso do volume confórmano tres apartados: o primeiro, "Obxectivos e metodoloxía. Cara a unha semiotropía deconstrutiva", no que se achega á relación entre a Didáctica da Literatura e a Literatura Comparada vencellada ao ensino literario, co obxectivo de estabelecer unha aproximación didáctica á literatura; o segundo, "A muller acuática na simboloxía: de Melusinas, Ondinas e Marinhas" céntrase nesas tres figuras existentes sobre o paradigma da muller acuática europea. E o terceiro, "Os ecos da muller acuática na literatura ibérica contemporánea. A imaxinería da serea desde a literatura comparada", é

un estudo do repertorio de imaxes de mulleres acuáticas na literatura ibérica contemporánea desde o comparatismo literario e tamén desde a óptica nacionalista dunha literatura de sereas (en Galiza, Catalunya e País Vasco) como proxecto de reafirmación. Con respecto ao ámbito da literatura galega, vaise centrar nos ecos destas cuestións na obra de Ánxel Fole, ademais de se centrar nalgúns aspectos relacionados coas sereas en obras infantís de Fernández Paz e Xosé Henrique Rivadulla Corcón. Finalmente, achega un apartado de "Balance e conclusións" e pechan o volume as fontes documentais e as entradas bibliográficas. A ilustración da capa é de Rufino Tamayo e a da contracapa de Rosalía do Cebreiro Pardo de Neyra Zato.

**Pastoriza Rozas**, José Luís, *Xaime Isla: raíz e utopía de Galicia*, Vigo: Editorial Galaxia / Fundación Isla Couto, 2015, 178 pp. (ISBN Editorial Galaxia: 978-84-9865-637-4) (ISBN Fundación Isla Couto: 978-84-608-2529-6).■

Volume editado por Xosé Luís Pastoriza Rozas que homenaxea a figura do galeguista Xaime Isla Coto (Santiago de Compostela, 1915-Vigo, 2012). Ábrese cuns agradecementos da Fundación Isla Couto, quen asina a presentación do volume baixo o título "Xentes de raíz e utopía". O libro estrutúrase nas seguintes seccións: a primeira, "Repensar Galicia, proxectar Galicia, facer Galicia. Cronobiografía", que repasa a biografía do intelectual distribuída en nove apartados (1915-1926, 1927.1931, 1931-1936, 1936-1939, 1940-1949, 1950-1968, 1969-1975, 1976-1985, 1986-2012). Na segunda, "Xaime no espello", recóllense as respostas a dous cuestionarios ("Test Proust" e "Premio Trasalba 1992") que desvelan aspectos persoais. Ademais, nesta mesma sección, reprodúcese o artigo "Xaime Illa Couto. Viguísimo", de Francisco Fernández del Riego, que fora publicado o 8 de novembro de 1998 en *La Voz de Galicia*. Os seguintes apartados reproducen textos da autoría de Isla Couto. Así, a terceira sección, "Libro dos irmáns e os amigos", contén vinte e catro textos que poñen o foco de atención nos compañeiros e amigos do ámbito galeguista como Daniel Rodríguez Castelao, Alexandre Bóveda, Juan Rof Codina, Lois Peña Novo, Ramón Piñeiro ou Domingo García-Sabell, mais tamén hai algúns textos dedicados á familia. Neste senso, destaca a presenza de dúas composicións poéticas dirixidas a Plácido Castro e a Francisco Fernández del Riego, respectivamente. A última sección, titulada "Galicia en obras", contén trece textos de diferente fasquía que son a materialización do seu pensamento político, económico e cultural. A maior parte dos textos apuntan a publicación na que viron a luz, aínda que nalgúns casos só se menciona o ano. Trátase en gran medida de textos publicados a modo de limiar en libros e como artigos en revistas e xornais.

**Requeixo**, Armando (ed.), *Epistolario Ramón Piñeiro-Xosé Neira Vilas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XXXII, novembro 2015, 177 pp. (ISBN: 978-84-453-5199-4).◆

Volume que recolle a correspondencia íntegra entre dous relevantes persoeiros da cultura cultura galega, Ramón Piñeiro (Láncara, Lugo, 1915-Santiago de Compostela, 1990) e Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928-2015), á que se lle engadiron

varias notas a pé de páxina e un exhaustivo índice onomástico. Como se indica na nota de edición, os orixinais foron respectados escrupulosamente e o editor só interveu no texto para eliminar erratas, regularizar a ortografía e reparar algúns erros de puntuación. A orde na que aparecen as sesenta e nove cartas, que van dende 1959 até 1990, responde a unha secuencia cronolóxica na que se van alternando os remitentes, o que nos permite ver como se foi tecendo a relación entre Piñeiro e Neira Vilas. Grazas á lectura desta obra pódese coñecer mellor a vida de ambos os persoeiros e a vida cultural, o período histórico no que escriben as epístolas e como eran as relacións entre a Galicia territorial e a Galicia do exilio. Acompañando estas cartas, ademais dunha breve nota de edición, publicáronse tres prólogos: "O meu vencello con Ramón Piñeiro", de Xosé Neira Vilas, onde o autor de Gres fala sobre Ramón Piñeiro e a súa relación con el; "A correspondencia Ramón Piñeiro-Xosé Neira Vilas: bandeira entrañable de galeguidade", no que Armando Requeixo fai unha caracterización do epistolario, e "Tecendo redes", de Dolores Vilavedra, que destaca a dimensión metaliteraria das cartas.

**Roig Rechou**, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 2014*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2015, 1173 pp. (ISBN: 978-84-453-5200-7).◆

Nova entrega do *Informe de Literatura* en formato CD-Rom correspondente ao ano 2014 e elaborado por un equipo de redactores e de colaboradores, tanto do Centro Ramón Piñeiro coma externos a el, dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, que contou coa axuda da bolseira do proxecto Laura Blanco Casás. Como en edicións anteriores, ábrese o volume cunha breve presentación, na que a coordinadora, ademais de salientar as pretensións da publicación e o afán de mellora que preside o proxecto ano tras ano, fai un repaso de cada un dos apartados que constitúen a obra, referíndose ás fontes consultadas e aos criterios que se empregan para facilitar unha máis produtiva achega á literatura galega recollida en cada entrega deste repertorio bibliográfico comentado. A continuación, reprodúcense unha serie de estatísticas nas que se reflicte a produción dos diferentes apartados segundo os xéneros e a presenza que tivo o feito literario galego tanto nos xornais e revistas galegas coma en medios foráneos. A seguir, están os apartados do volume estruturados en "Narrativa", "Poesía", "Teatro", "Día das Letras Galegas: Xosé María Díaz Castro", "Ensaio. Teoría Xeral. Crítica", "Clásicos greco-latinos traducidos", "A literatura infantil e xuvenil galega", "Literatura de transmisión oral", "Revistas", "Premios", "Literatura medieval" e "Apéndice. Entradas non recollidas en informes anteriores".

**Tarrío Varela**, Anxo (ed.), *Carlos Maside. Correspondencia (1928-1958). Cartas inéditas e dispersas*, correspondencia reunida e prologada por María Esther Rodríguez Losada, epílogo Anxo Tarrío Varela, Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago/Alvarellos Editora, col. Rescate, n.º 20, xuño 2015, 459 pp. (ISBN: 978-84-89323-98-8).■

Volume que reúne as cento setenta e nove cartas, até agora inéditas, de Carlos Maside (San Xulián-Pontecesures-Pontevedra, 1897-Santiago de Compostela, 1959) entre os anos 1928 e 1958 que, como refire María Esther Rodríguez Losada no "Limiar",

"amosan nidiamente a mentalidade" da súa xeración, a dos Novos, os novecentistas, "traspasada pola Guerra Civil española" e que ideoloxicamente representou unha "*nova volta ao pobo*", ao que tomaron como modelo e ao que renderon lealdade. Tamén explica que a correspondencia abrangue unha primeira etapa, a comprendida entre 1928 e 1936, marcada por trazos comúns, como a importancia de Madrid como centro político das transformacións que eran necesarias, a adopción dun "posicionamento vangardista-revolucionario e de cambio" para loitar contra a Ditadura e a Monarquía, a defensa da maioría social, a participación activa nas mobilización ou o contacto coa cultura europea e americana. A segunda etapa contén a correspondencia entre 1942 e 1958, marcada polo expediente de depuración e o seu cese como profesor de debuxo dende o 16 de agosto de 1939, que o converteu nun exiliado interior. A seguir acóllese a "Pequena biografía de Carlos Maside", os criterios de edición, a cronoloxía do epistolario e aspectos lingüísticos ou subliñados dos orixinais. Anxo Tarrío Varela asina o "Epílogo", no que destaca a relevancia dos textos epistolares para comprender épocas convulsas, tanto se pertencen a grandes personalidades coma á xente do común, por reflectiren cuestións de interese colectivo e social. Esta perspectiva ponse de relevo no sintético percorrido que Anxo Tarrío realiza deste xénero dende o mundo clásico até a actualidade, na que foi desprazado por soportes dixitais. Desta correspondencia de Carlos Maside salienta a profundidade do seu pensamento estético que reflicte, a honradez ética, a contención e o renunciamento que practicou coa súa obra, o sentimento de amizade irrenunciábel e o desgarro existencial e moral pola morte dos amigos e familiares. Recoñece a forte impresión que lle causou a lectura destas cartas e felicita a Rodríguez Losada polo traballo desenvolvido e polo servizo que con el lle rende a Galicia, así como valora a profesionalidade e o bo facer dos editores. O epistolario compleméntase cun "Índice cronolóxico da correspondencia" e cun "Índice onomástico".

**Recensións:**

- Ramón Rozas, "Vilar, 42. Santiago", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Pechado nun libro", 27 xullo 2015, contracuberta.

Destaca o valor do traballo realizado por Esther Rodríguez e Anxo Tarrío á hora de recuperar e revalorizar unha figura fundamental para o patrimonio galego. Salienta a importancia das cartas debido a que grazas a elas se pode coñecer cales eran as preocupacións daquel tempo, as inseguridades do pintor, a situación social de Galicia etc. Por último, subliña a correspondencia que mantivo con Luís Seoane e a achega do libro ao mellor coñecemento de Seoane non só como pintor, senón como persoa.

- Armando Requeixo, "Redescubrindo a Maside", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 28/ *El Ideal Gallego*, "*la Galería*", p. 32, n.º 897, "letras Atlánticas", 6 setembro 2015.

Comenta que con este epistolario poden descubrirse facetas descoñecidas ou pouco difundidas de Maside. Explica o modo en que está estruturado o libro, que conta cun limiar de Rodríguez Losada no que se inclúe unha biografía documentada da traxectoria vital de Maside. Comenta que o libro se divide en dous bloques (antes da Guerra e as cartas posteriores a esta) e que conta con dous apéndices, onde se reproducen catro

cartas en torno ao pasamento de Carlos Maside e outras catro cartas de Rafael Dieste a Bal y Gay.

- Carlos L. Bernárdez, "Correspondencia de Carlos Maside", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 551, "Arte", 10 setembro 2015, p. III.

Comenta que o novo volume da correspondencia de Maside é fundamental para coñecer aspectos da personalidade do pintor e do contexto cultural galego da primeira metade do século XX. Explica que nese libro se pode redescubrir a intelectualidade galega do seu tempo e tamén a internacional. Destaca a correspondencia con Luís Seoane e o debate sobre a fixación dun novo modelo de arte galega na posguerra.

- Emilia García López, "Carlos Maside: engaiolante, esculcador e inconformista", *Grial*, n.º 208, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro, 2015, pp. 93-94.

Destácase que a obra inclúe 179 cartas do pintor, na súa maioría inéditas, recollidas e prologadas por Esther Rodríguez Losada mentres que a edición literaria dos textos correu a cargo de Anxo Tarrío Varela. Sinálase a estrutura da obra en dúas series, a primeira de 1928 até 1936, que xira arredor do ámbito das artes; e a segunda de 1942 a 1958, que xira arredor do exilio interior e exterior derivado da Guerra Civil, composta por cartas dirixidas na súa maioría a persoeiros da literatura e da cultura galega como Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo, Ricardo García Suárez (Xohán Ledo), Luís Seoane ou Rafael Dieste, entre outros. Destácase a importancia do xénero epistolar, apúntase a recente aparición dos epistolarios completos de Luís Seoane e a importancia da publicación do epistolario de Maside para recuperar o ideario dalgunhas voces silenciadas da nosa cultura como Ramón Otero Pedrayo ou o propio Luís Seoane.

- María Xesús Nogueira, "Nostalxia epistolar", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 23/ *El Progreso*, "Opinión", p. 35, "Un falar", 14 novembro 2015.

Coméntase esta obra, da que se valora o contido e a relevancia das misivas recompiladas, especialmente pola relevancia do propio Maside, pero tamén de artistas e intelectuais como Manuel Antonio, Bal y Gay, Ramón Otero Pedrayo, Luís Seoane ou Álvaro Cunqueiro, entre outros. Saliéntase que a obra achega "unha riquísima información" sobre a vida de Maside.

**Referencias varias:**

- Elena Ocampo, "Un 'autorretrato' inédito de Maside", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 24 xullo 2015, p. 30.

Dá conta da publicación deste libro, con cartas inéditas, que permite coñecer a súa relación persoal con autores como Álvaro Cunqueiro, Luís Seoane, Castelao ou Lorca. Comenta que o conxunto epistolar ilustra a historia da segunda metade do século XX dende Galicia, moi marcado pola Guerra Civil e a posterior represión da ditadura. Por último, indica que a través deste libro se permite rehabilitar a figura de Maside e a da súa xeración.

- Fran P. Lorenzo, "As cartas inéditas de Maside botan luz sobre a historia íntima do século", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 29 xullo 2015, p. 41.

Di que a través da correspondencia se coñece a obra, a actitude vital e os lazos e relacións que mantivo con artistas, políticos e pensadores ao longo do primeiro terzo do século XX. Indica que o legado epistolar de Maside se divide en dous períodos: entre 1928-1936 e entre 1942-1958. Salienta especialmente as cartas co xornalista Felipe Fernández Arnesto, que amosan un retrato da situación política ao comezo da Guerra Civil.

- Sara P. Seijo e I. C., "Esther Rodríguez. 'Maside é o receptor dos segredos e confesións da súa xeración", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 29 xullo 2015, p. L2.

Entrevista a Esther Rodríguez, quen recompilou a correspondencia de Carlos Maside con importantes intelectuais e artistas entre 1928 e 1958. Explica o interese pola figura do pintor, comenta as dificultades para reunir todas as cartas (que estaban espalladas en fundacións e arquivos) e destaca a súa relación con García Lorca. Por último, explica que este libro é moi importante para comprender a realidade dos anos 30 e 40 en España e sitúa o pintor no "epicentro" dos segredos dos seus contemporáneos como figura fundamental dentro da memoria de Galicia.

- Fran P. Lorenzo, "Esther Rodríguez. 'O desagravio de Maside é a defensa da democracia", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 30 xullo 2015, p. 42.

Destaca a Maside como unha "figura fundamental na renovación plástica galega" e o seu compromiso político durante a primeira metade do século XX. Explica que Esther Rodríguez Losada foi a encargada de recompilar e transcribir o material epistolar e salienta a importancia do libro dende un punto de vista histórico.

- E. O., "Un libro reúne cartas inéditas de Maside con intelectuales gallegos de 1928 a 1958", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 30 xullo 2015, p. 36/ "Un libro reúne cartas inéditas de Maside de 1928 a 1958 con intelectuales gallegos", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 30 xullo 2015, p. 30.

Comenta que este volume recompila algunhas das cartas que Carlos Maside mantivo con personalidades destacadas da intelectualidade galega ao longo da súa vida. Di que o acto de presentación tivo lugar na Fundación Gonzalo Torrente Ballester e explica que Mª Esther Rodríguez reuniu e transcribiu as cartas e Anxo Tarrío foi o coordinador da edición.

- B. L., "Alvarellos trae a correspondencia de Carlos Maside ao Sexto Edificio", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 3 outubro 2015, p. 11.

Dá conta da presentación no Sexto Edificio do Museo Provincial deste volume que recolle 179 cartas do pintor Carlos Maside. Comenta que a obra está publicada pola

editorial Alvarellos en colaboración co Consorcio de Santiago e que entre os persoeiros cos que Carlos Maside mantivo correspondencia están Luís Seoane, Lorca, Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Isaac Díaz Pardo e Álvaro Cunqueiro.

- Belén López, "Hoy tan sólo unas líneas", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 7 outubro 2015, p. 11.

Indica que este libro recupera a correspondencia de Carlos Maside con personalidades da cultura e das artes. Comenta que a obra, ademais de cartas, conta con fotografías, ilustracións e manuscritos inéditos. Salienta a importancia do pintor como "personaxe clave" na historia de Galicia durante a Guerra Civil e do denominado "exilio interior".

- Jaureguizar, "Maside conta en cartas a vivencia galeguista no franquismo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 7 outubro 2015, p. 46.

Explica a relevancia de Maside no panorama cultural e político galego e destaca o posicionamento vangardista e revolucionario do pintor, a súa defensa da maioría social e o se achegamento á sociedade a través da arte. Por último, explícase a desfeita que experimentou ao chegar a ditadura.

- A. L., "A correspondencia de Carlos Maside, reunida nun libro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 outubro 2015, p. 47.

Comenta a publicación deste libro que recolle a correspondencia que mantivo o pintor Carlos Maside coa intelectualidade galega do interior e do exilio. Destaca que as súas cartas permiten reconstruír un período de trinta anos da historia de España e reflicten a evolución persoal dos protagonistas a medida que cambian as circunstancias políticas e sociais.

**Teófilo Piñeiro**, José Luis e Lourdes **Agra** (coord.), *300 gallegos con estilo*, Pontevedra: Teófilo Edicións, 2015, 301 pp. (ISBN: 978-84-943981-2-4).

Volume que recolle 300 fotografías de persoas vencelladas con Galicia e que segundo os seus coordinadores, José Luis Teófilo Piñeiro e Lourdes Agra, teñen "estilo". Estas persoas (famosas ou anónimas) colaboran coa Fundación María Andrea e responden a sete preguntas que acompañan a súa fotografía: data e lugar de nacemento, profesión, unha película e un libro (entre as respostas están *Cousas da vida*, *Sempre en Galiza*, *Xa vai o griffón no vento*, *O lapis do carpinteiro*, *A nosa cinza, Merlín e familia*, *Loaira*, *Cantares gallegos*, *A esmorga*, *Follas Novas*, *Xente de aquí e acolá*, *O tesouro do monte*, *Os dous de sempre*, *Memorias dun neno labrego* e *Poesía nos eidos da Bremanza*) e finalmente o que máis valoran dunha persoa e mais un lugar para se perder. Relacionados coa literatura galega, aparecen os retratos de Xosé Neira Vilas e mais de Alfredo Conde.

**Tosar**, Luís González, *Francisco Luis Bernárdez. Poeta de fe, leal a Galicia*, Santiago de Compostela: Centro PEN Galicia, abril 2015, 286 pp. (ISBN: 978-84-606-7682-9).
◆

Volume colectivo de homenaxe a Francisco Luis Bernárdez (Bos Aires, 1900-1978), coordinado por Luís González Tosar, que abre con dúas citas: unha, da primeira estrofa do himno galego; outra, da primeira estrofa do himno arxentino. Engádese, a continuación, un soneto autógrafo de Bernárdez, publicado en *La ciudad sin Laura.* Ademais do saúdo institucional, inclúese unha breve presentación académica, asinada por Xesús Alonso Montero e José Luís Moure. Contén unha antoloxía que reproduce a totalidade da escrita en galego do autor (poemas e prosas poéticas e traballos en prosa), así como unha parte da produción de tema galego escrita en castelán. Os textos están organizados cronoloxicamente e abrangue un período que vai dende 1919 até 1977. Entre os diversos artigos que tratan aspectos diversos relacionados con Francisco Luís Bernárdez son de interese para a literatura galega:

- Luís González Tosar, "Case oito décadas, debulladas, de FLB", pp. 13-47.

Comeza lembrando o primeiro encontro con Francisco Luis Bernández na cidade bonaerense e como descubriu a súa obra poética. Refírese á súa actitude galeguista durante a ditadura franquista e comenta como xurdiu a proposta da elaboración do presente volume, afirmando que lle debía ao escritor este "agasallo". A continuación, engádese unha demorada cronobiobibliogafía, acompañado de fotografías.

- Armando Requeixo, "Unha matria sentimental", pp. 49-89.

Realízase unha panorámica do conxunto da obra editada en galego e/ou sobre Galicia escrita por Bernárdez. Coméntase as viaxes que o escritor realizou ao país, fundamentalmente ao longo da década dos anos 20 e 50. Nunha segunda parte, estúdase o seu labor como xornalista e colaborador da prensa galega e, a continuación, céntrase na produción en galego, da que se sinala que é cuantitativamente menor que a producida en castelán, e tamén sobre temas galegos, escritos en castelán. Na coda, defende o posto de Bernárdez entre as figuras significadas na defensa e promoción da cultura galega.

- Xesús Alonso Montero, "1954: defensa, ilustración e reivindicación da lingua galega na cidade de Buenos Aires nun tempo no que o franquismo era especialmente represor en Galicia", pp. 91-99.

Recolle textos e datos que figuran no libro *A batalla de Montevideo. Os agravios denunciados na UNESCO en 1954* (2003) onde, entre outras cuestións, repara no compromiso lingüístico de Bernárdez.

- José Luís Moure, "Francisco Luis Bernández, unha e outra vez", pp. 101-106.

Texto biográfico do actual presidente da Academia Argentina de Letras que fai memoria dos seus vínculos con Galicia, ao tempo que repara na importancia da obra de Bernárdez.

- Francisco X. Fernández Naval, "Julio Cortázar e Francisco Luis Bernárdez", pp. 135-149.

Refírese aos seus traballos de aproximación á relación de Julio Cortázar con Galicia e cos galegos e a certas conversas mantidas con quen fora a primeira muller, Aurora Bernárdez, medio irmá de Francisco Luis Bernárdez. Analiza, neste senso, os vínculos entre ambos escritores, aos que uniu a amizade e o afecto, até a súa distancia definitiva, que se produciu coa separación de Aurora en 1968.

- Roberto Alifano, "Un místico no faladoiro do Ateneo", pp. 163-167.

Trátase dun traballo breve, publicado no xornal *La Nación* en 2004, que fala das vivencias nos ambientes culturais bonaerenses dos anos sesenta, como o Ateneo, lugar que frecuentaba o poeta. Ademais, ofrece, a modo xeral, outros datos biobiobibliográficos.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Galego polo nobre sangue", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 541, 7 maio 2015, cuberta.

Fala do poeta Francisco Luis Bernárdez, afirmando que foi máis divulgado no sistema literario arxentino ca no galego, aínda que escribiu nesta lingua e foi un axente cultural "activo". Neste sentido, repara en diversas cuestións como o seu contacto co Grupo Nós entre 1920-1924 que o introduce no galeguismo ou a súa presenza na prensa galega da época, que lle asegura "un posto" nas letras galegas.

- Ramón Nicolás, "A recuperación dun poeta", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 12 xuño 2015, p. 11.

Comeza mencionando o "pouco" que sabía do poeta Francisco Luis Bernárdez. A continuación, destaca a actualización que Luís G. Tosar realizou, como coordinador do volume e salienta que se trata dunha obra moi completa e documentada que clarexa datos relacionados tanto coa vida coma coa obra do arxentino.

_____, "Un sólido e definitivo rescate", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 7 agosto 2015, p. 12.

Resalta a falta de coñecemento desta figura e a achega desta obra como un "rescate" para a historia da literatura e do xornalismo galegos. Explica que o volume está formado por diversos textos de distintos estudosos que reparan na biografía de Bernárdez, na súa relación con Galicia, nos seus contactos con Cortázar e Borges etc. Tamén comenta que na coda do libro se inclúe unha escolma de textos en galego sobre Galicia e unha antoloxía poética do autor.

- Miro Villar, "Epifanía dun poeta masidao que medrou porteño", *Grial*, n.º 207, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2015, pp. 104-105.

Descríbense as distintas contribucións ao libro, asinadas por Armando Requeixo, Xesús Alonso Montero, José Luís Mourem, Rogelio Barufaldi, María Esther Vázquez, Antonio Requeni e Horacio Armani. Saliéntase a utilidade do volume para divulgar a figura de Francisco Luis Bernárdez e a consideración do seu mérito literario.

**Referencias varias:**

- Héctor J. Porto, "Bernárdez, poeta galego-arxentino das vangardas e íntimo de Borges", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 maio 2016, p. 36.

Fala da publicación deste traballo e apunta algúns datos sobre o escritor para dar unha idea da importancia que tivo a súa obra, destacando o seu papel no xornalismo en Bos Aires.

- Victoria Rojas, "Tosar loa en Ourense a figura de Bernárdez, poeta leal a Galicia", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.304, 16 xuño 2015, p. 35.

Coméntase a presentación no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense e informa das persoas que participaron no acto, destacando as palabras pronunciadas polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo. Ademais, infórmase brevemente quen era o autor protagonista da obra.

- Xosé Luís Méndez Ferrín, "Regreso a Bernárdez", *Faro de Vigo*, "Opinión", 3 xullo 2015, p. 28.

Comeza reparando na postura de escritores católicos en réximes fascistas, para se referir á postura que neste senso mantivo Francisco Luis Bernárdez. Define ao poeta "de alto empaque e de arte máis ben maior" e celebra a recuperación da súa obra nesta publicación.

- Xesús Alonso Montero, "Escritor galaico-arxentino", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 10 xullo 2015, p. 13.

Celebra a publicación desta obra e ofrece brevemente algúns datos biográficos do homenaxeado. Do contido da obra salienta o artigo de José Luis Moure pola evocación da lingua e das terras dos seus pais, próximas ás do pai de Bernárdez. Remata informando do acto no que o arxentino será homenaxeado na Insua dos Poetas.

- Jaureguizar, "Unha obra recupera a Bernárdez, amigo de Borges e Cortázar", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí"/*El Progreso*, "Vivir, 24 agosto 2015, pp. 44-45.

Informa da publicación deste volume promovido polo presidente do centro Pen de Galicia, Luís González Tosar. Explica que foi unha figura destacada no renacemento cultural galego despois da Guerra Civil e chama a atención sobre o seu descoñecemento. Salienta a súa achega xunto a Borges, entre outros, á literatura arxentina. Tamén se di que estivo moi próximo a Julio Cortázar e que colaborou na revista *Ronsel*.

- X. L. Franco Grande, “Reencontro con Francisco Luis Bernárdez”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 6 novembro 2015, p. 11.

Comenta o primeiro encontro e relación que mantivo con Francisco Luis Bernárdez a propósito da nova publicación deste libro. Explica que inclúe material bibliográfico, documental, histórico e crítico que permite coñecer a personalidade e a obra de Bernárdez. Destaca, por último, a relevancia do escritor como figura que defendeu a cultura e a lingua galega.

**VV.AA.**, *Ponte Ledesma. 9 arcos de auga, pedra e historia*, Pontevedra: Teófilo Edicións, 2015, 124 pp. (DL: PO 632-2015). ■

Volume colectivo dos membros de Amigos da Ponte (Araceli Illobre Vispo, Alejandra Fernández Vilela, Carlos Pérez Amado, Paula Mendoza Fernández, Sara Barreira Barreiro e María Inmaculada Fernández Cepeda). Conta cunha introdución na que se sinala que a finalidade da obra é dar a coñecer a historia da aldea de Ponte Ledesma, descoñecida por moitos, e tamén valorar o propio. Explican como naceu este proxecto e sinalan que a maior fonte de inspiración e de información se debe a Xosé Neira Vilas, a quen lle agradecen a súa implicación nesta idea. A obra componse de nove apartados, artellados tematicamente segundo a estrutura da ponte en arcos: a descrición do río Ulla e das características do seu entorno; a ponte; outros edificios arquitectónicos; a historia da ponte; a aldea en relación ao Camiño de Santiago; as súas tradicións e romarías; a historia contada polos maiores (profesións, negocios, anécdotas,...) e as fotos que amosan diferentes momentos das vidas das xentes da aldea (evolución da paisaxe, celebracións...). Na sección dedicada ás manifestacións culturais (“Sexto arco”), hai unha subsección dedicada á literatura, que é na que se refire á obra máis recoñecida de Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego,* reparando na importancia da aldea. Inclúese tamén un breve percorrido biobibliográfico do autor e péchase o volume cun apartado de bibliografía.

**Referencias varias:**

- Mar Toledo, “Jóvenes de Ledesma publican un libro con la historia del puente”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 27 novembro 2015, p. 33.

Explica que conseguiron publicar a obra grazas a unha subvención e di que colaboraron na escritura da obra autores como Xosé Neira Vilas, o historiador Xosé Espiño Matos, varios filólogos e moitos veciños membros de distintas asociacións culturais. Engade que no libro se tratan cuestións de bioloxía, historia, arquitectura ou vivencias dos propios veciños a principios do século XX.

- Rosalía Verdú, “Ponte Ledesma inmortaliza a súa riqueza natural e cultural”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 8 decembro 2015, p. 34.

Informa da presentación deste libro impulsado por un grupo de mozos e mozas da parroquia do mesmo nome, que tivo lugar en Gres. Comenta que no acto estiveron

presentes veciños, autoridades e membros de diversas asociacións culturais, salientando a figura de Neira Vilas, quen axudou á creación do libro.

# V.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Gago**, Manuel, V*ento e chuvia. Mitoloxía da antiga Gallaecia. Edición de campo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2015, 252 pp. (ISBN: 978-84-9914-903-5).

Obra do historiador e xornalista Manuel Gago (Ribeira, 1976) cuxa primeira versión foi publicada no ano 2013 e que xa foi descrita no Informe de Literatura correspondente. Nesta nova edición, que aparece agora baixo o subtítulo "Edición de campo", engádense un breve "Prólogo á edición de campo", así como diverso "Material adicional", tales como os apartados "Roteiros para explorar o mundo de Vento e chuvia", "Agradecementos" e "Referencias", que se suman, aos xa presentes na edición anterior, "Xenealoxía" e "Índice onomástico e toponímico".

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Máxicos roteiros", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 561, "Libros", 19 novembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 516, "Letras galegas", 28 novembro 2015, p. 10.

Resalta a capacidade de investigación histórica e arqueolóxica do autor na información que achega no libro sobre as divindades da Idade de Ferro. Explica que está formado por dez relatos mitolóxicos acompañados por unha explicación dos coñecementos históricos sobre os que se realizou a narración.

# *V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA*

## V.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

**A. L.**, "A Galicia exterior existe. Buenos Aires, capital da cultura galega", *Grial*, n.º 205, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 8-9.

Dáse conta da celebración do XI Congreso Internacional de Estudos Galegos, que se desenvolveu en Bos Aires e no que se analizaron as relacións entre a cultura galega e a arxentina. Entre outros aspectos, sinálase a participación de Henrique Monteagudo, cunha conferencia sobre a transcendencia de *Sempre en Galiza*, ou a lección maxistral de Silvia Dolinko sobre a obra de Luís Seoane.

**Aldao**, Lucía e María **Lado**, "Aldaolado poden ser nación, somos autosuficientes", *Luzes*, n.º 22, *República*, "Entrevista", 2015, pp. 74-80.

Achégase unha conversa entre Lucía Aldao e María Lado. Falan da súa proposta escénica "aldaolado", na que cantan as súas cancións favoritas e contan historias relacionadas coa literatura. Trátanse temas como o comezo da súa colaboración, ou o seu proceso de traballo.

**Alonso Montero**, Xesús, "Homenaxe a Antonio Machado no 75 cabodano. Unhas notas sobre Machado, e tamén, sobre Castelao", *Ferrolanálisis*, n.º 29, 2015, pp. 16-23.

No contexto dun repaso polas ideas políticas de Antonio Machado e Castelao, faise unha breve referencia a unha "Cousa da vida" do autor galego, en comparación cunha "Lección" de Machado. Establécese unha comparativa entre ambas para salientar as semellanzas no pensamento destes escritores.

**Álvarez Cáccamo**, Xosé María, "Luz da vida nas vidreiras do poema", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 103-104.

Recensión do poemario *Cartografía do exilio* (Deputación Provincial da Coruña, 2014), de Baldo Ramos, accésit do premio González Garcés de poesía 2014. Saliéntanse a óptica imaxinativa do poemario, a súa cerna onírica e a densa significación. Descríbese o volume, conformado por corenta e tres poemas, fragmentos dun único texto de función evocativo-reflexiva, que trata sobre a dialéctica entre vida e poesía. Por último, destácanse as ilustracións de Carlos González Villar.

**Araguas**, Vicente, "Literatura galega en Madrid: exótopos e belixerantes", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Adro", 2015, pp. 27-29.

Repásanse os autores que escriben ou escribiron en galego desde Madrid, tomando como punto de encontro os faladoiros do Café Comercial. Menciónanse autores como Fariña Jamardo, Alexandre Finisterre, Calís Pato, Xurxo Novoa, Verónica Delgado Martínez, Viki Veiguela, Xavier Frías, Manuel Pereira Valcálcer, Rafa Yáñez, Pepiño da Gaita ou Ricardo Pichel.

**Arias Chachero**, Patricia, "*Cómaros verdes*. O primeiro poemario galego de posguerra", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade e alteridade na literatura galega (séculos XIX-XXI)", 2015, pp. 63-72.

Analízanse as circunstancias arredor da aparición do poemario *Cómaros verdes* (1947) de Aquilino Iglesia Alvariño. Comézase cunha introdución, na que se contextualiza a figura intelectual do poeta e a súa implicación no galeguismo. No seguinte apartado, "Jesús Garrido e o colexio León XIII", trátase a actividade docente do autor neste centro, polo que tamén pasarían outros intelectuais, como Xosé María Díaz Castro. A seguir, en "Severino González Lazán e a librería Celta de Vilagarcía", fálase da amizade de Iglesia Alvariño con Severino González e do seu traballo na libraría Celta, onde se editaría o poemario. O apartado "*Cómaros verdes*" está dedicado ao poemario, dende a súa publicación até a censura. A última sección, "Despois de 1949. *De día a día* (1960) e *Leva o seu cantare* (1964)", resérvase para estes dous poemarios, editados tamén pola libraría Celta.

**Baltar**, Amancio, "Xosé Chao Rego", *Grial*, n.º 208, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro, 2015, p. 10.

Co gallo do pasamento de Xosé Chao Rego, faise un percorrido pola súa traxectoria sacerdotal destacando a súa contribución como escritor en lingua galega. Resáltanse tanto a gran variedade de xéneros e temas que cultivou coma o papel da súa obra na renovación da igrexa galega coa participación nas revistas *Encrucillada* e *Irimia*.

**Bardelás Álvarez**, Silvia, "Unha literatura de nación sen Estado", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Adro", 2015, pp. 31-37.

Trátase sobre o desenvolvemento da literatura galega nun territorio "sen nación-Estado". Pártese das reflexións de Inma López Silva sobre autores como González Millán ou Antón Figueroa, o discurso de entrada na Real Academia Galega de Camilo Gonsar e a presentación de *Desfeita*, realizada por Uxío Novoneyra. Saliéntase a necesidade de fomentar a escrita de novela, como elemento fundamental para conseguir a autonomía da literatura galega.

**Becerra de Becerreá**, Alfonso, "Bonecos rotos", *Tempos Novos*, n.º 215, "*ProTexta*", n.º 8, "ProPostas", abril 2015, p. 85.

Recensión da obra *Lapsus* (Axóuxere Edicións, 2014), de Alfonso Pexegueiro. Comézase por reflexionar sobre o amor e a morte como bases da construción da identidade, para pasar a describir a obra, que afonda neste tema. Sitúase o volume na liña da obra de Samuel Beckett e saliéntase que o "fatum" da traxedia se vexa transgredido polo ton caricaturesco.

**Beiras**, Xosé Manuel, "Figuración remota de Xaime Isla Couto", *Grial*, n.º 207, "Construír Galicia", xullo, agosto e setembro 2015, pp. 56-59.

No contexto das memorias do autor sobre Xaime Isla Couto, faise referencia ao xerme da Nova Narrativa Galega, representado pola publicación de *Nasce un árbore*, de Gonzalo R. Mourullo, e definitivamente inaugurada polo mesmo autor con *Memorias de Tains*. Explícase a decisión de Xaime Isla Couto de abrir unha colección en Galaxia dedicada aos novos, "Illa nova", na que se acollería a escritores como Xohana Torres, Franco Grande ou X. L. Méndez Ferrín.

**Bernárdez Vilar**, Xoán, "Centenario", *Encrucillada*, n.º 191, "Crónica da cultura", xaneiro-febreiro 2015, pp. 104-114.

Faise un repaso polo panorama cultural, atendendo a diversos temas. No que atinxe á literatura galega, no apartado "As letras" comézase por recoller as presentación da obra *Ramón Otero Pedrayo. Unha Fotobiografía* (Galaxia, 2014); e dunha nova versión d'A *Divina Comedia*, traducida por Darío Xohán Cabana. Na sección "Cine e teatro", dáse noticia de que o Premio Nacional de Teatro 2014 foi para a compañía galega Chévere. A seguir, en "Congresos. Comunicacións", recóllese a celebración dun simposio dedicado a Xosé María Díaz Castro na Real Academia Galega. Por outra banda, en "Premios", alúdese ao Premio Nacional de Tradución, concedido ao equipo que traduciu o *Ulises* de James Joyce ao galego; ao Premio Blanco Amor de novela, que foi para *Cabalos e lobos*, de Fran P. Lorenzo; ao XII Premio de Poesía Afundación do Centro Pen, concedido a Elías Portela Fernández por *Bazar de Traidores*; e ao Premio de Ensaio Ramón Piñeiro, que recaeu en Luís García Soto, pola súa obra *Barthes filósofo*.

_____, "O acceso ao coñecemento", *Encrucillada*, n.º 192, "Crónica da cultura", marzo-abril 2015, pp. 95-107.

Faise un repaso polo panorama cultural galego. No que atinxe á literatura, refírese á recepción da obra *Afranio. Ou como me rispei das gadoupas da morte*, de Antón Hipólito Alonso Ríos no Instituto de Estudos Miñoranos, e da relación do escritor con Xosé María Álvarez Blázquez.

**Boguszewick**, Maria, "¡Desperta Polska!' de Eduardo Pondal no contexto da loita independentista polaca", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Exilio e recuperación da memoria histórica", 2015, pp. 257-266.

Analízase o poema "¡Desperta Polska!" de Eduardo Pondal. Comézase cunha "Introdución", na que se tratan a xénese do poema e a situación xeopolítica no momento da súa escrita. A continuación, fai un breve repaso pola historia de Polonia dende o século XIV, pasando pola convivencia de distintas minorías sociais e culturais, para en "Polonia no espello galego", centrarse no poema de Eduardo Pondal, no que Galicia, identificada con Cincenta, chama a Polonia a espertar e rebelarse contra os estados que a ocupan. O seguinte apartado, "Galicia no espello polaco", trata a presenza no poema dunha "Galicia ideal, heroica e estilizada" e a identificación que se fai entre ambos espazos polos valores que os dous representan para Pondal. Por último, nas "Conclusións" reflexiónase sobre o concepto de Galicia como nación que se presenta no poema e a idea de solidariedade con Polonia como a súa "irmá do Leste".

**Caballo Villar**, Belén, "A cidade dos nenos", *Revista Galega de Educación*, n.º 61, "Outras lecturas", abril de 2015, p. 103.

Recensión da tradución ao galego da obra *A cidade dos nenos* (Kalandraka, 2014), de Francesco Tonucci. Saliéntase a importancia da obra, que ten por obxecto defender que os nenos se tomen como medida no deseño das cidades, de xeito que a infancia teña un papel central na mellora colectiva.

**Caveiro**, Laura, "Vasos comunicantes", *Tempos Novos*, n.º 215, "*ProTexta*", n.º 8, "ProPostas", abril 2015, p. 83.

Recensión da novela *Zapatillas rotas* (Xerais, 2014), de Xabier Quiroga. Descríbese a historia, que narra as vidas paralelas de dous homes, veciños da mesma aldea, que a través de *flash backs* comparten lembranzas. A este respecto, saliéntase a mestura de episodios de distintas épocas e ambientes, de xeito que se engaiola ao lector nunha trama de vasos comunicantes.

**Cendán Teijeiro**, Noelia, "A *Medea dos fuxidos* de Manuel Lourenzo e a *Medea* de Eurípides. Influencias textuais e conceptos ético-emocionais", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Literatura galega comparada e de conxunto", 2015, pp. 171-181.

Analízase o poema escénico de Manuel Lourenzo *Medea dos fuxidos* e as súas concomitancias coa traxedia grega escrita por Eurípides. Comézase cunha breve "Introdución" na que se introduce o obxecto de estudo, segue o apartado "Liña temática", no que se trata o fío argumental de ambas as traxedias, salientando os paralelismos e as diferenzas, pois Manuel Lourenzo inclúe unha forte adaptación cultural, facendo que Xasón traizoe os guerrilleiros refuxiados nas montañas. Na sección "Adaptación textual", trata os procesos de adaptación do mito centrándose nas oposicións "Audacia *vs*. covardía", "Corazón frío *vs*. corazón inocente", e no soliloquio que contén a despedida de Medea dos seus fillos. A continuación, alúdese á "Caracterización dramática dos personaxes", centrándose na construción de Medea a partir da oposición "Medea valente *vs.* Medea covarde" e en asuntos como "Medea e a

loucura" e "A sensatez allea a Medea". Por último, nas "Conclusións", saliéntanse de novo as similitudes e diferenzas entre ambas as obras.

**Cochón**, Luís, "Poesía total", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 100-101.

Faise unha recensión en dúas partes do poemario *As voces da máscara* (Pen Club Galicia, 2014) de Arcadio López-Casanova. A primeira sección reflexiona sobre a traxectoria poética do autor e o concepto de "máscara" e describe o volume, dividido en tres partes. Na segunda sección, coméntanse algúns dos autores que influíron no poeta, como Auden, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal ou Aquilino Iglesia Alvariño. Saliéntanse a construción e fluencia do verso, e a presenza de conceptos de amor, arraigo, carencia e viaxe.

**Cociña**, Olalla, "Camiñar na invernada", *Tempos Novos*, n.º 213, "*ProTexta*", "ProPostas", febreiro de 2015, p. 70.

Achégase unha recensión do poemario *Celebración* (Apiario, 2014), de Gonzalo Hermo. Saliéntanse o ton triste pero esperanzado, que crea unha "paisaxe invernada" e o xogo coas intensidades.

**Colmeiro**, José, "As novas encrucilladas dos estudos galegos nun mundo globalizado", *Grial*, n.º 206, "Comunicación e sociedade", abril, maio e xuño 2015, pp. 143-151.

No contexto dunha reflexión sobre o futuro dos Estudos galegos, na que se considera que o modelo filolóxico está en crise, alúdese á necesidade de sinalar un proceder para analizar autores galegos con produción bilingüe como Álvaro Cunqueiro, Luísa Castro ou Marina Mayoral.

**Curros Ferro**, María, "A interacción do aquí e do acolá na obra de Manuel Pereira Valcárcel", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Literatura galega en Madrid", 2015, pp. 411-420.

Analízase a obra de Manuel Pereira Valcárcel. Comézase cunha "Introdución", na que se contextualiza a produción do autor, salientando a importancia do espazo e a viaxe. A continuación, dedícaselle un apartado a cada unha das súas obras, prestando especial atención a como estas reflicten a súa traxectoria vital e o seu ideario persoal. Os libros analizados en cada sección son: *Poemas de cinza*, *Todo morte*, *Rosa íntima*, *Inventario de fragmentos*, *Libro das viaxes*, *Tatuaxes*, *Interior con froiteiro e feridas*, *Traxectos curtos*, *Días do final* e *Malas cartas*. Remátase salientando a capacidade de Pereira Valcálcer para reflectir as realidades sociais e unha conciencia política e económica, así como a importancia dos espazos e as viaxes na súa obra.

**Darriba**, Manuel, "Un posible Tallón", *Tempos Novos*, n.º 222, "*ProTexta*", n.º 11, "ProTagonistas", novembro de 2015, p. 80.

Achégase o texto correspondente á intervención de Manuel Darriba sobre Juan Tallón no X Ciclo de Mesas Redondas Escritoras/es na Universidade, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Recóllese o encontro entre Manuel Darriba e Juan Tallón. Equipárase a escrita de Tallón á de Philip Roth e saliéntanse a vida e a literatura como os seus dous grandes eidos temáticos.

**Dasilva**, Xosé Manuel, "A colección Grial perseguida pola policía franquista", *Grial*, n.º 206, "Documentos", abril, maio e xuño 2015, pp. 81-87.

Co gallo da descuberta do expediente completo da colección "Grial", achéganse os documentos e unha breve introdución sobre a historia da colección, paralizada pola Dirección General de Prensa en 1952. Saliéntase a importancia destes documentos para coñecer os motivos que levaron á súa disolución, posto que se temía a súa posíbel proxección no ámbito americano. Achéganse as transcricións de nove informes, acompañados con imaxes dos documentos orixinais.

_____, "*A esmorga* en castelán", *Grial*, n.º 207, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2015, pp. 100-102.

Recensión de *A esmorga/La parranda* (Mar Maior, 2015), de Eduardo Blanco Amor, tradución ao castelán con epílogo de Manuel Rivas. Faise un breve percorrido pola traxectoria editorial da obra, que foi traducida polo propio Blanco Amor debido á censura. Tras salientar o acerto co que se configura a fala na obra, párase no texto eivado das versións publicadas anteriormente en castelán, que se restaura neste volume.

_____, "A recuperación do texto auténtico de *La parranda*, autotradución d'*A esmorga*", *Grial*, n.º 208, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2015, pp. 102-109.

Ofrécese un percorrido arredor do proceso de tradución, restauración textual e publicación de *La parranda* (Mar Maior, 2015), tradución levada a cabo por Eduardo Blanco Amor da súa novela *A esmorga* (1959). A través de diversas cartas relacionadas coa obra e o autor, infórmase da desestimación da publicación en Galicia a causa da censura, apúntanse as condicións posíbeis que levaron ao autor a traducir a obra e infórmase das edicións arxentinas d'*A esmorga* (1959) e *La parranda* (1960), así como das primeiras edicións en España en 1970 e 1973, respectivamente, que supuxeron a modificación de ambas obras por prescrición expresa da censura sobre o texto galego. Dáse conta da publicación das edicións posteriores de *La parranda*, en España e Arxentina, sinalando a non restauración da versión orixinal da obra e achegando fragmentos desestimados pola censura. Por último, infórmase da publicación da versión restaurada en lingua castelá a cargo da editorial Mar Maior en 2015, reproducindo

fragmentos eliminados ou mudados por presión da censura respecto á primeira edición e anotando o proceso de variación textual respecto á primeira edición arxentina.

**Díaz-Fierros Viqueira**, Francisco, "Ciencia, técnica e progreso en Curros Enríquez", *Grial*, n.º 206, "Ciencia e técnica", abril, maio e xuño 2015, pp. 133-141.

Analízase a importancia da ideoloxía do progreso na obra de Manuel Curros Enríquez. Tras unha breve introdución, contextualiza a ideoloxía progresista no ámbito da literatura española e trata o contexto específico galego, para dar paso á análise da visión do progreso na obra do autor de Celanova. Analízase o papel inspirador do progreso que o levou a criticar "o carácter individualista e descomprometido da poesía romántica", faise referencia á pegada relixiosa, á presenza do ferrocarril e ao telégrafo como símbolos dunha época e á crítica dunha ciencia "tradicional" e "anquilosada". Trátanse tamén as mencións a persoeiros da ciencia na obra de Curros, entre os que se destacan o padre Feijoo, Eduardo Chao e Xosé María Rodríguez Carracido, para rematar referíndose á influencia da teoría da evolución na obra de Curros.

**Dopico**, Montse, "As imaxes de xénero do nacionalismo cultural nacente son brutais", *Luzes*, n. º 15, "Entrevista", febreiro de 2015, pp. 53-57.

Co gallo da publicación da súa obra *Galicia: A Sentimental Nation: Gender, Culture and Politics*, achégase unha entrevista con Helena Miguélez-Carballeira. No que atinxe á literatura galega, analízase a figura de Rosalía de Castro e fálase de autoras como María Xosé Queizán, Pilar García Negro ou Carmen Blanco.

_____,"Habitamos un mundo en ruínas que ten que desaparecer para que xurda algo novo", *Tempos Novos*, n.º 213, "*ProTexta*", n.º 07, "ProTagonista", febreiro de 2015, pp. 68-69.

Co gallo da publicación do seu poemario *Celebración* (2014), achégase unha entrevista con Gonzalo Hermo na que se tratan temas como os símbolos que utiliza no libro, o carácter dialóxico do poemario, o título, ou as diferenzas coa súa obra previa, *Crac.*

**Doucet**, Montserrat, "*A esmorga* y *La Parranda* de Eduardo Blanco Amor: dos lenguas, dos identidades, dos versiones de una novela", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Literatura galega comparada e de conxunto", 2015, pp. 191-200.

Trátanse as diferenzas entre a versión orixinal d'*A esmorga* e a súa tradución ao castelán *La parranda*. Comezase cunha "Introdución" na que se contextualizan ambas obras e se resume brevemente o argumento e construción das novelas. A continuación, en "Diferencias formales, semánticas y de nomenclatura de lugares y personajes", trátanse as diverxencias entre ambas as versións e a súa relación con cuestións culturais. O seguinte apartado, "Lo afectivo, lo cruento y lo procaz en *A esmorga*", salienta a maior presenza do emotivo e afectivo na versión galega, fronte á deshumanización da versión castelá, para en "La dimensión del discurso de Cibrán en *La parranda*" aludir ás

diferenzas no discurso do protagonista, máis extenso na versión castelá. A seguinte sección, "Del lirismo en ambas ediciones" compárase o lirismo das dúas versións.

**Eirín García**, Leticia, "Unha lectura de *A orfa de San Lourenzo* de Rogelio Civeira", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade e alteridade na literatura galega (séculos XIX-XXI)", 2015, pp. 73-79.

Analízase a obra teatral *A orfa de San Lourenzo* (1886), de Rogelio Civeira. Comézase co apartado "Rogelio Civeira: personalidade e obra", no que se traza unha breve semblanza biográfica do autor. A seguir, en "O teatro galego na época" encádrase a obra dentro do "teatro rexionalista", con autores como Emilio Álvarez Giménez. Saliéntase, ademais, a recuperación da lingua oral e o desexo de crear un teatro galego destinado ás minorías cultas. A terceira sección, "*A orfa de San Lourenzo. Drama n-un acto i-en verso (hestórico)*" contén o análise da obra, na que se centra en diversas escenas, estuda con detalle o tema e estrutura dramática, o tempo e espazo, así como os personaxes. Remata lamentando que a obra pasara desapercibida e fai fincapé na necesidade de que ocupe o seu lugar na literatura galega, xunto a obras como *A costureira d'aldea*, de Lugrís Freire.

**Enríquez**, Rosa, "A cerimonia do adeus", *Tempos Novos*, n.º 217, "*ProTexta*", n.º 9, "ProPostas", xuño 2015, p. 86.

Recensión do poemario *nestes días* (A porta verde do sétimo andar, 2014), de María Neves Soutelo. Comézase por sinalar a temática da despedida no momento dunha renovación, para pasar a tratar da intranscendencia e irrelevancia do eu. Saliéntase a limpeza da poesía, coa que se crea unha suxestiva atmosfera de sensacións presentadas con naturalidade e sen hermetismo.

**Fente**, Elvira, "A fala dos corpos. Entre Cixous, Shelley e Queizán", *Madrygal*, "Estudos", "Identidade feminina e estudos de xénero", vol. 18 (Número especial), 2015, pp. 337-348.

Trátanse as analoxías entre as obras de Hélène Cixous e Mary Shelley e o pensamento feminista de María Xosé Queizán. Comézase presentando o significado do concepto de "corpo" para Cixous e Queizán, e suxírese a influencia de *Frankestein*, de Mary Shelley, no xeito no que Queizán comprende a maternidade. A seguir, introduce as oposicións dicotómicas nas que se sitúan os prototipos de home e muller e explícase, con exemplos dos seus textos, como Cixous e Queizán escriben a feminidade, desfacendo estas dicotomías, que se subverten. Despois de analizar a influencia de Shelley na obra de Queizán, repásase a lectura feminista de *Frankestein*, que podería reflectir o medo de Shelley ante a maternidade, e compárase coa obra de Queizán *Anti Natura*. Remátase cunhas "Conclusións" nas que se fai un resumo de cómo cada autora procura expresar a súa visión do feminino.

**Fernández Blanco**, Manuel, "Presentación do poemario *Atravesar o fantasma*, de Carlos Callón", *A Trabe de Ouro*, n.º 102, "Publicacións", abril, maio e xuño de 2015, pp. 291-294.

Recensión do poemario *Atravesar o fantasma* (Xerais, 2014), de Carlos Callón. Comézase por contextualizar a relación do libro coa psicanálise e por sinalar que os temas principais son o *eros* e o *tánatos*. Saliéntanse a tensión entre o ideal e a ocultación do gozo, e a capacidade do poeta para reflectir o narcisismo do amor.

**Fernández Paz**, Agustín, "Os espazos do desexo", *Luzes*, n.º 17, "Reportaxe", 2015, pp. 40-44.

Fai un repaso pola súa relación con diversas librarías. No que atinxe á literatura galega, alude a varias das súas lecturas como *Nimbos*, de Díaz Castro, *Palabra no tempo*, de María Mariño, *Advento*, de Manuel María ou *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro.

**Fernández Pérez-Sanjulián**, Carme, "Unha achega á historia da edición en Galiza: Lugo nos anos do franquismo", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Editoriais e prensa na Galiza do interior e do exterior", 2015, pp. 443-456.

Faise un repaso pola actividade editorial en Galicia durante o Franquismo, con especial atención ao labor desenvolto na cidade de Lugo entre 1939 e 1975. Comézase poñendo de relevo a falta de análises rigorosas sobre o tema e co repaso polo miúdo da actividade de Ediciones Celta e o labor de distintas imprentas e librarías da cidade, como Gráficas Bao, Artes Gráficas Gerardo Castro, Imprenta Editorial Palacios, Reprografía-Imprenta Alvarellos, Imprenta-libraría La Voz de la Verdad ou Cartonaxes Ami. Achéganse cadros nos que se amosa a produción en lingua galega de cada unha destas empresas. A seguir céntrase no desenvolvemento doutros proxectos editorias, como a aparición da colección Xistral, que acolleu poemarios como *O paxaro na boca*, de Luz Pozo Garza; *Poemas pendurados*, de Ricardo Carballo Calero; *Íntimas*, de Pura Vázquez Iglesias; *Orvallo*, de Miguel Carlos Vidal; *Da miña zanfona*, de Ramón Cabanillas; e *Orballo ispido*, de Manuel Casado Nieto. Na mesma liña, faise un repaso pola colección Ronsel, na que se publicaron *Dende o nimbo da lembranza*, de Xosé María Folgueira; *Sonetos da espranza presentida*, de Arcadio López-Casanova; e *Albre de espranza*, de Lois Diéguez. Alúdese tamén ás actividades levadas a cabo polo Círculo das artes de Lugo e saliéntase que o labor editorial levado a cabo en Lugo pon de relevo a existencia dun público lector, aínda que reducido, que sustentaba a actividade cultural en galego.

**Fernández Poza**, Óscar, "Posibles indicios del género de comedia ciudadana en *A man da Santiña* de Ramón Cabanillas", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Literatura galega comparada e de conxunto", 2015, pp. 201-209.

Análise da obra teatral *A man da Santiña* (1921), de Ramón Cabanillas, no contexto da modernización do teatro galego e prestando atención ás características da "comedia

ciudadana" presentes nela. Comézase cunha introdución na que se contextualizan a obra e o concepto de comedia cidadá, dando conta dunha posíbel tradución ao catalán desta obra por parte do dramaturgo Avel-lí Artís Balaguer. A seguir fálase da utilización do teatro como instrumento para entender o ideario nacionalista nas Irmandades da Fala e defínese o xénero de comedia cidadá e de costumes, para dar paso á análise pormenorizada da peza de Cabanillas, na que se tratan polo miúdo cada unha das características da obra, dende as relacións entre os personaxes até o tema político e social. Por último, saliéntase a vontade de Ramón Cabanillas de formalizar un teatro galego moderno.

**Fernández Rial**, Rosalía, "A terra queima", *Revista Galega de Educación*, n.º 62, "Outras lecturas", xullo de 2015, p. 105.

Recensión do libro-disco *A terra queima* (Xerais, 2013), de Lalo Carnota (música) e Xurxo Souto (texto). Descríbese o volume e saliéntase que pon en valor a identidade paisaxística e cultural. Considéranse os distintos niveis de recepción, que permiten profundar en lecturas e escoitas sucesivas, e conclúese que se trata dun bo recurso educativo.

**Fernández Salgado**, Benigno, "Rimando en galego en Bos Aires: identidade na poesía de Avelino Díaz (1897-1971)", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade e alteridade na literatura galega (séculos XIX-XXI), 2015, pp. 81-93.

Repaso pola obra poética de Avelino Díaz dende o punto de vista da cuestión da identidade. Tras un apartado introdutorio no que se reflexiona sobre este concepto, contextualízase a creación da identidade individual como parte dun grupo e reprodúcense os versos en galego do poeta publicados en *Debezos* (1943). A seguir refírese á súa participación na fundación da "Sociedad del Ayuntamiento de Meira", fala da súa participación nas sociedades galegas e do concepto de emigración que aparece nos seus poemas, así como a motivación para unirse a un grupo como parte do proceso de identificación e a conciencia de Avelino Díaz de ser parte dun "pobo aldraxado e alienado". Por último analiza os poemas de rebeldía e denuncia e reflexiona sobre as motivacións do poeta e o seu desexo de indagar nas posibilidades da poesía.

**Forcadela**, Manuel, "A arte da fuga e a cartografía do exilio", *Tempos Novos*, n.º 213, "*ProTexta*", "ProPostas", febreiro de 2015, p. 72-73.

Recensión de dous poemarios editados pola Colección de Poesía Miguel González Garcés: *Arte de fuga*, de Carlos Penela; e *Cartografía do exilio*, de Baldo Ramos. Tras unha breve introdución, no apartado "A vocación clasicista de Carlos Penelas" saliéntase a súa complexa percepción do mundo e dos seus signos e os modos enunciativos que alternan entre un "eu" e un "ti". A seguir, na análise "Realismo de conciencia no libro de Baldo Ramos", faise referencia á poesía que se centra na periferia da linguaxe, sen aspirar só á beleza, creando versos que aspiran a ser sentencias.

_____, “De Albert Camus a Camilo Gonsar”, *Grial*, n.º 205, “Albert Camus e Galicia”, xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 23-25.

Faise unha comparativa entre a obra de Albert Camus e a do escritor galego Camilo Gonsar (Camilo González Suárez-Llanos, Sarria 1931, Vigo, 2008), pertencente á Nova Narrativa Galega. Tras unha breve introdución na que se traza a traxectoria literaria do autor, ponse de relevo a necesidade de analizar a súa obra dende o pensamento filosófico. Entre as semellazas entre Camus e Gonsar saliéntanse: a súa proximidade coa filosofía, a concepción existencialista, a disolución da diferenza xenérica entre novela e ensaio, a carencia dun sistema de pensamento pechado, a aserción de que a existencia precede á esencia, partindo sempre da subxectividade, a inclusión da melancolía que se deriva do enfrontamento entre a beleza e a miseria da vida e o feito de que ningún se recoñecera como existencialista. A continuación, procédese a analizar os piares da obra de Gonsar, entre os que se atopan a posta en dúbida da identidade, a buscar de argumentos pouco convencionais, a desaparición de polarizacións tradicionais da literatura galega e a crítica radical contra a sociedade posmoderna. Conclúese exemplificando estas características na obra *Cara a Times Square* (1980), centrándose no trasfondo absurdo e existencialista.

_____, “Da periferia creativa”, *Tempos Novos*, n.º 215, “*ProTexta*”, n.º 8, “ProPostas”, abril 2015, pp. 74-75.

Recensión de dúas propostas innovadoras que poderían situarse na periferia, o disco *Volumen I* (Edición Limitada, 2014), do grupo Cinta Adhesiva, liderado pola poeta Silvia Penas; e o libro *Cara Inversa* (Libros da Frouma, 2014), de Pepe Cáccamo e Baldo Ramos. Do primeiro, saliéntase a unión de música e poesía; do segundo, sublíñase a combinación de poesía e artes plásticas. Sitúase o libro na liña de obras como *Poemas de ti e de min*, de Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, e conclúese gabando o volume como experiencia estética.

**Fraguas Vidal**, Rafael, “A recepción do pomario *Fardel de eisilado* na Galicia interior e exterior a partir da correspondencia inédita de Luís Seoane”, *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), “Estudos”, “Exilio e recuperación da memoria histórica”, 2015, pp. 267-273.

Analízase a correspondencia de Luís Seoane para poñer de relevo a recepción do seu poemario *Fardel de eisilado* (1952). Comézase por contextualizar a figura dos exiliados por mor da Guerra Civil española. Introdúcese o poemario e achéganse as alusións a el na correspondencia de intelectuais como Carlos Maside, Fermín Bouza Brey ou Luís Tobío. Conclúese salientando o labor de Seoane en Bos Aires para difundir a cultura galega.

**Frías Conde**, Xavier, “Crônica do Grupo Bilbao 1996-2014: uma visão desde dentro”, *Madrygal*, “Estudos”, “Literatura galega en Madrid”, vol. 18 (Número especial), 2015, pp. 421-429.

Faise un repaso pola historia do Grupo Bilbao, un conxunto de escritores en galego que residen en Madrid, e pola súa actividade literaria. Comézase dando conta da formación do grupo en 1996, debido a un encontro de Vicente Araguas, Fermín Bouza e Xavier Frías no Café Comercial; defínese como un grupo "de fronteiras" e repásase as distintas orixes dos membros, tanto nacidos en Galicia, coma noutros lugares, pero interesados pola lingua galega. A seguir reflexiona sobre as distintas facetas do grupo, que non se limita só aos membros que participan nos faladoiros do Café Comercial, e desenvolve polo miúdo a historia do colectivo, divida en tres períodos: un de máxima actividade (1996-2002), un de letargo (2002-2010) e un de recuperación (2011- até o presente). Explica o labor das editoriais Amargord e Lastura na publicación das obras do grupo, entre as que se contan libros como *Obra reunida 1994-2008* (2012), de Verónica Martínez Delgado, e *Tatuaxes/Tatuajes* (2013), de Manuel Pereira Valcárcel. Por último, saliéntase a importancia do Grupo Bilbao nas letras galegas e necesidade de investigar a poñer de relevo o seu labor.

**García López**, José Ángel, "Aproximación ás edicións da obra poética de Lorenzo Varela", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade e alteridade na literatura galega (séculos XIX-XXI)", 2015, pp. 95-105.

Achégase unha análise ecdótica dos textos de Xesús Lorenzo Varela como *Elegías españolas* (1940) e *Torres de amor* (1942), *Catro poemas pra catro grabados* (1944) e *Catro poemas galegos*. Analízanse as variantes máis importantes que se atopan nos poemas recollidos en diversos medios.

**García Martínez**, Pablo, "O papel da memoria na elaboración de relatos historiográficos", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 110-111.

Recensión do volume *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega* (Frank&Timme, 2014), a cargo de Ana Acuña. Comézase contextualizando o libro como parte da colección iBroLit, do grupo de investigación GAELT da Universidade de Vigo. A continuación, descríbese o volume, que conta cunha introdución e dúas partes: unha na que se recuperan vidas esquecidas a través da escrita, e unha segunda parte na que se achegan estudos literarios. Conclúese salientando a utilidade do volume para explicar o século XX.

**García Negro**, María Pilar, "Estranxeira na súa patria' de Rosalía de Castro: a identidade negada na propia terra", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade feminina e estudos de xénero", 2015, pp. 349-357.

Faise unha análise do poema de Rosalía de Castro "Estranxeira na súa patria" e sitúase dentro do contexto da súa produción. Comézase co apartado "Versos lapidarios", no que se fai unha breve introdución á obra da autora e á súa recepción. Continúase coa sección "Estranxeira na súa patria", na que se reproduce e se analiza polo miúdo o poema, dende o título até os seus elementos gramaticais, retóricos e temáticos. Conclúese cun

apartado intitulado "*Addenda* 'oportunista" no que se comentan dous poemas dedicados a Rosalía por Manuel Curros Enríquez.

_____, "Un Castelao xibarizado?", *Tempos Novos*, n.º 220, "As claves", setembro 2015, pp. 61-63.

Co gallo da presentación dunha iniciativa lexislativa popular no Parlamento a prol do coñecemento da obra de Castelao, coméntase a falta de promoción da figura deste autor. Tras unha breve introdución, no apartado "Un Castelao á altura do século XXI", critícase o descoidado das escolmas da súa obra e a falta de apoio oficial. Na última sección, "A iniciativa lexislativa popular", explícase o proceso de presentación dunha proposición de lei para dar a coñecer a obra do autor.

**Gayo**, Clara, "Sobre Marta Pérez", *Tempos Novos*, n.º 222, "*ProTexta*", n.º 11, "ProTagonistas", novembro de 2015, p. 79.

Achégase o texto correspondente á intervención de Clara Gayo sobre Marta Pérez no X Ciclo de Mesas Redondas Escritoras/es na Universidade, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Fálase do proceso creativo de Marta Pérez, a quen se define como unha "artista teimuda contundente, honesta e incómoda". Cítanse versos da súa obra *Fémina Sapiens* e conclúese salientando a súa intelixencia e sinceridade.

**Gerhardt**, Federico, "Asociacionismo gallego y mercado del libro en la Buenos Aires del medio siglo: dos proyectos editoriales de Luís Seoane", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Editorias e prensa na Galiza do interior e do exterior", 2015, pp. 457-467.

Analízanse dous proxectos editoriais levados a cabo por Luís Seoane na Arxentina. Comézase cunha introdución na que se contextualiza a situación dos exiliados en Bos Aires e a súa vida cultural. A seguir coméntase a colaboración de Seoane coa editorial Losada e co Centro Gallego. No contexto da súa colaboración con ambas institucións, desenvolve a proposta para a creación dunha colección conxunta, unha "Biblioteca de Escritores Gallegos", tentativa que acabaría frustrada. A continuación, explícase o seu proxecto para crear, a partir das edicións do Centro lucense de Bos Aires, unha editorial galega con sentido comercial, proxecto que sería rexeitado, pero que se converteu máis tarde na editorial Citania. Por último saliéntanse como estes proxectos poñen de relevo a relación entre as editoriais arxentinas e as institucións galegas, así como a importancia da traxectoria editorial de Luís Seoane.

**González Valeiras**, Diego, "A plástica escénica na Galicia do século XXI", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Industrias culturais: arte, música, escenografía e cinema", 2015, pp. 569-577.

Faise un repaso en varios apartados pola práctica escenográfica no teatro galego nos primeiros anos do século XXI. No contexto deste repaso, alúdese ao carácter precursor de obras como *A man da santiña*, de Ramón Cabanillas, ou *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Coméntase, ademais, a importancia do papel de autores e escenógrafos como Camilo Díaz Baliño, Lugrís ou Roberto Vidal Bolaño; e a influencia no teatro galego de eventos como a Mostra de Ribadavia. Faise referencia á creación do Centro Dramático Galego en 1984 e á escenografía da súa posta en escena de obras como *A burla do galo* (2000), de Roberto Vidal Bolaño, ou *O ano do cometa* (2004), de Álvaro Cunqueiro. Remátase comentando as propostas máis innovadoras de compañías como Voadora, Sarabela, Matarile Teatro e Chévere. Conclúese salientando a posíbel influencia que terá na escenografía galega a implantación dos estudos de escenografía.

**Harguindey**, Henrique, "Un conto bretón de Max Jacob", *Grial*, n.º 208, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2015, pp. 110-117.

Despois de presentar a figura do escritor vangardista Max Jacob e as principais características da súa obra a partir dos contos "O xigante do Sol" e "A coroa de Vulcano", aparecidos en diferentes revistas, ofrécese a tradución ao galego deste último.

**Lammers**, Anna, "El diálogo intergeneracional de la familia Crecente en *Os libros arden mal* de Manuel Rivas", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade e alteridade na literatura galega (séculos XIX-XXI)", 2015, pp. 107-113.

Achégase un estudo sobre o diálogo interxeracional na novela *Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas. Comézase cunha breve introdución sobre a Guerra Civil e a memoria cultural e a memoria colectiva. A seguir, na sección "Aspectos de un pasado colectivo: la familia Crecente y el diálogo intergeneracional" analiza a familia Crecente a través da relación entre pai e filla e o diálogo que se estabelece entre as dúas xeracións. No apartado "Memorias, olvidos y silencio: transmisión intergeneracional del trauma" fálase do trauma que crea a guerra para ambas as xeracións. Por último, saliéntase o labor dos grupos sostidos pola intimidade na creación da memoria e o feito de que o recordo da guerra se transmite a través do diálogo pero tamén dos silencios, rematando por poñer de relevo o feito do trauma colectivo.

**Lema**, Alberto, "*As ilusións estrañas* ou o cotián monstruoso", *A Trabe de Ouro*, n.º 102, "Publicacións", abril, maio e xuño 2015, pp. 289-290.

Achégase unha recensión do volume de relatos *As ilusións estrañas* (2014), de Antón Dobao, en liña coa súa obra *Incertos* (2008). Saliéntase como elemento central a mestura entre o plano real e o onírico; e a posibilidade de ler o libro como un "catálogo de violencias". Conclúese destacando o achegamento da obra á realidade sociolóxica da Galicia actual.

_____, "Do lume posmoderno", *Tempos Novos*, n.º 215, "*ProTexta*", n.º 8, "ProPostas", abril 2015, p. 76.

Recensión do poemario *Secesión* (Galaxia, 2009), de Chus Pato. Comézase por situar a obra no contexto da produción da autora, coa que comparte temas como a nación, a arte, o poema, o suxeito ou a muller. Descríbese o volume como un libro composto por fragmentos doutros xéneros, como o diario ou o libro de viaxes. Conclúese salientando a escrita morna e pousada.

**López**, Siro, "A única homenaxe que Blanco Amor recibiu en vida, fíxolla o Círculo de Perlío", *Ferrolanálisis*, n.º 29, 2015, pp. 84-87.

Achégase un repaso pola actividade cultural do Círculo de Perlío, entre a que se contan conferencias e representacións teatrais. No que atinxe á literatura galega, alúdese á homenaxe realizada a Eduardo Blanco Amor o 10 de Nadal de1976.

**López**, Teresa, "Bases para unha cronoloxía da literatura galega (1801-1900)", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Literatura galega comparada e de conxunto", 2015, pp. 211-220.

Preséntase o proxecto CROLIGA. *Cronoloxía da literatura galega (1801-1900)*, que ten por obxecto realizar bases de datos das obras publicadas nun determinado período e poñelas a disposición pública nun portal web. Descríbese o proceso de traballo do proxecto, con capturas de pantalla que amosan as bases de datos. Coméntanse os problemas que se presentaron, como a cuestión dos textos non publicados, pero que puideran ser datados nun determinado período. Preséntanse varias fichas como exemplo, pero saliéntase que se trata dun traballo aínda en curso.

**López Silva**, Xosé Antonio, "Cosmogonía, voz mítica e transcendencia das verbas", *Grial*, n.º 206, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2015, pp. 113-114.

Recensión da obra *Os inocentes* (Galaxia, 2014), de María do Cebreiro Rábade Villar. En primeiro lugar, destácase a evolución da súa traxectoria poética en relación coa intelectual. Anótase que o seu estilo de poesía vén marcado pola sinxeleza pero ao mesmo tempo pola reflexión e a semanticidade, así como polo imaxinario de violencia e a estrutura de paradoxo poético. Respecto á obra, saliéntase o carácter vático e iniciático da voz poética, a unión de creación poética e mítica, a influencia de T.S. Eliot, a confrontación entre a voz autorial e a voz poética e súa calidade de metapoemario. Anótanse como elementos fundamentais a multiplicidade de interpretacións, o tema do amor morto e do tempo pasado, o mito como elemento creativo e creador, o carácter sagrado que adquire a palabra poética e a reflexión que dela se desprende, o elemento teórico erótico e o emprego da ironía e o paradoxo. Por último, sublíñase o valor dos paratextos como elementos que reforzan as chaves de interpretación anteriores.

**Lopo**, Antón, "Os *Neos* fan tremer o canon", *Luzes*, n.º 23, *República*, "Reportaxe", 2015, pp. 76-79.

Achégase unha reflexión sobre a nova xeración de poetas, os *Neos*, da que forman parte escritores como Ismael Ramos, Berta Dávila, Gonzalo Hermo, Alicia Fernández, Fran Cortegoso e Xesús Castro. Faise unha achega breve a cada un destes poetas para pasar a comentar os autores que influíron neles, entre os que se destaca a Oriana Méndez e Daniel Salgado. Conclúese salientando o novo protagonismo das vangardas na poesía galega

**Losada**, Susana e Paco **Veiga**, "Alfonso García. O teatro, camiño de construción", *Revista Galega de Educación*, n.º 62, "Entrevista", xullo de 2015, pp. 49-53.

Entrevista a Alfonso García, na que se tratan diversos temas como a súa traxectoria teatral, na que sinala entre os seus mestres a Roberto Vidal Bolaño ou Cándido Pazó, e o teatro no ámbito educativo e escolar.

**Marante Arias**, Antía, "Cara ao ermo. Estratexias para o cuestionamento da realidade desde a poesía galega decente", *Madrygal*, "Estudos", "Identidade feminina e estudos de xénero", vol. 18 (Número especial), 2015, pp. 359-366.

Analízanse os poemarios *Fase de trema* (Espiral Maior, 2012), de Lorena Souto, e *Cero* (Galaxia, 2011), de Oriana Méndez. Comézase cun apartado de "Contexto" no que se presenta a vontade do estudo de achegarse ás liñas dialóxicas na poesía galega actual escrita por mulleres. A continuación, en "Obxectivos e corpus", preséntanse as obras que se van analizar e das que se percorren os conceptos e tipoloxía máis recorrentes, entre os que salientan os de "deconstrución" de Jacques Derrida e "falogocentrismo" de autoras como Hélène Cixous e Luce Irigay. Coméntase como estes conceptos inflúen nas obras estudadas e analízanse polo miúdo as referencias intertextuais de cada poemario. Conclúese cunha "Coda" na que se estabelece a presenza dunha liña de traballo que ten que ver coa deconstrución e coa dialéctica de "centro" e "periferia" e na que se salienta a necesidade de prestar atención ás intertextualidades de ambas as obras.

**Martín Lucas**, Belén, "Ecolación e biopoética", *Tempos Novos*, n.º 215, "*ProTexta*", n.º 8, "ProPostas", abril 2015, p. 77-78.

Recensión do volume *Secession / Insecession* (BookThug, 2014), no que se intercalan estas dúas obras de Chus Pato e Eirín Moure. Descríbese o libro, que ofrece os dous poemarios en prosa de xeito paralelo. Reflexiónase sobre a idea de tradución e reescritura, así como sobre a distribución do texto na páxina. Saliéntanse o xogo de espellos e a influencia de Pato na "biopoética" de Moure. Conclúese subliñando o valor do volume como contribución á literatura galega na diáspora.

**Martínez González**, Xurxo, "A memoria das escritoras galegas", *Grial*, n.º 207, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2015, pp. 106.

Coméntase o volume *Escritoras na Galicia do século XIX* (Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento", 2014), editada por Carlos Andrés González Paz. Saliéntase o interese da obra, produto do proxecto de investigación "Mulleres escritoras na Galicia do século XIX", para achegarse ás voces silenciadas de escritoras como Juana de Vega ou Sofía Casanova. Critícase a falta dun criterio filolóxico, pois no volume óptase por incluír a todas as autoras, sen reparar na calidade literaria da súa escrita, co único propósito de facer unha panorámica xeral. Conclúese salientando o dobre labor do volume, que presenta a cultura galega do século XIX e a "participación da muller na *res publica*".

**Mayoral**, Marina, "Ramón Piñeiro, narrador", *Grial*, n.º 208, "Documentos", outubro, novembro, decembro 2015, p. 67-69.

Ofrécese unha revisión da faceta de narrador de Ramón Piñeiro a través da análise do contido da correspondencia que Marina Mayoral mantiña con el e con outros escritores galegos como Xosé Luís Franco Grande ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Analízase, a partir dunha selección de catro misivas, a relación dos textos de Ramón Piñeiro co xénero literario do conto didáctico, cos ilustrados do século XVIII, os recursos estilísticos empregados e a súa vocación de filósofo, sociólogo e lingüista.

**Meixide Portos**, Teresa, "Bibliotecas virtuais e páxinas web galegas de contido literario", *Revista Galega de Educación*, n.º 62, "Novas tecnoloxías", xullo de 2015, pp. 76-78.

Achégase unha recompilación de espazos electrónicos que divulgan en rede o patrimonio literaria galego, cunha breve descrición de cada un. Alúdese á Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego (Bivir), á Biblioteca Virtual Galega (BVG), ao Portal da Real Academia Galega, ao Portal Biblioteca das Letras Galegas, ao Portal Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a lg3, o soportal da literatura galega.

**Monteagudo**, Henrique, "Meu querido amigo e irmán. Cartas de Castelao a Otero Pedrayo", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 51-63.

Achégase a publicación da correspondencia entre Otero Pedrayo e Castelao. Comézase cunha breve introdución, na que se explica o contexto cronolóxico de cada unha das cartas. Saliéntase a prosa incisiva e pulcra de Castelao e agradécese a localización destas cartas a Xesús Alonso Montero. A continuación, preséntase a transcrición de sete cartas, acompañadas de imaxes das orixinais.

_____, "No centenario de Ramón Piñeiro e Koldo Mitxelena", *Grial*, n.º 207, "O rego da cultura", xullo, agosto e setembro 2015, p. 11.

Recóllese a noticia da homenaxe celebrada no Palacio de Miramar de San Sebastián co gallo do centenario de Ramón Piñeiro e Koldo Mitxelena. Faise unha contraposición entre ambas figuras e saliéntase o seu papel clave no desenvolvemento das súas linguas. Dáse noticia da participación na homenaxe de estudosos como Ramón Villares, Xesús Alonso Montero e Henrique Monteagudo.

_____, "Castelao en Buenos Aires, 1940-1950", *Grial*, n.º 207, "Historia e memoria", xullo, agosto e setembro 2015, pp. 135-141.

Faise unha achega á última década da vida de Castelao, na que se tratan a súa actividade artística e a súa acción política. No que atinxe á literatura galega, alúdese á estrea d'*Os vellos non deben de namorarse*, e dáse noticia dos artigos e ensaios breves escritos por Castelao durante este época, así como dos seus discursos, da publicación por entregas de *Sempre en Galiza* e do seu epistolario.

____, "Castelao en Buenos Aires 1940-1950", *Grial*, n.º 208, "Historia e memoria", outubro, novembro, decembro 2015, p. 125-131.

Faise unha análise do percorrido político de Castelao no exilio tras a Guerra Civil española, sinalando a súa relación con outros escritores galeguistas como Eduardo Blanco Amor, Francisco Fernández del Riego ou Luís Seoane. Alúdese ao contido dos discursos que constituirían parte da súa obra *Sempre en Galiza*, centrándose no texto "Alba de groria". Indícase que este último foi publicado n'*A Nosa Terra* antes de ser inserido na obra e que o texto canónico foi fixado por Blanco Amor para a súa publicación en folleto, promovida por Luís Seoane a conta da Comisión de Cultura do Centro Gallego de Buenos Aires. Por último, resúmese o contido do texto incidindo na dicotomía entre historia e tradición, sobre a que se indica que tamén reflexionou Blanco Amor.

**Monteagudo Alonso**, Antía "Investigación ficcionada", *Tempos Novos*, n.º 222, "*ProTexta*", n.º 11, "ProPostas", novembro de 2015, p. 87.

Co gallo da publicación da súa cuarta edición coméntase a novela *Entrada ao xardín do saber* (Redelibros, 2014), de Henrique Dacosta. Descríbese o tema e estrutura da novela, no que se entrecruza a investigación do xornalista Henrique de Sas, trasunto ficcional do autor, coas pescudas de Vicente Risco sobre Aurora R. Carballeira e os motivos que a levaron a asasinar a súa filla Hildegart. Critícase o desequilibrio entre a abundante información histórica e a escasa acción narrativa, pero saliéntase o interese que xeran as figuras de Risco e Aurora.

**Noia**, Camiño, "Ó final sempre queda o amor", *Tempos Novos*, n.º 215, "*ProTexta*", n.º 8, "ProPostas", abril 2015, p. 82.

Recensión da obra *Conduce rápido* (Xerais, 2014), de Diego Ameixeiras. Descríbese o volume como unha novela coral situada nos espazos corrompidos da cidade de Compostela, na que se conta a historia de dous irmáns que viven de cometer pequenos

delitos. Saliéntase a descrición minuciosa de personaxes e espazos urbanos e encádrase a obra dentro da narrativa *pulp* ou do realismo social da modernidade.

_____, "Un cento de historias", *Tempos Novos*, n.º 220, "*ProTexta*", n.º 10, "ProPostas", setembro 2015, p. 84.

Achégase unha recensión do ensaio *Galicia encantada. O país das mil e unha fantasías* (Xerais, 2014), de Antonio Reigosa. Tras unha breve achega á traxectoria do autor e a súa obra, descríbese o volume, que recolle contos, crenzas e lendas en vinte e oito apartados, organizados alfabeticamente en función do seu tema. Saliéntanse a intención divulgativa do libro e a importancia de darlle visibilidade a este patrimonio antigo.

**Outeiriño**, Manuel, "O xornalismo de Álvaro Cunqueiro", *A Trabe de Ouro*, n.º 101, "Cuestións", xaneiro, febreiro e marzo de 2015, pp. 13-21.

Analízase a obra xornalística de Álvaro Cunqueiro. Tras unha breve introdución, trata sobre diversas contribucións do autor á revista *Grial*, asinadas cos pseudónimos S.S. ou Patricio Mor, e as de *El Noticiero Universal*, compiladas no volume *Papeles que fueron vidas*. A seguir, en "Humor popular", recupéranse algunhas das historias humorísticas que publicou na prensa, como "Felipe de Burres" ou "Tristán García", e saliéntase a consciencia do autor de estar escribindo dentro das restricións da ditadura franquista. Por último, analízase o seu estilo como a "antítese do xornalismo moderno e conciso".

_____, "Fala Confucio', de Ramón Cabanillas", *A Trabe de Ouro*, n.º 102, "Acoutacións", abril, maio e xuño de 2015, pp. 213-218.

Analízase o poema de Ramón Cabanillas "Fala Confucio", unha adaptación de "Ditos de Confucio", de Friedrich Schiller, que fora traducido polo autor. Preséntase o poema de Cabanillas e o texto de Schiller coa tradución en paralelo. Reflexiónase sobre o pensamento de ambos os autores e saliéntase a homenaxe de Cabanillas a Schiller no seu texto, do que se destaca a expresión da vivencia moderna da temporalidade.

**Pascual Rodríguez**, Roberto, "Emigración e exilio como tema na literatura dramática galega: algúns casos", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Exilio e recuperación da memoria histórica", 2015, pp. 291-297.

Estudo da presenza da emigración e o exilio como temas na literatura dramática galega, dende autores como Antón Villar Ponte até Roberto Salgueiro, Candido Pazó e Daniel Cortezón. Comézase por contextualizar os movementos migratorios galegos para ir estabelecendo un percorrido polo tratamento desta cuestión nas diferentes obras dramáticas. Detense en *A patria do labrego* e *Almas mortas*, de Antón Villar Ponte, para continuar con *Ida e Volta*, de Xosé Manuel Pazos; *Apena* e *Historia da chuvia que cae todos os días*, de Roberto Salgueiro; *Cochos*, de Roberto Vidal Bolaño; *A diáspora*, de Daniel Cortezón; e *Dúas mamás*, de Candido Pazó. Resúmese brevemente o argumento de cada obra e o tratamento que se fai nelas da emigración. Conclúese salientando as

distintas manifestacións da carencia de oportunidades en distintas épocas e a capacidade do teatro para cumprir unha función social.

**Pena**, Xosé Ramón, "*Honi soit qui mal y pense.* Mitos e realidades na historia da literatura galega", *A Trabe de Ouro*, n.º 102, "Cuestións", abril, maio e xuño 2015, pp. 173-182.

Recóllese o texto dunha conferencia pronunciada no Club Faro de Vigo o 24 de abril de 2015. Céntrase en tres puntos históricos, mitificados na literatura galega: o amencer medieval, o xurdimento da obra de Rosalía de Castro e a figura de Manuel Antonio. Sobre o amencer medieval, repásanse as diversas manifestacións para concluír que, nos seus albores, a literatura galega gozou de carácter universal. Con respecto á obra de Rosalía de Castro, desmóntase o mito de Rosalía como episodio inicial do Rexurdimento, pero saliéntase o feito de que recuperara a universalidade. Por último, sobre a figura de Manuel Antonio, desmitifica a dificultade da súa lectura e comparándoo con outros autores da vangarda como Huidobro, Reverdy ou Borges.

**Penelas**, Patricia, "No mundo das ilusións", *Grial*, n.º 206, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2015, pp. 111-112.

Recensión da obra *As ilusións estrañas* (Galaxia, 2014), de Antón Dobao, na que se subliña a traxectoria do autor como tradutor, creador e cineasta. A continuación, destácase o lirismo da obra e insírese o conxunto de relatos que a compoñen na corrente do realismo máxico, xa que presentan como fío condutor o concepto de ilusión como categoría conceptual. Saliéntase o emprego nos diferentes relatos da dualidade semántica que une o cotián co imaxinario, o recurso á sorpresa, o entretemento pero tamén a relación extratextual dos relatos co mundo romántico do século XIX e coas afirmacións de Leopardi. Por último, anótase, en canto ao estilo, o emprego dunha prosa sinxela e de minuciosas descricións.

**Peñalta Catalán**, Rocío, "Vivaldi como personaje de ficción en *Concierto barroco* de Alejo Carpentier, *Stabat Mater* de Tiziano Scarpa y *Settecento* de Marcos Calveiro", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Literatura galega comparada e de conxunto", 2015, pp. 233-242.

Analízase o tratamento como personaxe de ficción da figura do compositor Antonio Vivaldi nas obras *Concierto barroco*, de Alejo Carpentier; *Stabat Mater*, de Tiziano Scarpa; e *Settecento*, de Marcos Calveiro. Comézase cunha introdución na que se trata a figura do compositor, logo a xuventude e a formación de Vivaldi e como a representaron Carpentier e Scarpa. A continuación, faise un repaso polos seus anos como mestre de violín no *ospedali* da Piedade e como Scarpa, Carpetier e Calveiro reflicten esta fase nas súas obras. Tamén se fala do seu labor como *impresario* e director musical, máis presente en *Settecento*, de Calveiro, que as etapas vitais anteriores, e analízanse os últimos anos do músico, que só aparecen recollidos en *Settecento.* Por

último, saliéntase o personaxe como nexo de unión e as diferentes facetas que salienta cada unha das obras.

**Pérez**, Marta, "Sobre Clara Gayo", *Tempos Novos*, n.º 222, "*ProTexta*", n.º 11, "ProTagonistas", novembro de 2015, p. 78.

Achégase o texto correspondente á intervención de Marta Pérez sobre Clara Gayo no X Ciclo de Mesas Redondas Escritoras/es na Universidade, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Ponse de relevo a falta de visibilidade da dramaturxia textual da imaxe feita por Clara Gayo e saliéntanse as súas obras *Prohibido sufrir* e *Agorafobia - Parálise sobre o medo*.

**Pérez Rodríguez**, María, "Ediciós do Castro e Editorial Cuco-Rei (1963-1978)", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Editoriais e prensa na Galiza do interior e do exterior" 2015, pp. 495-508.

Analízase o labor editorial de Ediciós do Castro e Editorial Cuco-Rei, así como as súas relacións empresariais e coas editoriais do exilio. Comézase dando conta da creación deste grupo empresarial e a súa xestación en Bos Aires. Analízase polo miúdo a produción que publica Ediciós do Castro desde a súa fundación, na que se salientan a presenza de edicións bilingües e a escaseza de libros traducidos á lingua galega. A seguir preséntase unha listaxe cronolóxica das obras publicadas pola editorial nesta época e, a seguir, céntrase na xestación de Cuco-Rei por parte de Luís Seoane. Coméntase a estreita relación desta editorial co autor e profúndase no comentario sobre dúas obras de Seoane: *Intentando golpear ideas* (1972) e *O conde asasino de Sobrado* (1971). Por último, sublíñase que tanto Ediciós do Castro coma Cuco-Rei se afastan dos presupostos económicos que definen as industrias culturais.

**Piñeiro Domínguez**, María Jesús, "A idealización no exilio: construír a identidade, reconstruír a vida", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Exilio e recuperación da memoria histórica", 2015, pp. 299-308.

Analízase o proceso de idealización da realidade do exilio en distintas obras da narrativa peninsular. Comézase cunha "Introdución", na que se dá conta da situación dos exiliados e da solución do conflito interno do exilio por medio do recurso da idealización. No seguinte apartado, "A negociación da identidade", trátase a idealización como medio para reconstruír unha identidade rota, mentres que "A idealización na narrativa do exilio" se dedica á presenza deste fenómeno na narrativa. No que atinxe á literatura galega, analízanse *A fuxida*, de Xosé Manuel Martínez Oca, na que se presenta a idealización do país de acollida; e *O exiliado e a primavera*, de Manuel Veiga, na que se idealiza a terra de orixe. Por último saliéntase a relevancia da construción da identidade e a importancia da idealización como mecanismo de esperanza para rematar por reclamar a memoria histórica.

**Piñeito Pais**, Laura, "Identidade e alteridade en *Vento ferido* de Carlos Casares", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade e alteridade na literatura galega (séculos XIX-XXI)", 2015, pp. 127-137.

Estudo da influencia de Castelao e Rafael Dieste na obra *Vento ferido* de Carlos Casares. Comézase cunha breve introdución na que se explica a noción teórica de "extraposición" de Mijaíl Bajtín na que se basea o estudo. A continuación, o apartado "A modernidade narrativa en *Vento ferido*" contextualiza a obra e aclara a súa posición dentro da Nova Narrativa Galega, da que se afasta debido á súa estrutura interna e o seu cronotopo. A sección "A influencia dos clásicos en *Vento ferido*", trata a relación do libro con *Cousas*, de Castelao, e con *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste, comentando a similitude entre as obras e salientando a importancia da súa tematoloxía. Por último, nas "Conclusións" exprésase a presenza dunha "extraposición" de estrutura e técnicas narrativas a partir dos traballos de Castelao e Dieste e faise un repaso polo papel de *Vento ferido* na construción da identidade galega.

**Portela Yáñez**, María Rosario, "A recuperación da memoria histórica: Guerra Civil, represión e exilio en Ediciós do Castro", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Editoriais e prensa na Galiza do interior e do exterior", 2015, pp. 509-516.

Analízanse dúas coleccións de Ediciós do Castro, "Documentos" e "Biblioteca del exilio", para poñer de relevo o seu labor a prol da recuperación da memoria histórica. Comézase comentando cómo naceu a editora da man de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, faise un repaso pola que se considera a colección máis "emblemática" desta editorial, aludindo aos seus títulos e poñendo de relevo a boa acollida por parte da crítica e dos lectores. A seguir, analízase "A 'biblioteca del exilio", unha colección que tiña por obxectivo publicar a obra de autores que estiveran no exilio, e que se levou a cabo grazas á colaboración continuada coa editorial Renacimiento de Sevilla. Remátase coa sección "Coda: A 'biblioteca do 36' e o final da editorial", coméntase brevemente a colección "Biblioteca do 36", iniciada no ano 2007 e a final desaparición da editorial.

**Queixas**, Mercedes, "Dúas carreiras na procura da liberdade", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 96-97.

Recensión da obra *A diagonal dos tolos* (Galaxia, 2014), de Santiago Lopo. Saliéntase o tópico da viaxe e explícanse os percorridos paralelos de Pierre, o protagonista, e P., un escravo negro, que se cruzan na Illa da Reunión, unidos pola necesidade de rematar unha carreira de cento sesenta quilómetros en menos de sesenta e seis horas. Conclúese facendo referencia ao binomio colonizador-colonizado e ao carácter simbólico destas carreiras na procura da identidade.

**Quintás Pérez**, Leticia, "As edicións facsimilares no Castro, un exemplo de recuperación da memoria histórica", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Editorias e prensa na Galiza do interior e do exterior", 2015, pp. 517-528.

Faise un repaso polo labor de recuperación da memoria histórica levada a cabo por Ediciós do Castro. Coméntase brevemente a fundación da editorial e a escasa atención que recibiu por parte da crítica. A seguir, céntrase no catálogo de edicións facsimilares, que se presenta nunha táboa, con organización cronolóxica. Valóranse as edicións facsimilares como portadoras de moitas primeiras edicións, que foron publicadas entre o século XVIII e o século XX. Considérase o labor da editora para dar cabida ás obras dos exiliados, para recuperar autores clásicos e para proporcionar materias científicos de disciplinas como a historia, a economía, as ciencias naturais, a xeografía, antropoloxía ou etnografía. Péchase cun apartado de "Valoracións e conclusións", no que se salienta o labor de Ediciós do Castro para recuperar a memoria histórica e os autores clásicos, aludindo a outras editoriais que participaron neste labor como Alvarellos, Monterrey ou Galaxia.

**Rabuñal**, Henrique, "A figura de Leandro Carré", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 107-108.

Recensión do volume *Leandro Carré. Un século de cultura e compromiso* (Alvarellos, 2014), tese de doutoramento de Xosé Manuel Maceira Fernández. Descríbese a obra, que comeza cunha introdución na que se trata a historia do galeguismo e na que se sitúa a figura cultural de Leandro Carré. Saliéntase a achega exhaustiva ao seu labor teatral e ao seu traballo como estudoso e compilador de literatura popular. Remátase destacando as acaídas conclusións do libro sobre a situación de Leandro Carré a cabalo entre a tradición e a modernidade.

_____, "Roberto retratado polo seu fillo Roi", *Grial*, n.º 206, "O espello das letras", abril, maio, xuño, 2015, pp. 119-120.

Coméntase *Fóra de portas* (Positivas, 2013), de Roi Vidal Ponte. Destácase que o autor achega, a través de varios narradores, unha biografía de Roberto Vidal Bolaño, na que se distinguen a parte persoal, a artística nos eidos do teatro, cinema e audiovisual e a sociopolítica. Anótase que o volume comeza cunha panorámica dos devanceiros do escritor e do contexto social compostelán da época antes de presentar a súa traxectoria artística e literaria arredor da compañía Antroido, do traballo de Vidal Bolaño no CDG e en diferentes compañías de teatro que serven para contextualizar as súas obras literarias e tamén se alude á participación do autor noutro tipo de traballos.

**Rei-Doval**, Gabriel, "O periplo vital e profesional de Rubia Barcia", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 108-109.

Recensión do volume *José Rubia Barcia: unha vida contada* (Consello da Cultura Galega, 2014), realizado por José Manuel González Herrán. Explícase que contén unha entrevista realizada polo editor ao autor o 27 de xullo de 1985, na vila de Mugardos, en formato audio e transcrito a texto. Faise unha semblanza biográfica de Rubia Barcia e saliéntase a coidada edición do volume, que achega datos de corte biográfico e

historiográfico. Conclúese sinalando a necesidade de engadir unha análise comparada de biografías de personaxes como Martínez López, González López ou Guerra da Cal.

**Regueira**, Belén, "Cando non se ten un relato propio, asúmese o que digan dende fóra", *Tempos Novos*, n.º 219, "Cultura", setembro de 2015, pp. 70-73.

Entrevista con Fran P. Lorenzo, gañador do premio Blanco Amor 2014, pola súa obra *Cabalos e lobos.* Trátanse temas como o relato sobre a cidade de Vigo a través dunha familia da alta burguesía, os lindes entre a literatura e o consumo, o tema da "memoria do terrible" e os proxectos futuros do escritor.

**Regueiro Salgado**, Begoña, "O Grupo Bilbao como modelo de transculturalidade e identidade híbrida", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Literatura galega en Madrid", 2015, pp. 431-440.

Analízase o Grupo Bilbao dende as perspectivas da transculturalidade e identidade híbrida. Comézase cunha breve "Introdución", na que se introduce o obxecto de reivindicar o labor do Grupo Bilbao. Continúase co apartado "Que é o Grupo Bilbao de poesía de expresión galega en Madrid?", no que se explican a historia do grupo, as súas actividades editoriais e culturais, e as épocas polas que pasou o seu desenvolvemento. A seguinte sección, "Os poetas", introduce os autores dos que se vai falar, aludindo aos participantes do grupo nas diferentes épocas e á dificultade de estabelecer un número de membros. En "Achegas previas á identidade do Grupo" faise un repaso polos intentos de definir o Grupo Bilbao, que se conclúe estabelecendo que o elemento aglutinador destes autores é a lingua. A continuación, o apartado "Un novo concepto de identidade cultural: o Grupo Bilbao como modelo de transculturalidade e hibridación", analiza o desenvolvemento da identidade na situación de hibridación do grupo e como a combinación entre a identidade cultural galega e vida cotiá madrileña conforman unha "identidade transcultural madrigalega". Por último, saliéntase a posición deste colectivo como "grupo de resistencia" e como produto dunha identidade transcultural e de "diálogo entre culturas".

**Requeixo**, Armando, "Díaz Castro e Carballo Calero", *Ferrolanálisis*, n.º 29, 2015, pp. 46-53.

Estuda a relación entre Xosé María Díaz Castro, ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 2014, e Ricardo Carballo Calero. Comeza aludindo ás publicacións de Díaz Castro en medios como a revista *Alba* e describe o proceso editorial de *Nimbos*, salientando a participación de Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Uxío Novoneyra e o propio Carballo Calero. A seguir, en "A escrita irradiante do 'poeta total", dáse conta da escrita de Carballo Calero sobre Díaz Castro, a súa influencia para que este último entrase na Real Academia Galega e explícase o seu traballo na segunda edición de *Nimbos*, da que foi o editor e para a que realizou o estudo introdutorio. Alude ao encontro persoal de Carballo Calero e Díaz Castro, que non tivo lugar até 1986, e

péchase o traballo coas homenaxes dedicadas a Díaz Castro e a participación de Carballo Calero até o seu falecemento.

_____, "Cunqueiro vs. Cunqueiro", *Luzes*, n.º 21, *República*, "Reportaxe", 2015, pp. 75-77.

Reflexiónase sobre a ideoloxía de Álvaro Cunqueiro e a súa relación co réxime franquista. Seguindo a Xesús Alonso Montero deféndese que a súa obra das décadas dos trinta e dos corenta está afastada das temáticas e estéticas promovidas pola ditadura. Conclúese salientando o compromiso de Cunqueiro con Galicia.

_____, "Odiseo en Maratón", *Tempos Novos*, n.º 215, "*ProTexta*", n.º 8, "ProPostas", abril 2015, p. 86.

Recensión da obra *A diagonal dos tolos* (Galaxia, 2014), de Santiago Lopo. Sitúase a obra dentro do contexto actual da narrativa galega, para pasar a comentar a historia, que se define como un relato "de identidades e superación". Saliéntase a inserción de sucesos inesperados e conclúese gabando que a obra fose distinguida co Premio Repsol de Narrativa.

**Resilla**, Marta, "Xogo de máscaras", *Tempos Novos*, n.º 215, "*ProTexta*", n.º 8, "ProPostas", abril 2015, p. 84.

Rrecensión da novela *Máscaras rotas para Sebastian Nell* (Galaxia, 2014), de Alberto Ramos. Comézase por describir ao protagonista, un personaxe cheo de defectos que non xera unha identificación co lector. Saliéntase o traballo de documentación co que se presentan o mundo do teatro inglés e de Hollywood.

**Reyna Muniain**, Facundo, "Robert burns en lingua galega", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 106.

Recensión da antoloxía *Unha rosa encarnada* (Positivas, 2014), que achega a obra de Robert Burns ao público galego. Comézase mencionando a conexión do autor escocés coa obra de Rosalía de Castro, para pasar a estabelecer que a intención de Raúl Gómez Pato, encargado do volume, é a de poñer en galego unha selección representativa da poesía de Burns, posto que a súa pegada chega até a actualidade. Saliéntase o interese do libro, posto que achega os textos en inglés xunto coa versión galega, e destácase a tradución fresca, que non perde o sentido orixinal.

R**ivas**, Manuel, "Lorca das Letras Galegas", *Luzes*, n.º 14, "Episodios galegos", xaneiro 2015, pp. 8-9.

Proponse que se lle dedique o Día das Letras Galegas a Federico García Lorca. Coméntase a relación entre Lorca e Rosalía de Castro e o libro *Seis poemas galegos* de

Lorca, salientando *O pórtico poético dos Seis Poemas Galegos* realizado por Luís Pérez Rodríguez.

**Rodríguez García**, José María, "A memoria histórica de Álvaro Cunqueiro", *Luzes*, n.º 21, *República*, "Reportaxe", 2015, pp. 71-73.

Co gallo do conflito suscitado pola proposta para modificar a mudanza do nome da rúa Álvaro Cunqueiro, trátase sobre a ideoloxía do escritor e a súa relación co réxime franquista.

**Rodríguez Suárez**, "Na súa propia pel: contribucións autobiográficas á Guerra Civil. Conformación dunha narrativa singular", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Exilio e recuperación da memoria histórica", 2015, pp. 309-319.

Faise un repaso por dezaseis narracións nas que a Guerra Civil se trata de xeito autobiográfico. Comézase cunha "Introdución" na que se contextualizan as narracións autobiográficas sobre a Guerra Civil e se estabelece un determinado corpus. O seguinte apartado, "Análise do corpus", establécense as obras a analizar. Entre as novelas están *Non agardei por ninguén*, *O silencio redimido*, *O siñor Afranio*, *Era tempo de apandar*, *Scórpio*, *Terra coutada/Don Gabino*, *O cego de Pumardedón* e *Esmoriz*. Entre as obras que non son ficción escóllense *Os que non morreron*, *A crueldade inútil*, *Matádeo mañá*, *Fuxidos*, *Pola liberdade*, *Memorias dun antifranquista* e *Catro anos a bordo dunha illa.* Pásase a continuación a estabelecer as semellanzas entre autores e personaxes, que teñen en común a supervivencia como único obxectivo. Entre os aspectos que se analizan están a oposición entre o urbano e o rural, o tratamento de temas como o papel da igrexa ou as condicións nos cárceres e a estrutura temporal das obras. Por último, nas "Conclusións", saliéntase o tratamento tardío da Guerra Civil e o valor documental das obras que integran o corpus de análise.

**Rodríguez Tembrás**, Vanesa, "Achega á presenza (ou ausencia) do galego e a súa literatura en Dinamarca: estudo, tradución e coñecemento", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Industrias culturais: arte, música escenografía e cinema", 2015, pp. 579-590.

Analízanse a presenza e ausencia do galego no ámbito cultural danés. Tras unha breve introdución e un estado da cuestión, nos que se pon de relevo a necesidade de dar visibilidade á lingua e á ausencia do galego nos ámbitos culturais e literarios de Dinamarca, achégase unha proposta para aproximar a lingua ao público danés, comezando pola presenza na Universidade e a tradución de libros. Remátase pondo de relevo o crecemento do colectivo emigrante galego en Dinamarca e a posibilidade de expandir a lingua e a súa literatura nun mercado emerxente.

**Romero López**, Alicia, "A escrita de Teresa Moure e a identidade feminina", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade feminina e estudos de xénero", 2015, pp. 377-386.

Analízase o pensamento de Teresa Moure a través do seu ensaio *A palabra das fillas de Eva*, e como este se reflicte nas súas obras *Queer-emos un mundo novo* (2012) e *Herba Moura* (2005). Despois de contextualizar brevemente as obras que van ser analizadas, céntrase no feminismo da diferenza e a identidade feminina en *A palabra das fillas de Eva* e *Herba moura*, explicando o o concepto de "feminismo da diferenza" e como Moure o asume nas súas obras. Reflexiónase sobre a existencia dunha linguaxe propia feminina e sobre como a autora trata os conceptos de sexualidade e maternidade. Na análise da súa produción, faise un achegamento á teoría *queer*, que supón a ruptura coa dicotomía "home/muller". Conclúese salientando o carácter reivindicativo das obras de Teresa Moure.

**Rozados**, Lara, "Xogar (con lume) no posdrama", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 107.

Recensión do volume *Textículos dramáticos e posdramáticos* (Laiovento, 2014), de Alfonso Becerra de Becerreá. Comézase por salientar a función lúdica do teatro contemporáneo, para pasar a comentar o libro no que se recollen dez pezas que podería considerarse como "posdramáticas". Saliéntanse as características principais dos textos: a brevidade, o recurso a escenas únicas, o número reducido de personaxes e o diálogo trepidante. Conclúese cunha análise do carácter lúdico de cada unha das pezas que conforman o volume.

_____, "Se non podemos bailar…", *Grial*, n.º 206, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2015, pp. 115-116.

Ofrécese unha recensión da obra dramática *Sabes que mamá quería ser bailarina* (Toxosoutos, 2014), de Miguel Sande. Achégase o argumento da obra en torno á elección da protagonista e mais un breve percorrido pola traxectoria dramática do autor. Destácase o emprego da técnica do diálogo telefónico, con interferencias, para pór de manifesto a incomunicación e a soidade da protagonista, resaltando a pegada lírica, especialmente, na primeira parte da obra.

**Salgado**, Ana, "Perder lugar, apartar nostalxia", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 101-102.

Recensión do poemario *Celebración* (Apiario, 2014), de Gonzalo Hermo, que abre a colección de poesía de Apiario, a cargo de Dores Tembrás e Antía Otero. Saliéntase o uso do verso longo e a orientación do poemario cara ao desexo, na liña de T. S. Elliot, de xeito que o libro trata sobre a perda como proceso produtivo, debido á conexión entre os conceptos de perda e desexo.

**Salgado**, Daniel, "Días deseñados polo insomnio", *Tempos Novos*, n.º 213, "*ProTexta*", "ProPostas", febreiro de 2015, p. 71.

Coméntase o poemario *O caderno amarelo* (Instituto de Estudos Miñoranos, 2014), de Lara Rozados Lorenzo, obra gañadora do VII premio Victoriano Taibo. Saliéntanse a concisión e a ausencia de adornos, así como a situación do libro "entre o activismo cultural e unha idea performativa da poesía". Cítanse como referentes a Paula Carballeira ou Xiana Arias.

____, "Materialismo en carne viva", *A Trabe de Ouro*, n.º 101, "Publicacións", xaneiro, febreiro e marzo 2015, pp. 109-111.

Recensión do poemario *Crónica do chan* (Edicións Corsárias, 2014) de Alberto Lema. Saliéntase o humor duro e desobediente, afastado de cinismo e ironía, o seu discurso contra a ocupación política e cultural e a súa apoloxía da escapada.

_____, "Poemas contra policía", *Luzes*, n.º 15, "*República*", febreiro 2015, pp. 88-89.

Achégase unha recensión da tradución ao galego do poemario *Tempo de exilio* (Faktoría K de Libros, 2014), de Joseba Sarrionandia. Saliéntanse o carácter de poesía política e a influencia absoluta de Bertolt Brecht no poemario.

**Sanjurjo Díaz**, Santiago, "Crítica dunha identidade sentimental de Galicia: sentimento, razón e historia en Daniel Cortezón", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade e alteridade na literatura galega (séculos XIX-XXI)", 2015, pp. 139-146.

Pártese da análise de Helena Miguélez-Carballeira en *Galicia, a Sentimental Nation* (2013) para estudar a filosofía e política da obra ensaística de Daniel Cortezón. Comézase cunha breve introdución sobre o autor, do que se salientan as súas facetas menos coñecidas, como as de dramaturgo e autor de ensaio. No apartado "A identidade sentimental de Galicia", contextualízanse as achegas de Miguélez-Carballeira no seu libro e como se constrúe a identidade dunha Galicia sentimental e as súas implicacións políticas. Por último, en "Fundamentos da crítica dunha idea sentimental de Galicia" céntrase na obra ensaística de Cortezón, que trata a cuestión do "espírito galego" en obras como *Sobor das condicións do asalto á razón* (1990), *O esprito de Galiza* (1955) ou *Pantocrítica galiciana y otras cuestiones* (1956).

**Seara**, Teresa, "Transparencia", *Grial*, n.º 206, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2015, pp. 118-119.

Coméntase a obra *Á procura da poesía. Vida e Obra de Luz Pozo Garza* (Alvarellos, 2014) a cargo de Aurora López e Andrés Pociña. Destácase o labor dos autores na reivindicación dos escritores referenciais da literatura galega e a relevancia da figura poética da escritora homenaxeada. Descríbese a estrutura da obra en tres apartados correspondentes á biografía, á análise da obra poética e ao compendio da obra filolóxica. Coméntase a inclusión dunha antoloxía de poemas e mais dun apéndice con

partituras de dúas pezas. Destácase o abondoso corpus bibliográfico empregado polos autores e máis a estreita relación coa escritora que favoreceu a inclusión de textos nos que a propia Pozo Garza reflexiona sobre a súa obra.

**Senín**, Xabier, "Caleidoscópica violencia", *Tempos Novos*, n.º 213, "*ProTexta*", "ProPostas", febreiro de 2015, p. 79.

Faise unha recensión da novela *Zapatillas rotas* (Xerais, 2014), de Xabier Quiroga, na que se conta a historia dun ancián que sae a dar un paseo e decide ir ver o mar cun descoñecido. Saliéntase o bo artellamento da historia, a recuperación das traxedias do pasado, a tristura ante un amor imposíbel e a linguaxe coidada, rica en léxico e particularidades dialectais.

**Soutelo**, Neves, "Da nosa voz no espello", *Tempos Novos*, n.º 215, "*ProTexta*", n.º 8, "ProPostas", abril 2015, p. 78.

Recóllese un poema sobre o libro *Espectros* (O figurante Edicións, 2014), de Rosa Enríquez, lido no acto de presentación na Asociación Cultural Bou Eva o 28 de febreiro de 2015.

**Tallón**, Juan, "A cada frase, unha novela", *Tempos Novos*, n.º 222, "*ProTexta*", n.º 11, "ProTagonistas", novembro de 2015, p. 80.

Achégase o texto correspondente á intervención de Juan Tallón sobre Manuel Darriba no X Ciclo de Mesas Redondas Escritoras/es na Universidade, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Comeza sinalando o estrañamento que produce a obra de Darriba, para pasar a comentar *O bosque é grande e profundo* (2013). Saliéntanse a súa temática, centrada nas partes máis escuras do individuo, e o seu estilo, de frase limpa.

**Valverde**, Alberte, "Existir na contemporaneidade", *Tempos Novos*, n.º 213, "*ProTexta*", "ProPostas", febreiro 2015, p. 76-77.

Recensión da obra *Lapsus. A comedia de existir* (Axóuxere, 2014), de Alfonso Pexegueiro, que se define como "inclasificable dende o punto de vista xenérico". Descríbese o seu carácter híbrido e saliéntase o desexo da destrución dos *habitus* sociais, culturais e psicolóxicos.

_____, "Anovando a historiografía literaria", *Grial*, n.º 206, "O espello das letras", abril, maio, xuño, 2015, pp. 120-121.

Ofrécese unha recensión da *Historia da Literatura Galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento* (Xerais, 2014), de Xosé Ramón Pena. Despois de aludir á presentación

do primeiro volume desta obra e ás súas principais innovacións como a metodoloxía e a periodización, infórmase da saída do prelo do segundo volume, centrado no século XIX. Destácase que a obra se estrutura a partir dun contexto sociolóxico, organizado atendendo á cronoloxía, aos xéneros literarios e ao canon, e anótanse os diversos referentes de traballo empregados. Por último, coméntase a falta de tratamento ou de multiplicidade de perspectivas respecto a determinadas figuras relacionadas coa literatura galega e a reflexión que suscitan determinadas achegas sobre a mesma.

**Vega**, Rexina, "Unha boneca rusa", *Tempos Novos*, n.º 213, "*ProTexta*", "ProPostas", febreiro de 2015, p. 80-81.

Faise unha recensión d'*A boneca de Blanco Amor* (Galaxia, 2014), de María Xosé Queizán. Comézase comentando o diálogo entre a autora e Eduardo Blanco Amor. Saliéntase o carácter híbrido da obra, posto que conflúen as visións de ambos autores sobre Chile. Conclúese describindo a libro como un hipertexto de tinturas folletinescas, ensaio, crónica e autobiografía, no que todos os xéneros se mesturan con verosimilitude.

_____, "Creme, Cremer, o mundo está ben feito", *Luzes*, n.º 19-20, "Ás ceibas", 2015, p. 47.

Faise unha reflexión sobre as estratexias de visualización de promoción do sistema literario galego, marcado pola dicotomía entre as editoriais Xerais e Galaxia. Alúdese ao éxito no mercado galego de autores como Álvaro Cunqueiro, Manuel Rivas ou Suso de Toro, pero que foi obtivo, sobre todo, tras a súa aceptación no "centro", é dicir, no mercado español.

**Veiga**, Martín, "Polifonía e hibridismo xenolóxico en *Lapidario* (2004) de Miguel-Anxo Murado", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade e alteridade na literatura galega (séculos XIX-XXI)", 2015, pp. 147-157.

Reflexiónase sobre as diferenzas entre *Lapidario* (2004) e *Lapidario dos heterodoxos* (1990), de Miguel-Anxo Murado, tendo en conta o uso da polifonía e hibridismo xenolóxico como estratexias posmodernas. Nunha breve "Introdución" preséntase *Lapidario* como un conxunto de epitafios poéticos dedicados a diversas personaxes. A seguir, trátase "O epitafio como forma literaria", facendo un breve repaso pola existencia deste xénero dende o Antigo Exipto até a poesía de William Wordsworth, poemas de Álvaro Cunqueiro ou a obra *Cemiterio privado* (1973), de Celso Emilio Ferreiro. No apartado "Murado e os repertorios culturais: adiviñas, bestiarios, epitafios", coméntanse as similitudes de *Lapidario* coa obra de Murado *Bestiario dos descontentos*. A continuación, a sección "De *Lapidario dos heterodoxos* a *Lapidario*" trátanse detidamente as diferenzas textuais e paratextuais entre ambas as dúas obras, que van dende o número de textos incluídos até a desaparición das máximas que pechaban os epitafios da primeira edición. O seguinte apartado, "O hibridismo xenolóxico" aborda o carácter híbrido da obra, que mestura elementos poéticos, narrativos e compoñentes propios da retórica, e que supón unha "fusión" entre ficción e non ficción. En "Polifonía e poesía dramática", analízanse as voces presentes no libro, con especial

atención ao autor implícito. Na "Conclusión" contextualízase *Lapidario* como parte dunha tradición arraigada, pero saliéntase a súa natureza posmoderna.

**Vilavedra**, Dolores, "O agarimo pola lingua", *Grial*, n.º 208, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2015, pp. 8-9.

Co gallo do pasamento de Xosé Neira Vilas, faise un breve repaso pola súa traxectoria biográfica e literaria. Resáltase a aceptación da que gozaron o autor e a obra tras o seu retorno da emigración e o labor de recuperación da memoria colectiva sobre a pobreza, o rural, a emigración e o galeguismo que representa a súa produción dende *Memorias dun neno labrego* até a obra póstuma *Romaría de historias*. Ademais, tamén se destaca a súa relación con Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, Rafael Dieste e Ramón Otero Pedrayo, así coma a posta en funcionamento da distribuidora de libros galegos Follas Novas na Arxentina en 1961 e a súa perspectiva sobre a estadía en Cuba.

**Villalaín**, Damián, "A batalla cultural foi a batalla política máis importante", *Grial*, n.º 207, "Conversa con Xaime Isla", xullo, agosto e setembro 2015, pp. 68-79.

Reprodúcese unha conversa con Xaime Isla Couto na que se tratan temas como a Guerra Civil, o galeguismo ou a *Revista de Economía de Galicia.* No que atinxe á literatura galega, fálase da fundación da editorial Galaxia, levada cabo polo entrevistado, xunto con Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e do seu primeiro labor e recepción.

**Villalaín**, Damián e Carlos **Fernández**, "Carlos Casares e Albert Camus", *Grial*, n.º 205, "Albert Camus e Galicia", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 38-49.

Comézase trazando unha semblanza biográfica de Carlos Casares, que inclúe o seu paso polo Seminario de Ourense, a Universidade de Santiago de Compostela e a súa relación con Agustín Madarnás, Antonio Rodríguez e Vicente Risco. Dedícaselle especial atención á influencia de Ramón Piñeiro e o seu entorno, cunha certa inclinación á filosofía, ao tempo que se introduce a disputa entre Sartre e Camus debida á publicación de *L'homme révolté.* Explícase de xeito pormenorizado o pensamento de Camus para pasar a tratar do primeiro contacto de Casares cos seus libros, probabelmente a través dos libros de Moeller. A partir de aquí, analízase o pensamento e arte de Casares, no que tamén se atopa a influencia de Cesare Pavese ou Vasco Pratolini. Conclúese cunha cita de Manuel Rodríguez Álvarez na que se salienta o seu parecido con Camus.

**Villanueva Gesteira**, María Dolores, "O exilio e a emigración na base da Editorial Galaxia dende a súa creación ata a década dos sesenta. O caso de Arxentina e Uruguai", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Editorias e prensa na Galiza do interior e do exterior", 2015, pp. 529-527.

Faise un repaso polo papel que tivo a emigración na Arxentina e Uruguai na consolidación do proxecto da Editorial Galaxia. Comézase cunha "Introdución" na que se comenta a situación da emigración galega na Arxentina, logo trátase a fundación da editora por parte de Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla e a colaboración dos emigrados, que se presenta en táboas nas que se recollen os accionistas na Arxentina e Uruguai. Coméntase o desenvolvemento progresivo da editorial, con momentos clave como o nacemento da *Revista de Economía de Galicia*. Péchase cunhas conclusións nas que se salienta a relación da Editorial Galaxia cos exiliados e se pon de manifesto a existencia dun diálogo entre a Galicia interior e a diáspora.

**Villar**, Miro, "Antoloxía dunha odisea", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 104-106.

Recensión do poemario *Tempo de exilio* (Faktoría K, 2014), de Joseba Sarrionandia, o primeiro do autor traducido a unha lingua distinta do éuscaro. Tras unha breve semblanza biográfica do poeta, na que se destaca o seu labor de tradución ao éuscaro de poetas como Manuel Antonio, Amado Carballo, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel, Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro e Manuel María, descríbese o volume, que se divide en dez partes. Conclúese salientando o carácter belixerante e culturalista do poemario, que non está exento de preocupación estética.

_____, "Poesía para o Entroido do Val de Maceda", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, p. 104.

Comentario sobre o poemario *Detrás na néboa o felo* (Amastra-N-Gallar, 2014) de Alexandre Nerium. Explícase que a obra forma parte da colección de pequeno formato Amastra-N-Gallar, dirixida por Emilio Araúxo. Saliéntase que o libro pode considerarse como un poema único ou como unha breve serie, composta por dez quintetos e un soneto, nos que o autor estabelece un diálogo entre o mar, a Costa da Morte e o pobo que corre o Entroido ourensán no val de Maceda. Menciónase que o volume está completado por fotografías do Entroido de Marisa González Feijoo.

_____, "Un espello da literatura mindoniense", *Grial*, n.º 206, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2015, pp. 121-122.

Recensión da obra *Mondoñedo literario* (Deputación de Lugo, 2014) de Armando Requeixo. Destácase que se trata dunha compilación de textos escritos sobre a literatura mindoniense desde 1991 en revistas e xornais. Saliéntase que a obra está estruturada en dezasete capítulos ordenados cronoloxicamente e que fan referencia a un escritor mindoniense, precedidos dun limiar que xustifica a creación do volume. Anótase que os primeiros cinco capítulos se centran nas figuras de Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912), Antonio Noriega Varela (1869-1947), Eduardo Lence-Santar (1879-1960), Xosé Díaz Jácome (1910-1998) e Álvaro Cunqueiro (1911-1981), mentres que os demais están dedicados a Ricardo Pedreira (1928-2013), Xosé Ruiz Leivas (1931), Marina Mayoral (1942), Luís Enrique Cabanela (1945), Félix Villares (1947), Antón Meilán (1950), Francisco Piñeiro (1956), Antonio Reigosa (1958), Xe Freyre (1962) e Isabel Morán (1969), resumindo o contido de cada un deles. Infórmase de que os dous capítulos

restantes constitúen unha compilación de textos máis breves de temática diversa e un apéndice cronolóxico que inclúe unha listaxe de traballos sobre literatura mindoniense.

**Villares**, Ramón, "Joan Fuster e Ramón Piñeiro, á procura de *Nós os galegos*", *Grial*, n.º 205, "Documentos", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 64-73.

Con motivo da publicación neste número da correspondencia entre Joan Fuster e Ramón Piñeiro, achégase un pequeno estudo no que se dá conta da súa relación e das súas traxectorias vitais e intelectuais. Saliéntanse os paralelismos biográficos entre ambos os intelectuais e o interese das cartas, que mostran o desexo de escribir un *Nós os galegos* análogo ao *Nosaltres* de Fuster. Conclúese sinalando o carácter de homenaxe da publicación, para dar paso ao anexo epistolar, que contén sete cartas.

_____, "A *Gran Enciclopedia Gallega*, un "monumento de papel", *Grial*, n.º 207, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2015, pp. 122-129.

Achégase o prefacio escrito por Ramón Villares para o libro *Gran Enciclopedia Gallega (1974-1991). La forja de una identidad* (Ediciones Trea, 2015), dirixido por Christine Rivalan. Contextualízase o nacemento da *Gran Enciclopedia Gallega* no florecemento cultural da década dos sesenta e saliéntase a capacidade desta monografía para amosar os resultados da investigación deste proxecto.

# *V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA*

## V.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

**Alonso Montero**, Xesús, "A revista 'Seliña", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras. Galego", "Beatus qui legit", 21 agosto 2015, p. 7.

Dá conta da publicación do número vinte da revista *Seliña*, publicada pola Asociación Cultural Evaristo de Sela (Arbo). Comenta a inclusión dos poemas inéditos de Evaristo González Fernández, tradutor da *Ilíada* ao galego e que considera un capítulo valioso para a cultura literaria galega. Ademais fai referencia os contidos de números anteriores relacionados co citado escritor.

**Araguas**, Vicente, "A nosa literatura segundo Pena", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 864, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 864, p. 30, "máis Libros", 18 xaneiro 2015.

Coméntase *Historia da Literatura Galega II* (Xerais, 2014), segunda entrega do repaso que realiza á literatura galega Xosé Ramón Pena, profesor betanceiro estabelecido en Vigo. Indícase que o volume arranca en 1853 (con *A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos) e se pecha comentando o teatro rexionalista, en 1916. Revísanse as epígrafes e saliéntase o rigor e coidado estilístico.

_____, "Dar morte ao tigre impuro", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 865/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 865, "máis Libros", 25 xaneiro 2015, p. 30.

Revísase a última obra de Manuel Álvarez Torneiro publicada na colección "Tambo", *Onde nunca é mañá* (Kalandraka, 2014), efectuando consideracións sobre o seu momento vital e tamén sobre a traxectoria de quen foi Premio Nacional de Poesía. Saliéntase a súa ollada ao pasado, a beleza do poemario e as referencias musicais.

_____, "Évame si me transito", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 20/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 867, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 867, p. 30, "máis Libros", 8 febreiro 2015.

Percórrese *Poesía Salvaxe* (LAR, 2014), editado por Marcos Lorenzo, Guillermo Ferrández e Juan Carlos Valle "Karlotti", que recolle textos ligados ás seis edicións do festival de Poesía Salvaxe de Ferrol. Destácanse, desta nómina, a Carlos Oroza, Tomás Segovia, Antonio Gómez, María Lado, Lucía Aldao, Olga Novo ou María do Cebreiro.

_____, "Un pouco de Toro", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 868, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 868, p. 30, "máis Libros", 15 febreiro 2015.

Coméntase a última entrega narrativa de Suso de Toro *Somnámbulos* (Xerais, 2014), tras a súa retirada do panorama literario galego. Indícase que o compoñen tres historias ("Negocios de familia", "Conversando coa auga" e "Insomne"), das que resume o seu argumento, e unha nota do autor como colofón do libro. Saliéntase a querenza polo diálogo e monólogo e a atención ao social.

_____, "É festa rachada", *La Región*, 26 febreiro 2015 / *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 1.647, p. 14.

Revisa o segundo tomo da *Historia da literatura Galega* (Xerais, 2014), subtitulado *De 1853 a 1916. O Rexurdimento*, de Xosé Ramón Pena, que abrangue o período que vai da publicación d'*A gaita gallega* de Xoán Manuel Pintos, até a fundación das Irmandades da Fala. *S*alienta o estudo polo miúdo dos protagonistas do Rexurdimento.

_____, "Vivir como se escribe", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*la Galería*", n.º 870, "máis Libros", 1 marzo 2015, p. 30.

Preséntase o ensaio *Raíz e canto. Nomes para unha crónica vital e literaria* (Colección Soláster, 2014), no que Xulio López Valcárcel continúa a retratar escritores e escritoras galegas. Tras citar parte da súa obra anterior, valórase a combinación de rigor e personalidade, nunhas páxinas que citan, entre outros, a Ramiro Fonte, Manuel María, Lupe Gómez ou Vicente Araguas.

_____, "Os 69 de Alfredo Conde", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*la Galería*", n.º 871, "máis Libros", 8 marzo 2015, p. 30.

Coméntase o novo libro de poemas de Alfredo Conde, neste caso, *69 poemas de amor* (Trifolium, 2014). Sinálanse as referencias á natureza, a súa condición plenamente lírica e un certo ton épico.

_____, "Endexamáis o medo", *La Región*, 19 marzo 2015/ *Atlántico Diario*, 22 marzo 2015, "*La Revista*", n.º 170, "Con texto", "Rabo de nube", p. 14.

Fálase de *69 poemas de amor* (Trifolium, 2014), de Alfredo Conde, publicado na colección "Musa pedestris". Apúntase que o autor que inaugurara a súa carreira con outro poemario, *Mencer de lúas*, ofrece agora unha serie de poemas marcados polo ritmo lento e a economía expresiva.

_____, "Dúo poético", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 877, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 877, p. 30, "máis Libros", 19 abril 2015.

Céntrase na obra *Fulguración e silencio* (Deputación de Lugo, 2014), dedicada a Xosé María Díaz Castro e escrita por Xavier Rodríguez Barrio. Fálase da traxectoria do autor, do que se di que é "un dos nosos mellores poetas", e lóase o feito de que se afaste da poesía habitual e realice un percorrido persoal. Cualifícase a obra de "delicatessen" e

gábase o seu contido e deseño. Finalmente, valora positivamente a obra e recoméndase a súa lectura.

____, "Surrealismo 'ma non troppo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 878, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 878, p. 30, "máis Libros", 26 abril 2015.

Fala do poemario *Dominio público* (2014) de Ramón Neto, gañador do VIII Premio de Poesía Erótica "Illas Sisargas", e afirma que se trata dunha obra moi competente, tanto dende o punto de vista poético coma dende o seu carácter de manual de autoaxuda erótico. Sinala como aspecto máis negativo do libro o exceso culturalista, que aparece tamén no prólogo de Eli Ríos, mais eloxia o feito de que o autor garde as distancias respecto da intimidade lectora. Comenta que a obra se sitúa no límite do surrealismo sen chegar a atravesalo.

____, "E outras cousas de meter", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 28/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 881, p. 34/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 881, p. 34, "máis Libros", 17 maio 2015.

Comenta a obra de Verónica Martínez Delgado *Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter* (Caldeirón, 2014), accésit VIII Premio de Poesía Erótica "Illas Sisargas". Sinala que a poeta se mostra en estado puro e chámase a atención sobre a novidade que representa converter en protagonista da obra a unha actriz pornográfica e que sexa unha autora a que o faga. Alúdese ao prólogo do libro, onde Susana Sánchez Aríns fala da conveniencia de non reservar este xénero aos homes. Finalmente, sinálase que a obra precisaría mellorar nalgúns aspectos, pero valórase positivamente no seu conxunto.

_____, "Au dessus de la Mêlée", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 884, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 884, p. 30, "máis Libros", 7 xuño 2015.

Cualifica o libro *Fisterras* (2015), coordinado por Xavier Frías Conde e Rafael Yañez, de "singular" e di que atopou soporte grazas ao bo traballo de Xavier Frías. Sinala que a obra recolle textos de catorce poetas escritos en galego, portugués ou reintegrado e dá conta de todos estes autores, ofrecendo información sobre a súa poesía. Finalmente, elóxiase a obra e, especialmente, o traballo estético de Lidia López Miguel.

____, "Un gran señor", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 886, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 886, p. 30, "máis Libros", 21 xuño 2015.

Partindo dunha alusión á novela *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, da que se di que sentou os fundamentos "dun futuro perfecto" para a novela galega, pasa a centrarse na figura de Ramón Otero Pedrayo. Así, dá conta do volume *Ramón Otero Pedrayo. Unha fotobiografía 1888-1976* (Fundación Otero Pedrayo, 2014). Sinala que se trata dun libro excepcional cunha edición "pulquérrima" que se converterá nun clásico.

____, "Fragmentalia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 26/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", p. 30, n.º 890, "máis Libros", 19 xullo 2015.

Comenta a novela *Conduce rápido* (Xerais, 2014), de Diego Ameixeiras, do que Vicente Araguas di que é un autor "que me chega pero non termina de encherme". Dise que a obra é un "coitus interruptus" porque comeza ben pero non remata de cadrar e apúntase a necesidade dunha maior explicación da acción para evitar a confusión que provoca esta novela de fragmentos.

_____ "Un nipón chamado Takuboku", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 26/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", p. 30, n.º 895, "máis Libros", 23 agosto 2015.

Comenta a obra *1989* (Adeshoras, 2015) traducida polo propio autor dende o galego ao castelán e ilustrado por José Ángel Fernández Colón. Refírese ao argumento, centrado na figura de Takuboku e as expectativas creadas en cinco personaxes da zona das Mariñas. Destaca que a obra se contextualiza no Ferrol de 1989, onde se celebra o mundial de baloncesto.

_____, "Recuperar a un clásico", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 904, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 904, p. 30, "máis Libros", 25 outubro 2015.

Alude ao traballo *Edición e estudo da obra poética de Emilio Pita* (Universidad de Murcia, 2006), de José Ángel García López e que define como un "estudo moi rigoroso" que inclúe o contexto histórico do autor coruñés e coa análise da súa creación poética. Inclúe breves comentarios sobre *Jacobusland* (1942), *O ronsel verdegal* (1964) e *Serán* (1974) escritos por Emilio Pita, "poeta tan descoñecido como inesperado".

_____, "Outra cousa", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 908, "máis Libros", 22 novembro 2015, p. 30.

Indica que a obra *Narracións, Relatos* (2015), de Milagros Mondéjar Ovelleiro, está dividida en dúas partes que acaban colidindo e fusionándose ao final e onde se combina o galego e o castelán. Comenta a temática dos relatos, pois é moi variada, sobre todo dependendo do idioma nos que os atopemos: os contos breves en lingua galega, achegan temas costumistas, paisaxísticos e sobre elementos sorpresa que a autora mantén da súa man; os relatos en lingua castelá pertencen á épica, pero tamén toca temas costumistas que deveñen no tráxico. Salienta que o escritor Xosé Soto, compara a autora co escritor arxentino Julio Cortázar, no que a contos se refire. Por último, convida aos lectores a gozar desta obra chea de sorpresas.

**Ameixeiras**, Diego, "Petete & Pequeno", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "1280 almas", 7 agosto 2015, p. 11.

Dá conta dos vinte e cinco anos da saída do prelo de *Ambulancia* (1990), de Suso de Toro, e destaca que as súas virtudes seguen vixentes. Sitúa a obra nas coordenadas do "terror urbano" e relaciónaa con autores como George V. Higgins. Finalmente comenta

o argumento da trama protagonizada por Petete e Pequeno, dous delincuentes acabados de saír da cadea.

**Baena**, Ana, "Cen anos do nacemento de Xosé M. Álvarez Blázquez", *Atlántico Diario*, "Vigo", 20 xaneiro 2015, p. 12.

Salienta a figura de Xosé María Álvarez Blázquez como referente no campo da literatura, da investigación, da arqueoloxía e da arte, lembrando algúns datos biográficos cando se cumpre o centenario do seu nacemento en Tui. Indica que como homenaxe a Real Academia Galega fixo pública unha carta enviada a Fermín Bouza Brey na que o animaba a escribir versos e a publicar os datos recadados de Rosalía de Castro. Tamén salienta a súa pegada en Vigo como cronista oficial da cidade dende 1976, como membro do faladoiro no Derby e como comisario das escavacións do Concello.

**Blanco**, Patricia, "O ben contado motor da vida pequena", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "La selección", 2 xaneiro 2015, p. 4.

Comentario de *Os televisores estrábicos* (Xerais, 2014), obra de Ramón Vilar Landeira, unha serie de relatos verídicos, críbeis e con "toque de sorna" sobre a vida cotiá e con persoeiros "deses que quedaron na memoria de quen soubo mirar", que se atopa xa en reedición.

**Blanco Casás**, Laura, "Con limpo e depurado estilo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 527, "Libros", 22 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 481, "Letras galegas", 31 xaneiro 2015, p. 10.

Coméntase a última novela de Diego Ameixeiras, *Conduce rápido* (Xerais, 2014), situándoa na esteira dos textos policiais en galego e revisando parte da obra anterior do autor. Saliéntase, despois de referir o argumento, o discurso fotográfico ou cinematográfico, o estilo "moi limpo e depurado", concibido como unha posición ética fronte aos personaxes, e as referencias culturais do autor á novela negra norteamericana de comezos do século XX e á literatura pulp, nunha historia de supervivencia e amor.

_____, "Decisivo ensaio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 537, "Libros", 9 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 492, "Letras galegas", 18 abril 2015, p. 10.

Preséntase *Raíz e canto. Nomes para unha crónica vital e literaria II* (2014), editado pola Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol na colección "Soláster". Dise que é o segundo volume dunha colectánea de ensaios que conxugan narrativa biográfica e nos que se revisan figuras da literatura galega contemporánea, dende as "olladas provocadoras" de Lupe Gómez á "poética apaixonante" de Manuel María ou ás "cicatrices" de Eva Veiga.

**Caneiro**, Xosé Carlos, "Necesidade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Club dandi", 30 xaneiro 2015, p. 5.

Tras reflexionar sobre a necesidade de escribir literatura e a ambición perentoria do éxito e recoñecemento públicos, opina que existe literatura sen público, adscribíndose ao concepto da "felicidade kafkiana" e de que a literatura debe ser algo máis que divertimento, como lle aconteceu coa lectura do libro de relatos *As ilusións estrañas* (Galaxia, 2014), de Antón Dobao, que define como "ambiguo, difícil de cualificar ou explicar pero próximo á intuición da beleza. Ficción en estado puro". Tamén repara na produción novelesca de Diego Ameixeiras, que considera o gran renovador da novela negra galega. Indica que a súa última entrega, *Conduce rápido* (Xerais, 2014), é "electrizante, veloz, breve en frase, minimalista incluso".

_____,"Clásica", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", 10 abril 2015, p. 11.

Fálase da literatura como necesidade e ao fío disto coméntanse dúas obras: o libro de relatos de Antón Dobao *As ilusións estrañas*, que o define como ambiguo, e a novela de Diego Ameixeiras *Conduce rápido*.

**Caveiro**, Laura, "Mulleres e mobilidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 533, "Libros", 5 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 487, "Letras galegas", 14 marzo 2015, p. 10.

Saúdase a publicación de *Letras nómades. Experiencias de mobilidade feminina na literatura galega* (Frank&Timme, 2014), promovido polo Grupo de Análise e Estudo da Literatura e da Tradutoloxía da Universidade de Vigo. Editado por Ana Acuña, acolle os estudos de sete investigadoras (Josefina Cuesta, Aurora Marco, Olivia Rodríguez, Carmen Mejía, María Xesús Nogueira, Manuela Palacios e Ana Acuña) que afondan "dende diversos ángulos e tempos" en diversos procesos de mobilidade feminina. Saliéntase que Nogueira recolle o testemuño de nove autoras dende María do Carme Kruckenberg até Eva Moreda; e que Acuña analiza a experiencia de dúas escritoras (Úrsula Heinze e Marifé Santiago) que acolleron a lingua galega como lingua literaria.

**Dopico**, Montse, "A modernidade de Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 525, "Reportaxe", 8 xaneiro 2015, p. VII.

Recóllense opinións sobre a obra de Álvaro Cunqueiro a raíz da publicación *Álvaro Cunqueiro. Trinta Poemas* (2014). Por un lado, Camiño Noia considera que se debería prestar máis atención á súa obra poética, eclipsada pola súa narrativa. Por outro lado, Manuel Forcadela considera que a poesía do escritor mindoniense é o nexo entre Manuel Antonio e os tempos actuais, que conecta tamén coa poesía de Xosé Luís Méndez Ferrín. Xabier Cordal apunta o paralelismo entre Cunqueiro e outros referentes literarios en relación á súa etapa última como poeta; discrepa con Camiño Noia na interpretación do poeta como moderno e sitúao no discurso posmoderno. E sobre esta cuestión da modernidade na poesía de Cunqueiro reflexiónase brevemente nun á parte baixo o título "O problema das etiquetas".

_____, “Galiza sentimental”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 528, “Reportaxe”, 29 xaneiro 2015, p. VII.

Coméntase a publicación de *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego* en Através, tradución da obra de Helena Miguélez *Galicia, a sentimental nation,* que quedou finalista no premio fervenzas literarias na modalidade de ensaio. Revísase o tropo do sentimentalismo galego como sinal de identidade diferencial, os seus efectos e as conexións desta tese con certos estudos no sistema académico e literario galego.

_____, “Literatura e nacións”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 549, “Reportaxe”, 2 xullo 2015, p. VII.

Fálase dos criterios (temático, filolóxico e sistémico) en base aos que se define a literatura nacional, dando conta de varios textos nos que se trata a cuestión. Así, seguindo o criterio sistémico, Manuel Forcadela, no ensaio *Dama Saudade e o Cabaleiro Sombra* (Frank Timme, 2013) distingue dúas etapas nas relacións entre o imaxinario literario e nacional na literatura galega: a romántica e a contemporánea, que inicia coa Nova Narrativa Galega. Alúdese tamén a un artigo de Inma López Silva e á obra *Sobre narrativa galega contemporánea*, de Dolores Vilavedra, nos que as autoras se decantan igualmente polo criterio sistémico.

**Feixó**, Xosé, “Valor documental”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 529, “Libros”, 5 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 463, “Letras galegas”, 14 febreiro 2015, p. 10.

Coméntase a aparición de *Fala das Musas e outros poemas* (Xunta de Galicia, 2014), de Daniel Pernas Nieto, obra de certo valor histórico-literario, ao ser o primeiro poemario publicado en galego durante a Guerra Civil, que vén der ser recuperado por Armando Requeixo. Dise que a obra, orixinalmente prologada por Álvaro Cunqueiro, se ve aumentada por unha serie de poemas espallados por revistas e xornais, que o editor compila, así como por un estudo introdutorio de idéntica autoría. Saliéntase esta “acertada edición” e noméanse as súas temáticas (paisaxe, costumes locais de Mondoñedo e da Mariña, sentimentalismo, morriña, relixión, emigración das mulleres, anticaciquismo) “na liña poética da herdanza de Noriega Varela.

_____, “Unha pausada investigación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 531, “Libros”, 19 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 485, “Letras galegas”, 28 febreiro 2015, p. 10.

Preséntase o resultado da tese de doutoramento do profesor Xosé Manuel Maceira Fernández, revisado e editado en Alvarellos Editora baixo o título *Leandro Carré. Un século de cultura e compromiso* (2014). Indícase que se revisa a historia literaria e cultural dende o século XIX até o período democrático, se analiza a obra narrativa e teatral e o seu contexto, e se presentan conclusións finais, ademais de engadir unha “completa bibliografía temática e un útil índice onomástico”.

_____, "Na loita pola dignidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 537, "Libros", 9 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 492, "Letras galegas", 18 abril 2015, p. 10.

Trátase *As memorias do famoso anano Joseph Borulawski* (Rinoceronte, 2014), de Joseph Boruwlaski, como unha "compilación vital e sentimental" dun anano do século XVIII, subliñando a importancia do testemuño, que se insire ademais nun momento de cambio de época e que salienta a dignidade humana, a superación persoal e a loita pola vida. Indícase que a súa lectura permite un "bo número de temas de reflexión".

**Franco Grande**, Xosé Luís, "Alta poesía", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", 17 abril 2015, p. 5.

Comentario d'*As voces da máscara* (Pen Clube, 2014), último poemario de Arcadio López Casanova, incidindo na súa eficacia expresiva, no dominio das formas da expresión poética e na pegada do mundo subxectivo "incerto, esvaradío e cheo de posibilidades expresivas".

**Gestoso Álvarez**, Maruxa, "Por un labor humanizador", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 526, "Libros", 15 xaneiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 480, "Letras galegas", 24 xaneiro 2015, p. 10.

Coméntase a obra do historiador da arte José María Durán Medraño, gañadora do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2013, titulada *Da natureza de escritores, artistas e vermes* (Galaxia, 2014). Apúntase que nela se realiza unha reflexión sobre o pracer do traballo en diálogo con Karl Marx, partindo da idea marxista de metabolismo social e chegando a unha análise da figura do artista, entre outras.

**Giráldez**, José Miguel, "Blancoamoribundia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "En estado crítico", 5 febreiro 2015, p. 42.

Partindo da revitalización d'*A Esmorga*, por mor da súa recente versión fílmica, o autor reivindica a figura de Eduardo Blanco Amor e lembra a a indiferenza e ignorancia que sufriu ao seu regreso sombrizo de Chile, así como a súa morte en soidade. Ao fío disto, coméntase *A boneca de Blanco Amor* (Galaxia, 2014), de María Xosé Queizán, destacando o seu carácter metaliterario e o seu percorrido polos lugares vitais de Blanco Amor.

_____, "Viaxa cara ós territorios íntimos do escritor: anacos de nostalxia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "En estado crítico", 9 abril 2015, p. 42.

Comentario de *Lar, Nai, Pan* (2014), o volume de Galaxia que –inserido na Biblioteca Neira Vilas– compila os tres textos que lle dan título. Salienta a brevidade das diferentes obras e dos períodos da súa prosa, así como a importancia da memoria, que esboza o

lugar de Gres, pero tamén a presenza "íntima e mítica, doméstica pero histórica" de Cuba.

**González Tosar**, Luís, "Voz que vence o Tempo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "La selección", 2 xaneiro 2015, p. 4.

Anúnciase a aparición d'*As voces da máscara* (Pen Galicia, 2014), dun dos autores que marcaran, no 1976, o cambio de rumbo da poesía galega: Arcadio López-Casanova. Escrito a xeito de monólogo escénico poboado de figuras mitolóxicas, dise que mantén os sinais de identidade da escrita do autor.

**Jaureguizar**, "Requeixo basea o peso literario de Mondoñedo no seminario e a tradición", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 10 xuño 2015, p. 57.

Fala da saída do prelo da escolma *Mondoñedo literario* (Deputación de Lugo, 2014), na que Armando Requeixo recolle textos seus publicados en distintos medios sobre dezaseis autores vencellados á cidade. Sinala que a obra presta unha especial atención ao "quinteto literario vallibriense", composto por Manuel Leiras Pulpeiro, Xosé Díaz Jácome, Antonio Noriega Varela, Eduardo Lence Santar e Álvaro Cunqueiro. Alude tamén á reedición do poemario de Daniel Pernas Nieto *Fala das musas* (Xunta de Galicia, 2014), con edición e estudo de Requeixo.

**Lorenzo**, Fran P., "Requeixo escolma nun libro os artigos sobre Mondoñedo e a súa alma literaria", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 abril 2015, p. 40.

Preséntase *Mondoñedo literario* (2014), publicado pola Deputación de Lugo a cargo de Armando Requeixo. Indícase que, en base a criterios de interese filolóxico, se compilan traballos inéditos sobre o Mondoñedo literario referidos a Álvaro Cunqueiro, Manuel Leiras Pulpeiro, Noriega Varela ou Díaz Jácome.

**Martínez Bouzas**, Francisco, "Fantasía en galego", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 532, "Libros", 25 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 486, "Letras galegas", 7 marzo 2015, p. 10.

Coméntase *Flash-black 13* (2014), unha escolma de relatos fantásticos de Ramón Caride Ogando, editados por Urco. Destácase que é un narrador moi recoñecido no sistema literario galego e que nestes relatos se mestura serie negra, literatura fantástica e desenlaces sorpresivos. Saliéntase tamén que Caride ten tamén man do ritmo narrativo, do ton fatalista e da variedade temática do volume.

**Martínez Torres**, Dolores, "Reafirmación de autor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 525, "Libros", 8 xaneiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 479, "Letras galegas", 17 xaneiro 2015, p. 10.

Comentario da obra que marca o regreso de Suso de Toro ao mercado editorial, *Somnámbulos* (Xerais, 2014), da que se explica que é unha recompilación de relatos breves, ora xurdidos por encargo, ora reelaboracións de textos anteriores. Indícase que o volume se le máis en clave de reafirmación do autor que de novidade, ao recuncar en referencias ao soño, arquitectura teatral, personaxes sen narrador, ou temáticas como a culpa e o sangue, os problemas de conciencia e memoria, a identidade etc.

_____, "Unha errática redacción", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 529, "Libros", 5 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 463, "Letras galegas", 14 febreiro 2015, p. 10.

Analízase *A boneca de Blanco Amor* (Galaxia, 2014), de María Xosé Queizán, que se considera unha proposta máis preto da colaxe ca da novela, e máis sumatoria que argumental. Tras describir a súa estrutura, laméntase o errático da súa redacción e puntuación, a acumulación de erros lingüísticos e a falta de verosimilitude das personaxes de ficción.

**Montaña**, Estro, "Na Europa de entreguerras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 530, "Libros", 12 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 484, "Letras galegas", 21 febreiro 2015, p. 10.

Saliéntase a coidada tradución de Ánxela Gracián d'*A infancia dun xefe* (Hugin e Munin, 2014), de Jean-Paul Sartre. Preséntase como unha parodia das novelas de aprendizaxe que efectúa, á vez, unha análise sociolóxica e histórica, con abondosas referencias ao seu tempo.

_____, "Provocadora *Ars* amatoria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 537, "Libros", 9 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 492, "Letras galegas", 18 abril 2015, p. 10.

Saúdase a aparición do título *A industria do sexo e do peixe empanado* (2014), de Emmanuel Pierrat, como primeiro libro da colección de Hugin e Munin "Vólvense os paxaros contra as escopetas". Explícase que se trata dun cruce entre novela erótica, novela de formación e caricatura social, centrada na visión de dúas xemelgas bretoas ao iren vivir á capital francesa.

_____, "Alén dos simplismos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 539, "Libros", 23 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 494, "Letras galegas", 2 maio 20145, p. 10.

Dá conta da obra *A frecha de deus*, terceiro volume da triloxía de Chinua Achebe, que converteu ao seu escritor nun referente fundamental da narrativa africana. Indica que a narración está ambientada no sur de Nixeria e que presenta o conflito entre a comunidade local e os colonizadores. Dá conta do argumento da novela e fálase do seu protagonista, Ezulu, sumo sacerdote do deus local. Sinala a pormenorizada descrición

das cerimonias da etnia obi e destaca "o cuestionamento da autoridade, a xerarquía e a tradición".

_____, "Unha historia universal de Bueu", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 546, "Libros", 11 xuño 2015, p. VI/ "De monte e de praia", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 501, "Letras galegas", 20 xuño 2015, p. 10.

Comenta o libro *Liboreiro Blues* (Bueu Edicións, 2014), de Salvador Rodríguez, que contén algúns relatos aparecidos na prensa. Dá conta do contido da obra, sinalando que é un canto sentimental á infancia e a Bueu, escrito con nostalxia a través dunha prosa limpa e concisa. Indica que o libro mostra tamén a relevancia da música na vida do autor.

_____, "Con ritmo demorado", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 545, "Libros", 4 xuño 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 500, "Letras galegas", 13 xuño 2015, p. 10.

Dá conta da saída do prelo d'*A cicatriz branca* (Galaxia, 2015), coa que a Editorial Galaxia inaugurou a colección "Libro Cinema". Sinala que o volume contén un DVD co filme de Margarita Ledo Andión e varios textos, entre os que se inclúen un escrito da directora e as opinións de distintos profesionais. Sinala que a película trata o tema da emigración dende unha perspectiva feminina e salienta que se trata dun filme de emocións que dá conta, seguindo un ritmo lento, dunha parte da nosa memoria. Di que a autora parte de elementos da realidade para crear un produto artístico.

_____, "Libros para a vida", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 547, "Libros", 18 xuño 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 502, "Letras galegas", 27 xuño 2015, p. 10.

Céntrase na tradución ao galego, realizada por Estela Villar, da novela *O Parnaso sobre rodas* (Rinoceronte Editora, 2014), de Christopher Morley. Debúllase o contido da obra, destacando que posúe un final feliz, e indícase que a historia está contada en primeira persoa pola súa protagonista. Saliéntase, entre outras cousas, a pertinencia do título.

**Neira Vilas**, Xosé, "Un libro definidor", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 69/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 45, 1 decembro 2015.

Alude ao *Sempre en Galiza* (1944) de Castelao, publicado no exilio arxentino, e conta como foi o seu achegamento a ela, coas primeiras lecturas na biblioteca do Centro Galego de Bos Aires. Lembra os intentos de reeditar a obra dende a súa editorial, Follas Novas, e os atrancos atopados que impediron facelo. Considera que o libro serviu para a formación política de mozos e mozas de Galicia durante os anos do franquismo.

**Nicolas**, R., "O himno das cardumes", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 6 marzo 2015, p. 4.

Pon en relación o poemario coa obra de Manuel Antonio ou Alexandre Nerium e destaca do libro a "honestidade e emoción poética" que deixa ler nos seus versos.

_____, "Arredor da desposesión", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 8 maio 2015, p. 13.

Saúda a aparición dunha nova colección "Calíope" da editorial Axóuxere que se estrea con *Lapsus. A comedia do existir* (2014), de Afonso Pexegueiro, obra da que destaca a mestura entre teatro e poesía.

_____, "Un 'Xente ao lonxe' sen poutas censoras", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 31 xullo 2015, p. 5.

Comenta a novela *Xente ao lonxe* (Galaxia, 2003), de Eduardo Blanco Amor, que define como ambiciosa e novidosa na súa estrutura. Destaca que Xosé M. Dasilva investigou en arquivos todo o relacionado coa obra e que se encargou desta nova edición feita a partir do manuscrito orixinal.

**Nicolás**, Ramón, "Crónicas indispensables", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 9 xaneiro 2015, p. 7.

Dise de *Galleira Passport* (Alvarellos, 2014) que é unha crónica de viaxes polo mundo do xornalista Luís Menéndez. Cunha homenaxe á caste ourensá de afiadores xa presente no título, saliéntanse o discurso fluído, a ironía e unha defensa do multiculturalismo articulada en tres travesías (lusas, celtas e orientais), acompañadas dun prólogo de Manuel Rivas e da incorporación de códigos QR, para acceder ás series da TVG que xeraron as viaxes relatadas.

_____, "Correr para sobrevivir e avanzar", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 16 xaneiro 2015, p. 11.

Coméntase *A diagonal dos tolos* (Galaxia, 2014), novela de Santiago Lopo galardoada na última edición do Premio de Narrativa Breve Repsol, reparando fundamentalmente na rendibilidade da trama e os seus motivos: o maratón, o pasado colonial, o simbolismo do dodo..., pero tamén na súa plasticidade descritiva.

_____, "O que somos, desde o humor", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 23 xaneiro 2015, p. 7.

Enmarca o libro de relatos *Instrucións para tomar café* (Galaxia, 2014), de Manuel Núñez Singala, na tradición da micronarrativa (dende Castelao ou Rafael Dieste até Gonzalo Navaza). Dise que nel se insiren un libro de reclamacións, outro de estilo, un de instrucións e un de contos, salientando o humor e a parodia, así como unha aguda visión sobre a condición de galegas e galegos.

_____, "Latexos narrativos para unha revelación", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 23 xaneiro 2015, p. 7.

Destaca o estilo narrativo d'*Os ditosos anos do castigo* (Rinoceronte, 2014), de Fleur Jaeggy, obra na que se perciben trazos autobiográficos dunha moza que vive nun ríxido internado.

_____, "Claro José Sendón: brazo e cerebro", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 30 xaneiro 2015, p. 6.

Coméntase *Falando claro. A historia do anarquista Claro José Sendón Lamela* (Alvarellos, 2014), de Pepe Sendón. Indícase que recupera o singular perfil biográfico deste anarcosindicalista muradán, que serve para deitar unha completa ollada ao obreirismo galego de inicios do XX e ao movemento sindicalista internacional.

_____, "Afectos e cicatrices desde a memoria", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 30 xaneiro 2015, p. 6.

Resalta o trazo confesional da obra *Atravesar o fantasma* (Xerais, 2014), de Carlos Callón e que acolle cuestións tanto de convicción morais como da esfera do íntimo.

_____, "Onde agroma o nervio do poema", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 10 abril 2015, p. 13.

Descríbese o segundo poemario de Gonzalo Hermo, *Celebración* (Apiario, 2014), a partir dos termos "celebración" e "resistencia", incidindo na súa capacidade de suxestión e no seu mundo propio.

_____, "Intensidade emocional", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 8 maio 2015, p. 13.

Comenta a novela de Concha Blanco, *O balcón do meu universo* (Embora, 2014), salientando a intensidade emocional da obra. Sinala que o libro ten como protagonista unha moza que debe facer fronte a varias dificultades, como a ausencia de seres queridos, e que nel se inclúe un recoñecemento ao papel da muller e unha reflexión sobre a repercusión da emigración no ámbito familiar. Destácase a naturalidade narrativa e a descrición dos espazos.

_____, "Relatos para mollar a palabra", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 26 xuño 2015, p. 11.

Dá conta da saída do prelo de *Contos de taberna* (Embora, 2014) e di que a obra recolle nunha coidade edición un conxunto de relatos acompañados de dezaseis ilustracións que contribúen á difusión cultural grazas á interacción entre estas dúas artes. Sinala que os textos pertencen a autores de diferentes xeracións, entre os que se atopan Ramón Vilar, María Canosa, Mercedes Queixas, Rosalía Fernández e Cristina Abelleira, entre outros.

_____, "Máis que un discurso memorialístico", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 6 novembro 2015, p. 11.

Fai un retrato de *Amada liberdade* (Xerais, 2014), libro póstumo que recolle as memorias de Fernando Pérez-Barreiro Nolla e un texto final da súa viúva, Teresa Barro. Destaca entre os diferentes capítulos os que tratan a experiencia do autor na BBC, a súa contribución cultural mediante o exercicio tradutor e a posta en marcha do Grupo de Traballo Galego situado en Londres. Finalmente coida que este tipo de volumes son escasos dentro da cultura galega.

**Ponte**, Pilar, "Traxedia en feminino", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 531, "Libros", 19 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 485, "Letras galegas", 28 febrero 2015, p. 10.

Coméntase a última entrega da Triloxía do Baztán da autora donostiarra Dolores Redondo, *Ofrenda á tormenta* (Xerais, 2014). Saliéntase a súa relativa independencia da saga (ao ser o volume dedicado a desvelar as orixes), a linealidade e a habelencia para manter a intriga ou dar un xiro argumental. Apúntase que a tradución a realizou Ramón Nicolás, que quedou finalista ao Premio Lois Tobío á tradución 2014.

**Raña**, Román, "Dunha memoria ferida", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 525, "Libros", 8 xaneiro 2015, p. VI.

Analízase o poemario de Bieito Iglesias, *A última música das cousas* (Pen Clube, 2014), ben coñecido no terreo da narrativa galega. Destácase a solidez do seu mundo ficcional e os seus trazos chave: sarcasmo e unha lingua rica, dunha rusticidade culta, para explicitar as chaves do seu estilo poético, que privilexia a reconstrución da memoria persoal e vulnerada, e a ironía culta.

_____, "Desvalimento e desvelamento", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 526, "Libros", 15 xaneiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 480, "Letras galegas", 24 xaneiro 2015, p. 10.

Coméntase o último libro de Arcadio López Casanova, *As voces da máscara* (2014), editado polo Pen Clube galego na colección "Currupa literaria". Repasando cada unha das partes do poemario, destácase a viaxe que efectúa polos mitos patrios, achegando a fondura da condición humana, e virando cara ao máis persoal no remate. Da segunda sección, "Intermedio: tres olladas no tempo", apunta que trata do pretérito patrimonial, o territorio da infancia e a terra. En "Mítica" achégase a figuras célebres da antigüidade clásica (Orfeo, Edipo, Electra...) nos seus momentos máis dramáticos; e en "Epílogo" canta á Salvación e Ondara.

_____, "Paixón política", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 527, "Libros", 22 xaneiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 481, "Letras galegas", 31 xaneiro 2015, p. 10.

Infórmase da publicación d'*A voz quebrada* (Instituto de Estudos Miñoranos, 2014), de Xosé María Álvarez Cáccamo. Sublíñase o carácter de denuncia e reparación histórica do texto, centrado nas vítimas republicanas da represión totalitaria (entre as que se conta

o avó do autor, Darío Álvarez Limeses), e o seu furor lírico para denunciar o "oprobio da submisión e a moralidade insalubre dos gobernantes".

_____, "Íntima coherencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 528, "Libros", 29 xaneiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 482, "Letras galegas", 7 febreiro 2015, p. 10.

Estúdase o último poemario de Baldo Ramos, *Cartografía do exilio* (Deputación da Coruña, 2014), accésit do premio Miguel González Garcés da Deputación da Coruña. Saliéntase a capacidade de suxestión e a coherencia teimosa do autor, que persevera no sosego e na reflexión dende as feridas, o abandono e a atención á palabra. Cítase igualmente o libro anterior, *Cara inversa*, escrito canda Pepe Cáccamo; e apúntase que trata o erotismo doído, o abandono común e a reflexión sobre o devir das palabras.

_____, "Claridade expresiva", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 530, "Libros", 12 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 484, "Letras galegas", 21 febreiro 2015, p. 10.

Coméntase o poemario *Verbas Cum* (Belagua, 2014), da autoría de Isabel Blanco-Rivas. Realízase un sucinto repaso pola súa obra anterior, editada tamén por Belagua, para logo reparar no diálogo que cada composición estabelece cos debuxos de Irene Silva Xiráldez ou a pegada do cancioneiro tradicional, testábel na claridade expresiva, versos octosílabos, rima asonante, temática preferentemente amorosa etc.

_____, "Un universo propio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 531, "Libros", 19 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 485, "Letras galegas", 28 febrero 2015, p. 10.

Descríbese *Estirpe de sombras* (Barbantesa, 2014), de Raida Rodríguez Mosquera, como unha poética discursiva, na que predomina a razón e por veces resulta surreal. Saliéntanse as influencias de Chus Pato, María do Cebreiro ou Paul Celan, así como a lonxitude do versículo, a reflexión metaliteraria e a representación da vida. Indícanse os temas tratados: recordos da infancia, a vinculación coa terra e o amor, ademais de reflexións sobre o acto de escribir e de ler.

_____, "Para unha nova escrita", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 540, "Libros", 30 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 495, "Letras galegas", 9 maio 2015, p. 10.

Di que o poemario *Os días condenados* (Xerais, 2014), de Laureano Xoaquín Araújo, gañou o II Premio de Poesía Gonzalo López Abente. Sinala que a obra se divide en tres seccións encabezadas por un gran número de citas literarias que dialogan cos textos do autor. Salienta a precisión verbal das composicións, o ton conversacional de gran parte dos poemas e o emprego da enumeración.

_____, "De Tánatos a Eros", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 544, "Libros", 28 maio 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 499, "Letras galegas", 6 xuño 2015, p. 10.

Céntrase no poemario *Atravesar o fantasma* (Xerais, 2015), de Carlos Callón. Comenta que a obra vai dende a morte do pai do autor (o Tánatos) até o recoñecemento do corpo e da sexualidade propios (o Eros), nun percorrido no que o suxeito lírico vai gañando coñecemento a partir das súas feridas. Dá conta do contido de cada unha das seccións do libro e alúdese á composición "Continuar vivo é continuar ferido".

_____, "Dos atributos da desolación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 548, "Libros",25 xuño 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 503, "Letras galegas", 4 xullo 2015, p. 10.

Céntrase na obra *As paisaxes eléctricas* (Sotelo Blanco, 2014), coa que Cristina Ferreiro acadou o XXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón. Alude ao prólogo de Estíbaliz Espinosa, indicando que fala da unión entre a poesía e a distopía. Di que o libro mostra unha visión dorida e desolada do mundo doada de comprender para o lector e sinala que, entre outras cousas, inclúe reflexións sobre a condición humana e sobre o acto de escribir e abundantes tecnicismos.

**Reigosa**, Carlos G., "Con pasaporte galego", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "Ficción", "Vagalume", 23 xaneiro 2015, p. 4.

Partindo da traxectoria televisiva de Luís Menéndez, coméntase o seu libro *Galleira Passport. Crónicas viaxeiras do século XXI* (2014), entendido como o libro dun viaxeiro ao longo de tres travesías (a lusa, a celta e a oriental) que mira dende e para Galicia, cunha cosmovisión propia.

**Requeixo**, Armando, "Vencer, vencerse", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 863, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 863, p. 33, "letras Atlánticas", 11 xaneiro 2015.

Da novela de Santiago Lopo *A diagonal dos tolos* (2014) dise que conseguiu o Premio Repsol de Narrativa e foi editado por Galaxia. Pártese dun breve repaso polos seus títulos anteriores e da consideración que a pegada doutras latitudes literarias ten no autor para despois revisar a rendibilidade literaria do motivo temático principal: o maratón que o protagonista debe superar para non ficar desherdado. Ademais apúntase a prosa directa, o recurso ás fontes clásicas e a recreación plástica das atmosferas e situacións "que deben moito á ollada cinematográfica".

_____, "A ars amandi de Alfredo Conde", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 864, "letras Atlánticas", 18 xaneiro 2015, p. 32.

Coméntase a aparición do poemario *ColecciónAN. 69 poemas de amor* (2014) de Alfredo Conde, coa que se inicia a serie Clea da editorial Trifolium da Coruña. Sinálase a presenza do amoroso, o paisaxístico e o existencial cunha "serena melancolía", así como os recursos estilísticos máis presentes (da interrogación retórica ao simbolismo), para recrear "unha poética da madureza, do reconto vital e da memoranza".

_____, "Fotobiografiando a Otero Pedrayo", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 865, "letras Atlánticas", 25 xaneiro 2015, p. 32.

Dáse conta da aparición do volume *Ramón Otero Pedrayo. Unha fotobiografía (1888-1976)*, coasinado por Patricia Arias Chachero e Afonso Vázquez Monxardín, na editorial Galaxia e baixo o selo da Fundación Otero Pedrayo. Explícase que se trata de duascentas páxinas para percorrer a vida e obra do polígrafo galego en diferentes franxas etarias (infancia e primeira mocidade, anos da universidade, tempo de autoesculca e tenteo intelectual, afirmación de Nós, II República, guerra, posguerra e exilio, anos de catedrático de Historia e os derradeiros días), con instantáneas e reprodución de documentos, que revisan á súa vez a historia cultural dun século.

_____, "Toda a terra é Galleira", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*,
"*Nordesía*", n.º 867, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 867, p. 33, "máis Libros", 8 febreiro 2015.

Indícase que *Galleira Passport* (Alvarellos, 2014) parte de tres elementos: diáspora, galeguidade e crónica. Tras facer unha sucinta revisión dos anteriores títulos do xornalista e escritor Luís Menéndez, exponse a estrutura e contidos do volume, que a través de "Travesías lusas", "Travesías celtas" e "Travesías orientais" ordena unha trintena de crónicas, realizadas canda a filmación da triloxía documental Terras de Merlín, Terras do Leste e Terras de Acolá para a TVG.

_____, "A vida múltiple de Sebastian Nell", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 530, "Libros", 12 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 484, "Letras galegas", 21 febreiro 2015, p. 10.

Coméntase *Máscaras rotas para Sebastian Nell* (Galaxia, 2014), de Alberto Ramos, que xira en torno á entrevista a un célebre actor da escena teatral británica, concedida a Rebecca Graham nos seus últimos días de vida. Destácase a tripla perspectiva de lectura, intriga sostida e a caracterización socio-histórica, ofrecida con habelencia e axilidade ao longo da conversa.

_____, "A grandeza do anano Joujou", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 23/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 867, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 867, p. 33, "letras Atlánticas", 22 febreiro 2015.

Revísase *Memorias do famoso anano Joseph Burowlaski* (Rinoceronte, 2014), narradas por el mesmo e publicadas en Londres en 1788. Indícase que foron traducidas ao galego dende o francés por Rodrigo Vizcaíno para Rinoceronte Editora. Dise que se conciben como un documento socio-histórico de grande interese, parcialmente derivado da posición cortesá da que gozou Boruwlaski, un anano hipofisario, para poder retratar hábitos, protocolos, relacións entre clases e usos festivos e amorosos. Indícase que a obra está "a medio camiño entre a picaresca tardía e o relato de aventuras, o bildungsroman e a novela epistolar".

_____, "Alén do frío", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 532, "Libros", 25 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 486, "Letras galegas", 7 marzo 2015, p. 10.

Indícase que o poemario *Celebración* (Apiario, 2014), de Gonzalo Hermo, parte do recoñecemento de certos poemas que gañaran con anterioridade o III premio de Poesía Manuel Leiras Pulpeiro. Sinálanse as citas presentes, a única ilustración, o dialoxismo e a centralidade da linguaxe.

_____, "Un século de escritoras", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", p. 33, n.º 871, "Letras Atlánticas", 8 marzo 2015.

Coméntase a publicación do libro *Escritoras na Galicia do século XIX* (2014), dicionario coordinado por Carlos Andrés González Paz e publicado como monografía dos *Cuadernos de Estudios Gallegos* do Instituto Padre Sarmiento. Dise que contén máis dun cento de entradas onde se detalla a biobibliografía de autoras que produciron a súa obra en galego ou en castelán durante o século XIX.

_____, "Poética visionaria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 534, "Libros", 12 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 488, "Letras galegas", 21 marzo 2015, p.10.

Analízase *Dominio público* (Caldeirón, 2014), de Ramón Neto, merecente do VIII Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas. Indícase que se trata dunha trintena de composicións das que se salienta a intensidade visionaria e multiartística, a súa sinxeleza na escolla verbal, o predominio do verso longo, e o seu posicionamento tonal e temático, virado cara aos amores cincentos e suburbiais.

_____, "Apocalipse 2.0", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 873/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 873, "letras Atlánticas", 22 marzo 2015, p. 32.

Preséntase *As paisaxes eléctricas* (2014), poemario de Cristina Ferreiro Real editado por Sotelo Blanco. Gañador do XXVI Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, dise que se concibe como un canto ao ermo pantecnolóxico, no que realidades como lugar, corpo ou sensacións son cuestionadas. Apúntase que o prólogo está asinado pola poeta Estíbaliz Espinosa que "implementa un universo de hermenéuticas cruzadas, de heurísticas (meta)poéticas)".

_____, "Soños témeros", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 536, "Libros", 26 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 490, "Letras galegas", 11 abril 2015, p. 10.

Comenta o volume *Hostal Norte* (2014), de Xosé Duncan, facendo referencia a algúns títulos anteriores e colectivos de Urco Editora, e a unha triloxía. Indica que se trata dunha novela curta de terror psicolóxico, guiada por un protagonista adolescente e acompañada das ilustracións de José María Picón. Salienta que é herdeira de Edward Bryan, Henry James, Lord Dunsany, William Hope Hodgson ou Edgar Allan Poe e critica os "(des)acertos estilísticos e narratolóxicos".

_____, "Palabras para un corazón", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 882, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 882, p. 32, "letras Atlánticas", 24 maio 2015.

Trata a saída do prelo da obra póstuma *Podo ser un ninguén para ningures indo* (Galaxia, 2014), de Tomás Antón Pereiras Gómez. Tras un repaso pola traxectoria vital, profesional e literaria do autor onde se dá conta dos títulos publicados, coméntase o contido do libro, do que se eloxia a súa coidada edición. Sinálanse os temas da obra (a Terra e o mundo rural, entre outros) e destácase o emprego do verso longo e de termos enxebres. Indícase que inclúe un apéndice cun glosario e unha bibliografía cos dicionarios dos que se extraeu o léxico.

_____, "Efervescencias poéticas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 888, p. 28/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 888, p. 32 "letras Atlánticas", 5 xullo 2015.

Di que a escolma bilingüe *Punto de ebullición. Antología de la poesía contemporánea en gallego* (2015), de Miriam Reyes, recolle composicións moi diversas de quince poetas galegos e salienta que entre elas hai un poema inédito de María do Cebreiro. Sinala que Reyes foi a encargada de seleccionar e traducir ao castelán os textos e de realizar o prólogo, loando o seu traballo de tradución e o contido do limiar, do que se destaca a información que ofrece sobre a obra dos autores escolmados.

_____, "Manuel Antonio carta a carta", *El Ideal Gallego*, "*la Galería*", n.º 889, 12 xullo 2015, p. 32.

Sorpréndelle que dun clásico como Manuel Antonio aínda non estivese en circulación a súa obra completa e, neste senso, loa o traballo editorial que realizou Xosé Luís Axeitos coa publicación da obra *Manuel Antonio. Obra completa. Epistolario* (2015), non só dende o punto de vista cuantitativo senón tamén cualitativo. Realiza un repaso polo contido do volume e opina, entre outras cuestións, que a disposición primeira de toda a correspondencia activa (a escrita por Manuel Antonio) e a despois toda a pasiva (a recibida por el) dificulta o seguimento do diálogo epistolar.

_____, "Literatura sobre rodas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 896, "letras Atlánticas", 30 agosto 2015, p. 28.

Comenta *O parnaso sobre rodas* (Rinoceronte, 2014), de Christopher Morley, traducido por Estela Villar. Salienta o hibridismo do seu estilo (mestura de elegancia e espontaneidade), así como a presenza de aventuras, humor e reflexión filosófica. Finalmente repasa o argumento da obra e destaca que os temas tratados nela aínda manteñen a vixencia malia pasar cen anos.

**Rozas**, Ramón, "Luzadas na noite", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 85/ *El Progreso*, "Vivir", p. 73, "Cultura", 29 marzo 2015.

Presenta o poemario de Pablo Bouza *Os privilexios dos somnámbulos* (Alvarellos, 2014), tomando como claves a vida e a incerteza. Salienta o "magnetismo case telúrico" desta "travesía da vida" que se alicerza con diferentes referentes poéticos, como o mar, o porto...

_____, "Augas túrbidas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 11 abril 2015, p. 77/ *El Progreso*, "Vivir", 12 abril 2015, p. 49, "Cultura".

Coméntase *Dun lago escuro* (Xerais, 2014), poemario de Marta Dacosta, incidindo na travesía que propón e na temática, capaz de abeirarse á incerteza e ao lado máis sombrizo do ser humano (medos, traizóns, desesperación...). Defínese como "valente percorrido dende a palabra e a poesía".

_____, "A turxescencia da pel", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 26 abril 2015, p. 85/ *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 25 abril 2015, p. 53, "Libros".

Fala do poemario *Celebración* (Apiario, 2014), de Gonzalo Hermo e indica que o libro acadou o Premio da Crítica, salientando que supón un pulo para a poesía galega. Afirma que a obra cativa o lector pola firmeza do que conta e polo seu "magma torrencial e liberador". Sinala que nela está presente a paisaxe galega e que a sensación de frío é un elemento recorrente.

_____, "A paisaxe humana", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Pechado nun libro VII", 15 agosto 2015, contracuberta.

Valora positivamente a publicación de *Ramón Otero Pedrayo. Unha fotobiografía (1888-1976)* (Galaxia, 2014), editada conxuntamente por Patricia Arias Chachero e Alfonso Monxardín. Expón varios capítulos biográficos do protagonista, a quen define como "un dos grandes carballos da nosa cultura", e explica que por medio da súa vida se pode realizar un percorrido pola historia de Galicia ao longo do século XX.

**Velázco Fajardo**, Yanelis, "O traxecto transoceánico: primeiras luces 2015", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 758, "Reportaje", "Lecturas", 25 xaneiro 2015, p. 5.

Coméntase *Columnas de papel 2* (2014), de Xosé Vázquez Pintor, incidindo na vontade de loita contra o esquecemento como núcleo definidor da súa escrita. Indícase que o volume enfoca tres grandes temas: o deporte, a cultura e tradición galegas e os temas de actualidade de modo dinámico, en certa medida dialogal co mundo da publicidade internacional e cos medios de comunicación.

**Ventura**, Joaquim, "Joyce en galego (e II)", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 559, "Historia da literatura", 5 novembro 2015, p. IV/ *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 753, 15 novembro 2015, p. 10.

Fálase da tradución ao galego do *Ulises*, de James Joyce, feita por Ramón Otero Pedrayo e dise que os investigadores que se achegaron a algúns fragmentos non

profundaron na maneira en que a célebre obra chegou a mans do tradutor. Sinálase que, debido a algúns erros na tradución, resulta evidente a interferencia dunha versión francesa e que hai analistas que evidenciaron as limitacións que tiña Otero en inglés. Tamén se di que Otero Pedrayo non foi quen de captar a vontade paródica de Joyce.

_____, "Joyce en galego (I): A publicidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 560, "Historia da literatura", 12 novembro 2015, p. IV/ *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 752, 8 novembro 2015, p. 4.

Sinálase que o *Ulises* de James Joyce chegou a Galicia da man de Ramón Otero Pedrayo no ano 1926 coa tradución duns anacos da novela na revista *Nós*. Fálase de que a día de hoxe aínda se segue a debater se esta tradución foi feita dende a versión orixinal en inglés ou se tivo algún tipo de ferramenta auxiliar, e tamén sobre o papel que tivo Valéry Larbaud no impulso da obra de Joyce.

**Vieites**, Manuel F., "Da morte do meco", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 527, "Teatro", 22 xaneiro 2015, p. VI.

Coméntase a aparición do IV volume das *Obras completas* (Positivas, 2014), de Roberto Vidal Bolaño, editado por Xosé Manuel Fernández Castro e Francisco Macías. Indícase que acolle seis pezas (*Ladaíñas pola morte do meco*, *Ruada das papas e do unto*, *Antroido na rúa*, *Touporroutou da Lúa e do Sol*, *Xaxara, Peituda, Paniogas, Tarelo, o rapaz e o Cachamón* e *Romance dos figos de ouro)*, das que salienta a recuperación coidada de formas, símbolos, modos e narrativas da dramaturxia popular (diálogos de Entroido, ruadas, parrafeos, folións, coplas...), achegando unha visión "tradicional e crítica da existencia", por medio da burla, sátira, rexouba e escarnio contra os poderosos, como se exemplifica con *Ladaíñas pola morte do meco*.

_____, "Tempo de Álvaro de las Casas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 529, "Teatro", 5 febreiro 2015, p. VIII.

Reflexiona sobre a obra literaria de Álvaro de las Casas, marxinada polo seu posicionamento político tras a Guerra Civil. Coméntase que a súa obra dramática previa ao golpe de Estado franquista se orienta á defensa e espallamento da ideoloxía galeguista, con fortes críticas contra determinados aspectos da sociedade galega.

_____, "*Saxo tenor*, outra volta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 545, "Teatro", 4 xuño 2015, p. VIII.

Dá conta da representación da peza *Saxo tenor*, de Roberto Vidal Bolaño, dirixida por José Martíns e producida polo Teatro Nacional Dona María II de Portugal e polo Centro Dramático Galego. Sinala que con esta obra, gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro de textos dramáticos en 1991, Vidal Bolaño inicia a xeira do subxénero das "desgrazas", que tivo continuidade noutros textos. Ofrece información sobre o contido da peza, sinalando que está ambientada nun arrabalde e protagonizada por personaxes marxinais. Eloxia o feito de que a representación conserve a dimensión cinematográfica que pretendía Vidal Bolaño.

_____, “Memorial das feridas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 553, “Teatro”, 24 setembro 2015, p. VIII.

Trata varios aspectos teóricos sobre o termo “posdramático”, a partir das teses expostas por Hans-Thies Lehmann, e sobre o termo “posmoderno”, con alusións a Johannes Birringer ou Hussein Al-Badri. Posteriormente alude á obra de Alfonso Pexegueiro *Lapsus. A comedia de existir* (Axóuxere, 2014), da cal comenta que trata os distintos aspectos dunha experiencia fragmentada e ofrece unha nova maneira de facer no campo literario.

_____, “Dos coros de noso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 554, “Teatro”, 1 outubro 2015, p. VIII/ *La Opinión*, “*El Domingo*”, n.º 751, 1 novembro 2015, p. 5.

Fálase sobre os coros en Galicia e, entre outros aspectos, sinálase que nos anos finais da década dos cincuenta contribuíron a facer do teatro unha ferramenta útil para que lingua e a cultura galegas gañasen visibilidade. Dise tamén que o Coro Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela presentou espectáculos como *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, e que no centenario das Irmandades da Fala non hai que esquecer que non serían o que foron sen o traballo dos coros.

_____, “Sobre *Mal de moitos*”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 564, “Teatro”, 10 decembro 2015, p. VIII.

Recorda a figura dos dramaturgos Manuel Sánchez Hermida (1888-1944) e Euxenio Charlón Arias (1889-1930), autores de *Mal de moitos* (1915), e enxalza a importancia desta peza, unha das máis representadas do teatro anterior á Guerra Civil. Finalmente, fai unha especial mención ao monólogo e destaca que foi unha das tipoloxías dramáticas e teatrais máis cultivadas en Galicia nas primeiras décadas do século XX.

**X. G. G.**, “Nova edición da correspondencia de Manuel Antonio”, *Grial*, n.º 206, “O espello das letras”, abril, maio, xuño, 2015, pp. 117-118.

Infórmase que a obra *Manuel Antonio. Obra completa. Epistolario* (2015) se trata dun epistolario revisado e ampliado que edita Xosé Luís Axeitos, que ten a súa orixe na obra *Correspondencia* de 1979 publicada por Galaxia e editada por Domingo García- Sabell. Achéganse as características da edición de García-Sabell, marcada polas supresións de correspondencia e os problemas de datación e transcrición. Desta nova edición destácase a numeración das cartas, a descrición do manuscrito autógrafo correspondente e as anotacións. Sublíñase que está estruturada en dous apartados correspondentes ás cartas do escritor e ás recibidas, respectivamente. Coméntase o exceso de anotacións, os erros, a posibilidade de intervención de varias mans, así como a pertinencia dunha disposición cronolóxica. Tamén se apuntan as cartas eludidas respecto á edición anterior.

# *V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA*

## V. 5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

**Agís Villaverde**, Marcelino, "No centenario de Ramón Piñeiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al sur", 1 xuño 2015, p. 2.

Carta ao seu amigo Ramón Piñeiro con motivo do centenario do seu nacemento, na que lembra, entre outras cuestións, unha entrevista que lle fixo en 1980 cando aínda mozo.

_____, "Santos como o Padre Seixas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al sur", 1 novembro 2015, p. 2.

Recóllense unhas breves palabras sobre a vida de Xaime Seixas, debido á publicación da obra *O Padre Seixas: pregoeiro da irmandade*. Indícase que o 25 de xullo de 1965 pronunciou o primeiro discurso en lingua galega na igrexa de San Domingos de Bonaval pola alma de Rosalía de Castro.

_____, "Despois do adeus", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao sur", 7 decembro 2015, p. 2.

Comenta a súa relación con tres persoas que morreron durante este Nadal: Xosé Neira Vilas, Xosé Chao Rego e a filósofa Esperanza Guisán Seijas. Subliña que a morte non supón o seu esquecemento porque eles deixaron unha obra escrita e unha herdanza da cal se sente dono.

**Alonso Montero**, Xesús, "Pombas e mazás diazpardianas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 16 xaneiro 2015, p. 11.

Comenta a homenaxe que recibiu Isaac Díaz Pardo no terceiro cabodano da súa morte. Sinala as diversas actividades de poesía, prosa e música, así como os colaboradores nelas. Ademais, sobre o título deste artigo sinala que vén do poema "Compañeiros da miña xeración mortos ou asasinados" de Lorenzo Varela, amigo do homenaxeado.

_____, "Je suis Charlie Curros Enríquez", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 23 xaneiro 2015, p. 7.

Reflexiona sobre a laicidade dos gobernos en termos culturais e repara na condena que sufriu Manuel Curros Enríquez co libro *Aires da miña terra* (1880), debido á súa ideoloxía anticlerical, concretamente pola composición "Mirando ó chau", que considera unha imitación dun poema de Pierre-Jean de Béranger. Repara Alonso Montero que "no fondo" o autor era crente, mais que reafirmou o seu anticatolicismo no seguinte poemario *O divino sainete.*

_____, “A cátedra José Ángel Valente”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 30 xaneiro 2015, p. 6.

Refírese á Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética da Universidade de Santiago de Compostela, dirixida por Claudio Rodríguez Fer, como un dos “grandes arquivos literarios do universo hispano”. Celebra a publicación *Valente vital (Ginebra, Saboya, París)* sobre os anos nos que o poeta viviu nesas cidades.

_____, “Cartas eruditas”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 27 febreiro 2015, p. 6.

Fala da publicación *Cartas habidas* (2014) e apunta que estas requiren un lectorado con “certa erudición ou moita curiosidade”. Opina, por un lado, que é unha perda que Isidoro Millán non fose titular dunha cátedra de Filoloxía grega, debido aos seus coñecementos helenistas. Por outro lado, refírese aos atrancos da censura que sufriu en 1951 a publicación *Musa alemá,* na que colaborou Antonio Blanco Freijeiro.

_____, “5-3-1958: o galego volve á USC”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 6 marzo 2015, p. 4.

Trata a cuestión da lingua galega nos seus primeiros pasos na universidade compostelá e lembra que o primeiro en facelo foi Xosé Filgueira Valverde. Despois da guerra será Ramón Otero Pedrayo quen dea a lección en galego no paraninfo universitario.

_____, “Don Ramón, xa en 1949”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 13 marzo 2015, p. 6.

Fala do acto que tivo lugar no Paraninfo da USC para conmemorar o primeiro e último discurso que deu Ramón Otero Pedrayo en galego en 1958 no ámbito universitario. Neste senso, comenta que algunhas persoas interesadas na oratoria en lingua galega lle teñen solicitado información ao respecto, como a alocución que deu tamén o de Trasalba nos xardín do Posío en 1949.

_____, “Réquiem por Luís Mera”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, “Beatus qui legit”, 20 marzo 2015, p. 11.

Informa da morte de Luís Mera, editor da revista *FerrolAnálisis*. Repara en que foi Julio Aneiros quen noutro tempo o orientou e alentou as súas inquedanzas. Ademais, apunta que o volume *Unha vida a prol da cultura* (2013), realizado polos seus amigos, recolle “o máis valioso” do seu traballo.

_____, “...questa nera notte di Spagna ”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “En galego”, “Beatus qui legit”, 1 maio 2015, p. 12.

Sinala a inminente publicación de *Antologia della letteratura galega*, coordinada por Giovanni Borriero e Gemma Álvarez Maneiro. Menciona os dous traballos que Borriero ten sobre a poesía de Celso Emilio Ferreiro, considerando que o italiano quedou

"tocado" polo poemario *Longa noite de pedra* e salienta o bo coñecemento que ten sobre o contexto franquista.

_____, "Poema en 35 linguas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 26 xuño 2015, p. 11.

Informa da publicación dunha edición multilingüe do poema "A cabeleira", de Claudio Rodríguez Fer, que fora publicado por vez primeira na revista *Grial* en 1985. Sinala que a obra ofrece a composición traducida a trinta e cinco idiomas, entre os que se atopan linguas habitualmente alleas aos textos galegos, como o ioruba ou o pascuence.

_____, "No foro de Portonovo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 3 xullo 2015, p. 10.

Fala do "Foro Ramón de Valenzuela de Portonovo", organizado por Luís González López. Dá conta dalgunhas das actividades realizadas nas edicións anteriores, entre elas, a interpretación de pezas musicais ou a lectura de textos de diferentes xéneros.

_____, "Cen anos de Mistral", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Reseñas", "Beatus qui legit", 17 xullo 2015, p. 11.

Con motivo do centenario do pasamento do poeta provenzal Federico Mistral, reflexiónase sobre a escasa atención que este autor espertou na literatura galega. Destácase a súa obra *Mireio* (1859) como un libro fundacional da literatura provenzal e sinálase a Manuel María como o primeiro poeta galego en recoñecer o papel de Mistral no renacer da súa lingua.

_____, "Seoane, sempre", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 7 agosto 2015, p. 12.

Dá conta da mostra plástica que xira arredor da obra de Luís Seoane realizada por David Barro e que se expón en no Marco de Vigo. Realízase unha breve aproximación á vida e obra do autor e critícase o pouco coñecemento del na sociedade galega, alentando a visitar esta mostra, que non conta con apoio económico suficiente.

_____, "Xosé María Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 11 setembro 2015, p. 12.

Fálase da figura deste editor e escritor con motivo da homenaxe que recibirá en Tui polo centenario do seu pasamento, organizada pola RAG. Indícanse datos da súa biografía e realízase un breve comentario do libro *Cancioeiro de Monfero* (1953), con poemas del atribuídos a poetas galegos do século XIII.

_____, "Basilio Losada e o comisario Núñez", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 25 setembro 2015, p. 12.

Recomenda a lectura de *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)* (2009) que recupera as cartas cruzadas entre Ramón Piñeiro e Basilio Losada. Sinala que o está relendo polo inminente ingreso na RAG deste último.

_____, "Basilio Losada: o fabulador", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 2 outubro 2015, p. 6.

Realízase unha aproximación á figura de Basilio Losada centrándose na súa faceta de autor de relatos autobiográficos e fabulador. Engádense algunhas anécdotas persoais co autor.

_____, "Vento mareiro: cen anos", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 13 novembro 2015, p. 13.

Coméntase a figura de Ramón Cabanillas co gallo do centenario da publicación de *Vento mareiro*. Indícase que o concello de Cambados celebra varios actos literarios para conmemorar a efeméride, nos cales o presidente da RAG tamén participará ofrecendo un relatorio sobre José Fontenla Leal. Sinálase que Fontenla Leal foi quen ideou a creación da Academia Galega e quen animou a Manuel Curros Enríquez a liderar esa acción cultural.

_____, "Un carpinteiro poeta: MBM", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 27 novembro 2015, p. 4.

Fálase de Manuel Blanco Mariño e indícase que será homenaxeado en Vilagarcía de Arousa. Coméntanse datos da súa biografía e indícase que o único libro de poemas do autor é *Sentimentos da alma galega* (2000), publicado polo Concello de Vilagarcía nunha edición de Cruz López Martínez. Engádese que un dos máis logrados poemas é "Este vaise", de 1962, do cal se insire parte do seu texto.

**Alvarellos**, Quique, "Manuel, Camilo, Heraclio... en 2016", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Crónicas invisibles", 22 decembro 2015, p. 43.

Refírese a Manuel María como o escritor escollido para celebrar o Día das Letras Galegas en 2016 e lembra outras citas conmemorativas para o seguinte ano como son o centenario de Camilo José Cela e Raimundo García González "Borobó", o aniversario de Heraclio Pérez Placer e a celebración do século das Irmandades da Fala.

**Álvarez Cáccamo**, Alfonso, "Na memoria do meu pai", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 5 febreiro 2015, p. 41.

Considera que a cultura galega lle debe moito ao seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, malia o seu recoñecemento co Día das Letras Galegas en 2008. Sinala que os culpábeis non son as xentes da cultura senón os que gobernan con desprezo absoluto "contra as nosas raíces".

**Álvarez Pousa**, Concepción, "Ramón Cabanillas e 'Aureana do Sil': un canto a Valdeorras", *O Sil*, "Especial Nadal", "Colaboración", decembro 2015, p. 60.

Percorre a biografía humana e literaria de Ramón Cabanillas e comenta algúns aspectos que caracterizaron a súa produción. Deseguido comenta catros traballos centrais sobre a súa figura: *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*, de Luís Rei; *Roteiros pola poesía de Ramón Cabanillas*, de Francisco Fernández Rei; *Cantata a Ramón Cabanillas* de Takekazu Asaka; e *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa*, tamén de Francisco Fernández Rei. Por último detense no poema "Aureana do Sil" e realiza unha breve análise deste.

**Ameixeiras**, Diego, "O comando da Burga", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "1280 almas", 29 maio 2015, p. 4.

Comeza falando do nacemento das narracións "crook story" nos Estados Unidos para situalas no contexto da literatura galega, onde as conecta co relato "Os graxos da Burga" de Valentín Lamas Carvajal e tamén coa presenza destes tipos nos textos de Heraclio Pérez Placer e Francisco Álvarez de Nóvoa, que amosan escenarios da marxinalidade urbana na época decimonónica.

_____, "Chamábanlle Frank", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "1280 almas", 12 xuño 2015, p. 10.

Refírese á presenza das novelas de vaqueiros nos anos da posguerra. A continuación, sinala que a obra de Xosé Fernández Ferreiro, *A morte de Frank González* (1975) trouxo á literatura galega a mitoloxía do wéstern e opina que foi un "valioso atrevemento" para captar lectores "máis alá das rutinas da militancia política e cultural".

**Baltar**, Ramón, "Sentemento e compromiso", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Dende outra ventá", 7 decembro 2015, p. 2.

Salienta a perda que supón para as letras galegas a morte de Xosé Neira Vilas, a quen define como un "ourive da palabra escrita", e a importante acollida dos seus libros, sobre todo de *Memorias dun neno labrego*.

**Blanco**, Patricia, "As mans mornas de Neira Vilas", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "En pequeno", 1 decembro 2015, p. 15.

Dáse conta do pasamento de Xosé Neira Vilas e exprésase a admiración que sente cara a el, persoal e profesionalmente. Recóllense anécdotas e verbas do autor onde se salienta o seu optimismo e cariño.

**Blas**, Ceferino de, "Neira Vilas y el FARO", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 novembro 2015, p. 38.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas, indícase que cando o autor regresou de Cuba "con una mano delante y otra detrás", comezou a colaborar semanalmente escribindo artigos para o xornal *Faro de Vigo*.

**Bragado**, Manuel, "Un ano para o Manuel", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 7 xullo 2015, p. 26.

Con motivo da elección de Manuel María como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2016, decisión que se cualifica de "moi acertada", faise un percorrido pola traxectoria vital, literaria e cultural do autor. Céntrase especialmente na súa produción poética e dá conta das diferentes etapas e das obras correspondentes a cada unha delas.

_____, "Home ponte", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 38/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 33, 28 novembro 2015.

Co gallo do pasamento de Xosé Neira Vilas fai un achegamento á súa figura e a relevancia que esta tivo dentro da cultura galega. Indícase que funcionou de ponte entre Galicia e América e que en 1957 fundou en Buenos Aires a editorial Follas Novas. Saliéntase que como narrador construíu unha obra moi orixinal alicerzada en Galicia, Arxentina e Cuba. Engádese que sempre tivo unha vida cultural moi activa e participou en diferentes propostas e proxectos por toda Galicia.

_____, "Presume de Culturgal", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 1 decembro 2015, p. 27.

Infórmase da celebración do Culturgal e indícanse as asociacións polas cales está conformado. Coméntase que o evento ten un espírito colaborativo e que contou coa atención e xenerosidade do público. Engádese que innovaron á hora de incluír nos programas actividades dedicadas aos bebés e ao público infantil. Finaliza mostrando o lema deste ano: "Presume de Culturgal".

**Braxe**, Lino, "Krukemberg", *La Opinión*, "Opinión", 25 maio 2015, p. 57.

Lembranza de María do Carme Krukenberg co gallo do seu pasamento. Entre os recordos, apunta que a súa obra é un monumento contra a ingratitude da incultura e contra a falacia do clasismo.

_____, "O Ibán Toxeiro e Xosé Manuel Rabón", *La Opinión*, "Opinión", 2 novembro 2015, p. 13.

Fálase da XIX edición dos premios Ibán Toxeiro que se entregarán no escenario do Teatro Rosalía de Castro. Indícase que este ano o premio lle será concedido a Xosé

Manuel Rabón, fundador do grupo de Teatro o Facho. Engádese unha breve aproximación á traxectoria profesional do galardoado.

**Calvo**, Tucho, "El obrero de la ficción gallega", *ABC*, "Agenda", "Necrológicas", 19 decembro 2015, p. 64.

Destaca a complexa e hermética personalidade de Xosé Fernández Ferreiro, que morreu o 16 de decembro de 2015, e os seus intentos por encher os espazos baleiros da narrativa galega. Lembra os seus libros, a variedade na temática dos mesmos, a súa participación no grupo Brais Pinto e o seu carácter retraído, rebelde e bo corazón.

**Campo**, Marica, "Un canto común", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 25/ *El Progreso*, "Opinión", p. 23, "A tecelá en outono", 10 xullo 2015.

Mostra entusiasmo pola escolla de Manuel María como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2016. Entre outras cousas, di que o autor foi a voz do pobo e destaca a súa bondade como persoa e a súa humildade como poeta.

**Campo Freire**, Xaquín, "Manuel María estivo na nosa casa en Ferrol", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 13 xullo 2015, p. 9.

Partindo da lembranza dunha visita de Manuel María a Ferrol, afírmase que achegar os escritores á xente fai que nos sintamos orgullosos de usar a nosa lingua. Lembra que varios dos seus poemas foron musicados e que as escolas en 2016 se encherán de versos e música.

_____, "Pepe Chao Rego, mestre de vida e amigo, como nunca, graciñas", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 29 novembro 2015, p. 4.

Dáse conta do pasamento de Xosé Chao Rego, ao que se loa tanto dende o punto de vista persoal coma profesional. Engádese un texto que o autor lle dedicou cinco anos atrás polo monumento que ergueron na súa honra, onde lle agradece a diversas persoas a súa colaboración e dedicación.

**Caneiro**, Xosé Carlos, "Reler", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Club dandi", 27 febreiro 2015, p. 4.

Celebra a edición de *Tertulia de boticas prodigiosas y escuela de curanderos* de Álvaro Cunqueiro. Considera que reler vale más ca ler e di que Xosé Luís Méndez Ferrín e Daría Xohán Cabana son os mellores novelistas na "re-creación" dunha mitografía galega, polo que considera que o alumnado gañaría máis lendo certas novelas destes autores que novidades editoriais. Para rematar, coida que a novela *A boneca de Blanco Amor* é a mellor obra de María Xosé Queizán.

_____, “Sibaritismo”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Libros”, “Club dandi”, 24 abril 2015, p. 5.

Reclama que a filosofía do sibaritismo se traslade á literatura galega e lembra que a poesía dos 80 foi sibarita, mais considera que aquel venecianismo se perdeu. Aínda así, opina que hai esperanza e celebra a publicación de dúas traducións ao galego (a *Divina Comedia* e o *Ulises*). Pola contra, observa que malia o labor das editoras, esta boa saúde da cultura literaria galega non ten presenza no sistema do ensino. Finaliza agradecendo ás persoas que se esforzan por agrandar a cultura “de Nós”.

**Canosa**, María, “Pepe”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 novembro 2015, p. 44.

Ofrécese unha achega á figura de Xosé Neira Vilas debido ao seu pasamento. Indícase que era unha persoa con moita enerxía, que vivía das súas memorias e que nunca deixou de escribir.

**Casal**, Roi, “Adeus ó meu amigo”, *El Correo Gallego*, “In memóriam”, 28 novembro 2015, p. 8.

Fai unha despedida de Xosé Neira Vilas, morto neses días, e considera que Galicia lle debe moito ao seu traballo, que define como “desinteresado” e “humilde”.

**Casalderrey**, Fina, “Fóisenos o Mago de Gres”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 65/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 71, 28 novembro 2015.

Lévase a cabo un enaltecemento da figura de Xosé Neira Vilas con motivo do seu pasamento. Indícase que sente admiración e respecto cara ao escritor e inclúe un fragmento dun recente correo que lle enviou Neira Vilas, ao que remata dándolle as grazas.

**Castro Ratón**, Xosé, “Rosalía aterece”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 26 febreiro 2015, p. 21.

Celebra o xesto de abrigar a Rosalía de Castro no día do seu aniversario a proposta do colectivo de mulleres "A Sega". Apunta que é tamén unha forma de denuncia, pois Rosalía aterece polo frío do "esquecemento institucional" que rexeita a inclusión no calendario escolar do Día de Rosalía. Malia isto, comenta que hai unha reacción social que logra que esta efeméride cobre cada vez máis presenza cultural.

_____, “O caxato de Avelino Pousa”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 22 agosto 2015, p. 21.

Realízase unha homenaxe a Ánxel Casal, no día da Galiza Mártir, e a Avelino Pousa Antelo, por compartir espazo territorial. Indícase que Ánxel Casal foi asasinado no

monte de Cacheiras, concello no que Pousa Antelo viviu os seus derradeiros anos. Engádese que Pousa Antelo é o último dos agraristas ilustrados e que loitou a prol do medio rural até o último alento.

_____, "Morrer en Castrelo do Miño", *Diario de Arousa*, "Opinión", "Outra ollada", 19 decembro 2015, p. 22.

Recorda o escritor Xosé Fernández Ferreiro, morto en datas próximas, e destaca a súa faceta como xornalista e escritor en lingua galega. Comenta a súa integración no colectivo Brais Pinto, a orixe do nome do grupo e a súa obra *Morrer en Castrelo do Miño*, publicada en 1966, que aborda o asolagamento de Fenosa.

**Castro**, Salvador, "Manuel Rivas, un exemplo do 'homo filmicus", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", "Tese", 5 novembro 2015, p. 3.

Coméntase a relación que existe entre a obra de Manuel Rivas e o cinema, a cal é analizada a través da tese de doutoramento feita polo profesor Salvador Castro. Engádese que a obra de Manuel Rivas foi adaptada para o cinema en diversas ocasións, como *A lingua das bolboretas*, *Todo é silencio* ou *O lapis do carpinteiro*. Engádese que, ademais, na súa obra hai constantes referencias a filmes, actores, directores etc.

**Celeiro**, Luís, "Quedan na memoria", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", 1 decembro 2015, p. 53/ *El Progreso*, 1 decembro 2015, p. 29/ *El Correo Gallego*, 2 decembro 2015, p. 4/ *La Región*, 2 decembro p. 27, "Opinión", "Tía Manuela".

Recóllese unha cita do autor francés François Charles sobre a morte. Engádese que nas últimas semanas morreron varios persoeiros da cultura galega como: Xosé Neira Vilas, Xosé Alvilares Moure, Xosé Chao Rego, Esperanza Guisán Seijas e Carlos Oroza. Indícase que son persoas que dedicaron a súa vida á construción do saber e ofrécese un breve achegamento a cada figura.

**Cendán Fraga**, Antonio, "O crego de Chao", *El Correo Gallego*, "In memóriam", 3 decembro 2015, p. 42.

Lembra a Xosé Chao Rego, a quen considera un dos grandes referentes do pensamento galeguista dos últimos corenta anos. Recorda ademais cando o coñeceu e as anécdotas que contaba.

**Cervantes de la Torre**, Salvador, "Querido Xosé Neira Vilas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "In memoriam", 29 novembro 2015, p. 52.

Fálase de Xosé Neira Vilas con motivo do seu pasamento e indícase que foi un 'modelo de home exemplar', e que a súa vida está estreitamente ligada á emigración. Engádense

datos relacionados coa súa biografía (nacemento, emigración e volta a Gres) e saliéntase dúas facetas da súa personalidade: o seu sentido de humor e o seu sentido da ética.

**Cochón**, Luís, "Ramón Piñeiro, faraute do galeguismo, cumple cen anos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 maio 2015, p. 42.

Lembra os últimos tempos de Ramón Piñeiro, ademais de destacar a súa importancia como escribidor de cartas, que supoñen un salto cualitativo no uso escrito do galego culto. Relaciona o seu pensamento coa visión idealista de Ortega e realiza unha serie de reflexións sobre a postura que o intelectual mantivo na altura da década dos anos 70.

_____, "A saga dun afiador", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "In memóriam", 18 decembro 2015, p. 42.

Rememora a vida de Xosé Fernández Ferreiro tras o seu falecemento e a amizade que os unía. Conta algunhas anécdotas vividas no colectivo Brais Pinto, a publicación de *A noite* (1959) e o último día en que estiveron xuntos na Coruña.

**Conde**, Alfredo, "Entéirense se queren", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 3 marzo 2015, p. 4.

Comenta que garda "coma ouro en pano" os volumes dos *Informes de Literatura* publicados entre 1995 e 1998, publicados polo Centro Ramón Piñeiro, anos que foron "probabelmente os máis duros" da súa vida de escritor. Deféndese de certas acusacións e di, entre outras cuestións, que se alguén follea o publicado aí, comprobará que os artigos asinados por el son os maioritarios.

_____, "Onde anda Pexegueiro?", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 5 outubro 2015, p. 4.

Fálase do poeta Afonso Pexegueiro, do que se indica que foi o grande impulsor da AELG e o seu primeiro secretario baixo a presidencia de Bernardino Graña. Engádese unha crítica e indícase que a súa obra poética e el ficaron silenciados e sen a visibilidade que merecen.

_____, "Señor das nosas letras", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 28 novembro 2015, p. 4.

Lévase a cabo un enaltecemento de Xosé Neira Vilas co gallo do seu pasamento. Indícase que sente admiración e respecto cara ao escritor e que emprega esas liñas como homenaxe.

**Cora**, José de, "Un lucense estrena en N.Y.", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&análisis", p. 33 /*El Progreso*, "Opinión", p. 31, "Cuerda de célebres", 4 decembro 2015.

Dá noticia da presentación na Coruña do libro antolóxico *Terra e mar* (2015), de Josefina López de Serantes e comenta que nel se recolle a aventura do pai de Josefina, Jesús López Castiñeiras, a Nova York e Cuba, onde escribiu para a prensa hispana e realizou representacións teatrais organizadas pola colonia galega e española.

**Costas**, Ledicia, "Sempre en Galiza", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 29 novembro 2015, p. 39.

Dáse conta do pasamento de Carlos Oroza e Xosé Neira Vilas. Comeza facendo referencia a Carlos Oroza e á súa relación coa vila de Vigo, para seguir lembrando a memoria de Neira Vilas e a súa dedicación á lingua e cultura galegas. Indícase que os dous autores foron homes "entregados ata a médula á cultura".

**Couto**, Antonio, "No San Francisco, coma sempre", *La Región*, "Opinión", 28 novembro 2015, p. 31.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas recóllense anécdotas co autor, onde se salienta a súa faceta máis persoal e onde se recolle a última conversa que tiveron, unha chamada que realizou por conta da publicación do seu novo libro.

**Dacosta**, Henrique, "Fóisenos outro bon e xeneroso", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 3 decembro 2015, p. 4.

Dáse conta do falecemento de Xosé Neira Vilas e coméntase a importancia que tivo este autor para o enaltecemento da cultura galega. Engádese que, ademais de narrativa e ensaio, Neira Vilas tamén traballou na literatura infantoxuvenil, na poesía e na tradución. Coméntase que o asunto social da Galiza empobrecida aparece en toda a súa narrativa.

_____, "O Mundo perdido de Conan Doyle", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La Ventana", 5 novembro 2015, p. 4.

Comenta a biografía e obra do escritor inglés Arthur Conan Doyle e describe brevemente a obra *O mundo perdido*, que xira en torno á batalla entre o creacionismo e o evolucionismo, dando lugar a batallas entre homes-mono e seres humanos, os cales rematan sendo sometidos. Destaca a súa produción máis coñecida (a ficción) e o personaxe do detective creado pola súa man: Sherlock Holmes. Salienta, do mesmo modo, outro xénero de obras escritas polo autor menos coñecidas, como a novela histórica. Indica a coexistencia de tres culturas na personalidade de Conan Doyle, nado en Edimburgo, orixinario de Irlanda e adoptado por Inglaterra.

**Dobarro**, Xosé María, "Outro ano, será o derradeiro?", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Estrebillando", 3 xullo 2015, p. 18.

Fala da conveniencia de que Ricardo Carvalho Calero sexa a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas 2016 e defende que este escritor cumpre os requisitos que esixe a Academia Galega para ser o elixido.

_____, "Nos arredores das Letras", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 12 xullo 2015, p. 21.

Mostra o seu descontento porque Ricardo Carvalho Calero quedou un ano máis ás portas de ser elixido como homenaxeado no Día das Letras Galegas. Afirma que a figura de Manuel María é igualmente merecente do recoñecemento e comenta algunhas anécdotas persoais que tivo co poeta.

_____, "Amigos para lembrar", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 29 novembro 2015, p. 10.

Dáse conta do pasamento de Xosé Neira Vilas. Indícase que se coñeceron persoalmente a través de Isaac Díaz Pardo. Coméntase que tanto en Galicia coma en Cuba, os méritos literarios e humanos de Neira Vilas foron recoñecidos academicamente. Remátase indicando a gran satisfacción que foi ter a súa amizade.

_____, "Pepe Chao na miña memoria", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Estrebillando", 4 decembro 2015, p. 22.

Dáse conta do pasamento de Xosé Chao Rego. Realízase un enaltecemento da súa figura, centrándose na súa faceta persoal, e na relación que os unía.

**Dopico**, Montse, "Romántica xeira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 540, "Reportaxe", 30 abril 2015, p. VII.

Abre cunha palabras de Xurxo Martínez González recollidas no volume *Recuerdos de agosto. Obra poética, 1850-1858*, sobre a figura de Aurelio Aguirre. Afírmase ademais que a figura do poeta foi lexendarizada e, neste senso, recolle tamén a opinión da encargada da edición, Olivia Rodríguez, quen sinala que Aguirre gozou de popularidade no seu tempo como símbolo do liberalismo. Ademais, repara nos comentarios que Marina Mayoral escribiu nun artigo sobre o poeta. Nun á parte, dá conta das apreciacións que sobre el realizou Carvalho Calero na súa *Historia da literatura galega contemporánea.*

**Estévez-Saá**, José Manuel, "Los libros son y serán el mejor regalo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Políticas de babel", 5 xaneiro 2015, p. 3.

Fala sobre a cultura do libro e da lectura, recomendando a visita a librarías e bibliotecas. Cítanse varias obras de distinto xénero temática, escritas tanto en galego como en castelán.

**Fernández Abella**, Xoán Xosé, "Pedindo o Día das Letras Galegas 2016 para Ricardo Carballo Calero", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 2 xullo 2015, p. 40.

Pide que se dedique o Día das Letras Galegas 2016 a Ricardo Carballo Calero e enumera os méritos que avalan a petición, apoiándose en varias citas de Ramón Piñeiro e Xosé Filgueira Valverde sobre o escritor. Reprodúcese un soneto composto polo autor do artigo para honrar o intelectual ferrolán.

_____, "Manuel María: Día das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 10 xullo 2015, p. 51.

Tras aludir a un artigo no que pedía o Día das Letras Galegas 2016 para Ricardo Carvalho Calero, amosa a súa admiración cara a Manuel María. Inclúe un soneto que lle dedicara ao poeta con motivo do seu falecemento.

**Fernández Albor**, Gerardo, "Ramón Piñeiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Comentarios y recuerdos", 7 xuño 2015, p. 3.

Lembra o que significou para el e para Galicia a figura de Ramón Piñeiro, un home que, segundo Albor, tivo unha vocación galeguista que incluía todo o espectro político e que traballou para que Galicia fose un exemplo de cortesía, progreso, paz e liberdade.

**Fernández González**, Frutos, "Haxiografía", *La Región*, "Opinión", "A contrafío", 30 xaneiro 2015, p. 28

Di que lle gusta ler a vida dos santos e explica o motivo polo que considera que non se pode prescindir deles se se quere entender a historia e a cultura de Galicia.

**Fernández Naval**, Francisco X., "Xosé Fernández Ferreiro, saga de afiadores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Obituario", 18 decembro 2015, p. 42.

Recorda o escritor Xosé Fernández Ferreiro, acabado de morrer, e alude ás súas obras que considera unha importante contribución ao patrimonio literario galego así como subliña a súa actividade xornalística. Tamén conta algunhas historias persoais, dende como se coñeceron até o parladoiro que tiñan nun café con outros amigos e escritores como Manuel Álvarez Torneiro.

**Franco**, Camilo, "A fantasía do esplendor que nunca existiu" *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 8, "Fatiga ocular", 8 novembro 2015, p. 6.

Fálase do acontecemento cultural Galicia Escena Pro, antes chamado de Feira de Teatro de Galicia. Indícase que a cultura galega ten moita variedade de citas, encontros,

premios, artistas, espazos e xornadas, mais que o que falta na cultura galega é o público: espectadores, lectores e xente en xeral.

_____, "Se un espectador espertase nun posmoderno" *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 14, "Fatiga ocular", 20 decembro 2015, p. 7.

Opina sobre a historia moderna do teatro galego, en concreto dos últimos trinta anos, e valora os seus puntos fortes, éxitos e fracasos. Compara o éxito na posta en escena de varias compañías (Il Maquinario ou Chévere) e o contraste que existe co peche de salas, menos funcións e escasa asistencia de público.

**Franco**, Fernando, "Adiós, Chuchi Kruckenberg", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 19 maio 2015, p. 7.

Lembranza da escritora María do Carme Kruckenberg con motivo do seu pasamento, de quen destaca a súa independencia.

**Franco Grande**, X. L., "De novo con Filgueira", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "A soleira", 9 marzo 2015, p. 14.

Agradece o artigo publicado por Xesús Ferro Ruibal no que se fala de Xosé Fernando Filgueira Valverde como innovador no teatro escolar galego. Comenta sobre quen cuestiona a idoneidade de Filgueira para ser homenaxeado, apuntando que lle desconcertan estas actitudes "inquisitorias e excluíntes", que entende como froito da ignorancia e da ousadía.

_____, "Déixanos Ramón Lugrís", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "A soleira", 3 decembro 2015, p. 15.

Infórmase do pasamento de Ramón Lugrís. Indícase que el xunto con outros mozos creou o primeiro grupo galeguista posterior á guerra civil. Coméntase que na prensa diaria compostelá fican os seus artigos sobre política internacional e sobre europeísmo. Engádese que traballou na BBC de Londres como funcionario e que fixo de maneira intensa xornalismo por case todos os países do mundo.

**Freixanes**, Víctor, "Con Rosalía de Castro na Maía", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 1 marzo 2015, p. 17.

Comenta catro actividades protagonizadas por xeracións distintas que conmemoraron o nacemento de Rosalía de Castro. Sinala que son motivo de alegría, malia a dificultosa situación actual en relación á lingua e ao pobo. Este mesmo pulo de enerxía obsérvao no acto de homenaxe en lembranza a Eduardo Pondal que organizou a Fundación que leva o seu nome.

_____, “Xéneros literarios”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 19 abril 2015, p. 18.

Fala do acto de entrega dos premios da Asociación Española de Críticos Literarios que tivo lugar en Pontevedra. Comenta que visitaron o sartego de Pai Gómez Chariño e que durante a cea repasaron a situación do país. Coincidiron en nomear o esperpento valleinclanesco como o xénero literario que mellor define o tempo actual.

_____, “Ramón Piñeiro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 31 maio 2015, p. 23.

Lembranza de Ramón Piñeiro cando se cumpren cen anos do seu nacemento. Apunta que a súa chegada ao galeguismo non foi da súa man, senón da de Ricardo Carballo Calero na universidade. Malia apuntar algunha discrepancia, recoñece coa perspectiva do tempo que ese grupo ao que pertenceu Piñeiro foi “unha xeración de xigantes”. Refírese ademais a unha cita do escritor no último libro referido a Castelao.

_____, “Na casa de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 19 xullo 2015, p. 13.

Fala dos actos celebrados na Alameda de Santiago e na casa da Matanza por mor do 130 aniversario da morte de Rosalía de Castro, organizados pola Mesa pola Normalización Lingüística e o Padroado Rosalía de Castro. Refírese ao documental *Pelerinaxe lírica aos lugares rosalianos*, realizado polos galeguistas en 1951 con motivo do Día da Patria, dando conta dalgunhas das persoas e lugares que nel aparecen.

_____, “Industria, cultura, esperanza”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 6 decembro 2015, p. 23.

Dáse conta da nova edición do Culturgal. Indícase que o que máis lle gusta e ilusiona é “ese pulo entusiasta de xente moza” e comenta algunhas anécdotas. Engádese que hai unha xeración de renovación e recambio. E pecha afirmando que “A festa do Culturgal é unha aposta pola esperanza”.

**Fruíme**, “Un ninguén”, *El Progreso*, “Opinión”, “Lóstregos”, 28 novembro 2015, p. 30.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas, indícase que o autor, xunto con Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez ou Celso Emilio Ferreiro, é un dos escritores máis populares e lidos de Galicia. Fálase da súa obra explicando a destreza do autor para representar a realidade social de Galicia, “el retrato fiel de una sociedad rural”.

**García-Bodaño**, Salvador, “Día de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 22 febreiro 2015, p. 3.

Informa do acto organizado pola AELG para celebrar o Día de Rosalía de Castro e fai un percorrido polas actividades culturais que realizou esta institución ao longo da súa historia.

_____, "Rosalía de Castro en 'doodle", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 8 marzo 2014, p. 3.

Recóllense as palabras do conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, con motivo da celebración do Día de Rosalía de Castro, sobre a dignificación da lingua galega, de necesidade de poñela no lugar que se merece e da importancia do seu uso cotiá. Ademais, alude tamén ao doodle coa imaxe de Rosalía que apareceu nese día.

_____, "Entre arte poética e estética", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 22 marzo 2015, p. 3.

En primeiro lugar comenta brevemente a celebración do Día Mundial da Poesía. A continuación, reflexiona sobre as figuras do poeta Manuel Antonio e do pintor Carlos Maside. Recolle o nome dalgunhas das súas obras e sinala a existencia de actividades (exposicións, presentacións...) ao redor deles.

_____, "Manuel Antonio do principio á fin", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 28 xuño 2015, p. 3.

Tras recordar a primeira vez que entrou en contacto coa poesía de Manuel Antonio, informa da publicación do *Epistolario* do poeta, editado por Xosé Luís Axeitos, que supón o terceiro e último tomo do seu estudo sobre a obra completa do autor.

**García Gómez**, Valentín, "A maleta de Xosé Neira Vilas", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Tribuna", 28 novembro 2015, p. 19.

Co gallo do pasamento de Xosé Neira Vilas, realízase un eloxio da figura do autor centrándose na súa faceta persoal e inserindo anécdotas que os unía en vida.

**García Iglesias**, José Manuel, "Rosalía y Sixto Seco", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidad", 1 outubro 2015, p. 2.

Dáse conta da chegada dos fondos da familia de Agustín Sixto Seco á Cidade da Cultura e que se expón en forma de libros e documentos varios. Ofrécese unha breve biografía do autor, indícase que presidiu o Patronato Rosalía de Castro dende 1970 e que realizou activamente diferentes actividades a prol da figura de Rosalía de Castro.

**Gestoso Álvarez**, Maruxa, "En lembranza de Xosé Chao Rego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 6 decembro 2015, p. 50.

Dáse conta do pasamento de Xosé Chao Rego. Realízase un enaltecemento da súa figura, centrándose na súa faceta persoal e profesional. Engádese unha breve biografía e algunha anécdota persoal.

**Giráldez**, José Miguel, "Carta de despedida a Xosé Neira Vilas, autor", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 29 novembro 2015, p. 5.

Dáse conta do pasamento de Xosé Neira Vilas e realízase, a modo de carta, un enaltecemento da súa figura, como escritor e como persoa, indicando que contribuíu coa súa obra a enriquecer a literatura galega e a conservar a memoria do rural galego.

**Gómez López**, José, "Celanova, tierra de poetas", *La Región*, "Opinión", 9 xuño 2015, p. 26.

Comeza falando dos poetas de Celanova e doutros lugares da provincia ourensá. Destaca ao escritor Serafín Marqués, que vén de publicar *Escoitalo vento* (2014), que repasa o seu contido e algunhas das súas características.

**González Casasnovas**, Luisa, "Balbino e a memoria", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Por libre", 7 decembro 2015, p. 2.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas, realízase un eloxio da súa vida e obra facendo énfase na calidade da súa creación literaria e do seu contributo á lingua e cultura galegas.

**González Martínez**, Xosé, "Neira Vilas", *La Región*, 1 decembro 2015, p. 30/ *Atlántico Diario*, 2 decembro 2015, p. 21, "Opinión".

Lémbrase a Xosé Neira Vilas con motivo do seu pasamento, figura polo que manifesta moito afecto e admiración. Dáse conta da existencia dunha correspondencia epistolar co escritor galego. Coméntase o seu ingreso na RAG e tamén se fala da súa participación intensa nas iniciativas de Normalización Lingüística, así como na entrega dos Premios Peña Novo.

_____, "O Pepe Neira Vilas que eu coñecín", *Diario de Pontevedra*, "Opinión", 2 decembro 2015, p. 28/ *Faro de Vigo*, "Esquelas/cierre", "Tribuna del lector", 6 decembro 2015, p. 71

Debido ao falecemento de Xosé Neira Vilas, realízase unha homenaxe á súa figura. Coméntase cando comezaron a súa amizade, indicando que foi a través dunha intensa correspondencia epistolar. Engádese algún extracto desas cartas onde se comentan os problemas económicos que sufriu Neira Vilas e o seu ingreso na RAG.

**González Tosar**, Luís, "Marca interior", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Retrato entre liñas", 30 xaneiro 2015, p. 4.

Comeza indicando que no instituto, con X. L. Méndez Ferrín de mestre, tivo que ler *A lingoaxe e as linguas* de Ramón Piñeiro. A continuación, lembra os primeiros contactos que tivo co escritor lancarao e como pasou a formar parte do seu círculo máis íntimo. Opina que o que recorda del "nada ten que ver cos tópicos que aínda circulan".

_____, "Lapsus linguae", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Retrato entre liñas", 13 febreiro 2015, p. 10.

Lembra cando coñeceu ás poetas Olga Novo e Yolanda Castaño nun recital coruñés no que vendían ademais a revista *Valdeleite.* De Castaño recoñece a súa traxectoria profesional destacada polo "mérito e compromiso".

_____, "Piñeiro centenario", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "A caneiro cheo", 31 maio 2015, p. 22.

Recorda a Ramón Piñeiro con motivo do centenario do seu nacemento, aludindo ás palabras que sobre el dixeron Luís Seoane e Domingo García-Sabell, entre outras cuestións. Considera que o piñeirismo morreu con Carlos Casares.

_____, "Os silencios de D. Ramón", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Retrato entre liñas", 5 xuño 2015, p. 4.

Refírese ao acto celebrado na rúa compostelá Xelmírez 15, que conmemorou os cen anos do nacemento de Ramón Piñeiro. Retrátao ao tempo que opina que, malia as críticas á súa persoa, a segunda metade do século XX está determinada polos acertos e os erros do escritor.

_____, "Fonte das sete palabras", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Retrato entre liñas", 5 agosto 2015, p. 2.

Exáltase a figura de Francisco Luís Bernárdez, poeta do cal se sinala que estivo excluído até agora das historias da literatura. Ofrécese información da súa biografía e engádese que traballou a prol da lingua galega até a súa morte e que, como poeta, abarcou campos como o neotrovadorismo.

_____, "Poetas ao servizo da verdade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Retrato entre liñas", 11 setembro 2015, p. 11.

Dáse conta do libro de Fernando Salgado, *Lorenzo Varela: a voz desterrada* (2005), de Edicións do Cumio. Indícase que o trunfo do coronel Perón axudou a que se apoiase máis o Goberno de Franco. Fálase da postura que adoptou Lorenzo Varela perante esa situación, onde se indica que arremeteu contra os responsábeis de abrirlle as portas aos franquistas nun acto no Centro Gallego, no que se comenta que tamén participou Pablo Neruda, León Felipe, Nicolás Guillén, Alejandro Casona, Rafael Dieste, Rafael Alberti e González Carbalho.

_____, “Voz do emigrado”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Ficción”, “Retrato entre liñas”, 4 decembro 2015, p. 11.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas faise unha breve aproximación á súa vida e obra, salientando a importancia desta na cultura galega. Coméntase que a primeira obra que leu do autor foi *Historias de emigrantes* e que a segunda foi *A muller de ferro*.

_____, “Flores da edición”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Poesía”, “Retrato entre liñas”, 20 decembro 2015, p. 11.

Coméntase a figura de José López García, de quen se di que foi un emigrante galego na Arxentina que traballou na empresa gráfica da rúa Perú 666, en Buenos Aires, onde era ilustrador gráfico Luís Seoane. Indícase que o labor de José López García na imprenta foi decisivo, mais que hoxe en día caeu no esquecemento.

**Hermida**, Sabela, “A galeguidade en María Casares”, *El Correo Gallego*, “*2 Domingo*”, 29 marzo 2015, p. 7.

Realiza un percorrido biográfico pola vida de María Casares reparando nos seus lazos con Galicia e coa galeguidade (en Madrid, en Francia e en Bos Aires). Considera que, malia certas honras, foi "inxustamente esquecida" en Galicia. Finalmente, opina que a mellor homenaxe é que os premios da Asociación de Actores e Actrices de Galicia leven o seu nome.

**Iglesias**, Manuel Herminio, “Dous galegos senlleiros”, *La Región*, “Opinión”, 2 decembro 2015, p. 28.

Dáse conta do pasamento de Xosé Neira Vilas e de Xosé Chao Rego. Coméntase brevemente a biografía dos dous autores falecidos e indícanse datos relativos ás súas obras e ao traballo que ambos desempeñaron a prol da lingua e da cultura galegas. Engádese que son “dous homes que marcan un tempo”, mais sinalando a importancia de cada un, que “deixa pegada”.

**Iglesias**, Xosé Ramón R., “Aqueles anos do Neira”, *El Correo Gallego*, “Rompente”, 28 novembro 2015, p. 2.

Eloxio á figura de Xosé Neira Vilas polo seu recente pasamento. Indícase que o lugar de *Memorias dun neno labrego* na literatura galega é comparábeis ao do *Quixote* na castelá.

**Jaureguizar**, Santiago, "Setenta palabras para matizar a chuvia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 1 marzo 2015, p. 76/ *El Progreso*, "Vivir", 28 febreiro 2015, p. 64, "Cultura", "Cidade xardín".

Comeza referíndose ironicamente á rabecha dos galegos sobre o vídeo de Enrique Iglesias e a presenza nel de Galicia. A continuación, reflexiona sobre as relacións do éxito co labor de escritor, aludindo á ansiedade "pola aprobación allea que afecta aos artistas". Entre outras cuestións, séntese abraiado polas habilidades que caracterizaban a Xosé Filgueira Valverde, segundo defende a RAG.

_____, "O espírito da escaleira", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 8 marzo 2015, p. 76/ *El Progreso*, "Vivir", 7 marzo 2015, p. 64, "Cultura", "Cidade xardín".

Opina sobre o ciclo de debates "Cara a onde. A transformación cultural desde a literatura", considerando que non partiría da literatura para estudar o aproveitamento dun gasto. Aproveita para reflexionar sobre as subvencións na cultura galega a propósito das opinións de quen foi conselleiro de Cultura, Alfredo Conde, entre outras cuestións. Repara na crise do sector teatral galego, que atribúe máis á falta de público nas salas ca unha mala xestión pública.

_____, "As letras entrarán con calzador de Hermès", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 3 maio 2015, p. 40/ *El Progreso*, "Vivir", 2 maio 2015, p. 64, "Cultura", "Cidade xardín".

Reflexiona sobre a discusión cultural do Día das Letras e apunta que cada cultura ten as súas teimas. Logo de facer unha serie de observacións sobre a última novela de Michel Houellebecq, entre outras cuestións, volve ao panorama literario galego e opina que as novelas en Galicia están atrapadas en historias sobre a Guerra Civil. Neste senso, comenta as razóns que ofreceu Rexina Vega sobre o feito de que a novela histórico-política sexa o xénero máis cultivado no ámbito galego. Ademais, considera que esta cuestión debe actualizarse e que os autores deben escribir sobre o seu tempo.

_____, "Da literatura tamén se sae", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 17 maio 2015, p. 84/ *El Progreso*, "Vivir", 16 maio 2015, p. 62, "Cultura", "Cidade xardín".

Informa, entre outras cousas, que o escritor Marcos Calveiro deixou a literatura para dedicarse á hostalaría. A seguir, di que asistiu á entrega de premios da AELG en Lugo que "como todos os actos de cultura de Galicia" semellaba unha xuntanza de enfermos terminais tentando darse ánimos e botarlle a culpa aos virus. Neste sentido, fai mención dos reproches que alí fixeron os profesionais da literatura.

_____, "O nosos Bloomsday melancólico", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Cidade xardín", 23 maio 2015, p. 58.

Reflexiona sobre o Día das Letras e compara o feito de ter como referente a alguén finado hai dez anos cunha "cultura funeraria e memorialística". Opina, entre outras cuestións, que este ano dedicado a Xosé Filgueira Valverde foi un ano perdido e que

unha cultura nunca terá futuro se se promociona a obra dun intelectual "sepultado pola súa biografía".

**López-Chaves Meléndez**, Juan M., "El otro Celso Emilio", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 outubro 2015, p. 37.

Reflexiona sobre a figura de Celso Emilio Ferreiro e fala dalgunhas facetas persoais do escritor galego. Destaca o seu compromiso político e lingüístico. Recolle uns versos dun dos seus poemas e fai unha achega persoal ao libro *O sono sulagado*.

**López Silva**, Inma, "Dramático centro", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 1 xullo 2015, p. 19.

Informa da dimisión de Manuel Guede como director do Centro Dramático Galego, valora positivamente a súa xestión e fala da mala situación que atravesa esta institución.

_____, "Manuel María", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 13 xullo 2015, p. 11.

Mostra a súa desconformidade co formato do Día das Letras Galegas por considerala unha festa do ensino que non logrou converterse nunha celebración total. Porén, afirma que a escolla de Manuel María como homenaxeado deste ano é unha oportunidade e destaca o compromiso do autor co país.

_____, "O teatro de todos", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 30 decembro 2015, p. 18.

Comenta a situación do Centro Dramático Galego e, en xeral, do teatro galego actual. Considera unha boa nova que Fefa Alonso asuma a responsabilidade de reflotar o CDG pero cre que non contará co apoio institucional. Por último observa con pesimismo o futuro desta institución.

**Loureiro**, Ramón, "A mayor gloria", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", "Velut umbra", 9 xaneiro 2015, p. 6.

Celebra a aparición do estudo *Á procura da poesía: Vida e obra de Luz Pozo Garza* (2014), de Andrés Pociña e Aurora López. Informa tamén da publicación de *Fala das Musas e outros poemas* (2014), de Armando Requeixo, sobre a obra poética de Daniel Pernas Nieto. Comenta a edición de 1936 de *Fala das Musas* e di que se emociona ao abrir o libro da nova tradución da *Divina Comedia*, realizada por Darío Xohán Cabana.

_____, "Xosé Chao Rego, seguidor de Cristo", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Última Bretaña", 29 novembro 2015, p. 16.

Dáse conta do pasamento de Xosé Chao Rego e coméntase a súa ampla traxectoria, da que, entre outras cousas, se sinala que foi pioneiro na renovación da liturxia ao dar a misa de cara ao pobo, así como no compromiso con Galicia e coa cultura galega.

**Martínez González**, Xurxo, "Manuel Antonio: oda marítima", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 533, 5 marzo 2015, cuberta.

Fala das vivencias na cidade de Vigo do poeta Manuel Antonio, que se reflicte na proposta creativa ligada ás vangardas europeas, e indica que a súa vida vencellada ao mar é similar á descrita por Fernando Pessoa no poema "Ode marítima". Remata solicitando unha homenaxe e lembranza ao poeta alí onde viviu e dende onde observou o mar de Vigo.

_____, "Alalá de Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 540, 30 abril 2015, cuberta.

Di que hai lugares da xeografía galega onde a cultura domina a súa personalidade, como Celanova, Rianxo ou Mondoñedo. Con respecto a esta última, destaca a aparición da peza teatral inédita *O alalá das curuxeiras*, de Álvaro Cunqueiro. Repara na publicación de *Mondoñedo literario* (2014), de Armando Requeixo, quen reivindica a súa vila natal como capital da "República das Letras Galegas" e onde Cunqueiro tería un espazo notábel en comparación co resto de autores mindonienses. Para rematar, sinala que xa é hora de reclamar Vigo como cidade enraizada na cultura galega.

_____, "Mazurca para Galiza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 549, 2 xullo 2015, cuberta.

Partindo dunha defensa do criterio filolóxico como norma para definir a literatura galega, afirma que o estudo da produción dos autores galegos que escribían en castelán axuda a unha mellor comprensión do Rexurdimento. Fala da relevancia destes escritores, de entre os que salienta a figura de Teodosio Vesteiro Torres e convídase a investigar a súa iniciativa de fundar a sociedade "Galicia Literaria".

**Mayoral**, Marina, "Piñeiro e Mitxelena", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Páxinas soltas", 14 decembro 2015, p. 15.

Dáse conta do congreso "Ramón Piñeiro e Koldo Mitxelena no seu centenario", realizado en Santiago de Compostela, organizado polo Concello da Cultura Galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Engádese que este congreso contou con colaboracións de personalidades de diferentes puntos do Estado español e coméntase que Piñeiro e Mitxelena xogaron papeis moi importantes na resistencia contra o réxime franquista.

**Meilán Gil**, José Luis, "Neira Vilas e a universidade", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 1 decembro 2015, p. 15.

Coméntase a relación entre Xosé Neira Vilas e a universidade. Indícase que foi nomeado doutor *honoris causa* en 1998 da universidade da Coruña. Engádense verbas do autor onde que todo o mundo nace 'cunha alforxa de preguntas'.

**Méndez Ferrín**, Xosé Luís, "Romantismo e novela galega", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 477, "No fondo dos espellos", 3 xaneiro 2015, contracuberta.

Comeza referíndose aos tempos decimonónicos nos que se ambienta *O señorito da Reboraina* (1960), a última novela de Ramón Otero Pedrayo. Sobre ese século imaxina unha serie de novelas que poderían ter tratado a época do liberalismo. Sinala que malia haber importantes aproximacións literarias a ese tempo, bota de menos unha novelística que relate as vidas de quen compuxo a imaxe da Galicia "que non se rende".

_____, "...que ten o carballo máis vello do Reino", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 6 marzo 2015, p. 26.

Fala da alerta sobre o estado de saúde do carballo de Santa Margarida de Monteporreiro e opina que a árbore sobrevivirá. Repara en que Frei Martín Sarmiento a meteu nunha composición de 1740 e que xa daquela era unha "supervivente", e que se supón que é do século XIV.

_____, "Represión franquista no Instituto de Vigo (3)", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 903, "No fondo dos espellos", 21 marzo 2015, p. 4.

Continúa cunha relación de profesores represaliados no Instituto de Vigo, entre os que está Carlos Maside García, Modesto Prieto Camiña, Jerónimo Toledano Cañamaque, Virgilio Trabazo Separi e Enrique Vidal de Bustamante. Ofrece datos biográficos deles e finalmente comenta que algo do espírito renovador daquel entón permaneceu no novo, inaugurado en 1946 co nome de "Santa Irene".

_____, "Na Malveira", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 904, "No fondo dos espellos", 28 marzo 2015, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 490, 11 abril 2015, contracuberta.

Celebra a publicación do volume *Obras Completas* (2014), de Manuel Antonio da man de Xosé Luís Axeitos e critica que o desleixo do galeguismo da cultura oficial provoque que non haxa obras completas dos escritores galegos máis destacados. Comenta ademais como se desenvolveu o acto no illote da Malveira Grande, onde colocaron un "padrón" en memoria do poeta de Rianxo. Apunta que xa en 1935 se quixera erguer alí un monumento. A continuación, reprodúcese unha cantiga asinada por Heriberto Bens, intitulada "Ofrenda das letras e das artes navais ao precursor Manuel Antonio".

_____, "Homaxe a Ramón Otero Pedrayo", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 492, "No fondo dos espellos", 18 abril 2015, contracuberta.

Comenta a *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo* que se publicou en 1958, dirixida por Ramón Piñeiro e editada por Galaxia. Opina que neste volume o "piñeirismo" amosa o

elenco dos seus pensadores. Así, dise que Piñeiro marca diferenzas cos "tránsfugas do galeguismo ao franquismo", pois non participan nel nin Xosé Filgueira Valverde, nin Vicente Risco, nin Álvaro Cunqueiro. Opina que a escolla de colaboradores causou malestar de moitos intelectuais e chámalle a atención que certas cartas privadas relacionadas con esta publicación non teñan visto aínda a luz.

_____, "Kruckenberg", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Segunda feira", 25 maio 2015, p. 67.

Lembranza da poeta María do Carme Kruckenberg, de quen sinala que a partir de *Cantigas de Vento* adoptou o galego como lingua literaria. Recorda sobre todo á escritora nos cafés de Vigo, mais tamén noutros ambientes (Madrid ou París). Considera que *A sombra ergueita* () é o seu libro máis "rotundo", inscrito na tradición do lirismo radical, que simboliza unha formación xeracional de esquerda existencialista.

_____, "Sobre o Día das Letras Galegas", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Segunda feira", 20 xullo 2015, p. 14.

Realízase unha crítica á política levada a cabo pola Real Academia Galega. Indícase que no século XX non aceptaron a figuras como Uxío Novoneyra, Celso Emilio Ferreiro ou Eduardo Blanco Amor, mais que anos despois foron recoñecidos no Día das Letras Galegas. O autor engade que na actualidade aconteceu algo parecido co poeta Manuel María, pois explícase que eran moitos os académicos que o rexeitaban como académico numerario, mais que agora celebran a conmemoración de dito autor polo Día das Letras.

_____, "Merlín en revoldaina", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 923, "No fondo dos espellos", 22 agosto 2015, p. 4.

Comenta distintos aspectos da figura de Merlín e a súa presenza nas literaturas europea e galega, como na obra de Álvaro Cunqueiro ou de Tolkien. Considera que a temática artúrica foi coñecida dende moi cedo na Galicia medieval e fai un rastrexo polas pegadas deste meigo na onomástica galega.

_____, "Doutor Bento da Cruz", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Segunda feira", 7 setembro 2015, p. 14.

Realízase un achegamento á obra do escritor portugués Bento da Cruz, indicando que as novelas *O lobo guerrilheiro* e *A Loba* foron "intervidas lingüísticamente ao galego" por Moncha Fuentes. Coméntase que a obra de Bento da Cruz representa perfectamente a aldea galega que xa non existe: as camadas sociais, os campesiños, os abades etc.

_____, "Casa dos Poetas", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 11 setembro 2015, p. 24.

Co gallo do trinta aniversario da entrega de premios "Celanova, Casa dos Poetas", por parte do Patronato Curros Enríquez, o autor realiza un repaso histórico deste galardón. Indícase que este ano o premio fallou a favor do Centro Galego de La Habana Unión Ourensana e que isto suporá unha nova etapa nas relacións entre Galicia coas comunidades cubanas.

_____, “Cambados como tenia ilustre”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, n.º 937, “No fondo dos espellos”, 28 novembro 2015, p. 4.

Dáse conta da ligazón de Cambados co escritor Ramón Cabanillas. Indícase que dende o seo do Patronato Curros Enríquez xurdiu a idea de crear unha rede de Vilas Literarias de Galicia, indicando que serían: Celanova, Cambados, Padrón, Rianxo, Ponteceso, Mondoñedo, Vilanova de Arousa e a illa de San Simón.

_____, “Rianxo e pantasmas”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, n.º 939, 12 decembro 2015, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 519, 19 decembro 2015, contracuberta, “No fondo dos espellos”.

Repasa a relación da vila de Rianxo coa cultura galega iniciada xa con Paio Gómez Chariño no período medieval e que continúa con autores como Evaristo Martelo Paumán, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste e Faustino Rei Romero. Finalmente comenta o proxecto de Vilas Literarias de Galicia feito por Antonio Piñeiro.

_____, “O corredor que aman as garzas”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, n.º 940, 19 decembro 2015, p. 4/ *La Opinió*n, “*Saberes*”, n.º 520, 26 decembro 2015, contracuberta, “No fondo dos espellos”.

Fala do “Corredor de Dodro” que identifica cun espazo xeográfico entre Padrón e Rianxo caracterizado pola súa achega cultural. Alude a Rosalía de Castro, Alfonso Rodríguez Castelao, Avelino Abuín de Tembra, Eusebio Lorenzo Baleirón e Anxo Angueira como exemplos desa produción. Tamén cita brevemente a historia política desta zona por medio de Xosé Ramón Reboiras

_____, “X. Fernández Ferreiro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 26 decembro 2015, p. 28.

Repasa a vida de Xosé Fernández Ferreiro, con motivo do seu pasamento, dende a súa formación profesional até as súas achegas culturais. Destaca o libro *Minotauro* (1989), que define como unha das mellores novelas surrealistas, e referencia outras temáticas da súa narrativa como foron os afiadores e a guerra civil. Por último comenta a súa participación no colectivo Brais Pinto e a militancia ideolóxica.

**Montero**, Tamara, “Botóns escuros”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Catro verdades”, 28 novembro 2015, p. 19.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas, a autora recolle unha lembranza da escola, concretamente da primeira vez que leron en lingua galega *Memorias dun neno labrego*.

**Murado**, Miguel-Anxo, "A figueira de Rosalía", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Libro de horas", 6 xuño 2015, p. 18.

Comenta a nova visita á casa de Rosalía, onde preguntou pola figueira que menciona nun poema de *Cantares gallegos* (1863), a cal hai tempo que agoniza. Reflexiona sobre esta cuestión, apuntando que esta árbore representaría mellor có piñeiro ou o carballo a idea popular dunha Arcadia galega.

**Neira Vilas**, Xosé, "Traxectoria da editorial Fervenza", *El Correo Gallego*, "Opinión", "De todo un pouco", 18 xaneiro 2015, p. 2.

Fala desta editorial estradense fundada por Xosé Luna Sanmartín. Informa que dende agora Manuel Núñez dirixirá a actividade da editorial, pois o fundador dedicarase a outras tarefas culturais. Repasa as publicacións da editora ao longo de catorce anos de traxectoria.

_____, "Os cen anos de 'Vento mareiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "De todo un pouco", 15 febreiro 2015, p. 2.

Refírese á etapa de emigrante en Cuba de Ramón Cabanillas e opina que os dous libros publicados na illa (*No desterro* e *Vento mareiro*) son do mellor da súa obra poética, entre outras cuestións.

_____, "Picasso e Isidoro Brocos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "De todo un pouco", 29 marzo 2015, p. 2.

Sinala que foi Luís Seoane o primeiro que lle falou do paso pola Coruña de Pablo Picasso e apunta que a súa guía artística naquel tempo foi Isidoro Brocos, quen apunta ademais que foi el quen deseñou a coroa que lle entregaron a Manuel Curros Enríquez no acto en homenaxe na Coruña en 1904.

_____, "Os papeis de Manuel Porto", *El Correo Gallego*, "Opinión", "De todo un pouco", 25 abril 2015, p. 2.

Comenta que lle entregou ao alcalde da Estrada documentos que trouxo de Cuba sobre Manuel Porto, entre os que se atopan narracións de ficción e unha autobiografía, e que pasarán a formar parte do arquivo do museo municipal Reimóndez Portela.

_____, "Manuel María", *El Correo Gallego*, "Opinión", "De todo un pouco", 19 xullo 2015, p. 2.

Informa de que Manuel María vai ser o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2016 e mostra o seu acordo coa elección. Fala da relación que mantivo co autor e achega datos sobre a súa vida e obra.

_____, "As cartas do poeta", *El Correo Gallego*, "Opinión", "De todo un pouco", 16 agosto 2015, p. 2.

Coméntase a correspondencia persoal que mantiña o autor con Manuel María. Indícase que trataban un contido moi diverso (proxectos literarios, noticias de novas publicacións etc), e que as cartas ían entre o 27 de febreiro de 1963 até o 5 de xullo de 1990.

_____, "De Meira a Buenos Aires", *El Correo Gallego*, "Opinión", "De todo un pouco", 23 agosto 2015, p. 2.

Infórmase de que un conxunto de asociacións culturais están reunindo información sobre o poeta Avelino Díaz para propoñerllo á Real Academia Galega como figura homenaxeada no Día das Letras. Indícanse datos da súa biografía e das obras que publicou, engadindo que tivo unha intensa actividade cultural. Péchase o artigo afirmando que o autor "ben merece un Ano das Letras".

_____, "Tradutor de Martín Fierro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "De todo un pouco", 3 novembro 2015, p. 2.

Achégase información sobre o poeta Bernaldo Souto, de quen se di que traduciu "o gran poemario gauchesco de José Hernández" ao galego, publicado por Edicións Ánxel Casal.

_____, "Significación do libro", *El Correo Gallego*, "De todo un pouco", 28 novembro 2015, p. 8.

Realízase unha presentación das diferentes queimas de libros que houbo no mundo, exemplificando coa biblioteca de Alexandría, a Inquisición, a policía de Buenos Aires ou a biblioteca de Bagdad, entre outros. Afírmase que queimando libros non se queiman ideas e que a humanidade volvería contar coa literatura porque volvería xurdir de novo.

**Nicolás**, Ramón, "O xornaleiro da palabra (e algo máis)", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 novembro 2015, p. 42.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas, realízase un eloxio da súa persoa. Indícase que na súa obra narrativa a relevancia da memoria xoga un papel fundamental e que son moitas as persoas que se ven reflectidas nela. Engádese algunha anécdota persoal co autor.

_____, "Neira Vilas, aló por 1969", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 4 decembro 2015, p. 11.

Dáse conta do pasamento de Xosé Neira Vilas e coméntase que este autor ocupaba un dos postos máis salientábeis na cultura galega ao carón de personaxes como Rosalía de Castro, Alfonso Rodríguez Castelao, Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro etc. Sinala tamén a relevancia de *Memorias dun neno labrego* (1961), xunto con obras como *Longa noite de pedra*. Indícase que as influencias que se advirten na súa obra son Boccaccio e Robe Grillet, ademais doutros creadores latinoamericanos ou os clásicos rusos, mais que sobre todo ten influencia de *Sempre en Galiza*, de Castelao.

**Nogueira**, María Xesús, "Poesía, humor e liberdade", *Diario de Pontevedra*, "Un falar", "Opinión & Análisis", p. 23/ *El Progreso*, "Opinión", p. 27, 10 xaneiro 2015.

Fala do poemario *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (2014), do Colectivo Ronseltz, que vén de ser reeditado. Considérao imprescindíbel para explicar a evolución da poesía no último cuarto do século XX.

_____, "Un ano máis, Rosalía", *Diario de Pontevedra*, "Un falar", "Opinión & Análisis", p. 21/ *El Progreso*, "Opinión", p. 39, 21 febreiro 2015.

Repara en que a singularidade da celebración da data de nacemento de Rosalía de Castro non vén dada polas homenaxes institucionais senón por outros sectores da sociedade. Neste senso, reflexiona sobre o que considera un dos males da literatura galega como é a falta de conexión entre institución e cidadanía. Comenta algunhas actividades programadas para render homenaxe á poeta.

_____, "As Letr@s de todos", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 25/ *El Progreso*, "Opinión", p. 33, "Un falar", 11 xullo 2015.

Alude ao consenso xurdido arredor da elección de Manuel María como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2016, en contraposición á polémica xerada coa escolla de Xosé Filgueira Valverde da pasada edición, e invita a reflexionar sobre varias cuestións relacionadas con esta celebración.

**Noguerol**, Jaime, "Los más olvidados", *La Región*, "Ourense", "El ángulo inverso", 28 xuño 2015, p. 14.

Alude á obra *A noite branca* (2012), de Francisco X. Fernández Naval, centrada na historia dos voluntarios españois da División Azul. Comenta que o autor percorreu todos os lugares que aparecen na obra.

**Noia**, Camiño, "En lembranza de Neira Vilas", *Atlántico Diario*, "Opinión", p. 44/ "Un referente no espertar das conciencias", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 38, 28 novembro 2015

Eloxio da figura de Xosé Neira Vilas polo seu recente pasamento. Exprésase a admiración e cariño que a autora sentía e engádese unha pequena aproximación á súa biografía. Indícase que intercambiaron correspondencia durante unha tempada.

**Núñez Feijóo**, Alberto, "O neno inmortal", *ABC*, "Galicia", 28 novembro 2015, p. 58.

Realízase un eloxio á figura de Xosé Neira Vilas polo seu pasamento. Exprésase a admiración cara á persoa e á obra. Indícase que ler a Neira Vilas é un acto de memoria e que entrou nas bibliotecas de todo o mundo.

**Pereira**, José, "Neira Vilas", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", "Cada sábado", 28 novembro 2015, p. 26.

Realízase un eloxio de Xosé Neira Vilas con motivo do seu pasamento e exprésase a admiración cara á persoa e á obra, indicando que a súa obra conseguiu instalarse no imaxinario de todos os galegos.

**Parga**, Grial, "La playa de los ahogados", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 19 outubro 2015, p. 66.

Comentario da adaptación cinematográfica do libro *A praia dos afogados* (2009), de Domingo Villar. Achégase un resumo do filme e coméntase que o personaxe de Leo Caldas é interpretado por Carmelo Gómez. Tamén se dá conta das características fílmicas que ofrece, indicando que o director Gerardo Herrero filma en modo "whodunit", un piloto automático.

**Pena**, Xosé Ramón, "De galegos e gallegos", *Faro de Vigo*, "Opinión", "De bolina", 6 xuño 2015, p. 27.

Afirma que con motivo do Día das Letras Galegas xorde a polémica que reclama a presenza de autores galegos que teñen o castelán como idioma literario. Co afán de desartellar estas "falsas crónicas" comenta certas relacións entre "literatos galegos" e "literatos gallegos", que entende como unha formulación decimonónica.

_____, "Neira Vilas contra Manolito", *Faro de Vigo*, "Opinión", "De bolina", 5 decembro 2015, p. 23.

Dáse conta do pasamento de Xosé Neira Vilas. Realízase un enaltecemento da súa figura, no que se centra na súa faceta como escritor e na relación que existe entre Balbino e o propio autor. Indica que non se pode facer unha separación entre ambos, nin estudar a Balbino sen ter en conta as vivencias persoais de Neira Vilas.

**Piñeiro**, Antonio, "Has de escribir...", *La Región*, "Opinión", "Ourensalia", 29 xaneiro 2015, p. 25.

Faise eco da proposta da fundación que honrará a figura de Eduardo Blanco Amor. Celebra esta circunstancia non só pola valía do escritor ourensán, senón tamén polo "teimoso esforzo" nesa creación do seu amigo Luís González Tosar.

_____, “Un texto de hai 125 anos”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 25 febreiro 2015, p. 23.

Reproduce un fragmento dun texto que escribiu Manuel Curros Enríquez como prólogo ao libro *La lira lusitana*, no que reflexiona sobre as relacións entre os escritores portugueses e os españois.

_____, “Xentes de aquí e acolá”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 16 xullo 2015, p. 39.

Por mor da decisión de retirar o nome de Álvaro Cunqueiro das rúas de Madrid, alude á obra *Xente de aquí e de acolá* (1971) e a un artigo sobre o autor publicado por Francisco Umbral na revista *Esfera* en 1999.

_____, “Xornaleiro da palabra”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 28 novembro 2015, p. 28.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas, realízase un enaltecemento da súa figura, tanto persoal como na súa faceta de escritor.

_____, “Cousas por facer...”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 1 decembro 2015, p. 28.

Fálase da figura de Xosé Neira Vilas como xestor cultural e escritor universal. Coméntase que o libro-disco *Cantos de lembranza* (2014) está composto por doce poemas que primeiramente foran musicados por Gervasio Vázquez e que agora están na voz de Cesáreo Torres e con música do pianista Alejo Amoedo.

**Pousa**, Luís, “El furtivo Luis Seoane”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Al loro”, “El rincón del sibarita”, 20 novembro 2015, p. 16.

Dáse conta da publicación de *Retratos Furtivos*, de Luís Seoane, pola editorial valenciana Media Vaca. Coméntase que foi orixinalmente editado por Ediciós do Castro e que se trata dun libro onde se recollen os retratos furtivos que Seoane capturou en diferentes lugares como Nova Iorque, París, Madrid etc. Insírense algúns dos textos que acompañan os retratos e que están escritos por Seoane.

**Rego Nieto**, Manuel, “Poesía en Garabás”, *La Región*, “Opinión”, 3 xaneiro 2015, p. 29.

Comenta que tratou con membros da Xeración Nós. Opina que Víctor Campio Pereira colleu o relevo e di que este lle enviou un recordo dos anos trinta na súa casa de Garabás. Fala tamén sobre a festa dos Reis Magos e remata cuns versos de Campio.

_____, “Un home doente”, *La Región*, “Opinión”, 12 decembro 2015, p. 28.

Dáse conta do aniversario do pasamento de Eduardo Blanco Amor e lembra o derradeiro adeus que lle deron. Engádese unha anécdota que viviu xunta ao autor, durante unha viaxe a Madrid a unha xuntanza do Partido Carlista na cal coincidiron.

**Reigosa**, Carlos G., "Na lembranza", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Querido mundo", 28 novembro 2015, p. 19.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas, recóllense anécdotas co autor onde se salienta a súa faceta máis persoal. Engádense algúns trazos da súa biografía e da súa obra.

_____, "As mellores novelas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Vagalume", 4 decembro 2015, p. 12.

Fálase da dificultade de facer a selección das mellores novelas da historia. Indícase que cada época impón as leis dos seus gustos e engade que el tamén ten feito a súa selección. Realízase unha reflexión sobre a creación destas listaxes onde, tal e como indica, ignora e agocha a uns autores dando relevancia a outros.

**Requeixo**, Armando, "Memoria de Manuel Rodríguez Alonso", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 900, p. 32, "letras Atlánticas", 21 xuño 2015.

Dáse conta do pasamento de Manuel Rodríguez Alonso e faise un breve achegamento á súa biografía e obras publicadas. Coméntase que era coñecido, sobre todo, polo seu labor filolóxico e crítico, salientando que sempre estaba atento ás novidades editoriais.

_____, "Hat Trick", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 905, 1 novembro 2015, p. 32.

Informa sobre tres obras que foron recentemente traducidas ao castelán: *Fin de poema*, de Juán Tallón; *1989*, de Xabier López López, e mais *Como alegría*, de Xosé Ramón Pena, das que ofrece unha breve liña temática.

_____, "Memoria dun neno de Gres", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 28 novembro 2015, p. 70.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas fai un eloxio da súa vida e obra, co especial énfase na calidade da súa creación literaria e do seu contributo á lingua e cultura galegas. Insírese un fragmento do final de *Memorias dun neno labrego* e refírese á multitude de personaxes das súas obras que se mostran como un reflexo atemporal da esencia dos galegos e galegas de todos os tempos.

_____, "Cartas para Balbino e mais Lelo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 563, 3 decembro 2015, cuberta.

Dáse conta do pasamento de Xosé Neira Vilas. Realízase un enaltecemento da súa figura. Céntrase na súa biografía, ofrecendo datos cronolóxicos e explicando cada acontecemento importante. Tamén se engade unha extensa bibliografía do autor onde se inclúen títulos publicados dende 1965 até 2010, como narrador, como creador infantoxuvenil e como poeta.

**Rivas**, Chito, "Máis vale previr que lamentar", *La Región*, "Opinión", "Pingas de orballo", 21 xuño 2015, p. 31.

Di que aínda non rematou de ler *A derradeira confidencia do escritor Hugo Mendoza,* de Joaquín Camps, mais que xa colleu outro libro na biblioteca *A dama da noite* (2014), de Xavier Seoane.

**Rodríguez**, Francisco, "Castelao e o pobo galego", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 10 febreiro 2014, p. 14.

Refírese ao contexto social en que Castelao elabora o debuxo baixo a epígrafe "En Galicia" que publicou no xornal *El Sol* en 1918. Apunta que foi o cronista "máis fiel e crítico" da idiosincrasia de Galicia como pobo.

**Rodríguez González**, Román, "Xosé Neira Vilas, na lembranza", *El Correo Gallego*, "In memóriam", 28 novembro 2015, p. 8/ *Diario de Arousa*, "Sociedad", "Obituario", 28 novembro 2015, p. 33/ *Diario de Ferrol*, "Sociedad", "Obituario", 28 novembro 2015, p. 34/ *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 66/ *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 novembro 2015, p. 38/ *El Ideal Gallego*, "Sociedad", "Obituario", 28 novembro 2015, p. 28/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 28 novembro 2015, p. 33/ *El Progreso*, "Opinión", 28 novembro 2015, p. 30/ *La Región*, "Opinión", 28 novembro 2015, p. 31/ *Atlántico Diario*, "Opinión", 29 novembro 2015, p. 21.

Indícase que a obra de Neira Vilas forma parte dun "capítulo asombroso" da literatura galega debido "á mestría creativa e ás virtudes humanas do autor" e compárase coas figuras de Rosalía de Castro e Sarmiento. Destácase o libro *Memorias dun neno labrego* e fundamentalmente o personaxe de Balbino. Saliéntase que o autor traballou até o último día da súa vida "na construción dunha obra literaria" e que nesta perseguiu sempre a "dignificación da emigración e das persoas humildes". Realízase un breve repaso pola a vida do autor e destácase que Neira Vilas sempre fixo fincapé na necesidade de poñer en valor o rural galego. Por último, dise que este escritor é "un home imprescindíbel na historia da literatura e da memoria cívica en Galicia".

**Rubianes**, Eduardo, "Xosé Neira Vilas", *Diario de Arousa*, "Opinión", "Entre todos", 29 novembro 2015, p. 17.

Infórmase do pasamento de Xosé Neira Vilas e ofrécese unha breve aproximación á súa biografía, onde se recollen datos da súa vida académica e dos seus logros persoais,

indicando que *Memorias dun neno labrego* se trata da obra máis reeditada e vendida da literatura galega.

**Sánchez Soto**, Marina, "A Xosé Neira Vilas", *La Región*, "Opinión", 29 novembro 2015, p. 30.

Dáse conta do pasamento de Xosé Neira Vilas. Indícase que era unha figura imprescindíbel para a cultura galega, tanto na súa faceta de escritor coma na máis persoal. Engádese que sempre contribuíu activamente a prol da literatura galega, dentro e fóra de Galiza.

**Sarille**, Xosé Manuel, "Batuxos e galeóns", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Pan e coitelo", 18 agosto 2015, p. 2.

Coméntase a obra de Ramón Cabanillas indicando que se trata dun dos máis elevados poetas do século XX. Indícase que as obras *Na noite estrelecida* (1926) e *Samos* (1958) conteñen versos fermosos e intensos. Tamén se fala de Luís Rey, polo seu recente pasamento, e coméntase a revista que el dirixía e na que se tratan temas unicamente da cultura marítima.

**Senén**, Felipe, "Unha navalla de tres estralos para Lois Diéguez", *La Opinión*, "Opinión", "O labirinto do alquimista", 6 setembro 2015, p. 24.

Fálase de Manuel María e indícase que sempre levaba unha navalla porque segundo explican era algo que lle gustaba. Coméntase que vén de aí o nome do galardón que a Agrupación Cultural Xermolos e a Irmandade Manuel María fan entrega para celebrar o memorial do poeta. Engádese que o autor do artigo ten a Navalla de Manuel María 2014. Coméntase que neste ano 2015 será Lois Diéguez quen a reciba, e con carácter póstumo Marcial González Vigo. Péchase o artigo ofrecendo unha biografía da vida e obra de Lois Diéguez.

_____, "A Nosa Terra', unha cabeceira con historia", *La Opinión*, "Opinión", "O labirinto do alquimista", 25 outubro 2015, p. 28.

Reflexiona sobre o sentido da cultura galega e expón o xornal *A Nosa Terra*, fundado polas Irmandades da Fala, como un exemplo do sentir e falar da nosa cultura. Repasa as etapas do periódico: cando era órgano de *Solidaridad Gallega*; cando funcionou de portavoz das Irmandades da Fala e logo do Partido Galeguista e, por último, a súa última etapa, xa como xornal ligado ao nacionalismo, até o seu peche en 2011.

_____, "Gres, unha aldea galega global", *La Opinión*, "Opinión", "O labirinto do alquimista", 6 decembro 2015, p. 29.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas, realízase un eloxio da súa vida e obra facendo énfase na calidade da súa creación literaria e do seu contributo á lingua e

cultura galegas. Engádense anécdotas persoais que mantivo co autor, como a viaxe ao cemiterio de Santo Amaro.

**Valcárcel**, Xulio, "Lugares onde volver: Laíño y Eusebio Lorenzo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 906, p. 28/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 906, p. 28, "páxina Literaria", 8 novembro 2015.

Saliéntase a figura do escritor e poeta Eusebio Lorenzo Baleirón. Indícase que é "un dos poetas máis interesantes e desgrazados das nosas letras". Engádese que o autor realizou tres poemarios e que compaxinou a súa carreira creativa coa investigación que dedicou a autores como Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Pimentel ou Álvaro Cunqueiro, entre outros.

_____, "Lugares onde volver: Cangas e María Soliña", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 909/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 909, "páxina Literaria", 29 novembro 2015, p. 28.

Realízase unha breve aproximación á figura de María Soliña, indicando o contexto histórico e xeográfico no cal viviu. Engádese que a fonte máis fiábel para coñecer a súa historia é "Memorial al Rei". Ábrese e péchase o texto con versos dun poema que Celso Emilio Ferreiro dedicou a esta muller.

_____, "Lugares onde volver: Betanzos e María Balteira", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*"/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 910/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 910, "páxina Literaria", 6 decembro 2015, p. 28.

Ofrécese unha aproximación biográfica sobre María Balteira e a súa relación con Betanzos. Indícase que María Balteira gozou de poder e influencia, indicando que era de orixe fidalga na súa época e que estaría aos servizos do Rei Sabio. Engádense uns versos do trobador Lorenzo Varela.

**Vázquez-Monxardín**, Afonso, "Ramón Piñeiro, cen anos", *La Región*, "Opinión", 30 maio 2015, p. 28.

Considera a Ramón Piñeiro como un dos galegos máis influentes do século XX e pasa a relatar quen era e o motivo polo que foi polémico. Apunta que coa constitución da editorial Galaxia se dedicou a "repescar" escritores como Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro, entre outros, e opina que na década dos anos 50 o centro da cultura galega xa estaba en Galicia, non na emigración.

_____, "Letras para Manuel María", *La Región*, "Opinión", 18 xullo 2015, p. 33.

Mostra a súa alegría pola escolla de Manuel María como homenaxeado nas Letras Galegas 2016 e pola elección de Xosé Filgueira Valverde no ano anterior. Propón que esta celebración se achegue tamén a figuras máis populares e, neste sentido, suxírese homenaxear ao cantautor Andrés do Barro.

_____, “Marchounos o galego máis grande”, *La Región*, “Opinión”, 28 novembro 2015, p. 28.

Co gallo do pasamento de Xosé Neira Vilas lévase a cabo un enaltecemento da súa figura, no eixo persoal e tamén na súa faceta como escritor. Axúntanse vivencias que pasaron xuntos.

_____, “Benito Fernández Alonso e a biblioteca da Deputación”, *La Región*, “Opinión”, 8 decembro 2015, p. 25.

Coméntase os fondos que ten ao seu dispor a biblioteca da Deputación, afirmando que agora se poderá contar cos fondos que pertencían a Benito Fernández Alonso. Achégase unha biografía deste autor e indícase que foi membro fundador da Real Academia Galega e que participou en moitas outras institucións.

**Veiga**, Abel, “Un rapaz de aldea”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Galería de palabras”, 3 decembro 2015, p. 4.

Infórmase do pasamento de Xosé Neira Vilas, enxálzase a súa figura e faise unha achega aos personaxes das súas obras, como Balbino, Miguel, o tío Braulio, a mestra Eladia etc. Engádese que Neira Vilas era a memoria de Galiza e que foi un agasallo para Galicia.

_____, “Neira Vilas, gigante de sencillez”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 decembro 2015, p. 45.

Con motivo do pasamento de Xosé Neira Vilas saliéntase a calidade da súa creación literaria e sobrancéase o seu contributo á lingua e cultura galegas. Engádese que o autor fixo un labor importante dentro e fóra de Galiza, primeiro en Bos Aires, despois na Habana.

**Veiga**, Marta, “Ramón Piñeiro, do labrego ilustrado ao gafapasta que soñou cun país nun braseiro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Letras e pensamento”, 31 maio 2015, pp. 44-45.

Refírese á vida do escritor de Láncara do que se cumpren cen anos do seu nacemento. Comenta algúns datos biográficos, vencellados á súa nenez, así como á súa actividade intelectual e á época máis controvertida da súa biografía. A este respecto, reprodúcense apreciacións que fan intelectuais como Henrique Monteagudo (quen prepara unha fotobiografía sobre Ramón Piñeiro), Aníbal Piñeiro, Ramón Villares e Grial Parga.

**Vietes**, Manuel F., “Crise no Centro Dramático Galego”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 549, “Teatro”, 2 xullo 2015, p. VIII.

Con motivo da dimisión de Manuel Guede como director do CDG (Centro Dramático Galego), fala da crise do sector teatral en Galicia e da necesidade de reflexionar sobre o seu futuro. Sinala como principais causas desta crise a falta de autonomía do CDG e a eliminación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

**Vilavedra**, Dolores, "Grazas pola rebeldía", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 novembro 2015, p. 39.

Realízase un eloxio á figura de Xosé Neira Vilas polo seu recente pasamento. Exprésase a admiración que sentía pola súa persoa e a súa obra, salientando a súa xenerosidade e a calidade literaria da súa produción.

**Villar Janeiro**, Helena, "150 cantares para Rosalía", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 20 marzo 2015, p. 3.

Reflexiona sobre a poesía como xénero minoritario na produción e no consumo. Opina en termos xerais sobre a tradición poética en Galicia, considerando que o número de poetas é elevado en proporción á cidadanía. A continuación, refírese á actividade da iniciativa *Poetas Di(n)versos,* que se pechou coa poeta Rati Saxena.

_____, "A poesía é global", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 12 xuño 2015, p. 3.

Reflexiona sobre o papel da poesía na sociedade e considera que é un xénero minoritario na produción e no consumo. Detense na iniciativa "Poetas Di(n)versos", coordinada por Yolanda Castaño, e salienta que xunta creadores galegos con outros foráneos.

_____, "Recuperar palabras", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 21 agosto 2015, p. 3.

Crítica da linguaxe empregada polos medios de comunicación en galego, que considera responsábeis e "transmisores de erros gramaticais". Indícase que os escritores e escritoras en lingua galega teñen que empregar un léxico rico e variado para evitar a súa desaparición, sobre todo aqueles que teñen o galego como lingua materna.

_____, "Lembranza de Neira e Chao", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 4 decembro 2015, p. 2.

Dáse conta do pasamento de Xosé Chao Rego e Xosé Neira Vilas. Realízase unha breve aproximación á figura de ambos intelectuais, na que salienta as súas achegas á cultura galega. Coméntase que os dous foron defensores da palabra e que tenderon importantes pontes para a cultura galega: Neira Vilas con América e Chao Rego cos estudos sobre Prisciliano. Por último, saliéntase que os dous desenvolveron un traballo pedagóxico importante coa xente nova.

**Villares**, Ramón, "Un escritor gallego desde América", *ABC*, "Galicia", 28 novembro 2015, p. 59.

Lévase a cabo un panexírico sobre Xosé Neira Vilas. Manifféstase a súa admiración e agarimo cara ao escritor e cara á súa obra. Ofrécense algúns datos biográficos e da súa produción, da que se salienta o carácter epistolar, xornalístico e memorialístico.

**Vórtice**, Alexander, "Inferno", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 14 outubro 2015, p. 24.

Fálase da publicación do novo poemario de Targus que leva por título *Inferno*, indicando que "nace da necesidade de resistir (...), de mandar nun mesmo e de evolucionar".

# *V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA*

## V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

**Baena**, A., "Carmen Domínguez. 'Sentín a necesidade de escribir sobre Galicia, quero que a xente coñeza o noso pasado", *Atlántico Diario*, "Vigo", 7 marzo 2015, p. 14.

Comenta a súa primeira novela que leva por título *A fin dun reino* (2014) e da que explica que se sitúa na Galicia da Idade Media, coa finalidade de que a xente coñeza esa parte do seu pasado, reivindicando así unha identidade propia galega.

**Blanco**, Isabel, "Rosalía Morlán. 'A poesía é para min ese amigo co que sempre podo contar", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 4 novembro 2015, p. 20.

A poeta Rosalía Morlán describe o comezo da súa relación coa poesía cando tiña dez anos e reflexiona sobre a poesía indicando que é un medio marabilloso para compartir os nosos sentimentos e para transmitir contidos e indica que está a traballar nun novo poemario centrado nas rúas de Santiago de Compostela.

_____, "Olegario Sotelo Blanco. 'A peor traxedia desta terra é que os intelectuais marchen", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 16 novembro 2015, p. 18.

O editor realiza un repaso á súa vida dende que saíu dunha pequena aldea ourensá até hoxe en día. Indica que como escritor se interesou polo rural, que o maior gozo persoal é dedicar o tempo á tarefa editorial e subliña que Manuel Rivas se estreou como poeta na súa editorial.

_____, "Manuel Cortés. 'A escritura ten que estar comprometida cos cidadáns", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 23 decembro 2015, p. 30.

Conversa co intérprete, escritor e tradutor Manuel Cortés, que forma parte de Chévere. Dá conta da xira realizada pola compañía por Sudamérica e destaca que Chévere foi recoñecida co Premio Nacional de Teatro en 2014. Comenta brevemente a representación de *Citizen* e anuncia a próxima estrea dunha nova peza en marzo de 2016.

**Bran**, V., "Armando Requeixo. 'A finalidade deste libro é facerlle accesible á xente de hoxe un gran poemario case esquecido", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 31 xaneiro 2015, p. 50.

Coméntase a nova edición de *Fala das musas* (2014), de Daniel Pernas Nieto, o primeiro poemario publicado en galego durante a Guerra Civil española, recuperado agora para dalo a coñecer ás novas xeracións. Destaca que se trata dunha edición

completa, cun estudo introdutorio e define a poesía deste escritor a través de tres vertentes: mística, de carácter costumista e de denuncia social.

**Carballo**, E., "Marta Dacosta. 'Vivimos no día de hoxe na comodidade de non profundizar, no conformismo", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 23 febreiro 2015, p. 8.

Anúnciase a presentación do seu novo poemario, *Dun lago escuro* (2014), na que intervirá a poeta Yolanda Castaño. Comenta que nesta obra a auga ten unha presenza importante polo feito de ela ter nacido nunha vila mariñeira, aínda que tamén aborda temas como o maltrato. Refírese brevemente tamén á súa autopoética, á tradición feminina ou á poesía galega actual.

_____, "Óscar López Paz. 'Busco transmitir a forma na que o conto se narraba antes no mundo rural galego", *La Opinión*, "A Coruña", 25 febreiro 2015, p. 11.

Conversa sobre a súa novela *Historias para contar arredor da lareira* (2014) a cal ten un estilo próximo á oralidade. Coméntase que algúns dos contos foron escoitados polo propio autor e outros de creación propia, mais todos están localizados durante o franquismo e no mundo rural, agás un conto, que é unha homenaxe ao Deportivo.

**Carballo**, Enrique, "Carlos Callón. 'Estou en contra da 'ditadura do ja ja ja, de pregoar a nosa felicidade no Facebook", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 3 marzo 2015, p. 10.

Entrevista que xira en torno á publicación do primeiro libro de poesía de Carlos Callón, *Atravesar o fantasma* (2014), do que explica que consta de trinta e cinco poemas que xiran en torno a dous grandes temas: a morte e a sexualidade.

_____, "María Lado. 'No recital facemos xogos para crear un poema colectivo coa xente e sacar tensión", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 6 abril 2015, p. 7.

Anúnciase a próxima actuación da poeta na Fundación Seoane, que será xunto con Santiago Auserón. Fálase das características que posúen os seus recitais, definidos como unha mestura entre "recital, concerto e contada, narración" e subliña que con esta fórmula procura fuxir dos clásicos recitais de poesía e achegar ao público unha proposta máis divertida, na que se interactúe.

_____, "Baldo Ramos. Interésame a posición marxinal, periférica, onde se superpón literatura e arte plástica", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 7 maio 2015, p. 10.

Con motivo da celebración do ciclo "A creación literaria e os seus autores", Baldo Ramos fala da súa participación e da súa traxectoria literaria. Comenta como foi introducindo a pintura, a cal considera unha extensión da literatura, pois foi explorando

as posibilidades gráficas da caligrafía, e que sitúa a poesía directamente vinculada coa plástica, ambas cun marcada carácter abstracto.

**Colmenero**, Xosé Lois, "Eduardo Atanes Álvarez. 'Comencé a escribir para superar la tristeza que me causó la muerte de mi padre", *La Región*, "Monterrei", 15 decembro 2015, p. 21.

Eduardo Atanes Álvarez comenta nesta breve conversa que comezou a escribir coa morte de seu pai, a raíz da que publicou *Poemas dunha alma, dunha vida e dun corazón* e mais *O sentir dos adentros* (2013) e afirma que agora está a traballar nunha novela en español ambientada na Galicia de 1978.

**Fernández**, Laura, "Xoán Carlos Domínguez. 'A linguaxe nunca é inocente e neste libro, sobre as vítimas da crise, menos", *La Región*, "Baixa Limia", 26 febreiro 2015, p. 24.

Anúnciase a presentación de *Rastros, con enrugas* (2014) definido polo autor como "unha ollada, unha visión poética, centrada nas vítimas da crise, do capitalismo". Na conversa dise que o libro conta coa colaboración de Baldo Ramos, encargado de realizar as ilustracións.

**García**, Rodri, "Andrés Pociña. 'Estamos con algo fermoso: 106 cartas entre Eduardo Moreiras e Vicente Aleixandre", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Entrevista", 16 xaneiro 2014, p. 12.

Entrevista ao catedrático de Filoloxía Latina na Universidade de Granada que xira arredor dos seus traballos de investigación vencellados con Galicia e das súas novelas publicadas en galego. Tamén comentan o seu último libro -unha biografía sobre Luz Pozo Garza-, e os seus proxectos máis recentes, -unha investigación que levan a cabo sobre o poeta galego Eduardo Moreiras.

_____, "Estevo Creus. 'Pouca xente pensa que a poesía pode facer rir, que é algo moi necesario", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Entrevista", 5 xullo 2015, p. 11.

Coméntase o novo espectáculo do autor, do que di que é un espectáculo que conxuga música e poesía. Sinala que hai uns versos base, mais que se transforman en función do lugar no que actúan e explica que eses versos non están publicados en ningún sitio, polo que se manteñen vivos desa maneira. Tamén se alude ao papel do "Batallón Literario", grupo ao que pertenceu o autor.

_____, "Alfonso Pexegueiro. 'Somos infancias mal habitadas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Entrevista", 16 outubro 2015, p. 13.

Alfonso Pexegueiro comenta que agora dedica máis tempo a reler obras anteriores, que sempre interrelacionou poesía e teatro, que a súa escrita actual volve ollar para a infancia e conclúe que o erro fundamental da cultura ao longo da historia é o de ter pactado co poder.

**García Márquez**, Marta, "Xesús Alonso Montero. 'Manuel María é un veciño da Coruña e iso reforzará o seu protagonismo", *Diario de Ferrol*, "Provincia", p. 16/ *El Ideal Gallego*, "A Coruña", p. 8, 12 xullo 2015.

Recóllese información sobre as Letras Galegas 2016 e sobre o aniversario das Irmandades da Fala. Indícase que a elección de Manuel María vai ter eficacia "como poeta dos nenos e por ter a condición de ser un dos máis musicados". Tamén se explica como a cidade da Coruña será un lugar central dentro da celebración, pois foi lugar de residencia de Manuel María e das Irmandades da Fala. Á parte diso, o presidente da RAG fala da situación da lingua galega e indica que se está "rompendo o fío xeracional".

**Giráldez**, José Miguel, "Xavier Queipo: entre 'Ulises' e Paul Auster", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 19 xullo 2015, p. 7.

Recóllense as declaracións do autor co gallo da aparición en galego da novela gráfica *Cidade de cristal* (2014) e comenta que o feito de traducir banda deseñada é moi complexo debido aos caracteres e ás indicacións externas do texto (anuncios, carteis). Por último, sinala que a tradución é un exercicio propicio para a formación de calquera escritor.

**Gómez**, Joel, "Isaac Lourido. 'A nosa historia literaria debe ter en contas as dúas linguas oficiais", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 18 agosto 2015, p. L2.

Despois de se referir ás dificultades existentes hoxe en día para investigar, céntrase nos volumes *História literaria e conflito cultural* (2014) e *Livros que nom lê ninguém* (2014), que tentan redefinir a historia da literatura galega.

**Gradín**, Tere, "Salvador Rodríguez. '*Liboreiro Blues* é un libro de sentimentos e de emocións", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 545, 4 xuño 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 500, 13 xuño 2015, p. 11, "Entrevista".

Conversa co escritor Salvador Rodríguez en relación coa publicación da súa última obra *Liboreiro Blues* (2014). Comenta que a obra xira arredor da infancia e que inclúe tradicións e personaxes do Morrazo. Describe algúns dos personaxes e sinala que o volume mestura relatos en galego e en castelán. Por último, destaca que esta obra se move na fronteira entre o xornalismo e a literatura" e a posibilidade de escribir unha segunda parte.

**Jaureguizar**, "Basilio Losada. 'Cataluña era ideal, pero calquera pelagatos chámame charnego", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 2 outubro 2015, p. 60.

Reflexión sobre a situación actual de Cataluña como parte do Estado español na que asegura que lle causa tristeza que despois de tantos anos vivindo en Cataluña haxa quen o chame "charnego". Detalla que de regresar agora a Galicia sería un novo desterro, posto que o galego case non se escoita e engade que vén de renunciar ao nomeamento como doutor *Honoris Causa* pola universidade de Knox.

**López**, Belén, "Antón Vidal Andión. 'Quizáis é o momento de aprender a decrecer", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 2 abril 2015, p. 8.

Conversa co novo presidente da Editorial Galaxia, que é asemade secretario de diversas fundacións (Fundación Isla Couto, Otero Pedrayo e Penzol), e tamén fundador da Universidade de Vigo. Comenta as novas apostas de Galaxia, que vén de abrir o selo "Mar Maior" na Arxentina e "Os soños do Gatipedro", destinado á literatura infantil escrita en galego e castelán. Ademais sinala a caída do mercado do libro e o problema sociolingüístico do idioma galego.

_____, "José Luís Peixoto. 'A escaseza de poesía é un problema do noso tempo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 18 abril 2015, p. 11.

Como un dos autores encargados de abrir en Pontevedra o festival colectivo "Pontepoética", convérsase con José Luís Peixoto, que se refire á estreita vinculación entre Galicia e Portugal. Tamén indica a falta de poesía na sociedade e a ausencia de festivais como "Pontepoética".

**Louzao**, Mar M., "É necesario manter unha distancia que permita facer a crítica con obxectividade", *El Progreso*, "Lugo", 6 abril 2015, p. 6.

María Xesús Nogueira fala da recente creación da Asociación Galega da Crítica, a cal xermolou da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Explica os motivos polos que se constituíu como unha entidade independente, entre eles o feito de reclamar a profesionalización da crítica, non só literaria, senón tamén de diferentes ámbitos, darlle visibilidade e conseguir espazos para ela.

**Medina**, Arturo, "Victoria Álvarez Acón. 'Mi nuevo disco pone música a los poemas de Xosé Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 xullo 2015, p. 40.

Entre outros asuntos lembra que actuou na cerimonia de nomeamento a Xosé Neira Vilas como doutor *honoris causa* pola Universidade da Habana e que a partir daquel acto xurdiu a idea de poñerlle música aos poemas do citado autor.

**Neira**, Nieves, "Xosé Manuel Pereiro. 'A poesía de Lois Pereiro está formada polo que leu e pola xente de Monforte", *El Progreso*, "*Festas patronais*", "Monforte de Lemos", 11 agosto 2015, pp. 42-43.

O irmán de Lois Pereiro, Xosé Manuel Pereiro, repasa nesta conversa os seu vencellos con Monforte de Lemos e con respecto a Lois Pereiro indica que tiña unha ideoloxía semellante á de Manuel Antonio, que fixo dobraxes para o galego de series como *Dallas* ou *Kung-Fu* e reflexiona sobre a pegada deste poeta na vila natal, onde a biblioteca municipal leva agora o seu nome.

**N. V.**, "Luís Maquieira. 'Dicía Cunqueiro que a literatura debe saber como o pan acabado de facer", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 19 febreiro 2015, p. 11.

Entre outras cuestións fálase da presentación de *Contos sen importancia* (2014), con debuxos de Manuel Ruibal e relatos que recrean o mundo rural.

**P. C**., "Alberto Ramos. 'Quixen plasmar as luces e as sombras do espectáculo no meu último libro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 29 xaneiro 2015, contracuberta.

Conversa co autor da novela *Máscaras rotas para Sebastian Nell* (2014), Alberto Ramos, quen explica a intención da obra e o percorrido histórico por Inglaterra.

**Pérez**, Cristina, "Paco Veiga. 'A lingua está claramente folclorizada e este é o paso previo á súa desaparición", *El Progreso*, "A Chaira", 5 xuño 2015, p. 18.

Con motivo de ser galardoado co Premio Terra de Melide 2015, creado para dinamizar o uso da lingua galega na comarca, Paco Veiga fai unha crítica á actual situación da lingua e á escaseza de apoio e indica que o papel das asociacións culturais na actualidade é un elemento dinamizador.

**Piñeiro**, A., "Anxo Lorenzo. 'O interesante é que Culturgal tamén se dirixa aos profesionais", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 5 decembro 2015, p. 5.

Conversa co Secretario Xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, realizada durante a súa asistencia á inauguración da Feira das Industrias Culturais de Galicia, onde enxalza a evolución da feira con cada nova edición e fala da importancia da participación de profesionais do ámbito. Tamén sinala a recente morte de tres persoas importantes da cultura, Xosé Neira Vilas, Xosé Chao Rego e Carlos Oroza, que serán lembrados na feira.

**Porto**, Héctor J., "Basilio Losada. 'A vida é moi fermosa, din que é moi curta, eu digo que é demasiado longa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 outubro 2015, p. 38.

Con motivo do ingreso de Basilio Losada como académico de honra da Real Academia Galega reflexiona sobre a Cataluña actual da que indica que cada vez se sente máis incómodo e tamén engade que os seus principais escritores galegos son Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro.

**Pousa Meréns**, Luís, "Xosé Neira Vilas. 'O galego non ten un problema cultural, seu problema é social", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 15 marzo 2015, pp. 2-3.

Fálase do actual aspecto demográfico de Galiza, incidindo no rural e na emigración (actual e pasada). Sinálase que emigración e rural son dúas palabras chave dentro da narrativa do entrevistado, así como o idioma. Destaca o actual problema social da lingua e considera que única solución é falala.

_____, "Francisco Pillado Maior. 'A vocación da miña vida era ser xornalista", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 21 xuño 2015, pp. 2-3.

O editor repasa lembranzas da súa nenez até a época adulta: director e fundador da Agrupación Teatral O Facho e tradutor de obras ao galego de escritores como Federico García Lorca, Moliére ou Beckett, entre outros. Tamén se sinala que Manuel Lourenzo é o referente do teatro contemporáneo en Galicia, modalidade que actualmente é deficitaria.

**Rivera**, Paco, "Darío Xohán Cabana. 'Gustaríame escribir algún poema máis e algún relato", *El Progreso*, "*Revista*", "Cena y copa con... Darío Xohán Cabana", 19 setembro 2015, pp.18-19.

Conversa co escritor de Cospeito na que repasa a súa vida, dende a infancia até o presente. Comenta algúns episodios biográficos, cita as primeiras lecturas e amosa a súa ledicia polo éxito de *Galván en Saor*. Por último reflexiona sobre o seu proceso creativo, a escolla como pregoeiro das Festas de San Froilán e as súas ideas políticas.

**Rodríguez**, Ángeles, "Xurxo Souto. 'Nunca se nos fala do mar", *O SIL*, "Cultura", xaneiro 2015, p. 51.

Conversa co autor de *Contos do mar de Irlanda* (2014), que xira arredor dos contidos deste volume e onde se fai fincapé nas conexións entre Irlanda e Galicia.

_____, "Roi Vidal. 'O teatro é a arte da acción", *O SIL*, "Cultura", xullo 2015, p. 53.

Fálase da súa obra *Operación Triunfo*, inspirada en Ubú Rei, de Alfred Jarry. Sinálase que a obra (de creación colectiva) xurdiu dun obradoiro de interpretación teatral e tamén explica que "quixen facer unha obra de teatro total, na que non só o texto fose

importante, senón tamén as imaxes". Recóllese a boa opinión do entrevistado sobre a situación do teatro galego actual.

_____, "Quico Cadaval. 'Contar en público abre as portas da memoria", *O SIL*, agosto 2015, p. 55.

Conversa na que Quico Cadaval adianta os seus novos proxectos con "Producións Excéntricas" con *Bobas&Galegas* ou *Jacques o fatalista*. Asemade indica que estará presente no Barco de Valdeorras cun espectáculo como narrador oral dentro do programa "De Perto".

**Rodríguez**, Salvador, "Amancio Prada. 'Sempre canto poemas cos que sinto unha identificación total", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 556, "Entrevista", 15 outubro 2015, p. V.

O compositor berciano Amancio Prada, co gallo do concerto que ofrecerá o 30 de outubro en Vigo, describe nesta conversa como coñeceu a Álvaro Cunqueiro en 1975, que o primeiro texto que arranxou para música foi "Como chove miudiño" de Rosalía de Castro e que a primeira vez que leu a Rosalía de Castro foi en Valladolid cando tiña 17 anos.

**Rodríguez**, Susana, "Melania Cruz. 'Por amor cambiei de vida e perseguín o meu soño, e non foi unha toleada", *El Progreso*, "Xente de aquí", "Moi persoal", 3 maio 2015, p. 16.

Conversa ao redor dos gustos persoais da actriz Melania Cruz por mor do seu triunfo no Centro Dramático Galego, na que tamén comenta a situación económica da cultura galega, considerándoa como deficitaria.

_____, "Jose Blázquez. 'Collín un tren por amor e, á volta, botáronme do traballo. Repetiríao", *El Progreso*, "*Xente de aquí*", "Moi persoal", 12 xullo 2015, p. 16.

Conversa con José Blázquez con motivo da publicación do poemario *Poemas de barra e silencios* (2015). Entre outras cousas, fálase da morriña que sente por Lugo, que inspirou a obra, e do título escollido.

_____, "Quique Alvarellos. 'Non dou ultimatos, pero lamentaría a falta de lealdade e o desamor", *El Progreso*, "Xente de aquí", "Moi persoal", 19 xullo 2015, p. 16.

Con tinturas de carácter persoal, fálase co escritor e dono de Alvarellos Editora, na que manifesta os seus gustos en diversos campos da vida cotiá, o papel da cultura e de propostas de actividades para o fomento da lectura.

_____, "Rubén Pérez. 'Non saio da casa sen a mochila, alí levo todo o preciso para subsistir", *El Progreso*, "*Xente de aquí*", "Moi persoal", 15 novembro 2015, p. 16.

Repasa a súa biografía, con referencias ao lugar senlleiro para o novo grupo de teatro Lucecús e a súa primeira obra *A órbita do lucecú*, que será presentada en breve na cidade de Lugo.

**Sánchez**, Monchi, "Roberto Pascual. 'A cultura paga os pratos rotos da crise", *Atlántico Diario*, "*La revista*", n.º 163, 1 febreiro 2015, p. 2.

Fala sobre o teatro en xeral e, en particular, sobre a Mostra de Teatro de Ribadavia, a cal dirixe, da xestión cultural en tempos de crise e dos criterios que segue para seleccionar os espectáculos.

**Torre**, Sonia, "Alfredo Conde. 'Ahora tengo muy poca esperanza en los tiempos que le tocan a la cultura", *La Región*, "Ourense", 11 febreiro 2015, p. 7.

Opina sobre o actual consumo de cultura, sobre a cal diagnostica o seu mal estado, comenta algunhas cuestións das súas obras, escritas en lingua galega e castelán por afirmación persoal.

_____, "Luís González Tosar. 'Agora a xente escribe con faltas, e non sabe artellar ben un discurso", *La Región*, "Ourense", 13 outubro 2015, p. 8/ *Diario Atlántico*, "Sociedad", "Entrevista", 8 novembro 2015, p. 54.

Luís González Tosar detalla nesta conversa como puxo en marcha hai oito anos a Ínsua dos Poetas e láiase de que nos actuais currículos escolares a lingua e literatura galegas deberían ser máis ca unha materia obrigatoria pero recalca que a poesía está moito peor que a lingua galega.

**Varela**, Lourdes, "Luís Menéndez. 'Nas viaxes profesionais non deixo espazo á improvisación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 526, 15 xaneiro 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 480, 24 xaneiro 2015, p. 11, "Entrevista".

Fálase de como xurdiu a obra *Galleira Passport* (2014), un libro de fotografías e historias que recolle o paso do autor por vinte e seis países que, dende un punto de vista cultural, manteñen identidades próximas a Galicia. Destaca do libro a importancia dedicada a África e ao xornalismo de viaxes.

_____, "Agustín Fernández Paz. 'A paixón por escribir non se me esgota; o que se esgota é o tempo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 528, "Entrevista", 29 xaneiro 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 482, "Entrevista", 7 febreiro 2015, p. 11.

Con motivo da concesión do Premio Fervenzas Literarias como mellor autor do 2014, destaca que a súa vocación de escritor vén da man da súa paixón pola lectura. Fai unha valoración da literatura galega producida nos séculos XX e XXI, da que destaca a ampliación de temas e a consolidación dun grupo de novas narradoras moi potente,

dende Rosa Aneiros a Berta Dávila, pasando por María Reimóndez, Rexina Vega, Ledicia Costas, Anxos Sumai, María Solar etc.

_____, "Armando Requeixo. 'Un crítico non debe deixarse levar por preferencias persoais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 530, 12 febreiro 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 484, 21 febreiro 2015, p. 11, "Entrevista".

Entrevista ao secretario do Centro Ramón Piñeiro, co gallo de ser elixido polos usuarios do portal Fervenzas Literarias como "mellor crítico literario do ano 2014". Abórdanse diversas temáticas como as novas xeracións de autores e a situación do campo editorial galego.

_____, "Afonso Ribas Fraga. 'O ensaio é un xénero fundamental para construír a cultura de Galiza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 535, "Entrevista" 19 marzo 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 489, "Entrevista", 28 marzo 2015, p. 11.

Conversa co coordinador de Laiovento Edicións ao cumprir os vinte e cinco anos de traxectoria. Sinala que ten a intención de aumentar lectores en Galicia, mais tamén de aumentar a cifra de publicacións en portugués e en español, así como a oferta de publicacións para os e-books. Comenta, no tocante á lusofonía, a posta en marcha dun novo proxecto editorial que busca coeditar libros xunto cunha editorial brasileira.

_____, "Luís Davila. 'Pódese facer broma de todo pero non de calquera maneira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 540, "Entrevista" 30 abril 2015, p. V

Ao redor da edición de *O Bichero* (2014) coméntase que é o volume quinto dunha colección de viñetas que ten un grande éxito de vendas e de crítica. Explica que *O Bichero* comezou sendo unha viñeta para a edición do Morrazo e que a través das súas viñetas se fai unha crítica e denuncia humorística dos acontecementos da sociedade galega.

_____, "Pedro Feijoo. 'Gustaríame ser unha peza máis da *Xeración da Esperanza*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 548, "Entrevista" 25 xuño 2015, p. V.

Despois de falar da recepción do premio "Arcebispo San Clemente" de novela en galego, céntrase na obra do autor *Os fillos do mar* e *Memoria da choiva* e coméntase que ambas as dúas teñen en común a intención de "entreter" e de "tirar luz sobre eses recunchos da nosa historia que non están claros".

_____, "Xardín Desordenado. 'Cando un poeta nos interesa, indagamos na súa obra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 550, "Entrevista" 9 xullo 2015, p. V.

Indícase que o grupo "Xardín desordenado" está especializado en musicar poesía galega e exponse como se formou o grupo, así como o porqué do seu nome, que "é unha expresión que utiliza Daniel Salgado no seu libro *Os poemas de cómo se rompe todo*. Ademais, indica que a súa nova presentación *Aprendendo a ladrar* é un CD que "reúne dezasete mulleres poetas, producido por Sul Producións".

_____, "2naFronteira. 'Todo poema pode ser musicado, pero hai que atoparlle o seu segredo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 558, "Entrevista" 29 outubro 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 513, "Entrevista", 7 novembro 2015, p. 11.

O dúo musical 2naFronteira comenta nesta entrevista que no seu novo disco *Son de Nós* puxeron música a poemas publicados na revista *Nós* grazas ao empeño da Asociación ProCentanario Nós e que nun principio só tiñan pensado publicar un disco en honra de Ourense e os seus poetas.

_____, "Luis González Tosar. 'En Bos Aires emerxe unha nova lingua: o gayego porteño", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 565, 17 decembro 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 520, 26 decembro 2015, p. 11, "Entrevista".

Conversa co poeta e presidente do PEN Club de Galicia, Luís González Tosar. Dá conta do seu traballo en Galicia como representante da Academia Arxentina das Letras. Salienta a contribución de Xosé Neira Vilas no eido da cultura da emigración e destaca o interese de autores arxentinos como Ernesto Sábato pola literatura galega.

**Varela**, María, "Pedro Feijoo. 'Non empezo unha novela ata saber como acaba", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 761, "Reportaje", 15 febreiro 2015, p. 4.

Fálase da relación do autor coa novela negra, xénero no cal escribe, e subliña que o autor apadriñou no 2014 o concurso literario do IES Torrente Ballester. Explica que é un bo momento para a novela negra na literatura e indica cales son os seus personaxes de referencia dentro deste xénero e tamén os ingredientes indispensábeis para a súa creación.

_____, "Pedro Feijoo. 'Hai milleiros de persoas dispostas a ler en galego", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 782, "Entrevista", 12 xullo 2015, pp. 4-5.

Dáse conta da recepción, por segunda vez, do premio San Clemente e tamén se informa de que o autor editará unha nova novela. Así mesmo, sinálase que no seu próximo proxecto realizará algo relacionado coa historia de Vigo, pois considera que é un tema pouco traballado.

**Vázquez**, M., "Versogramas' de videopoesía", *La Región*, "*Vida*", n.º 2.191, "En confianza", 14 xuño 2015, pp. 2-3.

Fálase de "Versogramas", un proxecto transmedia a través do cal procura explorar o panorama nacional e internacional da videopoesía e que se realizará por medio dun documental, unha webdoc, exposición e longametraxe.

**Veiga**, Marta, "Olga Novo. 'Sobre a vella sexuada cae o peso brutal do grotesco no cancioneiro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 21 outubro 2015, p. 61.

A poeta Olga Novo comenta que a literatura oral se insire dentro do pensamento patriarcal occidental misóxino, que non cre que a literatura oral sexa máis representativa cara ao sexo cá sociedade burguesa e mais que no relatorio "Na cona da vella non manda ninguén", que presentou en Lugo grazas á AELG, abordou os arquetipos sexistas na literatura oral.

**Vidal**, Nicolás, "Evaristo Calvo. 'Estamos pensando en pasar ao porno para tributar menos a Facenda", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 15 xaneiro 2015, p. 13.

Infórmase do espectáculo "Noites de retranca", o cal cumpre un lustro e sinala que nesta representación de humor hai monólogos, *sketches* con personaxes e tamén unha ambientación e escenografía.

_____, "Francisco X. Fernández Naval. 'O soño de Cortázar foi voltar a esta terra á que se sentiu tan unido", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 21 xaneiro 2015, p. 15.

Dáse conta da publicación do ensaio *O soño galego de Julio Cortázar*, no ano do centenario do autor de *Rayuela*. Sinala que este ensaio é unha prolongación do libro anteriormente publicado, *Respirar polo idioma,* mais incluíndo novas informacións, como a relación de Xosé Neira Vilas con Julio Cortázar no Bos Aires dos anos corenta. Tamén se inclúe a influencia de Cortázar nos creadores galegos.

_____, "Claudio Rodríguez Fer. 'A poesía auténtica é o bastión contra o mal e a inxustiza destes tempos", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 25 abril 2015, p. 17.

Dáse conta da participación do entrevistado na Semana da Poesía Salvaxe, realizado en Ferrol, e subliña que nestas xornadas se achegan os versos á xente, de forma oral, nas rúas e mercados. Por último dise que o autor considera que se vive un momento óptimo para a poesía.

**Vila**, Sara, "Celso Fernández Sanmartín. 'Os únicos lugares nos que aínda se fala son os bares, os velorios e as consultas dos médicos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 21 novembro 2015, p. 11.

O contador de historia Celso F. Sanmartín comenta que se sorprende da habilidade comunicativa e o dominio da linguaxe das persoas maiores e recalca que dende que existe a fala, contar algo é unha necesidade básica. Asemade reivindica a cultura da escoita e intervirá no Culturgal deste ano.

_____, "Tamara Andrés. 'Gústame volver á poesía porque é algo máis puntual, pero a prosa sempre está aí", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 28 decembro 2015, p. 7.

Entrevista a Tamara Andrés, con motivo da aparición do seu primeiro poemario, *Nenaespiraes*, editado grazas ao Premio de Poesía O Facho. Lémbrase a súa novela breve anterior, *Amentalista*, e repásanse algunhas das claves da súa escrita, como a

importancia do surrealismo, a concepción da muller, as figuras centrais da rapaza e da espiral. Coméntanse tamén as dificultades da entrada no sistema literario para os novos.

# *V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA*

## V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

**A. A.**, "Marcapáxinas e poemas en honor á poetisa en Silleda", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.191, 21 febreiro 2015, p. 6.

Sinálase que, no marco da celebración do Día de Rosalía, o concello de Silleda fará entrega de marcapáxinas con poemas da autora, para renderlle homenaxe e conmemorar a data do seu nacemento.

**A. B.**, "Un libro autoeditado vigués triunfa en América Latina", *Atlántico Diario*, "Vigo", 5 maio 2015, p. 13.

Coméntase o éxito en América Latina do libro escrito por Luz Beloso e Miguel Ángel Alonso Diz *A nena a quen non deixaban ser feliz* (2013).

_____, "Tres grandes pérdidas para la literatura", *Atlántico Diario*, "Vigo", 31 decembro 2015, p. 18.

Dá conta dos falecementos ao longo do ano de María do Carmo Kruckenberg, considerada unha das voces máis libres da poesía galega; o poeta Carlos Oroza, principal representante da xeración Beat; e o escritor Xosé Neira Vilas, autor da recoñecida obra *Memorias dun neno labrego*, todos eles figuras relevantes da literatura galega.

**Abelenda**, Ana, "Apiario. 'Editar é poder materializar os libros que soñas, que amas, que teñen que existir", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Reportaxe", 6 febreiro 2015, p. 11.

Recóllese a experiencia de Antía Otero e Dores Tembrás como creadoras do novo selo editorial Apiario. Afírmase que cunha concepción diferente da creación editorial, buscan facer libros, non publicar textos, e estabelecen unha relación especial cos autores cos que traballan. Infórmase que comezaron coa edición do libro de María Lado e Yanina Torres *Porque Cuqui non quere ir a lavadora* (2014) no ámbito infantil e co poemario *Celebración* (2014), de Gonzalo Hermo.

_____, "Enséñame tu cuaderno", *La Voz de Galicia*, "*De gente*", 28 novembro 2015, pp. 28-32.

Anuncia a gañadora do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil, Andrea Maceiras, coa obra *Europa Express*, e do gañador do premio nacional de literatura na modalidade de poesía xove, Gonzalo Hermo, coa obra *Celebración.* Tamén profunda na figura de

ambos escritores recollendo as súas propias opinións sobre o seu estilo de escritura e na elaboración de ambas as obras galardoadas.

**Abet**, Patricia, "El día que la universidad habló gallego", *ABC*, "Galicia", 4 marzo 2015, p. 67.

Fálase do acto conmemorativo que tivo lugar no Paraninfo da Universidade de Santiago en recordo da derradeira lección que Ramón Otero Pedrayo impartiu nese lugar e que fora a primeira vez que se escoitou falar galego na universidade despois da Guerra Civil.

**A. F.**, "Tomiño y Tui celebran el día del nacimiento de Rosalía", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana"; "Baixo Miño", 24 febreiro 2015, p. 14.

Recórdanse as actividades programadas para celebrar o Día de Rosalía en Tomiño e Tui, con regalos de pegatinas, lectura de poemas por escolares e un espectáculo musical a cargo do grupo Xardín Desordenado.

**Agulla**, A., "O Museo Torres acollerá mañá a presentación do libro 'Muller de papel", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 2 outubro 2015, p. 18.

Anúnciase a presentación do novo poemario de Rochi Nóvoa, *Muller de papel* (2015), no Museo Manuel Torres e da man da asociación Queremos Galego de Marín. Recórdanse títulos precedentes da autora e achégase un breve comentario sobre a súa poética.

_____, "Xardín Desordenado' presenta o seu novo CD esta tarde na Biblioteca", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 7 novembro 2015, p. 4.

Anúnciase a presentación no salón de actos da Biblioteca de Marín o segundo CD de Xardín Desordenado, titulado *Aprendendo a ladrar* e dedicado a dezasete poetas (Rosalía de Castro, Olga Novo, María do Carme Kruckenberg, Chus Pato, María Lado e Marta Dacosta, entre outras).

**AIS**, "Nuevo libro póstumo de Tomás A. Pereiras Gómez", *El Correo Gallego*, "Santiago", 22 febreiro 2015, p. 23.

Infórmase da presentación o 23 de febreiro no hostal dos Reis Católicos do libro póstumo de Tomás A. Pereiras Gómez titulado *Podo ser un ninguén para ningures indo* (2014).

**A. I. S.**, "Estreno del séptimo montaje del Grupo de Teatro Down Compostela", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 xuño 2015, p. 24.

Anúnciase a estrea, o 13 de xuño no Salón Teatro de Santiago, da adaptación ao teatro do western *Solo ante el peligro*. Indícase que nesta montaxe participan máis de vinte actores e actrices con discapacidade intelectual.

**A. L.**, "Vaiadous Teatro presenta esta noche en Chantada su espectáculo 'Vitamina-T'", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 20 xuño 2015, p. 13.

Indícase que a agrupación teatral presenta, na cafetaría Tropik, en Chantada, o seu espectáculo de carácter satírico e humorístico.

**Almodóvar**, María, "Tobío', una historia protagonizada por un emigrante gallego", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 outubro 2015, p. 42.

Indícase a publicación da novela *Tobío* (2015) editada por Geriatros e composta polas vivencias dun grupo de maiores de varias residencias galegas. Especifícase que o punto de partida da obra é a emigración.

**Álvarez**, Javier, "Vigo recordó ayer a Álvarez Blázquez en su centenario", *El Correo Gallego*, "Tendencias/Esquelas", 6 febreiro 2015, p. 44.

Coméntase a homenaxe en Vigo ao escritor Xosé María Álvarez Blázquez con motivo do centenario do seu nacemento. O fillo do homenaxeado recordou a traxectoria vital do seu pai e o seu vencello coa cidade de Vigo. Engade que os alumnos do IES Alexandre Bóveda interpretaron tres composicións a partir dos seus poemas.

**Álvarez**, Lara, "O Carlos Casares fotógrafo, nunha mostra en Ourense", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 marzo 2015, p. 41.

Dá conta da inauguración da exposición fotográfica de Carlos Casares no edificio cultural da Deputación de Ourense. Indica que no acto estiveron presentes o presidente da Deputación, o comisario da exposición Gustavo Adolfo Garrido e o irmán de Carlos Casares, Javier Casares.

**Álvarez**, Mario, "Nova 'ruta rosaliana' pola biblioteca de Sixto Seco", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 outubro 2015, p. 41.

Infórmase de que se inaugurou na Cidade da Cultura a exposición "Rosalía de Castro a biblioteca de Agustín Sixto Seco" coa que se afonda na vinculación do intelectual galeguista con Rosalía de Castro. Comenta que a presentación desta exposición contou cunha das fillas de Sixto Seco e congregou a numerosas persoas relacionadas co mundo da cultura.

_____, “Dous días de loito en Vila de Cruces polo seu ilustre veciño”, *El Correo Gallego*, 28 novembro 2015, p. 8.

Anuncia o decreto de dous días de loito no Concello de Vila de Cruces por mor do pasamento do escritor Xosé Neira Vilas. Tamén recolle o pesar e as declaracións de diversas autoridades do ámbito da política e de ambos os dous reitores das universidades de Coruña e Santiago de Compostela.

_____, “O CCG impulsa as Irmandades da Fala e a acción exterior”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 decembro 2015, p. 45.

Dá conta da celebración do Plenario do Consello da Cultura Galega onde se decidiu a realización de máis de cincuenta actividades que se concretan na organización dun congreso sobre as Irmandades da Fala, unha exposición que constrúe o relato histórico de Galicia en cen obxectos, a recuperación da figura de Manuel María e un seminario sobre fronteiras, soberanías e migracións.

_____, “Culturgal se propone generar país e indentidad gallega desde Pontevedra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 decembro 2015, p. 43.

Sinala o comezo da Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal) e comenta as sospeitas de que se poida trasladar o vindeiro ano a outra provincia que non sexa Pontevedra. Tamén enxalza o estabelecemento dun espazo na honra do falecido Xosé Neira Vilas onde se presentará o seu último libro e a actuación da cantante Uxía Senlle que interpretará parte do disco *Uxía canta a Manuel María.*

**Álvarez**, Miguel, “A RAG escolle a Manuel María para festexar as Letras Galegas de 2016”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 5 xullo 2015, p. 32.

Indica que o prolífico poeta Manuel María se impuxo a Xela Arias e a Ricardo Carvalho Calero como homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2016. Recóllense as palabras de Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo e Fina Casalderrey, entre outros, sobre a importancia da figura deste autor en diversos ámbitos da cultura e política galega.

**Álvarez**, N., “El circo poético llega a la ciudad”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 Costados*”, 13 xaneiro 2015, p. 6.

Fálase da presentación do Colectivo Perverso no Sherwood Café-Teatro de Vigo do seu espectáculo co que pretenden achegar a poesía ao público, conxugándoa coa música, o baile e o humor.

**Álvarez**, Natalia, “Marcos de la Fuente, poeta en Nueva York”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 Costados*”, 27 xaneiro 2015, p. 6.

Cóntase a experiencia do poeta e activista cultural vigués Marco de la Fuente en Nova York, onde participou nun recital de poesía en castelán dentro do Taller Hispanoamericano de Escritura e en dous *slams*, o do Bowery Poetry Club e o do Nuyorican Poets Cafe.

_____, "Teatro Estepario inaugura su nueva sala", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 24 marzo 2015, p. 5.

Infórmase da inauguración en Vigo da sala teatral da compañía Teatro Estepario, situada no antigo Teatro Arte Livre. Faise un repaso dalgunhas das montaxes desta compañía semiprofesional e das actividades escénicas e formativas que propoñen na súa nova sede.

**Álvarez**, Mario, "A Fundación Blanco Amor constitúe o seu padroado en Ourense", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 xaneiro 2015, p. 35.

Infórmase que na Deputación de Ourense tivo lugar a reunión constitutiva da Fundación Blanco Amor, na que se aprobaron os estatutos da fundación. Dise que os patróns da fundación son a Deputación Provincial de Ourense, a familia de Blanco Amor, a Xunta de Galicia, o Concello de Ourense, a Real Academia Galega, a editorial Galaxia e o Centro Pen de Galicia.

_____, "Suso de Toro ve na falta dun apoio social o hándicap da literatura galega", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 12 abril 2015, p. 40.

Dá conta de que dentro do ciclo celebrado no Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC), co título "Cara a onde? Observando a transformación cultural e social dende a literatura", o escritor Suso de Toro abordou a problemática de literatura escrita en galego nunha conferencia que titulou "Unha obra literaria pide lector, unha literatura pide Estado". Engade que o escritor criticou a falta de vontade da comunidade galega para soportar e dar apoio á súa lingua.

**A. M.**, "Viaxando polas terras de 'Nós", *La Región*, "Ourense", 15 novembro 2015, p. 16.

Dá conta da xuntanza de profesores de distintos puntos de Galicia para a realización dun percorrido por lugares en relación coa Xeración Nós, dende Trasalba até o museo de Risco, organizado polo centro de formación do profesorado de Santiago.

_____, "Méndez Ferrín. 'Favoreceunos moito na resistencia antifranquista", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 novembro 2015, p. 37.

Recóllense as verbas do ex presidente da academia, Xosé Luís Méndez Ferrín, sobre a figura de Xosé Neira Vilas, nas que se salienta que "nos favoreceu na resistencia antifranquista co envío de abundante documentación comunista dende Cuba, achegándonos moitos xornais, revistas e libros". Ademais, destácase que Ferrín sempre

foi un defensor da súa calidade literaria "cando se criticaba o socialrealismo da súa obra *Memorias dun neno labrego*".

_____, "Culturgal abre sus puertas con más de 120 actividades para todos los públicos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 decembro 2015, p. 56.

Dá conta do inicio da Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal), dirixido por Manuel Bragado, destinado a todos os públicos e que contará con máis de cento vinte actividades organizadas por oitenta entidades participantes. Tamén comenta a participación de diversos escritores e a realización dun evento en memoria do falecido Xosé Neira Vilas.

**Amo**, Eduardo del, "Guitiérrez Aragón y Xosé Neira Vilas, hoy en 'El sábado libro", *El Correo Gallego*, "Medios", 31 outubro 2015, p. 61.

Anúnciase que Xosé Neira Vilas será entrevistado en *El sábado libro*, programa de Radio Obradoiro presentado e dirixido por José Miguel Giráldez e no cal falará sobre a reedición de *Aqueles anos do Moncho* e de *Romería de historias*.

_____, "Especial Neira Vilas, en 'El sábado libro", *El Correo Gallego*, "Medios", 28 novembro 2015, p. 69.

Informa da emisión do programa cultural *El sábado libro* de Radio Obradoiro que tratará da figura do recentemente falecido escritor Xosé Neira Vilas. Indica que nel se lembrarán fragmentos da súa obra e se ofrecerá a redifusión da entrevista que realizara no mesmo programa un mes atrás.

**A. R.**, "Do 30 de xuño ao 2 de xullo", *O SIL*, "Economía", xuño 2015, p. 20.

Dáse conta da iniciativa levada a cabo polos estabelecementos do Barco Centro Comercial Aberto (CCA), baixo o título "Teatro nos escaparates", a cal volverá a repetirse do 30 de xuño ao 2 de xullo. Indícase que consiste nunha serie de pequenas representacións teatrais que se irán desenvolvendo polos comercios da vila. Sinálase que a interpretación está a cargo do grupo berciano "Bene Vivere Teatro", de Bembibre.

**Araújo**, Emma, "Teo, A Baña y Negreira, más unidos gracias a Pousa Antelo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Área Metropolitana", 21 agosto 2015, p. L7.

Dáse conta dos actos de homenaxe á figura de Avelino Pousa Antelo que tiveron lugar nos concellos de Teo, A Baña e Negreira, nos que se levou a cabo entrega do premio Caxato de Avelino á asociación Santa María de Arzua e unha homenaxe nos Verxeis, lugar onde Pousa Antelo residiu máis de vinte anos, a celebración dun xantar de confraternidade e, finalmente, un acto xunto ao monolito na súa memoria.

**Arias**, Cristina, "La huella del poeta olvidado", *El Progreso*, "A Chaira", 1 xuño 2015, p. 11.

Infórmase sobre o labor que Elsa Vega, sobriña do poeta chairego Francisco de Fientosa, está a desenvolver para a rehabilitación do seu nome e a súa memoria como poeta.

_____, "Letras con vida propia", *El Progreso*, "A Chaira", 19 xuño 2015, p. 27.

Dous institutos de ensino secundario presentaron dúas iniciativas literarias. Indícase que o alumando do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz estreou un roteiro literario por Guitiriz en homenaxe a Xosé María Díaz Castro. Por outra banda, recóllese que o alumando do IES Castro da Uz das Pontes inaugurou unha alameda literaria.

_____, "El escritor y periodista Ramón Chao entrará en el Paseo dos Soños de Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 9 agosto 2015, p. 15.

Coméntase que varias asociacións culturais van dedicarlle o décimo Hectómetro Literario a Ramón Chao, escritor e xornalista, nun acto previsto para finais do verán.

_____, "Trovador en los caminos", *El Progreso*, "A Chaira", 24 agosto 2015, p. 17.

Infórmase de que o actor Pepe Soto crea a compañía Fuso Negro Teatro coa finalidade de recuperar o Bululú en homenaxe aos comediantes itinerantes e á tradición oral. Recóllense algunhas declaracións deste actor nas que fala sobre este proxecto no que participan catro actores e dous técnicos.

_____, "Adeus á voz transgresora e galeguista de Xosé Chao rego", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", p. 61/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 59, 29 novembro 2015.

Comenta o pasamento do teólogo e escritor Xosé Chao Rego e fai un percorrido pola vida do autor dende que comezou os seus estudos de Filosofía en Salamanca e logo en Madrid até marchar a Roma, onde fixo Teoloxía e se consagrou como sacerdote, para finalmente regresar a Galicia, onde exerceu de párroco e profesor. Tamén destaca a súa voz transgresora e as innovacións educativas que levou a cabo nas súas aulas.

**A. S.**, "La RAG publica un artículo póstumo de Neira Vilas sobre 'Sempre en Galiza", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 1 decembro 2015, p. 39.

Anuncia a publicación na páxina web da Real Academia Galega (RAG) dun artigo póstumo do escritor Xosé Neira Vilas escrito para a sección "Tribuna" titulado "Un libro definidor" onde relata como coñeceu e distribuíu *Sempre en Galiza*, de Castelao. Tamén dá conta da celebración dunha homenaxe ao autor na biblioteca municipal Xosé Neira Vilas de Vigo, onde se levou a cabo a lectura de diversos fragmentos da súa obra.

**Baena**, Ana, "Cen anos do nacemento de Xosé M. Álvarez Blázquez", *Atlántico Diario*, "Vigo", 20 xaneiro 2015, p. 12.

Lembra a figura do intelectual e cronista Xosé María Álvarez Blázquez co gallo do seu centenario. Destaca algunhas das súas iniciativas na cidade viguesa, como as escavacións arqueolóxicas.

_____,"O Instituto de Estudios Vigueses destaca a Gómez Román", *Atlántico Diario*, "Vigo", 30 xaneiro 2015, p. 10.

Informa da presentación do número 19 da revista do Instituto de Estudios Vigueses *Glaucopis*, dedicado a Manuel Gómez Román, arquitecto e galeguista, do que no 2014 se cumpriu o cincuenta cabodano.

_____, "Emotivo recordo da Penzol e da mocidade a Álvarez Blázquez", *Atlántico Diario*, "Vigo", 6 febreiro 2015, p. 15.

Descríbese o acto de homenaxe que a Fundación Penzol lle rendeu a Xosé María Álvarez Blázquez con motivo dos cen anos do seu nacemento. Indícase que contou coa participación de estudantes de bacharelato do IES Alexandre Bóveda, que musicaron poemas de Álvarez Blázquez, e con tres fillos do homenaxeado.

_____, "Poesía con estética de cabaret aborda la crisis económica", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 febreiro 2015, p. 9.

Informa sobre o espectáculo "Poeticlub" que protagoniza Iria Pinheiro. Na función inclúense textos literarios de autores como Manoel Antonio ou Dani Salgado.

_____, "Un home do Renacemento no século XX", *Atlántico Diario*, "Vigo", 18 abril 2015, p. 9.

Dá conta da inauguración na Casa Galega da Cultura da mostra "Construtor dunha cidade de libros" dedicada a Xosé María Álvarez Blázquez.

_____, "El papel resiste en el Día del Libro", *Atlántico Diario*, "Vigo", 24 abril 2015, p. 12.

Repásanse as vendas nas librarías de Vigo con motivo do Día de Libro. No referido á literatura galega destácanse *Zapatillas rotas*, de Xabier Quiroga, e *Cabalos e lobos*, de Fran Lorenzo.

_____, "Os nenos vigueses tamén cantan e contan en galego", *Atlántico Diario*, "Vigo", 29 maio 2015, p. 6.

Dáse conta da celebración, no parque de Castrelos, da derradeira quedada literaria do curso, na que rapaces e rapazas vigueses de seis centros recitaron poesía de creación propia e allea. Indícase que recitaron rimas de Fran Alonso, Antonio Teijeiro ou Rosalía de Castro, entre outros.

_____, “Uxía Blanco: ‘Seguiré siendo actriz después de que me nombren concejala”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 xuño 2015, p. 12.

Infórmase da proxección no marco do festival “Primavera de Cine”, en Vigo, da curtametraxe *Querido Tomás*, baseada nun relato de Xosé Neira Vilas e protagonizada pola actriz Uxía Blanco.

_____, “La huella local de grandes literatos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 agosto 2015, pp. 6-7.

Dise que en Vigo residiron sete grandes escritores españois e que é posíbel coñecer a cidade a través dun percorrido polas casas nas que residiron Torrente Ballester, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Camilo José Cela.

_____, “A Galicia soñada polos Isla Couto”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 outubro 2015, p. 9.

Dáse conta da inauguración da exposición “Xaime Isla: Raíz e Utopía de Galicia” na Casa Galega da Cultura de Vigo polo centenario do seu nacemento e no cal participaron distintos axentes culturais e políticos.

_____, “Xosé Neira Vilas. ‘Teño gana de ver a escultura de Balbino na ‘miña biblioteca de Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 4 novembro 2015, p. 12.

Infórmase de que Neira Vilas cumpriu onte 87 anos e de que o escritor non quixo unha celebración fóra do cotián. Recóllense declaracións do propio Neira Vilas nas que di que lle doen as desigualdades sociais e que como escritor ten o deber de loitar coa palabra.

_____, “Leo Caldas regresará a las librerías a comienzos de año”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 17 novembro 2015, p. 8.

Anúnciase a publicación de *Cruces de Pedra*, terceira entrega da saga escrita por Domingo Villar, que relata as peripecias do investigador Leo Caldas. Recolle os comentarios realizados polo propio autor sobre a súa obra feitas durante unha visita á biblioteca viguesa Neira Vilas.

_____, “Vencello vigués do pai de Balbino”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 29 novembro 2015, p. 44.

Informa do falecemento do escritor Xosé Neira Vilas, autor de *Memorias dun neno labrego*, e destaca a estreita relación que mantiña coa biblioteca municipal en Vigo que leva o seu nome. Anuncia que se lle renderá unha homenaxe nesta biblioteca e tamén fala do pesar de distintos colectivos, partidos políticos, entidades culturais e cidadáns e das moitas mostras de cariño e pesar que deixaron na Fundación Xosé Neira Vilas.

**Balo**, Marta, "Nos mundos de Xosé Neira Vilas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 28 novembro 2015, pp. 62-63.

Rememora a entrevista realizada en 2013 ao recentemente falecido escritor Xosé Neira Vilas para o suplemento dominical do *Diario de Pontevedra*, facendo fincapé na vitalidade e axilidade mental do autor pese a idade e profundando no papel da emigración na consolidación persoal e profesional da súa figura. Tamén fala da emoción que sentiu pola creación da Fundación que leva o seu nome.

**Bartolomé Pérez**, Nicolás, "El gallego en León", *Diario de León*, "Revista", 15 decembro 2015, p. 17.

Faise un repaso á situación da lingua galega do Bierzo e recálcase que un dos primeiros libros publicados en galego foi *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), obra do berciano Antonio Fernández Morales e composto por dezaseis poemas costumistas redactados en galego. Asemade apunta que en galego tamén se publicou no Bierzo as obras *Refraneiro berciano*, de Santiago Castelao; *Contos e lendas do Bierzo* e mais *Estorias e contos do Bierzo e dos Ancares*, de Aquilino Poncelas Abella e recálcase que trobadores medievais bercianos tamén escribiron en galego-portugués.

**Bello**, Damián, "Unha placa en Xelmírez nº 15 vai lembrar o centenario de Piñeiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 maio 2015, p. 43.

Infórmase do acto de homenaxe que, con motivo do centenario do nacemento de Ramón Piñeiro, terá lugar fronte á casa onde viviu dende os anos 50 até a súa morte en 1990, na rúa Xelmirez, número 15. Lémbrase ademais o gran labor reorganizador do galeguismo que o homenaxeado levou a cabo.

**Bellver**, Mónica, G., "De Roma a Compostela", *O SIL*, "Cultura", febreiro 2015, p. 51.

Fálase da publicación do poemario *Ultramarinos* (2014), escrito polo profesor de literatura contemporánea Parco Paone e editado pola editorial Follas Novas, que se presentou na Rúa.

**Bernárdez**, Carlos L., "En tempos das Irmandades", *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 725, 14 xuño 2015, p. 10.

O xornalista reflexiona sobre o significado das Irmandades da Fala. Infórmase que no vindeiro ano se celebrará o centenario da creación da primeira na Coruña. Opina que foron clave para o desenvolvemento do nacionalismo, así como na procura da identidade galega. Explica que promoveron as artes como medio de mobilizar á cidadanía para crear unha conciencia nacional.

**Besteiro**, Nuno, "Seis poetas galegos e internacionais cítanse no ciclo 'Di(n)versos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 xaneiro 2015, p. 42.

Repaso polos diversos actos que terán lugar dentro da programación do segundo trimestre de "Poetas Di(n)versos", organizado polo Concello da Coruña. Enumera os poetas convidados: Paulino Vázquez, Samira Negrouche, Marta Dacosta, Ana Luisa Amaral, Luis González Tosar e Robert Pinsky.

**B. L.**, "Nueve autores, con un recital en seis idiomas, consagran el festival Pontepoética", *Diario de Pontevedra*, "Vivir", "Cultura", 19 abril 2015, p. 56.

Ofrécese información da quinta edición do festival. Sinálase a súa boa acollida no Teatro Principal e indícase que participaron autores chegados de diferentes puntos: o vasco Harkaitz Cano, a catalá Susanna Lliberós, o portugués José Luís Peixoto, e os galegos Manuel Álvarez Torneiro, Olalla Cociña, Lucía Novas e Isaac Xubin.

_____, "About Art reúne once caligramas 'fundamentais' de Uxío Novoneyra", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 14 maio 2015, p. 17.

Fálase da exposición inaugurada o trece de maio na galería About Art de Pontevedra dedicada a Uxío Novoneyra co título "Once caligramas fundamentais", realizada en colaboración coa Fundación Noveneyra e que poderá verse até o doce de xuño.

_____, "Pontevedra acollerá unha mostra sobre o poeta Manuel Rodríguez López", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 14 outubro 2015, p. 11.

Sinala que será posíbel visitar unha exposición dedicada ao poeta Manuel Rodríguez López na Biblioteca de Pontevedra.

**Blanco**, M. X. "Galicia salda a débeda con Manuel Antonio ao ver a luz toda a súa obra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 marzo 2015, p. 42.

Infórmase do acto da presentación de *Manuel Antonio. Obra completa. Epistolario* (2015). Dise que o editor, Xosé Luís Axeitos, explicou os motivos polos que os textos manuelantonianos estiveron sen ver a luz durante este tempo, e cal foi o traballo sobre o material. Coméntase ademais que foi posíbel grazas a que o legado do poeta pasou a formar parte dos fondos da Fundación Barrié en 2003, logo da morte de Domingo García-Sabell.

**Blanco**, Xabier R., "Tres horas co pai de Balbino", *Atlántico Diario*, p. 43/ *La Región*, p. 66, "Sociedad", 28 novembro 2015.

Dáse conta do pasamento do escritor Xosé Neira Vilas e lémbrase a multitude de proxectos que mantivo en activo, nos que traballou até o seu derradeiro alento. Tamén

recorda unha entrevista realizada ao autor na cal falara da súa faceta de escritor e de como lle influíron as súas vivencias persoais como emigrante para a realización das súas obras, entre as que destaca *Memorias dun neno labrego.*

**Botrán**, C., "A Casa da Matanza abre a súa planta baixa á era tecnolóxica", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.155, 15 xaneiro 2015, contracuberta.

Infórmase da sinatura do convenio polo que a Deputación da Coruña financiará gran parte do proxecto de modernización da Casa Museo da Matanza en Padrón e así contribuír a conservar a memoria de Rosalía de Castro.

_____, "A Casa de Rosalía estrea un espazo museístico renovado", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.222, 25 marzo 2015, p. 7.

Fálase da reapertura da planta baixa da Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón, cunha museografía adaptada aos novos tempos. Di que a Deputación da Coruña contribuíu cos gastos da obra e que do resto do investimento se fixo cargo a Fundación Rosalía.

_____, "Loanza ao espírito cultural dos emigrantes da Bandeira", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 31 outubro 2015, p. 38.

Indícase que unha homenaxe a Xosé Neira Vilas pechou os actos organizados pola Asociación Cultural Vista Alegre da Bandeira, que nomeou ao escritor de Gres socio de honra.

_____, "A Casa Rosalía estrea arquivo informatizado aberto a investigadores", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 31 decembro 2015, p. 31.

Anuncia que os fondos históricos da Fundación Rosalía pasaron a formar parte dun arquivo informatizado de xeito que a documentación está por primeira vez ordenada, catalogada e informatizada podendo ser consultada polos investigadores.

**Bóveda**, Lucía D., "Personajes que dejan huella", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 770, "Reportaje", 19 abril 2015, pp. 2-3.

Dá conta de que, con motivo do Día Internacional do Libro, diversos escritores galegos falan dos personaxes literarios que os marcaron: Domingo Villar e Long Silver, Lucía Aldao e Matilde, Susana Fortes e Ulises son algunhas das propostas.

_____, "A Esmorga' resucita polas rúas de Ourense", *Diario de Pontevedra*, "*Évenres*", "Fin de semana", pp. 2-3 /*El Progreso*, "*d_finde*", "d_escapada", pp. 42-43, 23 outubro 2015.

Preséntase un roteiro polos lugares polos que pasaron os protagonistas da novela *A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, durante o seu día de troula por Auria, vila

identificada con Ourense. Indica que este percorrido foi deseñado polo desaparecido Club Cultural Alexandre Bóveda en colaboración co Concello para poñer en alza a figura de Blanco Amor e unha das obras literarias máis coñecidas da nosa literatura.

**Bran**, V., "Armando Requeixo publica unha nova edición da obra 'Fala das Musas", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 31 xaneiro 2015, p. 50.

Fálase da presentación en Mondoñedo do poemario *Fala das Musas e outros poemas* (2014) de Pernas Nieto, editado por Armando Requeixo. Lémbrase que orixinalmente foi publicado en decembro de 1936, polo que é o único poemario en galego publicado durante a Guerra Civil.

**Bugallal**, Isabel, "El Quixote de Consuegra", *Faro de Vigo*, 15 decembro 2015, contracuberta.

Fala da aparición da primeira tradución ao galego do Quixote realizada por Leandro Carré Alvarellos en 1975 a petición do Concello de Consuegra, que ese mesmo ano quixo reunir todas as versións posíbeis da obra. Tamén comenta que esta tradución foi só de dous capítulos e que en 1990 apareceu a versión galega íntegra realizada por María Xosefa Senín, Xela Arias, Xosé Antón Palacios e Valentín Arias López.

**Burgoa**, Juan A., "Xaime Quintanilla Martínez", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 886, "gentes que hicieron Ferrol", 21 xuño 2015.

Realízase un breve percorrido biográfico sobre Xaime Quintanilla Martínez. Indícase que foi moi activo na vida ferrolá da primeira metade do século. Destácanse, entre outras facetas, o feito de exercer a medicina, ser xornalista, dramaturgo, editor, presidente do coro Toxos e Froles, alcalde e concelleiro.

_____, "Tomás Barros Pardo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 896, "gentes que hicieron Ferrol", 30 agosto 2015, p. 29.

Achega á biografía de Tomás Barro Pardo, pintor e escritor. Indícase que dende novo compatibilizou o seu traballo como profesor coa súa dedicación á literatura. Destácase como actividade cultural máis importante en Ferrol a fundación da revista de poesía e crítica literaria *Aturuxo*.

**B. Y.**, "Cambados y O Grove lloran a Luis Rei", *Diario de Arousa*, "Cambados", 11 agosto 2015, p. 12.

Infórmase do pasamento de Luís Rei, bibliotecario cambadés, estudoso de Cabanillas e un dos fundadores do Colectivo Ecoloxista do Salnés.

_____, “Versos de Cabanillas y la Negra Sombra despiden entre aplausos a Luis Rei”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 12 agosto 2015, p. 9.

Fala sobre a homenaxe a Luís Rei con motivo do seu pasamento realizada na Praza do Concello de Cambados. Informa tamén da intención do Concello do Grove de facerlle unha homenaxe e de que se presentará unha moción para dedicarlle unha rúa no seu concello natal.

**C. A.**, “Xermolos celebra la declaración del Camino Norte con la obra de Manuel María”, *El Progreso*, “A Chaira”, 8 xullo 2015, p. 20.

Informa da celebración dun acto por parte da Asociación Cultural Xermolos con motivo da declaración do Camiño Norte como Patrimonio de Humanidade. Ademais, salienta que no acto tamén se homenaxeará a Manuel María.

_____, “Nova Poesía Guitirica llenará de poemas las farolas de Guitiriz y Parga”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 decembro 2015, p. 18.

Dá conta da iniciativa do grupo Nova Poesía Guitirica que consiste en colgar poemas dos farois de Guitiriz e Parga. Salienta a influencia de Xosé María Díaz Castro na poesía do grupo.

**Calveiro**, P., “Neira Vilas recompila as obras ‘Lar’, ‘Nai’ e ‘Pan’ nun novo libro-cedé”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 febreiro 2015, p. 38.

Coméntase a presentación en Santiago da última publicación de Xosé Neira Vilas *Lar, Nai, Pan* (2014) en forma dun libro-cedé, que contou coa achega da actriz Uxía Blanco. Trátase dunha recompilación de traballos escritos na Habana e editados por separados nos anos setenta e oitenta.

_____, “A Artística y O Retrete de Dorian Gray cierran el curso en la Zona C”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 8 abril 2015, p. L6.

Anúnciase o peche de actividades do semestre na Zona C dentro do Bono de Teatro Galego e Portugués, que correrá a cargo da compañía viguesa A Artística coa triloxía, *Arquitectura da emoción, Illas Atlánticas* e *Verde a tempo completo*, na que se conxugan a danza contemporánea e o teatro; e da compañía compostelá O Retrete de Dorian Gray, que estreará a súa montaxe *In Memoriam*, da que os seus protagonistas sinalan que con esta proposta buscan romper prexuízos do público a respecto do teatro de monicreques para adultos.

_____, “Cándido Pazos participa como representante gallego en una edición especial en 74 lenguas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 abril 2015, p. 38.

Coméntase a participación do artista compostelán nunha edición multilingüe de *El Quijote* impulsada polo Concello de El Toboso para conmemorar o cuarto centenario da publicación da segunda parte da novela.

_____, "La Feira do Libro abre nuevo capítulo con buenas perspectivas de ventas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 2 maio 2015, p. L2.

Infórmase da apertura da Feira de Libro en Santiago e do bo nivel de vendas durante o primeiro día, segundo o vicepresidente da Federación de Libreiros de Galicia, Antón Pedreira.

_____, "Una compañía teatral se fragua en Ordes y consigue su primer lleno en su debut escénico", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 17 maio 2015, p. L13.

Infórmase da primeira posta en escena da compañía de teatro afeccionado A Catorce, coa peza *A cantante calva*. Dá conta das profesións dos actores, do traballo colaborativo que precisou e explícase a motivación do nome do grupo.

_____, "Atlántica', un homenaje a los poetas del Rexurdimento", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 21 outubro 2015, p. L6

Dise que a compañía de danza BalletNorte, no seu espectáculo *Atlántica*, homenaxea os poetas do Rexurdimento pola súa contribución á cultura galega e comenta brevemente a montaxe e a interpretación.

**Campo**, Isabel B., "La nueva ubicación de la Feira do Libro resulta 'prometedora", *Atlántico Diario*, "Vigo", 4 xullo 2015, p. 14.

Anuncia que a Feira do Libro de Vigo estrea nova localización na rúa Progreso e comenta algunhas das actividades do programa. Destaca que está enmarcada no conxunto de Feiras do Libro de Galicia, que este ano ten como lema "A historia en letras", como unha homenaxe ao escritor Xosé Filgueira Valverde.

**Caneiro**, Xosé Carlos, "Vocación", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Club dandi", 13 marzo 2015, p. 4.

Entre outras novas, comenta a aparición da triloxía *Lar. Nai. Pan* (20149, de Xosé Neira Vilas, condensada nun só libro e acompañada dun CD. Salienta que é "unha pequena xoia" e indica que inclúe breves apuntamentos, notas, impresións líricas e emocións.

_____, "Distinción", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", "Club dandi", 4 decembro 2015, p. 13.

Entre outras cuestións, sinala que o libro *Crónicas dun tempo escondido. Pontevedra 1930-1960* (2014) é un "texto escrito con delicadeza e oficio". Indica que posúe unha prosa alta, "rotundamente literaria".

**Cano**, Rosa, "Neira Vilas, Castelao y un coloquio del sector escénico centran Culturgal", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura.Ocio", 6 decembro 2015, p. 38.

Fala da programación realizada no segundo día da Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal) enxalzando a homenaxe realizada ao recentemente falecido escritor Xosé Neira Vilas. Tamén dá conta doutras actividades que se realizaron, como a presentación do primeiro disco de Christian Silva, *Ego*, ou o debate mantido por oitenta profesionais das artes escénicas.

**Carballo**, Enrique, "Ângelo Brea. 'Unha neolingua que devora ás demais serve de metáfora da situación do galego", *La Opinión*, "A Coruña", 18 marzo 2015, p. 11.

Anúnciase a presentación na libraría Suévia da obra de relatos de ficción científica *Lembranças da Terra & outras histórias de um futuro possível* (2014), do escritor Ângelo Brea, quen fala da súa inspiración, dos seus temas e da situación desta modalidade narrativa en lingua galega.

_____, "A casa museo de Rosalía que nunca puido chegar a ser", *La Opinión*, "A Coruña", 10 xullo 2015, p. 8.

Explica que a primeira vivenda de Rosalía de Castro e Manuel Murguía na cidade da Coruña permanece desocupada despois de fracasar un proxecto da Real Academia Galega para aproveitala como arquivo e biblioteca.

_____, "Obradoiros, presentacións e sinaturas na feira do libro", *La Opinión*, "A Coruña", 7 agosto 2015, p. 6.

Infórmase das actividades que terán lugar nas casetas da feira do libro de Méndez Núñez.

**Casal**, J, "Teatro en clave solidaria", *Diario de Pontevedra*, "Sanxenxo", "O Salnés", 24 novembro 2015, p. 19.

Dáse conta da participación da Escola de Teatro da Asociación Teatro do Mar na gala contra a violencia machista. Indícase que Clara Redondo Ameijeiras é a nova presidenta, e explícase que apostan por manter as representacións tradicionais, así como promover novas iniciativas. Faise referencia á presentación da obra *Cos pés por diante*, a cal "busca concienciar 'sobre o grave problema social que estamos a padecer no que ás agresións de violencia de xénero se refire".

**Casanova**, Jorge, "Tobío, el niño que nació de la memoria común", *La Voz de Galicia*, "*ExtraVoz*", "Reportaje", n.º 247, 4 outubro 2015, pp.10-11.

Anúnciase a publicación dunha obra colectiva, *Tobío* (2015), que dá nome ao protagonista da novela, un neno fillo dunha nai solteira en Ribadumia. Explícase que os autores son un grupo de maiores da residencia de Ribadumia e que os acontecementos que se narran foron vividos por este grupo de persoas.

**C. B.**, "Unha sala na Matanza para albergar fondos rosalianos", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.195, 25 febreiro 2015, p. 7.

Informa sobre o convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e a Fundación Rosalía de Castro, polo que se facilitará unha sala para acubillar o arquivo da escritora.

_____, "Nova homenaxe da cultura mariñeira a Rosalía na remontada do Ulla e do Sar", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.320, 2 xullo 2015, p. 3.

Anuncia que as dornas homenaxearán a Rosalía de Castro coa nova edición cultural de "Que inchadiña vela branca", iniciativa da Fundación Rosalía de Castro e da Asociación Cultural Dorna da Arousa. Sinala que, ademais da viaxe en dorna, tamén se fará unha ofrenda á estatua da autora en Padrón.

_____, "Amplio programa para abrir la Casa das Letras", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.206, 8 marzo 2015, p. 6.

Dáse conta da apertura da Casa das Letras e dalgúns dos actos que se van realizar.

_____, "A Feira do Libro de Brión cumpre vintecinco anos", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.274, 17 maio 2015, p. 4.

Fala do inicio desta feira e destaca a lectura de textos teatrais de Roberto Vidal Bolaño.

_____, "O colexio de O Foxo dedica esta semana a Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 decembro 2015, p. 35.

Informa da decisión do claustro extraordinario e a comunidade educativa do CEIP O Foxo de dedicarlle unha semana á figura do recentemente falecido escritor Xosé Neira Vilas, quen dá nome á biblioteca do centro que el mesmo inaugurara. Tamén salienta a decisión do centro de fixar de xeito anual o día do pasamento do escritor como o "Día de Neira Vilas" por mor da relación estreita que mantiña co centro.

**C. F.**, "Presentación do poemario 'Atravesar o fantasma', de Carlos Callón", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", "Moaña", 20 febreiro 2015, p. 18.

Anuncia a presentación desta obra de Carlos Callón, *Atravesar o fantasma* (2014), no Museo Massó, nun acto organizado pola asociación Club Golfiños.

_____, "Queremos Galego presenta o poemario 'Transfusión oceánica", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 17 abril 2015, p. 16.

Informa que a Asociación Queremos Galego organiza a presentación o 17 de abril na biblioteca de Marín do poemario *Transfusión Oceánica* (2014), do ceense Xosé Iglesias.

**C. G.**, "Terras se suma a los homenajes del Día de Rosalía con diversas iniciativas culturales", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.193, 23 febreiro 2015, p. 7.

Faise unha relación das actividades que, con motivo do Día de Rosalía, terán lugar en varios concellos de Terras como A Estrada, Ames, O Son e Teo.

**Chao**, Alba, "Ourense, Atenas de Galicia' reclama para a cidade a capitalidade literaria", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 21/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 862, p. 29/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 862, p. 29, "La Entrevista", 4 xaneiro 2015.

Infórmase da publicación dun libro do xornalista e escritor Xosé Manuel del Caño titulado *Ourense, Atenas de Galicia* (2014). Trátase dunha recompilación de entrevistas realizadas a persoas ilustres do mundo da cultura nas que se reivindica o papel de Ourense como capital literaria e artística de Galicia.

**Chiavegatto**, Marina, "Os cubatas e os sonetos fan un bo cuarteto", *La Voz de Galicia*, "*Ya Es Sábado*", "de gente", 11 abril 2015, pp. 36-37.

Coméntase o labor de Lucía Aldao e María Lado que, a través do seu proxecto Aldaolado, combinan as súas facetas de poetas, recitadoras profesionais, músicas, cantantes, actrices e humoristas.

**Costas**, L., "El teatro femenino de Mos pide ayuda para continuar desarrollando su actividad", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana", "Louriña", 20 agosto 2015, p. 15.

Infórmase da solicitude de financiamento que presentou o grupo de teatro Mulleres na Igualdade á Xunta para poder continuar desenvolvendo a súa actividade teatral. Engádese que se realizou a presentación da súa última obra, *As Ghaliñas de Mos*, escrita e guionizada polas propias compoñentes do grupo.

**C. P. R.**, "O IES de Guitiriz perpetúa cun libro e un roteiro no Vilariño a Díaz Castro", *El Progreso*, "A Chaira", 20 marzo 2015, p. 23.

Dáse conta da presentación do resultado dos proxectos que, en homenaxe ao poeta Xosé María Díaz Castro, se levaron a cabo no instituto de Guitiriz que leva o seu nome. Comenta que se testou o roteiro *A aldea do neno Pepe* para dar a coñecer o rural no que

Díaz Castro naceu e que se presentou o libro de fotografías *Brinca o río*, que combina imaxes feitas polos participantes no obradoiro de fotografía do centro con versos de Díaz Castro.

_____, "El escritor y periodista Ramón Chao entrará el 28 en el Paseo dos Soños", *El Progreso*, "A Chaira", 19 agosto 2015, p. 11.

Coméntase que o xornalista e escritor Ramón Chao inaugurará o décimo monolito do Paseo dos Soños de Vilalba e que será homenaxeado nun acto organizado por varias asociacións culturais.

_____,"Ano X: Ramón Chao e o piano Prisciliano", *El Progreso*, "A Chaira", 29 agosto 2015, p. 12.

Coméntase a homenaxe que recibiu Ramón Chao na súa terra natal, Vilalba, onde entrou a formar parte do Paseo dos Soños ao ser titular do décimo Hectómetro Literario.

_____,"La Xunta oficializa el nuevo nombre del colegio de Meira, Poeta Avelino Díaz", *El Progreso*, "A Chaira", 7 novembro 2015, p. 24.

Sinálase que a Consellaría de Cultura e Educación fixo oficial o cambio de nome do CEIP de Meira, que pasa a se chamar CEIP Poeta Avelino Díaz. Tamén se informa de que a asociación Avelino Díaz xa ten case ultimado un documental sobre a vida e obra do poeta.

_____,"Xermolos programa un ano de actividades para honrar a Manuel María", *El Progreso*, "A Chaira", 6 decembro 2015, p. 18.

Sinala a elaboración dun completo programa anual de actividades promovido pola asociación cultural Xermolos e a Irmandade Manuel María para lembrar o escritor Manuel María, recoñecido co Día das Letras Galegas no 2016, entre as que destaca a reedición da publicación *Manuel María da Terra Cha* e a iniciativa para levar a obra do autor a todas as parroquias galegas.

_____,"De volta ás raíces rurais", *El Progreso*, "A Chaira", 11 decembro 2015, p. 20.

Dá conta da realización do roteiro "Un neno de aldea" no Vilariño dos Vilares, o lugar de nacemento de Xosé María Díaz Castro, en cuxas actividades participaron veciños de Guitiriz guiados por un grupo de dezaoito alumnos de terceiro da ESO do instituto da localidade luguesa. Tamén recolle os comentarios de varios dos veciños que catalogan positivamente a experiencia.

**C. R.**, "Xurxo Souto afirma que 'música e poesía son o mesmo", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 26 marzo 2015, p. 5.

Fálase do relatorio que Xurxo Souto, fundador dos Diplomáticos de Monte Alto, presentou na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra con motivo da conmemoración do Día Internacional da Poesía.

_____, "Noia: 'Cunqueiro foi o primeiro poeta galego da modernidade", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 17 setembro 2015, p. 3.

Fálase sobre a obra *Álvaro Cunqueiro. Trinta poemas. Selección, introdución e comentarios* (2014), de Camiño Noia. Sinálase que é unha escolma crítica da poesía de madurez de Cunqueiro na que a autora fai un percorrido pola historia editorial da derradeira poesía do escritor mindoniense.

_____, "Carlos Casares en plano secuencia, na presentación de 'Vento Ferido", *La Región*, "*Universitas*", 24 setembro 2015, p. 5.

Infórmase de que un grupo de estudantes de Ciencias da Comunicación rodou unha miniserie de tres capítulos baseada en *Vento ferido*, de Carlos Casares, no marco dun taller en Celanova.

_____, "Dez anos como espazo de encontro entre literatura e sociedade", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 8 outubro 2015, p. 4.

Dá conta de que hai unha semana foi inaugurada a décima edición do Ciclo de Escritores/as na Universidade, que nesta ocasión se titula "Afinidades electivas?" e no que os autores non deberán falar da súa propia obra senón debater cos estudantes e docentes sobre o panorama actual da literatura galega.

_____, "O Memorial Filgueira Valverde viaxa á Pontevedra de Castelao", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 26 novembro 2015, p. 6.

Indica que se dedicarán unhas xornadas, dentro do Memorial Filgueira Valverde, a Castelao durante o tempo en que residiu en Pontevedra e que participarán, entre outros, Juan Manuel Corbacho e Antonio Garrido.

_____, "Unidos por 25 anos de compromiso coa cultura", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 10 decembro 2015, p. 7.

Anuncia a celebración dunha nova edición dos Encontros Literarios que contará coa presenza de Anxo Angueira, Gonzalo Navaza, Xabier Xil, Darío Xohán Cabana e Ledicia Costas.

**Crespo**, Carlos, "Escena con ilusionante horizonte sobre fondo negro", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", 25 setembro 2015, pp. 2-3.

Fálase sobre o estado actual da escena profesional galega, entendida nunha acepción ampla, e os problemas aos que teñen que facer fronte. Recóllense as opinións de

profesionais deste ámbito como Vicente Mohedano, Xiana Vilas, Cándido Pazó, Belén Pichel, Tito Asorey, Xesús Ron e Roberto Pascual.

**Crisanto**, S., "Más de 11.000 firmas reclaman a la Xunta el reconocimiento de la obra de Castelao en Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 22 xullo 2015, p. 40.

Dise que a Federación de Asociacións Culturais Galiza Cultura entregou no Parlamento de Galicia máis de once mil sinaturas para que se debata a Iniciativa Lexislativa Popular sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación da obra de Castelao.

**Cruz**, Raquel F., "Una fachada, decorada con los grandes de las letras gallegas", *La Región*, "Valdeorras", 4 agosto 2015, p. 30.

Coméntase que o artista Anxo Baranga está decorando a fachada da súa casa en Córgomo con retratos de grandes autores da literatura galega, como Rosalía de Castro, ou de xente da vila que contribuíra á cultural local. Recóllense declaracións do artista nas que afirma que esta fachada é o resultado dun acto de rebeldía para queixarse da cancelación das Xornadas Teatrais de Córgomo, por falta de medios, das que el era responsábel.

**D. A.**, "Teatro y una guía de lectura y música arriban al Auditorio este fin de semana", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 9 decembro 2015, p. 18.

Entre outras actividades, anuncia a posta en escena no Auditorio de Rianxo de *Ismael e a Balea Branca*, da Escola de Teatro de Narón.

**De Santos**, Ágatha, "Teatro Estepario abre su propia sala, que alternará espectáculos y formación", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 1 marzo 2015, p. 48.

Infórmase da inauguración o día 6 de marzo da sala do grupo Teatro Estepario, localizada no local do antigo Teatro Livre en Vigo. Engádese que o director do grupo, Ravider Mohan, fala do seu proxecto no que intentan achegar o teatro e a cultura á xente.

**Dopico**, Montse, "A modernidade de Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 525, "Reportaxe", 8 xaneiro 2015, p. VII.

Expónse o punto de vista da catedrática Camiño Noia, recollido no seu libro *Álvaro Cunqueiro. Trinta poemas* (2014), sobre a renovación que Cunqueiro fixo na poesía galega. Ademais sublíñase que o profesor Manuel Forcadela recalca incluso a posmodernidade da poesía de Cunqueiro.

_____, “Letras de alén mar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 526, “Reportaxe”, 15 xaneiro 2015, p. VII.

Faise unha breve exposición da revista *Céltiga* con motivo da dixitalización que o Consello da Cultura Galega (CCG) vén de facer dos cento oitenta e dous números da publicación. Dise que se considera que foi o punto de encontro da intelectualidade galega residente na Arxentina entre 1924 e 1932 e unha plataforma aberta ao galeguismo no sentido máis amplo.

_____, “Retratos de vida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 527, “Reportaxe”, 22 xaneiro 2015, p. VII.

Fálase da publicación do libro *Ramón Otero Pedrayo. Unha fotobiografía 1888-1976* (2014) redactado por Patricia Arias e Alfonso Monxardín, a partir de fondos da editorial Galaxia, a Fundación Otero Pedrayo e a Real Academia Galega, entre outras institucións. Faise unha reflexión sobre as posibilidades que o xénero biográfico ofrece no contexto da cultura galega.

_____, “Cartas de vida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 529, “Reportaxe”, 5 febreiro 2015, p. VII.

Analiza a importancia e o significado dos epistolarios de grandes figuras literarias galegas baixo o pretexto da publicación da correspondencia de Xosé María Díaz Castro que vén de publicar a editorial Galaxia.

_____, “O xogo metaliterario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 530, “Reportaxe”, 12 febreiro 2015, p. VII.

Faise un breve repaso de obras literarias en lingua galega, como *A boneca de Blanco Amor*, de María Xosé Queizán, ou *Náufragos en terra* de Xosé Manuel Martínez Oca, polo seu carácter metaliterario e de diálogo con obras literarias anteriores.

_____, “O camiño aberto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 533, “Reportaxe”, 5 marzo 2015, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 486, “Literatura”, 7 marzo 2015, p. 9.

Recóllese a opinión de diversas investigadoras sobre a figura de Rosalía de Castro e a súa posición como escritora feminista. Indica que escritoras e ensaístas como Chus Nogueira, María Reimóndez, Pilar García Negro, Helena González e Carmen Blanco analizan a súa obra dende esta perspectiva feminista.

_____, “O ronsel de Cunqueiro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 534, “Reportaxe”, 12 marzo 2015, p. VII.

Reprodúcese o fío da reflexión sobre a figura de Álvaro Cunqueiro de Xosé María Álvarez Cáccamo, que fala da súa influencia nos poetas de comezos dos anos oitenta, e tamén doutros expertos como Xosé Miranda, María Dolores Villanueva, Xosé Fortes e Olivia Rodríguez, que falan da evolución política e literaria de Cunqueiro a partir do comezo da Guerra Civil.

_____, “Cantar e xogar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 536, “Reportaxe”, 26 marzo 2015, p. VII.

Coméntase a boa acollida que tivo entre os cativos os proxectos de cantaxogos en galego. Di que entre estes proxectos se pode atopar As Maimiñas co seu libro+CD *Unha viaxe polo mundo*, Paco Nogueiras co libro+CD+DVD *Brinca Vai!*, Pablo Díaz con *Xente miúda moita fartura* e Magín Blanco con *Gatuxo*.

_____, “Respirar polo idioma”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 538, “Reportaxe”, 16 abril 2015, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 497, 23 maio 2015, p. 10.

Examínase a relación de Julio Cortázar e Galicia a raíz do premio da Asociación Galega de Editores recibido polo ensaio de Francisco Fernández Naval co título *O soño galego de Julio Cortázar* (2014). Di que Fernández Naval fala das amizades galegas de Cortázar a través de figuras como Xosé Neira Vilas ou Luís Seoane e das imaxes que transmite dos galegos nas súas obras.

_____, “A pexa patriarcal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 550, “Reportaxe”, 9 xullo 2015, p. VII.

Reflexiónase sobre a discriminación da muller por parte da crítica literaria galega a partir dun texto de Xosé Manuel Eyré. Recolle as palabras de Marilar Aleixandre, Xohana Torres e Dolores Vilavedra, entre outras.

_____, “Refundar a realidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 551, “Reportaxe”, 10 setembro 2015, p. VII.

Fálase sobre a escrita performativa, representada na literatura galega por autoras como Xiana Arias, Paula Carballeira, Andrea Nunes e María Rosendo.

**E. Á.**, “La Feira do Libro aspira a superar los 25.000 asistentes”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 28 abril 2015, p. L6.

Anúnciase a celebración da Feira do Libro en Santiago a partir do 1 de maio e que o programa de actividades se presentou onte coa presenza do alcalde Agustín Hernández, o presidente da Federación de Libreiros de Santiago, Antón Pedreira, e o secretario xeral de cultura, Anxo Lorenzo.

**ECG**, “A vida e obra de Rosalía lembrase hoxe en múltiples concellos de Terras”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.194, 24 febreiro 2015, p. 7.

Faise unha relación de actividades que terán lugar en homenaxe a Rosalía de Castro en varios concellos de Terras como Silleda, Lalín, Teo, Rois e Porto do Son.

_____, “Manuel Portas y Fran P. Lorenzo, en la Feira do Libro que arranca el día 1”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 abril 2015, p. 23.

Recórdanse as actividades que con motivo da Feira do Libro terán lugar en Santiago do 1 ao 10 de maio, que inclúe contacontos, teatro infantil, debates, obradoiros e presentacións e sinatura de libros.

_____, “El Salón Teatro acoge hoy los encontros Cofae”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 novembro 2015, p. 29.

Informa da celebración dos II Encontros Coordinadora de Ferias de Artes Escénicas do Estado Español (Cofae) e da asemblea xeral da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

_____, “Homenaxe do PEN Galicia á figura da poeta María do Carmo Kruckenberg”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 novembro 2015, p. 42.

Evócase o recital “Poetas arredor de María do Carmo Kruckenberg” organizado polo Centro PEN Galicia en Compostela. Comenta que neste recital dedicado á escritora falecida o pasado 16 de maio estiveron presentes entre outros o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e Miguel Anxo Fernán Vello.

_____, “Homenaxe nos 55 anos de ‘Memorias dun neno labrego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 decembro 2015, p. 45.

Con motivo da celebración dos 55 anos de *Memorias dun neno labrego*, infórmase da celebración de xornadas e actividades arredor da vida e obra de Xosé Neira Vilas.

**E. F.**, “Os camiños bifurcados da memoria’ recende a salitre e a herba”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 13 febreiro 2015, contracuberta.

Informa da saída de *Os camiños bifurcados da memoria* (2015), primeira obra narrativa do xornalista e escritor Xosé Manuel Lema, logo de publicar dous libros de poesía. Recóllense as palabras do propio autor nas que sinala que “recende a salitre e a herba recén cortada, que está manchado de terra”. Indica que a novela, ambientada na Costa da Morte, mestura historias de ficción, experiencias vitais do escritor e diversos acontecementos históricos.

**E. G.**, “El octogenario Pablo Pousa se revela como el escritor de cuentos más creativo”, *Faro de Vigo*, “*Especial*”, “Baixo Miño/Louriña”, 25 abril 2015, p. 8.

Fálase do escritor de relatos Pablo Pousa, que se centran sobre todo na comarca de Goián de onde é orixinario. Engádese que as súas obras supoñen unha mirada cara aos costumes do pasado.

_____, “Francisco Álvarez ‘Koki’ recibe el reconocimiento a su trayectoria poética y literaria en su villa natal”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 7 xuño 2015, p. 13.

Dáse conta do acto de homenaxe ao poeta e escritor Francisco Álvarez, “Koki”, na súa localidade natal da Guarda, organizado pola Agrupación Cultural Guardesa dentro da celebración do Día das Letras Galegas. Indícase que a profesora da Universidade de Vigo, Camiño Noia, profundou na súa obra.

**Eiroá**, Inma, “Mondoñedo creará un museo con café literario y gastroteca en la casa de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 setembro 2015, p. 39.

Anuncia que o Concello de Mondoñedo asinou un acordo de cesión por 50 anos da casa de Álvaro Cunqueiro. Di que o proxecto para o que se está buscando financiamento consiste na creación dun museo acompañado por un café literario e unha gastroteca.

**Elvira**, Sol, “El desarrollo social y cultural del rural se somete a debate en Vedra”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 setembro 2015, p. 38.

Indica que se celebrarán as IX Xornadas de Desenvolvemento Sociocomunitario e Educación Ambiental en Vedra. Destaca que durante estas xornadas haberá un obradoiro de teatro a cargo de Centolxs e presentado por Paula Carrera, do grupo Eira.

**E. M.**, “Pionero de las letras gallegas”, *El Mundo*, “Cultura”, “Obituarios”, 20 decembro 2015, p. 68.

Dá conta do falecemento de Xosé Fernández Ferreiro. Comenta algúns aspectos da súa biografía e destaca tres das súas obras: *Ribeirana do Sil*, *A morte de Frank González* e *Morrer en Castrelo do Miño*.

**E. P.**, “Doazón de García-Bodaño á RAG polo Día dos Arquivos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Esquelas”, 10 xuño 2015, p. 37.

Infórmase de dous actos relacionados co Día dos Arquivos: a doazón por parte do académico Salvador García-Bodaño á Real Academia Galega dun manuscrito titulado *Presenza* e, por outra parte, a apertura da exposición *Memorias de familia. O fondo Vilariño Pintos* no Arquivo de Galicia.

_____, “El académico de la RAG Darío Xohán Cabana será el pregonero de San Froilán”, *Faro de Vigo*, “Faro de Verano”, “Sociedad”, 19 agosto 2015, p. 34.

Coméntase que a comisión de festas do Concello de Lugo acordou por unanimidade nomear pregoeiro do San Froilán a Darío Xohán Cabana.

_____, “Luis González Tosar y Robert Pinsky, en el Di(n)versos coruñés”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Esquelas”, 1 marzo 2015, p. 45.

Dáse conta da sexta edición consecutiva do ciclo “Poetas Di(n)versos”, recital aberto ao público que se celebrará no Auditorio Ágora, na Coruña. Indícase que a súa directora, Yolanda Castaño, será a encargada de traducir ao galego os poemas que se recollen orixinalmente en inglés.

_____, “El era Neira Vilas, un rapaz de aldea, coma quen di, un grande das letras”, *Diario de Arousa*, p. 33/ *Diario de Ferrol*, p. 34/ *El Ideal Gallego*, p. 28, “Sociedad”, 28 novembro 2015.

Lembranza de Xosé Neira Vilas con motivo do seu falecemento. Repásanse algunhas das súas obras e a relevancia da súa produción para a cultura galega.

**Fernández**, Luis, “Los colegiales lucen sus becas e insignias”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 20 marzo 2015, contracuberta.

Entre outras actividades, dáse conta da presentación do libro *Cartografía do exilio*, de Baldo Ramos na libraría Couceiro de Santiago de Compostela. Indícase que foi accésit do premio González Garcés no 2014 e que o acto contou coa presenza de Xavier Seoane e Xosé María Álvarez Cáccamo.

**Fernández Rei**, Francisco, “Cen anos de Vento Mareiro”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, “Ventomareiro”, 1 marzo 2015, p. 34.

Recórdase a publicación hai cen anos na Habana do poemario *Vento mareiro*, no que Ramón Cabanillas fai unha apaixonada homenaxe a Cambados. Engádese que esta é unha obra ecléctica na que se mesturan lirismo, costumismo e modernismo.

**Ferreira**, Antón, “El Concello de Tui apuesta por la Cultura”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 11 febreiro 2015, p. 17.

Dentro da programación cultural do primeiro semestre do ano organizada polo concello de Tui, anuncia a representación da obras, para público adulto, *Xardín suspenso*, a cargo do Centro Dramático Galego; *O Crédito*, de Eme2; e *Pan! Pan!*, da compañía A Panadaría.

**F. F.**, “Propoñen que se lle dediquen as Letras Galegas a Plácido Castro”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 25 novembro 2015, p. 4.

Informa da proposta do Padroado da Fundación Plácido Castro para que o autor sexa o homenaxeado o Día das Letras Galegas no ano 2017, coincidindo co cincuenta aniversario da súa morte e resaltando o seu importante labor como tradutor. Tamén dá

conta de que esta iniciativa se encadra dentro das actividades que conforman a estratexia a seguir para o período 2016-2020.

**Flowers**, Margarito, "Sonetos de Manuel María y cartas con Otero Pedrayo", *El Correo Gallego*, "Gente", 8 xaneiro 2015, p. 48.

Recoméndanse dous libros publicados pola Fundación Manuel María de Estudos Galegos: *Sonetos á casa de Hortas* e *Correspondencia entre Manuel María e Ramón Otero Pedrayo (1951-1974)*, ambas obras publicadas no ano 2014.

_____, "Club de lectura en gallego con Xesús Couceiro de anfitrión", *El Correo Gallego*, "Gente", 10 novembro 2015, p. 64.

Anuncia a celebración dunha homenaxe á figura de Xesús Couceiro pola súa contribución á literatura galega. Refire información da proposta cultural que se vai levar a cabo, un Club de Lectura onde participarán autores, editores e tradutores.

_____, "Ciclo cultural en el Airas Nunes", *El Correo Gallego*, "Gente", 10 novembro 2015, p. 64.

Dá conta da celebración dun ciclo cultural que contará coa presenza de Víctor Freixanes, María López Sández e o escritor Manuel Portas.

**Fontán**, David, "La Torre de Hércules celebra seis años como Patrimonio de la Humanidad", *La Opinión*, "A Coruña", 26 xuño 2015, p. 12.

Infórmase da celebración do sexto aniversario da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade. Indícase que entre os actos programados haberá unha dramatización baixo o título *Espertar dunha matrona*, a cargo do grupo "Recreadores".

_____, "O poeta chairego de Monte Alto", *La Opinión*, "A Coruña", 7 xullo 2015, p. 10.

Anuncia a decisión da Real Academia Galega de escoller a Manuel María como homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2016 e a seguir realiza un repaso pola súa biografía. Salienta a aposta do escritor pola literatura infantil, coa publicación de obras como *Os soños na gaiola*.

**Fraga**, Xesús, "Xente ao lonxe' regresa ás librerías coas pasaxes mutiladas pola censura", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 xaneiro 2015, p. 35.

Infórmase da publicación dunha nova versión de *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor, na que se inclúen as partes eliminadas pola censura. Cóntanse as vicisitudes que pasou a obra a principios dos 70 para poder ser publicada.

_____, “Un novo tomo coa poesía completa de Manuel Antonio inclúe catro inéditos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 febreiro 2015, p. 27.

Coméntase a aparición do segundo tomo das obras completas de Manuel Antonio dedicado á poesía. Dise que o libro, coeditado pola Real Academia Galega e a Fundación Barrié, foi recompilado polo investigador e académico Xosé Luís Axeitos, quen respecta os títulos e as grafías orixinais e inclúe catro poemas inéditos.

_____, “Xela Arias, Manuel María e Carballo Calero optan ao Día das Letras 2016”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 xuño 2015, p. 43.

Indícase que o 4 de xullo a Real Academia Galega decidirá cal é a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Recóllense os nomes de Xela Arias, Manuel María e Ricardo Carballo Calero como candidatos. Faise un breve comentario da súa obra e das súas calidades como merecedores desta homenaxe.

_____, “Manuel María, un poeta excelso e popular para o Día das Letras do 2016”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xullo 2015, p. 40.

Dá conta da celebración dun acto de presentación da candidatura de Manuel María para o Día das Letras Galegas de 2016. Informa da presenza no acto de Darío Xohán Cabana, Fina Casalderrey, Víctor F. Freixanes, Margarita Ledo e Xosé Luís Regueira. Recóllense as palabras dos asistentes sobre a traxectoria do escritor, a súa implicación na defensa da lingua galega e a a importancia da súa figura na Literatura Infantil e Xuvenil.

_____, “Madrid podería retirarlle o nome á rúa Álvaro Cunqueiro da cidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 xullo 2015, p. 39.

Alude a que a aplicación da Lei de memoria histórica por parte do concello de Madrid pode provocar que se lles retire o nome das rúas de Madrid que leven relación co fascismo franquista como é o caso de Álvaro Cunqueiro. Comenta brevemente algúns aspectos da biografía do escritor e a súa colaboración con publicacións do réxime.

**Franco**¸ F., “Pena: ‘É absoluta falacia que a galega sexa unha literatura local e só lírica”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 abril 2015, p. 36.

Recórdase a conferencia que co título “Mitos e realidades na historia da Literatura Galega” foi pronunciada onte no club Faro por Xosé Ramón Pena, catedrático de Lingua e Literatura galega. Dise que foi presentado por Xosé Luís Méndez Ferrín e que Pena falou da literatura galega como plenamente europea, en pé de igualdade con outras literaturas como a francesa, italiana ou inglesa.

_____, “Forcadela: ‘A Esmorga’ está a revolucionar o cine galego coa súa impecable factura”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 xuño 2015, p. 36.

Infórmase da mesa redonda "A Esmorga, diálogo entre cinema e literatura" que tivo lugar onte no Club FARO de Vigo. Indícase que contou coa presenza de Ignacio Vilar, director da película, Antonio Durán "Morris", premio Mestre Mateo 2015 por *A Esmorga* e Manuel Forcadela, escritor, profesor e investigador da Universidade de Vigo.

**Franco**, Fernando, "Noche de 'Liboreiro Blues", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 27 xuño 2015, p. 10.

Resume o argumento de *Liboreiro Blues* (2014), de Salvador Rodríguez, que define como unha viaxe sentimental pola memoria de infancia do autor e pola xeografía do Morrazo pasada polo filtro da vea poética.

____, "Modesto Hermida. 'Desde niño no viví más que vaivén y desorden en planes educativos", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 694, 6 setembro 2015, pp. 14-15.

Faise un percorrido pola vida de Modesto Hermida, catedrático de Filoloxía que se encargou de recuperar a literatura esquecida do século XIX e comezos do XX.

**Frieiro**, F., "Sabela Muñiz presenta en Madrid 'A porta de Europa', un libro sobre el narcotráfico", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 11 abril 2015, p. 9.

Anúnciase que na Casa de Galicia de Madrid a vilagarciá Sabela Muñiz presenta a súa segunda novela *A porta de Europa* (2013), de suspense e ficción e ambientada no mundo do narcotráfico.

**Gallego**, Andrés, "Homenaxe á palabra na Ínsua dos Poetas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 marzo 2015, p. 41.

Comenta o acto en defensa do idioma e da palabra celebrado na Ínsua dos Poetas, organizado pola Fundación do mesmo nome e o centro PEN Galicia. Indica que tomaron a palabra o presidente do PEN Luís González Tosar, o secretario xeral de Cultura Anxo Lorenzo e o presidente da Deputación de Ourense.

**García**, Javier, "El CSIC reúne en un libro más de 150 escritoras del XIX", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 6 marzo 2015, p. 42.

Fala da presentación do libro *Escritoras na Galicia do século XIX* (2014), promovido polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Indica que a obra está editada por Carlos Andrés González Paz, do Instituto Padre Sarmiento, e constitúe o número trece da colección Monografías do *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

_____, "As cantigas de Codax xa teñen unha tradución ao xaponés", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 agosto 2015, p. 52.

Dá conta do acto de presentación da tradución das cantigas de Martín Codax ao xaponés no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) no que participaron distintas autoridades políticas e académicas. Ademais, a nova inclúe un resumo detallado do volume e achega datos sobre a relación que Asaka mantén con Galicia e coa lingua galega.

**García**, M., "El Día da Edición llega cargado de nuevas propuestas literarias", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 17 decembro 2015, p. L11.

Informa da presentación do poemario *Noites de Compostela* (2015) no mosteiro de San Martiño Pinario.

**García**, Montse, "Cantigas e Agarimos subirá con su baile a Balbino al escenario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 decembro 2015, p. 42.

Anuncia a estrea do espectáculo *Balbino*, baseado no protagonista da obra *Memorias dun neno labrego* do recentemente falecido escritor Xosé Neira Vilas, levado a cabo pola agrupación folclórica compostelá Cantigas e Agarimos usando non só baile e música tradicional, senón tamén a lingua e o teatro. Tamén informa do lugar e hora do espectáculo así como do custe económico da asistencia.

_____, "Os versos galegos de Lorca regresan á rúa do Vilar oitenta anos despois", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 28 decembro 2015, p. L3.

Informa da celebración dun acto conmemorativo do oitenta aniversario da publicación de *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca na compostelá rúa do Vilar e presentado polo xornalista galego Joel Gómez. Tamén comenta a participación decisiva do ferrolán Ernesto Guerra de Cal, Eduardo Blanco Amor e Ánxel Casal na publicación, o 27 de decembro de 1935, da obra homenaxeada.

**García**, Rodri, "Darío Xohán Cabana: 'Non sería amigo de Dante, tiña mal xenio", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 febreiro 2015, p. 39.

Anúnciase a presentación que terá lugar nas Portas Ártabras da Coruña da tradución ao galego da *Divina Comedia* (2014) feita por Darío Xohán Cabana e publicada en Edicións da Curuxa. Dise que o autor fala de Dante como o gran poeta do mundo e recorda a experiencia de recitar na cidade italiana de Rávena o sexto canto do Purgatorio en galego.

_____, "Basilio Losada: 'Galicia é o único país construído polos seus poetas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 outubro 2015, p. 40.

Evoca o ingreso na Real Academia Galega de Basilio Losada, sinala que o seu discurso estivo centrado na figura de Rosalía de Castro e destaca que, segundo o académico, Galicia é o único país construído polos seus poetas.

_____, "Morre o escritor Xosé Fernández Ferreiro, o afiador das letras", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 decembro 2015, p. 43.

Dá conta do pasamento de Xosé Fernández Ferreiro, autor de *Morrer en Castrelo de Miño* e *Agosto do 36*, galardoado co premio Xerais en 1991 e da primeira novela de vaqueiros en galego, *A morte de Frank González*, entre outras. Tamén fala da súa faceta como xornalista, enxalzando o seu labor como redactor de *La Voz de Galicia* onde se xubilou logo de vinte e cinco anos de traballo.

**García Carragal**, Ángel "Marín, Josefa, 'a muller que fala en verso", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 16 marzo 2015, p. 14.

Ofrécense datos con motivo da presentación do poemario *Falando con versos* (2015), sobre a vida da súa autora, que comezou a escribir poesía aos setenta anos. Destaca o seu compromiso coa cultura e a inspiración nacida da súa propia iniciativa.

**García Martínez**, Marta, "Albino ficha por el belén municipal", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 12 decembro 2015, p. 14.

Informa da celebración de diversas actividades para festexar o Nadal en diferentes puntos da cidade da Coruña coma a libraría Os Nenos, a igrexa do Sagrado Corazón ou María Pita, onde se instala o belén municipal do cal enxalza que este ano contará cunha nova figura na honra de Balbino, o protagonista de *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas.

**Gil**, M., "Candea pide o Día das Letras para Pepe Agrelo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.176, 6 febreiro 2015, p. 6.

O grupo de teatro Candea reclama un Día das Letras Galegas para o que fora o seu fundador, Xosé Agrelo Hermo.

_____, "Noia y Muros programan cine, teatro y música para noviembre", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 novembro 2015, p. 37.

Dáse conta da presentación da programación cultural de Muros e Noia que contarán con todo tipo de actividades, entre elas algunhas representacións teatrais.

**Gil**, Manuel, "O Liceo de Noia saca á rúa o número 50 da súa revista cultural 'Alameda", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 decembro 2015, p. 40.

Dá conta da presentación dun novo número da revista *Alameda* no Liceo de Noia e indica os contidos da mesma así como o nome dos autores: Oscar Prego, Pedro García Vidal, Ricardo Losada ou Armando Requeixo.

**Gimeno**, M., "Vigo homenajea también en esperanto al autor de las 'Memorias dun neno labrego", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 decembro 2015, p. 42.

Dáse conta da celebración dunha homenaxe a Xosé Neira Vilas, por parte do Concello de Vigo. Destácase a recente tradución de *Memorias dun neno labrego* ao esperanto e ao xaponés.

**Giráldez**, José Miguel, "Cunqueiro navega xa polo mar maior", *El Correo Gallego*, "*2 domingo*",11 xaneiro 2015, p. 6.

Infórmase da creación do proxecto editorial Mar Maior dentro da editorial Galaxia, o que se di que publican catro textos de Álvaro Cunqueiro: *Vida y fugas de Fanto Fantini*, *Flores del año mil y pico de ave*, *Tertulia de boticas prodigiosas y escuela de curanderos* e *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes.*

_____, "El año de Ovejero, Rivas, Coello y Lorrie Moore", *El Correo Gallego*, "*2 domingo*", 27 decembro 2015, pp. 2-3.

Recolle as opinións de tres persoas intimamente relacionadas co mundo do libro e da literatura: Mercedes Corbillón, colaboradora do programa Radio Obradoiro e animadora cultural na súa libraría Cronopios; Pedro Ramos, escritor e analista literario; e Javier Pintor, referente en divulgación literaria. Pregúntaselles pola súa elección do libro do ano, entre os que destacan en galego *O último día de Terranova*, de Manuel Rivas; *A noite enriba*, de Diego Ameixeiras; *Os elefantes de Sokúrov*, de Antón Riveiro Coello; e *Cabalos e lobos*, de Fran P. Lorenzo.

**Gómez**, Cuca M., "Que nunca nos quiten la música", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 23 novembro 2015, pp. 62-63.

Entre outras novas, dá conta da inauguración das xornadas do XIV Memorial Filgueira Valverde dedicadas a Castelao. Indica que o vindeiro ano a figura sobre a que versarán as xornadas será Manuel María.

_____, "Retoques si, pero los justos", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 24 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras novas, informa da representación da peza *Prescripción facultativa*, a cargo do grupo Aturuxo de Baión no auditorio da Azucreira de Portas. Tamén dá conta da celebración do Memorial Filgueira Valverde sobre a figura de Castelao.

_____, “Ni un día sin poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, 26 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras novidades, destaca a celebración da segunda xornada do Memorial Filgueira Valverde, dedicada a Castelao.

**Gómez**, David, “A cultura tamén sube montañas”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “O que foi e será”, 12 agosto 2015, p. 34.

Anuncia a celebración da primeira edición do Festival dos Eidos, organizada no Courel pola Fundación Uxío Novoneyra.

**Gómez**, Joel, “A USC lembra cando Otero pasou a ser ‘patriarca’ e ‘mito’ galeguista”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2015, p. 39.

Fálase do acto que tivo lugar no Paraninfo da Universidade de Santiago en conmemoración da derradeira lección pronunciada en galego por Ramón Otero Pedrayo o 5 de marzo de 1958. Indica que esa foi a primeira vez que se ditaba unha lección en galego na universidade despois da Guerra Civil e cita as autoridades presentes.

_____, “Un estudio identifica máis de 150 escritoras na Galicia do século XIX”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 marzo 2015, p. 44.

Fala da presentación no Instituto Padre Sarmiento dun estudo publicado por esta institución que identifica a máis de cento cincuenta escritoras que publicaron en Galicia ou en enclaves da emigración durante o século XIX.

_____, “Venres nas Librarías’ ofrece en dous meses más de 80 actos culturais”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 outubro 2015, p. 37.

Infórmase sobre a presentación da campaña “Venres nas Librarías”, que contará con máis de oitenta actividades durante dous meses. Comenta que os actos previstos teñen como finalidade promover a lectura e neles participarán diferentes editoriais, librarías e autores.

**González**, Eva, “El centenario del nacimiento de Xosé Mª Álvarez Blázquez se celebrará con un acto en Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 12 setembro 2015, p. 16.

Indícase que a Real Academia Galega realizará en Tui unha mesa redonda en homenaxe a Xosé María Álvarez Blázque con motivo do seu nacemento hai cen anos. Coméntase que este acto estará moderado por Margarita Ledo e nel participarán Ana Acuña, Xosé María Álvarez Cáccamo e Darío Xohán Cabana.

_____, “Homenaxe académico a Xosé Mª Álvarez Blázquez”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 setembro 2015, p. 38.

Sinala que a Real Academia Galega, con motivo do centenario do nacemento de Álvarez Blázquez, organizou unha homenaxe ao autor tudense na súa localidade natal. Comenta que no acto, presidido polo alcalde de Tui e mais polo presidente da RAG, participaron Ana Acuña, Margarita Ledo, Darío Xohán Cabana e Xosé María Álvarez Cáccamo.

**González**, M., “Galicia no olvida a Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 25 febreiro 2015, contracuberta.

Infórmase que durante os actos en homenaxe a Rosalía de Castro no aniversario do seu nacemento, o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, animou os galegos a usar a lingua decote. Informa que en Padrón se presentou o libro-cedé *De Cantares hoxe* (2014) e que en Milladoiro houbo unha actuación do cantautor Amancio Prada.

**González Martínez**, Xosé, “Galego con leite”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 11 maio 2015, p. 18.

Di que o autor propón unha reformulación do Día das Letras Galegas, incorporando na súa celebración persoeiros non estritamente literarios, senón tamén galeguistas con actividades noutros ámbitos, como por exemplo o empresarial.

**Grandín**, Tere, “Alma de poeta”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 538, “Museos”, 16 abril 2015, p. IV.

Fálase da Casa Museo de Manuel María en Outeiro de Rei inaugurada hai ano e medio co nome da Casa das Hortas. Di que, ademais de ser un centro museístico, é a sede da Fundación Manuel María e un exemplo de arquitectura chairega. Engade que conta con documentos e obxectos persoais do poeta e que quere ser un dinámico centro cultural que promova o coñecemento de Manuel María.

**Guevara**, Ana, “Cara y cruz en la Feria del Libro de Vigo en Progreso”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 8 xullo 2015, p. 13.

Comenta que a nova localización da Feira do Libro de Vigo, na rúa Progreso, non convence os libreiros. Cita algunhas das obras máis vendidas: *O ocaso da familia Portela*, de Noa Pérez; *Cabalos e lobos*, de Fran P. Lorenzo; e, para os máis pequenos, *Gatiño e as vacacións*, da editorial Kalandraka.

**Guillín**, Nuria G., “Manuel María, la poesía de la Terra Chá”, *ABC*, “Galicia”, 5 xullo 2015, p. 108.

Anuncia que Manuel María será o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2016. Dá conta dalgúns aspectos da súa biografía, comenta brevemente a súa primeira obra, *Muiñeiro de brétemas* e destaca o seu compromiso político con Galiza.

**Hermida**, Patricia, "Ferrol: chega un xinete libre e salvaxe montado nun gran verso de lume", *El Correo Gallego*, "Tendencias/Esquelas", 24 abril 2015, p. 44.

Informa de que ten lugar a Semana da Poesía Salvaxe de Ferrol e que onte Karlotti, Jorge Carbalho Branco, Víctor M. Díaz e Paco Doblas recitaron poesía no mercado de Ferrol.

_____, "Habanera de amor entre Ferrol y Cuba", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 28 novembro 2015, p. 50.

Lembra a intervención do recentemente falecido escritor Xosé Neira Vilas como conferenciante nas xornadas do Ateneo Ferrolán: *Ferrol-Cuba-Galiza, Historias Comúns*, onde falou dos máis de trinta anos que viviu emigrado en Cuba e a importancia desta etapa na súa literatura. Finalmente anuncia que segue aberta a exposición no Ateneo sobre arquitectura, educación e os costumes da emigración ao Caribe.

**H. J. P.**, "Historia da literatura galega II (1853-1916). O Rexurdimento", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Para ler", 27 xuño 2015, p. 43.

Infórmase da publicación do segundo volume da *Historia da literatura galega*, a cargo do estudoso Xosé Ramón Pena.

_____, "Rivas, Portas e Feijoo lideran unha explosión editorial en lingua galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 novembro 2015, p. 42.

Sinala a numerosa oferta literaria que o mes de novembro supón para as letras galegas, encabezado polas "dúas firmas principais do país", Galaxia e Xerais: *Algo raro pasa raro* (2015), de Antón Reigosa; *O último día de Terranova* (2015), de Manuel Rivas; *Izan o da saca* (2015), de Xabier Quiroga; *Os elefantes de Sokúrov* (2015), de Antón Riveiro Coello; *A noite enriba* (2015), de Diego Ameixeiras; *Lourenço, xograr* (2015), de Manuel Portas; *Romaría de historias* (2015), de Xosé Neira Vilas e *Morena, perigosa e romántica* (2015), de Pedro Feijoo.

**Huete**, Cristina, "Neira Vilas, referente de la obra de denuncia social gallega", *El País*, "Obituarios", 30 novembro 2015, p. 35.

Dáse conta do falecemento do autor de *Memorias dun neno labrego*, Xosé Neira Vilas, e da celebración do funeral ao que acudiron centos de persoas da cultura, política e a sociedade civil galega. Tamén enxalza o activismo social que desenvolveu

paralelamente á súa actividade literaria e repasa a vida do autor marcada pola emigración.

**Huerta**, María de la, "O 'entrañable amigo' de Oleiros", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 28 novembro 2015, p. 33.

Informa do pasamento do escritor Xosé Neira Vilas facendo fincapé na súa relación co concello de Oleiros, onde se atopa unha rúa e o único instituto de ensino secundario que levan o seu nome. Tamén fai mención do pesar dos habitantes da cidade da Coruña, onde o escritor tiña realizado visitas á universidade e á Feira do Libro, ademais de ser membro da Real Academia Galega (RAG).

_____, "Adiós a Neira Vilas, el 'neno labrego' más universal", *La Opinión*, "*Especial Resumen del Año*", "Cultura", 27 decembro 2015, p. 25.

Infórmase do falecemento do escritor Xosé Neira Vilas aos 87 anos. Dise que a súa morte provocou unha gran conmoción e ao seu enterro acudiron personalidades destacadas da política e da cultura. Tamén se destaca a defunción doutros autores galegos ao longo do ano 2015, como o teólogo Xosé Chao Rego, o poeta Carlos Oroza ou o periodista Ramón Lugrís.

**I. V.**, "La vida de Lois Pereiro protagonizó una ruta literaria en Monforte", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 27 maio 2015, p. 16.

Coméntase a organización, por parte do colectivo Lemos Le, dunha ruta literaria polo Monforte de Lois Pereiro, dirixida polo guía Xosé Martínez.

**Iannone**, Alejandra, "La memoria de Álvaro Cunqueiro, plasmada en la obra 'Esmelle", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 2 agosto 2015, p. 11.

Coméntase que a obra "Esmelle", do arquitecto Diego Germade está inspirada na obra de Álvaro Cunqueiro e que gañou un concurso da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, ademais de que está exposta no Hospital Álvaro Cunqueiro.

**Iglesias**, Ana, "Palabras, música y fotos en recuerdo de Tomás Pereiras", *El Correo Gallego*, "Santiago", 24 febreiro 2015, p. 24.

Coméntase que onte tivo lugar no hostal dos Reis Católicos a presentación do segundo libro póstumo de Tomás Antón Pereiras Gómez titulado *Podo ser un ninguén para ningures indo* (2014), que contou coa presenza da súa viúva.

**Jaureguizar**, "Siro. 'Castelao é un dos mellores debuxantes de todos os tempos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 11 febreiro 2015, p. 56.

Fálase da charla que o caricaturista Siro López deu no Museo Provincial de Lugo sobre a influencia estranxeira na obra gráfica de Castelao, promovida polo Clube Cultural Valle Inclán. Dise que para Siro, Castelao soubo reformular os modelos europeos para superalos.

_____, "Lugo lembrará o martes a Rosalía de Castro con varios actos públicos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 21 febreiro 2015, p. 55.

Coméntase o programa de actividades do Concello de Lugo para celebrar o Día de Rosalía no aniversario do seu nacemento. Infórmase que haberá lecturas de poemas organizadas pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e polo concello.

_____, "Otero Pedrayo é un bicho moi grande", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 14 maio 2015, p. 65.

Fala da presentación o trece de maio no marco da Feira do Libro de Lugo do libro *Ramón Otero Pedrayo. Unha fotobiografía. 1888-1976*, coa presenza dos autores Patricia Arias Chacheo e Afonso Vázquez Monxardín.

_____, "A crítica escolle 'A esmorga' como o mellor libro galego de todos os tempos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 maio 2015, pp. 82-83.

Di que críticos literarios sinalan *A esmorga* como o mellor libro escrito en lingua galega da que destacan aspectos como ser a fundación da novela galega do noso tempo, a que inaugura unha nova forma de contar, que é a base da literatura politicamente incorrecta, que gaña significados co tempo, que mantén o ritmo ou que é profundamente humana.

_____, "Xurxo Souto. 'O Atlántico é un círculo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 16 maio 2015, p. 67.

Coméntase a presentación na Feira do Libro de Lugo do espectáculo literario e musical de Xurxo Souto "Océano para terrícolas" e di que no espectáculo interpreta dúas cancións compostas por galegos en Terranova.

_____, "Marica Campo. 'Xa non soño con motos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 29 maio 2015, p. 94.

Dáse conta dun encontro coa escritora Marica Campo con motivo da súa participación nas "Catas Literarias", celebradas no Museo Interactivo de Historia de Lugo (MIHL). Indícase que a participación da escritora xiraba arredor "das razóns para ser escritora galega hoxe". Amais, a escritora fala das súas lecturas, dos seus soños e do seu desencanto coa poesía.

_____, "Claudio Rodríguez Fer traduce a 35 linguas o poema 'A cabeleira", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 13 xuño 2015, p. 53.

Dáse conta do recital onde o poeta lucense Claudio Rodríguez Fer presentou un libro no cal se recollen 35 traducións do seu poema "A cabeleira". Indícase que destas linguas, vinte e dúas son europeas, seis asiáticas, tres africanas, dúas americanas e unha oceánica, así como a internacional esperanto.

_____, "Un estudo recorre a superación do poeta chantadino Xosé Lois García", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 26 xuño 2015, p. 73.

Con motivo da presentación desta obra explícase que o filólogo Camilo Gómez Torres dedicou catro anos a realizar a biografía e analizar a obra de Xosé Lois García que reflectiu na monografía *De rebeldías, soños e irmandades* (Xermolos, 2015).

_____, "Blázquez. 'Un día pregunteime como quedaría a Cibeles en Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 27 xuño 2015, p. 68.

Informa da presentación do poemario *Poemas de barra e silencios* (2015) na casa consistorial de Lugo e sinala que todos os textos da obra fan referencia a esta cidade e que incorporan fotomontaxes nas que algúns monumentos mundiais son trasladados a distintos lugares de Lugo.

_____, "Antón Figueroa. 'Dedicáronme un simposio como un pretexto para falar sobre cultura galega", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 4 setembro 2015, p. 72.

Infórmase de que se celebraron as xornadas "Estudos literarios e campo cultural galego" en homenaxe a Antón Figueroa, catedrático de Filoloxía Francesa da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais recóllense declaracións do homenaxeado nas que explica como comezou a interesarse pola socioloxía cultural, dá a súa opinión sobre a mellor forma de coñecer Galicia e expresa o seu temor a que a diminución do uso do galego arrastre á cultura.

_____, "Manuel María como excusa moral", *El Progreso*, "*Táboa redonda*", 20 setembro 2015, p. 8.

Fala da decisión da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Manuel María e critica a falta de criterios literarios para esta escolla por parte da institución. Denuncia a militancia política do poeta chairego como mérito recoñecido pola academia e a negativa a dedicarlle un ano a Ricardo Carvalho Calero.

_____, "Un Mercedes bate na porta do Café Gijón", *Diario de Pontevedra*, p. 7/ *El Progreso*, p. 8, "*Táboa redonda*", n.º 11, 29 novembro 2015.

Dá conta da xuntanza co escritor e xornalista Aníbal Malvar que remata por ser unha conversa exploratoria por multitude de autores coma Manuel Curros Enríquez, Suso Vaamonde, Carlos Oroza ou o propio Malvar que teñen en común a "fuga" dos fogares paternos deica a outros lugares, dentro e fóra do país de orixe. Tamén relata a historia do avó de Malvar que actúa como fío condutor dos demais temas transversais tratados.

**Jiménez**, Irene, "Los escritores piden que sea institucional el Día de Rosalía", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 febreiro 2015, p. 45.

Coméntase o acto que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou onte Día de Rosalía en conmemoración do seu nacemento. Infórmase que se fixo unha ofrenda floral no Panteón dos Galegos Ilustres en Santo Domingo de Bonaval. Recalcouse que a súa obra segue sendo actual e pediuse a institucionalización deste día.

_____, "A transformación cultural e social, a través da literatura", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 marzo 2015, p. 46.

Fálase da presentación do ciclo de debates "Cara a onde? Observando a transformación cultural e social dende a Literatura" que terá lugar no auditorio do Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago entre marzo e xuño. Engade que os participantes neste ciclo son os escritores Suso de Toro, Bernardo Atxaga, Carme Riera e Bradley S. Epps.

**J. M.**, "Publicado el poemario que ganó el II López Abente", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.192, 22 febreiro 2015, p. 6.

Infórmase da presentación da obra *Os días condenados. Fragmentos para un devocionario* (2014), de Laureano Xoaquín Araujo, na libraría Couceiro de Santiago de Compostela. Indícase que este poemario foi galardoado co Premio de Poesía López Abente.

**J. M. G.**, "Manuel María regresa ao Rosalía", *La Opinión*, "A Coruña", 17 setembro 2015, p. 11.

Fálase de que, despois de catro anos de paréntese, Manuel María volveu ser homenaxeado no Teatro Rosalía da Coruña no espectáculo *Lúas de Outono*. Dise que neste acto participaron Pepe Vaamonde Grupo, Xulio López Valcarce, Marta Dacosta e Miguel Anxo Fernán Vello.

**J. M. R.**, "Literatura, música, teatro, roteiros, artesanía e talleres na Festiletras '15", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.245, 18 abril 2015, p. 6.

Infórmase do programa de actividades de Festiletras 2015 que terá lugar en Ponteceso do 10 ao 17 de maio e que conmemorará o cincuenta aniversario do Día das Letras Galegas dedicado a Eduardo Pondal.

_____, "Da novela ao escenario real seguindo a Costa do Solpor", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 outubro 2015, p. 36.

Informa da realización dun percorrido polos espazos que aparecen reflectidos na novela *Costa do Solpor* (2013) e indica que o guía desta actividade foi o propio autor da obra, Xosé María Lema.

**Jorge Lamas**, E. Á., "Compostela vuelve al cine con la novela 'A memoria da choiva", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 27 decembro 2015, p. L4.

Dá conta da venta dos dereitos do libro *A memoria de choiva*, de Pedro Feijoo para a realización da adaptación cinematográfica da novela, na que o autor fará funcións de asesoramento. Tamén informa de que non é a primeira vez que unha novela deste autor chama a atención do mundo do cine, pois antes fixérao *Os fillos do mar*, mais o financiamento non permitira a súa realización.

**Lago**, Alba, "Unha lembranza de Ramón Piñeiro na voz de García-Bodaño", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 xuño 2015, p. 43.

Dáse conta do descubrimento dunha placa conmemorativa, na rúa Xelmírez 15, en homenaxe a Ramón Piñeiro. Indícase que no acto, o cal contou coa presenza de diversas personalidades, o poeta García-Bodaño leu un poema do seu libro *Tempo de Compostela* dedicado a Ramón Piñeiro.

_____, "A Coruña implícase coa RAG na celebración dos cen anos das Irmandades", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 xuño 2015, p. 35.

Dáse conta da reunión do alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, co presidente da Real Academia Galega (RAG), Xesús Alonso Montero. Indícase que a reunión se estabeleceu para falar da celebración do centenario das Irmandades da Fala no ano 2016. Recalcouse o importante papel da RAG na vida cultural coruñesa.

_____, "A RAG lembra en Cambados cen anos de 'Vento mareiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 novembro 2015, p. 43.

Informa sobre o acto da Real Academia Galega en Cambados no que celebrou o centenario da publicación de *Vento mareiro* de Ramón Cabanillas. Relata a decurso do acto, que intercalou relatorios co recitado dos poemas.

_____, "Culturgal apela ao 'orgullo colectivo' pola produción cultural galega", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 novembro 2015, p. 40.

Indica que ao acto de presentación da oitava edición de Culturgal, Feira das Industrias Culturais, asistiron os principais patrocinadores da feira: Xunta, Concello de Pontevedra e Deputación. Fai fincapé na importancia da palabra como eixo vertebrador do programa e o aumento experimentado pola presenza do audiovisual e as artes escénicas nesta nova edición do evento.

_____, "Luis Reimóndez. 'Neira quedará para sempre nos nosos corazóns, no corazón de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 novembro 2015, p. 38.

Dá conta do falecemento do escritor Xosé Neira Vilas e da realización do funeral ao que acudiron centos de familiares, veciñanza e nomes da vida cultural, política e social galega. Tamén informa da realización en San Domingos de Bonaval dun acto de despedida onde actuou o músico Roi Casal quen estaba a realizar o disco *Son cubano, son galego* en colaboración co autor.

_____, "A RAG publica un artigo póstumo de Neira Vilas sobre 'Sempre en Galiza", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 decembro 2015, p. 42.

Anuncia a publicación dun artigo póstumo de Xosé Neira Vilas titulado "Un libro definidor" no cal fala de como coñeceu e distribuíu a obra *Sempre en Galiza*, de Castelao por toda América e como a fixo chegar a Galicia ás agochadas. Tamén comenta que o Portal das Palabras decidiu volver publicar a colaboración do autor na sección "Palabras asinadas".

_____, "Blanco Amor fai de Ourense a capital literaria de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 decembro 2015, p. 43.

Informa da celebración dunha homenaxe presentada polo xornalista Arturo Lezcano ao escritor Eduardo Blanco Amor por mor do 36 cabodano do seu pasamento, á cal acudiron autoridades e persoeiros do mundo da cultura. Tamén comenta a participación do alumnado do IES Eduardo Blanco-Amor e o IES do Couto.

**Lamas**, Jorge, "Unha exposición mostra a identidade galega da emigración en América", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 novembro 2015, p. 37.

Comenta que a exposición "Galicia imaxinada nas revistas da emigración" se instalará na Casa Galega da Cultura de Vigo para homenaxear o importante labor dos galegos emigrados a América a través das publicacións realizadas en distintas revistas nos derradeiros anos do século XIX e os comezos do XX.

**Llano**, Juan, "Lezcano recoge vida y obra de Antón Risco", *La Región*, "Ciudadanos", 12 febreiro 2015, p. 12.

Considera que a obra de Antón Risco estivo sempre baixo a sombra do seu pai e informa da presentación do libro *Antón Risco, con nome propio* (2014), de Arturo Lezcano, editada pola Deputación de Ourense e a Fundación Vicente Risco, que recompila testemuños propios e de amigos do escritor, e que ten como obxectivo a divulgación da súa obra e do seu pensamento.

**López**, Ana, "O Culturgal pecha con 14.500 visitas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 7 decembro 2015, p. 16.

Informa do peche da Feira das Industrias Culturais Galegas (Culturgal) despois dun grande éxito e afluencia onde destaca a conxunción de literatura, teatro, cinema, música e arte nun evento que xa ten asegurada a celebración da súa vindeira edición tamén en Pontevedra. Finalmente sinala, entre outras actividades, a entrega do Premio do Público do Curturgal ao Festival de cine Curtocircuíto.

**López**, Belén, "No bico a Ramón Cabanillas", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 20 xaneiro 2015, p. 12.

Dáse conta das actividades (música e literatura) organizadas pola Xunta de Galicia e o Consello da Cultura Galega co propósito de homenaxear a figura e obra de Ramón Cabanillas.

_____"Triatreros achégase ao audiovisual como 'un paso natural' na súa traxectoria", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 17 febreiro 2015, p. 11.

Preséntase a webserie *Dálle jas*, aínda en proceso de gravación e na que participan os actores pontevedreses do grupo Triatreros. Coméntase que se trata dunha *roadmovie* aloucada coa que se busca entreter o público.

_____, "Pontevedra marca a páxina do Día do libro", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 24 abril 2015, p. 13.

Coméntase a programación das actividades do Día do Libro na cidade de Pontevedra con iniciativas como contacontos, exposicións, agasallo de libros ou espectáculos.

_____, "Teatro sen piedade", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 17 xuño 2015, p. 11.

Informa da actividade da Aula de Teatro Municipal (ATM) de Pontevedra, dirixida por Anxo Loureiro. Indícase que este ano poñen en escena dúas obras: *Banqueiros,* baseada en textos de autores galegos; e *12 sen piedade,* adaptación do texto orixinal do estadounidense Reginald Rose.

_____, "Isaac Xubín faise co premio Etxepare de Tradución por 'Tempo de exilio", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 2 outubro 2015, p. 11.

Dise que Isaac Xubín acadou o premio Etxepare de Tradución polo seu traballo na edición éuscaro-galego do poemario *Tempo de exilio* (2014), de Joseba Sarrionandia.

_____, "A Deputación de Pontevedra publicará só libros en lingua galega a partir de 2016", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 16 outubro 2015, p. 11.

Informa de que a Deputación de Pontevedra acordou que a partir do ano 2016 só publicará libros escritos en galego. Tamén se dá conta do acto de presentación do IV Obradoiro Internacional de Tradución Poética "Con barqueira e remador", que tamén

serviu para presentar o volume editado pola Deputación no que se recollen as traducións ao galego dos textos dos poetas que participaron no anterior obradoiro.

_____, "O XI Brumario Poético renderalle homenaxe ao poeta de Fornelos Manuel Lueiro Rey", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 16 outubro 2015, p. 11.

Indícase que o poeta Manuel Lueiro Rey será homenaxeado no XI Brumario Poético, un ciclo de actividades culturais organizado pola Fundación Cuña-Casasbellas en Pontevedra.

_____, "O Culturgal toca teito en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 19 novembro 2015, p. 11.

Informa da celebración dunha nova edición da Feira das Industrias Culturais de Galicia, (Culturgal), que baixo o lema "Presume de Culturgal" contará cunha maior oferta de actividades por mor do aumento da demanda de novos expositores interesados en participar. Tamén destaca o carácter central da palabra en toda a programación, as conversas con autores e presentacións literarias, así como a presenza, por primeira vez na feira, dun "recuncho do e-book".

_____, "A Deputación destina dous millóns de euros a Castelao, Pontegal e Patrimonio", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 27 novembro 2015, p. 10.

Entre outras novas, anuncia que a Deputación pretende contribuír á celebración do centenario das Irmandades da Fala. Ademais, destaca que o Ano Castelao contará cun orzamento para charlas, obradoiros, actuacións e un certame de banda deseñada.

_____, "Víctor Fernández Freixanes. 'Fica xa para sempre na nosa memoria", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 28 novembro 2015, p. 64.

Anuncia o pasamento do escritor Xosé Neira Vilas e fai un percorrido por diversas homenaxes realizadas á súa figura. Recolle referencias de amigos e compañeiros de profesión enxalzando a faceta persoal do autor. Tamén destaca que a Escola de Canteiros de Poio fixo en pedra o seu Balbino de *Memorias dun neno labrego*, peza escultórica que hoxe en día se atopa instalada en Lalín.

_____, "Culturgal: moito do que presumir", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 5 decembro 2015, pp. 2-3.

Informa da inauguración da oitava edición da Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal) na provincia de Pontevedra e fala da presenza de diversas persoas do ámbito da política que enxalzaron a importancia do evento para o cambio profesional, o contacto co público e a promoción de produtos e servizos culturais. Finalmente comenta brevemente o espazo da feira dedicado ao recentemente falecido Xosé Neira Vilas.

_____, "Culturgal saca músculo", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra" 7 decembro 2015, p. 13.

Anuncia o comezo da Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal) que ten como lema "Presume de Culturgal", enxalzando a calidade das máis dun cento de actividades que se van realizar e a presenza de máis de oitenta empresas, colectivos e institucións con postos de exposición e venda. Tamén profunda no carácter multidisciplinar da feira e achega o programa detallado de cada día.

_____, "Castelao e Valle-Inclán protagonizarán a programación de 2016 no Museo", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra" 12 decembro 2015, p. 12.

Informa de que a programación para o vindeiro ano do Museo Provincial de Pontevedra xirará ao redor das figuras dos escritores Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, por mor da celebración do Ano Castelao en Pontevedra, e Ramón María del Valle-Inclán, pola conmemoración do 150º aniversario do seu nacemento. Tamén anuncia a reapertura da Sala de Investigadores do Museo e a realización ao longo do 2016 dunha grande exposición dedicada a Miguelanxo Prado.

**López**, Rafa, "Prada, la dama Rosalía y el caballero Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "*Visado*", n.º 701, "Música", 30 outubro 2015, p. 2.

Anuncia a actuación en Vigo de Amancio Prada na que o cantautor berciano cantará a Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro. Tamén se recollen declaracións de Prada nas que recorda como coñeceu o célebre escritor mindoniense.

**López**, Ruth, "A RAG destaca o labor de Piñeiro para prestixiar o galego como idioma culto", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 30 setembro 2015, p. 49.

Coméntase que se celebrou en Lugo unha mesa redonda na honra de Ramón Piñeiro con motivo do centenario do seu nacemento. Di que este acto, que foi organizado pola RAG, estivo moderado por Xesús Alonso Montero, contou coa presenza da alcaldesa de Lugo e da concelleira de Cultura, e nel participaron Henrique Monteagudo, Xosé Manuel Dasilva e Andrés Torres Queiruga.

**López**, Uxía, "A Casa de Rosalía de Castro de Padrón reabre co museo renovado", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 marzo 2015, p. 41.

Dáse conta da reapertura da planta baixa da Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón, que agora inclúe material audiovisual. Dise que no acto estiveron presentes os alcaldes de Padrón, Rois e Dodro e o responsábel da Deputación da Coruña, Diego Calvo.

_____, "As xentes do mar traen dornas a Padrón para homenaxear a Rosalía", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", 5 xullo 2015, p. L9.

Dá conta da celebración da terceira edición do percorrido en dorna dende Valga até Padrón en homenaxe a Rosalía de Castro. Indica que esta actividade se levou a cabo por primeira vez en 2013 para conmemorar o 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*. Salienta que nesta obra se fala das dornas que soben polo Ulla.

**Lopo**, Antón, "Chegan os *Neos*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 559, 5 novembro 2015, cuberta.

Fala sobre a nova xeración de poetas galegos, chamada os Neos, destacando que a máis precoz deles é Alicia Fernández (Escairón, 1987). Sinala que dentro desta xeración se distinguen catro correntes: a marcada por ser unha poesía ligada á experiencia e cunha linguaxe limpa (Alba Cid, Lara Dopazo, Celia Parra, Berta Dávila, Xesús Castro e Ismael Ramos); a caracterizada por estar ligada á poesía-pensamento (Gonzalo Hermo, Oriana Méndez e Fran Cortegoso); a abertamente militante (Xabier Xil Xardón e Andrea Nunes) e de afirmación reintegracionista (Charo Lopes); e a influenciada polo exemplo de Rompente e Ronseltz (Daniel Landesa e o colectivo Poetas da Hostia).

**Lorenzo**, Fran P., "Alberto Ramos presenta en Santiago 'Máscaras rotas para Sebastian Nell", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 28 xaneiro 2015, p. 35.

Anuncia a presentación do libro na Libraría Couceiro, na cal estarán o autor, Iago Martínez, Berta Dávila e Víctor Freixanes.

_____, "Luís González Tosar. 'Blanco Amor nunca tolerou o dirixismo cultural da casta", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 febreiro 2015, p. 42.

Con motivo da creación da Fundación Blanco Amor, Luís González Tosar, presidente do Centro PEN Galicia, integrado na citada fundación, reflexiona sobre a figura de Blanco Amor e sobre o ostracismo ao que foi sometido á súa volta a Galicia por parte da casta cultural galega.

_____, "A derradeira lección de Otero ecoa na universidade de hoxe", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 marzo 2015, p. 43.

Alúdese a que con motivo da conmemoración da derradeira lección de Ramón Otero Pedrayo na Universidade de Santiago o cinco de marzo de 1958, a primeira que se ditaba en lingua galega despois da Guerra Civil, se celebrou onte un acto no Paraninfo da universidade.

_____, "Reedición de 'Fala das musas' de Pernas Nieto", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 abril 2015, p. 40.

Anuncia a publicación dunha edición crítica do poemario de 1936 *Fala das musas* de Daniel Pernas Nieto. Indica que esta edición vén asinada por Armando Requeixo e publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dentro da Colección Láncara, dirixida por Luís Alonso Girgado.

_____, “Será 2016 o ano de Xela Arias?”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura.Ocio”, 27 xuño 2015, p. 33.

Fálase dos tres candidatos para recibir a homenaxe do Día das Letras Galegas 2016: Ricardo Carballo Calero, Manuel María e Xela Arias. Coméntase máis en detalle a candidatura desta última, muller feminista e progresista que combinou a poesía e a edición.

_____, “A RAG retrata ‘un dos intelectuais máis completos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 setembro 2015, p. 41.

Coméntase que onte foi homenaxeado en Tui o escritor Xosé María Álvarez Blázquez con motivo do centenario do seu nacemento. Dise que no acto, presidido polo presidente da Real Academia Galega e polo alcalde de Tui, participaron Ana Acuña, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo e Xosé María Álvarez Cáccamo.

_____, “Luís González Tosar levará á Academia Argentina de Letras a literatura de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 outubro 2015, p. 42.

Informa de que Luís González Tosar foi nomeado académico correspondente da Academia Argentina de Letras e que ingresará nun plenario no mes de abril.

_____, “Galicia chora a Neira Vilas, o autor da súa máis eterna historia”, *El Correo Gallego*, 28 novembro 2015, p. 6.

Informa do pesar de toda a sociedade galega por mor do pasamento do escritor Xosé Neira Vilas, autor do recoñecido libro *Memorias dun neno labrego*, dando conta do horario e lugar de instalación da capela ardente a onde decidiron achegarse todo tipo de personalidades relevantes da política e cultura, así como moitos galegos que medraron coas historias de Balbino. Tamén recolle as declaracións de varios dos asistentes que destacan a faceta do autor como persoa, non só como profesional.

_____, “Pepe Neira, a voz dos ninguén”, *El Correo Gallego*, “Primer plano”, 28 novembro 2015, p. 7.

Dáse conta do pasamento do escritor Xosé Neira Vilas e enxalza a obra *Memorias dun neno labrego* por ser o libro máis vendido escrito en lingua galega que, ao igual que a meirande parte das súas obras, xira ao redor da oralidade, o coñecemento da tradición, a emigración e o exilio. Tamén destaca a súa amabilidade e humildade, as múltiples colaboracións que realizou para *O Correo Galego*, *Galicia Hoxe* e *El Correo Gallego*, os recoñecementos recibidos e a relación coa súa muller Anisia Miranda.

_____, “Pasamento aos 83 anos do filósofo, teólogo e mestre Xosé Chao Rego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 novembro 2015, p. 39.

Faise eco do falecemento do escritor, filósofo, pensador, teólogo, mestre e ensaísta galego Xosé Chao Rego, do que destaca a súa importancia no movemento galeguizador

no seo da Igrexa e na apertura a posicións máis progresistas. Tamén se inclúen datos relevantes da súa vida e estudos e unha mención a algúns dos seus estudos antropolóxicos.

_____, "Adeus ao xornalista e escritor Xosé Fernández Ferreiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 18 decembro 2015, p. 42.

Informa da morte do xornalista e escritor Xosé Fernández Ferreiro de quen destaca ter sido un dos fundadores do grupo Brais Pinto no Madrid de 1958 e a súa participación en varios xornais galegos como *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego* ou *La Voz de Galicia*. Ademais engade que foi o autor do primeiro *western* en lingua galega titulado *A morte de Frank González*, membro da Real Academia Galega e que realizou un libro das súas memorias publicado en 2012 por Xerais.

_____, "Compostela celebra a universalidade dos poemas galegos de García Lorca", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 28 decembro 2015, p. 30.

Dá conta da organización por parte do concello de Santiago dun acto literario onde se conmemorou, con versos e música, o oitenta aniversario da publicación de *Seis poemas galegos*, os únicos versos de Federico García Lorca en lingua galega, escritos por mor da viaxe do autor a Galicia na primavera de 1932.

**L. P.**, "Toda unha vida de compromiso", *Faro de Vigo*, p. 43/ *La Opinión*, "Cultura y ocio", p. 35, "Sociedad", 5 xullo 2015.

Faise unha breve aproximación á vida e obra de Manuel María e saliéntase o seu papel como "poeta comprometido co nacionalismo galego, a lingua e a cultura".

**L. R.**, "O Bloque reivindica á Rosalía de Castro forte e precursora do seu tempo polo seu aniversario", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 23 febreiro 2015, p. 5.

Infórmase do acto de homenaxe a Rosalía de Castro que tivo lugar o 22 de febreiro organizado polo BNG de Vilagarcía, conducido por Xabier Ríos e coa lectura de versos pola poeta Susana Arixa. Recordouse a faceta feminista e reivindicadora de Rosalía.

_____, "La villa contará con uno de los mejores legados documentales sobre Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados", 27 febreiro 2015, p. 11.

Anúnciase a sinatura dun acordo entre a familia de Ramón Cabanillas e o Concello de Cambados para a doazón dun fondo documental do autor. Dise que estes documentos se exhibirán na primeira planta da oficina de turismo.

_____, "La Real Academia Galega celebrará el aniversario en la villa con un evento especial", *Diario de Arousa*, "Cambados", 1 marzo 2015, p. 10.

Comenta os actos que se van celebrar en Cambados para a conmemoración dos cen anos da publicación de *Vento mareiro*. Engade que será a Real Academia Galega a que celebre un acto no que se falará da relación entre Ramón Cabanillas e Daniel Alfonso Rodríguez Castelao, que se fará unha ofrenda floral e que se presentará un libro sobre Cabanillas e Cambados.

**Macieira**, Ú., "Poesía para rememorar el Banquete de Conxo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 22 marzo 2015, contracuberta.

Entre outras actividades, dáse conta da celebración do 159 aniversario do banquete de Conxo. Indícase que, coincidindo co Día Mundial da Poesía, se realizou un recital onde participaron Olalla Cociña, Xiana Arias e Alba María, entre outros.

**Malvido**, Gemma, "A lingua galega polo mundo adiante", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 2 novembro 2015, p. 6.

Indica que Yolanda Castaño é a primeira poeta galega que le os seus poemas no festival lírico máis lonxevo de América e que aparece tamén no portal alemán *Lyrikline*, o máis importante depositario de poemas lidos polos seus autores na súa fala. Ademais indica que estivo a piques de recibir o Premio Nacional de Poesía pola súa obra *Segunda lingua* (2014).

**M. A. N.**, "Mondoñedo logra la cesión de la casa de Cunqueiro para crear un museo", *El Progreso*, "A Mariña", 13 setembro 2015, p. 15.

Dise que Elena Candia, alcaldesa de Mondoñedo, chegou a un acordo de cesión da casa de Álvaro Cunqueiro durante 50 anos e que existe un proxecto para convertela nun museo dedicado ao autor no que se incluirá un café-tertulia, unha grastroteca e onde se farán eventos con autores de prestixio.

**Mancebo**, Marta, "O fillo do poeta Avelino Díaz defende a cultura como reflexo dun pobo", *El Progreso*, "A Chaira", 13 febreiro 2015, p. 18.

Infórmase sobre o acto de homenaxe ao poeta Avelino Díaz organizado onte pola asociación cultural que leva o seu nome e os Concellos de Meira e Riotorto. Dise que o acto contou coa presenza da familia do poeta, residente na Arxentina e que veu a Galicia para apoiar o traballo que a asociación cultural vén realizando para a consecución dun Día das Letras Galegas para o poeta.

**Manteiga**, M. e C. **Botrán**, "Homenaxe en tres concellos á memoria do galeguista Pousa Antelo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.366, 19 agosto 2015, p. 31.

Coméntase que Avelino Pousa Antelo será homenaxeado en catro actos que se celebrarán en tres concellos: Teo, A Baña e Negreira. No primeiro dos actos de homenaxe vaise entregar o Caxato de Pousa Antelo, que nesta ocasión irá para a parroquia de Santa María de Arzúa, como exemplo de construción social.

**Manteiga**, M. e J. M. **Ramos**, "Ames y Corcubión acercan la literatura a pie de calle", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.246, 19 abril 2015, p. 7.

Recórdanse os actos organizados polos concellos de Ames e Corcubión con motivo do Día do Libro: actuacións musicais, certames literarios, obradoiros e sesións de contos infantís, entre outras.

**Manteiga**, Marcos, "Aspamite entregó sus premios en Teo en pro del discapacitado", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.302, 14 xuño 2015, contracuberta.

Informa do acto que tivo lugar no Hotel Congreso de Montouto no que se entregaron os galardóns correspondentes ao XIII Concurso de Cuentos "Que é un discapacitado para ti?", organizado pola Asociación de Pais de Persoas con Diversidade Funcional de Teo (Aspamite). Indícase que a finalidade do concurso é que os participantes se sensibilicen con esta enfermidade.

_____, "Tributo ao galeguista Pousa Antelo e caxato para veciños de Arzúa", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.368, 21 agosto 2015, p. 33.

Sinala que tiveron lugar catro actos para honrar a figura de Avelino Pousa Antelo: a entrega do caxato de Lucho o do Peto, unha homenaxe en Os Verxeis, un xantar na Baña e un acto en Negreira.

**Márquez**, Ana, "As literaturas galega e portuguesa falan en Conversas Nortear", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 decembro 2015, p. 43.

Sinala a realización da segunda sesión do programa Conversas Nortear que ten como obxectivo favorecer o diálogo e o coñecemento das literaturas galega e portuguesa a través dos seus escritores e escritoras. Tamén comenta outros proxectos coma unha exposición galega en Portugal e outra portuguesa en Galicia e a realización do certame Nortear. Jovens Escritores/ Mocidade Escritora Norte de Portugal-Galicia.

**Martínez**, Alberto, "Lúas de Outono', un preludio ao ano das Letras Galegas de Manuel María", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 15 setembro 2015, p. 40.

Saliéntase que Lúas de Outono homenaxeará a Manuel María no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e coméntase que neste acto intervirán Pepe Vaamonde, Marta Dacosta, Miguel Anxo Fernán-Vello e Xulio L. Valcárcel.

_____, “Basilio Losada. ‘Galicia, país mantido en vida polos seus poetas, cunha muller á cabeza”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 4 outubro 2015, p. 39.

Dáse conta do ingreso de Basilio Losada na Real Academia Galega e infórmase de que no seu discurso reflexionou sobre as primeiras novelas de Rosalía de Castro, que foron esquecidas a pesar de que nelas se pode ver unha autora feminista adiantada aos seus tempos.

**Martínez**, Laura, “El poeta Manuel Antonio, protagonista en el Gaiás”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 7 xullo 2015, p. L6.

Sinálase que Manuel Antonio será o protagonista do mes de xullo nos ciclos de actividades que se van desenvolver na Biblioteca e Arquivo de Galicia no Gaiás. Entre outras, fálase dunha xincana familiar, da inauguración dunha exposición e da presentación dun espectáculo que propón unha lectura actualizada de Manuel Antonio.

**Martínez Bouzas**, Francisco, “Libros galegos para o mundo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 xaneiro 2014, p. 44.

Comenta a aparición do novo proxecto editorial da Editorial Galaxia chamado Mar Maior e o novo selo editorial que quere ser unha mostra da literatura e cultura galegas para o mundo.

**Martínez González**, Xurxo, “Federico en Vigo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 537, 9 abril 2015, cuberta.

Reflexiona sobre a relación de Federico García Lorca coa terra e coa cultura galegas. Fálase das visitas que o poeta fixo a Vigo e a outros lugares de Galicia e dos vencellos con diversos escritores galegos. Di que a influencia galega en Lorca se reflectiu na escritura de *Seis poemas galegos*, prologados por Eduardo Blanco Amor.

_____, “En tempo de Irmandades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 543, 21 maio 2015, cuberta.

Coméntase o acordo unánime do Parlamento galego para declarar o ano 2016 como o das Irmandades da Fala, xa que é o centenario da creación da primeira na Coruña, promovida polos irmáns Antón e Ramón Villar Ponte. Afirma que as Irmandades supuxeron un segundo rexurdimento para a lingua e a literatura galegas, ademais dunha aposta pola cultura propia.

**Mato**, M., "Fallece el periodista Ramón Lugrís, una de las conciencias del galleguismo del siglo XX", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 31/ *La Voz de Galicia*, "Sociedad", p. 42, 3 decembro 2015.

Informa do pasamento do periodista e intelectual Ramón Lugrís por mor dunha embolia, do que lembra a publicación do libro homenaxe *Sempre Galicia, sempre Europa* realizado polo IGADI, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional e destaca o período que traballou para a BBC e como tradutor para a ONU.

**Mato**, Mar, "Manuel Rivas regresa a la novela este otoño con una saga familiar sobre libreros", *Faro de Vigo*, p. 16/ "Un otoño con muy buena letra", *La Opinión*, "Cultura & ocio", p. 23, "Sociedad", 19 outubro 2015.

Sinálase que Manuel Rivas volve á novela de ficción coa obra *O último de Terranova*, a historia dunha saga familiar que mantén unha libraría nos anos 30 e que chega até a actualidade. Ademais desta novidade literaria, tamén hai outras como por exemplo *Porque as sombras non teñen ollos*, de García Mañá; *A noite enriba*, de Diego Ameixeiras; *Alicia no país das marabillas*, traducida por Xabier Queipo ou *Traca-Traco*, de Paco Rivas.

_____, "Un filme sigue la pista gallega de Moure y Knorr, poetas de culto en Canadá e Islandia", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 12 novembro 2015, p. 59.

Fala da inminente estrea do documental *Contrafaces*, dirixido por Fon Cortizo, no contexto do festival Cineuropa de Compostela. Dá conta da vida e obra de dous poetas de culto en Canadá e Islandia, Elias Knorr e Erin Moure, galego e fillo de pai galego respectivamente, que botan man tanto do inglés, do islandés coma do galego para a súa produción poética.

_____, "A anduriña do camiño bretemoso", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 36/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 31, 28 novembro 2015.

Informa do falecemento do escritor Xosé Neira Vilas e fai un breve percorrido cronolóxico pola súa vida na emigración e a influencia que tivo na súa faceta de escritor. Tamén enxalza a calidade literaria das súas obras que lle valeron o ingreso na Real Academia Galega e recolle as declaracións de profesionais do ámbito literario galego (Bieito Ledo, Cesáreo Sánchez Iglesias, Antonio García Teijeiro, Luis Fernández Tosar e Ledicia Costas) que enxalzan a figura do falecido.

_____, "A visión do 'tránsfuga' Colón a través do cristal de Balbino", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 novembro 2015, p. 37.

Dá conta das diversas colaboracións do escritor Xosé Neira Vilas co diario *Faro de Vigo* que comezaron o domingo 13 de setembro de 1992 cando o escritor falou da posíbel raíz galega de Cristóbal Colón. Tamén comenta brevemente o eixo temático doutras das súas colaboracións, entre os que destacan a emigración, o centenario de Rosalía de Castro e o labor de Isaac Díaz Pardo en América.

_____, “El libro gallego intenta salir del túnel tras cinco años de caída”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 decembro 2015, p. 44.

Comenta a situación do sector do libro galego despois de cinco anos durante os que rexistrou unha caída do 30% e recolle as opinións de diversos editores que valoran positivamente o momento actual, aínda que destacan a súa inestabilidade. Tamén fala da publicación de libros con moita demanda como as novidades de Manuel Rivas, Teresa Moure ou Ledicia Costas.

_____, “Adiós al escritor Xosé Neira Vilas y al poeta Carlos Oroza”, *Faro de Vigo*, “*Estela*”, n.º 710, “Sociedad”, 27 decembro 2015, p. 28.

Lembra os falecementos nos meses finais do ano 2015 do poeta vigués Carlos Oroza, o autor de *Memorias dun neno labrego* Xosé Neira Vilas, o teólogo Xosé Chao Rego e os periodistas e escritores Ramón Lugrís e Xosé Fernández Ferreiro, todos eles figuras relevantes das letras galegas.

**Mauleón**, A., “Galicia celebra hoy numerosos actos por el 178 aniversario del nacimiento de Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 febreiro 2015, p. 37.

Faise unha relación dalgúns dos actos en diversos lugares de Galicia en conmemoración do aniversario do nacemento de Rosalía, do que se destaca a presentación na Casa-Museo de Padrón de libro-CD *De Cantares hoxe* (2014), con poemas inéditos escritos por poetas inspirados por *Cantares gallegos*.

_____, “El sueño de Rosalía pervive en Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 febreiro 2015, p. 38.

Infórmase sobre os numerosos actos de homenaxe a Rosalía que tiveron lugar onte en toda Galicia. Dise que a Fundación Rosalía realizou a primeira homenaxe na Alameda compostelá e que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) intentou implicar os rapaces a través das redes sociais co lema “Eu son Rosalía”.

**Mauleón**, Amaia, “Cunqueiro, estrella en las aulas suízas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 abril 2015, p. 40.

Infórmase da visita dun grupo de estudantes suízos de Filoloxía Hispánica a Galicia con motivo do seminario sobre Álvaro Cunqueiro que están a seguir na Universidade de Zúrich. Entre outros lugares, di que visitaron as instalacións do *Faro de Vigo*, xornal do que Cunqueiro foi director a finais dos anos sesenta.

_____, “Cen anos do home de moitos saberes”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 abril 2015, p. 42.

Infórmase da inauguración na Casa Galega da Cultura de Vigo da mostra titulada "Centenario de Xosé María Álvarez Blázquez. Construtor dunha cidade de libros" impulsada pola Fundación Penzol, o Concello de Vigo e a familia Álvarez Cáccamo, herdeiros do homenaxeado.

_____, "Imprescindibles' reivindica la figura y la obra del escritor Álvaro Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 12 xuño 2015, p. 55.

Coméntase a emisión do documental *El incierto señor Cunqueiro*, dirixido por Antón Reixa, en La 2. Explícase que fai un percorrido pola súa traxectoria vital e literaria. Indícase que este documental intenta aclarar os motivos polos cales foi até hai pouco un gran descoñecido en Galicia e por que segue a ser descoñecido na literatura española. Engádese que o documental presta unha especial atención a época do autor como director do *Faro de Vigo*.

**Melchor**, Xurxo, "Editan unha tradución ao xaponés das sete cantigas de Martin Codax", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 agosto 2015, p. 39.

Resume o acto de presentación da tradución dos sete poemas de Martin Codax ao xaponés e cita algunhas das palabras emitidas polos encargados de presentar o libro. Cede un espazo da páxina para afondar sobre a figura do profesor Asaka e da singular relación deste con Galicia, destacando o seu labor de divulgador da lingua e cultura galega en Xapón.

**Menán**, Marta, "Visto dende arriba, o mundo é outro", *El Progreso*, "*Revista*", "O obxecto fetiche de", 14 novembro 2015, p. 15.

Aproximación á figura do escritor Xerardo Quintiá, así como unha reflexión sobre a muralla de Lugo e o seu traballo como creador relacionado cun obxecto: a escaleira.

_____, "Unha guía do camiño para Mikel", *El Progreso*, "Revista", 12 decembro 2015, p. 15.

Recolle a noticia da publicación *Aventura no camiño* (2015), un caderno de viaxe sobre a ruta xacobea de Ignacio Rodríguez Eguíbar, que foi convertido en libro pola súa familia debido ao seu 70 aniversario. Explícase que nel se plasma a relación avó-neto, a historia da ruta francesa e a vida dos peregrinos e que os personaxes son tanto reais coma ficcionais.

**M. F.** / **R. L.**, "El Vigo poético pasa a la acción", *Faro de Vigo*, "*Visado*", "música/poesía", 23 outubro 2015, p. 4.

Anuncia a nova edición do Festival Kerouac Vigo, un evento de poesía e performance que busca facer da creación lírica unha tendencia e o motor cultural da cidade. Dá conta dos distintos escritores que pasarán por este encontro.

**M. G.**, "Candea pide o Día das Letras para Agrelo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.182, 12 febreiro 2015, p. 6.

Dáse conta da reivindicación do grupo de teatro Candea a prol dun Día das Letras Galegas para Xosé Agrelo, fundador do grupo.

_____, "Presentan 'Nostalxia de Noia' en el Virxe do Mar", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.190, 19 febreiro 2015, p. 10.

Informa da presentación deste libro no IES Virxe do Mar e no que participan Clodio González, Xavier Castreo e Teresa Villaverde.

_____, "La I Feira do Libro de Ribeira se celebra desde el jueves hasta el domingo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.328, 12 xullo 2015, p. 33.

Ofrécese información das actividades que se realizarán durante a I Feira do Libro. Destácase a presentación de varios libros, *Faustino Rey Romero, un evanxeo bufo*, de Xosé Ricardo Losada; *Xeixos*, de Suso Lista; e *Rabicundo*, de María Canosa. Indícase que a lectura do pregón será realizada por Yolanda Castaño.

**M. G. M.**, "La Seoane agitará las palabras en el nuevo ciclo 'O alfabeto híbrido", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 31 marzo 2015, p. 15.

Fálase do comezo do ciclo "O alfabeto híbrido", encontros informais arredor das palabras na Fundación Seoane coordinados por Yolanda Castaño. Engade que o primeiro terá lugar o dez de abril coa participación do músico e escritor Santiago Auserón e as poetas Lucía Aldao e María Lado.

_____, "A RAG busca o apoio municipal para celebrar o centenario das Irmandades", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 30 xuño 2015, p. 13.

Dáse conta da primeira reunión entre o novo alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, e o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero. Recóllese a colaboración entre o concello e a Academia para a celebración do centenario das Irmandades da Fala en 2016.

_____, "Manuel María será homenaxeado no Día das Letras Galegas 2016", *Diario de Ferrol*, "Galicia", p. 21/ *El Ideal Gallego*, "A Coruña", p. 7, 5 xullo 2015.

Sinala que os académicos da Real Academia Galega elixiron por ampla maioría a Manuel María como figura para homenaxear no Día das Letras Galegas de 2016. Comenta algúns aspectos da vida, da obra e do compromiso político e cultural deste poeta, narrador e dramaturgo.

_____, “De la sidra al libro y del libro a la danza”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 9 agosto 2015, p. 21.

Comenta que nas casetas situadas en Méndez Núñez Xavier Alcalá falou sobre a novela *Fábula*.

_____, “A RAG programará música, teatro e literatura polos 100 anos das Irmandades”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “Provincia”, p. 16/ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, p. 12, 19 novembro 2015.

Anuncia a celebración de distintas actividades por mor do centenario das Irmandades da Fala, que terán lugar na cidade da Coruña, onde residía Antón Vilar Ponte. Sinala que a iniciativa aínda está a ser planificada e polo de agora se están realizando reunións entre o presidente da Real Academia Galega e promotor da iniciativa, Xesús Alonso Montero, e os representantes de distintas institucións que participarán na homenaxe.

_____, “La dramaturgia gallega protagoniza el nuevo semestre del teatro Rosalía”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 16 decembro 2015, p. 14.

Reproduce a programación da nova entrega do Ciclo Principal do teatro Rosalía de Castro caracterizada pola disparidade e equilibro de formatos. Destaca a presenza de compañías galegas como Teatro do Morcego con *Presidente*; Chévere con *Eroski Paraíso*; Talía Teatro con *Foucellas e* ArtesaCía con *Zurgunruhe*. Ademais, comenta que fóra do Ciclo Principal terán lugar outras estreas coma o de *Palabras malditas* de Teatro do Noroeste ou *Raclette* de Ibuprofeno Teatro.

_____, “Abecedari@ introduce el libro entre los productos frescos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 18 decembro 2015, p. 11.

Dá conta da celebración da primeira xornada do Salón do Libro e da Lectura Abecedari@ inaugurado polo alcalde Xulio Ferreiro, do cal destaca a imaxe da cidade como impulso económico e non só de creación de patrimonio. Tamén achega datos sobre a programación da vindeira xornada, horarios e comenta que se despedirá con *Sempre en Ibiza* nas voces poéticas de Lucía Aldao e María Lado.

**M. M.**, “La familia de Avelino Díaz descubrirá sus raíces en Meira y Riotorto”, *El Progreso*, “A Chaira”, 29 xaneiro 2015, p. 20.

Infórmase da visita que, dende a Arxentina, farán os familiares de Avelino Díaz aos lugares onde este viviu, en Órrea e A Pena, e a súa participación nos actos que a asociación que leva o seu nome organiza para que se lle dedique o Día das Letras Galegas.

_____, “A asociación cultural Avelino Díaz inicia a gravación dun documental”, *El Progreso*, “A Chaira”, 11 febreiro 2015, p. 20.

Dáse conta da actividade desta asociación cultural que loita para que se lle dedique un Día das Letras Galegas a Avelino Díaz. Neste caso infórmase do inicio da gravación dun documental sobre a súa vida e obra ao coincidir coa estancia dos seus familiares de Bos Aires nas terras de Meira e Riotorto.

_____, "A literata Andrea Maceiras falou no Xulián Magariños", *El Correo Gallego*, "Terras de Santiago", n.º 1.200, 2 marzo 2015, p. 6.

Infórmase da participación de Andrea Maceiras nos Encontros dedicados ás escritoras galegas actuais e sintetízanse datos dos premios literarios que recibiu durante a súa carreira.

_____, "El Teatro Nacional de Lisboa ofrece 'Saxo tenor", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*, "Santiago", "Para todos los públicos", 19 maio 2015, p. L8.

Dáse conta da representación no Teatro Principal de Santiago da obra *Saxo tenor* de Roberto Vidal Bolaño os próximos días e que estará a cargo da compañía do Teatro de Lisboa, dirixida por José Martins.

_____, "Leña Verde de Pol programa cuatro representaciones teatrales durante el otoño", *El Progreso*, "A Chaira", 17 outubro 2015, p. 16.

Anúnciase o programa teatral de outono por parte da asociación cultural Leña Verde de Pol, que conta coa colaboración da Deputación de Lugo e do Concello de Pol.

**Moledo**, Alba, "Un baño de paz na praia de Carnota", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", 13 setembro 2015, p. 5.

Comenta que o escritor de novela negra Diego Ameixeiras visita a praia de Carnota con frecuencia. Fala doutras paisaxes e lugares do mundo e destaca o seu gusto polas obras de Rubem Fonseca.

**Montero**, Luis, "Culturgal invita a mergullarse esta fin de semana na feira da cultura", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 decembro 2015, p. 40.

Informa do contido da Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal) que prepara o seu inicio, patrocinada pola Xunta de Galicia a través de Agadic, o Concello de Pontevedra, o Ministerio de Cultura e a Deputación de Pontevedra. Tamén profunda na programación do evento que contará con seis programacións simultáneas: libro, música, espazo foro, infantil, audiovisual e profesional.

**M. R.**, "El Iescha saca a la luz el viernes su séptimo Caderno de Estudos Chairegos", *El Progreso*, "A Chaira", 4 febreiro 2015, p. 15.

Infórmase da presentación en Vilalba da publicación bienal *Caderno de Estudos Chairegos*, publicada polo Instituto de Estudos Chairegos.

**M. T.**, "Presentan 'Cantos veñen de lonxe' de Xosé Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.191, 21 febreiro 2015, p. 6.

Indícase que a casa da cultura Luís Seoane do Pino acolleu a presentación do libro-CD *Cantos veñen de lonxe*. Indícase que a obra recolle doce poemas do escritor Xosé Neira Vilas musicadas polo tenor Xervasio Vázquez, acompañados de doce debuxos de Xosé Vizoso. Exponse que, ademais, se realizou unha exposición sobre Xesús Canabal.

_____, "Exposición cos traballos da poetisa en Melide", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.196, 26 febreiro 2015, p. 7.

Informa da exposición titulada "Obra de Rosalía ou por Rosalía" realizada na biblioteca municipal de Melide.

_____, "Andaina celebra el quinto aniversario con teatro y música", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 setembro 2015, p. 34.

Indica que Andaina Pro Saúde Mental celebrou o seu quinto aniversario cunha festa na que estivo presente o teatro.

_____, "Neira Vilas, socio de honor de la asociación Manuel Gacio", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 novembro 2015, p. 33.

Entre outras novas, apúntase que a asociación cultural Manuel Gacio de Lestedo nomeou socio de honra a Xosé Neira Vilas.

**M. V.**, "Decoración e representación teatral", *La Región*, "Nadal en Celanova", "Residencia de San Carlos/ Centro ocupacional", 23 decembro 2015, p. 63.

Entre outras actividades, informa da representación teatral da peza *Casa Rural de Arrotea no Nadal*, obra galardoada nos Premios Puga.

**Neira**, Marta, "La Insua dos Poetas acoge un nuevo encuentro de creadores", *La Región*, "Carballiño", 26 agosto 2015, p. 28.

Dáse conta do xuntanza entre xente da cultura e da política galegas na que se asinou un convenio de colaboración entre a Fundación Insua dos Poetas, a Xunta de Galicia e o Concello do Carballiño coa finalidade de promover a organización de actividades no contexto da Insua.

**Nespereira**, Mario, "Neira Vilas, por cuarta vez", *La Región*, "Sociedad", 28 novembro 2015, p. 65.

Dá conta do falecemento de Xosé Neira Vilas de quen destaca o seu labor pola dignificación da lingua e literatura galegas ao longo de toda a súa vida, tanto no tempo que viviu no seu pobo natal Gres coma nos que estivo emigrado a Cuba. Tamén enxalza a súa amabilidade e bondade e o pesar que deixou entre os profesionais que traballaron con el.

**Nicolás**, R., "Pintos, Rosalía, Curros, Pondal e máis", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 9 xaneiro 2015, p. 7.

Coméntase a aparición do segundo volume da *Historia da Literatura Galega* (2014), de Xosé Ramón Pena, o cal aborda o período do Rexurdimento.

_____, "Rosalía, sempre", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 27 febreiro 2015, p. 6.

Comenta a publicación do audiolibro *De Cantares Hoxe. Os Cantares Gallegos de Rosalía de Castro no século XXI* (2014) e sinala que está composto por poemas asinados por distintos autores que dialogan coa obra e figura de Rosalía de Castro.

_____, "Reivindicación de Antón Risco", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 20 marzo 2015, p. 11.

Fai mención do volume *Antón Risco, con nome propio* (2014), do que salienta que Arturo Lezcano afonda "con rigor e solvencia" no percorrido literario e universal do escritor ourensán. Ademais, apunta que lle concede máis importancia ao carácter informativo có valorativo e destaca a presenza no volume de tres fragmentos inéditos de Risco.

_____, "O adeus dun proxecto poético", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 13 marzo 2015, p. 6.

Fálase brevemente da obra poética de Baldo Ramos. Indícase que esta se estendeu vizosamente ao longo de catorce anos e da que se despide cun accésit do Premio González Garcés en 2014. Coméntase que *Cartografía do exilio* (2014) presenta unha estética singular e unha estrutura orixinal.

_____, "Sobre o cinema con apertas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 10 abril 2015, p. 13.

Infórmase da publicación do libro-película *A cicatriz branca*, escrito e dirixido por Margarita Ledo, co cal a editorial Galaxia estrea a colección "Libro cinema".

_____, "Pontevedra literaria", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 24 abril 2015, p. 5.

Comenta que a orixe de *Pontevedra. Laranxeiras e limoeiros* (2015) está no acto de entrega dos Premios da Crítica e destaca a escolma de autores que gaban e falan de Pontevedra.

_____, "As portas do adeus", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 10 setembro 2015, p. 12.

Fálase sobre a obra de Helen Garner *O cuarto de invitados* (2014), traducida ao galego por Moisés Barcia e publicada por Rinoceronte. Dise que o discurso é directo, ás veces irónico, e que se explicita unha crítica aos tratamentos alternativos á cura do cancro.

_____, "Ilustración e poesía man a man", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 25 setembro 2015, p. 12.

En relación coa obra *Catálogo* (2015), de Chiña, Rosalía Fernández Rial, Mon Lendoiro e Paco Souto, destaca a conexión estabelecida entre poesía, ilustración e recitado ao vivo como unha nova proposta por parte dos catro autores. Subliña a importancia e presenza da Costa da Morte.

**Nicolás**, Ramón, "Vivir, a pesar de", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 maio 2015, p. 47.

Lembra, con motivo do seu falecemento, a extraordinaria memoria, o profundo interese pola literatura e a cortesía da escritora María do Carme Kruckenberg.

_____, "Sempre atenta á vida, agora 'polos vieiros preto da noite", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Obituario", 22 maio 2015, p. 7.

Rememórase a obra e a personalidade de María do Carme Kruckenberg, falecida na súa cidade natal. Comenta que entre as características da súa literatura están a conciencia de pertencer a unha tradición poética galega e o intimismo da súa obra, sen dar as costas ao contexto social no que lle tocou vivir.

_____, "Militante da lingua e da literatura", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 xullo 2015, p. 40.

Salienta a idoneidade de Manuel María como homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2016. Destaca o seu traballo como editor e libreiro, ademais da súa ampla obra, que inclúe poesía, narrativa, dramaturxia, ensaio e artigos xornalísticos. Comenta que Manuel María é un "modelo de análise e difusión extraordinariamente rendíbel e eficaz".

**Novás**, G., "Los escritores gallegos y el cine, una intensa relación en el franquismo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 decembro 2015, p. 38.

Comenta o contido da tese *Escritores galegos diante do cinema no período do franquismo* realizada polo profesor Miguel Anxo Fernández, destacando que a relación dos escritores galegos e o cine durante o franquismo foi máis intensa e prolífica do que se tiña considerado. Finalmente destaca a figura de Victoriano López García, quen entre outros méritos promoveu e dirixiu a primeira escola de cine e o Instituto de Investigaciones y Experiencias Cinematográficas.

**O. B.**, "Vilagarcía rinde homenaxe a Manuel Blanco, o 'poeta obreiro", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 2 decembro 2015, p. 5.

Anuncia a celebración dun acto homenaxe a Manuel Blanco, organizado pola Mesa das Verbas. Sinala algúns datos da biografía do autor que era coñecido como "poeta obreiro" e sinala que a súa obra sufriu a censura franquista.

**Ocampo**, E., "As aulas cantan a Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 5 febreiro 2015, p. 41.

Adiántase a celebración dunha homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez con motivo do centenario do seu nacemento e que terá lugar na Casa Galega da Cultura en Vigo. Engádese que un grupo de estudantes do IES Alexandre Bóveda musicarán e interpretarán os seus poemas.

_____, "A colección de saberes de Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*; "Sociedad", 6 febreiro 2015, p. 43.

Fálase do acto de homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez, organizado pola Fundación Penzol, e no que os estudantes de bacharelato do IES Alexandre Bóveda musicaron algúns dos seus poemas. Dise que tamén estiveron presentes tres fillos do autor, que doaron fondos documentais do seu pai á Fundación Penzol.

_____, "El Puerto cae en las redes del teatro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 1 marzo 2015, p. 48.

Informa da estrea da obra *Totus Locus: Dende Roma con fervor* da compañía afeccionada Os fillos do capitán Nemo, integrada por varios traballadores portuarios de Vigo e dirixida por Rosi Figueroa que adapta o texto *O achado do castro*, de Manuel Núñez.

_____, "Un legado inédito de Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*; "Sociedad", 17 abril 2015, p. 43.

Anuncia a inauguración na Casa Galega da Cultura de Vigo da mostra titulada "Centenario de Xosé María Álvarez Blázquez. Construtor dunha cidade de libros" impulsada pola Fundación Penzol, o Concello de Vigo e a familia Álvarez Cáccamo, herdeiros do homenaxeado. Indica que inclúe unha ampla documentación cedida pola familia.

_____, “Un vino por el autor de A Esmorga”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 xullo 2015, p. 42.

Sinálase que a última das tres sesións das “Xornadas sobre viño e cultura” que se celebran en Vigo está dedicada a Eduardo Blanco Amor e conducida polo historiador Xavier Castro, que abordará as claves vitais do autor e destacará os aspectos da súa obra que teñen relación coa cultura do viño.

**Otero Ricart**, J. A., “Paco Luis Bernárdez, una vida de película”, *Faro de Vigo*, “*el sábado*”, n.º 919, 25 xullo 2015, p. 6/ *La Opinión*, “*El Domingo*”, n.º 737, 2 agosto 2015, p. 5.

Sinálase que o cineasta Xan Leira está ultimando en Bos Aires un documental sobre Paco Luis Bernárdez, poeta e diplomático arxentino de orixe galega, que se estreará no Festival Internacional de Cine de Ourense. Tamén se fai un percorrido pola vida deste persoeiro.

**Outeiriño**, Maribel, “Muere don Ricardo Carballo”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 27 marzo 2015, p. 25.

Recórdase que a morte de Ricardo Carballo Calero foi o 27 de marzo de 1990.

_____, “Vivir na compaña do medo”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 21 xullo 2015, p. 31.

Refírese ao aniversario da publicación de *Berros en voz baixa* (1990), de Antón Tovar. Tamén se publica un fragmento dun dos seus poemas.

_____, “Ensayista, leal, imprescindible para Galicia”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 28 agosto 2015, p. 33.

Recórdanse as opinións que deron algúns persoeiros da cultura galega no ano 1990 sobre a figura de Ramón Piñeiro con motivo do seu falecemento.

**Pardo**, Alfredo, “Sobre as táboas de Talía”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 23 abril 2015, p. 14.

Faise unha breve descrición do percorrido artístico do grupo de teatro Centro Teatral Faro-Miño de Chantada dende os seus inicios no ano 1990, destacando as montaxes teatrais máis relevantes.

**Paz Otero**, Héctor, “Fotogramas de Leo Caldas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 554, 1 outubro 2015, cuberta.

Comenta a estrea cinematográfica do libro *A praia dos afogados* (2009), de Domingo Villar e protagonizada por Carmelo Gómez. Valora o xénero policial na literatura galega, dende a pioneira *Crime en Compostela* (1984), e di que non foi prolífico. Ademais caracteriza a novela negra galega, en canto as coordenadas espaciais, dentro do rural a diferenza do mundo urbano máis habitual neste xénero.

**Pazo**, Laura, "Un 2015 con acción y buena letra", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 12 xaneiro 2015, p. 15.

Coméntanse as perspectivas editoriais en Galicia para o ano 2015 e fálase das publicacións que editoriais como Xerais, Galaxia, Hércules Ediciones e Kalandraka teñen pensado ofrecer ao longo deste ano.

_____, "O poeta Manuel María será o próximo homenaxeado no Día das Letras Galegas", *Faro de Vigo*, p. 43/ *La Opinión*, "Cultura y ocio", p. 35, "Sociedad", 5 xullo 2015.

Dá conta de que a Real Academia Galega anunciou que o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2016 será o lucense Manuel María. Sinala a publicación da obra *Muiñeiro de brétemas* e indica que "Manuel María enriqueceu a literatura galega non só no eido da poesía, senón tamén no teatro, na narrativa, no ensaio".

**Penedo**, José Luis, "Manuel María", *La Región*, "Opinión", 11 xullo 2015, p. 31.

Reflexiona sobre a escolla de Manuel María como figura homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2016. Dá conta dos premios acadados polo escritor, cita algunhas das súas obras e comenta os seus traballos periodísticos. Ademais, destaca que foi o escritor contemporáneo de maior produción literaria.

**Pérez**, Cristina, "Federico Cachafeiro Lamas. 'Como xuíz de paz oficiei as primeiras vodas civís de Meira", *El Progreso*, "Mil batallas", 17 febreiro 2015, contracuberta.

Alude ao traballo de Federico Cachafeiro por recuperar e difundir a figura do poeta Avelino Díaz para lograr así a dedicatoria dun Día das Letras Galegas.

_____, "Maridaxe a través dos versos", *El Progreso*, "A Chaira", 4 decembro 2015, p. 19.

Sinala a creación do colectivo Os Afillad@s de Pepe integrado por sete poetas de diversas idades e estilos e con traxectorias diferentes, cuxo xermolo reside no 25º cabodano de Xosé María Díaz Castro. Tamén achega máis información dos poetas integrantes, quen afirman esperan medrar e acoller novos membros, así como expandir os espazos onde celebran os recitais. Entre as súas actividades, anuncian a publicación dunha obra colectiva.

**Pérez**, Paula, "Unha lingua para facer as beiras na rede", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 marzo 2015, p. 41.

Infórmase da entrega o día anterior 18 de marzo na Cidade da Cultura dos premios Lingua de Namorar, no que os rapaces tiñan que escribir declaracións de amor curtas. Dá os nomes dos vencedores: na categoría de 14 a 19 anos, Marta Gómez Martin, Saray Díaz e Sabela Domínguez; na categoría de 20 a 35 anos, Aitana Iglesias, Sonia Varela e María J. Chao.

**Pichel**, C., "Toda Galicia recita a Rosalía de Castro", *ABC*, "Galicia", 25 febreiro 2015, p. 65.

Fálase da celebración do Día de Rosalía no aniversario do seu nacemento en toda Galicia e destácase que incluso houbo un "doodle". Alúdese ao acto institucional na Alameda compostelá cunha ofrenda floral e a presenza dos alcaldes de Padrón e de Santiago, así como do conselleiro de Cultura e Educación, quen animou á mocidade a usar o idioma galego como a mellor homenaxe que se lle pode facer a Rosalía.

**Pillado**, Neli, "A última viaxe do 'siñor Afranio", *Faro de Vigo*, "Val Miñor", "Área metropolitana", 19 marzo 2015, p. 12.

Infórmase da constitución dun convenio para a doazón dos documentos de Antonio Alonso Ríos, en propiedade de Xosé María Álvarez Blázquez, ao Instituto de Estudos Miñoranos (IEM). Di que entre os documentos destaca o manuscrito d*´O siñor Afranio. Ou como me rispei das gadoupas da morte*, no que Alonso Ríos conta en primeira persoa os seus tres anos de fuxida polos montes galegos tras o estoupido da guerra civil.

**Piñeiro**, Carolina, "As rúas de Celanova acollen a rodaxe da obra 'Vento ferido", *La Región*, "Provincia", 25 xuño 2015, p. 21.

Coméntase a rodaxe dunha obra audiovisual en Celanova, baseada en contos de Carlos Casares, baixo o título *Vento ferido*. Indícase que participan estudantes de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo. Os resultados poderán verse no obradoiro "Celanova, plató de ficción" que terá lugar na vila entre o 7 e o 10 de xullo.

_____, "La Fundación Curros Enríquez dispondrá de 15.000 euros para actividades", *La Región*, "Celanova", 11 xullo 2015, p. 18.

Indica que, grazas á axuda da Xunta de Galicia, a Fundación Curros Enríquez poderá realizar diferentes actividades dirixidas aos escolares e centradas en Manuel Curros Enríquez, como o programa escolar "Ven coñecer a Celanova de Curros e Celso Emilio" ou a VII xornada de convivencia arredor da figura do poeta.

**Piñón**, Elena, "O centenario de Piñeiro recórdao como 'mestre do galeguismo", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 1 xuño 2015, p. 31.

Infórmase do acto de homenaxe a Ramón Piñeiro polo seu centenario, que tivo lugar onte ao pé da casa da rúa Xelmirez 15, en Santiago, onde viviu os seus derradeiros anos. Explícase que no acto participaron, entre outros, o director da editorial Galaxia, Víctor Fernández Freixanes, o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, e o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez.

**Plaza**, Vicente, "Premio Nacional de Cultura a cinco creadores gallegos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 febreiro 2015, p. 36.

Refírese ao acto de entrega dos Premios Nacionales de Cultura 2013, presidido polo rei Filipe VI, no que entre os galardoados se atopaban os galegos Miguelanxo Prado, José María Merino, Manuel Álvarez Torneiro, Luz Casal e Antón Castro.

_____, "Rosalía, protagonista do 'Diario Cultural", *El Correo Gallego*, "Medios", 24 febreiro 2015, p. 45.

Infórmase da presentación do libro-CD *De cantares hoxe* (2014) no marco do programa da Radio Galega "Diario Cultural", emitido dende a Casa Museo de Rosalía de Castro, no que participarán expertos na obra de Rosalía. Dise que o acto está patrocinado pola Deputación da Coruña e que o libro inclúe poemas inéditos de trinta e seis poetas a partir dos poemas de *Cantares gallegos*.

_____, "Los otros escritores se dan cita en Correo TV", *El Correo Gallego*, "Medios", 11 novembro 2015, p. 61.

Indica que no programa "Faladoiro" haberá un debate no que participarán Manuel Rodríguez, Miguel Bóo, Rosalía Morlán e Ulises Bértolo, escritores que teñen a creación literaria como segunda actividade profesional.

**Ponte Far**, José A., "O mellor da poesía galega", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 1.077, "Poesía", 11 febreiro 2015, pp. 4-5.

Antoloxía que recompila algúns dos poemas máis celebrados das letras galegas recollidos polo suplemento "*La Voz de la Escuela*" para o seu posíbel tratamento na aula que inclúe "Nouturnio", de Manuel Curros Enríquez; "Xeografía", de Arcadio López Casanova; "Navy bar", de Manuel Antonio; "A dama que ía no branco cabalo", de Álvaro Cunqueiro; e "Castellanos de Castilla", de Rosalía de Castro.

**Pousa Meréns**, Luis, "Xosé Neira Vilas. 'É esencial para min escribir: morrerei cos zocos postos", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 15 marzo 2015, cuberta.

Realízase un breve recorrido pola biografía de Xosé Neira Vilas, autor dunha das referencias universais da literatura galega, *Memorias dun neno labrego*. Menciónase a súa vida como emigrante en Bos Aires, a relación co galeguismo no exilio, a emigración a Cuba coa súa muller e o regreso a Galicia.

**Porto**, H. J., "Morre Ramón Lugrís, europeísta que 'capitaneou o novo galeguismo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 decembro 2015, p. 44.

Faise eco do falecemento do intelectual ferrolán Ramón Lugrís, de quen destaca o seu papel fundamental no avance do novo galeguismo dos anos cincuenta a pesar de agora estar afastado por vontade propia da vida política do galeguismo. Tamén comenta brevemente a relación laboral que mantivo coa BBC e coa ONU e a súa participación en diversos congresos internacionais en África.

**Porto**, Héctor J., "Indignación ante a idea de retirarlle o nome de Cunqueiro á rua de Madrid", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xullo 2015, p. 40.

Comenta que escritores galegos como Xesús Alonso Montero, Carlos G. Reigosa ou César Antonio Molina rexeitan que se retire do rueiro madrileño o nome de Álvaro Cunqueiro debido a que apoiou o franquismo "como medida de autoprotección". Sinala algúns aspectos da vida do autor e salienta que é "un dos máis grandes escritores da lingua galega e da castelá".

_____, "A memoria da emigración", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 novembro 2015, p. 43.

Dáse conta do falecemento do autor Xosé Neira Vilas, do que se enxalza a súa figura por terlle dado voz á Galicia labrega e por escribir *Memorias dun neno labrego*. Tamén se comenta o descubrimento da faceta de Neira Vilas como escritor, recordando a multitude de libros que escribiu e eloxiando a amabilidade e humildade que sempre amosaba.

**Porto**, L., "Antonio Castro López. 'Saír ao escenario ten algo especial e fai que perdas a timidez", *El Progreso*, "Mil batallas", 27 xaneiro 2015, contracuberta.

Dise que Antonio Castro López é un dos alumnos da Aula de Teatro de Sarria. Destaca que xa participou en tres representacións e que na actualidade está a traballar coa peza *O achado do Castro*, na que dá vida a un emperador.

**Prego**, C., "La novela 'Ollos de Auga' inspira la primera de cinco nuevas rutas literarias para turistas", *Faro de Vigo*, "Vigo", 8 marzo 2015, p. 4.

Infórmase dos plans que o Concello de Vigo ten para a creación de rutas literarias que atraian o turismo. Dise que até agora son cinco os autores escollidos para estas rutas: Julio Verne, Rosalía de Castro, Martín Codax, Álvaro Cunqueiro e Domingo Villar.

_____, "Un viaje por los secretos de la ciudad", *Faro de Vigo*, "Vigo", 3 abril 2015, p. 4.

Coméntase a iniciativa do Concello de Vigo para editar guías impresas relacionadas coa literatura. Neste caso, fálase do personaxe Leo Caldas creado polo escritor Domingo Villar e como se poden seguir as súas andanzas por Vigo a través desta guía. Engade que hai plans para facer o mesmo con Julio Verne, Rosalía de Castro, Martín Codax e Álvaro Cunqueiro.

**P. V.**, "Os supervendas e a literatura infantil, entre o máis demandado na feira do libro de Foz", *El Progreso*, "Comarcas", 23 agosto 2015, p. 18.

Dáse conta do remate da Feira do Libro de Foz e saliéntase algunhas das actividades realizadas: contacontos, espectáculos de humor e presentación de obras, como, por exemplo, *Liña azul* (2014), de David Pobra.

**Ramos**, J. M., "A Real Academia Galega recorda a Pondal na súa vila", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 febreiro 2015, p. 42.

Infórmase da sesión plenaria que a Real Academia Galega realizou na aldea do Couto (Ponteceso), vila natal de Eduardo Pondal, en homenaxe ao cincuenta aniversario da celebración do Día das Letras Galegas dedicado ao autor. Dise que ademais dunha homenaxe, o acto pretendía ser tamén un recoñecemento á actividade da Fundación Eduardo Pondal.

**Ramos**, José M., "Catro rutas literarias que descobren a brava Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.215, 18 marzo 2015, p. 7.

Fálase das catro rutas turístico-literarias pola Costa da Morte promovidas pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), como son: a Ruta Pondaliana por Manuel Ferreiro, a Ruta Costa da Morte por F.X. Fernández Naval, a Ruta Fisterrá por Modesto Fraga e a Ruta Costa do Solpor por Xosé María Lema.

_____, "A praza dos Libros reunirá en Carballo a creatividade galega", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.362, 15 agosto 2015, p. 34.

Infórmase de que entre os días 20 e 23 de agosto terá lugar a Praza dos Libros, unha feira que achegará a creatividade á cidadanía.

_____, "Carballo acoge la Praza dos Libros más juvenil y musical", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.368, 21 agosto 2015, p. 32.

Comenta que abriu as súas portas a chamada Praza dos Libros, unha feira da creatividade cultural na que se dan a man a literatura, as actividades lúdicas, as presentacións, as sinaturas de escritores e os recitais poéticos entre outras propostas. Indica que a pregoeira foi Milagros Cotelo, artista local.

_____, "Ruta pola Costa do Solpor tras as pegadas dun crego, un náufrago e un fidalgo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 outubro 2015, p. 35.

Informa da realización dun percorrido polos espazos que aparecen recollidos na novela *Costa do solpor* e indica que o guía desta actividade foi o propio autor da obra, Xosé María Lema.

**Ramos**, J. R., "La poesía y la fotografía unen a las villas de Malpica y Avintes", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.207, 10 marzo 2015, contracuberta.

Infórmase da colaboración entre a poeta malpicá Carmen Muñoz Fernández e o fotografo luso Pereira Lopes que deu como froito un libro titulado *20 poemas en remanso* (2014) e unha exposición fotográfica homónima que ten lugar no Centro Cívico de Malpica.

**Ramos**, Rocío, "Os derradeiros versos de Neira Vilas soaron na súa despedida", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 novembro 2015, p. 44.

Dá conta do funeral do escritor Xosé Neira Vilas, onde se congregou unha multitude que incluía representantes do goberno galego e membros destacados do mundo da arte, así como de diversas agrupacións culturais e centros de ensino. Tamén informa de diversas actividades levadas a cabo na celebración como, por exemplo, versos musicados.

**Ramos**, Rocío e D. **Sampedro**, "Morreu Neira Vilas, escritor, creador de Balbino e voz da Galicia labrega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 novembro 2015, p. 42.

Informa do falecemento do escritor Xosé Neira Vilas que até os seus derradeiros días contaba con multitude de eventos e proxectos por diante sempre a prol das letras galegas. Tamén indica a data de celebración do enterro e destaca o grande número de persoas que decidiron asistir á capela ardente a renderlle homenaxe, facendo fincapé na figura do músico Roi Casal, quen estaba a realizar un proxecto co escritor coa participación doutros artistas que tiña por título *Son galego, son cubano*.

**R. de R.**, "Meira homenajeará a Avelino Díaz y a Anxo Lamas este domingo", *El Progreso*, "A Chaira", 17 setembro 2015, p. 22.

Infórmase de que Avelino Díaz e Anxo Lamas serán homenaxeados na III Festa da Afirmación e Dignidade, onde recibirán as Mans de Irimia.

**Reboredo**, Arturo, "Los libros en Antas se hablan", *El Progreso*, "Comarcas", 8 novembro 2015, p. 19.

Sinálase que o club de lectura de Antas de Ulla leva activo case un ano e que os seus membros se reúnen unha vez ao mes para comentar o libro escollido. Ademais, dise que nalgunha ocasión puideron ver películas que se baseaban nalgún dos libros lidos e que teñen pensado facer visitas ás casas museo de autores galegos.

**Rei**, Luís, "Centenario de Vento Mareiro", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Ventomareiro", 1 marzo 2015, p. 34.

Recórdase o centenario da publicación na Habana do poemario de Ramón Cabanillas *Vento mareiro*. Indícase que esta obra supuxo unha continuidade da expresión literaria en galego tras Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal e ao mesmo tempo unha aposta pola modernización e actualización da poesía en galego.

**Reigosa**, Antonio, "A ruta do galo de Leiras Pulpeiro", *El Progreso*, "*deVerano*", "Recunchos con encanto", 20 xullo 2015, pp. 22-23.

Dá conta do desenvolvemento dun paseo por Mondoñedo seguindo as indicacións que plasmou Manuel Leiras Pulpeiro no poema "Un galo". Salienta que esta creación foi galardoada nun certame literario celebrado en Vigo en 1910. Comenta o seu argumento e destaca que se describen as aventuras de seis mozos dentro do concello de Mondoñedo.

_____, "As mellores San Lucas da historia", *El Progreso*, "*Feiras e festas de As San Lucas*", "Mondoñedo", 16 outubro 2015, pp. 20-21.

Dise que as feiras e festas das San Lucas de 1895 deberon ser as mellores da Galicia e comenta algúns dos actos celebrados nesa data. Tamén se sinala que, entre outras actividades, houbo un certame literario con varios premios que estivo presidido por Murguía.

**Requeixo**, Armando, "Letras en ronsel", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 25/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 862, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 862, p. 33, "letras Atlánticas", 4 xaneiro 2015.

Fai un amplo repaso, pero breve no contido, ás publicacións en galego aparecidas durante o ano 2014, citando as máis destacadas en narrativa, poesía, ensaística, literatura infantil e xuvenil e teatro.

**Rey**, Carlos, "Música, poesía, obradoiros e singraduras para amenizar a semana no Museo Massó", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Cangas", "Bueu", 12 agosto 2015, p. 17.

Infórmase das actividades que se desenvolverán no Museo Massó, entre as que se destaca un recital poético.

_____, "Bueu escríbese en verso e en feminino", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 22 agosto 2015, p. 6.

Sinálase que Bueu conta con tres referentes da poesía galega entre os seus veciños e que as tres –Asun Estévez, Míriam Ferradáns e Lucía Novas– se xuntaron nunha sesión poético-musical para homenaxear o mar. Sinálase que as inxustizas son unha constante na poesía destas tres autoras do concello pontevedrés e ofrécese unha breve información sobre as traxectorias de cada unha delas.

**Rivero**, Víctor M., "Manuel María revive en Outeiro de Rei", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 12 xullo 2015, p. 45.

Dá conta da celebración da segunda edición do Convivio da Cultura Galega, que tivo lugar en Outeiro de Rei. Salienta que asistiron trescentas persoas e que se homenaxeou a figura do poeta Manuel María.

**R. L.**, "Unha xornada para dicir #EuSonRosalía", *El Progreso*, "Vivir aquí", p. 65/ *Diario de Pontevedra*, p. 53, "Cultura", "Día de Rosalía", 25 febreiro 2015.

Recórdanse algúns dos actos en homenaxe a Rosalía de Castro que tiveron lugar no aniversario do seu nacemento por toda Galicia: en Santiago houbo un acto institucional na Alameda; e na Casa Museo de Padrón tivo lugar a presentación de libro-CD *De Cantares hoxe* (2014). Ademais dise que en distintas cidades como Lugo, A Coruña e Vigo, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) organizou lecturas de poemas.

_____, "La Academia Argentina de Letras nombra a Luís González Tosar académico correspondiente" *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 11 outubro 2015, p. 67.

Informa de que a Academia Argentina de Letras nomeou a Luís González Tosar académico correspondente. Comenta que este autor ourensán, nado na emigración, representará a Galicia e co seu nomeamento a AAL busca potenciar os seus vínculos con Galicia, a súa lingua e a súa cultura.

_____, "Galicia despide con música e aplausos a Neira Vilas, que xa descansa na terra de Gres", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 51/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 58, 29 novembro 2015.

Faise eco do falecemento do escritor Xosé Neira Vilas e do seu soterramento na igrexa situada na pequena parroquia de Gres, ao cal asistiron amigos, veciños e personalidades da cultura e da política, como o director da editorial Galaxia, Víctor Freixanes ou o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, entre outros. Tamén fai referencia aos actos de despedida no Panteón dos Galegos Ilustres de Santiago na honra do escritor.

_____, "El mundo de la cultura y la política se une para el último adiós al teólogo Xosé Chao Rego" *El Progreso*, "Vivir", 30 novembro 2015, p. 77.

Dáse conta do funeral na honra de Xosé Chao Rego, oficiado no tanatorio de Boisaca, en Santiago de Compostela, que contou coa presenza e música de Mini e Mero. Indícase que o autor posúe cunha grande obra literaria, onde destaca a temática relixiosa e cultural e que tamén toca temas como o feminismo ou a homosexualidade. Destácase que é un referente no movemento de renovación cristiá e da actividade galeguista.

**R. M.**, "El Concello reconoce con su medalla de oro la relación poética de Bodaño con Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 18 marzo 2015, p. L7.

Dáse conta da homenaxe a Salvador García-Bodaño que tivo lugar onte en Santiago coa presenza do presidente da Xunta, o alcalde de Santiago e membros da Real Academia Galega da que el mesmo é membro. Dise que no acto o homenaxeado recibiu o título de fillo adoptivo e a medalla de ouro da cidade.

_____, "La cultura gallega recuerda en Santiago al 'mestre do galeguismo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 1 xuño 2015, p. L4.

Infórmase do acto de homenaxe a Ramón Piñeiro polo seu centenario, que tivo lugar onte ao pé da casa da rúa Xelmírez 15, en Santiago, onde viviu os seus derradeiros anos. Recordouse o seu importante papel a prol da cultura galega: primeiro presidente do Consello de Cultura Galega, membro da Real Academia Galega e cofundador da Editorial Galaxia.

**Rodil**, Ana, "Ribas de Sil arrasa en los escenarios", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 12 marzo 2015, p. 26.

Noméanse as actividades do grupo de teatro afeccionado Augas do Sil do Concello de Ribas de Sil. Dise que un dos seus compoñentes, Venancio Culebras, fala do tipo de obras que montan, que inclúen pezas cómicas, sainetes e representacións de Semana Santa.

_____, "El mundo artístico se vuelca con Lois Pereiro en un homenaje en Monforte", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 12 abril 2015, p. 25.

Informa que tivo lugar unha homenaxe a Lois Pereiro o 11 de abril en Monforte, na que se lle puxo o nome do escritor á casa da cultura da cidade e á biblioteca do seu interior.

Di que o acto contou coa presenza da familia do poeta e de autores que tiveron lazos moi fortes con el, como Manuel Rivas.

_____, "La feria del libro de Monforte arranca con un recuerdo a Manuel María", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 27 agosto 2015, p. 16.

Sinálase que comezou a feira do libro en Monforte e dise que Xosé Lois García, encargado do pregón, recordou a figura de Manuel María.

_____, "Crean en Chantada un grupo artístico que une música, fotografía y poesía", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 31 decembro 2015, p. 19.

Informa da estrea do colectivo Expresión Saúda, formado polo profesor de música do Instituto Lama das Quendas de Chantada, José Manuel Vázquez, e dúas antigas alumnas súas, Raquel Ledo e Paula Mato, quen realizaron un acto interdisciplinar na casa da xuventude de Chantada. Tamén comenta que se trata dun grupo que pretende canalizar o sentimento de saudade a través de distintas disciplinas artísticas e que se propón o reto de sumar novos membros.

**Rodríguez**, Ángeles, "Catro semblanzas literarias", *O SIL*, "Cultura", xaneiro 2015, pp. 52-53.

Fala da conferencia que o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, impartiu no Barco de Valdeorras o 12 de decembro tras a invitación feita polo periódico *O Sil*. Dise que falou de catro figuras literarias vinculadas á zona: o poeta Valentín Paz-Andrade, o gramático Manuel Rodríguez Rodríguez, o escritor e tradutor Florencio Delgado Gurriarán e o dialectólogo Laureano Prieto.

**Rodríguez**, M., "Toponimia, música e versos percorrerán a ruta de Sabón a Valcobo", *El Ideal Gallego*, "Arteixo", 5 agosto 2015, p. 21.

Dáse conta do primeiro roteiro poético polo litoral de Arteixo da man da poesía, a toponimia e a música.

**Rodríguez**, Pablo, "Casi 50 docentes descubren los recursos didácticos del museo Manuel María", *El Progreso*, "Comarcas", 4 outubro 2015, p. 20.

Fálase de que arredor de cincuenta profesores de primaria e secundaria acudiron á casa museo de Manuel María, en Outeiro de Rei, para coñecer os seus recursos didácticos.

**Rodríguez**, Salvador, "De casa de Carmiña a café museo 'Alvaro Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 696, "Reportaje", 20 setembro 2015, p. 5/ *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 745, 27 setembro 2015, p. 4.

Infórmase de que o proxecto de creación do Café Museo Álvaro Cunqueiro, na antiga casa da súa irmá Carmen, vivenda na que pasou algúns anos da súa vida o célebre escritor mindoniense, non está exenta de polémica, pois hai quen non entende que o emprazamento deste museo sexa nesta casa e non na que el naceu. Fálase tamén sobre o proxecto, o seu financiamento e sobre algúns dos lugares que frecuentaba o escritor.

_____, "Chegou a carta de Neira!", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 29 novembro 2015, p. 39.

Faise eco do falecemento do escritor Xosé Neira Vilas e achégase á súa figura a través do contacto profesional e logo persoal que o xornalista tivo co autor. Tamén destaca a importancia de Neira Vilas e a súa obra na recuperación e dignificación da emigración galega.

**Rojas**, Victoria, "Ramón Villares defende a perspectiva global galaico-portuguesa de Castelao", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 18 xuño 2015, p. 33.

Dáse conta do acto de investidura de Ramón Villares, profesor de Historia Contemporánea e presidente do Consello da Cultura Galega, como doutor *honoris causa* pola Universidade do Minho. Indícase que o acto tivo lugar en Braga (Portugal), onde o distinguido falou das fluídas relacións entre Galiza e Portugal.

_____, "A literatura galega protagonizará as lecturas de outono nas librarías", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 2 outubro 2015, p. 38.

Fálase sobre a segunda edición do programa Venres nas Librarías, cuxa programación foi presentada por Anxo Lorenzo, secretario xeral de Cultura, por Sol Vázquez, directora xeral de Comercio, por Pilar Rodríguez, presidenta da Federación de Librarías de Galicia, e por Miguel Toval en representación da AGE.

_____, "Follas Novas Edicións presenta dos nuevos títulos: 'Deathless Loves' y 'A chave perdida", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 decembro 2015, p. 44.

Entre outras novas, anuncia a publicación da obra *A chave perdida* (2014) dentro da colección Libros da Frouma. Salienta algúns aspectos da biografía do autor, Ricardo Moreno Castillo, e a temática variada dos seus traballos.

**Romero**, L., "El Concello creará el Roteiro Cabanillas y un centro documental para investigación", *Diario de Arousa*, "Cambados", 1 marzo 2015, p. 10.

Infórmase da sinatura do convenio de colaboración do Concello de Cambados coas familias Vidal Cabanillas e Botana Cabanillas pola que se cede ao concello un importante fondo documental do poeta Ramón Cabanillas. Ademais de expoñer parte deste material na sala de Exposalnés, dise que o concello vai crear o Roteiro Cabanillas na vila.

**Romero**, Lucía, "Habilitarán A Xuventude para introducir el cine como actividad habitual de la programación cultural", *Diario de Arousa*, "Cambados", 10 outubro 2015, p. 12.

Anuncia a presentación do programa para outono e inverno, que aposta por actividades con boa acollida como representacións teatrais, exposicións artísticas, charlas e talleres infantís. Tamén dá conta da realización de diferentes actividades para conmemorar a Cabanillas e o centenario da publicación de *Vento mareiro*, entre as que se inclúe a conferencia "O vestido do verso: Cabanillas ilustrado por Castelao".

**Rozas**, Ramón, "Cronopios galegos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí!", "A vida nun fío", 31 xaneiro 2015, contracuberta.

Evócase a presenza de Xulio Cortázar en Galicia, as súas visitas nos anos cincuenta e os vencellos coa terra e cultura galegas. Neste contexto fálase do libro de Francisco X. Fernández Naval *O soño galego de Julio Cortázar* (2014) e do audiovisual *Cortázar Galicia*, dirixido por Juan de la Colina.

_____, "No Día da Poesía", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí!", "A vida nun fío", 21 marzo 2015, contracuberta.

Faise un repaso das últimas novidades publicadas en poesía en galego, co gallo do Día Internacional da Poesía, e cita, entre outras: *Onde nunca é mañá*, de Álvarez Torneiro; *Estrela do norte*, de Luís Rei; *Dun lago escuro*, de Marta Dacosta; *Atravesar o fantasma*, de Carlos Callón; *Anamnese*, de Eli Ríos; *Os privilexios dos somnámbulos*, de Pablo Bouza; e *Dominio público*, de Ramón Neto.

_____, "Pontevedra entre laranxeiras", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 26 abril 2015, p. 13.

Dáse conta da publicación de *Pontevedra. Laranxeiras e limoeiros* (2015), volume que xira arredor de Pontevedra, dirixido pola Asociación Española de Críticos Literarios e coa colaboración da Editorial Galaxia e do Concello de Pontevedra. Indícase que o libro é unha ampla escolma de textos de autores conectados coa vila. Saliéntase a importancia da incorporación das fotografías de Noel Queipo que complementan a creación literaria.

_____, "Luis Seoane. Unha mirada de esguello", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 13 xullo 2015, p. 8.

Destaca que até o 27 de setembro de 2015 o museo MARCO de Vigo acollerá a exposición "Retrato de esguello", centrada na vida e obra do artista Luís Seoane.

_____, "Culturfesta", *Diario de Pontevedra*, "A vida nun fío", 5 decembro 2015, contracuberta.

Salienta a relevancia da Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal) que se está a celebrar no Recinto Feiral de Pontevedra cunha ampla variedade de propostas para todas as idades, de entre as que destaca a presenza de escritores mozos gañadores de premios a nivel internacional como Ledicia Costas, e nomes xa consolidados como o de Manuel Rivas que vén de publicar *O último día de Terranova*.

**R. S.**, "Cuatro librerías organizan actos para divulgar el libro gallego", *Atlántico Diario*, "Vigo", 4 outubro 2015, p. 9.

Informa da realización nalgunhas librarías viguesas de diferentes actos para promover o libro galego.

**Salgado**, Fernando, "Luis Rei, un mar de palabras", *Diario de Pontevedra*, "O Salnés", 11 agosto 2015, p. 16.

Faise un percorrido pola vida do activista cultural Luís Rei.

_____, "Chumpá Teatro cumple diez años", *Diario de Pontevedra*, "Tabeirós", "Deza", "Caldas", 4 decembro 2015, p. 26.

Sinala a celebración do décimo aniversario do grupo de teatro Chumpá Teatro, dirixido por Fran Rei e dividido en tres grupos, infantil, xuvenil e adultos, que xurdiu dun curso de iniciación ao teatro celebrado no verán de 2004 no concello de Cuntis. Tamén destaca que dende os seus comezos levan representado sete obras en diversos escenarios de Galicia polos cales recibiron varios premios.

_____, "O sexo, a morte e a vida de Faustino", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", "Vivir en Caldas", 2 decembro 2015, p. 3.

Faise eco da celebración dunha mesa redonda arredor da figura do crego e poeta Faustino Rey Romero celebrada en Catoira e organizada pola Nova Escola Galega, o Concello de Catoira, a Asociación Cultural Barbantia e o IES Félix Muriel de Rianxo, onde se afondou na polémica vida do autor rematando por solicitar que lle sexa dedicado un Día das Letras Galegas.

**Salse Batán**, A., "A derradeira lección de Otero Pedrayo volve á facultade en forma de lembranza", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 marzo 2015, p. 36.

Dise que o director da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero recorda a derradeira lección que Ramón Otero Pedrayo pronunciou na Universidade de Santiago, a primeira vez que se deu unha lección en galego na universidade despois da Guerra Civil. Ademais, engade que se presenta o libro *Ramón Otero Pedrayo. Unha fotobiografía (1888-1976)* (2014), realizado por Patricia Arias Chachero e Afonso Monxardín.

_____, “El sector teatral gallego baja el telón”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 marzo 2015, p. 36.

Indícase que se fai unha análise dos datos das artes escénicas que mostra a crise no teatro. Engade que dende o ano 2007 até o 2013 baixou o número de funcións, a recadación e as compañías teatrais, así como as axudas públicas.

_____, “A poesía chega ó hipervínculo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 marzo 2015, p. 40.

Infórmase da publicación en Internet do poemario de Fran Alonso titulado *Poética*, accesíbel na rede de forma gratuíta. Engádese que na web se encontra un conxunto de poemas relacionados por hipervínculos sen unha orde definida de lectura e que, ademais, inclúen audios, vídeos e fotografías

**Sampedro**, Domingos, “O pésame é para todos os Balbinos que perderon o seu cronista”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 novembro 2015, p. 44.

Anuncia o falecemento do autor de *Memorias dun neno labrego*, Xosé Neira Vilas, e informa dos actos de homenaxe, como a sesión musical coas letras da súa obra e a versión do músico Roi Casal e o guitarrista Manu Conde. Tamén recolle as palabras de agarimo e agradecemento de varias figuras destacadas, como o presidente da RAG ou o cónsul xeral de Cuba.

**Sande**, Miguel, “151 poetas chaman por Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 abril 2015, p. 34.

Coméntase a proposta de Suso Díaz a 151 poetas de crear textos propios a partir de poemas de Rosalía de Castro e que este proxecto está recollido na páxina web da Fundación que leva o nome da autora padronesa.

**S. E.**, “Recital de Yolanda Castaño en Lalín”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.276, 19 maio 2015, p. 7.

Infórmase do espectáculo poético e recital multimedia que organizou a poeta Yolanda Castaño en Lalín. Indícase que o acto foi organizado pola biblioteca e que se celebrou no museo Ramón María Aller.

**Seijo**, Sara P. e **I. C.**, “Premio para Javier Solana al final del Camino”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 21 agosto 2015, contracuberta.

Dáse conta de que a formación galega Gelria realizou unha velada de poesía musicada con versos de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e outros poetas.

_____, “El payaso Nono pasó la gorra en A Quintana”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 25 agosto 2015, contracuberta.

Faise eco da visita do alumnado do curso de Dinamización de recursos turísticos do G. D. R. Terras de Compostela á parroquia de Gres, onde coñeceron o escritor Neira Vilas e a súa Casa-Museo.

**Seoane**, Xavier, “Nélida Piñón: namorada das palabras”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 513, “Literatura”, 7 novembro 2015, p. 6-7.

Coméntase que Nélida Piñón, escritora brasileira con orixes galegas, estivo na Coruña e que falou sobre as súas orixes e a súa obra. Destácase entre outras cousas que xa aos dez anos pensaba en ser escritora, que o seu pai lle abriu unha conta nunha libraría para que puidese ter todos os libros que quixese e que na redacción de *A República dos soños* tiveron un gran papel as vivencias familiares.

**Sertal**, C., “Más de la mitad de los concellos de la provincia apuestan por el Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 22 novembro 2015, p. 12.

Sinala a realización dunha nova edición do Culturgal, que desta volta destaca pola achega de diferentes concellos da provincia de Pontevedra que terán presenza no gran escaparate das industrias culturais de Galicia que constitúe a feira. Tamén comenta a contribución neste evento do Concello de Cambados que, entre outras cousas, amosará información sobre diferentes persoas relevantes da zona como Francisco Asorey e Ramón Cabanillas.

**S. J.**, “García Vega reivindica a Aurelio Aguirre, impulsor do Banquete de Conxo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 febreiro 2015, p. 59.

Alúdese á presentación na libraría Biblos de Lugo do libro *Aurelio Aguirre (1833-1858) e outros* (2014), da filóloga lucense Lucía García Vega. Dise que, segundo a autora, Aguirre é un persoeiro moi importante como escritor e activista da segunda metade do século XIX inxustamente esquecido.

_____, “A rede lucense de museos achega arte ao Día do Migrante de hoxe”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 18 decembro 2015, p. 71.

Fala da iniciativa “Culturas en diálogo” e, entre outras cuestións, comenta a presentación do proxecto “Lugo-Uruguai” onde se lembrarán os escritores Juana Ibarbourou, José María Alonso y Trelles e Valentín García Saiz.

**Soage**, Noelia, “Álvarez Torneiro e García Montero, en PontePoética”, *Diario de Pontevedra*, “Cultural”, “Pontevedra”, 10 abril 2015, p. 11.

Anúnciase a celebración da quinta edición do festival de poesía PontePoética no Teatro Principal de Pontevedra durante a vindeira semana. Di que contará coa presenza de representantes das cinco linguas peninsulares, destacando a participación do poeta galego Manuel Álvarez Torneiro, Premio Nacional de Poesía, e a de Luis García Montero, Premio Nacional da Crítica.

**Sotelino**, Begoña R., "Morre aos 88 anos a escritora María do Carme Kruckenberg", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 maio 2015, p. 47.

Fai un breve recorrido biográfico pola vida da escritora, cunha traxectoria literaria na que se inclúen poemas, contos, traducións e publicacións colectivas.

**Soutelo**, Salomé, "A derradeira andaina de Neira Vilas en Cruces", *Faro de Vigo*, p. 38/ "A última andaina de Neira Vilas na súa aldea", *La Opinión*, "Cultura & ocio", pp. 30-31, "Sociedad", 29 novembro 2015.

Informa da celebración do funeral do escritor Xosé Neira Vilas na súa Gres natal ao cal acudiron diversas autoridades do mundo político e profesionais do campo das letras e a cultura xunto a moitos outros amigos e veciños. Tamén fai fincapé nas distintas lecturas e interpretacións das letras musicadas do escritor durante o funeral e destaca as palabras agarimosas do párroco Alfonso Blanco Torrado, íntimo amigo do falecido.

**Soutelo**, Salomé e Xan **Salgueiro**, "Galicia chora ao 'neno labrego' máis universal", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 novembro 2015, p. 35.

Dá conta do pasamento do escritor Xosé Neira Vilas e da conmoción que causou en amigos e veciños que apenas uns días atrás o viran asistir á representación da súa obra infantil *Espantallo amigo*. Tamén recolle as declaracións de pesar de diversos dirixentes políticos e profesionais do ámbito da cultura, entre os que destaca as mostras de cariño e tristura de numerosos colectivos de emigrantes en Cuba.

**Souto**, Suso, "Rianxo salda unha débeda da historia con Manuel Antonio", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.219, 22 marzo 2015, p. 7.

Refírese o acto de homenaxe realizado onte na lembranza ao poeta Manuel Antonio coa instalación dun monolito na illa Malveira e un recital poético en Rianxo.

_____, "El Xuño Cultural de Rianxo incluye bautismos de mar, música y charlas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.295, 7 xuño 2015, p. 7.

No marco do Xuño Cultural de Rianxo anúnciase que terá lugar, o día 13, a representación da obra *Hotel Finisterre*, a cargo da compañía de teatro local "Airiños".

_____, “A Pobra acoge una muestra de cartas relacionadas con Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.316, 28 xuño 2015, p. 5.

Dáse conta da exposición *Rosalía de Castro por Victoriano García Martí. Cartas dende o exilio interior*. Indícase que está conformada por cartas de Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor ou Fermín Bouza-Brey; un autógrafo laudatorio de Gala Murguía dedicado a Martí; e un óleo realizado por Ovidio Murguía.

_____, “Reúne 600 obras de autores del Barbanza en su ‘museo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 2 setembro 2015, p. 39.

Coméntase que Guillerme Caxaraville Araúxo, mecánico de profesión, habilitou un anexo á súa vivenda como museo bibliográfico aberto ao público no que expón 600 obras de autores do Barbanza dos séculos XIX e XX. Dise que a súa colección de libros xa supera os 14.000 exemplares e un dos máis antigos é de Diego Antonio Fernández de Castro, cura de Fruíme, do século XVIII.

**S. S.**, “Escolares de Ribeira conmemoran onte o Día da Poesía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.125, 18 marzo 2015, p. 6.

Informa do espectáculo celebrado polo alumnado do Concello de Ribeira, co gallo do Día da Poesía, baixo o título de *Abrapalabra* e que foi conducido por Carlos Coira.

_____, “El grupo de teatro estrena ‘A malquerida”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 1.216, 19 marzo 2015, p. 5.

Dá conta da estrea da peza *A malquerida*, de Jacinto Benavente, no Día Internacional do Teatro, a cargo do grupo municipal de teatro de Ribeira. Salienta a participación de dezasete actores.

_____, “Espectáculo teatral no centro cultural”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.292, 4 xuño 2015, p. 6.

Anuncia a representación da obra *Pequeno retablo de verdades e mentiras* no centro cultural de Muros.

_____, “Novo espectáculo teatral en Rianxo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 decembro 2015, p. 35

Informa sobre o lugar e hora da representación da peza dramática *Ismael e a balea branca*, a cargo do grupo da escola de teatro de Narón.

**Suárez**, R., “Políticos y ciudadanos reviven la obra de Neira Vilas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 decembro 2015, p. 12.

Dá conta da realización dunha homenaxe ao recentemente falecido escritor Xosé Neira Vilas na biblioteca municipal do Concello de Vigo que leva o seu nome, onde se levaron a cabo lecturas aleatorias de diversos fragmentos da obra do autor. Entre elas destaca a realizada por Suso Moinhos en esperanto, quen estaba a traballar co propio autor na tradución íntegra a esta lingua de *Memorias dun neno labrego.*

**Sueiro**, Marcos, "En la muerte de Neira Vilas", *ABC*, "Galicia", 28 novembro 2015, p. 58.

Faise eco do falecemento do escritor Xosé Neira Vilas e achega datos sobre a hora e lugar de realización do funeral e a instalación dunha capela ardente no Panteón de Galegos Ilustres. Tamén enxalza a importancia do autor e a súa obra na dignificación da lingua e literatura galegas e na reivindicación da tradición popular.

**S. V.**, "A RAG homenaxea a Álvarez Blázquez e Isla Couto", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 12 setembro 2015, p. 11.

Sinálase que a RAG homenaxeará a Álvarez Blázquez con motivo do centenario do seu nacemento, a Xaime Isla Couto e Ramón Piñeiro.

**Tébar**, Roma, "Ponteareas y Salvaterra en el Día de Rosalía", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Condado/Louriña", 25 febreiro 2015, p. 19.

Dáse conta do programa de actividades do Día de Rosalía nos concellos de Ponteareas e Salvaterra. Dise que en Ponteareas na biblioteca municipal se leron poemas e que se inaugurou unha exposición de debuxos e poemas de alumnos de primaria. Ademais engádese que no salón da Casa da Cultura de Salvaterra tamén se leron poemas e houbo un recital de guitarra.

**Tenreiro**, Lucía, "Betanzos reanudará su campaña por un Día das Letras para Vales Villamarín", *El Ideal Gallego*, "Betanzos", 15 xullo 2015, p. 17.

Indícanse brevemente os vencellos de Manuel María con Betanzos. Sinálase que o concello de Betanzos retomará a iniciativa para intentar que se lle dedique un Día das Letras Galegas a Francisco Vales Villamarín.

**Toledo**, Mar, "La pasión por la literatura aumenta en Arzúa por su novedoso club de lectura", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 setembro 2015, p. 33.

Infórmase da creación dun club de lectura en Arzúa presidido por José Manuel Pampín, no que cada quince días os veciños que desexen participar poden comentar o libro proposto.

**Torre**, Sonia, "La Feria del Libro se acerca a los lectores con coloquios", *La Región*, "Ourense", 2 xuño 2015, p. 10.

Infórmase da celebración da 'Feira do Libro' no Paseo de Ourense, dende o 2 até o 6 de xuño. Destácase que entre as actividades programadas hai contacontos, obradoiros e coloquios, coa presenza de vinte e catro escritores. Indícase que a Feira abre coa lectura do pregón polo profesor Afonso Vázquez Monxardín.

_____, "Ourense reivindica a inmortalidade da lingua galega", *La Región*, "Ciudad", 25 outubro 2015, p. 18.

Evoca un acto no cemiterio de San Francisco no que foi descuberta unha placa na lápida de Xavier Prado Lameiro e se fixo unha ofrenda floral. Ademais sinala que a Coral da Ruada puxo a música no acto, que se pechou co himno galego e durante o cal se leu un poema de Rosalía de Castro e outro de Ramón Otero Pedrayo.

_____, "A esmorga, un libro con 'vocabulario difícil", *La Región*, "Ourense", 25 novembro 2015, p. 14.

Dá conta da realización dun roteiro por parte de cincuenta e cinco alumnos de 4º da ESO do IES As Lagoas, que están a ler *A esmorga*, da autoría de Eduardo Blanco Amor, do cal o estudante Iago Gómez destaca a dificultade que lle supuxo a súa lectura, aínda recoñecéndoo coma un bo libro e moi engaiolante.

**Trillo**, J., "Muxía recoñece o labor da poetisa Ledicia Costas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 novembro 2015, p. 37.

Anúnciase que o Concello de Muxía recoñece este mes, dentro do proxecto Galería de Mulleres, o labor literario de Ledicia Costas.

**U. L.**, "A Fundación Rosalía de Castro de Padrón estrea arquivo informatizado", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Área metropolitana", 31 decembro 2015, L5.

Dá conta da estrea do arquivo informatizado de toda a documentación histórica da Fundación Rosalía de Castro e recolle as palabras do presidente da entidade cultural, Anxo Angueira, e do secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, quen afirman que isto supón o abandono do esquecemento e da parálise no cal se atopaba a casa-museo de Padrón. Tamén destaca a presenza no arquivo das cartas de Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Gala Murguía e o primeiro libro de actos do Padroado.

**Valiño**, Natalia, "A cidade devólvelle a voz a Rosalía", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 25 febreiro 2015, p. 13.

Dáse conta de diversos actos de homenaxe a Rosalía de Castro en Ferrol con motivo do aniversario do seu nacemento, entre os que se cita o da galería Sargadelos organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AEGL) no que se recitou a súa poesía.

_____, "A galería Sargadelos celebra os 25 anos con poesía, música e libros", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 12 xuño 2015, p. 14.

Fálase dos actos que, con motivo do seu 25 aniversario, organiza a galería Sargadelos de Ferrol. Entre eles haberá unha entrega de libros gratuíta, a presentación do novo libro-disco da banda Gramola Gominola, editado pola editorial Galaxia, e un recital poético de Amelia de Querol.

**Vázquez**, Natasha, "Cuba rinde sentido homenaje a Xosé Neira Vilas, Pepe", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 decembro 2015, p. 27.

Dá conta da celebración dun acto para homenaxear ao recentemente falecido escritor galego Xosé Neira Vilas realizado no Instituto de Literatura e Lingüística José Antonio Portuono Valdor de Cuba, país no que viviu moito tempo emigrado e no que compuxo boa parte da súa obra. Tamén fala da emotividade do evento, da asistencia de figuras galegas relevantes da cultura e política e da actuación do músico de Catoira Roi Casal.

**Veiga**, Marta, "Baldo Ramos e Carlos González levan gravado, caligrafía e lírica a Clérigos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 17 xaneiro 2015, p. 55.

Infórmase da inauguración da exposición "Onde beben os cervos que amansou o calígrafo" na galería Clérigos de Lugo. Indícase que a mostra plástica inclúe cinco augafortes do gravador Carlos González Villar e cinco poemas de Baldo Ramos.

_____, "Celia Arias. 'Negábaselle á muller a aptitude fisiolóxica para aprender", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Literatura", 17 abril 2015, p. 54.

Comenta o relatorio organizado por LugoPatrimonio no Pazo de San Marcos no que a filóloga Celia Arias abordou o rol das mulleres na cultura galega do século XIX. Dise que afirmou que a figura de Rosalía neste contexto está á altura das irmás Brönte e de Jane Austen.

_____, "Jaureguizar. 'Shakespeare foi un personaxe enigmático que dá moitísimo xogo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 23 abril 2015, p. 56.

Dáse conta da reunión do Club de Lectura do Círculo das Artes de Lugo coa presenza de Santiago Jaureguizar, autor da novela *O globo de Shakespeare* (2008), que foi analizada durante a sesión.

_____, "Xurxo Souto, José de Cora, Paco Narla e Paco Martín, na Feira do Libro de Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 maio 2015, p. 55.

Presentouse onte o programa de actividades da Feira do Libro de Lugo, que terá lugar do 12 ao 16 de maio na Praza Maior.

_____, "Galicia chora a Neira Vilas, pai de Balbino e petrucio das letras", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", pp. 60-61/ *El Progreso*, "Vivir", pp. 68-69, 28 novembro 2015.

Dá conta do falecemento do escritor Xosé Neira Vilas facendo un percorrido curto polos distintos eventos relevantes da súa traxectoria persoal como emigrante e profesional, enxalzando a súa obra máis recoñecida, *Memorias dun neno labrego.* Ademais, destaca a labor incansábel do escritor polas letras galegas até o final da súa vida, cando estaba a preparar o lanzamento dunha nova obra que ía ser publicada no Culturgal.

_____, "Das Irmandades da Fala á pegada de Manuel María", *El Progreso*, "*Especial. Lo que vendrá en 2016*", "Vivir", 31 decembro 2015, pp. 26-27.

Informa dos acontecementos máis relevantes do calendario cultural galego para o vindeiro ano 2016, entre os que destacan a celebración das Letras Galegas que homenaxeará o escritor Manuel María e o centenario da creación das Irmandades da Fala.

**Vélez Latorre**, Xosé Manuel, "No luscofusco da Biblioteca", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 530, "Literatura", 12 febreiro 2015, p. VIII.

Reflexiona sobre a contemporaneidade de Ramón Otero Pedrayo na análise da universidade galega e o seu lugar dentro da sociedade galega. Fala dos conflitos ideolóxicos sobre o papel da Igrexa e da Universidade compostelá.

**Vidal**, Nicolás, "A Semana de Poesía Salvaxe despide a súa edición máis intensa e renovada", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 26 abril 2015, p. 15.

Coméntase o éxito da VIII Semana da Poesía Salvaxe, organizada por Juan Carlos Valle Karlotti e Guillermo Fernández, que se clausurou onte 25 de abril. Engade que os participantes destacaron a vitalidade e creatividade do festival a pesar da falta de apoio do concello ferrolán.

_____, "La Semana de la Poesía Salvaxe aterriza en el Festival Eñe del Círculo de Bellas Artes de Madrid", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 14 outubro 2015, p. 13.

Anuncia a notábel presenza de autores galegos no Festival Eñe do Círculo de Bellas Artes de Madrid e destaca a Semana da Poesía Salvaxe, que estará representada por Juan Carlos Valle Karlotti e Víctor M. Díez.

**Vila**, Sara, "O Concello celebra o nacemento de Rosalía de Castro cunha programación arredor da autora", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 21 febreiro 2015, p. 14.

Recolle o programa de actividades do Concello de Poio para a celebración do Día de Rosalía baixo o lema "Eu son Rosalía".

____, "Laranxeiras e limoeiros': a carta de presentación da Pontevedra literaria", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 16 abril 2015, p. 11.

Informa da presentación da obra *Pontevedra. Laranxeiras e limoeiros* (2015) na Casa das Campás, no marco da celebración dos Premios da Crítica Española. Sinala que o libro recolle textos de dezaoito autores vinculados á cidade de Pontevedra, que demostran o vencello desta cidade coa literatura, e que ten un prólogo de Víctor Freixanes.

_____, "O artista Augusto Fontám publica o poemario 'Lucanus Azul Cobalto", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 2 xuño 2015, p. 10.

Dá conta da presentación do libro *Lucanus Azul Cobalto* (2015), sinalando que recolle textos escritos no 2008 e que nel se emprega o galego reintegracionista. Di que a obra se divide en catro partes e dá conta dos temas que se tratan en cada unha: poemas combativos; autodeterminación de Galicia; homenaxes a persoas que loitaron por Galicia, ás mulleres galegas e a Sanmartín Bouça; e defensa do galego como parte da lusofonía. Indica que a obra conta cun limiar de Noa Ríos Bergantinhos e coas ilustracións de Rafael Lage.

_____, "Castelao volve a Pontevedra en 2016", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 29 xullo 2015, p. 11.

Infórmase da xuntanza que tivo lugar en Pontevedra para programar as actividades no museo da cidade con motivo da celebración do Ano Castelao. Dise que o Museo de Pontevedra acollerá a exposición "Meu Castelao" e que estará acompañada por outras actividades para achegar a figura do pai do galeguismo á xente de Pontevedra e aos visitantes.

_____, "O universo Casares feito serie", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 17 setembro 2015, p. 11.

Coméntase que un grupo de estudantes de Comunicación están realizando unha miniserie que se basea no libro de relatos *Vento Ferido*, de Carlos Casares.

_____, "Manuel María para os pontevedreses", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 30 outubro 2015, p. 13.

Indícase que algúns integrantes do goberno local de Pontevedra tiveron unha reunión con membros da Fundación Manuel María coa finalidade de planificar unha serie de actividades para a celebración do Día das Letras Galegas do 2016. Tamén se di que a fundación iniciou a reedición da obra de Manuel María.

_____, “Culturgal ateiga o Pazo no seu día central”, *Diario de Pontevedra*, “Cultural”, “Pontevedra”, 6 decembro 2015, p. 11.

Comenta o acontecido no día central da Feira das Industrias Culturais de Galicia, destacando a presentación póstuma do último libro de Xosé Neira Vilas, recentemente falecido, que acabou converténdose nunha emotiva homenaxe. Tamén sinala o anuncio realizado pola concelleira de Cultura, Anxos Riveiro, da vindeira edición do Salón do Libro dedicado ao mundo dos animais.

_____, “Culturgal pecha con máis de 14.500 visitas e confirma datas para 2016 en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Cultural”, “Pontevedra”, 7 decembro 2015, p. 9.

Sinala o éxito da nova edición da Feira das Industrias Culturais de Galicia (Culturgal) que pecha con máis de 14.500 visitas e adianta datos da vindeira organización da feira. Tamén fai un repaso da programación do último día que estivo cheo de actividades familiares e a entrega do Premio do Público que foi para o equipo do Festival de Cine Curtocircuíto.

**Villanueva**, E., “Tan gallego es ser vigués como argentino”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 11 novembro 2015, p. 6.

Dá conta da inauguración dunha exposición das producións realizadas por galegos que emigraron a América en distintas revistas, dende o século XIX até os primeiros anos da Guerra Civil. Comenta a reflexión realizada polo delegado da Xunta de Galicia en Vigo, Ignacio López-Chaves, sobre a existencia de movementos migratorios na actualidade.

**Villanueva**, Elena, “A nosa literatura máis internacional”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 42/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 30 setembro 2015.

Infórmase de que a Consellaría de Cultura e Educación creou o portal web Portico Galician Literature para dar a coñecer no exterior os escritores de literatura galega a través de fragmentos traducidos das súas obras. Comenta que algúns dos autores que se inclúen neste portal son Suso de Toro, Fina Casalderrey, Xavier Queipo, Anxos Sumai e Rosa Aneiros.

**Villanueva Fernández**, Elena, “Encontros que animan á lectura en galego”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 556, “Reportaxe”, 15 outubro 2015, p. VII.

Fálase sobre o proxecto “Venres nas librarías”e dise que propoñerá máis de oitenta actividades durante os meses de outubro e novembro para promover a lectura e poñer en valor os autores galegos. Indícase que o proxecto está promovido pola Xunta de Galicia e que entre os actos figura o desexo de que as librarías sexan espazos de encontro entre os lectores e autores galegos que publicaron obras no último ano.

**Villar**, María, "O siñor Afranio' de puño y letra", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Val Miñor", 19 marzo 2015, p. 14.

Comenta que se firmou en Gondomar a cesión ao Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), por parte dos fillos de Xosé María Álvarez Blázquez, da documentación manuscrita que Antón Alonso Ríos enviara ao seu pai. Destaca as memorias de Alonso Ríos, que inclúen a súa fuxida durante a guerra civil adoptando a personalidade do señor Afranio.

**Viñas**, María L., "Margarita Ledo Andión. 'As emigrantes do século XX eran mulleres sen voz; dedicadas a servir", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 8 maio 2015, p. 66.

Dáse conta da presentación do libro-DVD *A cicatriz branca*, na galería Sargadelos de Lugo, onde estivo presente a autora do filme, Margarita Ledo. Indícase que a creadora fala da temática do libro-DVD, a historia das mulleres galegas que na primeira metade do século XX emigraban soas cara a América.

_____, "Veiga Copo retrata la eterna noche compostelana en su nuevo libro de poesía", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 18 decembro 2015, p. 72.

Dise que o autor monfortino Veiga Copo homenaxea, no poemario *Noites de Compostela* (2015), publicado por Teófilo Ediciones, a cidade de Santiago de Compostela, especialmente as súas noites. Recórrese á chuvia, á pedra, aos soportais ou ao balbordo, así como a escenarios concretos: A Quintana, O Obradoiro, San Paio de Antealtares, etc.

**V. M. R.**, "El homenaje a Manuel María centrará los actos del Convivio da Cultura Galega", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 xullo 2015, p. 48.

Anuncia a celebración da romaría Convivio da Cultura Galega, en Outeiro de Rei, que inclúe unha ofrenda floral, música de bandas e unha foliada popular. Salienta que nesta segunda edición se vai homenaxear a figura do poeta chairego Manuel María.

**V. P.**, "El Festival da Poesía do Condado aborda la migración y el exilio en Salvaterra de Miño", *Faro de Vigo*, "Condado. Paradanta", 4 setembro 2015, p. 15.

Indícase que a Sociedade Cultural e Deportiva do Condado celebra o 29 Festival da Poesía do Condado e que todas as actividades e intervencións estarán relacionados coa emigración, a inmigración e o exilio.

**Yáñez**, B., "El nuevo plan cultural abre cartel con un show infantil de 'estética de Tim Burton", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 23 outubro 2015, p. 14.

Anuncia o comezo do novo programa cultural do Concello da Illa de Arousa que contará con diferentes espectáculos dramatizados e promoverá a lectura.

**Y. S.**, "Éxito del Grupo de Teatro das Mullers en el estreno de 'As ghaliñas de Mos", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño/Louriña", 25 xullo 2015, p. 45.

Sinálase que o Grupo de Teatro das Mulleres de Mos conseguiu encher o Multiusos das Pozas coa representación de *As ghaliñas de Mos*, obra en clave de comedia creada polo propio grupo de teatro.

# *VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS*

## VI.1. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

**Pereiro Pardo**, Amelia, "A versión poética de Hes. *Op*. 1-53 por Aquilino Iglesia Alvariño", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Literatura galega comparada e de conxunto", 2015, pp. 243-253.

Estúdase a versión poética en lingua galega do comezo do poema *Traballos e días* de Hesíodo. Comézase co apartado "Introdución: presuposto metodolóxico", no que se contextualiza o estudo da tradución. Segue o apartado "Datos biográficos. Reflexións sobre a tradución", no que se da unha semblanza de Aquilino Iglesia Alvariño e a súa labor como tradutor de obras clásicas. A seguinte sección, "A tradución dos vv. 1-53 de *Traballos e días*" céntrase neste texto, publicado en *Grial* en 1986, co gallo de celebrarse o Día das Letras Galegas en honor de Iglesia Alvariño. Saliéntase que se trata dun texto incompleto, quizais debido á morte do autor, e coméntanse as características da traducción. A seguir, en "As dúas érides, vv. 11-26", escóllese un pasaxe do poema para amosar as semellanzas e diferenzas entre as días versións. Por último, nas "Conclusións", establécese que non se intenta un tradución filolóxica, pero que a formación do poeta se reflicte no seu traballo.

# *VII.1 NARRATIVA*

## VII.1.1 NARRADORES GALEGOS

**Abad Varela**, José Antonio, *Cadros dunha exposición*, ilust. Xosé Cobas, Pontevedra: Kalandraka Editora, [primeiros lectores], 2015, 46 pp. (ISBN: 978-84-8464-935-9).

Jose Antonio Abad Varela (A Coruña, 1940) constrúe unha historia ao redor da exposición de Modest Mussorgsky no Museo de San Petersburgo. A obra conta a historia dunha pequena oca moi despistada, que, ao pasar fronte ao Museo de San Petersburgo, se deixa levar polos visitantes e acaba na exposición que se atopa no museo. A través do ollar da oca, o lector coñece cada cadro da exposición e vive pequenas aventuras. Así coñece o Trasno do Bosque e visita castelos, xardíns fermosos, estraños personaxes e até a Bruxa Baba Iaga. Finalmente, chega á saída do museo e reencóntrase coas súas irmáns. No texto cóntase o que lle acontece á oca ao chegar a cada cadro e inclúese unha pequena réplica de cada unha das obras de Mussorgsky, mentres que nunha ilustración máis ampla, incorporando as cores e a imaxe do cadro elixido, se reconstrúe a obra con elementos e personaxes das historias que descobre a oca. Tamén inclúe un CD coa composición musical que o pintor Hartmann creou para homenaxear esta exposición do seu amigo, no que a interpretación corre a cargo de Giuseppe Sinopoli (Venecia, 1946). As ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira-A Coruña, 1953) parten da técnica mixta do lapis e da acuarela. Nelas emprega cores suaves e predomina a tonalidade fría, ademais de salientar a representación da arquitectura do Museo de San Petersburgo.

**Recensións**:

- María Navarro, "Apreciar a arte", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 551, "Libros", 10 setembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 505, "Letras galegas", 19 setembro 2015, p. 10.

En primeiro lugar ofrece un breve resumo do argumento, que se caracteriza por unha estreita relación entre o mundo fantástico e real. A seguir, fai fincapé na necesidade de apreciar calquera manifestación artística e describe a "simbiose sensorial perfecta" que define o volume, no que se refire á conxunción de texto, imaxe e son. Finalmente comenta as diferentes lecturas que propicia esta obra e recalca a aposta firme do autor para abordar aspectos culturais globais co gallo de favorecer unha comunicación máis enriquecedora.

- Mª Jesús Fernández, "Cadros dunha exposición. Modest Mussorgsky. José Antonio Abad", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 268, "Libros", "de 10 a 12 años", novembro-decembro 2015, p. 62.

Indica que a obra está protagonizada por unha oca que pasea polo Museo de San Petersburgo contemplando os cadros que van tomando vida. Salienta o "extraordinario" traballo de ilustración de Xosé Cobas quen, coa técnica de óleo, reproduce

marabillosamente o museo e, con moita liberdade, os cadros de Hartmann. Finalmente recomenda este álbum por consideralo unha "experiencia literaria, plástica y auditiva".

**Referencias varias:**

- M. Manteiga, "Entrega do libro disco de Abad e o nicrariense Cobas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.298, 10 maio 2015, p. 7.

Dáse conta da presentación deste libro-disco, dedicado ao compositor Modest Mussorgsky, na Fundación Luís Seoane.

- M. Manteiga e S. Souto, "El ilustrador negreirés Xosé Cobas une textos de Abad con la lírica de Mussorgsky", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", número, 25 maio 2015, p. 37.

Salientan o maxistral vínculo entre a ilustración, os textos e a música neste libro CD, que guía o oínte polo Museo de San Petersburgo, unindo fantasía con realidade. Destacan o traballo de Xosé Cobas e a súa capacidade de recrear a arquitectura do citado espazo expositivo, ademais da interpretación que fai das obras máis importantes.

- R. Nicolás, "Música e pintura, man a man", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 29 maio 2015, p. 6.

Informa de que esta obra se incorpora á colección de música clásica de Kalandraka e resume o contido do volume.

**Agra**, Agustín, *Cor animal*, ilust. Maya Hanisch, Pontevedra: Factoría K de Libros, [prelectorado e lectorado autónomo], 2015, [36] pp., (ISBN: 978-84-15250-84-5).

Álbum-catálogo de Agustín Agra (Noia, 1966) conformado por vinte e oito descricións de diversos animais terrestres, acuáticos e voadores. Nas liñas dedicadas a cada un dos animais seleccionados faise fincapé na cor que os caracteriza, na súa forma de vida, nas súas relacións, nos seus hábitos de caza ou nas súas estratexias para evitar os perigos. A última páxina recolle a dedicatoria: "A Clemente, Domingo e Magdalena, con todo o amor do mundo, mamá". O álbum está ilustrado por Maya Hanisch (Santiago de Chile, 1981), que emprega unha técnica mixta na cal enriquece a imaxe a partir da colaxe de recortes de revistas, xornais, estampados de correos postais e os trazos de acrílico con cores alegres. A partir desta técnica, consegue representar a expresión dos animais como tamén as súas peles, pelaxes e plumas. No texto destaca o nome do animal debuxado cunha tipografía que recorda a serigrafía.

**Referencias varias:**

- Agustín Agra, "Cor animal", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 4 xullo 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Cor animal*, escrita por Agustín Agra e ilustrada por Maya Hanisch.

**Aleixandre**, Marilar, *O anano máis alto conta a historia de Brancaneves*, ilust. Tesa González, A Coruña: Rodeira, col. Tucán, n.º 7, serie Tucán 6+, setembro 2015, 58 pp. (ISBN: 978-84-8349-396-0).

Reescritura humanizadora e lúdica que Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) fai do conto de Brancaneves ao ofrecer, dende o punto de vista dun dos ananos chamado Álvaro, os acontecementos que lle sucederon realmente a Brancaneves coa súa nai e na convivencia cos ananos. Así describe con humor as verdadeiras actividades agrarias e domésticas dos sete ananos, o encontro con Brancaneves, as falcatruadas que fai a moza na casa dos ananos, os intentos da nai para matala debido á súa habilidade para contar contos e o verdadeiro desenlace cando a moza esperta e o anano lle declara o seu amor. Nas ilustracións Tesa González (Biscaia, 1962) emprega unha imaxe de grafismo simple e recuberta de cores alegres e saturadas, a partir da textura dos pasteis, ceras e os garabatos con lapis de cores. Usa unha imaxe de cabeceira ao longo do libro a partir dunha liña de cores que remata nunha casa. Tamén está presente o motivo estampado onde representa diferentes texturas.

**Referencias varias:**

- Amaia Mauleón, "La historia de Blancanieves, según el enano más alto", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 13 outubro 2015, p. 32.

Fala de que este volume conforma unha versión moderna e transgresora do conto tradicional, na que o narrador é un dos ananos, Álvaro, e alude á multiplicidade de interpretacións dunha mesma historia segundo quen a conte.

**Alonso Diz**, Miguel Ángel, *O valente coello que quixo soñar*, ilust. Luz Beloso, lim. Helena Villar Janeiro, Vigo: Nova Galicia Edicións, [prelectorado]. 2015, [30] pp. (ISBN: 978-84-943881-1-8).

Álbum narrativo de Miguel Ángel Alonso Diz (Madrid, 1976), que se inicia cun limiar de Helena Villar Janeiro. O álbum céntrase en cuestións vitais como a aceptación de quen somos e de quen podemos chegar a ser a través da figura dun coello cheo de valentía. Remárcase que a clave para lograr os nosos soños radica no esforzo e na perseveranza, mais tamén é precisa unha dose notábel de ilusión. Na cuberta preséntase o protagonista e cada palabra do título fai uso dun estilo caligráfico diferente. As ilustracións de Luz Beloso (Monforte) presentan cores saturadas e frías que lembran o mar. Mesturan varias técnicas: colaxe de texturas mariñas como area e rocas, témpera sobre penedos e grafismo da liña do lapis. O texto adoita estar enmarcado no interior dunha pedra e acompaña ás imaxes.

**Referencias varias:**

- Lourdes Varela, "Miguel Ángel Alonso Diz. 'Escribo porque é o meu xeito de modificar realidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 547, 18 xuño 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 500, "Entrevista", 27 xuño 2015, p. 11.

Entrevístase a Miguel Ángel Alonso Diz, autor de recentes éxitos da literatura galega infantil como *O soño de Esther* (2014) ou *O valente coello que quixo soñar*, de Nova Galicia Edicións. Recálcase o seu compromiso coa lingua e cultura galegas e o seu recoñecemento en países como México ou Porto Rico.

**Aparicio Casado**, Buenaventura, *A pedra do cervo*, ilust. Pilar Castro Caamaño, Pontevedra: Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], novembro 2015, 48 pp. (ISBN: 978-84-8289-514-7).

Relato do historiador Buenaventura Aparicio Casado escrito en segunda persoa e de tendencia marabillosa que denuncia o maltrato e deterioro infrinxido polo ser humano na arte rupestre e na natureza. A historia ten como protagonista o cervo gravado no petróglifo coñecido como A pedra do Cervo, no campo de Cuñas en Ponte Caldelas, e está precedida por a dedicatoria "Para meus netos Martín, Mariña e Julia. Cando penso neles, todo o meu universo se tingue de dozura". A historia conta como unha fada decide darlle vida ao cervo gravado na pedra. Ao longo dos anos, ambos os personaxes conversan sobre como o mundo vai cambiando. O cervo coñece moi ben os seres humanos, que case o destrúen dunha vez e que despois o restauraron e protexeron. Na parte final do libro inclúese unha serie de actividades e recomendacións didácticas realizadas polo autor xunto a Carmen Montero Vilariño para a súa posíbel posta en práctica na aula. O libro compleméntase coas ilustracións figurativas de Pilar Castro Caamaño realizadas con acuarelas.

**Araguas**, Vicente, *Ada pierde la cabeza/ Ada perde a cabeza/ Ada loses her head*, Premio Escriduende, ilust. Carmen Fernández Cornejo, Madrid: Sial Pigmalion, col. "Literaria", Narrativa, 2015, 32 pp. (ISBN: 978-84-16447-07-7).

Edición trilingüe, castelán, galego e inglés, na que se presenta un conto realista, de Vicente Araguas (Xuvia, Neda, 1950), que ten como protagonista a Ada. Un narrador en terceira persoa relata a historia dunha pequena, un pouco inxenua e soñadora, a quen súa nai lle conta unha historia para que poida durmir. Neves, que é como se chama a proxenitora, decide contarlle a historia do rei Enrique VIII que lle fixo perder a cabeza á súa muller Ana Bolena. Ada concilia o sono, pero no medio da noite cre que ela está sen cabeza, polo que a nai lle axuda a distinguir a realidade da fantasía. Ao final Ada decátase de que todo foi un soño e de que ela non está na mesma situación que Ana Bolena. O relato acompáñase das ilustracións figurativas de Carmen Fernández Cornejo (Madrid) que empregan cores cálidas e suaves.

**Referencias varias:**

- Sonia Torre, "Vicente Araguas. 'Un libro infantil puede ser cualquier cosa menos ñoño, debe ser activo y creativo", *La Región*, "Ourense", 9 novembro 2015, p. 5.

Entrevista a Vicente Araguas con motivo da presentación deste volume, que terá lugar no Centro Cultural Marcos Valcárcel, na que se abordan cuestións como as dificultades que entraña a literatura infantil.

- Marta Salgado, "Vicente Araguas. 'A literatura dedicada aos nenos non pode ser ñoña nin de bichiños", *La Región*, "Foro La Región", 10 novembro 2015, p. 8.

Fala da presentación no Foro La Región deste libro, o cal foi escrito en galego, castelán e inglés. Di que a protagonista, Ada, está inspirada na sobriña do autor.

**Babarro González**, Xoán, *As máscaras do profesor Robindra*, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 198, a partir dos 10 anos, xuño 2015, 136 pp. (ISBN: 978-84-9865-617-6).

Narración de Xoán Babarro González (Calvelo-Zorelle-Maceda, Ourense, 1947), na que priman os contos, mais tamén contén poemas, ideogramas, caracteres de linguas alleas como o bengalí e similitudes coa estrutura dunha peza teatral. O narrador da historia acompaña os seus curmáns, Lalo e a súa muller Carme, que forman parte de Pallasos sen Fronteiras, unha compañía de marionetas convidada pola Embaixada da India, a actuar no Festival de Shantiniketon. Tras pasar por Londres, Kolkata e Dubai chegan ao seu destino, cargados coas marionetas de Lalo e Carme e as dúas carautas de boteiro de Vilariño de Conso, coas que actuará o protagonista e o profesor Robindra, un mestre de literatura amante do teatro de monicreques que os hospeda na súa casa. Os contos transmiten historias de bolboretas que se fan a cirurxía estética, de arcos da vella, de curuxas namoradas, de alcaldes extravagantes, de enerxías alternativas, de elefantes que entregan currículos, de mundos redondos que poden andar e moitas máis fantasías. As ilustracións de Kristina Sabaite (Kaunas, Lithuania, 1979) combinan tres tintas planas, o branco, negro e azul, para formar imaxes cheas de fantasía. Presenta diferentes símbolos bengalís ao carón dos títulos das historias, compaxinando así coa cultura e escritura que se conta en Bengala. Tamén cabe salientar que no texto aparecen poemas e caligramas.

**Recensións:**

- Laura Blanco, "Miscelánea de historias e xéneros", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 4 outubro 2015, p. 4.

Comeza salientando que Xoán Babarro González se dedica "en corpo e alma a escribir para a infancia e a xuventude, con máis de medio cento de títulos publicados, algúns galardoados como o *Primeiro libro de Malola* ou *Barrigaverde e o dragón Achís*, ou máis recentes como *Sempre Hausa* ou *A princesa de Taramundi*". A seguir, destaca que "son moitas historias dentro dunha única historia, como sucede en *As mil e unha noites*", unha "obra redonda que abrangue moitas disciplinas". Sinala en liñas xerais o argumento, antes de deterse nos contos, porque os considera "a parte máis importante do volume", e remata cualificando positivamente as ilustracións de Kristina Sabaite e incidindo na "desbordante capacidade imaxinativa do autor e a maxia que desprende a súa escrita".

**Referencias varias:**

- Xosé Carlos Caneiro, "Crisol", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", 25 setembro 2015, p. 10.

Reflexiona sobre a multiplicidade de tendencias e xéneros da literatura galega no momento actual. A seguir, comenta o poder da escrita da autora para captar a atención de diversos lectores. Alude á publicación deste libro que define como "un auténtico prodixio de creatividade" e recalca a presenza de elementos propios da terra galega como, por exemplo, meigas e meiguizos.

**Barreira**, Andrea, *Non hai luz sen escuridade*, ilust. de capa José Ángel Ares, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco xuvenil [lectorado mozo e mocidade], abril 2015,187 pp. (ISBN: 978-84-15699-68-2)

Primeira novela de fantasía heroica e de aventuras de Andrea Barreira (A Fonsagrada, 1986), na que se conta a historia en primeira persoa de Lea, unha Princesa da Escuridade, que dende que naceu se debate entre o que os seus pais agardan por ela e o medo que lle dá descubrir no que se pode converter. Cando chega o momento de realizar a viaxe para atopar o seu dragón, Lea e os seus compañeiros, a loba Sombra e o corvo, saen por primeira vez da escuridade do seu fogar, tendo a esperanza de atopar polo camiño a luz que vira tanto tempo atrás. Ao longo desta viaxe física e espiritual, a protagonista vaise atopando con diferentes inimigos, pero tamén aliados como a Princesa das fadas, Sarxa, que lle axudará a superar todas as probas co fin de aprender máis sobre a maxia e descubrir quen é. Esta aventura remata co regreso de Lea transformada nunha adulta independente e poderosa, tras rachar co seu destino cara ao escuro, pois a través das súas dúas caras, tanto a luminosa coma a escura, puido desenvolver todo o seu potencial. Este libro, que non contén ilustracións interiores, presenta na cuberta un deseño de José Ángel Ares no que aparece a feiticeira e os seus compañeiros.

**Referencias varias:**

- Enrique Carballo, "Andrea Barreira. 'Gústame ver que leva ás personaxes negativas a ser así, e como as xulgan e tratan", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 28 setembro 2015, p. 8.

Entrevista a Andrea Barreira con motivo da saída do prelo da súa primeira novela, na que se abordan cuestións como a evolución do personaxe protagonista ou a liña temática elixida, entre outras.

**Barreiro**, Sara, *Vic e Bombona*, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 200, a partir dos 10 anos, setembro 2015, 210 pp. (ISBN: 978-84-9865-626-8).

Novela realista de Sara Barreiro (Poio,1981) na que, por medio dun narrador en terceira persoa e da propia voz dos personaxes, se narra o que lle acontece a Vic e a unha cadela chamada Bombona, que se encontran de casualidade e se fan os mellores amigos. Vic e Bombona van ao lago invisíbel, o lugar favorito de Vic. Alí atópanse cunha corda que vai dende o lago até unha trapela que poñía "The Bridge"e que tentan abrir. Un día Vic decidiu que ía mirar o que había no outro estremo da corda, onde atopa un mapa que explica onde se atopa a chave, mais o rapaz non sabe que significa a palabra "The

Bridge" nin como descifrar o mapa. Axudado por unha veciña, a quen todos cualifican de tola, Vic descobre o significado de "The Bridge", que non é outro que o nome da súa casa, onde no pasado viviran uns construtores aos que a xente do pobo acusara dunha serie de roubos. Despois de moito cavilar e de fixarse nos debuxos das baldosas do chan, o protagonista consegue interpretar o mapa atopado e, baixo dunha das baldosas do seu cuarto, as chaves coas que abrir a trapela existente no lago invisíbel. Unha vez aberta esta accedeu a un pasadizo e tivo que elixir entre varias portas nas que había cadanseu obxecto. Pechados nese lugar, pois alguén baixou a trapela, Vic e Bombona pensan en como saír de alí, obxectivo que conseguen grazas á veciña considerada tola. No seu afán investigador, os protagonistas descobren que o director do colexio é parte da familia "The Brige". A partir dese momento Vic, Bombona, a veciña e o director decidiron arranxar o pasadizo e darlles unha sorpresa a todos os veciños ensinándolles aquel lago tan bonito que case ninguén visitaba e mais as trapelas que na casa de cada veciño había e que se comunicaban co pasadizo e co lago. Nese mesmo momento decidiron tamén contarlle a historia do director e tamén devolverlles os obxectos que o avó deste roubara. Todos os veciños estaban encantados e non xulgaron ao director por erros do pasado. O texto, que trata a amizade, a aventura, o perdón, o cariño etc., acompáñase das ilustracións de María Ruiz Castelaín (Vigo, 1985), quen emprega tres tintas planas, o azul, o branco e o negro. Deseña obxectos significantes da historia nalgunha beira do texto como tamén ocupando espazos na páxina enteira. A cuberta presenta a idea do curioso a partir da ampliación dun ferrollo da porta presentando unha paisaxe.

**Referencias varias:**

- María Almodóvar, "Sara Barreiro debuta con 'Vic e bombona' unha novela infantil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 20 outubro, p. 42.

Dá conta da presentación deste volume que tivo lugar na libraría Couceiro, en Santiago de Compostela.

- Isabel Blanco, "O libro pode enganchar tamén aos adultos porque o final é sorprendente", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 30 outubro 2015, p. 22.

Entrevista a Sara Barreiro con motivo da saída do prelo desta obra, na que se abordan cuestións como a descrición dos personaxes principais, a presenza das paisaxes galegas no volume ou os proxectos actuais da autora.

**Blanco**, Concha, *A pantufla de Celia*, ilust. Dani Padrón, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, [lectorado autónomo], 2015, [36] pp. (ISBN: 978-84-92715-97-8).

Despois dunha dedicatoria "Para ti Aniña" de Concha Blanco (Cee-A Coruña, 1950), por medio da voz narradora da protagonista, relátase a vida dunha pantufla á que sempre lle din que leva unha vida arrastrada por ser unha zapatilla de andar pola casa con forma de vaca branca e negra, con dous cornos cravados na fronte. Conta onde viviu, o atractiva que era e como eran as súas compañeiras e a súa irmá xemelga, até que foi o antollo dunha nena que só a quería a ela. O tendeiro convenceuna que levase a outra

para agasallar a alguén. Quedou contenta pois podía darlla a seu irmán Alberte que acababa de nacer. As pantuflas despedíronse dos compañeiros que lles deron consellos para a súa nova vida na casa da nena. Cando chegaron, a nena deulle unha pantufla a Alberte e ela durmiu coa outra. As pantuflas foron a felicidade dos nenos. As ilustracións figurativas de Dani Padrón (Ourense, 1983) complementan os textos cunhas imaxes delicadas de cores suaves. As composicións son variadas: unhas veces, centradas na nena; outras, nun grupo de persoas deixando ver o entorno; e tamén hai primeiros planos que fragmentan as figuras. O ilustrador xoga coa sorpresa ao ir desvelando pouco a pouco a narración coas imaxes. As figuras son de estilo volumétrico e de corte sinxelo, sen moitos detalles.

**Referencias varias:**

- J. Trillo, "A pantufla de Celia', último libro da ceense Concha Blanco dirixido ós pequenos lectores", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1180, 10 febreiro 2015, p. 7.

Dáse conta da publicación deste "álbum gráfico infantil", con ilustracións de Dani Padrón. Ademais de resumir o argumento e ofrecer unha pequena biografía da autora, Concha Blanco, indícase que é un bo instrumento para traballar coa nenez a importancia de compartir.

**Blanco**, Maruxa, *Mundo de cores*, ilust. María Romero e José Souto, prólogo de Ana María Romero e Josiño Souto, A Coruña: Viraventos, [lectorado primeiros lectores], [26] pp. (ISBN: 978-84-606-6524-3).

Álbum escrito por Maruxa Blanco e ilustrado por María Romero e José Souto, que narra a historia de Diara, unha nena filla dunha nai galega e un pai senegalés, e que afonda nas diferentes vivencias culturais que experimenta a través das súas dúas familias. Diara conta moitas das actividades que comparte co pai, a nai, os primos, os avós… das dúas partes do mundo ao que pertence. As imaxes recollen sempre a protagonista nas diferentes accións que se describen, mediante liñas simples e debuxos sinxelos, onde predomina a acuarela como técnica pictórica. Destaca o abundante colorido en clara referencia ao título do álbum, empregándose sobre todo as cores das bandeiras senegalesa e galega. Finalmente, cabe engadir que inclúe un "Prólogo", asinado por Ana María Romero e Josiño Souto.

**Referencias varias:**

- Maruxa Blanco, "Mundo de cores", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 16 maio 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Mundo de cores*, escrita por Maruxa Blanco e ilustrada por María Romero Pedreira e Josiño Souto Santé.

**Calveiro**, Marcos, *As palabras poden matar*, montaxe fotográfica da cuberta Antonio Seijas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 157, [mocidade], febreiro 2015, 129 pp. (ISBN: 978-84-9914-811-3).

Novela coral e de aprendizaxe de Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa-Pontevedra, 1968), na que resalta a evolución do espazo central da historia, a miserenta colonia Seavia, situada nos outeiros da periferia da cidade de Santa Clara. Os habitantes deste lugar, próspero no pasado, mudaron en zombis por mor dunha tiránica lei non escrita do Chibo, que lles suscita medo a ollar, a falar e a contar aos demais habitantes os feitos violentos dos que son testemuñas e mesmo a tratar de calmar tentativas de rebeldía. Este clima de segredos e traizón imposto polo Chibo determinou que Seavia renacera cunha nova identidade colectiva, a partir da idílica historia pasada e grazas ao labor individual de personaxes secundarios, principalmente do forasteiro Silencio, quen se converte nun símbolo para os habitantes da colonia ao reavivar as súas esperanzas e movelos á acción. Os temas da morte, miseria, humillación, falta de autoestima e perda da identidade propia, entre outros, están representados como terríbeis consecuencias para as vítimas de violencia e sobre todo como crítica da tiranía, a violencia e a falta de humanidade respecto ao débil. A novela caracterízase polo protagonismo de varios personaxes que se opoñen ou sucumben ao Chibo e que o autor salienta nos títulos dos capítulos, así como polo inicio da trama *in medias res*, no centro do conflito, e polo emprego dun xogo de *flashback* e monólogos dos personaxes. Conta cunha fotomontaxe na cuberta de Antonio Seijas (Ares, 1976), que emprega cores saturadas que lembran as favelas do Brasil. No primeiro plano aparece unha personaxe cun cabelo afro e coa face moi simplificada, representado coma unha transparencia semellante a unha imaxe pantasma, que transmite angustia levando con el o peso dunha morea de pedras.

**Recensións:**

- Montse Pena Presas, "O valor da propia voz", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 533, "Libros", 5 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 487, "Letras galegas", 14 marzo 2015, p. 10.

Repasa a produción do escritor na que se preocupa por contextos culturais desfavorecidos, como en *O carteiro de Bagdad*, *Palabras de auga* e *As palabras poden matar*, que se sitúa nunha favela con profusas descricións "que inciden na súa atmosfera abafante e no seu estatismo" e que está gobernada polo Chibo e a súa banda violenta. Apunta a combinación da voz narrativa en terceira persoa e en primeira do mozo Efrén nesta novela "de alento coral" cunha tintura de *bildungsroman* que caracteriza como "densa e dura" con alento crítico e "espazo para a utopía".

- Mª Jesús Fernández, "As palabras poden matar. Marcos Calveiro", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 266, "Libros", "más de 14 años", xullo-agosto 2015, p. 70.

Resume o argumento desta novela, protagonizada polo mozo Efrén, e salienta a rica e coidada linguaxe e o uso de diferentes voces narrativas que amosan distintos enfoques da historia que se sitúa nun barrio miserábel.

- Mar Fernández Vázquez, “Resistir desde o silencio”, *El Correo Gallego*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Tendencias”, “ELOS de lectura”, 1 xullo 2015, p. 42.

Comeza apostando pola necesidade de denunciar as atrocidades que sofren as vítimas de violencia física ou psicolóxica, xa que elas “permanecen mudas e xordas” ao pensar, de forma errada, “que iso lles salva a vida” e nomeando algunhas das consecuencias que sofren esas vítimas, que se converteron en temas representados na Literatura Infantil e Xuvenil galega dende distintos enfoques, por parte de autores como Marcos Calveiro nas súas narracións *Rinocerontes e quimeras* (2007) e *Palabras de auga* (2012). A seguir céntrase nesta obra, apuntando que responde ao modelo de novela tradicional, que presenta unha evolución do espazo da colonia Seavia, onde se sitúa a trama e os seus habitantes pasaron a ser zombis. Resalta que, como n’*O segredo da Pedra Figueira* (1985), de María Xosé Queizán e n’*O carteiro de Bagdad* (2007) e *Palabras de auga* (2012) do propio Calveiro, a ruptura da “harmonía do idílico edén de Seavia”, influíu na creación dunha nova identidade colectiva en Seavia, “grazas ao labor individual de personaxes secundarios, en especial do forasteiro Silencio”. Salienta como acertos de Marcos Calveiro os personaxes nos que asenta a trama e o emprego de trazos característicos da súa escrita, caso do inicio da trama *in medias res*, un xogo de *flashbacks* e os monólogos dos personaxes. Remata afirmando que o autor “reivindica a loita constante dunha colectividade que resiste unida e a importancia de rememorar o duro pasado para que nunca se volva repetir ao longo da Historia”.

**Calveiro**, Marcos, *Unha casiña branca*, ilust. Marcos Viso, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 56, a partir de 8 anos, outubro 2015, 128 pp. (ISBN: 978-84-9914-915-8).

Relato infantil, de aprendizaxe e de crítica social da excesiva contaminación do medio, da autoría de Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa-Pontevedra, 1968). Mestúranse o relato en terceira persoa dun narrador omnisciente e os diálogos dos tres personaxes da historia. Un vertedoiro dominado por Pai e Nai, axudados polos seus secuaces leiróns, é o microespazo onde se desenvolve toda a trama e o único lugar onde viviron os personaxes. O relato presenta a linearidade característica da narrativa tradicional, coa presentación do personaxe principal, o NenoRadio, e a seguir a de NenaPilas, a súa compañeira na loita por sobrevivir, pese á desconfiada mutua de ambos os dous, aferrados á súa única posesión: o obxecto que os define. O nó da historia comeza cando a parella protagonista coñece o vello Matusalén e todos emprenden o camiño de descuberta da súa soñada casiña branca, fóra do mundo infindo do vertedoiro. O relato péchase cun final aberto e esperanzador cando os nenos descobren que, máis aló do vertedoiro, pervive un mundo ansiado, libre aínda de contaminación. As ilustracións de Marcos Viso (Ourense, 1973) retratan os personaxes, os seus obxectos definitorios e algúns detalles do inhóspito microespazo do vertedoiro. Son inquietantes e amosan un mundo estraño, con espazos inmensos, onde as figuras parecen moi pequenas e parecen ameazadas. Son unhas composicións cheas de poesía que acompañan os textos complementándoos. As imaxes ocupan unha páxina enteira e están feitas con cores moi matizadas, predominando as tonalidades cálidas.

**Referencias varias:**

- Marcos Calveiro, “Unha casiña branca”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 14 novembro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Unha casiña branca*, escrita por Marcos Calveiro e ilustrada por Marcos Viso.

**Canosa**, María, *Rubicundo*, finalista Premio Merlín de Literatura Infantil 2014, ilust. Nuria Díaz, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 244, de 9 anos en diante, marzo 2015, 85 pp. (ISBN: 978-84-9914-821-2).

Narración de María Canosa (Cee-A Coruña, 1978) na que relata a historia da neniña Erea, enfeitizada polos extravagantes hábitos do veciño da casa do lado, Rubicundo, un home solitario e hostil e cun extravagante atavío de traxe, gabán e sombreiro. A protagonista é unha nena espelida, que se emociona ante o estraño comportamento e a singular aparencia de Rubicundo, quen realiza saídas nocturnas nunha bicicleta antiga e, en ocasións, cun paraugas, dende o alto da árbore do seu xardín até se perder no ceo, sempre seguido a certa distancia do seu gato negro. As ansias de saber, a inocencia e a intelixencia da protagonista plásmanse na súa teima por coñecer os detalles do seu veciño, as causas do seu permanente enfado e a súa misteriosa ocupación. O final feliz céntrase na resolución de todos os misterios que arrodean o fantástico oficio e a personalidade de Rubicundo quen, grazas á capacidade de Erea para comprender as súas especiais circunstancias, recupera a ledicia e a esperanza. As ilustracións de Nuria Díaz (Vilagarcía de Arousa, 1982) combinan a técnica mixta do lapis xunto á saturación da témpera, ademais de empregar cores frías que recordan a tempada outonal. Tamén presenta a estampación de elementos como as follas de carballo que aparece de cabeceira en todas as páxinas.

**Recensións:**

- Alba Rozas, “Á procura de respostas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “ELOS de lectura”, 24 xuño 2015, p. 35.

Indica que este conto literario está dirixido á infancia de nove anos en diante, na liña dos coñecidos contos dos irmáns Grimm, e que a ilustradora actualiza os cadros máis representativos do conto. Apunta que a protagonista preséntase coma unha nena particularmente espelida con ansias de saber, mentres que Rubicundo aparece caracterizado polo seu carácter solitario e hostil. Salienta que é unha “historia atemporal e núa de artificios”.

**Referencias varias:**

- María Canosa, “Rubicundo”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 6 xuño 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Rubicundo*, escrita por María Canosa e ilustrada por Nuria Díaz.

**Carreiro**, Pepe, *Os Bolechas van de voda* (ISBN: 978-84-606-9147-1), *Os Bolechas van en burro* (ISBN: 978-84-606-9561-5), ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], 2015, 19 pp.

Novas aventuras dos irmáns Bolechas, creados por Pepe Carreiro (Vigo, 1954). Por un lado, *Os Bolechas van de voda* ten como principal protagonista a Sonia que, acompañada por Chispa e Tatá, está a amañar un vestido de noiva coas saias da nai porque di que "vai casar cun príncipe", manifestando que é o Príncipe de Constantinopla. Vai facer tamén un banquete de voda para os convidados, que son o resto dos Bolechas, os cales preguntan quen será o mozo. Finalmente, preséntase o noivo e Sonia xustifica que sexa un sapo de peluche, convertido por unha bruxa. Bícao para desencantar e comeza a festa da voda. Por outro lado, a historia d'*Os Bolechas van en burro* localízase na casa da curmá Sarela, quen vai levar os Bolechas de paseo en burro. Fálalle a Fungón, o animal, ao que lle dá ordes ao tempo que comenta que é un pouco cazurro e testán, pero que pasea moi ben. O burro segue sen atender as indicacións de Sarela e todos lle berran, pero o animal segue sen moverse. Como fai todo ao revés, Sarela lévalle a contraria e mándao estar parado, así que Fungón marcha a galope, semellando máis un cabalo ca un burro. En ambos volumes, destacan as estruturas dialogadas combinadas con aquelas nas que se introduce o narrador para enfocar a historia. As ilustracións de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) recollen cores planas, saturadas e moi alegres para compaxinar coa expresión das personaxes. O contorno de todas as imaxes presentan a liña negra a través da realización dun traballo dixital.

**Carreiro**, Pepe, *Os Bolechas. A historia*, n.º 13 (ISBN: 978-84-608-2006-2); *Os Bolechas. As tarefas da casa*, n.º 14 (ISBN: 978-84-2007-9); *Os Bolechas. A cociña*, n.º 15 (ISBN: 978-84-608-2008-6); *Os Bolechas. A música*, n.º 16 (ISBN: 978-84-608-2009-3); *Os Bolechas. Os animais salvaxes*, n.º 17 (ISBN: 978-84-608-2010-9); *Os Bolechas. Os océanos*, n.º 18 (ISBN: 978-84-608-2011-6); ilust. do autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, col. Biblioteca Básica Os Bolechas, [lectorado autónomo], 2015, 33 pp.

Estas aventuras dos irmáns Bolechas, creados por Pepe Carreiro (Vigo, 1954), achegan ao lectorado máis novo información sobre a historia e xeografía, como acontece no número 13 e no 18, que xiran arredor da evolución dos seres humanos como especie e das características topográficas, fauna e flora dos océanos respectivamente. Os números intermedios céntranse en aspectos do cotián como as tarefas do fogar, a cociña ou a música, agás o número 17 que se centra na fauna salvaxe presentándonos a diversos animais, a súa alimentación e algún dato característico. En todos eles a historia xorde por unha curiosidade, anécdota ou interese dalgúns dos personaxes creados polo autor e destacan polo carácter didáctico e/ou informativo. As ilustracións, do autor, recollen cores planas, saturadas e moi alegres.

**Castro**, Juan (coord.), *A danza dos xacentes. XLII edición dos Premios Literarios "Minerva" 2014*, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos/Editorial Galaxia, [lectorado mozo], 2015, [96] pp. (D. L.: C 63-2015).

Recóllense os relatos e poemas gañadores dos XLII Premios Literarios "Minerva" 2014. Logo de sinalar os membros do xurado desta edición, aparecen os diversos textos

gañadores, distribuídos nas dúas modalidades, a de poesía e a de narración. Inclúe algunhas ilustracións dos alumnos do Colexio M. Peleteiro onde empregan debuxos a liña realizados a tinta chinesa, a rotulador e a grafito. As imaxes son interpretadas como símbolos sobre o texto. En canto á modalidade de narrativa, inclúense os seguintes relatos: "O segredo" (pp. 57-[64]), Primeiro Premio de Narración, de Ana M. Añel Prieto; "Literatura" (pp. 65-[70]), Segundo Premio de Narración, de Alba S. Naseiro Lamas, "Xantofila" (pp. 71-[80]), Terceiro Premio de Narración, de Sara Vázquez Mera; "Xadrez" (pp. 81-[86]), Primeiro Accésit de Narración, de Icía Rodríguez Arias; "Ninguén vive para sempre pero iso non é motivo para renderse" (pp. 87-[92]), Segundo Accésit de Narración, de Pablo Fernández Álvarez e "Memorias dun morto" (pp. 93-[95]), Terceiro Accésit de Narración, de Marina Ruíz Puy. A cuberta do libro, de Alejandro Álvarez Corujo, é unha ilustración sobre fondo negro; un debuxo que xoga con elementos figurativos alusivos á literatura e a morte. Xa no interior as ilustracións, sempre aludindo á temática do texto narrativo ou poético, son obra de alumnos e alumnas de Educación Plástica e Visual do Colexio M. Peleteiro. Debuxos en lapis ou rotulador negro sobre o fondo da páxina. Na capa interior traseira, unha fotografía co grupo de premiados e membros do xurado dos premios.

Tamén está descrito no apartado *VII.2. Poesía* deste *Informe*.

**Castro**, Juan (coord.), *Abecedario da devastación. XLIII Premios literarios "Minerva" 2015*, portada Diego Calvo Barros, maqueta e deseño alumnos de Ed. plástica e Visual 4ª ESO Colexio Manuel Peleteiro, [Santiago de Compostela]: Colexio Peleteiro/Revista Vamos, 2015, [117] pp. (DL: C 2238-2015). ◆

Volume colectivo no que se acollen os relatos e poemas galardoados na XLIII edición dos Premios Literarios "Minerva". Tras a relación do xurado das modalidades de poesía e de narración, reprodúcense os textos galardoados e os accésits concedidos, aparecendo en primeiro lugar os da modalidade de poesía e a seguir os de narración:

- Lúa Álvarez Domínguez, "Panta Rei", Primeiro premio de narración, pp. 57-[69].

Eire rememora o accidente sufrido dous meses atrás, o día da celebración do seu décimo noveno aniversario, e que se converteu nun pesadelo que se repite dende entón. Decide enterrar os recordos baixo unha ponte do municipio portugués de Ponte da Lima e emprender unha nova vida en Santiago de Compostela, deixando atrás o seu pasado na Guarda e a partir de aí traballando en varios países europeos (Irlanda, Rusia e Portugal) para fuxir das cavilacións no pasado. Con trinta e nove anos, ten a necesidade de volver ás súas raíces e, dez anos despois, sente por vez primeira nostalxia, cando lle diagnostican unha enfermidade.

- Antía Iglesias Fernández, "Con pólvora pero sen magnolias", Segundo premio de narración, pp. 71-[83].

Un mozo de vinte e catro relata a dor que viu ao seu redor durante o seu labor como enfermeira nun hospital polaco en 1940, durante a guerra, rememorando o día previo á renuncia ante a Unión Soviética e a viaxe en tren cara a Katyn, mentres rememora o asasinato de seu pai anos atrás.

- León Fernández Cameselle, “A Fórmula”, Terceiro premio de narración, pp. 85-[91].

Narra a dúas voces, marcadas por letra redonda e letra itálica, o asasinato do Procurador veneciano, un eminente xenio do vidro de Murano, que dedicou toda a súa vida á descuberta da Fórmula, a mans do seu único aprendiz, nun aceno literario á morte de Xulio César a mans do traidor Bruto.

- Afra Martínez Torrado, “A danza da mosca”, 1º accésit de narración, pp. 93-[97].

Relata os nós familiares que coartaron a liberdade dunha muller, dende a perspectiva actual na que sente que xa non é quen de romper a corda que leva anos impedíndolle bailar e sentirse “ceibe”, repetindo a existencia resignada da súa nai.

- Ana Mª Añel Prieto, “Memorias a ritmo de Gardel”, 2º accésit de narración, pp. 99-[107].

Un fuxido a Arxentina trinta anos atrás, por mor do asasinato dunha parella da Garda Civil para evitar que descubriran o contrabando que el e uns amigos traían dende Portugal, relata o seu regreso, movido pola morriña e a ansia de recuperar a moza que tiña daquela.

- Marisol Mejuto Prego, “Nin ‘julio’ nin ‘Julieta”, 3º accésit de narración, pp. 109-[115].

Encabezada por unha cita de F. Nietzsche, “Ningún artista soporta a realidade”, un narrador omnisciente achega a historia das mentiras e traizóns de Julia, dende a perspectiva actual na que se redime lembrando momentos felices xunto ao pai, hoxe ausente, para poder soportar unha existencia baleira, na que ansía desesperadamente que un cociñeiro, El, lle diga que a quere.

Tamén está descrito no apartado *VII.2. Poesía* deste *Informe*.

**Cimadevila**, Fernando M., *O mundo secreto de Basilius Hoffman. A batalla por Avalon*, ilust. Jara Zambrano, Compostela: Urco Editora, [lectorado mozo], 3 xaneiro 2015, 299 pp. (ISBN: 978-84-15699-52-1).

Terceira entrega da serie de fantasía *O mundo secreto de Basilius Hoffman,* de Fernando M. Cimadevila (Santiago de Compostela, 1977). Ao longo de catorce capítulos que, precedidos por unha frase relativa á maxia, levan por título “De quen quedou no camiño”, “Do que nos traizoou”, “Do que dixo a verdade”, “Dos que falaron do pasado”, “Do que descubriu quen era”, “Do camiño misterioso”, “Do pasado que nos alcanzou”, “Da vinganza e do perdón”, “Dun conto que lembrei”, “Da decisión que non quería tomar”, “Do conto de fadas que vivimos”, “Do que o mar gardaba”, “Dun avó, dun pai, dun fillo e dun rei” e “Dunha porta que se fecha e outra que se abre” relátanse unha serie de aventuras protagonizadas polo profesor Basilius Hoffman e o seu sobriño, Peter. A acción transcorre entre a Illa da Sabedoría e o mundo feérico, e relaciónase o mundo de Basilius Hoffman co ciclo artúrico a través dun novo inimigo, a reencarnación de Mordred, que loita por facerse con Avalón. A maxia, a alquimia, o inexplicábel, o arcano e o sobrenatural conforman os ingredientes da trama, que se

caracteriza por un ritmo áxil dende o principio até o final, alternando pasaxes rápidas e dotadas dun gran desacougo con outras pausadas e sosegadas. A narración acompáñase das ilustracións en branco e negro de Jara Zambrano (Mérida, 1987), que realiza unha serie de debuxos a partir do claro-escuro do grafito creando paisaxes e personaxes fantásticos e de ficción. A tipografía empregada na cuberta evoca a época medieval.

**Collazo López**, Iria, *Como unha áncora*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], xuño 2015, 122 pp. (ISBN: 978-84-9865-611-4).

Primeira novela de Iria Collazo López (Pontevedra, 1981), na que se achega á vida mariñeira a través dunha historia de amor e dun naufraxio. Coa historia da parella protagonista como fío condutor, esta obra percorre as inquedanzas, o sufrimento, as alegrías e as ilusións dos que ven a súa vida sumida ao redor do mar. A vila mariñeira, o destino, a sorte, os comezos ou todas esas preguntas que se farán os personaxes principais do relato, vertebran unha trama áxil, chea de toques místicos e misteriosos, que se sitúan nun contexto de procuras, esperas, morte, paixón, celos, baleas brancas, dor e salitre. A través de trinta e dous capítulos, a autora debuxa a vida que existe antes, durante e despois do mar. A historia de amor de María e Manuel, os protagonistas, dende que eran dous nenos que xogaban a non falarse, a declaración de amor definitiva, as cartiñas que escribían na distancia, o casamento, os plans de futuro da vida convivindo… Toda a construción dunha vida en común, coa feliz rutina dunha parella que busca un fillo desexado, froito dese amor que os une. Os soños truncados polo naufraxio, a incerteza de non saber que é de Manuel e a narración a dobre voz, por parte do náufrago e a súa dona, enchen a trama de suspense, ao mesturarse reflexións, desexos e esperanzas.

**Recensións:**

- Ana Gayoso Ramón, "O amor no universo mariñeiro", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 13 setembro 2015, p. 6.

Apunta que a historia da parella protagonista serve de fío condutor desta obra, na que se reflicten "as inquedanzas, o sufrimento, as alegrías e as ilusións dos que ven a súa vida sumida ao redor do mar". Tamén apunta que a trama é "áxil, chea de toques místicos e misteriosos", o que sitúa o lector ante "procuras, esperas, morte, paixón, celos, baleas brancas, dor e salitre". Finaliza recomendando a lectura desta novela xa que está "chea de amor pola terra, de respecto e recoñecemento polos mariñeiros e pola xente traballadora, testemuña da vida dos homes e mulleres que sufriron e sofren a realidade do mar".

**Referencias varias:**

- Sara Vila, "Iria Collazo. 'Síntome como unha usurpadora das historias que me contaron", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 3 xullo 2015, p. 11.

Conversa con Iria Collazo que fala da súa primeira novela, *Como unha áncora*, que recolle a historia real dun naufraxio, na que mestura as historias do seu bisavó Ramón, último alcalde da República en Barro, e tamén da súa bisavoa Jesusa, dos que lembra a súa vida. Di tamén que publicar o libro non lle resultou difícil, mais que o complicado é darse a coñecer a un público amplo "se escribes en galego". Nun á parte, fala da súa experiencia como mestra.

- Xosé Carlos Caneiro, "Obscenidade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", "Club dandi", 9 outubro 2015, p. 10.

Comenta brevemente o contido da obra e destaca que "narra sentimentos e emocións que transcenden o presente".

- C. F., "Presentación de 'Coma unha áncora' en la sala Amalia Domínguez Búa", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo, "Bueu", "Moaña", 13 novembro 2015, p. 18.

Dáse conta da presentación da novela, con motivo da celebración do Día das Librerías, na sala Amalia Domínguez Búa. Indícase que o acto está organizado pola libraría Miranda, a Asociación Amigos de Johan Carballeira e a editorial Galaxia.

- R. L., "Coma unha áncora", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", 20 decembro 2015, p. 4.

Comeza incidindo en que esta obra é "sobre todo, unha novela de amor", dun "amor que viaxa máis alá das fronteiras, da lóxica e do que consideramos como normal". Resalta a presenza do "misterio e o inexplicable, mais tamén a vida con toda a súa forza". Finaliza indicando o vínculo da autora co Morrazo, os seus estudos universitarios e o seu labor profesional.

**Corral Soilán**, Cristina, *De paseo con Crunia*, ilust. Aurora Cascudo Román, fotografías Miguel Noval Bouza, Ferrol: Edicións Embora, [lectorado autónomo], agosto 2015, [38] pp. (ISBN: 978-84-16456-05-5).

Texto que alterna a poesía e a prosa co que Cristina Corral Soilán (Lugo, 1976) convida o lectorado a coñecer zonas da cidade da Coruña con Crunia e o seu avó Xenaro. Partindo da pregunta "Onde estamos avó?", a voz lírica dá resposta en versos curtos a esta pregunta e os protagonistas seguen un itinerario por cinco barrios da Coruña: Montealto, Cidade Vella, Pescadería, Ensanche e Castro de Elviña. Crunia relata o que o avó lle conta e vivencias nos lugares que visitan, situación actual e histórico-social de cada un deles. O traballo fotográfico de Miguel Noval e as ilustracións de Aurora Cascudo, por separado ou en combinación, complementan e nutren o relato de Cristina Corral conxugando perspectivas fantásticas, documentais e gráficas. Ao longo do relato advírtense diferentes estratexias para integrar fotografía e ilustración: fórmulas máis próximas á fotomontaxe (álbum fotográfico, caderno de campo) e outras onde a ilustración aparece integrada e superposta sobre o fondo fotográfico. O texto narrativo ten lugar en páxinas diferenciadas e tan só o texto poético aparece integrado nas ilustracións.

**Referencias varias:**

- M. G. M., "De la sidra al libro y del libro a la danza", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 9 agosto 2015, p. 21.

Entre outras cuestións, comenta que nas casetas situadas en Méndez Núñez tivo lugar a presentación desta obra da escritora Cristina Corral.

- P. V., "Os supervendas e a literatura infantil, entre o máis demandado na feira do libro de Foz", *El Progreso*, "Comarcas", 23 agosto 2015, p. 18.

Dáse conta do remate da Feira do Libro de Foz e saliéntase a presenza de Lois Pérez e Cristina Corral. Dise que o evento está promovido pola Federación de Librarías de Galicia, en colaboración coa Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Foz.

**Corral Soilán**, Cristina, *De paseo con Paulo*, ilust. Aurora Cascudo Román, fotografías Miguel Noval Bouza, Ferrol: Edicións Embora, [lectorado autónomo], outubro 2015, [38] pp. (ISBN: 978-84-16456-11-6).

Relato sobre a cidade de Lugo escrito por Cristina Corral (Lugo, 1976) con ilustracións de Aurora Cascudo e fotografías de Miguel Noval. A historia ten como fío condutor o paseo que realiza o protagonista, un neno de sete anos de nome Paulo, e a súa avoa, María, dende Viladonga até a praza Maior, pasando por lugares emblemáticos como a muralla e a ponte romana. As historias da avoa guían o percorrido e achegan datos históricos e información dos monumentos e lugares máis relevantes de Lugo. As ilustracións figurativas de Aurora Cascudo Román mesturan fondos fotográficos con debuxos. A autora deseña una figura simpática para o personaxe da avoa.

**Costas**, Ledicia, *Inmundicia e Roñoso*, ilust. Laura Catalán, Zaragoza: Tambre-Edelvives, col. Ala Delta Novo Vermella, [prelectorado], 2015, 39 pp. (ISBN: 978-84-9046-081-8).

O relato de Ledicia Costas (Vigo, 1979) conta a historia de dous irmáns, Estrela e Max, a quen a banda do Carolo lles puxo os alcumes de Inmudicia e Rañoso. Chamábanlles así porque dicían que ulían mal e tiñan piollos. Ambos irmáns ían na súa bicicleta vella percorrendo os colectores de lixo na procura de roupa e comida, cando os rapaces da banda do Carolo decidiron empúrralos dentro dun colector e atrancaron a porta impedindo a súa saída. Alí, aínda que ao principio tiñan medo, pouco a pouco fóronse entretendo cos diferentes obxectos que atopaban. O mellor foi un reloxo de cuco que Max puido arranxar facéndoo soar e arrancando a risas da súa irmá. A música e a risa de ambos chamaron a atención dos rapaces que, finalmente, abriron a porta do colector deixándoos libres. Laura Catalán presenta na cuberta do libro os protagonistas do conto xunto aos elementos clave e no escenario onde ten lugar a historia. As súas ilustracións caracterízanse pola mestura da liña delicada e contida co trazo máis expresivo do grafito e aparecen superpostas sobre fondos de cor planos e levemente texturizados. As composicións empregadas aproveitan a expresividade do plano para acompañar e complementar o relato.

**Duncan**, Xosé, *As Crónicas de Bran. Volume III. O solpor dos deuses*, ilust. José Ángel Ares, Santiago de Compostela: Contos Estraños Editora, [mocidade], 2015, 253 pp. (ISBN: 978-84-942971-6-8).

Última entrega da serie fantástica das "Crónicas de Bran", escrita por Xosé Duncan. Cun narrador en terceira persoa e ao longo de once capítulos, os lectores atópanse sete anos despois de *A porta de Annwn*, co cumprimento case inmediato da profecía á que se atopa vinculado Bran. Este permanece preso na Terra, mentres a terra de Alba parece próxima a ser destruída e o pobo picto, liderado por Eidlynn, loita tanto contra os invencíbeis enxeños mecánicos do mestre Reloxeiro, que caen do ceo e destrúen canto atopan, coma contra o exército de Lord Daru. Parece que chega a fin da era dos deuses e a única esperanza de Alba son os Cristais, que volven espertar e agardan polo heroe anunciado. Co paso das páxinas o lector pode coñecer a sorte que corre o Mestre Reloxeiro que, dende a súa Lúa Metálica, segue a argallar formas diferentes de destrución; o fin da alianza entre Solla e Bran; a decadencia da civilización rexida pola Sacerdotisa e o Dragón Vermello, cada vez máis humano; e o destino de deuses como Donn que terá que enfrontarse á profecía que adiantaba a súa morte baixo as ás dun paxaro de morte, ou Moriigan, que non acaba de asumir o seu papel como deusa da guerra. A cuberta amosa unha imaxe simbólica e suxerinte que non desvela o contido do volume, pero que introduce unha atmosfera épica que conecta coa estética do relato fantástico e de ciencia ficción. Os traballos do interior corresponden ao ilustrador José Ángel Ares e aparecen intercalados no texto recollendo algunhas das escenas relatadas. Emprégase unha estética que recorda as ilustracións das novelas gráficas, mediante o uso da tinta negra e o uso expresivo dos contrastes lumínicos e das salpicaduras.

**Esmorís**, Érica, *Surfistas en California (aventura nos 50)*, ilust. Jacobo F.S., Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Ulises e as cronoamigas, serie Avanzado, [lectorado mozo], 2015, 191 pp. (ISBN: 978-84-15920-77-9).

Novela de Érica Esmorís (A Coruña, 1977) que enxalza a amizade e achega aspectos culturais e históricos do pasado. Relata as aventuras dunha rapaza de nome Ulises no Colexio Internacional Burato de Verme, onde a envían por suspender a materia de historia. Alí coñece catro rapazas de distintas décadas: Lula, dos anos 20, Rita dos anos 50, Carol dos 70 e Olivia dos 80. O grupo de amigas deciden viaxar á época e contexto de Rita, na California dos anos 50. As catro amigas participan nun concurso de surf feminino no cal parte como favorita Emilia, a medio irmá de Rita, que se deixa gañar despois de saber que os seus adestradores persoais estaban a facer trampa. Finalmente as catro rapazas volven á Illa do Tempo coa axuda do xardineiro e tentan evitar, sen conseguilo, a reprimenda da directora do colexio. As ilustracións de Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971) resultan imprescindíbeis para entender o que acontece no campamento. Están mesturados textos, recortes de noticias, debuxos, esquemas, caligramas e imaxes que imitan fotografías. As ilustracións do artista seguen un estilo desenfadado e alegre que, malia a sinxeleza dos debuxos, amosan expresividade e dinamismo.

**Esmorís**, Érica, *Nena e o mar*, ilust. Dani Padrón, XXX Premio Merlín de Literatura Infantil 2015, Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín, serie amarela, n.º 248, de 11 anos en diante, novembro 2015, 192 pp. (ISBN: 978-84-9914-944-8).

Érica Esmorís (A Coruña, 1977) articulou en dezasete episodios esta novela coral que nos primeiros pasos narrativos se centra na descrición da decrépita vila mariñeira de Porto Balea, da que os seus lonxevos habitantes agardan indolentes a fin dos seus días. Un narrador heterodiexético desvela as historias persoais do calado mariñeiro Umu, da lapadoiras mestra Aia, da transgresora enfermeira Hannah, do fantasmagórico fareiro Noon... A todo este elenco de personaxes marcado por negativas experiencias oponse Nena quen, malia sentirse magoada pola orfandade materna, se deixa levar pola súa teimosía e se dispón ao imposíbel para salvar o seu pai Otto. É neste intre cando a súa protagonista central actúa como unha destemida heroína disposta a iniciar unha arriscada misión, na que o amor e a solidariedade ecoan dende múltiples recantos. Dun xeito silandeiro, a apatía dos anciáns de Porto Balea transfórmase en compromiso e avituallan a Nena de todo o necesario, sen esquecer o elemento máxico representado polo dente de quenlla de Noon. Chega á Illa das Sereas e consegue rescatar o pai tras darse un duro enfrontamento coas súas pérfidas habitantes. A actuación da colectividade determina que esta reescrita repleta de aventura e emoción conclúa felizmente, pois os homes e mulleres de Porto Balea libéranse dos seus traumas e conseguen pechar, ateigados de esperanza, o círculo das historias encetadas nun inicio. O relato presenta escenarios misteriosos que son recreados polas ilustracións de tons azuis de Dani Padrón (Ourense, 1983). Na cuberta aparece a protagonista en actitude resolutiva e no interior, momentos importantes da narración para trasladalos a imaxes.

**Recensións:**

- Paula Fernández, "Novela coral", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 561, "Libros", 19 novembro, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 516, "Letras galegas", 28 novembro 2015, p. 10.

Sinala que Érica Esmorís obtivo con esta novela o Premio Merlín de Literatura Infantil 2015. Ofrece un breve resumo do argumento e fai fincapé na fortaleza e enerxía que irradia a protagonista. Indica que se trata dunha novela "moi ben artellada", na que se abordan valores básicos e que fai uso da figura dunha nena para presentalos. Recomenda a súa lectura para os lectores e lectoras do terceiro ciclo da educación primaria e alude a unha posíbel versión cinematográfica.

**Referencias varias**:

- María Varela, "Érica Esmorís. 'O premio Xerais é unha transfusión de confianza", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 779, "Entrevista", 21 xuño 2015, pp. 4-5.

Entrevístase a Érica Esmorís, gañadora do Premio Merlín 2015 co volume *Nena e o mar*, recóllense algunhas das consideracións feitas polo xurado e coméntase que ao día seguinte de coñecerse os premios Xerais saíu do prelo o seu segundo título: *Ulises e as cronoamigas*, obra sobre a cal se fala.

- Isabel Blanco, "Érica Esmorís. 'Dos escritores dependerá que os nenos amen a lectura", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 8 decembro 2015, p. 22

Entrevista a Érica Esmorís con motivo da saída do prelo desta obra, que obtivo o premio Merlín de Xerais do 2015, na que se abordan cuestións como o envellecemento da poboación ou as características dos lectores máis cativos.

- Érica Esmorís, "Nena e o mar", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 12 decembro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento do capítulo I da obra *Nena e o mar*, escrita por Érica Esmorís e ilustrada por Dani Padrón.

- R. L., "Nena e o mar", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", 20 decembro 2015, p. 3.

Logo de sintetizar brevemente o argumento, resalta que se trata dunha "novela circular e coral, unha aventura de esperanza e valentía", así como dunha "historia de tenacidade e de superación" localizada nun "territorio entre o mítico e o etnográfico". Remata nomeando obras anteriores de Érica Esmorís e a súa páxina en liña persoal.

**Estévez**, Xavier, *O corazón da maxia*, ilust. Santy Gutiérrez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 242, de 11 anos en diante, marzo 2015, 124 pp. (ISBN: 978-84-9914-819-9).

Relato realista en vinte e cinco capítulos e un epílogo de Xavier Estévez (Bruxelas, 1969), que ten como protagonista a Laura, unha rapaza hospitalizada durante meses por mor dunha doenza moi grave. A través da narración en primeira persoa, Laura trasládalle ao lectorado a súa vida diaria, a relación con outros rapaces e rapazas e co persoal médico, ademais de observar atentamente as reaccións e actitudes dos adultos que a rodean, en especial a súa familia, que pouco a pouco se desmoraliza ante o empeoramento irreversíbel da súa saúde. É de sinalar tamén a importancia da súa compañeira de cuarto, Mistre, unha nena etíope de oito anos, á que tenta consolar do seu pranto contándolle un conto, que decorre en paralelo á vida das rapazas e abre o camiño cara á fantasía. Salienta a obra pola perspectiva positiva da narradora, pola súa afouteza ante unha situación tan delicada e a ledicia coa que cada día se enfronta á incerteza do futuro, pois como afirma contundente: "non quero deixar de rir, nin de emocionarme, nin de vivir". Un relato moi persoal que se converte nunha lección de madureza e humildade, na que o ton divertido e irónico percorre as descricións do ambiente e as rutinas do centro hospitalario, as estrataxemas dos rapaces e rapazas para se comunicaren, os intercambios de libros ou as visitas e conversas que manteñen cando a saúde llo permite, fronte ás trepidantes aventuras fantásticas que lle conta a Mistre ao redor da desaparición de todos os dragóns protectores do mundo. A obra conta coas ilustracións de Santy Gutiérrez, nas que se amosan dúas realidades abordadas graficamente na historia, disolvéndose por momentos e contrastando noutros. Na portada podemos velas enfrontadas e ao mesmo tempo reflexo de si mesmas. O tratamento gráfico que o ilustrador aplica é diferente nas dúas figuras marcando deste xeito o contraste entre as dúas realidades paralelas: tintas planas, menor grado de iconicidade e estética próxima ao debuxo animado na dereita; degradados, estampados e

maior grao de detalle e naturalismo na esquerda. No interior do libro as ilustracións máis achegadas ao real abren e pechan o relato con tonalidades apagadas e unha representación expresiva ben resolta da luz artificial fría. No medio están as referencias ao conto dentro do conto, as imaxes de fantasía, as cores saturadas e os contrastes cromáticos.

**Recensións:**

- Isabel Mociño, "Cando a vida se abre paso", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 10 xuño 2015, p. 36.

Destaca o pouco habitual marco en que se desenvolve a trama desta obra infantil, a perspectiva positiva adoptada pola voz narradora e o retrato entre divertido e irónico das peripecias que se narran. Tamén loa a destreza do autor á hora de tratar os asuntos máis duros da vida e dirixirse a un público infantil, ao que arrastra a un mundo fantástico no que se desenvolven trepidantes aventuras e que funciona a modo de espello do mundo real. Analiza algúns dos recursos literarios dos que bota man e describe o argumento.

- María Navarro, "Retrato dunha heroína", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 547, "Libros", 18 xuño 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 502, "Letras galegas", 27 xuño 2015, p. 10.

Coméntase o valor e a coraxe da protagonista que ten, malia as circunstancias, o ánimo como mellor aliado. Neste senso destaca que está presente a ilusión no seu sentido máis amplo e que a través da maxia das palabras se crea un mundo de ficción interconectado coa realidade. Salienta que o autor entrelaza realidade e fantasía, vixilia e soño, obxectividade e subxectividade, o que axuda o lectorado a percibir "o que é posible e o que é probable". Di tamén que se combinan a partes iguais a alegría e a tristura e que sorprende pola intensidade narrativa nalgúns episodios.

**Referencias varias:**

- E. G., "Xavier Estévez presenta su novela 'O corazón da maxia' para emocionar", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área metropolitana", 18 abril 2015, p. 16.

Dáse conta da presentación na Casa da Cultura de Salceda desta novela, enfocada a lectores de entre os dez e os doce anos, da que se salientou a súa carga emotiva, as ilustracións de Santy Gutiérrez e a súa dobre trama.

- Xavier Estévez, "O corazón da maxia", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 5 decembro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O corazón da maxia*, escrita por Xavier Estévez e ilustrada por Santy Gutiérrez.

**Estévez Ferreiro**, Xavier, *Todos os soños,* ilust. Marcos Viso, Vigo: Tambre, col. Ala Delta. Serie verde, n.º 31, a partir dos 10 anos, 2015, 121 pp. (ISBN: 978-84-9046-083-2).

Narración de Xavier Estévez Ferreiro (Bruxelas, 1969), que se inicia cunha dedicatoria na que alude a un grupo de rapaces que preguntaron ao seu mestre se algún día eles figurarían nas súas historias. Por medio dun narrador en primeira persoa e a voz dos personaxes cóntase a historia de Xavier, un rapaz que, tras suspender catro materias, pasará o verán na vila dos seus tíos. Alí dedicará moito tempo ao estudo, mais tamén fará unha amiga moi especial chamada Clara, quen é capaz de ver dentro dos soños da xente. Xuntos descubrirán os misterios que xiran ao redor da figura de Andrés Troncoso, os cales farán que revisen algunhas das hipóteses iniciais. Trátase dunha historia de enigmas e aventuras, do significado que agochan os soños e da intensidade coa que se vive o primeiro amor. Na cuberta obsérvase a Sara mirando ao horizonte e faise uso dunha serie de cores pálidas. No interior as ilustracións figurativas en branco e negro de Marcos Viso (Ourense, 1973) recrean escenas do narrado. Son imaxes poéticas que buscan o realismo, ao mesmo tempo que desvelan certa inxenuidade e misterio nas composicións. O ilustrador emprega unicamente o lapis de grafito e no tratamento destaca a contención amosada tanto no emprego da liña coma no trazo homoxéneo co que crea texturas e manchas de gran intensidade.

**Fernández Trelles**, Sabela, *Augusta e os seus medos*, ilust. Alicia Suárez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], 2015, [26] pp. (ISBN: 978-84-9914-783-3).

Álbum narrativo escrito por Sabela Fernández Trelles e protagonizado por unha nena de nome Augusta con moitos soños pero demasiado medo para cumprilos. Cando decide facerlles fronte, seus pais regálanlle día a día obxectos que lle axudan a ser máis valente: unha pluma, un cazabolboretas e unha viaxe en avión a París. A nena descobre o feliz que a fai relacionarse con outros nenos, gozar do campo e viaxar, actividades que antes non facía atemorizada polos posíbeis perigos. A ilustradora Alicia Suárez aborda o tema do medo con debuxos a dobre páxina de gran colorido e saturación cromática que destacan sobre o fondo branco do papel. O tratamento dos personaxes é solto e expresivo conseguindo unha estética naif que complementa e acompaña o texto da escritora. Na portada podemos ver a Augusta e a súa familia nunha composición de atmosfera onírica que presenta dun xeito aberto o relato.

**Recensións:**

- María Navarro, "Superar os temores", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 538, "Libros", 16 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 493, "Letras galegas", 25 abril 2015, p. 10.

Comenta que esta obra invita a superar os medos, pois trata dunha nena que consegue liberarse dos fíos da desconfianza e do arrepío que lle xera o descoñecido para desenvolverse normalmente. Logo indica que o medo, emoción primaria en animais e no ser humano, no caso da protagonista se pode equiparar coa covardía ante situacións novidosas. Por último, salienta que esta obra "apela ao sentido da figuración para resolver o conflito que se establece entre o desexo e a prudencia" e que a ilustradora resolve co colorido e coa "expresión inxenua".

**Fernández Paz**, Agustín, *Amizades secretas*, ilust. Marta Altès, A Coruña: Edebé-Rodeira, [lectorado autónomo], febreiro 2015, 68 pp. (ISBN: 978-84-8349-394-6).

*Amizades secretas* ten as súas raíces no breve relato *Laura e os ratos* (2004), do mesmo Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947). Se a primeira historia concluía co desexo de Laura de facerse amiga dun intrépido ratiño, na versión actualizada concrétase esa amizade nun texto máis complexo na trama e máis anoado ás claves da escrita do vilalbés. En *Amizades secretas* o protagonismo é asumido por un roedor de xénero feminino, Ollos Grandes, que agora forma parte dunha unidade familiar asentada nun tobo situado entre dúas vivendas dunha casa da cidade vella, á que chega unha parella nova coa súa filla. Un narrador en terceira persoa trenza esta historia a partir da perspectiva da familia de roedores e da familia de humanos. Nos capítulos iniciais refire o nacemento de Ollos Grandes, máis ávida e afouta que os seus irmáns Rabilongo e Larpeiro, así como as primeiras aprendizaxes para protexerse dos seus sempiternos inimigos –os gatos, as curuxas e os homes. O pracenteiro transcorrer dos seus días québrase no terceiro capítulo coa chegada de Beatriz e dos pais, que acreditan na existencia de roedores cando o queixo, as galletas e a torta desaparecen dun modo fulminante. Todo un problema para os adultos, mentres que a nena aventura nesa pequena ratiña, que atravesa a cociña como un raio, a mascota sempre negada polos proxenitores. A cambio da axuda prestada por Beatriz, Ollos Grandes logra salvarse das temíbeis trampas e incluso consegue saborosos bocados, á vez que lles perde o medo aos humanos. En agradecemento, regálalle a súa amizade a esa nena tan simpática, coa que inicia unha relación clandestina ilustrada por Marta Altés (Barcelona, 1982).

**Recensións:**

- María Navarro, "Máis aló do que vemos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 546, "Libros", 11 xuño 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 501, "Letras galegas", 20 xuño 2015, p. 10.

Destaca que a amizade entre a nena e a rata é un canto á convivencia pacífica. Engade que a maxia envolve o "asombroso parecido" entre as familias, nas que observan puntos en común xogando "as mesmas coordenadas e coas mesmas regras". Di que esta cuestión lle permite ao escritor ir máis alá do que se ve, para achegarse á cuestión da solidariedade. Finalmente, salienta o uso da lingua "sinxela e coidada".

- Eulalia Agrelo Costas, "Aventuras de ratos e nenas", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 6 setembro 2015, p. 6.

Centra o seu comentario neste relato de Agustín Fernández Paz, cuxas raíces discursivas se atopan na historia de *Laura e os ratos* (2004). Apúntanse algunhas das diferenzas entre ambos os textos e destácase que o último é máis complexo e está máis anoado ao proxecto literario que supón a produción literaria do vilalbés. Así mesmo, achégase o argumento desta historia da ratiña Ollos Grandes e a nena Beatriz, quen axuda a roedora a liberarse das trampas dos pais. Tamén se salienta a "sinxeleza, pero puída, expresión verbal desta fascinante amizade" ilustrada por Marta Altés quen, dende unha visión moi persoal, con colorido e graza capturou algunhas das escenas recreadas nos nove

capítulos de *Amizades secretas*, que tamén abre portas a lecturas como *Contos de ratiños*, de Arnold Lobel.

**Referencias varias:**

- Agustín Fernández Paz, "Amizades secretas", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 21 marzo 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Amizades secretas*, escrita por Agustín Fernández Paz e ilustrada por María Altés.

- Amaia Mauleón, "El hombre de las historias infinitas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 abril 2015, p. 17.

Apunta que Agustín Fernández Paz escribe as primeiras ideas das súas historias no salón e en cadernos amarelos e informa que acaba de publicar dous libros, que lle traduciron ao chinés *A escola dos piratas* e que se reeditou *O meu nome é Skywalker*. Ademais relata como se interesou pola lectura grazas a seu pai carpinteiro e que como docente considera fundamental traballar a competencia lectora cos nenos. Tamén fala da dificultade que supón escribir para a infancia como lle sucedeu con *Amizades secretas*, un relato da amizade entre unha nena e un rato dirixido a nenos a partir de 6 anos. Finalmente enumera as súas lecturas actuais (John Banville, John Connolly e Manolo Portas) e salienta os correos electrónicos que recibe dos seus lectores.

**Fernández Paz**, Agustín, *A neve interminable*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 159, [mocidade], marzo 2015, 180 pp. (ISBN: 978-84-9914-838-0).

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) revisita o terreo do misterio e do terror para afrontar unha serie de situacións que fai tremer a concepción do mundo e pon ao descuberto a problemática do cambio climático. O xerme desta novela está no reto lanzado por Lord Byron que, co propósito de entreter os seus convidados no frío verán de 1816, lles propuxo escribir unha historia de terror. A partir deste reto, Mary Shelley escribiu *Frankestein* (1818); John William Polidori, *Vampyr*, no que se inspirou Bram Stoker para o seu *Drácula*; e Byron bosquexou *O enterro*, que quedou inconcluso. Logo de preguntarse polo "clima" que tivo que darse naquela mansión suíza para escribir obras de tamaña dimensión, o vilalbés deulle unha resposta actualizada n'*A neve interminable*. Un grupo de guionistas –integrado por tres mulleres e un home– reúnese para escribir os guións dunha serie de televisión de trece episodios independentes, agrupados baixo o nome xenérico de *As fronteiras do medo*, en claro diálogo intratextual coa colectánea de relatos homónima de Fernández Paz. No capítulo inicial titulado "A hora derradeira", a voz de Alba Novo, unha guionista de trinta e seis anos, verbaliza o estado de desolación no que se atopa xunto aos seus compañeiros. A seguir, refire os motivos profesionais que os reuniu no Hostal Providencia situado na montaña do Concello da Fonsagrada, onde conviven cos donos, un tradutor de nome Abraham e unha parella de mulleres unidas sentimentalmente. No cuarto día comeza unha interminábel tormenta de neve que os deixa illados e sen fluído eléctrico, polo que para facer máis livián o enclaustramento póñense a escribir cadansúa historia de medo. Así xorden catro arrepiantes relatos que penden da historia-marco: "A Casa Azul", "Herdanza de sangue", "A néboa da vinganza" e "Un incidente no internado". Tras os

dous primeiros relatos, no capítulo cinco, nunhas cuartillas descobren a historia de Lucía Teixidor que, nos derradeiros momentos de vida, recolleu a verdadeira identidade dos donos do hostal: Damián e Sabine eran dous fantasmas que faleceran nun accidente de coche na Fonsagrada. Un testemuño que se apontoa cos libros achegados por Abraham, que versan sobre as lendas da rexión de Moldavia enunciadoras da existencia dos *strigoi*, mortos que regresan á vida se conseguen extraerlles a outras persoas a enerxía vital. Estas revelacións, xunto á descuberta da desaparición da parella de lesbianas e dos verdadeiros propósitos de Abraham, así como a presenza imposíbel de Damián, que non puidera volver á casa por mor da neve, sitúan o lector no punto máis trepidante da novela. Sabine non repara en criticarlles o seu asentamento en tópicos e a falta de documentación, ademais de advertilos de que o meirande terror o teñen diante dos ollos dende que comezou a nevar. Así, con xenreira e voz cortante, anúncialles que o proceso da súa morte xa comezou e non hai volta atrás, mentres o seu corpo e o do seu home se esvaecen. Péchase o círculo aberto no inicio neste capítulo oitavo coa intervención de Abraham, que trae á memoria dos presentes o encontro dos famosos literatos no amentado frío verán. Chegan o silencio e a certeza de que a nevarada non cesaría até rematar con todo, como se recollía na cita de apertura de James Joyce. A imaxe da cuberta é unha montaxe fotográfica de Daniel Puente Bello e centra a atención nunha mancha que repousa no chan cuberto de neve. O líquido vermello destaca e contrasta nunha composición onde as tonalidades son fundamentalmente frías e apagadas. Tanto a posta en escena coma a iluminación (que non se define claramente como luz natural) impiden interpretar se o que se ve é real ou escenificado, reforzando o xogo de realidade e ficción.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "Cando a razón non o explica todo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 1 maio 2015, p. 12.

Apunta o fío argumental desta novela que dialoga con *Cartas de inverno*, se interna nos misterios do ser humano e reflexiona sobre a sociedade contemporánea, homenaxeando a autores como Lovecraft ou Poe. Salienta a estrutura "que fai pensar en Fole ou en Bocaccio", a procura da verosimilitude, a "querenza indisimulada polos valores que representan a literatura, os libros e a lectura", o reflexo da paixón cinéfila ou musical, a dosificación da intriga e a construción dunha atmosfera axeitada.

- Ramón Rozas, "A neve do desasosego", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 23 maio 2015, p. 59/ *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 24 maio 2015, p. 85.

Comeza destacando o cultivo do xénero de ciencia ficción noutras obras de Agustín Fernández Paz, para se referir logo á súa última achega. Salienta que *A neve interminable* parte dunha situación inicial que se converte en diferentes relatos cunha compoñente en común: o medo como inspiración e a inquedanza como o ámbito de traballo, no que se desenvolve cada unha das historias que escriben os protagonistas. Considera que esta cuestión lle permite ao escritor novos achegamentos á escrita e que non descoida o resultado final. Para rematar, destaca o xiro na súa fin.

- Vicente Araguas, "Nevarada", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 882, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 882, p. 30, "máis Libros", 24 maio 2015.

Engade algunhas reflexións xerais sobre a escritura de Agustín Fernández Paz e sinala que coa lectura da súa última novela, *A neve interminable*, esquece "ecos de títulos semellantes ben alleos a este". Refírese, entre outras cousas, ao argumento deste relato, apuntando que a parte central está nas tres historias que "sabendo a moito saben a pouco". Recomenda a lectura para quen lle guste o xénero de terror, aínda que sostén que o autor puido xogar a arrepiar máis. Con respecto ao remate, considera que é "apocalíptico ou elocuente" e que non termina de gustarlle.

- Mª Jesús Fernández, "A neve interminable. Agustín Fernández Paz", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 267, "Libros", "más de 14 años", setembro-outubro 2015, p. 69.

Indica que este conxunto de relatos achega o lector ao misterio, empregando como marco de referencia un hostal solitario, no que se reúne un equipo de guionistas que por quendas relatan historias de terror. Salienta como elementos comúns a presenza de tópicos co xénero, como a casa encantada, o vampirismo, os mortos… e a voz narrativa en primeira persoa.

- María Navarro, "Linguaxe expresiva", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 555, "Libros", 8 outubro 2015, p. VI./ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 510, "Letras galegas", 17 outubro 2015, p. 10.

Sinala que o misterio conforma a base deste volume e explica a metáfora que entraña o seu título, no que se refire a "un proceso tan longo que parece non ter remate". Comenta que o autor crea relatos paralelos que enriquecen a trama central, na que a razón e a ciencia serven como pretexto para propiciar na sociedade unha multiplicidade de medos e inseguridades. Salienta o uso dunha redacción fluída e dunha linguaxe expresiva e recomenda vehementemente a súa lectura.

- Eulalia Agrelo, "A desolación máis profunda", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 18 outubro 2015, p. 4.

Refírese ao reto a partir do cal Mary Shelley escribiu *Frankestein*; John William Polidori, *Vampyr*, no que se inspirou Bram Stoker para o seu *Drácula*; e Lord Byron, *O enterro*. Sinala que Agustín Fernández Paz se inspirou nel para bosquexar *A neve interminable*, que se abre co capítulo titulado "A hora derradeira", no que a voz de Alba Novo verbaliza o estado de desesperación das persoas que están recluídas na Fonsagrada ante a nevarada dos últimos días. A seguir, explica que deste marco discursivo penden catro magníficos relatos secundarios pausados polo capítulo cinco, no que se retorna á historia central e se intensifica o desacougo. Apunta que se trata dunha homenaxe do vilalbés á literatura de terror, ademais de engadir que nela afloran os medos rexistrados de sempre no ADN das persoas e os provocados polos desatinos da humanidade do século XXI.

**Referencias varias:**

- Amaia Mauleón, "El hombre de las historias infinitas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 abril 2015, p. 17.

Apunta que Agustín Fernández Paz escribe as primeiras ideas das súas historias no salón e en cadernos amarelos e informa que acaba de publicar dous libros, que lle traduciron ao chinés *A escola dos piratas* e que se reeditou *O meu nome é Skywalker*. Ademais relata como se interesou pola lectura grazas a seu pai carpinteiro e que como docente considera fundamental traballar a competencia lectora cos nenos. Tamén fala de *A neve interminable*, que define como un libro de misterio que dialoga con *Cartas de inverno* e que homenaxea a Howard Phillips Lovecraft, Mary Shelley e Lord Byron. Finalmente enumera as súas lecturas actuais (John Banville, John Connolly e Manolo Portas) e salienta os correos electrónicos que recibe dos seus lectores.

- Santiago Jaureguizar, "A carta do Rei Melchor a Tomás Cavana", *El Progreso*, "Vivir", 6 xuño 2015, p. 48/ *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 7 xuño 2015, p. 76, "Cultura", "Cidade xardín".

Alúdese ao feito de que Tomás Cavanna Benet foi acusado de redactar a súa propia carta de despedimento como director da fundación Cela. Deste xeito, realiza unha serie de apreciacións sobre a xestión e o futuro da fundación padronesa. Relaciona este suceso coa lectura de *A neve interminable*, a última novela de Fernández Paz.

- Jaureguizar, "Fernández Paz inspírase no 'ano sen verán' para levar unha novela á Fonsagrada", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 11 xuño 2015, p. 65.

Describe o fío argumental da novela *A neve interminable*, de Fernández Paz, e reproduce algunhas apreciacións que o autor realizou sobre a súa propia obra, apuntando, entre outras cuestións, que nela están presentes as orixes da literatura de terror. Cara ao final destácase que vén de recibir o Premio Clubs de Lectura e Fernández Paz agradece o premio, ademais de dicir que os clubs de lectura fan máis pola lectura que moitas campañas.

- Ana Baena, "Agustín Fernández Paz. 'O susto fácil non me vale, na novela busco os temores vinculados co descoñecido", *Atlántico Diario*, "Vigo", 19 xuño 2015, p. 15.

Conversa co escritor Agustín Fernández Paz que vén de presentar a súa última novela, *A neve interminable.* Manifesta que entre esta novela e *Cartas de inverno* non hai ningún diálogo, aínda que haxa certos elementos en común e similitudes. Fala tamén sobre como aborda a cuestión do medo psicolóxico na novela e pensa que este será o último libro de terror que escriba, pois quere explorar outras cuestións.

- Xosé Carlos Caneiro, "Contar", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", "Club dandi", 19 xuño 2015, p. 12.

Comeza falando da eclosión das novelas relacionadas coa guerra civil afirmando que lle desagradou esa literatura. Refírese, entre outras cuestións, á novela de Agustín Fernández Paz, *A neve interminable*, que sinala que vai gustar tanto ao lectorado novo e vello. Menciona a temática e repara en que o autor dosifica o medo ao longo da novela. Para rematar, considera que este escritor, ao igual que Xavier Alcalá, non decaen no "panfletismo doctrinario".

**Fraga**, Antonio M., *O grilo máxico*, ilust. Antonio Seijas, Vigo: Galaxia, 2015, [lectorado autónomo], 48 pp. (DL: VG 663-2015). ■

Conto de Antonio M. Fraga (Pontedeume, 1976) resultado dun proxecto colaborativo de noventa e un mecenas a prol dos Centros de Menores da Asociación Berce. Con esta obra quérese dar a coñecer o labor que estes centros de acollida desenvolven en favor dos máis novos e mudar a visión social negativa que existe deles. O conto narra como Carlota e Bruno, dous nenos que viven nun centro de acollida, tentan descubrir o misterio que se agocha tras o sorprendente suceso que ocorre unha mañá: a cama de Carlota aparece feita e toda a habitación arranxada sen que ela o faga. Este misterio desvelarano cando atopen unha mensaxe con indicacións do que teñen que facer. Así coñecerán o grilo máxico, quen logra que a nena aprenda o importante que é cumprir coas obrigas e ser responsábeis na vida. As ilustracións figurativas son de Antonio Seijas (Ares, 1976) e nelas recréanse con gran colorido escenas do narrado.

**Gallego Abad**, Elena, *Dragal IV. A estirpe do dragón*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 158, [mocidade], abril 2015, 347 pp. (ISBN: 978-84-9914-837-3).

Cuarta entrega da serie "Dragal", de Elena Gallego Abad (Teruel, 1969), que vén completar o universo mítico e lendario que se iniciou con *A herdanza do dragón* (2010), finalista do IV Premio Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2009 e Premio Frei Martín Sarmiento; e continuou con *A metamorfose do dragón* (2011) e *A fraternidade do dragón* (2012). Esta entrega retoma a acción no momento final da anterior, xusto despois do incendio da igrexa, na que se agocha o pasadizo secreto que leva os integrantes da fraternidade do dragón a loitar por manter oculto o lugar. Porén, a súa loita queda eclipsada por cuestións como a descuberta de Mónica do seu embarazo, a súa obsesión por mantelo oculto a ollos da sociedade, en especial no instituto, o seu medo polo maltrato e humillacións ás que é sometida reiteradamente por un grupo de compañeiras de clase ou o seu distanciamento de Hadrián, centrado en si mesmo e incapaz de decatarse do que está a vivir a rapaza. As diferentes perspectivas dos membros da fraternidade permiten afondar no seu coñecemento, as súas dualidades, medos, inquedanzas e vivencias, e configuran diferentes fíos dunha trama que vai converxendo e ampliándose, de tal modo que múltiples fontes históricas desvelan as fondas raíces do dragón (como demostra a aparición de personaxes como Leonardo da Vinci e Napoleón, coñecedores ou tal vez integrantes da Fraternidade) e da súa loita constante con outras forzas que o queren manter oculto, deixando o camiño aberto para novas entregas. A cuberta, deseñada polo ilustrador Miguel Abad, representa o dragón galego entre chamas. Nesta montaxe dixital o dragón, ao virarse sobre si mesmo, forma un círculo que remite a un talismán. A silueta escura queda debuxada polas chamas destacando as súas formas, patas, garras, lingua, dentes e un ollo ardente dando unha idea de forza ameazadora. No fondo, á dereita, aparecen unhas escamas alusivas ao proceso de metamorfose do heroe. Trátase, por tanto, dunha portada que continúa coa estética das tres novelas anteriores da serie.

**Recensións:**

- Isabel Mociño, "Mito, fantasía e realidade", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 30 agosto 2015, p. 6.

Coméntase esta novela de Elena Gallego, lembrando os títulos anteriores da serie, o éxito que está a ter entre o público e a súa conversión en múltiples proxectos interdisciplinares, así como as traducións a outras linguas. Repasa o argumento da novela, salienta a habelencia da autora no manexo das fontes históricas e o tratamento de temáticas pouco ficcionalizadas na narrativa xuvenil galega, como son os embarazos non desexados en adolescentes e o acoso escolar.

**Referencias varias:**

- Xesús Fraga, "Gallego Abad expande o universo de 'Dragal' cunha nova triloxía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 abril 2015, p. 35.

Faise eco da publicación deste novo volume que "abre a segunda triloxía coa que a autora expande o seu universo fantástico". Recóllense as reflexións da autora sobre as chaves do seu proceso de escrita e o éxito alcanzado coa triloxía de Dragal, ademais das adaptacións ao cinema e ao cómic e as actividades realizadas nos centros de ensino. Incídese en que o éxito se agocha na documentación, busca da sorpresa, procura de personaxes reais, transmisión de valores universais e localización nun espazo concreto, Galicia.

- Belén López, "Elena Gallego. 'Agora creo en dragóns", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 20 maio 2015, pp. 16-17.

Conversa con Elena Gallego pola publicación da cuarta entrega da saga Dragal, quen recorda que comezou a escribir o primeiro volume para o seu fillo en 2008. Sinala que daquela pensaba que a historia non se podería converter en triloxía e refírese ao éxito editorial. Di, entre outras cousas, que do proxecto audiovisual naceu esta cuarta entrega, opinando que os responsábeis das versións no cine e no cómic farán a súa propia interpretación. Para rematar, sostén que en Galicia ten que haber referentes literarios e que hai que valorizar o galego e exportar o que se fai no país.

- C. F., "Presentación do libro 'A estirpe do dragón', de Elena Gallego Abad", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 27 maio 2015, p. 18.

Faise eco da presentación no Ateneo Santa Cecilia-Club Unesco de Marín do cuarto libro da saga Dragal, *A estirpe do dragón*, de Elena Gallego Abad. Dise que a autora vén de facer unha exitosa xira por Cataluña e que estará tamén na Feira do Libro de Madrid.

- Lourdes Varela, "Elena Gallego Abad. 'Cada entrega de *Dragal* evidencia a miña progresión como escritora", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 549, "Entrevista", 2 xullo 2015, p. V.

Entrevista a Elena Gallego Abad con motivo da presentación na Feira do Libro de Vigo de *Dragal IV. A estirpe do dragón.* Afirma que, se responde o lectorado, está disposta a

chegar ás nove novelas e di que a súa novela *Sete Caveiras*, fóra da saga, racha coa "maldición" de que a identifiquen só como a creadora desta saga. Entre outras cuestións, refírese ao nivel de autoesixencia á hora de escribir e di que agora está centrada na escrita e promoción de Dragal. Refírese ás traducións a outras linguas destes volumes, aludindo ás dificultades ás que se enfrontou cando decidiu ser ela mesma a tradutora ao castelán. Tamén se fala doutros proxectos vencellados á saga, como o proxecto cinematográfico, o Campo de Traballo Dragal e o cómic.

- R. L., "Dragal IV. A estirpe do dragón", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", 20 decembro 2015, p. 3.

Sintetiza o argumento, centrando a atención no proceso de mutación experimentado polos membros da Fraternidade e nos seus segredos recollidos no Codex Dragalianus. Indica que esta narración "abre unha nova xeira na apaixonante serie protagonizada polo dragón galego" e que forma parte dun proxecto para "sacar adiante unha película e xogos interactivos".

**García Teijeiro**, Antonio e Antonio **Reigosa**, *Lendo lendas, digo versos*, presentación dos autores, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado mozo], outubro 2015, 163 pp. (ISBN: 978-84-9914-916-5).

Volume narrativo e poético da autoría conxunta de Antonio Reigosa (Zoñán-Mondoñedo-Lugo, 1958), encargado da recompilación e recreación dos vinte relatos lendarios que se acollen, e de Antonio García Teijeiro (Vigo-Pontevedra, 1952), responsábel do transvasamento poético desas lendas. Na "presentación" da obra os autores explican que pensaron en realizala a consecuencia dunha consulta dunha amiga común, Carme Pernas Bermúdez, na que constataron a carencia de poemas que atendesen a seres míticos da cultura popular tradicional galega. Salientan ademais que o relato lendario "ten, dalgún xeito, categoría de dogma; é a recreación mediante a palabra dunha verdade atávica" e que o obxectivo final dos personaxes, lugares e elementos presentes nos relatos lendarios é "resistir o máximo tempo posible na memoria colectiva". Rematan precisando un dobre propósito: procurar o goce dos lectores e "provocar a curiosidade polo coñecemento da literatura e da cultura popular de Galicia". A seguir acóllense as vinte lendas e as correspondentes creacións poéticas, complementadas polas ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953) referidas ao momento concreto do ritual de desencantamento. As formas delicadas das figuras esvaécense nunha atmosfera de cores cálidas. A tradución a imaxes de estilo surrealista dos textos complementa unhas páxinas que falan de fantasías, lendas e soños.

Tamén está descrito no apartado VII.2.1. Poetas galegos deste *Informe.*

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "De lendas e versos", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 912, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 912, p. 30, "máis Libros", 20 decembro 2015.

Comeza incidindo na pervivencia da transmisión oral como herdanza dos avós aos netos e como fonte de inspiración e resaltando ademais a recuperación e valorización da literatura de transmisión oral e da cultura popular galegas por parte de diferentes mediadores. Sintetiza as traxectorias de Antonio García Teijeiro, Antonio Reigosa e Xosé Cobas respecto á transmisión oral e á Literatura Infantil e Xuvenil galegas. Destaca que esta obra "cubre a carencia de recreacións e actualizacións poéticas de seres míticos da cultura popular tradicional galega" e que os autores refiren a importancia de que perviva o relato lendario, "xa que este recrea rituais dogmáticos e achega o coñecemento de historias de lugares concretos e tempos heroicos e remotos". Alude á estrutura da obra, á variedade temática e xeográfica das lendas recollidas e á que as mouras, tiranos, sereas, raíñas, árbores, penedos etc. se caracterizan pola duplicidade ben/mal, dependendo do encantamento. Finaliza resaltando que *Lendo lendas, digo versos* é unha "obra pioneira" e salienta a unión de lenda-recreación poética-ilustración do desencantamento, a reivindicación e contaxio da transmisión oral "a lectores de calquera idade" e a bibliografía incluída que cualifica "de consulta obrigada para afondar na cultura popular".

**Referencias varias:**

- Amalia Mauleón, "La poesía más salada de García Teixeiro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 11 novembro 2015, p. 39

Faise eco da presentación deste volume, na xornada de hoxe, en Lugo e, na vindeira semana, na libraría Librolouro de Vigo.

- Jaureguizar, "Reigosa: 'Fixemos o libro porque non había poesía de mouras ou encantos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 12 novembro 2015, p. 64.

Informa da presentación deste volume na libraría Trama en Lugo, na que o seu autor explicou a orixe da obra e fixo fincapé na súa intención de suplir a falta de poesía con mitoloxía popular.

**Gómez Xurxo**, Silvestre, *De cristal*, montaxe fotográfica da cuberta Antonio Seijas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 156, [lectorado mozo e mocidade], febreiro 2015, 117 pp. (ISBN: 978-84-9914-810-6).

Libro de relatos curtos de Silvestre Gómez (Mazaricos, 1951) que comezan coa referencia á morte ou malestar dun animal e enlazan coas vivencias dos adolescentes protagonistas de cada unha das historias. Ambos xiran arredor do maltrato animal e as consecuencias da inestabilidade familiar e social no desenvolvemento dos máis novos. Ao comezo do libro recóllese unha extensa dedicatoria que realiza o autor a distintas persoas, aos seus dous cans, Ras e Lúa, e ao seu gato xa falecido, Min. No capítulo introdutorio o autor conta en primeira persoa a experiencia que dou orixe á obra. Na primeira das historias, "O ratiño negro", Suso vese a si mesmo na figura dun rato que loita por saír do balde de auga, no que o pai do protagonista o guindara para entreterse á conta do sufrimento do animal. O segundo relato, "O ratiño branco", conta a historia de Elena logo de verse identificada con dous ratiños brancos que esperan paralizados o inevitábel momento de ser engulidos por unha cobra no reptilario. Amando é o

protagonista de “O gato negro”, un rapaz que vive desatendido cos seus avós e co seu pai, quen pasa a meirande parte do tempo preso no cárcere por roubos ou bébedo e meténdose en problemas. “Pavo Real” está protagonizado por Estela, unha rapaza dunha familia acomodada que vive feliz e preocupándose exclusivamente polo seu aspecto físico até que a situación económica da familia empeora. Por último, “Gulag de galgos” mostra a crueldade da que é capaz o ser humano cos animais, tomando como referencia a noticia de dous galgos aforcados e colgados dun piñeiro e a realidade de abandonos e asasinatos desta raza. A cuberta é unha montaxe dixital de Antonio Seijas (Ares, 1976) que ilustra o conto “Pavo Real”, no que, como se apuntou, se narra a historia dunha rapaza que pasa polo proceso doloroso de enfrontarse a unha realidade familiar dura que fai que os soños adolescentes se esvaezan. Así como o pavo real perde as súas plumas ao envellecer, Estela perde a súa inocencia ao cambiaren as súas circunstancias. A montaxe de Seijas reflicte esta idea cunha cara gris sen trazos recoñecíbeis, na que o pelo é un pavo real que vai perdendo as súas plumas. As cores son verdes, azuis e marróns saturados sobre un fondo branco.

**Recensións:**

- María Navarro, “Afondar no kyrios”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 54, “Libros”, 28 maio 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 499, “Letras galegas”, 6 xuño 2015, p. 10.

Comeza afirmando que a presenza na novela da fraxilidade do cristal é unha metáfora da debilidade humana. Considera tamén que nas cinco historias hai unha sorte de frialdade que converte as persoas en impermeábeis a calquera estímulo afectivo. Como contrapeso a estas situacións negativas, repara en aspectos que engaden optimismos ao relatado. Por outro lado, sinala que o autor evita os xuízos e prexuízos, que obriga o lectorado a reflexionar sobre determinadas condutas.

- Ramón Nicolás, “Coma un escalpelo crítico”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 10 xullo 2015, p. 13.

Opina que estes relatos de literatura xuvenil son apropiados tamén para un lectorado adulto e destaca a capacidade para compoñer un universo, onde o protagonismo se sitúa ao redor dunha serie de situacións que acontecen no ámbito familiar ou escolar. Repara tamén na opción de introdución dun personaxes máis con opinión propia co fin de suscitar certas reflexións e recrear os temas da literatura “de todos os tempos” nun contexto contemporáneo.

**González**, Sabela, *As crónicas de Landereina. Feitizo de sangue*, Vigo: Editorial Galaxia, [mocidade], 29 xaneiro 2015, 259 pp. (ISBN: 978-84-9865-580-3).

Segunda entrega da triloxía fantástica *As crónicas de Landereina*, de Sabela González (Burela, 1981), que se estrutura en sete partes compostas por vinte e catro capítulos titulados “Valo amañar”, “Maëris”, “O libro das desgrazas”, “Defensa”, “Prometédeo”, “A primeira loita”, “Hunn”, “Maeloc”, “A Era Segunda de Gheiroez”, “Eglantea”, “A maior traizón”, “Cabalo da auga”, “Porto Der”, Quno”, “Un novo exército”, “O *Irmán*”, “Paciencia”, “O camiño dos sabios”, “Na profundidade”, “Svörie”, “O camiño da

virtude", "Labirinto", "Visitantes" e "A gruta da lúa", nos que Berenguela e Güenaela son conscientes de que o destino do reino de Landeireina depende, en boa medida, do éxito ou o fracaso da súa misión e, por iso, deciden deixar atrás o bosque de Etlual para percorrer un labirinto cheo de obstáculos e contratempos co gallo de ser quen de atopar o que precisan: o terceiro feitizo, o único que pode destruír, de maneira firme e eterna, a maxia do poderoso amuleto. Na narración intercálanse visitas intencionadas ao pasado, que axudan a comprender a historia de forma global e comézase cun ritmo lento e sosegado que, dun xeito gradual, se transforma en áxil e trepidante. A solidariedade, o misterio, a xenerosidade, a perseveranza e a procura da propia identidade conforman, entre outros, os temas principais do relato. A autora tamén ilustra a cuberta e o mapa que aparece nas páxinas 6 e 7. O deseño da cuberta esténdese até a contracuberta sobre un fondo texturizado en verde que remite ao bosque mítico de Etlual. No centro, inscritas nun círculo, recóllense dúas montañas con tres estrelas de catro puntas sobre elas, representando un amuleto que sitúa o lector nunha historia máxica. O sinxelo mapa monocromático de Landereina é sintético e mostra os perfís, nomes de lugares e texturas para a auga do mar, rías e lagoas, bosques e montañas.

**Recensións:**

- María Navarro, "Coa lección dos clásicos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 541, "Libros", 7 maio 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 496, "Letras galegas", 16 maio 2015, p. 10.

Salienta a diversidade de personaxes fantásticos que transitan pola segunda entrega desta triloxía. Di que a través deles se vai tecendo a historia dun pobo que pon o lectorado en antecedentes, a través dos saltos no tempo que se intercalan na novela. Destaca, ademais, a presenza do fantástico marabilloso, que complica máis o inexplicábel, considerando que o sobrenatural constitúe a natureza mesma dos acontecementos. Para rematar, afirma que a autora amosa con esta obra, igual que coa primeira entrega, coñecer a obra dos clásicos da literatura fantástica.

**Referencias varias:**

- Xosé Carlos Caneiro, "Crisol", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Ficción", 25 setembro 2015, p. 10.

Reflexiona sobre a multiplicidade de tendencias e xéneros da literatura galega no momento actual. Di que está lendo o segundo tomo da triloxía *As crónicas de Landereina*, destacando a habilidade na escrita da súa autora. Considera que pode gustar a todo tipo de lectorado e di que ten referencias a Tolkien pero tamén moito "de Galicia e dos galegos".

**Guerra**, Mar, *Xenaro e a sombra negra*, ilust. Fernando Llorente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 243, de 11 anos en diante, marzo 2015, 188 pp. (ISBN: 978-84-9914-820-5).

Obra de Mar Guerra (Madrid, 1963), quen ofrece unha nova entrega das aventuras de Xenaro. A través de vinte e dous capítulos e cun narrador en primeira persoa, sitúase a historia nunha excursión celebrada para festexar o último curso de primaria a modo de despedida no albergue de Porroutó. Todo vai ben, até que unha noite ven desaparecer un dos seus compañeiros. Asomados pola fiestra, observan como este se afasta cunha estraña figura que todos confunden coa morte. Toda a panda sae na súa procura até que ao final aparece contándolles unha historia asombrosa. Aquela figura estraña que observaran pola noite era un home chamado Carapucho, que vivira entre os animais e os lobos durante toda a súa vida e agora, de adulto, vivía nunha pequena cabana entre o bosque cerca dos animais que tanto quere. Na noite na que se atopou co amigo de Xenaro, este home, ademais de contarlle a súa vida, decidiu compartir con el unha preocupación. Os veciños da aldea querían atacar os lobos e matalos xa que estaban a causar estragos, mais el non o podía consentir. Tiña que axudalos e para iso pídelle axuda a Xenaro e aos seus amigos. Fernando Llorente (As Palmas de Gran Canaria, 1954) ilustra unha vez máis os libros desta serie. Como nos dous anteriores, fai a cuberta do libro, así como unha ducia de debuxos a páxina completa que aparecen no interior. Estas ilustracións de cores suaves e trazo infantil achegan unha interpretación dos personaxes e dos espazos onde transcorre a acción. Os fondos con poucos detalles axudan a unha visualización rápida e suxestiva, que se asocia doadamente co texto.

**Gulín Rodríguez**, María José, *O zapateiro no bosque*, ilust. Antía Barba Mariño, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, [lectorado autónomo], 2015, 28 pp. (ISBN: 978-84-606-6847-3).

Pequeno conto de Antía Barba Mariño (Santiago de Compostela) "Dedicado ás nenas e aos nenos do CEIP Lamas de Abade de Santiago de Compostela. Vosa foi a idea de que me decidise a escribir. Dende estas páxinas quérovos agradecer os bos momentos que me destes". Narra como un día de verán Xermán, neto do zapateiro da vila, se atopa cun coello que lle pide un estraño encargo -facer zapatos para todos os habitantes do bosque-, co que se amosa o amor que o neno sente cara aos animais, a natureza e sobre todo o gran cariño que sente polo seu avó, o zapateiro, facendo unha defensa do imaxinario social infantil e da musicalidade e salientando valores como a amizade, a colaboración e o respecto. Antía Barba Mariño fai unha ilustración de inspiración clásica ao servizo dunha historia co formato propio dos contacontos. Emprega técnicas mixtas tradicionais (acuarela e acrílico) e dixitais con predominio destas últimas nas páxinas interiores. Os debuxos cobren o prego completamente dando unha visión panorámica, na que hai espazo para a convivencia fluída da narrativa textual e visual. Trazos simples, texturas dixitais e cores primarias conforman uns espazos atraentes e que espertan a imaxinación.

**Recensións:**

- Juan José Varela Tembra, "O valor da ilusión que vén da amizade", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 23 agosto 2015, p. 6.

Comeza incidindo en que este breve conto "se caracteriza polo alegato do imaxinario social infantil e da musicalidade, que o fan unha publicación moi axeitada para lectores

novos". Apunta que as ilustracións de Antía Barba Mariño son dun "estilo clásico, caracterizado por un interesante xogo cromático en tons pastel, onde o claro escuro e os contrastes entre luces e sombras xogan un papel protagonista" e destaca "a presenza de animais representados polas formas gráciles que dotan de dinamismo cada unha das ilustracións". Explica que a obra ten a súa orixe no CEIP Lamas de Abade de Santiago de Compostela, "a raíz da actuación que realizou coa *danza do zapateiro*". Salienta que esta obra "serve como punto de partida para que o profesorado de primaria poida traballar a educación en valores dun xeito interdisciplinar" e porque ademais, "como a escritora presume, dende rapaza, inventaba historias e esta afección viña herdada da súa familia paterna, especialmente, a tía Prudencia e o tío Luis, que sempre lles contaban contos a todos os sobriños e que daquelas historias vén este gusto literario".

**Gulín Rodríguez**, María José, *Unha escola nas nubes*, ilust. Antía Barba Mariño, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [prelectorado e lectorado autónomo], 2015, [30] pp. (ISBN: 978-84-608-3827-2).

Álbum narrativo escrito por María José Gulín Rodríguez (Santiago de Compostela) de marcado carácter marabilloso que explica o funcionamento do ciclo da auga e destaca as nocivas consecuencias da contaminación para o medio natural. Conta a historia dunha pinga de auga, Pinguiña, que pasa a meirande parte do tempo na nube gardería, onde aprende todo o necesario para algún día traballar nas nubes ou viaxar á Terra. Unha gran pinga escoita a protagonista falar coas súas amigas sobre a Terra e relátalles a aventura que alí viviu, na que descobre que unha sustancia nociva producida polos humanos está contaminando as augas da terra. Conclúe con Pinguiña durmindo e soñando con viaxar por un planeta moi limpo e cheo de vida. As ilustracións de Antía Barba Mariño (Santiago de Compostela) recrean coa técnica da pintura unhas imaxes enxeñosas, sendo as pingas protagonistas. As composicións alongadas, a dobre páxina, permiten facer unha lectura visual de esquerda a dereita.

**López**, Carlos, *Isela*, ilust. Nuria Díaz, A Coruña: Edicións Embora, [lectorado autónomo], decembro 2015, 66 pp. (ISBN: 978-84-16456-17-8).

Conxunto de relatos curtos de Carlos López (Boimorto, 1967) que ten como fío condutor a Isela, unha nena moi intelixente e imaxinativa. Escritos en terceira persoa cunha linguaxe poética que reiteradamente fai uso dos xogos de palabras e do *nonsense*, cada fragmento é introducido poñéndoo en relación coa vida da protagonista. Algúns deles fan referencia ás visitas que fai Isela a algúns lugares concretos como o zoo, o teatro, o acuario ou o parque de atraccións; outros afondan no coñecemento dun personaxe secundario, dende familiares directos de Isela até figuras coma o xardineiro, o reloxeiro ou o veterinario; por último, varios relatos fan fincapé en experiencias da nena ou constrúen a historia a partir dun elemento concreto da vida cotiá da protagonista. Non seguen unha linearidade narrativa e poden ser lidos illadamente. O libro compleméntase coas ilustracións figurativas de Nuria Díaz. A cuberta é a cor e as imaxes interiores son en branco e negro. O deseño segue un estilo infantil.

**Jaureguizar**, *Os Sabuxos divírtense no Museo Prohibido*, ilust. José Matalobos, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 55, setembro 2015, a partir de 10 anos, 159 pp. (ISBN: 978-84-9914-899-1).

Segunda entrega narrativa de Jaureguizar (Bilbao, 1965) protagonizada por Os Sabuxos, alcumados deste xeito porque son como uns rapaces que, semellantes aos cans, teñen un olfacto excepcional e, pola súa gran curiosidade e inquedanza, queren ser detectives. Relata novas aventuras de Nica, Sam, Pat e Norman, un grupo de amigos do máis peculiar. O autor sitúase nun barrio que ben podería ser o de calquera cidade do mundo. Chacote, a cidade dos Sabuxos, é unha cidade aburrida, onde non adoita acontecer nada interesante até que Nica, a capitá do grupo e protagonista da primeira entrega d'*Os Sabuxos entran na casa do pé esquerdo* (2013), animada por outros personaxes corais da cidade como son Míster Mágic, Dona Oliva, Tiburón e O avestruz, atopa un plano dun suposto Museo Prohibido, mentres busca chocolate na súa casa. O Museo transportará o lector a un mundo marabilloso e máxico pero empregando recursos reais e cotiáns. Santiago Jaureguizar volve empregar a voz de Nica para achegar historias que recordan aqueles nenos que podían facer unha cabana na árbore e marchar en bicicleta na procura de vivencias, sen medo, aprendendo das súas experiencias. Cunha clara reminiscencia ás aventuras d'*Os cinco*, de Enid Blyton, nesta nova entrega amósase a evolución dos personaxes e déixase aberta a porta a unha posíbel próxima entrega. José Matalobos ilustra este novo título da serie. Os debuxos son moi esquemáticos cun trazo rápido e enérxico e cores planas cun sombreado raiado básico, impreciso e descoidado que remite ao pulso infantil. Na cuberta preséntase a cuadrilla de rapaces e rapazas a piques de abrir unha porta no comenzo dunha atraente aventura. As ilustracións do interior ocupan unha páxina enteira e esténdense á contigua deixando espazo para o texto. Estas imaxes reflicten a acción da narración. Deste xeito, imaxe e texto intégranse fluidamente no plano visual e narrativo.

**Recensións:**

- Ana Gayoso, "Novas aventuras dos Sabuxos", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 27 decembro 2015, p. 4.

Indica que é a segunda novela que protagoniza un grupo de amigos cun olfacto excepcional, curiosidade e inquedanza, que viven nun barrio da cidade de Chacote. Salienta que o espazo do Museo transporta o lector a un mundo marabilloso e máxico con claras reminiscencias de Enid Blyton e que as ilustracións están cheas de cor e expresividade.

**Leira,** Rocío, *O becho que quería comer á avoa*, ilust. Cristina Nogales Aranda, Vigo: Galaxia, col. árbore/galaxia, nº 196, a partir dos 10 anos, xuño 2015, 84 pp. (ISBN: 978-84-9865-614-25).

Rocío Leira (Pereiriña, Cee, A Coruña, 1979) presenta a historia de Sara, unha nena que mantén unha relación moi especial coa súa avoa. Neta e avoa comparten segredos, gargalladas e conversas sobre temas de índole diversa. Mais un día a avoa vai á cidade e todo comeza a cambiar: o seu ánimo e estado de saúde debilítanse. Sara formulará unha serie de hipóteses sobre o que lle pode estar a pasar á súa avoa, mais pronto descubrirá

que hai un becho que a quere comer, un bicho chamado cancro. Sara coidará máis que nunca da súa avoa, quen lle fará un agasallo moi persoal para que sempre estean xuntas: unha fotografía. Trátase dunha historia do descubrimento do mundo dos adultos, da expresión de sentimentos e dunha perspectiva diferente sobre a morte dun ser querido. O texto compleméntase coas ilustracións de Cristina Nogales Aranda. O debuxo da cuberta esténdese á contracuberta e mostra unha avoa que protexe a neta dos ameazantes bechos voadores. Tons pasteis e cálidos sobre un fondo esquemático soportan os personaxes debuxados cun lapis máis detallado e sutil. As facianas tenden á deformación caricaturesca e reflicten directamente o título da obra. No interior as ilustracións son moito más sinópticas cun trazo xestual e a unha soa cor, un verde azulado domina toda a maquetación. Aínda que hai algún debuxo que ocupa a páxina enteira, a maioría son pequenos debuxos flotantes de elementos que forman parte da narración.

**Referencias varias:**

- P. C., "Rocío Leira: 'Neste novo libro infantil trato de romper os tabús sobre o cancro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 21 outubro 2015, contracuberta.

Anuncia a presentación deste volume na libraría Cronopios en Santiago de Compostela e enumera os seus temas principais: o mundo rural, a relación entre un neto e a súa avoa e a enfermidade do cancro.

**López** Cotelo, Borja Ramón e María **Olmo Béjar**, *As cousas que importan*, ilust. dos autores, A Coruña: Editorial Bululú, [lectorado autónomo] outubro 2015, 45 pp. (ISBN: 978-84-942917-5-3).

Conto escrito por Borja Ramón López Cotelo (A Coruña, 1980) e María Olmo Béjar (A Coruña, 1980) baixo o pseudónimo conxunto de *El primo Ramón* cuxa dedicatoria di "A Claudia, que comeza a viaxe". O libro utiliza a forma de diario e principia cun texto introdutorio, onde se fai fincapé no rexeitamento inicial do protagonista cando lle regalan un diario até descubrir que nunha manchea de páxinas en branco cabe todo o universo. A obra está dividida en seis capítulos que comezan cunha cita dun escritor de renome e relatan as vivencias do cotián do neno protagonista ao cal, igual que ao resto de personaxes secundarios, non se lle dá nome. A través do relatado enxálzase o valor do inmaterial e o fermoso das pequenas e sinxelas cousas, coma o amor dun avó, a liberdade, a amizade, o saber perder e ser valente, pese ao medo. As ilustracións deste álbum están feitas polos autores, que fan uns debuxos moi simples e empregan a liña negra de tinta, acompañada de manchas negras ou grises. Con imaxes moi sinxelas, nas que sempre está o protagonista, vanse completando os textos. Cada apartado comeza cunha frase célebre escrita sobre un ceo gris cheo de estrelas.

**López Domínguez**, Xan, *Viaxe a Dragonia*, ilust. do autor, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán. Serie laranxa, n.º 9, 8+, febreiro 2015, 127 pp. (ISBN: 978-84-8349-395-3).

Relato de Xan López Domínguez (Lugo, 1957), no que se fai unha reescritura lúdica e humanizadora dos personaxes da bruxa e do dragón dos contos marabillosos. Estruturado nun prólogo e dezanove capítulos, un narrador en terceira persoa conta as aventuras que vive o dragón Bambalum para chegar ao país de Dragonia, coa axuda da bruxa Herminia, quen queda ao seu coidado cando os magos Eudoxio e Teodosio marchan ao congreso "Abracadabra" en Vancouver. Enganado polo dragón Sanxurxal, que co apoio de dous pillabáns, Tragamoedas e Rañapeixes, consegue dragóns para aproveitarse deles, Bambalum deixa o castelo dos magos sen vixilancia, momento que aproveita Sanxurxal para roubar e facerse co único exemplar do *Dragonis Terribilis*, libro que permite transformar calquera obxecto en dragón. Tras seguir o Camiño de Ouro que conduce a Dragonia e confundirse con trens e avións, pensando que son dragóns modernos, Bambalum consegue expulsar os pillabáns de Dragonia, liberar os seus conxéneres e quedar a vivir alí. Péchase o relato cun "Epílogo", no que se transcriben dúas cartas: na primeira Eudoxio pídelle a Herminia se pode atopar en Dragonia o libro dos conxuros e na segunda Herminia indícalle que é mellor que o libro fique oculto. As imaxes están tan presentes como o texto, entretecéndose harmonicamente e ocupando o espazo de forma diversa, ás veces cubrindo o prego, ás veces a páxina ou parte dela. Predominan as cores densas e apagadas con pouca variación cromática. O volume lógrase con sutís degradados e as texturas cun raiado intenso e esquemático. Trátase dunhas ilustracións que suxiren o mundo máxico da historia e os seus excéntricos personaxes, así como desprenden sentido do humor.

**Referencias varias:**

- Xan López Domínguez, "Viaxe a Dragonia", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 11 abril 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Viaxe a Dragonia*, escrita e ilustrada por Xan López Domínguez.

**Maceda Abeleira**, Beatriz, *O álbum de Garrincha*, ilust. Laura Beleiro, Vigo: Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 197, serie azul, a partir dos 10 anos, xuño 2015, 173 pp. (ISBN: 978-84-9865-613-8).

Beatriz Macerda Abeleira (A Coruña, 1963) evoca a historia do futbolista brasileiro chamado Garrincha. A través de vinte e un capítulos e un narrador en primeira persoa, cóntase a historia de João, un neno brasileiro que está a atopar grandes dificultades para adaptarse e integrarse á súa nova situación en Galicia. Para axudarlle neste tránsito o seu pai, que chegou a España cun álbum sobre Garrincha como única herdanza, contaralle a historia de superación deste futbolista brasileiro. Un futbolista que, a pesar de ter todo en contra para acadar o seu soño (tiña a perna dereita máis curta cá esquerda e a columna vertebral torcida), conseguirá ser unha figura do fútbol. Este libro ten una imaxe con moita cor na cuberta que contextualiza a temática do relato no mundo do fútbol. As imaxes do interior, de Laura Beleiro, están feitas en distintos tons de azuis. Representan diferentes escenas deste deporte como porterías, balóns, xogadores, viaxes..., pero tamén se centran nas emocións e nas persoas protagonistas da historia.

**Referencias varias:**

- Xesús Fraga, "Garrincha volve dar alegría ao pobo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 agosto 2015, p. 34.

Informa de que o exdeportivista Donato apadriñou a presentación na Coruña desta novela xuvenil, na que se relata unha historia que ten como eixe o fútbol e doses notábeis de superación e integración.

- Víctor M. Riveiro, "O fútbol é o xogo máis democrático e un elemento de integración eficaz", *El Progreso*, "*de Verano*", "Entrevista", 22 agosto 2015, p. 69.

Entrevista a Beatriz Maceda con motivo da saída do prelo desta novela, na que se abordan cuestións como a súa liña argumental, o papel do fútbol como factor integrador ou a importancia da integración nos centros escolares.

**Maceiras**, Andrea, *Europa Express*, VII Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2015, montaxe fotográfica da cuberta Antón Seijas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 161, [mocidade], novembro 2015, 210 pp. (ISBN: 978-84-9914-943-1).

Novela xuvenil coral, de viaxes e aventura psicolóxica durante o proceso de maduración de sete personaxes, da autoría de Andrea Maceiras Lafuente (A Coruña, 1987). Está dedicada á súa nai, "compañeira indispensábel na viaxe da vida" e encabezada por citas de Marica Campo, William Wordsworth e de *Nothing gold can stay*, de Robert Frost. Ábrese cun mapa do "Itinerario", que antecede ao "Índice" e se divide en tres bloques de distinta extensión: "Sen notificación de recibo", "Xiro postal" e "Franqueo en destino". A historia aséntase nas relembranzas de Nico, quen tenta explicarse a si mesmo unha escena do grupo reflectida nunha fotografía mercada por azar en Benguen no momento actual. Para iso dá saltos temporais dez anos atrás co propósito de retrotraerse á viaxe realizada en interrail por Europa con seis compañeiros ao finalizaren o Bacharelato. O primeiro bloque, a xeito de presentación dos personaxes, oscila entre dous momentos temporais: o mes de agosto de dez anos atrás, cando eran adolescentes, e a vida actual de todos eles, consecuencia directa do rápido proceso de maduración que experimentaron a raíz do inesperado falecemento dun dos compañeiros de viaxe e que foi minguando a amizade que os unía. O segundo bloque céntrase na tentativa de Nico de reconstruír, grazas ás opinións de Mía, Óscar e Piero, a verdadeira relación que existía entre Aroa e Xacobe e que fora capturada por casualidade na citada fotografía. O terceiro bloque, como o primeiro, oscila entre os saltos ao pasado (aos últimos días da viaxe por Europa) e o momento presente (a reunión que prepara Nico na súa casa e de Aroa) para tentar comprender o comportamento do amigo falecido durante os derradeiros días da viaxe e a causa real da súa morte. A única ilustración, a montaxe fotográfica da cuberta, da autoría de Antonio Seijas, recrea o instante agochado do pasado que foi captado na citada fotografía mercada por Nico anos despois.

**Referencias varias:**

- R. L., “Europa Express”, *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, 20 decembro 2015, p. 4.

Logo de sintetizar o argumento, destaca que se trata dunha “novela coral na que salienta a intriga psicolóxica”. Incide na alternancia de “lugares, personaxes e tempos narrativos” e no “descubrimento dunha verdade inexorable”. Resalta como constantes da narración “a liberdade das viaxes, a identidade ou a procura do amor” e a “esencia da mocidade”.

- Ana Abelenda, “Enséñame tu cuaderno”, *La Voz de Galicia*, “*De gente*”, 28 novembro 2015, pp. 28-32.

Anuncia a gañadora do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil, Andrea Maceiras, coa obra *Europa Express*, e o gañador do Premio Nacional de Literatura na modalidade de poesía xove, Gonzalo Hermo, coa obra *Celebración.* Tamén profunda na figura de ambos escritores recollendo as súas propias opinións sobre o seu estilo de escritura, así como na elaboración de ambas as obras galardoadas.

**Mamá Cabra** e **Carmen Gil**, *A bruxa discordia. Cancións para a paz*, ilust. Iria Fafián, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore Galaxia. Sonárbore, [prelectorado e lectorado autónomo], outubro 2015, [30] pp. (ISBN: 978-84-9865-645-9). Inclúe CD.

Conto realista de Carmen Gil (Cádiz, 1962), no que por medio dun narrador en terceira persoa se dá conta da vida da bruxa Discordia, un ser que é feliz destruíndo a paz no mundo. Amante de comer olivas e guindar as carabuñas, un día empézalle a picar todo o corpo, feito polo que cre que é alérxica á paz. A fada Margarida faille ver que ao que realmente é alérxica é ás olivas, momento a partir do que a bruxa e a fada fan un conxuro para que se faga a paz no mundo. Así Discordia pasou de notar un sabor agre no fondo do seu corazón a notar cóxegas por dentro. Este conto acompáñase das ilustracións de Iria Fafián, nas que se vai vendo o que vai acontecendo no conto. O texto acompáñase dun CD que recolle as cancións de Mamá Cabra.

**Martín**, Paco, *A rula, o peluche e a nena*, ilust. Belén Martín Franco, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 245, de 7 anos en diante, marzo 2015, 102 pp. (ISBN: 978-84-9914-822-9).

Relato infantil de Paco Martín (Recatelo, Lugo, 1940), que ten como protagonistas un peluche e unha rula que agardan a chegada dunha nena que está por nacer, Jimena. Adoptando recursos propios da literatura de transmisión oral e dos contadores de historias, recréase o mundo dende a perspectiva destes protagonistas humanizados, que descobren o seu contorno con inocencia e inxenuidade. Unha serie de aventuras que levarán o peluche a coñecer mundos distantes a través da axuda que numerosos animais lle proporcionan, o que demostra a importancia da solidariedade e da amizade. No texto insírense numerosas apelacións ao lectorado, que se marcan por veces nunha tipografía de cor diferente, e comentarios aclaratorios, nos que o narrador se dirixe a Jimena (e a través dela ao lectorado agardado) para lle transmitir múltiples coñecementos, aínda que tamén se deixan baleiros que propician unha lectura activa para reconstruír, pensar, preguntar, buscar respostas, relacionar coñecementos etc. Conta coas ilustracións de

Belén Martín Franco (Lugo, 1970), nas que os animais acompañan os textos dándolles vida aos xoguetes. Están elaboradas con acuarelas de cores alegres e fan máis amena a lectura dos textos.

**Recensións:**

- Isabel Mociño, "O mundo máxico dos soños", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 19 xullo 2015, p. 6.

Despois de lembrar algunhas das características da produción deste autor considerado un clásico contemporáneo da Literatura Infantil e Xuvenil galega, coméntase este relato protagonizado por animais personificados, do que salienta o recurso a elementos propios da escrita de Paco Martín, as apelacións ao lectorado e os comentarios aclaratorios para lle transmitir múltiples coñecementos. Por último subliña a intención dos baleiros como unha forma de convidar á participación activa na lectura.

**Referencias varias:**

- Jaureguizar, "Paco Martín: 'Catro paxaros pasan o mar: cuco, andoriña, rula e pazpallar", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 7 abril 2015, p. 42.

Recolle que Paco Martín se animou a escribir este relato cando estaba a nacer a súa neta, que se acompaña de ilustracións de Belén Martín, a súa filla, e que escolleu a rula como protagonista porque é o ano internacional deste paxaro. Apunta que é unha historia de "curiosidade e aventura" na que prima a solidariedade.

- Ramón Nicolás, "O fútbol e a integración social", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 10 xullo 2015, p. 13.

Destaca varios aspectos desta obra (inmigración, afán de superación e diversidade) e resume o argumento central.

- Paco Martín, "A rula, o peluche e a nena", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 13 xuño 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A rula, o peluche e a nena*, escrita por Paco Martín e ilustrada por Belén Martín Franco.

**Mauricio**, Enrique e Carlos **Taboada**, *O esquío rampante*, ilust. Carlos Taboada, fotografías Enrique Mauricio, texto contracapa Anxo Corbillón, ed. a cargo Cándido Meixide Figueiras, Pontevedra: Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], xuño 2015, 73 pp. (ISBN: 978-84-8289-493-5).

Conto de Enrique Mauricio, no que se relatan, en terceira persoa, as aventuras de Cósimo, un esquío da familia Piogalego de Siador. O esquío vive nun carballo centenario que non está san, polo que decide saír en busca dun remedio para poder curar a árbore. A solución tan só a ten unha gata, pero, até chegar a ela, Cósimo vivirá unha chea de aventuras ao longo de todo un ano. Unha vez obtida a solución, regresará ao

fogar a curar o carballo coa apócema en cuestión. O relato, que dá conta da forma de vida dos esquíos e no que aparecen valores como a amizade, a solidariedade e o amor á natureza, compleméntase coas actividades "Continúa e aprende coa viaxe de Viola e Cósimo" e acompáñase das ilustracións de Carlos Taboada. Trátase dun traballo próximo ao *cartoon*, con fortes e expresivos trazos recheos de cores, nos que o sombreado lógrase con lixeiros cambios de ton. Nos fondos emprega frecuentemente texturas e cores desaturados. O texto sobreimprímese nas imaxes recorrendo na maioría dos casos a unha caixa semitransparente para facilitar a lectura. Na parte das actividades engádese un terceiro elemento que son as fotografías de árbores e froitos.

**Mauricio**, Enrique e Carlos **Taboada**, *O poeta do Miño*, ilust. Carlos Taboada, Pontevedra: Edicións do Cumio, [prelectorado e lectorado autónomo], novembro 2015, [48] pp. (ISBN: 978-84-8289-513-0).

Conto fantástico-realista de Enrique Mauricio e Carlos Taboada que está enfiado por un narrador en terceira persoa e os diálogos dos personaxes. Dedicado a Manuel María, nel cóntase a historia fantástica dunha saramaganta chamada Roi que vive en Outeiro de Rei, no fondo do río Miño, e é o poeta de máis fama da Terra Chá. Este perde a inspiración e fai todo o posíbel por recuperala, mais, como non o consegue, pide consello a un sabio salmón. Este animal dille que o mar é a fonte de toda inspiración, polo que Roi, aínda que con algunhas dúbidas, decántase por viaxar a través do río Miño até chegar ao mar. Durante esta viaxe, na que Roi encontra outra saramaganta que será a súa compañeira de viaxe e amiga, Goi, descobre diferentes lugares galegos polos que pasa o río Miño e que se describen, así como elementos destacados destes sitios, caso do muíño de Santa Isabel, as murallas romanas de Lugo, as rutas polas que pasan os peregrinos, como as de Portomarín, a confluencia entre o Miño e o Sil nos Peares, as termas de Ourense, o miradoiro do monte de Santa Tegra e a fortaleza de Valença do Minho. Esta historia, que pretende ser unha homenaxe a Manuel María (Outeiro de Rei, 1929- A Coruña, 2004), que se basea no seu poema "Proclama aos Peixes do Miño" e que recolle diferentes elementos que lembran a memoria do poeta, acompáñase das ilustracións de Carlos Taboada caracterizadas polo emprego do verde e do azul.

**Referencias varias:**

- Belén López, "Libro primeiro para Manuel María", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 18 novembro 2015, p. 11.

Fala deste volume pertencente á colección "Polo Correo do Vento", a cargo de Enrique Mauricio e Carlos Taboada, co que se realiza unha homenaxe a Manuel María, autor ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2016.

- Cuca M. Gómez, "El secreto para ser feliz está en crear", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 21 novembro 2015, pp. 70-71.

Entre outras actividades, informa da presentación deste libro sobre Manuel María na librería Cronopios de Pontevedra.

**Meixide**, Carlos (ed.), *Ons*, ilust. e deseño cubertas María Mejide, [mocidade], outubro 2015, 166 pp. (ISBN: 978-84-16121-35-9).

Novela realista de Carlos Meixide (Vilagarcía de Arousa, 1977), na que se narra a historia acontecida na illa de Ons durante as vacacións de verán de catro rapaces, dous mozos pertencentes á illa e dúas mozas da Coruña, que descobren na Praia de Melide un home morto dun tiro na barriga. Sospeitosamente aparece o garda civil da illa na escena do crime e colle o cadáver tirándoo ao Burato do inferno polo que os rapaces deciden seguir investigando ás agachadas, xa que ninguén do pobo crería o que estaba a acontecer. A súa investigación sobre o crime levaraos até un único asasino e descubrirán outros crimes cometidos na illa e en Vigo anos antes. O asasino descobre que os rapaces saben a verdade e ameázaos para que non falen con ninguén, pero ao final as rapazas chaman á muller do morto e ela mobiliza á policía e á illa de Ons, o que provoca que Venancio, o garda civil, secuestre un dos rapaces. Finalmente este personaxe rematará entre a espada e a parede. Ao mesmo tempo, preséntase a historia de amor entre os rapaces e as rapazas que dá o toque romántico á obra. O volume, que non presenta ilustracións interiores, amosa na cuberta e contracuberta un deseño de María Meijide (Santiago de Compostela, 1978). Mentres que na cuberta xoga cunha tipografía feita á man a modo recorte de tesoiras onde as letras do título, ONS, aparecen viradas en posición horizontal e están texturizadas con manchas de cores en tons pasteis; na contracuberta hai un debuxo en tinta e acuarela da illa de Ons sobre unha folla solta dun caderno de espiral. Emprega cores azuis, verdes e amarelas e trazos espontáneos e moi expresivos. Debaixo do debuxo inclúe un texto introdutorio escrito áa man en letras maiúsculas rematado en puntos suspensivos.

**Oli**, *O rato avó e o muraño*, ilust. Ramón Trigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie azul, n.º 246, de 7 anos en diante, outubro 2015, 56 pp. (ISBN: 978-84-9914-918-9).

Relato de Oli, pseudónimo de Xosé Manuel González Barreiro (Cangas do Morrazo, 1961), que principia coa dedicatoria "Para Alejandra, regato de felicidade". Os protagonistas do relato son dous inseparábeis roedores, o rato Benxamín e o muraño Rosendo. Os seus días xuntos están cargados de ledicia e aventura, xogando a escalar montañas e a explorar bosques misteriosos. Os pais do muraño teñen que traballar até moi tarde e por iso Rosendo pasa moito tempo na casa do seu amigo. Alí é onde o avó lles conta historias de ratos atrevidos, donicelas torpes e musarañas intelixentes. Os cativos séntense felices transportados polas súas palabras e deixan voar por completo a imaxinación. Porén, un día Rosendo comeza a sentir un desacougo interior. Narrado en terceira persoa, o conto presenta os medos e soños dun neno que comeza a reflexionar sobre algúns aspectos da súa vida que até ese momento non lle suscitaran ningunha curiosidade. O autor amosa con sutileza como un cativo se comporta ante os conflitos familiares. Como contrapunto, a imaxinación xoga un papel esencial na vida do protagonista, trasladándoo a un mundo no que as historias do rato avó semellan realidade e lle permiten afastarse, en certa maneira, dos problemas cotiáns. As preocupacións do muraño Rosendo aparecen representadas mediante pesadelos nos que o cativo reflicte os conflitos que vive no seu día a día. As ilustracións, de Ramón Trigo (Vigo, 1965), son moi expresivas e mergúllannos no mundo dos ratos con simpatía. As composicións rompen o espazo e exploran diferentes puntos de vista. O trazo do lapis

vai acompañado de pinceladas de cor, ás veces augadas e outras espesas. O tratamento das figuras dos animais amosa un comportamento antropomorfo.

**Referencias varias:**

- Oli, "O rato avó e o muraño", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 31 outubro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O rato avó e o muraño*, escrita por Oli e ilustrada por Ramón Trigo.

**Oli** e Natalia **Colombo**, *Os ratos da casa*, ilust. Natalia Colombo, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [prelectorado], 2015, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-928-1).

Álbum narrativo de Oli, nome literario de Xosé Manuel González (Cangas do Morrazo, 1961), que se abre cunha dedicatoria "Para Carlos, con quen todo comezou". Os protagonistas do relato son un grupo de ratos e o fío condutor alude a todo aquilo que acontece ao longo da noite. A estrutura do texto é encadeada, de xeito que a última palabra de cada páxina é a primeira da páxina seguinte. Na cuberta preséntanse a catro ratos nun coche, debuxados cunha liña áxil e expresiva e con cores vivas e alegres. No interior, as ilustracións de Natalia Colombo (Bos Aires, Arxentina, 1971) son alegres e con moita cor. O deseño dos ratos e dos demais protagonistas resulta simpático, facendo que sexan unas figuras próximas e amigábeis. A pesar da sinxeleza dos debuxos, hai moitos detalles que permiten unha lectura visual que completa os textos.

**Referencias varias:**

- Lucía D. Bóveda, "Xosé Manuel González 'Oli'. 'Hai que ensinar ós rapaces a dubidar", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 769, "Entrevista", 12 abril 2015, p. 6.

Con motivo da publicación deste álbum, entrevístase ao autor quen fala de como xurdiu este proxecto, da situación actual e do futuro da literatura galega, do excesivo didactismo e do politicamente correcto da literatura e da falta de aposta das institucións, ademais de cuestións pedagóxicas que teñen que ver coa súa profesión de mestre.

**Pinto&Chinto**, *A estrambótica Illa do Tesouro*, versión da obra de Robert Louis Stevenson, A Coruña: Editorial Bululú, col. Carambola, [lectorado autónomo], novembro 2015, 30 pp. (ISBN: 978-84-942917-7-7).

Álbum narrativo de Pinto&Chinto, dúo creativo conformado por David Pintor (A Coruña, 1975) e Carlos López (Boimorto, 1967), no que versionan a novela de aventuras de piratas *A illa do tesouro*, de Robert Louis Stevenson. Conta cunha "Nota aclaratoria", na que os autores advirten o lector de que teña coidado "porque é un libro pantasma e en calquera momento, mentres o les, pode evaporarse e desaparecer de entre as túas mans". A narración conserva os personaxes principais (o mozo Jimmy, o vello

pirata Bill Bones, o doutor Livesey e o pirata John Silver, o Longo), que se presentan cunha lente deformante e esperpéntica, e condensa a trama da obra orixinal. Narra a viaxe marítima de Jimmy e o pirata John Siver, adobiada con moito humor e uns peculiares animais mariños, na busca do tesouro que resulta ser a man, o ollo e a perna do pirata que desexa ser normal. As ilustracións de David Pintor (A Coruña, 1975) presentan os retratos dos personaxes. O deseño das ilustracións está cheo da frescura que ten o trazo deste artista, achegando grande expresividade aos rostros dos piratas.

**Recensións:**

- Luís Pousa, "De regreso en la Isla del Tesoro", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Al loro", 4 decembro 2015, p. 16.

Recomenda vehementemente a lectura deste volume, no que se presenta o clásico de Stevenson dun xeito totalmente diferente e cargado de humor e acompañado dunhas ilustracións "políticamente incorrectas". Indica que o libro se publica en galego e castelán e reflexiona sobre a necesidade de que os clásicos literarios poidan ser revisados e adaptados co gallo de ocupar un posto relevante na actualidade.

**Ríos**, Eli, *Bicha*, XII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Pura e Dora Vázquez", ilust. Patricia Román, Ourense: Deputación de Ourense, [lectorado mozo], xuño 2015, 92 pp. (ISBN: 978-84-92554-87-4). ◆

Relato de Eli Ríos (Londres, 1976) gañador da edición 2015 do Premio Pura e Dora Vázquez que convoca a Deputación Provincial de Ourense. Está estruturado en nove capítulos breves numerados e protagonizado por catro rapaces, Nina, Roi, Raúl e Lucía, que loitan contra unha trama internacional que quere cometer un atentado para favorecer a especulación inmobiliaria en Galicia. Porén esta descuberta vai parella á propia transformación que sofren os catro protagonistas nos seus propios corpos en distintos animais: Nina, en mona; Roi, en moucho; Raúl, en furón; e Lucía, en tarántula. Para conseguir a apócema que deteña a mutación, os catro enfróntanse contra os malfeitores que preparan o ataque con bombas ao Banco de Galicia, un monte submarino que provocará un tsunami que entrará polas rías galegas e destruirá todo ao seu paso. Para deter esta conspiración, aproveitan as potencialidades das novas tecnoloxías e das súas propias naturezas animalizadas, que os levará ao triunfo final. A obra conta coas ilustracións figurativas de Patricia Román (Cidade Real). Xa na cuberta as imaxes cobran protagonismo coa inquietante mirada dunha curuxa e a sombra ameazadora que se completa desdobrando a lapela. No interior presenta ilustracións moi realistas e coidadas que completan momentos importantes da narración con composicións misteriosas que se valen de diferentes puntos de vista, de iluminación parcial ou de cores escuros para acentuar as incógnitas da trama.

**Referencias varias:**

- Ramón Nicolás, "E no cotián xorde o fantástico", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", 13 novembro 2015, p. 13.

Destaca o premio recibido por esta obra e o feito de que a primeira edición fose axiña esgotada. Ademais salienta as ilustracións, a relevancia de capítulos do noso pasado recente e a atención á cuestión do respecto ao medio natural.

- ELOS, "Protagonistas do ano 2014", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 12 maio 2015, p. 43.

Faise eco dos traballos de Eli Ríos e Patricia Román Ortega, gañadoras do XII Premio Pura e Dora Vázquez de Narración e Ilustración Infantil e Xuvenil convocado pola Deputación Provincial de Ourense. Coméntase que "o xurado valorou a calidade literaria" de *Bicha*, a obra narrativa de Ríos, e a "orixinalidade" e "adecuación" ao texto das ilustracións de Román Ortega. Infórmase de que a obra resultante será editada pola institución convocante.

**Ripalda**, Xosé Lois, *O inspector Chumbo*, ilust. do autor, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Contacontos, n.º 44, máis de 12 anos, 163 pp. (ISBN: 978-84-7680-722-4).

Libro de aventuras de Xosé Lois Ripalda González (Erbedeiro, Carballedo, Lugo, 1940), etnógrafo e escritor de narrativa de ficción institucionalizada e infantil e xuvenil. Dentro deste ámbito, *O inspector Chumbo* é a súa última entrega. Está protagonizada a obra por un carismático inspector, alcumado desta maneira pola colección de soldadiños que coidaba con esmero. Principia cunha presentación onde o narrador, en terceira persoa, menciona as armas que empregaba o protagonista, a agudeza e o enxeño a seguridade, o optimismo e a intuición, para acadar paz e solidariedade entre as xentes. Vivía nunha bufarda de París, pois alí era onde estaba a Organización Mundial de Inspectores á que pertencía. Era o centro dos seus movementos, dende o que se desprazaba para resolver os casos imposíbeis, como o dos floreiros de porcelana chinesa, o do diamante roubado e o da intriga nas carreiras do hipódromo, todos acaecidos en Londres; o caso do Castelo enfeitizado en terras de Escocia; os dous casos de falsificación de botellas de viño, un en España e outro en Roma ou o caso da embaixada inglesa en París. Hainos máis singulares, como o seu propio caso, pois obsesionárase cunha bailarina dun espectáculo, ou o caso do manuscrito do século XII roubado por un electricista nunha cidade do Occidente europeo, que fai lembrar o Códice Calixtino. Remata co caso máis longo, o da cidade vella, na que acontecían cousas moi estrañas que a policía non quería atender. Chumbo, coma sempre, acode e rematan por descubrir o que sucede. Intriga e misterio xuntos nesta entrega correcta dende o punto de vista formal. As ilustracións de Mª Xosé Ripalda teñen un estilo infantil no deseño das figuras.

**Rodrigues**, Roberto A., *...Alén do remuíño*, Santiago de Compostela: Urco Editora, [mocidade], novembro 2015, 178 pp. (ISBN: 978-84-15699-71-2).

Relato fantástico realista, de Roberto A. Rodrigues, no que por medio dun narrador en terceira persoa se relata a historia dun neno que cambia moi a miúdo de colexio por mor do traballo do pai. Este neno chámase Xoel e adoita ter problemas cos compañeiros de clase debido á imaxinación que ten. A nai preocúpase e non entende como aínda ten tanta imaxinación, razón pola que, erroneamente, actúa castigándoo para que se converta nun neno de proveito. No último colexio ao que vai métese nunha liorta cun

compañeiro e o director decide castigalo na biblioteca, mentres agardan pola nai. Alí suxírelle que escolla e lea un libro para que se deixe de tanta imaxinación e se interese por outras cousas máis útiles. Xoel decántase por un libro que, cando o abre, ve que ten as páxinas en branco pero que ao final de todo ten unha frase que decide ler. No intre de lela, fórmase un remuíño e de súpeto aparece nunha fraga. Nesa fraga só hai nenos pequenos dos que nun primeiro momento se asusta, pero dos que logo se fai moi amigo. Eses nenos encoméndanlle a gran tarefa de salvar o pequeno mundo no que viven. Para iso ten como meta chegar até o Faro Almafí e poñelo en funcionamento, pois deste xeito desaparecerán os baleiros e así o rapaz poderá volver ao seu mundo. Unha vez alí, o neno ten que escoller entre crer na imaxinación e darlle luz a ese pequeno mundo ou deixar de crer, volver á realidade e deixar que desapareza. Finalmente Xoel elixe salvar ese pequeno mundo que acaba de coñecer e non deixar de crer nunca na fantasía. A ilustración da cuberta, de José Ángel Ares, é o debuxo dun rapaz asustado, xirando no centro dun remuíño rodeado de libros.

**Roxo**, Clara do, *A mamá que perdeu as cóxegas*, ilust. Ana Francisco e Jorge Vázquez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 194, a partir dos 10 anos, febreiro 2015, 90 pp. (ISBN: 978-84-9865-583-5).

Relato de Clara do Roxo (Caracas, 1962), que se inicia coa dedicatoria "Para Ye, Paula e Roque, que sempre atopan as miñas cóxegas e os meus sorrisos". Divídese en nove capítulos titulados ("Algo estaba a pasar", "Fin da investigación", "Unha grande idea", "Pasamos á acción", "Comezamos a ter solucións", "Alguén nos comprende", "O enigma chega ao seu fin", "Os risos andan agochados pola casa á espera da miña mamá" e "Cóxegas?"), nos que, por medio dun narrador en primeira persoa, se conta a historia dunha nai que perdeu o sorriso. Está protagonizado por un neno, Pancho, e a súa mellor amiga, Vera, que xuntos inician unha investigación exhaustiva para descubrir que é o que lle está a pasar a Berta, a nai de Pancho. Coa chegada dun novo corazón para Berta, o misterio acada o seu fin e rexorden as súas gargalladas. As ilustracións figurativas de Ana Francisco e Jorge Vázquez complementan a narración textual. Son figuras con predominio de liñas curvas que están centradas en describir os personaxes desta narración e as emocións que experimentan. Son imaxes monocromáticas en tonalidades violetas.

**Referencias varias:**

- Clara do Roxo, "A mamá que perdeu as cóxegas", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 14 marzo 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A mamá que perdeu as cóxegas*, escrita por Clara do Roxo.

**Solar**, María, *O meu pesadelo favorito*, Premio Lazarillo 2014, ilust. María Lires, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore, n.º 195, a partir de 10 anos, 14 febreiro 2015, 175 pp. (ISBN: 978-84-9865-588-9).

María Solar (Santiago de Compostela, 1970) presenta unha historia onde o onírico e o real se mesturan para amosar un universo cheo de ensinanzas. O neno Manuel está doente e ten febre, por iso ten que repousar e tentar durmir todo o posíbel, mais Manuel non quere pechar os ollos e caer durmido porque sempre que o fai cando está enfermo veno visitar Alicia, que sempre quere bicalo. Tras moitos intentos, Manuel acaba quedando durmido e entón comeza unha viaxe por mundos onde recibirá a visita de ZZC5, un extraterrestre con complexo de periodista que vén doutro planeta a recopilar información sobre os habitantes da Terra; falará co doutor Ensaio e os seus queridos Dinorrinco e Hipodrilo; coñecerá un vendedor de olores; visitará un bar onde ningún di a verdade e até dará a coñecer a historia da biliverdina, unha anomalía que fixo que os cans de Manuel sexan verdes. Mais todo muda cando Manuel se atopa nun soño coa repartidora de bicos que o leva ao almacén de bicos. Alí Manuel revivirá o último bico que súa nai, falecida nun accidente, lle dera a el e a Anxo, o seu irmán xemelgo. Posuído pola emoción, Manuel despídese da repartidora e terá que enfrontarse a angustiosos pesadelos, observando como os cousas van mudando sen que el poida facer nada. María Sánchez Lires (A Coruña, 1973) consegue que a ilustración teña un carácter propio e á vez se integre perfectamente co texto. Imaxes texturizadas, formas naif sen volume, perfís xeométricos básicos e unha presenza rítmica e ben entretecida ao longo do texto. Na cuberta e contracuberta aparecen tons granates que contrastan co verde omnipresente en todo o libro. A temática enfía co onírico e absurdo do texto, aparecendo formas disparatadas que fan agromar o sentido do humor presente na narración.

**Recensións:**

- Olalla Sánchez, "La fantasía alimenta el apetito literario", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", 24 abril 2015, p. 6.

Salienta a orixinalidade, imaxinación e amenidade deste relato que reivindica o "sinsentido emblemático de Lewis Carroll". Apunta tamén brevemente o seu argumento que se centra nun rapaz que pola febre se mergulla no mundo onírico dos soños "disparatados e delirantes". Tamén incide sa "fina ironía" e o xogo entre realidade e ficción".

- Mª Jesús Fernández, "O meu pesadelo favorito. María Solar", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 265, "Libros", "de 12 a 14 años", maio-xuño 2015, p. 73.

Comenta que é unha historia circular de viaxes e encontros nun mundo onírico onde Manuel, vítima da febre, vive situacións especiais que recordan relatos de fantasía como Alicia ou O Principiño, sempre coa presenza constante dunha nena chamada Alicia. Destaca que é un "relato muy ameno y bien construido" que entronca cunha rica tradición literaria.

- Ana Gayoso Ramón, "O mundo máxico dos soños", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 27 maio 2015, p. 47.

Sinala a publicación desta novela protagonizada por Manuel, un cativo con febre. Informa de que María Solar recibiu o Premio Lazarillo de Creación Literaria 2014 con

este libro e refire polo miúdo o argumento da obra, onde se mestura o mundo onírico e o mundo real. Destaca a influencia fundamental de *Alicia a través do espello*, de Lewis Carrol. Ademais, recolle o título doutras tres obras da autora: *A verdadeira historia da mosca da tele*, *As meigas de Lupa* e *O fillo do Pintamona*. Por último, recomenda a súa lectura.

- María Navarro, "A través dos soños", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 550, "Libros", 9 xullo 2015, p. VI.

Comeza facendo mención aos motivos polos que esta novela atrapa a atención do lectorado mozo. Céntrase no argumento e repara que o marco para desenvolver e entrelazar a historia é no soño como forma de imaxinación. Deste xeito, diversas cuestións difíciles de superar na realidade son aquí de "doada realización" e ofrecen ademais reflexións sobre actitudes, experiencias ou sentimentos que axudan a entender o mundo.

- Rodri García, "Almacenar besos y vender olores", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", 24 xullo 2015, p. 12.

Recalca o poder subxacente á escrita da autora para levar o lector, independentemente da súa idade, a lugares evocadores. A seguir, fala de Manuel, o protagonista deste volume, quen tentará descubrir a razón pola cal hai un espazo reservado no almacén dos bicos para aqueles bicos que nunca se deron e ofrece un breve resumo do argumento, no que a imaxinación e o mundo dos soños conforman os ingredientes principais. Finalmente, recomenda vehementemente a súa lectura a lectores de todas as idades.

**Referencias varias:**

- Marta García Márquez, "María Solar. 'A miña obra máis importante estará en castelán e catalán", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 7 agosto 2015, p. 10.

Faise eco da presentación na Feira do Libro da Coruña deste volume e ofrécese un breve resumo do argumento, no que o humor e o mundo dos sentimentos conforman os ingredientes principais.

- ELOS, "The White Ravens 2015", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 27 marzo 2016, p. 5.

Indica que esta obra foi seleccionada para formar parte da listaxe de libros The White Ravens 2015, da Biblioteca Xuvenil Internacional de Munich. Comenta o seu argumento e os premios acadados con anterioridade.

**Solar**, María, *Teño uns pés perfectos (un libro para ler cos pés descalzos)*, ilust. Gusti, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, [lectorado autónomo], 2015, [58] pp. (ISBN: 978-84-8464-974-8).

Libro da escritora e xornalista María Solar (Santiago de Compostela, 1970) que presenta o subtítulo "para ler cos pés descalzos". O volume contén unha parte de creación literaria e outra informativa, diferenciadas pola cor do papel e polas ilustracións. Dá

comezo coa presentación do protagonista, Melchor Sabichón, un neno que sabe de dinosauros, mamíferos, serpes, ríos e montes, batallas, reis, estrelas e planetas, astronautas e moitas cousas máis. Xunto con outros dous cativos, Raquel Requetelista e Isidro Todosabe, é convidado para participar no concurso "Na busca do neno máis listo". No sorteo de temas sobre os que versarán as preguntas da competición tócalle unha materia impensábel: os pés. Melchor decátase de que, pese a que forman parte do seu corpo, non sabe absolutamente nada sobre eles, son uns perfectos descoñecidos. Ese mesmo día, a nai entrégalle un libro no que o protagonista descubrirá todo canto precisa saber: o motivo do seu cheiro, os tipos de pés, o número de ósos que teñen, canto crecen as unllas… Narrado en terceira persoa, con ton didáctico e tinturas humorísticas, concíbese como un libro dentro doutro libro. María Solar reflexiona sobre o verdadeiro valor de todo canto existe e sobre o afán desmesurado por saber de temas moi afastados, relegando a un segundo plano ou mesmo esquecendo o que está máis preto. As ilustracións de Gustavo A. Rosemffet (Bos Aires, 1963), coñecido como "Gusti", manteñen a expresividade dende a primeira páxina á derradeira, aínda que se pode apreciar un estilo máis sintético e esquemático na parte central para apoiar a proposta da autora do "libro dentro do libro". Nestas páxinas domina o trazo negro e groso nos contornos e emprégase unha única tinta alaranxada e plana dun xeito moi serigráfico.

**Suárez**, Estela, *Non quero xogar ás agachadas coa Lúa*, ilust. Héitor Picallo Fuentes, Pontevedra: Ediciones Fervenza, [prelectorado e lectorado autónomo], novembro 2015, [30] pp. (ISBN: 978-84-944750-2-3).

Conto fantástico-realista da escritora Estela Suárez Recouso (Oroso, A Coruña), no que por medio dun narrador en terceira persoa se conta a historia de Xan, un neno ao que lle gustaba moito mirar a lúa e contarlle os seus segredos. Un día Xan asomouse pola fiestra para ollar a lúa e esta non estaba no ceo, entón o pequeno decidiu buscala porque era a primeira vez que a lúa non estaba cando el se asomaba. A lúa estaba de vacacións e foi visitar o sol, pois o sol sempre estaba no ceo cando os nenos xogaban e os paxariños cantaban e ela saía pola noite cando todos estaban durmindo, entón sentíase soa. Ao final a lúa regresa ao seu lugar porque ten un amigo na Terra que seguro que a bota de menos, un neno chamado Xan. Este texto está acompañado das ilustracións de Héitor Picallo Fuentes (Cuntis, 1974), nas que se empregan xeralmente cores cálidas, en especial, en debuxos do sol e de Xan, e cores frías, para representar a lúa e o soa que se sente.

**Referencias varias:**

- Víctor Castro, "La escritora Estela Suárez presentó su primer cuento", *El Ideal Gallego*, "Arteixo", "Atalaya mariñana", 27 decembro 2015, p. 20.

Informa da presentación deste libro no Auditorio da Casa da Cultura de Sigüeiro. Anuncia a presenza do alcalde de Oroso, Manuel Mirás, o escritor e profesor Miró Villar e o ilustrador do libro Héitor Picallo.

**Tannus**, Sérgio, *Alegría!*, ilust. Luís Barbolla, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie sonárbore, [lectorado autónomo], maio 2015, 32 pp. (ISBN: 978-84-9865-605-3). Inclúe CD.

Conto fantástico de Sérgio Tannus, que ten como protagonista unha eiruga chamada Alegra. O texto, por medio dun narrador en terceira persoa, narra a historia desta eiruga que, a pesar do seu nome, atópase soa, perdida e sen amigos. Este pequeno becho decide emprender unha viaxe na procura da alegría despois de que llo recomendara unha das bolboretas que bailaban libres e felices entre as flores do xardín onde ela vive. O narrador omnisciente conta como Alegra se vai atopando con diferentes personaxes ao longo da súa aventura, os cales lle comentan que é o que os fai feliz a cada un deles e lle transmiten mensaxes optimistas cos que conseguirán cambiar a perspectiva da vida que ten a protagonista. Ao final da viaxe, todos os amigos cos que se atopou polo camiño organízanlle unha festa e, de volta á súa casa, Alegra convértese nunha linda bolboreta libre para voar, chea de esperanza e bos soños. Luis Barbolla ilustra o libro e a caixa e a galleta do disco. Emprega unha técnica mixta que achega texturas diferentes con aspecto de acuarela, grafito, lapis de cores, recortes de papel... Cores saturadas, alegres e con preeminencia dos básicos verde, amarelo e azul, aplicadas en manchas que se rematan con trazos de lapis a xeito de garabatos infantís e borranchos. A ilustración transmite a alegría do texto e a música.

**Torabuela**, Pere, *Cinco horas con Mauro*, ilust. Andrés Meixide, A Coruña: Edicións Embora, [lectorado mozo], decembro 2015, 81 pp. (ISBN: 978-84-16456-18-5).

Novela do escritor Pere Torabuela (Barcelona, 1965) protagonizada por un neno de nome Mauro que foxe do fogar por mor do acoso escolar infrinxido por catro dos seus compañeiros de aula. A viaxe dura cinco horas, nas cales Mauro coñece distintos personaxes como unha nai e a súa filla, un frautista que toca na rúa cuxas notas se comunican co rapaz, algúns nenos do barrio ou unha peculiar señora que o vixía dende que comeza a fuxida e que lle fai entender que a solución é afrontar o problema e volver con seus pais, non fuxir. Ao longo da novela vese a evolución psicolóxica de Mauro segundo vai entrando en contacto cos distintos personaxes e, paralelamente, a toma de conciencia dos pais cara á situación que vive o rapaz. Pese á crueldade da temática, a esperanza mantense na figura protectora da señora e na posibilidade da volta ao fogar. As ilustracións de Andrés Meixide (Vigo, 1970) están inspiradas nas imaxes dos videoxogos primitivos. O protagonista transita por espazos que recordan as plataformas dos xogos. Son imaxes que poden atraer a un lectorado infantil achegándose aos seus imaxinarios. Os debuxos son só de cor gris, amarelo e negro.

**Tobaruela**, Pere, *Formig4s. Misión Barcelona*, ilust. Andrés Meixide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Formig4s, n.º 3, [lectorado autónomo], novembro 2015, 112 pp. (ISBN: 978-84-9914-942-4).

Nova entrega da serie Formigas, de Pere Tobaruela, ambientada en Barcelona. Nesta ocasion, os catro insectos protagonistas enfróntanse nesta cidade ás intencións autoritarias e desapiadadas do doutor Paumao, antagonista principal que ostenta unha considerábel influencia entre os seus afíns e que conta cun potencial tecnolóxico considerábel co que pretende dominar o mundo. O seu medio para lograr tal propósito

pasa por roubar todas as existencias bibliográficas para evitar, deste xeito, que a humanidade teña a posibilidade de cultivarse, de desenvolver o pensamento crítico e reflexivo e de, consecuentemente, ser dona do seu propio destino. Paumao está convencido de que desta forma é máis doado manipular a mente das persoas e de tela ao seu servizo. A brigada Formigas procurará evitar que Paumao se saia coa súa a pesar de que o terá complicado debido a que o doutor logrou darlle vida ao espírito da casa da Pedrera, convertido nun xigante de inspiración gaudiana. Os Formigas terán que seguir a pista de ambos até atoparse en persoa con eles e sabotarlles o pernicioso plan. O poder do xigante á hora do enfrontamento final nun parque de atraccións barcelonés é tal que, por uns intres, semella que os Formigas non van poder saír airosos desa situación, pero unha das integrantes do seu equipo, chamada Fornela, logrará marchar do lugar e chegar até a localización de todos os libros roubados por Paumao. Estes libros están custodiados por un dragón que intimida a Fornela até que esta descobre que o dragón, amante da lectura, non é un aliado do doutor e que custodiando os libros pretende evitar que o antagonista da historia poida destruílos. Finalmente o dragón traslada a Fornela até onde se atopa o resto da brigada e, entre todos, logran desfacerse do espírito da Pedrera. O texto acompáñase das ilustracións de Andrés Meixide (Vigo, 1970). Na cuberta aparecen os protagonistas na actitude dun grupo de superheroes, pois están combatendo contra un monstro do parque Güell. Os debuxos do interior, en branco e negro, complementan a narración textual, achegando información sobre as circunstancias nas que se atopan os protagonistas, os lugares onde se desenvolven as escenas principais e os monumentos de Barcelona importantes para o desenvolvemento da acción. As imaxes están centradas en escenas relevantes para o relato; algunhas son de páxina enteira e outras son composicións que comparten a páxina cos textos. A tipografía empregada para a transcrición dos textos varía en función do personaxe que fala ou da intensidade do momento, e cambia o tamaño a fonte de letra ou vai acompañada de exclamacións. O estilo recorda as figuras de tipo cómic: tintas planas, liña negra de contorno e composicións de corte cinematográfico. De feito hai algunha secuencia que se resolve por medio de viñetas.

**Toro**, Xelís de, *O trompetista e a lúa*, ilust. María Lires, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 54, a partir de 8 anos, maio 2015, 71 pp. (ISBN: 978-84-9914-848-9).

Obra de Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962), que comeza coa convocatoria do concello da cidade da construción dunha nova banda musical. Este suceso porá a cidade patas arriba con músicos de todos os gremios (panadeiros, fontaneiros...), dando bandazos por toda a cidade tocando dun lado para outro. Non obstante era tal o estrondo que provocaban, que até o mesmísimo ceo se poñía a chorar. Pouco a pouco todos os músicos espontáneos foron cedendo na súa tentativa de ensaiar nas rúas e deixaron a interpretación para o día do concurso. Todos, menos un, o xeadeiro. Era tal o seu afán por se converter en trompetista, que todas as noites percorría de praza en praza a cidade tocando. Mais os veciños non tardaron moito en queixarse, tanto polos estrondos que sufrían cada noite como porque, ao pasar todas as noites sen durmir, o xeadeiro non daba unha facendo o seu traballo. Cansado de aturar as protestas, decidiu ir tocar enriba da montaña, mais alí atoparíase coa lúa que tamén quería durmir. Aínda así, conmovida polo desexo do trompetista, decidiu facerlle un favor para preparalo para o seu exame. Cada noite levábao arredor do mundo para que gozase dos seus mellores concertos: os da natureza. Un día o géyser, outros as cascadas… E así todos os máxicos lugares do

mundo. Finalmente, o día do concurso o trompetista comezou a tocar deixándose levar polo seu corazón que estaba cheo dos sons fermosos da natureza. O autor estrutura esta historia ao longo de sete capítulos narrados a través dun narrador en terceira persoa. As imaxes figurativas que acompañan o relato son de María Lires (A Coruña, 1973) e nelas predomina a liña curva. Son ilustracións de páxina completa que resultan moi dinámicas e que acompañadas de cores alegres completan moi ben a narración.

**Vidal**, Francisco Antonio, *O coitelo de pedra fundida*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, [mocidade], 2015, 109 pp. (ISBN: 978-84-944232-8-4).

Novela de intriga escrita por Francisco Antonio Vidal (Palmeira, 1957), que principia con dúas citas dos autores Miguel de Unamuno e de Naguib Mahguf, que adiantan unha das principais temáticas da obra: a reflexión sobre a existencia ou non da divindade e o alcance e límites da fe humana. Ademais dun prólogo que sitúa a historia e un epílogo que cerra a trama, a obra está dividida en dez capítulos narrados en terceira persoa. A historia comeza presentando a Otiza, un pai que busca vinganza pola morte do seu fillo a mans da suposta besta que ameazaba a aldea onde vivían. Ao longo do seu camiño cara a Peniña Branca, lugar sagrado onde espera pedirlles contas aos deuses pola morte do seu vinculeiro, o protagonista mantén diversos monólogos consigo mesmo e vive momentos que o fan reflexionar sobre todo o acontecido, a existencia dos sacerdotes como intercesores e intérpretes dos designios dos deuses e a existencia das propias divindades, a realidade tras a figura do Renegado e a inxustiza da perda dun fillo. Finalmente, o protagonista descobre a verdade tras o asasinato do seu fillo e volve á aldea co obxectivo de darlle un novo comezo grazas á utilización dun novo material para as súas ferramentas de traballo ao cal os aldeáns non tiveran acceso até ese momento. A cuberta, ilustrada por Alba Pérez Betanzos, presenta unha imaxe da foresta e o coitelo que dá nome á historia. As cores cálidas das pinceladas enmarcan o obxecto máxico.

**Villar Janiero**, Helena, *O caderno de Edua*, ilust. Carmen Queralt, Cangas do Morrazo: Sushi books, col. Intermedio, [lectorado autónomo], 2015, 66 pp. (ISBN: 981-84-15920-80-9).

A protagonista da obra de Helena Villar Janeiro (Lugo, 1940) é Edua, unha nena a punto de cumprir dez e que espera ansiosa o seu regalo: un ordenador. Mais Edua vive nunha vila do Cebreiro que se atopa cuberta de neve, polo que seus pais non poden ir recoller o ansiado agasallo. Ante o problema que se presenta, o avó, coñecedor dos desexos da súa neta, decide facerlle un regalo que está seguro que lle encantará. Decide deixarlle elixir calquera obxecto do seu cofre da bufarda, pois Edua leva moito querendo remexer nel. Deste xeito Edua elixirá quedar cun caderno que pertencía ao seu avó. Este será un regalo moi especial que levará a rapaza a querer dedicarse ao xornalismo ou a converterse en escritora, cando xunto co seu avó comeza a escribir relatos e a entrevistar a todos os peregrinos que visitan o seu pobo. O diario de Edua queda tan fermoso que a súa mestra decide envíalo a un concurso no que finalmente, resulta gañador. O texto acompáñase das ilustracións de Carmen Queralt (Madrid, 1952), que seguen a liña habitual desta autora que constrúe as imaxes a partir da colaxe. Mestura eficaz de texturas de papeis de distintas cores e tramas, sobre os que se aplica

pintura por estampaxe e trazos de lapis. Os dez debuxos interiores representan fielmente o texto e remiten rapidamente á produción plástica infantil.

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, "Alquimia máxica", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", 2 outubro 2015, p. 6.

Comenta brevemente o argumento do libro, recomenda a súa lectura e destaca tanto a acertada escolla da temática como a riqueza léxica.

**Yáñez Casal**, Antonio, *O detective de Nullarbor*, Premio Barco de Vapor (27ª Edición), ilust. Dani Padrón, Vigo, Pontevedra: SM Edicións (Xerme edicións), col. O barco de vapor, serie laranxa, a partir de 8 anos, 2015, 96 pp. (ISBN: 978-84-9854-549-4).

Novela fantástico-realista de Antonio Yáñez Casal (Ferrol, 1959), na que por medio dun narrador en primeira persoa e da interacción dos personaxes se conta unha das investigacións de Etelvino Chouteiro, un detective que, xunto ao seu axudante, investiga un problema que xorde na cidade australiana de Brisbane e que ameaza por estenderse por todo o planeta. Dado que os argumentos dos contos que len os nenos están cambiando, estes serán contratados polo goberno australiano para resolver este problema converténdose nos personaxes dos diferentes contos que len os nenos e nenas. Terán un gran labor, xa que o cambio está a lles provocar diferentes trastornos de sono e múltiples enfados ante aos cales os seus proxenitores xa non saben que facer. A obra está ilustrada por Dani Padrón (Ourense, 1983), cuxas imaxes presentan cores de tons non moi vistosos.

**Recensións:**

- María Navarro, "Creativas musixas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*". N.º 557, "Libros", 22 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 511, "Letras galegas", 31 outubro 2015, p. 10.

Comeza ofrecendo un breve resumo do argumento e recalca o papel da fantasía, do humor e do misterio como ingredientes principais. A seguir fai fincapé no interese do autor por transmitirlles aos máis cativos a necesidade de cuestionar todo aquilo que se nos presenta como certezas e facer un uso potente da imaxinación e da ilusión. Finalmente comenta que o relato se complementa coas ilustracións de Dani Padrón e salienta que se trata dunha historia que engancha o lector até o momento final.

# VII.1.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Cameselle**, Roque, *Bieito Dubidoso*, ilust. da cuberta Víctor Leza, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [mocidade], xaneiro 2015, 243 pp. (ISBN: 978-84-9914-803-8).

Reedición desta novela de Roque Cameselle Capón (Vigo, 1981), baseada nun guión cinematográfico e que recibira unha axuda económica na convocatoria do ano 2001 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Fora publicada no ano 2003 na colección "Narrativa" de Xerais de Galicia e descrita no *Informe de Literatura 2003*. Esta reedición de 2015 publícaa a mesma editorial mais fóra de colección, sen marca de lectorado se ben acena cara á mocidade pola ilustración da capa de Víctor Leza, a diferenza da fotografía da cuberta de Cristina Brea Lodeiro para a edición de 2003. Ademais elimínanse a dedicatoria "A Benxamín Cameselle Méndez"; as dúas citas iniciais: unha de Xosé Filgueira Valverde, extraída de *Historias de Compostela*, na que refire as diferenzas entre un literato e un historiador; e a outra cita de Juan Rulfo, na que comenta que os seus amigos nun primeiro momento e os críticos con posterioridade apuntaron a influencia de Faulkner, Borges e Joyce en *Pedro Páramo*, cando na altura en que estaba a redactar esta obra aínda non lera estes autores; e os "Agradecementos" finais (pp. 237-239), asinados polo autor en Tui o 27 de outubro de 2003; e así mesmo engádense un índice e os títulos dos distintos capítulos. Só conta con ilustración na cuberta que avanza unha historia enmarcada na época medieval cun heroe e unha heroína guerreiros á vez que amosa poderes máxicos.

**Cortizas**, Antón, *O lapis de Rosalía*, ilust. David Sierra Martínez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie azul, n.º 247, de 7 anos en diante, outubro 2015, 58 pp. (ISBN: 978-84-9914-927-1).

Relato de Antón Cortizas (Ferrol, 1954) que fora publicado por Ediciones SM na colección "Barco de Vapor" para primeiros lectores en 1992 e que agora Edicións Xerais de Galicia na colección "Merlín" actualiza á normativa vixente cun cambio na autoría das ilustracións, a cargo de David Sierra Martínez, que suplen as realizadas por Margarita Menéndez. Trátase da historia dunha nena de seis anos, chamada Rosalía, que recibe como agasallo un obxecto máxico, un lapis, que escribe o que lle parece e que lle dá entrada ao mundo da fantasía, do humor e do riso, á vez que provoca o enfado da mestra e acentúa o distanciamento entre o mundo infantil e o dos adultos, configurando

un rico retrato crítico da escola represora e incomprensiva que non permite o desenvolvemento da creatividade infantil. As ilustracións de David Sierra Martínez (A Merca, Ourense, 1980) ocupan unha páxina enteira e recrean o relato con figuras expresivas que fan máis doado de ler o conto. As cores son moi alegres e contrastadas e as formas son sintéticas e céntranse nas persoas.

**Fernández Paz**, Agustín, *O segredo da illa negra*, ilust. Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 53, maio 2015, a partir de 8 anos, 116 pp. (ISBN: 978-84-9914-847-2).

Os dous relatos aparecidos en *A serea da Illa Negra*, que Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) publicara na editorial Luís Vives/Tambre en 2003 tal como se recolleu no *Informe de literatura* dese ano, saen agora dos talleres de Edicións Xerais de Galicia co título de *O segredo da Illa Negra*. No interior das súas páxinas aparecen as versións anovadas dos relatos "A serea da Illa Negra" e "A maldición da néboa", sobre os que Fernández Paz aplicou os mecanismos caracterizadores das súas reescritas: corrección de estilo, depuración léxica e omisión ou incorporación de compoñentes motivadores de versións máis logradas. Secasí, a esencia das historias mantense e coa súa lectura revisítanse as fazañas de dúas rapazas valentes que poñen en perigo a propia vida por salvar a dos seus. Ambas as dúas enfróntanse a presenzas sobrenaturais en bravas augas mariñas e en inhóspitas terras de montaña, pero con decisión e denodo derrócanas como revelan estas narracións debedoras das pautas da contística marabillosa. As ilustracións de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) son de estilo realista e acompañan os textos achegando moita información sobre as localizacións, os interiores das escenas, as paisaxes, as características dos personaxes, as emocións que experimentan os protagonistas etc. A técnica que emprega é a acuarela, cunha liña delgada para definir as figuras en composicións que ocupan unha páxina enteira, dúas páxinas ou parte da páxina.

**Referencias varias:**

- Agustín Fernández Paz, "O segredo da illa negra", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 20 xuño 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O segredo da illa negra*, escrita por Agustín Fernández Paz e ilustrada por Miguelanxo Prado.

**Manuel María**, *A tribo ten catro ríos*, A Coruña: Casa-Museo Manuel María, col. Obra Narrativa de Manuel María, 2015, 79 pp. (ISBN: 978-84-942893-4-7). ◆

Obra narrativa de Manuel María (Outeiro de Rei, 1928-A Coruña, 2004) publicada por vez primeira en 1991 pola editorial SM. Está conformada por sete relatos con título que conforman un conxunto de simpáticas e divertidas aventuras do poeta Manuel de Paderna e do alcalde de Outeiro de Rei, don Capitón. Nesta obra coñécese a infancia de Manueliño de Paderna, como chega a alguacil, como namora a Teodora, afillada de don Capitón, ou as historias da barbaría de Paderna, do quiosco da música ou da desaparición da lagoa das Veigas de Rabiela xunto coa aparición do Campo de Santa

Isabel. Así, a figura soñadora e poética de Manuel de Paderna, quen coñece a maxia das palabras e sabe como as usar para producir os encantos máis inesperados, contrasta co xeito vulgar e prosaico de don Capitón.

**Manuel María**, *Cando o mar foi polo río*, ilust. da capa Leandro Lamas, A Coruña: Fundación Manuel María, a partir dos 12 anos, 2015, 125 pp. (ISBN: 978-84-9428-935-4). ◆

Reedición da obra homónima de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004), que publicara en 1992 a editorial SM na súa colección "Barco de Vapor", con ilustración da cuberta de Miguelanxo Prado. Os cambios salientábeis con respecto á primeira edición son a editorial e colección, así como a ilustración da cuberta, que na presente edición son da autoría de Leandro Lamas. Trátase do segundo volume da triloxía que protagoniza Manuel de Paderna, o personaxe central, que, ademais de alguacil titular do concello de Outeiro de Rei, é barbeiro e poeta. Todos os relatos están ambientadas na Terra Cha e moitos dos seus espazos emblemáticos están xa presentados nos títulos de cada unha das dez historias que compoñen o volume: San Breixo de Parga, Vilalba, Alligal, Lagostelle, Cospeito, Fompedriña, Santabaia,... A voz narrativa é testemuña dos feitos e preséntanse nalgúns momentos en primeira persoa do plural. Destacan as referencias aos personaxes do mundo cultural galego, como Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé María Díaz Castro, Luís Pimentel, Xosé Filgueira Valverde, Aquilino Iglesia Alvariño e Otero Pedrayo, entre moitos outros. Tamén se citan recoñecidas asociacións da comarca como a Agrupación Cultural Xermolos. Emprégase un estilo caracterizado polo uso dunha linguaxe sinxela mais é destacábel a presenza de poesía. Cada un dos relatos ábrese cuns versos, mais tamén o protagonista co seu don de palabra e maxia é quen de actuar sobre a natureza e a paisanaxe desas terras. Algúns personaxes, como é o caso do alcalde de Outeiro Don Capitón ou outros da contorna, actúan como contraste deses espazos poetizados polo propio Manuel de Paderna, suscitando unha mostra de afecto e respecto polo patrimonio do mundo chairego.

**Neira Vilas**, Xosé, *Contos vellos para rapaces novos*, ilust. Antía Barba Mariño, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado mozo], 2015, 173 pp. (ISBN: 978-84-608-3559-2).

Reedición da obra homónima de Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces,1928-Gres, 2015) publicada pola primeira vez en 1983. Dedicado á memoria de Anisia, contén un prólogo, en forma de carta, asinado polo propio escritor, con data de novembro de 2015, no que se dirixe aos rapaces e ás rapazas dando conta da procedencia destes "contos populares", manifestando que en todos eles non hai sentenzas, senón "unha ensinanza que se desprende de cada historia". Ademais refírese brevemente ao momento no que decidiu comezar a recompilalos e, finalmente, destaca as ilustracións da artista que participa na presente edición. Trátase de trinta e cinco contos a partir da tradición oral de diferentes países de cinco continentes, que ao mesmo tempo xebran o volume en cinco bloques: "Europa" (Albania, Bélxica, Eslovaquia, Galicia, Polonia, Portugal, Suecia e Ucraína), "Asia" (Birmania, China, Filipinas, Iemen, India, Irán, Iraq, Paquistán, Vietnam e Xapón), "África" (Costa de Marfil, Etiopía, Exipto, Ecuatorial, Liberia, Malí e Nixeria), "América" (Arxentina, Brasil, Cuba, Chile, República Dominicana, México, Perú e Uruguai) e "Oceanía" (Australia e Nova Celandia). Todos

os relatos conteñen título e a súa extensión é similar. Como cambios salientábeis con respecto á primeira edición, cómpre salientar a incorporación de dous relatos máis no apartado correspondentes aos contos de ámbito europeo: "Dous consellos e unha empanada" (Galicia) e "Branca flor" (Portugal). O trazo universal destes contos procedentes de distintas culturas amósase a través dos valores que se divulgan ao longo da obra, como a amizade, a solidariedade, a honestidade, a xustiza etc. Remata engadindo un breve apartado de vocabulario con trinta e tres entradas formado maiormente por voces indíxenas. O volume é de gran formato e contén ilustracións, a toda cor e a toda páxina, da autoría de Antía Barba Mariño (Santiago de Compostela).

**Rivas**, Manuel, *Madonna e outros contos de inverno*, ilust. cuberta Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 160, [mocidade], setembro 2015, 102 pp. (ISBN: 978-84-9914-906-6).

Reedición deste volume de contos de Manuel Rivas (A Coruña, 1957), descrito no *Informe de literatura 2003* baixo o título *Contos de Nadal* (2003), que achega oito historias cotiás e reais agora publicado na colección xuvenil "Fóra de Xogo" e con ilustración só na cuberta de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958), que alude ao conto que da título a este volume, "Madonna", nome dunha vaca que padece o mal das vacas tolas. Trátase dun debuxo costumista no que unha rapaza dá unha aperta á vaca deitada sobre a palla da corte. A cor cálida dominante axuda a crear un clima de tenrura no que se pode sentir o forte vínculo entre a rapaza e Madonna, símbolo dunha identidade e dun futuro incerto.

**Recensións:**

- María Navarro, "Sinxeleza e espontaneidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da cultura*", "Libros", 12 novembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 515, "Letras galegas", 21 novembro 2015, p. 10.

Sinala que os relatos que conforman este volume convidan á reflexión. A seguir fala dos personaxes, os cales actúan animados polas circunstancias que eles mesmos crearon e son quen de superar as dificultades que lles presenta a vida. Destaca valores como a transparencia, a sinceridade e a nobreza, entre outros. Indica que o autor alterna un punto de vista en primeira persoa cun en terceira, e recalca as formas populares da narración e a súa habilidade para "mesturar o social e o cotián".

# VII.1.3. ADAPTACIÓNS

**Carré**, Claude (adapt.), *As viaxes fantásticas de Jules Verne* (*Les voyages Fantastiques de Jules Verne*, Éditions Philippe Auzou, París, 2014), ilust. Éric Puybaret, trad. Ánxela Gracián, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado mozo], 2015, 155 pp. (ISBN: 978-84-9995-185-0).

Adaptacións para o público mozo de cinco dos grandes clásicos do autor francés Jules Verne escritas por Claude Carré (Francia, 1956) e ilustradas por Éric Puybaret (Francia, 1976), que se erixen arredor das viaxes de un ou varios personaxes facendo fincapé nas incríbeis aventuras que viven e os diferentes e estrambóticos personaxes que alí atopan. A primeira historia, "5 semanas en globo", fala da intrépida aventura que decide levar a cabo Samuel Fergusson acompañado do seu servente Joe e o seu amigo Dick Kennedy, atravesando toda África nun globo aerostático. O segundo relato leva por título "A volta ao mundo en 80 días" e recolle a viaxe de Phileas Fogg e o seu servente Xoán Tarabelo co obxectivo de dar a volta ao mundo en tan só 80 días, logo dunha aposta feita entre Fogg e o enxeñeiro Andrew Stuart. En "Viaxe á Lúa", o presidente da asociación de artilleiros *Gun Club*, Barbicane, o aventureiro Michel Ardan e o capitán Nicholl embarcan nunha cápsula que, grazas a un xigantesco canón, pon rumbo á Lúa. En "Viaxe ao centro da Terra", o mozo Axel relata en primeira persoa a viaxe promovida polo seu tío o profesor Lidenbrock até o centro da Terra, logo de atopar unha mensaxe encriptada do gran sabio e alquimista islandés do século XVI Arne Sknussemm. O último relato, "20.000 leguas baixo dos mares", segue as aventuras do especialista en criaturas submarinas o señor Aronnax, quen conta en primeira persoa como foi contratado para descubrir o misterio tras unha serie de fenómenos inexplicábeis nos distintos océanos. Esta aventura permítelle coñecer o capitán Nemo e o submarino *Nautilus*, que dá mostra de como Jules Verne se adiantaba nas súas ficcións aos propios avances tecnolóxicos da súa época. O libro compleméntase coas ilustracións figurativas de Éric Puybaret (Vichy, 1976). Esta edición, moi coidada, presenta tapas duras, papel de calidade e unhas imaxes moi atractivas. As composicións están estudadas e presentan gran variedade de planos e puntos de vista. A imaxinación de Verne permite posibilidades de creación, que este autor explora. As ilustracións están feitas a toda cor coa técnica da pintura.

**Filippini**, Anouk (adapt.), *O mago de Oz, segundo a novela de L. Frank Baum* (*Le Magicien D'Oz, d'après le roman de L. Frank Baum*, Éditions Philippe Auzou, París, 2014), ilust. Élodie Coudray, trad. Tamara Aymerich, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2015, [38] pp. (ISBN: 978-84- 9995-184-3).

Adaptación en formato álbum do clásico de L. Frank Baum escrito por Anouk Filippini e ilustrado por Élodie Coudray (Francia, 1976), que principia con dúas dedicatorias de ambas as autoras respectivamente: "Para Nina, o meu arco da vella" e "Para Nino, o meu neniño luminoso, que me sabe contar tan ben os grandes leóns do seu reino...". Conta a historia da nena de Kansas Dorothy no seu tempo no mundo fantástico de Oz, ao cal chega xunto ao seu can logo de que a súa casa fose arrastrada por un forte tornado. Para volver ao seu fogar precisa da axuda do poderoso mago de Oz e emprende o camiño onde coñece a catro curiosos amigos que a acompañan, tamén na busca de axuda: un espantallo sen cerebro, un home de folla de lata sen corazón e un león sen

coraxe. Logo de vencer a malvada bruxa do Oeste, descobren que o mago era un farsante, mais tamén que non o precisaban porque neles mesmos estaba a solución a todos os seus problemas. A historia enxalza a importancia de crer nun mesmo e o poder da amizade, a través da creación dun mundo e personaxes fantásticos cargados de simbolismo e onde abundan bruxas boas e malvadas, magos farsantes e seres peculiares coma os pequenos Munchkins. As ilustracións de Élodie Coudray (Annecy-Francia, 1976) reflicten o mundo marabilloso de Oz. Nas composicións predominan os fondos brancos, sobre os que contrastan formas de cores brillantes (rosa, verde e amarelo), que están feitas con papeis recortados e con brochadas de pintura. O estilo empregado é figurativo e moi detallado; todas as imaxes invitan a deterse para contemplar as particularidades das ilustracións. As gardas están decoradas con camiños de lousas amarelas, presentes en todas as páxinas do libro.

**Marion**, Dominique (adapt.), *Drácula, de Bram Stoker* (*Dracula, d´après le roman de Bram Stoker*, Editions Philippe Auzou, 2012), ilust. Jérémie Fleury, trad. Tamara Aymerich, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2015, [34] pp. (ISBN: 978-84- 9995-183-6).

Adaptación en formato álbum do clásico e referente da literatura fantástica de Bram Stoker escrito por Dominique Marion e ilustrado por Jérémie Fleury, que principia con dúas dedicatorias de ambas as dúas autoras con aloumiños e agradecementos a familiares e amigos. Conta a historia da separación dos amantes Mina e Jonathan Harker, quen vai traballar a Transilvania ao servizo do conde Drácula. Despois de moito tempo de angustia, Mina visita a súa amiga Lucy, quen está sendo pretendida polo nobre Artur Holmwood, o Dr. Seward, director dun asilo, e o texano Quincey P. Morris. Mina recibe finalmente novas do prometido e rematan casando. Nese momento comezan a acontecer fenómenos inexplicábeis, mortes e posesións. Tras o falecemento de Lucy e a enfermidade de Mina, Jonathan e os seus compañeiros van na busca do conde Drácula para darlle morte e salvar á súa amada. A historia está escrita en terceira persoa e inclúe a correspondencia e o diario de varios personaxes que van guiando a historia.

# VII.1.4. TRADUCIÓNS. VERSIÓNS. REEDICIÓNS

**Adillon Marsó**, Dàlia, *Antoni Gaudí*, ilust. da autora, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka, col. Demademora, [lectorado autónomo], 2015, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-926-7).

Álbum narrativo de Dàlia Adillon Marsó (Roda de Ter, 1986 ), que se abre cunha dedicatoria: "Para Daniel Sesé, Arnal Ballester, Pep Montserrat e Sandro Natalini, que me axudaron a consolidar as bases deste proxecto". Por medio dun narrador en terceira persoa, cóntanse os aspectos máis significativos da biografía de Antoni Gaudí (Reus o Riudoms, 1852 - Barcelona, 1926), facendo fincapé na súa obra máis importante: a Sagrada Familia. Na cuberta aparece o protagonista de cara e na parte traseira está a mesma imaxe de costas. As gardas son un deseño do plano da cidade de Barcelona coa localización das obras de Gaudí. As cores das ilustracións son apagadas e moi matizadas, predominando os grises, os verdes e os granates, que aportan seriedade ao conxunto do libro. Con pouco texto, facémonos unha idea máis ampla da vida de Gaudí polas imaxes dos elementos vexetais que tanta influencia tiveron nos seus deseños. As imaxes van insistindo visualmente no discurso textual e amosando o transcorrer do tempo ao cambiar o aspecto do protagonista, que de neno pasa a adulto e remata sendo un vello.

**Referencias varias:**

- Dalia Adillom Marsó, "Antoni Gaudí", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 27 xuño 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Antoni Gaudí*, escrita e ilustrada por Dalia Adillom Marsó.

**Alonso de Santos**, José Luis, *O neno bisesto* (*El niño bisiesto*, Kalandraka Editora, 2015), ilust. Federico Delicado, trad. Ramón Nicolás, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, [mocidade], 2015, 93 pp. (ISBN: 978-84-8464-972-4).

Novela realista de José Luis Alonso de Santos (Valladolid, 1942), que principia coas dedicatorias "A Emil Alejandro Maceo Gálvez e a todos os nenos bisestos do mundo" e "E aos meus queridos fillos Daniel, Lara e Vega, e netos Iván e Noelia". Está estruturada en once capítulos, a modo de diario, que se abren sempre cuns versos: "Ninguén me entende", "Nacín no montacargas", "O reserva", "As rapazas non hai quen as entenda", "A granxa", "Non me gusta facer de parrulo", "O concurso", "Á miña irmá encántanlle os cans", "O neno xirafa", "O medo" e "As palabras máxicas". O protagonista e narrador é Daniel, un neno nacido o día 29 de febreiro. Ao longo da obra dá conta das súas vivencias, con ton humorístico e anecdótico, tendo sempre presente a idea de que de nacer en ano bisesto lle inflúe nas súas experiencias. O libro vén acompañado das ilustracións figurativas de Federico Delicado (Badaxoz, 1956). Cada capítulo ten una imaxe de páxina enteira, que amosa os personaxes nas escenas importantes. As cores son suaves e o estilo realista.

**Referencias varias:**

- H. J. P., "O neno bisesto", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Para ler", 20 decembro 2015, p. 45.

Explícase que o autor desta obra é "todo un clásico da dramaturxia española" e cítanse algúns dos seus traballos máis coñecidos. Dá conta brevemente do argumento do libro.

**Canyelles**, Anna, *O ratiño Pér*ez, ilust. Roser Calafell, trad. Xosé Antonio Neira Cruz, Barcelona: Editorial La Galera, col. Tradiciones, a partir de 4 anos, xaneiro 2015, [24] pp. (ISBN: 978-84-246-5569-3).

Álbum ilustrado de tendencia marabillosa realizado por Anna Canyelles e Roser Calafell, cuxa historia protagoniza o popular ratiño Pérez. Cansado do seu incesante labor de recoller os dentes que deixan baixo a súa almofada todos os nenos do mundo para intercambialos por algún presente, móstrase preguiceiro e sen ánimo para continuar o seu deber. Non obstante, a súa familia e axudantes anímano e, finalmente, ponse en marcha na busca do seu seguinte encargo.

**Carroll**, Lewis, *Aventuras de Alicia no País das Marabillas*, (*Alice´s Adventures in Wonderland*, D. Appleton and Co. New York, 1866), ilust. Fausto Isorna, trad. Xavier Queipo, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [mocidade], novembro 2015, 128 pp. (ISBN: 978-84-938832-8-7).

Tradución ao galego da primeira novela sobre Alicia do escritor Lewis Carroll (Reino Unido, 1832-1898) realizada por Xavier Queipo que, desta volta, adapta a súa estética co obxectivo de atraer o público adulto incorporando as ilustracións de Fausto Isorna (Catoira, 1961). Ao longo dos doce capítulos narrados en terceira persoa e protagonizados por Alicia, unha nena curiosa, imaxinativa e aventureira, relátanse as súas andanzas no País das Marabillas. Este clásico da Literatura Infantil e Xuvenil fantástica utiliza o *nonsense* para retratar a realidade dun mundo que suxestiona á pequena protagonista e que vai descubrindo mentres persegue o apurado Coello Branco. Realízanse sendas críticas abertas á educación, política e sociedade inglesas da época do escritor. Ao longo da historia Alicia coñece outros curiosos personaxes coma o Sombreireiro Tolo, a Lebre de Marzo, a Condesa, o gato de Cheshire, a Eiruga fumadora, as cartas da baralla e o Rei e a Raíña de Corazóns. Ao final da novela, Alicia enfróntase á tiranía da Raíña e vese expulsada de volta ao seu mundo.

**Referencias varias:**

- Mar Mato, "Homenaje galaico a 150 años de filosofía de 'Alicia en el país de las maravillas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 decembro 2015, p. 43.

Infórmase da publicación da segunda tradución ao galego desta obra, a cargo de Xavier Queipo e Fausto Isorna. Dise que, debido ao 150 aniversario do orixinal de Carroll, se

propón unha nova aproximación á obra, que permite lecturas en clave psicanalítica, filosófica, metafísica ou incluso feminista.

- Armando Requeixo, "Alicia cumpre 150", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 564, "Literatura", 10 decembro 2015, p. VII.

Dá conta do sesquicentenario de *Alice's Adventures in Wonderland* da autoría de Lewis Carroll e achega datos de como xurdiu a obra e da multitude de iniciativas dende distintos ámbitos artísticos que se están levando a cabo no seu aniversario. Tamén comenta brevemente distintas traducións ao galego desta narración que se iniciaron coa realizada por Teresa Barro e Fernando Pérez-Barreiro publicada no 1984 até a nova versión de Xavier Queipo para El Patito Editorial.

- Fran P. Lorenzo, "Alicia' ten unha nova tradución galega que olla ao lector adulto", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 decembro 2015, p. 37.

Comenta a presentación da nova publicación en galego do clásico de Lewis Carroll *Alice's Adventures in Wonderland*. Destaca a asistencia do editor e ilustrador, Fausto Isorna e o tradutor e escritor Xavier Queipo, entre outros. Tamén recolle algunhas das súas intervencións no acto, como as palabras de Isorna que afirma facer esta versión coa intención de "devolverlle Alicia ao lector adulto".

**Cerro**, Miguel, *Despois da chuvia* (*Después de la lluvia*, Kalandraka Editora, 2015), VIII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, trad. Manuel Rodríguez, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], novembro 2015, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-968-7).

Fábula moderna en formato álbum de Miguel Cerro (Córdoba, 1985) de tendencia marabillosa e protagonizada por un raposo. A historia comeza cando a incesante choiva fai que os animais do bosque teñan que buscar refuxio nunha cova. Ao escampar deciden dividirse tarefas, como buscar auga e comida, para as cales o inocente raposo se ofrece voluntario. Pero sempre hai algún animal máis axeitado para dita tarefa e non lle permiten levar a cabo ningunha. Finalmente, o raposo salva da humidade varios vagalumes perdidos no bosque, de xeito que "desde entón, a luz non lles faltou nin unha noite naquela cova". A historia xira arredor da superación das adversidades, a adaptación ao medio, a solidariedade e a importancia das diferenzas individuais para a supervivencia do colectivo, presentadas como elementos enriquecedores. Nas ilustracións de Cerro (Córdoba, 1985) os protagonistas son os animais. O estilo empregado é figurativo, aínda que non realista, e a esencia de cada animal está ben deseñada. Cada protagonista, especialmente o raposo, ten a súa personalidade e está descrito con detemento. A técnica que emprega é a pintura e percíbense as pinceladas coas que están configuradas as formas, que posteriormente se rematan dixitalmente. As cores son saturadas, alegres e moi contrastadas. Na cuberta aparece o pequeno raposo protagonista, que nos vai acompañar ao longo da historia en todas as páxinas, nunhas composicións variadas, equilibradas e de grande atractivo para os pequenos lectores.

**Referencias varias:**

- Miguel Cerro Rico, “Despois da chuvia”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 28 novembro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Despois da chuvia*, escrita e ilustrada por Miguel Cerro Rico.

**Dahl**, Roald, *Boy (Relatos de infancia)* (*Boy. Tales of Childhood*, Jonathan Cape Ltd, 1984), ilust. Quentin Blake, trad. Xosé A. Palacio, Cangas do Morrazo: Sushi Books, [lectorado mozo], 2015, 166 pp. (ISBN: 978-84-15920-53-3).

Nesta obra o escritor de contos infantís Roald Dahl (Llandaff, Gales, 1916-Oxford 1990), conta a súa propia historia, aínda que como el indica no seu comezo non se trata dunha biografía senón dalgunhas lembranzas da súa nenez que en moitos casos foron inspiradoras de parte das súas historias. Comeza o relato coa chegada do seu pai a Reino Unido dende Noruega, contando como se asenta en Cardiff creando unha empresa de armadores navieiros. A partir dese momento, comeza a contar a historia da súa familia até relatar as anécdotas, algunhas tristes e mais outras moi divertidas, da súa nenez. Os seus primeiros anos no parvulario, as súas lembranzas da etapa escolar cando envexaba poder ir nunha bicicleta, as súas travesuras con compañeiros do colexio na tenda das lambonadas, os férreos castigos no colexio, os veráns en Noruega, o ingreso no internado e incluso a transcrición dalgunhas das súas cartas á familia son moitas das pasaxes que se poden ler nesta obra. A través da súa propia voz e ao longo de vinte e cinco capítulos, estruturados en tres partes, o lector pode revivir moitas das experiencias da infancia de Dahl coas que se explica algúns dos temas e incluso anécdotas, nas que se basean as súas historias. As ilustracións figurativas de Quentin Blake (Sidcup, Reino Unido, 1932) mesturan fotografías e recortes de follas manuscritas e aparecen salpicadas entre o texto. Están deseñadas cunha liña expresiva e confusa que achega dinamismo aos personaxes e o estilo caricaturesco, propio deste artista, axuda a facer máis grotescas as situacións que se describen.

**Dahl**, Roald, *Voando só* (*Going Solo*, Jonathan Cape Ltd, 1986), trad. Xosé A. Palacio, ilust. Quentin Blake, [lectorado mozo e mocidade], Cangas do Morrazo: Sushi Books, 2015, 208 pp. (ISBN: 978-84-15920-54-0).

Novela autobiográfica de Roald Dahl (Gales 1916-Oxford 199) escrita en primeira persoa que continúa as vivencias recollidas en *Boy, relatos de infancia.* A historia está precedida por dous peritextos: a dedicatoria, “En lembranza de Sofie Magdalene Dahl”, e unha pequena presentación asinada polo escritor. Relata os distintos episodios da vida de Dahl traballando en África oriental e cando estivo voando coas forza aéreas do exército británico durante a Segunda Guerra Mundial até finalmente volver aos brazos da súa nai. No inicio ten a palabra un Dahl mozo, de vinte e dous anos, que ao remate da escola é contratado por unha compañía inglesa que traballa en Dar es Salaam, na África Oriental, a onde viaxa en barco. Unha vez no lugar de destino estala a Segunda Guerra Mundial e vese na obriga de alistarse e comeza o seu tempo de formación como piloto, actividade que acabaría amando profundamente. No derradeiro capítulo Dahl retorna o seu fogar dando lugar a un dos momentos máis emotivos da obra. Ademais das ilustracións realizadas por Quentin Blake (Sidcup, Reino Unido, 1932), o libro recolle multitude de fotografías que dan conta da realidade tras a ficción. As imaxes están

salpicadas entre o texto e están deseñadas cunha liña expresiva e confusa que achega dinamismo aos personaxes. O estilo caricaturesco, propio deste artista, axuda a facer máis divertidas as situacións que se describen.

**Frank**, Ana, *Diario de Ana Frank* (*Anne Frank: Het Achterhuis*, ed. Mirjam Pressler, 1982), trad. Tomás Ruibal, fotografías de cuberta Anne Frank Fonds, Pontevedra: Faktoría K de libros, [mocidade], novembro 2015, 341 pp. (ISBN: 978-84-15250-94-4). ■

Obra narrativa publicada en 2004 por Kalandraka Editora na súa colección "Narrativa" e descrita no *Informe de literatura 2004* e da que agora a filial Faktoría K de Libros ofrece unha nova versión, froito de contrastar as versións a, b e c do diario. Baséase principalmente na versión b e acompáñase de fotografías da Anne Frank Fonds que substitúen as de Andrés Pinal. En forma de diario persoal, a protagonista Ana Frank, unha moza adolescente xudía, conta as vivencias persoais, temores e inquedanzas durante a súa estadía nunha casa, agochada coa súa familia e outras persoas, para non seren atopados, cativados e enviados presos a un campo de exterminio nazi durante a Segunda Guerra Mundial.

**Fernández Rodríguez**, José Julio, *Astropal. Un cometa con corazón*, ilust. Laura González González, trad. Charo Baleirón Sóñora, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, [prelectorado e lectorado autónomo], 2015, [12] pp. (ISBN: 978-84-943868-7-9).

Álbum infantil de José Julio Fernández Rodríguez (Ourense, 1970), no que se realiza unha viaxe pola galaxia da man do cometa Astropal, quen ten como meta levar a ledicia aos seres que conforman o seu entorno, tratando temas como a amizade, a ecoloxía e a cidadanía. Un día atópase cun estraño obxecto perdido, un astronauta na súa nave, e axúdao a chegar á Terra. A ilustradora Laura González saca partido do fondo negro do papel evocando o espazo galáctico que percorre o protagonista, Astropal. O debuxo está traballado a partir das luces cun acabado próximo ao das técnicas secas (xiz, pastel ou ceras) e o tratamento seguido deixa que transluza a textura raiada do fondo. As composicións creadas buscan dinamismo e as liñas dos contornos aparecen acentuadas polo contraste lumínico destacando así os personaxes e outros elementos que acompañan o texto en cada páxina.

**Recensións**

- Inés Sánchez Díaz-Marta, "Unha lección de convivencia", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 13 decembro 2015, p. 36.

Tras achegar o argumento deste álbum, indica que "ensina a evitar os prexuízos e a axudar a todo aquel que o precise" por medio dunha "metáfora moi didáctica da sociedade actual", na que se debe coñecer e respectar as normas de convivencia. Salienta as "fermosas e traballadas ilustracións" con fortes fondos negros "combinando

á perfección a lectura visual e a lectura textual". Por último, debido á súa carga didáctica, recoméndao a docentes de infantil e primaria.

**Referencias varias:**

- Margarito Flowers, "El exvaledor sorprende con un libro infantil 'planetario", *El Correo Gallego*, "Gente", 15 setembro 2015, contracuberta.

Faise eco da primeira obra de José Julio Fernández dirixida ao público infantil, destaca o carácter polifacético deste e anuncia a presentación do volume na Libraría Cronopios en Santiago de Compostela.

- Elisa Álvarez, "José Julio Fernández. 'Sí hay diputados con un comportamiento algo infantil", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2015, p. 37.

Entrevista a José Julio Fernández con motivo da saída do prelo deste volume, na que fala, entre outras cuestións, sobre a súa experiencia como valedor do pobo ou da súa achega á literatura infantil.

- Cuca M. Gómez, "Conciertos en la librería", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 19 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras actividades, informa da presentación desta obra na librería Cronopios de Pontevedra.

- J. Trillo, "O ex Valedor do Pobo presenta o seu libro en Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 novembro 2015, p. 38.

Infórmase da presentación do primeiro libro infantil de José Julio Fernández Rodríguez na Libraría Leer, en Cee, no marco do programa "Venres nas Librarías", organizado pola Xunta de Galicia, a Federación de Librarías de Galicia e a Asociación Galega de Editores.

**González Mujico**, Flor-de-lis, *Hércules e a misteriosa medalla Newbery*, ilust. Carmen Martínez López, trad. Charo Baleirón Sóñora, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. As amizades de Hércules, [lectorado mozo?], 2015, 53 pp. (ISBN: 978-84-943868-5-5).

Narración de Flor-de-lis González Mujico publicada por Hércules de Ediciones dentro da colección formativo-literaria "As amizades de Hércules". A serie, que comezou a súa andaina no ano 2012, está coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou e ten como finalidade dar a coñecer aos lectores os logros e proezas de persoeiros de diversa índole. Está constituída por biografías noveladas de personaxes recoñecidos polo seu prestixio en distintos ámbitos culturais (arquitectura, música, escultura, cinema, literatura…), que o heroe visitará grazas á máquina do tempo que posúe. Esta última aventura do semideus da mitoloxía, traducida para o galego por Charo Baleirón Sóñora, xira arredor da figura de John Newbery. O relato comeza con Hércules lendo na biblioteca do Olimpo, onde descobre a existencia dun galardón, denominado Medalla Newbery, que se lle outorga anualmente aos mellores libros americanos para nenos e adolescentes. Decide indagar sobre a orixe deste premio e chega até o nome do editor e libreiro John

Newbery. Hércules decide programar a máquina do tempo e viaxar á Inglaterra do século XVIII. Mediante o emprego dunha narración en terceira persoa, o uso dunha linguaxe fluída e de abundantes diálogos, presenta a biografía persoal e profesional de John Newbery. Amósao como un home namorado, cheo de soños e esperanzas e profunda nalgúns aspectos da súa historia que o converteron nun precursor, como a publicación do primeiro libro ilustrado de Inglaterra, *A Little Pretty Pocked-Book*, e a creación do primeiro periódico infantil. As ilustracións, de Ricardo Martínez López son en branco e negro, de estilo realista. Os detalles que describen visualmente os protagonistas achegan información sobre as roupas das persoas, as perrucas, os sombreiros, a diferenza de clases...

**Holmelund Minarik**, Else, *Osiño* (*Little bear*, 1957), ilust. Maurice Sendak, trads. Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], xuño 2015, 63 pp. (ISBN: 978-84-8464-866-6).

Volume que acolle catro historias que teñen como protagonist a Osiño e que se deben á escritora Else Holmelund Minarik (Dinamarca, 1920 - Estados Unidos, 2012). En "Que vestirá Osiño?" o protagonista quere saír xogar, pero, como é un día de neve, ten frío. Despois de pedirlle á nai algo para abrigarse, esta dálle un chapeu, co que o protagonista sae a xogar pensando que xa non vai ter frío. Ao pouco tempo regresa á casa e volve pedirlle á nai algunha outra prenda para abrigarse. Esta acción faina en reiteradas ocasións de maneira que Mamá Osa lle fai un abrigo e uns pantalóns. Malia o dito, finalmente decide que o mellor para o frío é o abrigo de pel, de tal xeito que lle quita a Osiño o chapeu, o abrigo e os pantalóns e así é como Osiño sae a xogar e xa non ten frío. En "Osiño vai á Lúa" o pequeno oso dille á nai que vai ir á Lúa, pero esta lémbralle que non pode voar, pois non é un paxaro. Osiño decide subir a un outeiro, rubir a unha árbore pequena e saltar, mais cae e imaxina que xa está na Lúa e que as árbores, os paxaros e até unha casa que ve se parecen aos existentes na Terra. Dentro desa casa, mamá Osa preguntoulle se é un Oso da Terra, polo que Osiño lle conta a súa aventura e a nai lle di que o seu osiño fixo o mesmo. Nese momento Osiño pídelle á nai que deixe de facer o parvo, que ela é a súa mamá e que el é o seu osiño. En "Sopa de aniversario" Osiño está de aniversario e súa nai non está, polo que decide facer unha sopa para convidar os seus amigos. Segundo van chegando a Galiña, o Parrulo e o Gato, o protagonista e os seus invitados sentan á mesa. Nese momento chega mamá Osa cun gran pastel para o seu pequeno Osiño, quen non esquecera a importante data. En "O desexo de Osiño" mamá Osa pregúntalle ao fillo se dorme e este dille que non pode durmir porque está a pedir desexos. A nai quere saber que desexa, ao que Osiño primeiramente responde que sentar nunha nube e voar por todas partes; despois atopar un barco viquingo e que os donos lle pidan que se una a eles e marchar lonxe; a seguir, atopar un túnel que o leve á China; ter un coche grande e vermello; ir até un castelo etc. Mamá Osa responde a todos os desexos de Osiño que estes son imposíbeis até que o pequeno lle pide que lle conte un conto, daquela mamá Osa dille que iso tal vez sexa posíbel. Osiño pídelle que lle conte un conto sobre el, de cousas que fixo, de maneira que mamá Osa lle fala da vez que tiña frío e quería algo para abrigarse, da vez que xogou a que ía á Lúa e da vez que fixo sopa de aniversario. Entón Osiño recordou a nai chegando co pastel e díxolle que sempre o facía moi feliz e mamá Osa comentoulle que el tamén a podía facer feliz a ela se durmía e decidiu durmir. As ilustracións que acompañan os textos débense a Maurice Sendak (Estados Unidos, 1928-2012) e están inspiradas nos libros infantís de finais do século XIX. Todas as follas levan una greca

que enmarca os debuxos e os textos. As figuras dos animais protagonistas están tratadas de xeito antropomorfo, polo que os seus comportamentos, o seu entorno e os utensilios que empregan son propios dos humanos. As figuras da nai e o fillo están cheas de tenrura, e as ilustracións complementan os textos. A técnica empregada é o debuxo a tinta con manchas de cor suaves en laranxa e azul.

**Recensións:**

- CLIJ, "Osito. Else Holmelund Minarik", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 267, "Libros", "de 6 a 8 años", setembro-outubro 2015, p. 65.

Salienta a publicación completa da serie "Osiños", composta por seis volumes protagonizados por unha familia de osos. Apunta que están ilustrados por Maurice Sendak con debuxos inspirados en antigos gravados e ambientados nun contexto decimonónico. Comenta que Kalandraka edita os catro primeiros: *Osiño*, *A visita de Osiño*, *Papá Oso volve a casa* e *Un bico para Osiño*. Por último, indica que reflicten con tenrura e humor a vida cotiá, as relacións familiares e as falcatruadas do protagonista.

- Sara Reis Dasilva, "Pequeño(s) oso(s), grandes afectos", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 27 setembro 2015, p. 4.

Indica que Kalandraka ofrece unha serie de catro libros "graficamente moi coidados" que están protagonizados por unha familia de osos humanizados. Da primeira entrega sinala que está composta por catro relatos curtos ao redor de aspectos comúns do cotián familiar (o vestiario, o aniversario ou os xogos infantís), coa especial actuación materna. Salienta que a serie trata tópicos como a familia, as relacións nai-fillo ou avós-netos, a figura paterna, o amor, a amizade, a imaxinación, a liberdade ou a superación dos medos "en textos elegantemente construídos, moi breves, caracterizados por estratexias como as repeticións e/ou as estruturas acumulativas, o ton coloquial, os diálogos vivos e rápidos, o humor, o *nonsense*, entre outros". Por último destaca a arte pictórica de Sendak que recorre a un rexistro inspirado nos gravados antigos.

- María Navarro, "Agarimo tranquilo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 556, "Libros", 15 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 511, "Letras galegas", 24 outubro 2015, p. 10.

Comeza sinalando o éxito que obtivo nos Estados Unidos unha serie de contos que teñen a Osiño como protagonista, dos que se realizou unha serie televisiva. A seguir comenta que Kalandraka Editora ofrece en galego un primeiro volume desta serie composto por catro relatos, nos que os protagonistas son unha familia de osos que viven o seu día a día como persoas. Destaca que se abordan valores de máxima importancia para o mundo da infancia como son a empatía ou a paciencia. Tamén salienta que a autora fai uso de diálogos sinxelos e dun texto rimado co gallo de dotar este libro dunha "musicalidade extraordinaria".

**Referencias varias:**

- Else Holmelund Minarik, “Osiño”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 18 xullo 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Osiño*, escrita por Else Holmelund Minarik e ilustrada por Maurice Sendak.

**Holmelund Minarik**, Else, *Un bico para osiño* (*A kiss for little bear*, 1968), ilust. Maurice Sendak, trad. Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], xuño 2015, 32 pp. (ISBN: 978-84-8464-869-7).

Relato de Else Holmelund Minarik (Dinamarca, 1920-Estados Unidos, 2012), no que o osiño protagonista lle regala á súa avoa un debuxo, agasallo que a anciá agradece en forma de bico a través de varios intermediarios. Debido á misión de transportar o bico, dous dos participantes da historia namóranse e acaban casando, ofrecéndolle a Osiño ser o padriño da voda. O texto acompáñase das ilustracións de Maurice Sendak (Estados Unidos, 1928-2012), inspiradas nos libros infantís de finais do século XIX. Todas as follas levan una greca que enmarca os debuxos e os textos. As figuras dos animais protagonistas están tratadas de xeito antropomorfo, polo que os seus comportamentos, o seu entorno e os utensilios que empregan son humanos. As figuras dos animais levan vestimentas vitorianas e as ilustracións complementan os textos con moitos detalles. A técnica empregada é o debuxo a tinta sepia con algunhas manchas de cor cálida.

**Recensións:**

- Sara Reis Dasilva, “Pequeño(s) oso(s), grandes afectos”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 27 setembro 2015, p. 4.

Indica que Kalandraka ofrece unha serie de catro libros “dunha elegancia, sofisticación e sobriedade raras”, que están protagonizados por unha familia de osos humanizados. Comenta que nesta entrega é coprotagonista a avoa. Salienta que a serie trata tópicos como a familia, as relacións nai-fillo ou avós-netos, a figura paterna, o amor, a amizade, a imaxinación, a liberdade ou a superación dos medos “en textos elegantemente construídos, moi breves, caracterizados por estratexias como as repeticións e/ou as estruturas acumulativas, o ton coloquial, os diálogos vivos e rápidos, o humor, o *nonsense*, entre outros”. Por último destaca a arte pictórica de Sendak que recorre a un rexistro inspirado nos gravados antigos.

**Holmelund Minarik**, Else, *A amiga de osiño* (*Little Bear’s Friend*, 1960), ilust. Maurice Sendak, trad. Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], xullo 2015, 63 pp. (ISBN: 978-84-8464-945-8).

Relato de Else Holmelund Minarik (Dinamarca, 1920-Estados Unidos, 2012), que novamente ten como protagonista Osiño. Nesta ocasion Osiño coñece unha nena á que axuda a solucionar un problema, converténdose así en amigos. Posteriormente

amósanse diferentes situacións vividas por Osiño e a súa amiga, xunto con outros animais, até chegar o momento da despedida. As diferentes historias están narradas de forma textual e visual a través de pequenos textos, nos cales abundan os diálogos entre os protagonistas, e as ilustracións creadas por Maurice Sendak (Estados Unidos, 1928-2012), que están inspiradas nos libros infantís de finais do século XIX. Todas as follas levan una greca que enmarca os debuxos e os textos. Os animais comparten o entorno coas persoas dun xeito natural. As ilustracións complementan os textos con moitos detalles. A técnica empregada é o debuxo a tinta negra con algunha manchas de cor verde ou gris. Todas as follas levan una greca, que enmarca os debuxos e os textos. As figuras dos animais protagonistas están tratadas de xeito antropomorfo, pois os seus comportamentos, o seu entorno, e os utensilios que empregan son humanos. As ilustracións complementan os textos e están feitas con tinta e augadas suaves de cor.

**Holmelund Minarik**, Else, *A visita de Osiño* (*Little Bear's Visit*), ilust. Maurice Sendak, trad. Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], 2015, 64 pp. (ISBN: 978-84-8464-874-1).

Relato de Else Holmelund Minarik (Dinamarca, 1920-Estados Unidos, 2012) que novamente ten como protagonista Osiño. Nesta ocasion cóntase a visita que o pequeno protagonista fai a Avoa e Avó Oso, cos que goza moito escoitando as súas historias. Os contos que lle contan preséntanse como relatos independentes, nos que se plantexan cuestións como a liberdade ou a superación dos medos, ademais de poñer en valor a relación entre avós e netos, o diálogo mutuo e a transmisión de coñecementos e de afectos. As ilustracións de Maurice Sendak (1928-2012) están inspiradas nos libros infantís de finais do século XIX. Todas as follas levan una greca, que enmarca os debuxos e os textos. As figuras dos animais protagonistas están tratadas de xeito antropomorfo, pois os seus comportamentos, o seu entorno, e os utensilios que empregan son humanos. A figura do osiño está chea de tenrura. As ilustracións complementan os textos e están feitas con tinta e augadas suaves de cor.

**Recensións:**

- Sara Reis Dasilva, "Pequeño(s) oso(s), grandes afectos", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 27 setembro 2015, p. 4.

Indica que Kalandraka ofrece unha serie de catro libros "dunha elegancia, sofisticación e sobriedade raras" que están protagonizados por unha familia de osos humanizados. Desta obra indica que destacan as figuras exemplares dos avós, que asumen o papel de contadores de historias. Salienta que a serie trata tópicos como a familia, as relacións nai-fillo ou avós-netos, a figura paterna, o amor, a amizade, a imaxinación, a liberdade ou a superación dos medos "en textos elegantemente construídos, moi breves, caracterizados por estratexias como as repeticións e/ou as estruturas acumulativas, o ton coloquial, os diálogos vivos e rápidos, o humor, o *nonsense*, entre outros". Por último destaca a arte pictórica de Sendak que recorre a un rexistro inspirado nos gravados antigos.

**Referencias varias:**

- Else Holmelund Minarik, "A visita de Osiño", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 25 xullo 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A visita de Osiño*, escrita por Else Holmelund Minarik e ilustrada por Maurice Sendak.

**Holmelund Minarik**, Else, *Papá Oso volve á casa* (*Father Bear Comes Home*, 1959), ilust. Maurice Sendak, trad. Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], xullo 2015, 62 pp. (ISBN: 978-84-8464-943-4).

Relato de Else Holmelund Minarik (Dinamarca, 1920-Estados Unidos, 2012) dedicado a "Ursula e Susan" e xebrado en catro partes: "Osiño e Bufo", "Papá Oso volve á casa", "Impo" e "A serea do Osiño". Son pequenas historias de animais humanizados, que teñen a Osiño como principal protagonista, xunto con outros amigos (Bufo, Gato e Galiña), a nai Mamá Osa e o pai Papá Oso, personaxe que centra o relato. Mamá Osa pídelle que vaia pescar un peixe para a comida e el, que quere chegar a pescar no mar igual có pai, encontra o seu amigo Bufo. Ambos imaxinan que pescan un polbo e unha balea. Ao tempo que se ilusiona coa chegada do pai, soña con coñecer unha serea, transmitíndolle ao resto as súas inquedanzas e soños. Estes animais, igual que Mamá Osa, axudarano tamén cando lle dea un ataque de impo, que sorprende o pai mentres este le o xornal sentado no sofá. Finalmente, a busca das sereas á beira do río e a hipótese coa presenza das burbullas dan lugar a un final aberto que favorece a imaxinación do lectorado. O elemento do humor está tamén presente e destacan as estruturas dialogadas. As ilustracións de Maurice Sendak (Estados Unidos, 1928-2012) están inspiradas nos libros infantís de finais do século XIX. Todas as follas levan una greca, que enmarca os debuxos e os textos. As figuras dos animais protagonistas están tratadas de xeito antropomorfo, pois os seus comportamentos, o seu entorno e os utensilios que empregan son humanos. A figura do osiño está chea de tenrura. As ilustracións complementan os textos e están feitas con tinta e augadas suaves de cor.

**Recensións:**

- Sara Reis Dasilva, "Pequeño(s) oso(s), grandes afectos", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 27 setembro 2015, p. 4.

Indica que Kalandraka ofrece unha serie de catro libros "dunha elegancia, sofisticación e sobriedade raras" que están protagonizados por unha familia de osos humanizados. Desta entrega indica que trata o tema da familia concedendo o papel principal ao pai ausente. Salienta que a serie trata tópicos como a familia, as relacións nai-fillo ou avós-netos, a figura paterna, o amor, a amizade, a imaxinación, a liberdade ou a superación dos medos "en textos elegantemente construídos, moi breves, caracterizados por estratexias como as repeticións e/ou as estruturas acumulativas, o ton coloquial, os diálogos vivos e rápidos, o humor, o *nonsense*, entre outros". Por último destaca a arte pictórica de Sendak que recorre a un rexistro inspirado nos gravados antigos.

**Hutchins**, Pat, *Onde está o poliño de Rosalía?*, (*Where, oh where is Rosie´s chick?* Hodder Children´s Books, 2015), ilust. da autora, trad. Silvia Pérez Tato, Pontevedra: Kalandraka, col. Tras os montes, [prelectorado], outubro 2015, [28] pp. (ISBN: 978-84-8464-940-3).

Edición bilingüe deste álbum ilustrado de Pat Hutchins que ten como protagonistas unha galiña, o seu poliño e un raposo. Nel a preocupada galiña Rosalía busca de maneira incesante o poliño, un tanto torpe e despistado que se enfronta a perigosas peripecias e que é constantemente vixiado polo temido raposo. A historia, que transcorre por distintos escenarios da granxa, está conformada por frases breves e encadeadas e acompaña as imaxes moi coloridas e alegres que son as que soportan o peso da narración. Trátase de ilustracións sintéticas, pero con moita información do que acontece na granxa; así represéntanse os animais, os palleiros, as escadas, os poleiros, as árbores cheas de froita etc. As cores son cálidas co predominio de laranxas, vermellos, amarelos e verdes.

**Referencias varias:**

- Pat Hutchins, "Onde está o poliño de Rosalía?", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 19 decembro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Onde está o poliño de Rosalía?*, escrita e ilustrada por Pat Hutchins.

**Iglesias**, Gracia, *Moustache* (*Moustache*), ilust. Guridi, trad. Susana Collazo Rodríguez e Rafa Salgueiro, [Madrid]: Lata de Sal, serie gatos, [lectorado autónomo], 2015, 36 pp. (ISBN: 978-84-944343-2-7).

Novela fantástico-realista de Gracia Iglesias Lodares (Madrid, 1997), na que por medio dun narrador omnisciente se relata o que lle acontece a un gato chamado Moustache, moi elegante, coqueto, guapo e con moi boas maneiras, mais un pouco curioso de máis. Esta curiosidade lévao a arrimarse de máis a un obxecto que atopa enriba dunha mesa e a queimar os seus preciosos e longos bigotes. Para buscar unha solución ao seu problema, Moustache decide ir a unha barbería onde, tras probar e probar, por fin se decanta por uns bigotes postizos. Aos saír á rúa, todo o mundo comeza a rir del, polo que Moustache se pon moi triste. Un rapaz, tan curioso coma el, interésase pola súa desgraza e resolve o problema do gato pintándolle cun rotulador seis longas liñas en cada lado do nariz, a xeito de bigotes, o que fai que Moustache volva sorrir. O texto acompáñase das ilustracións de Raúl Nieto Guridi (Sevilla, 1970), nas que predominan as cores cálidas.

**Isern**, Susanna, *A mellor sopa do mundo* (*El abuelo de Zulaimar*, 2013), ilust. Mar Ferrero, trad. Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [prelectorado], febreiro 2015, [36] pp. (ISBN: 978-84-9871-526-2).

Álbum narrativo de Susanna Isern, que se abre cunha dedicatoria: "Para Yves, Yuna, Adriel e Marc; por facer de calquera sopa, a mellor do mundo". Un narrador en terceira persoa conta a historia que ten como protagonista a Tartaruga, quen decide preparar unha sopa. Pouco a pouco a cabana de Tartaruga acolle a varios animais que achegan un ingrediente diferente para a sopa: Coello, cenorias; Cervo, froitos vermellos; Raposo, cebolas; Oso, mel; Lobo, pementos; Ourizo, allos porros e Rato, cogomelos. Todos xuntos cociñan, bailan, contan historias e coinciden en que esta é a mellor sopa que probaron na súa vida. Tartaruga dilles que o ingrediente secreto é, nin máis nin menos, ter unha boa compañía. Na cuberta obsérvase a Tartaruga e o resto de animais, dispostos de xeito circular, contemplando a sopa que se está a preparar dentro dun recipiente. No interior, o texto compleméntase coas ilustracións de Mar Ferrero, que se adaptan perfectamente ao expresado na narración textual, se ben engaden novos personaxes, inexistentes no texto.

**Isern**, Susanna, *Osiño, a vella xirafa e o valado de pedra* (*Osito, la vieja jirafa y el muro de piedra*), ilust. Betania Zacarías, trad. María Alonso Seisdedos, Fraga (Huesca): Ediciones La Fragatina, [prelectorado], setembro de 2015, [32] pp. (ISBN: 978-84-16566-00-6).

Álbum de Susanna Isern no que se conta a historia dun osiño e unha vella xirafa que vivían nun zoo, separados do mundo real por un valado de pedra. Ao primeiro, Osiño estaba moi triste por estar encerrado sen poder ver o que pasaba ao outro lado do valado e sen poder ter outros osos amigos, mais, un día, preguntoulle á vella xirafa que acontecía máis alá do muro, pois ela era moi alta e podía mirar por enriba del. A xirafa contoulle que había un bosque, unha lagoa e moitos osos, razón pola que Osiño lle pediu á vella xirafa que lle contase, todos os días, o que acontecía fóra das fronteiras. Pasado un tempo, a vella xirafa enfermou e tiveron que trasladala. Osiño botábaa moito de menos, pero a vella xirafa nunca máis volveu. O protagonista foi medrando até que, xa de maior, puido ver por el mesmo o que acontecía detrás do valado. Ese día descubriu que nada do que a xirafa lle contara era verdade, pois ao outro lado do valado só había edificios altos, aburridos e cincentos. Osiño comprendeu o que a súa amiga fixera por el: a xirafa inventaba historias e lugares para que Osiño fora feliz dentro do zoo e puidera imaxinarse que os demais osos eran os seus amigos e que pasaba o tempo con eles. Unha tarde chegou un pequeno elefante ao zoo, este era tan pequeno que non chegaba a ver o que pasaba detrás do valado de pedra. Osiño, ao recordar o feliz que o fixera a el a vella xirafa, decidiu comportarse da mesma maneira co pequeno elefantiño. A narración textual acompáñase das ilustracións de Betania Zacarias que complementan a historia.

**Janosch**, *Eu curareite, dixo o oso pequeno* (*Ich mach dich gesund, sagte der Bär*, 1985, Diógenes Verlag), ilust. do autor, trad. Silvia Pérez Tato, Pontevedra: Kalandraka, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], febreiro 2015, [48] pp. (ISBN: 978-84-8464-908-3).

O álbum de Janosch (Hindengurb, Alemaña - actual Zabrze, Polonia,1931) conta a historia de Pequeno Oso e Pequeno Tigre, dous grandes amigos que procuran o coidado dun e doutro. Un día, mentres camiñaban polo bosque, Pequeno Tigre comezou a sentirse mal e non podía avanzar a carón de Oso Pequeno, polo que este se acercou a el

para comprobar o seu estado. Era tal a súa preocupación, que levou a Pequeno Tigre até a casa axudado tan só polos seus brazos. Dende que chegan ao seu fogar, Pequeno Oso dedicará todos os coidados posíbeis ao seu amigo até acadar a súa cura. Vendaralle o corpo pola dor que sente, faralle a comida para saciarlle o apetito, acomodarao no sofá para que poida durmir e descanse, chamará o resto dos amigos do bosque para que lle fagan compaña… Pero sobre todo, estará ao seu lado en todo momento incluso no hospital de animais, onde o doutor Ra-Caldeireta se ocupará del e da súa doenza. Adoptando as formas habituais dos libros infantís, emprégase unha linguaxe sinxela, oracións curtas e estruturas repetitivas, abundando o diálogo fronte aos parágrafos descritivos, o que dota o texto de musicalidade, ritmo e dinamismo. A historia afonda en tres ideas principais: a necesidade de afecto e comprensión durante a enfermidade; a colaboración e cooperación entre amigos, así como a débeda de corresponder con afecto os coidados dos demais; e, por último, presenta aos mais pequenos unha visión desprovista de medos, no que se refire aos médicos, á asistencia a hospitais e aos coidados que nel se dan. En canto ás imaxes, pódense diferenciar dous tipos: unhas imaxes encadradas a modo de viñeta, na que se resume visualmente parte do texto narrado; e unha serie de imaxes a pé de texto que reproducen algún dos personaxes realizando diferentes accións. No tocante ás primeiras, pódese diferenciar unha narración visual principal, que sería a que se relaciona co texto narrado; e unha segunda narración, na que se pode observar un pequeno animaliño que reproduce as mesmas accións que Oso Pequeno e Tigre Pequeno, mais cun xoguete de madeira. A técnica de ilustración empregada é a acuarela, destacando o colorido nas imaxes. Destaca a sinxeleza dos trazos empregados na caracterización dos personaxes e a desproporcionalidade nos seus trazos e extremidades.

**Referencias varias:**

- Janosch, “Eu curareite, dixo o oso pequeno”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 28 marzo 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Eu curareite, dixo o oso pequeno*, escrita e ilustrada por Janosch.

**Kirkegaard**, Ole Lund, *Albert* (*Albert,* Gyldendal, København, 1968), ilust. do autor, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo (Pontevedra): Sushi Books, col. intermedio, [lectorado autónomo], 2015, 133 pp. (ISBN: 978-84-15920-58-8).

Novela de Ole Lund Kirkegaard (Aarhus, Dinamarca, 1940-Hedensted, Dinamarca,1979) estruturada en catorce capítulos narrados en terceira persoa. Fala da importancia da bondade e da amizade a través do personaxe de Albert, un neno feo e maleducado, pero de bo corazón. Albert goza facéndolle falcatruadas ao zapateiro na compaña do seu amigo Egon, co que xoga a ser piratas e rufiáns que abordan barcos e secuestran nenas por recompensas monetarias. Mais as súas trasnadas fan que Egon sexa estritamente castigado pola súa nai e que Albert emprenda unha viaxe no seu barril pirata polo río abaixo. Durante o percorrido, coñece o carteirista Repollo, os seus dous cómplices, Tubbe e Gnalle, e un mago farsante. Ambos os dous son postos en evidencia e derrotados pola intelixencia e perspicacia do protagonista, quen despois de tantas aventuras decide volver ao seu fogar para contarlle todo o que lle acontecera ao seu

amigo Egon. As ilustracións do autor son coidados debuxos en branco en negro cun certo ton infantil, pero ao tempo obriga a fixarse nos detalles. As gardas dianteiras achegan a aldea da historia a dobre páxina, na que tanto a arquitectura coma os animais e os personaxes que se pasean polas rúas cobran vida grazas ao debuxo minucioso e áxil do autor danés. Xa no interior e na contracuberta, as ilustracións acompañan o texto nas diversas situacións divertidas polas que pasa o personaxe protagonista. A garda traseira incorpora unha imaxe do autor.

**Kirkegaard**, Ole Lund, *Frode e outros pícaros* (*Frode og alle de andre rødder)*, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo-Pontevedra: Sushi Books, col. intermedio, 2015, 88 pp. (ISBN: 978-84-15920-56-4).

Volume de Ole Lund Kirkegaard (Aarhus, Dinamarca, 1940 - Hedensted, Dinamarca, 1979), que consta de doce capítulos, nos que se relatan as aventuras que lle acontecen ao protagonista, un rapaz chamado Frode. Na casa-da-esquina Frode ten unha serie de veciños peculiares como é o caso do Señor Storm, quen se caracteriza por ter un escaso sentido do humor, ou as señoras Irene TV e Ravn, as cales comparten o gusto por rexoubar. Un día instálase no faiado un ser misterioso, o cal fai que Frode e outros amigos seus tenten descubrir quen é. Trátase dunha historia de aventuras, misterio e na que se reflicte, dun xeito notábel, a inocencia que caracteriza os máis cativos. No interior as ilustracións figurativas en branco e negro recrean diversas escenas do narrado.

**Kirkegaard**, Ole Lund, *O pequeno Virgil* (*Lille Vergil*, 1967), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, [lectorado mozo], 2015, 106 pp. (ISBN: 978-84-15920-57-1).

A obra de Ole Lund Kirkegaard (Aarhus, Dinamarca, 1940-Hedensted, Dinamarca,1979) constrúese en torno a un relato do cotiá, onde a través da figura do pequeno Virgil, protagonista desta historia, o lector pode gozar das pequenas aventuras deste raparigo. A longo de sete capítulos, relátanse as experiencias de Virgil, un neno orfo que vive de prestado no galiñeiro do panadeiro, e mais dos seus mellores amigos: Carl Emile e Oskar. Destaca a estrutura desta obra, na que cada capítulo pode considerarse unha historia independente, onde se relatan as anécdotas destes tres amigos cuxo único fío en común son precisamente os tres rapaces. Os lectores poden asistir ás anécdotas desta pequena cuadrilla vivindo as súas aventuras no aniversario de Carl Emile; na caza do dragón que levaron á escola; na captura do ganso da señorita Madsen para buscarlle parella a unha cegoña... Todas as ilustracións, agás a da cuberta que é en cor sobre un fondo branco, son en branco e negro. Case como un caderno de viaxe, os debuxos no interior son especialmente enxeñosos. Na garda presenta un debuxo en tinta negra. A garda traseira incorpora unha imaxe do autor, mentres que a contracuberta inclúe un debuxo que complementa o resume do relato.

**Lund Kirkegaard**, Ole, *Per e o pequeno Mads* (*Per og bette Mads,* Gyldendal, København, 1981), ilust. do autor, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, [lectorado autónomo], 2015, 61 pp. (ISBN: 978-84-15920-55-7).

Novela de Ole Lund Kirkegaard (Aarhus-Dinamarca, 1940-Hedensted-Dinamarca, 1979) estruturada en doce capítulos narrados en terceira persoa, na que se utiliza o humor para construír unha historia que enxalza a infancia e avoga pola igualdade entre os xéneros. Relata as vivencias de Per e o pequeno Mads, dous nenos moi trastes residentes en Vinneby que gozan facéndolle falcatruadas ao vello Mikkel Paelg. Cando unha nena nova chega á aldea, deciden que ela sexa a vítima das súas trasnadas, mais resulta ser máis espelida ca eles e devólvelles por adiantado todas as bromas que tentan facerlle, gañándose o respecto dos dous amigos e a súa amizade. As ilustracións do autor son coidadas e minuciosas e amosan unha grande expresividade, o que acentúa a comicidade dos personaxes. A cuberta é a cor sobre fondo branco e o debuxo vai remarcado con trazo negro, mentres que as ilustracións no interior do libro son debuxos en branco e negro, nos que sempre é preciso fixar a atención nos detalles. A garda dianteira presenta unha divertida escena e a garda traseira incorpora unha imaxe do autor.

**Kirkegaard**, Ole Lund, *Tippe Tophat* (*Tippe Tophat og andre fortaellinger*, 1982), ilust. do autor, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo-Pontevedra: Sushi Books, col. intermedio, 2015, 57 pp. (ISBN: 978-84-15920-59-5).

Volume de Ole Lund Kirkegaard (Aarhus, Dinamarca, 1940 - Hedensted, Dinamarca, 1979), que consta de cinco relatos: “O paseo en carro da avoa”, no que un rapaz relata as aventuras que lle acontecen na compañía do seu avó, delgado e tranquilo, e da súa avoa, grosa e con carácter; “Tarzán, Leo e a rapaza”, no que se conta a historia de Leo, un rapaz que está a ler un libro de Tarzán cando coñece unha rapaza que quere xogar a ser Jane, pero dun xeito totalmente diferente, no que se inclúe a opción de casamento; “Camiño da escola”, cuxos protagonistas son Frode e Mia, que deciden ir á escola, por primeira vez, en bicicleta, pero non serán quen de conseguilo; “O castelo de detrás dos outeiros”, no que Jakob, Maya e Egon falan sobre as mentiras, que cada un dixo no pasado, e escoitan a historia, que lles conta un ferreiro sobre un castelo que hai detrás dos outeiros; e “Tippe Tophat”, que narra a historia dun poeta que saca un rapaciño da súa mente poética chamado Tippe Tophat. O debuxo minucioso en branco e negro sobre o fondo da páxina e de grande expresividade alterna con outros enmarcados como se fosen fotogramas dunha película, nos que se emprega a acuarela. Estes últimos están relacionados cunha historia dentro do conto, é dicir, representan un lugar imaxinado polo poeta co que viaxa o protagonista, de aí que estas ilustracións teñan un carácter claramente diferenciado do resto, case surrealista.

**Recensións:**

- María Navarro, “Cuestións universais”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 552, “Libros”, 17 setembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n. 507, “Letras galegas”, 26 setembro 2015, p. 10.

Apunta que este volume consta de cinco relatos, que se caracterizan polo poder de captar a atención do lector dende o momento inicial. A seguir, describe brevemente a liña temática de cada historia e comenta que se abordan cuestións de carácter universal como a busca de solucións ante as dificultades da vida ou a superación de

inseguridades. Tamén fala das características propias da escrita do autor, como son a interacción entre nenos e adultos e o antiheroe como personaxe principal. Finalmente di que estes contos "convértense en boas ferramentas de traballo".

**Krauss**, Ruth, *Osos* (*Bears*, 1980), trad. Xosé Ballesteros e Silvia Pérez, ilust. Maurice Sendak, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [prelectorado], 2015, [26] pp. (ISBN: 978-84-8464-895-6).

Álbum de Ruth Krauss (Estados Unidos, 1901-1993), que se abre co título e unha dedicatoria "Para Ruth e Dave M. S.". A obra está protagonizado polo neno Max, recuperado doutra obra de Sendak (*Onde viven os monstros*), que se presenta en compañía do seu canciño amarelo e un garfo, seguido doutra imaxe do pequeno co oso colgado dunha corda polo pescozo. Na seguinte imaxe, o neno dorme abrazado a un oso de peluche; o can espértao e arráncalle o oso dos brazos, invitándoo ao xogo polo que o neno vai detrás del correndo. Nese traxecto aparecen moitos osos, en diferentes lugares e de distinta maneira, que conforman a maior parte do texto: "Osos estirados", "Osos ben sentados", "Osos aseados", "Osos enfadados", "Osos viaxeiros", "Osos apurados", "Osos fachendosos" e "Osos amorosos". Malia as dificultades, o neno consegue o peluche e volve felizmente á cama co can, aínda que nin o can nin os outros osos parezan moi contentos co remate do xogo. O resto de palabras son onomatopeas (Grrr, Bau, Ehh!,...), un enunciado que aparece como letreiro ("Un can secuestra un osiño") e a estrutura repetitiva que aparece até dúas veces: "Osos, osos, osos, osos". O libro conta coas ilustracións de Maurice Sendak (Estados Unidos, 1928-2012). A tapa é dura e as gardas teñen pequenos debuxos de osiños e de flores, mentres que nas páxinas da dedicatoria e a portada hai un xogo narrativo coas imaxes dos protagonistas. O resto da historia descansa completamente nas ilustracións de dobre páxina que grazas aos debuxos expresivos e os detalles imaxinativos van compoñendo unha simpática narración. A técnica está baseada nun contorno de lapis de grafito e tintas planas de cores alegres e variadas sobre as que destaca o branco do disfrace da única figura humana.

**Recensións:**

- Paula Fernández, "Brincadeira de osos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 540, "Libros", 30 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 495, "Letras galegas", 9 maio 2015, p. 10.

Comenta a tradución a cargo de Xosé Ballesteros e Silvia Pérez deste conto ilustrado "sen case texto", que se caracteriza por un sinxelo desenvolvemento (unha brincadeira de osos), o ritmo dinámico que agroma da ilustración e o protagonismo especial do neno nesta edición, pois Sendak na súa proposta plástica trae a Max, o protagonista de *Onde viven os monstros?* (1963). Por último, apunta o segundo nivel de lectura, no que se poden tratar conceptos como os celos e os sentimentos de persoas e animais fronte ás cousas inmateriais.

- Mª Jesús Fernández, "Osos. Ruth Krauss", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 265, "Libros", "de 0 a 5 años", maio-xuño 2015, p. 68.

Indica que Kalandraka recupera esta obra, editada en 1948 e ilustrada por Maurice Sendak, na que retoma o "emblemático" personaxe Max. Salienta que texto e imaxe "suman sus mensajes para construir un significado nuevo".

**Lavatelli**, Anna, *A Avoa do ceo* (*La nonna in cielo*, Lapis Edizioni: Roma, 2008), ilust. David Pintor, trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado autónomo], marzo 2015, [27] pp. (ISBN: 978-84-943213-6-8).

Álbum narrativo de Anna Lavatelli (Cameri-Novara-Piamonte, Italia, 1953), no que se aborda a reacción dunha neta ante a morte da súa avoa. A historia comeza tras o falecemento e céntrase no desenvolvemento da expresión "a avoa está no ceo", que emprega a nai de Emma, a neta, para responder as súas preguntas. A neta entende de forma literal a resposta e decide comprobar por si mesma o que engade a súa nai: a avoa "poderá verte sempre, e nunca te perderá de vista", por iso vai buscala, acompañada do seu boneco Puchi. Descobre que o ceo, no que está agora a avoa é un lugar semellante ao paraíso, xa que non existe a dor (que antes si padecía a avoa) e a xente fai "cousas bonitas". Ademais a avoa mantén os seus hábitos alimentarios, calceta, toca o piano para os anxos, reencontrouse co seu Can e ademais agora posúe unhas pernas lixeiras para pedalear. A avoa asegurálle: "Eu sempre estou aquí. E nunca te perdo de vista" (p. 25) e a neta despídese dela cun saúdo, algo que sorprende a nai, polo que Emma a anima a saudala ela tamén a próxima vez, xa que a avoa nunca os perde de vista. As ilustracións de David Pintor (A Coruña, 1975) representan escenas, nas que destaca o tratamento das planas e alegres, ofrecendo unha imaxe gráfica que parte do trazo do bolígrafo. As ilustracións, en ocasións a toda páxina e noutras ocupando o centro do libro, semellan case un plano secuencia cando as protagonistas cambian de situación. A iso hai que engadir o trazo sinuoso dos debuxos ou os percorridos das bicicletas, que xeran un gran dinamismo visual.

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "David Pintor: O mundo infantil permíteme facer cousas algo máis tolas", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 24 outubro 2015, p. L2.

Anuncia a presentación na libraría compostelá Cronopios deste volume, na que estará o seu ilustrador, David Pintor, quen destaca a necesidade de abordar cos cativos temas como a morte dun xeito poético.

**Llenas**, Anna, *O monstro de cores* (*El montre de colors*, 2012), trad. Okodia-Grupo tradutor, Barcelona: Editorial Flamboyant, [lectorado], febreiro 2015, [42] pp. (ISBN: 978-84-941578-8-2).

O álbum escrito e ilustrado por Anna Llenas (Barcelona, 1977), editado con tapas duras, gardas de cores, portada con imaxe e papel satinado, ten como fondo a educación das emocións empregando como protagonista un pequeno monstro de cores. O monstro de cores está algo confuso, pois volveu facer un lío coas emocións, e así, todas xuntas non funcionan ben. Coa axuda da súa pequena amiga, irán separando e metendo cada emoción nun bote diferente. Para iso separarán as emocións segundo as súas cores: o

amarelo para a alegría, o azul para a tristura, o vermello para a rabia, o negro para o medo e o verde para a calma. O texto aparece con letra moi pequena, dándolle protagonismo á ilustración. É unha narración moi visual, xa que se apoia nas cores para amosar como se poden xestionar as emocións: o monstro troca a súa cor cando se enfada ou se pon triste. As imaxes son moi divertidas e alegres, teñen moitas cores e as figuras están debuxadas, recortadas e pegadas con técnica mixta. As composición son variadas: primeiros planos, figuras detalladas, paisaxes etc.

**Llort**, Lluis e Salvador **Macip**, *Son un animal. Unha viaxe inesperada (Sóc un animal. Un viatge inesperat)*, ilust. Sergi Càmara, trad. Eva Lozano Carpente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], novembro 2015, [182] pp. (ISBN: 978-84-9914-938-7).

Primeiro título da serie "Son un animal", de Lluis Llort (Barcelona, 1966) e Salvador Macip (Blanes, Gerona, 1970), no que o lectorado coñece a Arman, a súa familia e o contexto no que vive, así como tamén o poder que o leva a vivir múltiples aventuras: transformarse en animal. Unha noite, na que Armán esperta arrefriado tras un pesadelo, o protagonista escoita a conversa que manteñen seus pais con Vladimir Zhirkov, ministro de Investigación, Novas Tecnoloxías, Deportes de Equipo e Narrativa de Ciencia Ficción, quen os ameaza cunha data límite para que rematen as súas investigacións. Arman tenta pensar nalgunha forma de axudalos polo que, nesa mesma tarde, visita o Centro de Investigacións Fotoatómicas e Biomolecular, no que traballan seus pais (súa nai trata de conseguir que unha menciña cure moitas enfermidades, mentres que seu pai traballa no Transmutador Distanciativo, un aparato que poderá teletransportar cousas e persoas a calquera parte do mundo de forma instantánea). Por un erro, Arman bebe a menciña para o catarro nun vaso no que había unha mostra das investigacións da nai. Cando chega ao laboratorio de seu pai, comeza a atoparse mal e séntase no seu último invento, ao tempo que Timurtz, o lémure mascota do protagonista, morde un dos cables e pon en marcha o aparato facendo que Arman desapareza. O rapaz, desorientado, aparece nunha illa, onde lle empezarán a pasar cousas raras. Así, cada vez que toca ou lle toca un animal transformarase nun exemplar desa mesma especie provocándolle máis dun desgusto. Mentres tanto, seus pais intentan saber que lle ocorreu ao fillo, traelo de volta e darlle un antídoto para as transformacións. Cando están a piques de conseguilo, aparece en escena Vladimir disposto a levarlles os seus inventos, pero grazas ao labor de Timurtz atrasa o seu plan. Os pais de Arman conseguen traelo de volta, pero vólvese transformar en lémure tras abrazar a Ttimurtz. Vladimir consegue roubar o antídoto e a peza do Transmutador, pero Arman e a súa mascota, tras ir detrás del, conseguen recuperalas. Arman, a súa mascota e seus pais regresan á casa, pero enseguida comproban que o antídoto non funcionou. A narración textual acompáñase das ilustracións de Sergi Càmara (Barcelona, 1964), que dan a coñecer o aspecto dos personaxes ou mostran situacións concretas do texto. Nelas predominan dúas cores, o azul e o branco, e as liñas de contorna están definidas en negro.

**Llort**, Lluís e Salvador **Macip**, *Son un animal. Arman e a fábrica podre (Sóc un animal. L´Arman i la fábrica podrida),* ilust. Sergi Cámara, trad. Eva Lozano Carpente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], novembro 2015, [192 pp]. (ISBN: 978-84-9914-939-4).

Segundo título da serie "Son un animal", de Lluís Llort (Barcelona, 1966) e Salvador Macip (Blanes, Gerona, 1970), no que se descobren novas aventuras de Arman despois de ter adquirido o seu poder de transformarse en calquera animal co que entre en contacto. Nesta ocasión, Arman, investigando para un traballo do colexio, descobre que a fábrica da súa cidade está contaminando os animais e plantas. Dado que os donos son conscientes disto, decide contárllelo aos seus amigos para que o axuden a recoller probas e facer que pechen a fábrica. Xuntos acceden á fábrica onde, tras varios atrancos (algún provocado po Mika, o seu novo compañeiro de aulas) e grazas ás secretas transformacións de Arman, logran probas coas que conseguen pechala. Ao tempo, descóbrese o culpábel do roubo na casa de Arman dalgunhas pezas e instrucións do teletransportador que os pais do protagonista están construíndo e no que está involucrado Mika, pero, sobre todo, o ministro Vladimir. O texto acompáñase das ilustracións de Sergi Cámara (Barcelona, 1964), que amosan os personaxes ou dan conta de situacións concretas da narración textual. O volume péchase cun "animalario" final, no que se poden identificar e caracterizar os diferentes personaxes da historia.

**Lluch**, Enric, *Almas de algodón*, (*Ànimes de cotó en pèl*, Andana Editoria, 2009), ilust. Pablo Olivero, trad. María Dolores Villanueva Gesteira, Vigo: Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 199, a partir dos 8 anos, xullo 2015, 88 pp. (ISBN: 978-84-9865-623-7).

Relato da autoría de Enric Lluch (Valencia, 1949), que afonda nas dificultades do alumnado de novo ingreso con necesidades educativas especiais durante a etapa escolar a raíz do descoñecemento, falta de formación e precariedade da educación en valores do alumnado e profesorado. En terceira persoa, cunha linguaxe sinxela e botando man do humor, cóntase a historia de Carlos, un neno con discapacidade intelectual que comeza nunha nova escola, logo de mudarse con seus pais da cidade á vila. As súas dificultades fan que sexa o centro das bromas dalgúns dos seus compañeiros e incluso se gaña a reprimenda do seu profesor, descoñecedor das circunstancias. Grazas a un curioso amigo que coñece no parque e a intervención da nai, Carlos e dous compañeiros de clase descobren que todos teñen diferenzas e que precisamente a diversidade é a característica máis prezada das persoas. As ilustracións de Pablo Olivero (Buenos Aires, 1976) teñen carácter humorístico e nelas xoga con poucos elementos (sobre todo, as olladas), pero cunha grande efectividade. A cuberta e a contracuberta son en cor, mentres que no interior as ilustracións a páxina completa van en escala de grises. O rostro do protagonista convértese nun recurso moi atractivo cando aparece coma un selo na parte inferior da páxina inicial dos diferentes capítulos. Nas páxinas finais, recóllese unha fotografía do autor.

**Mayer**, Mercer, *Un pesadelo no meu armario* (*There´s nightmare in my closet*, 1968), ilust. do autor, trad. Xosé M. González, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os *montes*, [prelectorado], 2015, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-101-8).

A obra de Meyer (Little Rock, Arkansas, Estados Unidos, 1943) afonda nunha das experiencias máis comúns na infancia: os pesadelos. Ten como protagonista un neno de curta idade que todas as noites corría a esconderse baixo as sabas da súa cama, tras pechar rapidamente a porta do seu armario, onde se atopaba o seu pesadelo. Mais unha

noite, farto daquela situación, decide facerlle fronte ataviado até con armas de xoguete. Esa mesma noite o seu pesadelo apareceu sentado aos pés da súa cama. O rapaz, fiel ao seu plan inicial, disparou contra o seu pesadelo e este púxose a chorar. Era tal o enfado do pesadelo, que o pequeno neno tivo que deixalo durmir con el. A historia é contada a través dun narrador en primeira persoa, empregando oracións curtas e de sintaxe moi sinxela como se corresponde a este tramo de idade. Por outra banda, o texto acompáñase de ilustracións de gran tamaño chegando incluso a ocupar, nalgunhas secuencias, as dúas páxinas do relato. As ilustracións incorporan elementos descritivos que axudan o lector a comprender a historia; deste modo é como pode coñecer a aparencia do pesadelo e mesmo a do protagonista da historia. Trátase de gravados coloreados de grande expresividade que presentan un trasno medorento en tons verdes e un neno que loita contra o medo do pesadelo en tons laranxas, as dúas cores dominantes do álbum. Ese tratamento da cor ten ademais un carácter simbólico, xa que o trasno vai mimetizándose co neno, dende o punto de vista cromático ao tempo que a historia vai unindo os dous personaxes. Alternan as ilustracións a dobre páxina con outras recortadas ou sobre fondo branco, nas que o texto xoga sempre un papel de apoio á imaxe pois o relato é fundamentalmente visual.

**Méndez Guédez**, Juan Carlos, *O avó de Zulaimar*, (*El abuelo de Zulaimar*, 2013), ilust. Elsa Klever, trad. Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [prelectorado e lectorado autónomo], febreiro 2015, 36 pp. (ISBN: 978-84-9871-524-8).

Álbum narrativo da dobre autoría do escritor Juan Carlos Méndez Guédez (Venezuela, 1967), que enxalza a importancia da figura dos avós para os máis pequenos, a través dunha emotiva historia con diversos animais humanizados como personaxes. A protagonista é Zulaimar, unha pequena raposa que non ten avó e decide pedírllelo emprestado ás súas amigas. Ante a súa negativa, Zulaimar fabrica o seu propio avó botando man dunha cadeira, unha saba de cores, uns salchichóns grandes e unha sandía como cabeza, na cal debuxa un rostro agradábel e feliz. Despois de poñerlle rodas á cadeira para poder movela mellor, Zulaimar goza da compaña de seu novo avó guindándose polas rúas, pero varios paxaros lánzanse a comer a cara do avó e déixano cheo de buratos. Entón, a raposa decide debuxarlle unha nova, esta vez cun rostro serio e temíbel. Deste xeito os paxaros non se volven achegar e Zulaimar pode gozar do seu avó, cuxa cara tiña "o sabor doce dunha sandía". O libro compleméntase coas ilustracións de Elsa Klever (Berlín, 1985). As imaxes dos animais están deseñadas con comportamentos humanos e a narrativa visual é fundamental para comprender o texto, xa que as imaxes achegan moita información que completan as palabras. As ilustracións, feitas con pintura e cores variados, amosan a alegría dos protagonistas ao xogaren xuntos.

**Nakano**, Hirotaka, *O paseo do elefante*, ilust. do autor, trad. Suevia Sobra Santiago, Madrid: Lata de Sal, col. Vintage, [lectorado autónomo], 2015, 32 pp. (ISBN: 978-84-943696-3-6).

Conto do escritor Hirotaka Nakano (1942), que ten como protagonistas diferentes animais. A historia transcorre nun día fermosísimo, no que un elefante sae a dar un paseo e, polo camiño, se atopa cun hipopótamo, unha tartaruga e un crocodilo, animais, todos eles que queren ir de paseo subidos ao lombo do elefante. Aínda que o elefante é

grande e forte, non pode co peso de todos eles, razón pola que caen ao lago. Aínda así, todos continúan o seu día moi felices. Este texto vai acompañado dunhas ilustracións feitas polo propio autor, nas que se empregan cores moi vivas e que complementan visualmente a narración textual.

**Recensións:**

- María Navarro, "Escenas recorrentes", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 554, "Libros", 1 outubro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 509, "Letras galegas", 10 outubro 2015, p. 10.

Comeza sinalando que este volume pertence á colección "Vintage", da editorial Lata de Sal. A seguir fala do seu protagonista, un elefante que decide dar un paseo en compañía doutros animais como, por exemplo, un hipopótamos, un crocodilo ou unha tartaruga; porén, o lector será quen de percibir que, en moitas ocasións, esta compañía entraña algún tipo de interese. Ademais do contido, salienta a repetición de determinadas estruturas lingüísticas e escenas que favorecen certas estratexias de aprendizaxe. Para rematar, tamén felicita o autor polo seu labor como ilustrador no volume.

**Neila Muro**, Marcos, *Cosmo e a estrela perdida*, ilust. do autor, A Coruña: Hércules, col. Novas Lecturas de Hércules, [prelectorado e lectorado autónomo], febreiro 2015, 60 pp. (ISBN: 978-8492715-95-4).

Álbum marabilloso escrito por Marcos Neila (Madrid, 1986) e traducido ao galego por Charo Baleirón, que fala da importancia da liberdade e da solidariedade a través da historia de Cosmo, un coleccionista de estrelas. O protagonista dáse conta de que as estrelas da súa colección perdían brillo e fulgor segundo ía pasando o tempo. Unha mañá, ao espertar, Cosmo nota a falta dunha das súas estrelas e, despois de seguirlle o rastro, volve atopala feliz no mesmo sitio onde a collera por primeira vez. O vello sol explícalle que as estrelas pertencen ao ceo e só alí poden ser felices e brillar con forza. Cosmo entende a explicación e decide axudarlles ás estrelas a volver ao seu lugar de orixe, onde fican máis fermosas que nunca.

**Parmeggiani**, Roberto, *A avoa adormecida* (*A avó adormecida*, Editora DSOP, 2014), ilust. João Vaz de Carvalho, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], xaneiro 2015, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-914-4).

Álbum de Roberto Parmeggiani (Boloña, 1976) protagonizado por un neto, que vai dando conta da vida en común coa súa avoa, comparando o pasado, no que a avoa lle contaba contos, lía libros, facía pizza para a merenda ou compraba adhesivos, fronte a un presente dominado pola perplexidade e pola angustiosa fase dunha avoa que acaba por morrer. João Vaz de Carvalho (Fundão, Río de Janeiro, Brasil, 1958) emprega nas ilustracións unha técnica mixta a partir da pintura acrílica e os trazos a lapis, destacando o cabelo dos personaxes. As imaxes dispóñense nun fondo branco, onde destaca na escena as expresións dos protagonistas, de carácter sorprendido e humorístico, cun certo surrealismo na disposición dos obxectos e na forma distorsionada, como se fora un

soño. A narración fala da morte, para iso, as ilustracións teñen tons fríos para destacala tristeza do que se conta.

**Recensións:**

- María Navarro, "Fermoso conto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 536, "Libros", 26 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 490, "Letras galegas", 11 abril 2015, p. 10.

Indica que o mozo protagonista desta historia mestura pasado, presente e futuro para actualizar a vida da súa avoa, na que teñen cabida historias variadas e lembranzas entrañábeis. Salienta o final feliz, a delicadeza do narrado e a literariedade da doenza deste "fermoso conto", no que se superpoñen o plano real e o imaxinario. Sinala que o mozo acompaña o proceso da doenza da avoa dende os primeiros síntomas até o sono irreversíbel, homenaxeando os avós que se afanan en transmitir valores. Tamén apunta o afecto e a ausencia, como formas de sentimentos que remiten a momentos alegres e tristes, o ton poético e a atmosfera de naturalidade deste "relato atemporal"; e as doses de optimismo que ofrece a proposta plástica de João Vaz de Carvalho.

- Sara Reis da Silva, "A avoa adormecida': que sono?", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 13 abril 2015, p. 48.

Describe a obra como sorprendente e destaca a conxugación do texto e da ilustración. Explica que o contido traza unha relación entre o presente e o pasado a partir da relación entre o neto e a súa avoa. Destaca que a obra marca o lectorado polo notorio coidado estético, no cal se observan resonancias poéticas e a composición visual, e que na conformación do sentido textual gaña especial relevancia o xogo semántico presente na dúbida entre o significado literal e o significado metafórico do vocábulo "durmir". Por último, conclúe coas seguintes preguntas -Pode a dor dunha perda ser escrita e dada a ler aos máis novos? Pode a morte ser poetizada e deseñada?-, ás cales responde afirmativamente.

- CLIJ, "La abuela durmiente. Roberto Parmeggiani", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 266, "Libros", "de 10 a 12 años", xullo-agosto 2015, p. 68.

Resúmese o argumento deste álbum que está protagonizado por un neno que acompaña a súa avoa até a morte por mor da enfermidade dexenerativa do alzhéimer. Saliéntase a delicadeza deste conto "emocionante y sereno" e as "excelentes y evocadoras" ilustracións.

**Referencias varias:**

- Roberto Parmeggiani, "A avoa adormecida", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 7 febreiro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A avoa adormecida*, escrita por Roberto Parmeggiani e ilustrada por João Vaz de Carvalho.

**Pérez Hernando**, Fernando, *A escada vermella* (*La escalera roja*), ilust. do autor, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. demadora, [prelectorado e lectorado autónomo], [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-950-2).

Relato fantástico que ten como protagonista un paxaro que carrexa unha pesada escada vermella utilizada para subir ao tellado, ás arbores, ás nubes… e un coello branco que observa tal situación. Un día, o paxaro perde a escada e o coello suxírelle que bote a voar. E así o fai. Está narrado en terceira persoa, aínda que, ao final, aparece un pequeno diálogo entre o paxaro e o coello. As ilustracións, realizadas coa técnica da pintura, repiten o que o texto conta, ademais de presentar un xogo visual cun coello que sempre está presente e que non toma parte da narración até o final. Son imaxes figurativas en composicións nas que predominan os azuis e os laranxas facendo un forte contraste de complementarios entre o ceo azul e a terra laranxa.

**Referencias varias:**

- Fernando Pérez Hernando, "A escada vermella", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 21 novembro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A escada vermella*, escrita e ilustrada por Fernando Pérez Hernando.

**Priestley**, Chris, *Os contos de terror do tío Montague* (*Uncle Montague's Tales of Terror*, Bloomsbury Publishing, 2011), ilust. David Roberts, trad. Eva Almazán, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Avanzado, 2015, 180 pp. (ISBN: 978-84-15920-84-7).

Conxunto de relatos fantástico-realistas de Chris Priestley (Reino Unido, 1958), que presentan unha estrutura en *matrioska* e que, distribuídos en trece capítulos, se caracterizan pola presenza do horror. Un narrador en primeira persoa, Edgar, describe unha das súas visitas ao tío Montague, quen lle narra diferentes historias que o sobriño escoita atentamente. O primeiro capítulo, "A través do bosque", preséntanos a Montague mediante os ollos do introvertido Edgar, describindo a aura de inquedanza propia das viaxes á mansión, onde o parente sacia a súa fame de arrepiantes historias. No segundo capítulo, "Non rubir", o tío inaugura a xornada de contos co relato dun rapaz que, ousando desobedecer as advertencias dunha árbore anciá, desafía as súas alturas pagando coa morte o atrevemento e alimentando o tesouro dun olmo con suxerida experiencia no castigo. Disposto a sementar a dúbida do esotérico en Edgar, en "A non-porta" o vello tío narra a sorte de Harriet. Esta descobre de tráxica maneira o vínculo entre vivos e mortos, do que sacaba tallada con sorna e estafa, quedando prendida nunha paréntese do averno na vida terreal. Logo de percibir con certo agravio a incredulidade de Edgar, o tío prosegue con "A talla do demo". Neste capítulo fálase dunha figura que chega a Thomas acompañada da voz do diaño, quen o empuxa a dubidar de todo canto quere e cre, asegurándolle unha maldición que o atormentará por tempo incerto e que só rematará cando a mefistofélica vontade desexe empezoñar outra mente. Edgar incomódase coa reacción de Montague ao falar do demo e, sabendo que cada obxecto ten o seu relato, pregunta por un cadro a fin de mudar a conversa nun conto. O quinto escollido, "Ofrendas", bosquexa a figura dun ser luciferino que, morador dunha reitoría dende as invocacións do seu antigo párroco, fai amizade co novo

inquilino do eido e remata por invitalo a comportamentos do máis arrepiantes. O tío parece asumir como reto o conseguir poñerlle medo a Edgar e en "Poda de inverno" persegue o seu propósito co episodio dun rapaz que, desoíndo os desexos de súa nai e as lendas da vila, entra na casa dunha cega con sona de meiga. Confirma os dixomedíxome acordando dun desmaio converso nunha árbore chantada fronte á vella cega disposta a podalo. Sen pausa, continúa con "O cadro dourado". A primoxénita dunha familia descobre que os desexos que lle foran concedidos, con tráxicas consecuencias, eran froito en realidade de terríbeis accións propias. Ao rematar a historia, Edgar sente unha presenza próxima pero a colección de contos continúa co titulado "Jinn". Este suceso conta como Francis se atopa coa morte ao achegarse á natureza maligna do primeiro que lle esperta interese na vida. Logo de observar curiosos movementos na acuarela que "inspira" o relato, Edgar escoita sons que atribúe ao servinte. Montague semella incómodo cos indicios dese algo que espreita e, alimentando a sospeitosa conduta, menciona non poder saír da casa pero prosegue cun conto. "Un conto de pantasmas" deixa o lector coa imaxe de Victoria marcada pola visión do espírito dunha nena asasinada nos arredores tempo atrás. Ao rematar, o tío invita o rapaz a volver á casa, mais vira branco ao mirar cara ao bosque a través duns anteollos e Edgar, por preocupación por Montague ou verdadeira curiosidade, prega pola historia das lentes. A través destas, o protagonista de "O vieiro" contempla a figura do seu funesto destino achegándoselle momentos antes de cumprirse. O tío dá por rematada a xornada e insta a Edgar a regresar. Polo bosque atópase entre estrañas figuras que deteñen o seu avance cara a el ao recoñecer a voz imperante do vello parente. Decidido, xulga oportuno contar a historia que Edgar ansiara. "O tío Montague" fala del. Fora mestre e condenado eternamente por accións que atormentaban a súa conciencia, comezou a recibir a visita de cativos que, na casa que o tío xa non podía abandonar, buscaban alguén que escoitase as historias vinculadas a cada un cun dos trebellos que formaban a colección maldita da mansión. Espidos os remorsos, Montague despídese de Edgar levando as figuras infantís e espectrais, protagonistas do repertorio de barbaries, con el. Como penúltima pasaxe e pasado un tempo daquel arrepiante suceso, Edgar regresa á casa. Así, en "A bóla de neve" a volta do rapaz non sorprende a Montague que, convencido da xa irremediábel vinculación de Edgar con aquelas biografías, retoma o costume. No derradeiro capítulo, "Patinaxe", Edgar coñece, unha vez máis, un fin catastrófico, o dun patinador temerario, pero desta, rodeado moi de preto dun público moi especial. O texto acompáñase das ilustracións figurativas, en branco e negro, de David Roberts (Liverpool, 1970), que complementan a atmosfera fría da narración textual.

**Risom**, Ole, *Son un Coello/ I am a Bunny*, ilust. Ricchard Scarry, trad. Susana Collazo e Rafa Salgueiro, Madrid: Lata de Sal, col. Vintage, [prelectorado e lectorado autónomo] 2015, [28] pp. (ISBN: 978-84-943696-6-7).

Edición bilingüe galego-inglés deste álbum de Ole Risom (Copenhague, 1920-2000), onde o protagonista é un coello que se chama Nicolao e que vive nunha árbore oca. Nicolao vai describindo en primeira persoa cada estación do ano, ao mesmo tempo que conta o que máis lle gusta facer en cada unha delas. O texto vai acompañado das ilustracións de Richard Scarry (Boston, 1919-1994), uns debuxos que chaman a atención polas súas cores.

**Rosell**, Joel Franz, *Gatiño e as vacacións* (*Gatito y las vacaciones*, 2015), trad. Xosé

Ballesteros, ilust. Constanze V. Kitzing, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [prelectorado], 2015, 24 pp. (ISBN: 978-84-8464-947-2).

Álbum ilustrado de Joel Franz Rosell (Cienfuegos, Cuba, 1954), no que, por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes, se abordan as diversas opcións á hora de pasar as vacacións do verán. Parrula vai ir á praia coa súa nai, Coelliña e os seus irmáns á aldea, Esquío vai pasar uns días co seu pai e outros coa súa nai e Ourizo vai ir ao estranxeiro. Gatiño tamén quere saber como vai ser o seu verán e decide preguntarllo á súa nai, quen lle responde que, aínda que este ano non van ir a ningunha parte, van ser unhas vacacións fantásticas en familia. Na cuberta preséntase a Gatiño, o protagonista, debuxado cunha liña áxil e expresiva e con cores vivas e alegres que o fan próximo e amigábel. No interior, as ilustracións de Constanze V. Kitzing representan uns animais simpáticos, con actitudes antropomorfas: van á escola, á praia, regan as plantas etc.

**Referencias varias:**

- Joel Franz Rosell, "Gatiño e as vacacións", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 11 xullo 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Gatiño e as vacacións*, escrita por Joel Franz Rosell e ilustrada por Constanze V. Kitzing.

**Santos**, Care, *Mentira (Mentira*, Edebé*,* 2015), Premio Edebé de Literatura Xuvenil 2015, trad. Ricardo Fernández Sabín, A Coruña: Rodeira, col. Periscopio, n.º 18, [lectorado mozo e mocidade], setembro 2015, 239 pp. (ISBN: 978-84-8349-408-0).

Novela xuvenil de Care Santos (Mataró-Barcelona, 1970), baseada nun crime cometido por menores de idade nos anos 90 do século XX, como refire a autora na "Nota para os lectores". Abórdase a temática da mentira, empregada así mesmo como detonante a raíz da cal se artella a historia principal e como trazo destacado do xeito de actuar de varios personaxes. Ábrese cunha cita inicial sobre a vida entendida como un xogo que se debe vivir segundo as normas, extraída da novela *O vixía no centeo*, de J. D. Salinger, que resulta clave no devir da trama. Non só é o pretexto que posibilita que Xenia entre en contacto co adolescente protagonista, senón que este se considera a si mesmo posuidor de trazos da personalidade e comportamento do personaxe principal da novela, e incluso o seu autor dá título ao primeiro dos tres capítulos, que serve de presentación da trama. O segundo capítulo, "Holden", en alusión ao protagonista da nomeada novela de Salinger, está composto polo contido do caderno que o adolescente protagonista escribe, tentando que sexa unha carta para Xenia, a primeira amiga e mesmo namorada que nunca tivo e que o impulsou a contar a verdade do que lle aconteceu a Marta Villanueva, ademais dunha síntese da súa vida antes do asasinato e o seu bo comportamento dentro do cárcere de menores. O terceiro e último capítulo, "Os patos no inverno", supón o clímax da historia ao se aplicar a xustiza poética sobre o adolescente grazas á implicación de Xenia, a súa alma xemelga, coa que comparte a paixón pola lectura, e en concreto pola lectura d'*O vixía no centeo*, pechándose a trama cun final feliz e aberto á vida futura de Xenia e do protagonista. A imaxe da cuberta é unha fotografía de Shutterstock, que amosa un rapaz sentado sobre un monopatín, nunha posición que revela tristura. O protagonista envólvese cos seus brazos, non se lle

ve o rostro e a ausencia de referencia espacial incide na sensación de illamento e abandono que transmite a escena.

**Recensións:**

- María Navarro, "Coidado e dosificación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 565, "Libros", 17 decembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 520, "Letras galegas", 26 decembro 2015, p. 10.

Realiza unha aproximación á temática e argumento da obra que xira arredor da mentira, da cal afirma que "sexa piadosa ou non, é unha forma de engano que se ha de rexeitar calquera que sexa a face que presente e calquera que sexan os motivos que a propicien". Tamén destaca o coidado na narración e a dosificación da información que realiza a autora e salienta que "a ficción literaria ponse ao servizo da pedagoxía para dende aquí amosar que o que non vemos e nos contan pode ser mentira".

**Sendak**, Maurice, *Máis alá da fiestra*, *pícaros* (*Outside over there*, 1981), ilust. do autor, trad. Xosé Manuel González, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [prelectorado], abril 2015, [40] pp. (ISBN: 978-84-8464-862-8).

Álbum de Maurice Sendak (Estados Unidos, 1928-2012), no que conta a historia de Ida que, estando seu pai ausente, asume a responsabilidade de coidar da súa irmá bebé. Esta é subitamente raptada por entes perversos e Ida, gañando poderes máxicos, non descansa até que non a atopa e consegue regresar con ela a casa. Na imaxe da cuberta aparecen os dous irmáns protagonistas. Nas primeiras páxinas dos créditos, a dedicatoria e a portada avanza o fondo da narración coa nena intuíndo as estrañas presenzas dos trasnos. As fermosas e coidadas ilustracións achegan moitos detalles visuais á lectura desta historia, que mestura a realidade coa imaxinación, os soños e os medos da nena protagonista. As composicións, ás veces, teñen un compoñente surrealista froito de traballos con escenas fantásticas. A técnica empregada está na liña das ilustracións vitorianas do século XIX.

**Recensións:**

- María Navarro, "Instrumento liberador", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 548, "Libros", 25 xuño 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 503, "Letras galegas", 4 xullo 2015, p. 10.

Presenta este volume de Maurice Sendak referíndose ao argumento. Considera que o seu carácter onírico lembra o mundo da fantasía de fadas e trasnos en convivencia cos humanos e observa que o comportamento da protagonista actúa, en parte, como indicador "da urxente procura". Considera, desde o punto de vista plástico, que hai certa ambigüidade que vai paralela ao texto, amosando, por momentos, a natureza como protagonista. Refírese tamén aos eixes temáticos, nos que se insire a obra, como o dos soños prohibidos. Con respecto ás imaxes do volume, sinala que transportan o lectorado a un mundo de soños.

- Sara Reis da Silva, “Da infancia, do soño e do medo: ‘Máis alá da fiestra”, *El Correo Gallego*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Tendencias”, “ELOS de lectura”, 7 xullo 2015, p. 40.

Felicita a Kalandraka Editora por publicar a obra do autor. Destaca a controversia que presenta a trama e o dominio verbal e visual do autor. Por outra parte, subliña que neste libro se bota man do tópico “faz-de-conta” e do recurso á memoria. Comenta o argumento do relato, liga as ilustracións ás “reminiscencias da pintura clásica” e considera que funcionan como unha lectura en paralelo.

**Silverstein**, Shel, *A árbore xenerosa* (*The Giving Tree*, 1964), ilust. do autor, trad. Chema Heras, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], setembro 2015, [64] pp. (ISBN: 978-84-8464-962-5).

Álbum narrativo do norteamericano Shel Silverstein (Chicago, 1930-Florida, 1999), que reflexiona sobre as etapas da vida, o sentido da felicidade, os elementos materiais e inmateriais, a xenerosidade e o comportamento do ser humano coa natureza. O volume comeza amosando a relación de amizade que existe entre os protagonistas, unha maceira e un neno. O cativo visita a árbore todos os días, xoga coas súas follas, sobe polo seu tronco, come as súas mazás, gabea polas súas gallas e dorme á súa sombra. Ambos son felices, porén o tempo transcorre tornando todo ao seu redor. O neno crece, as súas prioridades mudan e a maceira deixa de ser o centro da súa vida. Aínda así, a árbore segue agardando a visita do seu amigo e gozando do pracer de axudalo na adolescencia, na idade adulta e na vellez. O escritor afonda nos sentimentos desinteresados e non correspondidos da maceira, ademais de evidenciar que os desexos materiais resultan efémeros co inevitábel paso do tempo, idea que se reflicte perfectamente na diferenza entre o emprego do verbo “querer” ao longo do relato e “necesitar”, unicamente, no final da obra. As ilustracións deste libro son moi sinxelas: uns debuxos de tinta feitos con liñas negras que só se centran na árbore e o neno protagonista. A conxunción das imaxes co texto é completa e, con moi poucas formas, a narración visual vai amosando o transcorrer da vida do rapaz e como o paso do tempo cambia o seu aspecto e o da árbore. A pesar da simplicidade, están cheas de tenrura, con composicións de dobre páxina que reflicten a relación entre o neno e a árbore.

**Solé Vendrell**, Carme, *A Lúa de Xoán* (*La lluna d’en Joan*, 1982), ilust. autora, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], setembro 2015, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-934-2).

Álbum infantil de Carme Solé Vendrell (Barcelona, 1944) publicado orixinalmente en 1982, que presenta unha temática pouco habitual: a enfermidade e o temor á morte. O libro ábrese cunha dedicatoria “A Cesc, María e Matilde, e á illa de Menorca” e comeza narrando a ledicia de Xoán e do seu pai, que viven tranquilamente nunha casiña na beira do mar. Namentres o pai sae todas as noites a pescar, Xoán fica na casa coa compaña da Lúa. Porén, unha noite de treboada e escuridade todo muda, o pai regresa sen forzas e doente. Co temor a ficar só no mundo, Xoán inicia unha viaxe, semellante a un período de evolución e transformación interior, para recuperar a saúde do pai, na que deberá demostrar a súa coraxe, enfrontándose a perigos e dificultades. A súa amiga, a Lúa, daralle folgos e valor, indicándolle o camiño e alumeando as tebras da noite coa súa

nítida luz. Finalmente, este fantástico percorrido levará os protagonistas até a profundidade do mar, no fondo dunha cafurna, onde un enorme polbo enreda coa vida do pai de Xoán. Trátase dunha narración cargada de simbolismo e metáforas, na que as palabras e as imaxes se complementan para evocar e reflectir sentimentos complexos. Pese a que o álbum xira arredor do medo que sente o protagonista ante a morte dun ser querido, cabe destacar a presenza de elementos esenciais como a superación, a valentía, a importancia da amizade e de non darse nunca por vencido. Solé Vendrell ofrece unha paisaxe moi detallada, enfeitada coa ferocidade do mar, o chío das gaivotas e os elevados cantís. As imaxes acompañan os textos axudando a narración chea de metáforas cunhas ilustracións delicadas. As cores axudan a describir os momentos máis tráxicos escurecendo os debuxos e iluminando as escenas plácidas e tranquilas. A figura do neno amosa gran variedade de emocións nas expresións do seu rostro.

**Recensións:**

- Verónica Pousada Pardo, "Unha loita contra o medo", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 1 novembro 2015, p. 4.

Comenta que esta escritora catalá se caracteriza por empregar temáticas pouco habituais na literatura infantil e informa da relevancia acadada nestes anos até conseguir unha proxección internacional. Resume a trama do libro e destaca a reflexión sobre a morte, o medo e a enfermidade. Sinala algúns trazos particulares deste álbum como o simbolismo, as metáforas e a conexión entre imaxes e texto. Por último, recomenda a súa lectura e establece unha relación coa realidade galega mariñeira.

- María Navarro, "Máxico simbolismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 562, "Libros", 26 novembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 517, "Letras galegas", 5 decembro 2015, p. 10.

Comeza apuntando a relación especial entre o protagonista deste volume, Xoán, e a lúa. A seguir, ofrece un breve resumo do argumento e describe o carácter perseverante e loitador de Xoán, quen tenta a procura dun remedio para o seu pai enfermo, o cal provoca que o lector se converta en cómplice desta "aventura terapéutica". Fala tamén do papel da lúa, unha constante na literatura, que se converte na luz que axuda o protagonista ao longo do proceso. Para rematar alude ao forte simbolismo da obra e ás súas ilustracións caracterizadas polo poder da suxestión.

**Šrut**, Pavel, *Os papacalcetíns*, ilust. Galina Miklínová (*Lichožrouti*, Paseka, Praha, 2008), ilustr. Galina Miklínová, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi Books, 2015, 215 pp. (ISBN: 978-84-15920-76-2).

Volume de Pavel Šrut (Praga, 1940) que se inicia cunha dedicatoria: "A Galina, responsable desta alegría". Por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes, cóntase a historia dos papacalcetíns, uns seres peculiares que son os responsábeis de que existan tantos calcetíns desemparellados no mundo. Todas as anécdotas comparten un fío condutor marcado polo humor e o suspense. As ilustracións de Galina Miklínová (Ostrava, 1970) son sutís e coidadosas no debuxo, no trazo, no

detalle e na creación de personaxes. Nos títulos de cada un dos capítulos preséntase os personaxes, ao tempo que xoga coa letra capital, integrando o texto coas imaxes a través do calcetín como elemento unificador. Os debuxos recrean con humor as aventuras e peripecias dos papacalcetíns. As gardas do libro presentan por unha banda os personaxes protagonistas desta historia -os papacalcetíns- e, pola outra, un mapa da cidade onde viven. Na portada aparece o personaxe colectivo sobre fondo branco, como ocorre en case todas as ilustracións, que presentan como elemento característico a textura raiada de bolígrafo.

**Recensións:**

- Paula Fernández, "Máxicos calcetíns", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 553, "Libros", 24 setembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 508, "Letras galegas", 3 outubro 2015, p. 10.

Comeza destacando a orixinalidade e comicidade deste volume, no que se presenta un mundo paralelo ao das persoas. A seguir ofrece un resumo do argumento, no que uns seres máxicos, chamados os papacalcetíns, serán os encargados de propiciar unha multiplicidade de enredos na vida cotiá de varias persoas. Di que se trata dunha lectura rápida e cargada de acción, na que o amor e a amizade conforman os ingredientes principais, e recalca o xeito orixinal do autor á hora de realizar a descrición dos personaxes. Para rematar fai fincapé en que se trata dun volume cargado de suspense até o final.

**Valios i Buñuel**, Ignasi, *Onde viven as fadas?*, trad. Anaír Rodríguez, col. Contos para ler ás escuras, [prelectorado e lectorado autónomo], Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2015, [20] pp. (ISBN: 978-84-9914-913-4).

Conto de Ignasi Valios i Buñel (Lleida, 1963), no que se trata de encontrar o lugar onde viven as fadas para o cal se fan preguntas de posíbeis lugares nos que poderían residir. Así, "As fadas viven nunha lámpada? Non, aquí vive un xenio", entón "Viven nun castelo? Non, aquí viven as pantasma", etc. O texto, que dá conta de diferentes lugares e personaxes fantásticos, acompáñase dunhas ilustracións nas que se empregan pouca variedade de cores e que complementan visualmente a narración textual. Trátase dun volume que se pode ler ás escuras, xa que, se se pon baixo un foco de luz e despois se apaga este, pódese ver como se iluminan diferentes partes ou mesmo se descobren novas mensaxes que á luz non se poden ver. As ilustracións están realizadas cunha tinta plana de cor violeta sobre fondo branco, pero na escuridade descubrimos imaxes e textos fosforescentes que completan a composición e o relato. A lectura descansa nas ilustracións que van amosando espazos fantásticos, onde se poden ver as fadas: castelos marabillosos, bosques encantados, covas misteriosas etc.

**Referencias varias:**

- Ignasi Valios i Buñuel, "Onde viven as fadas?", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 7 novembro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Onde viven as fadas?*, escrita por Ignasi Valios i Buñuel.

# *VII.2 POESÍA*

## VII.2.1. POETAS GALEGOS

**Alonso Diz**, Miguel Ángel, *O valente coello que quixo soñar*, ilust. Luz Beloso, lim. Helena Villar Janeiro, Pontevedra: Nova Galicia Edicións, [prelectorado e lectorado autónomo], 2015, [34] pp. (ISBN: 978-84-943881-1-8).

O álbum de Miguel Ángel Alonso Diz e Luz Beloso constrúe unha fermosa historia ao redor dos soños. A través dun poema narrativo que asemella unha fábula en verso, cóntase a historia dun pequeno coello que quería navegar, e parte do seu fogar ás escondidas, en busca do seu soño. Comeza o seu periplo na procura de alguén que poida axudalo ata que o sol se ofrece a levalo xunto a unha serea que cumprirá o seu desexo. A historia queda aberta, pois non se chegará a saber se o coello se converte en capitán ou serea. Cómpre sinalar que o personaxe da serea é quen lle relata a historia do valente coello ao peixe Breogán, aínda que parte dos sucesos se enfían mediante o recurso pregunta-resposta. Tamén se suceden dous tipos de estrofas que se repiten e acentúan o ritmo da historia: unhas refírense aos desexos do coello que quere navegar, mentres que noutras se recollen as curiosidades daqueles personaxes cos que o coello se atopa no seu camiño. Estas estrofas seguen os esquemas das cancións dos xogos infantís e buscan a interacción co lector, a quen inducen a dar palmas a través do verso "plas, plas, plas", así como é interpelado para que expoña o que considera que fará o coello. No tocante ás imaxes, destacan polo emprego das dúas paxinas para ilustrar as escenas que se describen na composición, incorporando o texto, na meirande parte dos casos, na páxinas da esquerda e no seu centro. Sobresae o emprego de ilustracións onde a cor rechamante é a protagonista e nas que se incorporan elementos reais como a area da praia e as pedras convertidas en seres animados, a través da súa humanización co debuxo de caras sobre elas. Nas páxinas introdutorias Helena Villar Janeiro realiza unha poesía que resume a historia que convida a ler.

**Amil**, Chuches, *Un conto ao revés*, ilust. Javi Prieto, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, serie sonárbore, [lectorado autónomo], 2015, [28] pp. (ISBN: 978-84-9865-620-6). Inclúe CD.

Libro-disco de Francisco Amil Serantes (A Coruña, 1971) que contén un apartado de agradecementos, así como información sobre os músicos que participan no CD. O relato presenta as aventuras fantásticas de dous irmáns curiosos, Eirín e Milucha, os cales todas as noites traspasan os portóns que conducen ao Universo de Ensoñación. Fano na compañía de Suitar, un xigante que pode minguar se quere. Cada soño constitúe unha aventura, de maneira que esas viaxes son as que compoñen cada un dos apartados: "Unha illa no océano dos soños", "No Canedo", "Os porcos das Fragas do Eume", "Pequerrecho, melenudo", "Conto ao revés", "Os monstros xa non queren asustar", "Somos colegas", "Chegou o verán", "Todos no mar", "Neve a esgalla" e "Durme, peque". Así mesmo cada un deses soños ten a súa correspondente canción. As ilustracións figurativas de Javi Prieto acompañan aos textos das cancións cunha imaxes coloristas e alegres. Os personaxes teñen un aspecto simpático, os animais compórtanse

coma as persoas e as figuras teñen un deseño imaxinativo e fantástico. As composicións ocupan unha páxina enteira e forma de círculo.

**Referencias varias:**

- N. V., "Despois de 17 anos a Fundación Artabria renova o seu local e o seu programa de actividades", *Diario de Ferrol*, 1 outubro 2015, p. 14.

Informa da presentación deste libro dentro do programa de actividades da Fundación Artabria de Ferrol.

**Babarro**, Xoán, *O país das Andaviras*, ilust. Viki Berre, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Bolboreta, [prelectorado e lectorado autónomo], 2015, 27 pp. (ISBN: 978-84-7824-649-6).

Poemario de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, 1947) composto por vinte e catro poemas, o primeiro dos cales leva o mesmo título que o libro. Nel preséntase o país das andaviras, no que eses trebellos para espantar paxaros miran agora "o gato/desde o silencio" e fan que bufe o vento nun ambiente de misterio. A continuación, os principais protagonistas das composicións son os paxaros -o bufo, a merla, o paspallás, a perdiz, a lavandeira, o birrio, o cuco, a gaivota, a roda, a cegoña, o pardal, a bolboreta, a bubela, a andoriña, a pega, o estorniño e o merlo-, ademais doutro tipo de voadores como o morcego ou o galo. O texto que aparece na contraportada recolle, a modo de poema, unha definición do que representa este territorio habitado polas andavías comezando cun verbo predicativo e seguido de frases curtas como "É un soño de sabores./ O arrecendo de todas as flores". Desde o punto de vista formal, destaca a alternancia da rima consonante coa asonante, aínda que a presenza da primeira sexa máis habitual. Tamén son moi frecuentes as onomatopeas que axudan a identificar os animais e o uso de exclamacións e interrogacións, así como as repeticións que teñen como obxectivo potenciar a memoria ou a concentración do lectorado. As ilustracións son da autoría de Viki Berre (Muxía), representan cada un deses animais e destacan polo manexo da cor.

**Canosa**, María, *Parar o Mundo*, ilust. Marcos Viso, A Coruña: Editorial Trifolium, col. Lunalimón, [lectorado autónomo], outubro 2015, 85 pp. (ISBN: 978-84-944092-6-4).

Nesta entrega poética de María Canosa (Cee, 1978), o eu lírico pregúntase que sería do mundo se o puidese parar; que sería de certos elementos da natureza como as nubes, as follas dos carballos, a auga dos ríos... O texto acompáñase das ilustracións de Marcos Viso (Ourense, 1973) maiormente realizadas en cores frías.

**Castaño**, Yolanda, *Coller as rendas*, ilust. Xosé Tomás, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado e lectorado autónomo], xaneiro 2015, 40 pp. (ISBN: 978-84-9914-806-9).

Poemario de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), no que afonda na importancia de reforzar os valores de respecto á personalidade de cada individuo, a

través da descrición da situación e as peculiaridades de distintos animais. É un cántico ao respecto das peculiaridades da natureza que incide en que hai que deixar que cada ser co que se convive continúe a desenvolver o seu papel no mundo natural; unha clara metáfora da vida, do lugar que cadaquén ocupa e dos valores a desempeñar que nunca están de máis recordar, especialmente, nos primeiros anos de formación. Caracterízase pola similitude na extensión das súas estrofas e a continuidade case musical e dáse a entender que a finalidade da obra descansa na idea de comprender que na natureza cadaquén ten o seu deber e que os animais saben o porqué da súa existencia. As fortemente delineadas ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos, 1971) correspóndense coa marcada personalidade de cada un dos personaxes que participan en cada poema. O uso das texturas e cores de cartón, a aparición de imitacións de papeis pertencentes a libretos, a presenza de lapis recentemente empregados e os pequenos bocexos nas marxes evocan irremediabelmente a escola e sitúan o lector nun ambiente educativo.

**Recensións:**

- María Navarro, "Desexos de liberdade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 539, "Libros", 23 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 494, "Letras galegas", 2 maio 2015, p. 10.

Comenta que neste poemario aparecen dezaseis animais que teñen en común o desexo de liberdade e a consecución dunha meta concreta. Salienta a "musicalidade das palabras e a sinxeleza na expresión", ademais da interpretación en clave metafórica. Por último, apunta que a proposta plástica de Xosé Tomás "quere emular o proceso de nacemento, formación e consolidación de cada ser".

- Inés Sánchez Díaz-Marta, "Hai que coller as rendas", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 12 maio 2015, p. 43.

Saliéntase especialmente o valor didáctico deste poemario, xa que, grazas á mestura entre lírica e ilustración, "permite poñer en práctica a maioría das nove intelixencias múltiples da teoría do psicólogo Howard Gardner". Faise unha crítica positiva da metáfora empregada pola autora para "valorar a individualidade e o respecto á natureza", a través de distintos animais para falar das distintas personalidades e valores que cada persoa ten e que hai que respectar, idea que reforzan os debuxos de Xosé Tomás.

**Referencias varias:**

- Mario Álvarez, "Nova entrega do tándem Castaño e Tomás", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 marzo 2015, p. 46.

Informa da publicación do quinto álbum ilustrado de Yolanda Castaño, que contou coa colaboración do ilustrador Xosé Tomás, quen incorpora bosquexos dos personaxes a modo de "caderno de ilustracións". Indica o argumento do poemario que invita a aprender a tomar decisións e incide na importancia da rima como estratexia interesante e rendíbel para o público infantil.

**Castro**, Juan (coord.), *A danza dos xacentes. XLII edición dos Premios Literarios "Minerva" 2014*, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos/Editorial Galaxia, [lectorado mozo], 2015, [96] pp. (DL: C 63-2015).

Recóllense os relatos e poemas gañadores dos XLII Premios Literarios Minerva 2014. Logo de sinalar os membros do xurado desta edición, aparecen os diversos textos gañadores, distribuídos nas dúas modalidades, a de poesía e a de narración. Inclúe algunhas ilustracións dos alumnos do Colexio M. Peleteiro, onde empregan debuxos a liña realizados a tinta chinesa, a rotulador e a grafito. As imaxes son interpretadas coma símbolos sobre o texto. En canto á modalidade de poesía, inclúense os seguintes relatos: "A danza dos xacentes" (pp. 7-[14]), Primeiro Premio de Poesía, de Antón Blanco Casás; "Oi pnéontes: os que respiran" (pp. 15-[22]), Segundo Premio de Poesía, de Paula A. Rey Baliña; "Instantáneas" (pp. 23-[30]), Terceiro Premio de Poesía, de Kai L. Baltrusch Montero; "Nocturno" (pp. 31-[38]), Primeiro Accésit de Poesía, de Alexandre Fernández Peón; "O indómito do que non vibra" (pp. 39-[46]), Segundo Accésit de Poesía, de María Vilas Pazos e "No campo triunfal dos mortos" (pp. 47-[56]), Terceiro Accésit de Poesía, de Santiago Alonso Pérez. A cuberta do libro, de Alejandro Álvarez Corujo, é unha ilustración sobre fondo negro; un debuxo que xoga con elementos figurativos alusivos á literatura e a morte. Xa no interior as ilustracións, sempre aludindo á temática do texto narrativo ou poético, son obra de alumnos e alumnas de Educación Plástica e Visual do Colexio M. Peleteiro. Debuxos en lapis ou rotulador negro sobre o fondo da páxina. Na capa interior traseira, unha fotografía co grupo de premiados e membros do xurado dos premios.

Tamén está descrito no apartado *VII.1. Narrativa* deste *Informe*.

**Castro**, Juan (coord.), *Abecedario da devastación. XLIII Premios literarios "Minerva" 2015*, portada Diego Calvo Barros, maqueta e deseño alumnos de Ed. plástica e Visual 4ª ESO Colexio Manuel Peleteiro, [Santiago de Compostela]: Colexio Peleteiro/Revista Vamos, 2015, [117] pp. (DL: C 2238-2015).◆

Volume colectivo no que se acollen os relatos e poemas galardoados na XLIII edición dos Premios Literarios Minerva. Tras a relación do xurado das modalidades de poesía e de narración, reprodúcense os textos galardoados e os accésits concedidos, aparecendo en primeiro lugar os da modalidade de poesía e a seguir os de narración:

- Paula Rey Baliña, "Abecedarios da devastación", Primeiro premio de poesía, pp. 7-[13].

Breve poemario estruturado en poemas denominados "actos" e iniciados por citas tiradas de Allen Ginsberg, Konstantinos Kavafis e John Keats, respectivamente. Neles estabelécese un diálogo con Marceline, Eloïse e Therèse para plasmar unha crítica da sociedade, dende a perspectiva dunha "filla da diáspora", no primeiro acto; reflexionar sobre o sentimento de enfermidade ante a morte de alguén amado; e dar voz a quen sofre feridas aínda sen cauterizar, por mor do silencio ante a devastación e o sometemento.

- Manuel Daporta Cendán, "Néboa amarela", Segundo premio de poesía, pp. 15-[22].

Breve poemario composto polos poemas "Mar de silencio", no que se plasman as consecuencias para os mariñeiros que non saben "nada" e son arrastrados polo mar, que os consegue atraer coa súa voz, como se fosen unha serea; "As letras prohibidas", onde se reivindica o valor dun vello gardador de libros de poesía, que non se atreveron a ler os homes, así como outros que foron queimados e non lidos; e "Zapatillas", no que se critica o mercado de fabricación abusiva que se agocha tras a etiqueta "Made in China".

- Sara Martínez García, "Pecados de segunda man", Terceiro premio de poesía, pp. 23-[30].

Breve poemario composto por tres pecados: no "I" a voz poética expón os seus remorsos por consumar unha relación agochada de portas cara a fóra; no "II" lembra as fotografías que plasman esa relación amorosa; e no "III" nomea por vez primeira a "Ela", Maura, e homenaxea a novela *Orgullo e prexuízo*, de Jane Austen.

- Marcela Porto Castro, "Planimetría do viandante", 1º accésit de poesía, pp. 31-[38].

O breve poemario componse de tres textos que representan o itinerario dunha viaxe iniciada en "Berlín (SFX)", no que se resalta a "defensa mimetizante" coa que esta cidade se impón ante un plural "nós" que non se precisa; continuada en "Londres - Berlín (LHR)-(SFX)", onde se recolle o afogo que sente no percorrido no metro londinense; e rematada en "Compostela-Londres-Berlín (SCQ)-(LHR)-(SFX)", no que invoca e loa a súa querida Compostela, "cidade de xeometría inconsciente".

- Xoel Geada Geada, "Son", 2º accésit de poesía, pp. 39-[46].

Os catro poemas, sen título, presentan unha dobre estrutura: os dous primeiros serven de presentación, xa que comezan aludindo a Stephen Hawking e á ausencia de Penélope, antes de incidir na morte de John Lennon e resaltar a súa viúva, Yoko Ono. Os dous poemas restantes, con numeración ordinal, rememoran con nostalxia momentos dun pasado, no que a voz poética lembra cando cuestionaba "a morte pola vida".

- Fátima Barros Monteagudo, "Un berro de inverno", 3º accésit de poesía, pp. 47-[54].

Os tres poemas conforman un berro contra o amor perdido. No primeiro, "Nostalxia", invócase a un "TI" coa esperanza de que aínda poidan facer un percorrido xuntos; no segundo, "Recordos", dende o momento actual, cavila no que perdeu co paso das horas; e no terceiro, "Adeus", interrógase sobre o camiñar confuso do namorado entre a dúbida, a desesperanza, a posibilidade de que o amor reviva e o silencio.

Tamén está descrito no apartado *VII.1. Narrativa* deste *Informe*.

**Espinosa**, Estíbaliz, *Caer de cú polo universo*, A Coruña: Apiario, 2015, [prelectorado e lectorado autónomo], 32 pp. (ISBN: 978-84-943210-4-7).

Poemario de Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974), que ten como protagonista a Pandora, unha astronauta que lle conta as súas viaxes polo Universo a un grupo de nenos e nenas que lle fan preguntas. Pandora vai contando as súas aventuras polo cosmos, describindo á súa vez como é a Constelación de Orión, a Lúa, o Sol… e demais

sitios polos que vai pasando, mentres busca o "cu do mundo", que non se sabe onde é, pese a usarse sempre esa expresión. Péchase o volume con postais, nas que os lectores e as lectoras digan onde estiveron e como o pasaron co propósito de que poida ir Pandora. O texto acompáñase das ilustracións de Lucía Cobo, nas que se empregan as cores frías (verdes, azuis…).

**Freire**, Diego e Daniel **Díaz** (eds.), *O souto dos prodixios*, ilust. Simón B., [Ourense]: Verkami. [prelectorado e lectorado autónomo], 2015, [28] pp. (ISBN: 978-84-608-1651-5).

Álbum interactivo realizado por Diego Freire e Daniel Díaz que, a través dun personaxe do que non se dan máis datos que a propia representación gráfica e que se dirixe ao lectorado utilizando a segunda persoa, erixe unha mensaxe ecoloxista en contra da tala indiscriminada de árbores. A historia está contextualizada no Souto dos Prodixios, onde "todo pode suceder". O narrador vai presentando os curiosos animais que habitan o lugar como o ourizo Mauricio, os coellos bailaríns, as raposas cantareiras ou os xirasoles que dormen de día. Todos xuntos, e pedindo a axuda dos lectores, deteñen as malvadas motoserras que veñen destruír a foresta.

**García Teijeiro**, Antonio e Antonio **Reigosa**, *Lendo lendas, digo versos*, presentación dos autores, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado mozo], outubro 2015, 163 pp. (ISBN: 978-84-9914-916-5).

Volume narrativo e poético da autoría conxunta de Antonio Reigosa (Zoñán-Mondoñedo, 1958), encargado da recompilación e recreación dos vinte relatos lendarios que se acollen, e de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), responsábel do transvasamento poético desas lendas. Na "presentación" da obra os autores explican que pensaron en realizala a partir dunha consulta dunha amiga común, Carme Pernas Bermúdez, na que constataron a carencia de poemas que atendesen a seres míticos da cultura popular tradicional galega. Salientan ademais que o relato lendario "ten, dalgún xeito, categoría de dogma; é a recreación mediante a palabra dunha verdade atávica" e que o obxectivo final dos personaxes, lugares e elementos presentes nos relatos lendarios é "resistir o máximo tempo posible na memoria colectiva". Rematan precisando un dobre propósito: procurar o goce dos lectores e "provocar a curiosidade polo coñecemento da literatura e da cultura popular de Galicia". A seguir acóllense as vinte lendas e as correspondentes creacións poéticas, complementadas polas ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953) referidas ao momento concreto do ritual de desencantamento. As formas delicadas das figuras esvaécense nunha atmosfera de cores cálidas. A tradución a imaxes de estilo surrealista dos textos complementa unhas páxinas que falan de fantasías, lendas e soños.

Tamén está descrito no apartado VII.1.1. Narradores galegos deste *Informe.*

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "O último Neira Vilas", *Diario de Arousa*, "O Salnés Siradella", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 912, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 912, p. 30, "máis Libros", 20 decembro 2015.

Comeza incidindo na pervivencia da transmisión oral como herdanza dos avós aos netos e como fonte de inspiración, ademais de resaltar a recuperación e valorización da literatura de transmisión oral e da cultura popular galegas por parte de diferentes mediadores. Sintetiza as traxectorias de Antonio García Teijeiro, Antonio Reigosa e Xosé Cobas respecto á transmisión oral e á Literatura Infantil e Xuvenil galegas. Destaca que esta obra "cubre a carencia de recreacións e actualizacións poéticas de seres míticos da cultura popular tradicional galega". Sinala que os autores refiren a importancia de que perviva o relato lendario, "xa que este recrea rituais dogmáticos e achega o coñecemento de historias de lugares concretos e tempos heroicos e remotos". Alude á estrutura da obra, á variedade temática e xeográfica das lendas recollidas e á que as mouras, tiranos, sereas, raíñas, árbores, penedos etc. se caracterizan pola duplicidade ben/mal, dependendo do encantamento. Finaliza resaltando que *Lendo lendas, digo versos* é unha "obra pioneira" e salienta a unión de lenda-recreación poética-ilustración do desencantamento, a reivindicación e contaxio da transmisión oral "a lectores de calquera idade" e a bibliografía incluída que cualifica "de consulta obrigada para afondar na cultura popular".

**Referencias varias:**

- Amalia Mauleón, "La poesía más salada de García Teixeiro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 11 novembro 2015, p. 39

Faise eco da presentación deste volume en Lugo e na libraría Librolouro de Vigo.

- Jaureguizar, "Reigosa: 'Fixemos o libro porque non había poesía de mouras ou encantos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 12 novembro 2015, p. 64.

Informa da presentación deste volume na libraría Trama en Lugo, na que o seu autor explicou a orixe da obra e fixo fincapé na súa intención de suplir a falta de poesía con mitoloxía popular.

**García Teijeiro**, Antonio, *Palabras do Mar*, ilust. Xosé Tomás, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, [lectorado mozo], decembro 2015, 34 pp. (ISBN: 978-84-16456-03-1).

Poemario fantástico-realista de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), no que, por medio dunha voz en terceira persoa e do eu poético, se tratan temas mariñeiros e os sentimentos que provoca o mar. O libro dende o seu comezo, "[…]Palabras do mar" dá conta do que o mar pode espertar en nós, os sentimentos, o medo, o amor pola natureza, os soños ("o mar éche un soño que tiven de neno"), así como tamén fala de todo o que se pode atopar nel, como son as sereas, os mariñeiros ou incluso a area. Xógase co metafísico, co mundo dos soños facendo referencia á Lúa e tamén co poder que esta ten sobre o mar e, por ende, sobre nós. O mar pode inspirar calquera sentimento segundo o noso estado de ánimo ou segundo o que se poida percibir nel. O libro, que presenta unha estrutura circular, inclúe poemas como "Unha copla" ou "Unha cantiga de berce", que

albergan unha personificación do mar como figura que ensina ou mesmo como un pai ou unha nai, así o primeiro deles di "andaba o mar […] facía versos nas rochas para que lesen os peixes" e o segundo di "durme, meniña fermosa, durme no colo do mar". O texto acompáñase de ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos, 1971), nas que xoga co cromatismo, dado que só emprega cores frías que representan a cor do mar, con verdes e azuis. Cabe destacar que a única ilustración que se atopa de distinta cor é a do poema que se titula "e de areas…", que xoga coa cor da terra. Nas ilustracións que fan referencia ao mar atópanse barcos, peixes, sereas e mariñeiros e mesmo un rapaz. Pola súa parte, na que fai referencia á terra atópase unha cuncha, follas e persoas que poden representar a humanidade. As ilustracións están feitas con lapis de cores e con figuras acordes á temática dos poemas.

**Morlán**, Rosalía, *Canta a lúa coas estrelas*, ilust. Isa Albela, limiar Xosé Neira Vilas, Pontevedra: Son de Galicia (Técnicas&Gramaxe, S.L.), [lectorado autónomo], 2015, [26] pp. (ISBN: 978-84-943036-3-0). Contén CD.

Poemario infantil de Rosalía Morlán (Trazo, A Coruña, 1959), no que achega a música e a poesía aos máis cativos. O volume ábrese cunha dedicatoria da autora "A Irina, a máis fermosa princesa" e cun limiar de Xosé Neira Vilas, quen salienta o bo facer de Morlán e do músico Manoele de Felisa. Componse de catorce poemas: "Romántica flor da Camelia", "O arrolo das ondas", "Unha parella de bois", "Os ollos dos poetas", "Contando ata dez", "Namorouse a anduriña", "Catro gatos e unha ra", "A galiña choca/ A vaca Roberta/ Meu canciño coxo/ A ovella Raimunda", "Unha aldea especial/ Por ti", "Desexos", "Xa chegou o señor Nadal/ Naceu un meniño", "Encontrei un soño", "Non me chega o tempo" e "O Castelo da Rocha Forte". Nas composicións abórdanse temas como a expresión de sentimentos, o mundo animal e os soños. Compleméntanse coas ilustracións de Isa Albela (Ulla, 1986), nas que emprega un grafismo simple dirixido cara a un público infantil a través da pintura acrílica e cores saturadas e alegres. Enlaza os poemas dentro das imaxes a partir de ocos, recadros ou nos fondos.

**Moure**, Anxo e Servando **Barreiro**, *A música das árbores*, ilust. Chus Láuzara, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], outubro 2015, 47 pp. (ISBN: 978-84-9914-917-2). Inclúe CD.

Libro poético-musical escrito por Anxo Moure (Chantada, 1964) e Servando Barreiro (Santiago de Compostela, 1979), no que participan diferentes colaboradores, tales como Gonzalo R. Caride, Mónica Álvarez, Mauro Garrido, Suso Feixón, César Freiría, Cristina Fernández etc. Está formado por catorce cancións e conxuga a narración, a música e a poesía. Empeza presentando o lugar onde acontecen os feitos, Freixón, no que vive Coureliña, una pequena fada filla de Graciano Zoqueiro, un trasno e gaiteiro que descubriu que as arbores facían música. Coureliña soña con bosques, ríos, montañas, estrelas e nubes, un mundo no que a natureza e a fantasía conviven en harmonía. Cada canción ou poema recolle un tema da natureza como, por exemplo, o millo, as nubes, as estrelas... O texto acompáñase das ilustracións, de cores vivas, de Chus Láuzara (1961). Son imaxes de técnica mixta xeradas por ordenador.

**Neira Vilas**, Xosé, *O xardín de Irene*, ilust. Leandro Lamas, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, [prelectorado], marzo 2015, [30] pp. (ISBN: 978-84-92644-95-7).

O álbun de Xose Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928-2015) é unha composición poética, onde destaca o enxalzamento da natureza, a través dun xardín, en oposición ás cidades e ás paisaxes urbanas. A protagonista desta historia, Irene, ten un xardín fermoso, que ela quere e coida. Neste xardín pasan cousas fascinantes: o brote das plantas grazas ao sol, o seu crecemento pola choiva, a aparición das flores,… Pero ademais de todas as cousas fermosas, suceden experiencias moi divertidas como bailar coas amigas, mentres soa o piano, ou xogar cos bonecos do xardín coma os ananos e Brancaneves. É tan importante o xardín para Irene que todos contribúen a facelo crecer: a súa nai que lle regala a Brancaneves, os ananos que lle trouxo o seu pai de Suecia e incluso a visita da súa mestra. O volume consta de catorce composicións onde Neira Vilas escolle a estrutura do romance tan recorrente na literatura infantil, destacando as composicións de dez versos. As ilustracións de Leandro Lamas (Narón, 1973) baséanse na técnica da témpera a partir de cores saturadas e alegres. Emprega unha imaxe adaptada ao público infantil onde o texto (situado sempre na páxina dereita) se comunica coa ilustración.

**Neira Vilas**, Xosé. *Galicia, nosa ledicia*, ilust Dani Viéitez e Iria Iglesias, Ferrol: Editorial Embora, [lectorado mozo], decembro 2015, [70] pp. (ISBN. 978-84-16456-13-0).

Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, Pontevedra, 1928-2015) sérvese dos pareados para relatar a historia de Galicia, dende a cultura castrexa até os nosos días. Así faise referencia a diferentes acontecementos políticos, como son a Segunda República, o Partido Galeguista e a Ditadura, ademais de aludir a aqueloutros relacionados co ámbito da cultura e que permiten viaxar ata as poboacións castrexas, celta e romana ou a época feudal. O texto compleméntase coas ilustracións a dobre páxina de Dani Viéitez e Iria Iglesias, nas que se empregan cores cálidas (amarelos, marróns, laranxas, vermellos…).

**Rivas**, Paco, *Traca-Traco. 24 cantigas de nanar, un aloumiño e un arrolo*, ilust. Alfonso Otero Regal, ed. a cargo de Cándido Meixide Figueiras, pról. Xesús Alonso Montero, Ponte Caldelas: Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], maio 2015, 69 pp. (ISBN: 978-84-8289-492-8). Contén CD.

Poemario de Paco Rivas (Cervo-Lugo) que se abre con paratextos anunciadores do seu contido: unha estrofa e un refrán de nanar, precedendo aos textos presentadores de Xesús Alonso Montero e do propio autor. O primeiro incide no oportuno deste "manual", que pode contribuír á presenza da lingua galega no ámbito familiar, na intimidade dos momentos anteriores ao sono. Forma e fondo colaboran, segundo o prologuista, a este labor, dado que se percibe un universo construído sobre un vocabulario poético coherente. Paco Rivas, pola súa banda, en "Eu cantar cantar cantei", sinala a súa proximidade co mar e a ligazón entre mar e ensoño. O corpo do volume constitúeno un "Aloumiño para chamar a Pedro Chosco", figura mítica recuperada varias veces ao longo do poemario, o conxunto de "Nanares", un "Arrolo" e unha "Brincadeira". Os nanares aparecen acompañados da súa notación musical e presentan os recursos propios das fórmulas e cantigas de tradición oral: abondos paralelismos,

repeticións e contas polos dedos; e tamén da parte fónica: onomatopeas e aliteracións; múltiples rimas consonantes e asonantes. Os referentes paisaxísticos e temporais (o sol, a lúa, o caer do día) mestúranse cos espaciais (o berce, o arrolo, o colo…). A "Brincadeira (ou como debullar este arrolo)" péchase recuperando a fórmula que dá nome ao libro: "traca-traco…, a soñar!". Nos "Créditos e comentarios" recóllese a información referida á gravación de cada unha das pezas, ao contido do CD adxunto e aos agradecementos de produción. O libro está ilustrado polo pintor e escultor Alfonso Otero Regal (Foz, 1952), que emprega cores saturadas e planas, mesturada coa vermella a partir dos lapis de cores e o trazo negro do rotulador. O grafismo e o trazo evoca os artistas galegos Laxeiro e Luís Seoane. As ilustracións acompañan ao poema no lado esquerdo da páxina para deixar espazo no lado dereito á partitura musical.

**Referencias varias:**

- Xesús Alonso Montero, "Traco-Traco': eufonía poética", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Entrevista", "Beatus qui legit", 4 setembro 2015, p. 12.

Entre outras cuestións, valora a composición e os versos do autor, de quen destaca tamén a súa faceta como investigador da fraseoloxía do mar.

# VII.2.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Manuel María**, *Os soños na gaiola*, ilust. Noemí López, Lugo: Fundación Manuel María de Estudos Galegos, a partir de 12 anos, 2015, 70 pp. (ISBN: 978-84-942893-6-1). ◆

Reedición deste clásico da literatura infantil do poeta chairego Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004), publicado por primeira vez en 1968. A edición baséase na última versión do autor con correccións de lapsos e erros detectados por el mesmo tras a súa publicación, así como algunha modificación segundo o criterio manifestado tamén polo propio autor. Ábrese coa "Carta aos nenos", a modo de prólogo, onde xustifica a necesidade de publicar este libro. A seguir, aparecen as corenta e nova composicións distribuídas en varias epígrafes: "Galiza", "O mundo", "As cousas", "Homes, nenos e nenas", "Animais" e "Paxaros". Cada unha destas seccións son presentadas cunha ilustración, da autoría de Noemí López, situadas á esquerda, a toda páxina. O resto de ilustracións son dun tamaño menor e acostuman aparecer ao final de cada poema. Inclúe de agasallo a descarga de dous vídeos. A obra supón unha volta á infancia do eu lírico, caracterizado polo contacto coa natureza e a presenza do mundo rural como espazo positivo. A volta atrás supón unha fuxida cara á esperanza, ao tempo que se nega a perda duns referentes nun mundo que se transforma. O ritmo destaca pola sinxeleza propia das cantigas infantís, que invitan ao xogo, a través da repetición e a expresividade dos elementos.

**Referencias varias:**

- Susana Rodríguez, "Noemí López. 'Devezo por ter un tallerciño onde debuxar, nunha casa fronte ao mar', *El Progreso*, "Xente de aquí", "Moi persoal", 8 novembro 2015, p. 16.

Entrevista a Noemí López con motivo da súa participación como ilustradora neste volume, na que se abordan cuestións como os seus proxectos actuais ou o seu gusto polo público infantil, entre outras.

**Manuel María**, *Canta o cuco*, ilust. Leandro Lamas, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore Galaxia. Sonárbore, [lectorado autónomo], 2015, [30] pp. (ISBN: 978-84-9865-648-0). Inclúe CD.

Neste libro disco de Uxía Senlle e Magín Blanco, inclúense diferentes composicións musicadas dos textos de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004), correspondentes aos seus poemarios *Os soños na gaiola* (1968), *As rúas do vento ceibe* (1979), *Terra Cha* (1954) e *Os lonxes do solpor* (1993). Tamén se recolle a composición "Todo me fala de di", na que Senlle e Blanco establecen un diálogo co rico universo poético do autor chairego.

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, “Los versos de Manuel María, reinterpretados para niños”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 novembro 2015, p. 44.

Di que Uxía e Magín Blanco se unen neste libro-disco, publicado dentro da colección “Sonárbore” de Galaxia, o cal contén catorce cancións con versos de Manuel María, un tema escrito por ambos artistas e un álbum ilustrado por Leandro Lamas.

- C. C., “Os poemas de Manuel María foron escritos para nenos, pero a nosa música non”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Agenda”, 4 decembro 2015, p. 9.

Fala de que neste volume Uxía e Magín Blanco optan por musicar versos do escritor ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2016, Manuel María, e anuncia que tamén haberá un formato teatral.

- María Varela, “Un reencontro coa Galicia que cantou Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta*!”, n.º 803, “Entrevista”, 6 decembro 2015, pp. 6-7.

Entrevista a Uxía e Magín Blanco con motivo da presentación no Culturgal de Pontevedra deste volume, que conforma unha achega musical á figura do poeta Manuel María, do que salientan os seus valores como o amor á terra, á natureza ou á lingua.

**Miranda**, Anisia e Xosé **Neira Vilas**, *Cantarolas*, ilust. Leandro Lamas, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], 2015, 56 pp. (ISBN: 978-84-8464-978-6).

Reedición deste poemario de Anisia Miranda (Cuba, 1932-Gres-Vila de Cruces, Pontevedra, 2009) e Xosé Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces, Pontevedra, 1928-2015), que se publicou no ano 1995 tal e como se recolle no *Informe de literatura* correspondente a este ano. A primeira edición destes poemas fora ilustrada por Mª Fe Quesada e aparecera na colección “Merlín” de Edicións Xerais de Galicia.

**Referencias varias:**

- Ana Baena, “O ‘pai’ do Apalpador ilustra poemas de Neira Vilas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 10 decembro 2015, p. 11.

Sinala a publicación de *Cantarolas,* unha recompilación de poemas da autoría de Xosé Neira Vilas e da súa muller Anisia Miranda, ilustrados por Leandro Lamas, quen comenta que a publicación chegou á casa do escritor a véspera da súa morte. Tamén afonda no coñecemento do artista e enxalza que foi o encargado de ilustrar por primeira vez á figura popular do Apalpador.

# VII.2.3. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

**Carbonell**, Paula, *Un día no mar* (*Un día en el mar*), ilust. Marjorie Pourchet, trad. María Alonso Seisdedos, Fraga (Huesca): Ediciones La Fragatina, Serie Lo Mullarero, [lectorado autónomo], 2015, 40 pp. (ISBN: 978-84-16226-46-7).

Conto rimado, fantástico-realista, de Paula Carbonell (1970), que ten como narradora a nai de María e a esta rapaza, a protagonista da historia. Nel cóntase o que acontece nun día na praia coa súa filla. Explícanse os xogos cos que esta se entretén e dáse conta da marabillosa historia, baseada na imaxinación, na que María encontra unha nota dentro dunha botella no mar que a leva até outras e mesmo a atopar unha serea capturada por culpa dun pescador. Esta personaxe ofrécelle as súas perlas se a libera, pero María non as quere e déixaa libre mentres as perlas se esparexen polo mar. Finalmente María regresa xunto a súa nai e marchan da praia. O relato está ilustrado por Marjorie Pourchet (Francia, 1979) cuns debuxo de trazos finos e cores suaves.

**Gil**, Carmen, *O corpo acaba e comeza polos pés e a cabeza (El cuerpo acaba y empieza por los pies y la cabeza*), ilust. Sebastiá Serra, n.º 1 (ISBN: 978-84-8289-500-0); *Coñece estes animais e verás que son xeniais (Conoce a estos animales y verás que son geniales*), ilust. Xavier Salomó, n.º 2 (ISBN: 978-84-8289-498-0); *Ri o ceo de contento, con sol, chuvia, neve ou vento (Ríe el cielo de contento, con sol, lluvia, nieve o viento*), debuxos Rocío Bonilla, n.º 3 (ISBN: 978-84-8289-499-7); *Como nos gusta viaxar por aire, por terra ou mar (¡Lo que nos gusta viajar por aire, por tierra o mar!*), ilust. Marina Seoane, n.º 4 (ISBN: 978-84-8289-500-0); *A terra é unha marabilla, dun deserto ata unha illa (La Tierra es una pasada, de un desierto a una cascada*), ilust. Subi, n.º 5 (ISBN: 978-84-8289-501-7); *Cando medre -que ilusión!-, que serei de profesión? (Cuándo crezca- ¡qué ilusión!-, ¿cuál será mi profesión?)*, ilust. Jesús Aguado, n.º 6 (ISBN: 978-84-8289-502-4); *Canta árbore e arbusto! Saír ao campo é un gusto! (¡Cuánto arbol! ¡Cuánta planta! Salir al campo me encanta*), ilust. Fran Parreño, n.º 7 (ISBN: 978-84-8289-503-1); *Observade o mundo atentos, pois hai inventos a centos* (*Observad el mundo atentos. Veréis inventos a cientos*), ilust. Álex Herrerías Silva, n.º 8 (ISBN: 978-84-8289-504-8); *Canta xente vai e vén! A vila non se detén* (*¡Cuánta gente que va y viene! La ciudad no se detiene*), ilust. Óscar T. Pérez, n.º 9 (ISBN: 978-84-8289-505-5); *O deporte é divertido. Escolle o teu preferido!* (*El deporte es divertido. ¡Elige tu preferido!*), ilust. Teresa Ramos, n.º 10 (ISBN: 978-84-8289-506-2), trad. Elvira Ribeiro Tobío, Ponte Caldelas-Pontevedra: Edicións do Cumio, col. A caixa dos sorrisos. Libros para ler, rir e aprender, [lectorado autónomo], outubro 2015, [24] pp.

Conxunto de dez relatos rimados de Carmen Gil Martínez (Cádiz, 1962) que lles achega coñecementos da vida cotiá aos máis novos. Así *O corpo acaba e comeza polos pés e a cabeza* trata das partes do corpo (a cara, as mans, os pés, a cabeza etc.) por medio de metáforas descritivas das funcións que as diferentes partes do corpo realizan. O texto acompáñase das ilustracións figurativas de Sebastià Serra Bonilla, que representan as diversas partes do corpo e que acompañan as poesías con imaxes alegres e coloristas. En *Coñece estes animais e verás que son xeniais* céntrase nas características de diferentes animais exóticos (a xirafa, o elefante, o mono ou o canguro) e domésticos (o papagaio, o gato, a tartaruga ou a galiña), que se representan nas ilustracións con cores moi

alegres de Xavier Salomó. En *Ri o ceo de contento, con sol, chuvia, neve ou vento* trata das estacións do ano e elementos e fenómenos atmosféricos, tales como o sol, a choiva, a neve, a treboada etc. O texto acompáñase das simpáticas imaxes de Rocío Bonilla (Barcelona, 1970) coa técnica da acuarela, que imprime manchas de cores sutís. En *Como nos gusta viaxar por aire, por terra ou mar* dáse conta das aventuras que se poden vivir cos diferentes medios de transporte e as súas principais características. As ilustracións figurativas con cores moi alegres de Marina Seoane (Madrid 1957) imaxinan escenas onde aparecen os diferentes vehículos que, ás veces, seguen literalmente os textos e noutras hai máis liberdade de creación. *A terra é unha marabilla, dun deserto ata unha illa* céntrase en diferentes elementos da natureza, tales como un volcán, un iceberg, unha cordilleira, unha illa, un deserto etc. que Subi, nome artístico de Joan Subirana Queralt, traduce e interpreta a imaxes divertidas con cores alegres e contrastadas, introducindo elementos e figuras que permiten unha lectura visual máis detida. *Cando medre -que ilusión!-, que serei de profesión?* achega as profesións (bombeira, astronauta, cociñeiro, médica, escritor, mestre, varredora, pescador, veterinaria, carteira e fontaneiro) e as funcións de quen as exerce, acompañadas de divertidas ilustracións de Jesús Aguado, que recrean con imaxinación o texto, empregando cores variadas que se adaptan aos escenarios onde transcorre a acción. *Canta árbore e arbusto! Saír ao campo é un gusto!* describe as características de árbores (castiñeiros, aciñeiras etc.), flores (narciso, margarida, rosa etc.) e outro tipo de vexetación, acompañadas de debuxos a acuarela de cores suaves de Fran Parreño (Alcoy, 1981). *Observade o mundo atentos, pois hai inventos a centos* fala de diferentes inventos que se poden ver ou empregar no día a día e fan, ás veces, a vida máis fácil, como é o caso da lavadora, o móbil, o televisor, a vitrocerámica, o robot, o frigorífico, o ordenador, a radio, o forno e a calculadora, obxectos dos que se dá conta da súa utilidade. As ilustracións figurativas de Álex Herrerías (México, 1981) son interpretacións enxeñosas e crean composicións nas que ocorren cousas divertidas e absurdas. En *Canta xente vai e vén! A vila non se detén,* dá conta do día a día dunha vila cos semáforos, coches, bicicletas, rañaceos etc., que se complementa coas ilustracións figurativas de Óscar T. Pérez que teñen moitos detalles das rúas da vila: as fiestras dos edificios, os farois, os coches, os escaparates etc. En *O deporte é divertido. Escolle o teu preferido!*, trata diferentes xogos ou deportes que se poden practicar (fútbol, andar en bicicleta, xogar ao baloncesto, facer natación, a videoconsola, a oca etc.), reflectidos nas ilustracións con cores alegres e contrastadas de Teresa Ramos que retratan personaxes infantís, con faces que desprenden felicidade, practicando deportes e actividades divertidas.

**Minhós Martins**, Isabel, *Para onde imos cando desaparecemos?* (*Para Onde Vamos Quando Desaparecemos?*), ilust. Madalena Matoso, trad. Anaír Rodríguez Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], xaneiro 2015, [46] pp. (ISBN: 978-84-9914-962-2).

Álbum ilustrado de corte filosófico escrito por Isabel Minhós Martins (Lisboa, 1974) que utiliza o dobre significado da palabra desaparecer (estar fóra do campo de visión ou falecer) para tratar con sensibilidade un tema tan delicado como a morte. Fala sobre a desaparición de obxectos cotiás a través de pequenas construcións poéticas que dan paso a reflexións sobre a desaparición das propias persoas ou a existencia da nada. As ilustracións de Madalena Matoso (Lisboa, 1974) presentan un camiño negro que empeza na primeira garda e segue presente, como un fío condutor, en todas as páxinas

enlazando as composicións. As formas son xeométricas e lembran o construtivismo. Son paisaxes que presentan certo grao de abstracción; só cando deseña os personaxes as formas vólvense redondeadas e máis amábeis. Sobre un fondo branco contrastan o negro do camiño e as cores saturadas e alegres das imaxes. As composicións resultan equilibradas, xa que están en harmonía as formas, as cores e os textos. Trátase dunhas ilustracións que complementan unha narración sutil, achegando máis preguntas que respostas.

**Rosendo**, Pablo, *O can Gastón anda tristeiro*, ilust. do autor, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado e lectorado autónomo], xaneiro 2015, [44] pp. (ISBN: 978-84-9914-807-6).

Álbum escrito e ilustrado por Pablo Rosendo (Vigo, 1984), que se caracteriza pola linearidade e a sinxeleza. Recolle a historia de dous bos amigos, o neno Antón e o seu can Gastón, que sempre andaba tristeiro e decaído. O seu dono esforzábase por sacarlle un sorriso, pero o can seguía igual, ata que Antón, por mor da excesiva calor do verán, decide cortarlle o pelo. A partir de aí, Gastón amosa un sorriso inmenso e lánzase cara ao seu dono para aloumiñalo e lambelo. O libro compleméntase coas ilustracións de Pablo Rosendo (Vigo, 1985), que representa os personaxes dunha maneira moi cómica e expresiva, a partir da técnica da témpera, con cores saturadas e alegres, e cos contornos en liña negra. Non emprega profundidade na imaxe, utilizando así o texto sobre o fondo e os personaxes sempre están nun primeiro plano.

**Recensións:**

- Paula Fernández, "Versos para Gastón", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 543, "Libros", 21 maio 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 498, "Letras galegas", 30 maio 2015, p. 10.

Salienta a sinxeleza da obra, recalca o carácter dinámico das ilustracións que acompañan o texto e ofrece un breve resumo do argumento, cuxo fío condutor é unha intensa historia de amizade. Para rematar comenta que a compoñente plástica deste volume supón un acerto posto que vai influír, dun xeito positivo, no interese futuro dos máis cativos cara ao eido literario.

**Torrents**, Montse, *Os fíos invisibles*, (*Els fils invisibles*, Edicions Somnins, 2010), ilust. Matilde Portalés, trad. Ramón Nicolás, Girona: Tramuntana Editorial, [prelectorado], 2015, [25] pp. (ISBN: 978-84-943046-6-8).

Poemario escrito por Montse Torrents de marcado carácter marabilloso, que utiliza a simboloxía dos fíos para falar dos lazos invisíbeis que unen as persoas cos seus seres queridos, tecen camiños cara a mundos por inventar e permiten soñar e viaxar. Xa na cuberta, nas gardas e na portada aparece a protagonista deseñada por Matilde Portalés, unha nena que está rodeada de fíos de cores que semellan os sentimentos. As figuras están realizadas con lapis de cor. A nena protagonista e os nenos que a acompañan, a pesar de estar deseñados con formas sinxelas, expresan nas súas caras distintas

emocións. As composicións son variadas, pero deixan sempre un fondo branco que achega serenidade e limpeza as imaxes.

# *VII.3. TEATRO*

## VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

**Bayer Lloves**, Andrea, *O lobo e a lúa*, XI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (modalidade infantil), ilust. Chus Ferrín, A Coruña: Baía Edicións/Xunta de Galicia, n.º 12, [lectorado autónomo], xullo 2015, 35 pp. (ISBN Baía Edicións: 978-84-9995-159-1) (ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-5192-5). ■

Peza teatral de Andrea Bayer Lloves (Redondela, 1974) galardoada co XI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques 2014 na súa modalidade de infantil. Ábrese cunha dedicatoria extensa á súa familia: "este libro dedícollo a Óscar, meu amor, por estar sempre ao meu lado, apoiarme e acompañarme en todo o que fago. Tamén llo dedico ao noso pequeno Nicolás, que, sen sabelo, me amosa o camiño dos contos". Os personaxes que interveñen na acción son seis e caracterízanse, empregando verbas da autora, da seguinte maneira: o lobo, pequeno pero tenaz e cunha voz tenra; Nina a tartaruga, lenta, sutil e cariñosa; Duarte o elefante, duro pero doado de conquistar; o rato Mariano, gracioso e entremetido, que fala sen parar co "z"; o gato Miñao, serio, mandón e túzaro e por último, a lúa, un "reto imposible de lograr". A escenografía empregada, que detalla a autora antes do comezo da peza, é unha mesa inclinada cara ao público, un caixón do que saen elementos escenográficos que se levantan e se recollen e onde representan o seu papel monicreques de van, na maior parte dos casos, e de vara. Os apartes da peza son indicacións dos manipuladores dos monicreques. O argumento da peza é sinxelo e desenvólvese en dez escenas. O protagonista, o lobo, ouvéalle á lúa para que esperte, pois ten algo importante que lle dicir, mentres o resto de animais que participan na acción pídenlle que cale, pois teñen medo de que esperte o gato Miñao. Pero... que será esa cousa tan importante que lle ten que pedir o lobo á lúa con tanta présa? Pois non é outra que se se pode sacar o gorro que ten posto, pois nin a súa irmá Lula nin el mesmo poden durmir con tanta escuridade. Salienta nesta peza divertida e atraente a intriga e o suspense que os máis pequenos teñen até o mesmo final. A descrición das características dos personaxes está realizada a través dos textos, xa que as imaxes non teñen función descritiva dos monicreques. As ilustracións con cores alegres de Chus Ferrín, realizadas con ceras e técnica mixta, acompañan aos textos para facelos máis amenos.

**Referencias varias:**

- ELOS, "Andrea Bayer", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 15 xaneiro 2015, p. 43.

Dáse noticia da concesión da XI edición do Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques á actriz, guionista e directora teatral Andrea Bayer. Saliéntanse as declaracións do xurado, que destacou a súa trama, os personaxes e a temática, axeitados para o receptor agardado.

- Alejandra Iannone, “La editorial Baía publica el premio ‘Barriga Verde’ de la pontevedresa Andrea Bayer”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 28 xullo 2015, p. 9.

Informa da publicación dos últimos títulos premiados por Agadic coa finalidade de impulsar a escritura teatral en Galicia. Entre eles destaca *O lobo e a lúa*, de Andrea Bayer, historia de intriga e suspense gañadora do premio Barriga Verde.

**Cortizas**, Antón, *Xogando con gatos*, VIII Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, ilust. Leandro Lamas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 20, [lectorado mozo], xullo 2015, 111 pp. (ISBN: 978-84-9914-881-6) (ISBN: 978-84-453-5190-1). ■

Peza teatral para a infancia de Antón Cortizas (Ferrol, 1954), todo un canto a prol dos xogos populares e da cultura lúdica tradicional que os pequenos foron perdendo a pasos axigantados e que é preciso recuperar, pois forma parte do acervo cultural de Galicia e constitúe un patrimonio inmaterial moi valioso. Como explica no texto co que abre o libro, “Xustificación innecesaria e algunhas suxestións”, “Quizabes, se os meniños e as meniñas xogasen como se xogaba, en creatividade, liberdade e gratuidade, esta obra non tería razón de ser”. Neste texto introdutorio fala do esquecemento gradual dos xogos e brinquedos tradicionais e as súas causas, ademais de comentar a estrutura da obra e de apuntar algunhas claves dramatúrxicas para a súa correcta representación. *Xogando con gatos*, que Cortizas dedica “A toda a gataría do mundo”, é unha peza teatral de tres actos (e un cuarto opcional que non se presentou ao premio), na que participan Gato Micho, Gato Pardo, Gata Bela, Gata Pan, Meniña da xanela e a súa sombra, Fada Tempus, Fada Impo, o Gro e o Gato. Unha meniña está cansa de xogar na súa casa en soidade con consolas e televisións e quere facer outra cousa. Pero, pouco a pouco, dáse conta de que non lembra case ningún xogo, porque o “Gro do esquecemento, o monstro da desmemoria”, faille esquecer todos os xogos que ela coñece e que lle fan lembrar os gatos e as fadas Impo e Tempus, que lle axudan a recuperar a súa memoria. O cuarto acto, que se desenvolvería tal e como indica Cortizas fóra do teatro e rematada xa a obra, podería ser na casa de cada un dos espectadores ou no recreo da escola e comprende unha listaxe de xogos tradicionais escolleitos para pór en práctica. Péchase a peza cos pentagramas das cancións interpretadas ao longo da función, de Xurxo Varela e Xiana Lastra. Nas ilustracións figurativas de Leandro Lamas predominan as liñas curvas e as figuras esquemáticas e axudan a imaxinar os protagonistas desta obra, os gatos, que están caracterizados cunha cara redonda como se fosen persoas. As imaxes teñen cores alegres aplicadas con pintura.

**Recensións:**

-Laura Blanco, “Xogando con gatos no teatro”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 8 novembro 2015, p. 4.

Coméntase polo miúdo esta peza teatral merecente do VIII Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2014. Comézase por gabar a traxectoria e a escrita de Antón Cortizas, salientando a súa querenza pola cultura lúdica tradicional, informando de que o pasado 2013 demostrara o autor o seu coñecemento etnográfico e pesquisador

sobre o tema en *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais e uso lúdico da natureza*, ensaio que igualmente se comenta. Logo explícase como o autor volve ao mesmo tema, desta vez cunha peza teatral para os máis pequenos, e analízase o seu contido, os personaxes, o argumento, a estrutura en actos e as súas ilustracións. Conclúese que se trata dunha "obra extraordinaria con altas doses de orixinalidade e diversión".

**Referencias varias:**

- ELOS, "Antón Cortizas (Ferrol, 1954)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 9 xaneiro 2015, p. 43.

Infórmase de que Antón Cortizas vén de gañar o VIII Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil coa súa obra *Xogando con gatos*. Sinálase que o xurado destacou a reescritura de elementos da transmisión oral, a linguaxe escénica empregada e a capacidade interactiva do texto.

**Wiersma**, Mark e Miguel **Mosqueira Fociños**, *Sira e o robot. Adventures on Titan*, ilust. Iván Sende Gómez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado mozo], abril 2015, 124 pp. (ISBN: 978-84-9914-834-2). Inclúe CD.

Peza de teatro musical de Mark Wiersma (California, 1976) e Miguel Mosqueira (Lalín, 1982) dividida en vinte e seis capítulos breves que funcionan a modo de escenas. A obra sitúase no ano 2050, onde o inglés acaba de ser declarado lingua oficial xunto co galego e ambos os dous son falados indistintamente polos habitantes. Os narradores da historia (un en galego e outro en inglés) guían a historia de Sira, unha rapaza galega que decide ir de aventura xunto ao seu robot William ao festival intergaláctico da canción en Titán, a sexta lúa de Saturno. Os habitantes de Titán non falan galego e as súas palabras tórnanse incomprensíbeis para Sira e o seu robot. Finalmente atopan un taxista que fala portugués co cal, para sorpresa de Sira, poden comunicarse sen ningunha dificultade. Ao final da historia a rapaza resulta vencedora do festival e volve ao seu fogar onde a agarda a súa familia. O volume conta cun CD no que se achega unha lectura dramática da obra, con música composta por Mark Wiersma e Miguel Mosqueira, con excepción da "Intro", a cargo de Lois Carlín e "A canción da vagha", de Leo i Arremecághona. As ilustracións figurativas de Iván Sende poden axudar a caracterizar os personaxes desta obra, ademais de achegar información sobre os lugares e as paisaxes onde transcorre a historia. Son deseños a toda cor con tintas planas e liña fina de contorno.

**Referencias varias:**

- Mark Wiersma e Miguel Mosqueira Fociños, "Sira e o robot", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 9 maio 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Sira e o robot*, escrita por Mark Wiersma e Miguel Mosqueira Fociños e ilustrada por Iván Sende Gómez.

# VII.3.2. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en "recensións" e "referencias varias".

# VII.3.2.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

**Arteixo**, XVIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada pola Concellaría de Educación e Cultura de Arteixo, con emprazamento no Auditorio da localidade. A edición de 2015 celebrouse entre o 13 de marzo e o 24 de abril e contou coa representación da peza *O Quiosco*, do grupo teatral Runxe-Runxe. Tamén se levaron a escena para público adulto *Tromparía*, do Grupo de Teatro Municipal de Ames; *A Historia de Sweeney Todd, O barbeiro diabólico da rúa Fleet*, da Aula de teatro da Universidade de Santiago de Compostela; e *Eirugas* da Asociación de Teatro Afeccionado Coruñés.

Os títeres das **Bárbaras**

Festival de títeres organizado polo Concello da Coruña. A edición de 2015 contou coa participación das compañías Viravolta Títeres, coa peza *O frautista de Hamelín*; Falcatrúa, con *Linocho e a lúa*; Caramuxo Teatro, con *As fabas máxicas*; e Danthea Teatro, con *Carapuchiña vermella ou o conto do lobo*.

**Referencias varias:**

- Álvaro Inglés, "Títeres e fotografía na Cidade Vella", *La Opinión*, "A Coruña", 21 agosto 2015, p. 13.

Faise eco da terceira edición do festival Visións, no que se encadra o ciclo "Os títeres das Bárbaras" e no que participan Viravolta Títeres, Danthea Teatro, con *Carapuchiña vermella ou o conto do lobo*, Caramuxo Teatro, con *As fabas máxicas* e Falcatrúa Títeres con *Linocho e a lúa*.

Os **Axóuxeres**

Programa da Secretaría Xeral de Política Lingüística de dinamización lingüística para familias con bebés e nenos de 0 a 6 anos. A edición de 2015, da man da compañía Elefante Elegante, co espectáculo *O Peixiño de Mariña*, percorreu vinte e seis localidades entre os meses de setembro e novembro.

**Referencias varias:**

- Iván Aguiar, "Teatro para reivindicar o galego", *La Opinión*, "Arteixo", 11 setembro 2015, p. 14.

Comenta que a nova edición do programa da Xunta *Os Axóuxeres*, cuxo obxectivo é promocionar a lingua galega entre os máis cativos, tomará como punto de partida Arteixo e contará coa participación da compañía Elefante Elegante.

- D. A., "Os Axóuxeres regresan al auditorio con 'O Peixiño de Mariña", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 30 outubro 2015, p. 7.

Dá conta da representación do espectáculo *O Peixiño de Mariña*, da compañía Elefante Elegante, dentro do programa Os Axóuxeres.

**Bande**, XXº Encontros de Teatro Escolar e Amateur de

Encontros organizados polo Concello de Bande, o IES Aquis Querquernis e o CEIP Xoaquín Lourenzo, no que colaboran os centros de ensino da localidade. Na edición de 2015, con dezasete representacións, que transcorreu entre os días 11 e 18 de maio, participaron o alumnado do CEIP Xoaquín Lourenzo, con *A aula de tócame – Roque;* o CEIP Manuel Sueiro, con *Néfele, a raíña das nubes;* o CEIP plurilingüe dos Blancos, con *Os tres pelos de ouro do Diaño*; Baralláns do IES Blanco Amor, con *Praza de Auria*; o CEIP Padre Feijoo, con *O anel da Pirompiña*; o CEIP San Marcos, con *Os tres curmáns*; o CEIP Curros Enríquez, con *Un día feliz*; o grupo afecionado Caixa desastre, con *Marxinados*; Iniciación Teatro, con *As desventuras de Simba*; o IAD Santo Ángel, con *Mufasa desaparecido*; IES Aquis Querquernis, con *Bicos con lingua*; A Compañía do Kiriko, con *Ondamar*; ANPA Filomena Dato, con *O misterio da risa* e *O grúfalo*; CEIP Rogelio García Yáñez, con *Parola entre a taberna e a escola*; CEIP O Couto, con *Entre pólas*; e "IAD-12+13" da Universidade Laboral, con *Vodas de sangue*.

**Begonte**, IIIº Ciclo de Teatro de Begonte

Organizado dende 2013 por Castiñeiro Milenario en colaboración coa Asociación de Veciños do Castro e a Área de Cultura da Deputación de Lugo. A edición de 2015 celebrouse o venres 20 e o sábado 21 de novembro e contou coa representación das pezas *Cambio de Cor*, da compañía Alentía Teatro e *Superlía*, de In Bocca al Lupo.

**Bebescena**

Ciclo de teatro para bebés de un a tres anos organizado pola Concellaría de Cultura do Concello da Coruña e celebrado no Centro Ágora da cidade herculina. Ademais de postas en escena leváronse a cabo diversos talleres e conferencias familiares. Na edición de 2015 representouse a peza teatral *Chíos*, a cargo de Teatro da Semente. Tamén participaron as compañías foráneas Teatro de la sonrisa (Burgos), Teloncillo (Valladolid) e Ultramarinos Lucas (Guadalajara).

**Ben veñas Maio** 2015, XIX Semana Teatral

Mostra teatral ofrecida polo alumnado dos Institutos de Ensino Secundario de Pontevedra na que se presentan pezas dos grupos de teatro dos centros de ensino da cidade. A edición de 2015 desenvolveuse durante os días 6, 7 e 8 de maio no Teatro Principal de Pontevedra. Participaron, entre outros, o grupo Os Autorizados do IES Torrente Ballester, coa peza *Comedia bífida* e o alumnado de primeiro de ESO do IES Torrente Ballester, con *O Entroido*.

**Betanzos**, Ciclo Teatro en Familia

Ciclo de teatro organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede de Cultura da Deputación. A edición de 2015, celebrada entre o día 12 e 26 de decembro na Aula de Cultura do Liceo, contou coa participación das compañías Tanxarina Teatro, coa peza *A casa do avó*; Redrum Teatro, con *Roedores*; e Trompicallo, con *Osiño*.

**Brión**, XX Festival de Títeres de

Festival de monicreques organizado polo Concello de Brión. A edición de 2015 celebrouse os días 28 e 30 de decembro no Centro Social Polivalente de Brión. Contou coa participación das compañías galegas A tropa de trapo, con *Zona en obras* e Fantoches Baj, con *Rei, rei?*. Tamén contou coa presenza da compañía foránea Tropos teatro de títeres (Madrid).

**Referencias varias:**

- C. B., "O festival de Títeres de Brión recupera as tres actuacións e adiántase unha semana", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 decembro 2015, p. 25.

Informa da realización dunha nova edición deste festival e comenta que desta volta se adianta unha semana e volve a recuperar as tres actuacións coas que contaba nas primeiras edicións. Tamén indica que as obras postas en escena serán *Zona en obras*, da compañía A Tropa do Trapo; *Pequeñeces*, dos madrileños Tropos Teatro de Títeres; e *Rei, rei*, de Fantoches Baj.

**Buxiganga**, Circuítos

Organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. Na edición de 2015, celebrada no salón de actos do colexio de Castroverde e na casa da cultura da localidade, leváronse a escena as pezas para público infantil *Traxicomedia de Calixto e Celestino*, de Teatro Marionetas Trécola; *Chuvia de historias*, de Alentía Teatro; *Malo será*, de Unidade de Ozono; e *4 tempos*, a cargo de

Teatro do Miolo. Asemade, este mesmo ano realizouse a primeira edición do Circuíto "Buxiganga Proxecto Teatral Profesional", dirixido a grupos teatrais con residencia na provincia de Lugo. Tamén contou coa participación das compañías, con obras para adultos, Mircromina Teatro de Títeres, con *Martín, Martín*; Lucecús Teatro, con *A órbita do lucecú*; Xabier Iglesias Producións, con *Moendo muiñeiras*; Palimoco Teatro, con *Medea*; Nasdrovía teatro, con *Illa-Ollo*; Achádego Teatro, con *O barco sen mariñeiro*; grupo Ollomao, con *Oé, oé, oé!*; Hipócrita Teatro, con *Solipsismos*; e Boneca Lareta, *con Sede de Mal*.

**Referencias varias:**

- Pilar Cheda, "Buxiganga se amplía a las compañías de teatro profesionales", *El Progreso*, "Comarcas", 11 abril 2015, p. 13.

Informa que o plan de promoción Buxiganga terá como novidade a inclusión de compañías teatrais profesionais, referíndose ás declaracións do vicepresidente da Deputación, Antonio Veiga.

_____, "Vicepresidencia destinará 60.000 euros a promover o teatro profesional en Lugo", *El Progreso*, "Comarcas", 17 abril 2015, p. 28.

Dá conta da posta en marcha un ano máis do proxecto Buxiganga que subvenciona as representacións teatrais na provincia de Lugo co fin de colaborar coa industria cultural. Mario Outeiro avanza o establecemento de dúas quendas e a colaboración que se establecerá proximamente tamén con grupos afeccionados.

_____, "El teatro aficionado de Buxiganga vuelve con actuaciones de julio a noviembre", *El Progreso*, "Comarcas", 16 maio 2015, p. 24.

Infórmase da posta en marcha do programa de teatro afeccionado que subvenciona, de forma parcial, representacións solicitadas por un concello ou asociación interesada á Deputación. Avánzase a publicación das bases da convocatoria na que poden participar grupos da provincia de Lugo.

- C. P. R., "El circuito Buxiganga programa obras de teatro en Muras y Castro", *El Progreso*, "A Chaira", 30 outubro 2015, p. 18.

Dá conta da celebración deste circuíto de teatro afeccionado e destaca a representación das pezas *Nun recuncho do monte...*, de Ti e máis eu Teatro e *Memorias do Anxo*, da compañía O Tren de Moebius.

**Teatro ás 6**, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados

Ciclo de teatro realizado no Auditorio da Xuventude de Cambados que forma parte da iniciativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, Agadic. Na edición de 2015, celebrada durante os domingos de xaneiro e febreiro, representáronse as pezas *Aurora*, de Elefante Elegante; *Roedores*, de Redrum Producciones; *Ra, ra, ra*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; e o espectáculo *Xique, xoque, fiú, fiú*, da compañía María Fumaça.

**Referencias varias:**

- L. R., "El espectáculo musical se cuela en el nuevo ciclo de teatro infantil", *Diario de Arousa*, "Cambados", 17 xaneiro 2015, p. 12.

Infórmase das catro obras que compoñen o programa deste ciclo infantil, que foi presentado por todos os grupos teatrais, xunto co alcalde de Cambados, Luis Aragunde. Dise que hai un espectáculo musical como novidade.

**Candilejas Don Bosco**, XVIIIº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Organizado polo colexio Calvo Sotelo da Coruña, celébrase anualmente durante os meses de abril, maio e xuño. Na edición de 2015, celebrada dende abril até xuño, representáronse as pezas infantís *Un mosquito de nome Henri*, a cargo do Colexio Santa María del Mar; *Locurentos* e *Comitatus*, de Hogar Santa Margarita; *Qué tipo de tipos*, do Colexio Raquel Camacho; *A princesa que non sabía espirrar*, do grupo O Polo Saltón; *O transplante de corazón*, do Colexio Labarta Pose; *A ratiña presumida* e *O documento*, do Colexio Ramón de la Sagra; *Coñecendo a Renoir*, de Chuchumecolandia; *Ézaro* e *A rexión escura*, do Colexio Andaina; *A frauta máxica*, do Colexio Emilia Pardo Bazán; *Chiu Chiu e o manantial azul*, do grupo COMEDY2 e Asociación Melandrainas; *A costureiriña valente*, do Grupo Migallas do CEIP Arteixo; *Contos en verso para nenos perversos* e *As manoplas da carapuchiña*, do Colexio de Tarrio; *Escola de piratas*, *Todo é un conto* e *Un conto de piratas*, *Escola de bruxas*, de Teatro Vagalume Animación; e *Ubuntu*, de Teatro Salesianos. Tamén participaron as compañías, con pezas para público adulto, Teatro Cántigas da Terra, con *Pasatempos*; Teatro Ateaco, con *Eirugas*; Caruncho Teatro, con *¡Extravaganzza!*; Grupo Pinchacarneiro Teatro, con *Vilar de inferno*; Instituto Alfredo Brañas de Carballo, con *Quén quere ser princesa*; Grupo DameCuerdaQueTeatro e Asociación Airiños do Eume, Pontedeume, con *O Escorial e Os nenos perdidos*; Grupo de Teatro Xosé María Pérez Parallé, con *A oficina das ocorrencias, Enganados* e *Mamá é señora para todo e declárase en rebeldía*; Fiestra Teatro, con *A noite vai triste*; Teatro Fas-Que-Fas, con *Historias para ser contadas* e *A fábula*; Escola de Teatro CasaHamlet, con *Obras completas de Shakespeare*; Quemaistén Teatro, con *Ela a miña amante e a miña señora*; Trosma Teatro, con *Elas*; IES Maximino Romero Lema, con *O velorio*; Grupo de Teatro ASCM, con *A disparatada educación*; Grupo Arjé Teatro, con *Nai coraxe*; Grupo Valverde Teatro de Cedeira, con *Díxome, díxome*; Teatro Vagalume Animación, con *Unha de romanos* e *Vikingos*; Teatro do Ar e CPI de Panxón, con *¿O cianuro, só ou con leite?*; e Teatro Lusco e Fusco, con *Miles gloriosus*.

**Cangas**, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Organizada dende 1984 pola Asociación Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Ningures Produción, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño. Está actualmente patrocinada pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Concello de Cangas, Deputación de Pontevedra, Frigoríficos del Morrazo e a Xunta de Galicia. Realiza unha programación internacional, estatal e galega, ademais de exposicións,

obradoiros, encontros e eventos como o "Revoltallo en Pedra", no que se dan cita moitas das asociación culturais e artísticas de Cangas, ou as xornadas "Mulleres en Acción" (creadas no ano 2000). Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio "Xiria", co que se destaca o labor teatral dunha persoa; este ano recaeu na actriz Luma Gómez. Na edición de 2015, que se celebrou do 3 ao 11 de xullo, levouse a escena o espectáculo infantil *Jim e a illa do tesouro*, a cargo de EME2. Tamén contou coa participación das compañías galegas, con espectáculos para público adulto, Il Maquinario Teatro, coa peza *Perplexo*; Funboa Escénica, con *Sushi gratis*; A Artística, con *Illas Atlánticas*; Ibuprofeno Teatro, con *Fitness*; Escola Municipal Artes Escénicas de Cangas, con *Bordadora de soños*; Teatro do Andamio, con *Naviza girl*; e as compañías foráneas Acrónica Producciones (Navarra); Teatro El Zurdo (Madrid); Dei Furbi (Cataluña); auMents (Mallorca e Chile); Monsieur et Madame O (Francia); e Teatro del Norte (Asturias).

**Referencias varias:**

- Sabela González, "El teatro más cómico y festivo vuelve a invadir Cangas", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Morrazo", 3 xullo 2015, p. 20.

Dá conta da celebración desta mostra e recolle as palabras da pregoeira Isabel Risco que destaca o criterio e a predisposición do público. Salienta a variedade de actividades e algunhas das compañías.

- Carlos Crespo, "En Cangas de chorar, nada, o que hai é gañas de comedia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", "Teatro", 3 xullo 2015, p. 8.

Anúnciase a inauguración da nova edición da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo coa lectura do pregón por parte da actriz Isabel Risco. Infórmase dos grupos teatrais que compoñen o cartel e do papel fundamental das compañías galegas: Il Maquinario, con *Perplexo*; EME2, co espectáculo infantil *Jim e a illa do tesouro*; e Funboa, con *Sushi gratis*. Ademais, destácase a existencia de espazos para a reflexión e da entrega do premio Mulleres en Acción á investigadora e escritora Aurora Marco.

**Carballiño**, XXVIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Organizado pola compañía Nove-Dous Teatro e Arteficción en colaboración co Concello do Carballiño e con subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Novagaliciabanco e Caja Madrid. Na edición de 2015 entregáronse os galardóns de mellor actriz a Isabel Risco, mellor actor a Celso Fernández Sanmartín, Premio de Honra a Vidal Bolaño, e de espectáculo máis valorado polo público, *O furancho*, da compañía Ibuprofeno Teatro. Leváronse a escena as pezas *As mil e unha noites*, de Ghazafelhos; *O Segredo do Tendal*, de Raquel Queizas; e *Cocer e Cantar*, de Viravolta. Tamén se representaron, para público adulto, *Arenteiro,* de Carlos Blanco e Celso Fernández Sanmartín; *Eu ocúpome dos nenos e o meu home da parte dos gastos,* de La Floristería; *O Furancho,* de Ibuprofeno Teatro; e *Bobas & galegas*, de Mofa e Befa.

**Carballiño**, VII Festival de Títeres do

Organizado pola Concellaría de Cultura do Concello ourensán do Carballiño. A edición de 2015 celebrouse entre o 24 e o 28 de agosto na Praza Irmáns Prieto. Representáronse as pezas infantís *Tío Miseria*, a cargo de Fantoches Baj; *Chincha Rabincha*, d'A Xanela do Maxín; *Mr. Pancho e a última función*, de Títeres Alakrán; *Traxicomedia de Calixto e Celestino*, de Teatro de Marionetas Trécola; e o taller de máscaras *Amoriños contei*, por parte de Títeres Tarabelos.

**Cariño**, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2015, celebrada entre o 17 e o 21 de agosto, tiveron lugar dez representacións, cinco para o público adulto e cinco para o infantil. Representáronse as pezas *Aurora*, de Elefante Elegante; *Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí?*, de Títeres Cachirulo; *Rumpelskitin, o anano saltarin*, de Títeres Trompicallo; *Martes*, de Baobab; e *O espírito do bosque*, de Falcatrúa. Tamén se levaron a escena, para público adulto, *Bobas & galegas*, a cargo de Mofa e Befa; *As fillas bravas* e *Ultranoite no país dos ananos*, de Chévere; *Pan! Pan!*, d'A Panadaría; e *Balor na acción nunha cadeira*, de ArtesaCía.

**Cee á escena**, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas

Mostra que substitúe á Mostra de Teatro de Cee, que no ano 2012 celebrou a súa XXVª edición e última. A edición de 2015 tivo lugar no auditorio da casa da cultura dende o 18 até o 24 de agosto. Contou coa presenza das compañías Títeres Cascanueces, con *Un diaño na maleta* e *Ikú e Elegguá*; e Viravolta Títeres, con *Cocer e Cantar* e *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*. Tamén se representaron para público adulto as pezas *Demolición*, de Talía Teatro; *D.E.P.*, de Malasombra Teatro; *Filosolfando*, de Boneca Lareta; *O Principio de Arquímedes*, de Teatro do Atlántico; e *Desencaixados. Esperpéntica crise,* d'O Aturuxo de Melpómene.

**Referencias varias:**

- J. Trillo, "Cee recupera la muestra de teatro en la programación del Agosto Cultural", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.341, 25 xullo 2015, p. 40.

Infórmase da recuperación desta mostra teatral en Cee. Indícase que abrirá a compañía local Talía Teatro e que tamén se contempla unha programación infantil.

- José M. Ramos, "El ciclo teatral Á Escena trae siete obras a la villa ceense", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.359, 12 agosto 2015, p. 34.

Recóllese información das obras e grupos que participarán nesta mostra tanto para público adulto como para público infantil.

**Chapela**, IIIº Ciclo de teatro da Asociación Cultural de

Organizado pola Asociación Cultural de Chapela. Na edición de 2015, celebrada do 10 de xaneiro ao 7 de febreiro no Auditorio do Multiusos de Chapela, levouse a escena *Pintores Expres*, da compañía Expresion Teatro. Tamén contou coa presenza de compañías con representacións para público adulto: grupo de teatro Alecrín, coa obra *Bulto Negro*; Teatro Fonte da Tella, con *Voda ou Funeral*; e o grupo teatral do Centro Cultural de San Fins de Rebordans, con *Compravenda*.

**Clubes** de Teatro Afeccionado, Iª Mostra

Organizada pola rede de centros socioculturais e a Concellaría de Cultura no marco do programa "Vive o verán". Esta primeira edición celebrouse durante os catro sábados do mes de xuño na Sala Agustín Magán do Centro Sociocultural de Santa Marta. Representáronse, para público infantil, as pezas *A frautista de Exipto*, do CSC do Castiñeiriño; *Historias arredor dun banco*, do CSC das Fontiñas; *Ir á escola non amola* e *Das palabras e dos soños todos somos donos*, do CSC Conxo; e *A nosa historia feita dun mogollón de historias*, do CSC Santa Marta. Contou, ademais, coa participación dos clubes de teatro do Centro Sociocultural das Fontiñas, con *Confección en acción*; Rochaforte, con *A caída do castelo*; Centro Sociocultural Santa Marta, con *Pequenas pezas para un gran teatro*; Centro Sociocultural de Conxo, con *Monólogo para inventar o amor*; e José Saramago, con *Nin fé nin café*.

**Colorín, Colorado Nadal**, Ciclo Teatral

Ciclo de teatro infantil promovido pola concellaría de Cultura da Estrada. A edición de 2015 celebrouse entre o 26 e o 30 de decembro. Participaron as compañías Caramuxo Teatro, coa peza *Feo!*; Matrioshka Teatro, con *As fillas de Manawee*; Os Tres Tenedores, con *O Capitán Garfo*; Compañía Galitoon, con *Babiliglub.*

I Festival das **Cóxegas**

Ciclo de artes escénicas dirixido ao público familiar que combina danza, música e teatro organizado pola Concellaría de Cultura. Esta primeira edición tivo lugar todos os domingos do mes de novembro, no auditorio do Pazo da Cultura. Nesta edición só se representou unha peza en lingua castelá.

**Referencias varias:**

- Belén López, "Pontevedra ten cóxegas", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 2 outubro 2015, p. 11.

Anúnciase a estrea do Festival das Cóxegas en Pontevedra, que se dirixe ao público familiar, e infórmase do horario e prezo das entradas. Tamén se di que o festival dálle a Pontevedra continuidade no proxecto escénico de ámbito estatal Platea, dependente do Ministerio de Cultura.

- Cuca M. Gómez, "La vida es un cabaret", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 16 novembro 2015, p. 62.

Entre outras novas, dá conta da celebración do Festival das Cóxegas e da representación dalgunhas das pezas.

**Cultura no Camiño**

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A edición de 2015 desenvolveuse nos concellos das rutas xacobeas durante o mes de outubro como parte da programación conmemorativa do oitavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago. Leváronse a escena para público infantil as pezas *4 tempos*, a cargo de Teatro do Miolo; *As mil e unha noites*, de Ghazafelhos; *Uxía lambona e a banda molona* e *Circo*, de Troula Animación; *Vellos, vellas e outras lerias*, de Daboapipa; *Luppo* e *Bailando con contos*, de Baobab Teatro; *Feo!* e *As fabas máxicas*, de Caramuxo Teatro; *Titiricircus*, de Tanxarina Teatro; *Roedores*, de Redrum Producciones; *Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)*, de Talía Teatro; *Ne me quitte pas* e *Retrete cabarete*, d'O Retrete de Dorian Gray; *Rei, rei?*, *Rodarirrodari* e *Velocíclopes*, de Fantoches Baj; *Carapuchiña no faiado* e *A verdadeira historia da cigarra e a formiga*, de Teatro do Andamio; *A casiña de acollida* e *Laia, aprendiz de maga*, de Animar-T; *Viaxar con títeres*, de Títeres Cascanueces; *Carteiro en bicicleta, O apalpador conta con vós*, *Conto para escoitar mentres bailamos un vals* e *Contos de medo que deixan durmir* d'A trastenda dos contos; *Vacacións no mar*, de Mircromina; *Xan Perillán compra queixo compra pan*, *Contos do vento acatarrado* e *Xan Perillán e a maleta máxica*, d'Os Monicreques de Kukas; *Chove!*, de Titereficcións; *Cocer e cantar* e *Varietés*, de Viravolta; *Lobo Bobo*, de Elefante Elegante; *Por qué é salgada a auga do mar?*, d'Os Quinquilláns; *Pitusa Semifusa*, de Seispés Producións Creativas; *Carmiña Miudiña, a pinga aventureira*, de BocAberta; *A miña primeira viaxe*, de Xarope Tulú; *Os xogos de Paporrubio*, de Paporrubio; *Nº 8 da Rúa dos Contos*, de Teatro de Marionetas Trécola; *O libro máxico*, de Expresión Producións; *Constanza e o libro máxico*, de Intres; *Merenda con pan de millo*, *Canta connosco!*, *Pan de millo: Vai ser boa!* e *Contos nas orellas*, de Migallas Teatro; *O circo dos contos*, d'A Cova das Letras; *Os tres porquiños*, de EducaTeatro Producións; *O Camiño de Santiago*, de Escuadra 17 Teatro; *O bufón do reino*, de Pinga Teatro; e *Sabela e o paxaro máxico*, de Tarabelos. Tamén contou coa participación das compañías galegas, con representacións para público adulto, Volta e Dalle Teatro, con *Rodesindo da Barrosa*; Daboapipa, con *Historias de vida, guerra, amor e case morte*; Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; Teatro do Andamio, con *Naviza girl*; Boneca Lareta, con *Filosolfando* e *Sede de Mal*; Troula Animación, con *Errantes* e *Lume*; Malasombra Producións, con *D.E.P.* e *Odisea galaica*; Os Sete Magníficos máis un, con *Bivalvos como galegos*; Talía Teatro, con *O método Grönholm*, *Pelos na lingua* e *Bicos con lingua*; Teatro de Adro, con *Laretando con Josito Porto*; A Panadaría, con *Pan! Pan!*; Ibuprofeno Teatro, con *Fitness* e *O furancho*; 3DTrans, con *Ride, ride...!*; Os Quinquilláns, con *A traizón*; Dandylady, con *Poeticlub*; Troula Animación, con *Moulin Rouge*; Fulano, Mengano e Citano, con *O que hai que ver!*; Cinema Sticado, con *STRPTS//Episodio 1:*

*Mirlo&Rula*; Expresión Producións, con *Que é o que preciso?*; Mofa e Befa, con *A Galiña*; e Carlos Blanco, con *Menú do día*.

**Referencias varias:**

- R. T., "As representacións retornan á vila de Padrón nunha nova edición de Cultura no Camiño", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.290, 2 xuño 2015, p. 7.

Infórmase da posta en escena de catro obras de teatro para celebrar a oitava peregrinación de San Francisco a Compostela e dáse conta do programa.

- Noelia Soage, "Maxia, música, contos e teatro infantil na programación de 'Cultura no Camiño", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Pontevedra", 21 xullo 2015, p. 9.

Indícase que se realizarán sete actuacións escénicas dirixidas ao público infantil e familiar, na praza do Teucro, con motivo do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela. Destácanse a presenza das compañías Ghazafelhos, con *As mil e unha noites*; A illa dos nenos, con *De troula en troula*; De Pinga Teatro, con *O bufón do reino*; e Troula Animación, con *Uxía lambona e a banda molona*.

- ELOS," Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 9 agosto 2015, p. 6.

Anúnciase este programa escénico e musical, informando da súa duración e da variedade da súa programación.

- Mónica G. Bellver, "Para os máis pequenos", *O SIL*, "*Especial Cristo*", "Cultura", setembro 2015, p. 11.

Dáse conta dalgunhas das actuacións que forman parte do programa deste ciclo. Infórmase de tres propostas: a primeira é *Os xogos do Paporrubio*, a cal se describe como unha serie de xogos cos que se dan a coñecer os paxaros aos máis pequenos, xunto coa cultura agraria a través de historias e en familia; a segunda proposta é *Estamos no verán*, realizada polo grupo musical Son+de2. A terceira proposta está organizada pola compañía Ghazafelhos, coa posta en escena de *As mil e unha noites*, onde "botan man dos cativos como parte activa da obra".

**Domingos do Principal**, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. Na edición de 2015 participaron Caramuxo Teatro, coa peza *As fabas máxicas* e Teatro Gazafelhos, con *3,2,1*. Tamén representaron pezas as compañías foráneas Au Ments Dansa-Teatro (Illas Baleares), LaSal Teatro (Andalucía), Marcel Gross (Cataluña), Teatro Paraíso (Euskadi) e Gorakada Teatro (Euskadi).

**Referencias varias:**

- S. V., "Gorakada Teatro dá comezo mañá á nova edición de Domingos do Principal", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 10 xaneiro 2015, p. 11.

Dáse noticia do comezo do ciclo Domingos no Principal que abrirá con *La vuelta al mundo*, do que se refire ao contido da peza, destacando ademais que recibiu o premio Feten 2013 en varias categorías.

- Sara Vila, "O Teatro Principal levanta o pano", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 12 xaneiro 2015, p. 7.

Sinálase que comezou o ciclo de teatro Domingos no Principal coa representación de *La vuelta al mundo*, da compañía Gorakada Teatro. A continuación, repárase na presenza do público que asistiu, tanto nenos como adultos. Ademais fálase da programación doutras representacións teatrais neste ciclo para crianzas.

- S. V., "La obra 'Malasombra' aúna danza y teatro para niños en el Principal", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 17 xaneiro 2015, p. 11.

Fala da programación de Domingos do Principal, salientando a obra *Malasombra*, da compañía balear Au Ments Dansa-Teatre, inspirada na novela *La maravillosa historia de Peter Schelemihl,* de Adelbert von Chamisso. Sinálase que o propio coordinador do ciclo, Xacobe Rodríguez, recoñeceu que esta é unha das obras "más arriesgadas" desta edición.

- Noelia Soage, "Domingos do principal atrae a 486 espectadores", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 10 marzo 2015, p. 11.

Informa do remate do festival de teatro familiar Domingos do Principal, apuntando a gran acollida entre o público. Engade ademais que o espectáculo mellor valorado tanto polos adultos como menores de trece anos foi *La gran A... ventura*, do clown catalán Marcel Gross, e que para os maiores de trece anos o preferido foi *Pulgarcito.*

- Sara Vila, "Os domingos son para os 'teatreiros", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 29 decembro 2015, p. 8.

Recolle a rolda de prensa da concelleira de cultura do Concello de Pontevedra anunciando a programación da vindeira edición desta mostra, os lugares de celebración, os horarios das sesións e os prezos dos abonos.

**Dumbría a escena**, IIª Xornadas de teatro

Ciclo organizado polo Concello de Dumbría, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, AGADIC e Talía Teatro, que pretende tomar o relevo da finada Mostra de Teatro de Cee. A edición de 2015 celebrouse do 22 de agosto ao 17 de setembro na casa

de cultura de Olveira. Leváronse a escena as pezas para público infantil *Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)* e *Rosa Caramelo*, de Talía Teatro; e *Xan Perillán e a maleta máxica*, de Monicreques de Kukas. Tamén participaron as compañías Axóuxere Teatro, con *A rúa do inferno*; Chévere, con *As fillas bravas*; Escola Municipal de Teatro de Muxía, con *O velorio de Antón Carballo*; O aturuxo de Melpómene, con *Cipriano de Bequelar*; e Talía Teatro, con *O Método Grönholm*.

**Escena en Familia**

Ciclo de teatro de longa duración protagonizado por teatro de títeres e de actor que se celebra na sala compostelá Arteria Noroeste, organizado pola SGAE-Fundación Autor Santiago os sábados e domingos dende o 11 ao 26 de abril. Está pensado como un espectáculo visual e musical para bebés e crianzas de entre 6 meses e 3 anos. Na edición de 2015 participaron as compañías Títeres Cachirulo coa obra *Xeado de lúa* e Magín Blanco con *A nena e os grilos.* Tamén contou coa presenza da foránea A la Sombrita (Sevilla).

**Estrada**, IIIº Festival de Teatro Escolar de A

Festival organizado pola Aula de Teatro do Antón Losada Diéguez "Avelaíñas Teatro", xunto coa Asociación A Fervenza de Ouzande e o Concello da Estrada. Nesta terceira edición, que se celebrou o día 25 de abril de 2015, representáronse as seguintes obras obras: *Brincos de Fantasía*, do Obradoiro Municipal de Palas de Rei e da Aula de teatro do IES de Melide Teiroa Teatro; e *Gorentosada*, da Aula de Teatro do IES Anton Losada Diéguez da Estrada, Avelaiñas Teatro e da Aula de Teatro do IES de Melide, Teiroa Teatro.

**Extensión Galicreques**, IIIº Festival Internacional de títeres de A Coruña

Organizada por Danthea Teatro Cía Residente, coa colaboración de Agadic, do Inaem, do Concello da Coruña, da Asociación Sociocultural e das Artes Exempla e da organización Barriga Verde. A edición de 2015, celebrada do 25 de setembro ao 10 de outubro na sala Gurugú, contou coa participación da galega A xanela do Maxín, coa peza *O murmurio do mar*. Tamén estiveron presentes as compañías foráneas La Sonrisa del lagarto (Asturias), La gotera de lazotea (Andalucía), Vagabundo Títeres (Chile), Julia Sigliano (Argentina), Manu Mansilla (Argentina), Títeres Larderos (Castilla la mancha) e Plansjet (Bélxica).

**FalaRedes**

Ciclo de teatro familiar organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e incluído no programa de dinamización lingüística. O ciclo inclúe actuacións musicais, contacontos e pezas de teatro para un público infantil. No ano 2015, que corresponde á cuarta edición, representouse en distintos lugares de Galicia a peza *Os Bolechas na máquina do tempo.*

**Referencias varias:**

- L. R., "Os Bolechas inauguran o cuarto programa FalaRedes, cun ano cheo de lecer en galego", *Diario de Arousa*, "Cambados", 29 marzo 2015, p. 14.

Fala da representación dos monicreques "Os Bolechas e a máquina do tempo" que tivo lugar no auditorio da Xuventude, comentando que "entusiasmou" ao público. Engade as declaracións do secretario, Valentín García, que fala deste programa de dinamización lingüística e afirma, entre outras cuestións, que haberá dúas actividades máis antes do verán para preadolescentes.

- Marcos Manteiga, "Política Lingüística confía nos Bolechas para espallar o galego", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 outubro 2015, p. 34.

Faise eco da posta en escena en diversos puntos da xeografía galega deste espectáculo, que se encadra dentro do programa FalaRedes, que promove a Secretaría Xeral de Política Lingüística, e co que se tenta normalizar o uso da lingua galega.

- P. Calveiro, "Tres actores emprenden unha xira para recuperar a tradición oral galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 outubro 2015, p. 9.

Informa da nova iniciativa do programa FalaRedes denominada Contos en Redes, que promove a Secretaría Xeral de Política Lingüística, na que os actores Ana Carreira, Inacio Vilariño e Santi Prego realizarán unha xira co gallo de recuperar a tradición oral galega.

- Nuria D., "A máquina do tempo", *La Región*, "*Xornal escolar*", n.º 40, "Photocall", 14 outubro 2015, p. 8.

Dáse conta da posta en escena en Barbadás do espectáculo *Os Bolechas na máquina do tempo*, que se encadra dentro do programa FalaRedes, que promove a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que ten como obxectivo promover o uso e a valoración positiva da lingua galega.

- C. F., "Os Bolechas utilizarán a súa maquina do tempo o domingo", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 20 outubro 2015, p. 17.

Informa sobre a actuación dos Bolechas en Marín dentro deste ciclo organizado pola Xunta de Galicia. Indícase que a proposta dos Bolechas trata de mesturar teatro e concurso.

_____, "Os Bolechas ofrecerán un espectáculo para nenos mañá no Multiusos", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 24 outubro 2015, p. 3.

Dá conta desta actuación dentro do programa FalaRedes 2015 e comenta que o espectáculo mestura teatro e concurso.

**Familirúa,** Festival

Organizado polo Concello da Coruña no marco das festas de María Pita. A edición de 2015, celebrada polas rúas da cidade do 10 ao 29 de agosto, incluíu xogos populares, narracións orais, maxia, teatro, circo e danza. Leváronse a escena as pezas *Pindirico Show*, de Dínamo Teatro; *Encontros*, de Lusco e Fusco; *Serán con contos*, de Artestudio Teatro; *O ladrón de bibliotecas,* de Ó Titiribaile; e *A orixe*, de As Dríadas.

**Referencias varias:**

- M. G. M., "Las artes escénicas irrumpen en el programa festivo con 'Transcénica", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 8 agosto 2015, p. 11.

Dáse conta dalgunhas das actividades inseridas na programación das Festas de María Pita. Recóllese información da actividade "Transcénica", realizada na Fundación Seoane cun encontro entre novos creadores escénicos Transmedia. Recóllese información das actuacións que se realizarán no festival Familirúa.

**Festiclown 2.0. Vilagarcía 2015**

Organizado polo Concello de Vilagarcía e coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2015 celebrouse en Vilagarcía de Arousa, entre os días 14 e 19 de agosto, con actuacións, proxeccións, exposicións, cursos de formación e galas benéficas. Participaron as compañías galegas Kanbahiota Troupe, con *Vaia Circo!*; Titereficcións, con *Cantos Contos Contas*; e MundoMandarina, con *Laboratorio Máxico*. Contou coa presenza das foráneas Ale Risorio (Arxentina).

**Referencias varias:**

- Helena P. Quintáns, "Las calles del centro de Vilagarcía se convertirán en un circo al aire libre", *Diario de Pontevedra*, "O Salnés", 6 agosto 2015, p. 21.

Anuncia a próxima edición do Festiclown, que terá lugar en Vilagarcía entre o 14 e 19 de agosto e no que se recaudarán fondos para Palestina. Tamén informa da posibilidade de realizar cursos de improvisación e de iniciación ao clown.

- O. B., "El circo tomará las calles del centro de Vilagarcía gracias a Festiclown", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 6 agosto 2015, p. 9.

Faise eco da próxima edición do Festiclown, que terá lugar en Vilagarcía entre o 14 e 19 de agosto e no que participarán oito compañías galegas, españolas e internacionais. Dise que Agadic e o Concello de Vilagarcía colaboran coa organización deste festival.

- ECG, "Risa comprometida dende hoxe coa chegada do Festiclown Vilagarcía", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 agosto 2015, p. 52.

Informa do comezo do Festiclown Vilagarcía 2015, no que haberá quince espectáculos e no que participarán compañías galegas e internacionais. Di que o festival tamén inclúe

unha sección de formación e un apartado social, no que destaca a Gala Solidaria de Pallasos en Rebeldía.

**Festiletras**

Organizado polo concello de Ponteceso en colaboración coa Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña. Este festival vense organizando dende hai 30 anos na Costa da Morte co obxectivo de destacar os valores máis esenciais da cultura galega clásica e contemporánea a través de actividades musicais, teatrais, literarias, da natureza e gastronómicas. Na edición do ano 2015, que se celebrou entre os días 10 e 17 de maio en distintos emprazamentos como a Casa de Veciños ou a Biblioteca Municipal, participaron as seguintes compañías: Os Quinquilláns, con *Espantallo amigo*; Anxo Moure, con *O carballo con botas*; Migallas Teatro, con *Pan de millo*; Manuel Rivas e César Frieiría, con *O raposo e a mestra*; Vero Rinlo e Sabela Fernández, con *As aventuras de Mariña e Lucas*; e Badius Teatro, con *Frankenstein*.

**Referencias varias:**

- J. R. Ramos, "Manuel Rivas e Frieiría presentan 'O raposo e a mestra' na Festiletras '15", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.270, 13 maio 2015, p. 7.

Anúnciase que o programa Festiletras (Ponteceso) contará coa participación do escritor Manuel Rivas e do músico César Freiría co conto *O raposo e a mestra*.

_____, "Música, humor e artesanía baixaron o telón de Festiletras", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.276, 19 maio 2015, p. 7.

Dáse conta do festival Festiletras, en Ponteceso. Indícase que se pechou con diferentes actividades, entre elas, un roteiro ornitolóxico, obradoiros, certames poéticos e actuacións musicais.

**Festival de Nadal**

Organizado pola Fundación SGAE. Na edición do ano 2015, que se celebrou durante o mes de decembro na sala compostelá Arteria Noroeste. Participaron as seguintes compañías: A Xanela do Maxín, con *A pequena Lúa*; Danthea Teatro, con *Carapuchiña vermella ou o conto do lobo*; Producción Dispersas, con *Na procura da canción perdida*; e Títeres Cachirulo, con *A historia do Apalpador*.

**Galicia Escena Pro**, IIIª Mostra de artes escénicas

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Novacaixagalicia. Nesta edición de 2015, celebrada entre os días 3 e 6 de novembro, ademais de actuacións de danza, maxia e novo circo, representáronse as pezas *Luppo*, de Baobab Teatro; *Feo!*, de

Caramuxo Teatro; *Jim e a Illa do tesouro*, de Eme2 emoción&arte; *Xoga*, de Entremáns; *Don Quixote, unha comedia gastronómica*, de Limiar Teatro; e *Peer Gynt*, de Viravolta Títeres. No apartado 'showcases', para os espectadores máis novos, *Non toques os meus círculos*, de Artello Teatro; *Xurdefet*, de Berrobambán; e *As fillas de Manawee*, de Matrioshka Teatro. Tamén participaron as compañías, con postas en escena para público adulto, Redrum Teatro, que levou a escena *Noiteboa*; Voadora, con *Calypso*; Teatro de Ningures, con *Unhas poucas picadelas*; A Panadaría, con *Panamericana*; Sarabela Teatro, con *Ensaio sobre a cegueira*; Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; e Teatro do Morcego, con *Presidente*. No apartado denominado 'showcases', para público adulto, ArtesaCía, con *Zugunruhe*; Colectivo Cinema Sticado, con *STRPTS//Episodio 1: Mirlo&Rula*; Bucanero, con *Os amos do mundo*; e Ibuprofeno Teatro, con *O furancho*.

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "La escena gallega luce sus últimos trabajos en las salas de Santiago", *El Correo Gallego*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 3 novembro 2015, p. L6.

Anuncia o programa desta mostra de artes escénicas e destaca que os espectadores poderán acceder até completar aforo.

- Juan Sánchez, "Las artes escénicas 'invaden' Compostela", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 novembro 2015, p. 24.

Dáse conta da terceira edición desta mostra destinada aos ámbitos de teatro, danza, novo circo e maxia. Infórmase das actuacións que se levarán a cabo e dun seminario "estrictamente profesional", titulado "Estratexias dixitais para compañías de artes escénicas", e impartido por Pepe Zapata.

- Ana Iglesias, "Profesionales y público aplauden el talento del sector escénico gallego", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 novembro 2015, p. 29.

Infórmase do éxito da mostra, con vinte e catro compañías, catorce espectáculos e dez 'showcase'. Anúnciase o programa e indícase a intención de ofrecer un espazo de mercado dinámico, mostrando parte da nova produción escénica galega.

**Galicreques**, XX Festival Internacional de Títeres

Este festival vense organizando dende o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Dende o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e máis os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), agora substituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de "Galicreques" adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar

nas diferentes salas; e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. A edición de 2015, que tivo lugar entre o 26 de setembro e o 4 de outubro, contou coa participación de Títeres Cachirulo, coas pezas *A Figueira do Demo* e *Xeado de lúa*; A illa dos nenos, con *Ledicias*; Velaivai, con *O Palleiro*; Fantoches Baj, con *Velocíclopes*; Larei Lará, con *Brancaneves e os 7*; Galitoon, con *Güela, güela*; e Títeres Alakrán, con *Barriga Verde ataca de novo*. Tamén levaron a escena pezas as compañías foráneas Teatro de Ilusiones Animadas (Argentina), Teatro La Estrella (Valencia), La Gotera de Lazotea (Cádiz), Vagabundo Títeres (Chile), Tactilicuä & República Tóxica (Cataluña), Xarop Teatre (Colombia) e Títeres Larderos (Cuenca).

**Galicreques**, XI Festival Internacional de Títeres de Oleiros

Organizado polo Concello de Oleiros e polo Consorcio das Mariñas. A edición de 2015 celebrouse entre os meses de outubro e novembro no auditorio do centro cultural A Fábrica, de Perillo. Contou coa participación da compañía teatral Entremáns, coa peza *Xoga* e coa presenza das foráneas Plansjet (Bélxica) e La Mar de marionetas (Madrid).

**Infantil & Familiar**

Ciclo de espectáculos que organiza o Concello de Santiago de Compostela, dende o seu Departamento de Cultura, adicado a nenas, nenos e bebés e celebrado en distintos lugares da cidade, o Teatro Principal, a Zona C, o CGAC, a Sede SGAE/Fundación Autor e a Sala Agustín Magán do CSC de Santa Marta. As actividades celébranse en dous períodos: un entre o 11 e o 25 de abril e outro dende maio a xuño. Son de todo tipo: concertos, música clásica, teatro para bebés, contos musicais, cinema... Entre as postas en escena para público infantil están *Xoga*, da compañía Entremáns; *Cocer e cantar*, de Viravolta; e *Moito conto*, de Redrum Teatro. Tamén contou coa presenza da compañía foránea Teatro Gorakada (País Vasco).

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Magia, música, clown, títeres y teatro para 'crear semente' entre los más pequeños", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 9 xaneiro 2015, p. L6.

Anúnciase o ciclo Infantil & Familiar e recóllense as explicacións da concelleira de Cultura, María Antón. Faise un repaso pola programación cultural do ciclo que contará cunha decena de espectáculos.

- Isabel Miguel, "Una tarde para la magia y el recuerdo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 18 xaneiro 2015, contracuberta.

Fálase da presentación da obra *O afiador* que tivo lugar no Teatro Principal de Santiago dentro do ciclo Infantil & Familiar. Coméntase brevemente o contido da obra, ademais que indicar que "cautivó a los asistentes".

**Itineranta**

Programa de animación teatral de rúa organizado pola concellaría de festas do concello de Pontevedra. A edición de 2015 celebrouse entre os días 4 e 6 de agosto e contou coa presenza dos galegos Troula Animación, Olodum do Coio e Pablo Mendez Performances. Tamén participaron as compañías foráneas K de Calle (Zaragoza), Kull D'sac (Valladolid), Efimer (Lleida), Tutatis (Barcelona), Kanbahiota Trup (Albacete) e Turutukupa (Vitoria).

**Referencias varias:**

- Belén López, "Zumbido de 'moskas' por Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 5 agosto 2015, p. 11.

Fálase deste festival no que participan nove compañías de distintos puntos de España, e ofrécese a programación correspondente.

**Laxe**, XIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Laxe, ten lugar durante os domingos do mes de outubro e novembro. A edición de 2015 contou coa representación das pezas, para todos os públicos, *O ollo que todo o ve*, da Escola Municipal de Teatro de Santa Comba; *O país dos mandóns*, de Ghazafelhos Teatro; *Unha de romanos*, do grupo Apem Carballo; e *Brinquedos*, de Metátese Teatro.

**Lugo**, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Concellaría de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e a Federación Galega de Teatro Afeccionado co obxectivo de facilitar o intercambio de compañías lucenses con outras de diferentes localidades galegas. A edición de 2015 tivo lugar entre o 30 de outubro e o 2 de novembro no Auditorio Gustavo Freire da localidade lucense e contou coa participación da compañía teatral Paso de Valverde, coa peza *Un día no circo*. Tamén se levou a escena para público adulto *Ulrike no deserto*, de Teatro do Aramio; *Vaia Tropa*, de Max Teatro; *A Apócema*, de Nova Escena Teatro.

**Lugo**, XVª Mostra de Teatro Clásico de

Mostra organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova e destinada a rememorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións celébranse no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2015, que tivo lugar entre os días 22 de xaneiro e 28 de febreiro, representouse *A frauta máxica no maxín*, d´Os Monicreques de Kukas. Ademais, a mostra acolleu as postas en escena das pezas *A tempestade*, de Voadora e *Bobas e galegas*, de Mofa e Befa. Participaron tamén as compañías foráneas Arden Producciones (Valencia), Teatro Meridional (Madrid), Anem Anant Teatre (Valencia), Teatro de la Danza (Madrid),

Teatro Corsario (Valladolid), Pentación Espectáculos (Madrid), Dei Furbi (Barcelona), Galo Film (Madrid) e Ron Lalá (Madrid).

**Referencias varias:**

- R. L., "Shakespeare conquistó a los más pequeños de Lugo en la obra '1,2,3 Macbeth", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 febreiro 2015, p. 30.

Dá conta da XV Mostra de Teatro Clásico de Lugo e da gran acollida por parte do público dalgunhas das pezas representadas. Coméntase a trama da obra *A tempestade*, da compañía galega Voadora.

**Manicómicos**, XV Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, coa colaboración do Concello da Coruña, da Deputación Provincial e de Gadis, acollía actuacións galegas e internacionais. No ano 2012, a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña eliminouno do programa das festas da cidade pero o colectivo Manicómicos decidiu recuperar o festival xusto o seguinte ano. A edición de 2015 desenvolveuse durante o mes de agosto e acolleu diversos espectáculos de teatro cómico en diferentes espazos da cidade. Representáronse as pezas, para público infantil, *Laboratorio Máxico*, de Mundo Mandarina; e *Improfantasía*, a cargo de Duguis Impro e The momento Impro. Tamén contou coa presenza da compañías galegas Inversa Teatro, coa peza *Té con Kant*; Antón Coucheiro, con *Psicópata*; The Momento Impro, con *Entreliñas*; e Pelotinautas, con *Fair Play*. Ademais, celebrouse a XII Gala de Aniversario, con espectáculos de circo, danza, clown, acrobacias e humor.

**Referencias varias:**

- David Fontán, "Luz y color en los barrios", *La Opinión*, "A Coruña", 6 agosto 2015, p. 10.

Anúnciase o XV Festival de Comedia, Teatro e Circo, a cargo de Asociación Cultural Manicómicos, que terá lugar en Coruña do 13 ao 16 de agosto e ofrécese a programación correspondente.

- M. G. M., "Las artes escénicas irrumpen en el programa festivo con 'Transcénica", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 8 agosto 2015, p. 11.

Entre outras novas, informa da celebración do festival Manicómicos dentro das actividades inseridas na programación das Festas de María Pita.

- E. C. G., "Manicómicos celebra su gala de duodécimo aniversario con números de circo", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 31 decembro 2015, p. 12.

Dáse conta dos espectáculos que se van levar a cabo na celebración da XII Gala de Aniversario, dentro do Festival Manicómicos.

**Mañufe levanta o telón**, IIª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizado pola Asociación Cultural San Vicente de Mañufe. A edición de 2015 celebrouse durante as fins de semana do mes de outubro. Levouse a escena, para público infantil, *A consulta do doutor Melquíades*, de Xente daquí e dacolá. Tamén contou coa participación dos grupos Xesta Vermella de Borreiros, coa peza *Doutor de cabeceira*; Escoitade de Valladares, con *Exposición de catro mementos*; Atlántida de Matamá, con *Falando de cartos*; Teatro Tarantela de Beade, con *O achado do castro*; e Xente daquí e dacolá de Mañufe, con *O testamento do tío Naxo*.

**María José Jove**, XIº Festival de Títeres

Organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE). É unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Na edición de 2015, que se celebrou tanto na propia Fundación María José Jove como no Forum Metropolitano, participaron as compañías galegas Fantoches Baj, con *Rei, rei?*; Baobab Teatro, con *Luppo*; Tanxarina Teatro, con *Trogloditas* e *A casa do avó*; Viravolta Títeres, con *Peer Gynt*; e Títeres Cachirulo, con A *Figueira do Demo*. Tamén participou a compañía foránea Tropos (Madrid).

**Referencias varias:**

- L. T., "El Festival de Títeres de María José Jove oferta diez espectáculos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 24 decembro 2015, p. 12.

Anuncia o comezo deste festival e indica que conta con dez espectáculos que se representarán ao longo de cinco días. Ademais, sinala que serán dous os espectáculos representados por día e que os primeiros serán *Peer Gynt* da compañía Viravolta e *A casa do Avó*, de Tanxarina.

**Meaño**, Mes do Teatro de

Organizado pola Concellaría de Cultura e Educación e a Oficina Municipal de Información Xuvenil de Meaño. A edición de 2015 celebrouse no centro social de Dena os domingos do mes de marzo. A mostra acolleu a representación, para público infantil, das pezas *O vulto negro*, da Escola de Teatro Municipal de Valga; *Casa Nicasia*, das Mulleres Rurais de Lores; *Un marido de ida e volta*, de Chumpá; e *Cousas nosas*, do grupo Asduasepunto. Tamén contou coa participación do grupo Trimentes, con *Operación tri-unfo*.

**Melide**, Iº Festival de Teatro Escolar de

Organizado polo IES de Melide, coa colaboración de Metátese Teatro, a Deputación da Coruña, o Concello de Melide, o grupo local Herba Grileira e a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Nesta edición de 2015, celebrada o sabado 14 de marzo na casa da cultura da localidade, participaron os grupos Escola Municipal de Teatro de Laxe, Aula de Teatro do CPI de Touro e Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, coa peza *Brincos de fantasía*; e Aula de Teatro do IES Anton Losada Diéguez da Estrada, 'Avelaiñas Teatro' e Aula de Teatro do IES de Melide, 'Teiroa Teatro', con *Gorentosadas*.

**Referencias varias:**

- Natalia Noguerol, "El teatro no entiende de edad en Melide", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 6 marzo 2015, p. L9.

Coméntase que Ánxeles Vázquez, alcaldesa de Melide, e Alfonso García, profesor do IES Melide, presentaron o primeiro Festival de Teatro Escolar de Melide. García apunta que o festival non só vai permitir o intercambio de experiencia entre os actores e as actrices, senón que tamén vai ser unha interación cos veciños, ao se converteren en protagonistas. Repásanse as obras teatrais que abrirán a xornada.

- M. T., "El festival del IES de teatro será el próximo día 14", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.207, 9 marzo 2015, p. 3.

Ofrécese información sobre o primeiro festival de teatro do municipio e indícase que contará con máis de 200 actores, de diferentes concellos.

- Arturo Reboredo, "Un festival teatral escolar reunirá este sábado en Melide a más de 200 actores", *El Progreso*, "Comarcas", 12 marzo 2015, p. 16.

Informa do comezo do primeiro festival de teatro escolar de Melide, que se abrirá coa representación da obra *Brincos de Fantasía*, dos alumnos das aulas teatrais de Touro, Laxe e Palas de Rei, ademais doutras actividades como unha ruta teatralizada pola aldea de Furelos. Engádense algunhas explicacións realizadas polo profesor Alfonso García, impulsor desta iniciativa.

**MIT**, XXXIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. Na edición de 2015, celebrada entre os días 18 e 25 de xullo, representouse, para o público infantil, a peza *Peer Gynt*, a cargo de Viravolta. Ademais, contou coa presenza das compañías Teatro do Vilar, coa peza *O florido pénsil*; Chévere, con *As fillas bravas*; Velaivai, con *O palleiro*; A Panadaría, con *Pan! Pan!*; Teatro do Atlántico, con *O*

*principio de Arquímedes*; Inversa Teatro, *Té con Kant*; Il Maquinario, con *Perplexo*; e das compañías foráneas La Veronal (Cataluña); Tutatis (Cataluña); Teatro del Barrio (Madrid); Nanterre-Amandiers Centre Dramatique Nacional (Francia, Austria, Alemaña, Bélxica e Suíza); Cía. Manolo Alcántara (Cataluña); Frida Kahlo Production, Richard Jordan Productions Ltd e Produzioni Fuorivia (Italia); Títeres María Parrato (Castilla y León), La Güasa (Andalucía), Sr. Serrano (Cataluña); La Re-sentida (Chile), Colectivo 360º (Portugal), La Trastienda (Madrid).

**Referencias varias:**

- Sabela Pinal, "Un impulso para a MIT", *La Región*, "Verano", 11 xullo 2015, p. 23.

Dá conta do comezo dunha nova edición desta mostra, que este ano contará cun incremento das axudas económicas por parte da Deputación e do Ministerio de Cultura. Informa da diversidade de actividades, do prezo das entradas e dos horarios.

- Roberto Pazos e N. S., "O teatro aterra en Rivadavia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 17 xullo 2015, p. 10.

Faise referencia á orixe desta mostra e indícase que o cartel deste ano presenta unha grande variedade de opcións: espectáculos experimentais, funcións para público infantil e montaxes de agrupacións *amateurs*. Sinálanse algunhas das compañías e obras que se achegarán a Ribadavia.

**MITEU**, XXª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións estabelécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o "Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro", que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. Nesa edición incluiuse un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado "Suso Díaz". A de 2015, que se celebrou entre o 16 e o 29 de abril, acolleu a representación da peza infantil *As aventuras de Polgariña*, a cargo de Geppetto, Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense. Ademais, participaron as compañías galegas Aula de Teatro Universitaria Rosaura, con *Donos do tempo*; Cordelia, Aula Universitaria de Teatro de Ourense, con *Caleidoscopio XX*; Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, *Sweeney Tood, o barbeiro diabólico da rúa Fleet*; Limiar Teatro–Acaso Danza (Galicia-Brasil), con *Pangeia*;

Ibuprofeno Teatro, con *Pequenos actos pseudorrevolucionarios*; Corifeo Teatro da Coruña, con *Salas de espera*; Aula de Teatro Normal da Universidade da Coruña, con *Augusta*; Aula de Teatro da USC-Lugo, con *Lear. Da nada sae a nada*; e Maricastaña, Aula de Teatro Universitaria de Ourense, con *III*. Así mesmo, contou coa participación das compañías foráneas Zen del Sur (Andalucía), Malaestirpe Teatro Universitario (Castilla La Mancha), Okidok (Bélxica), Teatro El Mayal da Universidade de León, Aula de Teatro da Universidade de Huelva, Escena Miriñaque (Cantabria), Craq'otchod (Cabo Verde), Leo Bassi (EEUU-Italia), Teatro Universitario de Bellas Artes da Complutense (Madrid), Asta Teatro (Covilhá, Portugal), Teatr'ubi, Grupo de Teatro da Beira Interior (Covilhá, Portugal), Residui Teatro (Italia), Sokoot Theatre Group (Irán), Grupo de Teatro de la Universidad Pública de Navarra, Asociación Teatro Taller Tegucigalpa (Honduras) e Yllana (Madrid).

**Monecadas**, IIº Festival

Organizado por Titiriteiros da Comarca e o Concello de Brión. A edición de 2015 celebrouse os días 10, 11 e 12 de xullo, na Carballeira de Santa Minia. Contou coa participación de Títeres Cachirulo, con *A guerra das Galicsias*; Títeres Alakrán, con *Barriga verde ataca de novo*; e A Xanela do Maxín, con *Titeremusicontos*.

**Referencias varias:**

- Víctor Castro, "Los monicreques regresan a la carballeira de Santa Minia", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 9 xullo 2015, p. 16.

Anúncianse as seguintes representacións dentro do festival Monecadas: *A guerra das Galicsias*, a cargo de Títeres Cachirulo, *Barriga verde ataca de nuevo*, de Títeres Alakrán e *Titeremusicontos*, de A Xanela do Maxín.

**Monforte**, XXIVº Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino de

Certame de teatro organizado polo departamento de Cultura do Concello de Monforte de Lemos (Lugo) e representado no salón de actos da Casa da Cultura dese concello. Na edición de 2015, celebrada entre os días 14 de abril e 7 de maio, participaron o Colexio Ferroviario, coa peza *Tempos modernos para todos*; IES Río Cabe, con *Macbeth*; Colexio Escolapios, con *Fantasía*; IES A Pinguela, con *A revolución azul*; CEIP A Gándara, con *Acabouse a función*; e CEIP de Monforte, con *A fala*.

**Referencias varias:**

**-** I. V., "El certamen de teatro de centros de enseñanza se inicia hoy en la casa de la cultura", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 14 abril 2015, p. 16.

Informa que esta mostra teatral inicia coa representación de *Tempos modernos para todos*, na casa de cultura Lois Pereiro de Monforte de Lemos. Noméanse as outras obras que participan tamén neste festival e dise que todas comezarán ás oito da tarde.

**MOSTRA(TE)**, XIVª Mostra de Teatro Afeccionado do Condado

Organizado pola Asociación Cultural Solpor, coa colaboración do Concello de Salvaterra do Miño e a Deputación de Pontevedra. A edición de 2015 tivo lugar na Carballeira das Fraguiñas os días 23, 24 e 25 de xullo. Levouse a escena a peza para público infantil *Contos de carromato*, de Teatro Aforo de Vigo. Tamén contou coa participación do grupo San Fins de Rebeordáns de Tui, con *Cesar Augusto*; Os deslinguados de Cangas, con *A farsa do señor xuíz*; Osiris Teatro de Salceda de Caselas, con *Old Saybrook*; e Damecuerdaqueteatro de Pontedeume, con *Non hai ladrón que por ben non veña*.

**Referencias varias:**

- V. P., "Cinco grupos actúan en la Mostra de Teatro Afeccionado de Salvaterra", *Faro de Vigo*, "Condado-Paradanta", 22 xullo 2015, p. 13.

Dáse conta do programa da décimo cuarta edición desta mostra e indícase que se celebrará na parroquia de Fornelos da Ribeira, en Salvaterra, con entrada gratuíta.

**MOTECES**, XIVª Mostra de Teatro de Ensino Secundario

Organizada por primeira vez no ano 2002 pola área de Educación, Universidade e Xuventude do Concello de Ourense en colaboración co Instituto Blanco Amor, naceu coa vontade de estabelecer un espazo na cidade para o teatro que nace nos centros de ensino, ao tempo que dar proxección e incentivar o labor desenvolvido por estes escolares. A edición de 2015 celebrouse entre os días 5 e 15 de maio en sesións matinais (12:00) no salón de actos da Escola Municipal de Artes Escénicas. Participaron os seguintes grupos teatrais de alumnado dos seguintes centros: Baralláns do IES Blanco Amor, coa peza *Entremeses*; Jopelines Mary Teatro do IES Otero Pedraio, con *Xoana quere ter medo*; o grupo do IES Lagoas, con *O Show*, Vedruna Teatro do CPR Sta. Teresa de Jesús (Carmelitas), con *Pax Romanien*; Caixadesastre do CPR Sto. Ángel, con *Marxinados*; o grupo IAD12+13 do IES Universidad Laboral, con *Vodas de Sangue*; e XXFF 2.0 do CPR Divina Pastora (Franciscanas), con *Mar de Néboa.* Tamén representou en castelán o grupo Carrabouxos Teatro do CIFP Carballeira, con *La Ratonera.*

**MOTESMO**, XIXª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Certame organizado polo IES María Soliño co apoio da ANPA do centro e de Teatro Aurin. A edición de 2015 celebrouse entre os días 27 e 30 de abril en sesións matinais no salón de actos do instituto organizador. Participaron os seguintes grupos teatrais de alumnado dos seguintes centros: Obradoiro de Teatro do IES María Soliño, con *Mochilas pesadas*; Comediantes anónimos do IES Johán Carballeira, con *É a guerraaarrr!!*; Teatro A Réplika do IES Rodeira, con *Os catro mosqueteiros na procura do Pai do Rei*; Teatro Eduardo Pondar do Colexio Eduardo Pondal, con *Cinco semanas*

*en globo*; O teatro que ri do IES As Barxas, con *O xogo de Green*; e a compañía Moito Morro Teatro con *Es-ketches*.

**Referencias varias:**

- C. F., "Premio al cartel de Mostra de Teatro", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", 10 marzo 2015, p. 17.

Dá conta do vencedor do premio do concurso de carteis para esta mostra, que foi para Alejandro Pazos Parada, de Bueu.

**MOTI**, XIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Mostra organizada polo concello, o Teatro Principal e a Universidade de Vigo (campus de Ourense), dende o ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal e o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. A edición de 2015, celebrada entre o 26 e o 30 de decembro, contou coa participación das compañías Peter Punk, con *Peor imposible*; Trécola Teatro, con *Maremoti*; Mircromina Títeres, con *Cinco historias para unha man*; Geppetto. Aula de Teatro Infantil do campus de Ourense, con *Aladino e a lámpada marabillosa cruzan fronteiras*; Xabier Iglesias Producións, con *Moendo muiñeiras*; Limiar Teatro, con *Don Quixote, unha comedia gastronómica*; Caramuxo Teatro, con *Feo!*; e Titerefícciós, con *Chove!.* Participaron tamén compañías foráneas Pepe Bou (Cataluña), Borobil Teatroa (Euskadi), Arena en los bolsillos (Andalucía), Ymedio Teatro (Andalucía), Jean Philippe Kikolas (Castilla y León) e Escena Creativa (Madrid).

**Referencias varias:**

- S. N., "La MOTI representa 22 obras de 18 compañías", *La Región*, "Sociedad", "Agenda cultural", "Teatro", 20 decembro 2015, p. 61.

Ofrécese información sobre a mostra. Indícanse os espectáculos programados e preséntase un breve resumo de cada obra.

**Mundo títere**, Mostra de teatro

Organizada polo Concello de Neda. A edición de 2015, celebrada durante o mes de outubro, contou con tres representacións por parte da compañía Trompicallo: *O día que chegou unha nube e choveu*, *Jiñol* e *Osiño*.

**Nadal Lúdico**

Programa de conciliación familiar organizado polo Concello de Ames a través da concellaría de Educación e Servizos Complementarios. Desenvolveuse en Bertamiráns e no Milladoiro dende o día 21 até o 31 de decembro de 2015 e 4 e 5 de xaneiro de 2016, con actividades lúdicas destinadas ao entretemento e á aprendizaxe dos máis pequenos. Contou coa presenza das compañías Trompicallo, con *Rumpelstikin, o anano saltarín*; Caramuxo Teatro, con *Feo!*; e Asociación de Mulleres de Ortoño, con *Un conto de Nadal*.

**Referencias varias:**

- Marcos Manteiga, "Nadal Lúdico para conciliar e recollida de xoguetes solidaria", *El Correo Gallego*, "*Área de Compostela*", 9 decembro 2015, p. 33.

Infórmase da programación do Nadal Lúdico do Concello de Ames, aberto a todos os nenos escolarizados en Primaria, no que se inclúen cursos, teatro, recitais e a visita do Apalpador, entre outros.

**Narón e Ferrol**, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil "Xeración Nós", que celebraban dende 1984 os sete concellos da Mancomunidade. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse á organización o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), agora sustituído pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), e da Deputación da Coruña. A edición de 2015, celebrada durante os meses de outubro e novembro, contou coa presenza das compañías Eme2 Producións&Arte, con *Jim e a illa do tesouro* e Ghazafelhos Teatro, con *O país dos mandóns*. Tamén participaron, con obras en castelán, Unahoramenos Producciones e Teloncillo.

**Negreira**, Ciclo de Teatro de

Organizado polo Concello de Negreira en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2015, cun total de once representacións, desenvolveuse entre o 28 de maio e o 13 de xuño e contou coa posta en escena da peza *As fabas máxicas*, de Caramuxo Teatro. Tamén participaron a Escola Municipal de Teatro de Negreira, con *O mundo está tolo e ti ségueste duchando*, a Escola de Teatro de Santa Comba, con *O ollo que todo o vé*; Axoúxere Teatro, con *Chou más gou on*; Malasombra Teatro, con *A herdanza*; Boneca lareta, con *Sede de mal*; O aturuxo de Melpómene, con *Cipriano de Bequelar*; e 2 paiasos en apuros, con *Vivalbos como galegos!*. Ademais, o ciclo inclúe a tres representacións dos grupos máis novos da Escola Municipal de Teatro de Negreira: *Silencio estamos rodando*, *A importancia do tempo* e *Cenizo e caperuzo*.

**Referencias varias:**

- M. Manteiga, “O ciclo de teatro de Negreira inclúe 11 representacións para todas as idades”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.284, 27 maio 2015, p. 3

Informa sobre o programa de actuacións (datas, horarios, grupos que participan e as súas obras) desta nova edición do ciclo de teatro de Negreira.

**Núbebes**, IIIº Festival das

Festival das artes escénicas para bebés e familia promovido polo concello de Pontevedra e coordinado por Baobab Teatro. Preséntase como un festival de artes escénicas para bebés e familia, con teatro, contos, música, danza e obradoiros. A edición de 2015 tivo lugar dende o 18 ao 27 de setembro no Teatro Principal, na Praza de Teucro, na Casa das Campás e na Casa Azul. Participaron os grupos Titereficcións, con *Chove!*; Baobab Teatro, con *Baila, Roque, baila*; e Caramuxo Teatro, con *Ñam!*.

**Referencias varias:**

- Noelia Soage, “Música, teatro e guerra de almofadas”, *Diario de Pontevedra*, “Cultural”, “Pontevedra”, 27 setembro 2015, p. 11.

Anuncia a clausura do III Festival das Núbebes, en Pontevedra, e ofrece información sobre as actividades da última xornada, entre as que se inclúe unha sesión de contacontos, un obradoiro de biodanza, unha charla ou un concerto.

- Camilo Franco, “Así no teatro como no leite”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa redonda*”, “Fatiga ocular”, 27 setembro 2015, p. 7.

Fai referencia ao festival Núbebes, que se levou a cabo na fin de semana en Pontevedra; consistente en diferentes actividades destinadas tanto para os pequenos como as súas familias. Recálcase que o teatro ten vocación de reunir.

- Sara Vila, “Núbebes repite o seu éxito”, *Diario de Pontevedra*, “Cultural”, “Pontevedra”, 29 setembro 2015, p. 11.

Saliéntase o éxito da última edición do Festival das Núbebes en Pontevedra, o cal conforma un evento único en Galicia, e dise que só existen citas semellantes en Castela e nalgunha cidade portuguesa.

**Nun Local**, IIº Festival

Iniciativa comunitaria e independente que integra música, teatro, danza, monólogos, cabaret, maxia e poesía. A edición de 2015 tivo lugar o 30 e 31 de outubro e o 1 de novembro no casco vello da cidade e Vigo e levouse a escena a peza *Tilintilonia*, d'O Baúl da Tía Tola. Tamén participaron as compañías galegas Moito Morro Teatro, con *Mi Madriña* e Madialeva Teatro, con *Contos chinos*. Para público infantil

**Referencias varias:**

- Alberto Blanco, "El Casco Vello se viste de música, danza y teatro", *Faro de Vigo*, "Vigo", 1 novembro 2015, p. 11.

Dáse conta da celebración da segunda edición do festival. Indícase foi un éxito de participación, maior que na anterior edición, tanto número de negocios como de artistas. Sinálase que están programadas sesenta actuacións e que procuran crear unha plataforma para as artes en Vigo, fóra das grandes salas.

**O Seixo,** XXVIª Xornadas de Teatro Afeccionado en galego

Ciclo escénico organizado pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en colaboración co Concello de Mugardos. Na edición de 2015, celebrada do 5 ao 6 de decembro no local social de Bello Piñeiro, contou coa compañía Ghazafelhos, con *As mil e unha noites*. Tamén se representaron, para público adulto, *Se o sei non volvo a casa*, d´A Mámoa Teatro; *Mamá é señora para todo, declárase en rebeldía*, de Perez Parallé; e *A pastilla milagrosa*, do grupo A Pombiña.

**Outes**, Outono Teatral de

Ciclo organizado polo Concello de Outes. A edición de 2015 celebrouse do 26 de setembro ao 20 de decembro no auditorio da Casa da Cultura. Para público infantil representáronse as pezas *Laboratorio máxico*, a cargo de Mundo Mandarina; *Fíos* e *Babs*, de Baobab Teatro; *Glub, glub* e *Feo!*, de Caramuxo Teatro; *Concerto magnífico*, d'Os 7 Magníficos máis un; *Contos de Animalario*, de Daboapipa; e *Fair Play*, de Pistacatro Productora de Soños. Tamén contou coa participación das compañías O Aturuxo de Melpómene, con *Desencaixados. Esperpéntica Crise*; Chévere, con *Ultranoite no País dos Ananos* e *As fillas bravas*; Axóuxere Teatro, con *A rúa do inferno*; Verdeveras, con *Desalmados*; Mofa e Befa, con *A galiña* e *Bobas & Galegas*; Escola de Teatro de Narón, con *Ismael e a balea branca*; Bandullo Azul, con *Play. Historia de Maestro e Pupilo*; e Tangatutanga, con *Que Deus nos colla confesados. Cabaré Bíblico*.

**Palas de Rei**, XVIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago"

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural "Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos". Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellaría de Cultura e a Deputación. Na edición de 2015, celebrada entre os días 19 de agosto e 3 de setembro, leváronse a escena as pezas *Lobo bobo*, por parte de Elefante Elegante; Alentía Teatro, con *Cambio de cor*; Folerpas Teatro, con *O mundo das ras*; e *Brincos de fantasía*, do Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei. Tamén participaron as compañías, con pezas para público adulto, Teatro o Batán de Cangas de Foz, con *Igualdade Virtual*;

Volta e Dálle Teatro, con *Rodesindo da Barbosa*; Lusco Fusco Teatro, con *Vareadas de creatividade*; Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, con *Todo é un conto*. *Estación de autobuses*. *Os cravos de prata*; Teatro Solidario As Insuas, con *Kronamar*; Metátese Teatro, con *Brinquedos*; Dandylady, con *Poeticlub*; grupo teatral Faro Miño, con *Os trillizos da Socorro*; e Teatro do Andamio, con *Naviza girl*.

**Referencias varias:**

- Laura Pardo, "Afonso García. 'Co festival queremos poñer en valor a tradición teatral de Palas", *El Progreso*, "A Ulloa", 19 agosto 2015, p. 16.

Conversa co director Afonso García, de Metátese Teatro, co gallo do comezo da dezaseis edición da Mostra de teatro de Palas. Explica que nesta edición actuarán catorce grupos, só compañías galegas, e que abrirá a mostra o grupo de teatro da vila, conformado polo alumnado do colexio, con *Brincos de fantasía*. Engade que durante a mostra haberá actuacións dirixidas a todos os públicos, que "este ano está moi pensado para as familias", pero que buscan "abarcar todo tipo de xéneros e temáticas".

- Conchi García Núñez, "Metátese Teatro y Dandylady actúan en la casa de la cultura de Palas de Rei", *El Progreso*, "Comarcas", 29 agosto 2015, p. 18.

Anuncia a participación do grupo Metátese Teatro, con *Brinquedos*, e Dandyland, con *Poeticlub* dentro da XVI Mostra Internacional de Teatro Amador.

- A. L., "El grupo de teatro Faro Miño de Chantada actúa en la Mostra de Palas de Rei mañana", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 2 setembro 2015, p. 11.

Dáse conta da presenza do grupo de teatro Faro Miño na mostra. Indícase que anteriormente participou na Semana de Teatro de Valadouro. Infórmase, ademais, que grazas a que o grupo entrou no programa Buxiganga participará en A Barrela (Carballedo), Monforte e Cangas de Foz.

**Redondela**, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellería de Cultura, a Deputación Provincial e a obra social de "La Caixa", ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e amosa as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A edición de 2015 tivo lugar dende o 27 até o 31 de maio. Contou coa presenza de Títeres Cascanueces, coas pezas *Un diaño na maleta* e *Ikú e Elegguá*; Titeresficcións, con *A espera*; Títeres Alakrán e Títeres Cascanueces, con *Mr. Pancho e a última función*; Trompicallo Títeres, con *Jiñol*; e Tanxarina Títeres, con *A casa do avó*. Tamén representaron pezas as compañías foráneas: Tiritingue (Madrid), Companyia Pelmánec (Cataluña), Mutis Teatro (Castilla-León), Factoría Circular (Cataluña), Les Fréres Carton (Francia), TitiriNoite (Brasil),

Ekart (Francia), Mimaia Teatro (Cataluña), Centro Dramático de Évora (Portugal), Hugo Suárez (Perú), Katakrak (Cataluña) e Viola Della Rocca (Italia).

**Referencias varias:**

- Antonio Pinacho, "El Festival de Títeres ofrecerá más de 70 espectáculos en las calles", *Faro de Vigo*, "Redondela", 8 maio 2015, p. 14.

Fala da decimosexta edición deste festival que se realiza en Redondela e no que participarán compañías galegas como Tanzarina, Trompicallo, Alakrán, Cascanueces ou Caramuxo.

- A. R., "Fantasía, ternura y animación se citan en el Festival de Títeres de Redondela", *Faro de Vigo*, "*Festa do choco en Redondela*", "Especial", 8 maio 2015, p. 20.

Fálase desta nova edición do Festival Internacional de Títeres e indícanse as datas. Dise que o festival contará coa participación de vintecatro compañías procedentes de Galicia, Cataluña, Madrid, Brasil, Perú e Francia, entre outros.

- M. O., "Redondela se llena de títeres con su festival internacional", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Redondela/Baixo Miño", 16 maio 2015, p. 10.

Infórmase do programa deste festival e anúnciase que contará coa participación de vintecatro compañías, que efectuarán máis de setenta representacións nas rúas do municipio redondelán.

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 19 maio 2015, p. 42.

Anúnciase o XVI Festival Internacional de Títeres de Redondela, destacando a participación de compañías como Trompicallo, Alakrám ou Caramuxo.

- A. Pinacho, "El Festival de Títeres confía en atraer más de 35.000 personas a Redondela", *Faro de Vigo*, "Redondela", 24 maio 2015, p. 15.

Anuncia unha nova edición do Festival Internacional de Títeres e salienta as verbas do seu director artístico, Luis Crespo, quen afirma que o evento "forma parte do ADN da vila".

- Antonio Pinacho, "El Festival de Títeres de Redondela ofrece treinta espectáculos en su jornada de cierre", *Faro de Vigo*, "Redondela", 31 maio 2015, p. 18.

Faise eco da XVI edición do Festival Internacional de Títeres "Memorial Juanjo Amoedo", que ten lugar en Redondela, e anúnciase a programación para a xornada de peche.

- A. P., "El Festival de Títeres rinde homenaje a las marionetas tradicionales", *Faro de Vigo*, "Redondela-Condado", 28 maio 2015, p. 18.

Comenta que o Festival Internacional de Títeres de Redondela realizará unha homenaxe ás marionetas tradicionais coa participación do Centro Dramático de Évora.

_____, "El Festival de Títeres lleva sus espectáculos a las calles y plazas del centro de Redondela", *Faro de Vigo*, "Redondela", 29 maio 2015, p. 16.

Dá conta do inicio do Festival Internacional de Títeres de Redondela e detalla as actividades que se levarán a cabo e o lugar onde se desenvolverán.

- Antonio Pinacho, "Los títeres conquistan a niños y mayores", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 1 xuño 2015, p. 51.

Destácase o éxito do Festival Internacional de Títeres de Redondela, que contou coa participación de vintecatro compañías e máis de setenta representacións, e fálase das novidades que tiveron lugar nesta edición.

**Riveira**, XVIIIª Mostra de Teatro Infantil de

Mostra de teatro organizada pola Concellaría de Cultura, en colaboración coa Asociación Cultural Alfaia. Nela colaboran alumnos e ANPAs de diversos colexios de Galicia, ademais do Grupo Municipal Infantil de Teatro de Riveira. Na edición de 2015, celebrada entre o 25 e o 29 de maio, participaron a ANPA do CEIP de Palmeira, con *Rosiña, a criada xordiña*; grupo de teatro do colexio Galaxia, con *A princesa que non sabía ler*; grupo de teatro do colexio Bayón, con *O parque enfermo*; grupo de teatro do colexio A Milagrosa, con *Bruxas na sabana*; ANPA do colexio Galaxia, con *De ilusións tamén se vive*; taller de teatro del CEIP O Grupo, con *Cousa de maiores*; ANPA de Bandaseca do colexio Salustiano Rey Eiras, con *O misterio das sombras*; e ANPA do colexio Bayón, con *Alicia… no País das Marabillas?*.

**Referencias varias:**

- Suso Souto, "La Mostra de Teatro Infantil levanta el telón este lunes en Ribeira", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.280, 23 maio 2015, p. 7.

Anúnciase que tivo lugar a presentación da XVIII Mostra de Teatro Infantil de Ribeira, por parte da concelleira de Cultura, Elvira Pisos. Adiántase que se poñerán en escena nove obras e  que os primeiros en participar serán os alumnos do colexio de Palmeira, seguidos polos do colexio Galaxia.

**A Rúa é vosa, Festival Cómico Festivo**

Certame organizado polo Concello de Monforte de Lemos, a Deputación de Lugo e Boneca Lareta Producións. A primeira edición de 2013 acolle unha serie de espectáculos de teatro, circo, música e cinema que se celebraron durante os días 12, 13, 14 e 16 de agosto, entre os que están un pasarrúas de Teatro de Ningures, Os cómicos dell auto; espectáculos de maxia de Miguelillo, Don Gelati e Pablo Superstar Cool e un espectáculo de circo e música de Musicólogo.

**Referencias varias:**

- Nieves Neiras, "A rúa é vosa, monfortinos!", *El Progreso*, "*Festas patronais*", "Monforte de Lemos", 11 agosto 2015, pp. 52-53.

Dáse conta deste festival organizado pola produtora Boneca Lareta. Sinálase que conta coa colaboración do Concello de Monforte e a Deputación de Lugo e infórmase da súa programación.

**Santa Comba**, Iº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado polo Concello de Santa Comba. Nesta primeira edición, que tivo lugar entre o 6 e o 20 de novembro, participou Caramuxo Teatro, coa peza *As fabas máxicas*. Tamén se representaron, para público adulto, *Demolición*, de Talía Teatro e *Tacóns na corda*, de Verdeveras.

**Sen Numerar**, Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura da Coruña, en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios, co obxectivo de reforzar a programación do Fórum Metropolitano e apoiar o traballo de compañías locais e galegas. Na edición de 2015, celebrada do 25 de setembro até o 18 de decembro, representouse a peza *Don Quixote, unha comedia gastronómica*, de Limiar Teatro. Tamén se levaron a escena, para público adulto, *Love room*, de Teterella Teatro; *Sushi gratis*, de Funboa Escénica; e *As fillas bravas*, de Chévere. Ademais, contou coa participación das compañías foráneas CTC Producciones (Madrid), Sudhum Teatro (Madrid), JoTacción e Teatro del Temple (Zaragoza).

**Teatro con G**

Programa organizado pola Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística de Ferrol, celebrado no centro cultural Carvalho Calero e no Teatro Jofre. No ano 2015 celebrouse entre o 28 de abril e o 23 de outubro. Contou coa participación das compañías Magín Blanco, con *A nena e o grilo*; Títeres tres globos, con *Caraporquiña vermella*; IES Sofía Casanova, con A farsa das zocas; CEIP Esteiro, con *O regalo da bruxa*; IES Carvalho Calero, con *A inconmensurábel incógnita do tempo*; CPI Atios Valdoviño, con *A man da filla*; Colexio Ludy, con *Carapuchiña feroz*; CEIP Isaac Peral con *Os antollos da margarida* e *Esquecinme de ti*.

**Teatrofilia**, XIIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2015, celebrada no Centro Social da Terceira Idade de Vedra dende o 13 até o 29 de marzo, representáronse as pezas destinadas a público infantil *O Guindastre*, do grupo de teatro

da A.C. Cotomanguelo; *O bosque enfermo*, da Escola de San Miguel de Sarandón; *Cativos*, de Tira e afloxa; *Sola na aldea*, de A.C. San Campio; e *Brinca contos*, de Andaravía Teatro. Tamén participaron os grupos de teatro do Centro Sociocultural de Vedra, con *Fitipaldi*; A.C. Cotomanguelo, con *A consulta do avogado* e *O testamento do Nacho*; Gargallada Teatro, con *Estación Sombrío*; Chévere, con *As fillas bravas*; Vacaloura Teátrica, con *Musicando... que é xerundio*; Aula de teatro do C.P.I de Vedra, con *Destino interior*; A.C. Cotomanguelo, con *En clave rosa*; Agrupación Teatral Mariñán, con *Martini seco*; Tangatutanga, con *Urraca*; Pinchacarneiro, con *Vilar de Inferno*; Aquelando Teatro, con *A noticia*; Tira e Afloxa, con *A raíña loba*; e compañía foránea Teatro Carbayín (Asturias).

**Teo**, VIIIº Mes do Teatro

Organizada polo Concello de Teo en colaboración coa Deputación da Coruña e AGADIC. A edición de 2015, que tivo lugar do 5 ao 20 de outubro, contou coa representación das pezas *Zapatos*, de Caramuxo Teatro; e *O traxe novo do Rei*, de Tarabelos. Tamén participaron outras compañías con espectáculos para público adulto: Abrapalabra Creacións Escénicas, con *As do peixe*; Os Sete Magníficos máis un, con *Bivalvos como galegos*; Tangatutanga Teatro, con *Cabaret Bíblico*; Aporía Escénica Teatro, con *30 e tantos osos*; e Boneca Lareta con *Filosolfando*.

**Titerentroido**, Festival

Organizado por Viravolta Títeres en colaboración co Concello de Lalín e a Asociación de Amigos do Museo Galego da Marioneta. A edición de 2015 celebrouse entre 14 e o 17 de febreiro, no Museo Municipal Ramón Aller de Lalín. Levouse a escena a peza *Lolo e a Ratoa*, a cargo de Teatro de Marionetas Trécola. Tamén participaron as compañías foráneas El Tenderete (País Vasco); Desguace teatro (Andalucía); e Ana Santa Cruz (Perú).

**Referencias varias:**

- ARCA, "El Titerentroido atrajo al público de Lalín", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.189, 19 febreiro 2015, p. 7.

Breve nota que informa do transcurso deste festival realizado entre os días 14 e 17 no museo Ramón María Aller.

**Títeres no Nadal**

Posto en marcha pola Área de Cultura da Deputación de Lugo e celebrado nos centros de ensino da provincia durante o mes de decembro. Na edición de 2015 participaron as compañías Mircromina Títeres, coa peza *Martín, Martín* e Spaguetti Títeres, con *Cinco historias para unha man*.

**Referencias varias:**

- F. G., "La Diputación llevará Títeres no Nadal a 25 centros educativos de la provincia", *El Progreso*, "Comarcas", 10 decembro 2015, p. 14.

Dá conta de que o programa Títeres no Nadal, a cargo da Deputación de Lugo, se leva a cabo en vinte e cinco centros docentes da provincia e infórmase de que o obxectivo consiste en achegar este tipo de espectáculos aos colexios do medio rural.

**Titirideza**

Festival de títeres organizado por Viravolta Títeres cuxas representacións tiveron lugar en distintos lugares de Lalín: o Auditorio municipal, o Museo Ramón Mª Aller, a Praza da Igrexa, a Praza da Galicia e a rúa Colón. Na edición de 2015, celebrada entre os días 27 e 30 de agosto, participaron as compañías galegas Tanxarina títeres e marionetas con *A casa do avó;* Os monicreques de Kukas con *Contos do vento acatarrado;* Fantoches Baj con *Rodarirrodari;* Artello con *Non toques os meus círculos*; e Dhantea Teatro con *Carapuchiña vermella ou o conto do lobo*.

**Referencias varias:**

- C. B., "Titirideza lembra o esforzo das primeiras compañías de títeres dos 70 en Galicia", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.366, 19 agosto 2015, p. 31.

Anuncia a nova edición de Titirideza, na cal renderase unha homenaxe ás compañías que na década dos setenta e principios dos oitenta xurdiron en Galicia para encher o oco producido pola desparición de Barriga Verde (1964).

- C. Botrán, "Tanxarina Títeres abriu onte con 'A casa do avó' o Titirideza", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.375, 28 agosto 2015, contracuberta.

Faise eco do inicio do Titirideza de Lalín coa posta en escena desta obra. Tamén se informa de que o programa desta edición tenta render unha homenaxe ás compañías galegas que se iniciaron nesta arte.

_____, "Titirideza amplía o seu programa con animación de rúa en tres pases", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.376, 29 agosto 2015, contracuberta.

Comenta que o Titirideza 2015 engade un espectáculo de animación de rúa titulado *Os dous de sempre,* a cargo de Luchi Iglesias e Fran Lareu.

**Titirinoia**

Ciclo de títeres organizado polo concello de Noia e pola distribuidora Urdime. Na edición de 2015, celebrada do 12 ao 14 de agosto, representáronse as pezas *Contada en Obras*, a cargo de Brais das Hortas; *Acuario*, de Teatro Ghazafelhos; *O segredo do*

*tendal*, de Raquel Queizás; *Teatro D. Roberto*, de S.A. Marionetas con "T"; *Cocer e cantar*, de Viravolta; e *Lume*, de Babaluva.

**Ti-tiritando de emoción**, IX Mostra de títeres

Mostra teatral organizada pola Concellaría de Cultura de Riveira, en colaboración co departamento municipal de Educación. A edición de 2015, celebrada do 11 ao 25 de abril, contou coa presenza da compañía galega Títeres Cascanueces, coa peza *Ikú e Elegguá*. Tamén estivo presente a foránea Hilando Títeres (Madrid).

**Referencias varias:**

- Suso Souto, "La Mostra de Monicreques de Ribeira incluye cuatro obras y una exposición", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.229, 1 abril 2015, p. 11.

Informa que esta mostra teatral inicia coa representación de *Tiempos modernos para todos*, na casa de cultura Lois Pereiro de Monforte de Lemos. Noméanse as outras obras que participan tamén neste festival e dise que todas comezarán ás oito da tarde.

**Todo Público**, Ciclo

Ciclo de teatro organizado polo colectivo "Todo Público" no que se representan unha serie de obras coa finalidade de achegar as artes escénicas aos máis pequenos. Cada edición deste ciclo dá comezo a finais de ano para extenderse até ben entrado o ano seguinte. A última edición comezou o 18 de outubro de 2015 e continuou até o 7 de maio de 2016. Participaron as compañías galegas Caramuxo Teatro, con *Feo!*; Compañía Entremáns, con *Xoga*; e Ghazafelhos, con *Nana para un soldado*. Tamén estiveron presentes as compañías foráneas EscenaTe, Teatro Paraíso, Barobil Teatroa, Escena Creativa, La Balfufa, El Retablo, Festuc Teatre, Ytuquepintas e Gorakada.

**Touro**, VIII Festival de Teatro de

Organizado polo grupo de teatro do CPI de Touro, co apoio do concello. A edición de 2015 celebrouse o día 9 de maio na Casa da Cultura de Touro. Contou coa participación da Escola Municipal de Teatro de Laxe, Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, Aula de Teatro del IES de Melide, coa peza *Brincos de Fantasía*; e Aula de Teatro do IES Antón Losada Diéguez e Teatro do CPI de Touro, con *Gorentosadas*.

**Referencias varias:**

- S. E., "Touro vivió un fin de semana de teatro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.269, 12 maio 2015, p. 7.

Informa dos actos celebrados no VIII Festival de Teatro de Touro en Fonte Díaz e no cal participaron grupos de Laxe, Melide, A Estrada e Touro.

**Vedra**, Circuito Galego de Teatro Amador de

Organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) no centro social da terceira idade de Vedra. Na edición de 2015, celebrada durante os meses de maio e xuño, representouse a peza, para público infantil, *Brinca contos*, a cargo de Andaravía Teatro. Tamén participaron as compañías Gargallada Teatro, con *O anel máxico*; Atrezo Teatro, con *A verdadeira historia de carapuchiña vermella*; Achádego Teatro, con *O barco sen mariñeiro*; e Andaravía Teatro, con *Manifféstate!*.

**Referencias varias:**

- M. Toledo, "El Circuito de Teatro Amador llega a Vedra con cinco piezas a partir del día 30", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.285, 28 maio 2015, p. 7.

Dá conta do comezo desta mostra, o lugar onde se celebrará e indica cal é o programa de actuacións.

- M. T., "Pechan o Circuito galego de teatro amador en Vedra", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.299, 11 xuño 2015, p. 7.

Informa que Andaravía Teatro pechará este circuíto dramático.

_____, "Doble función de Andaravía Teatro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.301, 13 xuño 2015, p. 7.

Comenta que Andaravía Teatro levará a escena en Vedra, dentro do Circuíto Galego de Teatro Amador, as pezas *Brinca contos* e *Manifféstate!*.

**Vigocultura**

Organizado polo concello de Vigo no auditorio municipal, inclúe espectáculos de música, teatro e danza. A edición de 2015, celebrada todos os venres e sábados durante os meses de outubro, novembro e decembro. Leváronse a escena as pezas *Jim e a illa do tesouro*, de Eme2 Emoción&arte e *15 primaveras*, de Mamá Cabra. Tamén contou coa representación de pezas para público adulto: Teatro do Atlántico, con *O principio de Arquímedes*; A Panadaría, con *Panamericana*; Sarabela Teatro, con *Pequenas certezas*; Mofa e Befa, con *Bobas e galegas*; e Eme2 Emoción&arte, con *Meu ben*.

**Referencias varias:**

- E. Ocampo, "Vigocultura' programa 19 citas con las artes escénicas en tres meses", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 12 marzo 2015, p. 38.

Anuncia a celebración desta mostra e dá conta das distintas actuacións programadas que se representarán no Auditorio municipal. Ademais informa sobre os prezos das entradas e dos abonos.

**Vila de Sarria**, Vª Semana de Teatro Cómico

Xornada teatral celebrada na Casa da Cultura da vila de Sarria. Na edición de 2014, celebrada do 6 ao 10 de agosto, púxose en escena o espectáculo *A Gramola Gominola* e *Peor Imposible*, de Peter Punk destinadas a un público infantil. Tamén contou coas representacións das pezas, para adultos, *Contos viaxeiros*, de Soledad Felloza; *Arsénico por caridade*, da Aula de Teatro do Concello de Sarria; *O Furancho*, de Ibuprofeno Teatro; e *Go on*, de Malasombra.

**Referencias varias:**

- Y. Q. U., "Seis compañías participan del 6 al 10 de este mes en la Semana de Teatro Cómico", *El Progreso*, "Sarria", 1 agosto 2015, p. 9.

Anúnciase o programa da mostra teatral e destácase que conta con seis representacións de diferentes compañías galegas.

**Xosé Agrelo**, VIIIª Mostra de Teatro

Mostra de teatro organizada polo Concello de Muros. A edición de 2015 tivo lugar dende o 18 de abril até o 17 de maio. Nela representáronse as pezas *Ra, ra, ra*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; *Gorentosadas*, da Aula de Teatro do IES de Melide; *Un ben con outro ben*, de Obradoiro de Teatro do CEIP-Louro; *Feo*!, de Caramuxo Teatro; *A ratiña fachendosa*, de Obradoiro de teatro Ramón de Artaza; *A Cincenta que non quería comer perdices*, do grupo de teatro do Centro Ocupacional de Valadares; *Peter Punk*, do Obradoiro de teatro de Muros; e *Cativad@s*, do Obradoiro de Teatro Ricardo Tobío de Esteiro. Así mesmo representáronse, para o público adulto, *A lenda de Xoán bonome*, de Ímolandando Teatro; *Tromparia*, do grupo de teatro municipal de Ames; *Contos de Pepe Agrelo*, de O Xeito Teatro; *As fillas bravas*, de Chévere; *Amor*, de Teatro Solidario as Ínsuas; e *A noticia*, de Aquelando Teatro de Muros.

**Referencias varias:**

- Manuel Gil, "A Mostra de Teatro Xosé Agrelo inclúe 22 representacións", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.243, 16 abril 2015, p. 7.

Sinala que as funcións da mostra comezan coa posta en escena da obra *A lenda de Xoán Bonome.* A seguir, informa do horario do resto das representacións.

**12 doces de outono**, Ciclo

Ciclo teatral e musical para un público infantil e familiar que se celebra de xeito gratuíto os domingos de novembro en doce Centros SocioCulturais de Santiago: Ensanche, Santa Marta, Vite, Amio, Fontiñas, Rocha, Conxo, Castiñeiriño, A Gracia, Marrozos, Lavacolla e Laraño. No ano 2015 participaron as compañías Baobab Teatro, con *Fíos*; Xarope Tulú, con *A miña primeira viaxe*; a Tropa de trapo, con *O ritmo do camiño*; Elefante Elegante, con *Tristán cara de can*; Os Quinquillans Teatro, con *Por que é salgada a auga do mar?*; Caramuxo Teatro, con *Feo!*; Pablo Díaz, con *Xente miúda, moita fartura*; Migallas Teatro, con *Contos nas orellas*; Paula Carballeira, con *Contos de nenas que poden cambiar o mundo*; Marta Ortiz, con *Cores*; e Anxo Moure, con *O Nubinete e o paraugas Dameaugas*. Tamén tivo lugar o concerto-obradoiro infantil *Brinca Vai!*, de Paco Nogueiras.

**Referencias varias:**

- Ana Iglesias, "Domingos de teatro y degustaciones en la red de centros sociales", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 novembro 2015, p. 27.

Anuncia o comezo en Santiago de Compostela durante os domingos do mes de novembro do programa deste ciclo teatral no que se conxuga a representación escénica coa degustación gastronómica.

- ECG, "Proposta moi saborosa nos CSC da cidade e o rural", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 novembro 2015, p. 20.

Dáse conta do inicio do ciclo 12 doces do outono, indícase que os espectáculos son de balde e que están destinados ao público infantil e familiar.

# VII. 3.2.2 ESTREAS

# VII. 3.2.2.1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

**7 magníficos máis Un**: *Concerto magnífico*, dirección Iván Prado

Ver Outes, Outono Teatral de

Títeres **Alakrán**: *Barriga Verde ataca de novo*

Ver Galicreques, XX Festival Internacional de Títeres
Ver Monecadas, IIº Festival

**Referencias varias:**

- M. Toledo, "Lalín proxectará 'Eternía' e a peza 'Barriga Verde' esta fin de semana", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.234, 7 abril 2015, p. 6.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Barriga Verde ataca de novo,* de Títeres Alacrán, que terá lugar no Museo Galego da Marioneta en Lalín.

**Alentía** Teatro: *Cambio de cor*, dirección Afonso García Penas

Ver Begonte, IIIº Ciclo de Teatro de Begonte
Ver Palas de Rei, XVIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago"

Teatro del **Andamio**: *Carapuchiña no faiado*, dirección Tatiana Likhacheva

Ver Cultura no Camiño

**Andaravia** Teatro: *Brinca contos*

Ver Teatrofilia, XIIIª Mostra de Teatro Amador de Vedra
Ver Vedra, Circuito Galego de Teatro Amador de

**Artestudio**: *O avó*, dirección Ramiro Neira

**Referencias varias:**

- Enrique Carballo, "Ramiro Neira. 'Os pais precisamos dos avós para ensinar cousas que nós non somos capaces", *La Opinión*, "A Coruña", "Sociedad y cultura", 21 abril 2015, p. 12.

Conversa con Ramiro Neira, autor e actor da obra *O avó*, quen fala da estrea da peza e do proceso de creación. Entende o teatro infantil como un modo de diversión, mais tamén como método de reflexión e di que esta peza pretende transmitir que os maiores poden achegar valores. Fala do feito de que a obra contase cunha asesora pedagóxica e realiza unha serie de comentarios ao redor da cuestión da familia e sobre os conflitos de carácter xeracional.

**Artello** Teatro: *Non toques os meus círculos*, dirección Rosa Hurtado

Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver Titirideza

Teatro **Avento**: *O mago de Oz*, dirección Xoán Abreu

**Referencias varias:**

- Natalia Álvarez, "Ártika, el nuevo espacio cultural vigués", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 13 xaneiro 2015, p. 2.

Informa da posta en escena desta peza no marco de Ártika e comenta que é unha sala de teatro e escola artística creada para encher o baleiro teatral da cidade de Vigo.

Títeres **Babaluva** (1): *Cama e conto*, dirección Santi Prego

**Referencias varias:**

- Marta Becerra, "Babaluva habló del tiempo", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 5 marzo 2015, p. 8.

Coméntase que os pequenos espectadores puideron gozar na representación de *Cama e conto*, da compañía compostelá Babaluva, dentro do programa Seráns Culturais da Deputación de Lugo.

Títeres **Babaluva** (2): *A alfombra máxica*, dirección Nekane Fernandez

**Referencias varias:**

- M. M. O., "Teatro para bebés desde O Milladoiro el próximo día 13", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela" 5 novembro 2015, p. 32.

Indica que esta posta se celebrará na Casa da Cultura do Milladoiro o día 13 de novembro.

**Badius** Teatro: *Frankenstein*, dirección Alberte Villar e Ricardo Vigueret

Ver Festiletras

**Baobab** Teatro (1): *O lobo e a lúa*, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

**Baobab** Teatro (2): *Luppo*, dirección Óscar Ferreira, texto Andrea Bayer

Ver Cultura no Camiño
Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver María José Jove, XIº Festival de Títeres

**Referencias varias:**

- S. V., "A compañía Baobab estará na Feira de Teatro de Castela e León coa peza 'Luppo", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 17 xullo 2015, p. 11.

Indica que esta peza foi seleccionada para participar na XVIII Feira de Teatro Castilla y León 2015 que terá lugar en Ciudad Rodrigo. Destaca que a obra, "un espectáculo de sentimentos e emocións", está dirixida para nenos de máis de catro anos e adultos e salienta que fala do ciclo da vida e da relación coas persoas maiores. Comenta que xira arredor da fermosa relación entre un ancián que vive só e un cativo de cinco anos que lle adoita levar pan, leite e o xornal.

- E. P., "El grupo Baobab, en la Feria de Teatro de Castilla y León", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 xullo 2015, p. 23.

Dáse conta da participación da compañía nunha mostra de teatro en Castilla e León e explícase que *Luppo* é unha obra para adultos e nenos, que fala do ciclo da vida, a relación cos veciños e maiores e das historias que se constrúen ao longo da existencia.

- B. L., "A compañía Baobab participa na Feira de Teatro de Ciudad Rodrigo", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 28 agosto 2015, p. 11.

Anuncia a participación de Baobab na XVIII Feira de Teatro de Castela e León, que se celebrará en Ciudad Rodrigo. Sinala que estrea a peza *Luppo*.

- Belén López, "Baobab faise co premio á mellor obra infantil na Feira de Castilla y León", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 1 setembro 2015, p. 11.

Comenta que a obra *Luppo* recibiu o premio ao mellor espectáculo para público infantil e familiar na Feira de Teatro de Castela e León. Recolle as palabras de Andrea Bayer e

indica que "é unha reflexión sobre o ciclo da vida, o apego ás persoas e ás relacións humanas".

**Baobab** Teatro (3): *Baila, Roque, baila*, dirección Óscar Ferreira

Ver Núbebes, IIIº Festival das

**Berrobambán**: *Xurdefet*, texto Paula Carballeira, dirección Chiqui Pereira

Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas

**Referencias varias:**

- Camilo Franco, "A inestabilidade permanente", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 20, 31 xaneiro 2016, p. 7.

Reflexiónase sobre a situación do teatro galego na actualidade e cítanse algunhas das pezas que se representaron durante o mes de xaneiro, como *Xurdefet.*

**BocAberta**: *A tropa Trapalleira (Pequena trapallada e algunha que outra batalla)*

**Referencias varias:**

- M. M., "Teatro en Ames coa programación desta primavera", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.234, 7 abril 2015, p. 6.

Anuncia a programación cultural da primavera no Concello de Ames e que acollerá distintas actividades teatrais.

- M. García, "BocAberta planta cara a la guerra con su 'tropa trapalleira", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Para todos los públicos", 16 decembro 2015, p. L11.

Anuncia a posta en escena desta peza no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Cita o elenco de actores e sinala que todos comezaron na Aula de Teatro da Universidade de Santiago. Comenta que vai dirixida a nenos a partir dos seis anos e que é unha reflexión sobre o absurdo da guerra.

- Ana Iglesias, "La agenda cultural se intensifica con las vacaciones escolares", *El Correo Gallego*, "Santiago", 19 decembro 2015, p. 29.

Anuncia a representación desta obra no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Títeres **Cachirulo**: *Xeado de lúa*, dirección Jorge Rey

Ver Escena en Familia
Ver Galicreques, XX Festival Internacional de Títeres

**Caramuxo** Teatro: *Feo!*, dirección Laura Sarasola Pontón

Ver Colorín, Colorado Nadal, Ciclo Teatral
Ver Cultura no Camiño
Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver MOTI, XIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense
Ver Nadal Lúdico
Ver Outes, Outono Teatral de
Ver Todo Público, Ciclo
Ver Xosé Agrelo, VIIIª Mostra de Teatro
Ver 12 doces de outono, Ciclo

**Referencias varias:**

- S. S., "Caramuxo Teatro representa hoy en Boiro la obra 'Feo!", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Barbanza", 9 outubro 2015, p. 34

Informa da representación desta peza na casa da cultura de Boiro.

**Daboapipa**: *Contos de Animalario*, dirección Vero Rilo e Santi Prieto

Ver Outes, Outono Teatral de

**Referencias varias:**

- C. G., "Contos de animalario' para A Bandeira", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 decembro 2015, p. 26.

Anuncia a representación desta peza no centro cultural Vista Alegre.

Producción**s Dispersas**: *O souto dos prodixios*, dirección Diego Freire

Teatro **Dreamwalkman**: *Perfil imperial*

**Educateatro**: *Carapuchiña vermella*

**Referencias varias:**

- Antonio Pinacho, “Caperucita se atreve con el canto”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, 20 outubro 2015, p. 14.

Anuncia a estrea desta peza no Multiusos de Redondela. Recolle o elenco de actores, horario e prezo da función. Ademais, comenta que se trata dunha adaptación do conto clásico dos irmáns Grimm na que se introducen novos personaxes.

- Cuca M. Gómez, “Teatro y votaciones”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, 21 decembro 2015, p. 78.

Entre outras actividades, dáse conta da representación desta peza.

**Elefante Elegante**: *O peixiño de Mariña*, dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

Ver Os Axóuxeres

**Eme2** Produciónś&Arte: *Jim e a illa do tesouro*, dirección Álex Díaz y Javi Tirado

Ver Cangas, XXXIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de
Ver Vigocultura

**Escuadra17** Teatro: *O Camiño de Santiago*, dirección Eduardo Cunha “Tatán”

Ver Cultura no Camiño

**Falabaratas**: *Sopa verde*

**Folerpas** Teatro: *O mundo das ras*

Ver Palas de Rei, XVIª Mostra Internacional de Teatro Amador “Teatro no camiño de Santiago”

Compañía **Galitoon**: *Güela, güela*

Ver Galicreques, XX Festival Internacional de Títeres

As **Garabullo** (1): *Contos e meigallos. As tolas historias da bruxa Brunilda*

As **Garabullo** (2): *Na Feira do Libro Imos Cazar un Oso*

Teatro dos **Ghazafelhos** (1): *Nana para un soldado*, dirección Pepablo Patinho

Ver Todo Público, Ciclo

**Referencias varias:**

- Cuca M. Gómez, "Daniel Craig con fiebre", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 17 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras actividades, informa da representación desta peza cómica para a cal Afundación prevé máis de 2.600 escolares. Indica que narra a historia de dous soldados que se atopan no frente cunha muller que está a punto de dar a luz.

Teatro dos **Ghazafelhos** (2): *As mil e unha noites*, dirección Pepablo Patinho

Ver Carballiño, XXVIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver Cultura no Camiño
Ver O Seixo, XXVIª Xornadas de Teatro Afeccionado en galego

**Referencias varias:**

- ECG, "Última semana de Verán na rúa, con tres números", *El Correo Gallego*, "Santiago", 21 agosto 2015, p. 27.

Entre outras actividades, anúnciase a representación desta peza dentro do programa "Verán na rúa".

- S. P. S., "Traballamos con esta historia porque a xente xa a coñece", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 22 agosto 2015, contracuberta.

Recolle as palabras de Pepablo Patinho, fundador de Teatro dos Ghazafelhos en relación coa evolución da compañía até a actualidade. Destaca que a obra *As mil e unha noites* se vai representar en Santiago de Compostela e que ten un "formato de rúa" que favorece a participación do público.

- Manuel Boo, "¡Por fin! Os nenos de Oroso saen á rúa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 setembro 2015, p. 33.

Entre outras novas, dise que a compañía Ghazafelhos abriu a Semana Cultural de Oroso con esta peza.

Teatro **Ghazafelhos** (3): *3,2,1*, texto e dirección Pepablo Patinho

Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

**In Bocca al Lupo**: *Superlía*, dirección Lola Fernández

Ver Begonte, IIIº Ciclo de Teatro de Begonte

**Katarsis**: *Se eu fose maior*

Monicreques de **Kukas**: *A frauta máxica no maxín*, dirección Marcelino de Santiago

Ver Lugo, XVª Mostra de Teatro Clásico de

**Referencias varias:**

- Cristóbal Maneiro, "La voz de Pape y los Monicreques de Kukas estrenan el año lírico", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", "Música", 9 xaneiro 2015, p. 10.

Informa de varias actividades culturais na cidade herculina e di que no Teatro Rosalía de Castro haberá unha versión da ópera de Mozart *A Frauta Máxica*, pola compañía Monicreques de Kukas, apuntando, entre outras cousas, que se trata dunha proposta orixinal e divertida para os máis pequenos.

**Kikiricreques**: *A Candeloria*

Monicreques **Larei Lará**: *Brancaneves e os 7*

Ver Galicreques, XX Festival Internacional de Títeres

**Limiar** Teatro: *Don Quixote, unha comedia gastronómica*, dirección Nuria Gullón

Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver MOTI, XIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense
Ver Sen Numerar, Ciclo de Teatro

**Mamá Cabra**: *15 primaveras*, dirección Gloria Mosquera

Ver Vigocultura

**Referencias varias**

- Ana Baena, "Quince anos de música, poesía e teatro con Mamá Cabra", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 decembro 2015, p. 10.

Indica que este espectáculo multidisciplinar, co que Mamá Cabra celebra os seus quince anos de traxectoria, terá lugar no auditorio municipal de Vigo. Comenta que a compañía fai un repaso polos seus temas máis representativos.

**Maquinaria Pesada**: *Arturadas*

**Matrioshka** Teatro: *As fillas de Manawee*, dirección Uxía P. Vaello

Ver Colorín, Colorado Nadal, Ciclo Teatral
Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas

Teatro do **Miolo**: *4 tempos*

Ver Buxiganga, Circuítos
Ver Cultura no Camiño

**Moito Morro** Teatro: *Es-ketches*

Ver MOTESMO, XIXª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

**Mundomandarina**: *Laboratorio Máxico*, dirección Laura Muñoz

Ver Festiclown 2.0. Vilagarcía 2015
Ver Manicómicos, XV Festival Internacional de Teatro Cómico
Ver Outes, Outono Teatral de

**Referencias varias:**

- David Gómez, "Vitamina para os mércores miúdos", *El Progreso*, "deVerano", "Que o ritmo non pare", 7 agosto 2015, p. 35.

Dáse conta deste espectáculo, encadrado no ciclo lucense "Mércores Miúdos".

- Sara P. Seijo e J. C., "Refrescantes noches de música y terrazas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 20 agosto 2015, contracuberta.

Informa da representación deste espéctáculode maxia, clown e títeres.

**Pistacatro***: Fair Play*, dirección Pablo Sánchez e Arturo Cobas

Ver Outes, Outono Teatral de

Os **Quinquilláns** Teatro: *Por que é salgada a auga do mar?*

Ver Cultura no Camiño
Ver 12 doces de outono, Ciclo

**Referencias varias:**

- L. F., "O Apalpador', 'Os Bolechas' e 'Os Quintilláns' llegan a la comarca en Navidad", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 19 decembro 2015, p. 16.

No marco das actuacións do programa "Nadal en Galego" da comarca do Salnés, comenta a posta en escena desta peza no Auditorio de Ribadumia.

**Talía** Teatro: *Rosa caramelo*, texto Adela Turín, dirección Paula Carballeira

Ver Dumbría a escena, IIª Xornadas de teatro

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Talía Teatro combate desde el escenario los roles de género", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 3 outubro 2015, p. L6.

Dáse conta da estrea da nova proposta da compañía para o público infantil, segundo se indica, a nenos de entre catro e oito anos. Sinálase que está dirixida por Paula Carballeira e que poñerá en escena catro relatos da escritora italiana Adela Turín: *Rosa caramelo, A historia dos bonobos con lentes, Unha feliz catástrofe* e *Clementina*. Engádese que estes relatos están publicados por Kalandraka en galego, castelán e catalán.

- S. S., "Boiro acolle hoxe un espectáculo infantil que lle dá a volta ós roles de xénero", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 outubro 2015, p. 33.

Informa da acollida do espectáculo *Rosa caramelo e outras historias* na casa da cultura de Boiro, describe o elenco de artistas e o público recomendado.

**Teterella Teatro**: *A fuga*

**Titeresficciós**: *A espera*

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de

**Trécola** Teatro : *As exploradoras*

Os **Tres Tenedores**: *O Capitán Garfo*

Ver Colorín, Colorado Nadal, Ciclo Teatral

A **tropa de trapo** (1): *Ti tamén contas*, dirección Brais das Hortas e Marta Ortiz

A **tropa de trapo** (2): *O ritmo do camiño*, dirección Brais das Hortas e Marta Ortiz

Ver 12 doces de outono, Ciclo

**Viravolta** Títeres (1): *Dueto de fío*, dirección Anxo García

**Referencias varias:**

- Noelia Soage, "Actuaciones, teatro y más conciertos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 12 agosto 2015, p. 10.

Dáse conta da representación deste espectáculo de títeres dentro das Festas da Peregrina de Pontevedra. Sinala que mostra un pequeno repaso polo folclore internacional a través de diversos fragmentos musicais.

**Viravolta** Títeres (2): *Peer Gynt*, baseado na obra de Henryk Ibsen

Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver María José Jove, XIº Festival de Títeres
Ver MIT, XXXIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

**Xarope Lulú**: *A miña primeira viaxe*, adaptación da obra de Paloma Sánchez Ibarzábal

Ver Cultura no Camiño
Ver 12 doces de outono, Ciclo

**Referencias varias:**

- Tamara Montero, "Como facer canteira para encher plateas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", "Agenda", 23 xaneiro 2015, p. 12.

Fala da recuperación do ciclo de teatro infantil da sala coruñesa de teatro alternativo La Tuerka 27. Entre as montaxes que se poderán ver está *A miña primeira viaxe*, de Xarope Lulú, da que se di que é unha adaptación dunha obra de Paloma Sánchez Ibarzábal, ademais de que contén unha escenografía "moi variada" e que está recomendada para cativos entre 3 e 10 anos. Sinálase que non é a única montaxe que está prevista, pois a

sala xa ten programadas outras propostas escénicas. Neste sentido, recóllense as explicacións dunha das encargadas da sala, Iria Ares.

- M. M., "La biblioteca de Vilalba acoge un cuentacuentos gratis para niños de 4 a 10 años", *El Progreso*, "A Chaira", 25 setembro 2015, p. 15.

Anuncia que terá lugar na biblioteca municipal de Vilalba a peza *A miña primeira viaxe*, a cargo da compañía Xarope Tulú.

# VII.3.2.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

# VII. 3.2.3.1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

**7 magníficos máis Un**: *A historia de Brancaflor*, dirección Avelino González

**Referencias varias:**

- Carlos Fernández, "Teatro, premios y música en la recta final de las fiestas de San Martiño de Bueu", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 14 novembro 2015, p. 5.

Entre outras cuestións, dá conta da representación desta peza dentro das actividades das festas de San Martiño de Bueu.

**A Artística**: *Menú vexetal*, dirección Alfredo Rodríguez e Carmela Bueno

**Abrapalabra** Creacións Escénicas: *Ra, ra, ra*, dirección Cándido Pazó

Ver Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados
Ver Xosé Agrelo, VIIIª Mostra de Teatro

**Referencias varias:**

- M. M., "Teatro en Ames coa programación desta primavera", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.234, 7 abril 2015, p. 6.

Anuncia a programación cultural da primavera no Concello de Ames, que acollerá distintas actividades teatrais.

- J. M. Ramos, "Abrapalabra trae o espectáculo 'Ra, ra, ra' a Carballo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.212, 15 marzo 2015, p. 6.

Dá conta da representación deste espectáculo familiar, escenificado polos actores Víctor Mosqueira, Toni Salgado, Beatriz Méndez e Carla Capeáns.

Títeres **Alakrán**: *Mr. Pancho e a última función*, dirección Borja Insua

Ver Carballiño, VII Festival de Títeres do
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de

**Alentía** Teatro: *Chuvia de historias*

Ver Buxiganga, Circuítos

Teatro do **Andamio** (1): *A verdadeira historia dos tres porquiños e o lobo feroz*, dirección Pablo Nojes

Teatro do **Andamio** (2): *Miau*, texto Álvaro Guevara, dirección Álvaro Guevara e Tatiana Likhacheva

Teatro do **Andamio** (3): *A verdadeira historia da cigarra e a formiga*, dirección Álvaro Guevara

Ver Cultura no Camiño

**Animar-T** (1): *A bailar*, dirección Xiada Sanlés e Miguel Strada

**Animar-T** (2): *A casiña de acollida*, adaptación Miguel Strada

Ver Cultura no Camiño

**Animar-T** (3): *Laia, a aprendiz de maga*, dirección Xiada Sanlés e Miguel Strada

Ver Cultura no Camiño

Compañía **Animundis**: *Animundis*, dirección Carlos Sante

**Artestudio** Teatro: *Animaliños*

**Referencias varias:**

- Suso Souto, "Música, humor y teatro en la semana cultural de Aguiño", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.155, 15 xaneiro 2015, p. 6.

Dá conta da representación desta peza no marco das actividades da X Semana Cultural de Ribeira.

**Asacocirco**: *O ladrón de paxaros*

**Avoa Youja**: *Soñei que era unha árbore*

**Referencias varias:**

- D. A., "La biblioteca de Caldas cierra la temporada de actos para público infantil", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 13 xuño 2015, p. 18.

Dáse conta da representación desta peza no marco das actividades realizadas pola biblioteca de Caldas para público infantil.

Títeres **Babaluva**: *Lume*, texto Alberto Varela Ferreiro, dirección Mariza Basso

Ver Titirinoia

**Bandullo Azul**: *A incrible historia de Robinson Crusoe*

**Baobab** Teatro (1): *Martes*, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de

**Referencias varias:**

- B. L., "A compañía pontevedresa Baobab participará en Feten coa obra 'Martes", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 29 xaneiro 2015, p. 12.

Dá noticia da representación da obra *Martes*, de Baobab Teatro na feira Feten, que terá lugar en Xixón e que se define como unha das "feiras de teatro familiar máis importantes de Europa". Sinálase que esta peza foi estreada o ano pasado no Salón do Libro Infantil e Xuvenil e repasa brevemente o argumento da peza, así como outras obras da compañía.

- E. G., "Teatro, Play-Doc, fiestas de San Telmo y ferias en el programa cultural de Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 10 frebreiro 2015, p. 15.

Entre as actividades teatrais programadas no eido cultural no concello de Tui, destácase *Xique, Xoque, Fiu, Fiu!,* de María Fumaça; *Chove*, de Titerefícciós; *Uxío no país de Patadecabra* de Expresión Producciónss; e *Martes*, de Baobab Teatro.

**Baobab** Teatro (2): *Contos para un Caldiño*, Óscar Ferreira e Andrea Bayer

**Baobab** Teatro (3): *Fíos*, dirección Óscar Ferreira, Andrea Bayer

Ver Outes, Outono Teatral de

Ver 12 doces de outono, Ciclo

**Baobab** Teatro (4): *Bailando con contos*, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Cultura no Camiño

**Referencias varias:**

- Iván Calderón, "Taekwondo y cuentos animan la calle", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 15 agosto 2015, p. 8.

Entre outras cuestions, faise eco deste espectáculo dentro das Festas da Peregrina de Pontevedra. Destácase a presenza de Andrea Bayer e Óscar Ferreira.

**Baobab** Teatro (5): *Babs*, Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Outes, Outono Teatral de

**Barafunda** Animación: *Pepiña Maruxiña quere voar*

**BocAberta**: *Carmiña Miudiña, a pinga aventureira*, texto e dirección Carla Capeáns

Ver Cultura no Camiño

Títeres **Cachirulo** (1): *A historia do apalpador*

Ver Festival de Nadal

**Referencias varias:**

- Natalia Álvarez, "Ártika, el nuevo espacio cultural vigués", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 13 xaneiro 2015, p. 2.

Informa da posta en escena desta peza no marco de Ártika e comenta que é unha sala de teatro e escola artística creada para encher o baleiro teatral da cidade de Vigo.

Títeres **Cachirulo** (2): *Cousas de Castelao*

Títeres **Cachirulo** (3): *Alicia no país das marabillas*, dirección Jorge Rey

Títeres **Cachirulo** (4): *O libro da selva*, dirección Jorge Rey

Títeres **Cachirulo** (5): *Pinocho*, dirección Jorge Rey

Títeres **Cachirulo** (6): *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de

Títeres **Cachirulo** (7): *A guerra das Galicsias*, guión y dirección Jorge Rey

Ver Monecadas, IIº Festival

Títeres **Cachirulo** (8): *A Figueira do Demo*, dirección Jorge Rey

Ver Galicreques, XX Festival Internacional de Títeres de Oleiros
Ver María José Jove, XIº Festival de Títeres

Teatro **Calavera**: *O cociñeiro Antón e a pasteleira Tomasa*

**Caramuxo** Teatro (1): *Zapatos*

Ver Teo, VIIIº Mes do Teatro

**Caramuxo** Teatro (2): *As fabas máxicas*, dirección Laura Sarasola

Ver Os títeres das Bárbaras
Ver Cultura no Camiño
Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra
Ver Negreira, Ciclo de Teatro de
Ver Santa Comba, Iº Ciclo de Teatro

**Caramuxo** Teatro (3): *Glub Glub*

Ver Outes, Outono Teatral de

**Caramuxo** Teatro (4): *Ñam!*, dirección Laura Sarasola e Juan Rodríguez

Ver Núbebes, IIIº Festival das

Títeres **Cascanueces** (1): *Un diaño na maleta*, dirección Lázaro Duyos

Ver Cee á escena, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de

Títeres **Cascanueces** (2): *Ikú e Elegguá*, dirección Lázaro Duyos

Ver Cee á escena, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de
Ver Ti-tiritando de emoción, Mostra de títeres

**Contos de Pablísimo**: *Contos de sobremesa*

**CSIC**: *Que traballo tan curioso!*

**Daboapipa**: *Vellos, vellas e outras lerias*

Ver Cultura no Camiño

**Danthea** Teatro (1): *O espello de Francisquiña*, dirección Carlos Clemente M.G.

**Danthea** Teatro (2): *Amadú*

**Danthea** Teatro (3): *Carapuchiña vermella ou o conto do lobo*, dirección Carlos Clemente Martinez Gallego y Anxo Rodriguez

Ver Os títeres das Bárbaras
Ver Festival de Nadal
Ver Titirideza

**Dinamo** Teatro: *Pindirico Show*

Ver Familirúa, Festival

Producción**s Dispersas**: *Na procura da canción perdida*, dirección Diego Freire

Ver Festival de Nadal

**Dugis** Impro: *Improcadabra*

**Educa Teatro** Producións: *Os tres porquiños*, dirección Luís Crespo

Ver Cultura no Camiño

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Las artes escénicas triunfan sin techo en Compostela", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 18 xaneiro 2015, p. L8.

Repasa unha memoria do Concello sobre os resultados de público que tivo a programación municipal no apartado das artes escénicas. Entre as actividades que se realizaron ao aire libre, e que foron as máis multitudinarias, destaca o espectáculo circense *Impreuna,* do circo Pistacatro, en 2013. Ademais, apúntase que os espectáculos dirixidos ao público infantil se posicionan entre os preferidos, como aconteceu con *Os tres porquiños*, de Educateatro Produccióǹs.

- Marta Becerra, "Un día de cuento con el lobo feroz", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 3 maio 2015, p. 8.

Faise eco da representación do espectáculo infantil *Los tres cerditos*, de EducaTeatro Produccióǹs, que tivo lugar en Lugo. Coméntase que os máis pequenos gozaron moito e que os adultos lembraron a súa infancia, engadindo ademais que a obra revisa esta fábula tradicional adaptándoa aos tempos actuais, entre outras cuestióǹs.

**Elefante Elegante** (1): *Kassa*, texto e dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

**Referencias varias:**

- Irene Jiménez, "Cultura propón 440 actos ata o vindeiro xuño", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 8 xaneiro 2015, p. 34.

Informa que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoverá durando o primeiro semestre de 2015 máis de catrocentas actuacións escénicas e musicais. Ademais de se referir ao investimento destas actividades, sinala as datas nas que se representarán as seguintes obras: *Selección natural,* de Teatro do Noroeste; *Diálogo do can e o seu amo*, de Teatro do Morcego; *O amor dos infelizes* de Teatro Bruto; *Pelos na lingua* e *Demolición*, ambas de Talía Teatro; e *Kassa*, de Elefante Elegante.

**Elefante elegante** (2): *Nuncabunga*, dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

**Elefante elegante** (3): *Lobo bobo*, dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

Ver Cultura no Camiño

Ver Palas de Rei, XVIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago"

**Elefante elegante** (4): *Aurora*, dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

Ver Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados
Ver Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de

**Elefante Elegante** (5): *Tristán cara de can*, dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

Ver 12 doces de outono, Ciclo

Compañía **Entremáns**: *Xoga*, dirección Kirenia Celia Martínez e Beatriz Pérez

Ver Galicia Escena Pro, IIIª Mostra de artes escénicas
Ver Galicreques, XI Festival Internacional de Títeres de Oleiros
Ver Infantil & Familiar
Ver Todo Público, Ciclo

**Eme2** Producións&Arte: *O príncipe e o parrulo*, guión de Javier Tirado e Jokin Oregi, tradución de Xocas López e Sandra Romarís, música de Fran Lasuen, dirección Álex Díaz.

Teatro **En Punto**: *Merenda de libros*

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "El ciclo Infantil&Familiar ofrece 11 nuevos espectáculos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 9 abril 2015, p. L6.

Fala da programación do ciclo Infantil&Familiar e menciona algúns dos espectáculos destacando o que se levará a cabo na Zona C por parte da compañía compostelá Teatro en Punto coa peza *Merenda de libros.*

**Expresións** Producións: *Conto contigo*

**Referencias varias:**

- L. Romero, "El 'Mes das nosas letras' ofrece seis días de actividades culturales", *Diario de Arousa*, "Cambados", 7 maio 2015, p. 11.

Dá conta das distintas actividades culturais que a Biblioteca Municipal organizou para homenaxear o Día das Letras Galegas. Entre estas destaca a representación de *Conto Contigo*, da compañía Expresións Producións e a sesión de contacontos *Comelibros*, de Matapiollos.

Títeres **Falcatrúa** (1): *O espírito do bosque*, texto Esteban Losada

Ver Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de

**Referencias varias:**

- F. D., "Talleres en la Casa da Xuventude", *La Región*, "Nadal en Barbadás", "Actividades lúdicas", 23 decembro 2015, p. 39.

Informa da representación desta peza no marco das actividades de Nadal organizadas polo concello de Barbadás.

Títeres **Falcatrúa** (2): *Linocho e a lúa*, texto Esteban Losada

Ver Os títeres das Bárbaras

**Fantoches Baj** (1): *Pedro e o lobo*, dirección Inacio Vilariño

**Referencias varias:**

- Ana Iglesias, "La magia y la música centran las propuestas para público familiar", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 xaneiro 2015, p. 26.

Fala da presentación da programación cultural do Concello de Santiago para o primeiro trimestre do ano 2015, salientando o ciclo Infantil&Familiar. Menciona os espectáculos, entre os que se sinalan para o mes de febreiro o espectáculo *Chios*, de Teatro de Semente, na Zona C, así como *Pedro e o lobo*, de Fantoches Baj.

**Fantoches Baj** (2): *Zampón, o lambón*, dirección Inacio Vilariño

**Fantoches Baj** (3): *Rodarirrodari (Contos do tranvía)*, dirección Inacio Vilariño

Ver Cultura no Camiño
Ver Titirideza

**Fantoches Baj** (4): *Rei, rei?*, dirección Inacio Vilariño

Ver Brión, XX Festival de Títeres de
Ver Cultura no Camiño
Ver María José Jove, XIº Festival de Títeres

**Fantoches Baj** (5): *Tío Miseria*, dirección Inacio Vilariño

Ver Carballiño, VII Festival de Títeres do

**Fantoches Baj** (5): *Velocíclopes*, dirección Inacio Vilariño

Ver Cultura no Camiño
Ver Galicreques, XX Festival Internacional de Títeres de Oleiros

**Fulano, Mengano e Citano**: *Top Manta*

**Referencias varias:**

- Natalia Álvarez, "Ártika, el nuevo espacio cultural vigués", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 13 xaneiro 2015, p. 2.

Destaca a posta en marcha de Ártika, como sala de teatro e escola artística, e reproduce as palabras producidas por unha das súas promotoras, Fernanda Barrio, que desenvolveu o proxecto con Marcos Alonso. Infórmase que a compañía Títeres Cachirulo estrenou o escenario en decembro de 2014 coa obra *A historia do Apalpador* e di que houbo xa outros espectáculos como *Top manta*, da Fulano, Mengano e Citano. Informa do próximo estreno da obra *O mago de Oz*, de Teatro Avento.

Compañía **Galitoon**: *Babiliglub*, dirección de Andrea Bayer

Ver Colorín, Colorado Nadal, Ciclo Teatral

Teatro dos **Ghazafelhos** (1): *Iriña bailarina*, texto e dirección Pepablo Patinho

Teatro dos **Ghazafelhos** (2): *O país dos mandóns*, guión e dirección Pepablo Patinho

Ver Laxe, XIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de
Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Teatro dos **Ghazafelhos** (3): *Bon Appêtit*, adaptación do libro de recetas *A cociña galega* de Álvaro Cunqueiro, dirección Pepablo Patinho

**Referencias varias:**

- D. R., "El teatro copa este fin de semana el programa cultural", *El Ideal Gallego*, "Sada", 14 outubro 2015, p. 19.

Entre outras novas, anuncia a representación desta peza, a cargo de Teatro dos Ghazafelhos.

Teatro dos **Ghazafelhos** (4): *Contos de lobos*, texto e dirección Pepablo Patinho.

**Referencias varias:**

- D. A. "La biblioteca celebra su día con teatro y premia a los usuarios más activos del año", *Diario de Arousa*, "Cambados", 23 outubro 2015, p. 12.

Infórmase da posta en escena de Teatro dos Ghazafelhos, dentro do programa autonómico "Ler conta moito". Indícase que a obra está pensada para público familiar, nenos de tres a dez anos. Achégase un breve resumo da obra, explicando que se trata dun conto interactivo.

Teatro dos **Ghazafelhos** (5): *Acuario*, texto de María Canosa.

Ver Titirinoia

Grupo de animación infantil **Illa dos Nenos**: *Uxío no país de Patadecabra*, texto Marina López e Fran Otero, dirección Manuel Solla

**Referencias varias:**

- E. G., "Teatro, Play-Doc, fiestas de San Telmo y ferias en el programa cultural de Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 10 febreiro 2015, p. 15.

Entre as actividades teatrais programadas no eido cultural no concello de Tui, destácase *Xique, Xoque, Fiu, Fiu!,* de María Fumaça; *Chove*, de Titerefícciós; *Uxío no país de Patadecabra* de Expresión Producciónss; e *Martes*, de Baobab Teatro.

Monicreques de **Kukas** (1): *Xan Perillán e a maleta máxica*, texto Marcelino de Santiago, dirección Isabel Rey

Ver Cultura no Camiño
Ver Dumbría a escena, IIª Xornadas de teatro

**Referencias varias:**

- X. L. C., "Os Monicreques de Kukas, el sábado en las piscinas de Verín", *La Región*, "Monterrei", 5 agosto 2015, p. 28.

Indícase que a obra mestura clown, pantomima, maxia e marionetas. Sinálase que a función está indicada para público de tres a doce anos. Coméntase que o acto está patrocinado polo Concello de Verín e a Consellería de Cultura, e integrado na programación verinense de Cultura no camiño 2015.

Monicreques de **Kukas** (2): *Xan Perillán compra queixo compra pan*, texto Marcelino de Santiago, dirección Isabel Rey

Ver Cultura no Camiño

Os monicreques de **Kukas** (3): *Contos do vento acatarrado,* texto Marcelino de Santiago, dirección Isabel Rey Posada, Kukas e Gena Baamonde

Ver Cultura no Camiño
Ver Titirideza

**Lusco e Fusco** Teatro: *Encontros*, dirección Pablo Sánchez

Ver Familirúa, Festival

**Magín** Teatro: *A nena e o grilo no país das apertas*

**Referencias varias:**

- M. M. O., "Hoy se presenta 'A nena e o grilo das apertas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.176, 6 febreiro 2015, p. 5.

Informa do horario e lugar da representación desta obra.

**María Fumaça**: *Xiqui, xoque, fiu, fiu*

Ver Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados

**Referencias varias:**

- E. G., "Teatro, Play-Doc, fiestas de San Telmo y ferias en el programa cultural de Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 10 febreiro 2015, p. 15.

Entre as actividades teatrais programadas no eido cultural no concello de Tui, destácase *Xique, Xoque, Fiu, Fiu!,* de María Fumaça; *Chove*, de Titerefícciós; *Uxío no país de Patadecabra* de Expresión Producciónes; e *Martes*, de Baobab Teatro.

**Marionetas Trécola**: *Traxicomedia de Calixto e Celestino*

Ver Buxiganga, Circuítos
Ver Carballiño, VII Festival de Títeres do

**Matapiollos** Teatro: *Comelibros*

**Metátese** Teatro: *Brinquedos*

Ver Laxe, XIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de
Ver Palas de Rei, XVIª Mostra Internacional de Teatro Amador "Teatro no camiño de Santiago"

**Mircromina** Títeres (1): *Cinco historias para unha man*, dirección Arturo Pérez

Ver MOTI, XIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

**Mircromina** Títeres (2): *Martín, Martín*

Ver Buxiganga, Circuítos
Ver Títeres no Nadal

**Mircromina** Títeres (3): *Vacacións no mar*, dirección Ton Arenas e Zoila Gulín

Ver Cultura no Camiño

**Migallas** Teatro (1): *Contos de chupete*

**Referencias varias:**

- L. Romero, "El 'Mes das nosas letras' ofrece seis días de actividades culturales", *Diario de Arousa*, "Cambados", 7 maio 2015, p. 11.

Sinala a representación desta peza no marco das actividades culturais que a Biblioteca Municipal organiza para homenaxear o Día das Letras Galegas.

**Migallas** Teatro (2): *Merenda con pan de millo*, dirección María Campos e Carlos Yus

Ver Cultura no Camiño
Ver Festiletras

**Migallas** Teatro (3): *Vai ser boa!*, dirección María Campos e Carlos Yus

Ver Cultura no Camiño

**Migallas** Teatro (4): *Camiño de historias*, dirección María Campos e Carlos Yus

**Migallas** Teatro (5): *Contos nas orellas*

Ver Cultura no Camiño, Ciclo
Ver 12 doces de outono, Ciclo

Teatro do **Miolo**: *Catro tempos*

**Peter Punk**: *Peor imposible*, dirección Walter Velázquez y Natalia "Pajarito"

Ver MOTI, XIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense
Ver Vila de Sarria, Vª Semana de Teatro Cómico

**Pinga** Teatro: *O bufón do reino*, dirección Miquel Condal

Ver Cultura no Camiño

**Pistacatro**: *Impreuna*, dirección e actuación de Pablo Reboleiro

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Las artes escénicas triunfan sin techo en Compostela", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 18 xaneiro 2015, p. L8.

Repasa unha memoria do Concello sobre os resultados de público que tivo a programación municipal no apartado das artes escénicas. Entre as actividades que se realizaron ao aire libre, e que foron as máis multitudinarias, destaca o espectáculo circense *Impreuna,* do circo Pistacatro, en 2013. Ademais, apúntase que os espectáculos dirixidos ao público infantil se posicionan entre os preferidos, como aconteceu con *Os tres porquiños*, de Educateatro Produccióńs.

Os **Quinquilláns**: *Espantallo amigo*, texto Xosé Neira Vilas, adaptación de Tito Vizoso

Ver Festiletras

**Referencias varias:**

- ARCA, "O Espantallo Amigo' chegará a Silleda o día 10 de abril", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.197, 27 febreiro 2015, p. 7.

Anuncia a representación desta obra dirixida aos escolares de primaria dos centros educativos de Silleda e que servirá para conmemorar o Día do Libro Infantil.

- L. Ferreño, "O espantallo amigo' repetirá tras el éxito cosechado en Pardo Bazán", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 11 novembro 2015, p. 16.

Infórmase da posta en escena da obra, indicando que conta cun programa dinámico que permitiu aos escolares participar e interactuar cos actores. Afírmase que a obra é un clásico da literatura infantil galega, e que acompaña a representación teatral unha versión impresa ilustrada por Xaquín Marín.

**Redrum** Teatro (1): *Roedores*, dirección e texto de Alex Sampayo

Ver Betanzos, Ciclo Teatro en Familia
Ver Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados
Ver Cultura no Camiño

**Referencias varias:**

- J. M., "Redrum presenta en Vimianzo la obra 'Roedores", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.175, 5 febreiro 2015, p. 7.

Anuncia a representación desta obra na casa da cultura de Vimianzo.

**Redrum Teatro** (2): *Moito conto*, dirección Alex Sampayo

Ver Infantil & Familiar

O **Retrete de Dorian Gray** (1): *Ne me quitte pas*, dirección Jordi Farrés

Ver Cultura no Camiño

O **Retrete de Dorian Gray** (1): *Retrete Cabarete*

Ver Cultura no Camiño

**Runxe-Runxe**: *O Quiosco*, dirección e adaptación de Marga Fernández

Ver Arteixo, XVIª Mostra de Teatro Afeccionado de

**Sarabela** Teatro (1): *O último dragón*, texto e dirección Fina Calleja

**Referencias varias:**

- M. G., "Teatro, cine y música animan el mes de octubre", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 outubro 2015, p. 37.

Anuncia a representación desta obra dentro dun ciclo diverso de actividades organizadas pola Concellaría de Cultura de Muros. Tamén se alude á obra *D.E.P.*, de Malasombra Producións.

**Sarabela** Teatro (2): *Conto express*

Teatro da **Semente** (1): *Viaxe a Dadá*

Teatro da **Semente** (2): *Chíos*

Ver Bebescena

**Referencias varias:**

- Ana Iglesias, "La magia y la música centran las propuestas para público familiar", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 xaneiro 2015, p. 26.

Fala da presentación da programación cultural do Concello de Santiago para o primeiro trimestre do ano 2015, salientando o ciclo Infantil&Familiar. Menciona os espectáculos, entre os que se sinalan para o mes de febreiro o espectáculo *Chíos*, de Teatro de Semente, na Zona C, así como *Pedro e o lobo*, de Fantoches Baj.

**Spaguetti** Títeres: *Cinco historias para unha man*

Ver Títeres no Nadal

**Talía** Teatro (1): *Sopa de sapo*, dirección Artur Trillo

**Talía** Teatro (2): *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*

**Talía** Teatro (3): *Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)*, dirección e texto Roberto Salgueiro

Ver Cultura no Camiño
Ver Dumbría a escena, IIª Xornadas de teatro

**Tanxarina** Teatro (1): *A casa do avó*, texto e dirección Cándido Pazó

Ver Betanzos, Ciclo Teatro en Familia
Ver María José Jove, XIº Festival de Títeres
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de
Ver Titirideza

**Referencias varias:**

- J. M. R., "Tanxarina Teatro presenta 'A casa do avó' en Carballo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.163, 23 xaneiro 2015, p. 5.

Anuncia a representación desta obra no Pazo da Cultura de Carballo encaixada no programa Venres Culturais.

**Tanxarina** Teatro (2): *Contaloucos*, texto e dirección Cándido Pazó

**Tanxarina** Teatro (3): *Os narigudos*, adaptación e dirección Cándido Pazó

**Tanxarina** Teatro (4): *Titiricircus*, dirección Eduardo Rodríguez e Miguel Borines

Ver Cultura no Camiño

**Tanxarina** Teatro (5): *Trogloditas*, dirección Evaristo Calvo

Ver María José Jove, XIº Festival de Títeres

**Tarabelos** Teatro (1): *O traxe novo do Rei*, dirección Esteban Acuña

Ver Teo, VIIIº Mes do Teatro

**Tarabelos** Teatro (2): *Amoriños contei,* dirección Esteban Acuña

Ver Carballiño, VII Festival de Títeres do

**Tarabelos** Teatro (3): *Sabela e o paxaro máxico,* dirección Esteban Acuña

Ver Cultura no Camiño

**Ti e Máis Eu** Teatro: *A fada da Malla*, dirección Xulio Vázquez Deibe

**Titerefícciós** (1): *Cantos contos contas*, texto Sofía Espiñeira e Roberto C. Mouriño

Ver Festiclown 2.0. Vilagarcía 2015

**Referencias varias:**

- C. B., "Cantos, contos, contas', esta tarde en las rúas de Lalín", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 decembro 2015, p. 41.

Anuncia a celebración desta obra que pretende dinamizar a campaña de nadal do comercio e hostelaría de Lalín.

**Titerefícciós** (2): *Chove!*

Ver MOTI, XIIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense
Ver Cultura no Camiño
Ver Núbebes, IIIº Festival das

**Referencias varias:**

- E. G., "Teatro, Play-Doc, fiestas de San Telmo y ferias en el programa cultural de Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 10 febreiro 2015, p. 15.

Entre as actividades teatrais programadas no eido cultural no concello de Tui, destácase *Xique, Xoque, Fiu, Fiu!,* de María Fumaça; *Chove*, de Titerefícciós; *Uxío no país de Patadecabra* de Expresión Producciónss; e *Martes*, de Baobab Teatro.

Teatro de Marionetas **Trécola** (1): *Nº 8 Rúa dos Contos*, dirección Ero Vázquez Cabrera

Ver Cultura no Camiño

**Referencias varias:**

- Arturo Reboredo, "Vicepresidencia achegará títeres e cinema ao aire libre a 25 concellos lucenses", *El Progreso*, "Comarcas", 4 xuño 2015, p. 14.

Dá conta da posta en marcha un ano máis do proxecto Buxiganga que subvenciona as representacións teatrais na provincia de Lugo co fin de colaborar coa industria cultural. Mario Outeiro avanza o establecemento de dúas quendas e a colaboración que se establecerá proximamente tamén con grupos afeccionados.

Teatro de Marionetas **Trécola** (2): *Lolo e a Ratoa*

Ver Titerentroido, Festival

Os **Tres Tenedores**: *Cocido sinfónico*

**Referencias varias:**

- Victoria Rojas, "Nenos e familia merendan no Gaiás a ritmo de música, teatro e degustacións", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 30 decembro 2015, p. 35.

Cita, entre outros temas, a representación desta obra dentro das actividades organizadas pola Consellaría de Educación e Cultura.

_____, "Gastronomía, música e humor na Merenda de Nadal no Gaiás", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 31 decembro 2015, p. 45.

Entre outras actividades, informa da representación desta peza, na que "tres vagabundos se converten en cociñeiro, camareiro e xefe de cociña".

**Trinke-Trinke** Teatro (1): *Contos dos trasnos*

**Trinke-Trinke** Teatro (2): *Aventuras na cociña*

**Trinke-Trinke** Teatro (3): *Rato Canguro*

**Trompicallo** (1), *Rumpelstikin, o anano saltarín*, dirección Plamen Dipchikov

Ver Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Nadal Lúdico

**Referencias varias:**

- M. Manteiga, “Cultura programa una decena de obras de teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 1 outubro 2015, p. 32.

Entre outros temas anuncia a posta en escena desta función na Semana de Nadal en Bertamiráns.

- M. D. V., “Festivais infantís para A Maía e representación do anano Rupelstikin mañá”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 20 decembro 2015, p. 31.

Anuncia a estrea desta obra de teatro de monicreques adaptada dun conto popular recollido polos irmáns Grimm. Destaca que fala das diferenzas sociais entre ricos e pobres, da falta de comunicación e do propio concepto de liberdade.

- S. N., “Cine infantil y teatro”, *La Región*, “Nadal en O Barco de Valdeorras”, “Programa”, 23 decembro 2015, p. 73.

Entre outras novas, informa da representación desta peza no marco das actividades de Nadal organizadas polo concello.

**Trompicallo** (2): *Osiño*, dirección Kevin Stewart

Ver Betanzos, Ciclo Teatro en Familia
Ver Mundo títere, Mostra de teatro

**Referencias varias:**

- S. S, “Trompicallo vai representar a obra ‘Osiño’ mañá”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 novembro 2015, p. 37.

Informa da representación deste espectáculo de títeres con motivo da celebración do Día Mundial da Infancia.

**Trompicallo** (3): *O día que chegou unha nube e choveu*, dirección Luís González

Ver Mundo títere, Mostra de teatro

**Trompicallo** (4): *Jiñol*, dirección Beatriz Sánchez

Ver Mundo títere, Mostra de teatro
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XVIº Festival Internacional de Títeres de

A **tropa de trapo** (1): *Antía Wamba e o regato pequeno*

**Referencias varias:**

- F. D., “Talleres en la Casa da Xuventude”, *La Región*, “Navidad en Vilar de Santos”, “Programa”, 23 decembro 2015, p. 10.

Entre outras novas, informa da representación desta peza no marco das actividades de Nadal organizadas polo concello de Vilar de Santos.

A **tropa de trapo** (2): *Zona en obras*

Ver Brión, XX Festival de Títeres de

**Viravolta** Títeres (1): *Barriga Verde*, texto tradicional e Viravolta Títeres, dirección Anxo García

**Viravolta** Títeres (2): *A caixa de música*, dirección Anxo García

**Viravolta** Títeres (3): *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*, dirección Anxo García

Ver Cee á escena, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas

**Viravolta** Títeres (4): *Cocer e cantar*, dirección Anxo García

Ver Carballiño, XXVIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver Cee á escena, Iª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas
Ver Cultura no Camiño
Ver Infantil & Familiar
Ver Titirinoia

**Referencias varias:**

- J. M. Ramos, “IX Solpor Poético con Xoán Curiel en la Praia dos Cristais de Laxe”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.369, 22 agosto 2015, contracuberta.

Entre outras actividades, anúnciase a representación deste espectáculo.

**Viravolta** Títeres (5): *O frautista de Hamelín*, dirección Anxo García

Ver Os títeres das Bárbaras

**Viravolta** Títeres (6): *Varietés*, dirección Anxo García

Ver Cultura no Camiño

A **Xanela do Maxín** (1): *Titeremusicontos*

Ver Monecadas, IIº Festival

A **Xanela do Maxín** (2): *Caixa de Nuk*, dirección Celtia Figueiras

A **Xanela do Maxín** (3): *O murmurio do mar*

Ver Extensión Galicreques, IIIº Festival Internacional de títeres de A Coruña

A **Xanela do Maxín** (4): *Chincha Rabincha*, texto Celtia Figueiras, dirección Luis Vallecillo

Ver Carballiño, VII Festival de Títeres do

A **Xanela do Maxín** (5): *A pequena lúa*, dirección Luís Vallecillo

Ver Festival de Nadal

# VII.4. CÓMIC

# VII.4.1. GALEGOS

**Rivas**, Víctor, *Abastos 2.0*, pról. Miguelanxo Prado, Santiago de Compostela: 3 pintamonas, marzo 2015, 188 pp. (ISBN: 978-84-943812-0-1).

Cómic de Víctor Rivas (Pontevedra, 1965) que se abre cun prólogo de Miguelanxo Prado, quen destaca o "retrogusto entrañábel" deste volume. Acóllense varias historias que teñen como pano de fondo as dificultades económicas que entraña a situación actual para moitas persoas como é o caso de Silva, unha estudante de Dereito sen bolsa para seguir cos seus estudos, ou a de Pedro, quen traballa no Mercado de Abastos de Santiago e carece dunha axuda para o coidado da súa muller dependente. Trátase a dureza do día a día nestes tempos, mais tamén figuran doses notábeis de solidariedade e de superación. O fío condutor do volume é a comida; ao longo da obra case todos os personaxes cociñan e, no final, inclúese un breve receitario de comida galega dos cociñeiros do Abastos 2.0, ilustrado con fotografías de La Diapo Fotografía e Ramón Escuredo de coidada e elegante estética minimalista construídas cunha composición limpa e unha iluminación de estudo efectiva. As catro estacións deste cómic están debuxadas por Pedro J. Colombo (autor da cuberta), Víctor Rivas, Beatriz Iglesias e Sagar Fornies e coas cores de Aintzane Landa, F.H. Navarro, Beatriz Iglesias, Cristina Charneco, Fabio Castro e Silvia Ortega. Aínda que cada unha das catro historias está realizada por distintos ilustradores, existe unha unidade visual baseada en trazos físicos característicos que facilita a identificación dos protagonistas, Silvia a estudante e o peixeiro, ao longo de todo o volume. No outono, Colombo emprega trazos simples e cores planas e sucédense escenas con tonalidades cálidas e frías. O inverno de Rivas ten un enfoque máis estetizado e liñas máis firmes onde destaca un sombreado característico de manchas de tinta negra que se repite tanto en personaxes como en edificios ou obxectos. No capítulo da primavera vólvese a unha ilustración simple onde o trazo infantil se leva até a mesma forma de caixa de cantos redondeados. Finalmente no verán de Fornies as liñas vólvense protagonistas do debuxo cuns trazos naif e fortemente estéticos completados con fortes contrastes de cor. A ilustración das catro historias representan o argumento do texto e escenario común da cidade compostelá.

**Vilariño** Inacio e Iván **Suárez**, *Atila*, Santiago de Compostela: Demo Editorial, col. Catselao, n.º 4, [lectorado autónomo], 2015, 62 pp. (ISBN 978-84-943403-4-5).

O punto de partida do relato gráfico de Inacio Vilariño e Iván Suárez é o mes de febreiro de 1938. Nese tempo Castelao fora elixido deputado polo Fronte Popular e vese obrigado a acompañar o Goberno da República a Barcelona. Nesta cidade Castelao concederá unha entrevista á periodista e dramaturga Magda Donato para o magazine *Mi revista*. Para completar o material, Castelao regalaralle uns debuxos pertencentes a súa obra publicada o ano anterior: *Atila en Galicia*, na que o artista quixera plasmar as atrocidades acontecidas na guerra. Pola contra, a conversa que seguían a través das rúas de Barcelona verase interrompida pola chegada da aviación italiana nun dos primeiros bombardeos á cidade. Neste punto o relato trasládase ao interior dun refuxio antiaéreo, onde o protagonista comezará a rememorar pasaxes do seu pasado como a súa infancia na pampa Arxentina. Os debuxos de Iván Suárez (Santiago de Compostela, 1973)

empregan o branco e negro, con viñetas de estilo clásico. Mestura imaxes reais con escenas froito da imaxinación do protagonista. As figuras teñen rostros que amosan diferentes emocións para axudar a lectura visual do libro.

**VV. AA.**, *Artes plásticas. Banda deseñada. Carteis. Deseño de xoias. Graffiti. Moda. Música. Teatro. Videocreación. Poesía. Relato breve. Xuventude Crea Premios 2014*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Xuventude. Consellería de traballo e Benestar. Xunta de Galicia, 2015, 162 pp. (DL: C 182-2015). ◆

Volume colectivo no que se recollen os galardoados e mencións de honra nos Premios 2014 Xuventude Crea. Tras dúas presentacións institucionais, estrutúrase nas diferentes modalidades galardoadas, das que se ofrece a composición da comisión de selección e os premios outorgados. En relación coa literatura galega, reprodúcense os seguintes traballos premiados. No apartado "Banda deseñada": Xulia Vicente Jiménez (A Coruña, 1993), "Se os produtos son bos...", Primeiro premio, pp. 26-27; Paloma Tarrío Alves, "O pescador de tempos", Segundo premio, pp. 28-29; Jose Nuno Martins Pinto Fraga, "Apicultor de homes", Terceiro premio, pp. 30-31; Cynthia Alfonso Barreiro, "O pozo e o péndulo", Mención de honra, pp. 32-33; e Sara Piñeiro Fernández (Sanxenxo), "Drevo", Mención de honra, pp. 34-35.

# VII.4.2. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

**Ferri**, Jean-Yves, *Astérix. O papiro do César* (*Le Papyrus de César*, Les Éditions Albert René, 2015), ilust. Didier Conrad, trad. Isabel Soto e Xavier Senín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia / Salvat, col. Astérix, n.º 36, [lectorado mozo], outubro 2015, 48 pp. (ISBN: 978-84-9914-914-1).

Edición en galego de *Le Papyrus de César* (2015), trixésimo sexta entrega das aventuras de Astérix e Obélix creadas orixinariamente por René Goscinny (París, 1926-1977) e mais Albert Uderzo (Fismes, 1927). Este é o segundo álbum destas aventuras elaborado por Jean-Yves Ferri (1959) e Didier Conrad (Marsella, 1959), despois de teren publicado en 2013 *Astérix e os Pictos* (*Astérix chez les Pictes*). Tras nos situar no ano 50 a.C. e presentar a aldea gala, a única que resiste á ocupación romana da Galia e que está rodeada de catro campamentos romanos (Petibónum, Laudánum, Babaórum e Aquárium), detállanse os elementos caracterizadores dos principais personaxes galos creados orixinariamente por René Goscinny e Albert Uderzo e que son: Astérix, Obélix, Panorámix, Asegurancetúrix e Abraracúrcix. En *O papiro do César* vemos como Bonus Promocionus, conselleiro e editor de Xulio César, convence o propio César para que elimine dos *Comentarios sobre a guerra das Galias* o capítulo sobre os irredutíbeis galos de Armónica para así dar a impresión que conquistou toda a Galia. Pero Xibón, un dos escribáns de Bonus Promocionus, consegue levar un papiro desta pasaxe eliminada e dállo ao galo Dobrepolémix, correspondente en Roma do *Bo día, Terra nosa*, e este entrégallelo aos galos. Panorámix e Abraracúrcix, despois de o leren, deciden que o seu contido debe conservarse na oralidade do pobo galo. Para isto resolven que Astérix e Obélix acompañen a Panorámix para que leven o papiro ao druída Arqueoptérix, que vive nos bosque dos Carnutos, e así el o grave na súa memoria e deste xeito permaneza na memoria colectiva do pobo galo. Daquela, Bonus Promocionus desprázase á Galia para recuperar o papiro roubado e despois de capturar a Dobrepolémix queren que os galos lles entreguen o papiro a cambio deste prisioneiro. Daquela, Astérix e Obélix, despois de que o druída Arqueoptérix gravase na súa memoria todo o papiro, regresan á aldea gala e entréganlles o papiro aos romanos, que liberan a Dobrepolémix, e Xulio César promételles que non perseguirá máis os chaláns galos e despide a Bonus Promocionus. Finalmente aparece un "Post-scriptum", no que vemos como as historias dos galos de Armónica se transmitiron oralmente de druída en druída e que chegaron aos ouvidos de Albert e René que comezaron a escribir "unha serie de divertidas historias" que resultan ser as aventuras de Astérix e Obélix. Os debuxos de Didier Conrad (Marsella, 1959) seguen fielmente o estilo do seu predecesor no xesto áxil e expresivo do trazo, no movemento que seguen as secuencias e nas composicións dos planos, amosando un enfoque máis persoal na creación das novas personaxes.

**Recensións:**

- Vicente Araguas, "Astérix en galego", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 907, "máis Libros", 15 novembro 2015, p. 30.

Sinala a publicación dun novo cómic sobre as aventuras de Astérix e Obélix. Reflexiona sobre o traballo desenvolto por Jean Yves Ferri e Didier Conrad, despois da morte de Goscinny e da xubilación de Uderzo. Enxalza a calidade da tradución levada a cabo por

Isabel Soto e Xavier Senín e o carácter lúdico da obra. Por último, comenta brevemente o seu argumento.

**Referencias varias:**

- Ana González, "O papiro do César' chega o vindeiro 22 de outubro ás librarías", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 outubro 2015, p. 36.

Dá conta da presentación da cuberta desta trixésima sexta entrega, da que avanzaron que se inspira en Julian Assange, fundador de Wikileads. Informa que se porán á venda exemplares en lingua galega.

- Pilar Martín, "Jean Yves Ferri y Didier Conrad, cada vez 'más fuertes' con Astérix y Obélix", *El Progreso*, "Vivir", 3 novembro 2015, p. 37.

Sinala a boa acollida do público da nova entrega de Astérix e Obélix publicada pola editorial Bruño e Xerais. Comenta que xa ten asegurado a publicación dun novo número para o ano 2017.

- ELOS, "Edicións Xerais de Galicia", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 27 decembro 2015, p. 4.

Felicita a Edicións Xerais pola nova tradución das aventuras de Astérix no marco dun lanzamento simultáneo en máis de quince países. Lembra outros volumes desta serie traducidos ao galego.

**Goscinny**, R., *Astérix e os godos* (*Astérix et les Goths*, 1963), ilust. A. Uderzo, trad. Isabel Soto, Valentín Arias e Xavier Senín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia / Salvat col. Astérix, n.º 3, [lectorado mozo], 2015, 47 pp. (ISBN: 978-84-9914-762-8).

Nova edición en galego, de *Astérix et les Goths* (1963), publicada por primeira vez en 1978, terceira entrega das aventuras de Astérix e Obélix creadas por René Goscinny (París, 1926-1977) e mais Albert Uderzo (Fismes, 1927), agora traducida dende o orixinal. Tras situarse no ano 50 a.C. e presentar a aldea gala, a única que resiste a ocupación romana e que está rodeada de catro campamentos romanos (Petibónum, Laudánum, Babaórum e Aquárium), detállanse os elementos caracterizadores dos principais personaxes galos: Astérix, Obélix, Panorámix, Asegurancetúrix e Abraracúrcix. En *Astérix e os godos* o druída Panorámix parte xunto con Astérix e Obélix para o bosque dos Carnutos onde se escolle o mellor druída do ano e que acaba por vencer Panorámix coa súa poción máxica que dá forza sobrehumana. Pero ao remate desta xuntanza, Panorámix é raptado por un grupo de godos e é levado para Xermania para que revele o segredo da súa poción aos godos. Daquela Astérix e Obélix, ao non ver o druída Panorámix, comezan a súa busca. Primeiro atópanse cunha patrulla romana, á que derrotan e aproveitan as súas vestimentas para se disfrazaren de lexionarios romanos, chamándose Asterus e Obelus, e posteriormente disfrázanse de godos logrando así entrar na vila goda. Alí, son prendidos e metidos no cárcere xunto a Panorámix e a Clorídric, un intérprete que traduce do galo ao godo. Os catro presos elaboran a poción máxica que dá forza sobrehumana e foxen. Danlle da poción ás diferentes faccións dos godos que loitan entre si (Eléctric, Clorídric, Teleféric e

Pasameoghátic) nas chamadas guerras Asterixiás. Deste xeito liberan a Panorámix e logran que os godos, mentres loitan encarnizadamente nas guerras Asterixiás, non invadan a Galia e Roma. Ademais, as falas dos godos están representadas con tipografía gótica. Nos debuxos de Albert Uderzo (Fismes, Marne, 1927) destaca un estilo gráfico solto e caricaturesco de gran riqueza xestual que Uderzo resolve con mestría e trazo firme e seguro do pincel. O entintado, revisado nesta edición, mantén o estilo orixinal de tintas planas con algún toque onde se perciben algúns degradados e brillos. Utiliza unha composición de disposición clásica de viñetas con composicións onde é característico que interveñan moitos elementos. Neste número combínase a tipografía maiúscula de tipo manuscrita con outra de tipo gótico que sinala cando están a falar os godos.

**Goscinny**, R., *Astérix gladiador* (*Astérix Gladiateur*, 1964), ilust. A. Uderzo, trad. Isabel Soto, Valentín Arias e Xavier Senín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia / Salvat, col. Astérix, n.º 4, [lectorado mozo] 2015, 48 pp. (ISBN: 978-84-9914-761-1).

Nova edición en galego de *Astérix Gladiateur* (1964), publicado por primeira vez en 1996, cuarta entrega das aventuras de Astérix e Obélix creadas por René Goscinny (París, 1926-1977) e mais Albert Uderzo (Fismes, 1927), agora traducida dende o orixinal. Tras situarse no ano 50 a. C. e presentar a aldea gala, a única que resiste á ocupación romana da Galia e que está rodeada de catro campamentos romanos (Petibónum, Laudánum, Babaórum e Aquárium), detállanse os elementos caracterizadores dos principais personaxes galos: Astérix, Obélix, Panorámix, Asegurancetúrix e Abraracúrcix. En *Astérix gladiador* o prefecto das Galias, Calígula Decalqueramodus, visita o campamento romano de Petibónum para pedirlle ao centurión Gracus Teñodabondus que lle busque un dos galos irredutíbeis da rexión para llo levar de agasallo ao César nas súas vacacións en Roma. Daquela o centurión Gracus decide que os seus lexionarios rapten o bardo Asegurancetúrix, xa que o considera o menos perigoso dos galos. Cando Calígula recibe o bardo Asegurancetúrix embarca inmediatamente na súa galera cara a Roma e ao mesmo tempo os galos planean o seu rescate. Daquela Astérix e Obélix son os encargados de buscar a Asegurancetúrix e parten cara a Roma nunha galera fenicia. Na travesía derrotan a unha galera pirata e Astérix e Obélix fanse moi amigos do mercador fenicio Espigademillo e axiña chegan a Roma. Alí, grazas ao galo Denunciátix, descobren que Asegurancetúrix vai ser levado aos leóns nos próximos xogos no circo romano e Astérix e Obélix deciden facerse gladiadores. Xa no circo romano, e despois de gañar unha carreira, de derrotar unha cohorte dos mellores lexionarios e de seren perdoados polo César, collen o bardo Asegurancetúrix e regresan á aldea gala na galera fenicia de Espigademillo que os levara a Roma. Albert Uderzo (Fismes, Marne, 1927) segue a amosar neste número a súa habilidade no trazo áxil e solto de configurar as súas ilustracións. Destaca o estilo caricaturesco e de formas rotundas que caracterizan e fixeron populares os seus personaxes, así como composicións onde non se economiza demasiado na inclusión de elementos e detalles. O viñeteado é clásico, destacando en certas páxinas algún plano no que se elimina o fondo e a liña de encadre.

**Troubs**, *Muuh! No prado das vacas*, (*Meuh! Au pré des vaches*, Rackham / Z'éditions, 2015), ilust. do autor, trad. Rosa Espiñeira Pan, A Coruña: Figurandorecuerdos, xullo 2015, 58 pp. (ISBN: 978-84-606-7758-1).

Cómic do ilustrador Jean-Marc Troubet (Pessac, 1969) baixo o pseudónimo Troubs que se erixe como un canto á figura pacífica e case mística das vacas. Altérnanse pasaxes realistas presentadas dende o punto de vista do autor-ilustrador-personaxe con fragmentos de tendencia maravillosa onde as vacas toman a palabra. Trátase dunha obra onde o propio ilustrador remata mergullado, recreándose como o curioso personaxe principal que busca coñecer máis de preto a realidade do día a día dos bóvidos que viven no outeiro onda el. Hai viñetas clásicas nas que aparecen as vacas protagonistas nos prados, ollando para o debuxante, viñetas con forma de follas de block onde aparecen debuxos realistas de vacas e, por último, debuxos do ilustrador que se introduce nas escenas do seu relato. Son todas ilustracións a tinta en branco e negro mais con diferentes estilos de debuxo segundo sexan viñetas ou bosquexos.

# *VII.5 ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA*

## VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

**Dotras Bravo**, Alexia, Diego **Santos Sánchez** e Sara **Augusto** (eds.), *Literatura y Re/escritura*, Coimbra: Centro de Literatura Portuguesa / Facultade de Letras / Universidade de Coimbra, abril 2015, 540 pp. (ISBN: 978-972-9126-30-7).

Volume monográfico sobre o fenómeno da reescritura como feito inalienábel á literatura, que abrangue dende a modificación da tradición até o diálogo con ela. Cinguido ao contexto hispánico, recolle corenta traballos que poñen de manifesto a amplitude epistemolóxica e a variedade metodolóxica coas que a investigación literaria actual encara os procesos de re/escritura. De todos os traballos, o referido á Literatura Infantil e Xuvenil galega é o que segue:

- Isabel Mociño González, "La reescritura de mitos en la ciencia ficción infantil y juvenil gallega y portuguesa", pp. 233-244.

Partindo dun corpus de obras narrativas de ficción científica dirixidas á infancia e xuventude dos sistemas portugués e galego, estúdanse algúns dos mitos que foron reescritos nesta produción. É así que temáticas como os descubrimentos científicos e técnicos, a exploración do universo, as especulacións ao redor da organización social ou a creación de novos seres intelixentes propician novas reescrituras e reinterpretacións a partir das que se observa como estes creadores aproximan á infancia e xuventude referentes universais e desenvolven un interesante diálogo intertextual coa literatura universal, ao conectar con mitos como o do Paraíso Perdido, o mito da Caverna ou da Atlántida, que se analizan en obras como *Job, o Ás do Bilas* (Sá da Costa Editora, 1982), de Carlos Correia; *Três Histórias do Futuro* (Edições Afrontamento, 1982), *Crime no Expresso do Tempo* (Vega, 1988) e *O Rapaz e o Robô* (Terramar, 1995), de Luísa Ducla Soares; *2 viaxes* (Brais Pinto, 1975), de Reimundo Patiño e Xaquín Marín; *Big-bang* (Xerais, 1996), de Xoán Bernárdez Vilar; ou *A sombra cazadora* (Xerais, 1994), de Suso de Toro, entre outros.

**Fernández**, Mar, Ana Cristina **Macedo**, Isabel **Mociño** e Ana Margarida **Ramos** (coords.), *De como a Literatura para a Infância e a Juventude «é chamada à guerra». Reflexões sobre os conflitos bélicos na Galiza e em Portugal/ De como a Literatura Infantil e Xuvenil «é chamada á guerra». Reflexións sobre os conflitos bélicos en Galicia e Portugal*, Porto: Tropelias&Companhia/inED (Centro de Investigação e Inovação em Educação) - ESE-IP Porto (Portugal), outubro 2015, 284 pp. (ISBN: 978-989- 8582-41-6). ■

Volume resultante das reflexións que compartiron diferentes estudosos galegos e portugueses, tras a súa participación nos 20$^{os}$ Encontros Luso-Galaico do Livro Infantil e Juvenil, celebrados na cidade do Porto en decembro de 2014, como se refire na presentación das coordinadoras. Nela destacan a numerosa representación da temática bélica na literatura ao longo dos tempos, incidindo en que serviu como denuncia,

exaltación e configuración identitaria, o cuestionamento das loitas armadas, o horror das consecuencias para as vítimas e a promoción da cultura da paz, o respecto pola vida e a defensa dos dereitos humanos. Tamén nomean estudos, antoloxías, congresos e proxectos de investigación centrados nesta temática. A monografía divídese nun extenso apartado de estudos e notas, ademais de recensións críticas de investigadores portugueses e galegos que se expresan en ambas as dúas linguas. En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega, acóllense os seguintes traballos:

- Carmen Ferreira Boo, "Conflitos bélicos nos inicios da LIX galega: Camilo Díaz Baliño e Xosé Neira Vilas", "Estudos e Notas", pp. 121-131.

Comeza dando conta da escaseza de obras que abordan as guerras na Literatura Infantil e Xuvenil galega, para logo centrarse na análise das dúas primeiras narracións deste sistema literario que trataron a temática da guerra: *Conto de guerra* (1928), de Camilo Díaz Baliño e *Aqueles anos do Moncho* (1977), de Xosé Neira Vilas. Da primeira indica que se insire nas coordenadas ideolóxicas nacionalistas e do proxecto educativo das Escolas do Insiño das Irmandades da Fala da Coruña co obxectivo de inculcar unha conciencia nacionalista. Ademais analízanse os paratextos, a estrutura e as coordenadas espazo-temporais do argumento que narra un episodio acontecido a un soldado durante a Guerra da Independencia que recende tristura e pena. Da segunda, que se sitúa cronoloxicamente na guerra civil española, coméntase o tipo de narrador, a estrutura e o argumento, incidindo na visión positiva que se ofrece dos fuxidos e na evolución de Moncho, o personaxe protagonista, que se quere converter en combatente contra o poder establecido, influído por Daniel, xornaleiro ateo, rebelde e insubmiso, que representa o maqui e que o anima a loitar contra a opresión.

- Eulalia Agrelo Costas, "A guerra na obra de Agustín Fernández Paz", "Estudos e Notas", pp. 133-160.

Logo de resaltar a importancia de Agustín Fernández Paz como escritor de Literatura Infantil e Xuvenil, pasa a analizar as tres obras que compoñen a "triloxía da memoria" ou "ciclo das sombras" e que foron publicadas por Edicións Xerais de Galicia. Tras aludir á orixe, á estrutura, á modalización narrativa, ás temáticas e aos xogos intertextuais, entre outros aspectos do relato "As sombras do faro" e das novelas *Noites de voraces sombras* e *Corredores de sombra*, detense na análise da representación da guerra civil española. Finaliza salientando os trazos fundamentais desta triloxía ou ciclo, que busca destapar "o que foi conscientemente ocultado durante tantos anos, coa finalidade de dignificar os milleiros de perdedores dunha guerra entre irmáns".

- Isabel Mociño González, "*U-49*, de Rafael Lema: a Grande Guerra submarina desde Galicia", "Estudos e Notas", pp. 161-175.

Despois de repasar os estudos críticos que analizan o tratamento das guerras e conflitos bélicos na Literatura Infantil e Xuvenil e como esta temática se tratou nalgunhas obras galegas, céntrase no estudo da novela xuvenil *U-49* (Tambre, 2007), de Rafael Lema, única obra galega dirixida á xuventude cuxa temática central é a I Guerra Mundial. Estúdase a estrutura da obra, os personaxes, as perspectivas sobre o conflito bélico e as consecuencias deste nun territorio aparentemente neutral como foi Galicia, á vez que se van marcando as potencialidades que para o ensino e a educación literaria ten esta novela, como o interesante retrato social e histórico, a ollada sobre o propio dende unha

perspectiva universal e os distintos niveis de lectura que propicia e de reflexións sobre cuestións como a importancia que cada persoa e cada lugar ocupa nas complexas correlacións de causa/efecto que determinan o devir da historia, a importancia de coñecer o pasado para crear o futuro e, sobre todo, coñecer a nosa propia cultura para valorala dentro do rico mosaico europeo e universal.

- Verónica Casais Vila e Alba Rozas Arceo, "A chamada á guerra na literatura distópica: destrución política e construción persoal en *Divergent*, de Veronica Roth", "Estudos e Notas", pp. 177-190.

Comezan contextualizando a novela distópica dentro da modalidade xenérica da ficción científica e en oposición á novela contrafactual. Analizan o primeiro volume da obra *Divergent* (2011), reflexionando sobre a distopía como *bildungsroman* e no papel da guerra civil nunha sociedade utópica en aparencia. Conclúen resaltando o carácter de exercicio cognitivo desta tipoloxía de obras e salientando a necesidade da súa tradución pola achega que suporía para o sistema literario galego.

- Mar Fernández Vázquez, "*Febre* polo volframio durante a Segunda Guerra Mundial", "Estudos e Notas", pp. 191-207.

Despois de se referir á representación da Segunda Guerra Mundial (1939-1945) como marco sociohistórico e tema secundario da novela xuvenil *Febre* (2011), salienta que esta novela, de Héctor Carré, mereceu o Premio Fundación Nova Caixa Galicia-Claudio San Martín de Literatura Xuvenil 2011 e o Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Xuvenil 2011. Analiza a novela centrándose no tratamento da temática do negocio do volframio, tema que se estrea por vez primeira na Literatura Infantil e Xuvenil galega, amais de referirse ás narracións para adultos que abordaran a temática con anterioridade; na representación da Segunda Guerra Mundial como tema marco sociohistórico, xa que achega verosimilitude e contextualiza as tramas narradas na novela; na contraposición entre a guerra civil española e a Segunda Guerra Mundial; a escolla dunha protagonista feminina en proceso de maduración ao tentar mudar as normas impostas; na contraposición tempo-espazo nas dúas historias narradas; e nos temas principais e nos secundarios presentes na novela.

- Blanca-Ana Roig Rechou, "Paula Carballeira na Literatura Infantil e Xuvenil galega. *O principio*, entre a perda e a esperanza", "Estudos e Notas", pp. 209-226.

Logo dun percorrido pola biografía literaria de Paula Carballeira, que sitúa na "xeración dos 90" tal e como se propón na *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (2015), fixa seis chaves da súa poética. A seguir, comentar o álbum *O principio* (2012), destacando o tratamento dos conflitos bélicos e a resposta da infancia ante eles, a homenaxe aos libros por conter "remedios pacíficos" e ás bibliotecas por ser "contedoras do saber" e por "axudar a formar e informar sobre cómo loitar contra a violencia a través da palabra".

- Mª Josefa Mosteiro García e Ana María Porto Castro, "A guerra na Educación Secundaria en Galicia. Deseño dunha enquisa para avaliar o uso de textos literarios", "Estudos e Notas", pp. 227-241.

Presentan o procedemento de deseño dun "Cuestionario sobre o uso de textos literarios que abordan a temática dos conflitos bélicos na aula". Recollen os resultados derivados da validación do instrumento e da súa aplicación a unha mostra piloto de corenta e dous docentes de ensino secundario e bacharelato de Galicia. Finalizan apuntando que tomarán como referencia os resultados obtidos ao deseñar o cuestionario definitivo.

- Ana Belén Moreda, "*Educação Literária e Literatura Infantojuvenil / Educación Literaria e Literatura Infantil e Xuvenil* (2013), de Blanca-Ana Roig Rechou", "Recensões críticas/ Recensións críticas", pp. 245-249.

Indica que esta monografía tenta cubrir o baleiro no coñecemento da LIX e que se apoia nas teorías sistémicas e noutros paradigmas dos Estudios Literarios. Comenta que é un percorrido historiográfico pola LIX galega dende a Idade Media ata o ano 2012. Apunta que esta panorámica que se divide en seis capítulos, organízase en séculos. Indica que tras a contextualizaciób previa, faise unha análuse das obras dos xéneros canónicos e doutras modalidade, partindo sempre da tradición oral y dividindo en produción infantil e xuvenil. Logo, resume o contido dos capítulos e achega conclusións xerais en cada un deles. Indica que se oecha cun capítulo no que se reúne a bibliografía, webgrafía, índice de nomes e breve cv das redactoras. Por último salienta que é ubha "completa, detallada y rigurosa" panorámica histórica dunha literatura que xa está adentada e que serve como elemento caninizador e manual imprescindible para críticos, mediadores e lectores.

- Laura Blanco Casás, "*De la Literatura Infantil a la Promoción de la Lectura* (2013), de Sandra Álvarez Ledo, Carmen Ferreira Boo e Marta Neira Rodríguez (eds.)", "Recensões críticas/ Recensións críticas", pp. 251-257.

Nesta recensión afírmase que "aínda é hoxe o día no que a Literatura Infantil e Xuvenil non ten unha importancia clave nos actuais plans de estudos universitarios, concretamente nos do ámbito educativo, aqueles que se propoñen formar mediadores entre o libro e a súa lectura e que deberían darlles máis importancia a cuestións relacionadas coa promoción da lectura e a competencia literaria". Destaca que esta monografía presenta liñas temáticas moi abertas e que acolle traballos sobre diversos temas, se ben en todos eles se analiza "a relación entre o desenvolvemento da competencia literaria, a promoción do hábito lector e a estimulación da lectura recreativa e a LIX". Dos traballos referidos á Literatura Infantil e Xuvenil galega, salienta que Antonio García Teijeiro incide na importancia da formación do mediador polo seu papel decisivo "na forma en que contaxia o gusto pola lectura literaria e a palabra poética"; que Fina Casalderrey resalta a importancia que esta literatura tivo na súa experiencia como mestra durante corenta anos; que Isabel Mociño dá a coñecer "os resultados máis significativos da investigación en Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia das últimas décadas"; que Eulalia Agrelo comenta dúas obras de Agustín Fernández Paz; que Mar Fernández se centra en dúas obras protagonizadas por superviventes republicanos da guerra civil española; que Carmen Ferreira analiza reescrituras de contos da transmisión oral; e que Vanessa Ferreira da Silva estuda procedementos formais da escrita de Marcos Calveiro.

- Inés Sánchez Díaz-Marta, "*Historias en torno al arte y a la educación artística: Notas para un posible diario* (2014), de Mª Jesús Agra Pardiñas", "Recensões críticas/ Recensións críticas", pp. 259-263.

Coméntase a monografía de Mª Jesús Agra, docente e investigadora que "defende a necesidade de compartir experiencias, de vivir situacións (provocadas ou inesperadas), para poder chegar a mudar a situación da educación artística na actualidade, comezando por comprendernos para lograr entender os valores que a arte pode achegarnos como persoas que habitamos o mundo". Destaca que a autora incide en que a "experiencia non é só a nosa propia, senón que provén do que nos achegan os demais coas súas, e do que xorde cando todas se unen, se mesturan e, ás veces, mesmo chocan". A seguir di que a primeira parte da obra se centra "na necesidade da narrativa como experiencia expresada e enfoque de investigación que dea comezo ou manteña un proceso artístico" en que reforza "a idea do eu comigo, eu cos demais e dos demais comigo", para a seguir centrarse na importancia da aprendizaxe rizomática e da participación activa do alumnado e do profesorado á hora de levar a cabo a docencia da educación artística, que a investigación e os proxectos deben partir desta travesía de autocoñecemento, dun proceso baseado en encontros cos demais e coa contorna, de forma que poidamos comprender a realidade dende distintos puntos de vista e que así mesmo a viaxe posibilita atopar un lugar onde conviven arte e educación, como logrou unir a propia autora na súa longa docencia. Conclúe recomendando a lectura desta monografía para veteranos docentes que encontren a necesidade de reinventarse, para futuros docentes que queiran mudar e actualizar a situación da educación artística no currículo educativo actual e así mesmo para aqueles que crean na arte como unha forma de aprender a vivir.

- Verónica Casais Vila, "*The Representations of the Spanish Civil War in European Children's Literature (1975-2008)* (2014), de Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel (eds.)", "Recensões críticas/ Recensións críticas", pp. 265-271.

Comézase afirmando que, se ben a guerra civil española constitúe o tema máis recorrente da historiografía española e abondan as adaptacións ao cine e á literatura para adultos no ámbito da Literatura Infantil e Xuvenil, é menos frecuente a súa presenza e tratamento. A seguir, dá conta da introdución das editoras e do estudo comparativo do corpus, realizado por Mar Fernández, e pasa a deterse na análise das obras seleccionadas nas tres partes da monografía. Salienta dos traballos sobre a Literatura Infantil e Xuvenil galega que Eulalia Agrelo afonda no simbolismo e nos motivos empregados por Agustín Fernández Paz; que Carmen Ferreira e Isabel Mociño destacan os temas constantes en diferentes contextos e con distintos personaxes de novelas xuvenís de Marina Mayoral; e que Blanca-Ana Roig Rechou analiza *Aqueles anos do Moncho* atendendo aos paratextos e ás ilustracións, centrándose nas visións da emigración e da vida galegas e defendendo esta novela "como unha obra de cruzamento de xéneros, tendo en conta que non foi concibida coma unha obra infantil". E da terceira parte da monografía, composta por un estudo da ilustración realizado por Mª Jesús Agra Pardiñas e Carmen Franco, destaca que examinan as diferentes obras da literatura ibérica, incluíndo imaxes de cubertas e paratextos e que reúnen os procedementos de ilustración máis recorrentes, dos que salientan a metáfora, os xogos visuais e a suxestión. Conclúe criticando a falta de equilibrio na distribución dos contidos nas distintas partes e valorando positivamente a escolla de enfoques e análises, centrados ao redor dun autor, dunha obra ou dun período de tempo significativo, xa que o lector pode formarse unha imprescindíbel visión de conxunto sobre as diferentes representacións da guerra civil española na literatura mundial.

- Blanca-Ana Roig Rechou, "*Casas muito doces: Reescritas infanto-juvenís de Hänsel e Gretel* (2015), de Sara Reis da Silva", "Recensões críticas/ Recensións críticas", pp. 273-276.

Considera esta obra de Sara Reis da Silva unha relevante investigación académica sobre a Literatura Infantil e Xuvenil. Destaca que se centra nos problemas das relacións hipo e hipertextuais observadas entre esta literatura e o acervo literario tradicional oral. Salienta que a autora realiza un percorrido por precedentes traballos de investigación "nun ato de conhecimento e reconhecimento, hoje pouco habitual no âmbito da investigação", de aí que esta obra permita descubrir reflexións e apostas na análise de *Hansel e Gretel* e así mesmo como poder traballar as recreacións das obras da tradición oral, que hoxe se consideran "clásicas", un concepto que tenta explicar ademais a autora. Precisa que Sara Reis destaca os volumes caracterizados polas súas singularidades estéticas, dende o punto de vista verbal e tamén visual, e que nos cinco capítulos conxuga elementos da Historia literaria, da Crítica literaria, da Teoría da Literatura e da Literatura Comparada e que ademais recolle obras para lectores de distintas "competencias lecto-literárias (pré-leitores, leitores iniciais, leitores medianos e leitores autónomos)". Valora positivamente a inclusión do texto matriz transcrito e da capa de cada obra analizada. Remata cun recoñecemento á autora e editora "por trazerem aos investigadores obras desta qualidade, imprescindíveis para os estudos da revisitação dos clássicos da transmissão oral" e concordando coa autora sobre a utilidade desta monografía para "leitores/mediadores especializados" e tamén para "outros igualmente e/ou simplesmente interessados na leitura e na literatura ou, por exemplo, nos textos e nas temáticas aqui aflorados".

- Carina Rodrigues, "*Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega* (2015), de Blanca-Ana Roig Rechou (coord.)", "Recensões críticas/ Recensións críticas", pp. 279-283.

Precisa que esta monografía, "há muito tempo esperada, premente e essencial", tenta cubrir un baleiro existente sobre o coñecemento sistemático da produción literaria galega para o público infantil e xuvenil. Destaca que se asenta metodoloxicamente nas teorías sistémicas e, sobre todo, nas formulacións de Itamar Even-Zohar e que tamén traza un percorrido pola Literatura Infantil e Xuvenil galega dende a Idade media até 2012, "onde se consolida e establece este sistema literário, perante as reclamações de um público cada vez mais critico e competente". Explica que, por mor da tardía configuración desta literatura no sistema cultural galego, a monografía se organiza en séculos e se compón de seis capítulos, nos que se detallan "épocas, vidas e obras de um círculo plural de autores –agrupados a partir de unidades e xeracións". Precisa que se acollen análises das obras de cada período, "vinculadas à triade leitor-livro-mediador e teórica e criticamente fundamentadas a partir da conjugação dos criterios autoral, cronológico e temático" e detalla o contido dos seis capítulos. Finaliza salientando que esta monografía "completa, detalhada e rigorosa" amosa que a Literatura Infantil e Xuvenil galega conseguiu adaptarse aos tempos e asentarse "com a afirmação de um público leitor competente, num sistema educativo que continua a reclamar leituras".

**Mociño González**, Isabel e Blanca-Ana **Roig Rechou** (coords.), *Libros en galego de onte e de hoxe para a nenez e mocidade (2010-2015)*, ilust. cuberta María Jesús Agra Pardiñas, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo

de Publicacións e Intercambio Científico/ Instituto de Ciencias da Educación, col. Materiais didácticos, n.º 26, 2015, 187 pp. (ISBN: 978-84-16183-99-9). ◆

Monografía que recompila as recensións críticas e mesmo crítico-divulgativas publicadas semanalmente por un grupo de especialistas en Literatura Infantil e Xuvenil, coordinadas por Blanca-Ana Roig Rechou, na páxina semanal sobre esta literatura en *El Correo Gallego*, na sección "ELOS de lectura", entre o 21 de novembro de 2010 e o 21 de abril de 2015. Comeza a obra cunha breve introdución do equipo redactor, na que explican a estrutura da monografía e analizan os seus obxectivos: dirixirse "aos máis novos, pero tamén a todo o abano lector dende a nenez á vellez" e "ofrecer análises de interese para os mediadores entre o libro e o lector nun sentido amplo", centrando a atención en primeiro termo no mediador docente por ser quen "máis lecturas recomenda". A introdución péchase cunha reflexión do equipo redactor sobre a necesidade de "axudar a instalar o hábito lector nunha sociedade que, se ben le moito, non se achega o suficiente á lectura literaria que tanto axuda a conseguir unha cidadanía civil culta". A seguir, reprodúcense as recensións, divididas en dous bloques, onde os comentarios se organizan segundo a data da súa publicación no xornal compostelán cunha nota na que se ofrece a ficha bibliográfica da obra comentada, caso de estar traducida á lingua galega, e que pode consultarse tamén, coa súa recepción anual e en anos posteriores, no proxecto *Informes de Literatura*. No primeiro deles, "Lecturas de hoxe", acóllense comentarios crítico-divulgativos daquelas obras traducidas ao galego que, segundo o parecer das redactoras, "salientaron pola súa calidade e por introducir neste sistema literario novidades temáticas, formais, xenéricas etc.". E no segundo, "Lecturas de onte", acóllense os comentarios crítico-divulgativos doutras obras "publicadas hai anos que se están a recuperar, a adaptar a novos formatos, ao estándar lingüístico actual ou que, sendo obras canonizadas, aínda faltan por trasladar á lingua galega".

**Recensións:**

- Laura Blanco, "Variada proposta de lecturas", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 16 agosto 2015, p. 5.

Dá conta de que a colección "Materiais didácticos" do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela suma un número máis, o vinte e seis, coa publicación desta monografía tirada do prelo polo Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Destaca que se trata dunha recompilación de recensións críticas e mesmo crítico-divulgativas que un grupo de especialistas en Literatura Infantil e Xuvenil, capitaneados por Blanca-Ana Roig Rechou, foron publicando semanalmente nesta páxina sobre literatura para a infancia e a xuventude. Comenta que nesta obra, de lectura inescusábel para o mediador, participa un amplo grupo de mulleres, todas expertas en Literatura Infantil e Xuvenil ou especialistas, polo menos, nalgún dos seus eidos. A seguir describe a estrutura do monográfico e o contido das partes, a saber: "Introdución", "Lecturas de hoxe" e "Lecturas de onte". Salienta que o equipo redactor se refire a mediadores nun sentido amplo (todo aquel que medie entre libro e lector), pero fai fincapé no mediador docente, pois tal e como din na introdución, o mediador docente é o que máis lecturas recomenda. Considera este libro unha achega ineludíbel que actualiza a Literatura Infantil e Xuvenil en lingua galega, ademais de supor unha

motivación para a tradución e a edición dos clásicos e de vogar pola instauración do hábito lector en idades temperás.

- Laura Blanco Casás, "Mociño González, I. e B.-A. Roig Rechou (coords.) *Libros galegos de onte e de hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)* e *Libros* en *galego de onte e de hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)*", *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, n.º 13, "Libros reseñados", 2015, pp. 195-198.

Coméntanse *Libros en galego de onte e hoxe para a nenez e a mocidade* (2010-2015) e *Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade* (2010-2015), volumes coordinados por Isabel Mociño González e Blanca-Ana Roig Rechou, que foron publicados en 2015 polo Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela na colección "Materiais didácticos". Sinálase a importancia dos volumes como ferramentas fundamentais para o mediador. Indícase que o seu contido constitúe unha panorámica da produción infantil e xuvenil a través de recensións críticas e divulgativas realizadas durante cinco anos por membros e colaboradoras do grupo interdisciplinar de investigación LITER21 e de ELOS. Dáse conta do contido dos volumes en función da súa estrutura e das características e relevancia dos libros comentados.

**Roig Rechou**, Blanca-Ana (coord.), *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2015, 503 pp. (ISBN: 978-84-9914-845).

Como se di na "Introdución" esta historia é froito dun labor conxunto dun grupo de investigadoras coordinadas por Blanca-Roig Rechou. Sinálase que consideran que é un libro útil pois cubre un baleiro ao redor do coñecemento sistemático da produción dirixida ao lectorado máis novo, pero non só a el. Nesa "Introdución" xa se explica a organización da obra, a súa periodización por séculos e a aposta polo establecemento de unidades xeracionais para encadrar os autores, seguindo as teorías de Ortega, Petersen e Karl Manheim. Dise que na escrita se tiveron en conta as metodoloxías achegadas polas teorías sistémicas unidas a outros paradigmas teóricos. Seguindo estas reflexións, a obra organízase en seis capítulos nos que se acolle o estudo do contexto e da produción, dividida en Literatura Infantil e Literatura Xuvenil, subsistemas nos que se salientan en cada xénero (narrativa, poesía e literatura dramática) os autores máis representativos no corpus do texto e os menos relevantes nas notas. Esta metodoloxía tamén se segue ao falar doutras modalidades como a banda deseñada e a tradución. O capítulo VI, intitulado "Para saber máis", acolle a bibliografía e a webgrafía, o índice onomástico e un breve currículo das autoras, a saber Eulalia Agrelo, Pilar Bendoiro, Mar Fernández, Carmen Ferreira, Isabel Mociño, Marta Neira, Isabel Soto e a coordinadora Blanca-Ana Roig.

**Recensións:**

- Ana Belén Moreda Rodríguez, "*Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega*", *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, "Libros reseñados", n.º 13, 2015, pp. 211-214.

Realiza unha recensión da obra de Roig resaltando o "cariz recompilador de perspectivas e reflexións" que a autora realizou ao longo do tempo sobre a educación literaria, a Literatura Infantil e Xuvenil, lexitimación, canonización e función social desta Literatura e o papel dos premios, da escola e da crítica. Salienta, do "prefácio" de Ana Margarida Ramos que nesta obra se realiza unha boa sistematización de conceptos chave referidos ao estado actual da Literatura Infantil e Xuvenil, as suxestións de áreas de coñecemento para investigacións futuras, a modificación do discurso sobre esta Literatura e "o desleixo que se deu na docencia e na investigación". A seguir destaca, do primeiro bloque dos tres desta monografía, "a superación do cuestionamento que durante moito tempo sufriu esta literatura como campo de estudo lexítimo, restrinxida a instrumento didáctico, para pasar a considerala un sitema literario de seu"; do segundo bloque, a "necesidade de coñecer o canon potencial da Literatura para planificar a educación literaria" e do terceiro bloque, o valor social da lectura literaria e o proxecto Literapia para "axudar a aliviar o sufrimento asociado á enfermidade". Remata salientando que esta monografía é "unha lectura de referencia como libro de cabeceira para comprender mellor a necesidade de propiciar a educación literaria e o camiño cara á súa consecución".

- Sara Reis da Silva, "Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 16 xuño 2015, p. 36.

Comenta os retos do traballo propositivo e analítico do equipo de redacción coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou á hora de redactar este volume. Destaca que coa súa publicación se ocupa un baleiro nos estudos literarios que se centran na Literatura Infantil e Xuvenil. Tamén se indica que o libro repasa a vida, obra, épocas e estilos dos autores e autoras galegas de literatura para os máis novos e define a publicación como "imprescindible e admirable".

- Alberte Valverde, "Historiografía da LIX galega", *Grial*, n.º 207, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2015, pp. 107-108.

Comézase resaltando a importancia da produción de Literatura Infantil e Xuvenil galega e a necesidade de sistematización, que tenta suplirse dende o grupo de investigación da Universidade de Santiago a cargo desta obra. Descríbese o marco metodolóxico do volume, encadrado na teoría dos Polisistemas, para pasar a analizar o volume. Saliéntase o carácter textocéntrico do volume, orientado cara á educación, e gábanse os dous últimos capítulos, dedicados á produción literaria posterior á transición democrática e á construción da autonomía galega. Sinálanse algunhas eivas no texto, como certa descoordinación ou pouca atención á literatura oral, pero conclúese cunha valoración positiva do volume, que se considera como unha ferramenta de traballo útil.

- Pilar Ponte, "Historia dun xénero", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 550, "Libros", 9 xullo 2015, p. VI.

Comenta que esta monografía parte das teorías sistémicas e indica que se estrutura nunha introdución; seis capítulos organizados por séculos, nos que se diferencian contextos e produción literaria por xéneros; e un capítulo de ampliación cos currículos das redactoras. Tamén salienta que percorre os comezos da literatura infantil universal, a creación do tecido cultural galego e a evolución do sistema educativo. Recomenda a

súa lectura ao profesorado de lingua e literatura galega, aos bibliotecarios, ás persoas encargadas do desenvolvemento de plans lectores e ao profesorado doutras materias.

- Carina Rodrigues, "*Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*", en Mar Fernández, Ana Cristina Macedo, Isabel Mociño e Ana Margarida Ramos (coords.), *De como a Literatura para a Infância e a Juventude «é chamada à guerra». Reflexões sobre os conflitos bélicos na Galiza e em Portugal/ De como a Literatura Infantil e Xuvenil «é chamada á guerra». Reflexións sobre os conflitos bélicos en Galicia e Portugal*, Porto: Tropelias&Companhia/inED (Centro de Investigação e Inovação em Educação) - ESE-IP Porto (Portugal), outubro 2015, 284 pp. (ISBN: 978-989- 8582-41-6), pp. 279-283.

Precisa que esta monografía, "há muito tempo esperada, premente e essencial", tenta cubrir un baleiro existente sobre o coñecemento sistemático da produción literaria galega para o público infantil e xuvenil. Destaca que se asenta metodoloxicamente nas teorías sistémicas e, sobre todo, nas formulacións de Itamar Even-Zohar e que tamén traza un percorrido pola Literatura Infantil e Xuvenil galega dende a Idade media até 2012, "onde se consolida e establece este sistema literário, perante as reclamações de um público cada vez mais critico e competente". Explica que, por mor da tardía configuración desta literatura no sistema cultural galego, a monografía se organiza en séculos e se compón de seis capítulos, nos que se detallan "épocas, vidas e obras de um círculo plural de autores –agrupados a partir de unidades e xeracións". Precisa que se acollen análises das obras de cada período, "vinculadas à triade leitor-livro-mediador e teórica e criticamente fundamentadas a partir da conjugação dos criterios autoral, cronológico e temático" e detalla o contido dos seis capítulos. Finaliza salientando que esta monografía "completa, detalhada e rigorosa" amosa que a Literatura Infantil e Xuvenil galega conseguiu adaptarse aos tempos e asentarse "com a afirmação de um público leitor competente, num sistema educativo que continua a reclamar leituras".

**Referencias varias:**

- ELOS, "Edicións Xerais de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 27 maio 2015, p. 47.

Informa da publicación desta monografía, baixo a coordinación de Blanca-Ana Roig Rechou. Indica que a pretensión deste proxecto é cubrir un baleiro existente sobre a produción literaria dirixida aos máis novos. Sinala que a obra presenta un percorrido historiográfico polas etapas da conformación do sistema literario infantil e xuvenil.

- Lourdes Varela, "Blanca-Ana Roig Rechou. 'É preciso revisar o criterio co que se lles recomendan os libros aos rapaces", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 543, 21 maio 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 498, 30 maio 2015, p. 11, "Entrevista".

Conversa con Blanca-Ana Roig Rechou, coordinadora deste traballo conxunto, na que di cales se consideran os autores e obras que inician a Literatura Infantil e Xuvenil galega. Tamén se refire ás obras consideradas "de fronteira", ao estado polo que pasa este sistema literario e ao futuro que se augura, amais de aludir á importancia da ilustración para o éxito da obra e aos criterios para considerar un poemario de calidade.

- R. N., “Unha monografía para coñecer a nosa LIX”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Letras”, “Galego”, 4 setembro 2015, p. 13.

Destaca que esta obra cobre un baleiro no estudo da nosa historia da Literatura Infantil e Xuvenil e que se elaborou a partir das teorías sistémicas.

- ELOS,“Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 4 outubro 2015, p. 4.

Entre outras novas, saliéntase a presentación da primeira *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega*.

**Roig Rechou**, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 2014*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2015, 1173 pp. (ISBN: 978-84-453-5200-7). ◆

Nova entrega do Informe de Literatura en formato CD-Rom correspondente ao ano 2014 e elaborado por un equipo de redactores e de colaboradores, tanto do Centro Ramón Piñeiro coma externos a el, dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, que contou coa axuda da bolseira do proxecto Laura Blanco Casás. Como en edicións anteriores, ábrese o volume cunha breve presentación, na que a coordinadora, ademais de salientar as pretensións da publicación e o afán de mellora que preside o proxecto ano tras ano, fai un repaso de cada un dos apartados que constitúen a obra, referíndose ás fontes consultadas e aos criterios que se empregan para facilitar unha máis produtiva achega á literatura galega recollida en cada entrega deste repertorio bibliográfico comentado. A continuación, reprodúcese unha serie de estatísticas nas que se reflicte a produción dos diferentes apartados segundo os xéneros e a presenza que tivo o feito literario galego tanto nos xornais e revistas galegas coma en medios foráneos. A seguir, están os apartados do volume estruturados en “Narrativa”, “Poesía”, “Teatro”, “Día das Letras Galegas: Xosé María Díaz Castro”, “Ensaio. Teoría Xeral. Crítica”, “Clásicos greco-latinos traducidos”, “A literatura infantil e xuvenil galega”, “Literatura de transmisión oral”, “Revistas”, “Premios”, “Literatura medieval” e “Apéndice. Entradas non recollidas en informes anteriores”.

**Roig Rechou**, Blanca-Ana e Isabel **Mociño González** (coords.), *Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)*, ilust. cuberta María Jesús Agra Pardiñas, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico/ Instituto de Ciencias da Educación, col. Materiais didácticos, n.º 25, 2015, 241 pp. (ISBN: 978-84-16183-98-2).

Monografía que recolle recensións realizadas por Eulalia Agrelo, Mónica Álvarez, Pilar Bendoiro, Laura Blanco, Verónica Casais, Berta Dávila, Esther de León, Cristina Fernández, Mar Fernández, Carmen Ferreira, Vanessa Regina Ferreira, Carmen Franco, Geovana Gentili, Isabel Mociño, Marta Neira, Ana Margarida Ramos, Blanca-Ana Roig, Alba Rozas e Isabel Soto. As obras elixidas, dende o real ou o fantástisco, tratan temas como o amor, a perda, a familia, a morte, a emigración, o deporte, a pintura ou a historia de Galicia. Lecturas de calidade que actualizan a Literatura Infantil e Xuvenil galega. As recensións foron publicadas semanalmente dende abril do ano 2010 até abril

deste mesmo ano na sección "ELOS de lectura" que o grupo coordinado por Blanca-Ana Roig recolle para que sirvan non só como análise de interese para os lectores, senón que tamén como ferramentas para os axentes educativos, é dicir, mestras e mestres, bibliotecarios, pais e nais interesados en atopar aquelas lecturas do gusto e interese dos seus fillos. O volume divídese en dúas grandes seccións. A primeira, "Lecturas de hoxe", onde se revisan as recensións críticas de obras galegas actuais que as investigadoras consideraron que se debían salientar. A segunda sección "Lecturas de onte" acolle recensións de obras publicadas anos atrás, obras que consideramos clásicas e que agora se actualizan ortograficamente e mesmo cambian de colección, se reescriben ou adaptan para dirixirse a outra franxa de idade.

**Recensións:**

- Ana Gayoso, "Achegamento á vida da literatura infantil e xuvenil galega", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 26 xullo 2015, p. 6.

Destaca o bo facer dun grupo de especialistas en Literatura Infantil e Xuvenil que ofrece este traballo crítico-divulgativo onde se recolle unha selección de obras do sistema literario infantil e xuvenil xa actuais, xa doutros tempos que se reeditan e que nace coa clara intención de falarlles aos máis novos e a todo posíbel lector. Comenta que recolle os artigos presentados semanalmente, dende abril do ano 2010 até abril deste mesmo ano, na sección "ELOS de lectura" polo grupo coordinado por Blanca-Ana Roig, amais de destacar a súa importancia para guiar lectores e mediadores. Fala da estrutura do libro, cita as autoras e fíxase nas temáticas que tratan as obras, pois "van desde o fantástico, o real, as fábulas, o amor, a perda, a familia, a morte, a emigración, o deporte, a pintura ou a historia de Galicia. Lecturas de calidade que actualizan a Literatura Infantil e Xuvenil galega".

- Laura Blanco Casás, "Mociño González, I. e B.-A. Roig Rechou (coords.) *Libros galegos de onte e de hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)* e *Libros* en *galego de onte e de hoxe para a nenez e a mocidade (2010-2015)*", *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, n.º 13, "Libros reseñados", 2015, pp. 195-198.

Coméntanse *Libros en galego de onte e hoxe para a nenez e a mocidade* (2010-2015) e *Libros galegos de onte e hoxe para a nenez e a mocidade* (2010-2015), volumes coordinados por Isabel Mociño González e Blanca-Ana Roig Rechou, que foron publicados en 2015 polo Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela na colección "Materiais didácticos". Sinálase a importancia dos volumes como ferramentas fundamentais para o mediador. Indícase que o seu contido constitúe unha panorámica da produción infantil e xuvenil a través de recensións críticas e divulgativas realizadas durante cinco anos por membros e colaboradoras do grupo interdisciplinar de investigación LITER21 e de ELOS. Dáse conta do contido dos volumes en función da súa estrutura e das características e relevancia dos libros comentados.

**Roig Rechou**, Blanca-Ana, Isabel **Soto López** e Marta **Neira Rodríguez** (coords.), *Retorno aos clásicos. Obras imprescindíbeis da narrativa infantil e xuvenil*, ilust. da

cuberta e interiores Olalla Cortizas Varela, Vigo/ Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/Red Temática LIJMI/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2015, 572 pp. (ISBN: 978-84-9914-946-2).

Volume monográfico, froito do labor investigador dos membros e os colaboradores da rede temática de investigación "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano" (LIJMI), que arrinca cun estudo teórico, da investigadora Mª Victoria Sotomayor, no que reflexiona sobre os conceptos de "canon" e "clásico" e os criterios para considerar unha obra canónica, contestando cuestións relativas a por que son necesarios os clásicos, que lugar deben ocupar na lectura infantil, como se converte unha obra en clásica e que obras configuran o canon. A seguir, acolle unha selección descrita de vinte e cinco obras narrativas clásicas da literatura universal, que se presentan segundo o criterio cronolóxico de data da primeira edición; das que dezaseis son obxecto de comentario. Logo ofrécese a selección de obras narrativas fundamentais e imprescindíbeis da Literatura Infantil e Xuvenil de cada ámbito lingüístico ibérico (castelán, catalán, galego, portugués, vasco) e do iberoamericano (Brasil, México e Uruguai), que se presentan igualmente por orde cronolóxica de publicación, coa ficha e un descritor do seu argumento e algunhas claves críticas e datos narratolóxicos para entendela. Por último, preséntanse comentarios específicos dalgunhas das obras. En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega, acóllense os seguintes traballos:

- LIJMI (ámbito galego), "A selección. Autores e obras imprescindíbeis na narrativa infantil e xuvenil galega", pp. 301-309.

Ofrece por orde cronolóxica de publicación a ficha bibliográfica e o descritor de seis obras narrativas de autores "clásicos contemporáneos" galegos que se caracterizan por ser obras de calidade, canonizadas, cunha clara influencia noutros creadores e que contan con traducións, premios e reedicións. Indica que estes autores pertencen a dúas xeracións: "Da literatura institucionalizada á Literatura Infantil e Xuvenil" e "Xeración do 68". As obras seleccionadas son: *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas; *A galiña azul* (1968), de Carlos Casares; *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín; *O misterio das badaladas* (1986), de Xabier P. Docampo; *Contos por palabras* (1991), de Agustín Fernández Paz e *Mutacións xenéticas. Os ladróns da ciencia* (1991), de Fina Casalderrey.

- Mar Fernández Vázquez, "*A galiña azul*, obra clásica e personaxe identitaria", "Comentarios cara á formación lectora", pp. 311-317.

Comeza salientando que Carlos Casares é un dos autores clásicos contemporáneos da Literatura Infantil e Xuvenil galega e que "apostou por esta Literatura como resposta á chamada da Editorial Galaxia". A seguir, comenta a súa primeira obra infantil, *A galiña azul* (1968), un volume de microrrelatos con grande éxito de crítica e público dende a súa publicación, centrando a atención na unidade temática e formal, na variedade de temas abordados, na "decidida e firme preocupación e defensa da lingua galega", na "semiótica da cor" e na escolla de animais "cotiáns, pouco relevantes". Considera que Casares "creou un macrotexto temático", que se cimenta en trazos que reflicten "algunhas das súas inquedanzas vitais e culturais". Incide nas significacións ocultas que o lectorado descobre coa relectura desta obra, grazas "á súa pervivencia no canon e á inclusión da personaxe que lle dá título o imaxinario infantil". Salienta a economía ficcional empregada por Casares á hora de condensar características definitorias dos

personaxes e anécdotas que dan orixe ás tramas narradas, que recupera "como fábula ou discurso, con posterioridade, noutras historias, narrativas ou xornalísticas". Propón como orixinalidade ou estrañeza (no sentido de Bloom) do autor ourensán a "descuberta da verdade oculta ao comezo das historia grazas ao azar" e conclúe que "entreabriu unha porta cara ao bosque dos soños e lecturas infantís, que continuaron outros autores textuais e visuais dos séculos XX e XXI".

- Isabel Mociño González, "Entre o Reparante, o Entomodelfo e os marmolubios: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín ou a mitoloxía do cotián", "Comentarios cara á formación lectora", pp. 319-329.

Análise da obra *Das cousas de Ramón Lamote* (Galaxia/SM, 1985), de Paco Martín, na que reflexiona sobre a consideración de clásico deste creador, repasando estudos sobre a súa obra, os premios que recibiu ao longo da súa traxectoria e a influencia que exerceu sobre autores posteriores. A seguir céntrase no estudo da obra, atendendo a cuestións estruturais, dos personaxes, as estratexias desenvolvidas polo autor e os diálogos intertextuais presentes ao longo de todo o texto, para rematar deténdose na continuación das peripecias do protagonista en *Das novas cousas de Ramón Lamote* (Galaxia, 2008), da que destaca os diálogos intratextuais. Conclúe que con este personaxe Paco Martín creou unha obra galega pero tamén universal, na que recolle o legado cultural máis netamente identitario e devólveo reformulado, reescrito e sobredimensionado ao lectorado de cada momento, o que lle confire á obra unha pervivencia literaria incuestionábel.

- Eulalia Agrelo Costas, "*Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz: enunciación das claves poéticas dun mestre vilalbés", "Comentarios cara á formación lectora", pp. 331-341.

Despois de recordar os elementos que singularizan a escrita para a mocidade de Agustín Fernández Paz, centra o comentario en *Contos por palabras* (1991), que coñeceu vinte e unha reedicións e múltiples traducións, amais de ser a primeira obra escrita nunha lingua diferente ao castelán merecente do Premio Lazarillo de Creación Literaria. Explica o proceso de xestación destes relatos que partiron dos breves anuncios periodísticos e detense no comentario das súas compoñentes discursivas e temáticas. Tamén se salienta a súa capacidade crítica e o seu desbordante humor, que se plasma a través dun elenco variopinto de personaxes, entre os que sobresaen os provenientes do cómic e do cinema. Finalmente, alúdese á atención que esta obra recibiu por parte da crítica e sinálase que nela se rexistran as claves da escrita do mestre vilalbés.

**Tarrío**, Anxo (ed.), *Xosé Filgueira Valverde: Día das Letras Galegas 2015*, deseño da cuberta Ildefonso Vidal Ocampo, ilust. interiores Antón Pulido, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, primavera 2015, 215 pp. (ISBN: 978-84-16183-82-1).

Volume conmemorativo do Día das Letras Galegas, organizado polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela e editado polo profesor Anxo Tarrío Varela. Entre os traballos reunidos, céntrase na Literatura Infantil e Xuvenil galega o que segue:

- Isabel Mociño González, “Filgueira Valverde na formación do sistema literario infantil e xuvenil”, pp. 89-113.

Estudo no que se analiza a obra para a infancia e xuventude de Xosé Fernando Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996), intelectual do que se salienta o seu polifacetismo e o seu papel como autor e promotor de obras e actividades diversas a prol da defensa, exaltación e fomento do idioma galego. Comeza referíndose ao contexto social no que o autor, como axente cultural, participou activamente na configuración dunha produción dirixida aos máis novos dende institucións como as Irmandades da Fala, as Escolas do Insiño e, sobre todo, o Seminario de Estudos Galegos. A seguir, estúdase pormenorizadamente a produción deste autor para os máis novos. De *Os nenos* (Lar, 1925), explícase que son un conxunto de relatos breves nos que o autor adopta diferentes perspectivas dende a ollada infantil e ofrece un retrato poliédrico da Galicia dos anos vinte, marcado pola tristeza e a miseria. Da peza dramática *Agromar. Farsa pra rapaces* (Imprenta Palacios, 1936), asinada co pseudónimo de Filgueira Valverde, saliéntase a súa inclusión na tendencia pedagóxica e exemplarizante desta farsa dirixida ao lectorado xuvenil, cuxo elemento central é o amor á terra e o chamamento á mobilización e á loita galeguista. Conclúese que con esta produción, Filgueira participou na constitución da Literatura Infantil e Xuvenil galega e proporcionoulles aos máis novos lecturas na lingua de seu, tan escasas no momento.

Tamén descrito no apartado IV. Día das Letras Galegas deste *Informe*.

**Recensións:**

**-** Carmen Ferreira, “Xosé Filgueira Valverde: o gran polígrafo galego”, *El Correo Gallego*, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Tendencias”, “ELOS de lectura”, 19 maio 2015, p. 42.

Coméntase esta monografía dedicada a Xosé Filgueira Valverde que recolle traballos e lembranzas de diferentes persoeiros como Darío Villanueva, Luís Cochón e Elvira Fidalgo, entre outros sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas 2015. Saliéntase, dentro destes traballos, o realizado por Isabel Mociño, “Xosé Filgueira Valverde na formación do sistema literario infantil e xuvenil”, onde se fai un repaso ao labor en defensa do galego e a súa promoción a través de obras dirixidas a un público infantil e xuvenil, como son *Os nenos* (Editorial Lar, 1925) e *Agromar. Farsa para rapaces* (Imprenta Palacios, 1936). Explícase que o libro remata cunha escolma de textos de Filgueira Valverde publicados en prensa e que teñen como núcleo temático a cidade e a Universidade de Santiago de Compostela.

**Referencias varias:**

- Fran P. Lorenzo, “Alonso Montero glosa os vencellos de Xosé Filgueira Valverde coa USC”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 13 maio 2015, p. 41.

Repásase a presentación en Fonseca do volume que conmemora a figura de Xosé Filgueira Valverde, centrándose na súa relación coa Universidade de Santiago de Compostela. Recóllense, entre outros datos, que Filgueira impulsou a “creación dunha cátedra de Lingua e Literatura Galegas na USC […] vencellada á licenciatura de

Filoloxía Románica"; que foi un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos; que pronunciou a primeira conferencia na USC en galego no ano 1923; ou que foi partícipe nos anos 40 do século XX nos cursos de verán de galego para estranxeiros.

- P. Calveiro, "El 'sí quiero' de María Mera y Ghaleb Jaber", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 13 maio 2015, contracuberta.

Entre outras novas, dá conta da presentación desta monografía e destaca que estivo ao coidado de Anxo Tarrío.

# VII.5.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

**Cañamares Torrijos**, Cristina, Ángel Luis **Luján Atienza** e César **Sánchez Ortiz** (coords.), *Odres nuevos: retos y futuro de la Literatura Popular Infantil*, Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, col. Estudios, n.º 148, 2015, 512 pp. (ISBN: 978-84-9044-162-6). ◆

Volume colectivo que ofrece as ponencias e comunicacións presentadas nas IV Xornadas Iberoamericanas de investigadores de Literatura Popular Infantil, celebradas na Facultade de Educación e Humanidades de Cuenca do 17 ao 19 de xuño de 2015, nas que se reflexionou sobre as liñas de investigación, o futuro e os retos no campo da poesía e da narrativa popular infantil e o seu aproveitamento didáctico. Tras unha introdución, divídese en tres bloques temáticos dedicados respectivamente á poesía popular infantil, narrativa popular infantil e miscelánea. En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega, acóllese o seguinte traballo:

- Mª Carmen Ferreira Boo, "Las reescrituras de los cuentos maravillosos en la Literatura Infantil y Juvenil gallega", "Bloque II: Narrativa popular infantil", "Comunicaciones", pp. 307-320.

Na parte introdutoria salienta a impronta e recurrencia dos contos da transmisión oral, especialmente os contos marabillosos, na formación da Literatura Infantil e Xuvenil galega como sistema literario en obras como *Margarida a do sorriso d'Aurora* (Nós, 1927), de Evaristo Correa Calderón, e apunta as achegas teóricas empregadas no estudo (Vladimir Propp, Stith Thompson, Antonio Rodríguez Almodóvar e, sobre todo, a clasificación de Caterina Valriu). Logo analiza, dende o punto de vista paratextual, o tratamento que reciben os personaxes arquetípicos da bruxa e a princesa nunha pequena selección de obras narrativas da Literatura Infantil e Xuvenil galega, seguindo criterios de recepción crítica, obtención de galardóns e calidade artístico-literaria. Comenta as constantes e variantes dende o hipotexto ao hipertexto dos personaxes, en canto a características físicas e psicolóxicas, función na trama, simbolismo e referencias intertextuais; ademais de estudar os paratextos, a temática, o argumento, a estrutura, o espazo e o tempo. As obras obxecto de análise son: *A princesa que venceu a sombra* (Everest, 2007), de Xoán Babarro e *A bruxa regañadentes* (OQO, 2005), de Tina Meroto no uso referencial; *Matapitos.com* (Xerais, 2000), de Gloria Sánchez no uso lúdico; *Feitizo* (Xerais, 2001), de Xosé Miranda *A princesa que bocexaba a todas horas* (OQO, 2005), de Carmen Gil no uso humanizador; e *Titiritesa* (OQO, 2007), de Xerardo Quintiá no uso ideolóxico. Conclúe que en xeral mantense a estrutura profunda e que os personaxes son os que máis modificación sofren, pois ou ben mudan os seus papeis ou ben son subvertidos, modernizados ou humanizados, transmitindo valores da sociedade actual, como son a preocupación polo coidado do medio, a igualdade de xénero, o feminismo, a homosexualidade ou a identidade propia.

**Luna Alonso**, Ana, Áurea **Fernández Rodríguez**, Iolanda **Galanes Santos** e Silvia **Montero Küpper** (eds.), *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*, Frankfurt: Peter Lang, col.

Relaciones literarias en el ámbito hispánico: traducción, literatura y cultura, n.º 11, 2015, 243 pp. (ISBN: 978-3-0343-1487-9).

Volume colectivo editado por Ana Luna Alonso, Áurea Fernández Rodríguez, Iolanda Galanes Santos e Silvia Montero Küpper, membros do grupo BITRAGA da Universidade de Vigo, no que se reúnen dez traballos que abordan a literatura importada en Galicia ao longo dos últimos trinta anos. Conta cun prólogo de Basilio Losada, que dá paso a traballos nos que se analiza a situación de partida do sistema literario galego na década dos anos oitenta do século XX, repásanse as iniciativas de apoio á tradución, analízase cales son as literaturas de orixe destas traducións, o papel do sistema editorial galego nestes transvases, a evolución do perfil profesional de tradutores e tradutoras ao longo deste marco cronolóxico, as dinámicas que primaron dentro dos xéneros canónicos (narrativa, poesía e teatro) ou os elementos que denotan un avance na historia da tradución á lingua galega. O traballo que analiza a Literatura Infantil e Xuvenil galega é o que segue:

- Isabel Mociño González, "Literatura Infantil y Juvenil gallega: la importación de traducciones", pp. 105-126.

Céntrase na importación de traducións á literatura galega para os máis novos e analiza algunhas das principais vías seguidas nesta literatura para a incorporación de obras doutros sistemas literarios. Para iso, despois de explicitar que as fontes de partida son a "Produción da Literatura Infantil e Xuvenil en galego" (2008) e do proxecto "Informes de Literatura", do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ambos coordinados por Blanca-Ana Roig Rechou, detense no estudo da evolución e rendibilidade de fenómenos como o recurso ás coedicións e multiedicións, as autotraducións, a importación de clásicos universais e as liñas xerais que se seguiron en Galicia para traducir autores contemporáneos da literatura para os máis novos, con especial atención ao papel de editoriais como Kalandraka e OQO ou a incidencia de premios literarios.

**Recensións:**

- Bárbara Álvarez Fernández, "Reflexións sobre o fenómeno da tradución", *Grial*, nº 208, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro, 2015, p. 98.

Destácase que a obra analiza a incidencia das traducións na etapa de consolidación da lingua galega e o lugar que ocupa a tradución literaria contemporánea no sistema cultural galego. Infórmase de que a obra consta de dez capítulos dispostos en dous grandes bloques que inclúen un marco teórico e metodolóxico, un percorrido histórico e cultural polos estadios da lingua galega e do sector editorial galego e da tradución, destacando as culturas dende as que se importa, o público e os xéneros traducidos e incluíndo tamén propostas e reflexións sobre as políticas de tradución.

- Carmen Ferreira, "Tradución literaria ao galego", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 22 novembro 2015, p. 6.

Tras reparar na relevancia da tradución no proceso de normalización lingüística e na visibilización de creadores e creadoras en literaturas alleas á propia, saliéntase o traballo

do grupo BITRAGA da Universidade de Vigo, coordinado por Ana Luna Alonso, que na monografia *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural* analizan en dez estudos a transferencia de traducións á literatura galega dende inicios dos anos oitenta do século XX. Destácase o estudo de Isabel Mociño, que se centra na importación de traducións á literatura galega para os máis novos e que analiza algunhas das principais vías seguidas nesta literatura para a incorporación de obras doutros sistemas literários, como foron as coedicións e multiedicións, as autotraducións e a importación de clásicos universais, reparando no papel exercido por editoriais como Kalandraka Editora e OQO e na incidencia de premios literarios.

- Verónica Pousada Pardo, "Luna, Alonso, Á. Fernández Rodríguez, I. Galanes Santos e S. Montero Küpper (2015). *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural. Hacia un cambio de paradigma en la traducción literaria gallega*", *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, n.º 13, "Libros reseñados", 2015, pp. 191-193.

Dáse conta do contido deste volume en función da súa estrutura, apuntando que está integrado por dez traballos nos que se aborda a tradución literaria á lingua galega dende diferentes perspectivas, que abranguen o proceso sociolingüístico e cultural, de acordo coas liñas teóricas adoptadas polas especialistas sobre o fenómeno e a súa relevancia en culturas minorizadas. Sinálase que a tradución literaria á lingua galega é estudada tanto a través do contexto de produción como das cifras de tradución e dos axentes que interveñen na súa difusión.

**Reis da Silva**, Sara e João Manuel **Ribeiro** (orgs.). *A escrita para a infância de João Pedro Mésseder ou como trocar as voltas ao silêncio*, Porto: Tropelias&Companhia, col. "Vozes e rostos da literatura infantojuvenil portuguesa", n.º 5, novembro 2015, 172 pp. (ISBN: 978-989-8582-43-0).

Volume xurdido a partir das reflexións expostas durante o V Ciclo de Actividades em Literatura para a Infância e a Juventude, celebrado o 12 de maio de 2015, no Instituto de Educação da Universidade do Minho (Braga-Portugal), para homenaxear o escritor João Pedro Mésseder (nome literario do profesor, investigador e crítico literario José António Gomes, Porto-Portugal, 1957), ao que se engadiron novas achegas doutros escritores e investigadores que o coñecen de preto, como refiren os editores na "Nota introdutória". En relación coa literatura galega, insírense os seguintes traballos:

- Blanca-Ana Roig Rechou, "Apontamentos para uma biografía literária de JoãoPedro Mésseder", pp. 13-50.

Comeza situando a João Pedro Mésseder no contexto socio-político e cultural da Literatura Infantil e Xuvenil portuguesa, encadrándoo dentro dunha unidade xeracional, que ela propón como modelo de organización xeracional, en base ás consideracións de José Ortega y Gasset (1933, 1947) e de Julius Petersen (1930, 1984), e que denomina "Geração dos cravos". Nela inclúe outros autores que naceron nun período de quince anos, se ben matiza que ademais se pode aplicar a autores pertencentes a xeracións anteriores e posteriores, tendo en conta a constitución de grupos a partir de "Unidades geracionais", "Conexões geracionais" e "Situaçõoes geracionais", como postulou Karl Mannheim (1928, 1990). Estabelece seis trazos definitorios da "Geração dos cravos": nacer entre 1945 e 1960, crecer na ditadura, apoiar e participar, directa ou

indirectamente, nos movementos sociais e políticos que propiciaron a renovación socio-política e cultural de Portugal e escribir en democracia; comezar a produción nos anos oitenta e noventa do século XX; provir de diferentes dectores profesionais pero ser sobre todo docentes, moi implicados na renovación pedagóxica, xa que tentaron renovar cos seus textos, na forma e no tema, as propostas de lectura das escolas,asegurando a transición socio-cultural dende da recuperación da tradición e da memoria; responder aos obxectivos da nova industria editorial e das librarías, sobre todo en relación ao álbum ilustrado ou artexto e á constante presenza de escritores nas librarías; participar en premios literarios, nos que obtiveron os máis recoñecidos, así como entrar nas listaxes de honra nacionais e internacionais e nos Plans de lectura de Portugal e doutros países; e escribir sen complexos para destinatarios dende a infancia até a terceira idade. A seguir, céntrase na biografía literaria de João Pedro Mésseder, analizando polo miúdo e respectando a orde cronolóxica de publicación das obras, nun primeiro subpartado, a súa produción poética infantil e xuvenil (reservando para outro traballo a dirixida ao público adulto), que responde ás modalidades "poesía é xogo", "poesía é música", "poesía é conto" e "poesía é magia", que a propia Blanca-Ana Roig Rechou estabelecera nun traballo seu do ano 2000. No segundo subpartado, analiza así mesmo polo miúdo e respectando a orde cronolóxica de publicación das obras a produción narrativa; e no terceiro subpartado, propón doce chaves poéticas que caracterizan a produción literaria de João Pedro Mésseder: seis sobre a súa obra, como é o caso da reescrita de materiais da transmisión oral para incidir de forma directa no imaxinario infantil e juvenil, a partir dos usos instrumental ou referencial, ideolóxico, humanizador e lúdico; reflexións sobre a palabra, subversión da norma lingüística e valorización da dimensión metafórica e simbólica; recurso á interrogación ou cuestionamento de todos os sentidos dun texto, pregunta-resposta como fórmula para desafiar os lectores, xogo comparativo entre o abstracto e o concreto; excelente dominio da forma breve, partindo de formas codificadas; intertextualidade con obras literarias, de arte, música e cinema, moi recorrente en varias das súas obras e mesmo coa súa propia obra; emprego de diferentes tipos de elementos paratextuais, fornecendo pistas para unha comprensión inmediata do texto; e outras chaves referidas especificamente á temática, como é o caso do mundo emocional: profundización en sentimentos como a nostalxia, a tristeza, a amizade, a alegría, o tratamento de sentimentos de perda (morte, abandono... ); memoria, identidade, crítica social, liberdade, subversión, retomando o pasado medieval, mesmo a partir do neotrobadorismo e doutras fórmulas líricas, xa mencionadas; tratamento do tempo, inexorabilidade e fugacidade; recreación de universos próximos ou familiares ao destinatario (casa, familia ou escola, por exemplo), promovendo o recoñecemento e a identificación dos lectores cos ambientes retratados; natureza, un tema moi apreciado e mesmo marcado dende os paratextos de varios poemarios; soño e a súa destrución provocada pola guerra. Para finalizar, salienta o gusto de João Pedro Mésseder pola poesía, como unha preocupación súa de que non está ben visualizada na escola, de aí que en numerosas ocasións incídese na importancia que ten a poesía nas aulas. Conclúe que tentou ofrecer unha breve panorámica destinada sobre todo aos mediadores da obra dun poeta que chega moi eficazmente aos lectores. Complementa o estudo unha bibliografía (activa, pasiva e webgrafía).

- Blanca-Ana Roig Rechou e Ana Margarida Ramos, "Entrevista a José António Gomes / João Pedro Mésseder", pp. 107-133.

Reprodúcese a conversa con José António Gomes / João Pedro Mésseder, que vira a luz no *Boletín Galego de Literatura,* n$^{os}$ 39-40 (1º e 2º semestre 2008), na súa sección

"Encontros", 2008, pp. 329-349, e que aparece descrita no apartado "Publicacións en revistas" do Informe de Literatura 2008.

**VV. AA.**, *Anuario Iberoamericano sobre el Libro Infantil y Juvenil 2013*, Madrid: Fundación SM, 237 pp. (ISBN: 978-84-675-6152-4).

Balance anual da Fundación SM sobre a Literatura Infantil e Xuvenil no marco iberoamericano co obxectivo de ofrecer unha ollada global do estado actual desta literatura, reparando en cuestións de Crítica literaria como tendencias e correntes ou a importancia canonizadora dos premios, sen esquecerse da parte máis comercial desta produción, en canto a cifras de venda, novidades ou evolución do lectorado. No contexto español, en relación coa literatura galega, insírese o seguinte traballo:

- Isabel Soto e Xavier Senín, "La literatura infantil y juvenil sigue en la brecha", pp. 189-198.

Ofrecen unha reveladora síntese da produción de Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia, apuntando a súa estabilidade, crecemento e proxección internacional, malia o escaso apoio dos poderes públicos. Posteriormente repasan as obras galardoadas en diferentes premios, convocados por editoriais e institucións, os recoñecementos institucionais a autores e obras de Literatura Infantil e Xuvenil, así como as actividades encamiñadas á formación e investigación, como a publicación de dúas novas revistas especializadas en formato dixital (*Criaturas* e *Elos*). A seguir, salientan a proliferación do libro disco, seleccionan por franxas de idade os títulos de narrativa máis representativos dunha oferta que se caracteriza pola súa diversidade, recomendan obras de poesía e de teatro e aluden á tradución e ao cómic. Os autores conclúen que, malia os atrancos, a Literatura Infantil e Xuvenil galega segue na fenda, ofrecendo contidos que apostan por abrir horizontes e afianzar o gusto pola lectura.

**Recensións:**

- Carmen Ferreira Boo, "Novo balance xeral da LIX", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 2 agosto 2015, p. 6.

Comenta a publicación e cualifícaa de interesante balance xeral da Literatura Infantil e Xuvenil de diferentes ámbitos lingüísticos co obxectivo de ofrecer unha ollada global do estado actual desta literatura no marco iberoamericano, reparando nas cifras de venda e produción, nas principais tendencias e correntes literarias e na función canonizadora dos premios, por medio de panorámicas selectivas da Literatura Infantil e Xuvenil producida en Arxentina, Brasil, Chile, Colombia, México, Perú, Puerto Rico e República Dominicana, ademais de España, con cadanseu artigo sobre este sistema literario en lingua castelá, catalá, galega e vasca. En relación á Literatura Infantil e Xuvenil galega, destácase o traballo minucioso e esclarecedor da produción do ano realizada Isabel Soto e Xavier Senín.

# VII. 5. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

**Agrelo Costas**, Eulalia, "Roig Rechou, B.-A. (2013). *Educação Literária e Literatura Infantojuvenil/ Educación Literaria e Literatura Infantil e Xuvenil*, Porto: Tropelias & Companhia, col. Percursos da Literatura Infantojuvenil, n.º 11, 172 pp. (ISBN: 978-989-8582-33-1)", *ANILIJ*, n.º 13, pp. 207-210.

Ofrécese unha recensión crítica da obra *Educação Literária e Literatura Infantojuvenil/ Educación Literaria e Literatura Infantil e Xuvenil* (2013), autoría de Blanca-Ana Roig Rechou. Dáse conta do contido do volume en función dos bloques nos que se estrutura e que xiran ao redor da definición da Literatura Infantil e Xuvenil, a súa lexitimación e canonización, ademais de aludir ao papel dos premios literarios, a escola e a crítica. Tamén se atende á función social desta literatura.

**Bernárdez Vilar**, Xoán, "Aquelas espantosas 'hordas castrexas'!...", *Encrucillada*, n.º 194, "Crónica da cultura", setembro-outubro 2015, pp. 89-100.

Faise un percorrido polo panorama cultural galego. No apartado "Banda Deseñada" dáse conta da publicación de *Dédalus en Compostela*, paráfrase dunha obra de Vicente Risco.

_____, Xoán, "Adeus 'Chuchi', amiga", *Encrucillada*, n.º 193, "Crónica da cultura", maio-xuño 2015, pp. 102-110.

Faise un percorrido polo panorama cultural galego. No apartado "As letras" recóllese a celebración do X Congreso da ANILIJ, co tema da morte, os naufraxios e os desastres na literatura xuvenil.

**CLIJ**, "Feroz, el lobo. Margarita del Mazo", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 263, "Libros", "de 10 a 12 años", xaneiro-febreiro 2015, p. 55.

Comenta que *Feroz, el lobo* (OQO; 2014), de Margarita del Mazo é unha nova versión ilustrada do conto "Carapuchiña vermella" na que se configura como protagonista o lobo para mostrar a dificultade de facer fronte aos prexuízos. Indica que o lector descobre ao final da historia que o lobo ten boas intencións e que é inocente. Salienta que é unha "divertida y emocionante historia de suspense", que conta co bo ritmo narrativo e con estupendas ilustracións.

_____, "Adelaida. Tomi Ungerer", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 264, "Libros", "de 6 a 8 años", marzo-abril 2015, p. 54.

Dise que *Adelaida* (Kalandraka, 2014), de Tomi Ungerer é un clásico contemporáneo que conta a historia de Adelaida, unha canguro con ás. Indícase que é unha "historia imaginativa y encantadora" que trata cuestións como a autoestima, a busca da propia identidade e o dereito á felicidade e que se acompaña de "espléndidas" ilustracións "detallistas y expresivas, y con toque de humor".

_____, “Tarzán de goma. Ole Lund Kirkegaard”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 264, “Libros”, “de 12 a 14 años”, marzo-abril 2015, p. 58.

Indica que *Tarzán de goma* (Sushi Books, 2014), de Ole Lund Kirkegaard, é un título emblemático da nova literatura infantil europea dos anos setenta, crítica coa familia, a escola e o mundo adulto. Comenta que é está protagonizada por un neno problemático, incomprendido na casa e maltratado na escola, que fai amizade cunha bruxa. Define esta historia como “politicamente incorrecta”, narrada en clave de humor e acompañada de debuxos caricaturescos.

_____, “Lista de Honor de CLIJ 2014. Los 100 mejores libros del año”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 265, “Lista de Honor”, maio-xuño 2015, pp. 6-9.

Preséntase a Lista de Honor de CLIJ elaborada a partir dos case 300 títulos que foron recensionados na revista durante o ano 2014. Entre os galegos destácanse, nas franxas de idade que marcan, os seguintes: “De 0 a 5 años”, *A cociña de noite* (Kalandraka, 2014) e *Onde viven os monstros* (Kalandraka, 2014), de Maurice Sendak ; “De 6 a 8 años”, *A raíña de Turnedó* (Kalandraka, 2014), de Gloria Sánchez; “De 8 a 10 años”, *Viernes* (Sushi Books, 2013), de Santiago Freire; *Moito conto* (OQO, 2014), de Enrique Páez; “De 10 a 12 años”, *Desde una estrella distante* (Anaya, 2014); de Agustín Fernández Paz; e *O neno can* (Galaxia, 2013), de Fina Casalderrey e Francisco Castro; “De 12 a 14 años”, *Lilus Kikus* (Trifolium, 2014), de Elena Poniatowska, e *O estrambótico principiño* (Bululú, 2013), de Pinto&Chinto; e *O castañeiro de abril* (Xerais, 2013), de Antonio Manuel Fraga; e en “Más de 14 años”, *Ámote Leo A. Destino Xalundes* (Xerais, 2013), de Rosa Aneiros.

_____, “Los Premios de 2014-2015 (I)”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 265, “Informe”, maio-xuño 2015, pp. 10-36.

Neste “Informe”, despois de facer unha listaxe dos premios e dos galardoados nos diferentes xéneros, fanse uns breves comentarios sobre o creador galardoado, cítanse os outros galardóns alcanzados e achégase unha biobibliografía seleccionada e un descritor da obra premiada. Dise que os autores galegos que mereceron algún galardón foron: María Solar, Premio Lazarillo de Creación Literaria 2014, con *O meu pesadelo favorito* (Galaxia, 2015); e Ledicia Costas, Premio Merlín 2014 con *Escarlatina, a cociñeira defunta* (Xerais, 2014).

_____, “Los premios de 2014-2015 (y II)”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 266, “Informe”, xullo-agosto 2015, pp. 6-21.

Entre os diferentes premios que se citan relacionados coa Literatura Infantil e Xuvenil, indícase que o gañador do Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados 2014 foi Federico Delicado por *Ícaro*; e que Eduardo Santiago recibiu o Premio Jules Verne de Narrativa Xuvenil con *O Gran Reino*. Achéganse os datos principais dos premios e fanse unhas pequenas biobibliografías dos autores e resumos das obras.

**Cobas**, Amadeo, “Viaxe ao inframundo”, *Tempos Novos*, n.º 215, *ProTexta*, n.º 8, “ProPostas”, abril 2015, p. 81.

Achégase unha recensión da obra de Ledicia Costas *Escarlatina, a cociñeira defunta* (Xerais, 2014), galardoada co Premio Merlín 2014. Comézase por salientar a eficacia do narrador en primeira persoa e da súa capacidade introspectiva, para pasar a comentar a imaxinación da autora para crear o ambiente e o bo dominio do ritmo e do diálogo. Gábase a construción dos personaxes, complementados polas ilustracións de Víctor Rivas. Conclúese subliñando o valor do receitario que se inclúe no libro.

**Domínguez Pérez**, Mónica, "Traducciones intra-sistémicas en la literatura infantil y juvenil (1940-1980)", *Madrygal*, "Estudos", "Literatura galega comparada e de conxunto", vol. 18 (Número especial), 2015, pp. 183-190.

Analízanse exemplos de traducións intra-sistémicas no ámbito da literatura infantil e xuvenil, utilizando como exemplo o caso da obra *Felipito y sus travesuras*. Na "Introdución" establécese como marco teórico a teoría dos polisistemas e achégase o concepto de tradución intra-sistémica. O seguinte apartado, "Obras biblingües", trata os poucos casos de publicacións bilingües ou trilingües. En "Traducciones a un código lingüístico que carece de polisistema propio", fálase dos casos de traducións entre dialectos dunha mesma lingua. A continuación, a sección "Obras cuyos textos fuente y meta son distribuídos únicamente en el territorio de una literatura periférica", achega o caso de *Felipito y sus travesuras*, autotraducido do galego por Emilia Estévez, explicando as diferenzas entre a versión galega e a castelá. Por último, nas "Conclusións", saliéntase como a planificación nacional ten o seu reflexo nos polisistemas literarios.

**Fernández**, Mª Jesús, "As señoras cousas. Helena Villar Janeiro", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 263, "Libros", "de 0 a 5 años", xaneiro-febreiro 2015, p. 50.

Preséntase a Helena Villar Janeiro, autora d'*As señoras cousas* (Galaxia, 2014), e indícase que este poemario diríxese aos pequenos para presentarlles as cousas máis próximas ao universo infantil, os animais máis coñecidos e fenómenos da natureza. Apunta que emprega versos breves, a personificación e rima e ritmo moi áxiles.

_____, "Ícaro. Federico Delicado", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 263, "Libros", "de 8 a 10 años", xaneiro-febreiro 2015, p. 53.

Indícase que en *Ícaro* (Kalandraka, 2014), de Federico Delicado, VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, imaxes e texto dialogan na creación do significado. Coméntase que ofrece diferentes interpretacións e que emprega recursos da imaxe para crear o clima da historia, xogando coas tonalidades grises para a fea realidade e s cores para a "idealizada vida familiar". Por último, apúntase a referencia do título aos mitos clásicos, á *Metamorfose*, de Kafka no texto e a pintores como Edward Hopper, René Magritte e Salvador Dalí nas imaxes.

_____, "O homiño vestido de gris e outros contos. Fernando Alonso", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 263, "Libros", "de 10 a 12 años", xaneiro-febreiro 2015, p. 55.

Salienta que *O homiño vestido de gris e outros contos* (Kalandraka, 2014), de Fernando Alonso, recibiu o premio Lazarillo en 1977, que é un dos libros fundacionais da moderna LIX en lingua castelá e que achegou numerosas novidades que aínda continúan vixentes, como o formato do libro, a linguaxe poética e con alto contido metafórico e simbólico e a temática dos oito contos, considerados "modernas fábulas morales", que se achegan a temas éticos e intemporais, como o dereito á propia identidade, a cooperación polo ben común, o dereito á liberdade, a busca da felicidade… Por último parabeniza a Kalandraka pola coidada edición, a magnífica tradución de Ramón Nicolás e a recuperacións das delicadas e poéticas ilustracións orixinais de Ulises Wensell.

_____, "Leviatán. Ramón Trigo", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 264, "Libros", "más de 14 años", marzo-abril 2015, p. 59.

Presenta ao ilustrador Ramón Trigo, quen recibiu o Premio Lazarillo de Álbum Ilustrado 2012 con *Leviatán* (Faktoría K de Libros, 2014). Salienta que é un texto breve narrado en primeira persoa, que trata a obsesiva persecución duns homes tras unha balea, e se acompaña de ilustracións a pincel, en trazos grosos, cunha técnica pouco frecuente na ilustración, que engade toques de humor e surrealismo. Por último, indica que se relaciona co clásico de Melville e con pasaxes do Antiguo Testamento.

_____, "Ovella descarreirada. Marilar Aleixandre", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 265, "Libros", "de 12 a 14 años", maio-xuño 2015, p. 74.

Apunta que *Ovella descarreirada* (Xerais, 2014), de Marilar Aleixandre acolle trinta e tres poemas que admiten varios niveis de lectura e que se estrutura en tres apartados. Indica que no primeiro a autora fai un canto reivindicativo da liberdade e da rebeldía, empregando animais paradigmas de comportamentos negativos; e que nos outros dous, predomina a exaltación da natureza e a necesidade de preservala.

_____, "Galicia: llega la 'Generación de la Esperanza", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 267, "Panorama", setembro-outubro 2015, pp. 42-51.

Panorama do libro infantil e xuvenil en Galicia que comeza sinalando a consolidación da LIX galega grazas á aparición dunha nova xeración, alcumada polo editor Manuel Bragado como "A Xeración da Esperanza", e á aparición de pequenos selos editoriais que coidan a edición e diversifican a oferta. A seguir, divídese o artigo en cinco apartados: "Álbumes ilustrados y Libros-disco", "Libros para primeros lectores", "Libros para lectores de 7 a 12 años", "A partir de 12 años y para jóvenes adultos" e "Homenaje a Manuel María". No primeiro deles, despois de lembrar que un ano máis a maior parte da produción de libros editados se corresponde cos álbums ilustrados, destácanse o "excepcional" traballo de Xosé Cobas para a colección de música clásica de Kalandraka con *Cadros dunha exposición*, así como os libros-disco *Non hai berce coma o colo*, de Paulo Nogueira e Magoia Bodega, e as novidades da colección "Sonárbore" de Galaxia (*Cocido sonfónico*, *Os tres TENedORES*, *As maimiñas. Unha viaxe polo mundo*, *Lucecús*, de Pirilampo, *Estación Nadal de* Mamá Cabra e *A gramola gominola*, de Paco Cerdeira). Tamén salienta os álbums *Leviatán*, de Ramón Trigo; *Tío Lobo*, de Xosé Ballesteros; *Os ratos da casa*, de Oli; *Cor animal*, de Agustín Agra; *Quen pode vencer o vento?*, de Charo Pita; *Augusta e os seus medos*, de Sabela Fernández e Alicia Suárez; *Pasen e miren*, de María Canosa; *Erik o construtor de*

*soños*, de Kike Gomez; *Porque Cuqui non quere ir á lavadora*, de María Lado e Yanina Torres; *Acuario2*, de María Canosa; *O xardín de Irene*, de Xosé Neira Vilas; *O soño de Esther* e *O Valente coelliño que quixo soñar*, de Miguel Ángel Alonso e Luz María Veloso. Nomea a colección "Os libros da merenda", de Martinho Terrafría e Vladimir Zatonski, e os álbums traducidos ilustrados por Maurice Sendak *Máis alá da fiestra*, *Osos* e a serie "Osiño"; *Onde está o meu zapato?*, de Tomi Ungerer, *Unha feliz catástrofe*, de Adela Turín e Nelia Bosnia e *Eu curareite dixo pequeño oso*, de Janosch. No apartado "Libros para primeros lectores" destaca os poemarios *As señoras cousas*, de Helena Villar Janeiro e *Coller as rendas*, de Yolanda Castaño que poetizan sobre animais; e da colección "tartaruga" de Galaxia *De cómo Chispo, o esquío, puido co frío*, de Toño Núñez e *Os amigos de Santi*, de Araceli Gonda, ademais de *Inmundicia y Roñoso*, de Ledicia Costas e *Amizades secretas*, de Agustín Fernández Paz. En "Libros para lectores de 7 a 12 años" cita *O meu pesadelo favorito*, de María Solar; *Escarlatina, a cociñeira defunta*, Premio Merlín 2014, de Ledicia Costas; *Volverás golfiño*, de Andrea Maceiras; *Rubicundo*, de María Canosa; e *Xenaro e a negra sombra*, de Mar Guerra. Destaca o tratamento da enfermidade que se fai en *O becho que quería comer á avoa*, de Rocío Leira, *A mamá que perdeu as cóxegas*, de Clara do Roxo e *O corazón da maxia*, de Xavier Estévez; ademais das obras de autores consagrados, como *A rula, o peluche e a nena*, de Paco Martín; *Viaxe a Dragonia*, de Xan López Domínguez; *Historia da bicicleta dun home lagarto*, de Fina Casalderrey; A*s máscaras do Profesor Robindra* e *Eu e nós durmindo nun garaxe*, de Xoán Babarro; *A nena do parque*, de Antonio García Teijeiro; *O detective de Nullarbor*, Premio Barco de Vapor, de Antonio Yáñez Casal; a nova entrega *Dragoneta* da saga "Marcopola, a Illa Remeira", de Jacobo Fernández Serrano; a nova colección "Formigas" da editorial Xerais, escrita por Pere Tobaruela e Andrés Meixide; e a reedición *A raíña de Turnedó*, de Gloria Sánchez; ademais da obra fundacional da moderna LIX castelá *O homiño vestido de gris e outros contos*, de Fernando Alonso. En "A partir de 12 años y para jóvenes adultos" comeza destacando a continuación de series, como a novela *Terminal de chegadas*, de Rosa Aneiros que pecha a triloxía "Ámote Leo A.", e *Dragal. A estirpe do dragón IV* da saga "Dragal", de Elena Gallego; o segundo título de "As crónicas de Landereina" *Feitizo de sangue*, de Sabela Gómez; ademais do novo título de "O mundo secreto de Basilius Hoffman", *A batalla de Avalón*, de Fernando M. Cimadevila dentro da corrente literaria do *steampunk*. E no mesmo xénero de fantasía a saga de Os Megatoxos por Edicións Xerais de Galicia suma a sexta entrega con *Os Megatoxos e o dragón de xade*, *O gran Reino*, Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2014, de Eduardo Santiago; as reedicións de *Bieito Dubidoso*, de Roque Cameselle, e *Silencio*, de Fran Alonso; o conxunto de relatos de realismo cotián *De Cristal*, de Silvestre Gómez Xurxo; a novela xuvenil *Tes ata as 10*, de Francisco Castro; o conxunto de relatos de terror *A neve interminable*, de Agustín Fernández Paz e *As palabras poden matar*, de Marcos Calveiro. Na poesía salienta *Ovella descarreirada*, de Marilar Aleixandre. Por último, en "Homenaje a Manuel María" celebra con entusiasmo a decisión da Real Academia Galega de homenaxear a este escritor o Día das Letras Galegas, e entre a súa produción infantil cita o poemario fundacional da moderna LIX galega *Os soños na gaiola*, con poemas musicados e cantados por varias xeracións.

_____, "Pasen e miren. María Canosa", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 268, "Libros", "de 6 a 8 años", novembro-decembro 2015, p. 60.

Indica que este álbum *Pasen e miren* (Bululú, 2014), de María Canosa acolle unha sucesión de breves semblanzas de catorce personaxes circenses nas que salienta o

humor, a sorpresa e a esaxeración. Apunta que nas ilustracións Dani Padrón retrata os personaxes con liña clara e colores vivos, mantendo o espírito humorístico.

**Fernández Rial**, Rosalía, "Penúltimas tendencias. "Medrar é aprender a fuxir da ditadura dos espellos", *Revista Galega de Educación*, n.º 61, "Recensións", "Outras lecturas", abril 2015, p. 104.

Indícase que Carlos Negro no seu poemario *Penúltimas tendencias* axuda a medrar e a fuxir das convecções sociais, do sexismo, da opresión e do estigma castrador. Descríbese como un "contra-manual" en sete lecções dunha adolescente que mostra a cara inversa das modas impostas e que serve de referentes ás mozas que están a construír a súa identidade "entre tanto bombardeo de estereotipos superficiais". Recoméndase a súa lectura nos centros de ensino secundario en materias relacionadas coa ética e civismo ou nas linguas, ao revisar clásicos como Celso Emilio Ferreiro, que ofrecen múltiples posibilidades didácticas de intertextualidade, ademais do uso de neoloxismos, apócopes e anglicismos. Defínese como "manual artístico e didáctico" que axuda a virar a realidade.

_____, "A Terra Queima", *Revista Galega de Educación*, n.º 62, "Recensións", "Outras lecturas", xullo 2015, p. 105.

Comenta que *A Terra Queima* é un libro-disco, de Xurxo Souto (texto), Lalo Carnota (música), María José Barreiro (ilustracións) e Xulio Rey (fotografías), que axuda a adquirir un compromiso activo co medio e a posta en valor da propia identidade (paisaxística e cultural), a través da excelente combinación de literatura, música, ilustración e fotografía. Destaca que a mensaxe interdisciplinar se asenta no "uso expresivo da fala, as melodías e as dúas opcións plásticas" con diferentes niveis de recepción e a multiplicidade de saberes. Tamén apunta que resulta moi enriquecedor a dende a perspectiva didáctica, pois permite traballar a lingua oral e escrita, a literatura e a dramatización, o coñecemento do medio, a educación en valores, a xeografía, as lendas etc., conformándose nun "excepcional recurso educativo en galego e desde Galicia".

**Lojo Rodríguez**, Laura María, "Invitación a cavilar, soñar, imaxinar", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 102-103.

Comenta o poemario *Ovella descarreirada* (Xerais, 2014), de Marilar Aleixandre ilustrado por Óscar Villán. Comeza salientando que, a pesar de estar escrito para os lectores máis novos, o libro foxe de mensaxes morais ou didácticas, centrándose na imaxe da ovella descarreirada para transmitir a sensación de rebeldía. Coméntanse as tres partes nas que se divide o poemario, "Ovella negra", "Valeima, pulgas dos toxos" e "Apañando a primavera". Destácase o proceso de reescritura de contos tradicionais, cantigas e poemas. Engádese que as ilustracións de Óscar Villar complementan o poemario rememorando o mundo infantil da imaxinación e a fantasía.

**López Silva**, Inma, "Unha novela de homenaxes", *Tempos Novos*, n.º 213, *ProTexta*, "ProPostas", febreiro de 2015, p. 82.

Achégase unha recensión de *Tés ata as 10* (Galaxia, 2014), de Francisco Castro. Comézase salientando a dimensión política e histórica do libro, representada pola cidade de Vigo. Descríbese como unha novela de novelas, con múltiples niveis de lectura. Conclúese destacando o estilo áxil co que se tratan temas como a intriga, o amor ou as relacións familiares.

**Martínez García**, Rubén, "As rutas literarias en espazos naturais. Unha proposta didáctica na Serra do Courel con alumnado de 4º da ESO", *Revista Galega de Educación*, n.º 63, "Experiencias", novembro de 2015, pp. 72-74.

Achégase unha proposta de traballo para alumnos de 4º da ESO baseada na lectura do libro *Á lus do candil* de Ánxel Fole. Contextualízase a proposta, ofrecendo a súa xustificación e obxectivos e explicando o seu desenvolvemento.

**Pena Presas**, Montse, "Identidades femininas e educación literaria: análise crítica das coleccións coeducativas para a infancia e a mocidade", *Madrygal*, vol. 18 (Número especial), "Estudos", "Identidade feminina e estudos de xénero", 2015, pp. 367-375.

Analízanse as coleccións coeducativas que xurdiron dirixidas á infancia e xuventude. Comézase cun apartado de "Introdución: sobre o termo 'colección coeducativa", no que se explica este concepto, que alude a unha serie de obras coas mesmas características, destinadas a promover a igualdade entre xéneros. O seguinte apartado, "Contextualización: a orixe das coleccións a prol da coeducación", fai un repaso histórico polo xurdimento deste tipo de coleccións no contexto do movemento feminista. A continuación, "Os precedentes das coleccións coeducativas" trata algunha das iniciativas pioneiras, como a colección "A favor de las niñas" ou as tentativas de crear material literario coeducativo en galego. Continúase con "As novas coleccións coeducativas: 'Contos da igualdade', 'Lila Lilalina' e 'A igualdade conta", no que se analizan estas coleccións dende o punto de vista da educación literaria e das súas consideracións dende a identidade feminina. Por último, o apartado "A xeito de conclusión", salienta a necesidade de utilizar obras literarias de calidade para os fins coeducativos.

_____, "A recuperación e a descuberta de escritoras de literatura infantil e xuvenil a través das TIC", *Revista Galega de Educación*, n.º 61, "Novas tecnoloxías", abril de 2015, pp. 49-53.

Achégase unha proposta educativa para achegar ao alumnado as escritoras da Literatura Infantil e Xuvenil galega e universal. Dáse unha contextualización e explícanse os obxectivos e o desenvolvemento da proposta. No que atinxe á literatura galega, entre as autoras consideradas, alúdese a An Alfaya, Marilar Aleixandre, Paula Carballeira e Fina Casalderrey.

**Vázquez Freire**, Miguel, "Jules Verne ou a aventura como educación científica", *Revista Galega de Educación*, n.º 61, "Recensións", abril 2015, pp. 98-102.

Realízase unha pequena biografía do escritor francés Jules Verne, quen escribiu obras dunha gran calidade literaria coas que pretendía difundir entre os máis novos os adiantos científicos e as innovacións técnicas do momento. Faise un repaso pola súa produción narrativa, na que se apunta que se especializou nun subxénero menor, a novela de aventuras para lectores mozos, caracterizada por certo carácter iniciático, a resolución do misterio mediante aplicación dos coñecementos científicos, aínda que adoecía de "esquematismo na construción dos personaxes". Indícanse os tópicos sobre este autor, considerado predecesor da novela de ficción científica: a confrontación de dúas visións (optimista e pesimista), a imaxinación desbordante (aínda que se apoia nunha minuciosa documentación), a anticipación nun tempo presente, o espírito burgués decimonónico que ve no mundo "un espazo neutro perfectamente homoxéneo". Tamén repasa a produción de Verne traducida ao galego, analizando os temas presentes en *A volta ao mundo en 80 días* (Xerais, 1983, 2008), *20.000 mil leguas baixo dos mares* (Ir Indo, 2003) (cun capítulo acontecido na ría de Vigo), *A illa misteriosa* (Xerais, 2014), *Da terra á lúa* (Do Cumio, 1988), *Viaxe ao centro da terra* (Xerais, 1988, 2008), *Miguel Strogoff* (Baía Edicións, 2012) e *O castelo dos Cárpatos* (Urco, 2012). Por último, menciona algunhas adaptacións cinematográficas e banda deseñada inspirada en Verne.

**Vázquez Freire**, Miguel, "Jonathan Swift e a aventura moderna. Telémaco, Robinson, Gulliver", *Revista Galega de Educación*, n.º 62, "Recensións", xullo 2015, pp. 100-103.

Indica que *As aventuras de Telémaco* (1699), de François de Salignac de la Mothe; *As aventuras de Robinson Crusoe* (1719), de Daniel Defoe e *As viaxes de Gulliver* (1726), de Jonathan Swift son tres obras esenciais na xénese da novela xuvenil moderna de aventuras. Analiza as claves do éxito e as características comúns: o protagonismo de mariñeiros, o motivo do naufraxio e a chegada a lugares exóticos. Logo céntrase en analizar *As viaxes de Gulliver*, traducida ao galego por Edicións Xerais de Galicia. Primeiramente achega a biografía do seu autor, Jonathan Swift, pioneiro do moderno xornalismo político. Apunta que son catro aventuras baseadas nas utopías renacentistas e na parodia satírica política, ao ofrecer caricaturas de personaxes políticos de Gran Bretaña, que salienta pola invención de mundos fantásticos. Comenta que a versión de Xerais reproduce en dous volumes o texto íntegro e as ilustracións da primeira edición; mentres que a versión adaptada de Anaya presenta unha "síntese excesiva do texto" e o álbum gráfico de Pinto e Chinto diríxese aos primeiros lectores. Por último, analiza e repasa diferentes versións cinematográficas desta obra.

# VII.5.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

**Agrelo**, Eulalia, "O achado do castro', as leas cómicas de mozos romanos", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 3 febreiro 2015, p. 44.

Comeza aludindo á produción xuvenil de Manuel Núñez Singala, para logo centrarse na reedición de *O achado do castro* (2014), por parte da Editorial Galaxia, despois de ser publicada por Sotelo Blanco en 1991. Refírese ás orixes desta peza teatral e ás mudanzas que presenta a actual edición, así como á súa estrutura e argumento. Salienta que nela se alteran as clásicas convencións teatrais e que os seus personaxes propician a sucesión dunha restra de escenas un tanto disparatadas, asentadas na combinación dun latín macarrónico e un galego recheo de estruturas coloquiais, que sosteñen unha comedia de tinturas esperpénticas.

_____, "LIBROS. 'Grandes Autores para Pequenos Leitores', de José António Gomes e Blanca-Ana Roig Rechou (coords.)" *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 11 marzo 2015, p. 43.

Principia presentando a monografía *Grandes Autores para Pequenos Leitores* publicada en 2007 pola editorial portuguesa Deriva, informando de que acolle tres ensaios que "abordan o fenómeno da canonización de autores e obras da Literatura Infantil e Xuvenil nos sistemas literarios portugueses, galego e angloxermano". Detalla a estrutura da obra, que se compón dunha presentación dos coordinadores, e logo analiza a publicación que ten que ver coa literatura galega, que non é outra que "Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)", na que se inclúen os autores Xosé Neira Vilas, Carlos Casares, María Victoria Moreno, Paco Martín e Manuel María e as súas principais obras.

_____, "LIBROS. Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio del 39 (Ministerio de Educación, 2008)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 31 marzo 2015, p. 42.

Apunta que neste volume, coordinado por Ana Pelegrín, María Victoria Sotomayor e Alberto Urdiales, se ofrece unha visión do labor dos exiliados españois no eido da Literatura Infantil e Xuvenil en terras da América latina. Explica que o monográfico se divide en dúas partes: na primeira acóllense panorámicas xerais da literatura infantil, a ilustración e teatro dos exiliados xunto a propostas máis puntuais e singulares; mentres que a segunda parte é un catálogo bibliográfico numerado e estruturado alfabeticamente por autores, título e ano de publicación, que se articula en tres etapas históricas acolledoras de obras infantís publicadas no exilio ou relacionadas con el entre 1920-1938 (obras antes do exilio), 1939-1977 (obras durante o exilio) e 1978-2000 (obras recuperadas coa democracia). Engade que se reproducen as cubertas e se achegan as fichas bibliográficas.

_____, "LIBROS. 'Diálogos intertextuales 4: discursos (audio)visuales para un receptor infantil y juvenil. Estudios de literatura infantil y juvenil: medios audiovisuales' (2010), de Susana Pérez Pico e Manuel A. Candelas Colodrón (eds.)", *El Correo Gallego*,

"*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 19 xullo 2015, p. 6.

Describe o número catro da colección "Diálogos intertextuales" que trata os produtos narrativos que abandonan o papel para dar paso a soportes audiovisuais e interactivos. Sinala que recolle nove traballos elaborados e destaca o titulado "Texto-imagen: *A lingua das bolboretas*, de Manuel Rivas", asinado polas estudosas María Jesús Agra, Carmen Franco Vázquez e Blanca-Ana Roig Rechou.

_____, "Itinerario de lecturas. De camiño a Compostela pola LIX', de Blanca Ana Roig Rechou e Mª Jesús Agra Pardiñas (eds.)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 26 xullo 2015, p. 6.

Refírese ao volume *Itinerario de Lecturas. De Camiño a Compostela pola LIX*, editado por Blanca-Ana Roig Rechou e Mª Jesús Agra Pardiñas en 2010. Sinálase que nel se recolle un total de cincuenta e cinco obras sobre a temática do Camiño de Santiago, que foron tomadas do corpus da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Fálase dos contidos da súa introdución e explícase que o principal propósito deste *itinerario* reside en facilitarlle ao mediador unha mostra de títulos que aborden as viaxes das peregrinacións e as tradicións que estas foron desenvolvendo. Tamén se anota que as obras se reparten nunha primeira sección titulada "Peregrinaxes a Compostela" e "Compostela e Xacobeo", así como se di que o presente volume se complementa coa antoloxía *A Santiago. Relatos infanto-xuvenís para o Camiño* (2010).

**Alonso** Montero, Xesús, "Homenaxe a Balbino", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 31 xullo 2015, p. 5.

Informa da saída da trixésimo-quinta edición de *Memorias dun neno labrego* e indica que é "o relato en galego de máis éxito *coram populo*". Comenta algúns elementos da primeira edición, como a cuberta de Luís Seoane e o limiar de Rafael Dieste, destaca o éxito acadado e sinala algunhas cuestións persoais en relación coa obra. Por último dá conta da existencia de creacións que homenaxean o personaxe de Balbino, como *Un xuízo oral ("bilingüe") nunha vila galega no outono de 1942* (2014).

**Álvarez Pérez**, Mónica, "LIBROS. 'Tradución e Política editorial de Literatura infantil e xuvenil', editado por Ana Luna Alonso e Silvia Montero Küpper", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 11 febreiro 2015, p. 42.

Descríbese esta monografía que publicou a Universidade de Vigo na colección "Tradución&Paratradución" no ano 2006. Destácase a estrutura en tres bloques temáticos principais: o primeiro, "Política editorial de Literatura infantil e xuvenil e tradución", presenta reflexións ao redor das políticas editoriais sobre a tradución de Literatura Infantil e Xuvenil en todo o Estado español; no segundo, intitulado "Escribir e traducir(se)", diversos autores galegos presentan as súas achegas sobre a tradución de Literatura Infantil e Xuvenil; e, finalmente, o terceiro, "Comportamentos tradutivos e paratradutivos", versa sobre as diferenzas e similitudes do proceso tradutivo de textos infanto-xuvenís en diversas linguas.

_____, “LIBROS: A poesía infantil no século XXI (2000-2008) (Edicións Xerais de Galicia, 2009)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 2 xuño 2015, p. 42.

Coméntase esta monografía da Rede temática LIJMI, que versa sobre o desenvolvemento da poesía infantil e xuvenil entre os anos 2000 e 2008 que está coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez. Sinálase que o volume principia cun artigo introdutorio de Pedro Cerrillo Torremocha sobre a situación actual da poesía infantil e xuvenil. Por último, recolle o título dos traballos relacionados coa Literatura Infantil e Xuvenil galega.

_____, “LIBROS. ‘Teatro para a Infância e Juventude. Aproximações à literatura dramática’ (Porto: Deriva Editores, 2008)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 28 abril 2015, p. 43.

Coméntase a monografía *Teatro para a infância e Juventude. Aproximações à literatura dramática* (2008) centrada en analizar a produción literaria dramática dirixida ao lectorado infantil e xuvenil nos ámbitos lingüísticos galego, portugués, inglés e alemán. Dise que a investigación se recolle en catro ensaios: “Contribucións para o estudo do texto dramático e do teatro para crianças em Portugal”, “Autores e obras para o teatro infantil e xuvenil británico”, “Teatro infantil e xuvenil en Alemaña” e “Apuntamentos para unha historia da literatura dramática infantil e xuvenil galega. Unha selección de obras e autores”. Explícase que este último traballo realizado por Blanca-Ana Roig Rechou, Eulalia Agrelo Costas e Marta Neira Rodríguez se enmarca dentro do ámbito galego e reflexiona sobre o que significa o teatro en Galicia.

_____, “El libro infantil y juvenil desde la diversidad cultural”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 16 agosto 2015, p. 5.

Analiza o volume *El libro infantil y juvenil desde la diversidad cultural*, publicado en 2011 por Galtzagorri Elkartea e Erein Argitaletxea e que acolle as achegas presentadas ao IV Congreso Ibérico de Literatura Infantil y Juvenil. Destaca a contribución de Jesús Díaz e presenta exemplos da produción de e sobre Literatura Infantil e Xuvenil galega. Apunta que o libro se acompaña dun CD no que se recollen, entre outras, tres achegas centradas na literatura galega para os máis novos: “La interculturalidad en la Literatura infantil y juvenil gallega”, de Esther de León e Mar Fernández; “*Espantallo amigo*”, de Mónica Domínguez; e “Cómo mirar al otro en la narrativa infantil y juvenil gallega. Siglo XXI”, de Blanca-Ana Roig e Marta Neira.

_____, “LIBROS. ‘Querido Balbino: 1961-2011. Cincuenta anos de Memorias dun neno labrego’ (Fundación Xosé Neira Vilas, 2011), de Xosé Neira Vilas e Valentín García Gómez e ‘Cartas a Balbino. Homenaxe a Neira Vilas’ (Xunta de Galicia/Gálix, 2011)”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 13 setembro 2015, p. 6.

Coméntase a publicación de dúas monografías que se tiraron do prelo para conmemorar os cincuenta anos da obra fundacional da Literatura Infantil e Xuvenil galega *Memorias dun neno labrego*: *Querido Balbino: 1961-2011. Cincuenta anos de Memorias dun*

*neno labrego* e *Cartas a Balbino. Homenaxe a Neira Vilas*, das que se salienta a súa estrutura e contribucións principais.

_____, "LIBROS. 'A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)' (Xerais, 2012), de Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 8 novembro 2015, p. 4.

Indica que neste volume se recollen diferentes estudos que afondan na produción narrativa dirixida á mocidade. Entre os seus traballos, destacan os asinados por Carmen Ferreira (centrado na obra *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre), Mar Fernández (centrado en *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro) e Eulalia Agrelo (centrado en *Corredores de sombra*, de Agustín Fernández Paz).

**Araguas**, Vicente, "As chinerías de Quintas Canella", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 862, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 862, p. 30, "máis Libros", 4 xaneiro 2015.

Apunta que *A Flol da Celdeila. Un conto chinés* (Everest, 2014), de Xosé Quintas Canella, é unha historia dirixida aos cativos "mais que en puridade vai enfocada a todos os públicos" pola eticidade, graza e amenidade. Resume o argumento da obra na que se insiren unha chea de contos moi entretidos.

_____, "Indagar é vivir de novo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 866, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 862, p. 30, "máis Libros", 4 xaneiro 2015.

Resume o argumento de *Tes ata as dez* (Galaxia, 2014), de Francisco Castro, novela que define de indagación, de thriller con personaxes doados, cunha maldade "Tópica e facilona", de estrutura labiríntica e "sentimentalidade a moreas", coa presenza de sexo "achegado á sutileza" e "certos enguedellos propios da novela folletinesca", dirixida a un público amplo. Indica que Castro homenaxea a R. L. Stevenson e Xulio Verne nesta viaxe pola historia máis recente de Galicia.

**Blanco**, Laura, "Nova proposta de Galaxia", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 9 xaneiro 2015, p. 43.

Coméntase polo miúdo unha das recentes propostas da Editorial Galaxia do pasado 2014, *Reo*, de Xesús Fraga. Comézase por gabar a traxectoria do autor, para despois resumir a trama da obra, que se centra no mundo do graffiti e as consecuencias que a vida dun rapaz graffiteiro (como Reo) pode ter. Por último, constátase que o autor conseguiu atraer o lectorado mozo cunha temática que persuade e resulta moi atractiva.

_____, "Narrativas engaiolantes", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 528, "Libros", 29 xaneiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 482, "Letras galegas", 7 febreiro 2015, p. 10.

Gábase *Tes ata as 10* (Galaxia, 2014), novela de intriga de Francisco Castro que transita entre a xuventude e madurez, pola capacidade imaxinativa desbordante, pola trama "perfectamente entretecida", polo uso da primeira persoa narrativa que achega sentimento a esta historia de amor "emocionante" e pola intertextualidade patente con *A illa do tesouro*, de Robert L. Stevenson. Apúntanse a estrutura en cincuenta e seis breves capítulos, o comezo *in media res*, a caracterización dos principais personaxes e as liñas básicas do argumento, que transita polo amor aos libros "verdadeiros protagonistas desta obra" e repasa a convulsa época do tardofranquismo.

_____, "LIBROS: 'Do livro à Cena", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 24 marzo 2015, p. 42.

Lémbrase a publicación *Do livro à Cena* (2008) na editora Deriva de Porto. Noméanse as súas coordinadoras, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva, e explícase que o volume recolle os traballos presentados nos XIII$^{os}$ Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil, que se celebraron na Biblioteca Municipal de Almeida Garrett do Porto, entre os días 15 e 17 de novembro do ano 2007. Refírese á breve introdución de Ana Margarida Ramos e aos seis epígrafes sobre os que se organiza o traballo, así como aos autores das achegas.

_____, "Libros. 'Estudios Críticos de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas oficiales en España' (Septem Ediciones, 2008), de Carmen Valero Garcés (coord.)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 12 maio 2015, p. 43.

Preséntase a monografía *Estudios Críticos de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas oficiales en España*, editada por Lourdes Lorenzo García e Veljka Ruzicka Kenfel. Coméntase que esta obra contén "unha análise pormenorizada da tradución e recepción" da obra alemá *Die Seejungfrau in der Sardinenbüchse* e da serie inglesa de Harry Potter. Detállase a súa estrutura e faise fincapé naqueles artigos relacionados coa literatura galega.

_____, "LIBROS. 'Diálogos intertextuais 1: De la palabra a la imagen. Estudios de literatura infantil y juvenil (Frankfurt: Peter Lang, 2010)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 10 xuño 2015, p. 36.

Dise que *De la palabra a la imagen. Estudios de literatura infantil y juvenil* comprende unha selección de estudos que tratan os diferentes diálogos combinados entre a literatura e o cinema para a infancia e a xuventude de diversos ámbitos. Despois fai un resumo de cada un dos apartados e colaboracións.

_____, "LIBROS: 'Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil' (ANILIJ/UMINHO, 2011), de Lourdes Lorenzo, Blanca-Ana Roig e Veljka Ruzicka (coords.)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 6 setembro 2015, p. 6.

Describe este volume inaugural da serie "Estudos", que editan Ana Margarida Ramos e Isabel Mociño, salientando que se trata dun novo soporte para a publicación de traballos de investigación sobre a Literatura Infantil e Xuvenil, moitas veces pouco difundidos. Explícase que neste opúsculo se dá cabida a diversos traballos de grupos multidisciplinares, proxectos subvencionados, teses de doutoramento e traballos de investigación titorizados. Detállanse, por último, as colaboracións que se refiren ao estudo e análise da Literatura Infantil e Xuvenil galega.

_____, "LIBROS: 'Literatura infantil y juvenil y diversidad cultural / Literatura para a infância e juventude e diversidade cultural' (ANILIJ / Centro de Investigação em estrudos da criança-Universidade do Minho, 2012), de Lourdes Lourenzo García, Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel (coords.)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 18 outubro 2015, p. 4.

Analízase a monografía *Literatura infantil y juvenil y diversidad cultural / Literatura para a infância e juventude e diversidade cultural*, que publicou ANILIJ xunto co Centro de Investigação em estudos da criança-Universidade do Minho o pasado 2012. Explícase que se trata dun volume continuador doutros traballos publicados pola Rede temática LIJMI, que presenta unha selección heteroxénea e multidisciplinar de estudos que teñen a súa orixe no 19º Congresso Bienal da International Research Society for Children's Literatura que tivo lugar no 2009 na Universidade Johann Wolfgang Goethe, en Frankfurt. Coméntanse brevemente os artigos que teñen que ver coa Literatura Infantil e Xuvenil galega, como "El compromiso de maestros y maestras en la constitución del sistema literario infantil y juvenil gallego", de Eulalia Agrelo Costas; "Primeras traducciones de la literatura infantil y juvenil al gallego y su recepción", de Pilar Bendoiro Mariño; "El tratamiento de los mitos clásicos en la literatura infantil y juvenil gallega", de Carmen Ferreira Boo; ou "La guerra civil española en la obra de Agustín Fernández Paz", de Marta Neira Rodríguez. Por último, destácase que todos son de grande utilidade para os interesados no tema.

_____, "LIBROS: 'De la literatura infantil a la promoción de la literatura' (CEU Ediciones, 2013), de Sandra Álvarez, M.ª del Carmen Ferreira e Marta Neira (eds.)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 13 decembro 2015, p. 36.

Repasa varios aspectos desta obra publicada en 2013 pola Escola Universitaria de Maxisterio CEU de Vigo e dirixida ao persoal docente. Sinala que se estrutura en catro partes principais ("Estudios", "Reflexiones de autores", "Formación de mediadores: recursos" e "Literatura infantil y juvenil". Ademais subliña aqueles traballos arredor da Literatura Infantil e Xuvenil galega asinados por Blanca-Ana Roig, Antonio García Teijeiro, Fina Casalderrey, Isabel Mociño, Eulalia Agrelo, Carmen Ferreira, Mar Fernández, Vanessa Ferreira, An Alfaya e Marta Neira.

**Dávila**, Berta, "LIBROS. 'Mundos en conflicto: Representación de ideologías, enfrentamientos sociales y guerras en la literatura infantil e xuvenil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 30 xaneiro 2015, p. 42.

Comenta os contidos deste volume monográfico, coordinado por Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez García e Lourdes Lorenzo García. Nel recóllense as conferencias e comunicacións presentadas no III Congreso Internacional da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ). Apunta que a monografía presenta, ademais dun estudo introdutorio da cuestión obxecto de análise no congreso, tres grandes apartados dedicados ao enfoque literario, tradutolóxico e didáctico, respectivamente.

_____, "Poesía para saír do carreiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 11 febreiro 2015, p. 42.

Celebra a publicación do último libro de poesía de Marilar Aleixandre, *Ovella descarreirada* (2014), salientando o formato editorial e as suxestivas ilustracións de Óscar Villán. Comenta a súa estrutura e complexas temáticas, ademais da ideoloxía presentada na obra, que "foxe da lección exemplarizante", e dos animais e plantas escollidos pola autora, non habituais na literatura para os máis pequenos. Destaca o discurso contemporáneo acadado, confluencia da tradición e a innovación, que "canta á diferencia, á insubmisión e ao pracer da poesía".

**ELOS**, "Libros. 'A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 5 maio 2015, p. 35.

Principia presentando o monográfico *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* publicada en 2008 pola Rede temática LIJMI en colaboración con Edicións Xerais e a Fundación Caixa Galicia. Comenta o tema estudado na obra e dá conta da estrutura, que comeza cun artigo introdutorio de Mari Jose Olaziregi e inclúe varios estudos teóricos, historiográficos e descritivos de distintos investigadores que se centran no ámbito galego, portugués, catalán, vasco, castelán, alemán e inglés. Destaca a sección dedicada á literatura galega da man de Blanca Roig e os comentarios sobre as obras *A sombra descalza*, *Vento ferido/Wounded wind*, *Noite de voraces sombras*, *A teima de Xan* e a versión portuguesa de *A lingua das bolboretas*.

**Feixó**, Xosé, "Quen á Virxe ben servirá...", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 538, "Libros", 16 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 493, "Letras galegas", 25 abril 2015, p. 10.

Tras lembrar a asistencia a unha conferencia de Xosé Filgueira Valverde en Pontevedra, indica que Xesús Alonso Montero construíu a peza teatral *Un xuízo oral nunha vila galega no outono de 1942* (Fervenza, 2014), a partir dun relatorio nun Simposio sobre Lingua e Dereito, co que se estrea no xénero dramático. Apunta que a obra tráxico-cómica trata a problemática lingüística nos xulgados galegos nos anos do franquismo e "pon de relevo unha serie de clixés discriminatorios da posguerra que exemplifican a realidade clasista e diglósica daquel tempo".

**Fernández**, Paula, "Realismo e innovación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 525, "Libros", 8 xaneiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 479, "Letras galegas", 17 xaneiro 2015, p. 10.

Comenta a novela xuvenil *O Gran Reino* (Xerais, 2014), coa que Eduardo Santiago conseguiu o premio Jules Verne e na que a realidade se confunde cunha historia paralela. Resume o seu argumento que trata a anorexia, a incomprensión e a falta de afecto das que é vítima a protagonista adolescente Gala. Salienta que o punto máis forte é o feito de amosar a fantasía como algo "susceptible de existir só na mente da protagonista" e o desenlace "abraiante e inesperado", así como a mestría e bo facer do autor desta obra "moderna e innovadora de base real, que fai reflexionar sobre aspectos sociais e filosóficos que consegue penetrar no mundo literario fantástico recreando reinos marabillosos habitados por personaxes incribles".

_____, "Arrolos dos de sempre", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 532, "Libros", 25 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 486, "Letras galegas", 7 marzo 2015, p. 10.

Indica que, no libro-disco *Non hai berce coma o colo* (Kalandraka, 2014), Magoia Bodega e Paulo Nogueira recollen quince pezas do tesouro inmaterial oral, recollidas por diferentes lugares de Galicia e interpretadas por figuras relevantes da música galega no CD que acompaña a esta obra axeitada para bebés, cativos e familias "como primeiro achegamento á literatura, á lírica, á música e á poesía". Salienta que é un "fermoso traballo" que reivindica os arrolos e que está exquisitamente ilustrado por Mariona Cabassa.

_____, "Trolls brancos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 535, "Libros", 19 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 489, "Letras galegas", 28 marzo 2015, p. 10.

Informa que Moisés Barcia traduciu ao galego *A chegada do cometa* (Sushi Books, 2014), da escritora e ilustradora finesa Tove Jansson, obra pertencen á serie de relatos protagonizados polos Munin, unha familia de trolls brancos que viven unha serie de aventuras sobrenaturais inesperadas. Resume o argumento desta entrega que salienta polo humor, o valor da amizade e temas transversais relacionados coa ecoloxía que conviven cunha "alegoría das armas nucleares, dos seus perigos e das súas consecuencias". Tamén apunta o seu didactismo, o deseño dun universo fantástico máis verosímil, o dinamismo e amenidade desta lectura "idónea para a rapazada que xa goza con historias algo máis complexas".

**Fernández Vázquez**, Mar, "LIBROS. 'As orixes da literatura infantil galega (1918-1936). Unha nova forma de entender a literatura' (USC, 2006), de Xulio Pardo de Neyra", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 18 febreiro 2015, p. 36.

Comeza apuntando a estrutura deste volume "de carácter historiográfico", salientando que Xulio Pardo de Neyra define a Literatura Infantil e Xuvenil como un "xénero" e dando conta da metodoloxía "interdisciplinar" aplicada polo autor. Precisa os aspectos que se abordan no segundo capítulo, resaltando todos aqueles nos que Pardo de Neyra

se detén polo miúdo. Recolle as conclusións ás que chega este autor e alude ás fontes e bibliografía que pechan o volume.

_____, "LIBROS. 'Docencia, investigación y crítica de LIJ en el Marco Ibérico. Informe 2004-2007, de Blanca-Ana Roig (coord.) (2008)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 21 abril 2015, p. 35.

Comeza precisando a finalidade exposta nesta "guía comparatista", quen a edita e o enlace dende o que se pode descargar. Nomea a estrutura deste Informe e os tres bloques temáticos que o conforman. Salienta, do primeiro bloque, os trazos que caracterizan á Rede Temática de Investigación LIJMI, o porqué da súa constitución, as liñas de investigación que abrangue, os seus obxectivos e as accións previstas, ademais de aludir a que se describen as publicacións que tiña realizado até 2008 esta Rede. Apunta o contido tratado nos catro apartados do segundo bloque, "Informe". Finaliza detallando o que se acolle nas últimas páxinas desta guía.

_____, "LIBROS: 'Maré de Livros' (2010), de José António Gomes, Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Mociño e Ana Margarida Ramos (coords.)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 24 xuño 2015, p. 35.

Describe esta monografía multidisciplinar en galego e portugués, que acolle traballos de investigación baseados nas propostas presentadas nos 15º Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil (Porto, novembro 2009) e nos que se tratan a presenza do mar na Literatura Infantil e Xuvenil, a educación literaria e a promoción da lectura. Respecto ao ámbito galego, comenta que José António Gomes, na presentación, cita as obras *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre e *A escola dos piratas* (2005), de Agustín Fernández Paz; que no estudo panorámico "Unha maré de poesía galega. Poesía para a infancia no século XXI: autores e correntes", Blanca-Ana Roig, Marta Neira e Eulalia Agrelo sistematizan os poemarios publicados entre 2000 e 2008; que o escritor Marcos Calveiro repasa as súas lecturas formativas de clásicos universais; que Belén López, de Baía Edicións, incide na escasa presenza do mar nas obras desta editorial; que Alexia Dotras, Mar Fernández, Carmen Ferreira e Esther de León, no atelier "PoeMar: recursos para o ensino", suxiren propostas para a sala de aula e refiren os estudos teóricos *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)* (2009), coordinado por Blanca-Ana Roig, Isabel Soto López e Marta Neira, *Disfrutar escribindo* (1990) e *A poesía é necesaria* (2009), de Antonio García Teijeiro; e que o ilustrador Xosé Cobas, na exposición "Vai de mar", reflexiona sobre a linguaxe gráfica dos creadores da Literatura Infantil e Xuvenil galega.

_____, "LIBROS. 'Unha década de literatura infantil e xuvenil galega' (Edicións Morgante, 2010), de Héitor Mera", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 7 xullo 2015, p. 40.

Indica que esta recompilación acolle trinta e catro comentarios sobre obras de creación e monografías sobre a Literatura Infantil e Xuvenil galega de comezos do século XXI. Precisa que na contra-cuberta se indica que o autor as dera a lume, entre 2003 e 2009, no suplemento literario "*Faro da Cultura*" do *Faro de Vigo*, en *A Nosa Terra* e no *Cartafol de Libros* do portal dixital Vieiros, do que fora coordinador. Cita o contido do

prólogo de Carlos Solla onde incide na "adicción" de Mera pola lectura, e tamén da introdución do propio autor, precisando que se trata dun resumo do artigo "A literatura infantil e xuvenil en Galicia. Cara a unha reestruturación do sistema literario" (*Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, 2004), no que contextualiza brevemente a literatura galega dende a Idade Media e destaca o "pulo que a LIX, á que califica de 'xénero', deu ao sistema literario galego, por achegar máis variedade temática e formal que a Literatura de adultos". A seguir alude aos comentarios que se reproducen de obras de creación en galego e traducidas, así como das monografías *Gramática insubordinada* (2004), de Gianni Rodari; *A memoria das guerras na Literatura infantil e xuvenil en lingua galega* (2004), coordinada por Mª Jesús Agra e Blanca-Ana Roig; e *Teatro infantil: do texto á representación* (2007), coordinada por Blanca-Ana Roig, Pedro Lucas e Isabel Soto, salientando que o autor define as dúas últimas como "ferramentas para unha 'desexada' historia da LIX galega".

_____, "LIBROS. 'Reescrituras do conto popular 2000-2009 (Xerais/Fundación Caixa Galicia, 2010)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 6 agosto 2015, p. 6.

Describe un monográfico da Rede temática LIJMI, coordinado por Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Marta Neira, no que se analiza a presenza, a través da reescritura, do conto de transmisión oral na Literatura Infantil e Xuvenil do período 2000-2009. Salienta que na introdución teórica, a investigadora catalá Caterina Valriu desvela claves da reformulación dos referentes populares tradicionais no período temporal escollido e estabelece catro tipos de reescrituras segundo o uso que do conto de transmisión oral se faga: referencial, lúdico, ideolóxico ou humanizador. A seguir refire os sete traballos realizados por investigadores dos distintos ámbitos lingüísticos que conforman a Rede LIJMI, indicando que o estudo galego, "O conto de transmisión oral na LIX galega", o realizaron Blanca-Ana Roig e Carmen Ferreira. Apunta que, para facilitar o labor ás persoas encargadas da mediación, se inclúen "Unha selección para a educación literaria", composta por cen obras que reflicten diversas estratexias de reescritura do conto popular nos ámbitos sinalados e que se seleccionaron a partir da data de publicación, a súa calidade literaria, a recepción crítica e o feito de seren galardoadas"; e tamén unha "Bibliografía seleccionada e descrita sobre o conto", onde se acollen "algunhas das achegas máis relevantes en relación co estudo da literatura popular".

_____, "LIBROS. 'Literatura infantil y juvenil e identidades/Literatura para a infância e juventude e identidades' (2012), de Beatriz Rodríguez e Sara Reis da Silva (eds.)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 1 novembro 2015, p. 4.

Describe este terceiro *ebook* monográfico da colección "Estudos" editado polas asociacións ANILIJ, ELOS e o Centro de Investigação em Estudos da Criança (Instituto de Educação-UMinho). Indica o seu contido e detense nos traballos referidos á Literatura Infantil e Xuvenil galega, realizados por Eulalia Agrelo, Mónica Domínguez, Carmen Franco, José Mª Mesías, Isabel Mociño, Marta Neira, Xulio Pardo de Neyra e Blanca-Ana Roig.

_____, "LIBROS: 'Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino' (Ir Indo Edicións, 2013), de Avelino Muleiro (coord.)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 27 decembro 2015, p. 4.

Indícase que esta monografía contén achegas de participantes na homenaxe celebrada polo oitenta aniversario de Xosé Neira Vilas en maio de 2009 no Verbum (Vigo) e tamén outras engadidas con posterioridade. Refírese que, na "Nota do coordenador", se destaca a "heteroxeneidade", "intercambio intelectual aberto", "múltiples perspectivas" na análise de Xosé Neira Vilas e de Balbino e a aposta por recuperar o pasado que levou "consigo raíces e alicerces de innumerables xeracións galegas". Precísase que a monografía conta con dúas presentacións: unha de Dolores Vilavedra, "Todos queremos tanto a Balbino", quen afirma que este personaxe "debería ser considerado patrimonio da humanidade", argumentando que este "epítome do ser galego", por medio de numerosas traducións, emigrou e logrou así que todos se recoñeceran na súa "fame de liberdade e de xustiza"; e outra do propio autor, Xosé Neira Vilas, "Carta a Balbino", na que compara a súa vida e a do seu personaxe. Explícase a distribución das numerosas achegas de distintos intelectuais e céntrase en sinalar que, en relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega, se plasman a identificación con Balbino e a relevancia de *Memorias dun neno labrego* nas achegas dos escritores Xoán Babarro, Pepe Carballude, Ramón Caride, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Bernardino Graña e Jaureguizar, así como na achega da estudosa Blanca-Ana Roig, quen critica a inexplicábel ausencia de Balbino en *Un I un I un... fan cent. Cent personatges de la literatura infantil i juvenil* (2002), de Teresa Duran e Marta Luna, e resalta a rebeldía de Balbino ante as tres lacras que sinala da sociedade galega. Remata aludindo aos cinco apéndices que complementan esta monografía.

**Ferreira Boo**, Carmen, "LIBROS. 'Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. Cinema e literatura' (USC, 2005)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 15 xaneiro 2015, p. 43.

Comenta a estrutura e contido do monográfico do *Boletín Galego de Literatura*, coordinado por Gemma Lluch e Blanca-Ana Roig, que reúne os traballos presentados no I Curso de Formación Continua e Perfeccionamento, que se celebrou en setembro de 2004 na Universidade de Santiago de Compostela. Indica que se abre cunha presentación na que o director da revista, Anxo Tarrío Varela, repara na crecente atención da investigación aos estudos de literatura infantil; á que segue un "Limiar" das coordinadoras, uns contos infantís de Amador Montenegro Saavedra, recensións de obras, as autopoéticas dos autores galegos Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo e Suso de Toro, e o artigo "O papel do mediador na formación lectora", de Pedro Cerrillo. Ademais acóllense panorámicas históricas dos diferentes sistemas literarios ibéricos, estudos máis xenéricos sobre a relación entre cinema e literatura, e comentarios de textos. Por último, indica que os traballos que analizan a Literatura Infantil e Xuvenil galega son "Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación", de Blanca-Ana Roig; e "Narracións infantís recuperadas de Amador Montenegro Saavedra: 'Polos niños. (Escena enfantil)' e 'As formillas", de Isabel Mociño.

_____, "Tradución dun gran clásico da LIX en lingua castelá", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 21 febreiro 2015, p. 43.

Fálase da obra *O homiño vestido de gris e outros contos* (Kalandraka, 2014), asinada por Fernando Alonso e traducida ao galego por Ramón Nicolás. Destácase do libro a reivindicación dunha literatura para as crianzas e da esperanza fronte a unha sociedade que non deixa fluír a emoción e os desexos. Indícase que o volume recolle oito relatos poéticos que van acompañados das ilustracións orixinais de Ulises Wensell.

_____, "LIBROS. 'Multiculturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil' (Edicións Xerais de Galicia, 2006)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 25 febreiro 2015, p. 41.

Describe o monográfico da Rede temática de investigación "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano" (LIJMI), coordinado nesta ocasión por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez. Indica que inclúe o artigo "Para una crítica de la multiculturalidad en la aldea planetaria: argumentos de síntesis y recursos biográficos", de Miquel Nicolás e "Unha selección para a educación literaria", que acolle obras de Literatura Infantil e Xuvenil sobre esta temática e publicadas nas diferentes linguas do ámbito ibérico e doutros ámbitos lingüísticos. Tamén se comenta un total de catorce obras dos ámbitos lingüísticos do marco ibérico (galego, catalán, portugués, castelán e éuscaro).

_____, "LIBROS. 'Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra' (Xunta de Galicia, 2007)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 5 marzo 2015, p. 42.

Apúntase que esta monografía editada por Eulalia Agrelo e Isabel Mociño recolle a vida e a obra (literaria e xornalística) do escritor compostelán. Destácase que "Montenegro Saavedra favoreceu iniciativas destinadas á recuperación e revalorización da literatura de transmisión oral" e descríbese cada un dos apartados nos cales se divide o libro, no que tamén se alude ás súas achegas ao ámbito da literatura para os máis novos.

_____, "Fermoso poema escénico", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 11 marzo 2015, p. 43.

Céntrase en *A raíña de Turnedó* (2014), un texto que Kalandraka Editora recuperou na súa colección "Seteleguas" e corresponde a Gloria Sánchez. Coméntase que se trata dunha coidada edición en cartoné, que fora publicada orixinariamente por Edicións Xerais de Galicia en 1996, ademais de explicarse que é o resultado da mestura de tres xéneros literarios. Saliéntase o seu humor e os seus personaxes excéntricos, amais das continuas interpelacións ao lector. Por último, analízanse as ilustracións de Pablo Otero "Peixe" e valóranse moi positivamente. Péchase o comentario salientando a "imaxinación, liberdade, ludismo, dramatización e dinamismo" presentes.

_____, "Miña querida Sherezade!", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 28 abril 2015, p. 43.

Coméntase a obra *Miña querida Sherezade* (2014), da escritora e filóloga Andrea Maceiras Lafuente, publicada pola editorial Baía Edicións e que resultou gañadora do premio Meiga Moira 2014 da mesma editorial. Indícase que é unha edición luxosa d'*As mil e unha noites*, impresa en 1908 na imprenta de Saturnino Calleja, a que conta a vida dos seus diversos donos. Desta maneira fai un repaso pola historia do século XX de

Galicia, tocando temas como a emigración, a entrada das mulleres na universidade, o inicio da guerra civil e as súas consecuencias ou o período democrático.

_____, "LIBROS: *A Memória nos Livros*: *História e histórias* (Deriva Editores, 2009)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 27 maio 2015, p. 47.

Describe este volume coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Marta Neira Rodríguez, José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva. Explica que é un conxunto de traballos teóricos sobre o tratamento da memoria nas literaturas infantís e xuvenís portuguesa, galega e francesa, ademais de reflexións críticas de autores, editores e formadores de mediadores. Detalla a estrutura do volume dividido en cinco bloques: "Estudos sobre Literatura e Memória", "A escrita da memória", "A Edição", "Experiências de Promoção da Leitura" e "Espaços de Formação". Por último, recolle o título dos traballos relacionados coa Literatura Infantil e Xuvenil galega.

_____, "TESE: 'Las traducciones de Literatura Infantil y Juvenil en el interior de la comunidad interliteraria específica (1940-1980)' (USC, 2008), de Mónica Domínguez Pérez", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 16 xuño 2015, p. 36.

Alude á tese de doutoramento dirixida por Fernando Cabo Aseguinolaza e Blanca-Ana Roig Rechou e defendida no ano 2008, na que se presentan distintas partes que tratan dende o marco teórico arredor do concepto de Literatura Infantil e Xuvenil até a teoría dos polisistemas de Even-Zohar, as traducións deste eido literario entre as literaturas do ámbito español, unha panorámica das condicións das traducións de Literatura Infantil e Xuvenil ou unha análise diacrónica do sistema galego desta literatura (na cal se formula unha cronoloxía).

_____, "LIBROS: 'Contos populares e Rosalía' (Real Academia Galega, xuño 2010), de Bernardino Graña", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 1 xullo 2015, p. 42.

Describe a estrutura deste cartafol que recolle o discurso de Bernardino Graña con motivo do seu ingreso na Real Academia Galega e a resposta de Ramón Lorenzo Vázquez. Indica que Graña analiza diacronicamente a xénese, argumento, significado e relacións intertextuais das obras de Literatura Infantil e Xuvenil, nas que empregou a literatura de transmisión oral: *O león e o paxaro rebelde* (1969), *Contra o león covarde* (1995), *Planeta de ratos tolos* (1990), *O quirico lambón* (1997), *Xan Guindán, pita choca* (1991) e *Xan Guindán mensaxeiro* (1996). Tamén sinala que reproduce o conto versificado "O gaiteiro e o muraño", recollido en *Tres vellas fábulas novas* (2006) e convertido na obra *O gaiteiro e o Rato Pérez* (1994), coa que alcanzou o Premio Merlín 1993. Tamén comenta a relación entre "Conto gallego" de Rosalía de Castro, recollido en *Contos da miña terra* (1864), e o conto "A piollosa". Por último, repara na resposta de Ramón Lorenzo Vázquez quen lembra os tres anos de convivencia en Madrid durante os estudos de Filoloxía Románica e realiza unha panorámica biobliográfica de Bernardino Graña.

**Gayoso Ramón**, Ana, "Achegamento á diversidade", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 3 febreiro 2015, p. 44.

Analízase polo miúdo a tradución de Carlos Acevedo para Factoría K de Libros, *O que lle aconteceu a Barnaby Brocket* (2014), novela de aventuras do irlandés John Boyne publicada en 2013. Despois do resumo da trama, detense no estilo da narración, destacando igualmente a estrutura e a "rica variedade de personaxes" que conforman o universo no que se move o neno Barnaby. Cualifícase o relato de "máxico e fantástico" e indícase que trata o complexo debate da diferenza, o "problema actual da diversidade". Por último saliéntase o bo traballo do ilustrador Oliver Jeffers, do que se lembran outros títulos.

_____, "A lírica do universo cotián", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 5 maio 2015, p. 35.

Coméntase a obra lírica *As señoras cousas* (2014), de Helena Villar Janeiro. Destácase a musicalidade dos vinte e catro poemas que conforman a obra, a temática do ordinario e do mundo dos valores, e a intención didáctica e pedagóxica que se vincula coa traxectoria docente da autora, trazándose como un libro "dirixido ós nenos que dan os primeiros pasos neste xénero literario". Tamén se fai referencia ao traballo da ilustradora María de la Fe Quesada, que axuda "nese achegamento ás cousas que nos rodean decotío".

_____, "LIBROS: *O álbum na literatura infantil e xuvenil (2000-2010)* (Xerais, 2011), de Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.)", *El Correo Gallego*, "*2Domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 27 setembro 2015, p. 4.

Describe a estrutura e o contido desta monografía colectiva da Rede temática de investigación LIJMI, na que se analiza o álbum na Literatura Infantil e Xuvenil do período 2000-2010. Di que conta cunha introdución, dous estudos teóricos, dúas seleccións bibliográficas de álbums, o apartado "Comentarios para a formación lectora", unha "Selección de bibliografía sobre o álbum" e un índice. Nomea os traballos que analizan álbums de Literatura Infantil e Xuvenil galega.

**Giráldez**, José Miguel, "Unha xoia: a novela gráfica 'Cidade de cristal', en versión de Xavier Queipo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "En estado crítico", "El libro de la semana", 19 febreiro 2015, p. 42.

Eloxia o labor editorial de Fausto C. Isorna e Gemma Sesar de El Patito Editorial que achegan "auténticas xoias" da novela gráfica e o cómic, como é o caso de *Cidade de cristal* (2014), primeiro volume da "Triloxía de Nova York", de Paul Auster, considerado "un dos mellores cómics das últimas décadas". Indica que se trata dunha "kafkiana historia" que contén os ingredientes e suspense para considerarse novela negra posmoderna, mais tamén con influencias do Quixote. Salienta a súa calidade e a mímese entre o texto e os debuxos, que a converten nunha "auténtica obra mestra, fermosísima, pormoderna, graficamente xenial", ademais do complexo labor tradutolóxico ao galego realizado por Xavier Queipo.

**Martínez Bouzas**, Francisco, "Derradeira homenaxe", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 12 decembro 2015, p. 42.

Dáse conta do pasamento de Xosé Neira Vilas e coméntase a obra *Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda no corazón dos nosos nenos* (2014), de Loli Beloso. Explícase que esta obra conta cunha introdución de Fina Casalderrey e con ilustracións de Lino Lago, Tato Heredia, Rofer, Kiko da Silva, Cecilia M. Benítez e dúas fotografías de Vicente Ansola. Tamén se sinala que os beneficios das vendas se destinarán á Fundación Medicina Xenómica para a investigación do cancro, que preside Ángel Carracedo.

**Mociño**, Isabel, "A vinganza sérvese en frío", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 30 xaneiro 2015, p. 42.

Comeza referíndose aos múltiples rexistros formais e temáticos das obras xuvenís de Francisco Castro e á súa habelencia por situarse nas difusas marxes entre a literatura institucionalizada ou de adultos e a xuvenil. A seguir, céntrase no argumento da novela *Tes ata as 10* (Galaxia, 2014), da que salienta o dinamismo, as múltiples liñas argumentais e o ton confesional do narrador. Remata recomendando a súa lectura tanto polo ben artellada que está a trama coma pola relevancia que adquire no texto a propia lectura, onde aparece un amplo abano de referencias literarias que convidan a novas lecturas e que se consideran imprescindíbeis para o lectorado mozo.

_____, "LIBROS. 'Criança, Língua, Imaginário e Texto Literário. Centro e Margens na Literatura para Crianças e Jovens', coordinado por Fernando Fraga de Azevedo (Braga-Portugal: Instituto de Estudos da Criança-Universidade do Minho, 2006)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 3 febreiro 2015, p. 44.

Dise que *Criança, Língua, Imaginário e Texto Literário. Centro e Margens na Literatura para Crianças e Jovens* (IEC/Uminho, 2006) é unha monografía en formato CD-Rom, na que se recollen os traballos que se presentaron no II Congresso Internacional celebrado entre o 8 e o 10 de febreiro de 2006 baixo o título homónimo na Universidade do Minho (Braga-Portugal). Explícase que a obra se estrutura en dous bloques: conferencias e comunicacións e que neles se desenvolven as múltiples liñas temáticas ao redor da Literatura Infantil e Xuvenil propostas polos organizadores do evento, dende as imaxes da identidade e alteridade, pasando polos procesos de reconfiguración mítico-simbólica, o clásico fronte ao canónico ou a competencia literaria dos máis novos, até o diálogo entre o icónico e o verbal ou a tradución. Remátase sinalando o título dos traballos das investigadoras galegas participantes e a contribución da obra á definición topolóxica da literatura para os máis novos.

_____, "La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor, de Blanca-Ana Roig Rechou (2008)". *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 13 abril 2015, p. 48.

Descríbese a monografía bilingüe *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*, de Blanca-Ana Roig Rechou editada pola Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil para conmemorar o Día da Biblioteca. Explícase que conta cun prólogo de Antonio Rodríguez Almodóvar, unha breve introdución da autora, na que se xustifica a selección e número de autores tratados en profundidade, e dous bloques centrais que levan por título: "A Literatura Infantil e Xuvenil galega (2001-2006)" e "Seis chaves para entendela mellor". Explica o contido de cada un destes apartados, ofrecendo un amplo panorama da produción, mediación e recepción desta literatura nos primeiros anos do século XXI, ademais dun estudo en profundidade da produción de seis clásicos contemporáneos, como son Paco Martín, Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro e Manuel Lourenzo.

_____, "Aprendendo do mal pasado para construír ben o futuro", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 21 abril 2015, p. 35.

Recoméndase a lectura do álbum ilustrado *A historia de Erika* (Kalandraka, 2005) de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti, que se vén de reeditar en lingua galega e que conmemora a liberación do campo de concentración de Auschwitz en 1945. Saliéntase a calidade textual e icónica do volume, os numerosos galardóns que recibiu, as traducións a múltiples linguas, os diferentes niveis de lectura que ofrece e o enfoque construtivo co que se aborda o feito histórico recreado. Explícase brevemente o fío condutor da obra, o seu carácter testemuñal e saliéntase o carácter subxectivo, a carga emocional e a perspectiva humanizadora das vítimas do holocausto, que son as protagonistas, rodeadas dunha gran dignidade e humanidade. Remátase recomendando a súa lectura e a reflexión que propicia sobre feitos que marcaron a historia recente da humanidade para que non se repitan.

_____, "LIBROS. 'A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula ' (Galaxia, col. Biblioteca de Intervención Social/Didáctica, 2, 2009), de Antonio García Teijero" *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 19 maio 2015, p. 42.

Coméntase o manual de divulgación teórico-práctica de Antonio García Teijeiro, *A poesía necesaria* (2009), dirixido aos mediadores para traballar coa poesía nas aulas e do que se salienta que está baseado na súa propia experiencia como docente. Explícase a estrutura da obra, conformada por dous bloques intimamente relacionados, na que primeiro se detén en amplas reflexións sobre a importancia da poesía na vida das persoas, na formación estética e na sensibilidade, reivindicando a súa relevancia na competencia literaria que precisan ter os mediadores. Dise que tamén ofrece numerosas estratexias para a lectura da poesía e propostas de carácter práctico, ademais dun apartado final denominado "Chiscadelas poéticas" que recolle recursos que se deben ter en conta para o traballo coa poesía.

_____, "LIBROS. 'Diálogos intertextuales 3: en busca de la voz femenina. Temas de género en la literatura infantil y juvenil de la Península Ibérica y Latinoamérica' (Frankfurt: Peter Lang GMBH, 2010)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 9 agosto 2015, p. 6.

Coméntase o volume monográfico *Diálogos intertextuales 3: en busca de la voz femenina. Temas de género en la literatura infantil y juvenil de la Península Ibérica y Latinoamérica*, editado pola profesora da Universidade de Vigo, Celia Vázquez, de marcado carácter feminista. Explícase a estrutura e contidos da obra, que recolle dezaseis traballos nos que se analizan a representación e papel da muller na literatura para os máis novos, de entre os que salientan o da profesora Francesca Blockeel sobre a muller e a moza na narrativa xuvenil sobre a guerra civil e o de Blanca-Ana Roig Rechou e Marta Neira Rodríguez sobre o papel da muller na literatura infantil e xuvenil galega até o ano 2006.

_____, "LIBROS: 'Barriga Verde, Manuel María e o San Froilán' (Concello de Lugo, 2012), de José Luís Calvo", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 4 outubro 2015, p. 4.

Comentario do volume *Barriga Verde, Manuel María e o San Froilán*, ao redor da figura de José Silvent, máis coñecido como Barriga Verde, do que se analiza o seu papel na popularización do teatro de monicreques en Galicia e a ficcionalización que del fixo Manuel María na súa obra dramática. Explícase a estrutura da obra nun adro e tres capítulos e explícase o contido de cada apartado.

**Navarro**, María, "Un sutil relato", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 527, "Libros", 22 xaneiro 2014, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 481, "Letras galegas", 31 xaneiro 2015, p. 10.

Comenta o argumento, espazo e personaxes de *Historia da bicicleta dun home lagarto* (Xerais, 2014), de Fina Casalderrey. Indica que é unha novela para mozos feita con "extrema delicadeza", na que se ofrece un anaco da nosa historia que se desenvolve na Serra de Albarracín en Teruel. Salienta que se ofrece o proceso de maduración dun neno e dous elementos vertebradores (a chegada do teléfono á vila e a misteriosa desaparición do pai). Apunta que se alude á guerra "practicamente sen nomeala" e desprovista de prexuízos.

_____, "Brigada Formig4s", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 528, "Libros", 29 xaneiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 482, "Letras galegas", 7 febreiro 2015, p. 10.

Ofrece un resumo do argumento da primeira entrega da serie "Formig4s", *Misión París* (Xerais, 2014), de Pere Tobaruela, na que salientan as aventuras, localizadas na capital francesa, a acción e o elemento fantástico cun "ton desenfadado e con continuas concesións á linguaxe coloquial". Tamén destaca o traballo do ilustrador Andrés Meixide, quen combina imaxes de trazo informal con secuencias próximas co cómic que "foxen de convencionalismos e estereotipos" e se instalan no humor, con alusións a obras mestras da pintura do século XIX.

_____, "Por un mellor futuro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 533, "Libros", 5 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 487, "Letras galegas", 14 marzo 2015, p. 10.

Resume o argumento da tradución da obra clásica danesa *A aventura de Hodia de Piort* (Sushi Books, 2014), de Ole Lund Kirkegaard, que narra as inquedanzas dun rapaz que rompe cos costumes tradicionais da súa aldea e emprende viaxe nunha alfombra. Indica que se sitúa na cidade ficticia de Piort e no país de Bulguislavia e que incide na motivación por conseguir un futuro mellor, en abrir a mente, en ter aspiracións ambiciosas e ser inconformista. Salienta que é un "divertido conto que foxe de convencionalismos", no que o protagonista se acepta a si mesmo.

_____, "Mentira e castigo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 534, "Libros", 12 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 488, "Letras galegas", 21 marzo 2015, p.10.

Coméntase a reedición *Tío Lobo* (Kalandraka, 2014), un conto tradicional italiano adaptado por Xosé Ballesteros, que conta con dous eixos temáticos (a mentira e o castigo) e cun "claro trasfondo moralizador" que chama a atención sobre a maneira de actuar. Saliéntase a narración "áxil e desenfadada", o ton "divertido, o suspense, a "emoción e expectación" que aumentan en intensidade até o "final inesperado" aleccionador. Tamén se alude á proposta plástica de Roger Olmos cun "estilo limpo e claro" e á mestura do cotián e o fantástico que "non perde de vista o carácter lúdico da lectura".

**Neira**, Marta, "LIBROS. 'As laranxas máis laranxas de todas as laranxas'. Versión e dirección de José Caldas (2004)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 9 xaneiro 2015, p. 43.

Lémbrase a publicación d'*As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (2004), de Carlos Casares, nunha edición que tirou do prelo a Xunta de Galicia, o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais e o Centro Dramático Galego e que inclúe o traballo de Blanca-Ana Roig Rechou intitulado "Carlos Casares e a configuración do teatro infantil e xuvenil galego". Coméntase polo miúdo este estudo, que contén unha "historia do teatro infantil e xuvenil galego salientando o labor deste ourensán na súa constitución", ademais dunha análise das obras coas que Casares foi conformando a narrativa galega para a infancia e a xuventude. Infórmase que a autora achega un amplo comentario da peza dramática de Casares.

_____, "LIBROS. 'Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na literatura infantil e xuvenil do marco ibérico' (Xerais, 2005)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 21 xaneiro 2015, p. 43.

Dáse conta da publicación deste volume coordinado por Blanca-Ana Roig e que reúne os traballos sobre tres autores clásicos: M. C. Andersen, Jules Verne e Miguel de Cervantes. Coméntase que a obra está dividida en tres grandes bloques e que leva ao inicio unha introdución que axuda a comprender o resto dos traballos.

_____, "LIBROS. 'Teatro infantil. Do texto á representación' (Xerais, 2007)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 17 marzo 2015, p. 43.

Céntrase no monográfico que publicou a Rede de investigación LIJMI no ano 2007 sobre o teatro infantil. Coméntanse polo miúdo os dous traballos que introducen o volume, asinados por María Victoria Sotomayor Sáez e Teresa Durán, que "reflexionan sobre o teatro infantil e xuvenil en xeral". A seguir detállanse as panorámicas diacrónicas en cada ámbito lingüístico, a saber, o castelán, o catalán, o galego, o portugués e o vasco e igualmente se refire unha selección de obras dramáticas infantís que se publicaron no marco ibérico. Por último explícase que se recollen no volume seis comentarios de obras dos diversos ámbitos e explicítanse os do galego.

_____, "LIBROS: 'Globalização na literatura infantil. Vozes, rostos e imagens' (Lulu Enterprises, 2011), de F. Azevedo, A. Mesquita, A. Balça e S. Reis da Silva (coords.)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 23 agosto 2015, p. 6.

Describe esta monografía na que se reúnen traballos ao redor das implicacións que ten a globalización na Literatura Infantil e Xuvenil e subliña que están asinados por recoñecidos especialistas neste ámbito. Destaca que en relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega, o volume acolle dous traballos: "A Representação do Sistema Educativo e dos Professores numa Selecção de Obras Narrativas que tratam a Guerra Civil Espanhola", de Blanca-Ana Roig Rechou; e "Xaquín Marín e a Reivindicação da Identidade Galega a partir da Banda Desenhada", de Isabel Mociño González.

_____, "TESES: Estudo comparado da narrativa infantil e xuvenil de ficción científica nas literaturas galega e portuguesa (USC, 2011), de Isabel Mociño González", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 30 agosto 2015, p. 6.

Fai referencia á tese de doutoramento, inscrita na Rede Temática LIJMI, que aborda o estudo da ficción científica nos polisistemas portugués e galego. Sinala a metodoloxía empregada pola autora (literatura comparada, teoría dos polisistemas etc.) e, finalmente, subliña as conclusións ás que chega desvelando aspectos de grande interese sobre o funcionamento dun sistema central e outro periférico, pero moi dinámico.

_____, "Libros. La guerra civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 22 novembro 2015, p. 6.

Comenta este libro (editado por Blanca-Ana Roig, Veljka Ruzicka Kenfel e Ana Margarida Ramos) publicado no ano 2012 por Tropelías&Companhia e pola Universidade de Santiago de Compostela. Indica que a obra é o resultado do proxecto de investigación "A guerra civil na narrativa infantil e xuvenil (1975-2008)" e que se divide en tres amplos capítulos: "1936-1975. Contexto socioeducativo y cultural. El inicio de la temática", "1975-2008. Contexto sociopolítico y cultural. Creciente visibilidad de la temática" e "Estudio comparado y la recepción del proyecto". Por último indica que se inclúe a bibliografía e un índice de autores e redactores.

**Nicolás**, R., "Repensar a cidade para o porvir", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 20 febreiro 2015, p. 7.

Descríbese a obra *A cidade dos nenos* (2014), de Francesco Tonucci, e sublíñase a ensinanza que se pode tirar para adaptar e habilitar as cidades á infancia.

_____, "Libro con alma", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", 4 setembro 2015, p. 13.

Aproxímase á obra *Miña querida Sherezade* (2014), de Andrea Maceiras, da cal destaca o diálogo aberto coa obra clásica da literatura universal, *As mil e unha noites*.

**Pardo**, Alfredo "Escarcha soviética", *El Progreso*, "Vivir", "Libros", "Viñetas ilustradas", 2 maio 2015, p. 43.

Reflexiona sobre a "Guerra Caliente" dos medios de comunicación e das redes cibernéticas e a creación do "telón" de aceiro e a partición de Europa, tras a Segunda Guerra Mundial. Apunta o argumento da obra *A deserción de Stalin* (2015), que trata de espionaxe con humor negro, empregando imaxes negativizadas en branco e negro para realzar o drama dos personaxes. Salienta a abstracción lírica das augadas e a distorsión caricaturesca, que transforma o trazo nunha esquemática narrativa e que evoca a realidade nunha atmosfera de irrealidade.

**Pena Presas**, Montse, "Ás para voar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 526, "Libros", 15 xaneiro 2015, p. VI/ Román **Raña**, *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 480, "Letras galegas", 24 xaneiro 2015, p. 10.

Define como alfaia e "obra plurisuxestiva, profunda, inquientante" *Ícaro* (Kalandraka, 2014), de Federico Delicado, último Premio Compostela de Álbum Ilustrado, que apela ao público xuvenil e adulto e que conta cunha "marabillosa fusión e complementariedade entre texto e ilustración". Indica que a historia foxe de convencionalismos ao tratar o desamparo infantil dende unha "perspectiva novidosa" combinado coa fantasía. Apunta as reminiscencias literarias do título e as características das ilustracións que xogan coa gama cromática.

_____, "Descarreirarse para dar co camiño", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 529, "Libros", 5 febreiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 463, "Letras galegas", 14 febreiro 2015, p. 10.

Tras indicar que a colección Milmanda se achega ao lectorado de fronteira con "títulos moi interesantes", salienta o poemario *Ovella descarreirada* (Xerais, 2014), de Marilar Aleixandre, no que emprega o imaxinario animal e a toponimia da Costa da Morte (dúas constantes da súa produción) para elaborar unha "sorte de catálogo de bechos variados que comezan rompendo co que se agarda deles". Logo comenta as dúas partes na que se divide a obra: "Ovella negra", "un canto animal colectivo" dos que elixen a cor negra por vontade para seren diferentes, salientando a composición "Arrenego das pombas", que se sitúa na liña rosaliana; e "Valeime, pugas dos toxos", na que o eu lírico recrea os elementos naturais cun verso "máis breve e moi achegado á canción", salientando "O coro das ovellas", que canta cun "ton humorístico e retranqueiro" ao seu coidador e tamén ao WhatsApp, "Regueifa dos muíños", que confronta a "cultura popular á cultura da desfeita" no enfrontamento dialéctico entre os muíños de río e os eólicos cunha clara

preocupación ecoloxista, e "Apañando a primavera", onde a temática amorosa se mestura coa mítica. Finalmente destaca as "magníficas e de complexa sinxeleza" ilustracións de Óscar Villán que "fornecen de novos xeitos de mirar o mundo animal".

**Pereira**, Nonito, "O 'conto chinés' de Xosé Quintás Canella", *El Ideal Gallego*, "Opinión", 17 xaneiro 2014, p. 24.

Atende á publicación do libro *A flor da celdeila. Un conto chinés* (Embora), de Xosé Quintás Canella e ilustrado por Ánxeles Ferrer. Apunta que conta cun prólogo de Mero Iglesias e que trata a marxinación, a exclusión, o abuso de poder e o acoso "con humor retranqueiro e sentida tenrura".

**Reis da Silva**, Sara, "Educación literaria e LIX", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 24 marzo 2015, p. 42.

Analízase *Educação literaria e literatura infantojuvenil* (2013), publicado por Blanca-Ana Roig Rechou na colección "Percursos da Literatura Infantojuvenil" da editora portuguesa Tropelias&Companhia. Refírese ao prefacio de Ana Margarida Ramos e aos artigos que, publicados xa de forma dispersa, xorden agora de novo actualizados. Saliéntase o camiño que abre dentro dos estudos de literatura infantil e xuvenil e detállase o contido, "fundamentado e rigoroso" do volume, que se cualifica de imprescindíbel.

**Rodrigues**, Carina, "Entre a ilusión e o xogo", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 18 febreiro 2015, p. 36.

Destácase o esforzo de Kalandraka Editora por reeditar e traducir a clásicos do xénero infantil. Describe o libro *Onde está o meu zapato?* (2014), de Tomi Ungerer, como un libro de pequeno formato e practicamente exento de texto, que se constrúe baixo un principio moi sinxelo: a busca dunha imaxe −ou dun obxecto perdido, máis concretamente, un zapato− encuberta noutra imaxe (como, por exemplo, nunhas bolboretas, nun crocodilo, nuns corvos, nun navío etc.). Saliéntase a gama de cores básicas e moi vivas empregadas polo ilustrador, realizadas a partir dun trazo sinxelo, sobrias e eficazmente arranxadas. Por último, conclúese que esta galería de imaxes é capaz de estimular a curiosidade e avivar a perspicacia visual.

_____, "Ícaro', para soñar e voar", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 5 marzo 2015, p. 42.

Destaca que *Ícaro* (2014), de Fernando Delicado, levou o VII Premio Internacional de Compostela para Álbums Ilustrados e subliña a relación que estabelece entre realidade e fantasía. Deseguido fai unha descrición do contido e considera probábel que exista unha "influencia hopperiana". Finalmente, considera que o álbum fala da esperanza e do soño mentres rompe con prexuízos.

**Sánchez**, Olalla, "Viaxe ao mundo dos soños infantís", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "Infantil", 2 xaneiro 2015, p. 6.

Salienta a publicación en galego e castelán do clásico de 1970 *Na cociña de noite* (Kalandraka, 2014), de Maurice Sendak, no que o autor salda contas cos soños infantís nunha "viaxe onírica de ida e volta" pola paisaxe nocturna neoiorquina chea de fantasía e surrealismo. Apunta que o relato evoca a excitación e misterio que esperta a noite nos pequenos e que se constrúe cun texto breve, rimado e case musical "cunhas ilustracións evocadoras e de gran potencia visual". Ademais avanza os títulos de Sendak que Kalandraka publicará no ano 2015.

**Sánchez Díaz-Marta**, Inés, "Estefanía Padullés fai unha reflexión sobre a autoestima", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 15 xaneiro 2015, p. 43.

Coméntase polo miúdo o álbum ilustrado *O desexo do gato Klops*, rubricado pola catalá Estefanía Padullés, que vén de tirar do prelo a finais de 2014 a editorial coruñesa Hércules de Ediciones. Infórmase do argumento, que protagoniza o gato Klops, no cal se denuncian os valores dunha sociedade consumista. Fronte a isto destácase a importancia de que as crianzas valoren o que teñen e que se acepten tal e como son, para así seren realmente queridos polos demais. En definitiva, afírmase que se está ante unha reflexión sobre a autoestima e a valoración dun mesmo a través da delicadeza das ilustracións e da narración.

_____, "*Leviatán*, de Ramón Trigo", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 2 xuño 2015, p. 42.

Dá conta da publicación do álbum *Leviatán* (2014), escrito e ilustrado por Ramón Trigo. Salienta o emprego de imaxes borrosas e tons negros e brancos como complemento do texto de pequena extensión. Indica que a obra é "un xogo intelixente entre a imaxinación e as emocións do lector" e sinala a importancia do protagonista: a balea. Indica que a imaxe deste animal, dende *Pinocho* até *Moby Dick*, representa a forza incontrolábel da natureza, todo aquilo que non está baixo o poder do ser humano. Destaca que a obra remata cun fragmento dos Salmos da Biblia sobre o Leviatán, terríbel monstro que vive no mar e que está relacionado co demo. Por último, afirma que as interpretacións da obra poden ser moi diversas.

# VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

**Alonso Montero**, Xesús, "Dez anos sen ela", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 20 novembro 2015, p. 13.

Dáse conta do décimo aniversario do pasamento de María Victoria Moreno. Indícase que se inaugurou na Literatura Infantil e Xuvenil con *Mar adiante* (Edicións do Castro, 1973) e que o libro *Anagnórise* segue a reeditarse. Achéganse datos da súa biografía e da súa formación profesional, destacando o labor como profesora de literatura e como crítica literaria, mencionando antoloxías como *Literatura galega do século XX* ou *Os novísimos da poesía galega*.

_____, "Balbino, Eladia e un pouco de Revolución", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Beatus qui legit", 28 novembro 2015, p. 19.

Loa a Xosé Neira Vilas polo seu pasamento, na que se fala da súa obra indicando que é inxente e polifacética. Céntrase en *Memorias dun neno labrego* e máis concretamente nos personaxes Balbino e Eladia, tratando a diferenza de clases sociais.

**Caneiro**, Xosé Carlos, "Acción", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Libros", "Club dandi", 5 xuño 2015, p. 5.

Afirma que prefire a calidade da prosa por riba da ficción aínda que aprecia o valor da acción. Comenta que leu a novela "de apariencia" xuvenil relacionada co mundo do graffiti: *Reo* (2014), de Xesús Fraga. Di que se sentiu "asolado polos prexuízos" mais que foi quen de vencelos, e observa que hai un aceno á reinvención do Balbino de Neira Vilas nun contexto actual. Engade unha recomendación máis: a lectura de *Hai que matalos*, de Héctor Carré.

**Freixanes**, Víctor, "Neira Vilas", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 29 novembro 2015, p. 16.

Dáse conta do pasamento de Xosé Neira Vilas. Indícase del que "viviu sementando cariño e morreu rodeado de cariño". Lévase a cabo un comentario que xira arredor das edicións feitas de *Memorias dun neno labrego*, do cal se di que é un libro de iniciación e un "libro-embaixada". Engádese información sobre a proxección no exterior desta obra e afírmase que foron contabilizadas setecentas mil unidades.

**López Silva**, Xosé Antonio, "Balbino e a gran novela galega", *El Correo Gallego*, "Opinión", "De profundis", 2 decembro 2015, p. 42.

Indícase que *Memorias dun neno labrego* é a gran novela galega porque, segundo se explica, afianzou a cultura galega no exterior e no interior de Galiza. Coméntase que é o *Quixote* da literatura galega e que dende os inicios estivo dentro do sistema educativo.

Engádese que tanto Xosé Neira Vilas coma a súa novela seguirán dentro do imaxinario galego.

**Pazó**, Cándido, "Un clásico vivo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 39/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 31, 29 novembro 2015.

Enxalzamento da figura de Xosé Neira Vilas con motivo do seu pasamento. Indícase que durante a adaptación teatral de *Memorias dun neno labrego*, Neira Vilas colaborou activamente en todo o proceso, e que a obra conectou emocionalmente cos espectadores.

**Portorosa**, "A galiña azul", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", n.º 13, "El vicio solitario", 13 decembro 2015, p. 7.

Lembra cando foi ao cinema co seu irmán e gañou un libro de Carlos Casares nun sorteo, *A galiña azul*. Coméntase que ao chegar á casa seu pai mostroulle máis libros de Carlos Casares.

**Rodríguez**, Carlos Luís, "Queda Balbino", *El Correo Gallego*, "Opinión", "A bordo", 29 novembro 2015, p. 3.

Ofrécese unha aproximación á figura de Balbino, protagonista de *Memorias dun neno labrego*, co gallo do pasamento de Xosé Neira Vilas. Sitúase a figura de Balbino ao carón doutros personaxes literarios universais, como Hamlet, Alonso Quijano ou Frankenstein, e engádese que Balbino entrou pola porta grande no corazón de millóns de lectores.

**Rozas**, Ramón, "Xosé Neira Vilas, un rapaz da aldea", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", "Rue Saint - Antoine nº 170", 30 novembro 2015, p. 9.

Polo pasamento de Xosé Neira Vilas faise un enaltecemento da súa figura como escritor e como persoa. Coméntase que a súa obra e, sobre todo, *Memorias dun neno labrego*, tivo unha gran relevancia para el e para toda Galicia, porque comenta que foi a súa obra de acceso para a EXB. Engádese que a obra *Espantallo amigo* tamén ten unha grande importancia persoal. Finalízase facendo unha breve aproximación dos últimos anos de Neira Vilas, salientándose que fica como semente "para abrollar as novas xeracións".

**Tabuyo**, Domingo, "Dun neno labrego", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Puntadas con fío", 30 novembro 2015, p. 14.

Realiza un eloxio á figura de Xosé Neira Vilas polo seu recente pasamento, ademais de expresar a admiración e cariño que sente por el. Engade unha pequena aproximación á obra *Memorias dun neno labrego*, indicando que é unha obra imprescindíbel na literatura galega.

**Villar Janeiro**, Helena, “Espazo de lectura”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 3 abril 2015, p. 3.

Describe o proxecto de fomento de lectura “Espazo de lectura” de Gondomar, dirixido a todas as idades co obxectivo de facer visíbel a lectura en lingua galega. Indica que conta con instalacións propias para desenvolver as actividades e que cada semana na Biblioteca Municipal os nenos e nenas de máis de tres anos teñen sesión de contacontos, na Casa da Lectura, sesión de dinamización lectora e que mensualmente celebran xuntanzas de clubs de lectura; ademais de desenvolver anualmente actividades conmemorativas como obradoiros, recitais, publicacións etc.

_____, “Palabras no futuro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 24 abril 2015, p. 3.

Apunta que a Asociación Gálix celebrou o 25 aniversario da súa existencia e que tivo a honra de participar na súa creación. Agradece neste senso o entusiasmo de Xabier Senín dende a dirección xeral do Libro da Consellería de Educación. Destaca entre as actividades da antedita conmemoración, a edición do libro *Choven palabras no futuro* (2014). Parécelle moi atinado incluír na ilustración o comezo dunha obra singular da literatura galega, como é o de *Memorias dun neno labrego.*

_____, “Aprender literatura”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 30 outubro 2015, p. 2.

Dáse conta da celebración na Universidade de Vigo do ciclo “A pegada das mulleres dende a tradición oral á actualidade”, relacionado coa Literatura Infantil e Xuvenil e coordinado por Isabel Mociño. Indícase que neste ciclo se procura estimular o alumnado para que sinta afección pola literatura. Engádese que o papel das mulleres no cultivo literario destinado á infancia foi moi relevante e case exclusivo deste xénero.

# VII.5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

**Fontán**, David, "Miguelanxo Prado. 'Son un apaixonado do debuxo natural e compulsivo, por puro vicio e diversión", *Faro de Vigo*/ *La Opinión*, 5 xuño 2015, contracuberta.

Conversa con Miguelanxo Prado, quen fala sobre o seu último volume, *Papeles Dispersos II* (2013). Fálase, entre outros, de que se trata dun traballo máis persoal, da situación actual do cómic galego e da necesidade de incluír a banda deseñada nos plans educativos.

**García**, Rodri, "Ledicia Costas. 'As musas son conto chino. Creo no traballo, horas e horas, no currar", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Entrevista", 4 setembro 2015, p. 12.

Ledicia Costas reflexiona nesta conversa sobre as súas obras *Recinto gris* e mais *Un animal chamado Néboa*, que están ambientadas na Segunda Guerra Mundial, e subliña que proximamente vai saír *Escarlatina, a cociñeira defunta*. Asemade, comenta que leva tres anos a vivir da literatura e que cada vez hai mais mozas e mozos galegos lectores da literatura infantil e xuvenil.

**Inglés**, Álvaro, "Manel Cráneo. 'Se non temos historias que contar, para que nos imos poñer a debuxar?" *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 19 xullo 2015, p. 13.

Entrevístase a Manel Cráneo, quen está a realizar unha adaptación á novela gráfica de *A nosa cinza*, de Xavier Alcalá. Dise que Galaxia publicará este volume no ano 2016 e fálase, entre outros, da dificultade que entraña adaptar unha historia en texto ao formato da novela gráfica.

**Pintor**, David, "Manuel Cráneo. 'Enfoco o meu traballo coma un xogo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Al loro", 13 novembro 2015, p. 16.

Conversa co ilustrador Manel Cráneo sobre a súa actividade profesional. Comenta as súas fontes de inspiración e influencias e os motivos da súa dedicación á ilustración, entre outras. Tamén destaca que lle gustaría ter traballado con Ánxel Fole e que para el o seu traballo é un proceso de desconexión e relaxación.

**Rodríguez**, Susana, "Envexo a capacidade das mulleres de ir sempre dúas xogadas por diante", *El Progreso*, "*Xente de aquí*", "Moi persoal", 15 marzo 2015, p. 16.

Realízase unha entrevista ao debuxante e ilustrador de banda deseñada Alberto Guitián, na que fala de cuestións varias, entre elas, do que máis lle gusta e desgusta do seu traballo, do seu soño profesional, do pulo da banda deseñada en Galicia, do seu cómic favorito na nenez (Astérix e Spiderman) e do seu último proxecto, unha longametraxe de animación.

**Sanmartín**, Xabier C., "Pepe Carreiro. 'Carlos é a personaxe de 'Os Bolechas' máis parecida a min, é moi tranquilo e realista", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 abril 2015, p. 43.

Entrevista a Pepe Carreiro, creador do universo Bolechas, na que recorda o momento da súa creación e a evolución da personalidade dos personaxes. Nomea a Carlos como o personaxe que máis se parece no carácter e define as súas aventuras como "non moralizantes". Tamén fala do éxito da serie animada na televisión en Asturias e Portugal, da experiencia nos encontros cos nenos, do seu espazo de traballo e do panorama cultural actual.

**Varela**, María, "Elena Paz. 'Levamos vinte anos facendo música en galego para nenos", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 758, "Entrevista", 25 xaneiro 2015, p. 4.

Con motivo da presentación do libro-disco *Té, chocolate, café*, os compoñentes do grupo Golfiños falan do seu espectáculo de teatro musical, da colaboración con Andrea Bayer e Baobab Teatro, da creación do grupo, da mestura de contos e música, das ilustracións de Carlota Liz, do proceso de creación do libro-disco, da súa aposta pola lingua galega e dos seus outros proxectos.

**Vila**, Sara, "Xosé Neira Vilas. 'Quero achegar un granciño de millo máis ao noso hórreo común", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 1 agosto 2015, pp. 11-11.

Conversa co escritor Xosé Neira Vilas, que vén de recibir a Medalla de Ouro de Galicia en Santiago de Compostela e cuxas preguntas xiran arredor dos anos que o autor estivo emigrado na Habana, a actividade dos emigrados galegos en Bos Aires nos anos 50 e a súa nenez en Gres. Tamén destaca a chegada ás librarías da trixésimo-quinta edición da súa obra máis representativa, *Memorias dun neno labrego* (1961).

# VII. 5.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

**A. A.**, "Brión vai celebrar o Día Mundial do Teatro cunha actividade de animación", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.222, 25 marzo 2015, p. 7.

Informa da celebración deste día do teatro coa presentación d´*O misterio do pirata Benito Soto*, a cargo de Polo Correo do Vento. Trátase dunha actividade de narración oral que mestura oralidade, ilustración e obradoiro de debuxo.

**A. B.**, "Manuel Rivas contará 'O raposo e a mestra' a los escolares locales", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 14 xaneiro 2015, p. 13.

Indica que o escritor Manuel Rivas participará nun acto de promoción da lectura da Federación de ANPAS cos escolares de Primaria no auditorio Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo, que consistirá na lectura de *O raposo e a mestra*, acompañada de música, efectos sonoros e o recitado de fragmentos noutras linguas.

_____, "Manuel Rivas se ganó a los alumnos en un segundo", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 20 xaneiro 2015, p. 15.

Describe o espectáculo literario que realizou o escritor Manuel Rivas en Sanxenxo coa súa obra *O raposo e a mestra*, organizado pola Federación de ANPAS. Apunta que o autor asinou exemplares da obra.

**Abelenda**, Ana, "¿Que é un poema?", *La Voz de Galicia*, "*La voz de la escuela*", n.º 1.102, "Literatura", 25 novembro 2015, p. 6.

Fala da participación de Celso Fernández Sanmartín no manual *Poesía hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas*, que ten como obxectivo aumentar a curiosidade pola poesía nas aulas galegas.

**Abilleira**, M., "O Salón do Libro Infantil e Xuvenil quenta motores con 6 contacontos", *Diario de Pontevedra*, "Ciudad", "Pontevedra", 18 febreiro 2015, p. 11.

Infórmase sobre o programa de contacontos "Merendando con contos" que se celebrará en seis librarías de Pontevedra dende o 20 até o 26 de febreiro.

**Agulla**, A., "Queremos Galego presenta mañá na Biblioteca o libro 'Leviatán' de Ramón Trigo", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 25 marzo 2015, p. 19.

Anuncia a presentación desta obra de Ramón Trigo na Biblioteca Municipal de Marín e apunta que na recente edición dos Premios Ánxel Casal foi galardoada co premio Isaac Díaz Pardo ao libro mellor ilustrado. A seguir, ofrece uns apuntamentos biográficos sobre o autor e cualifica *Leviatán* como unha "proposta pictórica de imaxes rotundas"

cunha gran carga simbólica sobre as relacións dos seres humanos co medios e con referencias a *Moby Dick* e ao *Libro dos Salmos*.

_____, "El CEIP Carballal acogerá un acto familiar sobre el libro-disco 'Tambo", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 19 maio 2015, p. 23.

Informa do acto de presentación do libro-disco-DVD *Tambo* (2013) e indica que xurdiu no propio centro, a partir dunha actividade escolar.

**Aleixandre**, Marilar, "Ovella descarreirada", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 24 xaneiro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Ovella descarreirada* (2014), escrita por Marilar Aleixandre e ilustrada por Óscar Villán.

**Alonso**, Fernando, "O homiño vestido de gris e outros contos", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 21 febreiro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O homiño vestido de gris e outros contos* (2014), escrita por Fernando Alonso e ilustrada por Ulises Wensell.

**Álvarez**, Mario, "A Agadic ofrecerá ata finais de ano 160 actuacións para público infantil", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 14 agosto 2015, p. 49.

Fala da programación escénica e musical dirixida ao público infantil, para o segundo semestre do ano, xestionada pola Axencia Galega das Industrias Culturais: Rede Galega de Teatros e Auditorios e Rede Galega de Salas.

_____, "Creadores apuestan por acercar el cómic al público más joven", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 13 agosto 2015, p. 44.

Di que os autores de cómic Alfonso Zapico, Ana Oncina e Martín Romero, participantes no festival do cómic "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña, puxeron de manifesto a súa aposta pola introdución da banda deseñada na educación dos máis cativos.

**Álvarez**, Miguel, "Las mejores viñetas recuperan su espacio", *El Correo Gallego*, "Galicia Verano", "De fiesta hasta el amanecer", 11 agosto 2015, p. 18.

Salienta o éxito da primeira xornada da XVIII edición do salón do cómic "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña.

**Antía**, "O 'Espantallo' traspasa formatos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 31 xaneiro 2015, p. 43.

Informa da adaptación teatral de Os Quinquilláns da obra *Espantallo amigo*, de Xosé Neira Vilas e de que o director de cine cubano, Ernesto Padrón, quere facer unha película animada na que cambiará o final por outro máis feliz. Sinala que Neira Vilas lembra o proceso de creación e publicación desta obra de fai máis de catro décadas, ademais de indicar as linguas ás que foi traducida, as diferentes adaptacións escénicas, a recepción da crítica académica e a acollida en Francia. Por último, apunta que este ano os escolares recibirán un exemplar gratuito e verán a adaptación teatral feita por Os Quinquilláns.

**Arca**, "Os contacontos nas bibliotecas de Ames atraeron neste curso a 2.800 rapaces", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", 31 maio 2015, p. 3.

Apunta as temáticas das sesións de contacontos e a programación de actividades do mes de xuño das bibliotecas municipais de Ames para o fomento da hábito lector. Ademais salienta o club de lectura como punto de encontro ao redor do libro.

**Balo**, Marta, "As grandes citas da cidade, máis preto", *Diario de Pontevedra*, 4 decembro 2015, p. 3.

Di que o Concello de Pontevedra presentará na oitava edición do Culturgal dúas das grandes citas anuais da cidade: o Salón do Libro Infantil e Xuvenil e o festival Cantos na Maré, que se celebrarán no mes de abril e xaneiro.

**Barro**, Teresa, "A Alicia galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 novembro 2015, p. 25.

Fala do proceso de tradución de *Alicia no país das marabillas* ao galego, o cal compartiu co Fernando Pérez Barreiro e reflexiona sobre a relación da Alicia coa lingua galega antes e no momento actual.

**Baena**, Ana, "Do escenario á imprenta, Golfiños publica o primeiro libro", *Atlántico Diario*, "Vigo", 23 xaneiro 2015, p. 13.

Informa da publicación do libro-CD *Té, Chocolate e Café* (2014), por parte do grupo musical Golfiños, conformado por Lena Paz, Xosé Liz e Diego Paz. Di que a naturalidade, a frescura e o swing son os ingredientes principais para unha canción infantil.

**Ballesteros**, Xosé, "Tío Lobo", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 10 xaneiro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Tío Lobo*, adaptada por Xosé Ballesteros e ilustrada por Roger Olmos.

**B. L.**, "Ledicia Costas dirixe un obradoiro de creación literaria en galego no Pazo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 13 xaneiro 2015, p. 11.

Anuncia o obradoiro de creación literaria en lingua galega baixo o lema "A escrita é un ovo que rompe", coordinado pola escritora Ledicia Costas e que terá lugar en Pontevedra.

_____, "Elena Gallego visitará once colexios dentro do proxecto Dragal", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 24 xaneiro 2015, p. 10.

Infórmase da segunda edición do proxecto de dinamización lingüística "Dragal", no que Elena Gallego Abad visitará once institutos de Galicia.

**Botrán**, C., "Manolo Rivas encandila aos nenos do Pérez Viondi co 'O raposo e a mestra", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.182, 12 febreiro 2015, p. 7.

Dáse conta da presenza do escritor Manuel Rivas na escola Pérez Viondi da Estrada para participar nunha xornada de animación á lectura. Dise que o autor falou da súa segunda obra para público infantil, *O raposo e a mestra* (2013).

_____, "Currículum literario de récord de una estradense de 18 años", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.323, 6 xullo 2015, contracuberta.

Nomea os diferentes galardóns da moza estradense Marcela Porto, quen se iniciou na literatura aos doce anos e que leva gañados máis de corenta premios literarios. Tamén indica que xunto coas súas irmás, Andrea e Lara, publicaron *Elas teñen a palabra* (Xunta de Galicia, 2010) e que ten colaborado en libros colectivos.

_____, "Lalín fai rexurdir os titiriteiros", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 setembro 2015, p. 39.

Informa dunha mostra sobre as primeiras compañías galegas de monicreques e marionetas no Pazo de Liñares e alude ao mérito e traballo que entrañan esta modalidade.

_____, "Preparan na Estrada unha versión da obra 'Espantallo amigo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 decembro 2015, p. 41.

Anuncia que a Escola de Artes Escénicas está a preparar a posta en escena dunha versión da obra *Espantallo amigo*, de Xosé Neira Vilas como homenaxe ao autor recentemente falecido. Sinala que nela participa un grupo infantil formado por nenos de seis a dez anos, amais de enxalzar a participación no proxecto da dramaturga Ana Carreira e da bailarina Paula Quintás.

**Bóveda**, Lucía D., "Máis iniciativas para medrar na lingua da terra", *Diario de Pontevedra*, "Apego", 31 maio 2015, p. 8.

Salienta iniciativas como as páxinas web Orella Pendella, creada por Carlos Yus, e Alí, promovida por Fabaloba, e os libro-discos *Pan de millo* e *Non hai berce coma o colo*, de Magoia Bodega e Paulo Nogueira, como ferramentas educativas e de lecer para achegar o idioma e a tradición galega oral aos cativos.

**Carballo**, Enrique, "Relatos solidarios para explicar a desigualdade", *La Opinión*, "A Coruña", 24 abril 2015, p. 11.

Infórmase da presentación de *O botín da miseria* no Fórum Metropolitano, unha obra en beneficio dunha ONG, que explora as vidas do Norte e do Sur. Segundo explicacións do propio autor, para ser unha obra para o público infantil, é un "libro duro", mais que as recomendacións doutros autores de Literatura Infantil e Xuvenil lle recomendaron non dulcificala.

_____, "Ventanas abiertas al cómic", *La Opinión*, "A Coruña", 11 agosto 2013, pp. 8-9.

Recalca o éxito da primeira xornada da XVIII edición de "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña e informa da súa programación, na que se inclúen conferencias, clases maxistrais e firmas de libros.

**Castro**, Víctor, "El espectáculo 'Estamos de verán' llega mañana a Ordes", *El Ideal Gallego*, "Culleredo", "Atalaya mariñana", 20 xuño 2015, p. 20.

Anuncia o musical infantil *Estamos de verán*, baseado na novela CD editada por Galaxia, no que Xoán Curiel pon a música e a narración é a cargo da contadora Charo Pita.

**C. B.**, "Homenaje anual para Olimpio Arca con teatro infantil", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 novembro 2015, p. 36.

Indica que a Asociación Cultural Vagalumes entregou unha proposta para render anualmente unha homenaxe ao mestre e escritor galego Olimpio Arca, a través da promoción do teatro infantil. Salienta a realización dunha ofrenda floral, con motivo do aniversario do seu pasamento.

**C. R.**, "Seis voces para falar de docencia, literatura e xénero", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 8 outubro 2015, p. 7.

Informa sobre o Ciclo de literatura infantil e xuvenil, que se celebrará en Ourense do 19 de outubro ao 9 de novembro, coordinado por Isabel Mociño e organizado conxuntamente coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

_____, "Fina Casalderrey, Helena Villar e a paixón por contar historias", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 29 outubro 2015, p. 7.

Fala da participación de Fina Casalderrey e Helena Villar no ciclo de literatura infantil e xuvenil, *A pegada das mulleres desde a tradición oral á actualidade*, organizada pola docente da Facultade de Ciencias da Educación Isabel Mociño.

**Delicado**, Federico, "Ícaro", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 30 maio 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Ícaro* (2014), escrita e ilustrada por Federico Delicado.

**De Santos**, Ágatha, "Lápices gallegos que viajan a Bratislava", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 5 marzo 2015, p. 39.

Indica que David Pintor, Dani Padrón e Xan López Domínguez foron escollidos para participar cos seus traballos na L Bienal de Ilustración de Bratislava, organizada polo Ministerio de Cultura da República Eslovaca, a Comisión eslovaca da UNESCO e a Casa Internacional da Arte para Nenos. Tamén apunta que foi escollido o álbum ilustrado *Ícaro* (2104), de Federico Delicado, VII Premio Internacional Compostela. A seguir, describe o fío argumental do álbum *Lisboa*, de Pintor e *Pan de millo*, de Padrón.

**ECG**, "Ícaro' formará parte de la lista The White Ravens", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 outubro 2015, p. 26.

Comenta que a obra *Ícaro* (2014), gañadora en 2014 do VIII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, foi escollida para a selección elaborada pola Biblioteca Xuvenil Internacional de Múnich, The White Ravens.

_____, "Marionetas de la compañía Baobab en la Fundación SGAE", *El Correo Gallego*, "Santiago", 5 novembro 2015, p. 27.

Informa da posta en escena dunha obra de Baobab na feira Escena Galicia PRO.

_____, "A escritora Helena Villar Janeiro é nomeada socia de honra 2015 de Gálix", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 21 novembro 2015, p. 42.

Anuncia a realización dun evento promovido pola xunta directiva de Gálix para galardoar como socia de honra 2015 á escritora e colaboradora habitual de *El Correo Gallego* Helena Villar Janeiro. Engade información sobre como se vai estruturar o acto de acceso aberto que se celebrará no IES Xelmírez I de Santiago, onde a homenaxeada exerceu a docencia.

**ELOS**, "Relecturas para este Nadal", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 5 xaneiro 2015, p. 43.

Recoméndase a lectura de distintas obras de autores galegos e universais, reeditadas en 2014 e que foron obxecto de comentario nesta páxina. Menciónanse, seguindo a orde cronolóxica da publicación orixinal, as seguintes obras galegas, acompañadas dun breve

comentario dos principais cambios con respecto ás edicións anteriores: *Cuca e o abrigo marrón* (1998, 2014), de Fina Casalderrey; e *Silencio* (1995, 2001, 2014), de Fran Alonso. Con respecto ás obras traducidas, saliéntanse as liñas temáticas de *Adelaida* (1959, 2014), de Tomi Ungerer; *Na cociña de noite* (1970, 2014), de Maurice Sendak; *No bosque* (2004, 2014), de Anthony Browne; *O libro da selva* (1894, 2014), de Rudyard Kipling; e *A illa misteriosa* (1873-75, 2014), de Jules Verne.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 5 xaneiro 2015, p. 43.

Realiza un recordatorio das seccións que compoñen esta páxina dedicada á literatura infantil e xuvenil.

_____, "Protagonistas do ano 2014", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 5 xaneiro 2015, p. 43.

Salienta a tarefa realizada por distintos dinamizadores da Literatura Infantil e Xuvenil e, deseguido, enumera varios exemplos.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 9 xaneiro 2015, p. 43.

Lémbrase que está aberto o prazo de presentación de propostas de comunicación para as II Jornadas Internacionales de Literatura Infantil y Juvenil en Diversas Áreas del Conocimiento que organiza a Escola de Magisterio CEU de Vigo e que se celebrarán o 6 e 7 de marzo de 2015. Infórmase de que se pode consultar toda a información na web http://www.escuelamagisterioceuvigo.es/.

_____, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 15 xaneiro 2015, p. 43.

Dáse noticia de que xa está dispoñíbel en librerías o álbum *Ícaro* (2014), co que o artista plástico Federico Delicado foi galardoado co VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. Lémbrase que este autor foi igualmente ilustrador de diversos libros infantís e xuvenís galegos, como por exemplo *Robinson contado polas alimarias* (2011), de Marilar Aleixandre.

_____,"Tropelias&Companhia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 21 xaneiro 2015, p. 43.

Informa sobre a publicación do libro *Educação literária e literatura infantojuvenil* (2014), asinado por Blanca-Ana Roig, que recolle os traballos actualizados por esta investigadora no seu campo de traballo: Literatura Infantil e Xuvenil e educación literaria.

_____,"Grupo Chévere", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 30 xaneiro 2015, p. 42.

Fala do Premio Nacional de Teatro recibido polo grupo Chévere e destaca a valoración realizada polo xurado: a coherencia, a creación colectiva, a transgresión de xéneros, o

humor ou o compromiso social das obras. Tamén se subliña o valor do seu compromiso coa cultura galega.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 3 febreiro 2015, p. 44.

Lémbrase que está aberto o prazo de envío de propostas de comunicación para o X Congreso Internacional da Asociación Nacional de Literatura Infantil e Juvenil (ANILIJ), que se celebrará o 23 e o 24 de abril e que se dedica este ano a "Nuevos temas en la LIJ: muerte, naufragios, guerras, desastres... en la tierra y el mar".

_____,"Carlos Labraña (Cedeira, 1969)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 3 febreiro 2015, "Protagonistas eLIXidos", p. 44.

Dáse noticia de que Carlos Labraña vén de facerse por segunda vez a finais de 2014 co Premio Estornela de teatro para nenos que concede a Fundación Neira Vilas, con *A pequena compaña*. Sinálase que é un escritor moi galardoado no ámbito da literatura dramática infantil.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 11 febreiro 2015, p. 42.

Lembra que xa se pode ler e descargar o número un de *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, a primeira revista dixital especializada en Literatura Infantil e Xuvenil da Universidade de Santiago de Compostela. Informa dos traballos que pode acoller e anuncia que xa está aberto o prazo de entrega para o seu segundo número.

_____,"Apiario", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 11 febreiro 2015, p. 42.

Informa da recente creación do selo editorial Apiario, fundado polas poetas Antía Otero e Dores Tembrás, proxecto cultural que presenta, na súa vertente editorial, tres coleccións diferenciadas de ensaio, poesía e literatura infantil. Di, entre outras cousas, que esta última, "Niño de Abella", se inaugurou co álbum de María Lado intitulado *Porque Cuqui non quere ir á lavadora, conto moi importante para lerlles aos maiores antes de durmir* (2014).

_____,"María Solar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 19 febreiro 2015, p. 36.

Refire que se elixe como protagonista desta páxina semanal de Literatura Infantil e Xuvenil á escritora e xornalista compostelá María Solar por ter merecido o Premio Lazarillo 2014 de Creación Literaria coa narración *O meu pesadelo favorito*. Indica quen convoca e quen patrocina este galardón, "o máis antigo da LIX", e cales obras poden concorrer a el. Apunta o total de obras presentadas, resaltando o reducido número das galegas; menciona o xurado desta edición e cita o que salientaron da narración galardoada. Remata apuntando os títulos das narracións coas que María Solar obtivera nos anos anteriores o Premio Frei Martín Sarmiento.

_____, “Rosalía de Castro (Santiago, 1837-Padrón, 1885)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 25 febreiro 2015, p. 41.

Destácase a poeta Rosalía de Castro polo seu aniversario e lémbranse distintas obras rosalianas para o público de Literatura Infantil e Xuvenil.

_____, “Premios 2014 de Fervenzas Literarias”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 5 marzo 2015, p. 42.

Informa da celebración da oitava edición dos premios Fervenzas Literarias e destaca aqueles autores e obras premiadas relacionadas coa Literatura Infantil e Xuvenil.

_____, “Salón do Libro Infantil e xuvenil de Pontevedra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 11 marzo 2015, p. 43.

Anúnciase unha das citas máis relevantes ao redor do libro infantil e xuvenil que se vén celebrando dende o ano 1999, o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Explícase de que trata a iniciativa e do tema aglutinador deste ano, informando de que esta edición se dedica a “Da ciencia á ficción”, e cítanse algunhas das actividades do amplo programa.

_____, “Selma Ottilia Lovisa Lagerlöf”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 17 marzo 2015, p. 43.

Saliéntase a Selma Ottilia Lovisa Lagerlöf (Mårbacka, Suecia, 1858-1940) como protagonista do día, por se celebrar o seu setenta e cinco aniversario de pasamento, por ser á vez a primeira muller en obter o Premio Nobel de Literatura e por ser autora de *El maravilloso viaje de Nils Holgersson*. Infórmase de que esta novela para a infancia e a xuventude, que aínda non podemos ler en galego, foi un encargo do Consello de Educación sueco para ensinarlles aos máis pequenos a xeografía do país. Resúmese o seu argumento e os piares nos que se asenta o clásico escandinavo, que non son outros que “o amor pola cultura, a natureza e a etnografía”.

_____,“Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 24 marzo 2015, p. 42.

Lembra o aniversario do profesor e escritor vasco Juan Kruz Igerabide Sarasola (Aduna, Guipúscoa, 1956) e cita as súas obras que se poden ler en lingua galega. A saber, os relatos infantís *Dona Soñadora*, *¡Que ica!*, *Corre, Sebastián, corre!*, *Querido tolo*, *Munia dorme baixo a manta* e a novela xuvenil *Helena e o solpor*.

_____,“Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 31 marzo 2015, p. 42.

Informa que o 2 de abril, Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, se cumpren 210 anos do nacemento de Hans Christian Andersen. Engade que se concede cada dous anos o Premio homónimo de Literatura Infantil, coñecido como o “Pequeno Nobel”.

_____, “Max und Moritz’, de Wilhelm Busch”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 31 marzo 2015, p. 42.

Dá conta dos 150 anos da publicación de *Max und Mortiz*, traducida ao galego por Luciano Fernández de Sanmamed Sampedro baixo o título *Max e Moritz. Historia de dous pillos en sete trasnadas* (Linteo, 2001). Conta, en verso, a historia de dous nenos que, ao grito de “¡Unha parella infernal disposta a sementar o mal!”, lles faltan ao respecto a aqueles adultos cos que se atopan no seu camiño, sendo duramente castigados e reprendidos por tal comportamento. Destaca o humor negro e as sete viñetas que acompañan.

_____,“Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 13 abril 2015, p. 48.

Lembra que até o 20 de abril está aberto o prazo de inscrición no X Congreso Internacional da Asociación Internacional de Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) que se celebrará en Vigo o 23 e 24 de abril.

_____, “Premios da Edición 2014”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 14 abril 2015, p. 48.

Dá conta dos galardóns da Asociación Galega de Editores entregados o 13 de marzo e indica as obras e autores premiados que teñen relación coa Literatura Infantil e Xuvenil. Destaca *Escarlatina a cociñeira defunta* (2014), de Ledicia Costas, co Premio Neira Vilas ao Mellor Libro Infantil e Xuvenil.

_____, “Alicia no país das marabillas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 19 abril 2015, p. 42.

Faise eco do 150 aniversario da publicación de *Alicia no país das marabillas*, de Lewis Carroll e das múltiples actividades que haberá en diferentes países do mundo para conmemorar a efeméride. Por último, recoméndanse adaptacións para que os máis pequenos poidan gozar desta alfaia literaria.

____,“Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 28 abril 2015, p. 43.

Faise un recordatorio da XV Campaña de Animación á Lectura de Kalandraka, coa que a través da educación literaria se pretende que os escolares desenvolvan a súa formación literaria. Infórmase que se pode consultar toda a información na web www.kalandraka.com.

_____, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 5 maio 2015, p. 35.

Lémbrase que o día 6 de maio se celebra o aniversario do nacemento de Gaston Leroux, escritor e xornalista francés famoso especialmente por *Le Fantôme de L’Opéra* (1910).

_____, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 12 maio 2015, p. 43.

Co gallo do XXI Aniversario do Ano Internacional das Familias faise un chamamento á volta sobre aquelas obras da Literatura Infantil e Xuvenil que tratan as relacións e problemáticas familiares.

_____, "Frank Lyman Baum (Nova York, 15 maio 1856-California, 6 maio 1919)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 19 maio 2015, p. 42.

Achégase, con motivo do aniversario do nacemento e da morte, ao norteamericano Frank Lyman Baum autor dunha das obras máis importantes da Literatura Infantil e Xuvenil, *The Wonderful Wizard of Oz* (1900). Tamén se comenta que en galego existen diversas traducións das súas obras, como *O marabilloso Mago de Oz* realizada por Alfonso Vázquez-Monxardín para a colección "Xabarín" de Edicións Xerais de Galicia.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 27 maio 2015, p. 47.

Recorda que se cumpren setenta e cinco anos do nacemento do autor e ilustrador sueco Jan Löof (Trollhättan, 1940), gañador do premio Selma Lagerlof en 2010 e o Astrid Lindgren en 2011. Entre as súas obras, destaca a tira cómica *Félix* e *As aventuras da mazá vermella*, traducida ao galego e publicada por Kalandraka Editora.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 2 xuño 2015, p. 42.

Dáse noticia de que xa está dispoñíbel na páxina en liña do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades o *Informe de literatura 2013*. Sinala que existe un apartado dedicado á Literatura Infantil e Xuvenil.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 10 xuño 2015, p. 36.

Lembra que nestes días se celebra o nacemento de Ana Frank, quen reflectiu no seu diario os sentimentos vividos durante a ocupación nazi. Engade que *O diario de Ana Frank* chegou ao público xuvenil en lingua galega en 2004, da man de Kalandraka.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 16 xuño 2015, p. 36.

Recorda o setenta e cinco aniversario de nacemento do ilustrador Roberto Innocenti e cita algúns dos seus premios e obras dispoñíbeis en galego como *As aventuras de Pinocho*, de Collodi; e *Canto de Nadal*, de Dickens, entre outros títulos por el ilustrados.

_____, "Adaptacións do 'Quixote", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 16 xuño 2015, p. 36.

Trata as adaptacións ao galego do *Quixote* con motivo da celebración do IV centenario da publicación da segunda parte de *El ingenioso caballero Don Quijote de la Mancha* (1615).

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 24 xuño 2015, p. 35.

Invita a visitar o Museo Galego da Marioneta no lalinense Pazo de Liñares, xestionado por Viravolta Títeres, que conta con 300 pezas.

_____, "Premio Fundación Cuatrogatos 2015", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 24 xuño 2015, p. 35.

Nomea as obras galegas ou de editoriais galegas que escolleu o Premio Fundación Cuatrogatos en 2015: *12 poemas de Federico García Lorca* (Kalandraka, 2014); *Gorigori*, de María Jesús Jabato; *A mares*, novamente de Jabato, *Elefante, un guisante*, de Rafael Ordóñez e *Las tres princesas pálidas*, de María José Martín Francés, todas elas publicadas por Kalandraka.

_____, "Letra E. O escritor na súa terra. Xosé María Álvarez Cáccamo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 2 xuño 2015, p. 42.

Destácase a este escritor vigués por ter sido elixido pola Asociación de Escritoras e Escritoras en Lingua Galega o autor a homenaxear o 6 de xuño coa "Letra E. O escritor na súa terra". Explícase o que recoñece este galardón e as actividades que se realizarán para homenaxealo. Remátase sintetizando a ampla produción de Literatura Infantil e Xuvenil deste autor e salientando o poemario *Lúa de pan* (2002), o I Premio Arume de poesía para nenos, e a antoloxía *O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega* (2002), xunto a Marisa Núñez.

_____, "Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 1 xullo 2015, p. 42.

Salienta que a Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes na súa Biblioteca de Literatura Infantil y Juvenil acolle autores clásicos contemporáneos galegos, como Agustín Fernández Paz e Antonio García Teijeiro, ademais dos monográficos publicados da Rede Temática de Investigación LIJMI, coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 7 xullo 2015, p. 40.

Lembra os autores e as obras galardoadas no XI Premio Martín Sarmiento.

_____,"Nacemento de Neruda", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para lembrar", 19 xullo 2015, p. 6.

Recorda o nacemento do poeta Pablo Neruda e a publicación en 2009 do álbum ilustrado *Oda a unha estrela*, dirixido ao público infantil.

_____, “Andrea Maceiras (A Coruña, 1987)”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 19 xullo 2015, p. 6.

Refírese a esta nova escritora e aos premios que ten conseguido, entre eles o máis recente, o Premio Jules Verne.

_____,“Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 26 xullo 2015, p. 6.

Lémbrase que se poden consultar e descargar traballos correspondentes ao número 2 (2015) de *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*. Precísase que esta revista dixital, de carácter anual, está aloxada en revUSC (http://www.usc.es/revistas/index.php/elos/issue/current) e que publica traballos en castelán, galego, inglés e portugués. Remata detallando que os artigos, notas e recensións pasan unha revisión por pares cegos e que se publican con doi individualizado até completar o número anual.

_____, “Galicia encantada”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 26 xullo 2015, p. 6.

Saliéntase o aniversario da páxina en liña *Galicia Encantada*, que dende hai dez anos se dedica a difundir o patrimonio imaxinario da terra galega. Infórmase que Antonio Reigosa é o coordinador desta iniciativa, noméanse as súas seccións e destácanse os premios que recibiu.

_____,“Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 2 agosto 2015, p. 6.

Recorda o aniversario do nacemento da escritora e ilustradora inglesa Beatrix Potter.

_____, “Ole Lund Kirkegaard (29/07/1940 Aarhus)”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 2 agosto 2015, p. 6.

Céntrase en Ole Lund Kirkegaard, de quen o día 29 de xullo se cumpriu o setenta e cinco aniversario do seu nacemento, que tivo lugar na cidade dinamarquesa de Aarhus en 1940. Sinálase que publicou o seu primeiro libro en 1967, para logo escribir outros máis, nos que destacou a relación entre adultos e nenos, ocupando o protagonismo central a figura dos anti-heroes. Tamén se apunta que recibiu o premio ao Mellor Libro Infantil concedido polo Ministerio de Cultura danés en 1969. Conclúese recordando que en galego se publicaron os seus textos *Otto é un rinoceronte* e *Orla Tragarrás*, da man de Alfaguara.

_____,“Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 16 agosto 2015, p. 5.

Lembra o décimo aniversario da morte de María Victoria Moreno e destaca varios títulos da súa obra de literatura infantil e xuvenil.

_____, “Howard Phillips Lovecraft (Providence, Rhode Island, 1890-1937)”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 16 agosto 2015, p. 5.

Recorda a figura deste escritor polo seu aniversario e subliña os seus relatos de terror e misterio. Ademais nomea varias obras traducidas ao galego como *Relatos de terror* (Xerais, 1999) ou *Relatos fantásticos* (Xerais, 1999).

_____, “Emilio Salgari (Verona, 21 agosto 1862-1911)”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 23 agosto 2015, p. 6.

Co gallo do seu aniversario, lembra este autor que destaca por ter publicado máis de oitenta novelas e un gran número de relatos curtos, entre os que salienta o coñecido pirata Sandokán ou o Corsario Negro, protagonista da súa única obra traducida ao galego, *O corsario negro* (Xerais, 1989).

_____,“Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 23 agosto 2015, p. 6.

Lémbrase a publicación do n.º 1 de *Criaturas. Revista dixital de literatura infantil e xuvenil*. Detállase que aborda o humor na sección “Monográfico” e nas “Críticas”, *A galiña azul* (1968), *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998) e novidades traducidas. Precísase que ofrece tamén unha conversa entre Paula Carballeira e Francisco Castro, unha unidade didáctica d’*O castañeiro en abril* (2013) e unha reportaxe sobre o Salón do Libro de Pontevedra.

_____, “Kalandraka Editora”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 30 agosto 2015, p. 6.

Alude á editorial Kalandraka, que define como “referente a nivel mundial na modalidade do álbum”, por ter publicado na súa colección “Tras os montes” cinco entregas da recoñecida serie “Osiño” da dinamarquesa-estadounidense Else Holmelund Minarik. Ademais destaca o labor por recuperar o legado bibliográfico desta autora.

_____, “Viñetas desde o Atlántico”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 9 agosto 2015, p. 6.

Dáse noticia da vindeira celebración do Salón do Cómic “Viñetas desde o Atlántico” na Coruña entre os días 10 e 16 de agosto, así como da participación de autores de banda deseñada como Keko, Mai Egurza, Ana Miralle ou Joaquín López Cruces. Saliéntanse, entre as diversas actividades que se celebrarán, faladoiros e conferencias coas que se pretende dar unha visión ampla do cómic, ademais de obradoiros e da presentación do proxecto cinematográfico *Estirpe*. Enuméranse os espazos nos que se desenvolverán.

_____, “Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004)”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 6 setembro 2015, p. 6.

Anúnciase a elección do clásico da Literatura Infantil e Xuvenil galega Manuel María como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2016. Lémbranse, ademais de mencionar a súa aproximación a todos os xéneros literarios, os poemarios e narracións que o autor escribiu para os máis novos, entre os que se sitúan *Os soños na gaiola: versos pra nenos* e *O bigote de Mimí*, entre outros títulos.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 13 setembro 2015, p. 6.

Anúnciase o peche do prazo de matrícula do XII Curso de Formación "Obras imprescindibles para o ensino primario e secundario sobre conflitos bélicos". Infórmase dos días e do lugar de celebración e achégase un enlace á rede para acceder á súa información.

_____, "Día Internacional da Tradución", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 27 setembro 2015, p. 4.

Destaca esta xornada conmemorativa dos tradutores e tradutoras e aproveita para reivindicar a necesidade dunha política planificada de tradución que contribúa ao reforzamento do sistema literario infantil e xuvenil.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 4 outubro 2015, p. 4.

Lémbrase a celebración o 9 de outubro, na Biblioteca Nacional de Portugal, da xornada "Alice150Portugal", organizada dende Galicia polo Grupo LITER21 (USC) e a asociación Elos, para conmemorar os 150 anos da publicación d'*Alice's Adventures in Wonderland*, de Lewis Carroll. Saliéntase que Blanca-Ana Roig e Isabel Mociño abordarán a súa tradución ao galego e así mesmo presentarán a primeira *Historia da LIX galega* e a monografía colectiva *Retorno aos clásicos*, onde participan ambas as dúas.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 1 novembro 2015, p. 4.

Alúdese ao escritor e pedagogo italiano Gianni Rodari pola data do seu nacemento e sinálase que parte da súa obra está traducida ao galego, como *Contos ao teléfono* ou *A góndola fantasma*.

_____, "Bienal da Ilustración de Bratislava 2015", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 1 novembro 2015, p. 4.

Cítase a celebración desta exposición internacional de ilustración de libros infantís e xuvenís que, nesta edición, celebra medio século. Salienta a participación dos ilustradores galegos Xan López Domínguez, David Pintor e Dani Padrón.

_____, "Isabel Mociño González", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 1 novembro 2015, p. 4.

Salienta o traballo de organización e coordinación de Isabel Mociño durante o Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil "A pegada das mulleres desde a tradición oral á actualidade", que se celebrou no Campus de Ourense.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 8 novembro 2015, p. 4.

Lembra o peche de matrícula do XII Curso de Formación Continua "Obras imprescindibles para o ensino primario e secundario sobre conflitos bélicos", que convoca a USC, a Xunta de Galicia e a AELG.

_____,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 22 novembro 2015, p. 6.

Recorda que está aberto o prazo de preincrición para o "Máster de Literatura Infantil y Juvenil como aporte a la formación y desarrollo de hábitos lectores", organizado polo Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

_____, "Ledicia Costas", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 22 novembro 2015, p. 6.

Destaca o nome desta escritora por recibir o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *Escarlatina, a cociñeira defunta*. Sinala que esta obra recibiu outros galardóns: Premio Merlín de Literatura Infantil 2014, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Infantil 2014 e Premio Neira Vilas ao Mellor Libro Infantil e Xuvenil.

**Fernández Serrano**, Jacobo, "Marcopola. A illa remeira", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 28 febreiro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Marcopola. A illa remeira* (2014), escrita e ilustrada por Jacobo Fernández Serrano.

**Ferreira**, Antón, "El Concello de Tui apuesta por la Cultura", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 11 febreiro 2015, p. 17.

Dentro da programación cultural do primeiro semestre do ano organizada polo Concello de Tui, anuncia a representación da obras, para público infantil, *Martes*, de Baobab; *Xiqui, xoque, fiu, fiu*, de María Fumaça; *Chove!*, de Titerefficiós; e *Uxío no país de Patadecabra*, de Expresión Producciónss.

**Fontán**, David, "Viñetas' alcanza la mayoría de edad", *La Opinión*, "A Coruña", 1 xullo 2015, p. 13.

Dá conta da programación de "Viñetas desde o Atlántico" que se celebrará na Coruña do 10 ao 16 de agosto e que cumpre a súa maioría de idade. Salienta a importancia desta cita co cómic e as entidades colaboradoras.

**Fraga**, Xesús, "Las mujeres del mundo del cómic protagonizarán Viñetas este verano", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 xullo 2015, p. 32.

Nomea a nómina de creadores que están convidados á dezaoito edición de "Viñetas desde o Atlántico", salientando o labor das mulleres na banda deseñada ao explorar novas temáticas e en consecuencia conquistar público que antes nunca se achegara ao cómic.

**Frieiro**, F. "Diversión literaria a prol da lingua galega", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 17 outubro 2015, p. 5.

Comenta que o alumnado dos centros Castro Alobre e do Bouza Brey participou no segundo Encontro Dragal no Pico Sacro, unha actividade de dinamización literaria encamiñada a dar a coñecer a historia galega a través do fomento da lectura.

**Gándara**, Alejandro e X. F., "El cómic es la expresión superior", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 agosto 2015, p. 33.

Informa de que Chloé Cruchaudet e Mai Erguza son dúas das invitadas na nova edición do festival do cómic "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña, as cales insisten na necesidade de normalizar a presenza das mulleres no mundo da banda deseñada.

**García Márquez**, Marta, "Píldoras dulces y amargas para el álbum ilustrado", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 2 abril 2015, p. 12.

Con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, ofrécense datos de venda e as accións que desenvolven para superar a crise editoriais como Primerapersona, Baía Edicións e Lata de Sal, salientando a publicación de álbum ilustrado. Tamén se refire ás novidades, caso de *Nicasio*, de Felipe Díaz; *Os animais da xungla e da sabana* e *Miña querida Sherezade*, de Andrea Maceiras.

_____, "La mano femenina no existe en el cómic", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 12 agosto 2015, p. 13.

Fala da presenza de Ana Miralles e Chloé Cruchaudet no salón do cómic "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña, as cales poñen de manifesto que a mentalidade evolucionou moito, no que a participación feminina no mundo do cómic se refire.

**Golfiños**, "Té, chocolate, café", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 17 xaneiro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Té, chocolate, café* (2014), escrita e ilustrada polo colectivo Golfiños.

**Gómez**, Cuca M., "Que vivan los libros en invierno", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 25 novembro 2015, pp. 62-63.

Entre outras novas, informa da próxima celebración do Salón do Libro e a inclusión de diversas actividades infantís.

**Inglés**, Álvaro e Enrique **Carballo**, "El Viñetas más adulto se despide", *La Opinión*, "A Coruña", 16 agosto 2015 pp. 8-9.

Anuncia a xornada de peche da XVIII edición de "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña e informa da súa programación. Tamén di que o seu director celebra que o encontro fora capaz de sobrevivir a todos os cambios de goberno.

**Jaureguizar**, "Memorias dun neno labrego', a obra que mudou a narrativa infantil", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 66/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 71, 28 novembro 2015.

Anuncia o pasamento do autor de *Memorias dun neno labrego*, Xosé Neira Vilas, e destaca o éxito da obra alén da fronteira galega e a súa relevancia para o xurdimento e a dignificación da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Ademais dá conta da súa faceta persoal enxalzando a súa humildade e amabilidade cos lectores.

**J. E.**, "O pazo da cultura afiánzase como un espazo cheo de vida artística", *Diario de Pontevedra*, 4 decembro 2015, p. 4.

Destácase o papel do Pazo da Cultura de Pontevedra como un referente cultural, no que se acollen celebracións como o Culturgal, o Salón do Libro Infantil e Xuvenil, o Festival das Cóxegas e o festival Cantos na Maré.

**J. M. R.**, "A escola infantil estrea hoxe a obra 'O merlo branco", *El Correo Gallego*, "Terras de Santiago", n.º 1.316, 28 xuño 2015, p. 5.

Anúnciase a estrea da peza teatral *O merlo branco*, realizada e levada aos escenarios pola Escola Municipal Infantil de Teatro, baixo a dirección de Artur Trillo.

**Lage**, Juan José e Ana **Abelenda**, "Libros que lles gustan aos Reis Magos", *La Voz de Galicia* "*La Voz de la Escuela*", n.º 1.105, "Literatura", 16 decembro 2015, p. 6.

Recóllese unha recomendación de libros para a infancia e mocidade en lingua galega con motivo da chegada do Nadal.

**López**, Belén, "O álbum 'Maruxa', de Oqo, faise cun premio Cookbook Gourmand 2014", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 29 xaneiro 2015, p. 11.

Anuncia que o álbum *Maruxa*, de Eva Mejuto, acaba de recibir o premio Cookbook Gourmand 2014 na categoría "Best Ilustrations CookBook" que recoñece as mellores publicacións gastronómicas do mundo. Tamén informa do proxecto europeo "Cociña de contos", realizado por OQO coa colaboración da editora portuguesa Bichinho de conto e a polaca Tanko, que promove a relación da literatura coa gastronomía e que desenvolveu diferentes actividades en Galicia.

_____, "Os escolares fan seu o Salón do Libro Infantil e Xuvenil 'Da ciencia á ficción", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 28 febreiro 2015, p. 2.

Dá conta do acto de inauguración do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, dedicado á ciencia ficción, ao que asistiron alumnado do IES A Xunqueira I e do CEIP San Martiño. Tamén informa das actividades da programación, entre as que apunta concertos, sesións de contacontos e a presentación de *O meu pesadelo favorito*, de María Solar.

_____, "Kiko da Silva contra Manuel Pardo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 3 abril 2015, p. 9.

Anuncia a publicación da versión castelán *El infierno del dibujante*, de Kiko da Silva, Premio Castelao de Banda Deseñada en 2014. Indica que é unha obra de "metacómic" que racha cos estándares convencionais e homenaxea autores fundamentais para reflexionar sobre o oficio de debuxante. Recolle opinións do autor sobre o proceso creativo, as copias e o plaxio e o estilo creativo.

_____, "Pontevedra marca a páxina do Día do libro", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 24 abril 2015, p. 13.

Dá conta das actividades que tiveron lugar en Pontevedra para celebrar o Día do Libro, como as exposicións, os agasallos e as homenaxes. Infórmase de que a programación se pecha co espectáculo *Cousas de Castelao*, da compañía Títeres Cachirulo.

_____, "Que pinta Sherlock Holmes en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 3 novembro 2015, p. 7.

Informa da presentación do terceiro álbum colectivo dos estudantes dos primeiros cursos da escola de banda deseñada O garaxe Hermético, *221 BD* (2015). Comenta que está composto por catro historias centradas na figura do detective Sherlock Holmes e as súas aventuras en Pontevedra. Tamén sinala que as páxinas do cómic se están a publicar cada fin de semana no *Diario de Pontevedra*.

_____, "A nova peripecia de Ledicia", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 14 novembro 2015, p. 11.

Informa de que o Salón do Libro de Pontevedra inaugura unha colección de títulos propios cun relato de Ledicia Costas, quen obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil 2015.

**López**, E., "Miguelanxo Prado: 'Hay que arreglar la situación del país, no la del cómic", *La Opinión*, "A Coruña", 9 agosto 2015, p. 9.

Fai eco da nova edición do festival do cómic "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña, cuxo director, Miguelanxo Prado, pon de manifesto o peso que segue a ter a crise económica sobre o mundo da cultura.

**López**, Elisabeth, "Miguelanxo Prado. 'En muchas facetas, el peso de las mujeres será mayor que el de los hombres", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 9 agosto 2015, p. 8.

Fala da nova edición do festival do cómic "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña, cuxo director, Miguelanxo Prado, alude á influencia da crise económica sobre o eido cultural e di que o éxito da historieta galega radica en que non hai un ideario común.

_____, "Miguelanxo Prado. 'Una mujer tiene las mismas oportunidades que un hombre", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 8 agosto 2015, p. 46.

Anuncia o inicio de "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña, con Miguelanxo Prado como director e cunha ampla presenza de autoras.

**L. P.**, "Miguel Anxo Prado. "É fundamental a complicidade dos pais á hora de comprar en galego", *La Opinión*, "Sociedad", "Cultura y ocio" 1 novembro 2015, p. 32.

Recóllense as verbas de Miguelanxo Prado sobre a crítica situación actual do cómic en lingua galega e a necesidade de normalizar o sector editorial.

**L. T.**, "Una veintena de betanceiros colabora en el aniversario de Biblos", *El Ideal Gallego*, "Betanzos", 1 agosto 2015, p. 19.

Informa do segundo aniversario da libraría Biblos en Betanzos e das actividades previstas para a súa celebración. Tamén fala da Escola de Verán de Ilustración e Banda Deseñada, dirixida por Xosé Tomás.

**Manteiga**¸M., "Fernández Abella, Castro e Perozo nas actividades literarias de ARC Os Tilos", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.246, 19 abril 2015, p. 7.

Dise que a Asociación Recreativa e Cultura Os Tilos de Teo celebra a IX Semana do Libro e da Lectura e fai un repaso polas actividades que terán lugar nesta edición.

**M. G.**, "La ACD Coira representa tres obras en Portosín", *El Correo Gallego*, "Terras de Santiago", n.º 1.287, 30 maio 2015, p. 7.

Indica que a ACD Coira e o grupo de teatro infantil A Trote representarán tres pezas.

_____, “Claudia Romeu presenta ‘A lebre e a tartaruga”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 6 setembro 2015, p. 33.

Informa da presentación da obra *A lebre e a tartatura* (2015), da autoría de Marisol García Juárez, por parte da ilustradora Claudia Romeu Domínguez, na Casa da Cultura de Noia e comenta a boa acollida do público.

_____, “A Pobra leva espectáculos culturais aos colexios”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 11 novembro 2015, p. 36.

Dise que o alumnado da Pobra asistirá á representación de *Osiño* e *O día que chegou unha nube e choveu*, a cargo da compañía Trompicallo e *Tecín soia a miña tea*, de Lisistrata.

_____, “Poemas de Rosalía para os alumnos do IES”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 24 novembro 2015, p. 35.

Dá conta da asistencia por parte do alumnado a unha actividade de dramatización de poemas de Rosalía de Castro a cargo da Asociación Cultural Lisistrata.

**M. G. M.**, “Seis ilustradores protagonizan el cartel de Viñetas desde o Atlántico”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 xullo 2015, p. 15.

Faise un repaso polas actividades que terán lugar durante esta edición anual de “Viñetas desde o Atlántico” na Coruña.

_____, “Viñetas desde o Atlántico faise maior de idade con historietas sociais asinadas por elas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 5 agosto 2015, p. 16.

Dáse conta da 18ª edición de “Viñetas desde o Atlántico” da Coruña, que organiza Miguelanxo Prado, a cal destaca pola elevada participación feminina e a ampla presenza de autores nas casetas das editoriais.

**M. M.**, “Un cómic inspirado en ‘O Apóstolo’ recorre los rincones más turísticos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 28 novembro 2015, p. L4.

Dá conta da presentación do cómic didáctico *Santiago, camiño de pedra* (2015), con diálogos de Paco Abelleira e Carlos Blanco e ilustracións de Iván Mouronte. Comenta que os personaxes corresponden aos da película *O Apóstolo*. Tamén sinala que a publicación se repartirá durante as festas de Nadal en diversos lugares como El Corte Inglés.

**Mociño**, Isabel, “A investigación e a crítica en LIX continúa a medrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 25 xaneiro 2015, p. 41.

Coméntase a posta en marcha da publicación electrónica *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, editada polo Grupo de Investigación Liter21 da Universidade de Santiago de Compostela e que conta co apoio doutras institucións como a Rede Temática LIJMI, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e a Asociación de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil Elos-Galicia. Explícanse algúns dos obxectivos da revista, entre os que se salienta o fomento de espazos de reflexión e debate, aspecto que se considera fundamental para analizar e filtrar criticamente unha produción moi dinámica e vizosa; así como a formación de mediadores entre o libro e a lectura. Detense nos contidos que forman as diferentes seccións, dende traballos de carácter académico, outros máis breves e mesmo de carácter crítico-divulgativo, até comentarios críticos de publicacións recentes e un repositorio de traballos críticos ou monográficos e bibliografías descritas. Saliéntase o dinamismo da publicación, facilitado polo soporte electrónico, e remátase animando á participación con traballos inéditos ao redor da literatura para os máis pequenos nesta nova cabeceira.

**Molezún**, Fernando, "Miguelanxo Prado. 'Temos autores de varias xeracións, e iso asegura o futuro da historieta", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 agosto 2015, p. 26.

Entrevista a Miguelanxo Prado con motivo do inicio da nova edición de "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña, na que se abordan cuestións como a elevada presenza feminina entre os convidados desta edición.

**Montero**, Luis, "Fina Casalderrey ofrece aos nenos unha achega ao Parlamento de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 20 xuño 2015, p. 52.

Anuncia a publicación da obra *Icía quere cambiar o mundo* (2015), de Fina Casalderrey, que reivindica a importancia do Parlamento Galego e da palabra. Fala brevemente do argumento e comenta que as ilustracións son de Carmen Pernas.

_____, "A asociación Gálix réndelle homenaxe a Helena Villar Janeiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 decembro 2015, p. 40.

Dise que a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil nomeou a Helena Villar Janeiro socia de honra da entidade nun acto en Santiago de Compostela.

**Mosteiro**, Marga, "Nuevos nombres y modelos pero con el trasfondo de siempre", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 17 decembro 2015, p. L2.

Dá conta dos agasallos máis comúns que se regalan durante o Nadal. Entre outras cuestións, comenta que dous dos títulos favoritos para os máis pequenos e os adolescentes son: *A vaca que puxo un ovo* e *A casa enmeigada*.

**M. V.**, "Ampla axenda de actividades", *La Región*, "Nadal en Celanova", "Programa", 23 decembro 2015, p. 61.

Entre outras novas, informa da representación das pezas *O espantallo amigo*, d'Os Quinquilláns; *Casa Rural a Arrotea no Nadal*, do Centro Ocupacional da Mancomunidade Terra de Celanova; e do espectáculo *A Gramola Gominola*.

**Nogueira**, Paco e Magoia **Bodega**, "Non hai berce coma o colo", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 31 xaneiro 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Non hai berce coma o colo* (2014), froito dun proxecto dirixido por Paulo Nogueira e Magoia Bodega e ilustrada por Mariona Cabassa.

**Ocampo**, E., "Expertos en literatura infantil abordan el 'tabú' silenciado de la muerte y la guerra", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 23 abril 2015, p. 36.

Faise eco da celebración en Vigo do Congreso Internacional de ANILIJ e á temática de debate, en relación ás guerras e aos desastres. Neste senso, reprodúcese a opinión da presidenta, Blanca-Ana Roig, quen atribúe ese silencio histórico na literatura debido a unha "sobreexposición" dos nenos, entre outras cuestións. Para rematar, indícanse cales son os obxectivos deste congreso.

**Pazo**, Laura, "Mortadelo non fala galego", *La Opinión*, "Sociedad", "Cultura & ocio" 1 novembro 2015, pp. 32-33.

Faise eco da escaseza de traducións de cómics ao galego e da existencia de só catro series de historietas nese idioma. Di que libreiros e debuxantes atribúen este suceso ao prezo dos dereitos e ao feito de non ter beneficios inmediatos.

**Penelas**, S., "La literatura infantil no entiende de tabúes", *Faro de Vigo*, "Vigo", 23 abril 2015, p. 10.

Fala do X Congreso de ANILIJ que se celebra en Vigo e informa que nel se reflexiona sobre o tratamento de situacións difíciles, como a guerra ou a morte, nos libros infantís e xuvenís. A este respecto, engade algunhas observacións feitas por Veljka Ruzicka, cofundadora e vicepresidenta da asociación que organiza o congreso.

**Puga**, Natalia, "Patriarca de las letras gallegas", *El Mundo*, "Cultura", "Obituarios", 28 novembro 2015, p. 51.

Dá conta do pasamento do escritor Xosé Neira Vilas enxalzando a súa obra *Memorias dun neno labrego*, a máis vendida e traducida da literatura galega. Tamén achega outros datos de interese sobre a repercusión da obra no sistema literario infantoxuvenil e datos biográficos.

**Queralt**, Carmen, "Quen é ese becho?", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 7 marzo 2015, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Quen é ese becho?* (2014), escrita e ilustrada por Carmen Queralt.

**Ramos**, J. M., "Domingos culturais con teatro, música e contos en Vimianzo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.168, 29 xaneiro 2015, p. 6.

Dá conta das actividades que se celebrarán en Vimianzo. Destácase a posta en escena das seguintes pezas para público infantil: *Vai ser boa!*, a cargo de Migallas Teatro; *Roedores*, de Redrum Teatro; e *Animundis*, da Compañía Animundis.

**Ramos**, José Manuel, "La Feria del Libro reúne a los escritores de la comarca", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", 12 agosto 2015, p. 33.

Faise eco da Feira do Libro de Cee, na que participarán, entre outros, Cocha Blanco, Rocío Leira, María Lado, Suso Lista e Manuel Jacobo González Outes. Dáse información sobre os horarios das casetas.

**R. L.**, "Villar Janeiro, socia de honor de la Asociación del Libro Infantil e Xuvenil Gálix", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 10 decembro 2015, p. 57.

Faise eco de que a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil nomeou socia de honra a Helena Villar Janeiro nun acto público que tivo lugar en Santiago de Compostela, que contou coa presenza de Anxo Lorenzo.

_____, "Escarlatina, a cociñeira defunta", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", 20 decembro 2015, p. 2.

Logo de sintetizar o argumento, resalta que se trata dunha historia de humor macabro con trazos dun receitario para larpeiros. Sinala que se asenta na tradición galega de Defuntos e inclúe unhas "pingas de retrato social". Remata citando os premios merecidos por Ledicia Costas.

_____, "Bágoa de lúa", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", 20 decembro 2015, p. 2.

Resume o argumento e finaliza indicando que esta narración é a primeira entrega das "Crónicas da Landereina" e que a súa autora, Sabela González, mantén unha páxina en liña, Gramática dos corpos.

**Rozas**, Ramón, "As pontes de Victoria", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 23 de novembro 2015, p. 8.

Faise eco da figura de María Victoria Moreno, dez anos despois do seu pasamento, e ponse de manifesto tanto a súa faceta profesional como persoal.

**R. P.**, "Teatro, concertos, baile e maxia na praza de Macías", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.335, 19 xullo 2015, p. 33.

Ofrécese información das actividades culturais para toda a familia que prepara o concello de Padrón. Infórmase da presenza de Teatro de Títeres Falcatrúa.

**Salgado**, Fernando, "La IV Fiesta de la Belle Epóque contará con artesanía, juegos populares y teatro", *Diario de Pontevedra*, "Tabeirós", "Deza", "Caldas", 1 outubro 2015, p. 23.

Informa de que na VI Festa de la Belle Epóque participarán as compañías Teatro Champá e Animaliños.

**Sanmartín C.**, Xabi, "Martín Romero, valor emergente del cómic gallego", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 11 agosto 2015, p. 41.

Fala da nova edición do festival do cómic "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña, con Miguelanxo Prado como director, e fai fincapé no volume *Episodios lunares*, de Martín Romero, no que se alude ao poder evocador da lúa.

_____, "A demanda de libro infantil é unha bafarada de aire fresco", dice G. Boó, de Biblos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 agosto 2015, p. 43.

Informa do segundo aniversario da libraría Biblos en Betanzos e recalca o mérito da celebración dada a situación actual. Apunta que, segundo a Confederación Española de Gremios e Asociacións de Libreiros, no 2104 pecharon dúas librarías ao día.

**Sánchez**, Olalla, "Un tributo á literatura", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "Infantil", 2 xaneiro 2015, p. 6.

Refírese brevemente á obra *Miña querida Sherezade*, de Andrea Maceiras e Antonio Seijas, que define como un relato tenro e cativador.

_____, "Manter a esperanza", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros", "Infantil", 2 xaneiro 2015, p. 6.

Alude a *Historia da bicicleta dun home lagarto* (Xerais, 2014), de Fina Casalderrey. Sinala que se trata dun "fermoso e lírico relato" e que nel se ofrece unha "lúcida e emotiva mirada sobre a guerra civil". Tamén apunta que aborda a amizade, a solidariedade e o poder das palabras.

**S. N.**, "Actividades infantiles y solidarias", *La Región*, "Nadal en A Rúa", "Programa", 23 decembro 2015, p. 80.

Entre outras novas, informa da representación da peza *A Taberna do Manuel*, da Asociación Cultural A Ruada e o espectáculo infantil *A Gramola Gominola*.

**Soage**, Noelia, "Primeira fornada do Garaxe Hermético", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 15 xullo 2015, p. 10.

Informa da presentación dos traballos fin de curso da primeira xeración do Garaxe Hermético, Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración de Galicia. Apunta que se agasallará aos asistentes cun exemplar do cómic *A vila dos debuxantes do norte*, realizado polos alumnos do curso 2013-2014.

**Souto**, Suso, "La obra 'Historias de Issia' es mi primer libro de cuentos, para niños de 6 a 9 años", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.284, "Entrevista en 50 líneas", 27 maio 2015, p. 3.

Recolle as declaracións de José Vicente Domínguez sobre a orixe do libro *Historias de Issia* (2015) e anuncia a publicación da súa seguinte obra.

**S. V.**, "Moco verde e robots humanos nos obradoiros do Salón do Libro", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 10 marzo 2015, p. 11.

Coméntase a variedade de obradoiros para os nenos e nenas que se organizan durante o Salón do Libro de Pontevedra.

**Toledo**, Mar, "Escolares de A Estrada aprenden sobre seguridad con Os Bolechas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.304, 16 xuño 2015, p. 35.

Informa da actividade educativa que a Academia Galega de Seguridade Pública desenvolveu cos centros de ensino da Estrada e da presentación d'*Os Bolechas van a Academia Galega de Seguridade Pública*.

**Trillo**, J., "Novo libro da escritora ceense Concha Blanco", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.326, 9 xullo 2015, p. 36.

Informa da publicación da obra de *Receita para facer dieta* (2015), de Concha Blanco dentro da colección "Os contos dos chaschás".

**Varela**, María, "Cociñeiras e outras historias", *Diario de Pontevedra*, 8 decembro 2015, contracuberta.

Leva a cabo un percorrido pola obra de tres escritoras galegas co fío condutor da gastronomía, facendo referencia a Román, o protagonista de *Escarlatina, a cociñeira defunta* de Ledicia Costas, á autora Laura Esquivel e ao libro *Repostería de Galicia*, da "cociñeira de historias de Xeve" Fina Casalderrey.

**Veiga**, Marta, "Nova literatura infantil: elas son as que contan", *Diario de Pontevedra*/ *El Progreso*, "*Táboa redonda*", 20 decembro 2015, pp. 2-3.

Sinala a presenza maioritaria de mulleres escritoras na literatura infantil galega e recolle as declaracións sobre o estado do mercado e das publicacións dirixidas aos máis novos de recoñecidas e premiadas escritoras como Ledicia Costas, Érica Esmorís ou Andrea Maceiras. Tamén fala da influencia dos novos soportes no eido literario e a importancia de adaptarse a realidade da sociedade contemporánea.

**Vidal**, Nicolás, "O Ferrol de 'A nosa cinza' de Xavier Alcalá trasládase á banda deseñada", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 23 xullo 2015, p. 11.

Dise que en xaneiro se vai publicar a versión en banda deseñada do libro *A nosa cinza* (1980), de Xavier Alcalá. Coméntase que presenta o Ferrol da posguerra como pano de fondo e que terá como guionista a Alfredo Ferreiro e como ilustrador a Manel Cráneo.

**X. F.**, "Memorias dun neno labrego' chega á súa edición número 35", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 xullo 2015, p. 33.

Sinálase que este libro de Xosé Neira Vilas leva vendidos 600.000 exemplares e que a editorial Galaxia anunciou que a edición número 35, cunha introdución de Xesús Alonso Montero e unha cuberta cun deseño de Luís Seoane, chegará en pouco tempo ás librarías.

**Y. S.**, "Os Bolechas presentaron a sus seguidores sus nuevas aventuras a su paso por Mos", *Faro de Vigo*, "Especial", "Baixo Miño/Louriña", 25 abril 2015, p. 6.

Infórmase da presentación dos libros *Os Bolechas van a Mos* e *Os Bolechas van a Ourense* (2015), dentro das actividades do Día do Libro, na Carballeira de Santiaguiño na parroquia de Guizán no que se repartiron douscentos exemplares.

# *VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL*

## VIII. 1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

**Santamarina**, Antón, Dorothé **Schubarth**, András **Vavrinecz** e Ramon **Pinheiro**, *Florencio, cego dos Vilares*, Santiago de Compostela: aCentral folque, col. Chave mestra, 2015, 87 pp. (ISBN: 978-84-940598-5-8).

Obra colectiva que principia cunha evolución histórica do día a día das persoas cegas para, posteriormente, pasar a centrarse na biografía de Florencio, cego dos Vilares. A seguir, ofrece unha entrevista a Dorothé Schubarth na que reflexiona sobre o aproveitamento das composicións de Florencio, especialmente pola industria musical e sobre as características que definirían as súas *performances*. Inclúe múltiples fotografías relacionadas co homenaxeado e unha guía que contén explicacións referentes ás súas melodías, que foron recollidas nun CD anexo. Tamén ofrece a notación musical correspondente.

**VV. AA.**, *Actas da VIII Xornada de Literatura de Tradición Oral. Sexo e obscenidade*, Vigo: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), "Escrita contemporánea, X", decembro 2015, 125 pp. (ISSN: 1889-9579) (DL: VG-1293-2005). Inclúe CD.

Volume monográfico no que se recollen as comunicación presentadas na VIIIª Xornada de Literatura Oral, organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), en colaboración coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), cuxa publicación foi subvencionada pola Área de Cultura e Turismo da Deputación Provincial de Lugo. Trátase de seis intervencións sobre o tratamento do sexo e a obscenidade na tradición oral galega e dúas mesas redondas nas que se debaten diferentes perspectivas sobre a temática, así como un percorrido polo repertorio popular da man de Luís Correa *O Caruncho*. O volume acompáñase cun CD no que se recollen as intervencións e péchase coas biografías dos relatores e coordinadores e unha bibliografía. Despois dos prólogos institucionais, os traballos que abordan a literatura de transmisión oral galega os seguintes:

- Rubén Aramburu Mollet, "Obscenidade e sexualidade no canto popular. Contextos e modelos para expresar a sexualidade nas cantigas populares", pp. 13-18.

Co gallo dunha reflexión sobre a canción popular e a obscenidade, alúdese á música do poema "Negra Sombra", de Rosalía de Castro, e da canción "O carro", de Manuel María, como recurso que favoreceu a súa memorización, así como ás recolleitas de cancións populares feitas por Frei Martín Sarmiento, o Padre Sobreira ou Juan Antonio Saco y Arce sobre as que se apunta que predomina o recato, dada a súa condición de cregos.

- Mini e Mero, "O Caderno verde. Intervención musical comentada de Mini e Mero", pp. 19-26.

Reprodúcense as composicións musicais que interpretaron Mini e Mero durante a súa actuación musical, acompañadas da explicación que os músicos deron dos contextos nos que xurdiron estas composicións e a orixe das recollidas destes temas de informantes vivas.

- Olga Novo, "Na cona da vella non manda ninguén. Patróns sociosexuais na poesía galega de tradición oral", pp. 27-50.

Comeza evocando lembranzas da infancia nas que xorden elementos que teñen a ver cos patróns sexuais e sociais da sociedade galega, así como a consideración da muller na sociedade patriarcal. Detense nas normatividades sociosexuais, reflectidas en composicións da tradición oral, que se adscriben a patróns xenéricos do amplo e complexo código erótico occidental que estabelece a norma central da parella casada como célula social e garante fértil da continuidade da comunidade, na que se entrecruzan factores de clase, idade, sexo e orixe. Recrea numerosos versos de composicións de transmisión oral, con especial atención á incidencia da valoración da virxindade e á honradez na muller. Do mesmo modo, tamén se reproducen outras composición nas que se recrea a reserva, medo e negativa das mulleres a manter relacións sexuais ou a presenza das anciás como a antinormatividade, elemento central do tratamento sarcástico e subversivo desta figura como Venus Vella, levado a cabo por Rosalía de Castro en *Cantares gallegos*, por Carmen Blanco coa Vella do Arco e Chano Piñeiro en *Mamasunción*.

- Rubén Aramburu e Olga Novo, "E dálle que dálle! O erotismo como sátira fronte á represión social (mesa redonda)", pp. 51-

Reprodúcese a conversa que modera Antonio Reigosa e na que Rubén Aramburu e Olga Novo responden a cuestións apuntadas por asistentes, caso de Carlos Callón que pregunta pola presenza do tema da homosexualidade na lírica tradicional, ao que os autores confirman a práctica inexistencia de referencia por consideralo un tema tabú. Tamén explica a polémica que suscitou no seu momento o artigo no que Rosalía de Castro falaba do costume de acoller os mariñeiros que chegaban a terra, ou a confrontación que se manifesta en moitas composicións entre mulleres activas sexualmente e aquelas que supostamente non o son, desvelando diferentes roles e subversións. Alúdese á distancia entre a sociedade que se recrea nas coplas tradicionais e a actual, polo que as xeracións máis novas non entenden o seu significado, aínda que se interesan pola música, aluden ao risco de folclorización destes materiais, discutindo sobre o papel que pode xogar a escola, a familia e, sobre todo, os avós.

- José Luís Garrosa Gude, "A poética do noxo. Excrementos e outras repugnancias da vellez na literatura oral galega", pp. 59-75.

Amplo repaso por composición poéticas e contos da tradición oral que recrean motivos escatolóxicos, indicando pormenorizadamente as fontes documentais das que foron recollidas, de modo que aparecen os excrementos, as ventosidades, cuestións sexuais, a decadencia, a vellez... unhas manifestacións folclóricas que considera de moita importancia e sobre as que é preciso volver para estudar con detemento.

- Xoán R. Cuba Rodríguez e Xosé Miranda Ruíz,"Os contos eróticos galegos", pp. 77-96.

A partir da escolma de contos eróticos da tradición oral recollidos no libro *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral* (Xerais, 2001), de Xoán R. Cuba Rodríguez, Xosé Miranda Ruíz e Antonio Reigosa Carreiras, analízanse dez relatos eróticos da tradición oral galega, estabelecendo comparacións con outros relatos que poden resultar útiles para coñecer as fontes universais de cada peza e a súa evolución. Ademais, sinálase a importancia da publicación e explícase o método de composición do volume a partir de materiais procedentes do arquivo do escritor Xosé Miranda e outras recollidas dende Juan Antonio Saco y Arce até a actualidade, pasando polo catálogo de Camiño Noia.

- Isidro Novo, José Luís Garrosa, Xosé Miranda e Xoán R. Cuba, "Cuarta máis, cuarta menos! Escatoloxía, prexuízos e tabús (mesa redonda)", pp. 97-106.

A propósito dunha reflexión sobre os contos eróticos da tradición oral refírense a diferentes escolmas, como os *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral* (Xerais, 2001), de Xoán R. Cuba Rodríguez, Xosé Miranda Ruíz e Antonio Reigosa Carreiras; os *Contos do Miño* (Xerais, 1992), de Eliseo Alonso; *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (Deputación Provincial de Lugo, 1998, 2004), a cargo de Ofelia Carnero, Xoán R. Cuba Rodríguez, Antonio Reigosa Carreiras e Mercedes Salvador; así como o traballo de Vicente Risco recollido en "Etnografía espiritual" de *Historia de Galicia*. Ademais, alúdese aos escritos de Frei Martín Sarmiento e o Padre Feijoo sobre a figura da muller galega que fóra da terra perde a virxindade.

# VIII. 2. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

**Carballo**, Enrique, "Antonio Reigosa. 'Os rapaces non coñecen a mitoloxía propia e si a allea, practicamente idéntica", *La Opinión*, "A Coruña", 2 setembro 2015, p. 9.

Conversa con Antonio Reigosa por mor da celebración dun coloquio sobre a mitoloxía galega, na que xa leva traballando bastante tempo. Reflexiona sobre a evolución que sufriu a memoria popular ao longo das décadas e sobre o maior coñecemento que teñen os estudantes da mitoloxía allea que da propia. Centra a súa atención nunha análise de cuestións referentes á mitoloxía galega e á súa tradición oral.

**Fernández**, Carlos, "Rafael Quintiá. Coido que en numerosas parroquias do Morrazo se seguen utilizando moitos alicornos", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 16 xaneiro 2015, p. 17.

Entrevístase ao antropólogo Rafael Quintiá con motivo da presentación da súa obra *O alicornio, o poder do corno de unicornio na medicina tradicional* (2013). Reflexiónase sobre que é o alicornio, a súa orixe, as singularidades que adquiriu na medicina tradicional galega, especialmente no Morrazo, zona na que se recorreu ao seu uso de forma cotiá. Finalmente, explícase cal é o motivo polo que se decantou polo estudo destes cornos.

**Varela**, Lourdes, "Xosé Lois Ripalda. 'Os contos populares reflicten todas as formas da alma galega", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 525, 8 xaneiro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 479, 17 xaneiro 2015, p. 11, "Entrevista".

Dáse conta da obra *Lendas, contos e historias ao pé do lume* (2014), a cal se insire no relato de tradición oral. Explica que leva moitos anos dedicado a recoller historias que veñen de fontes orais, ás que lle engade a súa visión persoal. Por outra banda, a entrevista tamén se centra no traballo etnográfico que realizou o autor.

# VIII. 3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

**Gestoso Álvarez**, Maruxa, "Grimorios de San Cibrán", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 535, "Libros", 19 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 489, "Letras galegas", 28 marzo 2015, p. 10.

Infórmase que se reedita *O Gran Libro de San Cibrán ou Tesouro do Feiticeiro* (Toxosoutos, 2014), da man do etnógrafo Clodio González Pérez. Revísase brevemente a historia de Cibrán de Antioquía e dos tres libros do Ciprianillo, do terceiro dos cales se ocupa a presente edición. Indícase que a obra recolle cento setenta e catro lugares e tesouros, leccións de alquimia e coleccións de feitizos, entre outros.

# VIII. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

**Alonso Montero**, Xesús, "A Virxe do Cristal", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", "Beatus qui legit", 3 abril 2015, p. 8.

Reflexiona ao redor da desaparición da Virxe do Cristal tras o asasinato do párroco que a custodiaba en Vilanova dos Infantes. Alude a unha serie de acontecementos persoais e destaca a súa relación co falecido. Comenta a implicación do cura na dinamización da obra de Manuel Curros Enríquez entre os seus parroquianos.

# VIII. 5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

**Arias**, Cristina, "El Museo de Viladonga recupera el patrimonio inmaterial del castro", *El Progreso*, "A Chaira", 31 decembro 2015, p. 23.

Infórmase da posta en marcha dun proxecto de recuperación das lendas e historias de tradición oral que están relacionadas co castro de Viladonga da man dun equipo de traballadores do Museo Arqueolóxico. Coméntase o procedemento seguido na compilación de información e refírense os datos relativos aos obxectivos do traballo.

**C. A.**, "A escritora vilarega Pastora Veres promove un encontro cos protagonistas do seu libro", *El Progreso*, "A Chaira", 25 outubro 2015, p. 15.

Coméntase que a escritora Pastora Veres organiza un encontro cos veciños de Vilares, que son á súa vez protagonistas da obra, aínda inédita, *Os Vilares, lareira de soños*, na que dá acollida á memoria popular da parroquia de Guitiriz.

**C. C.**, "É importante que a poesía vaia gañando novos espazos e que conviva cos contadores", *La Voz de Galicia*, "Agenda", 4 decembro 2015, p. 8.

Anuncia que María Lado e Lucía Aldao van presentar un espectáculo titulado "Pendanca e oso", sobre poesía oral. Indica que a finalidade é descubrirlle ao público que a poesía é divertida.

**ECG**, "O festival Atlántica chega aos centros escolares", *El Correo Gallego*, "Santiago", 12 marzo 2015, p. 27.

Dáse conta do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica e infórmase do seu programa de actividades.

**F. F.**, "La 'Longa noite de Pedras' vuelve hoy a los petroglifos", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 21 agosto 2015, p. 9.

Fala dunha visita aos petróglifos de Bamio e dunha actividade posterior na que se ofrecerán historias sobre as mouras.

_____, "El mundo mágico 'das mouras' encandiló la Praza de Galicia", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 23 agosto 2015, p. 4.

Dáse conta dunha visita aos petróglifos de Bamio e dunha exposición no centro urbano que deu acollida a historias, fotografías e á participación dos visitantes.

**López**, Ruth, "A obscenidade e o sexo na literatura oral centrarán unha xornada en Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 outubro 2015, p. 77.

Comenta o desenvolvemento da VIII edición da Xornada de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cuxo tema de estudo se centra na análise da presenza da temática sexual e obscena na literatura galega. Informa sobre os participantes no encontro e destaca que é un contido pouco estudado e que tampouco conta cunha importante difusión impresa. Finalmente, sinala cal é o significado de "obsceno".

**R. L.**, "Un foro en Lugo aborda hoy el sexo y la obscenidad", *El Progreso*, "Vivir", "Comunicación", 24 outubro 2015, p. 50.

Infórmase das Xornadas da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), que teñen como centro de reflexión a literatura relativa ao sexo. Dise que aínda é un tema tabú e dáse conta dos autores e ensaístas que estarán presentes nesta actividade.

**Rodil**, A., "La asociación del Filandón homenajeó a la cantora leonesa Manuela Álvarez", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 5 maio 2015, p. 14.

Coméntase a homenaxe á cantora popular de loias ou brindos de voda Manuela Álvarez Prieto, organizado polo colectivo Amigos do Filandón no lugar courelao de Arnado.

# *IX. REVISTAS*

**AILIJ. Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil**
(ISSN: 1578-6072) (D.L:VG-978-2001).

Anuario editado pola Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), cuxa sede se atopa na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, publicado por dita universidade e dirixido até o ano 2011 por Celia Vázquez García. Asemade conta coa axuda da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Galicia. Trátase dunha publicación científica, dirixida a un público nacional e internacional especializado, que acepta colaboracións de investigadores procedentes de calquera institución ou país, sempre que se trate de traballos de investigación orixinais (non publicados con anterioridade) e que o contido do artigo ou da recensión estea relacionado coa investigación que se vén realizando no campo da literatura para a nenez e a mocidade con carácter nacional ou internacional. O seu primeiro número, o número 0, saíu a lume o ano 2001 e dende o ano 2003 no que se publicou o número 1 ten periodicidade anual. As editoras foron Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez García e Lourdes Lorenzo García. O comité de redacción estivo integrado até o número 9 por Margarita Carretero (Universidade de Granada), Pedro Cerrillo (Universidade de Castilla-La Mancha), Teresa Colomer (Universidade Autónoma de Barcelona), Marisa Fernández López (Universidade de León), Cristina García de Toro (Universidade de Castellón), Esther Laso y León (Universidade de Alcalá de Henares), Manuel López Gaseni (Universidade do País Vasco), Lourdes Lorenzo García (Universidade de Vigo), Antonio Moreno Verdulla (Universidade de Cádiz), Mª José Olaziregi (Universidade do País Vasco), Isabel Pascua (Universidade das Palmas de Gran Canaria), Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela), Veljka Ruzicka Kenfel (Universidade de Vigo), Victoria Sotomayor (Universidade Autónoma de Madrid), Mª del Carmen Valero Garcés (Universidade de Alcalá de Henares), Celia Vázquez García (Universidade de Vigo) e Manuel Vieites (Universidade de Vigo). Esta publicación, que se estrutura en "Artículos" e "Reseñas/Reviews", publicou no ano 2011 o número 9, que se anovou cun cambio na presentación da revista, un novo consello de dirección, composto por Blanca-Ana Roig Rechou, Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García e un novo consello de redacción formado por Eulalia Agrelo Costa, Mª Jesús Barsanti Vigo, Margarita Carretero González, Mª José Corvo Sánchez, Xabier Etxaniz Erle, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Cristina García del Toro, Esther Laso y León, Ana María Margallo González, Isabel Mociño González, Sara Reis da Silva, Carina Rodrigues, Beatriz Rodríguez Rodríguez e Mª del Carmen Valero Garcés. No ano 2012 saíu do prelo o número 10, no que Isabel Mociño González cede o seu posto no consello de redacción a Manuel Vieites García. No ano 2014 saíu do prelo o número 12, no que abandonou o consello de redacción Beatriz Rodríguez Rodríguez. No ano 2015 saíu do prelo o número 13. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

**Recensións:**

- Laura Blanco, "Ailig' edita un novo número", *El Correo Gallego*, "Literatura Infantil e Xuvenil", "Tendencias", "ELOS de lectura", 31 marzo 2015, p. 42.

Informa que a revista, editada pola Universidade de Vigo, é responsabilidade da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) e que é considerada unha publicación de referencia nos estudos críticos de Literatura Infantil e Xuvenil. Dá conta dos contidos e temáticas que acolle o número doce (2014) e destaca os relacionados coa LIX galega: "La ciencia ficción en dos clásicos contemporáneos: Luisa Ducla Soares y Agustín Fernández Paz (1980-2000), de Isabel Mociño; e "La colección 'Ouriolo': el movimiento desde las periferias", de Mónica Domínguez, onde se estudan as primeiras traducións da Literatura Infantil e Xuvenil do éuscaro ao galego. Finalmente engade que a revista conta cun apartado de recensións de obras críticas publicadas nos anos 2013 e 2014.

**Referencias varias:**

- ELOS, "Para coñecela + 2013", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 5 xaneiro 2015, p. 43.

Fala dos contidos do número 11 desta revista. e que acolle once estudos que abordan cuestións ben diversas: a lectura, os novos modos de lectura nos medios dixitais, a ilustración ou a tradución. Subliña que os traballos se dirixen a especialistas pero que resultan de grande interese para os mediadores entre o libro e a lectura. Tamén conta cun apartado de recensións de monografías que neste número xiran ao redor de temáticas como a inmigración, familia, guerra civil, premios literarios, álbums ilustrados, educación literaria, poesía ou personaxes como Peter Pan e Carapuchiña Vermella.

_____, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 21 xaneiro 2015, p. 43.

Informa da saída do prelo do número 12 desta revista e lembra os contidos que trata, que van dende estudos sobre aspectos da literatura para os máis novos como a recensión de obras críticas.

***AULAS LIBRES. Revista de Pensamento, Información e Debate do STEG***
(ISSN: 2340-8618 / DL: C-2092-2013).

Revista editada polo Sindicato de Traballadores do Ensino de Galiza (STEG) que naceu en novembro de 2013, ao tirar do prelo o seu primeiro número, como plataforma impresa para a información, o debate e o pensamento sobre temas relacionados co ensino e mais co obxectivo de aglutinar vontades, suscitar reflexións e arroupar loitas xustas. A súa periodicidade é semestral e repártese de xeito gratuíto. Está dirixida pola Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG, coordinada por Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal, e mais presenta a Rosa Herraiz como deseñadora e maquetadora. Ao longo de 2013 publicouse unicamente o primeiro número desta revista, cuxa confección se pechou o 24 de outubro de 2013; presenta un "Editorial" seguido de variados artigos centrados no ensino, na lingua e literatura galega con recensións, estudos literarios e creación poética. Ao longo de 2014 publicáronse o número 2 cuxa confección se pechou en maio e o número 3 cuxa confección se pechou en outubro. O número 3 acolle na sección "Texto literario" unha escolma intitulada

"Abelcebú" de Carlos Negro. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe.* No ano 2015, o número 4 publicouse de xeito electrónico.

***BARBANTIA. Anuario de Estudos do Barbanza***
(ISSN: 1889-0946) (DL: C-2792-05).

Publicación anual inaugurada no ano 2005, editada pola Asociación Cultural Barbantia e coordinada por Antón Riveiro Coello en compaña, sucesivamente, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, Lola Arxóns e Manuel Cartea. No número 4 do ano 2008 pasou a estar coordinada en solitario por Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. No número 5 os encargados da coordinación foron Manuel Cartea, Mª Xesús Armada, Antón Riveiro Coello e Alberto Piñeiro. Até o n.º 5 constaba dun "Limiar" de X. Ricardo Losada; varios artigos referidos á comarca do Barbanza sobre arte, xeografía, patrimonio, etnografía ou literatura; a sección "Aires de fóra", dedicada a acoller textos traducidos de autores estranxeiros; "Cuarto acto", que informa das actividades realizadas pola asociación e que no número 5 se denominou "O alustro dun lustro", e "Publicacións no Barbanza". No ano 2014 publicouse o número 10, no que figuraban na coordinación Manuel Cartea e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría e se estruturou nas seccións "Limiar", "Aires de fóra" e "Barbantia, ano X". No ano 2015 non se publicou ningún número.

***BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA***
(ISBN: 84-87987-21-4) (ISSN: 1576-8767) (DL: C-743-2000).

Vinte anos despois de que se publicara o número 360 do Boletín da Real Academia Gallega, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, no ano 2000 renovouse a súa publicación co título *Boletín da Real Academia Galega*, e seguiu a numeración iniciada no ano 1906. Estivo coordinado por Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Salvador García-Bodaño Zunzunegui e coeditado pola Real Academia Galega, a Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones. No número 367, do ano 2006, apareceron como coordinadores Xesús Alonso Montero, Xosé Luis Axeitos Agrelo e Xosé R. Barreiro Fernández e apreciouse a desaparición do ISBN e a modificación do ISSN, feitos que se consignan na entrada. No ano 2015 non se publicou número.

**Referencias varias:**

- E. O., "Paz Andrade, figura 'poliédrica", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 31 xaneiro 2015, p. 37.

Fala da presentación do boletín monográfico da Real Academia Galega que xira arredor da figura de Paz Andrade (figura homenaxeada nas letras galegas 2012). Dise que os autores destacan o carácter "poliédrico" de Paz Andrade e indícase que no monográfico son recollidas as achegas xurdidas ao abeiro do Congreso Valentín Paz-Andrade (organizado pola Real Academia Galega), así como traballos de diversos especialistas.

***CADERNO DE ESTUDOS CHAIREGOS***
(ISSN: 1889-2795) (D.L.: LU-4-2015)

Revista editada polo Instituto de Estudos Chairegos-Vilalba que conta coa copatrocinación da Área de Cultura da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo. Está coordinada por Xosé M. Felpeto Enríquez e conta coas seguintes seccións "Limiar", "Investigación", "Recensións", "Nova Poesía" e "Tal como eramos". Na sección "Nova Poesía" recóllense as seguintes composicións de Manuel Ferreiro "A primavera", "A nosa terra", "Amor divino e humano", "Nas lareiras", "O pasado", "Os camiños", "Os que non son", "Outono cenzo", "Terra e tempo" e "Vida e morte son liberdade". Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***CÁTEDRA.*** *Revista Eumesa de Estudios*
(ISSN: 1133-9608) (DL: C-1702/93).

Revista anual editada polo Concello de Pontedeume que recolle artigos de investigación dedicados á antropoloxía, o pensamento, a arte e a historia da bisbarra do Eume. Publica, ademais, os traballos galardoados co Premio de Investigación Etnográfica Concello de Pontedeume, dende que foi creado no 1998. Botou a andar en 1994 e conta co apoio, a través de subvencións, da Fundación Caixa Galicia e a Deputación Provincial da Coruña. No seu consello de redacción figuran Alexandre Caínzos Corbeira, Carlos de Castro Álvarez, Andrés López Calvo e Sindo Vilariño Gómez. Acolle dúas seccións fixas: "Premio de Investigación Concello de Pontedeume" e "Escolma da nosa historia" (esta última dende o ano 2000). No ano 2012 publicouse o número 19 e pasou a formar parte do consello de redacción Rocío Pena Pena. A partir do ano 2014 contou só co apoio, a través de subvencións, da Deputación Provincial da Coruña. No ano 2015 publicouse o número 22. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***DORNA***. *Expresión Poética Galega*
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Publicación xeralmente de periodicidade anual que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís González Tosar "Che", Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, Mª Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva, no lugar de Iris Cochón, compoñían o comité de redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupaba o posto de director. Dende o número 31, o comité de redacción está constituído por David Pérez González, Lorena López López, Mario Regueira e Xosé Manuel Salgado, actuando como secretario Miro Villar. Tamén se incorporou un comité asesor constituído polo reitor da USC, a Secretaría Xeral de Política Lingüística de Galicia, o decano da Facultade de Filoloxía Galega, o director do Departamento de Filoloxía Galega e o escritor Luís González Tosar. Asemade, a revista

pasou a ser coeditada pola USC e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Estrutura os seus contidos en tres grandes apartados: "Creación", "Voces de fóra" e "Caderno da Crítica". En 2015 saíu do prelo o número 38 que eliminou o apartado "Caderno da Crítica" e que acolle na sección de "Creación" os textos debidos a Claudio R. Fer, Estíbaliz Espinosa, Chus Pato, Antía Monteagudo Alonso, Alba Cid, Antón Blanco, Eli Ríos, Arsenio Iglesias Pazos, Celia Parra, Helena Villar Janeiro, Jesús Castro, Lucía Novas, Manuel Darriba, María do Cebreiro, Marta Dacosta, Manuel Xosé Neira, Marco Paone, María Vilas, Olalla Tuñas, Paula Antía Rey, Paulino Peña, Francisco Castiñeira, Irene Maquieira ou Iria Morgade. Na sección "Voces de fóra" preséntase unha escolma e tradución de poemas de Rochelle Hurt, en versión de Neil Anderson, alén de dúas poéticas debidas a Ismael Ramos e mais Helena de Carlos.Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***ENCRUCILLADA.*** *Revista Galega de Pensamento Cristián*
(ISSN: 1131-6519) (DL: C-80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. Actúan como vicepresidente Pedro Fernández Castelao, como secretaria Engracia Vidal Estévez e como tesoureiro Xosé Manuel Pensado. Consta das seguintes seccións fixas: "Guieiro", "Estudos", "Achegas", "Crónicas", "Recensións", "Libros chegados á redacción" e "Ilustracións", porén, outras, como "Rostros", "In memoriam", "Experiencias", "Documentos" ou "Editorial" (que desapareceu a partir do número 132, pero reapareceu no 156), son de aparición ocasional, porque son substituídas por monográficos de congresos ou romaxes, cartas ou entrevistas. No ano 2015, a sección fixa "Libros chegados á redacción" é substituída pola sección "Libros chegados". Neste ano apareceron os números 191 (xaneiro-febreiro), 192 (marzo-abril), 193 (maio-xuño), 194 (setembro-outubro) e 195 (novembro-decembro). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***ESCRITA CONTEMPORÁNEA***
(ISSN: 1889-9579) (DL: VG-1293-2005).

Revista da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) que naceu no ano 2005 coa intención de ser instrumento de normalización cultural e literaria para que tamén os escritores e escritoras participen na construción dunha literatura nacional. A súa coordinación e estrutura é diferente en cada número, pois xeralmente ten carácter monográfico. No ano 2015 editouse o número 21 X. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***FERROLANÁLISIS*. Revista de pensamiento y cultura**
(ISSN: 1576-4540) (DL: C-1106-1990// C-1873-03).

Revista que botou a andar en setembro de 1990. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Navantia, Unión Fenosa, Xunta de Galicia, Cámara de Ferrol, Puertos de Ferrol y San Cibrao, Asociación Clúster del Naval Gallego e Deputación Provincial da Coruña. Está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta

iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había de ser trimestral, mais este obxectivo truncouse de seguido debido á falta de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5, de 1993, aparecen as primeiras referencias á literatura galega. A revista pasou a ser de periodicidade anual. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios até o ano 2000, cando pasou a ocupar a Presidencia de Honra, deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O consello de redacción estivo composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Enrique Sanfiz Raposo, María Ares Sanmartín, Esperanza Piñeiro de San Miguel, Fernando Bores Gamundi e Xosé María Dobarro Paz. No ano 2006 quedou a dirección en mans de María Ares Sanmartín e o consello de redacción pasou a estar composto por Fernando Bores Gamundi, Xosé María Dobarro Paz, Hermenegildo Franco y Suanzes, Luis Mera Naveiras, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Xosé Antonio Ponte Far. No ano 2009 a dirección pasou a Xosé Antonio Ponte Far e María Ares Sanmartín volveu ao consello de redacción. A revista conta coas seguintes seccións: "Ferrolterra", "Separata Especial", "Galicia", "Internacional", "Creación" e "Portafolio". No ano 2007 aumentaron con "Cartulario" e "Documentación", e "Separata especial" pasou a denominarse "Estudio Monográfico". No ano 2015 quedou a dirección en mans de Siro López Lorenzo e María Xesús Rico substituíu no consello de redacción a Fernando Bores Gamundi. Este mesmo ano publicouse o número 29, que consta das seccións "Literatura", "Arte e arquitectura", "Pensamento e política", "Comunicación", "Historia", "Defensa e seguridade", "Ciencia e tecnoloxía", "Curso Gurméndez" e "Currícula". Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

**Recensións:**

- Xesús Alonso Montero, "Luís Mera e Antonio Machado", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "Galego", "Beatus qui legit", 9 outubro 2015, p. 13.

Relaciona esta revista co nome de Luís Mera, un dos seus principais impulsores e morto hai poucos meses. Comenta que foi o propio Luís Mera quen lle encargara ao autor do artigo un traballo sobre Antonio Machado para un número especial da revista e cita outros traballos recollidos nese mesmo número extraordinario.

- Julia Mª Dopico Vale, "Ferrol Análisis", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 13 setembro 2015, p. 7.

Comenta a saída dun novo número desta revista presentada na Galería Sargadelos de Ferrol e dedica varias liñas a Luís Mera, a quen define como o artífice desta publicación. Ademais sinala dous artigos, de temática musical, incluídos neste último número.

- Xoán Rubia, "Ferrol Análisis: 25 aniversario", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miradas poliédricas", 13 setembro 2015, p. 11.

Indica as orixes da revista, que se atopan no Club de Prensa de Ferrol, e fai un repaso polos seus vinte e cinco anos de existencia, nos que fala dos seus principais promotores (Germán Castro e Luís Mera) e do seu último número presentado recentemente.

Finalmente engade que a morte de Luís Mera pecha unha etapa da publicación.

***GALEGOS***
(ISSN: 1889-2590) (DL: VG 549-2008).

Publicación trimestral de gran formato aparecida no ano 2008. Está dirixida por Alejandro Diéguez e conta cun amplo número de colaboradores. O seu contido divídese nas seguintes seccións: "Entrevistas", "Crónicas", "Noticias", "Artigos", "Humor", un "Caderno" monográfico dedicado a diferentes intelectuais do eido da pintura, literatura, arquitectura etc. e "Encarte", onde se acollen obras ou fragmentos de textos de creación, sobre todo de ensaio. A partir do número 4 (IV trimestre 2008) contou con ISSN. No ano 2014 desaparece a sección "Encarte". No ano 2015 publicouse o número 21/I. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***GRIAL. Revista Galega de Cultura***
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Apareceu por primeira vez en 1951, pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura.* A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*. Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a terceira etapa desta revista que recuperou o subtítulo da primeira etapa, *Revista Galega de Cultura*, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. Esta nova etapa conlevou un cambio que afectou ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos, que se repartiron en seccións como "Carta do editor", "O rego da cultura", "Entrevista" ou "Conversa con", "Documentos", "Creación", "Crónica", "O espello das letras", "Cine, teatro e artes escénicas", "Ciencia e tecnoloxía" ou "Comunicación e novas tecnoloxías", "Arquitectura e artes plásticas". Ademais de acoller artigos relacionados coas disciplinas humanísticas, a revista deu cabida a achegas procedentes do mundo das artes, das novas tecnoloxías, da creación plástica e dos xéneros xornalísticos. Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2015 as seccións "Cine, teatro e artes escénicas", "Ciencia e tecnoloxía", "Comunicación e novas tecnoloxías" e "Arquitectura e artes plásticas" son substituídas por "Ciencia e técnica", "Comunicación e sociedade" e tamén se introducen as seccións "Historia e memoria", "Temas do noso tempo" e "Fotografía e artes plásticas". Neste ano saíron á rúa os números: 205 (xaneiro, febreiro, marzo), 206 (abril, maio, xuño), 207 (xullo, agosto, setembro) e 208 (outubro, novembro, decembro). O número 205, intitulado "Albert Camus e Galicia", recolle na sección "Creación" unha selección de textos narrativos intitulada "A sombra dos bonsais" (pp. 87-89), de Antón Riveiro Coello, e unha selección de poemas intitulada "Historia natural" (pp. 91-95), de Alba Cid. No número 206, intitulado "Buenos Aires Galicia", reprodúcense na sección de "Creación" unha selección de poemas de Antón Blanco Casás intitulada "as cabeleiras anónimas todas que as mulleres de Hiroshima atopaban á mañá, ao espertar" (pp. 103-

105) e un texto narrativo de Iván García Campos intitulado "Psykhé" (pp.107-109). O número 207, intitulado "Construír Galicia No centenario de Xaime Isla Couto", acolle na sección de "Creación" textos poéticos de X. L. Franco Grande intitulados "Xoguetes do tempo" (pp. 93-95) e un texto narrativo de María López Sández intitulado "Castelos de area" (pp. 97-99). O número 208, intitulado "Pensar a arte galega", acolle na sección de "Creación" textos poéticos de María Grandío intitulados "Ondulacións ontolóxicas" (pp. 81-83) e unha selección de textos narrativos de Francisco Castro intitulada "Amos é unha palabra coma outra calquera" (pp. 85-87). Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

**Recensións:**

- José Miguel Giráldez, "Grial analiza a relación entre Albert Camus e Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "En estado crítico", "El libro de la semana", 18 xuño 2015, p. 35

Dáse conta da análise que esta revista leva a cabo ao redor da figura do Premio Nobel de literatura Albert Camus e a súa relación con Galicia. Indícase que o estudo xira ao redor de "moitos aspectos da vida e obra de Camus nos que pode atoparse unha forte relación con Galicia". Tamén se dá conta doutros estudos que ofrece ese mesmo número da revista *Grial*.

- Vicente Araguas, "Grial e o seu papel", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 889,/ *El Ideal Gallego*, "*la Galería*", 12 xullo 2015, p. 30.

Infórmase do estudo publicado ao redor da figura de Albert Camus e a súa relación con Galicia. Tamén dá conta do artigo publicado nese mesmo número da revista sobre Filgueira Valverde, escrito por Víctor F. Freixanes, e outros asuntos incluídos nestas páxinas.

**Referencias varias:**

- Xosé Carlos Caneiro, "Aventuras e desventuras", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "No ficción", "Club dandi", 3 xullo 2015, p. 12.

Fálase do último número da revista e cítase o ensaio "Albert Camus e Galicia", coordinado pola profesora Dolores Vilavedra. Dise que son corenta páxinas de reflexión sobre o autor francés da autoría de María Lopo, Manuel Forcadela, Torres Queiruga e Carlos Fernández e Damián Villalaín.

***LVCENSIA. Miscelánea de Cultura e Investigación***
(ISSN: 01130-6831) (DL: LU 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Actualmente forman o consello de redacción, ademais do director citado, Manuel Castro Gay, Nicandro Ares Vázquez, Mª Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez, Daniel García García, David Gil Mato, David Varela Vázquez e Argimiro López Rivas, que actúa de secretario. A

revista consta de catro seccións intituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto” e “Libros”, onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia ou antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo. En “Libros” ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. No ano 2014 saíron do prelo os números 48 e 49 e incorpóranse ao consello de redacción Óscar González Murado e Luisa Doval García. No ano 2015 saíron do prelo os números 50 e 51. O número 50 constitúe un índice que artella todo o contido da revista entre 1990 e 2014. No número 51 abandonan o consello de redacción Daniel García García, Manuel Castro Gay, David Gil Mato e Argimiro López Rivas. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***LUZES***
(DL: C 2260-2013).

Publicación mensual editada dende decembro do 2013, dirixida por Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro e coordinada por Iago Martínez, que xorde como resposta contra a crise dos medios de comunicación. Conta cun suplemento cultural no interior, “República”, e coas seguintes seccións variábeis “Manifesto”, “Cartafol”, “Episodios galegos”, “Aquí un amigo”, “Entrevista”, “Ás ceibas”, “Reportaxe”, “Diario dun repunante”, “Debates intrépidos”, “Seres míticos”, “7 Estralos”, “En portada”, “Profundidade de campo”, “Perfil”, “Mundo papel”, “Creación”, “Retrovisor”, “Así somos”, “Caixa postal” e “A franquear en destino”. No ano 2014 desaparecen as seccións “En portada”, “Perfil” e “Así somos” e incorpóranse as seccións “Mundo papel”, “Cablegramas” “O pobo elixido”, “Colofón”, “Crónica”, “Non ficción” e “Retrato”. No ano 2015 saíron do prelo os números 14, 15, 16, 17, 18, 19-20, 21, 22, 23, 24 e 25 asumindo a coordinación a partir do número 17 Antón Lado e do número 22 Montse Dopico e desaparecen as seccións “Colofón”, “Crónica”, “Non ficción” e “Retrato”. A sección “Creación” acolle no n.º 15 o texto ensaístico “Indecencias e corruptelas”, de Manuel Monge; no n.º 16 o texto narrativo “Tríptico de setembro”, de Eduardo Lago; no n.º 17 o texto teatral “Bobas&Galegas”, de Quico Cadaval; no n.º 18 a selección de textos narrativos “A fugacidade dos astros”, de Miguel Oubiña; no n.º 19-20 o texto ensaístico “Memorias”, de Francisco *Tuco* Cerviño; no n.º 22 o texto narrativo “O último día de Terranova”, de Manuel Rivas; no n.º 23 unha serie de textos poéticos seleccionados por Antón Lopo dos poetas Xavier Xil Xardón, Berta Dávila, Alicia Fernández, Lara Dopazo, Fran Cortegoso, Xesús Castro, Ismael Ramos, Gonzalo Hermo e Oriana Méndez; e no n.º 25 o texto narrativo “Flores”, de Iván García Campos. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***MADRYGAL***. *Revista de Estudios Gallegos*
(ISSN:1138-9664) (ISSN electrónico: 1988-3258) (DL: M 15892-1987).

Publicación realizada no Centro de Estudios Gallegos da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. Actualmente o seu equipo directivo está formado polo finado Alonso Zamora Vicente como director honorífico, Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora) como directora, e Asunción Canal Covelo e Javier Rivero Grandoso como

secretarios, ademais dun amplo consello de redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Ana Acuña Trabazo, Alejandro Alonso, Diana Bianchi, Denis Canellas de Castro Duarte, Xavier Frías Conde, Miguel Louzao, Mª Victoria Navas Sánchez-Élez, Mª Carmen Parafita, Roberto Pascual, Olivia Rodríguez, Claudio Rodríguez Fer e Rosario Suárez Albán. Contén as seccións "Artigos", "Varia", "Crónica", "Creación", "Tradución", "Entrevista" e "Recensións". No ano 2015 o seu equipo directivo está formado polo finado Alonso Zamora Vicente como director honorífico, Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora) como directora, e Lidia López Teijeiro, Ricardo Pichel Gotérrez e Javier Rivero Grandoso como secretarios, ademais dun amplo consello de redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Ana Acuña Trabazo, Alejandro Alonso, Diana Bianchi, María Asunción Canal Covelo, Denis Canellas de Castro Duarte, Xavier Frías Conde, Miguel Louzao, Mª Victoria Navas Sánchez-Élez, Roberto Pascual, Olivia Rodríguez, Claudio Rodríguez Fer e Rosario Suárez Albán. Este mesmo ano saíu do prelo o número especial 18, que contén as seccións "Limiar", "Adro" e "Estudos". Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares***
(ISSN: 1136-3207) (DL: OU-75/95).

Revista cultural editada pola Deputación de Ourense. A súa periodicidade é semestral. Foi fundada en decembro de 1995. Até o número 18 (novembro de 2003) coeditábana a Escola Provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo. A partir do número 19 (maio 2004), entrou tamén na coordinación o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas". Os directores son Mariló e Xulio Fernández Senra e o secretario Francisco Javier Álvarez Campos. A revista contén seccións de literatura, arquitectura popular, heráldica e tecnoloxía tradicional, entre outras. No ano 2015 publicouse o número 38 (setembro 2015). Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN***
**(**ISSN: 1132-8932) (DL: C-22/1986).

Revista de periodicidade irregular, de carácter educativo e interdisciplinar, que comezou a súa andaina no ano 1986 e que interrompeu a súa edición no ano 2002. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez, na súa primeira xeira, e editada por Edicións Xerais de Galicia. Na segunda xeira, que comezou no ano 2006, está dirixida por Suso Rodríguez e conta cun consello de redacción composto por Antón Costa Rico, Rosalía Fernández Rial, Xiana Lastra Pernas, Ana Mª Pose Blanco, Xosé Ramos Rodríguez, Miguel Vázquez Freire, Francisco Veiga García e Mª Helena Zapico Barbeito. Cunha periodicidade de tres números anuais, publícase coa intención de constituír un material de axuda para os profesionais da educación e ser expoñente das súas necesidades e problemas, ademais de promover a actividade docente. Nela participan profesores das tres universidades galegas de Ciencias da Educación, xunto cun amplo grupo de profesionais do ensino. A revista conta con numerosas seccións, entre as que salientan: "O tema", parte

monográfica que trata unha temática diferente en cada número, “Entrevista”, “Novas tecnoloxías”, “A escola rural”, “Experiencias”, “Recursos do contorno”, “Pais e nais”, “Xoguetainas e brinquetainas”, “Panoraula” e “Recensións”. No ano 2015 desaparecen as seccións “Recursos do contorno” e “Pais e nais”, incluíndo as seccións “A lingua”, “Pensar o ensino”, “Investigación”, “Educación social e escola” e “As outras escolas”. Este mesmo ano publicáronse os números 61 (abril), 62 (xullo) e 63 (novembro). Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

### *REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA*

(ISSN: 1576-2661) (DL: C-584-2000).

Publicación de periodicidade anual que iniciou a súa andaina no ano 2000. O seu director é Xosé Ramón Freixeiro Mato, o subdirector Manuel Ferreiro e o secretario Xosé Manuel Sánchez Rei. O consello de redacción está formado por Manuel Fernández Ferreiro, María Pilar García Negro, Xoán Carlos Lagares, María Aldina Marques, Elisardo López Varela, Xoán López Viñas, Anxo M. Lorenzo Suárez, Goretti Sanmartín Rei, Xavier Varela Barreiro e Roger Wright. Como membros do comité científico aparecen Evanildo Bechara, Ataliba T. de Castilho, José Luiz Fiorin, Rafael Lluis Ninyoles, Andrés Pociña, Álvaro Porto Dapena, José Luís Rodríguez, Sebastià Serrano, Telmo Verdelho e Mário Augusto do Quinteiro Vilela. No ano 2008 Elisardo López Varela xa non figuraba no consello de redacción ao igual que Roger Wright, que pasou a formar parte do comité científico. No ao 2012, pasaron a formar parte do consello de redacción Iolanda Galanes, Pär Larson e Ana Maria Martins e do comité científico Manuel Ferreiro e Juan Carlos Moreno Cabrera. A revista divídese nos apartados “Artigos” e “Recensións”. No apartado final aparecen as normas para a presentación de traballos e apúntase que se consagra “á publicación de traballos de investigación que desenvolveren algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que trataren algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas”. No ano 2008 publicouse o número 9, que contiña unha nova sección intitulada “Notas”. No ano 2015 non se publicou ningún número.

### *REVISTA GALEGA DE TEATRO*

(ISSN: 113-956 X//1888-2412) (DL: Vg-21-1994).

Revista de información teatral fundada en 1985 e editada pola Asociación Cultural “Entre Bambalinas”, que recibiu a Medalla ADE no ano 2006. É membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo e recibe o apoio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). A súa periodicidade, inicialmente semestral, é trimestral na actualidade. No número 22 iniciou unha segunda época, dirixida por Antón Lamapereira, cun consello de redacción formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega e actuando como secretarios Che Mariño; dende o número 28 Mª José Vilas Rodas, relevada por Vanesa M. Sotelo a partir do número 55. Dende o número 54 apreciouse un cambio de ISSN que se consigna na entrada e constan como membros do consello de redacción Afonso Becerra

de Becerreá, Casilda García, Antón Lamapereira, Inma López Silva, María Lourdes Vega Alonso, Manuel F. Vieites, Pedro P. Riobó, Ricardo Solveira, Vanesa Sotelo, Xosé M. Pazos, Roberto Pascual, Gonzalo Rodríguez e, a partir do número 57, tamén Che Mariño. Ademais de reportaxes de actualidade sobre actividades teatrais, presentaba as seguintes seccións: "Editorial", "Opinións desde a butaca", "IGAEM", "Libros", "Revistas", "Axenda", "En cartel" e "Ficheiro". No número 54 apreciouse un cambio nas seccións, que pasaron a ser: "Cómic", "Editorial", "Espazos", "Festivais", "Entrevistas", "Críticas", "Libros", "Revistas", "Ficheiro", "Axenda", "Temas", "En danza", "Documentos" e "Espectáculos", sen unha estrutura estábel e variando a súa aparición. Todos os números inclúen un caderno numerado, co título de "Textos teatrais", no que a revista dá a coñecer distintas pezas teatrais, con frecuencia traducións ao galego. No ano 2015 apareceron os números 82 (primavera 2015), 83 (verán 2015), 84 (outono 2015) e 85 (inverno 2015). Na sección "Textos teatrais", no número 82, reprodúcese unha peza de Gonçalo Waddington intitulada "Albertine, o continente celeste"; no número 83, a tradución do catalán ao galego, a cargo de Afonso Becerra de "Um pé xigante esmágaos a todos", XXXIX Premi Born de Teatro, de Xavi Morató; no número 84, a peza dramática "A morte é breve", de Julio Fernández; e no número 85, os textos galardoados cos Premios A Pipa de Dramaturxia Breve 2013-2014: "Emoticonas", de Rubén Pérez Pombo; "Silencio", de Avelina Pérez; "A buxaina", de Santiago Cortegoso; "O ceo baixo Berlín", de Ernesto Is; e "Ofelia", de Julio Fernández Peláez. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***SUROESTE. Revista de Literaturas Ibéricas***
(ISBN: 978-84-9852-287-7).

Revista estremeña de periodicidade anual dirixida por Antonio Sáez Delgado. Naceu como punto de encontro entre as diferentes literaturas peninsulares, con especial atención ao diálogo entre Portugal e España. Outorga un papel fundamental á creación literaria. O consello de redacción está formado por Antonio Franco Domínguez, Luis Manuel Gaspar, Gabriel Magalhães e Javier Rodríguez Marcos e o consello asesor por Miguel Á. Lama, Álvaro Valverde, Eloísa Álvarez, Fernando Pinto do Amaral, Juan Manuel Bonet, Perfecto Cuadrado, António Cándido Franco, Martín López-Vega, João de Melo y Eduardo Pitta. Parte da publicación Espacio/Espaço Escrito, editada polo Departamento de Publicacións da Deputación Provincial de Badaxoz e a Editora Rexional de Estremadura, organismos encargados así mesmo desta nova publicación que saíu do prelo por vez primeira en xaneiro de 2011. Está estruturada en catro seccións fixas: "Poesía", "Narrativa", "Ensayo" e "Escaparate de libros". No ano 2015 non se publicou.

***TEMPOS NOVOS.*** *Revista Mensual de Información para o Debate*
(ISSN: 1137-6945) (DL: C-588/97).

Revista fundada en abril de 1997 e editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. con periodicidade mensual. No primeiro editorial consignábanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e á defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O

director da revista é Luís Álvarez Pousa. Conta cun comité de redacción e con colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Alexandre Cancelo (Música) e Inma López Silva (Teatro), así como cunha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. A revista consta das seccións estábeis "Opinión", "Cataventos", "A Contratempo", "Horizontes" e "Voces e culturas". En cada número de decembro faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e cultura. No ano 2007 a revista cambiou de formato e ampliou as seccións: "Obertura", "Días Soltos", "Todo é peixe", "Editoriais", "En Foco", "Carta de axuste", "Entrevista", "As claves", "Tres en raia", "¡Guau Guau!", "Debate", "Entreculturas", "Crítica", "Redes cívicas", "Espiral innovadora" e "Sen corsé". Engadiu ademais a sección "Dossier TN". *Tempos Novos* vén acompañada dende o inverno 2006/07 do suplemento *Protexta*, de periodicidade cuadrimestral, que tamén se distribúe cos xornais *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiños*. O seu director é Luis Álvarez Pousa e a presidenta Ana Fernández Puentes. Os nomes das distintas seccións, maioritariamente estábeis, son: "proVisión" (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), "proTagonista" (entrevistas), "proPostas" (recomendación de obras), "proLogo" (centrada nun autor), "proNtuario" (os libros dos lectores), "proNome" (entrevistas), "proPulsión" (produción literaria dun país), "proXectil" (achegas literarias de internet) e "proCura" (novidades editoriais). No ano 2012 a revista sacou do prelo doce números, do 176 ao 187. Neste mesmo ano o suplemento *Protexta*, coordinado por Ana Salgado, publicou o número 19. No ano 2013 a revista sacou do prelo doce números, do 188 ao 199, coas seccións habituais: "Obertura", "Días Soltos", "Todo é peixe", "Editorial", "Dossier TN", "En Foco", "Carta do director", "Entrevista", "E digo eu...", "As claves", "Entreculturas", "Arredores", "Altermundo", "Crítica", "Bengalas canadenses". No ano 2014 integran o comité de redacción e son colaboradores fixos Natalia Poncela e Chus Martínez (Arte), Martín Pawley (Cinema), Aurelio Castro (Libros), Xoán Manuel Estévez (Música) e Inma López Silva (Teatro), así como cunha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. Neste mesmo ano a revista sacou do prelo doce números, do 200 ao 211 e desaparecen as seccións "Obertura", "Carta do director", "Entreculturas" e "Altermundo" que son substituídas por "Cultura e pensamento" e "Noticias de ningures". Neste mesmo ano, do suplemento *Protexta,* coordinado por Rexina Vega, desaparecen as seccións "proVisión" (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), "proLogo" (centrada nun autor), "proNtuario" (os libros dos lectores), "proNome" (entrevistas), "proXectil" (achegas literarias de internet) e "proCura" (novidades editoriais) e aparecen as seccións "Lonxe de nós e dentro" (literatura estranxeira), "ConTexto" (recensións de obras), "Cara e cruz" (dúas recensións sobre a mesma obra) e "ProMundo" (sobre cultura). No ano 2015 tamén integran o comité de redacción e son colaboradores fixos Sara Torreiro, Pacho Rey Tristán, Tareixa Barberena, Darío Janeiro, Cibrán Tenreiro, María Villamarín, Xaquín Marín, Nacho Hortas, Lola, Pepe Carreiro, Abraham Carreiro. Neste ano a revista sacou do prelo doce números, do 212 ao 224, e desaparecen as seccións "Bengalas canadenses" e "Noticias de ningures" que son substituídas por "O café na trincheira". No suplemento *Protexta,* coordinado por Rexina Vega e Manuel Forcadela, desaparecen as seccións "Lonxe de nós e dentro" (literatura estranxeira), "ConTexto" (recensións de obras), "Cara e cruz" (dúas recensións sobre a mesma obra) e "ProMundo" (sobre cultura) e aparecen as seccións "ProTagonista" (centrada nun autor), "ProPostas" (recensións de obras) e "ProPulsión" (sobre literatura galega). Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***TRABE DE OURO, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico***
(ISSN: 1130-2674) (DL: C-351-1994).

Revista de pensamento crítico, editada por Sotelo Blanco Edicións, de periodicidade trimestral, fundada en 1990. O seu director é Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez. A partir do número 62 xa non figuraron no consello Xosé Cid Cabido, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela e Antón Reixa. Exercen como secretarios Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. A revista estrutúrase en cinco apartados: "Cuestións", "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica". En 2015 viron a luz os seguintes números trimestrais: o 101 (xaneiro-febreiro-marzo), o 102 (abril-maio-xuño) e o 103 (xullo-agosto-setembro). O número 101, na sección de "Textos", acolle o texto poético "Elexías de Bierville" de Carles Riba. O número 102 presenta na mesma sección a tradución dos textos poéticos "María Magdalena' e outros poemas" de Blai Bonet, traducidos por Manuel Outeiriño. O número 103 acolle nesa sección o texto poético "De Dublín a Compostela" de Mary O'Donnell a cargo de María do Cebreiro Rábade Villar e Manuela Palacios González. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

**Recensións:**

- X. L. Méndez Ferrín, "Mantecón na 'Trabe", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 896, "No fondo dos espellos", 31 xaneiro 2015, p. 4./ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 482, "No fondo dos espellos", 7 febreiro 2015, contracuberta.

Recóllese diversa información sobre a revista e destácase que o autor, á súa vez director da mesma revista, realiza unha visión particular da historia da revista, onde indica os seus comezos e explica como se formou, centrándose despois na figura de Mantecón (autor do deseño gráfico). Infórmase que o título da revista "chama a atención sobre as raíces nacionais máis profundas e enigmáticas".

_____, "Dar coa Trabe de Ouro", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 498, "No fondo dos espellos", 30 maio 2015, contracuberta.

Dáse conta da publicación número cen desta revista e subliña que realiza unha visión retrospectiva da revista nos seus vinte e cinco anos de existencia, onde indica os seus comezos e explica os motivos que levaron a súa creación. Destaca que *A Trabe* é unha revista "ao mesmo tempo que galega, internacionalista".

**Referencias varias:**

- Enrique Carballo, "Cen trabes de ouro para apuntalar a cultura galega", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 19 marzo 2015, p. 10.

Comenta a presentación do número cen desta revista que foi fundada en 1990 e indica que está composta por reflexións sobre historia, política, economía ou cultura, cunha vertente "multidisciplinar e xeralista". Lembra que o seu actual director é Xosé Luís Méndez Ferrín, que a liña editorial que segue é "de esquerda crítica e nacionalista" e que nunca recibiu subvencións.

- Tere Grandín, "Xosé Luís Méndez Ferrín. 'O pensamento crítico existe para transformar a historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 539, "Entrevista", 23 abril 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 494, 2 maio 2015, p. 11.

Fala da entrevista realizada por mor da presentación do número cen desta revista e indica que a revista aínda non ten unha edición dixital, mais que non descartan esa posibilidade. Tamén sinala que a revista non recibe financiamento oficial e que sobrevive grazas á "xenerosidade dos colaboradores".

***UNIÓN LIBRE. Cadernos de vida e culturas***
(ISSN: 1137-1250) (DL: C-1668-1996).

Revista cultural publicada por Ediciós do Castro, de periodicidade anual. Fundada en 1996, e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, o seu propósito é dar cabida a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, dende unha perspectiva "radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria". O comité de redacción está integrado por Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo (Santiago de Compostela). No ano 2015 publicouse o número 20, co subtítulo *O vello cárcere de Lugo (1936-1946)*, no que se acollen ensaios escritos por Cristina Fiaño. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***XISTRAL. Revista Lucense de Creación Poética***
(ISSN: 1576-9488) (DL: LU-344-00//LU 145-2008).

Revista de poesía editada pola Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Lugo, con periodicidade anual. Foi fundada no ano 1998. O coordinador é Camilo Gómez Torres. O seu primeiro consello de redacción estaba integrado por Luz Pozo Garza, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Manuel María e Ignacio Rodríguez. No ano 2008 publicouse o número 11 (primavera 2008), no que se aprecia un cambio no D. L. que se consigna na entrada. Actualmente o seu consello de redacción está integrado por Luz Pozo, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo e Carmen Basadre Vázquez. No ano 2015 editouse o número 18, no que se acolle aos seguintes autores: Luís L. Alonso (Sarria, 1977), co texto "Ter"; Natalia Alonso Ramos (Foz, 1983), con "Innocence" e "Searching for something"; Delfina Amoroso Abuín (Lugo, 1958), con "Pedras muiñeiras"; Vicente Araguas (Neda, 1950), con "Expoño canto sinto" e "Agora que as noites son longas"; Carlos Arias Iglesias (Lugo, 1959), con "Transmutación da luz" e "Milagre"; Ana Arias Saavedra (Guntín, 1951), con "Fúcheste da miña vida"; Carmen Blanco (Lugo, 1954), con "A da verdade"; José Blázquez (Lugo, 1959), con "Dous homes que camiñan" e "Tropezos"; Luís Miguel

Bugallo Paz (Casadelos-Xubia, 1932), con “O saco de pedir” e “A cada un o seu”; Joaquín Carballido Parra (Ponferrada, 1962) con “Nai”; Marina Cillero (Madrid, 1940), con “Esquecemento”; Cristina Corral Soilán (Lugo, 1976), con “Demos” e “Sarna”; Jesús Corredoira López (Portomarín, 1993), con “Lúa de silencios baleiros…”; Alicia Chao Penela (Becerreá, 1975), con “Aprendendo a vivir”; José Estévez López (Guntín, 1954), con “Érase unha vez…”; Euloxio Fernández (Lugo, 1964) con “A miña casa real”; Susana Ferreiro Mediante (Lugo, 1976), con “Rapunzel” e “Ariel”; Adela Figueroa Panisse (Lugo, 1948), con “Montanas de parada” e “O olho do sol”; Ana Mar Fraga Rábade (Cospeito, 1961), con “Música dos soños” e “Fronteira”; Xosé Lois García (Lugo, 1945) con “Imaxinaba este desespero” e “Homenaxe a Whitney Houston no seu pasamento”; Javier García Núñez (Lugo, 1982), con “A lingua”, “No mar da fondura”, “As vítimas de Angrois” e “Poesía”; Teresa Gómez Senra (Lugo, 1966), con “Non me regales reloxos que midan o tempo…” e “Errantes…”; Baldomero Iglesias do Barrio (Mero) (Vilalba, 1951), con “Cómpre soñar” e “No ronsel”; Emilio Xosé Ínsua (Viveiro, 1967), con “Destino fatal”; María Xosé Lamas (Vilalba, 1961), con “Soño”; Anxo Lamas Muinelo (Bazar, 1943), con “Nesta chaira amada”; Carlos Lema Salvado (1996), con “Verbas, verbas, sinxelas verbas que saen do corazón…”; Azucena Lombardía Sampalo (Cádiz, 1957) con “Amistade” e “Noite oscura”; Beatriz López Dorado (Barcelona, 1985), con “Benvido bendito”; Miguel Anxo Macía (Lugo, 1955) con “Teño una Victoria de Samotracia pendurada da parede e só resplandece cando neva” e “Gañei soidade para o meu tempo: pensando”; Martiño Maseda (Vilalba, 1970), con “Chanzos na pel mancada”; Manuel Celso Matalobos (Lugo, 1959) con “Bodegón de outono”, “Bodegón de inverno” e “Nada”; Sara Méndez Palmeiro (Foz, 1970), con “Amencer de esperanza na lontananza…”; Conchita Montenegro (Lugo, 1939), con “O monte prisioneiro” e “O outono en Lugo”; Enrique Mora Morandeira (Friol, 1942), con “Prisioneiro” e “Pensei”; Manuel Xosé Neira (Meilán, Lugo, 1964), con “Primavera iluminativa” e “A illa da saudade”; Xoán Neira (Meilán, Lugo, 1953), con “Memoria da pel” e “A camelia branca”; Isidro Novo (Lugo, 1951), con “Versos brancos”; Toño Núñez (Navia de Suarna, 1959), con “Berro por eirós” e “Un home pequeño”; Xosé Otero Canto (Castro de Rei, 1951), con “Lámpada no teito de Lugo” e “Muralla de carmín adormecido”; Nuria Otero Tomera (Bos Aires, 1971), con “Veño de gardar silencio…”; Jesús Parada Jato (O Courel, 1967), con “Quero que sigas viva”; Mario Marcos Pardo Pérez (Vigo, 1962), con “A picadela dunha apis en Saraxebo…” e “Henri…”; Pepa (Mª Josefa Prado Vázquez, Lugo, 1938), con “Autoservizo da corrupción” e “O mundo dos versos perdidos”; Melania Pérez Cruz (Lugo, 1983), con “A pregunta” e “Avoa Pilar”; Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954), con “A María Luisa” e “A semente das flores son as balas”; Andrés Pociña (Lugo, 1947), con “Biopoética” e “Moreiras 2015”; Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922), con “En procura da luz”; Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949), con “Invocación no sitio de Valverde”; Carmen Rivero Gallego (Laza, 1958), con “Dicotomía da esencia”; Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), con “Todo o mundo sabe”; Margarita Rodríguez Otero (Monforte, 1934), con “Esperta Monforte” e “O vento”; Ramón Rodríguez Porto (Chantada, 1963), con “París”; Suso do Páramo (Suso López Gaioso, Friolfe, 1962-2015), con “Como ruxirán os paxaros”; Lois Vázquez Fernández (Chavaga, Monforte, 1938), con “Verdade e mentira do espello”; Elvira Veloso (Monforte, 1942), con “Sen ti, non son ninguén”; Helena Villar Janeiro (Becerreá 1940), con “Deixar o templo”; e Eva Xanín Navia (Navia de Suarna, 1994), con “Dinamismo inverso”. O volume inclúe tamén reproduccións das pinturas de Xesús Blas Lourés (Lugo, 1927-2015).

# *X. PREMIOS*

## X. 1. NARRATIVA

XIV Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

O Concello de Noia e a revista *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar, coa colaboración da Deputación da Coruña, convocan este certame, ao que poden concorrer escritores de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de 1.800 €; porén a partir da segunda edición o galardón pasou a ser de 3.000 € e unha escultura conmemorativa realizada polo artista local Alfonso Costa, xunto coa publicación da obra gañadora por parte do Concello de Noia. Os orixinais, cunha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, por cuadriplicado, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados, sen firma e cun lema baixo plica, debían remitirse ao Concello de Noia (Rosalía de Castro, n.º 2, 15200 Noia, A Coruña). Na edición correspondente ao ano 2015, o xurado, composto por Rafael García Guerrero, Mercedes Queixas Zas, Oliva Fraga Lombardía, Baldo Ramos, Antonio Piñeiro Fernández e Xavier Castro Rodríguez, declarou o premio deserto.

I Premio **Antón Risco de Literatura Fantástica**

A Fundación Vicente Risco convoca este premio coa colaboración de Urca Editora, Sacauntos Cooperativa Gráfica, as librarías Aira das Letras e Traga-mundos, pastelaría Fina e o restaurante Pingallo. O obxectivo é homenaxear o escritor Antón Risco, continuador da literatura fantástica do seu pai, Vicente Risco. Poderán presentarse todas as persoas que presenten un texto inédito, escrito en galego ou portugués e cunha extensión entre cen e douscentos cincuenta folios. O premio consiste en 3.000 € e a publicación do libro por Urco Editora. Nesta primeira edición, o xurado, composto por Mario Regueira, Isabel Mociño, Mila da Aira, Tomás González Ahola e David Cortizo Conde acordou declarar como vencedor a Antonio Manuel Fraga Allegue (Pontedeume, 1976) coa obra *Querido H. P. L*.

II Certame de Relato Breve Biblioteca Pública **Antonio Odriozola**

A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola convoca este premio dende o ano 2014. O obxectivo deste certame é fomentar a creación literaria no ámbito da biblioteca pública e servir como canle de difusión de novos valores. Poden enviar os seus textos orixinais e inéditos, en castelán ou galego, calquera persoa maior de catorce anos. Os premios consisten nun lote de libros. O xurado compóñeno a directora da biblioteca (presidenta), un técnico da biblioteca e unha persoa relacionada co mundo literario (vogais) e un usuario da propia biblioteca (secretario). O prazo para presentar os traballos nesta edición rematou o 10 de outubro. Os gañadores foron: Javier Yuste González, por "Una mañana de vuelos en la Junquera" (primeiro premio); Tamara Andrés Padrín, por "A purificación de Vedra" (segundo premio); e Jorge Reiriz

Señoráns, por "El año 1880 Perfecto Feijoo Poncet llegaba a Pontevedra..." (terceiro premio). A entrega dos premios realizouse o 29 de outubro na sala do Club de Lectura da Biblioteca Pública de Pontevedra.

XVIII Certame de Narración Curta **Ánxel Fole**

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole. Até esta edición premiaba relatos curtos e constaba de dous primeiros premios de 900 € e dous segundos de 450 €, que a partir da convocatoria de 2008 ascenderan a 1.000 € e 500 € en cada premio e modalidade: lingua galega ou castelá. Dende o ano 2011 só se convocaba a modalidade de textos escritos en galego e outorgábanse tres premios de 1.500, 1.000 e 500 €. No ano 2013, o Concello de Lugo decidiu transformalo nun certame de novela curta ou conxunto de relatos e premiar un único traballo con 4.000 €, ademais da publicación en Edicións Xerais de Galicia. Poden concorrer obras orixinais e inéditas de tema libre, escritas en galego segundo a normativa oficial vixente. A extensión debe situarse entre os cincuenta e os cen folios, equivalentes respectivamente a noventa mil e cento oitenta mil caracteres, espazos incluídos. Os traballos deben presentarse mecanografados por unha soa cara, por triplicado, no Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (Concello de Lugo, Praza Maior, 1, CP 27001) en sobre pechado, baixo un pseudónimo ou lema na parte exterior. Na XVIII edición, correspondente ao ano 2015, o prazo de presentación pechouse o día 31 de decembro e o xurado resolverá o premio antes do 26 de marzo de 2016. En anteriores edicións recibiron este premio: Xoán Xosé Piñeiro, por *O valedor* (2008); Alberto Gómez Aneiro, por *Encontros e desencontros* (2009); Chelo Suárez, por *Recantos* (2010); Luz Darriba, por *Fáltasme* (2011); Mercedes Leobalde, por *Funambulistas* (2013); e Alexandre Alonso Alonso, por *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food* (2014).

XXI Premio Literario **Arcebispo Juan de San Clemente**

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IES Rosalía de Castro crea no ano 1995 este premio literario, cunha dotación de 3.000 € para cada unha das modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. O galardón, co que se busca fomentar a lectura entre o alumnado, comporta, ademais, unha estatuíña conmemorativa, un diploma e 3.000 €. O xurado confórmase por estudantes de secundaria do Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e de catro institutos máis de Galicia, elixidos ao chou. Nesta XXI edición os institutos escollidos para formar o xurado foron: IES Lucus Augusti de Lugo, IES Pintor Colmeiro de Silleda, IES Ferro Couselo de Ourense, IES Xelmírez I de Santiago de Compostela, Hockerill College de Londres, Lycée Saint Français Xavier de Vannes, Grimmelshausen Gymnasyum de Frankfurt, Escola Secundaria de Santa Comba Dão de Viseu e IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Nesta convocatoria as obras galardoadas foron: en lingua galega, a novela *A memoria da choiva* (2013), de Pedro Feijóo (Vigo, 1975); en lingua castelá, *El Impostor* (2014), de Javier Cercas (Cáceres, 1962); e en lingua estranxeira *El testamento de María* (2012), de Colm Tóibín (Enniscorthy, Irlanda, 1955).

**Referencias varias:**

- Antonio Balseiro, "Se presentan los finalistas del premio San Clemente", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 febreiro 2015, p. 28.

Infórmase da presentación das novelas finalistas desta edición. Sinala que en lingua galega os finalistas son Suso de Toro con *Sonámbulos*, Anxos Sumai con *A lúa da colleita* e Pedro Feijoo con *A memoria da choiva*.

- Ana Iglesias, "Premios San Clemente para Julian Barnes y reconocimientos 'de cine", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 febreiro 2015, p. 26.

Fálase do acto que terá lugar o 4 de marzo no Instituto Rosalía de Castro no que o escritor Julian Barnes recollerá o premio San Clemente, que gañara no ano 2008 pola novela *Arthur & George*. Ademais, dise que no mesmo acto tamén se premiará aos escritores Manuel Portas e Pati Blanco.

- J. Gómez, "Julian Barnes y el premio San Clemente saldan su deuda", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 28 febrero 2015, p. L2.

Apúntase a presenza do escritor Julian Barnes no acto do 4 de marzo no Instituto Rosalía de Castro para recoller persoalmente o premio San Clemente que gañara no 2008. Ademais, fálase da participación como xurado nesta nova edición dos premios de alumnos de centros estranxeiros de Inglaterra, Francia e Alemaña.

- Ana Iglesias, "Premio a un libro que gusta a jóvenes y cruza fronteras", *El Correo Gallego*, "Santiago", 5 marzo 2015, p. 24.

Infórmase da entrega do premio San Clemente ao escritor Julian Barnes pola súa novela *Arthur & George*. Dise que o autor agradeceu o premio concedido por un xurado xuvenil e falou, entre outros temas, da inmigración, do terrorismo, da política e da consideración de *El Quijote* como a obra máis posmoderna da historia.

- Beatriz Rodríguez, "Julian Barnes defiende la inmigración y una 'raza mixta' al recibir el Premio San Clemente", *La Región*, "Sociedad", 5 marzo 2015, p. 60.

Menciona a entrega a Julian Barnes do premio San Clemente pola novela *Arthur & George*. Destaca que no discurso o autor falou da súa satisfacción por traspasar fronteiras e xeracións coa súa obra e da necesidade de rematar coa discriminación social dos estranxeiros.

- Joel Gómez, "Julian Barnes. 'Me imagino que creer en un dios debe de tener muchas ventajas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 marzo 2015, p. 38.

Recolle unha entrevista a Julian Barnes con motivo da súa viaxe a Santiago para recibir o premio literario San Clemente de novela estranxeira pola súa novela *Arthur & George*. Sinala que o autor fala da creación literaria, do labor de tradución e da súa falta de crenzas relixiosas, entre outros temas.

- Silvia R. Pontevedra, "Julian Barnes en Galicia: una vieja promesa cumplida", *El País*, "Cultura", 5 marzo 2015, p. 40.

Coméntase o contido do discurso de aceptación que Julian Barnes pronunciou no acto de entrega do premio San Clemente no Instituto Rosalía de Castro que gañara no 2008. Fala, entre outras cousas, da satisfacción de recibir un premio de mans dun xurado xuvenil e dos paralelos entre o labor creador dos novelistas e dos políticos.

- A. I. S., "Muestra aniversario de los premios San Clemente", *El Correo Gallego*, "Santiago", 24 maio 2015, p. 27.

Fálase da mostra conmemorativa dos vinte anos de vida do premio San Clemente que se inaugurará o 26 de maio no claustro do Instituto Rosalía de Castro.

- Ana Iglesias, "Una exposición recorre los 20 años del Premio San Clemente", *El Correo Gallego*, "Santiago", 27 maio 2015, p. 32.

Dá conta da organización dunha exposición no Instituto Rosalía de Castro para rememorar os vinte anos do Premio San Clemente, caracterizado por seren os alumnos os membros do xurado. Infórmase da entrega dos Premios da XX edición aos distintos galardoados.

- S. V., "Cuatro institutos extranjeros, en el jurado de los premios San Clemente", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 maio 2015, p. 28.

Fálase da participación de catro institutos estranxeiros como xurado da nova edición dos premios Arcebispo Juan San Clemente, organizados polo Instituto Rosalía de Castro. Recóllense as valoracións deste proxecto conxunto de Jean François Le Bayon, director do instituto francés San Francisco Javier de Vannes, e de Ubaldo Rueda, director do instituto compostelán.

- Ana Iglesias, "Colm Toibin, Cercas y Pedro Feijoo vuelven a ganar el San Clemente", *El Correo Gallego*, "Santiago", 17 xuño 2015, p. 24.

Dáse conta do recoñecemento da obra de Colm Toibin, Javier Cercas e Pedro Feijoo nunha nova edición do Premio San Clemente. Ademais de destacar as características máis meritorias das obras galardoadas, cítanse outras que recibiron o mesmo recoñecemento en anos anteriores.

- Joel Gómez, "Pedro Feijoo, Javier Cercas e Colm Toibin gañan o San Clemente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 xuño 2015, p. 36.

Infórmase da concesión deste premio a Pedro Feijoo, Javier Cercas e Colm Toibin, autores xa premiados en edicións anteriores, polas súas obras: *A memoria da choiva*, *El impostor* e *El testamento de María*. Ademais de xustificar a escolla destes autores, dáse conta de que o xurado estaba formado por estudantes de distintos países.

X Premio Relato Curto da **Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago**

Certame convocado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela sobre tema libre e escrito en galego ou castelán, ao que poden concorrer todos os membros desta asociación. O relato debía ter un máximo de sete folios, presentarse por triplicado, mecanografado a dobre espazo en DIN-A4 e a unha cara, con corpo 12 de Times New Roman. Os traballos, que deben ir acompañados dun sobre pechado, en cuxo exterior figure o pseudónimo e no interior unha folla con nome e apelidos, enderezo, número de teléfono e dirección de correo electrónico do autor, envíanse por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa da Concha, rúa da Conga, n.º 1, 15704 Santiago de Compostela. A Asociación resérvase a facultade de editar as narracións, que quedarán en poder da institución convocante, sen que os autores teñan dereito a compensación económica ningunha. O xurado está composto por persoas entendidas na materia e pode declarar deserto o premio, sendo a súa decisión inapelábel a todos os efectos. O galardón é unha figura da colección "Alba da Gloria" de Castelao, realizada por Sargadelos, e un premio en metálico de 300 €. En 2015, con motivo da X edición do Premio de Relato Curto, a Directiva da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC) decidiu ampliar a convocatoria ao público en xeral e abrir o prazo de admisión ata o 15 de febreiro de 2016.

I Certame de microrrelatos efímeros do **Ateneo de Ourense**

Con motivo do Día do Libro o Ateneo de Ourense convoca este concurso que pretende tratar o pasaxeiro e de curta duración. O premio consiste nunha torta e a publicación do traballo premiado. Pódense presentar persoas de máis de 16 anos, con textos escritos en castelán ou galego, orixinais, inéditos e que non superen as 150 palabras. O prazo de presentación pechouse o día 27 de maio. Nesta primeira edición os vencedores foron Plácido Romero San Juan, por "Lápices de colores", e Encarna Varela Lovelle, por "Miña raíña".

XXXIV Premio **Blanco Amor de Novela Longa**

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que participaban con 300 € cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso, até chegar á actual contía de 12.020 €. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra gañadora. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espazo (tamaño de fonte 12). Poden participar nel todos os autores, de calquera nacionalidade, que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega, segundo a normativa oficial vixente. Os interesados deben enviar cinco copias das súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao Excmo. Concello organizador, facendo constar no exterior "Para o Premio Blanco Amor". Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicarase o nome e enderezo do autor ou autora e, de ser posíbel, o seu teléfono e enderezo electrónico. O xurado do premio está composto por cinco membros, que deberán ser escritores ou críticos literarios da literatura galega. Os galardóns en edicións anteriores foron para Daniel Cortezón en 1981 por *A vila sulagada* (1981); Víctor

Fernández Freixanes en 1982 por *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982); Xosé Manuel Martínez Oca en 1983 por *Beiramar* (1983); Alfredo Conde en 1984 por *Xa vai o griffon no vento* (1984); Xoán Manuel Casado en 1985 por *O inverno do lobo* (1985); Lois Diéguez en 1986 por *A canción do vagamundo* (1987); Isaac Otero en 1987 por *O sorriso de Gardel* (1987); Miguel Suárez Abel en 1988 por *Turbo* (1988); Román Raña en 1989 por *O crime da rúa da Moeda Vella* (1989); Valentín Carrera en 1990 por *Río Sil* (1990); Fran Alonso en 1991 por *Tráiler* (1991); Ramón Caride Ogando en 1992 por *Soños eléctricos* (1992); Úrsula Heinze en 1993 por *Culpable de asasinato* (1993); Xosé Cid Cabido en 1994 por *Panificadora* (1994); (no ano 1995 non se convocou); Xavier Lorenzo Tomé en 1996 por *O paxaro que canta un nome* (1996); Suso de Toro en 1997 por *Calzados Lola* (1997); Xavier Alcalá en 1998 por *Alén da desventura* (1998); Xosé Cid Cabido en 1999 por *Grupo abeliano* (1999); Xosé Carlos Caneiro en 2000 por *Ébora* (2000); Xosé Antonio Perozo en 2001 por *Martázul* (2001); Xosé Monteagudo en 2002 por *As voces da noticia* (2002); Séchu Sende en 2003 por *Orixe* (2004); Dolores Ruiz Gestoso en 2004 por *Dentro da illa* (2005); Francisco Castro en 2005 por *Spam* (2006); Xesús Rábade Paredes en 2006 por *Mentres a herba medra* (2007); Inma López Silva en 2007 por *Memorias de cidades sen luz* (2008); (no ano 2008 non se convocou); Luís Rei Núñez en 2009 por *Monte Louro* (2009); Iván García Campos en 2010 por *O imposible de desatar* (2010); Manuel Lourenzo González en 2011 por *ATL* (2012); Ignacio Vidal Portabales en 2012 por *Dióxenes en Dolorida* (2013); e Jorge Llorca en 2013 por *O violín de Rembrandt* (2014). Na edición de 2015, a organización correu a cargo da Deputación de Ourense. O prazo de entrega de orixinais rematou o 14 de setembro e o xurado, composto por Luís González Tosar, Bieito Iglesias, Malores Villanueva, Armando Requeixo e Francisco Martínez Bouzas, decidiu conceder o galardón ao escritor Xavier Queipo, autor d´*Os Kowa*. A entrega do galardón tivo lugar o 1 de decembro no Centro Cultural Marcos Valcárcel en presenza das autoridades institucionais que o patrocinan e representantes de municipios colaboradores da comarca.

**Referencias varias:**

- Jaureguizar, "Xavier Queipo gaña o Blanco Amor cunha obra sobre Europa e a Amazonia", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 28 novembro 2015, p. 73.

Dá conta do fallo do premio e recolle as valoracións que sobre a obra fai Armando Requeixo, membro do xurado, que a considera unha homenaxe a Joseph Conrad, en canto á busca do sentido da existencia nun ambiente hostil.

- Sonia Torre, "Queipo: 'Estou feliz de formar parte desta saga de gañadores", *La Región*, "Ourense", 28 novembro 2015, p. 7.

Dá conta do fallo do premio e extracta as distintas valoracións do xurado sobre a obra gañadora, da que salientan a calidade da narración, elaborada con brillante oficio.

- Vicente Plaza, "El padronés Xavier Queipo consigue el Premio Blanco Amor", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 28 novembro 2015, p. 48.

Informa do fallo do premio, indica os membros do xurado e comenta os méritos da obra gañadora, destacando a súa calidade e brillantez.

- Marta Salgado, “Blanco Amor segue vivo”, *La Región*, “Ourense”, 2 decembro 2015, p. 9.

Comenta o acto de entrega do premio no Centro Cultural da Deputación, nunha xornada que comezou cunha ofrenda floral e rematou coa entrega do galardón ao gañador, quen dedicou o premio aos emigrantes galegos destacando o bilingüismo harmónico que estes levaron e levan arredor do mundo.

XXVI Premio Literario **Camilo José Cela de Narrativa**

O Concello de Padrón convoca este certame dende o ano 1989 para homenaxear a “figura humana e literaria do egrexio escritor”. Premia relatos de tema libre, escritos en castelán ou en galego, inéditos e orixinais, cunha extensión de doce a vinte e cinco folios, mecanografados a dobre espazo en formato Word e tipo de letra Arial tamaño doce. Hai que envialos por quintuplicado, con lema e plica, ao rexistro do Concello de Padrón (Rúa Longa, n.º 27, 15900 Padrón, A Coruña) antes do 31 de decembro de 2015. O premio está dotado de 7.500 € e unha estatuíña do escritor Camilo José Cela. Os últimos premiados foron autores con obras en castelán.

XII Premio de Microrrelato **Carlos Casares**

Convocado polo Liceo de Ourense, leva o nome dun dos seus socios máis ilustres, Carlos Casares, e céntrase na modalidade de microrrelato. Contaba con dúas categorías, unha para maiores e outra para menores de vinte e cinco anos, cunha dotación económica de 600 € para cada unha delas, que na convocatoria do ano 2007 aumentou a 1.500 € para o primeiro premio. Na XI edición de 2012 centrouse por primeira vez nunha temática concreta: “a gastronomía” e contou co patrocinio do Grupo Cuevas. Podía concorrer calquera persoa con tres traballos inéditos da súa autoría como máximo, redactados en galego ou castelán, vinculados ao ámbito da gastronomía, a cociña ou calquera das súas manifestacións, a alimentación en xeral ou a referencias culinarias. Quedaban excluídos os recetarios ou guías. Os orixinais non podían superar unha extensión máxima de mil cincocentos caracteres, debendo ser presentados por quintuplicado, antes do 11 de maio, na secretaría do Liceo de Ourense (Rúa Valentín Lamas Carbajal, n.º 5, 32005 Ourense). Cada orixinal tiña que ir baixo lema e acompañado dun sobre pechado co nome completo, enderezo, teléfono do autor e o título definitivo da obra. O 16 de abril de 2015 o xurado resolveu conceder o galardón da XII edición a Pilar Ortega Pereiro por “Gangrena”.

XII Premio de Novela Europea **Casino de Santiago**

O Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro, coa axuda de El Corte Inglés, convocan este premio, dotado de 3.000 €, dende 2003, co obxectivo de fomentar a lectura entre a poboación compostelá. Unha comisión seleccionadora elixe un grupo de novelas publicadas nalgún país da Unión Europea e ábrese un prazo de votación para que o lectorado emita o seu voto, ben no Casino de Santiago, onde se ofrecen en préstamo as novelas finalistas, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés.

Un trinta por cento da resolución do xurado é o resultado da votación de residentes ou persoas que traballan na cidade de Santiago, que tamén levan un premio. A porcentaxe restante cóbrese cos socios do Casino (un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (un cincuenta por cento). Nas edicións anteriores resultaron galardoadas *Expiación*, de Ian Mc Ewan, en 2004; *A Menulara*, de Simonetta Agnelo, en 2005; *Xuntos e mais nada*, de Ana Gavalda, en 2006; *Nunca me abandones*, de Kazuo Ishiguro, en 2007; *Sobre a beleza*, de Zadie Smith, en 2008; *A rolda nocturna*, de Sarah Waters, en 2009; *Caos Calmo*, de Sandro Varonesi, en 2010; *La extraña desaparición de Esme Lennox*, de Maggie O'Farrell, en 2011; *La cena*, de Herman Koch, en 2012; *De vidas ajenas*, de Emmanuel Carrère, en 2013; e *El insólito peregrinaje de Harold Fry*, de Rachel Joyce, en 2014. Na edición correspondente ao ano 2015 o gañador foi *Capital* de John Lanchester.

**Referencias varias:**

- Ana Iglesias, "John Lanchester gana el XII Premio de Novela Europea con su 'Capital", *El Correo Gallego*, "Santiago", 22 decembro 2015, p. 31.

Informa da obra gañadora deste certame e do resultado das votacións das distintas novelas candidatas. Tamén indica os nomes das persoas que formaron parte do tribunal.

Concurso Internacional de Novela Curta **Cidade Centenaria de Ribeira**

Organizado pola Área de Cultura do Concello de Ribeira cos obxectivos de potenciar, apoiar e difundir a literatura en lingua galega e conmemorar a concesión de título de cidade. É un certame literario en lingua galega de ámbito internacional e de carácter bienal, no que pode participar calquera persoa, maior de idade e de calquera nacionalidade, sempre que presente un traballo escrito en galego segundo a normativa ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en 2003, orixinal e inédito, de temática libre, cunha extensión mínima de oitenta mil caracteres e máxima de cento corenta mil. O premio comporta unha contía de 3.000 €, un diploma e a publicación da obra por Edicións Xerais de Galicia. Os traballos, mecanografados e nun CD cunha copia dixital do texto, débense entregar por quintuplicado, baixo lema e mediante o sistema de plica, na Área de Cultura do Concello de Ribeira (Praza do Concello s/n, 15960, Ribeira-A Coruña). Os gañadores nas pasadas convocatorias foron: en 2007, *As mellores intencións* (2008), de Begoña Paz; en 2009, *Vertixes*, de José Ignacio Silva Regueira; en 2011, *Orlando pendurado* (2012), de María Goretti Fariña Caamaño; e en 2013, *A liña azul* (2014), de David Pobra. No ano 2015 resultou vencedor Amadeo López Cobas por *A cacería.*

**Referencias varias:**

- Suso Souto, "O concurso internacional de novela curta de Ribeira está dotado con tres mil euros", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.197, 27 febreiro 2015, p. 7.

Infórmase da convocatoria da quinta edición deste concurso, os seus requisitos, os prazos de admisión e a cantidade do único premio.

- S. Souto, “Dezaoito traballos optan ó concurso de novela de Ribeira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.245, 18 abril 2015, p. 6.

Anuncia que un total de dezaoito obras foron presentadas á quinta edición deste concurso, dotado de tres mil euros. Indica que os traballos proceden de diversos puntos da xeografía galega.

- M Gil, “El noiés Amadeo López gana el concurso de novela corta de Ribeira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.341, 25 xullo 2015, p. 40.

Informa do acto de entrega do premio, celebrado no salón de plenos municipal, e recolle as impresións do gañador, que se amosou feliz e sorprendido de recibilo.

- ELOS, “Amadeo López Cobas (Noia, 1966)”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 13 setembro 2015, p. 6.

Infórmase de que Amadeo López Cobas recibiu este galardón e de que a obra gañadora, *A cacería*, será publicada por Edicións Xerais de Galicia a vindeira primavera na colección “Fóra de xogo”. Dáse conta do xurado que elixiu a obra gañadora e do seu argumento, salientando que se trata dunha “lectura engaiolante”.

Certame nacional de microrrelatos **Cidade da Coruña**

Convocado pola Asociación de Estudos Universitarios por primeira vez en 2013, poden presentarse persoas sen límite de idade e de calquera país de procedencia. Os microrrelatos teñen que ser orixinais, inéditos e non premiados noutro certame, e poden estar escritos en galego ou en español. Cada persoa pode presentar catro microrrelatos, dos cales só poderá ser escollido un, se reúne a calidade suficiente. Deben ter unha extensión de entre cen e trescentas palabras en Times New Roman tamaño 12 e interliñado de 1,5 liñas e enviarse por correo electrónico ao enderezo asociación.estudos@gmail.com en formato doc ou en odt. Envíanse dous arquivos: un denominado “Datos”, no que aparecen os datos persoais do autor, nome e apelidos, pseudónimo, DNI, enderezo postal, correo electrónico e teléfono; outro denominado Microrrelato, no que se inclúe o/os microrrelatos, o título e o pseudónimo. O xurado, formado por filólogos e escritores, selecciona os microrrelatos finalistas (un por autor) e designa entre eles o gañador e o mellor microrrelato local, se for o caso. O premio para o gañador do certame é de 300 €. O microrrelato premiado é publicado, xunto co mellor microrrelato local e cos finalistas, nun libro colectivo, propiedade da entidade organizadora, polo que os autores aceptan ceder todos os dereitos. Nas dúas primeiras edicións de 2013 e 2014 resultaron gañadores relatos escritos en castelán. En 2015 non se convocou.

Concurso de relatos **Ciencia que conta**

Organízao o profesorado do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo para concienciar sobre a importancia da ciencia no desenvolvemento económico e o

benestar social. Está aberto ao alumnado de educación primaria e secundaria e ao público en xeral. En 2014 levaba seis edicións pero en 2015 non se convocou.

Certame de Relato Curto de Nadal do **Concello de Cambre**

O Departamento de Cultura do Concello de Cambre convoca por primeira vez en 2012 este certame, que concede ao seu gañador un premio de 300 €. Os relatos, sobre o Nadal, en castelán ou galego, deben ser orixinais e inéditos, e non premiados en calquera outro certame. Valórase especialmente a exaltación dos valores tradicionais do Nadal. A extensión non pode ser superior a oito páxinas, tamaño DIN-A4, nin inferior a catro e admítese tan só un relato por autor, mecanografado a dobre espazo, letra de corpo 12 tipo Times New Roman, en formato DIN-A4, por unha soa cara e debidamente grampado. O relato debe presentarse, por triplicado, nun sobre no que se especifique o título da obra e pseudónimo do autor dirixido ao Concello de Cambre. Área de Cultura e Turismo, Urbanización A Barcala, rúa Río Barcés 8, 15660 Cambre. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de presentación de traballos rematou o 16 de decembro.

XIV Premio de Narración Curta **Concello de Marín**

Convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Marín, para celebrar o Día das Letras Galegas. A convocatoria faise cada dous anos. Poden concorrer as persoas adultas que presenten un traballo en lingua galega, de temática libre, orixinal e inédito, cunha extensión limitada entre cinco e dez páxinas, escritas a dobre espazo por unha soa cara. O prazo de entrega remata o 25 de abril e deberán presentarse ante a comisión de cultura do Concello de Marín. Hai un único premio de 1.000 euros. No ano 2015 non houbo convocatoria.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Certame de relato curto en galego que convoca a Concellaría de Cultura do Concello de Mugardos. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima de dez páxinas, e poden presentarse até un máximo de tres traballos por participante, que deben enviarse á Concellaría de Política Lingüística do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, n.º 45, 15620 Mugardos). Existen tres categorías: unha até os doce anos, que terá como premio un bono de 100 € para mercar libros en galego; outra entre os 13 e os 17 anos (incluídos), na que se opta a un vale de 200 €; e unha para maiores de 18 anos, que pode gañar un bono de 400 €. Na XIII edición, do ano 2015, o prazo de entrega de orixinais foi durante todo o mes de marzo e a decisión do xurado fíxose pública o 17 de maio. Este decidiu por unanimidade conceder na categoría de menores de até 12 anos o premio a Lorena Pereira Guerrero por “Conto de Lisa”; na categoría de13 a 17 anos a Iago Mora Arcas por “Notas emigrantes”; e na de adultos a Ana Belén Rodríguez Rodríguez por “Mamacita!”.

III Concurso de microrrelatos **Concello de Parada de Sil**

Certame convocado polo Concello de Parada de Sil, grazas á doazón de Eugenio Prieto Pérez. As bases indican que os microrrelatos serán de tema e estilo libre, escritos en galego ou castelán, orixinais e inéditos. A extensión do texto non excederá as 200 palabras. Existen dous premios: o primeiro de 1.000 € e o segundo de 500 €. O xurado da edición correspondente ao ano 2015, formado por Antonio Carreño, Edelmiro Vázquez Naval e Arturo Fernández Novoa, decidiu darlle o primeiro premio a Yose Álvarez Mesa por "Casa nueva" e o segundo premio a Manuela Vicente Fernández, por "Duascentas liñas". A entrega dos premios realizouse o 16 de maio na Casa do Concello.

XI Certame de Relato Curto do **Concello de Quiroga**

A oficina de xuventude do Concello de Quiroga organiza este certame, no que poden participar todas as persoas que o desexen con relatos curtos de tema libre escritos en castelán ou en galego, cunha extensión máxima de vinte folios e mínima de dous, mecanografados ou a ordenador por unha soa cara, por duplicado e sen sinatura. Os datos da autoría, dirección e teléfono deben presentarse dentro dun sobre pechado en cuxo exterior figure o título do relato e a categoría na que participa, xuvenil (menores de dezaoito anos) ou para persoas adultas (a partir de dezaoito anos). Os traballos pódense enviar por correo ou entregarse persoalmente na Casa de Cultura de Quiroga ou na Oficina de Información Xuvenil. Prémianse os tres mellores relatos de cada categoría e o galardón consiste nun lector de libros electrónicos para o primeiro premio, un libro de relatos para o segundo e unha placa conmemorativa para o terceiro. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de admisión rematou o 11 de decembro.

III Certame de **Contos de verán**

Certame de contos que organiza o xornal *El Progreso*. Pódense presentar traballos de temática libre, inéditos na súa totalidade e escritos en lingua galega segundo a normativa oficial vixente. A extensión dos relatos non pode ser inferior aos tres mil caracteres nin superior aos catro mil, incluídos os espazos. Os contos elixidos por un xurado designado para o efecto publícanse no xornal durante os meses de xullo e agosto. Pódense enviar cantos contos se queiran, se ben só se publica un por persoa. Os orixinais envíanse ao enderezo electrónico contosdeveran@elprogreso.es ou por correo postal ao diario *El Progreso*, rúa Ribadeo, n.º 5, 27002 Lugo. Pódense acompañar dunha fotografía da autora ou autor, que se publica xunto ao relato. Estabelécense dous premios: un primeiro dotado de 1.000 € e un segundo con 500 €; os impostos correspondentes corren a cargo das persoas gañadoras. O xurado cualificador componse dun xornalista representante d´*El Progreso* e por outras dúas persoas relacionadas co ámbito da literatura galega e do xornalismo. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de admisión rematou o 15 de agosto e o xurado, encabezado polo escritor e presidente do Pen Club de Galicia, Luís González Tosar, e integrado polo subdirector d´*El Progreso*, Tito Diéguez, e os xornalistas Santiago Jaureguizar e Marta Veiga, acordou concederlle o primeiro galardón ao conto titulado "A chamada", de Xerardo Vidal, e o segundo premio ao relato titulado "Chove cans e gatos", de Ángela González Ferro.

**Referencias varias:**

- Ruth López, "El Progreso entrega no Día de Rosalía os galardóns dos Contos de Verán", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 2 febreiro 2015, p. 63.

Dáse conta do acto de entrega o vindeiro 24 de febreiro dos premios da segunda edición do certame Contos de Verán, organizado por *El Progreso*. Dise que o gañador é Xerardo Uz co relato "A caixa de voz" e a finalista, Beatriz López Dorado co relato "Lesión de menisco".

- Xerardo Uz, "*A caixa de voz*", *El Progreso*, "Vivir", "Comunicación", 25 febreiro 2015, p. 67.

Presenta o relato escrito por Xerardo Uz que gañou a segunda edición do certame Contos de Verán. Faise unha reflexión sobre o cambio de lingua motivado por unha mensaxe deixada nunha caixa de voz no que unha muller galegofalante tenta falar castelán cando é interpelada pola máquina.

- Ana Isabel Núñez Canda, "Os animais de dúas patas", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 20 xullo 2015, p. 36.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ana Isabel Núñez Canda, titulado "Os animais de dúas patas".

- Jesús Villadóniga Gómez, "Reloxo", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 4 agosto 2015, p. 37.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Jesús Villadóniga Gómez, titulado "Reloxo".

- Mary-sol Fiallos Rodríguez, "Pensamentos egoístas", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 6 agosto 2015, p. 34.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mary-sol Fiallos Rodríguez, titulado "Pensamentos egoístas".

- Juan de Santillana, "Naox o galego", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 8 agosto 2015, p. 39.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Juan de Santillana, titulado "Naox o galego".

- Iago Piñeiro, "O Ramocas", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 9 agosto 2015, p. 38.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Iago Piñeiro, titulado "O Ramocas".

- Mary-sol Rodríguez Espantoso, "...E de volta á aldea", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 10 agosto 2015, p. 31.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mary-sol Rodríguez Espantoso, titulado "...E de volta á aldea".

- Ramón Coira Luaces, "A aventura esquecida de Simbad o Mariño", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 14 agosto 2015, p. 34.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ramón Coira Luaces, titulado "A aventura esquecida de Simbad o Mariño".

- Jennifer Herrero González, "O tesouro", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 15 agosto 2015, p. 39.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Jennifer Herrero González, titulado "O tesouro".

- Irene Rega Jul, "5 horas esperándote", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 16 agosto 2015, p. 42.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Irene Rega Jul, titulado "5 horas esperándote".

- Raquel Pardo, "Se Pepa falara...", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 17 agosto 2015, p. 33.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Raquel Pardo, titulado "Se Pepa falara...".

- Ánxela Jorge Vidal, "A rutina dun simple tolo", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 18 agosto 2015, p. 37.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ánxela Jorge Vidal, titulado "A rutina dun simple tolo".

- Sergio Couso Núñez, "O último home", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 19 agosto 2015, p. 36.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sergio Couso Núñez, titulado "O último home".

- Nuria Devesa Touro, "Pedro e o futuro", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 19 agosto 2015, p. 34.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Nuria Devesa Touro, titulado "Pedro e o futuro".

- Edu, "As cousas favoritas", *El Progreso*, "deVerano", "Contos de verán", 20 agosto 2015, p. 42.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Edu, titulado “As cousas favoritas”.

- Abraham Pérez, “Noutro tempo”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 20 agosto 2015, p. 43.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Abraham Pérez, titulado “Noutro tempo”.

- Antonio Díaz Fernández, “Epístola estelar”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 21 agosto 2015, p. 66.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Antonio Díaz Fernández, titulado “Epístola estelar”.

- Xerardo Uz, “Árdeme o monte”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 21 agosto 2015, p. 31.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Xerardo Uz, titulado “Árdeme o monte”.

- Paula Francos Anllo, “Non sabía falar; dicían”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 22 agosto 2015, p. 34.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Paula Francos Anllo, titulado “Non sabía falar; dicían”.

- Victoriano López Felpeto, “O carto furado e o peido con casca”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 22 agosto 2015, p. 36.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Victoriano López Felpeto, titulado “O carto furado e o peido con casca”.

- JL BS, “A vida e as aves”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 23 agosto 2015, p. 50.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por JL BS, titulado “A vida e as aves”.

- Beni Ónega, “O mouro”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 23 agosto 2015, p. 48.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Beni Ónega, titulado “O mouro”.

- Ángela González Ferro, “Chove cans e gatos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 24 agosto 2015, p. 38.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ángela González Ferro, titulado “Chove cans e gatos”.

- Antía Lamas Taboada, “O circo máxico”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 24 agosto 2015, p. 34.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Antía Lamas Taboada, titulado “O circo máxico”.

- Josune Bargueiras, “Pestanexo”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 25 agosto 2015, p. 37.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Josune Bargueiras, titulado “Pestanexo”.

- Mario Outeiro Iglesias, “Na procura do perfecto temporal”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 25 agosto 2015, p. 34.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mario Outeiro Iglesias, titulado “Na procura do perfecto temporal”.

- María Corredoira, “Sombras escorregadizas”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 26 agosto 2015, p. 35.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por María Corredoira, titulado “Sombras escorregadizas”.

- María Teresa Corredoira, “A presa”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 26 agosto 2015, p. 34.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por María Teresa Corredoira, titulado “A presa”.

- Lucía Campos, “Verbas desafinadas”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 27 agosto 2015, p. 44.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lucía Campos, titulado “Verbas desafinadas”.

- Martiño Maseda, “Omnisciencia”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 27 agosto 2015, p. 46.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Martiño Maseda, titulado “Omnisciencia”.

- Jéssica Beiroa Fernández, “Eu tamén son de aquí”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 28 agosto 2015, p. 38.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Jéssica Beiroa Fernández, titulado “Eu tamén son de aquí”.

- Andrea Maseda Prado, “Alfombrado de lembranzas”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 28 agosto 2015, p. 33.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Andrea Maseda Prado, titulado “Alfombrado de lembranzas”.

- José López Fernández, “O tic tac daquel reloxo”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 29 agosto 2015, p. 54.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por José López Fernández, titulado “O tic tac daquel reloxo”.

- Mary-sol Fiallos Rodríguez, “Certa soñadora”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 30 agosto 2015, p. 42.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mary-sol Fiallos Rodríguez, titulado “Certa soñadora”.

- Irene Rega Jul, “Perdida”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 31 agosto 2015, p. 38.

Sección que acolle os relatos presentados a este certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Irene Rega Jul, titulado “Perdida”.

- Ruth López, “Xerardo Vidal e Ángela González gañan os Contos de Verán de 2015”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 19 decembro 2015, p. 58.

Comunica quen foron os gañadores deste premio e quen conformaron o xurado. Recolle as declaracións do presidente do PEN Club, Luís G. Tosar, sobre a obra e os autores premiados.

Certame de Relatos **Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña**

Concurso organizado pola Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña que pretende premiar a tradición oral dos contos e fomentar a escritura. Estabelécense tres categorías: A, até dezaseis anos; B, para mozos de nove a quince anos e C, para maiores desta idade. A temática é libre e o texto debe estar elaborado integramente en galego. Deben ser textos orixinais dun mínimo de dous folios manuscritos ou mecanografados, en forma de pequena historia ou conto, que poidan ser relatados do xeito en que o facían os devanceiros nas noites invernais a carón da lareira. Preséntanse baixo pseudónimo cos datos persoais nun sobre pechado no Concello de Moraña ou na Casa da Cultura ADR Castelao (Rúa, n.º 3, 36660 Moraña). Concédense dous premios en cada categoría: un lote de libros e un diploma honorífico acreditativo. O xurado valora o contido literario e a presentación e inclusión de ilustracións. Na edición correspondente ao 2015 a data límite de entrega dos traballos rematou o 7 de maio. A resolución dáse a coñecer nun acto o Día das Letras Galegas.

Concurso de fotorrelatos A **Farixa**

Certame convocado polo Centro de Formación Profesional A Farixa. Os textos presentados deberán ser orixinais, inéditos, escritos en galego ou castelán e cunha extensión máxima de cinco folios. Estabelécense tres categorías: primeiro premio (1.500 €), segundo premio (1.000 €) e terceiro premio (500 €). Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron: Borja Varela Cid por "Máis aló dunha mirada", María Ramiro Soto por "A caída da folla" e Celso Pousa Cebreiros por "Pegada a pegada faise o camiño".

XXVII Certame de narrativa **Gonzalo Torrente Ballester**

Certame instituído pola Deputación Provincial da Coruña no ano 1989 como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester e coa intención de contribuír ao reforzamento da calidade creativa dos escritores. Está dotado dende a décimo cuarta convocatoria de 25.000 € e a publicación da obra. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán, de tema e extensión libres, en forma de novelas, relatos e conxunto de relatos. As obras deben presentarse preferentemente en formato dixital en Word ou OpenOffice. No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais deben enviarse por duplicado, numerados e en tamaño DIN-A4, escritos por unha cara a dobre espazo e acompañados de plica, na que conste o nome, apelidos e nacionalidade do autor. Os orixinais envíanse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, n.º 2, 15006 A Coruña). En edicións anteriores recibiron os galardóns as seguintes obras en lingua galega: *A cidade dos Césares* (1993), de Victor F. Freixanes, en 1992; *¿Que me queres, amor?* (1996), de Manuel Rivas, en 1995; *Un xogo de apócrifos* (1998), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1996; *A memoria do boi* (2001), de Xosé Vázquez Pintor, en 2000; *As humanas proporcións* (2004), de Xesús Constela Doce, en 2003; *A choiva do mundo* (2008), de Xosé Manuel Pacho Blanco, en 2007; e *A vida do outro* (2009), de Carlos González Reigosa, en 2008. Na edición correspondente ao ano 2015, o xurado, composto por Ángel Basanta, Amalia Iglesias, José Antonio Ponte Far, José María Pozuelo, José María Pozuelo, e Berta Vías Mahou, gañadora da última edición, fixo pública a súa decisión de outorgar o galardón a Blanca Riestra por *Greta en su laberinto*.

**Referencias varias:**

- José A. Ponte Far, "El gusto por contar", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Viéndolas pasar", 6 decembro 2015, p. L6.

Dá conta do fallo do premio e alude á gran cantidade de traballos interesantes e ben escritos que cada ano concursan ao certame.

VII Concurso **Hipercurtos Contos**

Organizado pola Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia, coa colaboración da Deputación da Coruña. Consta de tres categorías: a) nenos e nenas até 13 anos; b) mozos e mozas entre 14 e 30 anos; e c) maiores de 30 anos. Os hipercurtos

contos deben estar escritos en galego, ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de cento setenta e cinco palabras. A temática é libre e deben presentarse sen identificación, facendo constar o seu título e acompañando á obra, nun sobre pechado e cos datos completos do autor ou autora (nome, apelidos, idade, enderezo, teléfono e unha fotocopia do DNI). No exterior do sobre debe estar escrito o título do hipercurto conto entregado e a data de nacemento do autor ou autora. Cada participante pode presentar o número de hipercurtos contos que desexe. Os premios (consistentes en vales que se poderán cambiar por libros, discos ou outros produtos galegos nos estabelecementos que se indicarán aos premiados) quedan estabelecidos por categorías do seguinte xeito: a) 70 €; b) 130 €; e c) 100 €. Hai tamén un accésit de 60 € para o membro da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia mellor clasificado. Os premios son únicos e indivisíbeis. A xuízo do xurado, e segundo a calidade das obras, pódese declarar deserto algún premio. Todos os hipercurtos contos deben ser entregados na secretaría técnica da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia (na rúa Belvís, n.º 2, 15703 Santiago de Compostela; tel.: 981 582 243), en man ou por correo (mellor certificado), facendo constar no exterior do sobre 'Concurso de hipercurtos contos'. Os textos enviados ao concurso pasan a ser propiedade da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia, renunciando os seus autores e autoras aos seus dereitos como tales. O xurado está composto polos membros da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia que designe a comisión Galiza. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entrega rematou o 1 de maio.

V Concurso de relatos **Inspiraciencia**

O Consello Superior de Investigacións Científicas convoca dende 2010 este concurso que relaciona a ciencia e a literatura dunha forma lúdica e participativa. Pode participar calquera persoa que presente un relato orixinal en calquera das dúas modalidades do concurso (relatos curtos, cunha extensión mínima de 800 palabras e máxima de 1.500; microrrelatos, cunha extensión máxima de 500 palabras) que estivera inspirado nunha temática científica en calquera xénero literario (narración, poesía, teatro). Os orixinais, escritos en catalán, español ou galego, deben ser inéditos e non premiados en ningunha outra convocatoria, certame ou premio literario, nin ser publicados en ningún outro medio ou blog persoal. Estabelécense dúas categorías: público adulto (a partir de 18 anos) e xuvenil (de 12 a 17 anos). Os participantes deben rexistrarse nunha das dúas categorías e enviar como máximo un relato para cada modalidade competitiva. Os orixinais deben publicarse no sitio web do concurso. Previamente hai que rexistrarse a través dun formulario dispoñíbel no mesmo sitio web. Pódese acceder co nome de usuario e un contrasinal e o pseudónimo é o nome co que se asinan os relatos. Estabelécense un premio institucional e un premio do público para cada modalidade e categoría. Os galardóns consisten en dispositivos electrónicos, libros de divulgación, cursos de escritura e obradoiros semellantes. A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria se considera que os orixinais presentados non alcanzan a calidade mínima necesaria. Para o premio institucional desígnase un xurado formado por figuras recoñecidas dentro do mundo da cultura en sentido amplo (ciencia, literatura, arte, divulgación) que valora as contribucións e propón os gañadores. Existe un equipo de moderación que se encarga de facer a preselección dos relatos que pasan ao xurado. Téñense en conta a adecuación á temática, a calidade literaria, a orixinalidade do enfoque, ademais da creatividade e a imaxinación. O premio do público decídese a través dunha votación en liña dos participantes previamente

rexistrados e prémianse os relatos máis votados de cada categoría e modalidade, con independencia da lingua na que se escribiron. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entrega rematou o 17 de maio. O xurado, composto por David Alenyà, Jon Arrizabalaga, Karina Barros, Jon Elordi, Eva García, Sara Martín, Pau Solsona e Sonia Varela Pombo, decidiu premiar os seguintes relatos en lingua galega "Lección de anatomía", José de la Sota Rius (Madrid), na categoría de adultos; e "Cando mañá non exista", de Aldara García Solar (Santiago de Compostela) na categoría xuvenil.

XII Concurso de contos **Liceo de Noia**

Certame convocado pola Sociedade do Liceo de Noia dende 2004 co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. O tema da narración é libre e pode concorrer calquera persoa, con independencia da súa nacionalidade. Os traballos, inéditos, redactados en galego, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de seis, deben presentarse por cuadriplicado, mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo. Nos orixinais teñen que figurar o título da obra e un lema, que debe aparecer tamén no exterior dun sobre sen remite, no que se introducen o nome, enderezo e teléfono do autor. Os orixinais envíanse á Sociedade do Liceo de Noia. O xurado está formado por tres personalidades da literatura galega e un membro da directiva da Sociedade do Liceo, que actuará como secretario, sen voz nin voto, e dá a coñecer o seu fallo o día 17 de maio. O premio está dotado de 1.000 € e a obra gañadora publícase na revista *Alameda* do Liceo. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 2004, Beatriz Dacosta, por "Goodbye, my friend"; en 2005, Enma Pedreira, por "Cabare vermello feridor"; en 2006, Xosé Francisco Pais López, por "Borisov 61", e Ricardo Losada, por "Rianxo é meu"; en 2007, Cristina Ferreiro Leal, por "Arredor de Marta"; en 2008, Mª Cristina Pavón Mauriz, por "A braga fantástica", e Xosé Francisco Pais López, por "Coctel La Chapelle"; en 2009, Luis Miguel Martínez Agulleiro, por "Cada vez que atravesas a porta..."; en 2010, Agustín Agra, por "Círculo Lítico"; en 2011, María Xesús Blanco, por "Naia" e Carlos Mosteiro Fraga, por "Vladimir"; e en 2012 quedou deserto. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de presentación de orixinais rematou o 1 de abril e o acto de entrega realizouse o 17 de maio, Día das Letras Galegas.

**Referencias varias:**

- M. Gil, "El Liceo de Noia convoca el XII concurso de relatos dotado con mil euros y la publicación en 'Alameda", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.180, 10 febreiro 2015, p. 7.

Infórmase da convocatoria deste certame organizado polo Liceo de Noia e dos requisitos para participar. Indícase o prazo de presentación, a cantidade do premio e a futura publicación na revista *Alameda*, editada polo Liceo.

XIII Certame de Microrrelatos **Lonxa Literaria**

Organizado polo colectivo moañés Lonxa Literaria, conta coa subvención da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Moaña. Os microrrelatos presentados teñen que estar escritos en galego segundo a normativa

oficial, cunha extensión máxima de quince liñas a dobre espazo. En cada convocatoria os relatos deben introducir unha palabra obrigada. Hai que remitir tres copias á Lonxa Literaria (Centro Cultural Daniel Castelao, rúa Quintela, s/n, 36950, Moaña-Pontevedra). Convócase unha única categoría dotada co premio dun lote de conservas da ría e pódense conceder até dous accésits. Na edición de 2015 a palabra obrigatoria foi "nordés". O xurado, composto por Pemón Bouzas, Iria Collazo e Romina Ferral, decidiu premiar a Manuel Sánchez Gálvez (Vigo), co microrrelato "Oito minutos". Lionel Rexes Martínez (Alfoz) conseguiu un accésit co texto "A hucha das mazás".

V Certame de relatos O **lugar onde vivo**

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA, coa colaboración da Área de Cultura e Turismo da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, convoca dende o ano 2011 este certame de relatos, xunto a un de fotografía e outro de curtametraxes (este último dende 2012), que en conxunto se denominan Premios polo Territorio e que se enmarcan dentro da campaña "Ponte no medio. Móvete polo territorio", co obxectivo de que a sociedade retrate o estado actual do territorio galego a través da imaxe e da palabra. Estes concursos pretenden facer participativa á cidadanía galega na reivindicación dunha ordenación territorial sustentábel na que se freen as ansias especulativas dos poderes privados sobre o territorio en conivencia coa administración pública, e na que se propoñan alternativas máis coherentes coa defensa ambiental, coa cohesión social e coa posta en valor do patrimonio cultural galego. Os relatos curtos poden ser historias fantásticas, feitos reais ou experiencias propias, sempre e cando o eixe do relato xire arredor das visións que a poboación galega ten sobre o lugar no que vive: como é, como foi, como quixera que fose, a importancia da súa conservación, as agresións sufridas por este etc. Cada participante pode presentar un máximo de dous relatos inéditos en lingua galega, que hai que enviar por correo postal ao enderezo de ADEGA Lugo. Existen dúas categorías: xuvenil e persoas adultas. Os premios consisten nun diploma e 250 € na categoría adulta e nun diploma e 200 € na xuvenil. O xurado valora a orixinalidade, a calidade literaria, a coherencia do código lingüístico empregado e que o territorio galego figure no relato. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de presentación de traballos rematou o 15 de setembro. O acto de entrega tivo lugar o 21 de decembro. Os premiados foron: na categoría de adultos, Rafael Lobelle González (Chantada), por "Na Regueira de Xigonde"; na categoría xuvenil, Sandra Ferreiro García (A Estrada), por "A praia dos meus recordos".

XXVII Premio de Novela **Manuel García Barros (Ken Keirades)**

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación de Pontevedra e a Editorial Galaxia, a contía económica deste galardón é de 9.000 € e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola citada casa editora. Os orixinais e inéditos en galego normativo teñan que ser enviados por sextuplicado á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución, n.º 1, 36680 A Estrada, Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do Estado, en formato físico e dixital. O xurado está composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura

e o acto de entrega do galardón conta con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da Editorial Galaxia. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 1989, Manuel Forcadela por *Paisaxe con muller e barco* (1990); en 1990, Xosé Miranda por *Historia dun paraugas azul* (1991); en 1992, Manuel Riveiro Loureiro por *Corpo canso* (1993); en 1993, Xosé Ballesteros por *Talego* (1993); en 1994, Aníbal Malvar por *A man dereita* (1994); en 1995, Manuel Lourenzo González por *Arqueofaxia* (1995) e concedeuse un accésit a Xavier Alcalá por *Memorias do Algarve*; en 1996, *ex aequo* Alfonso Álvarez Cáccamo, por *O espírito de Broustenac* (1996), e Xavier Queipo por *O paso do Noroeste* (1996); en 1997, María Gándara por *Magog* (1997), e un accésit Antón Riveiro Coello por *A historia de Chicho Antela* (1997); en 1998, quedou deserto e concedéronse dous accésits a Anxo Franco Bañobre por *Unha esquina no fondo da memoria*, e a Juan Ignacio Pérez Méndez por *A xustiza pola man*; en 1999, Xosé Carlos Caneiro por *Talvez melancolía* (1999); en 2000, Antón Riveiro Coello por *As rulas de Bakunin* (2000); en 2001, Bieito Iglesias por *A historia escríbese de noite* (2001); en 2002, Miguel Anxo Fernández por *Un nicho para Marilyn* (2002); en 2003, Xabier López López por *A vida que nos mata* (2003); en 2004, Xerardo Agrafoxo por *Unha viaxe no Ford T* (2004); en 2005, Santiago Jaureguizar por *Cabaret Voltaire* (2005); en 2006, Manuel Veiga por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta* (2006); en 2007, Francisco Castro por *As palabras da néboa* (2007); en 2008, Xesús Constela por *Shakespeare destilado* (2008); en 2009, Xosé Monteagudo por *Un tipo listo* (2010); en 2010, Antón Lopo por *Obediencia* (2010); en 2011, Manuel Antonio Piñeiro Fernández por *As fiandeiras* (2011); en 2012, Santiago Lopo por *Hora Zulú* (2012); en 2013, Anxos Sumai por *A lúa da colleita* (2013); e en 2014, Alberto Ramos por *Máscaras rotas para Sebastian Nell* (2014). Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de presentación das obras rematou o 6 de maio. O xurado, formado por Dolores Vilavedra, Carlos González de Lema, Armando Requeixo, Juan Luis Blanco Valdés e Carlos Loureiro Rodríguez, que actuou como secretario, concedeu por maioría o galardón a Manuel Portas (Barcelona, 1960) por *Lourenço Xograr*.

**Referencias varias:**

- C. B., "Manuel Portas é o novo gañador do García Barros de novela de A Estrada pola súa obra 'Lourenço Xograr", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.399, 23 xullo 2015, p. 31.

Informa sobre a obra gañadora e recolle a opinión do xurado, da que salienta a súa contribución á divulgación da historia e da literatura medieval galegas a través dun personaxe pouco coñecido como foi o xograr Lourenço.

- Raquel Torres, "O escritor Manuel Portas gaña o XXVII Premio de Novela García Barros da Estrada", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 23 xullo 2015, p. 10.

Dá conta da obra gañadora do premio e comenta a traxectoria profesional e política do autor. Refire, tamén, as palabras do xurado que cualificou a obra gañadora como unha contribución á divulgación da historia e da literatura medieval galegas.

- Sol Elvira, "Portas recibirá o premio García Barros o día 20 no Principal", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 novembro 2015, p. 35.

Informa do fallo do premio e engade unhas palabras do autor sobre a obra, da que salienta a relación dos conflitos políticos históricos coas vidas entrelazadas das distintas clases sociais da época medieval.

- C. B., "Manuel Portas recibe hoy el García Barros", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 novembro 2015, p. 36.

Dáse conta da entrega do premio de novela Manuel García Barros a Manuel Portas pola súa obra *Lourenço, Xograr*.

- Cristina Botrán, "Manuel Portas invita a descubrir a figura do xograr Lourenço", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 novembro 2015, p. 35.

Informa do acto de entrega deste premio no Salón Teatro da Estrada e recolle as palabras do autor, que destaca o pulo do concello a prol da lingua e cultura galegas.

XXII Certame Literario **Manuel Lueiro Rey** de Novela Curta

Convocado polo Concello do Grove dende o ano 1992, en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promover a literatura galega e os seus autores. Nun principio era un certame literario que prevía dúas modalidades: narración curta (para maiores de 18 anos) e narración xuvenil, mais na V convocatoria o certame pasou a ser monolingüe en galego e reduciuse a unha única modalidade, sen requisitos de idade. Na VII edición mudou a súa especialización substituíndo a de narración curta pola de novela curta. Os traballos deben remitirse á Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey (Rúa Monte da Vila, 11, 36980 O Grove-Pontevedra) por quintuplicado en papel e unha copia en soporte dixital e precedidos polo título e un lema. Hai que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e o lema e dentro os datos do autor. Deben ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de cincuenta folios e máxima de cen. O galardón consiste en 3.000 € e a publicación por parte da editora Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado dáse a coñecer antes da concesión do premio e está formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura, un deles o gañador da edición anterior do premio, dous nomeados polo comité organizador e outros dous representantes de Sotelo Blanco Edicións. Nas edicións anteriores foron merecedores deste galardón: en 1992, Manoel Riveiro Loureiro por *O encerro*; en 1993, Mariano J. M. Cabrero Figueiro por *Historia de Zeltia*; en 1994, Xoán Xosé Piñeiro Cochón por *Reciclador*; en 1996, Rosa Aneiros con *Xogo de espellos*; en 1997, Francisco Castro con *Play-back* (2000); en 1998, Inmaculada López Silva por *Canción de amor india*; en 1999, José Luis Álvarez Pérez por *De maxia e de obras*; en 2000, Manuel Darriba con *Velada do billarista* (2000); en 2001, Santiago Jaureguizar con *Breve crónica universal da clase obreira* (2001); en 2002, Xabier López López con *O mono no espello* (2002); en 2003, Pilar Buela con *Ácaros verdes* (2005); en 2004, Teresa Moure con *A xeira das árbores* (2007); en 2005, Manuel Riveiro Loureiro con *Xullo-Agosto* (2006); en 2006, Mariña Pérez Rey con *Canícula* (2007); en 2007, Ramón Caride Ogando con *O frío azul* (2008); en 2008 An Alfaya con *Areaquente* (2009); en 2010 Chelo Suárez Muíños por *As horas rotas* (2010); en 2011, Mario Regueira por *Outono aquí* (2012); en 2012, Juan Tallón, por *Fin de Poema* (2013); en 2013, declarouse deserto; e en 2014, Antonio

Pichel Beleiro, por *Xente que nunca antes morrera* (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 presentáronse quince traballos e o xurado, presidido polo escritor e profesor Manuel Quintáns e formado polos críticos literarios Armando Requeixo e Francisco Martínez Bouzas, a autora Ánxela Gracián, en representación da editorial Sotelo Blanco, e o escritor Antonio Pichel, gañador da edición anterior, decidiu premiar a Manuel Antonio Piñeiro Fernández pola súa obra *O Noiro*.

**Referencias varias:**

- B. Y., "Antonio Piñeiro gana el 'Lueiro Rey' con 'O Noiro", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 26 outubro 2015, p. 7.

Dá conta do fallo do premio, indica quen foron os membros do xurado e comenta brevemente a organización do acto, impulsado polo propio concello.

XXIV Certame de Narracións Breves **Manuel Murguía**

O Concello de Arteixo convoca este premio dende 1991 para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar a Manuel Murguía. Está dotado de 3.700 € e poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre quince e trinta folios mecanografados a dobre espazo por unha soa cara. Os traballos, orixinais e inéditos, deben entregarse por cuadriplicado, xunto cunha copia nun CD en formato PDF, ao concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, n.º 1, 15142 Arteixo, A Coruña), nun sobre onde figure só o título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debe constar o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo de quen se presente. En anteriores edicións concedéronse os seguintes galardóns: *ex aequo* para Xesús Manuel Marcos con "Fuxidos" en 1992 e para Joel Gómez con "Para un clima supremo"; *ex aequo* para Xavier Alcalá con "Relación de feitos de sangue" e José Antonio Lozano con "Retrato antigo: pinturas e superficies" en 1993; Xesús Manuel Marcos con "A cela de arame" en 1994; Isidro Novo con "Cabalos do demo" en 1995; Antón Riveiro Coello con "O nome do espello" en 1996; Marilar Aleixandre con "Desaforados muños" en 1997; *ex aequo* para Alfonso Álvarez Cáccamo con "Cannis fugit" e Xosé Luís Álvarez con "Amencer" en 1998; *ex aequo* para Manoel Riveiro Loureiro con "O río da tristura" e David Pérez Iglesias con "Sámago fascismo" en 1999; *ex aequo* para Xosé Luís Vázquez Somoza, por "A fervenza" e Xosé Carlos Caneiro por "As flores en Irlanda" en 2000; *ex aequo* para Rosa Aneiros con "Mares de Xabre" e Xosé Luís Martínez Pereiro por "Palamades e a Bestia Ladradora" en 2001; *ex aequo* para Emma Pedreira por "A flor perfeita" e Daniel Asorey por "Soñar pedras con fútbol" en 2002; *ex aequo* para Bieito Iglesias con "Comentario ó Apocalipse" e para Paula Sano Vicente por "As idades dela" en 2003; *ex aequo* para Xosé Luís Álvarez con "Detrás dos meus ollos" e Xaime Domínguez Tojo por "A casa dos alicerces mariños" en 2004; Inma López Silva con "Aqueles que retratan o vento" en 2005; Xesús Manuel Marcos con "A caída da folla" en 2006; Miriam Rodríguez Debasa con "Mentras espero" en 2007; Alva Martínez Teixeiro por "Un domingo amarelo para dentro" en 2008; Samuel Solleiro con "Caída de Abraham Rosenblath" en 2009; Andrés Pociña Pérez con "As dúas vellas do Iguasú" en 2010; en 2011, co motivo do XX aniversario, outorgáronse tres galardóns: o primeiro premio ao relato "A muller que deu a volta arredor de si mesma", de Clara Isabel Rodríguez

Giráldez; o segundo premio a "Unha viaxe de inverno", de Xaime Domínguez Toxo; e o terceiro premio a "Eu xogo a que se crean que lles creo", de Antom Labranha; Roberto A. Rodrigues por "O home que falaba na lingua do océano", en 2012; Juan Tallón por "Consanguíneo", en 2013; e Adolfo Caamaño por "A gueisha no bosque de bambú", en 2014. Na edición correspondente ao ano 2015, debían presentarse os orixinais antes do 1 de marzo. O xurado composto por Carmen Fernández Pérez-Sanjulián, Manuel Gesto Pan, Adolfo Caamaño e Julio Mancebo Moreiras, decidiu entregar o premio a Antonio Piñeiro (Ribeira, 1962) polo texto "O pau na roda". Os outros dous relatos finalistas foron: "Os sólidos platónicos de Nogueillón", de Xosé Alfredo Naz Fernández (Vigo), e "Taxidermia", de Eduard Velasco.

III Certame **MicroCatrorrelatos**

Concurso organizado polo Café De Catro a Catro de Vigo, en colaboración coa Asociación Cultural Catropatacos, Edicións Xerais, Editorial Galaxia e Editorial Elvira. Os traballos presentados estarán escritos en galego, de temática libre, orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de cen e máxima de mil cincocentos caracteres (espazos incluídos). Celebraranse catro eliminatorias previas cun xurado formado por persoas relacionadas coa cultura galega. Este xurado escollerá oito microrrelatos que serán lidas polos seus autores ou autoras nun acto público e serán valoradas polo público asistente que poderá outorgar un, dous ou tres puntos ás obras máis salientábeis. Haberá dous gañadores, o votado polo público e o votado polo xurado. O premio consiste en 300 € para o primeiro premio, e 200 € para o segundo. Na edición correspondente ao ano 2015 resultou gañadora Paula Xirasola co conto "Boneca de farrapo".

XL Certame Nacional Galego de Narracións Breves **Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro**

Convocado dende o ano 1974 pola Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, é o decano dos premios literarios galegos para promover a literatura narrativa en lingua galega e homenaxear a Xaquín Lorenzo "Xocas". Poden participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras escritas en galego e inéditas, que nunca se presentaran a ningún certame literario. Os orixinais deben presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara e debían contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. Os traballos envíanse sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, 15780, Santiago de Compostela) ou ao Concello de Vilagarcía de Arousa (Concellaría de Cultura-Auditorio, Avda. da Mariña, n.º 27, 36600 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra). O tema é libre, pero téñense en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria. Outórgase un primeiro premio de 1.000 € e dous accésits de 400 € cada un. Se así se estima, poden recomendarse algunhas narracións para a súa publicación nun tomo bianual coas obras premiadas, até hai pouco editados por Ediciós do Castro e na actualidade pola Editorial Toxosoutos. O xurado está formado por catro especialistas en crítica literaria designados pola Fundación co asesoramento e a colaboración da Asociación de Escritores e o Concello de Ourense, reservando a Fundación os postos de presidente, secretario e moderador (estes dous últimos con voz

pero sen voto). En anteriores edicións resultaron galardoados co primeiro premio: en 1975, Xoán Ignacio Taibo, por *A enquisa*; en 1976, Xavier Alcalá, por *A fundición*; en 1977, João Guisán Seixas, por *Número de patente*; en 1978, *ex aequo* Xosé Manuel Martínez Oca, por *A negra*, e Víctor Fernández Freixanes, por *A caza das cascudas*; en 1979, Xoán Ignacio Taibo, por *Pacífico sul*; en 1980, Lourenzo Álvarez Ruíz, por *RATP*; en 1981, *ex aequo* Tucho Calvo, por *A gran novela*, e Xosé Manuel Martínez Oca, por *Noite de luar*; en 1982, Miguel Suárez Abel, por *O quiquiriquí*; en 1983, Antón Castro, por *Vida infame de Tristán Fortesende*; en 1984 *ex aequo* Amancio Liñares Giraut por *Nun cuarto para agardar*, e Román Raña, por *O último hexagrama*; en 1985, Miro Villar, por *Augas de silencio*; en 1986, Antón Rodríguez Castro, por *O xardín despois da chuvia*; en 1987, Miro Villar, por *Verbas cruzadas con Amaranta*; en 1988, *ex aequo* Bieito Iglesias, por *Luanda*, e Xosé Miranda, por *Na terra sombría*; en 1989, *ex aequo* Manuel Riveiro Loureiro, por *Vindo de volta*, e Xan Frenla, por *Conto do diluvio*; en 1990, Xoán Piñeiro Cochón, por *A liga dos Lambetas*; en 1991, Helena Villar Janeiro, por *O cadro*; en 1992, Isidro Novo, por *A pin up de Beautiful Street*; en 1993, Xosé Luís Santos Cabanas, por *Ahoulouuuu...!*; en 1994, Manuel Riveiro Loureiro, por *O coxo da Gamboa*; en 1995, Antón Riveiro Coello, por *Bruca Manigua*; en 1996, Xosé Antón Moreno, por *As xeiras de don Xoán*; en 1997, Antón Riveiro Coello, por *Sete traxes*; en 1998, *ex aequo* Rosa Aneiros, por *A eidosa que izaron as bandeiras*, e Luís González Tosar, por *Catro dedos por debaixo do embigo*; en 1999, Xosé Luís Álvarez Pérez, por *Marisol de outono*; en 2000, Beatriz Dacosta, por *Na sombra da lúa*; en 2001, Álvaro Lago, por *O crime de Pombal*; en 2002, Emma Pedreira, por *Os doces devorados*; en 2003, Xosé L. Vázquez Pérez, por *De noite non reces aos ídolos*; en 2004, Agustín Agra, por *Os límites do inimaxinable*; en 2005, Francisco Castro, por *Ningún fascista morreu inxustamente*; en 2006, María Esther Fernández Carrodeguas, por *Subir o telón*; en 2007, Rubén Ceide Martínez, por *A caixa da costureira*; en 2008, Iván García Campos, por *Unha casa chea de xanelas*; en 2009, Juan Tallón, por *Era el*; en 2010, Xosé Alfredo Naz, por *O Mal*; en 2011, Xosé Amancio Liñares Giraut, por *Corografía Obama*; en 2012, Miguel Anxo Martínez por *As casas baratas*; en 2013, María Cristina Pavón Mauriz, por *Cara a Tiananmen* Square; e en 2014 Eli Ríos, por *Remexido de patacas*. Este certame conta co apoio dun concello diferente cada ano e na edición do ano 2015, o Padroado da Fundación Pedrón de Ouro elixiu o Concello de Catoira para a organización da convocatoria. O xurado composto por Mercedes Queixas, Eli Ríos, X. M. Regueira, Manuel Guede, Xosé Ramón Fandiño e David Otero, decidiu premiar a Adolfo Caamaño Vázquez (Barro, 1959), por "Pin Ball Pombal", e entregar dous accésits a Diego Giráldez (O Porriño, 1976), por "Sagradas Escrituras", e a Lionel Rexes (Alfoz) por "Monsieur Bocskai".

**Referencias varias:**

- Alfonso Ribas, Xosé María Álvarez Cáccamo e Xosé Ramón Fandiño, "Ceremonia de entrega dos Pedróns de ouro e de Honra celebrada na casa de Rosalía, en Padrón, en maio do 2015", *A trabe de ouro*, n.º 102, "Crónica", abril, maio e xuño 2015, pp. 295-307.

Recóllense as intervencións de Alfonso Ribas, Xosé María Álvarez Cáccamo e Xosé Ramón Fandiño na entrega dos Pedróns de Ouro e de Honra, concedidos á Miguel Anxo Murado e á editorial Laiovento. Indícase que a intervención de Alfonso Ribas trata sobre a constitución da editorial e o seu labor a prol da cultura galega; e que o texto de

Xosé María Álvarez Cáccamo, que leva por título "Murado, Laiovento e a ferramenta liberadora que chamamos libro", fala do libro como obxecto e ferramenta para a construción do pensamento. Por último, apunta que a intervención de Xosé Ramón Fandiño se centra na traxectoria dos premios Pedrón de Ouro e de Honra.

- Xoán Bernárdez Vilar, "Adeus 'Chuchi', amiga", *Encrucillada*, n.º 193, "Crónica da cultura", maio-xuño 2015, pp. 102-110.

Faise un percorrido polo panorama cultural galego. Na sección "Premios" recóllese a entrega do XIII Premio de Poesía Afundación a Elías Portela pola súa obra *Bazar de traidores*. Dáse conta, ademais, da entrega dos Pedróns de Ouro e de Honra a Edicións Laiovento e Miguel Anxo Murado López. Conclúe facendo mención á entrega do premio Letra E da AELG a Xosé María Álvarez Cáccamo.

IV Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

A Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo crea este premio en 2012. Esta asociación convocaba anteriormente un premio de novela, que dende 2006 pasara a ser substituído pola modalidade de relatos. No ano 2011 chegouse a publicar unha obra que reunía os contos galardoados, editada por Baía Edicións co título *Obras breves de imaxinación [Premios de Relatos "Mulleres Progresistas" 2007-2011]*. Neste premio poden participar todas as mulleres que o desexen, de calquera nacionalidade ou cultura e maiores de 16 anos. Cada participante pode presentar un máximo de tres microrrelatos, en galego normativo, cuxo tema será o empoderamento das mulleres, entendido consonte á estratexia definida na IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing nos seus tres niveis de transformación: o individual, posibilitador de cambios orientados á consecución dun maior autorrespecto e confianza, así como de poder de negociación dos propios intereses; o colectivo, posibilitador dos cambios encamiñados á promoción de vínculos, apoios e recoñecemento mutuo para a defensa dos intereses comúns e, por último, a transformación social que proporciona cambios dirixidos a visibilizar e valorar as mulleres na sociedade e a eliminar as discriminacións de xénero existentes. Enlazando o carácter reivindicativo coa vertente literaria, o microrrelato ten que ter unha natureza narrativa e non de mera proclama. Son valorados aspectos como a calidade literaria e a orixinalidade das obras, así como de adecuación ao tema central do concurso. Os microrrelatos deben levar título e ter un máximo de cen palabras (excluído o propio título). As obras, orixinais e inéditas, non difundidas por ningún tipo de medio, nin en papel, nin electrónico, non deben atentar contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros/as ou ter connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias. As autoras responden ante a organización da autoría e orixinalidade do microrrelato. Segundo o número e calidade dos orixinais recibidos desígnanse entre cinco e dez finalistas, entre as que se elixen os premios do certame: 1º Premio: 300 €, figura e diploma, 2º Premio: 200 € e diploma, e 3º Premio: 100 €. Os traballos preséntanse no formulario que consta na *web* da asociación, apuntando tamén o nome, apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto. No caso de participantes menores de idade, teñen que estar asistidas por quen ostente a súa tutela legal, quen debe encher os apartados correspondentes do formulario de envío dando o seu consentimento. O fallo do xurado publícase o 8 de marzo do ano seguinte, Día Internacional dos Dereitos das Mulleres, podendo quedar desertos calquera ou todos os premios se as obras presentadas non reúnen unha calidade mínima.

O xurado está formado por mulleres do mundo do asociacionismo feminino, as Letras e a Cultura, sendo inapelábel a súa decisión. Dentro do xurado está unha representante de Mulleres Progresistas. Os microrrelatos premiados e finalistas, así como aqueles que o xurado estima dignos de difusión, son colgados na web da Asociación Mulleres Progresistas, polo que as autoras ceden gratuitamente os seus dereitos editoriais sobre estes á entidade organizadora. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entrega rematou o 25 de novembro.

Premio **Nacional de Narrativa**

Ver apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Narración Curta **Nélida Piñón**

O Concello de Cotobade, a Deputación de Pontevedra e a Consellaría de Cultura convocan este premio de relato curto co obxectivo de fomentar a creación literaria en lingua galega e honrar as raíces galegas da escritora Nélida Piñón. Os concursantes deberán ser maiores de 18 anos, que presenten relatos en lingua galega, orixinais e inéditos, cun mínimo de 7 e un máximo de 15 páxinas, en corpo 12 e con tipo de letra Times New Roman, grampados e encadernados. Os relatos enviaranse baixo pseudónimo ou lema ao enderezo Concello de Cotobade, Consellaría de Cultura, Chan 11, Carballedo, CP- 36856, Cotobade. Tamén se ofrece a posibilidade de envialos por correo electrónico. O premio está dotado de 6.000 €. Na primeira edición, celebrada no ano 2014, o prazo de presentación rematou o 20 de febreiro de 2015. O xurado, composto por Armando Requeixo, Fina Casalderrey e Carmen Villarino, outorgou o premio a Xesús Castro Yáñez por *O vello e o Minotauro*.

**Referencias varias:**

- Raquel Torres, "El joven lucense Jesús Castro gana el I Premio de Relato Curto Nélida Piñón", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Comarca", 1 abril 2015, p. 16.

Infórmase que o xurado da primera edición do Premio de Relato Curto Nélida Piñón concedeu o premio ao poeta de Baltar Jesús Castro Yáñez polo seu relato *O vello e o minotauro*, que será editado pola Deputación, ademais de levar 6.000 euros.

- R. L., "Jesús Castro Yáñez gaña o Nélida Piñón de relato breve", *El Progreso*, "Vivir", Cultura", 1 abril 2015, p. 57.

Menciona a concesión do premio de 6.000 euros a Jesús Castro Yáñez co relato *O vello e o minotauro*. Dise que o xurado, composto por Fina Casalderrey, Carmen Villarino e Armando Requeixo, destacou a atmosfera simbólica e a dosificación da intriga como rasgos principais do relato galardoado.

- Á. Piñeiro, "El primer 'Nélida Piñón' ya tiene dueño", *Diario de Pontevedra*, "Comarca", "Pontevedra", 27 outubro 2015, p. 17.

Informa do fallo do premio e destaca que o acto de entrega contou coa presenza da escritora Nélida Piñón. Tamén recolle as palabras do autor, quen confesa que esta foi a primeira vez que escribiu un relato e comenta brevemente a súa obra.

- David Freire, "Entrega del 'Nélida Piñón", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 798, "Álbum", 1 novembro 2015, p. 13.

Faise eco da entrega deste premio literario no Concello de Cotobade. Indícase que contou con cento oitenta participantes e que o gañador foi Jesús Castro Yáñez, co relato *O vello e o minotauro*.

I Premio Literario de Relato **Nortear**

Concurso promovido pola Consellaría de Cultura, Dirección Rexional de Cultura do Norte e Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal. Ten como principal obxectivo incentivar a creatividade da mocidade escritora de Galicia e do norte do país veciño. Poden participar todas as persoas, nacidas ou empadroadas, na Rexión Norte de Portugal ou en Galicia con idades comprendidas entre os 16 e 36 anos. Os relatos deberán ser orixinais, inéditos, escritos en portugués ou galego e cun límite máximo de 7.500 palabras. O premio consiste en 2.000 € e a publicación da obra. Nesta edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entrega rematou o día 30 de setembro. O xurado, composto por Ledicia Costas, Carlos Arias e Carlos Lopes decidiu outorgar o premio a Lara Dopazo Ruibal, pola obra "Clementina". Tamén se entregou un premio de honra a João Maria Cardoso por "Coração cheio de nada".

**Referencias varias:**

- Mario Álvarez, "Lara Dopazo Ruibal gaña o Nortear con 'Clamentina", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 decembro 2015, p. 44.

Informa do título e da escritora gañadora deste certame e indica quen formaron parte do xurado. Comenta, ademais, que o concurso naceu para favorecer a creación literaria entre a mocidade da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e que se celebraron as Conversas Nortear.

XV Premio de **Novela por entregas**

*La Voz de Galicia* e Canal Voz, co patrocinio do Ámbito Cultural de El Corte Inglés, convocan este premio dende 2001. Nel poden participar todas as persoas que presenten unha novela inédita, en galego, dividida necesariamente en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos), e que non opten a outros concursos. As obras teñen que presentarse en catro copias impresas a dobre espazo por unha soa cara, ademais dunha copia en formato PDF gravada nun CD dirixidas ao Premio de Novela por entregas de *La Voz de Galicia*. Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85 no Polígono Industrial de Sabón (15142 Arteixo, A Coruña) polo sistema de plica pechada. Estabelécese un único premio dotado de 6.000 € e a publicación da novela na sección de "Páxinas Literarias" de *La Voz de Galicia* ao longo

do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina web (www.lavozdegalicia.es). Ademais, existe a posibilidade de edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta "Relatos de verán", que comezou no ano 2000. Na primeira edición, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabaril branco* (2000), de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras sométense a concurso. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre, en 2001, por *Unha presa de terra* (2001); Miguel Suárez Abel, en 2002, por *O repenique de Beatriz Goldar* (2003); Xosé Antonio Perozo, en 2003, por *Caderno de Riparia* (2004); Ángel de la Cruz, en 2004, por *O descenso do derradeiro ocaso* (2005); Carlos Freire Cordeiro, en 2005, por *Acio sanguento* (2005); Santiago Lopo, en 2006, por *Game over* (2007); Concha Blanco, en 2007, por *Habitación 202* (2008); Emilio Alonso, en 2008, por *Mercurio* (2009); Alberto Ramos, en 2009, por *Con acuse de recibo* (2010); An Alfaya, en 2010, por *Vía Secundaria* (2011); Diego Ameixeiras, en 2011, por *Historias de Oregón* (2011); Fran Alonso, en 2012, por *A punta de pistola* (2012); Francisco Castro, en 2013, por *O corazón da Branca de Neve* (2013); e María Reimóndez, en 2014, por *A dúbida* (2014). Na edición correspondente ao ano 2015, o galardón foi para a novela *Sobrevivindo* (2015), de Arantza Portabales Santomé (Donosti, 1973). O fallo do xurado deuse a coñecer o 9 de xullo no transcurso da tradicional cea literaria no coruñés Museo Santiago Rey Fernández-Latorre.

**Referencias varias:**

- Ramón Nicolás e N. S., "Sobrevivindo', ou a épica de Val", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Libros de verano", 17 xullo 2013, p. 12.

Infórmase da concesión do Premio de Novela por entregas de *La Voz de Galicia* a Arantza Portabales pola súa obra *Sobrevivindo* e destaca as características meritorias da obra e a súa temática. Realízase ademais un breve achegamento á historia do Premio.

- Arantza Portabales, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 1", "Val. Madrid do 2000", 1 agosto 2015, p. 36.

Reprodúcese o primeiro capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de María Reimóndez, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 2", "Roi. Madrid. 18 de maio de 2013", 2 agosto 2015, p. 38.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 3", "Martín. 19 maio do 2013", 3 agosto 2015, p. 34.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela

por entregas" Sobrevivindo, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 4", "Marcos. Santiago de Compostela. 1 de decembro de 2012", 4 agosto 2015, p. 31.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 5", "Roque. Santiago de Compostela. 23 decembro do 2012", 5 agosto 2015, p. 35.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 6", "Val. Centro Penitenciario de Teixeiro. Xullo do 2013", 6 agosto 2015, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 7", "Roi. Aiglon College, Suíza. Ano 2000", 7 agosto 2015, p. 33.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 8", "Martín. Centro Barver, Barcelona. Xullo do 2005", 8 agosto 2015, p. 37.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela

por entregas", "Capítulo 9", "Marcos. Santiago de Compostela. 8 de febreiro do 2013", 9 agosto 2015, p. 39.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 10", "Roque. Santiago de Compostela. 16 de decembro de 1984", 10 agosto 2015, p. 33.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 11", "Val. Madrid. Xaneiro do 2001", 11 agosto 2015, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 12", "Roi. Centro Penitenciario de Teixeiro. Agosto do 2013", 12 agosto 2015, p. 32.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 13", "Martín. Sede do grupo LAV, Madrid. 13 de maio do 2013", 13 agosto 2015, p. 31.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 14", "Marcos. Madrid. 8 de marzo do 2013", 14 agosto 2015, p. 36.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela

por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 15", "Roque. Santiago de Compostela. 21 de xuño do 2013", 15 agosto 2015, p. 31.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 16", "Val. Museo de El Prado, Madrid. Maio de 1985", 16 agosto 2015, p. 38.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 17", "Roi. Sede do grupo LAV, Madrid. Agosto do 2013", 17 agosto 2015, p. 33.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 18", "Martín. Centro Penitenciario de Teixeiro. Febreiro do 2014", 18 agosto 2015, p. 31.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 19", "Marcos. Hotel Solymar, Louro. 12 de abril do 2013", 19 agosto 2015, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela

por entregas", "Capítulo 20", "Roque. Santiago de Compostela. 17 de maio do 2013", 20 agosto 2015, p. 31.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 21", "Val. Madrid. Setembro do 1985", 21 agosto 2015, p. 36.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 22", "Roi. Madrid. Marzo do 2014", 22 agosto 2015, p. 34.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 23", "Martín. Santiago de Compostela. 17 de marzo do 2014", 23 agosto 2015, p. 37.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 24", "Marcos. Santiago de Compostela. 17 de maio do 2013", 24 agosto 2015, p. 28.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, "Sobrevivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Novela por entregas", "Capítulo 25", "Roque. Milladoiro. 17 de marzo do 2014", 25 agosto 2015, p. 31.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da "Novela por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Sobrevivindo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 26”, “Val. Audiencia Provincial de A Coruña. 30 de maio do 2014”, 26 agosto 2015, p. 31.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Sobrevivindo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 27”, “Roi. Madrid. Marzo do 2014”, 27 agosto 2015, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Sobrevivindo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 28”, “Martín. Audiencia Provincial de A Coruña. 30 de maio do 2014”, 28 agosto 2015, p. 35.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Sobrevivindo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 29”, “Marcos. Santiago de Compostela. 17 de maio do 2013”, 29 agosto 2015, p. 30.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Sobrevivindo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 30”, “Roque. Cidade da Cultura, Compostela. Xullo do 2014”, 30 agosto 2015, p. 37.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela por entregas” *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

_____, “Sobrevivindo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Último capítulo”, “Val. Xaneiro do 2015”, 31 agosto 2015, p. 28.

Reprodúcese un resumo do anterior capítulo e a entrega do seguinte capítulo da “Novela

por entregas" *Sobrevivindo*, de Arantza Portabales, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

II Concurso de relatos **Parque das Illas Atlánticas**

Certame convocado pola Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia co obxectivo de celebrar o Día Mundial dos Animais. Presenta dúas categorías: xuvenil (de entre 10 e 17 anos) e adultos (maiores de 18 anos); e dúas modalidades: relatos curtos (mínimo de novecentas palabras e máximo de mil cincocentas) e microrrelatos (inferior a cincocentas palabras). Os traballos poden ir en galego ou castelán. Presentaranse antes do 21 de decembro na oficina do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, rúa Oliva n.º 3, 36202 Vigo; ou enviaranse ao enderezo electrónico iatlanticas@xunta.es. O premio consistirá nunha visita ao Parque Nacional e un lote de material divulgativo relacionado con espazos protexidos. Os textos premiados editaranse en libro. Nesta segunda edición a temática estaba relacionada co outono nas illas.

Concurso de Relatos Curtos **Redes de Letras**

Certame convocado pola Agrupación Instrutiva de Caamouco dende o ano 2012 para potenciar o hábito da lectura e fomentar o uso do galego. Conta coa colaboración de CaamoucoNET e a librería Carpe Diem de Ares. Existen dúas categorías: infantil-xuvenil (até 16 anos) e adulta (a partir de 17 anos). Outórgase un premio ao gañador ou gañadora da edición infantil-xuvenil e da edición para adultos, que reciben un lote de libros en galego, en colaboración coa librería Carpe Diem de Ares. Poden participar todas as persoas que o desexen, con relatos curtos cunha extensión máxima de mil palabras, sempre que os seus traballos sexan inéditos e escritos en galego. A organización respecta o estilo propio e de autor e non modifica a estrutura global do texto nin o xeito no que este foi escrito, tanto en cuestións ortográficas como lingüísticas. A temática é libre. A organización resérvase o dereito a eliminar do certame aqueles relatos que poidan ferir a sensibilidade dos lectores, con contidos sexistas, discriminatorios ou que arremetan contra a integridade das persoas. Os textos deben presentarse cun título. No caso de que este non se remita, a organización resérvase o dereito de crear un para unha mellor identificación e localización dentro da web. O feito de participar no certame implica aceptar a cesión de dereitos para a publicación do relato na web www.caamouco.net. Ao mesmo tempo, a Agrupación Instrutiva de Caamouco resérvase o dereito para reproducir total ou parcialmente os textos presentados a concurso, resulten ou non gañadores, en calquera formato. Pode presentarse un único relato por participante. O arquivo no que se envíe o relato debe permitir a extracción do texto. Non pode incluír imaxes, nin ser un texto escaneado Entre os formatos preferentes nos que enviar o texto suxírese .txt .doc .odt e .pdf. Os relatos envíanse, xunto cos datos persoais, por correo electrónico á dirección redesdeletras@caamouco.net tamén a través da páxina web www.caamouco.net. Todos os textos poden ser consultados na páxina www.caamouco.net a medida que son enviados polos participantes. Unha vez enviado o relato xunto cos datos persoais, remíteselle ao autor ou autora unha confirmación da recepción do relato mediante un correo electrónico, indicándose a súa aceptación no concurso ou as razóns do seu rexeitamento. O xurado está formado por tres persoas cualificadas, relativas ao mundo

da cultura. Na edición correspondente ao ano 2014 resultaron gañadores Saray Díaz Canosa, por "Enredados" (categoría xuvenil) e José Manuel Bouzamayor Riola, por "O amor non ten fin" (categoría adultos). En 2015 non se convocou.

XVI Concurso **Relatos de Verán. La Voz de Galicia**

No ano 2000, por vez primeira, *La Voz de Galicia* convidou os escritores afeccionados a que enviasen os seus relatos para seren publicados durante todos os días do mes de agosto na sección "Páxinas literarias". Estas páxinas incluíron fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos, para daren cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resultara gañadora do premio "Novela por entregas". Dende ese ano, *La Voz de Galicia* e Canal Voz convocan este concurso dirixido a persoas de todas as idades con textos inéditos, de tema libre, escritos en galego ou castelán, que deben ser enviados xunto a unha pequena biografía con fotografía tamaño carné e os datos persoais, a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, n.º 84-85, Polígono de Sabón, 15142 Arteixo, A Coruña) ou ao correo electrónico relatos@lavoz.es. Os orixinais non poden exceder as vinte e cinco liñas mecanografadas de corpo once (uns dous mil cen caracteres). Un xurado encárgase de seleccionar os relatos para ser publicados ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina en liña. O lectorado de *La Voz de Galicia* é o encargado de elixir cada semana o mellor conto dos autores e autoras noveis que se publicaron durante ese período emitindo o seu voto por medio duns cupóns diarios que aparecen no xornal. Polo feito de participar na votación, entran nun sorteo semanal dunha selección de libros da editorial Biblos Clube de Lectores. Existen dúas modalidades: menores de 15 anos e maiores de 15 anos. Os premios na XIV convocatoria de 2015 consistiron nun libro electrónico Papyre 601 6" para a modalidade de menores de 15 anos en un iPad mini 16 GB+4G na modalidade de maiores de 15 anos. O prazo de entrega dos relatos rematou o 15 de xullo. Os galardóns foron para Carmen Alborés Maceiras polo relato "Las parcas acechan" e, na categoría infantil, para María Calvar, de once anos, por "E ti, podes voar?".

**Referencias varias:**

- Félix Carreira, "970", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 1 agosto 2015, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Félix Carreira, titulado "970".

- Rita Nogueiras, "Podía ser peor", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 2 agosto 2015, p. 39.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Rita Nogueiras, titulado "Podía ser peor".

- Manuel Antonio Sánchez, "O Pelusa non para", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 2 agosto 2015, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Antonio Sánchez, titulado "O Pelusa non para".

- Xaime Toxo, “O ladrido de Argos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 3 agosto 2015, p. 34.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Xaime Toxo, titulado “O ladrido de Argos”.

- Xosé Manuel Bouzamayor, “O camiño dos recordos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 4 agosto 2015, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Xosé Manuel Bouzamayor, titulado “O camiño dos recordos”.

- Eduardo Lampón, “Lonxe”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 5 agosto 2015, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Eduardo Lampón, titulado “Lonxe”.

- Bibiana Fernández, “Velaquí deixo os meus zapatos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 6 agosto 2015, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Bibiana Fernández, titulado “Velaquí deixo os meus zapatos”

- Marisol Mejuto, “Nas miñas liñas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 7 agosto 2015, p. 33.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Marisol Mejuto, titulado “Nas miñas liñas”.

- Ramón Coira, “O bosque dos centauros”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 8 agosto 2015, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Ramón Coira, titulado “O bosque dos centauros”.

- Marcos López, “Os espíritos modernízanse”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 9 agosto 2015, p. 39.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Marcos López, titulado “Os espíritos modernízanse”.

- Laura Aneiros, “Unha razón para continuar”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 11 agosto 2015, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Laura Aneiros, titulado “Unha razón para continuar”.

- Fran Díaz, “Viaxe no tempo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 12 agosto 2015, p. 32.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Fran Díaz, titulado "Viaxe no tempo".

- Divina Novio, "Amores de papel", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 13 agosto 2015, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Divina Novio, titulado "Amores de papel".

- Santiago José Soliño, "Patrimonio inmaterial", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 14 agosto 2015, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Santiago José Soliño, titulado "Patrimonio inmaterial".

- Amalia Barge, "Solitario", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 15 agosto 2015, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Amalia Barge, titulado "Solitario".

- María del Carmen Sambad, "Misterio aclarado", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 16 agosto 2015, p. 38.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por María del Carmen Sambad, titulado "Misterio aclarado".

- José Manuel Lombos, "Bicfeasta", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 17 agosto 2015, p. 33.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por José Manuel Lombos, titulado "Bicfeasta".

- Fernando Soto, "De estrea", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 18 agosto 2015, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Fernando Soto, titulado "De estrea".

- Santiago Casal, "A sesta interminable", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 19 agosto 2015, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Santiago Casal, titulado "A sesta interminable".

- Francisca Rodríguez, "Tempos pasados", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 20 agosto 2015, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Francisca Rodríguez, titulado "Tempos pasados".

- Xosé Carlos Carracedo, "Liberdade", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 21 agosto 2015, p. 36.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Xosé Carlos Carracedo, titulado "Liberdade".

- Celestino Pérez, "O señor Fernando", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 23 agosto 2015, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Celestino Pérez, titulado "O señor Fernando".

- Begoña Pombar, "Salvados por unha pluma", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 23 agosto 2015, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Begoña Pombar, titulado "Salvados por unha pluma".

- Antón Sobral, "Protexer o invisible", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 26 agosto 2015, p. 31.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Antón Sobral, titulado "Protexer o invisible".

- María Dolores Antelo, "Nacida para non esquecer", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 27 agosto 2015, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por María Dolores Antelo, titulado "Nacida para non esquecer".

- José Antonio Giao, "Mañá de verán", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 28 agosto 2015, p. 35.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por José Antonio Giao, titulado "Mañá de verán".

- Pedro Je.ro.ma, "Ninguén", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 29 agosto 2015, p. 30.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Pedro Je.ro.ma, titulado "Ninguén".

- Alba Núñez, "O silencio", *La Voz de Galicia*, "Relatos de verán", "Relato", 30 agosto 2015, p. 37.

Sección que acolle relatos curtos durante todo o mes de agosto. Neste caso reprodúcese o realizado por Alba Núñez, titulado "O silencio".

Premio Narrativa Breve **Repsol YPF**

Premio convocado dende o ano 2006 polo complexo Repsol-YPF e dende 2010 pola Fundación Repsol, en colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co fin de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega. Conta co apoio da Real Academia Galega, a Asociación Galega de Editores e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e coa colaboración da Editorial Galaxia. Anteriormente estaba dotado dun premio de 6.000 €, na terceira edición a contía aumentou até os 9.000 € e no ano 2013 até os 12.000 €, ademais da publicación da obra na Editorial Galaxia. Poden concorrer todos os autores e todas as autoras que o desexen, agás a persoa gañadora da edición anterior. Os traballos, orixinais e inéditos, escritos en lingua galega seguindo a normativa vixente, cunha extensión entre cincuenta e cento vinte folios deben presentarse encadernados en seis copias, mecanografados a dobre espazo, nas que figure o título da obra e o lema xunto a un sobre pechado no que se inclúan os datos persoais do autor ou autora e dirixirse ao Complexo Industrial Repsol YPF (Apartado 700, 15080 A Coruña). O xurado está conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Cultura; outro da Fundación Repsol, un da Real Academia Galega, outro da Asociación de escritores en Lingua Galega e un da Editorial Galaxia. En edicións anteriores o galardón recaeu en *Se algún día esta muller morta*, do xornalista Miguel Sande, en 2006; *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai, en 2007; *A verdade como mal menor*, de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2008; *Os Fíos*, de Xurxo Sierra Veloso, en 2010; *Microbios e outros paquidermos*, de Fernando Díaz-Castroverde Gómez, en 2011; *A forma das nubes*, de María López Sández, en 2012; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila, en 2013; e *A diagonal dos tolos*, de Santiago Lopo, en 2014. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado decidiu galardoar a Marcos S. Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968) pola súa obra *Fontán* (2015).

**Referencias varias:**

- A. R. F., "Marcos S. Calveiro gaña o premio Repsol cun libro sobre o científico Domingo Fontán", *La Opinión*, "A Coruña", 30 setembro 2015, p. 11.

Informa do fallo do premio e comenta a obra gañadora, unha novela biográfica protagonizada polo catedrático de Matemáticas Domingo Fontán. Destaca que a pesar de ter elaborado, a principios do século XIX, o primeiro mapa científico de Galicia, segue a ser unha figura esquecida na nosa historia.

- Belén López, "Marcos Calveiro gaña o Narrativa Breve Repsol cunha obra sobre Domingo Fontán", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 30 setembro 2015, p. 10.

Dá conta da obra gañadora do premio, da que o xurado destaca a contribución á divulgación, mediante a literatura, do traballo de científicos e intelectuais liberais galegos do século XIX.

- ECG, “O galego Marcos Calveiro faise co Premio de Narrativa Breve Repsol”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 setembro 2015, p. 44.

Informa da obra gañadora e recolle as palabras do xurado que a eloxian coma novela biográfica que rescata feitos da historia científica galega pouco coñecidos.

- Fran Moar, “Marcos S. Calveiro gana el premio de narrativa breve de Repsol”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 30 setembro 2015, p. 14.

Dá conta do fallo do premio, recolle as valoracións do xurado e as palabras do gañador, que reivindica a figura de Domingo Fontán, intelectual galego protagonista da obra.

XVI Certame Literario de Relatos Curtos Os **Viadutos**

Organizado pola Concellaría de Xuventude do Concello de Redondela, o certame está dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 17 e os 35 anos que presenten orixinais, inéditos escritos en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de dez folios e máxima de quince. Os orixinais preséntanse no rexistro de entrada do concello ou por correo certificado á Concellaría de Xuventude (Rúa Reveriano Soutullo, n.º 1, 36800 Redondela, Pontevedra). No interior deben incluírse catro copias sen asinar e encabezadas polo título do relato e pseudónimo, e nun sobre pechado, os datos do autor e unha fotocopia do DNI. Estabelécese un primeiro premio de 1.200 € e un segundo de 600. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de recepción de orixinais rematou o 27 de novembro.

XVI Premio **Vicente Risco de Creación Literaria**, anteriormente coñecido como Premio Risco de Literatura Fantástica

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. Dende o ano 2006, este galardón pasou a denominarse Premio Vicente Risco de Creación Literaria e a el poden presentarse todo tipo de obras de carácter literario. A súa dotación é de 6.000 € e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados na normativa vixente, pode variar entre os cento cincuenta e trescentos folios. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, en soporte papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo, baixo lema, e achegar nun sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra. Os traballos envíanse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense. O xurado componse de cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo concello para presidilo. En anteriores edicións foron premiadas *A rosa de Borges* (2000), de Xosé Carlos Caneiro, no ano 2000; *O caderno* (2001), de Xabier López López, en 2001; *A embaixada do vinagre* (2002), de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2002; *O sangue dos camiños* (2003), de Ramón Caride Ogando, en 2003; *Un escuro rumor tralo silencio* (2005), de Isidro Novo, en 2005; *Os mércores de Fra* (2006), de Xurxo Sierra Veloso, en 2006; *Para dicir abril* (2008), de Xosé Vázquez Pintor, en 2007; *A do vinte e un* (2010), de Hixinio Puentes Novo, en 2009; *Deus*

*xogando aos dados*, de Fernando Méndez, en 2010; *Olladas* (2012), de Adelaida Vidal Vizcaya, en 2011; *Todos os días*, de Alberto Manuel Ramos Ríos, en 2012; *As escaleiras do gran hotel*, de Rubén Martínez Alonso, en 2013; e *A verdade nos espellos*, de Rubén Eyré, en 2014. No ano 2015 o prazo de entrega de orixinais rematou o 25 de setembro e o xurado, composto por Antón G. Blanco, María Garrido, Serafín Alonso Pintos, Armando Requeixo e Rubén Eyré concedeu o galardón á novela *Transición* de Pablo Fernández Barba (Madrid, 1976).

**Referencias varias:**

- Julia Varela, "Hai alguen aí? *A verdade nos espellos* de Pablo Rubén Eyré", *A trabe de ouro*, n.º 103, "Publicacións", xullo, agosto e setembro 2015, pp. 459-461.

Achégase unha recensión da última obra merecedora do premio Risco de Creación Literaria, *A verdade nos espellos* (Sotelo Blanco, 2015). O libro analízase dende unha perspectiva sociolóxica, debido á presenza dos espellos. Descríbese o volume, que contén vinte e sete contos de temática variada. Saliéntase a representación que se fai no libro do "esmigallamento do urbano e do rural". Conclúese sinalando o valor destes relatos, que poñen de relevo a conciencia sobre a riqueza da lingua galega e a necesidade de manter os lazos sociais.

- Alfredo Conde, "Motivo de orgullo", El Correo Gallego, "Opinión", "Os outros días", 27 novembro 2015, p. 4.

Entre outras cousas, informa do gañador do premio e recolle as súas palabras sobre o galardón e a obra.

II Certame Nacional de Relatos **Vigo Histórico**

A Asociación de Comerciantes Vigo Histórico, coa colaboración da Editorial Elvira, convoca este premio dirixido a maiores de idade que presenten obras en castelán ou galego. O tema será libre pero a acción debe transcorrer na zona histórica de Vigo. Os relatos deberán ser inéditos, orixinais, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de oito. Enviaranse por email a info@editorialelvira.es antes do 4 de setembro. Darase un primeiro premio (cunha dotación de mil euros) e poderanse conceder até cinco accésits, un para cada xénero narrativo (negro, erótico/romántico, fantástico/terror, humor e costumista) onde se poidan incluír os relatos. A Editorial Elvira publicará un libro co relato gañador e os cinco accésits en caso de habelos e calquera outro relato que sexa merecente de ser publicado. Na edición de 2014 o gañador foi Miguel Puente Molins por "La Casita de la rúa Real". Na edición correspondente ao ano 2014, o xurado decidiu premiar Julio Fernández pola obra "La vida de un lápiz".

**Referencias varias:**

- Ana Baena, "Xosé Lois Ripalda. 'Reivindico un barrio histórico único, que mantén a singularidade propia dentro da cidade", *Atlántico Diario*, "Vigo", 26 decembro 2015, p. 9.

Entrevista ao gañador dun accésit deste certame, Xosé Lois Ripalda, e comenta aspectos do barrio histórico de Vigo relacionados co seu relato.

XXXII Premio **Xerais de Novela**

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984, os orixinais teñen que se presentar por sextuplicado e mecanografados a dobre espazo nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Rúa Dr. Marañón, n.º 12, 36211 Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudosos da literatura, pero a partir de 1988, coa introdución do lema "A forza dos lectores", fíxose unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que xunto a un secretario con voz e sen voto que representa á editorial, compoñen o xurado. Poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que presenten os textos inéditos e orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres do pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, dotado de 15.000 €, ten que comprometerse a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibindo cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores os galardóns foron para as seguintes obras: *Crime en Compostela* (1984), de Carlos González Reigosa, en 1984; *As horas de cartón* (1985), de Lois Xosé Pereira, en 1985; *No ano do cometa* (1987), de Xoán Bernárdez Vilar, en 1986; *Para despois do adeus* (1987), de Xosé Ramón Pena, en 1987; *O bosque das antas* (1988), de Francisco X. Fernández Naval, en 1988; *Galván en Saor* (1989), de Darío Xohán Cabana, en 1989; *As baleas de Eduardo Reinoso* (1990), de Alfonso A. Cáccamo, en 1990; *Agosto do 36* (1991), de Xosé Fernández Ferreiro, en 1991; *O infortunio da soidade* (1992), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1992; *O cervo na torre* (1994), de Darío Xohán Cabana, en 1994; *Unha noite con Carla* (1995), de Aníbal Calvo Malvar, en 1995; *A velocidade do frío* (1996), de Manuel García Seixas, en 1996; *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga, en 1997; *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda Ruíz, en 1998; *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira Viturro, en 1999; *Expediente Artieda* (2000), de Luís Rei Núñez, en 2000; *Teoría do caos* (2011), de Marilar Aleixandre, en 2001; *Concubinas* (2002), de Inma López Silva, en 2002; *Casa Skylab* (2003), de Santiago Jaureguizar, en 2003; *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga, en 2004; *Herba moura* (2005), de Teresa Moure, en 2005; *Tres segundos de memoria* (2006), de Diego Ameixeiras, en 2006; *Cardume* (2007), de Rexina Rodríguez Vega, en 2007; *O xardín das pedras flotantes* (2008), de Manuel Lourenzo González, en 2008; *Sol de inverno* (2009), de Rosa Aneiros, en 2009; *Periferia* (2010), de Iolanda Zúñiga, en 2010; *Extramunde* (2011), de Xavier Queipo, en 2011; *Tonas de laranxa* (2012), de María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón, en 2012; *Cadeas* (2013), de Xabier López López, en 2013; e *Dende o conflito* (2014), de María Reimóndez, en 2014. No ano 2015 o xurado, composto por Ángel Ramiro Paz, Anxo González Guerra, Sofía Tarela, María Costa Vázquez, Alejandro Costas e Fran Alonso en representación de Edicións Xerais, como secretario, con voz e sen voto, decidiu galardoar a Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1974) pola novela *De remate* (2015).

**Referencias varias:**

- Ramón Rozas, “Solpores de esperanza”, *Diario de Pontevedra*, “A vida nun fío”, 6 xuño 2015, contracuberta.

Dá conta da celebración da entrega destes premios na illa de San Simón, espazo rememorado polos avatares históricos e pola cantiga de Mendinho. Ademais, infórmase do continuado descenso no uso que sofre o noso idioma e critica o papel da Xunta de Galicia.

-Xosé Castro Ratón, “Literatura galega con premio”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 6 xuño 2015, p. 19/ *El Ideal Gallego*, “Opinión”, 9 xuño 2015, p. 24.

Infórmase da entrega de premios na illa de San Simón dunha nova edición do Premio Xerais de Novela, do Premio Merlín e do Jules Verne de Literatura Xuvenil. A estes galardóns súmanse outros como os premios Plácido Castro de tradución que premiou o traballo da xaponesa Mona Imai.

- Ágatha de Santos, “Héctor Cajaraville, Andrea Maceiras y Érica Esmorís, premios Xerais 2015”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xuño 2015, p. 42.

Dá conta da entrega dos premios a Héctor Cajaraville, Érica Esmorís e Andrea Maceiras, respectivamente, polas súas obras *De remate*, *Nena e o mar* e *Europa Express*, das que se informa de forma breve do seu argumento.

- Ágatha de Santos, “Héctor Cajaraville. ‘No escribes por los premios, solo porque tienes una idea y necesitas desarrollarla”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xuño 2015, p. 42.

Entrevista a Héctor Cajaraville sobre o protagonista da súa novela premiada no Xerais de Novela, *De remate*, e na cal o autor reflexiona sobre como concibe a creación literaria.

- André Uriza, “Héctor Cajaraville recibe o premio Xerais de Novela por ‘De remate”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 7 xuño 2015, p. 40.

Infórmase do acto de entrega dos premios e comenta o argumento das obras galardoadas. Achégase unha breve reseña biográfica de cada un dos autores premiados.

- Jorge Lamas, “A ópera prima do xornalista Héctor Cajaraville gaña o Xerais de Novela”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 xuño 2015, p. 40.

Faise eco da entrega destes premios a Héctor Carajaville, Érica Esmoría e Andrea Maceiras polas súas obras *De remate*, *Nena e o mar* e *Europa Express*, respectivamente. Infórmase da temática das obras e resúmese a valoración que o xurado fixo delas.

- J. L., “Héctor Cajaraville. ‘Agora teño que reformular o meu futuro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 xuño 2015, p. 40.

Entrevista a Héctor Cajaraville a raíz da concesión do Premio Xerais de Novela pola súa obra *De remate*. Reflexiona sobre a súa forma de narrar, sobre a concepción da obra, así

como da necesidade de reformular o seu futuro a partir da concesión deste recoñecemento.

- Ana Baena, "Tres novos nomes nos penates literarios", *Atlántico Diario*, "Vigo", 9 xuño 2015, p. 15.

Entrevista a Héctor Cajaraville, Andrea Maceiras e Érica Esmorís, autores premiados co Xerais de Novela, co Jules Verne e co Merlín. Héctor reflexiona sobre a súa obra e sobre a resposta que agarda dos lectores. Andrea explica como afecta o premio á súa traxectoria, analiza a obra, o xénero e o público ao que vai dirixida. Érica informa de como valora o recoñecemento, das dificultades que supón escribir para nenos e do incremento dos lectores bilingües.

- Paula Fariña, "Héctor Cajaraville. 'Escribirei sempre para achegar cousas que nunca se fixeron", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", "Entrevista", 16 agosto 2015, pp. 4-5.

Entrevista ao gañador deste premio durante a cal fala da súa obra e dos seus personaxes, do significado do premio concedido, do uso de diferentes rexistros lingüísticos e do panorama literario galego actual.

- Isabel Blanco, "Héctor Cajaraville. 'Tachar de literatura só ao que vén escrito nun libro é limitar o concepto desta arte", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 8 setembro 2015, p. 20.

Contén a entrevista ao gañador do Premio Xerais 2015, que fala do premio, do proceso de escritura e creación da obra e da súa edición. Reflexiona, tamén, sobre os hábitos lectores hoxe en día e o momento da creación literaria actual.

- Cuca M. Gómez, "Por culpa de una maldita muela", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 28 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras actividades, informa da celebración dun encontro entre o alumnado do IES Valle Inclán de Pontevedra e os gañadores dos Premios Xerais 2015: Héctor Cajaraville, Andrea Maceiras e Érica Esmorís.

# X. 2. POESÍA

XIII Premio de Poesía **Afundación**

Naceu, froito dun convenio entre a entidade bancaria e o PEN Clube de Galicia, no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego. No ano 2010, debido á fusión de Caixanova e Caixa Galicia, pasou a denominarse Novacaixagalicia e dende 2014, logo da bancarización da caixa, Afundación. Conta coa colaboración da Xunta de Galicia. Poden concorrer todos os poetas que o desexen, presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente e non menor a seiscentos versos. O premio é indivisíbel e até agora estaba dotado de 12.000 €, que na edición de 2013 pasaron a ser 6.000 €. Ademais implica a publicación da obra gañadora na colección "Arte de Trobar", editada polo PEN Clube de Galicia e a Afundación. Os traballos presentados teñen que ser inéditos, cunha extensión mínima de seiscentos versos e enviarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo lema e plica ao Centro Social Afundación, avenida Policarpo Sanz, nº. 24, 36202 Vigo, Pontevedra. En anteriores edicións resultaron galardoados: en 2002 Xavier Seoane, por *Dársenas do ocaso*; en 2003 María do Cebreiro, por *Non queres que o poema te coñeza*; en 2004 Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2005 Arcadio López-Casanova, por *Herdo do canto*; en 2006 Marilar Aleixandre, por *Mudanzas*; en 2007 Carlos Penela por *Sombras, rosas, sombras*; en 2008 Luís Valle por *A caída*; en 2009 Xabier Rodríguez Baixeras por *Deserto diamantino*; en 2010 Emma Pedreira Lombardía por *Antítese da ruina*; en 2011 Xosé Daniel Costa Currás por *Monicreques*; en 2013 Yolanda Castaño por *A segunda lingua*; e en 2014 Elías Portela por *Bazar de traidores*. No ano 2015 tivo lugar a XIII edición deste certame. O xurado, integrado por Luís González Tosar, presidente do Centro Pen de Galicia, como presidente; Óscar Javier Castro Martínez, como secretario; Inma López Silva, Manuel Guede Oliva e Luciano Rodríguez, decidiu premiar a obra titulada *Duración da penumbra*, do poeta Miguel Anxo Fernán Vello.

**Referencias varias:**

- Montse Dopico, "Elías Portela/Knörr, o poeta galego con nome de barco irlandés", *Luzes*, n.º 18, *República*, "Entrevista", 2015, pp. 76-81.

Achégase unha entrevista a Elías Portela, con motivo da obtención do premio de Poesía Afundación, co seu libro *Bazar de traidores.* Coméntase a "actualización" de Manuel Antonio no poemario, as súas construcións vangardistas, o xogo de diálogo entre Elías Portela e Elías Knörr, o tema da violencia ou o seu éxito en Islandia.

- S. V., "Comeza o prazo para entregar traballos ao XIII Premio de Poesía Afundación", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 5 abril 2015, p. 10.

Infórmase da convocatoria deste certame e indícase o prazo para o envío de obras inéditas. Salienta que o obxectivo do premio é recoñecer libros escritos en galego para normalizar a lingua e contribuír á súa produción literaria.

- Xoán Bernárdez Vilar, “Adeus 'Chuchi', amiga”, *Encrucillada*, n.º 193, “Crónica da cultura”, maio-xuño 2015, pp. 102-110.

Faise un percorrido polo panorama cultural galego. Na sección “Premios” recóllese a entrega do XIII Premio de Poesía Afundación a Elías Portela pola súa obra *Bazar de traidores*. Dáse conta, ademais, da entrega dos Pedróns de Ouro e de Honra a Edicións Laiovento e Miguel Anxo Murado López. Conclúe recollendo a entrega do premio Letra E da AELG a Xosé María Álvarez Cáccamo.

- Ana Baena, “Elías Portela non só está na vangarda, é a vangarda”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 29 maio 2015, p. 10.

Dáse conta da entrega do premio de poesía Afundación a Elías Portela polo poemario *Bazar de traidores*. Recóllese como o xurado destacou o carácter transgresor e vangardista dos seus versos, e que Portela entende a poesía como unha fusión de disciplinas artísticas.

- Manuel Forcadela, “Repoñéndose ao frío do cosmos”, *Tempos Novos*, n.º 217, *ProTexta*, n.º 9, “ProPostas”, xuño 2015, pp. 84-85.

Faise unha recensión do poemario *Bazar de traidores* (Pen Club Galicia, 2015), de Elías Portela, premio de poesía Afundación. Comézase por describir o estilo conciso e sintético do autor, que reivindica o ultraísmo español e o creacionismo de Manuel Antonio. Saliéntanse o depurado da súa linguaxe e o carácter místico da súa poesía, na que se xuntan o real, o simbólico e o imaxinario. Conclúese resaltando o seu uso da linguaxe que, dende o punto de vista da tematoloxía, foxe da concreción.

- Jaureguizar, “Fernán Vello gaña o premio Afundación con ‘poesía política”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 53/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 74, 25 novembro 2015.

Informa da entrega deste premio ao gañador Miguel Anxo Fernán Vello por *Duración da penumbra*, que contén medio centenar de poemas, e recolle as impresións do xurado e as explicacións por parte do autor sobre o poemario (temática, técnica, ecos persoais etc.).

- Alba Lago, “Miguel Anxo Fernán Vello, gañador do XIII Premio Afundación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 novembro 2015, p. 41.

Anuncia o fallo do xurado e recolle as impresións que este manifesta sobre a obra gañadora: dominio das formas e intensidade dos rexistros, que logra unha unidade compacta capaz de extraer lirismo da máis crúa realidade.

- E. Álvarez, “O poeta Miguel Anxo Fernán Vello gaña o premio Afundación con ‘Duración da penumbra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 novembro 2015, p. 44.

Dáse conta do premio de poesía Afundación, convocado polo Centro Pen de Galicia con patrocinio da Xunta, ao que se presentaron corenta e tres poemarios e no que resultou gañador Miguel Anxo Fernán Vello, obra que será publicada na colección “Arte de Trovar”.

XII Concurso de poesía **Anomar**

A Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos, de Teo, convoca este galardón coa intencionalidade de unir a experiencia, o coñecemento e a importante transmisión cultural das persoas maiores coa ilusión e a creatividade dos máis mozos. O nome do concurso fai alusión a unha persoa que simboliza a experiencia, a forza e a ilusión por aprender, de superarse día a día: a señora Ramona, a persoa máis vella da asociación. Anomar é Ramona ao revés, a cal representa a todas as persoas vellas que, coma ela, están convencidas de que na vida se aprende cada día e que a creación literaria é unha forma máis de expresividade e coñecemento. O concurso está dividido en tres categorías segundo a idade: a 1ª, de nove a catorce anos; a 2ª, de quince a dezaoito; e a 3ª para maiores de dezaoito. A temática dos poemas é libre e deben ocupar entre vinte e cen versos en galego. Pódense enviar por correo postal nun sobre grande sen remite, co nome da categoría á que se presenta, onde se introduce o poema sen o nome do autor ou da autora e un sobre pequeno onde conste o título do poema, nome da persoa, enderezo e número de teléfono ao enderezo da asociación (rúa Ameneiro, n.º 8, baixos parroquiais, 15894 Os Tilos, Teo). Tamén se poden entregar por correo electrónico enviando o poema en arquivo adxunto sen o nome da persoa a arcostilos@arcostilos.org. No email deberán constar o título do poema, o nome da persoa, o enderezo e o teléfono e no asunto escribirase "Concurso de poesía Anomar". O xurado está composto por tres persoas do mundo da literatura, que seleccionarán unha obra para cada categoría e entregarán os galardóns, un lote de libros. Na edición correspondente ao ano 2015 gañou Lucía Afonso Abalo.

**Referencias varias:**

- ARCA, "Convocado o XII concurso de Poesía Anomar", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 novembro 2015, p. 32.

Informa da convocatoria e as bases da décimo segunda edición do Concurso de Poesía Anomar para rapaces de 9 a 14 anos que organiza a Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos.

IX Certame de Poesía **Antón Zapata García**

A Concellaría de Cultura e Benestar do Concello de Laxe convoca este certame na honra do poeta laxense. Poden participar todas as persoas que o desexen, de calquera procedencia, con composicións en galego ou en castelán. A extensión e temática dos traballos é libre, pero deben estar inéditos. Os poetas poden inscribirse en tres categorías segundo a súa idade: infantil, até 11 anos; xuvenil, dos 12 aos 25 anos; e adultos, a partir dos 25 anos. Todas as obras deben enviarse baixo un pseudónimo ás oficinas da Concellaría de Cultura do Concello de Laxe, preferentemente por correo postal, ao enderezo: Avda. Cesáreo Pondal, n.º 26, 15117 Laxe, A Coruña. No sobre debe figurar tan só o pseudónimo e a categoría na que se inscribe. Nun sobre lacrado no interior deben figurar os datos persoais do autor: nome e apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. O premio, o mesmo para as tres categorías, consiste nun diploma

e nun vale de 100 € para gastar en material bibliográfico. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entregas pechou o 14 de agosto. A resolución do xurado tivo lugar durante a celebración do IX Solpor Poético o día 22 de agosto na praia dos Cristais.

**Referencias varias:**

- J. M. Ramos, "IX Solpor Poético con Xoán Curiel en la Praia dos Cristais de Laxe", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.369, 22 agosto 2015, contracuberta.

Informa da celebración, na praia dos Cristais de Laxe, do encontro poético amenizado por un concerto de Xoán Curiel no que, ademais, se dará a coñecer o fallo do IX Certame de Poesía Antón Zapata.

XIX Premio de Poesía **Avelina Valladares**

Convocado anualmente polo Concello da Estrada, xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores, para contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo dos poetas, descubrir novos valores, preservar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poeta estradense Avelina Valladares, precursora, xunto ao seu irmán Marcial Valladares, do cultivo literario da lingua galega no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, son dirixidos, baixo lema, por cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, cun mínimo de trescentos versos e un máximo de oitocentos, ao Concello da Estrada (Praza da Constitución, s/n, 36680, A Estrada-Pontevedra) xunto cun sobre pechado co nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio aumentou en 2008 a súa contía a 2.000 €. Este galardón foi acadado en edicións anteriores por poetas como María Lado, Berta Dávila, María Canosa, Olalla Cociña, Xosé Luna Sanmartín, Helena Salgueiro Golán ou Elvira Riveiro, entre outros. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo para remitir orixinais rematou o 13 de maio e o xurado, formado por María Neves Soutelo, David Otero Fernández, Óscar Javier Castro Martínez e Dolores Araújo Arias, que actuou como secretaria, seleccionou por unanimidade, como gañadora a obra *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores*, de Silvia Penas (Vigo, 1980). O acto de entrega do galardón tivo lugar o 23 de decembro no Teatro Principal da Estrada durante a celebración da Festa da Poesía.

**Referencias varias:**

- S. E., "A poetisa viguesa Silvia Penas gaña o premio de poesía Avelina Valladares", "Área de Compostela", 18 setembro 2015, p. 34.

Informa sobre este premio de poesía que recaeu na viguesa Silvia Penas pola obra presentada baixo o lema *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores – Vita la Vita*. Recolle as verbas dos membros do xurado, que salientan a coidada estrutura do poemario que traza un esquelete harmonioso que o dota de consistencia e calidade.

- Cibrán Canedo, "Premios singulares y problemas de organización", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Arriba y abajo", 24 decembro 2015, p. 37.

Comenta brevemente o acto de entrega deste certame e destaca a actividade cultural da bisbarra de Tabeirós-Terra de Montes.

Premio de Poesía sobre la Mar **Brisa marina**

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana, co patrocinio de Gauzón Ibérica, premia poemas de temática relacionada co mar. No ano 2013 entregáronse os galardóns relativos aos anos 2011 e 2012. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado, composto por Ricardo Díaz-Casteleiro, Miguel Brotóns, Carlos Barcón, Francisco Vila, Corín Cervera, Aurora Varela e José Ramón Vázquez, declarou gañador a Francisco Álvarez Koki por "El espíritu del mar...".

XXXI Premio de Poesía **Cidade de Ourense**

Premio convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense dende 1980 no que poden participar persoas de calquera nacionalidade, sempre que os traballos, orixinais e inéditos, se presenten en galego ou en portugués, e teñan un mínimo de seiscentos versos. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo por unha soa cara en exemplar sextuplicado, grampados, cosidos ou encadernados, baixo lema. Ademais, débese incluír un sobre pechado e lacrado no que figuren o nome, apelidos, número de DNI e enderezo do autor, e entregarse no Rexistro do Concello de Ourense directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre que se trata dunha obra dirixida ao certame. Os concursantes de orixe portuguesa poden entregar as súas obras na Cámara Municipal de Vila Real nos mesmos prazos que indica a convocatoria. O concurso está dotado dun único galardón de 6.000 €, unha placa de prata e a publicación da obra. Entre os escritores gañadores deste certame, atópanse, entre outros Millán Picouto, Darío Xoán Cabana, Xosé Gómez Alfaro, Xosé Carlos Caneiro, Xavier Rodríguez Barrio, Miguel Anxo Fernán-Vello ou Amadeu Baptista. Na edición correspondente o ano 2015 o prazo de entrega de orixinais rematou o 24 de abril. O xurado, composto por Francisco González Bouzán, Edelmiro Vázquez Naval, Irene Veiga Durán, Miguel Anxo Fernán Vello, Xavier Rodríguez Baixeras, como gañador da anterior edición do certame, Mónica Fernández Valencia, técnica de normalización lingüística do Concello de Ourense, que actuou como secretaria, concedeu o premio a Eva Veiga (Pontedeume, 1961) polo seu traballo *Silencio percutido*.

**Referencias varias:**

- N. V., "A poeta Eva Veiga gaña o premio Cidade de Ourense con 'Silencio percutido", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 30 xuño 2015, p. 9.

Dá conta da entrega do Premio Cidade de Ourense a Eva Veiga pola súa obra *Silencio percutido*. Informa das palabras de agradecemento da autora por tal recoñecemento, da contía do galardón e daquelas características da obra que destacou o xurado.

XL Certame de Poesía sobre o Nadal do **Concello de Begonte**

Convocado polo Concello de Begonte dentro da programación cultural de Nadal. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán. O tema dos traballos ha ser o do Nadal, dende calquera punto de vista. Valóranse os textos que fagan referencia a Begonte e ao seu Belén. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos. Concédense os seguintes premios: o Premio Begonte de Poesía, dotado de 600 € e estatuíña de Sargadelos, e un segundo premio dotado de 300 € e estatuíña de Sargadelos. A remisión de orixinais faise por triplicado ao Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado. Todos os traballos deben presentarse con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais da autora ou autor. O prazo de entrega de orixinais rematou o seis de xaneiro de 2016. No ano 2015 o primeiro premio foi para Xosé Otero Canto, polo poema titulado "Dende Valverde a Begonte", e o segundo para Carlos Pérez, por "O Belén era un clamor".

**Referencias varias:**

- C. A., "El chairego Xosé Otero Canto gana el Certame de Poesía del Belén de Begonte", *El Progreso*, "A Chaira", 16 xaneiro 2015, p. 17.

Fálase da concesión do primeiro premio deste certame a Xosé Otero Canto, natural de Ponte de Outeiro, Castro de Rei, co poema titulado "Dende Valverde a Begonte". O premio consta de 600 euros e unha figura de Sargadelos e será entregado o 31 de xaneiro nos actos de clausura do XLIII Belén de Begonte. Carlos Pérez, natural de Ferrol, gañou o segundo premio, dotado de 300 euros e outra figura, co poema titulado "O Belén era un clamor".

XVIII Concurso de Poesía **Concello de Carral**

Concurso de poesía organizado polo Concello de Carral dende 1997 ao que poden concorrer autores e autoras maiores de idade, con traballos orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de cincocentos versos, escritos en galego e baixo un lema, dotado dun único galardón de 1.200 €, que na edición do ano 2008 ascendeu a 2.000 €, e a posibilidade de publicación da obra gañadora na colección de poesía da editora Espiral Maior. Os traballos entréganse por triplicado, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. Cada copia dos traballos preséntase na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cultura, rúa de Paleo, n.º 17, 15175 Carral, A Coruña) cunha portada na que figuren o título da obra e o lema ou alcume do autor, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra, e que conterá no interior o nome e apelidos do autor, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve curriculum. En anteriores edicións foron premiados: en 1997, Fernando Díaz-Castroverde por *Camiño de píntegas*; en 1998, Rafael Lema por *Atlántica*; en 1999, Rafa Villar por *Días de Sherezade*; en 2000, Lucía Novas por *Epiderme de estío*; en 2001, Baldo Ramos por *A árbore da cegueira*; en 2002, Eduardo Estévez por *Derrotas*; en 2004, Xurxo Alonso por *Breviario de Aldemunde*; en 2005, Marcos S. Calveiro por *Cartas do terceiro día*; en 2006, Isidro Novo por *Esteiro de noites falecidas*; en 2007, Xosé Luís Mosquera Camba por *Nadja c'est moi*; en 2008, Paulino Peña Álvarez por *Gramática da*

*afirmación*; en 2009, Eli Ríos por *Nós escoitando o badalo de marienplatz*; en 2010, Miro Villar por *As crebas*; en 2011, Emma Pedreira por *Libro das mentiras*; en 2012, Roi Vidal Ponte por *Teatro*; en 2013, Dores Tembrás por *Cronoloxía da urxencia*; e en 2014, Oriana Méndez por *O que precede a caída é branco*. Na edición de 2015, o xurado, formado por Oriana Méndez, Miguel Anxo Fernán Vello e Nacho Alonso, baixo a presidencia da Concelleira de Cultura, Isabel López Pérez, e asistidos en calidade de secretario, polo técnico municipal de Cultura e coordinador do premio, Carlos Lorenzo Pérez, acordou elixir como gañador o poemario titulado *Soño e vértice*, de Eva Veiga (Pontedeume, 1961). O acto de entrega do premio tivo lugar o 29 de maio na Casa da Cultura de Carral.

**Referencias varias:**

- Montse Dopico, "Neste sistema económico non pode haber cidadanía porque só as persoas libres son cidadás", *Tempos Novos*, n.º 220, *ProTexta*, n.º 10, "ProTagonistas", setembro 2015, pp. 70-71.

Co gallo do galardón do Premio de Poesía do Concello de Carral para a obra *O que precede a caída é branco*, achégase unha entrevista con Oriana Méndez. Trátanse temas como a unidade de forma e contido no poemario, o tema dunha cidade sen cidadáns, e a conexión coas súas obras anteriores, *Cero* e *Derradeiras conversas con Capitán Kraft*.

- Rosa Enríquez, "Estética cegadora", *Tempos Novos*, n. º 220, *ProTexta*, n.º 10, "ProTagonistas", "A contrafío", setembro 2015, p. 72.

Achégase unha recensión do poemario de Oriana Méndez *O que precede á caída é branco* (Espiral Maior, 2015). Gábase o ton rotundo da obra, que se mantén dende o comezo. Saliéntanse a súa voz rítmica, liberada do exceso de culturalismo, e a súa sonoridade textual. Conclúese facendo referencia á minuciosidade no traballo do texto, no que o tema principal é a inminencia dun acontecemento que se intúe.

- Gonzalo Hermo, "Suspender o simulacro", *Tempos Novos*, n. º 220, *ProTexta*, n.º 10, "ProTagonistas", "A contrafío", setembro 2015, p. 73.

Comézase por comentar a aposta pola demolición do "eu" como motor do texto, de xeito que o libro presenta unha voz colectiva. Equipárase a poesía da autora á brancura da que fala o poemario. Para concluír, saliéntase a celebración do comunitario, na liña d'*A noite dos proletarios*, de Rancière.

VIII Certame de Poesía do **Concello de Mugardos**

A Concellaría de Cultura do Concello de Mugardos convoca este certame de poesía en galego con motivo do Día da Poesía (21 de marzo). Contaba coas modalidades de maiores de 18 anos e menores de idade e no ano 2013 pasou a ter tres categorías: até os 12 anos, de 13 a 17 anos e maiores de idade. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima dun folio de DIN-A4 por unha cara e o corpo de letra 14 a dobre espazo. Diríxense por duplicado e baixo plica a esta concellaría do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, n.º 45, 15620 Mugardos, A

Coruña) durante o mes de febreiro. O galardón consiste en vales para mercar libros por valor de 40 €, 60 € e 100 € segundo a categoría. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado decidiu conceder o premio da categoría até 12 anos a Blanca Gago Suárez por "As amizades da vida"; da categoría de 13 a 17 a Roi Santiago Ferreiro por "O barco"; e da categoría de maiores de idade a Sabela Rodríguez Reino por "Tren de algures".

XLI Certame Literario do Excelentísimo **Concello de Vilalba**

Co fin de estimular e potenciar a creación poética galega, o Concello de Vilalba convoca este certame en que se conceden dous premios dotados de 3.000 € e 1.000 €, xunto cunha flor natural e un diploma. Ademais, a obra gañadora é publicada por Alvarellos Editora. Poden concorrer todos os autores de calquera nacionalidade e condición que presenten orixinais e inéditos, de extensión mínima de cincocentos versos e tema libre, escritos en galego. Os orixinais preséntanse por quintuplicado mecanografados a dobre espazo e envíanse, xunto cun sobre cos datos persoais do autor e unha breve biografía, ao Concello de Vilalba (Praza da Constitución n.º 1, 27800 Vilalba, Lugo). Na XLI edición o prazo de inscrición rematou o 17 de xullo, o ditame do xurado difundiuse nos medios de comunicación o 24 de agosto e o acto de entrega tivo lugar o 30 de agosto, coincidindo coas festas patronais de San Ramón e Santa María. O xurado, formado por Darío Villanueva, director da Real Academia Española, os xornalistas Fidel Fernán e Xulio Xiz, a xefa territorial de cultura, Educación e Ordenación Universitaria María del Carmen Gueimunde González e o concelleiro de cultura de Vilalba José Antonio Pita concedeu o primeiro premio a Modesto Fraga, polo libro de poemas *Adagio por outono*, e o segundo premio a Paulino Pereiro, por *Poemas de ruxido e barruzo*.

**Referencias varias:**

- C. P. R., "Abierto el plazo para presentar trabajos al Certame Literario vilalbés", *El Progreso*, "A Chaira", 29 xuño, 2015, p. 18.

Anúnciase a convocatoria deste certame e preséntanse as súas bases.

_____, "Modesto Fraga gana con 'Adagio por outono' el Certame Literario vilalbés", *El Progreso*, "A Chaira", 25 agosto, 2015, p. 14.

Dá conta do fallo do certame literario vilalbés do primeiro e do segundo premio. Informa sobre a composición do xurado e indica que o fallo se deu a coñecer na casa da cultura de Vilalba, no acto de presentación dos poemarios premiados en 2014 e publicados por Alvarellos Editora.

_____, "Modesto Fraga gana con 'Adagio por outono' el Certame Literario vilalbés", *El Progreso*, "A Chaira", 25 agosto 2015, p. 14.

Anúnciase o gañador do XLI Certame Literario do Concello de Vilalba. Dise que o segundo premio foi para Paulino Pereiro Martínez, con *Poemas de ruxido e barruzo*. Á súa vez, no acto de entrega do galardón tivo lugar a presentación dos poemarios

premiados en 2014 (*Abrindo fiestras en carne viva*, de Carlos López, e *Cinza de estrelas*, de María Isabel Vázquez) da man do seu editor, Henrique Alvarellos.

Certame **Cores con palabras**

Convócase este certame poético-pictórico por iniciativa do Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños coa colaboración da Xunta de Galicia. Poden concorrer todas aquelas persoas maiores de 55 anos que presenten obras pictóricas ou poéticas orixinais. Cada participante pode presentar un máximo de dúas obras por categoría, inéditas e de temática libre. Os poemas, en lingua galega, con tema, rima e métrica libres, deben ter unha extensión máxima de trinta versos. Xunto coas obras, achegarase o boletín de inscrición debidamente cuberto, cos datos identificativos do autor, título da obra etc. así como unha fotocopia do carné de identidade do autor. As obras poden entregarse ben mediante mensaxeiro, ben persoalmente en horario de 9:00 a 14:00 horas no Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños (Avenida de Vigo, 25, baixo, 36680 A Estrada, Pontevedra). Entre todas as obras presentadas, lévase a cabo unha selección en cada categoría das cincuenta obras de maior calidade, técnica e orixinalidade, que pasan á fase final do certame e formarán parte, ademais, do libro *Cores con palabras*, que se publicará con motivo dunha exposición final nunha sala reservada para o efecto. A composición do xurado dáse a coñecer o día da entrega de premios e está composto por destacados persoeiros do mundo da plástica e da poesía galega, así como por membros da organización. Estabelécense tres premios por categoría (1.º, 2.º e 3.º), que serán entregados o día da inauguración da exposición e que consistirán nunha placa conmemorativa e diploma acreditativo.

Premio de Poesía Romántica **Cristina Amenedo**

Premio internacional de poesía creado pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF) no ano 2012 co obxectivo de lembrar a profesora e escritora cabanesa Cristina Amenedo (Cabanas, 1925-A Coruña, 2011), persoa moi vinculada coa entidade cultural ferrolá. Poden presentarse poemas de temática romántica entre os trinta e os setenta versos, en galego e castelán, remitidos por correo a "Concurso Cristina Amenedo" (Apartado de correos 339, 15480 Ferrol, A Coruña). Os premios consisten nunha placa de prata ao mellor poema ou conxunto de poemas, tanto en idioma galego como en castelán. A entidade resérvase a publicación dos traballos gañadores dentro da súa revista literaria *Poesía Galicia*. No ano 2015 tivo lugar o acto de entrega dos galardóns da edición de 2014 e, na modalidade de lingua galega, o xurado, composto por Ricardo Días-Casteleiro Romero, Miguel Brotóns, Carlos Barcón, Francisco Vila, Aurora Varela, José Ramón Vázquez e Carolina Fernández, declarouno deserto.

I Premio de Poesía **Díaz Castro**

Certame convocado polo Concello de Guitiriz para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega. Poderán concorrer a este certame as persoas que envíen traballos en lingua galega, orixinais e inéditos, de temática libre e cunha extensión mínima de 500 versos. Os participantes deberán enviar catro exemplares da obra ao enderezo do Concello de Guitiriz. O prazo de entrega rematou o

31 de decembro de 2015 cun único e indivisíbel premio de 2.000 €. O premio inclúe, ademais, a publicación da obra gañadora por Edicións Espiral Maior. Nesta primeira edición o gañador foi Raúl Gómez Pato co poemario titulado *Máscaras de espellos*.

**Referencias varias:**

- C. P. R., "O premio Díaz Castro está dotado con 2.000 euros e a edición do poemario", *El Progreso*, "A Chaira", 6 novembro 2015, p. 17.

Informa da convocatoria e as bases do I Premio Xosé María Díaz Castro, un certame de poesía que nace no Concello de Guitiriz coa intención de honrar a memoria do poeta e promocionar a poesía galega.

- R. de R., "La presentación de trabajos para el concurso de poesía Díaz Castro finaliza el día 31", *El Progreso*, "A Chaira", 24 decembro 2015, p. 16.

Dá conta da data para entregar os traballos e indica cales son as bases do concurso. Finalmente, indica o día en que se fallará e o de entrega dos premios.

XVI Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, co afán de estimular a creación poética entre a mocidade. Poden optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presenten poemas orixinais e inéditos non premiados, escritos en galego, de tema e metro libre e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deben enviarse en DIN-A4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde conste o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos realízase no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, n.º 1, 27740 Mondoñedo, Lugo). Conta cos seguintes galardóns: un primeiro premio de 1.500 €, un segundo de 600 € e un terceiro de 300 €, ademais dunha placa e diploma para todas as persoas galardoadas. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de admisión rematou o 1 de setembro e resultou gañador do primeiro premio Mateo Buján con "Ti víchesme o outro día"; o segundo foi para Antía Juncal con "Turxencia na pel"; e o terceiro premio para Raúl Costas con "Actualidade". O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 19 de novembro.

**Referencias varias:**

- Alba Lago, "Mateo Buján, primeiro premio do certame Díaz Jácome de poesía", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 20 decembro 2015, p. 41.

Informa dos poemarios e dos autores gañadores deste certame e recolle as declaracións de Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística. Destaca a implicación da familia Díaz Jácome e rememora que Méndez Ferrín foi o seu primeiro gañador.

- I. García, “Mondoñedo honra a Díaz Jácome e ao seu finado fillo no certame de poesía”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 decembro 2015, p. 58.

Dá conta do acto de entrega dos premios deste certame e dos membros do xurado. Ademais recolle as declaracións de Valentín García, de Xosé Ramón Barreiro Fernández, Antón Veiga, a alcaldesa Elena Candia e Armando Requeixo.

II Certame de Poesía **Erótica Recitada**

Concurso organizada polo Concello de Rianxo no cal poderán participar todas as persoas que reciten un texto erótico propio en idioma galego, sen utilizar música, disfraces ou accesorios. Cada persoa terá tres minutos de micrófono para recitar. Existen tres fases que, por votación popular, decidirá tres finalistas. Logo haberá unha final en que as persoas finalistas volverán recitar outro día un novo poema erótico que, novamente, será votado polo público para escoller unha soa gañadora. O premio consiste en 1.000 € para o gañador e nuns agasallos para as dúas persoas finalistas. Na edición correspondente ao ano 2015 a gañadora foi Noelia Gómez, seguida de Sonia Suárez e Carlos da Aira.

**Referencias varias:**

- Suso Souto, “Esther Carrodeguas. ‘O concurso de poesía erótica recitada de Rianxo ten un premio de mil euros”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.210, “Entrevista en 50 liñas”, 13 marzo 2015, p. 5.

Infórmase da celebración do II Certame do Poesía Erótica Recitada a partir do 14 de marzo, organizado polo Concello de Rianxo e creado e promovido por Esther Carrodeguas. Indícase que se celebrará en tres fases que culminarán na final o 16 de maio na cafetería Castelao de Rianxo. Apúntase que os participantes han de recitar durante tres minutos un texto poético erótico propio e en galego.

- S. Souto, “Final do concurso de poesía erótica”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 1.277, 20 maio 2015, p. 10.

Indica que a rianxeira Noelia Gómez foi a gañadora do certame e que recitou os seus poemas con seseo e gheada.

XXVIII Premio de Poesía **Eusebio Lorenzo Baleirón**

Convocado anualmente polo Concello de Dodro, coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, dende 1988 para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais, de temática libre e teñan un mínimo de cincocentos versos e un máximo de oitocentos. Así mesmo, as obras deben ir cun lema no exterior da plica, onde se inclúen os datos persoais do autor. Remítense catro exemplares ao Concello de Dodro(Rúa Tallós, n.º 32, 15981 Dodro, A

Coruña). Estabelécese un único e indivisíbel premio de 2.300 € e a publicación da obra pola editorial Sotelo Blanco, sendo publicada anteriormente na colección de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" de Edicións do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, debe facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado é designado polo Concello de Dodro entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria. En anteriores convocatorias os galardóns foron para Xosé Manuel López Ardeiro en 1988 por *O matiz esmeralda na sombra*; Gonzalo Navaza en 1989 por *Fábrica íntima*; Xavier Rodríguez Barrio en 1990 por *Alba no muro*; Helena Villar Janeiro en1991 por *Nas hedras da clepsidra*; Palmira González Boullosa en 1992 por *Asoladamente, o teu nome*; Xabier Cordal en 1993 por *Fruto do teixo*; Xosé Manuel Millán Otero en 1994 por *As palabras no espello*; Xosé Miranda en 1995 por *Amantes e viaxeiros*; Isidro Novo en 1996 por *Dende unha nada núa*; Emma Couceiro en 1997 por *As entrañas horas*; Estevo Creus en 1998 por *Teoría do lugar*; Emma Pedreira en 1999 por *Grimorio*; Carlos Penela en 2000 por *Acaso o inverno*; Xosé Lois Rúa en 2001 por *O tránsito da auga*; Eduardo Estévez en 2002 por *Caderno apócrifo da pequena defunta*; María Comesaña Besteiros en 2003 por *Zoonose*; Lupe Gómez en 2004 por *Azul estranxeira*; Mariña Pérez Rei en 2005 por *Fanerógama*; Rafa Villar en 2006 por *Escoración dos días*; Nieves Soutelo en 2007 por *Código poético*; Xabier Xil Xardón en 2008 por *Cando menos, a derrota*; Xosé Daniel Costas Currás en 2009 por *Conservas*; Luís Valle Regueiro en 2010 por *Palabras, palabras e palabras*; Isaac Fernández Fernández en 2011 por *Con gume de folla húmida*; Serxio Iglesias en 2012 por *Viaxe ao interior da fenda*; Cristina Ferreiro en 2013 por *As paisaxes eléctricas*; e Ramón Neto en 2014 por *Zonas de tránsito*. No ano 2015 o xurado, composto por Malores Villanueva, Ánxela Gracián, Ramón Neto, Neve Soutelo e baixo a coordinación de Xabier Castro, director do Centro PEN Galicia, decidiu conceder o galardón a Xerardo Quintiá (Friol, 1970) por *Fornelos & Fornelos, segunda fundación*. A gala de entrega tivo lugar o 19 de decembro no CPI Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro.

XIX Certame **Francisco Añón de Poesía**

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. No ano 2008 estabelecéronse cinco categorías: A) para nenos de seis a sete anos cun premio dun vale de 90 € en libros e a publicación da obra; B) para os de oito a nove anos cun premio dun vale de 120 € en libros e publicación do poema; C) para os nenos de dez a once anos cun premio dun vale de 150 € en libros e publicación do poema; D) para os mozos de doce a catorce anos cun premio dun vale de 180 € en libros e publicación do poemario; E) para mozos de quince a dezasete anos cun vale de 230 € e publicación da obra; e F) para os maiores de dezaoito anos cun cheque por valor de 1.000 € e publicación da obra. En todas as categorías considerouse a posibilidade de conceder un accésit. Nas modalidades E e F estabeleceuse unha extensión mínima de cento cincuenta versos. Os orixinais debían presentarse en sobre pechado no que constase o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre, que tivese os datos persoais e a fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entregáronse na Casa da Cultura (Avda. de San Campio, s/n, 15230 Outes). Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entrega rematou o 7 de abril. Na categoría de maiores de 18 anos a

gañadora foi Lara Dopazo Ruibal (Marín, 1985) con *Ovella*, e recibiron accésit Vicente Vázquez Vidal, por *Ani(vers)ario* e Manuel Otero Boquete, por *Nomearte é morrer un pouco menos*. Nas outras categorías foron premiadas Aldara Ínsua, Fuencisla Barros, Aroa Aspérez, Natalia Farto e Marcela Porto.

**Referencias varias:**

- M. G., "Lara Dopazo gaña o XIX Certame Francisco Añón de poesía", *El Correo Gallego*, "Terras de Santiago", n.º 1.276, 19 maio 2015, p. 7.

Anúnciase a gañadora do XIX Certame Francisco Añón de Poesía, convocado polo Concello de Outes: Lara Dopazo. Noméanse tamén os gañadores das categorías de mozos de ata 17 anos.

XXIX Premio de Poesía **Feliciano Rolán**

Certame convocado pola Agrupación Cultural Guardesa e patrocinado polo Concello da Guarda, ao que poden presentarse poetas de calquera nacionalidade, con poemas orixinais e inéditos de temática e forma libre, escritos en galego ou castelán. Cada concursante pode enviar un máximo de dous poemas por quintuplicado, cunha extensión entre trinta e cen versos, ao apartado de correos 3, 36780, A Guarda (Pontevedra). Estabelécense tres premios dotados de 360 €, 120 € e 60 € respectivamente e unha placa conmemorativa, ademais da concesión dun accésit. Na edición correspondente ao ano 2015, o xurado acordou premiar os seguintes autores: co 1º premio, Rocío Leira por "O último camiño ata nós"; co 2º, Isaura Lago por "Na noite dos teus ollos"; e co 3º, Eumelia Sanz por "Coloquio sereno". A entrega dos galardóns tivo lugar o 4 de agosto no Centro Cultural da Guarda.

XLV **Festa do Aquelarre Poético**

A Comisión promotora das Fogueiras de San Xoán da Coruña convoca este certame, no que pode participar calquera persoa non premiada en edicións anteriores con até tres composicións poéticas orixinais e inéditas por lingua, en castelán ou galego, sobre a noite de San Xoán e a súa aparición no folclore. Cada poema, cun mínimo de cen versos, debe presentarse mecanografado nun sobre baixo lema e nun sobre á parte a plica cos datos persoais do autor, ou a través do correo electrónico info@hoguerassanjuan.com. Concédense dous galardóns: un primeiro premio consistente nunha flor natural e 1.000 €, e un segundo premio cunha flor natural e 500 € en efectivo. A entrega dos galardóns tivo lugar no Teatro Rosalía de Castro o 20 de maio.

XV Premio de Poesía **Fiz Vergara Vilariño**

Este certame naceu no ano 2000 para homenaxear o poeta de Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño, co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Está organizado pola Agrupación Cultural Ergueitos e o Concello de Sarria. Até 2007

este premio estaba dotado de 3.000 €, que se aumentaron na edición 2008 até 6.000 €, a publicación da obra en Espiral Maior e unha obra plástica inédita de Marta Prieto. Os traballos, orixinais, inéditos e non premiados noutro certame, en galego, cunha extensión mínima de catrocentos versos, deben dirixirse, por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, en sobre pechado e baixo pseudónimo ao Concello de Sarria (Rúa Maior, 14, 27600 Sarria, Lugo). En anteriores edicións recibiron o galardón: Marica Campo en 2001 por *Pedinche luz prestada*; Xesús Pereiras en 2002 por *Cantos da seiva*; Estevo Creus en 2003 por *Decrúa*; Miguel Mato Fondo en 2004 por *O whiskey na barrica*; Emma Pedreira en 2005 por *Cantos de orfas*; Martín Veiga en 2006 por *Fundaxes*; Xosé Antonio Neira Cruz en 2007 por *É oco habitado*; Olalla Cociña en 2008 por *Libro de Alicia*; Baldo Ramos en 2009 por *Palabras para un baleiro*; Francisco X. Fernández Naval en 2010 por *Bater de sombras*; Xerardo Quintiá en 2011 por *Fornelos&Fornelos*; Cristina Ferreiro en 2012 por *Abecedario póstumo*; Eva Veiga en 2013 por *A distancia do tambor*; e Marcos Abalde en 2014 por *Oenach*. Na XV edición o xurado, formado por Marta Dacosta, Verónica Martínez e Miguel Anxo Fernán Vello, acordou outorgar o galardón a Charo Lopes (Boiro) pola súa obra *De como acontece a fin do mundo*. O acto de entrega tivo lugar o 2 de outubro na Casa da Cultura de Sarria. A galardoada deste edición recibiu tamén unha obra de arte de Toño de López.

**Referencias varias:**

- L. P., "El 15º premio de poesía Fiz Vergara Vilariño de Sarria recibió más de 80 trabajos", *El Progreso*, "Sarria", 7 maio 2015, p. 22.

Infórmase da presentación de oitenta e catro traballos que concorren a este premio de poesía. Indícase que o xurado dará a coñecer o resultado a finais do mes de xuño tras as festas de San Xoán e que o premio consiste en 6.000 euros, a publicación do poemario pola editorial Espiral Maior e unha obra plástica. Ademais fálase da entrega do galardón do ano pasado ao vigués Marcos Abalde Covelo coa obra *Oenach*.

_____, "La periodista y fotógrafa Charo López Sández gana el fiz Vergara", *El Progreso*¸ "Sarria", 23 xuño 2015, p. 16.

Anúnciase a concesión do premio Fiz Vergara a Charo López pola súa obra D*e como acontece a fin do mundo*. Ademais de dar conta dos membros que compuxeron o xurado, destácanse as características que estes encontraron no traballo galardoado e a contía do recoñecemento.

_____, "Charo López Sánchez: 'Traballar na fotografía levoume a escribir poesía", *El Progreso*¸ "Sarria", 24 xullo 2015, p. 20.

Entrevista na cal a autora explica que, malia ter un título apocalíptico, a obra deixa as portas abertas á reconstrución nun momento no que occidente está a vivir unha mudanza de paradigma. Confesa, ademais, que foi o feito de traballar en fotografía o que a levou a escribir poesía.

- Yolanda Queija, "La ganadora del premio Fiz Vergara recibirá una obra de Toño de López", *El Progreso*, "Sarria", 30 setembro 2015, p. 24.

Informa do premio que recibirá a gañadora deste premio e que consiste nunha obra do artista plástico Toño López, ademais da dotación económica de 6.000 euros e a publicación do poemario *De como acontece a fin do mundo* pola editorial Espiral Maior.

III Premio de Poesía **Gonzalo López Abente**

Convocado por primeira vez no ano 2013 pola Fundación Gonzalo López Abente, en colaboración coa Secretaría Xeral de Cultura da Conselleria de Cultura, Educación e Ordenación Univesitaria da Xunta de Galicia. Poden concorrer ao autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados deben ser inéditos, condición que se estende ao soporte dixital, e non poden estar premiados en ningún outro concurso de poesía. A extensión dos textos presentados non pode ser inferior a catrocentos versos. De cada orixinal deben presentarse en sobre pechado sen remite catro copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas ou grampadas, na sede da Fundación Gonzalo López Abente (Rúa Virxe da Barca, 49. Casa das Beiras 15124 Muxía, A Coruña). No sobre ten que escribirse "Premio de Poesía Gonzalo López Abente". Os orixinais preséntanse baixo lema e xunto coas copias hai que achegar un sobre pechado, identificado co mesmo lema, que conteña o nome e os apelidos do autor ou da autora, enderezo postal, número de teléfono e enderezo electrónico. O xurado está composto por tres poetas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega e como secretario/a actúa un representante da fundación. O premio ten unha dotación única de 2.000 €, suxeito á normativa fiscal vixente, e mais unha peza escultórica conmemorativa. A obra premiada é propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición, que será publicada por Edicións Xerais de Galicia. En posteriores edicións, ao igual que na primeira, farase constar a condición de premiada no Premio de Poesía Gonzalo López Abente. En anteriores edicións foro premiados Daniel Salgado, por *Dos tempos sombrizos (Diario)* (2013) e Laureano Xoaquín Araujo Cardalda, por *Os días condenados* (2014). Nesta terceira edición o xurado, composto por Miguel A. Mato Fondo, X. H. Rivadulla Corcón, Modesto Fraga e Viki Rivadulla como secretaria, decidiu declarar por unanimidade gañador o orixinal titulado *S/t*, que resultou ser da autoría de Emma Pedreira (A Coruña, 1978).

**Referencias varias:**

- P. Calveiro, "Recoñecen a Araújo Cardalda, premio López Abente, como a 'nova voz' da poesía galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 febreiro 2015, p. 38.

Preséntase en Santiago o poemario de Laureano Xoaquín Araújo Cardalda co título *Os días condenados. Fragmentos para un devocionario*, obra gañadora da segunda edición do premio Gonzalo López Abente. Dise que o subdirector de Edicións Xerais, Francisco Alonso, destacou a vocación narrativa da obra na que se tratan temas como o amor, o sexo, o abandono, a identidade e a memoria.

- J. M. Ramos, "La Fundación Gonzalo López Abente convocó el tercer premio de poesía", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.218, 21 marzo 2015, p. 7.

Infórmase da convocatoria do III Premio de Poesía López Abente, que pretende dar difusión á obra deste poeta muxián e aumentar a produción de textos poéticos en galego. Coméntase a orixe do certame, os premios e as bases do concurso.

- José M. Ramos, "Emma Pedreira gaña o terceiro premio poético López Abente", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.311, 23 xuño 2015, p. 7.

Anúnciase a concesión do Premio López Abente a Enma Pedreira pola súa obra *S/t*. Ademais de mencionar os membros que compuxeron o xurado, sinálanse as características que estes destacaron da obra premiada, a contía do galardón e indícase o día no que terá lugar o acto de entrega do premio.

X Certame de Poesía Erótica **Illas Sisargas**

Convocado pola Asociación Caldeirón e o Concello de Malpica. Ademais da dotación económica de 500 €, que na actualidade ascende a 1.000 €, o premio inclúe a edición da obra gañadora na colección "Caldeirón" e a entrega de trinta exemplares ao gañador. Poden optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade, excepto os que xa foran premiados en anteriores edicións, que presenten obras inéditas de temática erótica e non premiadas con anterioridade, escritas en galego. As obras, dunha extensión inferior a seiscentos versos, deben presentarse por triplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A4, por unha soa cara e grampados, baixo título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor. Os participantes teñen que enviar os seus traballos ao Concello de Malpica (Avenida Emilio González López, 15113 Malpica, A Coruña). Os galardóns entréganse durante a Cea das Letras, nun acto no que tamén se presenta a obra premiada o ano anterior. En edicións anteriores obtiveron o galardón: *Arredor do teu corpo*, do vigués Antonio García Teixeiro; *Baile Átha Cliath*, de Alberte Momán; *Xoguetes póstumos*, de Emma Pedreira; *Rúa da cancela*, de Eduardo Estévez e Eli Ríos; *Amantes*, de María Lado; en 2011, *Carnia haikai*, de Elvira Riveiro Tobío; en 2012, *Chamádeme Eva*, de Mercedes Leobalde García; e en 2013, *Dominio Público*, de Ramón Nieto, e recibiu unha mención *Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter*, de Verónica Martínez Delgado. Na X edición de 2015, o prazo de admisión de orixinais pechouse o 30 de setembro. O xurado, composto por Paco de Tano, Antón Noceda e Verónica Martínez, deu a coñecer nos distintos medios de comunicación, no marco da Cea das Letras celebrada en Buño, a súa decisión de conceder o galardón ao poemario *A razão do perverso*, do coruñés Mário J. Herrero Valeiro.

XVIII Premio de Poesía **Johán Carballeira**

Organizado polo Concello de Bueu dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johán Carballeira, dende inicios de 2000 simultanéase este premio co homónimo de xornalismo. Poden concorrer a este certame todos os autores que presenten textos inéditos, en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio ten unha dotación única de 1.500 € e a publicación da obra polo Concello de Bueu. Deben remitirse tres copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, ao Concello de Bueu (Rúa Eduardo Vicenti, n.º 8, 36930 Bueu,

Pontevedra) coa indicación "Premio de Poesía Johán Carballeira". O Concello de Bueu reserva durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. En anteriores edicións foron premiados: Xosé Carlos Caneiro en 1996 por *A valga do triste amor* (1997); Yolanda Castaño en 1997 por *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998); Emma Pedreira en 1998 por *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999); Adolfo Caamaño en 1999 por *Poemario irlandés* (2000); Emma Pedreira en 2000 por *Velenarias* (2001); Xurxo Alonso en 2001 por *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002); Carlos Negro *ex aequo* en 2002 por *Héleris* (2003) e Alexandre Nerium por *Vogar de couse* (2003); Lupe Gómez en 2003 por *O útero dos cabalos* (2005); Diego Cousillas en 2005 por *Faltas de ortografía* (2008); Francisco Souto en 2006 por *As horas de María* (2006); Carlos Lema en 2007 por *O xeito de Freud* (2008); Mario Regueira en 2008 por *Blues da Crecente* (2009); Lucía Novas Garrido en 2010 por *Neve* (2010); Calros Solla en 2011 por *MazinGZ* (2011); Berta Dávila Fernández en 2012 por *Raíz da fenda* (2013); e Marta Dacosta en 2013 por *Un lago escuro* (2014). Na XVIII edición correspondente ao ano 2015, os orixinais debían entregarse antes do 10 de xaneiro e o acto de entrega tivo lugar durante a Semana das Letras Galegas do Concello de Bueu. O xurado, constituído por María Carmen Caramés, Ramón Blanco e Luís Valle, seleccionou como gañador o libro presentado por Ismael Ramos (Mazaricos, 1994) co título de *Fillos da fame*.

**Referencias varias:**

- C. F., "Últimos días para presentar traballos ao 'Johán Carballeira", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 8 xaneiro 2015, p. 17.

Dáse conta das normas a seguir para a presentación de traballos, tanto de poesía como de xornalismo, que poidan optar ao Premio Johán Carballeira. Menciónase tamén a dotación económica do premio (1.500 euros), a entrega do galardón nos actos do Día das Letras Galegas, organizados polo concello de Bueu, e a situación dos dereitos de publicación das obras premiadas.

- Rosé Carrera, "Ismael Ramos. 'Temos unha das mellores poesías da península e premiala non é ningunha inconsciencia", *Atlántico Diario*, "Vigo", 3 maio 2015, p. 8.

Infórmase da concesión do Premio de Poesía Johán Carballeira ao poeta Ismael Ramos co poemario *Fillos da fame*. Nunha breve entrevista co autor, este fala da ilusión que lle fai a edición do seu primeiro libro, da alta calidade da poesía galega e das influencias galegas e internacionais na súa obra.

- A. Agulla, "Ismael Ramos Castelo rsulta gañador do Carballeira de poesía", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", "Bueu", 3 maio 2015, p. 17.

Dáse conta da decisión do xurado do XVIII Premio de Poesía Johán Carballeira de conceder o premio ao poeta Ismael Ramos Castelo pola obra *Fillos da fame*. Dise que o xurado destaca os valores poéticos da obra que integra a poesía internacional e galega. Destácase ademais a alta calidade media dos trinta e tres traballos presentados ao concurso.

- Fran P. Lorenzo, “Ismael Ramos gaña o premio de poesía Xohán Carballeira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 maio 2015, p. 42.

Fálase da concesión deste premio por unanimidade a *Fillos da fame*, de Ismael Ramos, por parte dun xurado composto por María Carmen Caramés, Ramón Blanco e Luís Valle. Recórdase que o premio consta de 1.500 euros e que a publicación do poemario corre a cargo de Edicións Xerais.

I Certame **Lingua de namorar**

Concurso convocado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística co obxectivo de dinamizar o uso da lingua galega entre a mocidade nas súas relacións persoais e nas novas tecnoloxías. Cada participante poderá enviar un máximo de dúas mensaxes escritas en lingua galega, en prosa ou verso, cunha extensión máxima de trescentos cincuenta caracteres. Estabelécense tres premios por cada unha das categorías: categoría A (14 a 19 anos) e categoría B (20 a 35 anos). Os premios consisten en produtos tecnolóxicos (cámaras, tablets...). As premiadas na categoría A foron: Marta Gómez Marín, por “Atea”; Saray Díaz Canosa, por “Ego”; e Sabela Domínguez Souto, por “O meu ritmo”. Na categoría B: Aitana Iglesias Márquez, por “Polos opostos”; Sonia Varela García, por “Sentimento metereolóxico”; e María J. Chao Sánchez, por “Así”.

**Referencias varias:**

- S. V., “Unha moza pontevedresa gaña o certame Lingua de namorar”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 10 marzo 2015, p. 11.

Fálase da concesión do primeiro premio deste certame á pontevedresa Marta Gómez Martín na categoría de participantes de entre 14 e 19 anos coa mensaxe “Atea”. Destaca que o certame premia as declaracións de amor en función da sua orixinalidade e calidade lingüística.

IV Premio de Poesía **Manuel Leiras Pulpeiro**

O Concello de Mondoñedo, co patrocinio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de honrar a memoria do escritor mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro e, asemade, colaborar na promoción da escrita poética en lingua galega e na divulgación das súas autoras e autores, crea este certame en 2012. Pode concorrer ao premio calquera persoa física que presente a súa obra en lingua galega, conforme ás normas ortográficas vixentes e sancionadas pola Real Academia Galega. Os poemas, orixinais e inéditos, de tema libre, tanto en soporte impreso como dixital, non poderán ter sido premiados noutros concursos en data anterior ao ditame do xurado e teñen que ter unha extensión máxima de cento cincuenta versos. Deben presentarse catro copias en tamaño DIN A4 impresas a dobre espazo. Os orixinais non poden ir asinados nin levar inscrición ningunha que poida suxerir o nome do autor ou autora, sendo presentados cun lema e título. En sobre á parte e cerrado constará o lema e o título no exterior e, no interior, o nome e apelidos do autor ou autora, domicilio, teléfono e fotocopia do DNI

polas dúas caras ou, de ser menor, fotocopia do libro de familia na folla correspondente á persoa que se presenta a concurso. O xurado está composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e mais un representante do Concello con voz e sen voto que actuará como secretario. A decisión do xurado dáse a coñecer nos distintos medios de comunicación e é comunicada aos autores seleccionados mediante correo certificado. A entrega do premio ten lugar nun acto público organizado polo Concello de Mondoñedo no outono. Este concurso consta de tres premios: o primeiro, 1.500 €, placa e diploma; o segundo, 600 €, placa e diploma; e o terceiro premio: 300 €, placa e diploma. No caso de que as obras presentadas non acaden o nivel esixíbel, poden declararse desertos. Os orixinais que obteñen premio pasan a integrar o fondo do patrimonio da Biblioteca Pública Municipal Pena Trapero de Mondoñedo, podendo ser editados por esta ou polo Concello de Mondoñedo. Neste sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello de Mondoñedo, para a primeira edición da obra, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. Nesta IV edición de 2015, o prazo de recepción de orixinais rematou o 1 de setembro e o xurado e o acto de entrega dos galardóns o 6 de decembro. O primeiro premio foi para Elvira Ribeiro (Pontevedra), pola obra *Playlist para unha retirada*; o segundo foi para Óscar García Ramos (A Coruña), por *Sete sonetos e coda*; e o terceiro premio para Martiño Maseda (Vilalba), por *A linguaxe das palabras rotas*.

IV Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

O Concello de Fornelos de Montes e a asociación veciñal O Cruceiro da Laxe convocaron en 2012 a I edición deste premio, que pretende honrar a memoria do poeta, oriúndo deste concello, e contribuír á promoción da poesía galega. Poden concorrer todas as persoas que o desexen con poemas orixinais e inéditos escritos en lingua galega segundo a normativa vixente, de tema e forma libres e cunha extensión mínima de cincocentos versos e máxima de oitocentos. Débense enviar catro exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao enderezo: Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey. Concello de Fornelos de Montes (Praza da Igrexa, nº. 1, 36847 Fornelos de Montes, Pontevedra). As persoas concursantes teñen que presentar un título e un lema, que tamén ten que figurar no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI, o teléfono e enderezo, así como un breve currículo literario no caso de que teña obra publicada. A dotación do premio, único e indivisíbel, é de 2.500 €. O xurado pode declarar deserto o premio ou designar un ou máis accésits sen dotación económica, que se recomendan á editora para a súa posíbel publicación. A obra galardoada publícase dentro da colección "Manuel Lueiro Rey", da Editorial Sotelo Blanco. O Concello de Fornelos de Montes resérvase o dereito de publicación, sen limitación de número de exemplares nin de edicións, da obra gañadora, reservándose tamén os dereitos de edición desta en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. En 2014 gañou Luís Valle Regueiro coa obra "As cicatrices do sol". O xurado, composto por Luis Cochón, Mercedes Queixas Zas e Armando Requeixo, decidiu premiar a obra titulada *Exhumación*, da autoría de Marcos Abalde (Vigo, 1982).

**Referencias varias:**

- B. L., "O autor lucense Luís Valle Regueiro faise co Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 3 marzo 2015, p. 11.

Fálase da concesión do III Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey ao escritor Luís Valle Regueiro pola obra "As cicatrices do sol". O xurado destacou a súa dicción poderosa e o seu tratamento de realidades universais como o amor, a dúbida e a esperanza. Indícase que o xurado estivo composto por Carmen Carreiro, Luís Cochón, Mercedes Queixas e Armando Requeixo.

- Ramón Rozas, "Lueiro Rey. De Fornelos ao mundo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 20 abril 2015, p. 9.

Infórmase do acto de entrega deste premio no multiusos de Fornelos de Montes coa presenza do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, e do alcalde Emiliano Lage. Además presentouse un volume editado polo Concello de Fornelos que recolle textos de Manuel Lueiro Rey titulado *Lueiro nas coordenadas de Fornelos*.

Premio de Poesía **María Mariño**

Organizado pola Asociación Teenses pola Igualdade de Teo dende o ano 2007, está dirixido a todas as persoas maiores de idade que participan cun só poema. A súa convocatoria é bienal. Os poemas que se presenten teñen que ser orixinais, inéditos, de tema e forma libres, e escritos en lingua galega, cun máximo de cen versos. O galardón contaba con dous premios, un de 500 € e outro de 300 €, mais no ano 2013 viu reducida a súa contía a 300 e 200 €, respectivamente. Os poemas débense presentar baixo lema por quintuplicado, cun sobre cos datos persoais do autor, á Asociación Teenses Pola Igualdade (Escola de Vilanova, 1º andar, Recesende, 15895 Teo, A Coruña). En edicións anteriores resultaron galardoados: en 2007, "Elexía dos aléns", de Adolfo Caamaño Vázquez; en 2009, "De novo a náusea", de Celia Parra Díaz; e en 2011, María Lado. No ano 2015 o prazo de entrega rematou o 16 de abril. O xurado, composto por Alfredo Conde, Juana Corsina, Marisol López, Paula Carballeira e Javier Crespán, concedeulle o primeiro premio a Óscar García Ramos, por "Ubicuidade e Ucronía" e o segundo premio a María Teresa Iglesias Yugat, por "Non quero".

Premio de Poesía **Miguel González Garcés**

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña, cunha convocatoria bienal dende o ano 2000, as bases recollen que os traballos, orixinais e inéditos, deben estar escritos en galego e a súa extensión non pode ser inferior aos trescentos versos. Requírese que a presentación sexa feita, preferentemente, en formato dixital, en Word ou OpenOffice por medio dun CD que inclúa na carátula a inscrición: Premio de poesía "Miguel González Garcés", título da obra e lema ou pseudónimo. No caso de optar pola presentación en papel, as obras teñen que entregarse por duplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A 4, e impresos polas dúas caras, ademais de estar numerados, grampados ou encadernados. Hai que presentar as obras baixo o sistema de plica, por quintuplicado, mecanografadas a dobre espazo. Envíanse á Deputación Provincial da Coruña (Rúa Alférez Provisional n.º 2, 15006 A Coruña). O premio está dotado de 6.500 € e a publicación da obra por parte da Deputación, quen se reserva, durante un prazo de dezaoito meses, os dereitos de editala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Os poemarios galardoados nas edicións anteriores foron: *Visitantes* (1991), de Xavier R.

Baixeras en 1991; *Prometo a flor de loto* (1992), de Luz Pozo Garza en 1992; *Memoria de agosto* (1993), de Xulio L. Valcárcel en 1993; *Un áspero tempo de caliza* (1994), de Paulino Vázquez Vázquez en 1994; *Pel de ameixa* (1996), de Marta Dacosta Alonso en 1995; *Areados* (1997), de Estevo Creus Andrade en 1996; *Mínima moralidade* (1998), de Ramiro Fonte en 1997; *Luz de facer memoria* (1999), de Manuel Álvarez Torneiro en 1998; *Vocabulario das orixes* (2000), de Xosé Mª Álvarez Cáccamo en 1999; *Campo segado* (2001), de Manuel Álvarez Torneiro en 2000; *Eloxio da desorde* (2002), de Román Raña Lama en 2002; *Capital do corpo* (2004), de Miguel Anxo Fernán Vello en 2004; *O pozo da ferida* (2006), de Medos Romero en 2006; *Cabalos do alén* (2009), de Xavier Lama López en 2008; *Os indios deixaron os verdes prados* (2011), de Manuel Darriba en 2010; *As lavandas adáptanse a todo erro de navegación* (2013), de Ramón Neto en 2011; e *Arte de fuga*, de Carlos Penela en 2014. No ano 2015 non lle correspondeu convocatoria.

Premio **Nacional de Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de poesía **Nuestra musa, la camelia**

Certame lírico que convoca dende o ano 2013 o Pazo da Saleta. As obras deberán estar inspiradas na flor da camelia. Os textos presentados deben ser orixinais e inéditos, cun máximo de dous poemas por autor, escritos en castelán ou galego e cunha extensión entre catro e corenta versos cada poema. O premio consiste nun diploma ilustrado por Amai Rodríguez e dúas entradas para a visita guiada ao xardín. O prazo da edición correspondente ao ano 2015 pechou o 1 de decembro. O xurado, composto por Xavier Seoane, Alexander Vórtice, María José Mielgo Busturia, Abraham Fidel Ortiz Lugo e María Esther Troncoso, decidiu premiar Teresa Frías Delgado polo poema titulado "Tú y yo" e conceder un segundo premio a Eva Castro Outeiriño por "Ya lo comprendo".

XXVIII Premio de Poesía O **poeta azul. Xosé María Pérez Parallé**

Convocado pola Sociedade Artística Ferrolana (SAF) e patrocinado polo Real Coro Toxos e Froles, o premio consiste nunha placa e a publicación do poema gañador na revista *Poesía Galicia* da SAF. Pódese enviar un poema por autor, orixinal ou inédito, escrito en galego e con tema libre. O poema escrito a máquina ten que remitirse ao apartado de correos 339, 15480 Ferrol, cos datos do autor. En anteriores edicións resultaron gañadores María Isabel Vázquez Rodríguez, Juan Jesús Beiro Caamaño, con domilicio en Arrecife-Las Palmas, polo seu poema, titulado "Os nosos poetas mortos". O xurado, composto polo presidente da SAF, Ricardo Díaz-Casteleiro; Estíbaliz Espinosa; Fran Cortegoso e Estevo Creus; decidiu premiar na edición correspondente ao ano 2015 a Jesús Castro Yáñez pola súa obra *Os cantos e os himnos*.

I Certame Poético **Rosalía de Castro**

Concurso convocado polo Concello de Padrón. Os traballos presentados deben estar en galego, cunha extensión mínima de 400 versos, inédito e orixinal. O premio está dotado de 1.500 €. O prazo de presentación pechou o 15 de abril e deben enviarse ao Concello de Padrón. O xurado, composto por Anxo Angueira, María Jesús Senín, Ana Acuña, Olivia Rodríguez e Dolores Vilavedra, decidiu premiar a Elisabet Ríos (Londres, 1976) pola obra *Café intenso*.

**Referencias varias:**

- U. L., "O Concello padronés creará o primeiro certame poético Rosalía de Castro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", 14 febreiro 2015, p. L9.

Infórmase que o goberno local padronés propón ao pleno da corporación a creación do certame poético Rosalía de Castro, cunha dotación económica de 1.500 euros e que se entregará coincidindo co Día das Letras Galegas.

_____, "Unha veciña de A Coruña gaña o certame poético Rosalía de Castro de Padrón", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", 10 maio 2015 p. L12.

Anúnciase a concesión do premio do I Certame Poético Rosalía de Castro, convocado polo Concello de Padrón, á coruñesa Elisabet Ríos Liste co seu traballo *Café Intenso*. O xurado estivo presidido polo escritor Anxo Angueira por delegación do alcalde e a entrega do premio terá lugar no auditorio de Padrón o 14 de maio.

XXIX Certame de poesía en lingua galega **Rosalía de Castro**

Concurso organizado pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà, coa colaboración da Xunta de Galicia, Diputació de Barcelona, Generalitat de Catalunya e o Ajuntamen de Cornellà de Llobregat. O poema presentado debe estar en galego, cunha extensión entre trinta e cen versos. Os premios consisten en 500 €, 300 € e 200 €. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo rematou o 31 de outubro. O xurado, composto por Xurxo Souto e Anxo Angueira (entre outros), decidiu conceder o primeiro premio a María Luisa Iglesias Castro (A Coruña), por "O día dezasete de marzo"; o segundo premio a Rocío Leira (Cee, 1979), por "Muller en cántigas. Lume no peito"; e o terceiro premio a Manuel Dopico Padenda (Ourense), por "Contrabandista de sentimentos".

VIII Premio de Poesía **Victoriano Taibo**

Convocado por primeira vez no ano 2008 pola Entidade Local de Morgadáns de Gondomar e o Instituto de Estudios Miñoranos (IEM), diríxese a calquera persoa que presente un poemario inédito de tema libre, escrito en galego e cunha extensión mínima de trescentos versos. Os traballos deben enviarse por cuadruplicado á Aula de Cultura Ponte das Rosas (Avenida da Feira, n.º 10, baixo, apartado de correos 30, 36380 Gondomar, Pontevedra). O premio consiste nunha dotación de 3.000 €, unha escultura da autoría de Fino Lorenzo e a edición da obra nunha colección de poesía do IEM "Victoriano Taibo". Nas edicións anteriores resultaron galardoados: en 2008, Carlos

Negro, con *Cultivos transxénicos*; en 2009, *ex aequo* para Mª Carmen Caramés, con *Cuarto Minguante*, e Elvira Riveiro e Silvia Penas con *Biografía da Multitude*; en 2010, Mª Goretti Fariña Caamaño con *Devastacións dispoñibles*; en 2011 Carlos Solla con *Holocausto Zacoe*; en 2012, Mª Concepción Álvarez Lebredo con *Distancias e Simetrías*; en 2013, Ramón Sandoval con *Territorios estraños*; e en 2014, Lara Rozados con *O caderno amarelo*. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de admisión rematou o 31 de xullo. O xurado acordou outorgar o galardón a *Do outro lado das portas*, do que é autor o poeta Iñaki Varela Pazos (Vigo).

**Referencias varias:**

- Neli Pillado, "Gondomar reserva 4.000 euros para salvar el premio poético Victoriano Taibo", *Faro de Vigo*, "Val Miñor", "Área metropolitana", 16 setembro 2015, p. 14.

Informa da situación do premio e de que o concello de Gondomar reserva cartos para o seu financiamento se a Entidade Local Menor de Morgadás rexeita asumilo; deste xeito o concello asegura salvar un certame que é un referente da cultura galega.

_____, "Salvemos o Premio de Poesía Victoriano Taibo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 6 decembro 2015, p. 50.

Dá conta da situación deste premio, cuxos gastos serán asumidos, nesta ocasión, polo Instituto de Estudos Miñoranos grazas a unha achega feita polo Concello de Gondomar. Ademais dise que o IEM realiza un chamamento á cultura galega para apoiar a cerimonia de entrega do premio e garantir a continuidade dun certame de prestixio.

XXIV **Xogos Florais María Pita**

Premios organizados dende 1992 pola Orde de Cabaleiros de María Pita, co obxectivo de lembrar os Xogos Florais de Galicia, celebrados na Coruña no ano 1861. Cada convocatoria está dedicada a unha personalidade histórica coruñesa (dende María Pita a Concepción Arenal, pasando por Manuel Murguía ou Cornide). Poden presentarse, cun máximo de dous poemas de até cen versos en galego e castelán, todas as persoas que o desexen, excepto as gañadoras do ano anterior. As composicións deben estar impresas en A4 a dobre espazo e por unha soa cara e remitirse orixinal e copia, co seu lema, á Orde de Cabaleiros de María Pita (Rúa San Andrés, n.º 121 – 8º 15003 A Coruña), xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Conta con dúas categorías: sénior (maiores de 18 anos) cun premio composto de Tizona de Ouro, Flor Natural e 1.000 €; e xuvenil (menores de 18 anos) cun premio de Tizona de Ouro, Flor Natural e 500 €. Na edición correspondente ao ano 2015, a figura homenaxeada foi Picasso e a mantedora foi Ana Porteiro Chouciño. O acto de entrega dos premios tivo lugar o 8 de outubro no Teatro do Centro Sociocultural Agora e alí mesmo fixéronse públicos os gañadores. O xurado decidiu conceder o premio na categoría sénior a Rosa María Sarmiento Fernández por "Metamorfosis"; e na categoría xuvenil a Álvaro Tasende Caruncho por "Invitados de honor".

III Certame de Poesía **Xosé María López "Ardeiro"**

Convocado polo Concello de Negreira en homenaxe ao poeta Xosé Manuel López "Ardeiro", poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra, escrita en lingua galega. Os traballos deben ser orixinais, inéditos, non ter sido premiados con anterioridade en calquera outro concurso ou certame, e ter unha extensión entre trescentos cincuenta e setecentos versos, escritos con tipografía de imprenta (tipo Arial 12 ou similar), a dobre espazo, con absoluta liberdade en canto a estrofas, medida e rima. Preséntanse por triplicado, sen firma, constatando neles soamente o título e o lema. Nun sobre pechado deben figurar o lema xunto co nome, dous apelidos, fotocopia do DNI e teléfono, e no exterior o lema e o nome do certame ao que se presenta. Así mesmo, debe acompañarse dunha declaración xurada de cumprir o requisito de tratarse dun texto inédito e non premiado noutros concursos, certames ou premios, que debe ir introducida no sobre cos datos persoais. As obras entréganse na Delegación de Cultura e Deportes Casa de Cultura, 1ª Planta, 15830 Negreira, A Coruña. O premio consiste na publicación do poemario gañador por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral do Libro, e a entrega ao autor de cento cincuenta exemplares. O xurado está formado por tres membros de prestixio no campo da literatura, e como secretario, con voz pero sen voto, o representante do concello que designe o alcalde. En edicións pasadas foron premiados Rafael Lema, por *Alturas do monte Pindo* (2013) e Yolanda López López, por *Paisaxes subterráneas* (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado, composo por José Antonio Ponte Far, Xulio López Valcárcel, María López Sández e María Rey, decidiu premiar a obra titulada *Obituario*, de Rocío Leira (Cee, 1979).

**Referencias varias:**

- C. B., "Negreira entrega el López Ardeiro de poesía y avanza la nueva edición", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.341, 25 xullo 2015, p. 40.

Dá conta do acto de entrega deste premio no Concello de Negreira á gañadora da pasada edición, Andrea Porto, pola obra *Caleidoscopio* (presentada baixo o lema *Mosaicos de vidrio*) e a presentación das bases da edición do presente ano.

- M. M. O., "Remata o prazo hoxe para o premio de poesía Ardeiro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 decembro 2015, p. 32.

Sinala o remate do prazo de entrega de obras para o IV Certame de Poesía Ardeiro. Dá conta do premio e da dirección á que deben ser enviados os traballos.

- M. M., "Alumbrado festivo negreirés y festival de Veiga do Cotón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 decembro 2015, p. 35.

Entre outras novas, informa da entrega dos premios de poesía Ardeiro.

_____, "Rocío Leira gana el premio Ardeiro de poesía con un poemario contra la violencia sexista, "Área de Compostela", 19 decembro 2015, p. 33.

Dá conta da obra e da autora gañadora deste certame e informa dos outros dous finalistas, Cristina Negreira e José A. Grela. Comenta os nomes de quen integraban o xurado e a presenza de autoridades institucionais.

XXVII Certame Nacional de Poesía **Xosé María Pérez Parallé**

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial-Unidade de Fene, coa colaboración do Concello de Fene, a Editorial Espiral Maior e a Deputación da Coruña, dende o ano 1987 para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, está dirixido a novas voces que non publicaran ningún libro individual. Neste certame galardóanse poemas (catro como máximo) inéditos, escritos en galego, cunha extensión mínima de trescentos versos. Os orixinais teñen que se enviar por triplicado e cun pseudónimo ou lema á sede do Círculo (Rúa Porto do Río, n.º 21, San Paio-Fene, A Coruña) e deben entregarse mecanografados por unha soa cara e baixo o sistema de plica. O galardón consiste na publicación da obra pola Editorial Espiral Maior cunha tiraxe de seiscentos exemplares, 600 € e unha peza de cerámica deseñada por Francisco Pérez Porto, fillo de Xose María Pérez Parallé. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de admisión rematou o 30 de setembro e o xurado, formado por Estíbaliz Espinosa, Estevo Creus e Fran Cortegoso, concedeu o galardón a Jesús Castro Yáñez polo seu poemario *Os nomes e os himnos*.

**Referencias varias:**

- Fran P. Lorenzo, “Jesús Castro Yáñez gaña o Pérez Parallé co seu libro ‘Os nomes e os himnos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 novembro 2015, p. 43.

Informa do autor e obra gañadora da edición deste premio e destaca que o galardoado tamén obtivo o primeiro premio Nélida Piñón polo relato *O vello e o Minotauro*.

# X. 3. TEATRO

X Premio **Abrente para Textos Teatrais**

Coa intención de incentivar a creatividade no ámbito teatral e en lembranza dos "Concursos de textos teatrais" da Asociación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través da Mostra Internacional de Teatro, convocan este premio dende o ano 2006. Poden optar a el todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas e non premiadas, escritas en lingua galega, segundo a normativa oficial. Estabelécese un premio único e indivisíbel, dotado de 3.000 €, unha estatuíña de Manuel Rodríguez Alonso e a entrega de vinte e cinco exemplares, reservando o concello, durante un prazo de doce meses, os dereitos de editala e de representala. As obras, de tema e extensión libres, preséntanse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, numerados, grampados ou encadernados baixo un título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor, dirixidas ao Concello de Ribadavia (Praza Maior, s/n, 32400 Ribadavia, Ourense). Na edición correspondente ao ano 2015, o xurado, formado por Belén Constenla, actriz; Fabrice Corrons, profesor da Universidade de Toulouse; Alfredo Rodríguez, actor; e Roberto Pascual, director da MIT; concedeu o galardón a Esther F. Carrodeguas pola obra *Voaxa e Carmín*. Ademais, concedeuse o Premio de Honra "Roberto Vidal Bolaño" a Escena Galega (Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas). O acto de entrega dos galardóns tivo lugar durante a celebración da XXXI edición da Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia.

**Referencias varias:**

**-** Xoán Bernárdez Vilar, "Aquelas espantosas 'hordas castrexas'!..." *Encrucillada*, n.º 194, "Crónica da cultura", setembro-outubro 2015, pp. 89-100.

Faise un percorrido polo panorama cultural galego. No apartado de "Cine e Teatro", recolle que a autora Esther F. Carrodeguas logrou o Premio Abrente de Teatro da MIT de Ribadavia coa súa obra *Voaxa e carmín*.

Premio **Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais**

Premio instituído no ano 1988 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e actualmente organizado por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, para promover o ámbito da literatura teatral galega contemporánea e incentivar a creatividade na dramaturxia. Convócase xunto co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. As persoas interesadas deben remitir ou entregar nas oficinas de AGADIC (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela) os seus textos inéditos, escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos, de temática libre e sen límite de extensión, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. Tampouco se teñen en conta os orixinais de autores premiados nas dúas convocatorias inmediatamente anteriores. Os textos deben

ser presentados por sextuplicado en DIN A-4, mecanografados a dobre espazo co título e lema do premio na portada, xunto cun sobre pechado cos datos persoais do autor. O premio está dotado de 6.000 € e a obra premiada pode ser publicada nas colección s de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e no coidado da lingua. Dende o ano 2013 pasou a ser bienal. Nas edicións anteriores foron galardoados: en 1988 *O arce do xardín* (1989), de Roberto Salgueiro; en 1989 *Azos de esguello* (1990), de Euloxio R. Ruibal; en 1990 *Os rebertes* (1993), de Agustín Magán; en 1991 *Saxo Tenor* (1993), de Roberto Vidal Bolaño; en 1992 *Copenhague* (1993), de Andrés A. Vila e Xosé Cid Cabido; en 1993 *O prazo* (1994), de Manoel Riveiro; en 1994 *Lugar* (1995), de Raúl Dans; en 2000 *Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado* (2001), de Roberto Salgueiro; en 2001 *Agnus patris* (2002), de Afonso Becerra de Becerreá; en 2002 *Molière final* (2003), de Roberto Salgueiro; en 2003 *Hai que confiar na esperanza* (2004), de Siro López; en 2004 *Os homes só contan até tres* (2006), de Antón Lopo; en 2005 *Limpeza de sangue* (2006), de Rubén Ruibal; en 2006 *Ocaso Otero* (2007), de Manuel Guede; en 2007 *Historia da chuvia que cae todos os días* (2008), de Roberto Salgueiro; en 2008 *Sempre quixen bailar un tango* (2009), de Teresa González Costa; en 2009 *Flores de Dunsinane* (2010), de Manuel Lourenzo; en 2010 *Chegamos despois a unha terra gris* (2011), de Raúl Dans Mayor; en 2011 *A cegueira*, de Marcos Abalde Covelo; en 2012 *Isobaras* (2013), de Gustavo Pernas Cora; en 2013 non houbo convocatoria; e en 2014 *Raclette* (2015), de Santiago Cortegoso. En 2015 non se convocou.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Manuel María de Literatura Dramática Infantil. É o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Divídese en dous apartados, dotados de 3.000 € cada un: textos dirixidos ao público infantil e textos escritos para o público adulto, que na convocatoria de 2009 ascendeu a 6.000 € en cada modalidade. As obras poden ter tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas colección s da AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espazo baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor a AGADIC (Rúa da Vesada, s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela). Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e na calidade da lingua Dende o ano 2013 pasou a ser bienal. En anteriores edicións resultaron galardoadas na modalidade infantil as seguintes pezas dramáticas: en 2003 *Cucho, Coco e o dilema do 6*, de Tino Antelo; en 2004 *Cataventos e Cía. Ou a verdadeira historia de Amanda, a princesa, e Leonardo, o poeta*, de Celia Díaz Núñez; en 2006 *O afundimento do Tiránic*, de Breogán Riveiro; en 2008 *O punto da escarola*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2009 *Bon appétit*, de Begoña García Ferreira; en 2012 *Un mosquito de nome Henri*, de Raúl Dans; e en 2014 *O lobo e a lúa*, de Andrea Bayer. . E

na categoría de adultos: en 2003 *O Soñador. Pezas de títeres para adultos*, de Gabriel Castilla Raspa; en 2005 *Misterio en Guernica*, de Xosé Manuel Fernández Castro; e en 2009 *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño Sanmartín; en 2010 *Pedra sobre pedra*, de Xosé Antonio Neira Cruz; en 2011 e en 2012 o premio quedou deserto; e en 2014 *Ela, piedade dos suicidas*, de Xavier Lama. En 2015 non se convocou.

IX Premio **Diario Cultural de Teatro Radiofónico**

Convócano a Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), coa intención de fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e recuperar o xénero de teatro radiofónico mediante o incentivo á creación de guións radiofónicos dramáticos. Conta con dous galardóns, o Premio do Xurado, cunha dotación de 3.000 €, e o Premio da Audiencia, de idéntica contía. As obras seleccionadas polo xurado emítense na Radio Galega e edítase un libro-CD cos textos finalistas. Poden participar todos os escritores e as escritoras que o desexen sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa Compañía de Radio/Televisión de Galicia e calquera das sociedades que comprende (Televisión de Galicia e Radio Galega). Os traballos presentados deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poden ser adaptacións. Deben estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radio, televisións, editoriais ou entidades semellantes. Os traballos, co formato de guión radiofónico dramático, non poden exceder os dez minutos de duración en antena. As obras teñen que presentar un reparto de cinco personaxes como máximo. Os autores poden utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos etc. O director das dramatizacións radiofónicas pode facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión. Non se admiten máis de dous guións por autor e de cada obra preséntanse o orixinal e cinco copias. Os autores concursan polo sistema de plica e os traballos fanse chegar por correo ao seguinte enderezo: Radio Galega, Diario Cultural "Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico" (San Marcos, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña). Consérvanse durante un mes a partir da data na que se fai pública a resolución do xurado e logo destrúense os que non foran solicitados polos seus autores. Os argumentos das obras son de temática libre. O xurado estivo integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e un representante do Diario Cultural da Radio Galega, que valoraron especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico. Os autores comprométense a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas, de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro-CD. Para tal fin os autores premiados e finalistas entenden cedidos a favor da Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto. Os autores que o desexen poden enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte CD, que non son tidas en conta na valoración dos textos teatrais, pero si serán emitidas, de seren finalistas, pola Radio Galega para a votación da audiencia, en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico coordinado polo Centro Dramático Galego. En anteriores edicións os galardóns foron para *O Bambán*, de David Rodríguez en 2007; *O mal da vaca*, de Begoña García Ferreira en 2008; *Peter Buckley*, de Rubén Ruibal e César Candelas en 2009; *O vento da Illa*, de Begoña García Ferreira en 2010; *Paraísos*, de Xosé Manuel Pacho Blanco en 2011; *Poema sinestésico para tres voces e un can*, de

Eva F. Ferreira en 2012; *Chovencartos*, de Raquel Marco Mejuto en 2013; e *A primeira vez* de Carmen Blanco Sanjurjo, e *Explotados*, de César Carracedo, en 2014. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado, composto por Tito Asorey, Camilo Franco, César Carracedo, María Paredes, Gloria Ferreiro e Ana Romaní, decidiu premiar "Evasión", de Clara Gayo; e o premio da audiencia recaeu en Avelina Pérez por "Non teño espello no baño".

**Referencias varias:**

- Vicente Plaza, "A maxia do teatro no 'Diario cultural' da RG", *El Correo Gallego*, "Medios", 29 setembro 2015, p. 61.

Comenta que se presentaron case sesenta obras a este certame e a composición do xurado que decidirá o gañador en outubro. Ademais indica o propósito do certame e a contía do premio.

- Marcos Manteiga, "Catorce grupos de alumnos optan ao certame radiofónico", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 novembro 2015, p. 25.

Dá conta do contido deste premio que contará nesta edición coa participación de catorce grupos. Explica como é o proceso de votación e cales son os títulos dos textos finalistas. Por último, informa dos prazos da votación e as cantidades económicas dos premios.

XXVI Premios do **Festival de Teato Galego (FETEGA)**

Outorgados pola Asociación Cultural Fetega durante a celebración do Festival de Teatro Galego do Carballiño. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron: Isabel Risco (mellor actriz); Celso Fernández Sanmartín (mellor actor); *O furancho*, de Ibuprofeno Teatro (mellor espectáculo); e Roberto Vidal Bolaño (premio de honra).

VI Premio de teatro A **Guerra da Independencia en Valga**

Convócao o Concello de Valga dende o ano 2009 para obras inéditas en galego nas que o autor presenta un texto que será representado ao aire libre por actores e actrices afeccionados. O tema debe gardar relación coa Guerra da Independencia e centrarse no episodio da revolta popular dos veciños de Casal do Eirigo contra as tropas francesas. O escenario de representación é o recinto da Capela da Saúde. Os orixinais deben presentarse mecanografados, por quintuplicado, sen asinar, co título da obra e o pseudónimo do autor, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo, xunto a un sobre cos datos persoais e enviarse ao Concello de Valga (Avda. Coruña, n.º 14, 36645 Valga, Pontevedra). Estabelécese un único premio de 600 € que implica a obriga de colaborar coa dirección da obra para a súa posta en escena. Ademais da calidade das obras, valórase a viabilidade da súa posta en escena. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo pechouse o día 3 de xaneiro de 2016.

XIX Premios **María Casares**

De carácter anual, foron creados en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) para serviren de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolto pola profesión teatral galega. O nome dos premios foi decidido por considerar que o prestixio desta actriz galega, ademais de merecer unha homenaxe, podería servir de promoción para o teatro galego. A organización corre a cargo da Asociación de Actores e Actrices, coa que colabora o Concello da Coruña (cidade na que se realiza a gala de entrega dos premios, por ser María Casares filla predilecta desta cidade). Optan a estes galardóns todas as producións feitas en lingua galega estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como todos os profesionais que participaron nas montaxes comprendidas nese período de tempo. Os premios concédense nos seguintes apartados: Maquillaxe, Vestiario, Iluminación, Música orixinal, Adaptación/Tradución, Texto orixinal, Escenografía, Actor secundario, Actriz Secundaria, Actor protagonista, Actriz protagonista, Dirección, Espectáculo e Premio de Honra Marisa Soto á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro. O galardón consiste nunha xerra coa efixie da actriz María Casares e decídense nun proceso que se desenvolve durante o primeiro trimestre do ano. Nesta edición de 2015 a resolución dos premios coñeceuse o día 26 de marzo, nunha gala celebrada no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Os galardóns foron para Raquel Fidalgo de *Pequenas certezas* (Maquillaxe); Carlos Alonso de *Ultranoite no país dos ananos* (Vestiario); Yaiza Pinillos de *Perplexo* (Vestiario); Tito Asorey e Germán Gundín de *Perplexo* (Iluminación); Carolo Losada Soto de *Kassa* (Escenografía); Ailén Kendelman de *Pan! Pan!* (Música orixinal); Xacobe Martínez Antelo de *Ultranoite no país dos ananos* (Música orixinal); Catuxa Pato e Tito Asorey de *Perplexo* (Adaptación/Tradución); Manuel Cortés de *Ultranoite no país dos ananos* (Texto orixinal); Quico Cadaval de *Bobas&Galegas* (Texto orixinal); César Goldi de *Ultranoite no país dos ananos* (Actor secundario); Areta Bolado de *Pan! Pan!* (Actriz secundaria); Machi Salgado d´*O feo* (Actor protagonista); Elina Luaces de *Meu ben* (Actriz protagonista); Tito Asorey de *Perplexo* (Dirección); Tanxarina d´*A casa do avó* (Espectáculo infantil); e Il Maquinario Teatro de *Perplexo* (Espectáculo). O Premio de Honra Marisa Soto 2015 foi para Vicente Montoto.

**Referencias varias:**

- P. C., "Los María Casares eligen 16 espectáculos como finalistas y crean un nuevo premio", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 febreiro 2015, p. 38.

Menciona o anuncio dos nomes dos finalistas para os premios María Casares, que celebrarán a súa nova edición o 26 de marzo no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Destaca que son catorce categorías, entre as que se inclúe por primeira vez a de mellor espectáculo infantil.

- Carlos Crespo, "Tito Asorey. 'Só recuperaremos á nosa xeración para o teatro usando os seus referentes", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", "Entrevista", 27 febreiro 2015, p. 7.

Entrevista na cal fala do carácter de teatro xeracional das súas montaxes e da súa relación coa política. Analiza tamén os anos en escena da compañía Il Maquinario.

- Nuno Besteiro, "O teatro galego recoñece a carreira de Vicente Montoto", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 12 marzo 2015, p. 42.

Infórmase da decisión da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAG) de entregar este premio a Vicente Montoto pola súa condición de pioneiro na escena galega, a súa paixón no traballo e a súa xenerosidade.

- M. G. M., "Un ceo de mil bombillas iluminará o xoves a gala dos premios María Casares de teatro no Rosalía", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 24 marzo 2015, p. 12.

Fálase da celebración o vindeiro 26 de marzo da gala dos premios María Casares, conducida pola compañía Elefante Elegante. Sinala que optan aos premios dezaseis espectáculos en catorce categorías distintas e que Voadora, IlMaquinario e Chévere son as compañías con máis nomeamentos.

- Lourdes Varela, "Vicente Montoto. 'O principal obxectivo do teatro galego é afondar na cultura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 536, 26 marzo 2015, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 490, 11 abril 2015, p. 11, "Entrevista".

Sinala que, co motivo da entrega do premio ao actor, autor e director de teatro Vicente Montoto, se trata a súa traxectoria teatral, a función do teatro en Galicia, as relacións da Administración co teatro galego e a vocación de servizo público que o teatro debería cumprir.

- André Uriza, "La obra 'Perplexo' conquista los XIX Premios de Teatro María Casares", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 marzo 2015, p. 41.

Destácase a vitoria do grupo Il Maquinario coa obra *Perplexo*, con cinco premios e faise un repaso dos demais galardoados, con especial atención á entrega do Premio de Honra Marisa Soto dado a Vicente Montoto.

- Marta García Márquez, "IlMaquinario Teatro conquista os María Casares", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 27 marzo 2015, p. 17.

Faise unha relación do acontecido no acto de entrega dos premios María Casares o día anterior no teatro Rosalía de Castro. Subliña que Il Maquinario foi a triunfadora da noite, con cinco xerras, seguido por Chévere con tres xerras.

- Enrique Carballo, "Baile, humor, e moita reivindicación", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 27 marzo 2015, p. 59.

Resume a gala de entrega dos premios María Casares que tivo lugar o 26 de marzo no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Destaca que o triunfador da noite foi o espectáculo *Perplexo* de Il Maquinario Teatro, con cinco premios. Ademais apunta que a gala estivo marcada pola crítica e reivindicación da difícil situación dos artistas galegos.

_____, "Baile, humor, e moita reivindicación", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 27 marzo 2015, pp. 10-11.

Resumo da gala de entrega dos premios María Casares que tivo lugar o 26 de marzo no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Destaca que o triunfador da noite foi o espectáculo *Perplexo* de IlMaquinario Teatro, con cinco premios.

- Rodri García, "Il Maquinario colleita cinco premios María Casares coa obra 'Perplexo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 marzo 2015, p. 38.

Fálase da gala de entrega dos premios María Casares que se celebrou onte no Teatro Rosalía da Coruña. Reivindicouse a visibilidade de actividade teatral nestos tempos e faise unha relación dos gañadores, con Il Maquinario como o grupo teatral con máis galardóns.

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 21 abril 2015, p. 35.

Lembra que o espectáculo infantil *A casa do avó*, da compañía redondelá Tanxarina Títeres, obtivo o premio ao mellor espectáculo infantil na gala dos XVII Premios María Casares, que se concedeu este ano por vez primeira.

- Camilo Franco, "Somos unha compañía de intérpretes", *Tempos Novos*, n.º 221, "Cultura", outubro de 2015, pp. 72-73.

Achégase unha entrevista con Tito Asorey, director da compañía Il Maquinario, que obtivo cinco premios María Casares pola súa montaxe *Perplexo.* Fálase do proceso de produción máis longo que leva a cabo esta compañía, do panorama teatral galego e do concepto de compañías residentes.

XIV Premio de Interpretación Teatral **Maruxa Villanueva**

O Concello de Padrón convoca dende o ano 2001 este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. Poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cunha contía de 1.200 €, diploma acreditativo e estatuíña de bronce do busto de Maruxa Villanueva. En anteriores edicións foron premiados Roberto Vidal Bolaño (2001), Susana Dans (2002), Rosa Álvarez (2003), Manuel Lourenzo (2004), Xan Cejudo (2005), Ana Valles (2006), Luísa Merelas (2007), Xosé Manuel Olveira "Pico" (2008), Gonzalo Uriarte (2009), Víctor Mosqueira (2010), Patricia de Lorenzo (2011), Gustavo Pernas (2012), Mónica Camaño (2013) e Marta Pérez (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 a gañadora foi María Barcala (Vila de Cruces, 1957), cofundadora do Teatro do Atlántico.

**Referencias varias:**

- C. Botrán, "Marta Pérez se alza con el premio Maruxa Villanueva de Padrón", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.182, 12 febreiro 2015, p. 7.

Infórmase da decisión do xurado de conceder o premio á actriz da Cañiza Marta Pérez pola súa interpretación na obra *Té con Kant* coa compañía Inversa Teatro.

- C. B, "Marta Pérez recogerá hoy el Maruxa Villanueva", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 novembro 2015, p. 34.

Anuncia a entrega do premio de interpretación teatral por parte do Concello de Padrón á actriz Marta Pérez.

_____, "Padrón entregou a Marta Pérez o Maruxa Villanueva", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 novembro 2015, p. 25.

Faise eco do acto de entrega do premio en Padrón a Marta Pérez e da representación da súa obra *Té con Kant*. Indícase que a gañadora tamén reivindicou a figura de Maruxa Villanueva.

XVIII Premios **MAX de las Artes Escénicas**

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas, organizados pola Fundación Autor da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), co propósito de estimular e premiar o talento de artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en vinte e tres apartados distintos, como autoría, tradución, adaptación, composición, escenografía, iluminación etc., elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral, nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escrita en castelán, pero máis tarde tivéronse tamén en conta as outras linguas do estado. Dende a edición de 2014 desapareceu a categoría de Mellor Autor Teatral en Galego.

Premio **Nacional de Teatro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

II Premio **Pegada de Teatro Radiofónico**

Certame convocado pola Escola Superior de Arte Dramática (ESAD), dende o seu Departamento de Normalización Lingüística, que pretende promover a creación dramática en galego, no formato de teatro radiofónico. Colaboran Radio ECCA e AGADIC. Os traballos presentados deben ser orixinais, inéditos e escritos en lingua galega. A adaptación dos traballos non poderán superar os dez minutos nin ser inferior aos cinco minutos. Na segunda edición, correspondente ao ano 2015, o gañador foi Julio Peláez por "A cunquiña".

XVII Premio de Teatro **Rafael Dieste**

Este premio, creado no ano 1988 pola Deputación Provincial da Coruña para incentivar a creatividade no ámbito do teatro por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome, ten dende 1999 unha periodicidade bienal. Dende o ano 2001, poden optar todos os autores de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Concédese un premio único e indivisíbel dotado de 6.500 €. A Deputación publica a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaoito meses os dereitos de editala e de representala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Ademais, poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e a representación da obra premiada. Os traballos, de tema e extensión libres, deben presentarse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados, baixo un título e un lema, constando na plica o título e o lema no seu exterior e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Os participantes teñen a obriga de comunicar á deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dá lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actúa en pleno, en sesión a ser posíbel única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións son secretas. Sendo un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra premiada, estímanse positivamente os factores que inciden na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas etc. O xurado non pode declarar deserto o galardón e a súa proposta é obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, órgano competente para resolver o premio. Os textos envíanse á Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006 A Coruña), indicando no sobre "Premio de Teatro Rafael Dieste". En anteriores edicións resultaron premiadas as seguintes obras dramáticas: *Ei, Feldmühle*, de Xesús Pisón en 1991; *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño en 1992; *Matalobos*, de Raúl Dans en 1993; *Velenos*, de Xesús Pisón en 1994; *O serodio remordemento do amor*, de Xavier Lama en 1995; *Magnetismo*, de Manuel Lourenzo en 1996; *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño en 1997; *Ninguén chorou por nós*, de Miguel Sande en 1998; *Últimas faíscas de setembro*, de Manuel Lorenzo Pérez en 1999; *Footing*, de Gustavo Pernas Cora en 2001; *A ciencia dos anxos*, de Inma Antonio en 2003; *Final de película*, de Gustavo Pernas en 2005; *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure en 2007; *0,7% Molotov*, de Santiago Cortegoso en 2009; *A función do tequila*, de Manuel Guede Oliva en 2011; e en 2013 *Teatro ou xeitos de cargar unha arma*, de Zé Paredes e Xosé Manuel Pacho Blanco. Na edición correspondente ao ano 2015 o gañador foi Roberto Salgueiro con *Como mil cachiños de vidro que a dor escurece*.

V Premio de Teatro **Romaría Vikinga**

Organízano o Concello de Catoira e a Universidade de Santiago de Compostela como medio de sensibilización das culturas vikinga e galega e co desexo de contribuír á creación teatral. As obras presentadas deben ser inéditas, escritas en galego e cun tema relacionado coas incursións vikingas e a defensa contra elas, lendas, costumes, personaxes e símbolos, valores e sensibilidades propios do tema en Galicia. O autor debe ter en conta que se trata dunha representación popular na que participan actores e actrices afeccionados en gran número, nacidos ou residentes en Catoira. A dirección da obra corre a cargo do autor. A presentación ao concurso esixe a presentación de dous sobres (A e B) adxuntos e pechados que conteñen: o sobre A, orixinais, mecanografados

e por quintuplicado sen asinar, co título da obra e o pseudónimo da persoa que presenta o texto e que permite a súa posterior identificación, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo; o sobre B, o nome, teléfono e enderezo, xunto coa fotocopia do DNI, indicando por fóra o título da obra e o pseudónimo. Os residentes do concello deben escribir "Catoira" no exterior deste. Os dous sobres deben ir pechados para enviar ao enderezo: Concello de Catoira (Rúa do Concello, n.º 6, 36612 Catoira, Pontevedra). Estabelécese un único premio de 4.808 €, que na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 5.000 €, coa obriga de dirixir ensaios, ambientación, escenografía, atrezzo e os seis días de escenificación nas Torres de Oeste. Se o autor propón a outra persoa para a dirección será baixo a súa responsabilidade artística e económica. Ademais da calidade das obras valórase a visibilidade da súa posta en escena, así como a innovación no libreto e que os autores non representasen as obras en anos anteriores. A organización e composición do xurado corresponde á Universidade de Santiago de Compostela e ao Concello de Catoira e formaron parte del dous representantes do Concello de Catoira, tres persoeiros do mundo do teatro, un representante da USC e un da Consellaría de Cultura e Turismo. O xurado pode declarar deserto o premio se non reúne as condicións artísticas e de calidade. O autor da obra premiada cede en exclusiva ao Concello os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación da obra, en todo o territorio da Unión Europea, para a súa explotación e execución teatral, edición e produción. Dado que a convocatoria é bienal, unha das obras é elixida para a representación do ano seguinte ao da convocatoria. Teñen preferencia as persoas residentes en Catoira. En anteriores edicións gañou o premio Marcos Abalde Covelo por *A saga de Iacobusland*. Na edición correspondente ao ano 2015 non houbo representación por quedar deserto o premio convocado en 2014.

I Concurso de textos para microteatro **Teatroula**

Certame organizado por LaTuerka27 e a Asociación Galega de Guionistas (AGAG). Os textos deberán ser orixinais, inéditos e escritos en lingua galega. O único requisito é que os participantes deberán ser socios da AGAG e/ou alumnado dalgunha actividade formativa organizada pola AGAG. O premio consistirá na representación da obra e o 15% da recadación final da peza en despacho de billetes. O xurado desta primeira edición estivo composto por Carlos Ares, Lidia Fraga e Nicolás Campo. O único premio, quedando o resto desertos, foi para Manuel Darriba por "As malas compañías".

I Concurso literario de teatro breve **Terras de Orcellón**

Co gallo de fomentar a creación de textos dramáticos, que enriquezan o panorama teatral galego, Tiruleque, grupo de teatro do Carballiño, convoca este concurso. Poderá participar calquera persoa, cunha obra orixinal, inédita e escrita en galego. A obra deberá facer algunha mención positiva á provincia de Ourense. O texto terá unha extensión dun mínimo de sete e un máximo de dez páxinas. As obras enviaranse antes do primeiro de agosto. Hai tres premios que se corresponde con 600 €, 400 € e 200 €. As obras gañadores serán representadas por Tiruleque Teatro e publicadas en libro.

**Referencias varias:**

- Sabela Pinal, "Tiruleque convoca un concurso de textos teatrais sobre Ourense", *La Región*, "Carballiño", 17 marzo 2015, p. 18.

Infórmase da convocatoria deste concurso literario organizado polo grupo de teatro Tiruleque do Carballiño co propósito de fomentar a creación de textos teatrais en galego. Engádese que a obra gañadora será posta en escena por Tiruleque e as tres primeiras serán publicadas.

V Premio Mome de Teatro **Varela Buxán**

Creado en 2011 polo Museo do Moble e da Madeira da Estrada (MOME) cos obxectivos de pór en valor o MOME como centro neurálxico para o coñecemento e promoción da madeira así como referente na vida cultural galega, perseverar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural, contribuír á difusión do teatro galego e colaborar na divulgación da vida e obra do dramaturgo estradense Manuel Daniel Varela Buxán. Poden concorrer todas as persoas, de calquera nacionalidade, con textos inéditos en lingua galega que teñan como eixe temático o mundo da árbore, a madeira e/ou do móbel. Os orixinais deben presentarse baixo lema por triplicado, xunto cunha copia do texto en CD en formato PDF e un sobre cos datos persoais na Fundación Cultural da Estrada (Avda. Benito Vigo, n.º 104, 36680 A Estrada, Pontevedra), indicando no sobre Premio MOME de Teatro "Varela Buxán". A dotación económica é de 1.000 € para un único premio, diploma acreditativo e unha escultura en madeira deseñada polo artista estradense Manuel Fragoso. A entrega de premios ten lugar nun acto público que se celebra o 25 de setembro, en conmemoración do aniversario do pasamento de Manuel D. Varela Buxán. En anteriores edicións, os galardóns foron para: Teresa González Costa en 2011 por *Madeira de gañador*; Xosé Lois García en 2012 por *A cerna*; Santiago Cortegoso en 2013 por *Smoke on the water*; e Ana María Carreira Varela en 2014 por *Un intre antes do solpor*. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado, composto Santiago Cortegoso, Ana María Carreira, Xosé Lueiro e Henrique Vázquez acordou por unanimidade conceder o premio de teatro á obra *Oito epitafios por Troia*, da autoría de Marcos Abalde (Vigo, 1982).

**Referencias varias:**

- Cristina Botrán, "Ana Carreira recibe na Estrada o premio teatral Varela Buxán", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.168, 29 xaneiro 2015, p. 7.

Menciona a entrega deste premio no Teatro Principal da Estrada e destaca que o xurado dixo que a gañadora foi escollida polo tratamento que fai da senectude con gran sensibilidade e lirismo.

Premio **Xograr de Outono**

Galardón que concede o Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) a persoas ou entidades que desenvolvan un papel activo na promoción e desenvolvemento do teatro

en Galicia. En anteriores edicións resultaron gañadores Roberto Vidal Bolaño (2002), Artur Trillo (2004), Celso Parada (2005), Víctor Mosqueira (2006), Quico Cadaval (2007), Dorotea Bárcena (2008), Cándido Pazó (2009), Paula Carballeira (2010), Marcelino de Santiago "Kukas" (2011), Alberto Gende (2012), Xosé Manuel Oliveira "Pico" (2013) e Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán" (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 a gañadora foi Susana Dans (A Coruña, 1965).

**Referencias varias:**

- P. Blanco, "Obra alternativa a mayores y el Premio Xograr", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 23 outubro 2015, p. 9.

Entre outras cuestións, comenta que este premio recoñece a traxectoria dunha vida dedicada á difusión do teatro galego e que nesta edición recaeu en Susana Dans.

# X. 4. INVESTIGACIÓN

XVIII Premio de Investigación **Concello de Pontedeume**

Dirixido a traballos inéditos escritos en galego que traten sobre aspectos etnográficos de Pontedeume ou da súa comarca. Conta cun único galardón dotado de 1.140 €, ademais da súa publicación na revista de investigación local *Cátedra. Revista eumesa de estudios*. A extensión dos traballos debe ser dun mínimo de cincuenta folios e dun máximo de cen, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que o ilustren. Hai que entregar catro copias, mecanografadas a dobre espazo, no rexistro xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume (Rúa Real, n.º 17, 15600 Pontedeume, A Coruña) baixo lema e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor. Na edición correspondente ao ano 2015 o gañador foi Antón Prego por *O santuario de Bremo. Retrato dunha montaña sagrada*.

IX Premio **Condado de Pallares**

A asociación Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares convoca dende o ano 2007 este certame, que está patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a fundación Caixa Galicia e os concellos de Guntín e Taboada. Recibe traballos, cunha extensión mínima de cen páxinas, escritos en galego sobre lingüística, historia, arte, arqueoloxía, etnografía e folclore do antigo Condado de Pallares. O galardón consiste en 3.000 €, ademais da publicación polo Departamento de Cultura da Deputación Provincial de Lugo. En edicións anteriores foron galardoados Almudena Figueiras, Juan Manuel Sobrado Vázquez, Xosé Luís Vázquez Somoza, José Luis Díaz Castroverde Lodeiro e Claudio Otero Eiriz. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron Javier Gómez Vila e María del Mar Neira González pola obra *A cultura castrexa e galaico romana no Condado de Pallares*.

IX Premio de Investigación **Manuel Iglesias**

A Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo convoca este premio de investigación, co obxectivo de manter o legado intelectual, cultural e relixioso de Manuel Iglesias. Poderán presentarse traballos de investigación que traten sobre a figura de San Rosendo, a Idade Media galega en xeral, a diócese de Mondoñedo ou o Mosteiro de Celanova. Estabelécese un único premio, dotado de 1.500 €. Considérase a posibilidade de estabelecer outra modalidade na que se recoñeza a unha personalidade ou institución polo seu labor nas áreas mencionadas. Na edición correspondente ao ano 2015 o premio foi para Manuel Rey Olleros por *La música en el manuscrito 9 de Silos: propio del tiempo*.

X Premio **Manuel Murguía de Ensaio**

Convocado dende 1998 pola Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra "dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador", está dotado dun premio de 6.500 € e a publicación da obra

gañadora. Poden concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos a calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia non premiados nas tres edicións anteriores. A presentación debe ser feita, preferentemente, en formato dixital, por medio dun CD que inclúa a seguinte inscrición: Premio de ensaio "Manuel Murguía", título da obra e lema ou pseudónimo; o tratamento de texto pode ser Word, OpenOffice ou PDF. No caso de optar pola presentación en papel, as obras deben entregarse por duplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A 4, e impresos polas dúas caras, numerados, grampados ou encadernados. A obra preséntase baixo o sistema de plica, polo que debe achegarse un sobre á parte en cuxo exterior figure o título da obra e o lema ou pseudónimo do seu autor e no interior unha copia do NIF, o enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico e, ademais, unha declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, até a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio. Hai que dirixilos á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n, 15006 A Coruña). En edicións anteriores recibiron o galardón *La insurrección de Ferrol de 1872*, de Alfonso Gomis Rodríguez en 1998; *El patrimonio histórico y la representación de la memoria*, de Marcelino Abuín Duro en 1999; *Raza e alteridade: A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*, de Fernando Pereira González en 2000; *As cartas do destino*, de Raúl Soutelo Vázquez e Xosé Manoel Núñez Seixas en 2002; *A raíña Lupa. As orixes pagás de Santiago*, de Antonio Balboa Sagado en 2004; *Medios de comunicación comarcal en Negreira, A Baña e Brión no século XX*, de X. Amancio Liñares Giraut e Omayra Lista Liñares en 2006; *Una familia gallega y un océano de por medio. Vínculo y experiencia a través de la memoria fotográfica y epistolar*, de María Liliana da Orden en 2008; *E fixose nación. A idea de nación española: liberais versus absolutistas na prensa galega da Guerra da Independencia*, de Sabela Taboada en 2010; en 2011 e 2012 non houbo convocatoria; e *Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria en Galicia*, de Diego Conde Gómez en 2013. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado, composto por Rosario Sarmiento, Purificación Galán Boutureira, Gonzalo de la Huerga Fidalgo e Elisardo López Varela, decidiu premiar a Marcelino Agís Villaverde polo traballo *Historia do pensamento galego contemporáneo*.

**Referencias varias:**

- Victoria Rojas, "Agís gana el X Premio de Ensaio Manuel Murguía", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 outubro 2015, p. 44.

Informa do título e do autor gañadores desta edición do certame e dá os nomes das persoas que compuxeron o xurado. Ademais recolle as declaracións do galardoado nas cales fai unha defensa da filosofía galega.

Premio **Nacional de Ensaio**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

XV Premio de Ensaio **Ramón Piñeiro**

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2000 con motivo do seu cincuentenario e do décimo cabodano de Ramón Piñeiro. En edicións posteriores sumouse á convocatoria o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coa colaboración do grupo Gas Natural. Con el preténdese contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Pode participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma, que versen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). O tema dos ensaios é libre e os traballos deben evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os traballos, asinados cun lema ou pseudónimo, cunha extensión entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos, deben ser presentados por quintuplicado, en formato DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara, e dirixirse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (Avenida de Madrid, n.º 44, 36204 Vigo). Estabelécese un único premio, consistente en 3.000 €, outorgado ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. Este galardón é único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, pode declaralo deserto, así como tamén pode recomendar a publicación de traballos presentados ao certame que sexan de interese e non resultasen premiados. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección "Ensaio". En edicións anteriores recibiron o galardón *A submisión das masas. Do poder do progreso ó progreso do poder*, de Basilio Lourenço Fondevilla en 2001; *Tempo e venganza*, de Anxo A. Rei Ballesteros en 2002; *A terra quere pobo*, de Xosé Luís Barreiro Rivas en 2003; *Outro idioma é posible*, de Teresa Moure en 2004; *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceiredo en 2005; *Psicopatoloxía do retorno*, de Ramón Area Carracedo e Alexandre García-Caballero en 2006; *Paisaxe e nación (A creación discursiva do territorio)*, de María López Sández en 2007; *Un longo e tortuoso camiño: adaptación, crise e cambio no Bloque Nacionalista Galego (1982-2008)*, de Xosé Ramón Quintana Garrido en 2008; *Retrato da xeración de 1950. Microhistoria do cambio social na Galicia contemporánea*, de Manuel Pérez Rúa en 2009; *A arte do imposible*, de Ramón Máiz Suárez en 2010; *Queer.emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*, de Teresa Moure en 2011; *Para que nos serve Galiza?*, de Xaime Subiela en 2012; *Da natureza dos escritores, artistas e vermes. Ensaio sobre o pracer no diálogo con Karl Marx*, de José María Durán en 2013; e *Barthes Filósofo*, de Luís G. Soto en 2014. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron Santiago Lamas (Pontevedra, 1944) e Alfonso Mato coa obra titulada *De camiños, viaxeiros e camiñantes. Peregrinos de Nós ao cabo do mundo*.

**Referencias varias:**

- Paula Pérez, "O profesor Luis García Soto gaña o Ramón Piñeiro de Ensaio cunha obra sobre Barthes", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 33/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 31, 20 xaneiro 2015.

Indica a persoa gañadora deste premio, Luis García Soto, doutor en Filosofía, quen presentou a obra *Barthes filósofo*. Sinala que o xurado valorou a visión persoal e subxectiva do autor así como a intención pedagóxica e a claridade de exposición.

- P. Pérez, “Luis García Soto. ‘A filosofía axúdache a entender o mundo pero a Lomce maltrátaa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 33/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 31, 20 xaneiro 2015.

O galardoado explica a escolla da figura de Barthes para realizar este ensaio e destaca a súa importancia dentro da semiótica moderna. Reflexiona sobre o actual estado da filosofía no ensino e as redes sociais.

- Yolanda Queija, “Unos 20 colectivos otorgan el premio Ramón Piñeiro”, *El Progreso*, “Sarria”, 30 xullo 2015, p. 12.

Informa que unha vintena de asociacións de Láncara, Sarria e O Corgo deciden o gañador deste certame. Explica cal é o obxectivo e as bases do premio e fai un repaso dos anteriores gañadores.

- P. Calveiro, “El arte urbano compite por un futuro creativo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 3 novembro 2015, contracuberta.

Entre outras cuestións, informa da presentación de *Barthes filósofo* na facultade de Filosofía da USC e destaca que Luis García Soto recibiu o premio de ensaio Ramón Piñeiro por esta obra.

- Belén López, “O pontevedrés Santiago Lamas gaña o premio Ramón Piñeiro de ensaio”, *Diario de Pontevedra*, “Cultural”, “Pontevedra”, 22 decembro 2015, p. 17.

Dá conta da obra vencedora deste certame, da composición do xurado e das bases da convocatoria. Por último, inclúe uns breves datos biográficos do gañador.

- Alba Lago, “O Ramón Piñeiro para Alfonso Mato e Santiago Lamas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 decembro 2015, p. 43.

Informa do título e dos autores gañadores deste premio así como das persoas que conformaron o xurado. Explica o contido do ensaio, a viaxe en 1927 de Vicente Risco, Otero Pedrayo e Ben-Cho-Shey a Santo André de Teixido, e engade algunhas notas biográficas dos gañadores.

XX Premio **Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais**

Convocado dende 1994 polos concellos de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco, estaba dotado de 6.000 €, que na convocatoria de 2013 se viron reducidos a 4.500 €, ademais da publicación da obra por Sotelo Blanco Edicións. Poden concorrer obras orixinais e inéditas, escritas en galego normativo, sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura etc.). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta e máxima de trescentos folios a dobre espazo, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (San Marcos, n.º 77, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. O xurado está

composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura, actuando un deles de secretario. Nas edicións anteriores premiouse a Santiago González Avión en 1999 por *Abrente incerto*; a Rosa Brañas en 2001 por *Deuses, heroes e lugares sagrados*; a Anxo Fernández Ocampo en 2002 por *A esperanza Bretona*; a Elixio Villaverde en 2003 por *Galegos en México (1878-1936)*; a Julia Varela en 2004 por *A Ulfe, socioloxía dunha comunidade rural galega*; a María Montserrat Varela Vázquez en 2005 por *Trazos da escolma da cultura do pobo galego*; a Santiago Prado Conde en 2007 por *Poboacións non pertinentes nas institucións educativas*. *O alumnado con procedencia rural na terra de Melide*, publicado co título *Novas minorías nas institucións educativas*; a Xosé Lois Ladra Fernández en 2008 por *A pesca fluvial tradicional en Galicia. Caneiros, pescos e pesqueiras*; a María Pilar García Negro en 2010 por *O clamor da rebeldía. O nacemento do ensaio na literatura galega contemporánea, simultánea ao nacemento da conciencia do xénero rosaliano*; a Carlos Callón Torres en 2011 polo seu ensaio *Amigos e sodomitas. A configuración da homosexualidade na Idade Media*; a Xosé Manuel González Reboredo en 2012 por *Os santos titulares de parroquia en Galiza. Pasado, presente e perspectivas de futuro*, a Laura Tato Fontaíña por *Do teatro ao cinema* en 2013; e a Luzía Oca González por *Caboverdianas en Burela (1978-2008), migración, relación de xénero e intervención social.* Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado, composto por Fernando Acuña Castroviejo, Antonio Blanco Rodríguez, Xosé María Eguileta Franco, Humberto Miguel dos Santos Martins, Timothy Leonard Koehnen, Francisco Fernández Rei e Antonio Blanco Rodríguez, decidiu que o premio fose para Rafael Quintía por *Análise estrutural e simbólica do mito da moura galega*.

**Referencias varias:**

- Laura Fernández, "La Fundación Risco hará más actos en Portugal", *La Región*, "Allariz", 11 outubro 2015, p. 20.

Dá conta da sinatura da Fundación Vicente Risco coa universidade portuguesa de Trás-os-Montes e Alto Douro para desenvolver distintas actividades, entre as cales está este premio.

# X. 5. MIXTOS (VARIAS MODALIDADES)

XXX Premio **Antón Losada Diéguez**

A Fundación Antón Losada Diéguez organiza dende o ano 1986 este certame, en colaboración cos concellos do Carballiño e Boborás e coa Deputación Provincial de Ourense. O seu obxectivo é o de premiar as dúas mellores obras publicadas en galego entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior nos campos da investigación e da creación literaria. Ten unha dotación económica de 6.000 € para cada un dos gañadores, ademais dun diploma e dunha escultura conmemorativa. En edicións anteriores os galardóns concedéronse, na modalidade de "Creación literaria", a Ramiro Fonte por *Designium* en 1985; Luís González Tosar en 1986 por *A caneiro cheo*; Carlos Casares en 1987 por *Os mortos daquel verán*; Xosé Ramón Pena en 1988 por *Para despois do adeus*; Marina Mayoral en 1989 por *Chamábase Luís*; Antón Tovar en 1990 por *Berros en voz baixa*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1991 por *Arraianos*; Anxo Rei Ballesteros en 1993 por *Loaira*; Úrsula Heinze en 1994 por *Culpable de asasinato*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1995 por *Estirpe*; Marina Mayoral en 1996 por *Querida amiga*; Chus Pato en 1997 por *Nínive*; Olga Novo en 1998 por *Nós nus*; Fran Alonso en 1999 por *Territorio ocupado*; Xosé Fernández Ferreiro en 2000 por *O atentado*; Xurxo Borrazás en 2001 por *Na maleta*; Xavier Rodríguez Baixeras en 2002 por *Eclipse*; Xabier Quiroga en 2003 por *Atuado na Braña*; Ramiro Fonte en 2004 por *Os meus ollos*; Rosa Aneiros en 2005 por *Veu visitarme o mar*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 2006 por *Contra Maquieiro*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Chus Pato en 2009 por *Hordas de escritura*; Domingo Villar en 2010 por *A praia dos afogados*; Xulia Alonso en 2011 por *Futuro imperfecto*; Agustín Fernández Paz por *Non hai noite tan longa* en 2012; Begoña Camaño por *Morgana en Esmelle* en 2013; e Cesáreo Sánchez por *Caderno do Nilo* en 2014. Na modalidade de "Investigación", en edicións anteriores concedéronse os galardóns a Claudio Rodríguez Fer en 1990 por *Poesía galega*; Francisco Fernández Rei en 1991 por *Dialectoloxía da lingua galega*; Lourenzo Fernández Prieto en 1993 por *Labregos con ciencia*; Xosé María Lema Suárez en 1994 por *A arte relixiosa na Terra de Soneira*; Claudio Rodríguez Fer en 1995 por *A literatura galega durante a guerra civil*; Andrés Torres Queiruga en 1997 por *Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*; Henrique Monteagudo en 2000 por *Historia social da lingua galega*; José Carlos Bermejo en 2001 por *Pensa-la historia*, Narciso de Gabriel en 2002 por *Escolantes e escolas de ferrado*; Domingo Docampo en 2003 por *Tecnoloxías da información e as comunicacións: unha visión desde Galicia*; Manuel Caamaño en 2004 por *As construcións da arquitectura popular, patrimonio etnográfico de Galicia*; Antón Costa en 2005 por *Historia da educación e da cultura de Galicia*; Manuel Ferreiro en 2006 pola edición d'*Os Eoas* de Eduardo Pondal; Gonzalo Navaza en 2007 por *Fitotoponimia galega*; Xusto Beramendi en 2008 por *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*; Camilo Nogueira en 2009 por *Europa, o continente pensado*; Pablo Carpintero Arias por *Os instrumentos musicais na tradición galega* en 2010; Francisco Calo Lourido por *Os celtas. Unha revisión dende Galicia* en 2011; Xesús Alonso Montero por *Aníbal Otero. Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo* en 2012; Ramón Nicolás por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* en 2013; e Antón Cortizas por *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais* en 2014. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado estivo presidido polo alcalde do Carballiño, e composto por representantes da Real Academia Galega, do

Consello da Cultura, das tres universidades, da Deputación Provincial de Ourense, do Museo do Pobo Galego e do alcalde do Concello de Boborás. Na modalidade de creación literaria o galardón foi para Diego Ameixeiras por *Conduce rápido* e na modalidade de investigación levou o galardón Ana Acuña por *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)*. O acto de entrega dos premios tivo lugar no Pazo dos Losada, no Carballiño.

**Referencias varias:**

- Sabela Pinal, "Ana Acuña e Diego Ameixeiras son os galardoados co Losada Diéguez", *La Región*, "Provincia", "Carballiño", 26 abril 2015, p. 20.

Indica os nomes dos gañadores así como unhas breves referencias aos libros polos cales foron recoñecidos. Engade información sobre a organización do premio e a data e lugar onde se entregarán.

- Chus Gómez, "A profesora Ana Acuña gaña o premio Losada Diéguez coas memorias dos 'madrigalegos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 28 abril 2015, p. 4.

Entrevístase á profesora Ana Acuña co gallo do premio Losada Diéguez e dise que fala da importancia que tiveron os galegos que na segunda metade do século XX marcharon para Madrid.

- Sabela Pinal, "Ameixeiras e Acuña recollen o Premio Antón Losada Diéguez", *La Región*, "Provincia", "Carballiño", 14 xuño 2015, p. 37.

Infórmase da entrega do Premio Antón Losada Diéguez a Diego Ameixeiras pola súa novela *Conduce rápido* e a Ana Acuña polo seu ensaio *Conciencia política e literatura galega en Madrid*.

IV Concurso **Artellando coa lingua**

Convocado polo colectivo cultural Artellando, de San Sadurniño, dende o ano 2012. Inclúe un certame de relato curto de 1.000 palabras como máximo; outro de poesía, cun máximo de 500 palabras; e un de banda deseñada, para obras de entre e 50 e 250 palabras. En cada unha destas modalidades, estabelécense tres categorías segundo a idade: un premio infantil para nenas e nenos de até 12 anos; un xuvenil para mozas e mozos de entre 13 e 18 anos; e un dirixido a persoas maiores de idade. En todos os casos o galardón consiste nun libro electrónico. As obras entréganse a través do correo electrónico artelladas@gmail.com, na biblioteca de San Sadurniño ou a calquera compoñente da entidade. É unha convocatoria anónima, polo que os datos deben presentarse nun sobre pechado grampado á obra. O xurado está formado por membros de Artellando e persoas do mundo das letras. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo para a recepción dos traballos rematou o 13 de maio.

Premio da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organiza este premio, que recoñece os mellores libros publicados o ano anterior. Non ten dotación económica e entrégase un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios son os que elixen a obra literaria premiada. No ano 2006 creouse o I Premio Internacional AELG, baixo o lema "Escritor Galego Universal". Na edición de 2007 aumentaron as categorías, e pasáronse a premiar obras de Literatura infantil e xuvenil, Teatro, Narrativa, Poesía, Tradución, Ensaio, e Traxectoria xornalística cultural co obxectivo de ofrecer unha visión máis ampla do panorama literario galego. No ano 2009 contou coa novidade do galardón da categoría de "Blog literario". Na edición de 2015, concedéronse os seguintes premios: na categoría de Literatura infantil e xuvenil, a *Penúltimas tendencias*, de Carlos Negro; en Narrativa, *A viaxe de Gagarin*, de Agustín Fernández Paz; en Poesía, *A distancia do tambor*, de Eva Veiga; en Teatro, *Obras completas. Volume IV*, de Roberto Vidal Bolaño; en Ensaio, a *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego*, de Helena Miguélez-Carballeira; en Tradución, *A Divina Comedia*, de Dante, traducido por Darío Xohán Cabana; en Blog literario a *Caderno da crítica*, de Ramón Nicolás; e na categoría de Traxectoria xornalística cultural a Montse Dopico. Finalmente, o premio da categoría Institucións foi para o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia; e o Premio Escritor Galego Universal foi para o brasileiro Luiz Ruffato. O acto de entrega tivo lugar o 9 de maio no Círculo das Artes de Lugo durante a chamada Gala das Letras.

**Referencias varias:**

- Jaureguizar, "Os escritores premian unha novela de Fernández Paz como a mellor do 2014", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Letras", 10 maio 2015, p. 58.

Fálase da gala celebrada no Círculo das Artes de Lugo o día anterior na que se entregaron os galardóns anuais que promove a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Faise unha relación dos premiados, entre os que destaca Agustín Fernández Paz coa súa novela *A viaxe de Gagarin*.

_____, "Luis Ruffato: 'Brasil é un país triste; non de praia, carnaval ou samba", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Letras", 10 maio 2015, p. 59.

Infórmase da celebración en Lugo o día anterior dunha mesa redonda organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega que precedeu á entrega do recoñecemento Escritor Galego Universal que lle foi conferido a Luiz Ruffato. Dise que este fai un ataque contra o estereotipo co que se vincula en moitas ocasións ao seu país, Brasil.

- E. O., "El escritor Agustín Fernández Paz, premio de narrativa de la AELG por 'A viaxe de Gagarin", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 maio 2015, p. 48.

Relaciónanse os gañadores dos premios AELG, entre outros, Agustín Fernández Paz en narrativa, Ramón Nicolás en blog literario, Eva Veiga en poesía, Helena Miguélez-Carballeira en ensaio e Carlos Negro en literatura infantil e xuvenil.

- ELOS, "Premios AELG", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 10 xuño 2015, p. 36.

Fala da convocatoria da XVI edición dos premios e das súas categorías, entre elas Literatura Infantil e Xuvenil. Informa que na categoría de LIX, as obras finalistas foron *Escarlatina, a cociñeira defunta*, de Ledicia Costas; *Penúltimas tendencias*, de Carlos Negro e *Tes ata as 10*, de Francisco Castro.

Certame Literario **Ben veñas, maio**

Premio convocado pola Concellaría de Normalización Lingüística de Pontevedra e que conta coa colaboración dos equipos de normalización dos centros de ensino do concello. Agrupa distintas categorías: fotografía, banda deseñada, narración curta, poesía, música e unha semana de mostra teatral. O obxectivo é acadar unha maior utilización do idioma galego por parte das xeracións novas. A coordinación do certame vai rotando cada ano entre os equipos de normalización lingüística dos centros de ensino público de Pontevedra e nesta edición tocoulle ao IES Torrente Ballester. Poderá participar o alumnado matriculado nos centros escolares de Pontevedra. O xurado poderá propor cantos accésits considere oportunos. Os apartados do ano 2015 relacionados coa literatura estarán escritos en lingua galega e divídense en dúas categorías (A, até 14 anos, e B, a partir de 15 anos) que recibirán un premio en metálico (primeiro premio 150 € e segundo premio 75 €), un lote de libros e o diploma. Os apartados son os seguintes: XXII Certame de Banda Deseñada, ao cal se presentarán obras orixinais, inéditas, cunha temática que reflexione sobre o uso e a valoración das linguas; XXII Certame de Narración curta, de temática libre, cunha extensión mínima de dous folios e máxima de seis; e XIV Certame de Poesía, de temática libre, cunha extensión máxima de trinta versos.

**Referencias varias:**

- C. G., "Ben veñas, maio', repartirá 3.000 euros en premios", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 4 marzo 2015, p. 10.

Informa da convocatoria dos certames do programa "Ben veñas, maio" para a promoción do uso do galego entre a mocidade e no que poden participar alumnos dos centros de ensino público de Pontevedra. Sinala as distintas categorías.

XII Certame Literario **Concello de Ames de Narrativa e Poesía**

O Concello de Ames convoca este certame literario de narrativa e poesía para textos inéditos de tema libre escritos en galego, con tres categorías en cada modalidade: primeira categoría para nenos e nenas até 13 anos, segunda categoría dirixida a rapaces de 14 a 18 anos e a terceira para persoas de máis de 18 anos. Hai tres premios en metálico en cada categoría: 150 €, 120 € e 90 € na primeira categoría; 180 €, 150 € e 120 € na segunda; e 260 €, 210 € e 180 € na terceira. Ademais, o Concello de Ames publica os traballos premiados nunha antoloxía creada para tal efecto. Todas as persoas que desexen participar no certame deben enviar catro exemplares do seu texto, en folios mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames (Avda. de Azcárraga, n.º 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña) acompañados dun sobre cos datos persoais. A extensión mínima é de

dúas páxinas en narrativa e de vinte versos en poesía, mentres que a máxima é de seis páxinas en narrativa e de cincuenta versos en poesía. O tema é libre e só se pode presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entrega de orixinais rematou o 11 de abril e o 11 de maio o xurado, composto por Mariña Pérez Rei, Alfredo Conde e Mar Fernández Vázquez, fixo pública a súa decisión de outorgar os seguintes galardóns a Manuel Otero Boquete (primeiro premio de poesía de adultos) por "Paradigma (de xénese xenérica)"; Daniel Vilaverde Framil (terceiro premio de poesía de adultos) por "Replicante"; Salvador Pena Castro (segundo premio de narrativa para mozos entre 14 e 17 anos); e Xosé Anxo Corral Suárez (primeiro premio de narrativa para adultos) por "O desvarío do almirante".

**Referencias varias:**

- M. Manteiga, "Ames convoca os premios literarios e Intercentros", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.210, 12 marzo 2015, p. 6.

Infórmase da duodécima edición do certame literario de narrativa e poesía que convoca anualmente o Concello de Ames e coméntanse brevemente as bases e os premios.

XXII Certame Literario de poesía e narración breve **Concello de Cambre**

A Concellaría de Cultura e Turismo de Cambre, as Asociacións de Nais e Pais, os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos dous institutos cambreses convocan este certame co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade. Conta con tres categorías: A, de 12 a 14 anos; B, de 15 a 18 anos e C, de 19 a 26 anos; e dúas modalidades: poesía e narración breve, dotadas de dous galardóns cunha contía de 173 € e 128 €; 218 € e 150 €; e, por último, 300 € e 173 € en cada categoría. Cada participante pode presentar unha proposta a calquera das dúas modalidades. Na modalidade de poesía debe presentar tres poemas como mínimo, de tema e forma libres. Na modalidade de narración breve a extensión máxima é de cinco páxinas DIN-A4 e o tema libre. Os traballos, escritos en lingua galega, deben ser orixinais, inéditos e non premiados, e teñen que estar escritos con ordenador, en papel de tamaño DIN-A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12, por unha soa cara; paxinados e sen asinar. Entrégase o orixinal e catro copias nun sobre no que figure "Certame literario", o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado debe ir acompañado dun sobre pechado no que, por fóra, figuren os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI, e a ficha de inscrición cuberta e asinada, que contén ademais os datos de teléfono, correo electrónico e nome do centro no que estuda ou traballa. Os traballos poden entregarse persoalmente nas administracións dos institutos ou ben seren enviados por correo ordinario a rúa Río Barcés, n.º 8, 15660 Cambre, A Coruña. A organización do certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría. Nesta edición, correspondente ao ano 2015, o acto de entrega dos premios celebrouse o 22 de maio no Instituto de Educación Secundaria David Buján. Presentáronse un total de sesenta e dúas propostas, trinta e sete de narración breve e vinte e cinto de poesía. O xurado,

composto por María Mosquera Castro e Pilar Tobar Conde (do IES David Buján), François Davo (IES Afonso X de Cambre), David Abeledo, Alicia Longueira (presidenta da Fundación Wenceslao Fernández Flórez) e actuando como secretaria dona Pilar Paz, dinamizadora cultural do Concello de Cambre, concedeu o primeiro premio na modalidade de poesía a Sabela Rodríguez e Diego Pazos; e na modalidade de narrativa a Eva Salvado, Amaia Tomé e Carlos Lijó.

Certame de Relato Breve e Poesía do **Concello de Rois**

Convocado polo Concello de Rois, poderán presentarse todas as persoas que o desexen, sen límite de idade. Os concursantes deben presentar un único texto en lingua galega, orixinal e inédito, cunha extensión máxima de dez folios para as obras narrativas, e unha extensión entre os dez e os sesenta versos para os textos poéticos. Os traballos deberán incorporar algún elemento característico de Rois. Conta con seis categorías: até os seis anos, entre sete e oito anos, entre nove e once anos, entre doce e catorce anos, entre quince e dezasete anos, e maiores de dezaoito anos. Premiaranse dúas obras por cada categoría: 60 € e 30 € para a categoría de entre 15 e 17 anos; 100 € e 50 € para a categoría de maiores de 18 anos; e no resto de categorías os premios consistirán en lotes de libros. Os traballos serán entregados no Concello de Rois, Samil, n.º 1 ou no edificio multiusos de Rois antes do día 30 de abril.

XXII Premio de **Creación Literaria e Ensaio** da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña

Organizado pola Facultade de Filoloxía, e coa colaboración da libraría Xiada, está dirixido ao alumnado da Universidade da Coruña. Conta con catro modalidades: poesía, narrativa, teatro e ensaio, en lingua galega e castelá. Na modalidade de poesía prémiase un poema ou un breve grupo de poemas con unidade temática; en narrativa e ensaio, un traballo dun máximo de quince folios, mecanografados a dobre espazo; e en teatro, un traballo dun máximo de trinta folios, mecanografado a dobre espazo. O xurado está integrado por profesorado da Facultade de Filoloxía e personalidades de recoñecido prestixio cultural. Os textos deben entregarse baixo plica na secretaría do Decanato ou por correo postal. Deben ir nun sobre en cuxo exterior conste a modalidade á que se presenta e o nome do premio e se entregará tamén unha copia en soporte electrónico. Os premios poden declararse desertos ou pode outorgarse un accésit en cada modalidade. Os premios consisten na publicación, en libro conxunto, dos traballos gañadores e dos accésits concedidos en cada modalidade e ademais un vale cambiábel por libros, cortesía da libraría Xiada.

XXXVIII Premios da **Crítica de Galicia**

Estes premios foron creados polo Círculo Ourensán-Vigués no ano 1978 e continuados polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Instituíronse co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merecen os labores individuais ou colectivos que cristalizan en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade (calidade, incidencia social, oportunidade ou

outros) son da competencia exclusiva de cada xurado, tendo en conta o interese concreto para a cultura galega. A periodicidade dos premios é anual e atinxe a produción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade concédese un premio indivisíbel que pode quedar deserto. As producións candidatas aos galardóns teñen que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia antes do 1 de marzo. O xurado, que pode incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades, componse de sete membros para cada unha das modalidades, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designa un presidente que ten a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxilia o presidente e demais membros do xurado, redacta e le a acta na entrega dos premios. Os membros de cada xurado son persoas de recoñecida competencia no campo da modalidade do premio e non deben ter relacións de autoría ou dirección cos traballos concorrentes. Todos os xurados son nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros teñen que ter coñecemento de todas e cada unha das achegas que se cualifican e correspóndelles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se vaia producindo. As decisións finais son inapelábeis e tómanse nunha sesión de traballo que se celebra o mesmo día da entrega do premio e permanecen secretas mentres os secretarios non dan lectura pública ás correspondentes actas. Até a convocatoria de 2011 os Premios da "Crítica Galicia" abranguían as seguintes modalidades: I) Creación literaria; II) Ensaio e pensamento; III) Investigación; IV) Música; V) Artes escénicas e Audiovisuais e VI) Iniciativas culturais. Na convocatoria de 2011 fixáronse as seguintes modalidades: I) Creación Literaria, para premiar obras de narrativa, poesía, ensaio, textos dramáticos, guións, xornalismo de opinión, incluíndo a creación literaria infantil e xuvenil, editadas en lingua galega no ano anterior; II) Investigación, para galardoar obras que sexan resultado dunha investigación contrastada e rigorosa e que conten con recoñecemento por parte de especialistas no ámbito da súa disciplina, con repercusión dentro e fóra de Galicia durante o ano anterior, así como con algunha manifestación en lingua galega; III) Música, para aqueles traballos de composición, interpretación ou compilación musical editados en formato de partituras, discos ou comunicados publicamente en Internet no ano anterior; composicións e obras musicais estreadas nese período; labores interpretativos nos que concorran características que lles confiran unha recoñecida proxección ao longo do mesmo período; todas aquelas iniciativas que ao longo do ano contribuísen de xeito relevante á promoción da música na sociedade galega; e todos aqueles músicos que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro e fóra de Galicia un fito destacado durante o período; IV) Iniciativas Culturais, para aqueles feitos ou labores emprendidos por persoas, asociacións, entidades ou todo tipo de institucións que destacasen na defensa, pulo ou espallamento da cultura galega no ano anterior; V) Artes Plásticas e Visuais, para todos aqueles traballos de pintura, escultura, fotografía, videocreación artística, arquitectura e deseño que fosen realizados, presentados en exposicións ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior; ou todos aqueles artistas plásticos, arquitectos e deseñadores que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro e fóra de Galicia un fito destacado durante ese período; e VI) Artes Escénicas e Audiovisuais, para aqueles traballos de teatro, danza, maxia, circo, cine, vídeo e televisión, estreados ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior e todos aqueles artistas do eido das artes escénicas e audiovisuais que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro e fóra de Galicia un fito destacado nese período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia nomea, ademais, dende 1993,

"Galego Egrexio" a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se considere merecente dela. O galardón consiste nunha estatuíña, deseñada por Isaac Díaz Pardo, que representa a Martín Codax. Dende a súa primeira edición, na modalidade de "Creación literaria", foron galardoados Alfonso Pexegueiro en 1978 por *Mar e naufraxio*; Álvaro Cunqueiro en 1979 por *Os outros feirantes*; Carlos Casares en 1980 por *Os escuros soños de Clío*; Antón Tovar en 1981 por *Calados esconxuros*; Alfredo Conde en 1982 por *Breixo*; Víctor Fernández Freixanes en 1983 por *O triángulo inscrito na circunferencia*; Arcadio López-Casanova en 1984; Ramiro Fonte en 1985 por *Designium*; Manuel Vilanova en 1986 por *A lenda das árbores de prata*; Suso de Toro en 1987 por *Polaroid*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1988 por *Bretaña Esmeraldina*; Víctor Fernández Freixanes en 1989 por *O enxoval da noiva*; Antón Risco en 1990 por *As metamorfoses de Proteo*; Fiz Vergara Vilariño en 1991 por *Nos eidos da bremanza*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1992 por *Arraianos*; Antón Avilés de Taramancos en 1993 por *Obra viva*; Manuel Rivas en 1994 por *En salvaxe compaña*; Marilar Aleixandre en 1995 por *A expedición do Pacífico*; Xavier Rodríguez Baixeras en 1996 por *Nadador*; Pilar Pallarés en 1997 por *Livro das devoracións*; Xosé María Álvarez Cáccamo en 1998; Carlos Casares en 1999; Bieito Iglesias en 2000 por *O mellor francés de Barcelona*; Xosé Manuel Villanueva en 2001 por *Adeus India, adeus*; Manuel María en 2002 por *Obra completa*; Carlos Casares en 2003 por *O sol do verán*; Anxos Sumai en 2004 por *Anxos de garda*; Luísa Villalta en 2005 por *En concreto*; Xavier Alcalá en 2006 por *Nas catacumbas*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Luís González Tosar en 2009 por *Estúrdiga materia*; Suso de Toro en 2010 por *Sete palabras*; Ana Romaní en 2011 por *Estremas*; Agustín Fernández Paz en 2012 por *Fantasmas de luz*; Xabier Cordal en 2013 por *Transmuta*; e Xosé María Lema en 2014 por *Costa do Solpor*. A XXXVIII edición, correspondente ao ano 2015, tivo como lema "Non bebades auga durmida". O xurado da modalidade de Creación literaria, composto por Xosé María Lema Suárez, Eulalia Agrelo, María Xesús Fernández, Manuel Rodríguez Alonso, María Xesús Nogueira, e Xavier Senín, que actuou como secretario, acordou declarar finalistas as obras *A viaxe de Gagarin* de Agustín Fernández Paz, *Zapatillas rotas* de Xabier Quiroga e *Penúltimas tendencias* de Carlos Negro. Tras as derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio a *A viaxe de Gagarin* de Agustín Fernández Paz, editada por Edicións Xerais de Galicia. O xurado da modalidade de Investigación, formado por Xosé Ramón Freixeiro Mato, Jesús de Juana López, Manuel González González, Xosé Benito Reza, María Edita de Lorenzo Rodríguez, Aida Fernández Ríos e Afonso Vázquez Monxardín, que actuou como secretario, acordou declarar como finalistas as obras *Conciencia política e literatura galega en* Madrid, de Ana Acuña; *Historia da literatura galega II. De 1853a 1 1916. O Rexurdimento,* de Xosé Ramón Pena; e a obra científica de Miguel Anxo Murado. Tras as derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio a *Historia da literatura galega II. De 1853 a 1 1916. O Rexurdimento*, de Xosé Ramón Pena, editada por Edicións Xerais de Galicia. Os demais galardóns foron, na modalidade de Música, para Guadi Galego; o Premio de Iniciativas Culturais, para o Cineuropa; en Artes escénicas e Audiovisuais, para a compañía A Panadería Teatro; e en Artes plásticas e Visuais, para Xaquín Marín. O fallo fíxose público o 7 de novembro no Hotel Os Escudos de Vigo.

**Referencias varias:**

- Belén López, "Ana Isabel Vázquez, xurado dos Premios da Crítica Galicia", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 22 setembro 2015, p. 9.

Informa do futuro fallo do premio e de que Ana Isabel Vázquez, ex-deputada de Cultura de Pontevedra, formará parte do xurado.

- Maite Gimeno, "Fernández Paz, Premio da Crítica por 'A viaxe de Gagarin", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 novembro 2015, p. 39.

Informa do acto de entrega dos premios e salienta o recibido por Agustín Fernández Paza pola obra *A viaxe de Gagarin*, recollido por unha amiga do escritor, que trasladou as palabras deste sobre a obra premiada: un libro xeracional, que repasa un tempo duro e difícil que se arrastra até o presente cargado de esperanza.

- Ágatha de Santos, "Agustín Fernández Paz, Xosé Ramón Pena y Guadi Galego Premios da Crítica Galicia", *Faro de Vigo*, p. 42/ "Xosé Ramón Pena, Agustín Fernández Paz y Guadi Galego, Premios da Crítica Galicia", *La Opinión*, "Cultura y ocio", p. 41, "Sociedad", 8 novembro 2015.

Dá conta do acto de entrega de premios, recolle extractos das intervencións de premiados e personalidades asistentes e, finalmente, engade as consideracións do xurado para xustificar cada un dos premios.

- Jorge Lamas, "Xaquín Marín recibe o premio da Crítica de Galicia das artes plásticas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 novembro 2015, p. 43.

Dá conta de cada un dos premiados e fai unha crónica do acto de entrega dos premios, salientando o de creación literaria que recaeu en Agustín Fernández Paz e o de artes plásticas que recibiu Xaquín Marín.

- A. S., "Xosé Ramón Pena. 'La obra entreteje los hechos históricos y sociales con la creación literaria", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 8 novembro 2015, p. 42

Recolle a entrevista ao autor premiado na categoría de investigación e durante a cal insiste na idea de que era preciso revisar a historia da literatura galega.

Premios da **Crítica Española**

Creados no ano 1956, dende 1978 concedéronse aos mellores libros de narrativa e poesía publicados en España ao longo do ano anterior, en calquera das catro linguas do Estado español. A modalidade de literatura galega creouse no ano 1976. O xurado está formado normalmente por vinte e dous membros da Asociación Española de Críticos Literarios. É un galardón sen dotación económica. En anteriores edicións os premios foron para: na modalidade de narrativa, en 1976 para Carlos Casares por *Xoquetes para un tempo prohibido*; en 1978 para Xoán Ignacio Taibo, por *Homes de ningures*; en 1979 para Álvaro Cunqueiro, por *Os outros feirantes*; en 1980 para Xavier Alcalá, por *Fábula*; en 1981 para Alfredo Conde, por *Breixo*, en 1982 para Víctor Fernández Freixanes, por *O triángulo inscrito na circunferencia*; en 1983 para Camilo Gonsar, por *Desfeita*; en 1984 para Alfredo Conde, por *Xa vai o grifón no vento*; en 1985 para Lois

Xosé Pereira, por *As horas de cartón*; en 1986 para Antón Risco, por *Memoria dun emigrante*; en 1987 para Ricardo Carballo Calero, por *Scorpio*; en 1988 para Víctor Fernández Freixanes, por *O enxoval da noiva*; en 1989 para Manuel Rivas, por *Un millón de vacas*; en 1990 para Xavier Queipo, por *Ártico*; en 1991 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *Arraianos*; en 1992 para Salvador García Bodaño, por *Os misterios de monsieur d'Allier*; en 1993 para Suso de Toro, por *Tic-tac*; en 1994 para Xurxo Borrazás, por *Criminal*; en 1995 para Xesús Manuel Valcárcel, por *O capitán Lobo Negro*; en 1996 para Carlos Casares, por *Deus sentado nun sillón azul*; en 1997 para Xosé Carlos Caneiro, por *Un xogo de apócrifos*; en 1998 para Manuel Rivas, por *O lapis do carpinteiro*; en 1999 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *No ventre do silencio*; en 2000 para Suso de Toro, por *Non volvas*; en 2001 para Xosé Vázquez Pintor, por *A memoria do boi*; en 2002 para Carlos Casares, por *O sol do verán*; en 2003 para Xabier López López, por *A vida que nos mata*; en 2004 para Xesús Constela, por *As humanas proporcións*; en 2005 para Teresa Moure, por *Herba moura*; en 2006 para Manuel Rivas, por *Os libros arden mal*; en 2007 para Luís Rei Núñez, por *O señor Lugrís e a negra sombra*; en 2008 para Marcos S. Calveiro, por *Festina lent*e; Xabier Quiroga en 2009 por *O cabo do mundo*; Víctor Freixanes en 2010 por *Cabalo de Ouros*; Antón Riveiro en 2011 por *Laura no deserto*; Begoña Caamaño en 2012 por *Morgana en Esmelle*; e Anxos Sumai en 2013 por *A lúa da colleita*. E na modalidade de poesía: en 1976 para Celso Emilio Ferreiro, por *Onde o mundo se chama Celanova*; en 1978 para Salvador García-Bodaño, por *Tempo de Compostela*; en 1979 para Eduardo Moreiras, por *O libro dos mortos*; en 1980 para Xohana Torres, por *Estacións ao mar*; en 1981 para Claudio Rodríguez Fer, por *Tigres de tenrura*; en 1982 para Xoán Manuel Casado, por *O libro de Caldelas*; en 1983 para Vítor Vaqueiro, por *A fraga prateada*; en 1984 para Miguel Anxo Fernán-Vello, por *Seivas de amor e tránsito*; en 1985 para Antón Avilés de Taramancos, por *Cantos caucanos*; en 1986 para Xosé María Álvarez Cáccamo, por *Os documentos da sombra*; en 1987 para Xavier Rodríguez Baixeras, por *A gándara da noite*; en 1988 para Ramiro Fonte, por *Pasa un segredo*; en 1989 para Luís González Tosar, por *Remol das travesías*; en 1990 para Fermín Bouza Álvarez, por *Labirinto de inverno*; en 1991 para Gonzalo Navaza, por *Fábrica íntima*, en 1992 para Xavier Rodríguez Barrio, por *Antiga claridade*; en 1993 para Xulio López Valcárcel, por *Memoria de agosto*; en 1994 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *Estirpe*; en 1995 para Ramiro Fonte, por *Luz de mediodía*, en 1996 para Pilar Pallarés, por *Livro das devoracións*; en 1997 para Xavier Rodríguez Baixeras, por *Beira norte*; en 1998 para Yolanda Castaño, por *Vivimos no ciclo das erofanías*; en 1999 para Manuel Álvarez Torneiro, por *Luz de facer memoria*; en 2000 para Gonzalo Navaza, por *Libra*; en 2001 para Manuel Forcadela, por *Refutación da musa*; en 2002 para Xavier Seoane, por *Dársenas do ocaso*; en 2003 para Xulio López Valcárcel, por *Casa última*; en 2004 para Miguel Anxo Fernán-Vello, por *Territorio da desaparición*; en 2005 para Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2006 para Manuel Vilanova, por *A Esmeralda Branca*; en 2007 para Helena de Carlos, por *Vigo*; en 2008 para Chus Pato, por *Hordas de escritura*; en 2009 para Luz Pozo Garza por *Deter o día cunha flor*; en 2010 para Marga do Val por *A cidade sen roupa ao sol*; en 2011 para Olga Novo por *Cráter*; en 2012 para Manuel Álvarez Torneiro por *Os ángulos da brasa*; e en 2013 para Berta Dávila por *Raíz da fenda*. No ano 2015 outorgouse o Premio Nacional de Crítica 2014 na modalidade de literatura galega a Xabier Quiroga (Saviñao, 1961) por *Zapatillas rotas,* en narrativa, e a Gonzalo Hermo (Rianxo, 1987) por *Celebración*, en poesía.

**Referencias varias:**

- Fran P. Lorenzo, "Gonzalo Hermo e Xabier Quiroga. Premios da Crítica", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 abril 2015, p. 44.

Infórmase do acto de concesión por parte da Asociación Española de Críticos Literarios (AECL) do Premio da Crítica 2014 na categoría de poesía en galego a Gonzalo Hermo, por *Celebración*, e na de narrativa a Xabier Quiroga, por *Zapatillas rotas*.

- Belén López, "La Crítica premia en Pontevedra a Andrés Ibáñez y Lorenzo Oliván", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", p. 11/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 56, 19 abril 2015.

Fálase do fallo dos premios da Crítica que tivo lugar no Café Moderno de Pontevedra e menciónanse os galardoados nas catro linguas oficiais. Engade que o crítico Ramón Nicolás falou da calidade da literatura galega a pesar da carencia de axudas institucionais.

- Manu Otero, "Los críticos premian las obras de Hermo, Quiroga, Ibáñez y Oliván", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 abril 2015, p. 42.

Coméntase a celebración do acto de concesión dos Premios da Crítica 2014 en Pontevedra. Destaca que os premios se outorgan nas catro linguas oficiais do Estado español e engade que Hermo (poesía en galego), Quiroga (narrativa en galego), Ibáñez (narrativa en castelán) e Oliván (poesía en castelán) foron algúns dos gañadores.

Premios da **Cultura Galega**, anteriormente Premios Nacionais da Cultura Galega

Entregados por primeira vez, co nome de Premios Nacionais da Cultura Galega, en xuño de 2008 pola Consellaría de Cultura e Deporte no Pazo de Congresos, a dotación dos galardóns era de 15.000 € en cada categoría, de carácter indivisíbel. O xurado, único para todas as categorías, conta con representantes de todos os sectores da cultura galega e está composto de quince membros, diferentes en cada edición. O premio, na súa primeira edición, contou con dez categorías: Literatura, Arquitectura e espazos públicos, Artes visuais, Artes escénicas, Música, Cine e audiovisual, Pensamento e cultura científica, Iniciativas culturais, Cultura tradicional e de base e Patrimonio cultural. No ano 2010, 2ª edición, reformuláronse, pasando a denominarse Premios da Cultura Galega. Reducíronse a sete as categorías (Letras, Artes plásticas, Artes escénicas, Patrimonio cultural, Promoción da cultura exterior, Música e Creación audiovisual) e cambiou a dotación económica por unha escultura conmemorativa e un diploma acreditativo. No ano 2013 creouse o Premio Cultura Galega de Lingua. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado presidiuno o Conselleiro de Cultura, Román Rodríguez González, acompañado de Ramón Villares, Xosé Luís Armesto Barbeito, Xesús Alonso Montero, Manuel Quintana Martelo, Anxo Lorenzo, Carmen Prieto, Rosa Cedrón, Carlos Ares, Asunta Rodríguez e Cristina Fabeiro Varela.Os premios foron para Fina Casalderrey, na categoría de Premio da Cultura Galega das Letras; para Miguelanxo Prado, no apartado das Artes plásticas; para María Bouzas, na categoría de Artes escénicas; para a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, na categoría de iniciativas en prol do Patrimonio cultural; para Katbleen Nora March, no apartado da Proxección exterior de Galicia; para o Coro Toxos e Froles, na categoría de Música;

para a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, no apartado de Lingua; e para Ignacio Vilar, na categoría de Creación audiovisual.

**Referencias varias:**

- Javier García, "Premios da Cultura para María Bouzas, Fina Casalderrey, Ignacio Vilar e Kathleen March", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 setembro 2015, p. 42.

Dá conta da nómina dos galardoados nesta edición e nomea as persoas que integraron o xurado.

- E. P., "Fina Casalderrey e Ignacio Vilar, entre los galardonados con los Premios da Cultura Galega", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 23 setembro 2015, p. 38.

Informa de que Fina Casalderrey e Ignacio Vilar están entre os oito galardoados nas distintas modalidades dos Premios da Cultura Galega.

- Sara Vila, "Fina Casalderrey segundo os seus", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 4 outubro 2015, p. 10.

Recolle as opinións sobre Fina Casalderrey de persoas achegadas á escritora: a súa nai, unha amiga da infancia, algúns ex-alumnos e compañeiros do mundo editorial, que a describen como unha muller sensíbel, empática e con grande agudeza para comprender a psicoloxía infantil.

- ELOS, "Premios da Cultura Galega 2015", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 4 outubro 2015, p. 4.

Fala da convocatoria e das distintas categorías destes premios e salienta tanto o premio a Fina Casalderrey, na modalidade de Literatura Infantil e Xuvenil, como o de Miguelanxo Prado, na modalidade Artes Plásticas.

- Fran P. Lorenzo, "O sector cultural galego reivindícase nos Premios da Cultura no Gaiás", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 22 decembro 2015, p. 42.

Resume o acto de entrega desta edición dos premios, recolle as declaracións de varios premiados e destaca que houbo gabanzas e críticas ao Goberno da Xunta. Indica que a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística non acudiu por estar disconforme coa política lingüística de Núñez Feijoo.

- Elisa Álvarez, "Os Premios da Cultura Galega gaban o potencial creativo dos autores galegos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 decembro 2015, p. 41.

Comenta a celebración do acto de entrega dos premios deste certame e dá conta dos premiados en cada unha das categorías. Engade que se formularon críticas contra a política lingüística do goberno de Feijoo.

X Premios da **Edición Ánxel Casal**

Convocados por primeira vez no ano 2005 pola Asociación Galega de Editores (AGE) e patrocinados polo Centro Español de Dereitos Reprográficos (Cedro), preténdese recoñecer con eles a excelencia no ámbito editorial. Os galardóns teñen dez categorías: Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor ou Autora do Ano; Premio Ánxel Casal ao Libro de ficción; Premio Ánxel Casal ao Libro de poesía ou teatro; Premio Ánxel Casal ao Libro de non ficción; Premio Lois Tobío ao Libro traducido, Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro ilustrado; Premio Xosé Neira Vilas ao Mellor Libro infantil e xuvenil; Premio Xosefa Iglesias Vilarelle ao Mellor Libro educativo; Premio Rosalía de Castro á Mellor Iniciativa editorial; e o Premio Francisco Fernández del Riego á difusión do ámbito editorial e cultural. Na edición correspondente ao ano 2015, na cal se premia a actividade realizada o longo de 2014, concedéronse os seguintes premios: María Reimóndez, o Premio Xosé María Álvarez Blázquez; Bibliotecas Escolares de Galicia, o Premio Francisco Fernández del Riego; *A viaxe de Gagarin*, de Agustín Fernández Paz, o Premio Ánxel Casal ao Libro de ficción 2014; *O soño galego de Julio Cortázar*, de Francisco F. Naval, o Premio Ánxel Casal ao Libro de non ficción 2014; *Estrela do Norte*, de Luís Rei o Premio Ánxel Casal ao Libro de poesía e teatro 2014; *Escarlatina a cociñeira defunta*, de Ledicia Costas, o Premio Xosé Neira Vilas ao Libro infantil e xuvenil; *As floriñas de S. Francisco*, de Darío Xohán Cabana, o Premio Lois Tobío ao Libro traducido; *Leviatán*, de Ramón Trigo, o Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro ilustrado; *As mulleres galegas. Das marchas nómadas ás marchas mundiais das mulleres*, de Pepe Carreiro, o Premio Xosefa Vilarelle ao Libro educativo de 2014; e a a colección Rescate, de Alvarellos Editora, o Premio Rosalía de Castro á Mellor Iniciativa editorial.

**Referencias varias:**

**-** Xoán Bernárdez Vilar, "O acceso ao coñecemento", *Encrucillada*, n.º 192, "Crónica da cultura", marzo-abril 2015, pp. 95-107.

Faise un repaso polo panorama cultural galego. No apartado dedicado a "Premios" dáse conta da concesión do Premio Os Bos e Xenerosos 2015 da AELG e da próxima entrega do premio Letra E a Xosé María Álvarez Cáccamo. Recóllese, ademais, a lista dos galardoados co premio Ánxel Casal: Agustín Fernández Paz, por *A viaxe de Gagarin*; Francisco Fernández Naval, por *O soño galego de Julio Cortázar*; Luís Rei, por *Estrela do Norte*; Ledicia Costas, por *Escarlatina a cociñeira defunta*; Darío Xohán Cabana, pola tradución de *As floriñas de San Francisco*; Pepe Carreiro, por *As mulleres galegas. Das marchas nómadas ás marchas mundiais das mulleres*; María Reimóndez, pola súa traxectoria creativa; a Colección Rescate de Alvarellos Editora, pola súa iniciativa editorial; e as Bibliotecas escolares de Galicia, pola súa difusión editorial e cultural.

- Belén López, "Noite en Pontevedra para celebrar os libros", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 14 marzo 2015, p. 11.

Fala da entrega dos premios Ánxel Casal nun acto celebrado no Pazo da Cultura e cita a cada un dos premios en cadansúa categoría.

- E. Ocampo, “La narrativa de Agustín Fernández Paz y Francisco F. Naval, premios Ánxel Casal de los editores gallegos”, *Faro de Vigo*, p. 45/ “Agustin Fernández Paz y Francisco F. Naval, galardonados por los editores gallegos”, *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 33, “Sociedad”, 14 marzo 2015.

Fálase da entrega dos premios Ánxel Casal no Pazo da Cultura o 13 de marzo e faise unha relación dos premios, entre os que o artigo destaca o de mellor libro de ficción para Agustín Fernández Paz por *A viaxe de Gagarin* e o de mellor libro de non ficción para Francisco F. Naval por *O soño galego de Julio Cortázar*.

XV Premio **Fernando Arenas Quintela** de narrativa e ensaio

A libraría coruñesa Arenas convoca este premio co fin de favorecer a creatividade da mocidade e promover un mellor ambiente cultural. Pode concorrer a esta décimo terceira edición calquera persoa cun traballo libre e inédito referido á cidade da Coruña, a Galicia ou a España, en lingua galega ou castelá, cunha extensión entre cento cincuenta e trescentas cincuenta páxinas. Debe presentarse por triplicado na propia libraría (Cantón Pequeno, 25) baixo lema e cun sobre cos datos persoais do autor. O premio consiste na publicación da obra gañadora e 1.500 €. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado deu a coñecer o 22 de abril, a súa decisión de entregar o galardón a José Ricardo Pardo Gato pola obra *El Cuartel de Atocha. 150 años de historia*.

XI Premio **Frei Martín Sarmiento**

Convocado dende o ano 2005 pola Federación Española de Relixiosos de Ensinanza-Centros Católicos en Galicia (FERE-CECA Galicia) recoñece, a partir do lectorado de Primaria e ESO, as mellores obras da Literatura Infantil e Xuvenil. Estabelece cinco categorías a partir da sétima edición: 1º e 2º de Educación Primaria; 3º, 4º de Primaria; 5º e 6º de Primaria; 1º e 2º de ESO; 3º e 4º de ESO; e 1º de Bacharelato. A dinámica de selección das obras que entran a concurso ten tres fases: unha primeira escolla por parte das editoras; unha segunda selección por parte dun grupo formado por profesorado e alumnado que determina os tres finalistas; e, por último, a votación do alumnado nunha escala de cero a dez. Na primeira edición (2005) había tres categorías: de 8 a 10 anos; de 11 a 13 anos ; e a partir de 14 anos e os gañadores foron: na primeira categoría Ánxela Loureiro, por *Ota quere voar*; na segunda categoría Xosé Miranda e Antonio Reigosa, por *Cantos de parvos e pillos*; e na terceira categoría Lourenzo González, por *Irmán do vento*. Na segunda edición (2006) os gañadores foron: na primeira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *O elefante dunha soa orella*; na segunda categoría Ramón Caride, por *A negrura do mar*; e na terceira categoría Francisco Castro, por *Un bosque cheo de faias*. Na terceira edición (2007) había catro categorías: 1º e 2º de Primaria; 3º a 5º de Primaria; 6º de Primaria a 2º da ESO; e 3º da ESO a 1º de Bacharelato. Os gañadores foron: na primeira categoría Pinto e Chinto, por *O pequeno da familia fantasma*; na segunda categoría Eva Peydro, por *As vacacións de Saida*; na terceira categoría Breogán Riveiro Vázquez, por *Tonecho de Rebordechao*; e na cuarta categoría Agustín Fernández Paz, por *Corredores de sombra*. Na cuarta edición (2008), os gañadores foron: na primeira categoría Concha Blanco, por *Poemas para pintar*; na segunda categoría Gloria Sánchez, por *Dez piratas*; na terceira categoría An Alfaya, por *Zoa e Azor*; e na cuarta categoría Domingo Villar, por *Ollos de auga.* Na quinta edición

(2009) os gañadores foron: na primeira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *O sorriso de Claudia*; na segunda categoría Fina Casalderrey, por *A lagoa das nenas mudas*; na terceira categoría Francisco Castro, por *O ceo dos afogados*; e na cuarta categoría Agustín Fernández Paz, por *O único que queda é o amor*. Na sexta edición (2010) incluíuse unha nova quinta categoría (adultos) e os gañadores foron: na primeira categoría Manolo Uhía, por *O autobús da selva*; na segunda categoría María Reimóndez, por *Lía e as zapatillas de deporte*; na terceira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *Os piratas da Illa de esperanza*; na cuarta categoría Marilar Aleixandre, por *Cabeza de medusa*; e na quinta categoría Miguel Anxo Murado, por *Fin de século en Palestina*. Na sétima edición (2011) hai unha nova mudanza nas categorías que quedarían en seis: 1º e 2º de Primaria, 3º e 4º de Primaria, 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO máis Bacharelato, e adultos. Os gañadores foron: na primeira categoría Xoán Babarro, por *A tea de Araña que todo o apaña*; na segunda categoría Ramón Caride, por *Andanzas de Xan Farrapeiro*; na terceira categoría An Alfaya, por *A ánfora exipcia*; na cuarta categoría Francisco Castro, por *Chámademe Simbad*; na quinta categoría Carlos Vila Sexto, por *As sete mortes*; e na sexta categoría Domingo Villar, por *A praia dos afogados*. Na oitava edición (2012) os gañadores foron: na primeira categoría Abraham Carreiro, por *As espiñas do porco espiño*; na segunda categoría Antonio Yáñez Casal, por *Xoa*; na terceira categoría Teresa González Costa, por *A filla do ladrón de bicicletas*; na cuarta categoría Elena Gallego, por *Dragal*; na quinta categoría Manuel Núñez Singala, por *Menú de enganos*; e na sexta categoría Xulia Alonso, por *Futuro imperfecto*. Na novena edición (2013) gañaron na 1ª categoría *Vou ter un irmán*, de María Solar e Xosé Tomás (como ilustrador); na 2ª categoría *Ti non xogas*, de Xurxo Silvestre Gómez; na 3ª categoría *A chave da Atlántida*, de Anxo Fariña, e *Xoeliki*, de Abraham Carreiro; na 4ª categoría *Mortos de ningures*, de Ledicia Costas e Pere Tobaruela; e na 5ª categoría *O noso amor será eterno*, de Xosé Henrique Rivadulla Corcón. Na décima edición (2014) gañaron na 1ª categoría *A pomba dona Paz*, de Ramón Caride; na 2ª categoría *O monstro das profundidades*, de Manuel Uhía; na 3ª categoría *A verdadeira historia da mosca da tela*, de María Solar; na 4ª categoría *O elefante branco*, de Xesús Fraga; na 5ª categoría *O neno can*, de Fina Casalderrey e Francisco Castro; e na 6ª categoría *Os fillos do mar*, de Pedro Feijoo. O acto de entrega tivo lugar na Biblioteca de Galicia, na Cidade da Cultura, o día 6 de xuño.

XXIV Premios **Irmandade do Libro**

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. Na edición do ano 2007 engadiuse un premio para o mellor libro en galego e na edición do ano 2009 creouse unha nova modalidade, Fomento da Lectura. As propostas de participación poden ser presentadas na Federación de Libreiros de Galicia (Rúa República del Salvador, n.º 28 entrechán B, 15701 Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das modalidades (centros de ensino, libro, autor, obra editorial, fomento da lectura, librarías e, dende 2013, obra infantil e xuvenil), consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e as categorías de Centros de Ensino e Fomento da Lectura, únicas con dotacións económicas, contan con 2.000 € para a adquisición de libros en calquera das librarías integradas na Agrupación de Libreiros á que pertenza a localidade do colexio gañador. O xurado está integrado por tres membros da Federación de Libreiros, un representante da Consellaría de

Eduación, un bibliotecario, un profesor de Lingua e Literatura galegas e un escritor. Na edición do libro do ano 2015 os galardoados foron: na modalidade de Fomento da Lectura para a Editorial Alvarellos; na de Libro do ano, para a *Contos do mar de Irlanda*, de Xurxo Souto; na de Obra editorial do ano para *Colección Gótica*, de Urco Editora; na de Libraría a O Pontillón (Moaña); na de Centro de Ensino para o IES Castro Alobre, de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra); na de Autor/autora do ano a Yolanda Castaño; e na de obra infantil e xuvenil para Uxía Senlle por *Xiqui Xoque, Fiú fiú!*. O acto de entrega tivo lugar o 14 de marzo en Santiago de Compostela.

**Referencias varias:**

- F. F., "El instituto Castro Alobre gana el premio Irmandade do Libro por el fomento de la lectura", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 18 marzo 2015, p. 5.

Fálase do acto do entrega deste premio que foi para o Instituto de Vilagarcía de Arousa Castro Alobre. Destaca que no acto estiveron presentes o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, e o alcalde de Santiago, Agustín Hernández.

- ELOS, "Federación de Librarías de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 21 abril 2015, p. 35.

Informa da nova convocatoria dos Premios Irmandade do Libro que celebrou a súa XXIV edición o 14 de marzo na Cidade da Cultura. Destaca que entre os premiados constan autores e obras que tamén dan visibilidade á LIX galega, como é o caso de Yolanda Castaño, Quique Alvarellos e o libro-disco-DVD *Xiqui, Xoque, Fiú, Fiú*, de María Fumaça, publicado pola Editorial Galaxia na colección "Sonárbore" co premio a Mellor obra infantil e xuvenil.

- M. Mato, "Nace la Gala do Libro Galego tras un acuerdo histórico del sector", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 21 novembro 2015, p. 42.

Dá conta da decisión de unificar as tres cerimonias existentes de escritores, editores e libreiros nunha convocatoria unitaria de premios, cuxa primeira edición terá lugar o 14 de maio de 2016.

_____, "Escritores, editores y libreros gallegos se unen para premiar las mejores obras del año", *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", 21 novembro 2015, p. 31.

Informa da primeira edición da Gala do Libro Galego, que arrexunta as tres entregas de premios existentes (Gala das Letras, Noite da Edición e Premios Irmandade do Libro) nunha única celebración, que se desenvolverá o 14 de maio de 2016.

Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Convocado polo Ministerio de Cultura dende o ano 2005, este premio recoñece os libros mellor editados ao longo do ano anterior. Estes galardóns, sen dotación económica, consisten na exposición das obras gañadoras nas principais feiras internacionais do libro. Clasifícanse en cinco grupos temáticos: arte, libros de bibliofilia, facsímiles,

infantís e xuvenís e obras xerais e de divulgación. O premio ás mellores ilustracións infantís e xuvenís en edicións anteriores recaeron nos seguintes ilustradores galegos: Óscar Villán con *O coelliño branco* en 1999; Federico Fernández con *¿Onde perdeu Lúa a risa?* en 2002; e Pablo Amargo con *O monstro da chuvia* en 2004. *Pancho*, de Antonio Santos, foi segundo premio en 2003; *Pucho, o habitador dos tellados*, terceiro premio na categoría de libro infantil en 2006; en 2010 o segundo e terceiro galardóns foron para *Cantas pingas na cidade!*, escrito e ilustrado por Eva Montanari, e *Os mil brancos dos esquimós*, de Isabel Minhós Martins; en 2011 o terceiro premio foi para *Diógenes*, de Pablo Albo, editado por Kalandraka; e en 2012 o primeiro premio foi para a obra *Kipling ilustrado*, de Rudyard Kipling, con ilustracións de Ajubel, Pablo Amargo, Isidro Ferrer, Pep Monserrat, Pablo Auladell, Paco Giménez e Arnal Ballester,editado por Kalandraka Editora. Na edición de 2012, o primeiro premio na categoría de obras facsímiles foi para *Cantigas de Santa María de Alfonso X el Sabio*, editada por Testimonio Compañía Editorial, coeditado con Patrimonio Nacional. No ano 2015 desenvolveuse a edición relativa ás obras publicadas en 2014. Na categoría de "Obras generales y de divulgación" a terceira obra premiada foi *Fernando Pessoa. Selección poética* editada por Kalandraka Editora.

**Referencias varias:**

- B. L., "A editorial Kalandraka recibe un terceiro Premio Nacional aos Libros Mellor Editados", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 12 xuño 2015, p. 11.

Dá conta da concesión do III Premio Nacional aos Libros Mellor Editados na categoría de Obras Xerais e de Divulgación cunha selección poética de Fernando Pessoa. Acto seguido, a editorial destaca as características desta obra.

XXI Certame Literario **Manuel Oreste Rodríguez López**

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel Oreste Rodríguez López, poden presentarse ao certame obras orixinais, inéditas e non premiadas, en galego ou en castelán. Consta de dúas modalidades, unha de narrativa e outra de poesía, cunha extensión máxima de vinte folios na modalidade de narrativa e de cen versos en poesía. As obras deben enviarse mecanografadas (ou a ordenador) a dobre espazo, por sextuplicado, sen firma e con lema, ao Concello de Paradela (Rúa Cabaleiros de Santiago, n.º 15, 27611 ou a concello.paradela@eidolocal.es). Está dotado de 600 € para cada unha das modalidades. No ano 2013, celebrouse a entrega de premios da XVIII edición. En pasadas edicións resultaron gañadores autores como Ramón Sandoval Pérez, Manrique Fernández Vázquez, Luis Lexandanel Pita, David Daniel Vázquez, Francisco Piñeiro González, Alba Cid, Emma Pedreira,Xosé Manuel Dopazo ou Beatriz Lorenzo. Na última edición os gañadores foron o poeta cubano Luiz Laxandandel e o galego David Daniel Vázquez Álvarez. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entrega remataba o 1 de outubro e o fallo produciuse no mes de maio de 2016.

**Referencias varias:**

- A. C. V., “El certamen Manuel Oreste cumple veinte años de vida con buena salud”, *El Progreso*, “Sarria”, 22 decembro 2015, p. 20.

Dá conta da celebración do acto de entrega deste certame e comenta as persoas gañadoras. Tamén informa da presenza das distintas autoridades institucionais e dos familiares do poeta Manuel Oreste.

Certame Literario **Mariano Virxe da Armada**

A Asociación Cultural “Santuario Virxe da Armada”, dentro do seu obxectivo de traballar pola promoción, coidado e desenvolvemento do santuario da parroquia de San Salvador de Rabal (Concello de Celanova), convoca este certame. Poden presentarse traballos en prosa, cunha extensión mínima de cinco folios, ou en verso, cunha extensión mínima de corenta versos, en castelán ou galego, sobre un tema mariano en xeral ou sobre a virxe. Conta con tres galardóns de 600 €, 300 € e 150 € e para a presentación dos traballos deben enviarse ao reitor do Santuario da Armada de Rabal dentro dun sobre baixo lema e pseudónimo.

I Concurso Literario **Mazarelos**

A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela convoca este certame que acepta relatos e poesías. O obxectivo é fomentar a creatividade da mocidade universitaria e desenvolver a capacidade de expresión en lingua galega. Os galardóns consisten en 500 €, 250 € e 150 € ademais de cadanseu diploma. Os premiados desta primeira edición, que pechaba o prazo o 23 de setembro de 2015, foron Miguel Cavadas Docampo por “Os dous de cando en vez”; Paula Antía Rey Baliña por “Ántrax”; e Laura Camino Plaza por “O letargo da lavanda”.

Premios **Nacionais de Literatura**

Creados en 1984 polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para premiar as mellores obras publicadas ao longo do ano anterior, nas modalidades de Narrativa, Poesía, Ensaio, Literatura dramática e Literatura infantil e xuvenil, en calquera das linguas do Estado español e están dotados de 20.000 €. En edicións anteriores recibiron o Premio Nacional na modalidade de Narrativa: en 1986 Alfredo Conde por *Xa vai o griffón no vento*; en 1996 Manuel Rivas por *¿Qué me queres, amor?*; en 2003 Suso de Toro por *Trece badaladas*; na modalidade de Ensaio en 2008 Xusto Beramendi González por *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*; na modalidade de Literatura dramática en 2007 Rubén Ruibal por *Limpeza de sangue*; e na modalidade de Literatura infantil e xuvenil: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín en 1986; *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo en 1995; *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey en 1996; e *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz en 2008; e na modalidade de Poesía Manuel Álvarez Torneiro pola obra *Os ángulos da brasa* en 2013. Na edición correspondente ao ano 2015 resultou gañador Gonzalo Hermo (Rianxo, 1987) na modalidade de Poesía Joven Miguel Hernández pola obra *Celebración* (2014).

**Referencias varias:**

- Amaia Mauleón, "Ledicia Costas. 'La escritura es la faceta de mi vida en la que me siento más libre", *Faro de Vigo*/ *La Opinión*, 6 outubro 2015, contracuberta.

Recolle a entrevista a Ledicia Costas, gañadora do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil coa obra *Escarlatina, a cociñeira defunta*, na que reflexiona sobre a obra (temática, personaxes) e a súa repercusión na literatura infantil (con máis de 8.500 exemplares vendidos en Galicia).

- Begoña R. Sotelino, "Ledicia Costas. 'Decidín apostalo todo pola escrita e non paro de recoller recompensas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 outubro 2015, p. 40.

Recolle a entrevista á galardoada, que fala sobre diversos aspectos da obra gañadora, así como da produción da literatura infantil e xuvenil na actualidade.

- Ana Baena, "Ledicia Costas. 'Este galardón supón osíxeno para a literatura galega, aire fresco que boa falla nos facía", *Atlántico Diario*, "Vigo", 7 outubro 2015, p. 12.

Recolle a entrevista á autora premiada, que fala das súas primeiras impresións tras recibir o galardón, o éxito colectivo que supón para a literatura galega e a súa decisión de escribir para nenos en galego.

- Fran P. Lorenzo, "Ledicia Costas logra un novo Nacional para a LIX galega", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 outubro 2015, p. 40.

Informa sobre a gañadora do premio e a súa obra, así coma a sentenza do xurado, que a cualificou de extraordinaria, humorística e rompedora no contexto da literatura infantil e xuvenil actual.

- Mar Mato, "Gonzalo Hermo. 'Non hai que ter nostalxia do pasado nin medo ós cambios", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 39/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 30, 21 outubro 2015.

Recolle unha entrevista a Gonzalo Hermo, que vén de gañar o Premio Nacional de poesía Joven Miguel Hernández, e durante a cal o autor afonda na súa faceta como creador, profesor e doutorando.

- M. X. Blanco, "Gonzalo Hermo. 'Queda demostrado que escribindo en galego se pode chegar moi alto", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 outubro 2015, p. 25.

Entrevista na cal o autor salienta o valor engadido que ten o galardón ao tratarse dunha obra que contén unha reivindicación lingüística que se visibiliza no propio feito de concursar a un certame nacional escribindo en lingua galega.

- María Xesús Nogueira, "Celebración", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 25/ *El Progreso*, "Opinión", p. 35, 7 novembro 2015.

Dá conta da consecución deste premio á obra de Gonzalo Hermo, sobre a cal fai unha breve reflexión, un percorrido pola produción literaria do autor e acaba por salientar a gran calidade da literatura galega actual.

- A. B., "Dos vigueses en lo más alto", *Atlántico Diario*, "Vigo", 31 decembro 2015, p. 20.

Comenta, como resumo de ano, o estado da literatura galega e destaca o premio recibido por Ledicia Costas.

XXIV Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

A Asociación Xuvenil Cultural A Pipa de Becerreá, coa colaboración das delegacións provinciais de Cultura e Vicepresidencia, a Deputación Provincial e o Concello de Becerreá, convoca este certame, que conta coas modalidades de poesía, relato e dramaturxia breve (esta última dende o ano 2013), cun máximo de cincuenta versos na primeira e de cinco folios na segunda, conforme ás bases. Cada participante pode presentar un ou máis traballos escritos en lingua galega, que deben ser enviados á sede da entidade organizadora (Rúa Ancares, n.º 57, 27640 Becerreá, Lugo). O certame estabelece tres categorías en función da idade: infantil, dos oito aos catorce anos; xuvenil, de catorce a dezaoito; e de adultos, a partir dos dezaoito anos, aínda que para a modalidade de dramaturxia breve só poden participar maiores de idade. Para cada categoría estabelécense dous premios (dende a convocatoria de 2013, antes eran tres) e os accésits que o xurado considere oportunos. O premio consiste nunha estatua de Sargadelos, un lote de libros e un título acreditativo. O xurado está composto pola xunta directiva da entidade convocante. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado decidiu premiar a María Calvar Giráldez, por "Invisible sen sabelo" (2º Premio infantil de Relato); Carlos Comuñas López, por "A primeira misa do Manoliño" (1º Premio infantil de Relato); Higinio Rodríguez Cedrón, por "Os Ancares" (accésit infantil de poesía); Nuria Devesa Núñez, por "Chegou a beleza" (2º Premio infantil de poesía); Miriam Trabado Núñez, por "O inverno" (1º Premio infantil de poesía); Laura Pardeiro Álvarez, por "O paporrubio de Nadal" (accésit de relato); Xulio Romero Suárez, por "O pombal de Muíños" (2º Premio de relato); Gonzalo Loizaga Latorre, por "Don Cecilio e Dona Plácida" (1º Premio de relato); José Ramón Sánchez Varela, por "Tatuaxe na ferida" (accésit de poesía); Abel Tomé Piñeiro, por "Ausente", (1º Premio de poesía); Ernesto Suárez, por "Fíos" (2º Premio de dramaturxia breve); e Jonatán Cabaleiro, por "Unha palabra perdida" (1º Premio de dramaturxia breve). O acto contou coa presenza da escritora María Reimóndez.

**Referencias varias:**

- P. Cheda, "Aberto o prazo para o certame de poesía, relato e dramaturxia do colectivo A Pipa", *El Progreso*, "A Montaña", 16 novembro 2015, p. 16.

Informa dunha nova convocatoria do certame e explica cales son as súas bases.

- Pilar Cheda, "A Pipa premia 14 traballos literarios no seu certame de teatro, relato e poesía", *El Progreso*, "A Montaña", 27 decembro 2015, p. 15.

Dá conta das obras e dos autores premiados en cada unha das categorías deste certame. Comenta que nesta gala participará a escritora María Reimóndez e informa das persoas que compuxeron o xurado.

XV Premio de Tradución **Plácido Castro**

A Fundación Plácido Castro convoca este certame para reivindicar a figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río (1902-1967), especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalismo. Está destinado a promover entre todos os tradutores de Galicia versións en lingua galega das grandes obras da literatura universal e diríxese a todas as persoas que publicasen na Biblioteca Virtual algunha tradución ao galego de obras da literatura universal. Estaba dotado de 3.000 €, que na convocatoria da XII edición pasaron a 2.000, unha peza escultórica de Xaquín Chaves e un diploma, ademais da publicación da obra por Rinoceronte Editora. O xurado do premio componse de cinco membros pertencentes ou designados por cada unha das seguintes institucións: Asociación de Tradutores Galegos (ATG), Fundación Plácido Castro, Real Academia Galega, Departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e Xunta de Galicia. Na edición de 2015, correspondente ás obras de 2014, o prazo pechouse o día 1 de maio. O xurado, composto por Jesusa Castro Sineiro, Carlos Arias Iglesias, Camiño Noia Campos, Xosé Antón Palacio, Antón Santamarina e Xulio Ríos, decidiu outorgar o premio ex aequo a Mona Imai, por *Botchan* de Natsume Soseki, e a Alejandro Tobar, por *O forasteiro misterioso* de Mark Twain.

**Referencias varias:**

- S. V., "Mona Imai e Alejandro Tobar gañan os Premios Plácido Castro de Tradución", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", p. 11.

Infórmase de que Mona Imai e Alejandro Tobar foron galardoados polo seu labor como tradutores ao galego dunha obra xaponesa, *Botchan*, e outra inglesa, *O forasteiro misterioso*, respectivamente. Finalmente, sinálase a composición do xurado.

VII Certame literario **Ramón Martínez López**

O Concello de Boiro e a Biblioteca Pública Municipal co obxecto de fomentar a creación literaria entre o alumnado do concello convocan este certame nas modalidades de conto, relato e poesía para salientar a figura deste fillo predilecto boirense. Diríxese ao alumnado dos centros de ensino primario e secundario do Concello de Boiro e aos nacidos ou residentes en Boiro. As obras deben ser inéditas, escritas en lingua galega, e de tema libre. Cada participante pode presentar un único traballo. Estabelécense seis categorías na modalidade de narrativa: A (3º e 4º de Primaria) cunha extensión máxima de dous folios; B (5º e 6º de Primaria) cun máximo de catro folios; C (1º e 2º de ESO), cun máximo de oito folios; D (3º e 4º de ESO), cun máximo de doce folios; E (Bacharelato e Formación Profesional) cun máximo de vinte folios; e F (poboación en xeral), cun máximo de vinte folios. En poesía existía unha categoría única (calquera persoa maior de 13 anos), cunha extensión máxima de setenta versos, mais no ano 2010

ampliouse a tres: primeira, para alumnos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de ESO, cun máximo de setenta versos; segunda, para Bacharelato e Formación Profesional, cun máximo de noventa versos; e terceira, para poboación en xeral, cun máximo de cento dez versos. Os primeiros clasificados das categorías A, B e C de narrativa reciben un vale de 80 €, os segundos clasificados, un vale de 50 €, e os terceiros clasificados un vale de 30 €, para mercar en calquera comercio de Boiro; na Categoría D e E a contía ascende a 120 € para o primeiro premio e 80 € para o segundo; e na Categoría F hai un 1º premio de 145 €. Na modalidade de poesía o galardón é de 80 € para cada unha das categorías. O xurado pode declarar deserto algún premio ou concedelos *ex aequo*. Os traballos deben presentarse na Biblioteca Pública Municipal de Boiro (1ª planta da Casa da Cultura "Ramón Martínez López"). Na edición de 2015, o prazo de entrega de orixinais rematou o 12 de maio. O xurado estivo composto por Agustín Agra Barreiro, María Xesús Blanco López e Manuela Campos Agrafojo. Os gañadores foron: Isamel Rodríguez e Aitana Saavedra (categoría A); Rita Sánchez e Enrique Santiago (categoría B); Alejandra Melón (categoría C); Vanesa Somoza (categoría D) e María del Carmen Triñanes (categoría E).

**Referencias varias:**

- Suso Souto, "Casi 90 personas optan al concurso literario de Boiro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.304, 16 xuño 2015, p. 7.

Informa da entrega de premios deste certame na biblioteca municipal de Boiro. Comenta que se presentaron oitenta e sete persoas e que se concederon catorce premios.

II Premio **Ramón Puga-Radio Ourense**

Certame promovido pola Cadena Ser no cal poden participar calquera persoa empadroada na provincia de Ourense ou que acredite ter nacido neste lugar. Os textos que se presenten poden ir en galego ou castelán. Existen varias categorías: teatro; poesía e prosa; e premios de educación vial a través do teatro. Tamén se fai entrega duns premios honoríficos. O prazo pechouse o 1 de outubro. Na edición correspondente ao ano 2015 os textos premiados estaban todos redactados en castelán.

**Referencias varias:**

- Mariluz Villar, "Premios Ramón Puga", *La Región*, "Opinión", "Mujeres", 5 abril 2015, p. 23.

Fálase da convocatoria da segunda edición dos premios Ramón Puga-Radio Ourense, en homenaxe ao fundador da emisora Radio/Ourense en 1934.

- M. Mouriño, "Noche de teatro, novela y radio", *La Región*, "Ciudad", 24 outubro 2015, p. 11.

Informa da entrega dos premios no Auditorio de Ourense, á que asistiron personalidades dos distintos ámbitos da vida ourensá.

Premio **Ricardo Carvalho Calero** de Investigación Lingüística e Creación Literaria

Premio bienal en lingua galega organizado polo Concello de Ferrol coa colaboración da Asociación Cultural Medulio en memoria deste profesor licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Admite liberdade en canto á escolla da normativa ortográfica empregada. Conta coas modalidades de investigación lingüística e creación literaria. Na modalidade de ensaio os traballos presentados deben ter unha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos cincuenta. Ao premio de creación literaria poden concorrer narracións curtas ou conxunto de contos cunha extensión mínima de cincuenta folios. Deben presentarse en documento informático acompañado de cinco copias impresas. Noutro sobre teñen que constatarse os datos persoais e un breve currículo da persoa autora da obra. Cada un dos premios consiste en 3.700 € e a publicación na editorial Laiovento. No ano 2015 non lle correspondeu convocatoria.

**Referencias varias:**

- Montse Dopico, "Retomei o vampirismo para revivir o seu espírito transgresor nunha clave contemporánea", *Tempos Novos*, n.º 217, *ProTexta*, n.º 9, "ProTagonistas", xuño 2015, pp. 72-75.

Achégase unha entrevista con Cristina Pavón, co gallo da publicación da súa obra *A busca da orixe perdida das especies* (Laiovento), gañadora do Premio Carvalho Calero de novela. Trátanse temas como a memoria e a súa relación coa identidade, o interese pola ciencia e a linguaxe, ou a súa novela anterior, *Sangue 12*, que conta unha historia de amor entre unha vampira e unha adolescente, ou a súa colaboración en "Letra en Obras".

- Ana Bande, "A consolidación da escrita de Cristina Pavón", *Tempos Novos*, n.º 217, *ProTexta*, n.º 9, "ProTagonistas", xuño 2015, p. 76.

Achégase unha recensión da novela *A busca da orixe perdida das especies* (Laiovento, 2015), de Cristina Pavón. Saliéntanse a curiosidade da autora e o seu interese polo coñecemento. Descríbense os seus textos como profundos e sinceros e conclúese destacando a súa obsesión co tema da memoria.

X Concurso literario **Rita Suárez Amado**

Certame convocado polo Instituto Eusebio da Guarda (A Coruña) que conta coa colaboración da Concellaría de Educación e da Deputación da Coruña. Estabelécense dúas categorías (relato e poesía) e catro niveis de participación en cada unha delas: 1º e 2º da ESO; 3º e 4º da ESO; Bacharelato; e Adultos. Pode participar calquera persoa que presenten traballos en castelán ou galego, orixinais e inéditos. Na edición correspondente ao ano 2015 participaron máis cento quince persoas. O xurado, composto por Luisa Fernanda García, Mercedes González, Lucía Serantes, José Luis Alonso Torreiro e Julio Mancebo Moreiras, decidiu premiar na categoría de relato curto

a: Inés Vara Chimeno por "O meigo" (Nivel I); Lucía Blanco Miguens por "Lobo de Mar" (Nivel II); Eduardo Lampón Sánchez por "Mil peregrinos" (Nivel III); e Rocío Leira Castro por "Os libros que xa non leremos xuntos" (Nivel IV). Na categoría de poesía os gañadores foron: Elena Carracedo Pena por "Segredos do mar" (Nivel I); David Vaamonde López por "Estados da ialma" (Nivel II); Helena López Pascual por "Soño de outono triste" (Nivel III); e Rocío Leira Castro por "Labios que bican eternidades" (Nivel IV).

VIII Certame literario **Rosa de Cen Follas** do Colexio Oficial de Psicoloxía

Creado en 2008 polo Colexio Oficial de Psicoloxía, en homenaxe a Rosalía de Castro, conta con dúas modalidades, prosa e verso, cun galardón de 250 € para o mellor traballo de cada xénero en lingua galega, de temática libre, con dúas páxinas como extensión máxima. Deben enviarse catro exemplares á sede da institución (Rúa Espiñeira, n.º 10, baixo, Santiago de Compostela). Na edición correspondente ao ano 2015 os premios foron entregados o 1 de decembro na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, en Compostela. Na modalidade de poesía a premiada foi María A. Rey Torrente, e en narrativa Gisela Mato Rivera.

IX Certame Literario **Terras de Chamoso**

Premio convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, para premiar todos os autores que expresen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua galega co obxectivo de incentivar a imaxinación e a creación de textos en galego nos concellos que formaban o antigo "comitatus Flammusus", é dicir, O Corgo, Castroverde, parte de Láncara e Baralla e un anaco de Becerreá e Lugo. A única norma é que a obra se redacte en lingua galega e presenta dúas modalidades, poesía e narrativa, e tres categorías: infantil (dos 10 aos 14 anos), xuvenil (dos 14 aos 18 anos) e adultos (maiores de 18 anos). Na modalidade de poesía a extensión é de trinta a sesenta versos mentres que en relato curto é de tres a seis folios escritos a dobre espazo, excepto a categoría infantil que non ten límite de espazo inferior, pero si superior. Cada participante pode presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, mecanografados, achegando nun sobre pechado a información persoal na Asociación Cultural Arumes do Corgo (Antigas Escolas do Corgo, s/n, 27163 O Corgo, Lugo). Concédense dous premios en cada modalidade que consisten nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. O xurado está composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de entrega de traballos rematou o 23 de novembro. Entre os gañadores están Lara López Ares e Emilio Silva Otero.

**Referencias varias:**

- Pablo Rodríguez, "Arumes do Corgo pone en valor los textos de escritores noveles", *El Progreso*, "Comarcas", 14 febreiro 2015, p. 14.

Fálase da presentación que tivo lugar o 13 de febreiro no Museo Provincial dun libro recompilatorio coas obras premiadas na cuarta, quinta e sexta edicións do certame literario Terras de Chamoso, promovida pola asociación Arumes do Corgo.

_____, "Lara López Ares e Emilio Silva Otero gañan o certame literario Terras de Chamoso", *El Progreso*, "Comarcas", 18 decembro 2015, p. 13.

Dá conta dos gañadores nas distintas modalidades deste certame e nomea as persoas que conformaban o xurado. Ademais informa do lugar e horario do acto de entrega.

Premios de Relato, Poesía e Tradución da **Universidade de Vigo**

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, convoca estes premios co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Consta de tres modalidades: poesía, relato curto e tradución literaria. Poden participar todos os membros da Universidade de Vigo, agás para a modalidade de tradución literaria, do cal queda excluído o profesorado que imparte docencia na titulación de Tradución e Interpretación. Os orixinais, ineditos e non premiados noutro certame, deben estar escritos en lingua galega e axustarse á normativa que recolle os cambios aprobados pola Real Academia Galega en xullo 2003. Estabelécese un premio de 700 € e dous accésits de 250 € para cada unha das modalidades. Todos eles poden ser declarados desertos a xuízo do xurado. Na modalidade de poesía o tema é libre, cun mínimo de cen versos e máximo de cento cincuenta. Na modalidade de relato curto o mínimo é de oito folios e o máximo de doce. Na modalidade de tradución literaria, o texto fonte debe ser un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de oito páxinas e un máximo de vinte, e é necesaria a entrega dunha copia deste, indicando claramente o seu autor, a lingua de publicación e a editorial. Os traballos deben dirixirse, por quintuplicado e mecanografados a dobre espazo, cun lema elixido polo autor e os seus datos persoais, á Área de Normalización Lingüística e poden entregarse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo. O xurado, presidido polo reitor ou persoa en quen delegue, está integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos de creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución. Na edición correspondente ao ano 2015 outorgáronse os seguintes galardóns: en poesía: o 1.º premio foi para Anxo Mena Rodríguez, polo poemario *15C* e houbo dous accésits para María López Correa, polo poemario *Redes persoais* e para Lara Domínguez Araújo por *Muda en sete tempos*; así mesmo decidiuse recomendar a publicación do poemario de Eva González Blanco *Matemáticas.* En relato curto, o 1.º premio foi para Xurxo Martínez González, polo relato "Fragmentos"; o 1.º accésit levouno María López Correa, polo relato "Dar ao vento a súa bandeira"; e o 2.º accésit foi para María Alonso Alonso, polo relato "Desaceleración transitoria". En Tradución literaria o 1.º premio foi Marta Santamaría Domínguez pola tradución dun texto de Paul-Jean Toulet; o 1.º accésit foi para Moncho Iglesias Míguez, pola tradución dun texto de Dena Afrasiabi; e o 2.º accésit quedou deserto.

**Referencias varias:**

- C. R., "Letras Galegas con premios de relato curto, poesía e tradución literaria", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "*Universitas*", 21 maio 2015, p. 4.

Infórmase dos gañadores da edición 2015 dos premios outorgados pola Universidade de Vigo. Sinala que o premio de poesía foi para Anxo Mena, o de relato curto para Xurxo Martínez e o de tradución literaria para Marta Santamaría. Engade que o acto de entrega dos premios terá lugar o Día das Letras Galegas no campus de Pontevedra.

XXIII Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Poio coa colaboración das Sociedades Culturais Deportivas de Raxó e Samieira, o Ateneo Corredoira de Combarro, a Asociación Boureante da Seara e a Asociación Vides Novas de San Salvador. Anteriormente podía participar todo o alumnado dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e dezaoito anos; a partir do ano 2006, tamén calquera persoa de entre dezaoito e vinte e cinco anos; e no ano 2013 abriuse a participación a persoas de todas as idades. Cada participante pode presentar un único traballo individual e inédito, escrito en lingua galega para cada modalidade. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía de temática libre, cunha extensión máxima de tres folios para o relato curto ou conto e un folio para poesía. Os traballos deben presentarse nas oficinas municipais, nos centros educativos de Poio e nos locais das asociacións colaboradoras nun sobre pechado xunto cos datos persoais do autor. Conta con seis categorías: categoría A (de 6 a 8 anos); categoría B (de 9 a 11), categoría C (de 12 a 13), categoría D (de 14 a 15), categoría E (16 a 18) e F (a partir de 18 anos). Os galardóns nas categorías A, B, C e D consisten nun agasallo, nun diploma e un vale de 70 € para a compra de material escolar; na categoría E nun diploma e un vale de 90 € para a compra de material escolar; e na categoría F nun diploma e 300 €, en cada modalidade. O xurado está composto por unha representación do Consello Municipal de Cultura. No ano 2015 o acto de entrega tivo lugar o 17 de maio no Centro Cultural Xaime Illa.Os gañadores foron: Iago Suárez (poesía) e Marcos Abilleira (relato) na categoría A; Manuel Cedeira (poesía) e Alejandro Pazos (relato) na categoría B; Sara María Ramos (poesía) e Daniel Otero (relato) na categoría C; Carmen Asín (poesía e relato) na categoría D; e Alicia Rodiño (poesía) e Juan Ramón Cancela (relato) na categoría de adultos.

Premios **Xohán de Cangas**

Concedidos pola Concellaría de Cultura do Concello de Cangas co obxectivo de recoñecer o labor que desenvolven numerosas persoas a prol da cultura e lingua galegas. As persoas premiadas recibirán un recoñecemento oficial e unha escultura pero sen remuneración económica durante un acto celebrado polo Día das Letras Galegas. No ano 2015 resultaron vencedores: Pilar Piñeiro, na categoría de Creación artística; Asociación Cultural Lembranzas da Ría, na categoría de Labor cultural; e Francisco Mallo, na categoría Ignacio Cerviño á recuperación e promoción do patrimonio.

Premios **Xuventude Crea**, anteriormente coñecidos como GZCrea

Convoca este certame galego a Consellaría de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia e está dirixido a creadores novos, cunha idade comprendida entre os dezaseis e os trinta anos. Vén substituír o

anteriormente coñecido como GZCrea. Inclúe as modalidades de Teatro, Artes plásticas, Moda, Música, Relato breve, Poesía, Videocreación, Banda deseñada, Graffiti, Carteis, Deseño de xoias e Monólogos. Nas modalidades de Relato, Poesía e Banda deseñada, os textos deben ser orixinais, inéditos e en galego, de temática libre, e deben ser presentados en formato papel, un único exemplar, e en CD. En poesía, as obras deben estar feitas a ordenador e ter unha extensión mínima de cincuenta versos e máxima de cen, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12, con follas numeradas e encadernadas. Na modalidade de relato breve, as obras deben estar feitas a ordenador e ter unha extensión mínima de cinco páxinas e máxima de dez, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12, coas follas numeradas e encadernadas. Na modalidade de banda deseñada, a técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor. O formato debe ser en DIN-A4 ou DIN-A3 e a extensión mínima de dez páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais. Cada obra debe levar pseudónimo e título. Na modalidade de teatro, poden concorrer grupos teatrais, non profesionais, compostos por mozos ou mozas galegas ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2013. Admítese que até un 25 % dos compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teña entre os 14 e 16 anos. Os grupos participantes deben presentar unha listaxe dos compoñentes do grupo, indicando a idade e a función; unha síntese da obra (título, autor e adaptación dos diálogos, de ser o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestiario, espazo que se precisa...); e un DVD dunha representación da obra presentada a concurso ou dun ensaio xeral, feito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, cuxa gravación debe estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real da representación, e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe coma de son, para o seu correcto visionamento. As representacións deben ser en lingua galega e as obras poden ser de autores ou autoras galegos, españois ou estranxeiros. Poden presentarse obras orixinais e a duración da representación de cada obra non pode exceder dunha hora e trinta minutos. Para cada modalidade estabelécense tres premios: 3.000 € para o primeiro, 1.500 € para o segundo e 1.000 € para o terceiro, podendo outorgarse mencións de honra sen dotación económica. Para calquera información adicional, pode consultarse a páxina web da Consellaría de Traballo e Benestar e de Xuventude. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de presentación das candidaturas rematou o 30 de xuño. Na modalidade de poesía, o xurado, integrado por Yolanda Otero Balsa, como presidenta; Guadalupe Gómez Arto; Xosé Luna Sanmartín; Luis González Tosar; Victor Manuel Furelos Guillén; e Pilar Tamerón Montesinos, como secretaria, acordou conceder os seguintes galardóns: 1º premio (compartido) a Brais Lamela Gómez, coa obra "Memorias dun cuarto afincado en nevermore" e a Mónicas Sánchez Rodríguez, coa obra "O sosego do lodo"; 2º premio (compartido) a Andrea Arís Couso, coa obra "3/cuartos de fame" e a Sonia Martínez López, coa obra "Interacións fundamentais" e 3º premio (compartido) a Celia Parra Díaz, coa obra "Profundidade de tacto" e a Fabián Freijedo Fariñas, coa obra "00023-KZ arquivo CHUS psiquiatría". Na modalidade de relato breve, o xurado, composto por Yolanda Otero Balsa, como presidenta; María Aránzazu Portabales, Elena Gallego Abad, Anxos Sumai, Francisco Castro Veloso e Mario Caneiro Ameneiros, como vogais, e Ana Martínez González, como secretaria, decidiu entregar os seguintes premios: 1º premio a Brais Lamela Gómez, coa obra "Barcos de palma de Ecuardo"; 2º premio (compartido) a Andrés Carrasco Solla, coa obra "Os dominios do Caos" e a Xacobe Pato Rodríguez, coa obra "As voces estridentes"; e 3º premio (compartido) a Rubén Pérez Pombo, coa obra "O tintiño" e

Héber Fernández Pérez, coa obra "Boi e muiñeira". Na modalidade de teatro, o xurado, conformado por Yolanda Otero Balsa, como presidenta; Manuel Guede Oliva, Antonio Vázquez Turnes e Camilo Franco Iglesias como vogais; e Ángela Fernández Rey, como secretaria, decidiu conceder os seguintes galardóns: 1º premio a Vacaloura teátrica, coa obra "Mousike e as kronomusas"; 2º premio, a Non si? Teatro, coa obra "Vilar de inferno"; e 3º premio a Fusco e Lusco do IES Universidad Laboral de Ourense, coa obra "Vodas de sangue". Na modalidade de Banda Deseñada, o xurado, formado por José Selas Souto, como presidente; Natalia Figueiras Pimentel, Jorge Campos Sánchez, Luchy Polo, María Rosa González e María Pinal, como vogais; e Mercedes Valeiras González, como secretaria, concedeu os seguintes premios: 1º premio a Xulia Pisón Egea, coa obra "Ata o derradeiro alento"; 2º premio, a Inés Vázquez Ramallal, coa obra "Eulalia e o bosque dos aparecidos"; e 3º premio a Daniel Corrada Rodríguez, coa obra "Tódalas bruxas son malas".

**Referencias varias:**

- M. G., "Primeira xornada da fase final do certame Xuventude Crea", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 novembro 2015, p. 37.

Informa da celebración da primeira xornada da fase final da especialidade de teatro deste certame.

- Luis Montero, "A Igrexa da USC mostra 32 proxectos de Xuventude Crea ata finais deste mes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 novembro 2015, p. 42.

Entre outras cuestións, anuncia que este certame convoca concursos en once especialidades diferentes: teatro, música, artes plásticas, fotografía, deseño de xoias, banda deseñada, relato breve, poesía, moda, videocreación e graffiti.

- B. L., "Xuventude Crea premia a Inés Vázquez e Daniel Corrada, do Garaxe Hermético", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 13 novembro 2015, p. 11.

Dá información sobre a convocatoria deste certame, indica quen formaron o xurado e recolle o fallo deste en cada unha das categorías.

- Victoria Rojas, "O certame Xuventude Crea premia a brillantez creativa da mocidade galega", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 decembro 2015, p. 41.

Informa da entrega de premios, divididos en once especialidades artísticas, durante un acto que se celebrou na Cidade da Cultura e recolle a declaración da Xunta de Galicia por apostar por proxectos innovadores.

- C. P. R., "O vilalbés Brais Lamela gaña dous premios no certame Xuventude Crea", *El Progreso*, "A Chaira", 6 decembro 2015, p. 18.

Informa sobre as obras do autor premiado neste certame e indica que acadou o primeiro posto tanto na modalidade de poesía coma de relato breve.

# X. 6. PREMIOS A UNHA VIDA

Premio **Alecrín Dourado**

A Federación de Entidades Galegas en Cataluña (Fegalcat) convoca este premio en recoñecemento ás persoas que sobresaen na promoción da cultura galega no exterior. Na edición correspondente ao ano 2015, celebrada na Praza do Concello de Vila de Cruces, os premiados foron A Solaina do Piloño, a editorial Hugin e Munin, Xosé Manuel Piñeiro, Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922), Davide Salvado, Manuel González, Manuel Valdés e Aceites Abril.

Premio **Arraiano Maior**

A Asociación Arraianos entrega dende o ano 2009 esta distinción, que premia o labor das persoas que traballaron a favor da cultura da raia galaico-portuguesa. Na edición correspondente ao ano 2015 o galardoado foi Isaac Alonso Estraviz (Trasmiras, 1935). O acto de entrega celebrouse o 19 de setembro na capela de Nosa Señora do Xurés (Lobios).

IX Premios **Barbantia da Cultura**

Os Premios Barbantia da Cultura creáronse no ano 2007 pola Asociación Cultural Barbantia co propósito de recoñecer de xeito público a traxectoria cultural de persoeiros tanto galegos como da comarca da Barbanza. Existen tres modalidades: un premio Barbantia da Cultura, outro á Traxectoria Cultural no Barbanza e un á Iniciativa Cultural. Mentres que os dous primeiros están destinados a particulares, o terceiro diríxese a institucións. O galardón consiste nunha escultura de bronce feita polo artista e membro de Barbantia, Manuel Teira, que reproduce un sereo, símbolo do colectivo cultural, e inspirado no gravado do artista Fran Blanco Alcaide. Nesta edición correspondente ao ano 2015, o premio Traxectoria Cultural no Barbanza foi para Daniel Bravo Cores; o premio Iniciativa Cultural no Barbanza destinouse á Semana Musical de Noia; e o premio Barbantia da Cultura Galega foi para Manuel Ayaso.

XII Premio **Bos e Xenerosos**

Creado en 2004 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), quere homenaxear persoas ou institucións que traballasen a prol da lingua, literatura ou cultura galega. En anteriores edicións este recoñecemento foi para Avelino Pousa Antelo (2004),o Museo do Pobo Galego (2005), a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas! (2006), o Laboratorio de Formas de Galiza e Isaac Díaz Pardo (2007), a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (2008), Mariví Villaverde (2009), os Concellos organizadores do Premio Blanco Amor (2010), Francisco Fernández del Riego (2011), Francisco Carballo (2012), os humoristas gráficos Siro, Gogue, Pepe Carreiro, O Carrabouxo e Xaquín Marín (2013) e Roi Casal, Susana Seivane, Felipe Senén e Dolores Vilavedra (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 os

premiados foron Ángel Carracedo (Santa Comba, 1955), Guadi Galego, Margarita Ledo (Castro de Rei, 1951) e Siro López (Sarria, 1956).

**Referencias varias:**

- Xoán Bernárdez Vilar, "O acceso ao coñecemento", *Encrucillada*, n.º 192, "Crónica da cultura", marzo-abril 2015, pp. 95-107.

Faise un repaso polo panorama cultural galego. No apartado dedicado a "Premios" dáse conta da concesión do Premio Os Bos e Xenerosos 2015 da AELG a unha xeración integrada por Tareixa Navaza, Gustavo Luca de Tena, Manuel Lombao, Margarida Ledo e Xosé María García Palmeiro; e da próxima entrega do premio Letra E a Xosé María Álvarez Cáccamo.

XXXI Premio **Celanova. Casa dos Poetas**

Creouno en 1985 o Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha cara a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco "C" concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio "Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso". Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e asina no libro de honra do premio. O xurado está composto exclusivamente pola Xunta Directiva do Padroado Curros Enríquez, presidido polo alcalde, e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo ao escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. Todos os galardoados co premio convértense en Patróns de Honra, con dereito a asistir ás reunións da Fundación, con voz pero sen voto. Na edición correspondente ao ano 2015 o xurado decidiu por unanimidade conceder o galardón ao Centro Unión Orensana de la Habana. O acto de entrega realizarase o 6 de setembro na Casa dos Poetas.

III Premio do público **Culturgal**

A Asociación Culturgal, constituída pola Asociación Galega de Editores, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas, a Asociación de Empresas Galegas dedicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías, a Asociación Galega de Produtoras Independentes e a Asociación Galega de Empresas Musicais, convocan este certame cada ano. O premio pretende recoñecer publicamente os proxectos vencellados á cultura galega que destaquen ou sexan relevantes. Valóranse aquelas propostas novidosas, con proxección de futuro, transversais e asociativas. O público é o encargado de realizar a votación e terá a última palabra na decisión pero será a directiva da Asociación Culturgal a

encargada de seleccionar e propoñer as tres candidaturas que opten ao premio. En anteriores edicións os premiados foron o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra (2013) e Diario Cultural da Radio Galega (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 os finalistas foron Sinsalaudio, Curtocircuíto e a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. O gañador foi o Festival Curtocircuíto.

**Referencias varias:**

- Alba Lago, "A MIT, Sinsalaudio e o Curtocircuíto optarán ao Premio do Culturgal 2015", *El Correo Galleo*, "Tendencias", 25 outubro 2015, p. 40.

Informa sobre os certame e os gañadores das edicións anteriores, así coma do fallo da deste ano.

**Chairego de Honra**

Galardón concedido pola Fundación Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz, co obxectivo de recoñecer a traxectoria cultural e social de persoas relacionadas coa comarca da Terra Chá que non naceran nela. En anos anteriores premiouse a Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, Marica Campo, Avelino Pousa Antelo, Bernardino Graña, Paco Martín, Fiz Vergara Vilariño, Antía Cal e Uxío García Amor. Na edición correspondente ao ano 2015 o premiado foi o poeta David Otero (Compostela, 1946). O acto de entrega realizouse na Casa da Cultura de Vilalba o 7 de novembro.

**Referencias varias:**

- C. P. R., "Felipe Arias seré nomeado Chairego de Honra o día 21 no castro de Viladonga", *El Progreso*, "A Chaira", 11 febreiro 2015, p. 20.

Dise que a Irmandade Manuel María e Xermolos acordaron nomear Chairego de Honra a Felipe Arias Vilas, quen vén de xubilarse como director do Museo do Castro de Viladonga. Informa que o acto oficial será o sábado 21, coa celebración dunha mesa redonda e un posterior xantar de irmandade.

_____, "Felipe Arias, Chairego de Honra por máis de 30 anos de labor en Viladonga", *El Progreso*, "A Chaira", 22 febreiro 2015, p. 23.

Dáse conta do acto que tivo lugar o 21 de febreiro no Museo do Castro de Viladonga polo que se nomeou Chairego de Honra a Felipe Arias, ex-director de museo, polos máis de 30 anos que dedicou a preservar o patrimonio chairego.

- R. de R., "El escritor David Otero recibirá el galardón de Chairego de Honra", *El Progreso*, "A Chaira", 23 outubro 2015, p. 23.

Informa da futura entrega do premio e a programación do acto conmemorativo, que comezará cunha mesa redonda, na que intervirán Helena Villar, Xoán C. Garrido, Héitor

Picallo, Xabier P. Docampo, Alfonso Blanco, Xulio Xiz e Mini e Mero, e rematará cun concerto de Mini e Mero e Raúl Galego tras unha comida para os asistentes.

- C. B., "O estradense David Otero novo Chairego de Honra", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 31 outubro 2015, p. 34.

Dá conta do recoñecemento recibido por David Otero e nomea todos os persoeiros que o recibiron anteriormente. Indica que será homenaxeado nun acto no que haberá un xantar para todos os asistentes amenizado polos músicos Mini e Mero e Raúl Galego.

- Helena Villar Janeiro, "Chairego de honra", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 13 novembro 2015, p. 2.

Informa do fallo do premio e repasa a actividade cultural do galardoado e destaca os seus méritos curriculares.

**II Día das Galegas nas Letras**

A plataforma de crítica literaria A Sega impulsa este premio que busca celebrar a figura dunha muller que contribuíse de forma sobranceira á cultura, e á literatura en particular. Celebrou a súa primeira edición no ano 2014, o día 15 de agosto por ser o día da Nosa Señora (das Letras Galegas). Na anterior edición resultou gañadora Dorothé Schubarth (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 a premiada foi María Victoria Moreno (Cáceres, 1941-Pontevedra, 2005).

**Referencias varias:**

- Noelia Soage, "María Victoria Moreno protagonizará o segundo Día das Galegas nas Letras", *Diario de Pontevedra*, "Cultural", "Pontevedra", 12 maio 2015, p. 17.

Sinala que a plataforma de crítica literaria feminista A Sega celebrará por segundo ano consecutivo o Día das Galegas nas Letras, que este ano estará dedicado a María Victoria Moreno. Destácase a forza de vontade e a liberdade que ela mostrou para escoller a lingua que quería utilizar e faise un breve resumo biográfico dela.

- Xosé Castro Ratón, "Día das Galegas nas Letras", *Diario de Arousa*, "Opinión", "Outra ollada", 16 maio 2015, p. 26.

Dáse conta da creación do "Día das Galegas nas Letras", levada a cabo pola plataforma *A Sega*, apuntando que celebra "a figura dunha muller que contribuíse de forma sobranceira á cultura en xeral e á literatura en particular". Achégase unha breve biografía da galardoada deste ano.

LVII Premio **Fernández Latorre**

O 22 de maio de 1959 o Consello de Administración de *La Voz de Galicia* acordou instituír un premio de xornalismo para honrar a memoria do seu fundador, Juan

Fernández Latorre. Dende ese ano, o galardón concédese con carácter anual o 25 de xullo, Día de Galicia, co obxectivo de premiar artigos referidos a Galicia publicados en calquera medio de comunicación, tanto nacional como estranxeiro. A dotación do premio pasou das 8.000 pesetas iniciais aos 10.000 € concedidos na edición de 2003. No ano 2015, o xurado da LVII edición do Premio Fernández Latorre, constituído por: Santiago Rey Fernández-Latorre, presidente da fundación; Lois Blanco Penas, Roberto L. Blanco Valdés, Sergio Cancelo Mallo, Luciano Vidán Martínez, vogais; José Francisco Sánchez Sánchez, vogal e director da fundación; Xosé Luís Vilela Conde, director de *La Voz de Galicia*, e Manuel Areán Lalín, vicepresidente da Fundación, que actuou tamén como secretario, acordou conceder por unanimidade o galardón a Darío Villanueva (Vilalba, 1950). O premio entregouse nunha gala que se celebrou no Museo Santiago Rey Fernández-Latorre o 6 de outubro.

**Referencias varias:**

- Javier Armesto, "Darío Villanueva. 'El monolingüismo cada vez tiene menos sentido e la sociedad", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 25 xullo 2015, p. 9.

Recolle a entrevista ao director da RAE, Darío Villanueva, que revela datos sobre o novo dicionario de referencia, que será dixital e fará matizacións sobre acepcións polémicas.

Premio **Ibán Toxeiro** pola súa contribución ao teatro

Galardón outorgado pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña que pretende recoñecer a achega e traballo ao teatro galego dunha persoa ou institución. A entrega dos premios sucede durante a celebración do Memorial de teatro Ibán Toxeiro. Na edición correspondente ao ano 2015, o acto celebrouse o 5 de novembro no Teatro Rosalía de Castro e o premiado foi Xosé Manuel Rabón (A Coruña, 1946).

XII Premio **Laxeiro**

Convocado dende o ano 2004 pola Fundación Laxeiro co propósito de recoñecer o labor en prol da cultura galega de diferentes persoeiros ou institucións, en anteriores edicións galardoou ao intelectual Francisco Fernández del Riego (2004), Julio Fernández Gayoso (2005), Xaime Isla Couto (2006), Isaac Díaz Pardo (2007), ao poeta Carlos Oroza (2008); ao pintor Antón Lamazares (2009), a Xosé Neira Vilas (2010), a María do Carme Kruckenberg (2011), Luis Caruncho (2012), Jorge Castillo (2013) e Luz Pozo Garza (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 o Padroado da Fundación concedeulle o galardón a Silverio Rivas (Ponteareas, 1942).

XXI Homenaxe **Letra E**. Escritor na súa terra

Creado en 1995 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema "O escritor na súa terra". Non ten dotación económica e consiste na

plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a entidade convocante realízanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo, entrégaselle unha escultura feita por Acisclo Manzano coa letra "E", de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Nas anteriores edicións os premiados foron Antón Avilés de Taramancos (1995), Bernardino Graña (1996), Manuel María (1997), María Xosé Queizán (1998), Xosé Neira Vilas (1999), Uxío Novoneyra (2000), Luz Pozo Garza (2001), Xosé Chao rego (2002), Xosé Fernández Ferreiro (2003), Salvador García-Bodaño (2004), Pura e Dora Vázquez (2005), María do Carme Kruckenberg (2006), Manuel Lourenzo (2007), Xosé Vázquez Pintor (2008), Agustín Fernández Paz (2009), Marilar Aleixandre (2010), Paco Martín (2011), Xavier Rodríguez Baixeras (2012), Marica Campo (2013) e Xabier P. Docampo (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 o premiado foi Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950).

**Referencias varias:**

**-** Xoán Bernárdez Vilar, "O acceso ao coñecemento", *Encrucillada*, n.º 192, "Crónica da cultura", marzo-abril 2015, pp. 95-107.

Faise un repaso polo panorama cultural galego. No apartado dedicado a "Premios" dáse conta da próxima entrega do premio Letra E a Xosé María Álvarez Cáccamo e da concesión do Premio Os Bos e Xenerosos 2015 da AELG a unha xeración integrada por Tareixa Navaza, Gustavo Luca de Tena, Manuel Lombao, Margarida Ledo e Xosé María García Palmeiro.

_____, "Adeus 'Chuchi', amiga", *Encrucillada*, n.º 193, "Crónica da cultura", maio-xuño 2015, pp. 102-110.

Faise un percorrido polo panorama cultural galego. Na sección "Premios" recóllese a entrega do XIII Premio de Poesía Afundación a Elías Portela pola súa obra *Bazar de traidores*. Dáse conta, ademais, da entrega dos Pedróns de Ouro e de Honra a Edicións Laiovento e Miguel Anxo Murado López. Conclúe recollendo a entrega do premio Letra E da AELG a Xosé María Álvarez Cáccamo.

- ELOS, "Letra E. O escritor na súa terra. Xosé María Álvarez Cáccamo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 2 xuño 2015, p. 42.

Infórmase de que Xosé María Álvarez Cáccamo foi escollido pola Asociación de Escritoras e Escritoras en Lingua Galega coma o autor a homenaxear o 6 de xuño coa "Letra E. O escritor na súa terra". Sinala que o galardón premia a traxectoria dun autor galego vivo na súa localidade de orixe. Entre as súas obras, destácanse dúas: *Lúa de pan* (2002), I Premio Arume de poesía para nenos e *O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega* (2002), xunto a Marisa Núñez.

**Medallas de Ouro de Galicia** e **Medallas Castelao**

A Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguen polo seu mérito ao servizo da comunidade galega en calquera aspecto social, cultural e económico. Consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Dende o ano 2006, a entrega de medallas ten un único protagonista. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta da actividade humana. Na edición correspondente ao ano 2015 concedéronse as Medallas de Ouro de Galicia a David Cal, Xosé Neira Vilas (Gres, 1928-2015), Manuel Sánchez Salorio e Enrique Beotas. As Medallas Castelao foron outorgadas a Vero Boquete, Carlos Fernández-Nóvoa, Pepe Domingo Castaño, Rede Galega contra a Trata e Vaca Films. O acto de entrega tivo lugar o 28 de xuño.

**Referencias varias:**

- Darío Domínguez, "Alberto Núñez Feijóo. 'No compartir las tradiciones no exime del deber de respetarlas", *ABC*, "Galicia", 29 xuño 2015.

Infórmase do desenvolvemento do acto de entrega das Medallas Castelao. Resúmense as intervencións dos homenaxeados, así como o discurso do presidente da Xunta que destacou polo seu sentido crítico ante a ausencia do alcalde de Santiago.

- Cristina Guimarei, "Feijóo reclama respeto a las tradiciones, 'esencia gallega", *Atlántico Diario*, p. 11/ *La Región*, p. 24, "Galicia", 29 xuño 2015.

Dá conta da entrega das Medallas Castelao a Carmen Lago, Pepe Domingo Castaño, Verónica Boquete, Carlos Fernández Novoa e Emma Lustres pola súa "esencia galega". Resúmense as intervencións dos homenaxeados e a do presidente da Xunta.

- Cristina Guimarey, "Feijóo hace un guiño a la tradición gallega en la entrega de las Medallas Castelao", *Diario de Arousa*, p. 15/ *Diario de Ferrol*, p. 14/ *El Ideal Gallego*, p. 15/ "Galicia", 29 xuño 2015.

Infórmase da entrega das Medallas Castelao. Ademais de dar conta do discurso do presidente da Xunta, que destacou a importancia da "tradición galega" e a necesidade de conservala, tamén se deixa constancia das palabras dos homenaxeados.

- Paula Pérez, "Unas medallas en defensa de la tradición", *Faro de Vigo*/ *La Opinión*, "Galicia", 29 xuño 2015, p. 12.

Infórmase da entrega das Medallas Castelao. Ademais de dar conta das intervencións dos homenaxeados, resúmese o crítico discurso do presidente da Xunta ante a ausencia do alcalde de Santiago neste acto.

- Javier Fernández, "Medallas de Galicia para Enrique Beotas, David Cal, Neira Vilas y el Dr. Salorio", *El Correo Gallego*, "Galicia", 16 xullo 2015, p. 13.

Sinálanse os méritos de Enrique Beotas, Xosé Neira Vilas, David Cal e M. Sánchez Salorio, homenaxeados coas Medallas de Galicia en agradecemento aos seus servizos a esta comunidade. Ademais, infórmase do día en que se celebrará a imposición das insignias.

- D. Domínguez, "Neira Vilas, David Cal, Sánchez Salorio y Enrique Beotas, Medallas de Oro de Galicia", *Faro de Vigo*, p. 23/ *La Opinión*, p. 21, "Galicia", 16 xullo 2015.

Infórmase das personalidades que a Xunta de Galicia escolleu para galardoar coas Medallas de Galicia e dáse conta dos seus méritos.

- Luis Reimóndez, "Neira Vilas, Medalla de Galicia", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.335, 19 xullo 2015, p. 36.

Dá conta da entrega da Medalla de Galicia a Neira Vilas e da súa vinculación coa Estrada. Destaca numerosas institucións e condecoracións nas cales está presente o escritor.

- Ana Baena, "Neira Vilas. 'Escribo para aportar á literatura galega; ese é o apostolado no que milito", *Atlántico Diario*, "Vigo", 17 xullo 2015, p. 7.

Recolle a entrevista a Neira Vilas, que obtivo a medalla de Galicia, e destaca as impresións vivida polo autor ao recibir este recoñecemento. Ademais adianta o tema da súa vindeira novela.

- E. E., "Xosé Neira Vilas, Manuel Sánchez Salorio, David Cal y Enrique Beotas, galardonados con la Medalla de Oro de Galicia 2015", *España Exterior*, "Galicia", 21 xullo 2015, p. 27.

Informa sobre a entrega das Medallas de Ouro de Galicia e as palabras que o presidente da Xunta dedica aos galardoados, das cales destaca que son catro persoas que contribuíron e contribúen a facer unha comunidade mellor.

- Lucía Piñón, "Galicia honra a cuatro personas que hacen grande a nuestra tierra", *El Correo Gallego*, "Entrega de premios", 24 xullo 2015, p. 6.

Dá conta da entrega das Medallas de Ouro de Galicia nun acto que coincide co segundo aniversario do accidente do Alvia. Recolle as palabras do presidente da Xunta sobre as catro persoas galardoadas, de quen afirma que son un exemplo a seguir.

- Darío Domínguez, "Alberto Núñez Feijóo. 'La clave de nuestros éxitos no está en la división, sino en trabajar unidos", *ABC*, "Galicia", 25 xullo 2015, p. 60.

Informa da entrega das Medallas de Ouro de Galicia, encabezado por Núñez Feijoo, nun acto no que a traxedia do Alvia estivo moi presente.

- María Rodríguez, "Angrois y el piloto Dani Rivas, muy presentes en las medallas de Galicia", *Diario de Arousa*, p. 23/ *Diario de Ferrol*, p. 27/ *El Ideal Gallego*, p. 26, "Galicia", 25 xullo 2015.

Dá conta do acto de entrega das Medallas de Ouro de Galicia, as palabras dos premiados e do presidente da Xunta de Galicia, así coma as críticas suscitadas pola ausencia do alcalde da cidade, Martiño Noriega.

- Mónica Nogueira, "Feijóo alerta de que la fragmentación llevaría a un funesto desenlace", *El Correo Gallego*, "P1", "Medallas de Galicia 2015", 25 xullo 2015, p. 6.

Informa do acto de entrega das Medallas de Ouro de Galicia e recolle as palabras do presidente da Xunta, quen apela á unidade da comunidade nun día que sempre estará ligado a Angrois. Tamén dá conta das palabras pronunciadas por Salorio, un dos galardoados, que se propón non ser menos do que se agarda del.

- M. Cheda, "Feijoo: 'A clave dos nosos éxitos máis recentes none stá na división", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 25 xullo 2015, p. 11.

Informa da entrega do galardón ao oftalmólogo Sánchez Salorio, quen agradece este recoñecemento. Dise tamén que Sánchez Salorio se propón estar á altura do que quen o premia viu nel.

**-** Xoán Bernárdez Vilar, "Aquelas espantosas 'hordas castrexas'!..." *Encrucillada*, n.º 194, "Crónica da cultura", setembro-outubro 2015, pp. 89-100.

Faise un percorrido polo panorama cultural galego. Na sección "Premios" alúdese á concesión das Medallas de Ouro de Galicia ao oftalmólogo e humanista Manuel Sánchez Salorio; o remeiro David Cal Figueroa; o escritor Xosé Neira Vilas; e o xornalista Enrique Beotas.

X **Navalla de Manuel María**

Premio que outorgan a Irmandade Manuel María da Terra Chá e a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz dentro dos actos do Día Nacional Manuel María que realizan anualmente para conmemorar o pasamento deste escritor. A entrega da Navalla ten lugar cada 8 de setembro dende o ano 2005 na Carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, espazo de devoción do poeta da Terra Chá. Na edición correspondente ao ano 2015 o premio foi para Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944).

Premio **Otero Pedrayo**

Convócano cada ano, dende o 1976, as deputacións provinciais para perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constitúa unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións. Poden optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a consellaría correspondente, e polo propio xurado. A presentación da candidatura ten que enviarse ao presidente da deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, e deben achegarse os seguintes documentos: descrición biográfica breve

da persoa que aspira ao premio e documentos e antecedentes, que se consideren de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propón. Deben entregarse cinco exemplares, mecanografados a dobre espazo, do traballo co que se opta ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexen e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Está dotado de 30.050,61 € e conta cun xurado constituído polo presidentes da Xunta de Galicia e os das catro deputacións provinciais e polos representantes das universidades de Vigo, da Coruña e de Santiago de Compostela, xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Nas edicións anteriores resultaron galardoados os seguintes grupos, entidades, institucións e personalidades: Carlos Casares Mouriño (1977); a sección de arqueoloxía do Instituto Padre Sarmiento (1979); Eligio Rivas Quintas (1980); a Fundación Otero Pedrayo (1981); Xaquín Lorenzo Fernández e José Fariña Jamardo (1982); o grupo Marcelo Macías (1983), Antonio Fidalgo Santamariña (1984); José López Calo (1985); Xosé Filgueira Valverde (1986); Emilio Duro Peña e Darío Xohán Cabana (1988); o Instituto da Lingua Galega (1989); Isaac Díaz Pardo (1990); Xosé Trapero Pardo (1991); Antonio Fraguas (1992); o Museo de Pontevedra (1993); a Asociación de Amigos del Museo Arqueológico Castelo de San Antón (1994); Francisco Fernández del Riego (1995); Julio Francisco Ogando Vázquez (1996); a Comunidad del Monasterio de Oseira (1997); o Museo do Pobo Galego (1998); Manuel María Fernández Teixeiro e Uxío Novoneyra (1999); Miguel Anxo Araújo Iglesias (2000); Fundación Pedro Barrié de la Maza (2001); o Centro Gallego de Buenos Aires (2002); o Centro Galego de Montevideo (2003); a Irmandade Galega de Venezuela (2004); A Real Sociedade Benéfico Española-Hospital Espanhol de Brasil (2005); a Real Academia Galega e o Laboratorio de Formas (2006); Darío Xohán Cabana (2007); Marcos Valcárcel López (2008); Manuel Fraga Iribarne (2009); a escola e compañía de teatro Casahamlet, dirixida por Manuel Lourenzo e Santiago Fernández (2010); Basilio Losada Castro (2012); Xosé Luís Méndez Ferrín (2013) e Xosé Neira Vilas (2014). A edición correspondente ao ano 2015 non se convocou.

**Pedrón de Ouro** e **Pedrón de Honra**

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro dende 1964, nun acto que se celebra o domingo seguinte ao Día das Letras Galegas. Concédense dous premios: o "Pedrón de Ouro", que trata de destacar aquela personalidade ou entidade viva residente en Galicia que sobresae na defensa da cultura galega, e o "Pedrón de Honra", que distingue aquelas persoas vivas ou entidades, galegas ou non galegas, que engrandecen a nación e cultura galegas. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. En edicións anteriores, recibiron o Pedrón de Ouro Isidro Parga Pondal, Xohana Torres, Xosé Filgueira Valverde, Isaac Díaz Pardo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas, Xosé Manuel Beiras, Francisco Xavier Río Barja, Xusto G. Beramendi, Camilo Nogueira, Lidia Senra e Nova Escola Galega. No ano 2015, o "Pedrón de Ouro" recaeu en Miguel Anxo Murado (Lugo, 1965), e o "Pedrón de Honra" a Edicións Laiovento. O acto de entrega tivo lugar na Casa Museo de Rosalía en Padrón.

**Referencias varias:**

- Andrés Gallego, "Laiovento e Miguel A. Murado, os Pedróns de Ouro de 2015", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 18 abril 2015, p. 38.

Sinala que a Fundación do Pedrón de Ouro premia á editorial Laiovento e ao escritor e xornalista Miguel Anxo Murado, xa que ambos defenden e promocionan a cultura galega tanto dentro como fóra de Galicia.

- Ana Martínez, "Pedrón de Ouro para Laiovento y de Honra para M. A. Murado", *El Correo Gallego*, "Tendencias/Esquelas", 1 xuño 2015, p. 33.

Dá conta da entrega do Pedrón de Ouro a Edicións Laiovento e do Pedrón de Honra a M. A. Murado por parte da Fundación Pedrón de Ouro coa finalidade de homenaxear o seu labor na promoción da cultura galega. Ao mesmo tempo, infórmase da importancia que teñen os homenaxeados.

- P. Calveiro, "O Pedrón premia o traballo literario de Laiovento e Miguel Anxo Murado", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 xuño 2015, p. 28.

Infórmase do acto de homenaxe que rendeu a Fundación Pedrón de Ouro a Edicións Laiovento e a Miguel Anxo Murado pola súa colaboración na defensa da lingua e da cultura galega. Resúmense, ademais, as intervencións dos galardoados.

Premio **Pen Clube Voz de Liberdade**

O Pen Clube concede este premio, de convocatoria bianual, a unha personalidade da literatura galega que destaque na defensa dos dereitos de expresión e opinión recollidos na Carta Fundacional do International P. E. N. O galardón, sen dotación económica, consiste nunha peza artística única e irrepetíbel dun artista galego. En anteriores edicións foron premiados Marcos Valcárcel (2009), María Xosé Queizán (2011), Salvador García-Bodaño (2013). Na edición do ano 2015 recibiu o galardón Arcadio López Casanova e o xurado estivo composto por Luís González Tosar, Fina Casalderrey, Inma López, Manuel Guede, Armando Requeixo, Luís Menéndez, Bieito Iglesias e Xabier Castro Martínez.

**Referencias varias:**

- Alba Lago, "Arcadio López-Casanova, premio Voz de Liberdade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 outubro 2015, p. 39.

Informa sobre o premio outorgado polo PEN galego e destácase ao galardoado coma un poeta, dramaturgo e crítico lugués que amosou a súa fidelidade á lingua galega.

- Xosé M. Piñeiro, "Tempos de poetas", *Atlántico Diario*, p. 36 /*La Región*, p. 60, "Sociedad", "O son do piñeiro", 31 outubro 2015.

Informa sobre o fallo do premio e comenta o futuro acto de entrega. Ademais, repasa brevemente a biografía do poeta no eido cultural.

- Alba Lago, "López-Casanova recolle o premio Voz de Liberdade do PEN", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 novembro 2015, p. 43.

Dá conta do acto de entrega do premio, no que o conselleiro de Cultura evocou o compromiso coa identidade de Galicia do poeta galardoado.

- Marga Mosteiro, "Un juego de relaciones entre abuelos y nietos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 26 novembro 2015, contracuberta.

Entre outras novas, informa do acto de entrega do premio Pen Clube Galicia "Voz de Liberdade" a Arcadio López Casanova.

XII Premio **Ramón Cabanillas** da Asociación de Libreiros de Pontevedra

Convoca este premio a Asociación de Libreiros de Pontevedra, en colaboración coa Asociación Unha Grande Chea e o Concello de Cambados. En edicións anteriores recibiron os galardóns os escritores Mª Victoria Moreno, Adela Leiro, Ramón Caride, Xosé Vázquez Pintor, Fina Casalderrey, Francisco Fernández Rei, Emilio Ínsua, Xesús Alonso Montero e Maribel Iglesias. Na edición correspondente ao ano 2015 o premiado foi Luís Rei (O Grove, 1960-Pontevedra, 2015). O acto de entrega do premio tivo lugar no Auditorio da Xuventude de Cambados o 17 de maio.

**Referencias varias:**

- B. Y., "Os libreiros homenaxean a Luis Rey por unha vida adicada a Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados", 17 maio 2015, p. 12.

Infórmase do acto que tivo lugar o 16 de maio no auditorio de Cambados en homenaxe ao bibliotecario da vila Luís Rei e durante o cal lle foi concedido este premio Ramón Cabanillas.

XIV Premio **Ramón Piñeiro. Facer País**

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Láncara, en colaboración con outros colectivos, co que se pretende enxalzar a vida e obra de persoas e institucións que no día a día loitaron por facer país. Non posúe dotación económica e consiste nunha obra de arte. En anteriores edicións foron premiados: Isaac Díaz Pardo (2002), Luis Tosar (2003); Milladoiro (2004); Xosé Manuel Beiras (2005); Xosé Neira Vilas (2006); *A Nosa Terra* (2007); Avelino Pousa Antelo (2008); Luz Pozo Garza (2009); Real Academia Galega (2010); Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobarrio, coñecidos como Mini e Mero (2011); Agustín Fernández Paz (2012); Mesa pola Normalización Lingüística (2013); e Marica Campo (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 o premiado foi Basilio Losada (Láncara, 1930).

**Referencias varias**:

- Ana Casanova, “Basilio Losada, o don da palabra”, *Luzes*, n.º 23, *República*, “Entrevista”, 2015, pp. 70-75.

Co gallo do premio Facer País, achégase unha entrevista con Basilio Losada na que se tratan temas como a súa traxectoria docente, a súa relación con Ramón Piñeiro, a situación lingüística e o seu percorrido vital.

- Vicente Plaza, “Basilio Losada logra el premio Ramón Piñeiro ‘Facer País”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 outubro 2015, p. 42.

Informa do fallo do premio e as palabras do xurado sobre o labor do tradutor e crítico literario a favor da cultura de Galicia.

- L. P., “O catedrático Basilio Losada recibirá o premio Facer País”, *El Progreso*, “Sarria”, 1 outubro 2015, p. 17.

Dá conta do fallo do premio (que se entregará ese mesmo mes) e as palabras do xurado sobre o escritor premiado, do que destacan o seu labor a prol da lingua e cultura galegas.

- Jaureguizar, “Basilio Losada. ‘Cataluña era ideal, pero calquera pelagatos chámame charnego”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Lingua”, 2 outubro 2015, p. 71.

Recolle a entrevista ao ex-catedrático de Filoloxía Galega, nomeado membro de honra da RAG, que fala das súas impresións ao recibir tal recoñecemento e afonda na cuestión política de Cataluña e o independentismo. Tamén amosa a súa ilusión polo premio que recibirá no mesmo mes, concedido polos seus veciños de Láncara.

- Luís Celeiro, “Don Ramón e don Basilio”, *El Progreso*, 27 outubro 2015. p. 31/ *El Correo Gallego*, 28 outubro 2015, p.4/ *La Región*, 28 outubro 2015, p. 33, “Opinión”, “Tía Manuela”

Fai unha comparanza entre a figura de Ramón Piñeiro e de Basilio Losada, aludindo a distintos aspectos de ambas personalidades. Ademais, destaca a importancia e o valor do premio para a cultura galega.

- Vázquez Rivas, “Los ganadores del premio Facer País serán recordados con un monolito”, *El Progreso*, “Sarria”, 6 novembro 2015, p. 18.

Informa de que a Asociación Val de Láncara descubrirá en Carracedo un monumento que lembrará os premiados nas anteriores edicións. Tamén comenta o acto de entrega do premio deste ano a Basilio Losada e as actividades organizadas arredor del.

- A. C. V. / Vázquez Rivas, “Basilio Losada, profeta na súa terra”, *El Progreso*, “Sarria”, 8 novembro 2015, p. 21.

Dá conta do acto de entrega do premio e destaca a emoción do mestre e tradutor, que no seu discurso proclamou o seu amor pola lingua, que aprendeu dos seu paisanos de Láncara.

VII Premios **Setecarballas** da Festa da Palabra

Convocados pola Fundación Ínsua dos Poetas, entréganse durante a celebración da Festa da Palabra, que se celebra anualmente no lugar denominado Ínsua dos Poetas, próximo ao Carballiño. No ano 2015 o xurado, presidido por Luís González Tosar decidiu recoñecer a Manuel Rivas (creación literaria), Francisco Lores (Cultura galega no exterior), grupo ecoloxista Outeiro (Arte e medioambiente) e Gadisa (Acción económica e social). Nesta presente edición o escritor homenaxeado foi Francisco Luís Bernárdez.

**Referencias varias:**

- R. L., "Insua dos poetas premia a Manuel Rivas pola súa 'habelencia na palabra", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 12 xullo 2015, p. 43.

Dá conta da resolución dos membros do xurado que outorgaron os Premios da Ínsua dos Poetas a Manuel Rivas, Francisco Lores, ao grupo Outeiro e a Gadisa nas súas diferentes modalidades. Ademais, avánzase a data de entrega dos galardóns.

- Roberto Salgueiro, "Manuel Rivas entra hoxe no Olimpo da 'Ínsua dos poetas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 18 xullo 2015, p. 44.

Infórmase da entrega de Premios que realizará a "Ínsua dos Poetas" en cinco modalidades diferentes nun acto de homenaxe a Luís Bernárdez. Así mesmo, dáse conta das personalidades que asistirán a esta cita.

- Javier García, "A Festa da Palabra réndelle tributo á poesía de Francisco Luis Bernárdez", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 19 xullo 2015, p. 48.

Alúdese á homenaxe que a Ínsua dos Poetas lle rendeu a Francisco Luís Bernárdez nun acto no que tamén se fixo entrega dos galardóns Ínsua dos Poetas. Resúmese a intervención de Román Rodríguez que gabou os méritos do poeta e infórmase das personalidades asistentes ao acto.

- María F. Romero, "FARO recibe el premio Insua dos Poetas por su labor de comunicación y difusión cultural", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 xullo 2015, p. 42.

Comenta do desenvolvemento do acto de entrega dos Premios Ínsua dos Poetas e da homenaxe ao poeta Francisco Luís Bernárdez. Déixase constancia, así mesmo, dos discursos de loanza que distintos asistentes ao acto tiveron para o autor.

- E. E., "Francisco Lores recibió el Premio 'Insua dos Poetas' 2015 Cultura Galega no Exterior", *España Exterior*, "Emigración", 7 xullo 2015, p. 9.

Informa da entrega do premio durante a VII edición da Festa da Palabra, dedicada ao poeta arxentino-galego Francisco Luis Bernárdez.

Premio **Trapeiro de Honra**

Este premio, convocado por primeira vez en 2014, está promovido pola Asociación de Veciños dos Vilares (Guitiriz). O seu obxectivo é recoñecer a labor de persoas e institucións en defensa e posta en valor da parroquia dos Vilares, tanto no apartado cultural, industrial, etnográfico, da natureza ou de calquera outro asunto merecedor de tal recoñecemento. O premio nace coa vontade de ser unha homenaxe a toda a veciñanza dos Vilares e non terá asignación económica ningunha. No ano 2014 o premio foi para Xosé Díaz Castro. En 2015 para a Romaría Labrega da Chaira.

**Referencias varias:**

- Cristina Arias, "A Romaría Labrega da Chaira recibirá o Trapeiro de Honra tras Díaz Castro", *El Progreso*, "A Chaira", 19 abril 2015, p. 19.

Infórmase da entrega o 18 de abril do primeiro premi, promovido polo proxecto multidisciplinar "Os Vilares, lareira dos soños". Acordouse tamén entregar o vindeiro Trapeiro de Honra á Romaría Labrega da Chaira polos valores labregos da comarca que promove esta romaría.

XXXIII Premio **Trasalba**

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Reitor, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. É un galardón de carácter honorífico, que recompensa o labor cultural e galeguista de distintos persoeiros vivos e que se entrega na casa-museo do escritor en Trasalba (Amoeiro-Ourense). O galardón consistía nunha placa, nun libro dos amigos conmemorativo do acto e nun debuxo dedicado de Isaac Díaz Pardo. Dende o ano 2012, coa ausencia do falecido Isaac Díaz Pardo, o agasallo consiste nunha figura de bronce de Ramón Otero Pedrayo realizada polo escultor Manuel Buciños. En anteriores edicións foron premiados Xaquín Lorenzo (1983), Isidro Parga Pondal (1984), Antón Fraguas Fraguas (1985), Valentín Paz-Andrade (1986), Ramón Martínez López (1987), Francisco Fernández del Riego (1988), Miguel Anxo Araúxo Iglesias (1989), Xosé Filgueira Valverde (1990), Lois Tobío (1991), Xaime Illa Couto (1992), Isaac Díaz Pardo (1993), Marino Dónega (1994), Francisco Xavier Río Barxa (1995), Pura Vázquez (1996), Borobó (1997), Xohán Ledo (1998), Carlos García Martínez (1999), Xesús Alonso Montero (2000), Xosé Luís Méndez Ferrín (2001), Augusto Pérez Alberti (2002), Andrés Torres Queiruga (2003), Xosé Neira Vilas (2004), Agustín Sixto Seco (2005), Milladoiro (2006), John Rutherford (2007), Olga Gallego (2008), Xosé Manuel Beiras (2009), Xosé Ramón Barreiro Fernández (2010), Ramón Lorenzo (2011), Antía Cal (2012), Cristina Pato (2013) e Agustín Fernández Paz (2014). Na edición correspondente ao ano 2015 o premiado foi Antón Pulido (Amoeiro, 1944).

**Referencias varias:**

- Xoán Bernárdez Vilar, "O acceso ao coñecemento", *Encrucillada*, n.º 192, "Crónica da cultura", marzo-abril 2015, pp. 95-107.

Faise un repaso polo panorama cultural galego. No apartado dedicado a "Premios" dáse conta da concesión do Premio Os Bos e Xenerosos 2015 da AELG e da próxima entrega do premio Letra E a Xosé María Álvarez Cáccamo. Recóllese, ademais, a lista dos galardoados co premio Ánxel Casal. Menciona tamén o premio á mellor declaración de amor en galego, no que resultaron vencedoras, na categoría 14-19 anos, Marta Gómez Martín; na de 20-35 anos, Aitana Iglesias, seguida de Sonia Varela e María J. Chao. Por último, coméntase a concesión do premio Trasalba ao pintor Antón Pulido Nóvoa.

- Lara Álvarez, "O Trasalba premia a Antón Pulido e o seu vencello con Otero Pedrayo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 20 marzo 2015, p. 41.

Infórmase da concesión por parte da Fundación Otero Pedrayo do Premio Trasalba ao pintor Antón Pulido e engade que a Fundación valorou a traxectoria artística do homenaxeado e o seu vencello persoal coa figura de Ramón Otero Pedrayo.

- A. L., "Cantiga de fonte limpa", *Grial*, n.º 206, "O rego da cultura", abril, maio e xuño 2015, pp. 8-9.

Dáse noticia da entrega do XXXIII Premio Trasalba ao puntor Antón Pulido Nóvoa (Bóveda de Amoeiro, 1944). Descríbese o acto de entrega, no que estaban presentes Agustín Fernández Paz (Premio Trasalba 2014) e Cristina Pato (Premio Trasalba 2013), e no que se presentou unha fotobiografía do homenaxeado con texto do editor Bieito Ledo. Saliéntase o vencello do premiado á figura de Otero Pedrayo.

- Víctor F. Freixanes, "Camilo Nogueira, Trasalba, Europa", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 26 xuño 2016, p. 24.

Salienta o carácter europeísta do galardoado, con motivo da entrega do Premio Trasalba, e menciona os textos *Galiza na Unión. A porta atlántica* e *Europa, o continente pensado*.

- Pablo Álvarez, "Pulido: 'Pedrayo é a figura máis importante de Galicia", *Atlántico Diario*, "Sociedad", p. 37/ *La Región*, "Ourense", p. 5, 29 xuño 2015.

Coméntase a recollida do Premio Trasalba por parte de Antón Pulido para conmemorar o seu labor como pintor e gravador. Resúmense as palabras eloxiosas que o homenaxeado tivo cara a Ramón Otero Pedrayo.

- L. Rodríguez, "El pintor Antón Pulido, premio Trasalba por su servicio a la cultura del país", *Diario de Arousa*, p. 15/ *Diario de Ferrol*, p. 14/ *El Ideal Gallego*, p. 15/ "Galicia", 29 xuño 2015.

Dá conta da entrega do Premio Trasalba ao pintor Antón Pulido. Ademais de dar conta das personalidades que asistiron a este acto, destácase a carreira artística do galardoado e resúmense as súas palabras de agradecemento por este recoñecemento.

- Lorena Rodríguez, "O pintor ourensán Antón Pulido recibe o Trasalba polo seu servizo á cultura do país", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 43/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 43, 29 xuño 2015.

Infórmase da entrega do Premio Trasalba ao artista Antón Pulido pola calidade da súa obra e pola súa vinculación coa figura de Otero Pedrayo. No seu discurso, o homenaxeado lembrou o apoio que lle brindou o escritor. Resúmese a biografía do galardoado e infórmase da presentación dun libro no mesmo acto dedicado a el.

_____, "Antón Pulido, premio Trasalba por su servicio a la cultura de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 xuño 2015, p. 31.

Faise eco da entrega do Premio Trasalba ao pintor Antón Pulido pola súa vinculación á figura de Otero Pedrayo, que o apoiou dende os seus inicios no mundo da arte. Resúmese a intervención do homenaxeado no acto, a súa biografía e infórmase da presentación que se realizou durante o acto da obra *Antón Pulido. Cantigas de fonte limpa*.

- M. J. Álvarez, "Pulido: 'Recibo el galardón como "un tesouro de pesetas novas" que decía don Ramón", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 29 xuño 2015, p. 16.

Fala do acto de entrega do premio e recolle as declaracións do galardoado, que vincula a súa obra aos "símbolos oterianos".

- Xosé Manoel Rodríguez, "A editorial Galaxia publicará as memorias de Otero Pedrayo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 xuño 2015, p. 24.

Infórmase da entrega do Premio Trasalba que realizou a Fundación Otero Pedrayo a Antón Pulido. Ademais, avánzase a publicación do primeiro volume das memorias do autor e dun traballo que recollerá a relación entre Otero Pedrayo e Fernández del Riego no ano 2016.

XXIX Premio **Xiria ao labor teatral**

Outorgado pola Asociación Cultural Xiria e a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Na edición correspondente ao ano 2015 a mostra representouse entre o 3 e o 11 de xullo. Nesta ocasión a premiada foi Luma Gómez (Ferrol, 1951), en recoñecemento pola súa traxectoria e compromiso coa profesionalización do sector en Galicia.

# X. 7. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

XXVI Premio **Ala Delta de Literatura Infantil**

O Grupo Editorial Luis Vives (Edelvives), consciente da importancia da calidade nas obras literarias destinadas ás nenas e aos nenos, convoca a vixésimo cuarta edición do Premio Ala Delta de Literatura Infantil, coa finalidade de promover a creación literaria para este lectorado e espertar o gusto pola lectura, estimular a súa fantasía e ofrecer unha visión ampla e coherente da realidade. Estabelécese un premio único, dotado de 12.100 € e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección "Ala Delta". A extensión das obras, mecanografadas a dobre espazo, é dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cento vinte. Os orixinais deben ser inéditos e estar escritos en castelán ou en calquera lingua do Estado. O tema dos orixinais é libre, igual que o xénero literario, e enviánse baixo plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives "Premio Ala Delta" (Xaudaró, n.º 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación. En anteriores edicións obtivo este galardón en galego *O carteiro de Bagdad*, de Marcos S. Calveiro, en 2007. Na edición correspondente ao ano 2015, o gañador foi Elena Alonso Frayle coa obra titulada *Los niños cantores*.

**Referencias varias:**

- ELOS," Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 27 setembro 2015, p. 4.

Lembra a data límite de entrega de orixinais para este premio e pon a ligazón de internet para consultar as bases.

XV Premio **Alandar de Narrativa Juvenil**

Convocado por primeira vez no ano 2001 polo Grupo Editorial Luis Vives, este premio pretende animar a crear bos textos literarios para mozos e mozas a partir de doce anos, dirixidos a consolidar o gusto pola lectura, a ampliar a visión do mundo, a estar en contacto coa realidade e ofrecer claves para interpretala. Consta dun premio único, dotado de 12.100 € e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección "Alandar". Pódense presentar novelas de tema libre, inéditas e escritas en castelán ou en calquera lingua do Estado español, cunha extensión máxima de cento cincuenta folios e mínima de cento vinte, mecanografados a dobre espazo. Deben enviarse baixo plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives "Premio Alandar" (Xaudaró, n.º 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación. Na edición correspondente ao ano 2015, o gañador foi Heinz Delam coa obra titulada *La casa de los sueños*.

Concurso de poesía **Anomar**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Poesía **Antón Zapata García**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio **Arraiano Maior**

Ver o apartado X.6. deste *Informe*.

Concurso **Artellando coa lingua**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

VIII Premio **Arume de Poesía para Nenos**

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para crianzas e con el téntase estimular a creación poética e achegar o mundo da lírica aos máis pequenos. Compleméntase co Premio Estornela de Teatro, que foi convocado por vez primeira no ano 2002, alternándose ambas as modalidades en anos sucesivos. Ao Premio Arume poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que envíen un poemario inédito dun mínimo de trescentos cincuenta versos, escritos en galego, acompañado de dúas copias, á Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces 36587, Pontevedra). As obras deben levar un título que tamén ten que constar nun sobre pechado e separado onde figuren os datos do autor. O premio consta dunha dotación de 1.000 € e a publicación da obra en Ediciós Embora. En anteriores edicións, resultaron gañadores: en 2001 Xosé Mª Álvarez Cáccamo con *Lúa de pan*; en 2003 Helena Villar Janeiro con *Na praia dos lagartos*; en 2005 Marica Campo con *Abracadabras*; en 2007 Concha Blanco con *Cantos da rula*; en 2009 Xoán Babarro con *A princesa de Taramundi*; en 2011 Rafa Vilar con *Patente de corso (pequeno dicionario pirata)*; e en 2013 María Xosé Lamas Fernández con *Cantigas para aprender a soñar*. Na edición correspondente ao ano 2015, o xurado, composto por Juan Andrés Fernández Castro, Luis Reimóndez Fernández e Rosalía Morlán Vieites, decidiu premiar a obra titulada *Soños de nenos*, da autoría de Inés Varela Gestoso.

**Referencias varias:**

- ELOS, " Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 18 outubro 2015, p. 4.

Lembra o prazo de presentación de orixinais para este certame, indica o enderezo ao cal deben enviarse e destaca os 600 euros do primeiro premio.

Premio da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de cómic **AX1**

Resultaron gañadores: Paula Amor Díaz, Andrea Barcia García e Celia Gasalla Sánchez (IES Dionisio Gamallo Fierros de Ribadeo); Alba Jiménez Pello e Mario Acuña Caldas (IES de Poio); Cristian Fojón Caruncho (IES Ortigueira) e Sarela Lorenzo Robledo (colexio Francisco Aguiar de Betanzos). O xurado compuxérono Paula Porta, María Cuquejo, María Buján, Armando Requeixo e Sagrario Torrado.

**Referencias varias:**

- Ú. Macieira, "Virtuosos del cómic, la músicas y las ideas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 3 xuño 2015, contracuberta.

Dá conta da entrega de premios do terceiro certame do Xelmírez I e infórmase das persoas agraciadas.

Concurso do Libro Infantil O **Barco de Vapor**

Convocado pola Fundación SM dende o ano 1978 xunto ao Premio Gran Angular, a convocatoria en lingua galega comezou en 1984 para promover "a creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno". Poden presentarse novelas orixinais, inéditas, escritas en galego, de autores vivos, cunha extensión mínima de cincuenta páxinas, mecanografadas a dobre espazo, que non fosen premiadas noutro concurso. Deben enviarse por triplicado xunto cunha versión en soporte informático (disquette ou CD), a Ediciones SM (Impresores, 2, Urbanización Prado del Espino, 28660 Boadilla del Monte, Madrid), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O xurado é nomeado pola Fundación Santa María e está constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Contaba cunha dotación económica de 6.000 € e a publicación da obra en SM Xerme até o ano 2007, no que aumentou a contía do galardón a 10.000 € para potenciar a creación de Literatura Infantil e Xuvenil en galego. En 2010 a contía volveu reducirse a 6.000 €. Nas edicións anteriores resultaron galardoadas as seguintes obras: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín (1984); *Primeiro libro con Malola*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández (1985); *Aventuras de Sol*, de Alberto Avendaño (1986); *O globo máxico*, de Andrés García Vilariño (1987); *Memorias dun río*, de Antón Cortizas Amado (1988); *Barrigaverde e o dragón Achís*,

de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández (1989); *O deus desaparecido*, de Pepe Carballude (1990); *O conto dos sete medos*, de Antón Cortizas (1991); *Os náufragos de Malakadula*, de Alberto Avendaño (1992); *O castrón de ouro*, de Darío Xohán Cabana (1993); *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey (1994); *Os gritos das Illas Lobeiras*, de Antón Cortizas (1995); *A pirata Penamoura*, de Daniel Buján (1996); *Valdemuller*, de Xosé A. Neira Cruz (1997); *A lenda do capitán Miñoca*, de Dolores Ruiz (1998); *Os ollos do tangaleirón*, de Xosé A. Neira Cruz (1999); *Alén das estrelamares*, de Xoán Xosé Lago Pereira (2000); *De como o santo dos croques se fai peregrino*, de Pepe Carballude (2002); *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz (2003); *Unha bruxa ben rara*, de Carlos Mosteiro (2006); *O canto dos peixes*, de Marcos S. Calveiro (2008); *Mundo Arb*, de Manuel Lourenzo González (2011); e *O detective de Nullarbor*, de Antonio Yáñez Casal (2012). Dende o ano 2014 xa non se convoca este premio.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Ver o apartado X.3. deste *Informe*.

IV Certame **Benito Losada de Banda Deseñada**

Este certame nace no ano 2012 no marco das XXIV Xornadas de Banda Deseñada de Ourense como unha maneira de honrar e agradecer o importante labor do ideador e mantedor destas xornadas durante vinte e dous anos. O xurado composto por David Rubín, Óscar Iglesias e Simón Blanco, e por Xavier Paz como secretario sen voto, en nome do Proxecto Fundación Benito Losada. En anteriores edicións resultaron gañadores Cristian Caruncho, Giovanna Lopalco e Xulia Vicente (2012); Cristián Fojón e Xulia Vicente (2013); e Alicia Jaraba e Cristián Fojón (2014). Na edición correspondente ao ano 2015, o xurado, composto por Ricardo Rodríguez, Carlos Rafael e Lucía Pérez, decidiu que os gañadores fosen Alicia Jaraba e Víctor L. Pinel por *Pendulum* (categoría de maiores de 17 até 35 anos) e Breixo Mosquera por *Volvendo á rutina* (categoría de menores de 17 anos).

**Referencias varias:**

- ELOS, " Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 30 agosto 2015, p. 6.

Lembra o prazo de presentación de orixinais para este certame e sinala a ligazón para consultar as súas bases.

- Sonia Torre, "Tres exposiciones abren las jornadas de Banda Deseñada", *La Región*, "Ciudad", 2 outubro 2015, p. 11.

Informa da celebración dunha nova edición destas xornadas organizadas pola Asociación Benito Losada e a apertura das xornadas con tres exposicións no Museo Municipal de Ourense.

- ELOS, “Premios Ourense Banda Deseñada e Benito Losada”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 18 outubro 2015, p. 4.

Comenta a celebración deste premio e indica quen foron os gañadores nas distintas modalidades convocadas.

VI Concurso **BD Vigo**

A Biblioteca Pública Central de Vigo convoca este premio de banda deseñada dende o ano 2010. Conta coas seguintes categorías: Infantil (nenos até 11 anos), Júnior (mozos entre 12 e 17 anos); Sénior (mozos de entre 18 e 30). Poden presentarse obras orixinais non premiadas, de tema, estilo e tratamento libres, en galego, cunha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de catro, a cor ou branco e negro, con técnica libre e de autoría individual ou dun equipo debuxante/guionista/colorista. Os traballos deben presentarse en sobre pechado baixo lema e con outro sobre cos datos persoais na Biblioteca Pública Central de Vigo (Rúa Joaquín Yáñez, n.º 6, Vigo). Concédense dous premios por categoría e consisten nun lote de produtos relacionados co mundo da banda deseñada e un diploma acreditativo. As obras premiadas formarán parte dunha exposición na biblioteca. Ademais o xurado pode realizar Mencións Especiais. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron: José Miguel Martínez García e Óscar López Gómez (1º premio en categoría senior) e Werónika Hanczyc (2º premio en categoría senior); Breixo Mosquera Freire (1º premio en categoría junior) e Iván Herrera Díaz (2º premio en categoría junior); Martín Rodríguez Camiña (1º premio en categoría infantil) e Lía Alcalá Labandeira (2º premio en categoría infantil).

Premio de Microrrelato **Carlos Casares**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

X Premio de Banda Deseñada **Castelao**

Certame convocado pola Deputación da Coruña, dende o ano 2005, co obxectivo de incentivar a lingua galega e que vén completar a serie de premios tanto literarios coma artísticos, organizados pola citada entidade. O premio está vinculado ao certame do cómic que se celebra todos os veráns, no que se dá a coñecer o ditame do xurado. Poden participar persoas maiores de idade, con narracións en banda deseñada inéditas e escritas en galego, cun máximo de dous autores por obra. A dotación é de 6.500 € ademais da publicación do libro con textos en galego. As bases do concurso poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia. A temática das obras é libre cunha extensión entre corenta e oito e sesenta e catro páxinas. Deben presentarse por duplicado en exemplares separados, numerados, grampados ou encadernados á Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional, n.º 2, 15006 A Coruña). Nas anteriores edicións foron galardoados David Rubín Miguélez con *Onde ninguén pode chegar* (2005); Antonio Seijas Cruz con *Un home feliz* (2006); Jacobo Fernández Serrano con *Aventuras de Cacahuequi* (2007); Mariano Casas Gil con *Mensaxes* (2008);

Daniel Montero Coira con *Sen mirar atrá*s (2009); Brais Rodríguez Verde con *A man do diaño* (2010); Iván Suárez e Ignacio Vilariño con *Titoán* (2011); Francisco Bueno Capeáns con *Catálogo de beleza gratuíta* (2012); e Kiko da Silva con *O inferno do debuxante* (2013). Na edición correspondente ao ano 2015, o xurado, composto por Miguel Anxo Prado, Ana Miralle, Keko Godoy e Xosé Regueira, decidiu outorgar o galardón a Fernando Llorente por *A carreta do do*.

**Referencias varias:**

- ELOS,"Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 11 marzo 2015, p. 43.

Lembra que está aberto o prazo da décima edición deste premio, informa da súa dotación económica e de que se poden consultar as bases e o historial dos gañadores na web www.dicoruna.es/cultura/premios/castelao.

- Xabier Sanmartín C., "Un cómic de Fernando Llorente gana el Castelao", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 5 novembro 2015, p. 42.

Informa do cómic gañador do premio Castelao, obra do ilustrador e debuxante Fernando Llorente e explica, en palabras do autor, o contido da obra (que narra a historia duns monxes de séculos pasados) e o seu proceso de elaboración.

Certame nacional de microrrelatos **Cidade da Coruña**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

VIII Premio Internacional **Compostela para Álbums Ilustrados**

Convocado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e a editorial Kalandraka dende o ano 2007, encádrase dentro da Campaña de Animación á Lectura, co obxectivo de estimular os creadores de calquera nacionalidade. Nas bases do premio defínese álbum ilustrado como un "libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal xeito que ambos se complementen". O premio estaba dotado de 12.000 €, mais na convocatoria do ano 2012 pasou a ser de 9.000 € en concepto de adianto dos dereitos autoriais. Poden presentarse orixinais inéditos, con lema ou pseudónimo, realizados polo creador ou creadores do texto e da ilustración, en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica, con exclusión dos empregados de Kalandraka, e en calquera tamaño, técnica e formato. A súa extensión non pode superar as corenta páxinas interiores e deben presentarse cinco copias do texto, escrito en calquera das linguas oficiais do Estado español, tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha das ilustracións, así como unha maqueta co deseño. Deben enviarse en sobre pechado ao Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende, n.º 4, 15705 Santiago de Compostela, A Coruña). O xurado está formado por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e ilustración infantil. A obra premiada edítase en todas as linguas oficiais pola Editorial Kalandraka. En anteriores edicións resultaron galardoados *Cerca*, de Natalia Colombo, en 2008; *Una gran soño*,

de Felipe Ugalde, en 2009; *La familia C*, con texto de Pep Bruno e ilustracións de Mariona Cabassa, en 2010; *El camino de Olaj*, de Martín León-Barreto Johnson, en 2011; e *Bandada*, de David Daniel Álvarez Hernández e Julia Díaz Garrido, en 2012. Na edición correspondente ao ano 2015 presentáronse trescentos corenta traballos procedentes de vinte países e o xurado, formado polo ilustrador Federico Delicado, a directora da revista *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil* (CLIJ) Victor Fernández, a profesora Gracia Santorum, en representación de Kalandraka Manuela Rodríguez, polo Concello de Santiago de Compostela Xosé Manuel Rodríguez-Abella, Teresa Cancelo e Beatriz Varela en calidade de secretaria, decidiu por conceder o galardón ao cordobés Miguel Cerro pola obra *Y se hizo la luz*.

**Referencias varias:**

- ELOS, "VIII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 5 xaneiro 2015, p. 43

Fálase do ilustrador cordobés Miguel Cerro, gañador do VIII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado pola súa obra *Y se hizo la luz,* que será publicada nas catro linguas do Estado español.

_____, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 30 febreiro 2015, p. 42.

Lembra que o prazo para este premio está aberto até o día 6 de marzo e que o premio, convocado polo Concello de Santiago de Compostela e a editorial Kalandraka, está dotado de 9.000 euros.

- A. I. S., "Miguel Cerro Rico gana el VIII Premio de Álbumes Ilustrados", *El Correo Gallego*, "Santiago", 10 abril 2015, p. 27.

O cordobés Miguel Cerro Rico gañou esta edición do Premio Internacional Compostela de Álbumes Ilustrados coa súa obra *Y se hizo la luz*. Dise que o alcalde de Santiago, Agustín Hernández, destacou a idea central do álbum, a da solidariedade.

Certame Literario **Concello de Ames de Narrativa e Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame de Relato Curto de Nadal do **Concello de Cambre**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame Literario de poesía e narración breve **Concello de Cambre**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Relato Curto do **Concello de Quiroga**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Relato Breve e Poesía do **Concello de Rois**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame de Poesía Infantil 'Nadal 2015' do **Concello de Vilalba**

Concurso convocado pola Biblioteca Municipal de Vilalba no cal poden participar todos os nenos con poemas sobre o tema xenérico do Nadal. Cada autor ou autora poderá presentar cantos traballos desexe, escritos en galego e cunha extensión máxima dun folio por só unha cara. Consta de tres categorías: categoría A (até os 8 anos); categoría B (entre 9 e 11 anos); e categoría C (entre os 12 e 16 anos). Os premios consisten nun diploma e un lote de libros. Os traballos premiados optarán despois ao certame provincial convocado pola Biblioteca Pública Provincial de Lugo. O prazo de presentación, da edición correspondente ao ano 2015, rematou o 21 de decembro. O xurado decidiu premiar na categoría A a Eduardo Fernández Dopico, por "Poesía de Nadal"; Catuxa Lamela Novo, por "Imos celebrar"; e María Orosa Basanta, por "As noites de Nadal". Na categoría B a Carlota Millor Prado, por "Xa chegou o Nadal"; Sabela González López, por "O Nadal"; e Lucía Díaz Darriba, por "Outro Nadal máis". Na categoría C a Isamel Ramos López, por "París, é Nadal!"; María Cazón Fernández, por "A miña casiña"; e de novo María Cazón Fernández, por "Fermoso Nadal".

**Referencias varias:**

- C. A., "La biblioteca municipal de Vilalba convoca el Certame de Poesía Infantil", *El Progreso*, "A Chaira", 30 novembro 2015, p. 12.

Informa da convocatoria e as bases (temática, premio e xurado) deste certame poético organizado pola Biblioteca Municipal de Vilalba e dirixido a escolares menores de dezaseis anos.

- M. M., "La biblioteca Xermade convoca un nuevo certamen de poesía infantil navideño", *El Progreso*, "A Chaira", 4 decembro 2015, p. 17.

Informa da publicación das bases para participar neste concurso e explica os requisitos para poder presentar os orixinais.

- R. de R., “La biblioteca de Vilalba convoca un certamen navideño de poesía”, *El Progreso*, “A Chaira”, 6 decembro 2015, p. 19.

Informa sobre as bases deste premio (categorías, temática, lingua e extensión) e os premios que recibirán. Ademais adianta que o xurado dará a coñecer en xaneiro o resultado.

X Certame de Relatos **Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios da **Crítica de Galicia**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**. Concello de Mondoñedo

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

IV Concurso de Contos **Durmo... se me contas un conto**

Organizado polo Concello de Muxía dende o seu programa de dinamización lingüística. Estabelécese un primeiro premio composto por un ordenador e un libro en galego; un segundo premio dotado dun lote de libros en galego, e un terceiro premio que consta dun xogo e un libro en galego. O premio está dirixido a nenos e nenas de até nove anos, en colaboración cos seus titores. Existen dúas categorías: categoría 1 (crianzas de infantil a 3º de Primaria) e categoría 2 (de 4º a 6º de Primaria). Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de presentación rematou o 7 de outubro.

XXIII Premio **Edebé** de Literatura Infantil e Xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas novas e diferentes, sorprendentes e imaxinativas, en castelán ou en calquera das linguas do Estado español. Foron dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao lectorado de entre 7 e 12 anos, dotada de 25.000 €; e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotada de 30.000 €. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a duascentas para a xuvenil. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo e enviarse por triplicado, baixo plica, á Editorial Edebé (Paseo San Juan Bosco, n.º 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado está formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición dáse a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. Nas edicións anteriores recibiron este galardón as seguintes obras en lingua

galega: *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez en 1995; *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey en 1996, e *A escola de piratas*, de Agustín Fernández Paz en 2005 na modalidade infantil; e *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz en 1994 na modalidade xuvenil. Na edición correspondente ao ano 2015 o gañador foi Rodrigo Muñoz Avia coa obra titulada *El signo prohibido*.

IV Premio Internacional de Álbum Ilustrado **Edelvives**

Creado no ano 2012 pola editorial Edelvives, poden optar a este premio todos os escritores e ilustradores de calquera nacionalidade que presenten proxectos de álbums ilustrados en lingua castelá, inglesa, francesa ou en calquera das linguas do Estado español. Os participantes deben ser maiores de idade e poden enviar un máximo de dous proxectos, orixinais, inéditos, e que non fosen presentados a outro concurso. O premio, dotado de 12.000 €, concédese ao mellor proxecto editorial de álbum ilustrado presentado, non a unha obra fechada. Valóranse aspectos como mellor proposta ou idea orixinal de proxecto, mellor texto adaptado, mellor ilustración, mellor proposta de escenarios, mellor *storyboard* e mellor proposta de gardas. O formato é libre, pero non pode ser inferior a 21 x 18,5 cm nin superior a 30 x 39 cm. A extensión debe ser de 32 páxinas (gardas incluídas). O texto debe ser unha reescritura ou reinterpretación dun conto clásico, lenda, ou pode estar baseado nun mito ou personaxe coñecido. A extensión non pode ser superior a 6.000 matrices. Os concursantes deben entregar un documento onde describan en que consiste o proxecto, ademais do texto da obra, o *storyboard*, dous orixinais de ilustración completamente acabados que mostren o protagonista en diferentes escenarios, e unha proposta de gardas. Todos os datos persoais envíanse baixo plica, que debe conter o nome, a dirección, o número de teléfono e a dirección de correo electrónico do autor ou autores e unha breve nota biográfica dos participantes. Ademais, hai que remitir mostras de dúas ilustracións orixinais a cor (ou un CD coas ilustracións orixinais presentadas en alta definición se a ilustración se realizou con ordenador), unha proposta de gardas e tres copias en papel coa seguinte información: descrición do proxecto, orixinal do texto, *storyboard* e copias a cor de cada unha das ilustracións orixinais presentadas a: Edelvives (Premio Álbum Ilustrado) Xaudaró, n.º 25, 28034 Madrid. A concesión do premio leva incluída a edición do proxecto por parte de Edelvives e a súa posterior publicación nun prazo máximo de oito meses a partir do fallo. O xurado é nomeado por Edelvives e está formado por especialistas de diferentes ámbitos da cultura e da creación artística. En 2012 resultou gañadora a obra titulada *El hombre que quiso conocer a la luna*, de Elena Muñoz Sacristán. Na edición correspondente ao ano 2015 a gañadora foi Eva Sánchez co traballo titulado *Dip*.

**Referencias varias:**

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “*2domingo*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para lembrar”, 13 decembro 2015, p. 36.

Recorda que até o 18 de decembro seguirá aberto o prazo para presentar obras orixinais para optar a este premio.

Premios da **Edición**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

VI Concurso de viñetas **ELAS**

Certame convocado pola Deputación da Coruña co obxectivo de empregar a viñeta para reflexionar sobre o papel da muller no sector primario e concienciar sobre a necesidade de cambios de valores e modelos para a consecución da igualdade de xénero real. Poderán participar todas as persoas de idade comprendida entre os 12 e 18 anos. Hai dúas categorías: entre os 12 e 14 anos (categoría A) e entre os 15 e 18 anos (categoría B). O primeiro premio consiste nun iPAD e unha colección de cómics; e o segundo e terceiro unha tablet e outra colección de cómics. Na edición correspondente ao ano 2015 as gañadoras foron Anthía Suárez Pernas (categoría A) e Estefanía García Méndez (categoría B).

Premio de Teatro para Nenos **Estornela**

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio, que alterna anualmente co Premio Arume de Poesía para Nenos. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os orixinais deben enviarse, acompañados de dúas copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, 36587 Vila de Cruces, Pontevedra). A Fundación escolle un xurado de recoñecido prestixio e o galardón consiste na publicación do traballo premiado e nunha dotación económica de 600 €, que antes da edición de 2012 era de 1.000 €. En edicións anteriores os galardóns foron para *Música na noite*, de Manuel Lourenzo en 2000; *Os mundiños*, de Heidi Kühn-Bode en 2002; *O ensaio*, de Xosé Agrelo, *O porco que perdera a cabeza*, de Ana María Galego Gen e *Xoguetes*, de Fran Peleteiro en 2004; *O filibusteiro do mar da Marola*, de Antonio Cordero Álvarez en 2006; *Larpancia saborosa do lobo e a raposa*, de Bernardino Graña en 2008; *Teatro de Xoguete*, de Carlos Labraña en 2010; *Arlequino Viceversa*, de Diana Varela Puñal en 2012; e *A pequena compaña*, de Carlos Labraña Barredo en 2014. En 2015 non tocaba convocar o premio.

Premio literario **Fernando Arenas Quintela** de narrativa e ensaio

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame **Francisco Añón de Poesía**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio **Frei Martín Sarmiento**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

XI Premio **Iberoamericano SM** de Literatura Infantil y Juvenil

Convocado por Ediciones SM coa colaboración da Feira Internacional do Libro de Guadalaxara en México, en cuxo marco se entrega o premio. Poden candidatarse os autores vivos que conten cunha valiosa obra de creación para o público infantil e xuvenil publicada e escrita en calquera das lenguas que se falen en Iberoamérica. As candidaturas poden ser presentadas até o 31 de maio por calquera institución cultural ou educativa, editorial, asociación ou grupo de persoas relacionadas coa literatura infantil e xuvenil, enviando seis copias impresas da seguinte documentación: carta de que explique os méritos do autor, o seu curriculum vitae, os datos da entidade que presenta a candidatura e un portafolio que xustifique a traxectoria do autor postulado, xunto con seis exemplares de tres títulos publicados, representativos da súa su obra. Conta cunha dotación económica de 30.000 €. Entre os gañadores do certame están o galego Juan Farias, galardoado na primeira convocatoria, e Agustín Fernández Paz, que levou o galardón no ano 2011. Na convocatoria correspondente ao ano 2015 o gañador foi Antonio Malpica (México).

Concurso de relatos **Inspiraciencia**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios **Irmandade do Libro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso Literario Xaime **Isla Couto**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

VII Premio **Jules Verne** de Literatura Xuvenil

Creado en 2006 baixo o nome de Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil e organizado por Edicións Xerais de Galicia, co intento de fomentar a creación literaria destinada específicamente ao público xuvenil. As obras presentadas teñen que ser orixinais, inéditas e escritas en lingua galega. Dende o ano 2014 mudou o nome polo de Premio Jules Verne de literatura xuvenil e o anterior premio de 7.500 € aumentouse a 10.000 €. En anteriores convocatorias resultaron gañadores: Jaureguizar, por *A Cova das Vacas Mortas* (2006); An Alfaya, por *Illa Soidade* (2007); Marilar Aleixandre, por *A Cabeza de Medusa* (2008); Rosa Aneiros, por *Ás de bolboreta* (2009); Héctor Carré, por *Febre* (2011); e Eduardo Santiago, por *O Gran Reino* (2014). Na sétima edición de 2015 a data de entrega rematou o 27 de marzo. O xurado, composto por Anxos Rial Vidal, Xesús Pena Pérez, Noemí Lage Redondo, Itziar Fernández Sömme, Nicolás

Teixeiro Garrido e Xosé Manuel Moo Pedrosa, declarou gañadora a Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) por *Europa Express*.

**Referencias varias**

- Xosé Castro Ratón, "Literatura galega con premio", *Diario de Arousa*, "Opinión", "Outra ollada", 6 xuño 2015, p. 19/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", 9 xuño 2015, p. 24.

Infórmase da entrega de premios na illa de San Simón dunha nova edición do Premio Xerais de Novela, do Premio Merlín e do Jules Verne de Literatura Xuvenil. A estes galardóns súmanse outros como os premios Plácido Castro de tradución que premiou o traballo da xaponesa Mona Imai.

- Ramón Rozas, "Solpores de esperanza", *Diario de Pontevedra*, "A vida nun fío", 6 xuño 2015, contracuberta.

Dá conta da celebración da entrega destes premios na illa de San Simón, espazo rememorado polos avatares históricos e pola cantiga de Mendinho. Ademais, infórmase do continuado descenso no uso que sofre o noso idioma e critica o papel da Xunta de Galicia.

- André Uriza, "Héctor Cajaraville recibe o premio Xerais de Novela por 'De remate", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 7 xuño 2015, p. 40.

Infórmase do acto de entrega dos premios e comenta o argumento das obras galardoadas. Achégase unha breve reseña biográfica de cada un dos autores premiados.

- Ágatha de Santos, "Héctor Cajaraville, Andrea Maceiras y Érica Esmorís, premios Xerais 2015", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 7 xuño 2015, p. 42.

Dá conta da entrega dos premios a Héctor Cajaraville, Érica Esmorís e Andrea Maceiras, respectivamente, polas súas obras *De remate*, *Nena e o mar* e *Europa Express*, das que se informa de forma breve do seu argumento.

- Jorge Lamas, "A ópera prima do xornalista Héctor Cajaraville gaña o Xerais de Novela", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 xuño 2015, p. 40.

Infórmase da entrega destes premios a Héctor Carajaville, Érica Esmoría e Andrea Maceiras polas súas obras *De remate*, *Nena e o mar* e *Europa Express*, respectivamente. Infórmase da temática das obras e resúmese a valoración que o xurado fixo delas.

- Ana Baena, "Tres novos nomes nos penates literarios", *Atlántico Diario*, "Vigo", 9 xuño 2015, p. 15.

Entrevista a Héctor Cajaraville, Andrea Maceiras e Érica Esmorís, autores premiados co Xerais de Novela, co Jules Verne e co Merlín. Héctor reflexiona sobre a súa obra e sobre a resposta que agarda dos lectores. Andrea explica como afecta o premio á súa traxectoria, analiza a obra, o xénero e o público ao que vai dirixida. Érica informa de

como valora o recoñecemento, das dificultades que supón escribir para nenos e do incremento dos lectores bilingües.

- Lucía D. Bóveda, "Andrea Maceiras. 'Un premio como o Jules Verne é un pulo importante", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 784, 26 xullo 2015, pp. 4-5.

Recolle a entrevista a Andrea Maceiras, gañadora do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2015, na que a galardoada reflexiona sobre a súa obra, o proceso de escritura e a panorámica xeral da literatura galega na actualidade.

- Cuca M. Gómez, "Por culpa de una maldita muela", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 28 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras actividades, informa da celebración dun encontro entre o alumnado do IES Valle Inclán de Pontevedra e os gañadores dos Premios Xerais 2015: Héctor Cajaraville, Andrea Maceiras e Érica Esmorís.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Lazarillo**

Este galardón, o máis antigo na Literatura infantil e xuvenil española, foi convocado polo INLE (Instituto Nacional do Libro Español) no ano 1958 co fin de estimular a literatura para a infancia e mocidade a través da produción de bos libros infantís e xuvenís. Dende o ano 1986 convócao a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI), anualmente, co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Nun principio, tiña tres modalidades: Creación literaria, Ilustración e Labor editorial. Esta última, de carácter honorífico, quedou deserta a partir de 1971 e deixouse de convocar en 1975. O premio sufriu sucesivas modificacións, entre elas o incremento das dotacións económicas e a posibilidade de presentar orixinais en calquera das linguas oficiais do Estado español. Na convocatoria de creación literaria, dende 1997, contempláronse dúas categorías que van alternando cada ano, unha infantil (obras destinadas a un lectorado menor de 12 anos) e outra xuvenil (obras destinadas a un lectorado maior de 12 anos). Existen dúas modalidades: creación literaria e álbum ilustrado. Os textos que optan ao premio (que poden comprender unha ou varias obras) teñen que ter un mínimo de oitenta páxinas (dous mil cen caracteres cada unha), no caso de narrativa e teatro, e un mínimo de cento cincuenta versos para obras de poesía. O xurado está presidido por quen ocupe a Presidencia da Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil; serán vogais un representante da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), do Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, del Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil (CliiCAT) e de Galtzagorri Ekartea, como seccións de OEPLI, e actuará como secretaria, con voz pero sen voto, a persoa que ocupe a Secretaría Técnica de OEPLI. As persoas que concursen deben remitir á Secretaría da OEPLI (Santiago Rusiñol, n.º 8, 28040 Madrid) catro exemplares de cada unha das obras coas que desexen concorrer. Os orixinais deben presentarse baixo lema, xunto cun sobre pechado co lema identificador e o título antes do 30 de maio. En anteriores edicións recibiron o galardón as seguintes obras en galego: en 1990 *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz; en 1999 *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre; en 2001 *Amar e outros verbos*, de Ana María Fernández Martínez; en 2005 *A sombra descalza*, de An Alfaya; en 2004 *A noite da raíña Berenguela*, de Xosé Antonio Neira Cruz; en 2009 *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos S. Calveiro;

e en 2012 *Leviatán*, de Ramón Trigo. Na edición correspondente ao ano 2015 a gañadora foi a galega Ledicia Costas coa obra titulada *Jules Verne e a vida secretas das Femmes Plante*.

**Referencias varias:**

- Lara Rozados, "Letras sen límites", *Luzes*, n.º 23, *República*, "Reportaxe", 2015, pp. 80-83.

Co gallo da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil a *Escarlatina, a cociñeira defunta*, de Ledicia Costas, faise un percorrido pola literatura infantil e xuvenil galega. Alúdese aos autores que recibiron este premio como Paco Martín, Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey e Agustín Fernández Paz. Reflexiónase sobre os motivos do éxito da literatura infantil e xuvenil galega fóra de Galicia. Menciónanse como precedentes a Carlos Casares, Manuel María e Neira Vilas. Conclúese salientando a relación entre o éxito da LIX e a saúde do idioma.

- Cristina Terceiro, "La gallega María Solar gana el premio Lazarillo de relato", *Diario de Arousa*/ *Diario de Ferrol*/ *El Ideal Gallego*, 31 maio 2015, contracuberta.

Recolle as declaracións de María Solar, gañadora do premio Lazarillo coa súa obra *Mi pesadilla favorita*, que fala do recoñecemento que supón este premio para un libro de literatura infantil e da posibilidade de publicalo nunha editorial tan prestixiosa como é Siruela.

_____, "A galega María Solar verque 'moito humor e sentimentos' na novela gañadora do Lazarillo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 31 maio 2015, p. 43.

Relata que María Solar, a última gañadora do premio Lazarillo coa súa obra *Mi pesadilla favorita*, fala do seu libro como unha obra chea de humor, para todos os públicos e que combina o xornalismo, a literatura e a ciencia.

- María Varela, "María Solar. 'Chegar ós lectores sen renunciar ó galego é o máis bonito", *Diario de Pontevedra*", "*reviSta!*", n.º 777, 7 xuño 2015, pp. 4-5.

Reflexiona nesta entrevista arredor da tradución das súas obras ao catalán e ao castelán, das personaxes e feitos que configuran o seu universo imaxinario, así como da súa carreira profesional. Finalmente, achega datos de carácter persoal que nos permiten coñecela mellor.

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 1 xullo 2015, p. 42.

Informa sobre as bases do premio, o premio e o prazo límite de entrega dos traballos.

_____, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para lembrar", 6 setembro 2015, p. 6.

Recorda que está próximo ao peche o prazo de presentación de orixinais para este premio de álbum infantil ilustrado.

- Camilo Franco, "Consecuencias de escribir en galego", *Tempos Novos*, n.º 222, *ProTexta*, n.º 11, "ProTagonistas", novembro 2015, pp. 74-77.

Achégase unha conversa con Gonzalo Hermo e Ledicia Costas, gañadores do Premio Nacional de Poesía e do Premio Nacional de Literatura Infantil, respectivamente. Trátanse diversos temas en varios apartados. "Escolla e proxección" está dedicado á súa decisión de escribir en galego, mentres que "Etiquetas e prexuízos" acolle unha reflexión sobre o feito de escribir poesía e literatura infantil. A seguir, en "Vida e motivos" fálase da escolla da literatura como profesión. En "Motivos de aquí e agora" afondan nesta idea, engadindo ademais algúns apuntamentos sobre a inspiración e o seu proceso de escritura. Profundízase nesta idea en "Disciplinas de escribir". O último apartado, "O escritor social", está dedicado á dimensión dos escritores como figuras públicas.

- R. L., "Ledicia Costas prosegue o seu ano triunfal nas letras ao acadar o premio Lazarillo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 69/ *El Progreso*, "Vivir", p. 51, "Cultura", 17 novembro 2015.

Recolle información sobre a dobremente galardoada Ledicia Costas, premio Nacional de Literatura Infantil pola obra *Escarlatina, a cociñeira defunta* e premio Lazarillo 2015 por *Jules Verne e a vida secreta das Femmes Plante*. Ademais achega información sobre ambas obras e o éxito acadado pola autora.

- André Uriza, "A viguesa Ledicia Costas, gañadora do Lazarillo 2015", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 novembro 2015, p. 45.

Recolle as impresións do xurado sobre a obra, da que resaltan a redacción fluída, a estrutura conseguida e a boa linguaxe literaria, coas que a autora mestura realidade e ficción cun aire de misterio que fan a lectura moi emocionante.

- Amaia Mauleón, "El gran año de Ledicia Costas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 47/ *La Opinión*, "Sociedad, cultura y ocio", p. 34, 17 novembro 2015.

Informa do premio Lazarillo 2015 que reacaeu sobre Ledicia Costas, autora da obra *Jules Verne e a vida secreta das Femmes Plante* que uns meses antes tamén obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil con *Escarlatina, a cociñeira defunta*.

Homenaxe **Letra E**. Escritor na súa terra

Ver o apartado X.6. deste *Informe*.

Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio **Manuel María** de Literatura Dramática Infantil

Convócao o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (ver o apartado X.3 do *Informe*). Poden optar textos teatrais inéditos en galego dirixidos especificamente ao público infantil, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. A contía era de 4.000 €, e na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 6.000 €. As obras deben ser de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas coleccións de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espazo baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor a AGADIC (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela). Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e na calidade da lingua. Dende o ano 2013 o premio pasou a ser bienal. Nas edicións anteriores concedeuse o galardón en 2006 a *Boas noites*, de Paula Carballeira; en 2007 a *Game over*, de Carlos Losada; en 2008 a *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa; en 2009 a *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2010 a *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, de Francisco Xavier Lama López; en 2011 a *O refugallo*, de Paula Carballeira; e en 2014 a *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas. En 2015 non tocaba convocatoria.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Meiga Moira**

Convocado por primeira vez no ano 2004 por Baía Edicións. Está dotado dun único premio de 2.500 € e a publicación da obra na colección "Meiga Moira" de Baía Edicións. A súa convocatoria é bienal. Está dirixido a obras inéditas de creación literaria, en galego, sen límite de páxinas, dirixidas a nenas e nenos de 8 a 16 anos. Da obra inédita e non premiada deben enviarse cinco copias baixo lema nun sobre pechado cos datos persoais do autor antes do 17 de maio a Baía Edicións (Polígono Pocomaco, 2ª avda., Parcela G-18, nave posterior, 15190 A Coruña). O xurado está composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da editorial, que actúa como secretaria. En edicións anteriores recibiron o galardón *O lume dos soños*, de Cibrán Ulloa (2004); *Lóbez*, de Antonio Yáñez Casal (2006); *Globos de andar*, de Xavier López Rodríguez (2008); *Violeta Tamurana*, de Andrea Maceiras (2010); *Bandeiras negras*, de Ana María Gallego Gen (2012); e *Miña querida Sherezade*, de Andrea Maceiras (2014). No 2015 non tocaba convocatoria.

XXX Premio **Merlín de Literatura Infantil**

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Dotado de 10.000 €, poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal hai que presentar seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (rúa Dr. Marañón, n.º 12, 36211 Vigo, Pontevedra). Co orixinal, presentado baixo lema, debe acompañarse, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre: para o Premio Merlín de Literatura Infantil. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, é constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, pode publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres de pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibe gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores o galardón foi para: *A casa abandonada* (1987), de Úrsula Heinze, en 1986; *A princesa Lúa e o enigma de Kian* (1988), de Palmira González Boullosa, en1987; *Ó outro lado do sumidoiro* (1989), de Xosé A. Neira Cruz, en 1988; *As flores radiactivas* (1990), de Agustín Fernández Paz, en 1989; *Fafarraios* (1991), de Gloria Sánchez García, en 1990; *Dúas bágoas por Máquina* (1992), de Fina Casalderrey Fraga, en 1991; *Os Mornias* (2005), de Dolores González Lorenzo, en 1992; *O gaiteiro e o Rato Pérez* (1994), de Bernardino Graña, en 1993; *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre, en 1994; *Perigo vexetal* (1995), de Ramón Caride Ogando, en 1995; *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro, en 1996; *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya, en 1997; *A noite das cabras do aire* (1999), de Bieito Iglesias, en 1999, *As cousas claras* (2000), de Xosé A. Neira Cruz, en 2000; *A merla de trapo* (2003), de Antón Cortizas Amado, en 2001; *Pel de lobo* (2002), de Xosé Miranda Ruíz, en 2002; *Irmán do vento* (2003), de Manuel Lourenzo González, en 2003; *O Brindo de Ouro* (2004), de Xesús Manuel Marcos López, en 2004; *Unha branca de cobre para Martiño* (2005), de Ramón Carredano Cobas, en 2005; *O tesouro da lagoa de Reid'Is* (2006), de Agustín Agra Barreiro, en 2006; *Minimaladas* (2007), de Carlos López Gómez, en 2007; *Xenaro e o misterio da mochila verde* (2009), de Mar Guerra Cid, en 2008; *Mil cousas poden pasar. Libro I* (2010), de Jacobo Fernández Serrano, en 2009; *A filla do ladrón de bicicletas* (2011), de Teresa González Costa, en 2010; *A chave da Atlántida* (2012), de Anxo Fariña, en 2011; *Palabras de auga* (2013), de Marcos Calveiro, en 2012; *O Castañeiro de Abril* (2014), de Antonio Fraga, en 2013; e *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2015), de Ledicia Costas en 2014. O xurado da edición correspondente ao ano 2015, formado por Alicia Borrás, Dani Padrón, Daniel Landesa, Celia Pereira Porto, Carmen Pereiro González e Helena Pérez Fernández, en representación de Xerais, actuando como secretaria, con voz e sen voto, o día 6 de xuño nun acto na illa de San Simón na Festa Xerais, no que actuou como mantedor literario o escritor Miguel Vázquez Freire, acordou outorgar o galardón á obra intitulada *Nena e o mar*, de Érica Esmorís (A Coruña, 1977).

**Referencias varias**:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 19 febreiro 2019, p. 36.

Recórdase que está aberto o prazo para enviar orixinais á XXX edición do Premio Merlín de Literatura Infantil, convocatoria da que se lembran as bases e a contía do premio.

- Xosé Castro Ratón, “Literatura galega con premio”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 6 xuño 2015, p. 19/ *El Ideal Gallego*, “Opinión”, 9 xuño 2015, p. 24.

Infórmase da entrega de premios na illa de San Simón dunha nova edición do Premio Xerais de Novela, do Premio Merlín e do Jules Verne de Literatura Xuvenil. A estes galardóns súmanse outros como os premios Plácido Castro de tradución que premiou o traballo da xaponesa Mona Imai.

- Ramón Rozas, “Solpores de esperanza”, *Diario de Pontevedra*, “A vida nun fío”, 6 xuño 2015, contracuberta.

Dá conta da celebración da entrega destes premios na illa de San Simón, espazo rememorado polos avatares históricos e pola cantiga de Mendinho. Ademais, infórmase do continuado descenso no uso que sofre o noso idioma e critica o papel da Xunta de Galicia.

- André Uriza, “Héctor Cajaraville recibe o premio Xerais de Novela por ‘De remate”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 7 xuño 2015, p. 40.

Infórmase do acto de entrega dos premios e comenta o argumento das obras galardoadas. Achégase unha breve reseña biográfica de cada un dos autores premiados.

- Ágatha de Santos, “Héctor Cajaraville, Andrea Maceiras y Érica Esmorís, premios Xerais 2015”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xuño 2015, p. 42.

Dá conta da entrega dos premios a Héctor Cajaraville, Érica Esmorís e Andrea Maceiras, respectivamente, polas súas obras *De remate*, *Nena e o mar* e *Europa Express*, das que se informa de forma breve do seu argumento.

- Jorge Lamas, “A ópera prima do xornalista Héctor Cajaraville gaña o Xerais de Novela”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 xuño 2015, p. 40.

Infórmase da entrega destes premios a Héctor Carajaville, Érica Esmoría e Andrea Maceiras polas súas obras *De remate*, *Nena e o mar* e *Europa Express*, respectivamente. Infórmase da temática das obras e resúmese a valoración que o xurado fixo delas.

- Ana Baena, “Tres novos nomes nos penates literarios”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 xuño 2015, p. 15.

Entrevista a Héctor Cajaraville, Andrea Maceiras e Érica Esmorís, autores premiados co Xerais de Novela, co Jules Verne e co Merlín. Héctor reflexiona sobre a súa obra e sobre a resposta que agarda dos lectores. Andrea explica como afecta o premio á súa

traxectoria, analiza a obra, o xénero e o público ao que vai dirixida. Érica informa de como valora o recoñecemento, das dificultades que supón escribir para nenos e do incremento dos lectores bilingües.

- María Varela, "Érica Esmorís. 'O premio Xerais é unha transfusión de confianza", *Diario de Pontevedra*, "*reviSta!*", n.º 779, "Entrevista", 21 xuño 2015, pp. 4-5.

Entrevista a Érica Esmorís, gañadora do Premio Merlín 2015 co volume *Nena e o mar*. Recóllense algunhas das consideracións feitas polo xurado e coméntase que ao día seguinte de coñecerse os premios Xerais saíu do prelo o seu segundo título: *Ulises e as cronoamigas*, obra sobre a cal se fala.

- ELOS, "Érica Esmoris (A Coruña, 1977)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 7 xullo 2015, p. 40.

Comenta o contido da obra gañadora deste premio e cita as persoas integradas no xurado.

- Álvaro Inglés, "Érica Esmorís. 'O importante é que a aventura que conto aos nenos actuais lle guste á nena que fun", *La Opinión*, 30 xullo 2015, contracuberta.

Entrevista a Érica Esmorís durante a cal a autora revela a idea da que xurdiu a obra, as súas fontes de inspiración e o seu concepto de literatura.

- Cuca M. Gómez, "Por culpa de una maldita muela", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 28 novembro 2015, pp. 78-79.

Entre outras actividades, informa da celebración dun encontro entre o alumnado do IES Valle Inclán de Pontevedra e os gañadores dos Premios Xerais 2015: Héctor Cajaraville, Andrea Maceiras e Érica Esmorís.

III Premio "**Muíño do Vento"** de Textos de Contraportada

Creado en 2013 pola Asociación Cultural Muíño do Vento, do barrio de Canido (Ferrol) para galardoar os textos de contracuberta e lapelas de libros de Literatura infantil e xuvenil publicados en galego no ano 2012 nos diferentes xéneros. O galardón consiste nun cadro do pintor ferrolán Poldo Rapela que se entregará ao autor do libro, con independencia de quen sexa o autor do texto da contracuberta e lapelas. As copias da capa e contracapa da obra e os datos persoais débense enviar a esta Asociación (Pintor Máximo Ramos, n.º 7-9, 2º C, 15401 Ferrol) ou envialas como arquivo adxunto de PDF ao correo electrónico directiva@muinhodovento.es antes do 15 de febreiro. Na edición correspondente ao ano 2015, o xurado, composto por María José Ces Rioboo, Carmen Cuesta García, Ánxeles Pernas García e Antonio Yánez Casal, decidiu premiar a obra *Acariciando o ceo* da autoría de Fernando M. Cimadevila.

**Referencias varias:**

- Nicolás Vidal, "Fernando Cimadevila gaña de novo o Premio de Textos de Contraportada de Muíño do Vento", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 28 abril 2015, p. 15.

Infórmase de que Fernando Cimadevila gaña por segunda vez o Premio de Textos de Contraportada, convocada pola asociación cultural Muíño do Vento de Canido, coa súa obra *Acariciando o ceo*. Informa que o acto de entrega terá lugar o domingo 3 de maio no Centro Cívico de Canido.

II Certame **Mulleres de Lemos**

Co propósito de conmemorar o Día da Muller, o Colectivo Lemos Le convoca este certame. Estabelécense dúas modalidades: traballo de divulgación e banda deseñada (para participantes de entre 12 e 18 anos). Os premios consisten nun diploma, lote de libros, cea para dúas persoas e outro lote de produtos da Ribeira Sacra. Nesta segunda edición os traballos han de versar sobre a figura de María Castaña. A entrega de premios terá lugar o 24 de outubro. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron, en traballos de divulgación, Xurxo Ayán (Lugo, 1976); e na modalidade de banda deseñada Sara Rodríguez Barrientos e Víctor Rodríguez Fernández (alumnos do IES Daviña de Monforte de Lemos).

**Referencias varias:**

- I. V., "El II Certame Mulleres de Lemos recibirá trabajos hasta el 30 de este mes", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 7 maio 2015, p. 27.

Infórmase da convocatoria deste premio organizado polo colectivo Lemos Le. E que se recibirán traballos até o 30 de maio en dúas modalidades, cómic e divulgación.

Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios **Nacionais de Literatura**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio **Nacional de Cómic**

Galardón outorgado polo Ministerio de Cultura de España dentro dos Premios Nacionais, creado en 2007 a fin de recoñecer o mellor cómic publicado en España en calquera das linguas cooficiais, ao longo do ano anterior á entrega do premio. Está dotado dunha contía de 20.000 €. No ano 2009 o premio para a mellor obra foi para o álbum *As serpes cegas* (2008), editado polo colectivo galego BD Banda, con guión do madrileño Felipe Hernández Cava e con debuxos do mallorquín Bartolomé Segui; no ano 2011 o galardón foi para Santiago Valenzuela por *Plaza Elíptica*; no ano 2012, o

galardón concedéuselle a *Dublinés*, de Alfonso Zapico, publicado por Astiberri Ediciones; e no ano 2013, o premio foi para Miguelanxo Prado por *Ardalén*. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron Santiago García (Madrid, 1968) e Javier Olivares (Madrid, 1964) coa obra titulada *Las Meninas*.

Certame de relatos **O lugar onde vivo**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame Literario de Relatos Curtos **Os Viadutos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

XII Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil **Pura e Dora Vázquez**

Convocado pola Deputación de Ourense dende o ano 2003 e dotado de 3.000 € para cada modalidade, ilustración e narración, e a publicación do libro. Na modalidade de narración os textos en lingua galega, orixinais e inéditos deben presentarse en seis copias no rexistro da Deputación de Ourense (Rúa Progreso, 32, 32003 Ourense) antes do día 12 de setembro. Na modalidade de ilustración diríxese a ilustradores de calquera nacionalidade que presenten as súas ilustracións inéditas e orixinais, non menos de dez, tomando como base o texto premiado, no Rexistro Xeral antes do 20 de decembro. En anteriores edicións recibiron o galardón: *Adeliña*, de Celia Díaz no ano 2003, ilustrado por Luís Sendón; *Alende*, de Antón Cabaleiro en 2004, ilustrado por Jacobo Muñíz; *Por que Baldomero Quintáns*, de Raquel Laso Lorenzo en 2005, ilustrado por María Puertas; *A historia máis incrible que nunca liches*, de Breogán Riveiro en 2006, ilustrado por Alberto Vázquez; *O nariz de Fiz*, de Miro Villar en 2007, ilustrado por Lola Lorente; *Encontros ás agachadas*, de Concha Blanco en 2008, ilustrado por David Pintor; *Palabra era un universo paralelo*, de Xoán Babarro en 2009, ilustrado por Nuria Díaz; *O papaventos de Laura*, de María Canosa en 2010, ilustrado por Daniel Iglesias Padrón; *Rugando*, de Celia Díaz Núñez en 2011, ilustrado por Pilar Marcó; *Por qué está triste o miañas?*, de Ángela Fernández Rey en 2013; *O trasno de Bóveda*, de Luis Antonio Pérez en 2014. Na edición correspondente ao ano 2015 resultou gañadora na modalidade de poesía Eli Ríos (Londres, 1967) coa obra *Bicha* e na modalidade de ilustración Patricia Román Ortega (Ciudad Real).

**Referencias varias:**

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 25 febreiro 2015, p. 41.

Lémbrase que o vindeiro 30 de marzo remata o prazo de entrega deste premio.

- Sonia Torre, "Patricia Román. 'Son muchas horas de trabajo, por eso un premio es algo que se agradece", *La Región*, "Ourense", 18 abril 2015, p. 11.

Infórmase da gañadora que por segundo ano consecutivo recaeu en Patricia Román. Dise que o seu traballo se baseou na obra *Bicha*, gañadora do premio de narración da escritora coruñesa Eli Ríos.

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", 27 decembro 2015, p. 4.

Lembra a data límite para presentar os orixinais a este premio e indica onde se poden consultar as súas bases.

Certame literario **Ramón Martínez López**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso de Relatos Curtos **Redes de Letras**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

X Premio **Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil**

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña cunha dotación de 6.500 €, ademais da edición da obra gañadora a través do Servizo Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Dende o ano 2000, a súa convocatoria pasou a ser bienal. Segundo as bases, ao premio poden presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estrutura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil ou xuvenil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión é libre e pódense incluír ilustracións que fagan alusión ao argumento. Os orixinais deben presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados, baixo título e un lema, provistos de plica en que se faga constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debe facerse na Deputación Provincial da Coruña (Avenida Alférez Provisional, n.º 2, 15006 A Coruña), indicando no sobre "Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa". En edicións anteriores foron galardoadas *Cos pés no aire*, de Agustín Fernández Paz en 1998; *Velaí vai o verme*, de Mario Pereira Fernández en 1999; *Resalgario en Trasgalicia*, de Antonio Reigosa Carreiras en 2000; *O armiño dorme*, de Xosé A. Neira Cruz en 2002; *Tonecho de Rebordechao*, de Breogán Riveiro Vázquez en 2004; *Viaxe a Libunca*, de Antonio Yáñez Casal en 2006; *A peripecia de Roi*, de Carlos López Gómez en 2008; *Centauros do norte*, de Marcos Calveiro en 2010; e *Reo*, de Xesús Fraga en 2013. Na X edición, correspondente ao ano 2013 o xurado, formado por María Paz Castro Piñeiro, María de las Mercedes Cerdeira Uría, Esther Gómez Suárez, Begoña Llamosas Albizu e Fernando Molezún Rodríguez, concedeulle o premio á novela *Vidas cruzadas*, de Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1975).

**Referencias varias:**

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 17 marzo 2015, p. 43.

Anúnciase o remate do prazo de presentación de orixinais para o X Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Raíña Lupa, que convoca a Deputación Provincial da Coruña, e engádese o enderezo electrónico no que se poden consultar as bases.

_____, "X Premio de LIX Raíña Lupa", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 13 decembro 2015, p. 36.

Comenta os aspectos máis destacados polo xurado da obra gañadora e lembra os gañadores de edicións pasadas.

Concurso **Relatos de Verán. La Voz de Galicia**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Concurso **Teatro Infantil O Facho**

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho recuperou este concurso no que poden participar obras inéditas en lingua galega non representadas, nin premiadas noutros certames cun máximo de oitenta folios, presentadas por quintuplicado a dobre espazo, baixo lema, e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor. Estabelécese un galardón único de 500 €, a edición da obra e un mínimo do 40% da edición. Os orixinais deben enviarse por correo á sede da Asociación Cultural O Facho (R/ Federico Tapia n.º 12-1º, 15005 A Coruña) ou á Caixa de Correos n.º 46, Oficina Principal da Coruña, até o 31 de marzo. Os premiados en edicións anteriores foron: Carlos Casares, por *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, en 1973; Euloxio Ruibal, por *O roubo do aparello*, en 1974; Manuel Lourenzo, por *Viaxe ao país de ningues*, en 1975; Dora Vázquez, por *Cascabel, o cabaliño do circo*, en 1976; Manuel Lourenzo, por *Todos os fillos de Galaad*, en 1979; Manuel Lourenzo, por *Viva Lanzarote*, en 1981;Manuel Lourenzo, por *O soño das cidades*, en 1986; Manuel Lourenzo, por *O bosque máxico de Xabarín*, en 1988; Carmen Blanco Sanjurjo, por *A fuga*, en 2012; Carlos Labraña, por *Espantallo*, en 2013; e Carlos Labraña, por *Moito morro corporation Sociedade Ilimitada*, en 2014 . Na edición correspondente ao ano 2015 o gañador foi Carlos Labraña por *Estrela... fugaz?*.

**Referencias varias:**

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 5 marzo 2015, p. 42.

Lembra que o 31 de marzo pecha o prazo para presentarse a este premio e indica a web onde se atopan as bases.

Certame Literario **Terras de Chamoso**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

**The White Ravens Galegos**

A Internationale Jugendbibliothek de Munich publica anualmente unha selección das mellores obras de literatura infantil e xuvenil. En 2006 foi escollido *A cousa que máis doe do mundo*, de Paco Liván e Roger Olmos; en 2007 *A princesa do Caurel*, de Patacrúa e Javier Solchaga; en 2008 *Ovos duros*, de Marisa Núñez e ilustrado por Teresa Lima; *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros e *O último canto*, de Pablo Albo e Miguel Ángel Díez, en 2010; *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro e *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto&Chinto, en 2011; *A viaxe de Olaf*, de Martín León Barreto, editado por Kalandraka, e *Zimbo*, de Arturo Abad e Joanna Concejo, editado por OQO, en 2012; e *Bandada*, de Manuel Rodríguez e con ilustracións de David Daniel Álvarez Hernández e María Julia Díaz Garrido. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron María Solar, con *O meu pesadelo favorito*, e Miguel López, con *Feliz Feroz*.

VIII Concurso literario **Verbas para... comunicar**

Certame convocado pola Concellaría de Xuventude do Concello de Soutomaior co fin de promover a lingua galega entre a mocidade. Pode participar calquera mozo ou moza matriculado nalgún curso da ESO, FP ou Bacharelato que estea empadroado no Concello de Soutomaior e que non supere os 18 anos. Os traballos serán orixinais, de temática libre, escritos en lingua galega e non superarán as doce liñas. Estabelécense dúas categorías: entre 12 e 14 anos (categoría A) e entre 15 e 18 anos (categoría B). Levarán premio seis traballos por cada categoría. Na edición correspondente ao ano 2015 os premiados da categoría A foron: Kesia Martínez Domínguez, por "O tesouro de Galicia"; Óscar Álvarez Vidal, por "Unha nova oportunidade"; Uxía López Estévez, por "Elas"; Lúa Costas Pérez, por "Teño medo"; María Acebo Lago, por "Sen título"; e Alejandro Padín Núñez, por "A primavera". Na categoría B os premiados foron Lucía Alonso González, por "Caídas"; Javier Montero Ochoa, por "Reloxo e tempo"; Sara Barreiro Rúa, por "Futuras estrelas"; Antía Iglesias Rodríguez, por "As pedras"; Andrea Fátima Vila Nieto, por "A galería das areas"; e Andrea Paz Valladares, por "Sen título".

**Xogos Florais María Pita**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premios **Xuventude Crea**, anteriormente coñecidos como GZCrea

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

# X. 8. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

XXIV Concurso Literario **Achegamento ao Libro**

Coa finalidade de animar os escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal Don Francisco Mayán e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixanova, convocan este concurso. Nel pode participar todo o alumnado de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, en galego, deben ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema debe estar relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entréganse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Existen cinco premios de diferente contía (que vai en vales dos 50 € aos 90 €) para os distintos ciclos de Primaria e Secundaria, que se entregan en vales para material didáctico e libros, unha parte dos cales é doada pola entidade Caixanova. O xurado ten facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. Na XXIV edición resultaron gañadores: na categoría de 1º ciclo de Primaria, Aisha Canosa Cerviño (Colexio Manuela Rial Mouzo de Cee) con "Ana descubre a bicicleta"; en 2º ciclo de Primaria, Ainhoa Trillo Atán (Colexio Manuela Rial Mouzo de Cee), con "A historia de Laura"; no 3º ciclo de Primaria, Mateo Pérez Soto (Colexio Eugenio López), con "Conto para contares e volver a contares"; en 1º ciclo da ESO, Lara Canosa Domínguez (IES Fin do Camiño de Fisterra) con "O libros de tapas de coiro"; e en 2º ciclo de ESO, José Carlos Rey Trillo (Colexio Manuela Rial Mouzo de Cee) con "Pasando páxina".

**Referencias varias:**

- José Manuel Ramos, "Vintecatro anos de concursos literarios na biblioteca de Cee", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", 15 maio 2015, p. 8.

Nomea os gañadores do XXIV Concurso Literario Achegamento ao Libro, do concurso na Procura do Noso IV Cómica e do XI Concurso En Busca do Noso Marca-Páxinas. Tamén salienta que os escolares do concello de Zas celebraron o Mes das Letras con obradoiros e sesións de contacontos.

Certame relato curto **Antonio Fernández Pérez**

Convocado, dende o ano 2009, polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria e da ESO dos centros de ensino desa comarca. O relato ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere dous folios e asinado cun lema. Os traballos preseleccionados reciben como premio un lote de libros e estabelécense tres premios de 90 €, 60 € e 30 € por cada un dos catro niveis nos que se pode concursar. O ditame dos galardóns tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do Día das Letras Galegas. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron na categoría de 5º e 6º de

Primaria: Iria Rey Álvarez, con "O brillo dunha heroína" (1º premio); Manuel Añel Prieto, con "O soño de Amazigh" (2º premio); e Sara Xing Moredo, con "Reconciliación" (3º premio); na categoría de 3º e 4º de ESO: Daniela Domínguez Gómez, con "A melodía do silencio" (1º premio); Natalia Salgueiro López, con "Cen golpes" (2º premio); e Lucía Rodríguez González, con "Mírame, mírate" (3º premio).

XII Premios **Buero de Teatro Joven**

Denominado até 2007 Premio Candilejas, que organizaban o Ministerio de Cultura, o Ministerio de Educación e Ciencia e a Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña, para promover o gusto e a afección polo teatro e estimular a creatividade artística da mocidade. Naceron en honra do insigne académico español Antonio Buero Vallejo, considerado un dos dramaturgos máis importantes da segunda metade do século XX. Contan con dúas categorías, a fase autonómica e a fase nacional, e diríxese a mozos entre 14 e 21 anos de centros escolares ou non escolares como asociacións ou centros culturais. Na fase autónomica existen as seguintes categorías: Centro Escolar, Finalista Autonómico, Centros Culturais e Mencións Especiais. Os premios consisten para o grupo teatral gañador da categoría de Centro Escolar e o grupo teatral pertencente a Centros Culturais, nun lote de material para a actividade teatral, unha copia da gravación da súa montaxe teatral e un lote de material didáctico sobre teatro; para o Finalista Autonómico, nun galardón acreditativo e un lote de material didáctico sobre teatro; e as Mencións Especiais, nun diploma acreditativo. Pola súa banda, na fase nacional, estabelécense premios para os catro grupos finalistas: primeiro, segundo e terceiro clasificado na categoría de Centros Escolares e gañador na categoría de Centros Culturais. O galardón consiste nunha invitación pola organización, con todos os gastos pagos, para representar as súas obras no Teatro Nacional de Madrid no transcurso dunha gala na que se coñecen os gañadores e se entregan os galardóns. Ademais, son invitados todos os compoñentes de cada grupo a asistir, con todos os gastos pagos, a unha das feiras ou festivais nacionais durante cinco días, mentres os gañadores das Mencións Especiais reciben un galardón acreditativo. No ano 2013 tamén se incluíu un premio votado polo público a través dunha aplicación en liña. En Galicia recibiron o galardón da fase autonómica o grupo Vai no Dentista do IES Xelmírez (Compostela), na categoría de teatro escolar, polo espectáculo *Fóra do xogo*; e na categoría non escolar Palimoquiños con *Real ou non*. A entrega realizouse no teatro centro sociocultural Ágora da Coruña.

**Referencias varias:**

- ECG, "Coca-Cola, con los jóvenes y la escenografía", *El Correo Gallego*, "Tendencias/Esquelas", 1 marzo 2015, p. 45.

Fálase desta edición dos premios e salienta que no marco desta edición, cerca de cincuenta mozos veñen de participar no Minicampus de Inverno de Galicia, no Centro Cultural Ágora, onde se celebraron obradoiros de Expresión Corporal e Improvisación.

- Joel Gómez, "Vai no Dentista, del Xelmírez I, celebra 20 años en el escenario", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 30 maio 2015, p. L2.

Infórmase de que o grupo Vai no Dentista celebrou os seus vinte anos enriba dos escenarios coa representación de escenas dos seus éxitos máis famosos como foron *Temptation*, *Carraxe*, *A onda*, *Fóra de xogo* e *O incidente*, obra pola que recibiron o premio Buero de Teatro Joven. Ademais de xustificar o nome do grupo, Sagrario Torrado dá conta dos beneficios do teatro e Manuel Portas destaca esta iniciativa como unha empresa normalizadora para o idioma.

Concurso de Contos de Nenos para Nenos **Carlos Casares**. Asociación Cultural O Facho

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho recuperou este certame en homenaxe ao primeiro gañador do Certame de Literatura Infantil no ano 1968 coa obra *A galiña azul.* Está dirixido a rapaces e rapazas que presenten os seus relatos orixinais e inéditos en lingua galega. Os orixinais cos datos persoais do autor deben enviarse por duplicado por correo á sede da Asociación Cultural O Facho (Rúa Federico Tápia n.º 12-1º, 15005 A Coruña) ou entregarse no seu centro escolar. Consta de dúas categorías: A, para nenos e nenas de 6 a 12 anos, cun máximo de cinco folios e dous premios; e B, para rapaces e rapazas de 13 a 16 anos, cun máximo de dez folios e dous premios. Os galardóns contan cunha dotación de 100 € e un lote de libros doados pola Editorial Galaxia para ambas categorías. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de entrega dos orixinais pechou o día 15 de abril e os gañadores foron: na categoría A, María Carballo Rodríguez por "Mentres dormes" (1º premio) e Clara Brage Amado por "O roubo de Pontenova" (2º premio); na categoría B, Jéssica Lorenzo González por "Samaín" (1º premio) e Carme Castrillo Solto por "Pecha os ollos" (2º premio).

II Certame literario **Carmela Loureiro**

Premio convocado polo Concello de Ferrol e pola Coordenadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra no que poderá participar todo o alumnado dos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol e comarcas. Hai tres categorías por cada unha das modalidades: Categoría A (1º e 2º da ESO); Categoría B (3º e 4º da ESO) e Categoría C (Bacharelato e Ciclos). Existen dúas modalidades: microrrelatos e micropoesía. Na primeira o límite serán cento cincuenta palabras e o texto deberá comezar por "Xa cho advertira..."; na segunda modalidade, non se poderá exceder dos seis versos. Os textos deberá estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos. O agasallo consiste nunha *tablet* por cada categoría en cada unha das dúas modalidades. A deliberación divídese en dúas fases: fase interna (escolla de textos nun propio centro) e fase intercentros (intercambio entre os centros dos textos escollidos anteriormente).

III Certame poético **Carme de Xinzal**

Concurso convocado pola Asociación Cultural O Fervedoiro. O acto de entrega realizouse o 26 de maio. Os gañadores foron Paula Eiras Campos, Abraham Amor Amado e Jennifer Mesejo Puga.

XXVII Certame de relato curto e poesía **Celso Emilio Ferreiro**

Convocado polo IES Celanova Celso Emilio Ferreiro para o alumnado de ensino medio de Galicia. Os interesados poderán presentar as súas obras, inéditas en lingua galega e con alusións ao mundo fantástico, nas modalidades de relato curto (cunha extensión máxima de dous folios) ou poesía (extensión máxima catorce versos). Deberán enviar ao correo electrónico ies.celanova@edu.xunta.es dous arquivos en PDF: un co traballo e un pseudónimo, e outro co pseudónimo, os datos persoais e o colexio onde estuda. O premio de ambas as modalidades consiste en 100 €, un diploma acreditativo e a publicación dos traballos nos medios escritos e electrónicos do instituto celanovés. O xurado, composto por membros da comunidade escolar, dará a coñecer o fallo durante a celebración dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas. Na edición de 2015 o prazo de presentación dos traballos rematou o 1 de xuño.

II Concurso de microrrelatos e micropoemas **Centros da Estrada**

Premio convocado por primeira vez en 2014 polo Equipo de Dinamización Lingüística do CEIP de Oca e organizado polos centros educativos do concello. Os textos deberán estar en galego e no modelo de microrrelatos non superar as cen palabras e en micropoemas ter como mínimo dous versos e como máximo oito. Existen tres categorías: Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato. Concederase un premio por categoría e por centro. Os traballos premiados foron Patricia Riveira Magán, Alba Mato Búa, Uxía Prado Cerqueiro, na sección de microrrelatos; e María Rozados Balboa, Nicolás Luna Puente e Lucía Tilve García, na sección de micropoemas.

**Referencias varias:**

- C. B., "Más de 200 obras, en el concurso literario estradense", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.218, 21 marzo 2015, p. 7.

Informa que se presentaron máis de duascentas obras e que os premios se entregarán no mes de maio.

Concurso de relatos **Ciencia que conta**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

V Concurso de creación literaria **Concello de Betanzos**

Certame organizado polo Concello de Betanzos coa intención de promover a escrita creativa entre o alumnado de secundaria dos centros educativos do propio municipio. Poderán participar todo o alumnado que estea a cursar ESO, FP ou Bacharelato (até os 18 anos) nos centros de Betanzos. Hai dúas modalidades (relato e poesía) e dúas categorías: ESO e FP-Bacharelato. Os traballos serán inéditos, escritos en lingua galega e de temática libre. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron: na categoría da ESO Clara Rodríguez Núñez, por "A través de imaxes"; Julia Nieto

Mantiñán, por "Ríos"; e Tamara Castro Mosquera, por "O segredo da avoa". Na categoría de FP-Bacharelato, a gañadora foi Sara Parga Pérez por "Caladiña estás máis sumisa".

V Concurso de microrrelatos do **Concello de Fene**

Certame organizado polo Concello de Fene e os equipos de normalización lingüística dos centros de ensino do municipio. Poderá participar calquera estudante destas escolas cun texto escrito en lingua galega que non poderá superar as cento cincuenta palabras, coa temática relacionada coas lembranzas e que necesariamente comezará co verso de Valente "É agora a hora...". O concurso consta de catro categorías (5º e 6º de Primaria; 1º e 2º da ESO; 3º e 4º da ESO; e Bacharelato e Ciclos Formativos) e existen dúas fases: unha interna e outra intercentros. Estabelécese un agasallo por categoría e os textos premiados serán publicados en formato papel e dixital. Na edición correspondente ao ano 2015 resultaron gañadores Paula Cutrín (categoría 5º e 6º de Primaria), Diego Rey (1º e 2º da ESO), Tatiana Luaces (3º e 4º da ESO) e David Lamas (Bacharelato e Ciclos Formativos).

XIV Premio de Narración Curta para Escolares **Concello de Marín**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

IV Concurso de Microrrelatos do **Concello de Silleda**

A Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Silleda convoca por primeira vez no ano 2012 este certame, no marco do Plan de Dinamización Lingüística do Concello, que recibiu unha subvención do goberno autonómico para levar a cabo numerosas actividades que contemplan actuacións en varios eidos e entre diferentes franxas de idade. As obras presentadas deben estar integramente feitas en lingua galega, e poden concursar todas as persoas censadas en Silleda segundo dúas categorías: de 6 a 12 anos (categoría A) e de 13 anos en adiante (categoría B). Os microrrelatos non poden superar os cincocentos caracteres de extensión a ordenador ou de cen palabras a man, e a temática é libre. Deben presentarse no Concello, ou ben en rexistro ou ben a través do correo postal, impresos en DIN-A4 e firmados cun pseudónimo, acompañados dun sobre pechado onde por fóra estea escrito o pseudónimo e no interior unha tarxeta cos datos persoais. O galardón consiste nun e-book para o participante valorado en 100 € e nun lote de libros en galego para o centro educativo ao que pertenza, valorado en 50 €. Na edición correspondente ao ano 2015 a temática será "Collemos tod@s". O xurado, formado pola concelleira Margarita Campos , por Salomé Sotuelo (xornalista de *Faro de Vigo*) e Raquel Torres (xornalista do *Diario de Pontevedra*) decidiu premiar na categoría A a Carla Lorenzo Pérez, co texto "Desafiuzamento" e na categoría B a Uxía Barros Rodríguez, por "Pleno Século XXI".

I Concurso de relatos **Cóntame un conto**

Certame organizado pola Fundación Meniños co propósito de conmemorar o aniversario da Convención sobre os dereitos do neno e que conta coa colaboración de Gadis e Librería Cascanueces. O concurso está aberto ao estudantado de ESO que presente relatos cunha extensión de entre de oitocentas e seiscentas palabras, escritos en lingua galega, orixinais e inéditos. A temática fará alusión ao tema dos valores da infancia en positivo. O premio consiste na entrega de libros e un diploma. O xurado, formado por Manuel Guisande, María Canosa e Carlos López (Chinto), decidiu premiar a Amaia Tomé por "O libro secreto de Chris", Noemí Barros por "O trasno viaxeiro" e Daniela Rey por "Brancas Nubes".

Premio de Relatos Cursos e Contos **Daniel García Ramos**

Existen dúas categorías: unha para menos de 13 anos e outra para maiores de 13 e menores de 18 anos. Os gañadores desta edición foron Paula Ferreira Gesto (CPI San Vicente da Baña), por "As bolboretas de xaneiro"; José Ramón Cisneros Paz (IES Xulián Magariños de Negreira), por "Ish"; Alba Mato Búa (IES Manuel García Barros da Estrada), por "Reunión no instituto"; Alba Pérez Nieto (CPI San Vicente da Baña), por "Candela e o seu soño"; e Zaira Blanco Rial (CPI San Vicente da Baña), por "Noliño, o castiñeiro".

**Referencias varias:**

- S. V., "A Baña acolleu a entrega do XII Premio de Relatos Curtos Daniel García Ramos", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", 1.280, 23 maio 2015, p. 7.

Fálase do acto de entrega dos premios literarios de Relatos Curtos e Contos á memoria de Daniel García Ramos, organizado pola Fundación Amigos de Galicia, o CPI San Vicente de A Baña e a Xunta de Galicia. Faise una relación dos galardonados nas diferentes categorías.

XIII Premio Literario **Don Diego Sarmiento de Acuña**, Conde de Gondomar

Dende a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Gondomar (Pontevedra) convócase anualmente este premio literario para contribuír a potenciar a creatividade literaria da mocidade en lingua galega. Estabelécense dúas modalidades: poesía e relato curto. Poderán participar todos os autores de 3º Ciclo de Educación Primaria (1º categoría), de 1º a 3º da ESO (2º Categoría) e 4º da ESO e Bacharelato (3º Categoría) que residan no Val Miñor e non superen os vinte anos. Existen dúas modalidades: poesía (extensión entre catorce e cincuenta versos) e relato curto (máximo quince folios). Poderán enviar unha única obra por cada unha das modalidades, de tema libre, antes do 13 de abril e dirixido ás oficinas do Concello de Gondomar (Rexistro). Os premios repártense en 150 € (1ª categoría), 200 € (2ª

categoría) e 300 € (3ª categoría). Tamén se premiará con 250 € ao centro con maior participación e calidade. Na edición correspondente ao ano 2015

Certame de Poesía da biblioteca municipal de **Escairón**

Certame convocado pola biblioteca municipal de Escairón (Lugo) dirixido aos máis novos, en que se estabelecen tres categorías: até 8 anos (categoría A), de 9 a 11 anos (categoría B) e de 12 a 16 anos (categoría C). As obras galardoadas exporanse publicamente na propia biblioteca. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo pechouse o día 22 de decembro. As premiadas foron Andrea Valentina Marica (categoría C) e Xiana López Sánchez e Usama Saber Chakour (categoría B).

IV Certame Literario **Esther Dourado**

Premio convocado por primeira vez no ano 2012 polo centro de ensino CEP Pilar Maestú Sierra para rendir homenaxe a unha profesora que dedicou máis de vinte anos a formar estudantes de distintas xeracións. Está dirixido a alumnado de Primaria e ESO do Concello da Pobra do Caramiñal. Hai dúas modalidades: narrativa e debuxo (só para Infantil) En narrativa hai varias categorías: categoría B (1º e 2º Primaria, máximo dous folios), categoría C (3º e 4º de Primaria, máximo tres folios), categoría D (4º e 5º de Primaria, máximo cinco folios) e categoría E (ESO, máximo dez folios). Os premios consisten en vales de compra nas librarías e tendas de deportes da localidade. En debuxo os tres primeiros clasificados recibirán material escolar. Os primeiros clasificados nas categorías B, C e D recibirán un vale por 60 €, os segundos un vale por 50 € e os terceiros un vale por 30 € para mercar en calquera librería ou tenda de deportes do concello. Na categoría E o primeiro premio vale por 100 € e o segundo por 60 €.

III Certame de Relato Curto da Federación Provincial de ANPA (**FANPA**) de Centros Públicos de Pontevedra

Certame convocado pola Federación Provincial de ANPA dos centros escolares públicos de Pontevedra, que conta coa colaboración do Concello de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra, Kalandraka, Gadis, *Diario de Pontevedra* e NovaGalicia Banco. Os obxectivos son fomentar a creatividade no alumnado, potenciar a expresión e comprensión escrita, estimular o uso do galego nas familias, facilitar as posibilidades de publicación a novos creadores, apoiar os escritores noveis e crear un espazo común e familiar para a creación literaria. Os textos deberán ser orixinais, inéditos, non premiados e de temática libre. Deberán estar escritos en lingua galega. Poderán presentarse todo o alumnado dos centros públicos da provincia pontevedresa de primaria, secundaria e bacharelato. Tamén poderán presentarse as persoas adultas que convivan con eles. Cada autor ou autora só poderá presentar un relato que terá unha extensión mínima de duascentas palabras e máxima de trescentas. Os relatos enviaranse ao enderezo certame14@nontedurmas.org. Os premios son os mesmos para cada categoría: vale de 200 €, un lote de libros de Kalandraka e unha lámina autenticada polo ilustrador Pablo Otero. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de envío pechará o día 28 de febreiro de 2015. Ademais, todas as persoas gañadoras e finalistas

do certame (máximo 100) recibirán un libro colectivo cos seus relatos e os catro relatos gañadores publicaranse no *Diario de Pontevedra*. Entre as gañadores están Andrea González e Candelaria Panadero Dios.

**Referencias varias:**

- Belén López, "O Certame de Relato Curto ábrese a alumnos de FP", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 13 xaneiro 2015, p. 11.

Fálase da presentación deste certame e indica que a principal novidade desta edición é a participación do alumnado de Formación Profesional. Engádese que ademais dos premios de cada categoría, a editorial Kalandraka publicará un libro cos mellores relatos.

- María Varela, "Unha tarde de baile", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 16 xuño 2015, contracuberta.

Dá conta da lectura do exemplar recompilatorio do III Certame de Relato Curto da Federación de Asociacións de Nais e Pais de Pontevedra. O primeiro relato é de Fina Casalderey que narra a historia dun baile. María Varela explica, a continuación, a importancia do baile e da música.

- Teo Domínguez Barreiro, "A longa espera", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 12 xullo 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Teo Domínguez Barreiro, titulado "A longa espera".

- Noa Abad Castro, "Vaia descoido!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 12 xullo 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Noa Abad Castro, titulado "Vaia descoido!".

- Paula Domínguez Barreiro, "Escuridade", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 16 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Paula Domínguez Barreiro, titulado "Escuridade".

- Kedus José Dueñas Ramallo, "Viaxe ao centro do cerebro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 16 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Kedus José Dueñas Ramallo, titulado "Viaxe ao centro do cerebro".

- Mariña Fernández Buceta, "Unha vida de película", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 17 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mariña Fernández Buceta, titulado "Unha vida de película".

- Abel Fernández Meira, "O feitizo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 17 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Abel Fernández Meira, titulado "O feitizo".

- Irene Ferreira Vidal, "Amarga dozura", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 18 xullo 2015, p. 62.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Irene Ferreira Vidal, titulado "Amarga dozura".

- Juan Ferreira Vidal, "A sorpresa", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 18 xullo 2015, p. 62.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Juan Ferreira Vidal, titulado "A sorpresa".

- Sergio González Eidón, "Investigación proveitosa", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 21 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sergio González Eidón, titulado "Investigación proveitosa".

- Sofía Gutierrez Pereira, "Bartomeu Pataseca", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 21 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sofía Gutierrez Pereira, titulado "Bartomeu Pataseca".

- Roi Martínez García, "Unha valiosa lección", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 23 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Roi Martínez García, titulado "Unha valiosa lección".

- Andrea Melón Amoedo, "A noite de San Xoán", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 23 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Andrea Melón Amoedo, titulado "A noite de San Xoán".

- Sofía Molanes García, "Aventura na casa", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 24 xullo 2015, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sofía Molanes García, titulado "Aventura na casa".

- Ismael Orge Sousa, "O accidente", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 24 xullo 2015, p. 61.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ismael Orge Sousa, titulado "O accidente".

- Mª Candelaria Panadero Dios, "O xogo e a aventura está na lectura", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 25 xullo 2015, p. 62.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mª Candelaria Panadero Dios, titulado "O xogo e a aventura está na lectura".

- Rocío Paz Pichel, "O soño dunha nena galega", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 25 xullo 2015, p. 62.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Rocío Paz Pichel, titulado "O soño dunha nena galega".

- Raquel Pedormo Durán, "A galiña presumida", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 26 xullo 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Raquel Pedormo Durán, titulado "A galiña presumida".

- Elsa Pena Vicente, "A bruxiña que perdera os seus recordos, os soños e a súa vasoira", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 26 xullo 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Elsa Pena Vicente, titulado "A bruxiña que perdera os seus recordos, os soños e a súa vasoira".

- Jordi Riveiro Rivas, "Un peixe diferente", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 27 xullo 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Jordi Riveiro Rivas, titulado "Un peixe diferente".

- Irai Rodríguez Fernández, "Os super 'podertrosos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 27 xullo 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Irai Rodríguez Fernández, titulado "Os super 'podertrosos".

- Lucía Rodríguez Otero, “As notas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “III Certame de relato curto”, 29 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lucía Rodríguez Otero, titulado “As notas”.

- Alba Romero Fernández, “Ficción ou realidade”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “III Certame de relato curto”, 29 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Alba Romero Fernández, titulado “Ficción ou realidade”.

- Diego Santiago Martínez, “Salvando o bosque Maravilla”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “III Certame de relato curto”, 29 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Diego Santiago Martínez, titulado “Salvando o bosque Maravilla”.

- Javier Sarmiento Liébanas, “Pasou unha vez nun bosque...”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “III Certame de relato curto”, 29 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Javier Sarmiento Liébanas, titulado “Pasou unha vez nun bosque...”.

- Tamara Sieiro Pereiras, “Vagalume”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “III Certame de relato curto”, 30 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Tamara Sieiro Pereiras, titulado “Vagalume”.

- Marta Simón Reboredo, “O gaiteiro de Limas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “III Certame de relato curto”, 30 xullo 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Marta Simón Reboredo, titulado “O gaiteiro de Limas”.

- Mario Villot Lago, “O soño de Miguel”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “III Certame de relato curto”, 31 xullo 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mario Villot Lago, titulado “O soño de Miguel”.

- Sergio Viñas Ríos, “Xoán o aventureiro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, “III Certame de relato curto”, 31 xullo 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sergio Viñas Ríos, titulado “Xoán o aventureiro”.

- Santiago Esperón Abril, “Acurralada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “III Certame de relato curto”, 1 agosto 2015, p. 54.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Santiago Esperón Abril, titulado “Acurralada”.

- Ana Belén Aboy López, “Pesadelo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “III Certame de relato curto”, 1 agosto 2015, p. 54.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ana Belén Aboy López, titulado “Pesadelo”.

- Olalla Castrillo Sánchez, “Aventuras entre contos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “III Certame de relato curto”, 3 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Olalla Castrillo Sánchez, titulado “Aventuras entre contos”.

- Virginia Estévez Suárez, “Foise co sangue”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “III Certame de relato curto”, 3 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Virginia Estévez Suárez, titulado “Foise co sangue”.

- Sara Faro Lubiáns, “Baixo a pel”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “III Certame de relato curto”, 4 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sara Faro Lubiáns, titulado “Baixo a pel”.

- Xián Faro Rodríguez, “É ela”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “III Certame de relato curto”, 4 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Xián Faro Rodríguez, titulado “É ela”.

- Inés García Figueira, “A casa das portas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “III Certame de relato curto”, 5 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Inés García Figueira, titulado “A casa das portas”.

- Andrea González Álvarez, “Sae da miña vida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “III Certame de relato curto”, 5 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Andrea González Álvarez, titulado “Sae da miña”.

- María González Blanco, “O estraño caso de Martiño”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “III Certame de relato curto”, 6 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por María González Blanco, titulado "O estraño caso de Martiño".

- Laura González Ibáñez, "Bágoas tras a néboa", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 6 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Laura González Ibáñez, titulado "Bágoas tras a néboa".

- María González Rodríguez, "A máquina á que lle gustaba correr", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 7 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por María González Rodríguez, titulado "A máquina á que lle gustaba correr".

- Lydia Lorenzo Cisneros, "A verdadeira historia das cores", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 7 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lydia Lorenzo Cisneros, titulado "A verdadeira historia das cores".

- David Maestú Vázquez, "O enterrador", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 8 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por David Maestú Vázquez, titulado "O enterrador".

- Alba Mato Búa, "Sen recordos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 8 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Alba Mato Búa, titulado "Sen recordos".

- Antía Otero González, "Badaladas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 9 agosto 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Antía Otero González, titulado "Badaladas".

- Elvira Fe Nercellas Rodríguez, "A bruxa", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 9 agosto 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Elvira Fe Nercellas Rodríguez, titulado "A bruxa".

- Ainhoa Pereira García, "A torre do reloxo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 10 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ainhoa Pereira García, titulado "A torre do reloxo".

- Lucía Piña Moreira, "Socorro!!!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 10 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lucía Piña Moreira, titulado "Socorro!!!".

- Nerea Puíme Martínez, "Ver", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 11 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Nerea Puíme Martínez, titulado "Ver".

- Efi Prieto Campos, "A cazadora de pel", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 11 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Efi Prieto Campos, titulado "A cazadora de pel".

- Ángel Rodríguez Abuin, "O león e a lebre", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 12 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ángel Rodríguez Abuin, titulado "O león e a lebre".

- Patricia Riveira Magán, "Soños", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 12 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Patricia Riveira Magán, titulado "Soños".

- Irene Rodríguez Amoedo, "A mentira viste de marca", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 13 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Irene Rodríguez Amoedo, titulado "A mentira viste de marca".

- María Torres Barreiro, "Miña", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 13 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por María Torres Barreiro, titulado "Miña".

- Paula Vázquez Blanco, "Espertei", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 14 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Paula Vázquez Blanco, titulado "Espertei".

- Mariña Vázquez Mosquera, "Ningures", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 14 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mariña Vázquez Mosquera, titulado "Ningures".

- Noelia Parracho Rial, "Unha palabra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 15 agosto 2015, p. 54.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Noelia Parracho Rial, titulado "Unha palabra".

- Carmen Ansín Vallejo, "Día, non sei cal, do mes, nin me acordo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 15 agosto 2015, p. 54.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carmen Ansín Vallejo, titulado "Día, non sei cal, do mes, nin me acordo".

- Sara Caride Blanco, "Tras o cristal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 16 agosto 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sara Caride Blanco, titulado "Tras o cristal".

- Mirelly Lizbeth Chafloque Ludeña, "Atrapada", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 16 agosto 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mirelly Lizbeth Chafloque Ludeña, titulado "Atrapada".

- Elba García Penas, "Oito", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 17 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Elba García Penas, titulado "Oito".

- Carmen Cuervo Martínez, "Arrogantemente imperfecto", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 17 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carmen Cuervo Martínez, titulado "Arrogantemente imperfecto".

- Sabela Juncal Vidal, "Sobre as estrelas e os soños", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 18 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sabela Juncal Vidal, titulado "Sobre as estrelas e os soños".

- Amalia Martínez Blanco, "Malia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 18 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Amalia Martínez Blanco, titulado "Malia".

- Mónica Mella Maquieira, "O pazo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 19 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Mónica Mella Maquieira, titulado "O pazo".

- Beatriz Pereira Expósito, "En apuros", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 19 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Beatriz Pereira Expósito, titulado "En apuros".

- Eduardo Ramos Novoa, "Néboa", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 20 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Eduardo Ramos Novoa, titulado "Néboa".

- José Ramón Vilas Costas, "Viches que prezos?", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 20 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por José Ramón Vilas Costas, titulado "Viches que prezos?".

- Alba Alonso Torreira, "Vibracións disonantes", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 21 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Alba Alonso Torreira, titulado "Vibracións disonantes".

- Claudia Alonso Alonso, "Voar co vento", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 21 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Claudia Alonso Alonso, titulado "Voar co vento".

- Manuel Álvarez Álvarez, "Os sentimentos xogan aos agochos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 22 agosto 2015, p. 54.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Manuel Álvarez Álvarez, titulado "Os sentimentos xogan aos agochos".

- Isabel Barreiro Quibén, "Desacougo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 22 agosto 2015, p. 54.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Isabel Barreiro Quibén, titulado "Desacougo".

- José Manuel Domínguez Ventín, "Tarde de choiva", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 23 agosto 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por José Manuel Domínguez Ventín, titulado "Tarde de choiva".

- Celia Durán Abollo, "O mellor dos agasallos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 23 agosto 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Celia Durán Abollo, titulado "O mellor dos agasallos".

- José Manuel Fernández González, "Un mal touro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 24 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por José Manuel Fernández González, titulado "Un mal touro".

- María Rita González Sestelo, "O pacto nupcial", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 24 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por María Rita González Sestelo, titulado "O pacto nupcial".

- Marta Larrán Costas, "E logo, ti que queres ser?", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 25 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Marta Larrán Costas, titulado "E logo, ti que queres ser?".

- Vanesa Olga Grandal Barreiro, "Prexuízos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "III Certame de relato curto", 25 agosto 2015, p. 45.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Vanesa Olga Grandal Barreiro, titulado "Prexuízos".

- Ana Latorre Gardía, "Ceibe son", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "III Certame de relato curto", 26 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ana Latorre Gardía, titulado "Ceibe son".

- Ana Isabel López Lahera, "O soño perdido", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "III Certame de relato curto", 26 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Ana Isabel López Lahera, titulado "O soño perdido".

- Emiliar Rivera Costas, "Unha vida para coidar", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "III Certame de relato curto", 27 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Emiliar Rivera Costas, titulado "Unha vida para coidar".

- Manuel Pérez Lourido, "A sede", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "III Certame de relato curto", 27 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Manuel Pérez Lourido, titulado "A sede".

- Sabela Seoane Lorenzo, "Laranxa e canela", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "III Certame de relato curto", 28 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sabela Seoane Lorenzo, titulado "Laranxa e canela".

- Judith Souto Valiñas, "Rumbo a ningures", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "III Certame de relato curto", 28 agosto 2015, p. 53.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Judith Souto Valiñas, titulado "Rumbo a ningures".

- Fernando Tomé Rodríguez, "Normalidade contemporánea", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "III Certame de relato curto", 29 agosto 2015, p. 54.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Fernando Tomé Rodríguez, titulado "Normalidade contemporánea".

- Teresa Tielas Rodríguez, "O lóstrego", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "III Certame de relato curto", 29 agosto 2015, p. 54.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Teresa Tielas Rodríguez, titulado "O lóstrego".

- Esther Varela Pol, "Cabalos do demo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 30 agosto 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Esther Varela Pol, titulado "Cabalos do demo".

- Sara Vidal García, "O garda do tempo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "III Certame de relato curto", 30 agosto 2015, p. 69.

Sección que acolle relatos finalistas na terceira edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sara Vidal García, titulado "O garda do tempo".

Concurso de Relatos Curtos da Fundación **Fernando Blanco de Lema**

Creado en 2013 pola Fundación Fernando Blanco de Lema (Cee, A Coruña), coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña e da Estación de Servicio Bazarra. Este concurso, centrado no tema da emigración, diríxese ao alumando dos centros escolares dos concellos de Carnota, Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas. Presentáronse un total de douscentos vinte e nove relatos, nas dúas categorías: A (2º e 3º Ciclo de Primaria) e B (ESO), e os premios consisten nas dúas categorías en 150 € e un diploma para o primeiro premio; 100 € e un diploma, para o segundo; e 50 € e un diploma para o terceiro premio. Na edición correspondente ao ano 2015 os galardoados foron: categoría A (2º e 3º Ciclo de Primaria), primeiro premio, Julio Regueiro Montero; segundo premio, Noa Lema Rial; e terceiro premio, Martín Quintáns Rojo; e na categoría B (ESO), primeiro premio, Nuria Vilariño Lema; segundo premio, Clara de Ramón Ayala; e terceiro premio, Lucía Paz Chao.

**Referencias varias:**

- J. M. R, "Concurso de relatos cortos y dibujos Fernando Blanco", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.187, 17 febreiro 2015, p. 7.

Anúnciase a convocatoria deste premio, as súas bases e os premios que obterán os vencedores.

- J. M., "Doce premiados nos concursos de relatos e debuxo Fernando Blanco", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.316, 28 xuño 2015, p. 5.

Dáse conta da entrega de premios aos agraciados nos concursos de relatos e debuxo da Fundación Fernando Blanco de Cee.

XVI Concurso de debuxo e relato da **Filloa**

Organizado pola comisión organizadora da MOEXMU (Mostra Exposición de Muimenta), poden participar os estudantes de Educación Primaria e Secundaria de calquera centro público ou privado dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, A Pastoriza, Rábade e Vilalba. Estabelécense tres categorías: até os sete anos, de oito a once e de doce a dezaoito e hai tres premios por categoría (gañador, finalista e semifinalista). O formato debe ser de dous folios como mínimo e

cinco como máximo, manuscritos ou mecanografados, por unha soa cara. Os traballos deben entregarse sen asinar indicando no encabezamento o título e/ou lema adoptado polo autor, xunto dun sobre cos datos persoais do autor, na Mostra Exposición de Muimenta-MOEXMU (Asociación de Empresarios de Muimenta, Recinto Feiral "Manuel Vila López", s/n, Muimenta, 27377, Cospeito). O xurado estará formado polo presidente e un membro da comisión organizadora da MOEXMU, o alcalde do Concello de Cospeito ou un representante deste, un membro da xunta directiva da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta; un representante da Universidade de Santiago de Compostela, un empregado da entidade financieira patrocinadora do concurso e dúas persoas independentes das anteditas organizacións. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron Hugo Díaz, Nerea Villar, Lucía Díaz, Lucía Portela, Leticia Rodríguez e Mercedes Veiga.

**Referencias varias:**

- C. A., "Convocan el concurso de dibujo y relato infantil sobre la Festa da Filloa", *El Progreso*, "A Chaira", 28 febrero 2015, p. 13.

Infórmase da convocatoria do XVI Concurso de Debuxo e Relato Infantil Filloa 2015 e danse as normas de participación. Indica o prazo de admisión, que remata o 15 de abril.

- M. M., "El concurso de relato y dibujo de la Festa da Filloa premia a 16 escolares", *El Progreso*, "A Chaira", 29 abril 2015, p. 13.

Menciona a relación de premiados no concurso de relatos e debuxo: na categoría de relato os premiados son: Hugo Díaz, Nerea Villar, Lucía Díaz, Lucía Portela, Leticia Rodríguez e Mercedes Veiga. Engade que os premios se entregarán o 1 de maio no recinto ferial Manuel Vila de Muimenta.

Certame **Francisco Añón de Poesía**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

VII Concurso literario **Historias de El Progreso**

Certame organizado polo Colexio PP. Franciscanos, co patrocinio da AMPA e a colaboración d´*El Progreso* e de Anaya. Cada ano decídese a quen se dedica o premio e, nesta ocasión, foi *El Progreso*. Pódese presentar o alumnado do centro e con traballos escritos en galego ou castelán. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron: Carmen González e Pilar Wegmüller (3º Primaria), Carmela Cordo e David Selas (4º Primaria), Carla González e Adriana Niñe (5º Primaria), Antía Fernández e Paula Rodríguez (6º Primaria), Paula Jover e Iria Miragaya (1º ESO), Lucía López e Rafael Rivero (2º ESO), Alba Lenza e David Pardo (3º ESO) e Sofía Veiga e Jorge Méndez (4º ESO). A entrega celebrouse no salón de actos do colexio o pasado día 23 de abril.

**Referencias varias:**

- Alba Lenza Trigo, “Eva”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Premios”, “VII Concurso literario ‘Historias de El Progreso”, 25 abril 2015, p. 2.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Alba Lenza, titulado “Eva”.

- Carmela Cordo Imedio, “Buscando a Saturnino”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Premios”, “VII Concurso literario ‘Historias de El Progreso”, 25 abril 2015, p. 2.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carmela Cordo, titulado “Buscando a Saturnino”.

- Pilar Wegmüller Ónega, “Más de un siglo atrás”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Premios”, “VII Concurso literario ‘Historias de El Progreso”, 25 abril 2015, p. 3.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Pilar Wegmüller, titulado “Más de un siglo atrás”.

- Paula Rodríguez Méndez, “Vello con gañas de vivir de novo”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Premios”, “VII Concurso literario ‘Historias de El Progreso”, 25 abril 2015, p. 3.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Paula Rodríguez, titulado “Vello con gañas de vivir de novo”.

- Carla González López, “Dous detectives do Progreso”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Premios”, “VII Concurso literario ‘Historias de El Progreso”, 25 abril 2015, p. 4.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carla González, titulado “Dous detectives do Progreso”.

- Carmen González Iglesias, “Carla, la camarera”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Premios”, “VII Concurso literario ‘Historias de El Progreso”, 25 abril 2015, p. 4.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Carmen González, titulado “Carla, la camarera”.

- Adriana Niñe Fernández, “La conversión de Destrózalotodo”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Premios”, “VII Concurso literario ‘Historias de El Progreso”, 25 abril 2015, p. 4.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Adriana Niñe, titulado “La conversión de Destrózalotodo”.

- Antía Fernández Vázquez, “Un xornalista de verdade”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “Premios”, “VII Concurso literario ‘Historias de El Progreso”, 25 abril 2015, p. 5.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Antía Fernández, titulado “Un xornalista de verdade”.

- Lucía López López, "Se quedan sin noticias", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Premios", "VII Concurso literario 'Historias de El Progreso", 25 abril 2015, p. 5.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Lucía López, titulado "Se quedan sin noticias".

- Jorge Méndez López, "Un refuxiado, centos de vidas", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Premios", "VII Concurso literario 'Historias de El Progreso", 25 abril 2015, p. 6.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Jorge Méndez, titulado "Un refuxiado, centos de vidas".

- Sofía Veigas Paredes, "Ruidos anormales en la catedral", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Premios", "VII Concurso literario 'Historias de El Progreso", 25 abril 2015, p. 7.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Sofía Veigas, titulado "Ruidos anormales en la catedral".

- David Selas Miragaya, "La chica misteriosa", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Premios", "VII Concurso literario 'Historias de El Progreso", 25 abril 2015, p. 7.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por David Selas, titulado "La chica misteriosa".

- Rafael Rivero Vilariño, "O rato dos soños", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Premios", "VII Concurso literario 'Historias de El Progreso", 25 abril 2015, p. 8.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Rafael Rivero, titulado "O rato dos soños".

- Paula Jover Fernández, "O segredo de Mencía", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Premios", "VII Concurso literario 'Historias de El Progreso", 25 abril 2015, p. 8.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Paula Jover, titulado "O segredo de Mencía".

- Iria Miragaya Dorado, "O pesadelo de non ter periódico", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Premios", "VII Concurso literario 'Historias de El Progreso", 25 abril 2015, p. 9.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por Iria Miragaya, titulado "O pesadelo de non ter periódico".

- David Pardo Núñez, "Periodistas detective", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Premios", "VII Concurso literario 'Historias de El Progreso", 25 abril 2015, pp. 10-11.

Sección que acolle relatos premiados na sétima edición deste certame. Neste caso reprodúcese o escrito por David Pardo, titulado "Periodistas detective".

VIII Certame literario **IES Ferrol Vello**

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade, os Departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés e Francés do IES Ferrol Vello, convocan esta certame dirixido ao alumnado do IES Ferrol Vello e de 3º ciclo de Primaria dos centros adscritos CEIP Cruceiro de Canido e San Rosendo. Estabelecéronse tres categorías: A (5º e 6º de Primaria), B (1º e 2º de ESO) e C (3ºe 4º de ESO) e dúas modalidades (Poesía e Relato Curto). Na modalidade de poesía debían presentarse dous poemas como mínimo, con tema e forma libres, e na modalidade de relato curto, a extensión máxima foi de tres folios impresos ou cinco manuscritos. Os traballos debían estar escritos en lingua castelá, galega, inglesa ou francesa, ser orixinais e inéditos e entregarse baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Concédense dous galardóns en cada categoría que consisten nun cheque regalo por valor de 60 € en material deportivo/roupa e un libro, o primeio premio; un cheque regalo por valor de 30 € en material deportivo/roupa e un libro, o segundo premio; e os galardóns dos accésits son un cheque regalo por valor de 20 € en material deportivo/roupa e un libro. Na edición correspondente ao ano 2015 os galardoados nas diferentes categorías foron, entre outros, Juan Francisco Guerrero, David Higuera, Teresa Maroño Requejo e Icíar Bouza.

II Certame de Relato Histórico **IES Lois Peña Novo**

Concurso organizado pola biblioteca do IES Lois Peña Novo, de Vilalba, no cal pode participar todo o alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de Galicia. Os relatos tratarán ou estarán ambientados de maneira evidente nun contexto histórico real da historia da humanidade. Os relatos serán orixinais, inéditos e escritos en galego, castelán, inglés, francés ou portugués. A extensión máxima será de dez páxinas. Deberán entregarse na biblioteca do IES Lois Peña Novo antes do 12 de xuño e o día 26 será o veredicto do xurado. Haberá un relato gañador, finalista e pode que mencións especiais. O premio consistirá nun bono de 200 € (gañador) e 75 € (finalista).

**Referencias varias:**

- C. A., "A biblioteca do IES Lois Peña Novo convoca un certame de relato histórico", *El Progreso*, "A Chaira", 19 abril 2015, p. 19.

Danse as normas para a participación no segundo certame de relato histórico e indica que o prazo remata o 12 de xuño e o fallo do xurado será o 26 de xuño.

X Certame literario **IES Sanxenxo**

Co obxectivo de fomentar a creatividade literaria e animar a ler e a escribir, o IES de Sanxenxo, a través da biblioteca do centro e en colaboración cos departamentos de galego, castelán, plástica e normalización lingüística convoca este certame. O traballo pode estar escrito en lingua galega ou castelá e en prosa ou verso, cunha extensión dun folio a dobre cara. Existen catro categorías: A (3º ciclo de Primaria), B (1º ciclo de ESO); C (2º ciclo de ESO) e D (Bacharelato) e dous premios de 50 € e 30 € en cada categoría, mediante vales canxeábeis nas librarías. Na edición correspondente ao ano

2015 o prazo de entrega pechou o 14 de maio e contou coa presenza do autor Roberto Salgueiro. A entrega dos premios fíxose o 11 de xuño no Auditorio Emilia Pardo Bazán.

VII Certame Artístico-literario **Intercentros**. Concello de Ames

Convocado polo Concello de Ames e dirixido ao alumnado do segundo e terceiro ciclo de educación Primaria dos colexios do ámbito municipal, este certame pretende valorizar e fomentar o uso da lingua galega. Poden presentarse individualmente ou por equipos. As modalidades son poesía e narrativa e hai dúas categorías: 1º categoría son 3º e 4º de Primaria, e 2º categoría 5º e 6º de Primaria. Os galardóns consisten en 100 € para os primeiros premios, 80 € para os segundos e 50 € para cada un dos terceiros gañadores das dúas categorías. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entrega dos traballos pechou o 30 de abril. Os gañadores en narrativa foron Sara Morán Alonso, con "O soño de Breixo: unha lingua viva" (primeiro premio da 1ª categoría); Natalia Paz Peláez, con "A lingua, o noso tesouro" (segundo premio da 1ª categoría); Julia del Río Bravo, con "Sofía e Raúl" (terceiro premio da 1ª categoría); Iria Pérez Álvarez, con "Que facer coas palabras" (primeiro premio da 2ª categoría); Eva Montoto Pintos e Candela Martínez Fuentes, con "Malena e a bruxa" (segundo premio da 2ª categoría); e Raúl Jiménez Cunqueiro, con "As palabras viaxeiras" (terceiro premio da 3ª categoría).

**Referencias varias:**

- M. M. O., "Música e premios en Ames para festexar o Día das Letras Galegas", El Correo Gallego, "Terras de Santiago", n.º 1.270, 13 maio 2015, p. 7.

No marco do Día das Letras Galegas, dá conta da realización dunha serie de actividades: concertos, entrega de premios literarios do XII Certame Literario de Narrativa e Poesía e do VII Certame artístico-literario Intercentros.

III Concurso Literario Escolar "**Inventa unha flor**"

Certame literario escolar en lingua galega convocado pola Asociación Sociocultural Muíño do Vento, coa colaboración dos centros educativos do ferrolán barrio de Canido (CEIP Cruceiro, CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte, Colexio San Rosendo e IES Canido) para promover a participación na festa dos Maios, de gran tradición nesa zona. A denominación do certame, "Inventa unha flor", responde a unha tentativa para lembrar e estimular "os valores de cooperación, non violencia, beleza e respecto pola Natureza mediante a palabra e o mantemento dos costumes populares e da lingua" galega. O premio, de carácter simbólico, consiste na publicación conxunta dos textos gañadores nunha edición dixital e na semente dunha árbore. Cada centro educativo participante encargarase de organizar o certame segundo as súas posibilidades e idade do alumnado e de estabelecer as categorías que considere oportunas. Os textos presentaranse en tamaño 12 e a súa extensión non será superior a dúas páxinas DIN-A4, incluída a ilustración. O fallo do xurado coñecerase o 3 de maio.

Premios **Irmandade do Libro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premios **Letras Galegas** e **Nadal**

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais etc., que, por medio das súas bibliotecas, concellarías de cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocaron premios para animar a xente nova e adulta a participar con motivo do Nadal e do Día das Letras Galegas, ben con relatos, microrrelatos, redaccións, poesías ou debuxos, como é o caso dos concellos de Ames, A Pontenova, Baiona, Begonte, Carnota, Marín, Melide, Monforte, Negreira, Ordes, Oroso, Outeiro de Rei, Rois, Santa Comba, Sarria, Sober, Soutomaior, Taboada,Vedra, Vilalba e Xermade; de asociacións como as ANPAS de Catoira, Valga e Pontecesures, a ANPA do colexio Apóstol Santiago, a Coordinadora Comarcal Terras do Umia (integrada polos equipos de dinamización dos centros educativos de Barro, Caldas, Curtis, Moraña e Portas), a Asociación Cultural Andarela de Sanxenxo, a Asociación Cultural de Santomé (Marín), a Asociación Falcatrueiros, o Liceo Casino de Tui, a Obra Social de Novacaixagalicia e a Biblioteca Provincial de Lugo; e centros de ensino como o colexio Compañía de María e o CEIP A Carballeira (Lourizán).

**Referencias varias:**

- C. P. R., "Premiadas cuatro obras en el certamen de poesía Nadal 2014 de Guitiriz", *El Progreso*, "A Chaira", 2 xaneiro 2015, p. 11.

Fálase da concesión dos premios do segundo concurso de poesía infantil da biblioteca municipal de Guitiriz Nadal 2014. Dise que na categoría de nove a once anos o primeiro e único premio foi para "¡Xenial, xa está aquí o Nadal!" de Marta Elisa Sanmartín Campello; a partir de doce anos o primeiro premio foi para "Aquela Noite de Nadal..." de Noemí Miraz Vázquez, seguido por "Bo Nadal" de Andrea Pérez Calvo e "O Nadal" de Alberto Fraga Miragaya.

- M. M., "Ocho vilalbeses pasan a la fase provincial de un concurso de poesía", *El Progreso*, "A Chaira", 15 xaneiro 2015, p. 17.

Infórmase do paso á fase provincial de oito escolares vilalbeses do Certamen de Poesía Infantil Nadal 2014 convocado pola Biblioteca Municipal de Lugo co patrocinio da Consellaría de Cultura e Educación: Miguel Lozano, Paula Paz, Nerea Ocampo, Aitana Gesto, Santiago Sampayo, Lucía Díaz, Silvia López e Ismael Francos.

- E. P., "Entregados los premios del concurso infantil de poesía de la biblioteca municipal de Monforte", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 29 xaneiro 2015, p. 22.

Menciona os gañadores do concurso infantil: Álvaro Buitrón, Heidi de León, Lucía Rivada, Tomás Rodríguez, Saúl Fajardo, Isis Ouro, Lucía Amaro, Tamara Oviedo e Thalía de Sousa.

- M. R., “El Certame Literario das Letras Galegas de Vilalba repartirá 780 euros”, *El Progreso*, “A Chaira”, 20 abril 2015, p. 12.

Infórmase da apertura da convocatoria e as normas de presentación de traballos para Certame Literario das Letras Galegas 2015 no que se repartirán 780 euros entre os seis premios estabelecidos e que o prazo de presentación remata o 8 de maio.

- C. P. R., “La biblioteca de Xermade convoca el certamen infantil de las Letras Galegas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 maio 2015, p. 11.

Menciona a apertura da convocatoria e as normas de presentación para o Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2015, para escolares até 16 anos. Informa que a temática do concurso é “Da ciencia á ficción; O home na lúa, os robots, a realidade virtual...” e que o prazo de presentación remata o 8 de maio.

- A. Agulla, “Rocío Leira Castro gaña o Certame de Poesía Concello de Marín”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, “O Morrazo”, 14 maio 2015, p. 22.

Faise mención da decisión do xurado do XVIII Certame de Poesía Concello de Marín de nomear gañadora a Rocío Leira Castro, veciña de Cee. Indícase que o poemario gañador leva por título *Seres disglósicos* e o que o acto de entrega terá lugar o Día das Letras Galegas no salón de actos del Museo Manuel Torres de Marín.

- R. D. R., “El Concello de Vilalba premia a cuatro jóvenes en el Certame das Letras Galegas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 14 maio 2015, p. 13.

Infórmase da resolución do certame Literario das Letras Galegas 2015 organizado polo Concello de Vilalba e dise que os gañadores menores de quince anos foron Carlota Millor (prosa) e Adrián Ginzo (poesía); e os menores de dez anos foron Eva María Alonso (prosa) e Vicente Castro (poesía). Ademais engade que a entrega de premios terá lugar o 17 de maio no Auditorio Carmen Estévez.

- C. F., “O Ateneo Santa Cecilia escolle oito relatos como finalistas do ‘Marín Conta”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, “O Morrazo”, 15 maio 2015, p. 24.

Noménase os gañadores nas categorías de Primaria e Secundaria do I Premio de Relato Curto “Marín Conta”, convocado polo Ateneo Santa Cecilia-Club Unesco de Marín. Dise que o acto de entrega de premios terá lugar na Alameda Rosalía de Castro de Marín dentro dos actos programados para o Día das Letras Galegas.

- C. P. R., “La biblioteca de Xermade premia 12 dibujos y relatos en el Certame Letras Galegas 2015”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 maio 2015, p. 12.

Menciona o fallo do Certame de Narración e Dibuxo Infantil Letras Galegas 2015 e que os gañadores na modalidade de narración foron Candela Lorenzo Blanco, Sofía Trapero Carrasco e Xana Sampedro Tarrío. Engádese que agora competirán na fase provincial do certame.

- C. M., “Premios literarios para los escolares verinenses”, *La Región*, “Monterrei”, 19 maio 2015, p. 19.

Dáse a relación dos escolares verinenses, de 5º de Primaria a 4º de ESO, que recibiron o domingo 17 de maio os premios dos certames de relato curto e poesía que convoca o Concello de Verín.

- A. R., "La biblioteca de Antas falló sus concursos de narración y dibujo", *El Progreso*, "Comarcas", "Antas de Ulla", 19 maio 2015, p. 12.

Infórmase dos gañadores do concurso de relatos organizado pola Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, con motivo da celebración do Día das Letras.

- C. A., "La biblioteca de Xermade entrega a doce menores sus premios literarios", *El Progreso*, "A Chaira", 23 xuño 2015, p. 14.

Dáse conta da entrega de Premios do Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2015, organizado pola Biblioteca Municipal de Xermade, e menciónanse os agraciados.

- L. A. R., "La biblioteca de Quiroga llega a 600 asociados", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 3 decembro 2015, p. 16.

Entre outras novas, informa da celebración dun certame de poesía. Sinala os requisitos para participar, o prazo de presentación e o premio.

XIX Concurso escolar de contos e poesía "Poeta **Lorenzo Varela**"

Creado pola asociación sociocultural Falcatrueiros de Monterroso (Lugo) para conmemorar o Día das Letras Galegas. Pode concorrer o alumnado de calquera centro educativo, público ou privado de Primaria, ESO e Bacharelato, cun traballo inédito en lingua galega, axustado á normativa vixente, e sobre un tema libre. Estabelécense catro categorías: A: nenos de seis a oito anos, cun máximo de dous folios DIN-A4 por conto, por unha cara e a dobre espazo; B: nenos de nove a once anos, cun máximo de catro folios DIN-A4 por conto e/ou dúas poesías de doce a dezaseis versos, por unha soa cara e a dobre espazo; C: nenos de doce a quince anos, cun máximo de catro folios DIN-A4 por conto e/ou tres poesías de doce a dezaoito versos, por unha soa cara e a dobre espazo; e D: mozos de dezaseis a dezaoito anos, cun máximo de cinco folios DIN-A4 por conto e/ou catro poesías de doce a dezaoito versos, por unha soa cara e a dobre espazo. Os traballos entregaranse na secretaría dos centros onde cursen os estudos, ou na Oficina de Falcatrueiros, ou ben por correo a: Asociación Sociocultural Falcatrueiros, rúa Mestre López Losada s/n, 27560 Monterroso, Lugo. Os traballos irán acompañados dun sobre pechado en que figuren os seguintes datos: nome e idade do participante, curso e centro onde estuda, e teléfono de contacto. Concédense tres premios por categoría: diploma, medalla e un lote de libros ou material escolar. Os gañadores daranse a coñecer na páxina en liña de Falcatrueiros así como nas redes sociais na que está presente, tamén nos taboleiros dos propios centros de estudo, así como na prensa a partir do día 15 de maio. Na edición correspondente ao ano 2015, a entrega dos premios tivo lugar o 12 de xuño no Centro Sociocultural de Monterroso no transcurso do Festival Infantil de Danza. A gañadora foi Sheila González Pérez con "Bolboreta Xoana".

II Concurso literario CEIP **Manuel Sueiro**

Certame convocado polo CEIP Manuel Sueiro coa intención de que as crianzas se interesen e mergullen na lectura e na escritura. Poderá participar todo o alumnado de infantil e primaria e cada centro pode presentar un ou varios traballos. A adaptación da obra, sinalada na convocatoria de cada ano, será en lingua galega e de técnica libre. Haberá un único premio de 100 €. Na edición correspondente ao ano 2015 o libro escollido foi *Historia de una gaviota y del gato que le enseñó a volar*, de Luis Sepúlveda, e o prazo pechouse o 1 de maio. Resultou gañador o traballo titulado *Mellor adaptación de obra literaria universal* feito polo CEIP Curros Enríquez de Celanova. Tamén se premiou o CEE O Pino pola súa orixinalidade.

**Referencias varias:**

- Cristina R., "Entrega de premios literarios Manuel Sueiro", *La Región*, "*Xornal escolar*", n.º 35, "Hiperactivos", "Axenda de actividades", 10 xuño 2015, p. 2.

Infórmase da entrega de premios no que resultou gañador o CEIP Curros Enríquez de Celanova. Sinala que o obxectivo deste concurso ten como finalidade espertar o interese dos rapaces pola lectura e que nesta convocatoria o libro escollido foi *Historia de una gaviota y del gato que le enseñó a volar*.

IV Certame de Banda Deseñada de **Mesía**

Concurso convocado dende 2012 polo Concello de Mesía (A Coruña) e o CPI de Xanceda para conmemorar o Día das Letras Galegas. Poderá concorrer o alumnado de todos os centros educativos deste concello cunha creación individual de dúas páxinas e temática libre que se axuste ao modelo que deben recoller nos centros educativos ou na Casa da Cultura. As creacións entregaranse nos propios centros educativos, acompañadas dun título e alí asignaráselle un número. O prazo de entrega remata o 30 de abril, e no mes de maio exporanse no CPI e no blogue bdmesia.blogspot.com. O xurado está composto pola Comisión de Biblioteca do Consello Escolar do CPI de Xanceda e presidido por un ilustrador galego, quen colabora co certame e ilustrou o cartel promocional. Valorarase o uso correcto e creativo da lingua, a orixinalidade, a lexibilidade, a presentación, e a historia. En cada categoría dos niveis de ensino concederanse tres premios e dúas mencións especiais (unha para a creación máis valorada no blogue e outra para a mellor que teña como tema a figura á que se dedica nesa edición o Día das Letras Galegas) e os galardóns entregaranse na Semana das Letras Galegas. Na edición correspondente ao ano 2015 convocouse o premio para celebrar o Día das Letras Galegas.

XLIII Certame Literario **Minerva. Colexio Peleteiro de Santiago**

Certame convocado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas,

Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel pode participar o alumnado de segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, que curse os seus estudos en centros de Galicia e non teña cumpridos os vinte anos o 31 de decembro do ano en curso. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poden concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Envíanse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, e deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre deben figurar o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse ao Certame Literario Minerva (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, n.º 27, 15701 Santiago de Compostela). Concédense tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750 €, 450 € e 300 € respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado, que está constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia, dá a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación e a entrega de premios celébrase no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deben ler a súa obra total ou parcialmente. Na edición do ano 2015 presentáronse cento vinte e dous traballos en narración e corenta e cinco en poesía. Na modalidade de narración a gañadora foi Lúa Álvarez Domínguez, do IES Val Miñor de Nigrán, con "Panta Rei"; o segundo premio foi para Antía Iglesias Fernández, do IES Auga da Laxe de Gondomar, por "Con pólvora pero sen magnolias"; o terceiro para León Fernández Cameselle, do IES Os Rosais II de Vigo, por "A fórmula"; e recibiron accésits Afra Martínez Torrado, do IES Miguel Ángel González Estévez de Carril, con "A danza da mosca"; Ana Ma Añel Prieto, do IES Xesús Taboada Chivite de Verín, con "Memorias a ritmo de Gardel"; e Marisol Mejuto Prego, do CPR Plurilingüe Maristas Cristo Rey da Coruña, con "Nin 'julio' nin Julieta". Na modalidade de poesía resultaron galardoados co primeiro premio Paula Antía Rey Baliña, do IES Macías o Namorado de Padrón, con "Abecedarios de devastación"; co segundo premio Manuel Daporta Cendán, do Colexio San Xosé de Lugo, por "As letras prohibidas"; e co terceiro Sara Martínez García, do IES Vilalonga de Sanxenxo por "Pecados de segunda man"; e recibiron accésits Marcela Porto Mato, do Colexio Compañía de María da Coruña, por "Entartete Kunst"; e Marcela Porto Mato, do Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela, por "Planimetría do viandante"; Xoel Geada Geada, do IES Perdouro de Burela, por "Fomos ficando sós"; e Fátima Barros Monteagudo, do CPI Santa Lucía de Moraña, por "Un berro de inverno". O acto de entrega dos galardóns celebrouse o 25 de marzo no colexio Peleteiro e contou coa presenza da escritora Marina Mayoral.

**Referencias varias:**

- Ana Iglesias, "Marina Mayoral 'amadrina los XLIII Premios Minerva", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 marzo 2015, p. 31.

Infórmase dos gañadores desta edición dos Premios Minerva, no que resultaron finalistas trinta e catro relatos e vinte e unha triloxías poéticas. Dise que os premios serán entregados o 25 de marzo nun acto académico que contará coa presenza de Marina Mayoral. A gañadora na modalidade de Narración foi Lúa Álvarez Domínguez co relato

*Panta Rei* e na modalidade de Poesía Paula Antía Rey Baliña coa triloxía *Abecedarios da devastación*.

- Ana Iglesias, "Fiesta literaria en Peleteiro con la participación de Marina Mayoral", *El Correo Gallego*, "Santiago", 26 marzo 2015, p. 23.

Fálase do acto de entrega dos Premios Minerva que tivo lugar o 25 de marzo no colexio Manuel Peleteiro e que contou coa presenza da escritora Marina Mayoral. Tamén se di que asistiron o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, ademais dos gañadores da edición, que verán os seus poemas e relatos publicados nun libro recompilatorio editado polo propio colexio.

_____, "Nueva convocatoria de los Minerva para escritores incipientes", *El Correo Gallego*, "Santiago", 16 decembro 2015, p. 29.

Informa da convocatoria do certame literario Minerva, organizado polo colexio Manuel Peleteiro, que cumpre a súa cuadraxésimo cuarta edición. Ademais explica os principais puntos das bases.

VIII Certame de Poesía **Mulleres do noso tempo**

A Delegación de Benestar e Igualdade, en colaboración co Centro de Información á Muller do Concello de Cee, convoca este certame co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, para fomentar a igualdade entre homes e mulleres, a orixinalidade e a transversalidade na transmisión de valores de convivencia entre o alumnado dos centros escolares. Poden participar todas as persoas cun tema que reflicta a situación actual das mulleres e cun único poema inédito escrito en galego, cun mínimo de vinte versos e un máximo de cincuenta. Deben remitirse nun sobre á rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee, A Coruña. Estabelécense catro categorías: categoría A (entre 8 e 9 anos); categoría B (entre 10 e 12 anos); categoría C (entre 13 e 15 anos); e categoría D (entre 16 e 17 anos). Os premios serán de 60 € para a categoría A; 70 € para a categoría B; 80 € para a categoría C; e 90 € para a categoría D. Na edición correspondente o ano 2015 o prazo de presentación rematou o día 8 de abril. A gañadora na categoría A foi Ainhoa Trillo Atán, co texto "A muller"; na categoría B foi Maite Lagoa Paz, co texto "Loitar pola igualdade"; e na categoría D foi para Elena Valle García, co texto "Alegato". A categoría C quedou deserta.

XVPremios **Muralla de Lugo de Debuxo e Redacción Infantís**

Co motivo do aniversario da concesión do título de Patrimonio da Humanidade a favor do monumento, a Xunta de Galicia, o Excmo. Concello de Lugo, a Vicepresidencia Primeira da Excma. Deputación Provincial de Lugo, a Universidade de Santiago de Compostela, Telelugo e *El Progreso*, convocan estes premios dirixidos a nenas e nenos até doce anos de idade. A temática debe referirse á muralla romana de Lugo, a paz, a solidariedade e o respecto ao medio ambiente ou todos aqueles valores que contribúan manifestamente á concordia, á convivencia e o entendemento entre os pobos do mundo, sendo referencia obrigatoria a Muralla Romana de Lugo. O autor pode presentar un máximo de dous traballos por categoría (debuxo, cun formato que non supere o 30x30

cm.; e relato que non supere os tres folios DIN-A4)e debe remitilos nun sobre cos seus datos persoais, incluído o teléfono de contacto, ao diario *El Progreso* (Rúa Puro Cora, n.º 3, 27002 Lugo). Poden estar escritos tanto en galego como en castelán. O prazo de entrega remata o 22 de marzo e o xurado estivo conformado por un representante de cada un dos convocantes. O premio é o mesmo para ambas categorías: 500 € e unha viaxe cultural a París para tres persoas. Na edición correspondente ao ano 2015 os gañadores foron Daniel Osorio e Carlos Álvarez.

**Referencias varias:**

- M. P., "Cantera de artistas", *El Progreso*, "Lugo", 15 maio 2015, p. 8.

Apúntanse os gañadores na categoría infantil dos Premios Muralla de Lugo no que participaron máis de 2.500 traballos de corenta colexios de toda Galicia. Ambos gañadores, Daniel Osorio en debuxo e Carlos Álvarez en redacción, son alumnos do colexio Divina Pastora-Salesianos de Lugo. Ademáis o colexio fíxose tamén co galardón colectivo na categoría de redacción.

_____, "García Montenegro destaca el papel de la lectura den la formación al entregar los Premios Muralla", *El Progreso*, "Lugo", "XV Premios Muralla de Lugo", 30 maio 2015, pp. 4-5.

Infórmase do acto de entrega dos Premios Muralla que tivo lugar onte na sede do xornal *El Progreso.* Sinala que ademais dos dous gañadores nas categorías de debuxo e redacción, Daniel Osorio e Carlos Álvarez, tamén estiveron presentes os dez finalistas.

III Certame **No Verán, refréscate cos libros**

Creado en 2013 polo Concello de Marín para potenciar o emprego da lingua galega na escritura entre o alumnado de Primaria do municipio marinense. Estabelécense tres categorías: 1º e 2º (primeiro ciclo), 3º e 4º (segundo ciclo), e 5º e 6º (terceiro ciclo). O gañador de cada categoría recibirá un cheque polo valor da totalidade do custo dos libros de texto do próximo curso; o segundo, un cheque pola metade do custo dos libros; e o terceiro, un cheque polo valor da terceira parte do custo do material escolar. As narracións deberán tratar unha temática relacionada cos libros e o verán, ser inéditos e non galardoados con anterioridade. Poderán ter unha extensión máxima de dúas páxinas en formato DIN-A4, por unha soa cara. O concello ofrece a posibilidade de que cada centro educativo realice unha preselección dos traballos a presentar entre o seu alumnado. As narracións enviaranse nun sobre pechado onde se indique o nome e apelidos do alumno, idade, curso e centro no que estuda, e un teléfono de contacto. Na edición correspondente ao ano 2015 o prazo de entrega finalizou o 20 de xuño ás 13.00 horas. O punto de recollida dos traballos foi o Museo Manuel Torres. Na categoría de primeiro ciclo o gañador foi Iria Cabanelas Pampín, por "O verán e os libros"; o segundo premio foi para Carla Caíño Sanjorge, por "O verán e os contos, 1 de xuño"; e o terceiro premio foi para Gabriel Fariña Sánchez, por "Os contos e os veráns". No segundo ciclo levou o primeiro premio Lucía Estévez Otero, por "Un verán diferente", o segundo premio Xoán Estévez García, por "A aventura cos libros" e un terceiro premio foi para Patricia González González, por "O verán de Andrea". No terceiro ciclo levou o

primeiro premio Guillermo Rodríguez González, por "O libro que non tiña xeo no seu batido", o segundo premio Paula Santiago Rosales, por "Unha brisa mariña", e o terceiro premio Gabriel Cao Martínez, por "O libro futbolista".

**Referencias varias:**

- C. F., "Refréscate con libros' premiará os mellores relatos con material escolar", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 9 xuño 2015, p. 15.

Dá conta da organización deste concurso destinado a premiar os mellores contos elaborados por rapaces de primaria con temática referente aos libros e ao verán. Indica as bases que regulan o premio.

- Carlos Fernández, "Premio para los relatos más refrescantes", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 21 xuño 2015, p. 17.

Infórmase da entrega de premios deste certame no que se premiaron as narracións de nove estudantes. Ademais de mencionar os agraciados e os títulos dos seus traballos, explícase en que consiste a contía do premio e a temática dos contos.

VII Concurso de relato curto **Novos Talentos de Coca-Cola**

Organízao a Fundación Coca-Cola para fomentar a escritura creativa entre os escolares de 2º ESO e conta co apoio institucional da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. Consta de dúas modalidades: relato curto e vídeo-relato, e dunha convocatoria a nivel estatal en castelán e diferentes edicións do concurso a nivel autonómico, apostando polas distintas linguas oficiais (galego, éuscaro e catalán). A edición en galego ten varias fases: unha fase escolar, na que o docente seleccionou os alumnos que representan o centro escolar na fase provincial, celebrada no mes de abril nas principais cidades galegas, na que se escollen seis participantes, que reciben un obsequio e un lote de artigos marca Coca-Cola. Posteriormente, na fase autonómica participan o relato gañador de cada sector provincial que recibe unha viaxe de carácter cultural e de ocio, e na fase nacional participan os dezasete finalistas e un xurado estatal selecciona os seis mellores relatos, dos que sae o relato gañador. Os participantes teñen que escribir un relato curto en menos de dúas horas a partir de seis palabras que deben incluír no traballo, dunha extensión máxima de dúas follas. Na edición correspondente ao ano 2015, os gañadores dos seis sectores territoriais foron: na Coruña, Paula Sánchez (IES Francisco Aguir, de Betanzos); en Ferrol, Marta Fernández (CPI Conde de Fenosa de Ares); en Santiago de Compostela, Elena Bengoa (Colexio La Salle); en Lugo, Antía Sánchez (IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz); en Pontevedra, Antía Corderi (IES Sánchez Cantón de Pontevedra); en Ourense, Esteban Decabo (IES do Carballiño); e en Vigo, Omar García (Escola Rosalía de Castro de Vigo).

**Referencias varias:**

- R. S., "Un vigués gana el premio de relato en Galicia de Coca Cola", *Atlántico Diario*, "Vigo", 26 maio 2015, p. 29.

Fálase do acto de entrega do premio do concurso Novos Talentos de Relato Curto convocado por Coca-Cola. Durante este acto proclamouse gañador Omar García Fernández, alumno de segundo de ESO do Instituto Rosalía Castro de Vigo.

- C. P. R., "Una alumna de Guitiriz gana un premio de relato corto de Coca Cola", *El Progreso*, "A Chaira", 26 maio 2015, p. 32.

Menciona que Antía Sánchez, alumna de 2° de ESO do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz gañou un premio a nivel provincial na sétima edición do concurso Novos Talentos de Relato Curto de Coca-Cola, sendo unha dos seis finalistas a nivel autonómico.

- Julieta Bosque, "Sofía Santos, de Lugo, gana el Relato Corto de Coca-Cola", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 maio 2015, p. 42.

Apúntanse os finalistas provinciais do Concurso Coca-Cola Jóvenes Talentos de Relato Corto en Galicia na súa 55ª edición, dados a coñecer nun acto celebrado onte no Paraninfo da Universidade da Coruña. A gañadora en Galicia foi Sofía Santos Ulloa del IES Lucus Augusti de Lugo e participará na seguinte fase a nivel nacional.

- Chus Gómez, "Una pontevedresa, finalista en el concurso de Coca-Cola", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 2 xuño 2015, p. 8.

Dá conta dos estudantes finalistas, así como da galardoada a nivel autonómico no concurso de Coca-Cola. Acto seguido, explícase en que consiste este recoñecemento literario.

- Carmen Ríos, "La gallega Sofía Santos, premio en el concurso de Relato Corto", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 xuño 2015, p. 34.

Infórmase de que a lucense Sofía Santos gañou o terceiro premio do Concurso Coca-Cola Jóvenes Talentos de Relato Corto. Ademais, realízase unha breve recensión do argumento dos tres traballos premiados.

- Marta Becerra, "Coca Cola premia a una narradora de Lugo", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 27 xuño 2015, p. 10.

Anuncia a gala de entrega dos premios Coca-Cola nos que resultou gañadora do terceiro premio a lucense Sofía Santos, así como outros finalistas autonómicos de todo o estado.

Contos con **Olmiño**

Convocado pola Asociación de Nais e Pais Os Olmos do colexio San Tomé (Cambados) dende 2013. Os galardóns entregáronse no auditorio municipal o 20 de novembro, nun acto conmemorativo do Día Universal do Neno, no que se tamén houbo unha sesión de títeres. En 2015 non se convocou.

IV Certame Literario **O Noso Lar**

A Fundación O Noso Lar creou no ano 2012 este certame literario, que ten como fin fomentar e promocionar a creatividade literaria das crianzas e mocidade. Consta de tres categorías: nenos de até 14 anos, mozos de 15 a 18 e de 19 a 25 anos. Os premios para cada categoría serán de 200 € para o primeiro e de 100 € para o segundo. O xurado compuxérono as mestras Ana Abelenda Canedo, Patricia Anta Palomo e a membro do Padroado Ángela Noguerol. Nesta cuarta edición, concedéronse os seguintes premios: na modalidade de nenos de até 14 anos o primeiro premio recaeu en María Rubio Cela, por "O bosque queimado"; na segunda categoría, o primeiro premio foi para David González López, por "Náufragos" e o segundo para e a Miguel Munday Coll por "Un misterio non misterioso".

**Referencias varias:**

- A. C. V., "A fundación O Noso Lar recoñece o talento literario de catro estudantes", *El Progreso*, "Sarria", 1 xuño 2015, p. 17.

Dá conta da entrega de premios do cuarto concurso convocado pola fundación O Noso Lar a María Rubio Cela por *O bosque queimado*, a David González López por *Náufragos* e a Miguel Munday Coll por *Un misterio non misterioso*.

II Certame Literario do Centro Cultural de **Peitieiros**

Premio convocado porlo Centro Cultural e Veciñal de Peitieiros co obxectivo de conmemorar o Día das Letras Galegas. Poden participar todas as persoas veciñas ou veciños de Gondomar cunha obra en galego e na modalidade de poesía ou narrativa. Existen tres categorías: até os 12 anos; entre 12 e 18 anos; e maiores de 18 anos. O premio consiste nun lote de libros.

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

IX Certame de recolla da tradición oral galego-portuguesa **Ponte nas ondas!**

Organizado pola Asociación Cultural e Pedagóxica "Ponte... nas ondas!" e a Cátedra de Eurorrexión da Universidade de Vigo, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Direcção Regional de Educação do Norte (DERN), co obxectivo de que os centros escolares continúen co labor de conservación do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, contribuíndo á promoción e transmisión das expresións desta tradición. Existen catro categorías de premios: ensino primario, secundario, Bacharelato e ciclos formativos. No ano 2009 engadiuse a categoría de ensino universitario. Cada un deles recibe un primeiro premio de 750 € e un segundo de 300 €. Os traballos poden ser de calquera das expresións da tradición oral, tanto en prosa como en verso, e deben

remitirse á Asociación ponte nas ondas! (Rúa Rosalía de Castro, n.º 67, 36450 Salvaterra do Miño, Pontevedra).

XVII Concurso **Reboraina**

Patrocinado por Abanca, o Concello de Redondela (Gabinete de Normalización Lingüística), Exclusivas Ucha, a Xoiería Groba e a Editorial Anaya, está organizado polo CEIP Santo Paio de Abaixo de Reboreda. Premia relatos escritos en lingua galega cunha extensión mínima de dous medios folios por unha soa cara para a categoría A (alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria) e de catro medios folios por unha soa cara para a catetegoría B (ESO). Os textos deben presentarse baixo pseudónimo na secretaría. Os relatos premiados son publicados na revista escolar *Bolboreta*. Os galardóns consisten na categoría A nun cheque por valor de 150 € e lote de libros, e na B en 200 €, 150 € e 100 €. Na categoría A resultaron gañadores: primeiro premio, "O tesouro dos trasnos", de Hugo Bastero González; primeiro accésit, "A viaxe imaxinaria", de Diego Muíños Míguez; segundo accésit, "O colar de ouro", de Andrea Otero Piedras; terceiro accésit, "Os recordos do colexio da miña avoa", de Paula da Silva Cabaleiro; e o cuarto accésit, "O meu carballo chanto", de Pedro Otero Darriba. Na categoría B resultaron gañadores: primeiro premio, "Carapuchiña vermella", de de Sara Tellado Castellano; primeiro accésit, "Voltar", de Claudia Kaulback Amoedo; segundo accésit, "O halo de luz", de Claudia Ramos Rubio.

III Certame de **Relato Curto da Federación de Asociacións de Nais e Pais de Pontevedra**

Convocado pro primeira vez en 2013, ten por obxectivo fomentar a creatividade dos alumnos de Primaria, ESO e Bacharelato, así como a comprensión e expresión escrita en lingua galega. Está organizado pola Federación de Asociacións de Nais e Pais de Pontevedra, en colaboración coa Concellaría de Normalización Lingüística e a Deputación provincial. Os relatos contarán con entre duascentas e trescentas palabras e deberán presentarse antes do 30 de abril. Os premiados recibirán vales para adquisición de material escolar na libraría El Pueblo por valor de 200 €. Os gañadores e finalistas (máximo de 90) publicarase un libro colectivo cos relatos.

IV Concurso de **Relato Curto Concello do Grove**

Convocado dende 2012 pola Concellaría de Educación do Grove co obxectivo de fomentar a escrita creativa e o gusto pola lectura entre o alumnado matriculado nos centros educativos de segundo ciclo de Secundaria e de Bacharelato desa localidade pontevedresa. Estabelécense dúas modalidades: unha para Bacharelato e outra para o segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria. A temática é libre, a extensión será entre 400 e 600 palabras, escrito en ordenador, con letra Arial de 11 puntos, a dobre espazo e en folios de DIN-A4. O premio consiste nun cheque de 100 € para gastar no comercio local e un lote de libros, ademais da publicación do relato na revista local *Sustansia* do mes de abril, coincidindo coa celebración do Día do Libro e do Día do Libro Infantil. Na edición de 2015 o relato gañador foi Bicos de Pantasma, de Carla

Martínez Núñez, e o primeiro accésit foi para Lucas Aguiño Fraga. O acto de entrega realizouse o día 5 de xuño na biblioteca municipal do Grove.

II Concurso de **Relatos Xosé Neira Vilas para escolares**

Organizado polo Departamento de Cultura e a Biblioteca Municipal de Boqueixón. Estabelécense tres modalidades: unha para o alumnado de terceiro e cuarto de Primaria, outra para quinto e sexto de Primaria e a terceira para Secundaria. A temática é libre, a extensión mínima será de 20 liñas para Primaria e 30 para Secundaria. Na edición correspondente ao ano 2015, o prazo de presentación dos relatos finalizou o 30 de abril.

**Referencias varias:**

- M. T., "Boqueixón convoca el II Certame de Relatos Xosé Neira Vilas para escolares", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.209, 11 marzo 2015, p. 7.

Ofrécese información sobre o certame literario, as categorías nas que está dividido, os premios e prazos. Sinálase que está dirixido a escolares de Boqueixón, dende terceiro de primaria e secundaria.

III Concurso Escolar de Poesía "**Rosalía de Castro**"

A Fundación Rosalía de Castro e El Corte Inglés crearon en 2013 un concurso de poesía para o alumnado de Secundaria e de Bacharelato con motivo da conmemoración do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos* e para difundir no mundo escolar a relevancia desta obra e da súa autora. Nas bases estabeleceron tres niveis de participación: 1º ciclo da ESO, 2º ciclo da ESO e Bacharelato. As obras deberán ser orixinais e inéditas e estar redactadas en galego, sobre un tema e forma poética libres e cunha extensión máxima de cincuenta versos. Cada autor poderá concorrer cun máximo de dous traballos, que se presentarán nun sobre pechado, no exterior figurarán o título, o nivel educativo e o pseudónimo, e no interior unha nota cos seguintes datos: título da obra, nome e apelidos do autor, curso e centro educativo, enderezo postal e correo electrónico do autor. O prazo de admisión de orixinais remata o 17 de maio e remitiranse aos centros de El Corte Inglés en Galicia (localizados na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo). En cada categoría concédense un premio e dous áccesits: o primeiro premio recibirá un iPad 32GB; o primeiro áccesit, unha tarxeta agasallo de El Corte Inglés por valor de 200 €, e o segundo outra tarxeta por valor de 100 €. Na terceira edición, o xurado, composto polos escritores Neves Soutelo, Elvira Ribeiro e Anxo Angueira (presidente da Fundación Rosalía de Castro), e por José Manuel Blanco, director de Comunicación e Relacións Externas de El Corte Inglés Galicia, concederon os seguintes galardóns: Categoría 1º ciclo da ESO, gañadora: Sara Norniella López (CPI do Porriño); 1º accésit: Inés Gómez Mateos (A Coruña) e 2º accésit: David Carballo (A Coruña); Categoría 2º ciclo da ESO: gañadora: Fátima Barros Monteagudo (Moraña), 1º accésit: Álex Barreiro (A Coruña) e 2º accésit: Marieta Orol (Lugo); e na categoría Bacharelato: gañadora: Lucía Cernadas Varela (Cambre), 1º accésit: Marcela Porto Mato (Compostela) e 2º accésit: Marisol Mejuto (A Coruña). A entrega dos galardóns foi na Casa-Museo Fundación Rosalía de Castro (Herbón-Padrón) o 12 de xuño durante

un acto poético-musical ao que asisten tamén familiares, profesores e compañeiros dos gañadores.

V Concurso Radiofónico de **Teatro Lido de Ames Desata a lingua!**

Convocado polo Concello de Ames pretende dinamizar o uso do galego entre a mocidade e fomentar o gusto polo teatro. Dirixido a grupos de 2-6 alumnos de 2º Ciclo da ESO e Bacharelato, os textos teñen que estar escritos en lingua galega e tratar a situación social do galego. A duración das pezas ten que oscilar entre os cinco e os dez minutos. Os grupos teñen que inscribirse no IES de Ames e as montaxes das pezas realízanse na Radio Municipal de Ames. A emisión das pezas ten lugar en Radio Ames. Existen cinco premios: o do público, mellor guión orixinal e mellor interpretación cunha contía de 200 €; e o do mellor interpretación masculina e feminina, que carece de dotación económica. A entrega de premios realizouse o 27 de novembro na casa da cultura de Bertamiráns. Na V edición do ano 2015, Elisabeth Prieto e Eric Ortega recibiron o premio do público pola obra *Mente vacía*; Daniel Iglesias Duro, Daniel Expósito Patiño e Rafael Tato Penas, autores da peza *Somos o que comemos*, obtiveron o galardón de mellor guión orixinal; e o premio á mellor interpretación foi para Eva López e Alex González coa obra *Teleoperadora*.

**Referencias varias:**

- M. Toledo, "Entregan os premios de Teatro Lido mañá en Ames", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 26 novembro 2015, p. 34.

Dáse conta do acto de entrega dos premios do concurso radiofónico de Teatro Lido de Ames. Indícase o nome dos alumnos premiados e cítanse as pezas gañadoras dos galardóns: *Mente vacía*, *Somos o que comemos* e *Teleoperadora*.

XXIV Certame Municipal de **Teatro** para centros de Monforte de Lemos

Convocado pola Delegación de Cultura e Educación do Concello de Monforte de Lemos para que participen todos os centros de ensino da localidade con representacións que terán lugar no salón de actos da Casa da Cultura monfortina. As obras deben ter unha duración mínima de media hora e estrearse nese certame. Os premios consisten nun diploma e unha placa conmemorativa para todos os centros participantes. Na edición correspondente do ano 2015 o prazo de inscrición rematou o 3 de marzo. A entrega dos premios realizouse o 8 de maio.

XXXVI Certame **Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil**

Organizado pola Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, conta coas seguintes modalidades de participación: a) debuxos e pinturas, b) contos e c) poesías. Os contos e poesías deben ter unha extensión máxima de dous folios. Conta con dous grupos de premios, ca mesma calidade e cantidade: un para os traballos procedentes da Terra Chá, e outro para os traballos dos outros colexios, escolas e institutos galegos. Estabelécense

tres premios (50 € para o primeiro, 40 € para o segundo e 30 € para o terceiro, investidos en libros, discos...) para cada nivel e especialidade: Educación Infantil, tres ciclos de Educación Primaria e dous Ciclos de Educación Secundaria e Bacharelato. Os traballos deben mandarse antes do 31 de maio nun sobre pechado cun lema e outro sobre cos datos persoais do autor a Asociación Cultural Xermolos (Apartado 4, 27300 Guitiriz, Lugo). Os premios fanse públicos a comezos do mes de xullo. Na convocatoria correspondente ao ano 2015 resultaron gañadores, en poesía, Lucas Baloira, Xesús Grela e Jennifer Calviño; e, en relato, Cristina Calviño, Sabela Pájaro e Elena Bermúdez. Os premios entregáronse o día 2 de agosto.

**Referencias varias:**

- C. A., "Xermolos abre el plazo de su certamen de literatura y dibujo", *El Progreso*, "A Chaira", 9 maio 2015, p. 19.

Infórmase da convocatoria deste certame e que o prazo estará aberto até o 31 de maio así como que os premios se entregarán no Festival de Pardiñas a primeira fin de semana de agosto.

VIII Concurso de microrrelatos e micropoemas **Terras do Umia**

Dirixido a todos os centros educativos que integran a Coordinadora Comarcal Terras do Umia, formada polos concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas. Os textos deben estar escritos en galego. Conta con dúas modalidades: microrrelato, cun máximo de 100 palabras, e micropoema, de dous a catro versos. Os traballos deben presentarse no blog terrasdoumia.wordpress.com até o 21 de decembro. Conta coas seguintes categorías: A (infantil), B1 (1º ciclo de Primaria), B2 (2º ciclo de Primaria), B3 (3º ciclo de Primaria), C (Secundaria), D (Bacharelato) e E (profesorado, pais e persoal non docente). O xurado, composto polos coordinadores dos equipos de dinamización da lingua dos centros participantes e unha persoa de recoñecido prestixio no mundo literario, concede un premio comarcal por categoría. O prazo de entrega remataba o 20 de febreiro de 2016. Nesta edición a temática será libre mais debe aparecer necesariamente a palabra "Devagar".

XXI Certame de Contos e Relatos Curtos **Trapero Pardo**. Concello de Lugo

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaoito anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaoito anos. Os contos deben ser de temática libre, escritos en lingua galega e cunha extensión máxima de dez páxinas e remitidos á Concellaría de Educación (Centro Social Uxío Novoneyra 3º andar, rúa Quiroga Ballesteros, n.º 1, 27001 Lugo). Estabelécense tres premios en cada categoría e o prazo pechouse o 20 de novembro. Na categoría de 12 a 14 anos, o primeiro premio foi para Santiago García Rivas por "De pedra"; o segundo premio foi para David González López por "Maruxa Castaña"; e o terceiro premio foi para Sofía Santos Ulloa por "Esperanza". Na categoría de 15 a 18 anos, o primeiro premio foi para Andrea Estrella

Arias Díaz por "Tras tanta choiva"; o segundo premio foi para Elena Valle García por "Xogas?"; e o terceiro premio foi para Sofía Valiño Cabo por "Sen ti son Eu".

II Certame Literario Relatos de Auga Intelixente **Viaqua**

Concurso literario convocado por Viaqua para alumnado de ESO, Bacharelato e FP. O obxectivo é contribuír á difusión da cultura da auga e implicar os estudantes no uso sostíbel da auga así como o coidado do medio natural. Os textos poderán redactarse en galegou ou castelán, cunha extensión máxima de duascentas palabras e cunha temática relacionada coa auga. Na edición correspondente ao ano 2015 presentáronse 288 traballos. O xurado, composto por José Antonio Perozo, Francisco Omil, Susana Fernández Fernández, Sofía Viña e María Teresa Abalde. Ningún dos textos gañadores foi redactado en galego.

**Referencias varias:**

- Ana Iglesias, "La cultura del agua llega a los jóvenes a través de la literatura", *El Correo Gallego*, "Santiago", 21 marzo 2015, p. 23.

Dáse conta da concesión do segundo premio na categoría ESO polo seu traballo *A filla do carballo* á rapaza compostelá María Carballido. Sinala que a entrega de premios terá lugar o 23 de marzo nun acto celebrado no pazo de Raxoi coa participación da concelleira de Educación e o director de Viaqua.

_____, "Viaqua y el Concello premian el relato de María Carballido", *El Correo Gallego*, "Santiago", 24 marzo 2015 p. 28.

Infórmase da entrega de premios do I Certame Literario Relatos de Auga Intelixente organizado por Viaqua para concienciar aos mozos na necesidade de coidar do medio ambiente e desenvolver a cultura da auga. No acto o ourensán Roi Fernández obtivo o primeiro premio co relato *As bágoas do ceo*, mentras que a compostelá María Carballido conseguiu o segundo premio con *A filla do carballo*.

XXV Concurso de Contos **Vila de Pontedeume**

Convocado polo Concello de Pontedeume e dirixido ao alumnado de segundo ciclo de ESO, Bacharelato e ciclos formativos de grado medio e superior que non superen os vinte anos, que presenten un relato en galego, inédito, cunha extensión entre seis e dez folios, a dobre espazo e por unha cara, no rexistro do Concello (Rúa Real, n.º 13) ou o envíen por correo certificado para potenciar o uso do galego e o interese pola literatura. O galardón, que se determina o Día das Letras Galegas, consiste nun premio de 759,50 € e a posibilidade de outorgar accésits. Cada cinco anos edítase un libro cos textos premiados e os finalistas. A data límite de entrega rematou o 17 de abril. Na edición de 2015, o xurado, composto por Agustín Fernández Paz, Esther Leira Penabad, Cristina Fraga López, Salvador Mira Nieto e Aleixandre Caínzos, decidiu outorgarlle o premio a Sandra Ferreiro García por "Cantar nas ondas".

XXI Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Poio coa colaboración das Sociedades Culturais Deportivas de Raxó e Samieira, o Ateneo Corredoira de Combarro, a Asociación Boureante da Seara e a Asociación Vides Novas de San Salvador. Pode participar todo o alumnado dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e dezaoito anos e, a partir do ano 2006, tamén calquera persoa de entre dezaoito e vinte e cinco anos, cun só traballo individual e inédito, escrito en lingua galega para cada modalidade. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía de temática libre, cunha extensión máxima de tres folios para o relato curto e un folio para poesía. Os traballos deben presentarse nas oficinas municipais, nos centros educativos de Poio e nos locais das asociacións colaboradoras nun sobre pechado xunto cos datos persoais do autor. Conta con cinco categorías: categoría A (de 6 a 8 anos); categoría B (de 9 a 11), categoría C (de 12 a 13), categoría D (de 14 a 15), categoría E (16 a 18) e F (de 18 a 25 anos). Os galardóns nas categorías A, B, C e D consisten nun agasallo, nun diploma e un vale de 70 € para a compra de material escolar; na categoría E nun diploma e un vale de 90 € para a compra de material escolar; e na categoría F nun diploma e 300 €, en cada modalidade. O xurado está presidido por Xaime Isla e composto por unha representación do Consello Municipal de Cultura. Os gañadores foron: na categoría A Iago Suárez Mariño, en poesía, e Marcos Abilleira Lamela, en relato; na categoría B Manuel Cedeira Fariñas, en poesía, e Alejandro Pazos Marín, en relato; na categoría C Sara Ma Ramos Alvariñas, en poesía, e Daniel Otero Veloso, en relato; na categoría D desertos; na categoría E Carmen Ansín Vallejo, en poesía e tamén en relato; e na categoría F Alicia Rodiño Escudero, en poesía, e Juan Ramón Cancela Silva, en relato.

IX Certame de poesía **Xela Arias**

Organizado polo Instituto da Sangriña da Guarda en homenaxe á escritora Xela Arias, dirixido ao alumnado de Ensino Secundario, Bacharelato e ciclos formativos con dúas modalidades: A (de 12 a 15 anos) e B (de 16 a 20 anos). Poden presentarse até catro poemas inéditos, de tema e forma libres e escritos en galego baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor no IES A Sangriña (Avda. de Portugal, n.º 21, 36780 A Guarda, Pontevedra). Concédense dous premios en cada modalidade de 150 € e 100 € (modalidade A) e 200 € e 150 € (modalidade B). A data de entrega dos traballos rematou o 3 de xuño. O fallo deuse a coñecer o 12 de xuño.

Certame de Poesía **Xosé Carlos Caneiro Pérez**

Convocado polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria, e da ESO dos centros de ensino desa comarca. O poema ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere os vinte e catro versos e asinado cun lema. Os traballos preseleccionados reciben como premio un lote de libros e existen tres premios de 90 €, 60 € e 30 € por cada un dos niveis nos que se pode concursar (5º e 6º de primaria; 1º ciclo da ESO; 2º ciclo da ESO). O ditame dos galardóns tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do

Día das Letras Galegas. Na primeira categoría: Lara Lamas Colmenero, con “Cando estamos xuntas” (1º premio), Helena Rivero Ferreira, con “Nós” (2º premio) e Rosa González Requejo, con “Primavera” (3º premio). Na segunda categoría: Katia Vidal Morales, con “Lembro un tempo no que...” (1º premio), Raúl Romasanta Sanmiguel, con “Galicia” (2º premio) e Marta Caneiro Losada, con “Ti”. Na terceira categoría: Natalia Salgueir López, con “Dime” (1º premio), Ana Fornos Álvarez, con “Moitas veces as palabras non queren vivir” (2º premio) e Noa Fernández Méndez, con “Pérdida”.

# *XI. LITERATURA MEDIEVAL*

## XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

**Alvar**, Carlos (coord.), *Estudios de literatura medieval en la Península Ibérica*, San Millán de la Cogolla: Cilengua, 2015, 1216 pp. (ISBN: 978-84-943903-1-9).

Amplo compendio de estudos multidisciplinares arredor da literatura medieval no territorio da Península Ibérica. Son de interese para a literatura galega, os seguintes traballos:

- Diego Seoane, "Empatía entre trovadores: la rancura en la cantiga E porqué me desamades de Osoir'Anes, pp. 189-199.

Centra o seu estudo na cantiga E porqué me desamades do trobador galego Osoir'Anes. Desta composición analiza o seu esquema métrico-rimático e o seu léxico, con especial atención ao termo rancura. Destaca, ao longo do traballo, a gran complexidade da composición e lamenta non poder contar con máis copias que a de B para poder contrastala con outros testemuños.

- Déborah González, "A expresión das emocións nas Cantigas de Santa Maria", pp. 325-344.

Ofrece unha panorámica das emocións localizadas nas Cantigas de Santa Maria (CSM). Para a súa clasificación segue a proposta do proxecto europeo "Il lessico delle emozioni nella lirica europea medievale", coordinado polo profesor Roberto Antonelli e que establece dezaseis emocións clasificadas en base a catro categorías: tristitia, laetitia, timor e ira, ás cales, posteriormente, se engadiu a cupiditas. Respectando este esquema, constata que as categorías referidas á cupiditas, tristitia e laetitia son as de maior peso na obra afonsina fronte ás de timor e ira.

- Carla Sofia dos Santos Correia, "A linguagem trovadoresca galego-portuguesa na "Historia Troyana Polimétrica", pp. 481-491.

Analízanse os seis poemas da *Historia Troyana Polimétrica*, versión castelá en prosa e verso do *Roman de Troie*, que reproducen o triángulo amoroso de Troilo, Briseida e Diomedes. Neses poemas a autora do artigo estuda a lingua que empregan os personaxes para demostrar que esta presenta moitas similitudes co código poético da lírica trobadoresca galego-portuguesa.

- Sofía Kantor, "El mar hostil" en el milagro XIX de Berceo y en la cantiga de Meendinho", pp. 731-754.

Minuciosa análise na que se confrontan o milagre XIX de Gonzalo de Berceo e a cantiga "Sediam'eu na ermida de San Simion" de Meendinho. A autora do artigo conclúe que a única similitude entre eles é o emprego do motivo do mar hostil, sendo as diferenzas o máis característico, pois cada un dos textos se nutre dunhas características xenéricas e dun contexto sociocultural diferente.

- Pilar Lorenzo Gradín, "'Adversus Deum': trovadores en la frontera de la 'Cantiga de amor", pp. 861-878.

Estudo da iniciativa levada a cabo por un grupo de trobadores, vinculados a Afonso X, que revitalizaron o xénero da cantiga de amor coa apertura de novas liñas temáticas como a que se estuda aquí en relación coa rebeldía ou inconformismo cara á figura da divindade. En concreto céntrase nalgunhas das composicións de Pero Garcia Burgalês e Gil Perez Conde como as máis representativas, pero sinala igualmente aspectos de moitas outras.

- Simone Marcenaro, "La tradición manuscrita de Afonso Anes do Coton (s. XIII): problemas de atribución", pp. 901-915.

Análise da problemática obra do trobador galego-portugués Afonso Anes do Coton. O autor comeza realizando un exame das composicións deste trobador contidas en *B* e *V* procurando, desta maneira, aclarar algúns dos problemas de atribución que tradicionalmente se lle veñen asignando. Posteriormente leva a cabo unha nova avaliación da tese de Resende de Oliveira, o cal afirmaba que a figura de Afonso Anes poderíase identificar con un dos autores máis antigos localizados no *Cancioneiro da Ajuda*, e finaliza o artigo ofrecendo unha ilustrativa táboa onde expón a clasificación das composicións logo de todo o anterior.

**Brea**, Mercedes (ed.), *La expresión de las emociones en la lírica románica medieval*, Alessandria: Edizioni dell´Orso, col. Collana Medioevo Ispanico, n.º 6, 2015, 404 pp. (ISBN:978-88-6274-649-6).

Colectánea que recolle diferentes estudos sobre a expresión dos sentimentos e emocións a través das verbalizacións léxicas destes. Son de interese para a literatura galega, os seguintes traballos:

- Maria Ana Ramos, "A expressão do <desden> na lírica profana galego-portuguesa", pp. 201-237.

Arredor da expresión do "desdén" a autora analiza composicións dos trobadores galego-portugueses. Concretamente estuda o termo "desdennar" nunha cantiga de Roy Paez de Ribela e o termo "desden" en cantigas de amigo atribuídas a Ayras Carpancho, Johan Lopez d'Ulhoa, Johan Ayras de Santiago, Johan Vasquiz de Talaveyra e Fernan Froyaz; "desden" en cantigas de amor de Pero da Ponte, Fernand'Esquyo, Pay Gomez Charinho, Ayras Nunez, Johan Soarez Coelho, Pero Garcia Burgalês, Afonso Sanchez e Johan Lobeyra e "desden" en cantigas de escarnio e maldicir de Roy Queymado, Johan Garcia de Guilhade e Afonso Sanchez.

- Antonio Augusto Domínguez Carregal, "A coita do meu coraçon, unha fórmula recurrente na lírica profana galego-portuguesa", pp. 251-161.

Achegas sobre a expresión que representa a tristeza relativa relacionada co sufrimento amoroso a través dos termos "coita" e "coraçon" combinados nun mesmo sintagma. Constata que aparecen en combinación nun total de corenta e unha composicións, das

que vinte e seis son cantigas de amor, catorce de amigo e unha de escarnio. Ademais detense en explicar outros aspectos como a posición que ocupan os termos na cantiga ou variacións a esta fórmula como, por exemplo, a de "coitado/a (no) (meu/seu) coraçon".

- Juan Paredes, "La expresión de las emociones en las cantigas de escarnio y maldecir", pp. 309-323.

Análise dos lemas e macrolemas rexistrados nas cantigas de escarnio e maldicir e da relación que estas composicións manteñen cos outros dous xéneros amorosos (amor e amigo). Concretamente, centra o seu estudo en valorar como se establece o uso de termos que semellan máis típicos dos xéneros amorosos e aparecen nos de escarnio ou maldicir ou ao revés, é dicir, das interferencias xenéricas a través do uso de termos asignados a un xénero concreto e localizado noutro.

- Elvira Fidalgo, "Usos do adxectivo alegre na lírica galegoportuguesa", pp. 263-280.

Analízase a escasa presenza da expresión da felicidade en composicións da lírica galego-portuguesa. Para realizar dita análise céntrase no estudo, acompañado dos exemplos correspondentes localizados en cantigas, do adxectivo "alegre" (e outros termos que comparten a mesma raíz léxica) no sentido recto e non sometido á manipulación retórica que poida afectar ao seu significado orixinal.

**Decaria**, Alessio e Lino **Leonardi** (coord.), *«Ragionar d'amore». Il lessico delle emozioni nella lirica medievale*, Florencia: SISMEL-Edizione del Galluzo, col. mediEVI, 2015, 261 pp. (ISBN:978-88-8450-683-2).

Colectánea de artigos arredor do léxico das emocións na lírica medieval tras a celebración dun congreso na Universidade de Siena no ano 2013. Son de interese para a literatura galega, os seguintes traballos:

- Mercedes Brea, "La expresión de las emociones en la lírica gallego-portuguesa (primera aproximación)", pp. 99-119.

Dá conta do proxecto europeo, *Il lessico delle emozioni nella lirica europea medieval e un nuovo database*, do que a autora forma parte e que se dedica a analizar as emocións na lírica trobadoresca románica medieval a través do estudo e comparación dos lemas e macrolemas que a estas expresións se refiren. Partindo desa base Mercedes Brea dá conta logo da categorización levada a cabo na lírica galego-portuguesa con pormenorizados exemplos e explicacións.

**Dubert García**, Francisco, Gabriel **Rei-Doval** e Xulio **Sousa**, *En memoria de tanto miragres. Estudos dedicados a David Mackenzie*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2015, 261 pp. (ISBN:978-84-16183-96-8). ◆

Colectánea de artigos realizados por diferentes persoas do ámbito da lingüística iberorrománica e a lingüística e literatura galegas na honra do profesor David Mackenzie. Son de interese para a literatura galega, os seguintes traballos:

- Stephen Parkinson, “Des ata até trões: A family of Galician-Portuguese Prepositions and Conjunctions in the Cantigas de Santa María”, pp. 113-124.

Analiza o uso das preposicións *ata-até,* en combinación con *trões,* localizadas na obra medieval das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X “o Sabio”. Ademais, o autor inclúe o emprego destas fórmulas con variantes morfolóxicas e a repercusión métrica na escolla dunha opción ou outra como aspectos importantes a ter en conta. -

- Henrique Monteagudo, “Da ren que mays amey – daquela me segudades (Osoryo Anes, B40)”, pp. 103-111.

Proposta editorial do problemático vocábulo final do verso nove da cantiga *E por que me desamades* do trobador Osoyro Anes, copiada unicamente en B. Monteagudo expón as solucións ofrecidas en edicións anteriores e o porqué non lle parecen correctas en cada caso para, finalmente, mostrar cal é a solución pola que el aposta e o porqué da súa escolla.

- Ricardo Pichel Gotérrez, “Sobre as relacións lingüístico-literarias entre as versións ibéricas derivadas do *Roman de Troie*. Un estado da cuestión”, pp. 125-142.

Estuda o estatuto lingüístico e as relacións intertextuais entre os principais testemuños ibéricos derivados tras o éxito do *Roman de Troie* e entre os cales temos os volumes galegos da *Crónica Troiana* (BNE ms. 10.233) e a *Historia Troiana* híbrida galego-castelán (BMP ms.558). Este rigoroso estudo de filiación contribúe á actualización desta liña de investigación pretendendo, así, fixar un novo estado da cuestión no que seguir traballando.

**Eirín García**, Leticia, *A visión do amor no cancioneiro de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor*, Compostela: Laiovento, n.º 324, 2015, 286 pp. (ISBN: 978-84-8487-275-7).

O estudo realizado nesta obra de Leticia Eirín (A Coruña, 1981), baseado na tese de doutoramento da autora presentada no 2012 na Universidade da Coruña, parte da fixación dun corpus de trinta e tres cantigas de amor do trobador Don Denis nas cales se analiza a visión que este ten do amor trobadoresco, así como das causas que relacionan ese sentimento coa dama. Completa análise que comeza cunha introdución sobre a figura do trobador e da súa corte poética, segue cun estudo sobre o corpus e os tópicos alí localizados e cos criterios de edición empregados para, posteriormente, mostrar unha por unha as composicións editadas e estudadas polo miúdo. A obra remata coa inclusión do rimario e da bibliografía empregada.

**Frateschi**, Yara, María Isabel **Morán Cabanas** e **Souto Cabo**, *O caminho poético de Santiago. Lírica galego-portuguesa*, Sao Paulo: Cosac Naify, 2015, 221 pp. (ISBN: 978-84-405-0802-6).

Escolma de textos trobadorescos sobre a cidade de Compostela a cargo dos especialistas Yara Frateschi, María Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo. O volume xorde coa intención de divulgar os estudos galegos desta área no Brasil, motivo polo

que comeza cun prólogo no que se explican cales son os trazos máis característicos da lírica galego-portuguesa, se realiza un breve resumo sobre a historia da cidade de Compostela e se xustifica o sentido da obra. Nesa xustificación explícase que a selección dos autores e dos textos se realizou en base a súa relación de afinidade coa cidade de Compostela. Diferencian dúas partes na selección: a primeira inclúe a aqueles que fan algunha mención á cidade na súa produción ou se ligan a ela pola documentación histórico-biográfica; a segunda inclúe a autores que dialogan cos poetas da primeira parte. Ademais, informan de que cada cantiga vai acompañada dun pequeno texto biobibliográfico sobre o autor e dun pequeno comentario do texto. Alén diso, o libro tamén contén un glosario cos termos máis problemáticos, un mapa da cidade de Compostela, unha lista cos topónimos citados, unha escolma de imaxes dos manuscritos e unha completa bibliografía final.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "A Compostela das cantigas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", p. 33, n.º 877, "letras Atlánticas", 19 abril 2015.

Informa da saída editorial desta obra  publicada baixo o selo brasileiro Cosac Naify. Tamén achega información sobre os editores da mesma, Yara Frateschi, Isabel Morán e José António Souto Cabo, así como outras referencias sobre a composición, estrutura ou importancia do libro para a internacionalización da nosa literatura.

**Referencias varias:**

- Joel Gómez, "El atractivo de la poesía medieval promociona Santiago en Brasil", *La voz de Galicia*, 16 abril 2015, p.5

Dá conta da nova editorial resumindo o contido do libro de forma pormenorizada. Tamén recolle palabras dos tres autores do volume dando información sobre o éxito editorial, cales foron os apoios que recibiron ou como transcorreu a presentación en Compostela, a mesma cidade que lles serve de unión na recolleita.

**Haro Cortés**, Marta (ed.), *Literatura y ficción: "estorias", aventuras y poesía en la Edad Media*. Valencia: Publicacions Universitat de València, col. Parnaseo, 2015, 824 pp. (ISBN: 978-84-370-9794-7). ◆

Monografía en dous volumes. O primeiro deles céntrase na literatura e ficción: modelos narrativos e poéticos, transmisión e recepción, historiografía, épica e libros de viaxes, mester de clerecía e literatura sapiencial, doutrinal e rexementos de príncipes. O segundo especializado na prosa de ficción: materias narrativas, o romanceiro, a poesía e os manuais e didáctica da ficción. Son de interese para a literatura galega, o seguinte traballo:

- Elvira Fidalgo, "De nuevo sobre la expresión del "joi" en la lírica gallego-portuguesa", pp. 107-141.

Comeza cuestionando a pervivencia da tradición amorosa ultrapirenaica nos trobadores galego-portugueses para centrarse na expresión concreta do canto feliz, ou como a autora matiza, polo menos esperanzado, do amor coa dama. Son sete os textos nos que este motivo se rexistra e que Elvira Fidalgo examina con exhaustividade: *O gram viç' e o gram sabor* de Don Denis, *Amor faz a min amar tal senhor* e *Pois a min amor non quer leixar* e *Que muito m'eu pago d'este verão* de Airas Nunez, *Ben poss' Amor e sseu mal endurar* de Martin Moxa e *Pero tal coita ei d'amor* e *Algun ben mi deve ced' a fazer* de Johan Airas.

**Hook**, David (ed.), *The Arthur of Iberians. The Arthurian Legends in the Spanish and Portuguese Wordls*, Cardiff: University of Wales Press, 2015, 576 pp. (ISBN: 978-17-831-6241-3). ◆

Colectánea de estudos sobre a literatura artúrica no ámbito da Península Ibérica. Son de interese para a literatura galega, o seguinte traballo:

- Pilar Lorenzo Gradin, "The *Matière de Bretagne* in Galicia from the XIIth to the XVth Century", pp. 118-161.

Completo estudo sobre a introdución e implantación da materia de Bretaña na cultura galega entre os séculos XII a XV. A autora comeza cunha introdución onde senta os datos históricos a ter en conta e logo analiza as diferentes alusións que sobre esta materia se recollen na lírica profana e nas *Cantigas de Santa Maria*. Posteriormente, establece os ciclos literarios que na prosa galega se deron partindo da transmisión textual iniciada a través do autor francés Chrétien de Troyes, analiza as referencias recollidas nas obras historiográficas galegas e remata cun apartado no que estuda as traducións realizadas nos ciclos de prosa, con especial atención o caso galego e o *Livro de Tristan*.

**Tarrío**, Anxo (ed.), *Xosé Filgueira Valverde: Día das Letras Galegas 2015*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, primavera 2015, 215 pp. (ISBN: 978-84-16183-82-1). ◆

Volume conmemorativo do Día das Letras Galegas, organizado polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela e editado polo profesor Anxo Tarrío Varela, no que se reúnen oito traballos que estudan as múltiples facetas vitais e creativas deste polígrafo galego ademais dunha escolma de textos xornalísticos. Péchase a obra cunha escolma de textos publicados en prensa e despois recollidos en *Adral* que teñen como elo temático a cidade de Santiago de Compostela e/ou a súa universidade. En relación coa literatura galega, acóllense os seguintes estudos:

- Mercedes Brea e Elvira Fidalgo, "Filgueira Valverde e a literatura galega medieval", pp. 23-51.

Repárase en que o interese pola literatura galega medieval foi unha constante ao longo de toda a vida de Filgueira Valverde. Consideran que malia non levar a cabo edicións críticas, acertou de pleno na interpretación dalgún texto complexo. Divídese o artigo en dous apartados: "As cantigas de Santa María", onde se realiza un percorrido polas

publicacións de Filgueira relativas ao marial afonsino, apuntando que seguen sendo un punto de referencia para os estudosos actuais, entre outras cuestións. No seguinte apartado, "A lírica trobadoresca", analízase o traballo de Filgueira sobre esta temática, salientando que foi un auténtico pioneiro e que se debeu, en gran medida, ao ambiente cultural propiciado pola Xeración Nós.

Tamén descrito no apartado IV. Día das Letras Galegas: Xosé F. Filgueira Valverde deste *Informe*.

# XI.2. REEDICIÓNS

**Marcerano**, Simone (ed.), *Afonso Anes do Coton. Cantigas*, Roma: Carocci Editore, col. Biblioteca Medievale Testi, n.º 149, 2015 (ISBN:978-88-43-077-168).

Rigorosa edición das composicións do trobador medieval Afonso Anes do Coton. O corpus editado por Marcenaro está formado por vinte e catro cantigas clasificadas como dúas cantigas de amigo, quince cantigas de escarnio e maldicir, dúas tenzóns e cinco máis de atribución dubidosa. O libro complétase cunha introdución sobre a figura do poeta, a tradición manuscrita que o rodea, o tema, estilo e métrica da súa poesía e os criterios de edición empregados. Inclúe tamén varios documentos como o das notas ao texto, un rimario, un glosario selectivo e unha abondosa bibliografía.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Trobeiros internacionais", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 28/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", p. 32, n.º 892, "letras Atlánticas", 2 agosto 2015.

Infórmase da aparición de dúas obras sobre literatura medieval galega publicadas alén das nosas fronteiras. A primeira correspóndese coa proposta de edición das cantigas de Afonso Anes do Coton realizada polo especialista Simone Marcerano, da Universidade de Milán. A segunda pertence á tradución nipona das sete cantigas de amigo de Martin Codax realizada polo profesor Takekazu Asaka, da Universidade Tsudajuku de Toquio.

# XI.3. ANTOLOXÍAS

**Parkinson** Stephen, *Alfonso X. The Learned. Cantigas de Santa María. An anthology*, Cambridge: The Modern Research Association, col. MHRA Critical Texts, n.º 40, abril 2015, 162 pp. (ISBN: 978-84-78188-023-4).

Edición e estudo dunha selección antolóxica composta por corenta e cinco composicións tiradas das *Cantigas de Santa Maria* (CSM) de Afonso X e realizada por Stephen Parkinson desde o "Centre for the Study of the *Cantigas de Santa Maria* of Oxford University". O volume iníciase cunha rigorosa introdución na que o autor aborda diversos aspectos relativos á figura de Afonso X e á obra das *CSM*, entre os que temos unha análise sobre o impacto e a historia da obra, un resumo do contido e da organización da mesma, un estudo teórico sobre a súa posíbel clasificación (entendida como unha colección de milagres, como unha obra histórica e autobiográfica ou como unha peza literaria), unha análise da métrica e a poética utilizada, un resumo dos recursos empregados na edición proposta e unha explicación dos principios usados na súa elaboración. Logo desta completa introdución realiza a proposta de edición, na que cada unha das cantigas escollidas aparece co seu correspondente estudo editorial, métrico, paleográfico e codicolóxico, así como cunha tradución ao inglés.

# XI.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

**Eirín García**, Leticia, "O fenómeno trobadoresco nas terras do Baixo Miño", *Grial*, n.º 205, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2015, pp. 109-110.

Achégase unha recensión do libro *A nobreza miñota e a lírica trobadoresca na Galicia da primeira metade do século XIII. A personalidade histórica do trobaor Johan Soayrez Somesso. Os trobadores Afonso Soarez Sarraça e Estevan Fayan* (Editorial Toxosoutos, 2014), realizado por Henrique Monteagudo. Coméntase a xénese do volume a partir da exposición *O son das ondas* (2011), e a labor de Henrique Monteagudo para contribuir a investigación sobre a lírica trobadoresca galega. No libro, traza o percorrido vital de Johan Soayrez de Somesso para defender que a súa procedencia galega. Saliéntanse o rigor metodolóxicoda obra e os resultados conseguidos, que abrirán novas vías de investigación.

**González Martínez**, Déborah, "*E fisica que fezesse nulla prol non lle fazia*. Médicos e medicina nas *Cantigas de Santa Maria*", *Estudios Románicos*, vol. 24, 2015, pp. 157-171.

Analízanse as referencias atopadas nas *Cantigas de Santa Maria* sobre termos relativos á medicina e aos seus especialistas. Nas narracións miraculísticas localizadas nas *CSM* normalmente amósanse os poderes da Virxe como sanadora de doenzas físicas, psíquicas e, incluso, espirituais. Porén, o interese deste artigo reside no estudo daquelas outras significacións sobre a medicina convencional da época. En concreto son sete os termos que se analizan: *fisica*, *fisico*, *meezĩa*, *mege*, *maestre*, *celorgia* e *celorgião*. Deles faise unha descrición pormenorizada na que se indica o lugar de aparición de cada un deles na obra de Afonso X, cales son as súas variantes léxicas e cal é o significado que adquiren en cada caso concreto de aparición.

_____, "Estas se podem fazer d'amor ou d'amigo ou d'escarnho ou de maldizer. Anotaciones sobre la tensón en la lírica gallega medieval", *Medievo Romanzo*, vol. XXXIX, 2015, pp. 128-151.

Aborda a problemática da definición de tenzón xa traballada noutros artigos da autora. Neste, comeza definindo o termo, logo fala del no contexto da lírica galega medieval indicando que o seu apoxeo de cultivo tivo lugar no segundo e terceiro cuarto do século XIII e segue cunha reflexión sobre o mantemento ou non dos aspectos métricos neste tipo de composicións peninsulares. Despois analiza pormenorizadamente as composicións *Mia senhor, vin-vos rogar* atribuída a Arias Moniz d'Asma, *Amiga, faço-me maravilhada* de Don Dinis, *Par Deus, podedes saber* de Pedr'Amigo de Sevilha e *Como cuidades, amiga, fazer* de Joan Baveca.

**Pousada Cruz**, Miguel Á., "Las cantigas de Sancho Sánchez, clérigo", *Estudios Románicos*, vol. 24, 2015, pp. 173-197.

Primeira vez que se editan e estudan xuntas as seis composicións (cinco cantigas de amigo e unha cantiga de amor) atribuídas ao trobador Sancho Sánchez, recollidas en *B* e

*V,* as cales pechan o denominado “compilação de clérigos”. Para a edición o autor non só tivo en conta as referencias dos Cancionerios *B* e *V* senón todas aquelas edicións parciais realizadas anteriormente.

# XI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

**Álvarez**, Elisa e Xurxo **Melchor**, "El libro en el que está la esencia de Galicia", *La Voz de Galicia*, "A fondo", 22 xaneiro 2015, p. 4.

Analiza o valor histórico, artístico e simbólico do *Códice Calixtino* ao redor do Apóstolo Santiago e o camiño de Santiago. Indica que data do século XII e que contén o texto máis antigo do *Liber Sancti Iacobi* e explica a causa do seu nome debido a carta do papa Calixto II ao arcebispo Xelmírez na que relata como reuniu milagres relacionados co Apóstolo. Describe a súa estrutura en cinco libros e dous apéndices e o contido de cada un deles, ademais de ofrecer datos sobre a súa custodia.

# XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

**Méndez Ferrín**, Xosé Luís, "Rianxo e frores de lis", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 938, 5 decembro 2015/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 518, 12 decembro 2015, "No fondo dos espellos", contracuberta.

Reflexiona sobre a figura de Paio Gomez Charinho e a relación que este mantiña coa vila de Rianxo. Indica que as noticias que normalmente se ofrecen deste trobador o sitúan sempre na cidade de Pontevedra pero engade que Xosé Luís Axeitos abre unha nova liña biográfica xa que afirma que a vila do Barbanza se atoparía ateigada de lembranzas deste poeta medieval. Tamén enxalza a temática marítima dende distintas perspectivas nas vinte e seis cantigas conservadas do poeta.

# XI.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

**Calveiro**, P., "Un pionero proyecto documental acerca la Galicia medieval", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 xaneiro 2015, p. 39.

Informa sobre o novo portal virtual que pon en marcha o Consello da Cultura Galega, en colaboración con outras institucións, co nome de *Gallaecia Monumenta Historica* e no que se recollen máis de tres mil escritos nunha primeira fase que contan se vaia ampliando progresivamente.

_____, "Publican una nueva edición del Códice Calixtino en español", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 setembro 2015, p. 38.

Salienta a publicación dunha nova edición en castelán do *Liber Sancti Iacobi. Codex Calixtinus* publicada por Turismo de Galicia cunha introdución de Mª José García Blanco, seguida dos textos introdutorios da edición de 2004. Indica que inclúe ata cinco índices para facilitar as consultas.

**Coco**, Abraham, "El 'Calixtino' se sacude los gazapos", *ABC*, "Galicia", 23 setembro 2015, p. 73.

Analiza as grallas das edicións do *Códice Calixtino* de 1951 e 2004 e informa da presentación da terceira edición que cualifica como actualización necesaria polo auxe do Camiño, cuxa primeira guía é o libro V do Calixtino, polo interese mediático tras o seu roubo e pola demanda dos ámbitos intelectuais.

**Fraga**, Xesús, "Moleiro reproducirá o pergamiño Vindel coas cantigas de Martin Codax", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 agosto 2015, p. 32.

Comenta que, co gallo da Feira do Libro da Coruña, Manuel Moleiro, editor ourensán residente en Barcelona, aproveitou para anunciar algúns novos proxectos como a edición das sete cantigas de amigo de Martin Codax contidas no Pergamiño Vindel.

**Lorenzo**, Fran P., "O Consello da Cultura activa na rede o GMH, 'un friso da Galicia medieval", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 16 xaneiro 2015, p. 33.

Dá conta da apertura do portal virtual *Gallaecia Monumenta Historica (GMH)*, levado a cabo polo Consello da Cultura Galega, en colaboración con máis institucións, e no que se pretende estabelecer un amplo corpus de textos medievais galegos, que na súa primeira fase xa conta entre os seus documentos cun total de nove compendios que xa foran publicados en papel polo CCG pero que agora, ademais de estar dixitalizados, teñen o interese de permitir buscas neles.

**Nova**, Alberto, “La alta demanda provoca una reedición del Códice actualizada en castellano”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 setembro 2015, p. 26.

Fala da presentación da nova edición actualizada en castelán do *Liber Sancti Iacobi. Codex Calixtinus* publicada por Turismo de Galicia por mor da alta demanda, pois a edición de 2004 está esgotada, e pola súa importancia para difundir a peregrinaxe a Santiago de Compostela. Indica que esta edición trata os sete camiños nos seus tramos galegos e incide no interese científico. Apunta que a responsable da tradución ao castelán desta versión revisada e corrixida é Mª José García Blanco e que inclúe novos rexistros bibliográficos.

# *XII. APÉNDICE*

Entradas non recollidas en informes anteriores.

## XII.1. NARRATIVA

## XII.1.1. NARRADORES GALEGOS

**Constela**, Xesús, *Apoteose das perchas*, Ferrol: Edicións Embora, col. Narrativa galega, decembro 2014, 92 pp. (ISBN: 978-84-92644-76-6).

Novela curta de Xesús Constela (Ferrol, 1963) situada en Nápoles que trata o tema das aparencias e das dobres identidades a través da historia de Tommaso Bonanno, un mendigo siciliano que oculta un segredo. Abre cunha dedicatoria do autor, á que lle segue un paratexto coa definición do termo *percha*, tirada do *Dicionario da Real Academia Galega*. A continuación preséntase, sen ningún tipo de división en capítulos, o contido da obra, subtitulada "divertimento napolitano". A historia comeza coa agresión de Tommaso Bonnano a un transeúnte co que aparentemente non tiña ningunha relación. Inicia así unha investigación policial que revela que ningún dos homes é quen parecen ser. A partir do interrogatorio de Tommaso, a policía descobre que ambos os dous están involucrados nun crime acontecido un ano e medio antes no luxoso cruceiro *Spirit of the Seas*, no que Tommaso traballara baixo a identidade falsa de Ernesto Basile antes de ser mendigo, que rematara con catro pasaxeiros mortos e dúas persoas desaparecidas. Neste marco, a partir das conversas que mantén a policía cos dous homes para tratar de esclarecer os feitos, o lector vai coñecendo o acontecido, a través da narración de situacións cómicas e absurdas. A historia é relatada por un narrador en terceira persoa omnisciente, mais os diálogos e os pensamentos dos personaxes incorpóranse á voz do narrador sen ningún tipo de marca formal.

**Recensións:**

- Ramón Nicolás, "Divertimento napolitano", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 6 marzo 2015, p. 4.

Saúda o retorno do autor á narrativa con esta novela breve caracterizada polo ton humorístico e "o deseño de situacións aparentemente absurdas ou delirantes". Refire brevemente o argumento e salienta a perspectiva marcada pola ironía, "que deriva ás veces en sátira e esperpento, acompañada case sempre dun chisco de acedume". Informa da presenza dun personaxe moi curioso, semellante ao Willy de *Shakespeare destilado*, caracterizado por un sentimento de autoodio debido ás súas orixes humildes. Ademais, destaca o recurso da oralidade empregado durante proceso policial e salienta a crítica que se fai ao longo da obra sobre as falsas aparencias e as dobres identidades.

- Vicente Araguas, "Divertimento napolitano", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 875, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 875, p. 30, "máis Libros", 5 abril 2015.

En primeiro lugar, fálase da figura de Xesús Constenla como un dos escritores máis interesantes na actualidade e das súas habilidades literarias. Posteriormente, infórmase da saída desta nova novela ambientada en Nápoles, coa que o autor "entra no universo do divertimento". Recóllese brevemente o argumento e destácase a economía expresiva, a sutileza, intelixencia e elegancia da narración. Finalmente, recoméndase a súa lectura e saliéntase o labor da editorial Embora, "todo un luxo para unha cidade como Ferrol".

**Referencias varias:**

- Nicolás Vidal, "Xesús Constenla. 'Apetecíame escribir algo lixeiro e con humor e resultou moi divertido", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 25 xaneiro 2015, p. 11.

Entrevista realizada a Xesús Constenla co gallo da publicación da súa última novela ambientada en Nápoles. Comenta a importancia do humor e da cidade escollida "tan caótica, descoidada, cun ambiente estraño, pero tamén moi bonita". Describe a orixe dos personaxes e a axuda recibida polos lectores a través do seu blog para caracterizalos.

- Belén López, "En Galicia falta humor en xeral", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Cultural", 28 febreiro 2015, p. 11.

Conversa co escritor ferrolán debido á presentación da súa novela. Presenta a orixe do libro e o motivo da escolla da cidade de Nápoles, ademais, caracteriza brevemente os personaxes. Salienta a conexión coa obra *Shakespeare destilado* e indica que o seu próximo libro será unha recompilación de contos. Finalmente, destaca a necesidade de usar o humor na literatura galega dado que é "unha válvula de escape magnífica".

**Núñez Singala**, Manuel, *Instrucións para tomar café*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 329, outubro 2014, 139 pp. (ISBN: 978-84-9865-551-3)

Volume de Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963) composto por corenta e cinco relatos, de extensión variábel (dende só dúas liñas até varias páxinas), xebrados en catro partes: "Libro de reclamacións" con dez, "Libro de estilo" con nove, "Libro de instrucións" e mais "Libro de contos", ambas con trece relatos. Todos estes textos presentan ironía, retranca e humor partindo de escenas cotiás, de reflexións lingüísticas, da idiosincrasia galega ou dos contos clásicos. A primeira parte de *Instrucións para tomar café*, titulada "Libro de reclamacións", contén variadas denuncias e queixas normalmente cun final inesperado, mentres que a segunda, "Libro de estilo", céntrase na reflexión sobre a maneira de ser dos galegos. Na terceira parte, "Libro de instrucións", teñen cabida relatos sobre a situación actual da lingua galega e sobre os prexuízos lingüísticos e, finalmente, a última parte, "Libro de contos", ten como protagonistas os contos clásicos e os seus personaxes reis, ogros etc.

**Pichel Beleiro**, Antonio, *Xente que nunca antes morrera*, Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa, 2014, 98 pp. (ISBN: 978-84-7824-643-4).

Novela curta de Antonio Pichel Beleiro (Pontevedra, 1987) que ten como subtítulo "Mazurca de Milloi, para gaita e bomo". O libro consta de dezanove capítulos onde se

relata a historia dunha detective, Jane, que chega a Compostela dende Dallas para indagar na morte dun investigador universitario. Jane acepta este encargo dunha compañía de seguro logo de que o caso fose arquivado pola xustiza. A investigación lévaa a coñecer unha Galicia profunda, en que se trata o éxodo da poboación, e a contactar con distintos personaxes que aparentan seren persoas sinceras e honestas mais, pola contra, descubrirá a complexidade que agochan. O relato, que presenta trazos de novela psicolóxica, afronta tamén a reflexión sobre o propio sentido da existencia onde os obxectos son interpretados máis como ilusións que coma materia. Por último, o texto ofrécenos un estilo incisivo e preciso onde non hai espazo para a retórica literaria e onde destaca o uso e dominio dun léxico pouco frecuente.

**Yáñez**, Paco, *Contra(de)cadencia*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 312, 2014, 317 pp. (ISBN: 978-84-8487-240-5).

Narración interartística e multiformal de Paco Yáñez (nome literario de Francisco Yáñez Calviño, Santiago de Compostela, 1974) que está dedicada "A Manuel, A Jorge, pola súa amizade sincera, polo seu compromiso constante". Presenta unha estrutura xeral de capítulos en orde descendente e intitulados por números arábigos negativos até chegar ao 0, que se pechan cun "Palimpsestario". Cada un dos capítulos caracterízase pola experimentación formal, nun xogo rupturista da escrita narrativa tradicional para reflectir un monólogo interior coherente no contido pero que formalmente rompe coa norma ortográfica (ao mesturar o uso indiferenciado de maiúsculas/minúsculas, de grosas, de cursivas, de distintos tipos de letra) e narrativa (ao reiterar palabras, inserir fragmentos de partituras musicais, crear palabras novas, separar palabras derivadas e compostas etc.). Esta ruptura formal incide na total liberdade de pensamento contido nesta interartística narración, na que os temas flúen, se reiteran e se retoman para formar un conxunto plural e heteroxéneo na forma e no contido. Malia a variedade temática hai unha serie de motivos constantes: a crítica ao modelo tradicional de novela, a aposta por un híbrido narrativo, o cuestionamento da canonización das obras nos sistemas literarios, as lindes entre xéneros, a necesidade de expresar o mundo interior, a crítica da sociedade actual, e a reflexión sobre a (de)cadencia e a (in)cultura, entre outras temáticas.

**Recensións**:

- Alfredo Iglesias, "Un berro xordo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 551, "Libros", 10 setembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 505, "Letras galegas", 19 setembro 2015, p. 10.

Define a obra como una reflexión filosófica sobre o mundo contemporáneo e comenta que é un libro difícil de clasificar dende un punto de vista xenérico, ao mesturarse textos narrativos, poéticos ou prosa lírica xunto a un eco musical e visual. Resalta a súa calidade literaria e a súa complexidade narrativa e explica os temas fundamentais: a crítica á decadencia cultural, a denuncia do poder do capital, a necesidade de cambio etc.

# XII.1.2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

**Ómarsdóttir**, Kristín, *Meu amor, eu morro*, (*Elskan mín éd dey*, Mál og menning, 2000), trad. Elías Portela , Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 56, 2014, 282 pp. (ISBN: 978-84-92866-67-0).

Novela de Kristín Ómarsdóttir (Reykjavik, 1962) traducida ao galego por Elías Portela. Aínda que o inicio autobiográfico, centrado na presentación dos membros da familia, pode dar a entender que estamos perante unha obra de corte clásico esta sensación pérdese coa desaparición da irmá do narrador e a sorprendente reacción que teñen el e mais o seu pai e irmás ante a súa morte, xa que, entre outros aspectos, nin na conversa que manteñen nin no ritual mortuorio se pode apreciar ningún tipo de tristeza. Trátase, pois, dunha obra extravagante que nos invita a ver a morte doutro modo e que pon de manifesto, mediante a superposición do mundo dos vivos e o dos mortos, a vulnerabilidade dos individuos ante a súa propia existencia. Nela o mundo dos mortos, que parece máis real que o dos vivos, afástase da visión do paraíso orixinal, dándolle a autora unha dimensión lúdica e facéndoo aparecer na novela para cuestionar as relacións existentes entre os vivos. Este mundo, o reino celestial, é unha prolongación ideal do mundo dos vivos: é un lugar organizado no que hai bibliotecas e bares, xa que os mortos beben moito, e usando uns prismáticos os mortos poden observar os vivos.

**Recensións:**

- Laura Blanco Casás, "Con coidadoso estilo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 559, "Libros", 5 novembro 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 514, "Letras galegas", 14 novembro 2015, p. 10.

Fálase do labor da escritora e destácase que esta obra foi gañadora do Premio Cultural DV de Literatura e foi candidata ao Premio Literario do Consello Nórdico. Dáse conta dos personaxes, coméntase o argumento do libro centrado nunha familia e a temática da morte. Anúnciase a presenza do sexo, o erotismo, os suicidios e o adulterio. Indícase que se mesturan os capítulos que se localizan na terra cos que acontecen no ceo e que "o realismo e as traxedias do mundo terreal contrastan co absurdo e as situacións cómicas que se viven no ceo".

**Referencias varias:**

- R. Nicolás, "Arrecendo carnavalesco islandés", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 26 xuño 2015, p. 11.

Infórmase da tradución ao galego, elaborada por Elías Portela, dunha das "novelas máis representativas do chamado 'realismo máxico islandés' e inédita até agora en calquera das linguas peninsulares".

# XII.2. POESÍA

# XII.2.1. POETAS GALEGOS

**Domínguez Alberte**, Xosé Carlos, *Rastros con enrugas*, Santiago de Compostela: Edicións Corsárias, col. Corsárias creación, n.º 6, novembro 2014, 81 pp. (ISBN: 978-84-16121-22-9).

Poemario de Xosé Carlos Domínguez Alberte (Escudeiros-Ramirás, 1966) dedicado a "todas as vítimas/ da pobreza do capitalismo/ do capitalismo da pobreza". O texto comeza con dúas citas: unha, de Ernesto Cardenal, e outra, de Ferreira Gullar. Abrangue un total de corenta e dúas composicións, estruturadas en cinco seccións: "Inocentes", "Enfermismos", "Adolescencia en nomes sen horizontes", "Maleta viaxeira" e "Caderno da crueldade". Todas elas preséntanse con citas, as cales tamén son unha constante ao longo do poemario, de Nazim Hikmet, Patrick Kavanagh, Pero da Ponte, Joseba Sarrionandia, Valentín Lamas Carvajal, Francisco Castro, Manuel María, Airas Nunes, Hilde Domin, Orfila Bardesio, Seamus Heaney, Wislawa Szymborska, Mahmud Darwix, Rosalía de Castro, Antón Cortizas, José Saramago e Celso Emilio Ferreiro. Dende o punto de vista temático, o suxeito poético cede paso á voz colectiva para testemuñar un tempo incerto, denunciando inxustizas como a precariedade laboral, a desintegración dun sistema sanitario e educativo público, os enganos dos políticos etc. A manipulación reflíctese na segunda sección do poemario, iniciado co "Exercicio de crítica non literaria", no que se explica que son "reflexos de imaxes" da saúde social recollida na prensa diaria, espallados como unha sorte de metástase. En definitiva, a voz poética critica as políticas capitalistas esixindo unha resposta colectiva da poboación para dignificar o presente e rachar contra o silencio e a indiferenza. A fotografía da cuberta, do autor e as ilustracións interiores son de Baldo Ramos.

**Recensións:**

- Román Raña, "A lira faise ira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 535, "Libros", 19 marzo 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 489, "Letras galegas", 28 marzo 2015, p. 10.

Sublíñase a articulación do poemario a partir da indignación e a denuncia das inxustizas (a corrupción, a plutocracia, o nepotismo...) por medio da declamación que acaba sendo "reclamación, un desgarrado acto de xustiza" e de repudio, con pegadas de Manuel María, Luís Seoane e Celso Emilio..

**Lobelle**, Rafa, *Andar ás apóutegas*, XVIII Premio de Poesía Avelina Valladares, A Coruña: Edicións Fervenza, col. O cartafol de Vilancosta, decembro 2014, 60 pp. (ISBN: 978-84- 943036-0-9).

Poemario de Rafael Lobelle González (Vilameá, Chantada, 1988) que contén unha dedicatoria persoal. Séguelle a composición "Abrente", en relación ao título da obra e onde se menciona outro dos nomes polos que esta planta é coñecida: "mel de raposo". As partes nas que se divide o libro ábrense cos seguintes títulos: "Aviando o macuto",

“Esmagar os toxos bravos cos pés” e “O cheiro de castañas asadas ao lonxe”, respectivamente. Cada unha delas é introducida por citas de autores literarios: Eduardo Galeano, Rafa Villar, María do Cebreiro, Camilo Franco, Baldo Ramos e Luís González Tosar. Trátase dun conxunto de trinta e seis composicións, todas elas intituladas. Na primeira parte, o eu lírico inicia unha viaxe, máis psíquica ca física, aludindo a un porvir que asume un pasado de tristuras e feridas (“Alforxas”) e defendendo a súa particularidade fronte aos outros (“Arañeira”) para reafirmarse na fin dunha etapa. Na segunda parte, hai unha marcada dimensión do social, onde se alude a cuestións políticas con vontade crítica. Na última, o eu poético regresa ao inicio e reflexiona sobre esa viaxe interior, marcada pola estación outonal. Os poemas caracterízanse polo emprego do verso libre e a extensión irregular, con certa innovación formal na disposición de versos en poemas como “Precursores” ou “A árbore da vida”.

## XII.2.2 REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

**Manuel María**, *Sonetos á Casa de Hortas*, A Coruña: Fundación Manuel María de Estudos Galegos, 2014, 56 pp. (ISBN: 978-84-942893-0-9). ◆

Reedición do poemario de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004) que fora publicado en 1997 en Espiral Maior na col. “Illa Verde” e descrito no *Informe de literatura 1997*. Os cambios salientábeis con respecto á primeira edición son a editorial, nun formato máis grande, e a incorporación de pequenas fotografías familiares do poeta.

## XII.2.3. ANTOLOXÍAS

**VV. AA.**, *Ribeira Sacra: poesía e historia, paisaxe e cultura*, pról. José Luís Fernández, Santiago de Compostela: Nino Centro de Impresión Digital, 2014, 70 pp. (ISBN: 978-84-943494-1-6).

Comeza cun prólogo institucional do Valedor do Pobo, José Julio Fernández Rodríguez, ao que lle seguen tres textos: o primeiro, “A Ribeira Sacra: o Románico en silencio”, do historiador Luis Vázquez Estévez, fai un repaso polo patrimonio cultural de carácter arquitectónico. O segundo, intitulado “Outono na Rivoira Sacrata”, de Xosé Benito Reza Rodríguez, describe con estilo poético e breve o escenario outonal que ofrece a natureza do lugar. O terceiro, “O viñedo en terrazas: unha escultura na paisaxe” asínao o xornalista Luis Díaz, e nel destaca os valores naturais, históricos e culturais da Ribeira Sacra, facendo mención á definición que sobre esta terra realizou Otero Pedrayo. O corpus dos textos poéticos confórmano sesenta e cinco breves composicións de Xermán Estévez Janeiro; “Outono”, de José Antonio Vázquez Estévez; “Inspiración na Ribeira Sacra”, de José Julio Fernández Rodríguez; “Ide paseniño”, de José María Guijo Vázquez; “Ribeira Sacra”, de Francisco X. Fernández Naval; e “Calma”, de Rafael Silva Costoyas. Todas as composicións están inspiradas nesta zona da provincia ourensá, nas que destaca a presenza de toponimia (Diomondi, O Saviñao, Val de Navea, Esgos, Montefurado,...) e hidronimia (Sil ou Cabe), así como a fauna e flora do lugar. O volume inclúe fotos a cor da comarca dos autores colaboradores no volume. A foto da contraportada é da autoría de Carlos G. Hervella.

**VV. AA.**, *XIX Certame literario Manuel-Oreste Rodríguez López*, Paradela: Concello de Paradela, 2014, 95 pp.

Ábrese o volume coa presentación de carácter institucional a cargo de José Manuel Mato Díaz. Séguelle un texto asinado por Manoel Carrete Rivera, presidente do Centro Galego de Barcelona, quen recorda a Oreste, quen foi socio de honra do centro barcelonés, e considera, entre outras cuestións, os relatos do de Paradela como a "base histórica de estudos posteriores sobre a diáspora galega no territorio español". A continuación, Antonio Giz, director de GaliciaDigital, presenta "O proxecto Manuel Rodríguez López", co obxectivo de dar a coñecer o traballo deste autor, a súa obra literaria, o seu amor pola terra e as relacións entre a súa terra natal de Paradela cos emigrantes galegos de Cataluña. A seguir, aparecen as bases do presente certame e a acta do fallo do xurado. Reprodúcense tamén as bases da XIX Edición do certame. Nos seguintes apartados, aparecen os premiados nas súas respectivas categorías (poesía e narrativa), así como os accésits que outorgou o xurado. No final, inclúese unha biografía de Manuel Oreste Rodríguez e o relato "Reconciliación" do seu libro *Reencontro coa aldea* (1983), así como a composición "Xaniño", dos libros *Poemas populares galegos* (1968), *Manuel Rodríguez López. Poesía completa* (2009) e *Manuel Rodríguez López. Antoloxía poética* (2014).A continuación, recóllense as obras que foron premiadas e escritas en lingua galega:

- Alba Sánchez Ares, "Suspiros de Venecia", pp. 26-29.

O segundo áccesit no xénero poético é unha composición intimista en verso libre onde o eu lírico dubida do tempo e fai fronte á incerteza do presente e do porvir.

- Jesús Alfonso Pato Jato, "Égloga no souto", pp. 34-37.

A mención de honra na categoría de poesía trátase dun diálogo marcado polo dramatismo esperanzado. Preséntase baixo o lema "A maceira".

- Mercedes Blanco Iglesias, "Chove", pp. 62-67.

Presentado baixo o lema "Lupa de Francos", é un dos áccesits premiados na categoría narrativa. É un relato dunha muller viúva de sesenta anos que fai memoria da súa vida, destacando que foi vítima dos malos tratos por parte do seu home.

# XII.3. TEATRO

## XII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

**Cortegoso**, Santiago, *Smoke on the water*, III Premio MOME Varela Buxán 2013, A Estrada: Fundación Cultural da Estrada, col. Dos arquivos do Mome, decembro 2014, 83 pp. (DL: PO 727-2014).

Peza dramática de Santiago Cortegoso (Domaio-Moaña, 1974), dividida en oito actos, nos que actúan cinco personaxes con mundos interiores complexos: Amparo, unha anciá enferma; Janis, unha muller bipolar; Ritchie, un musicólogo politoxicómano; Alex, un gigoló comprometido; e Joan Baez, crente e practicante. A acción transcorre nun espazo pechado: a casa de Amparo, onde vive con Janis e Ritchie, e en cuxo baixo hai unha tenda de discos de colección. Céntrase no concepto da dependencia a todos os niveis: sexual, amoroso, económico, familiar… e relaciónao con outras realidades coma a drogadicción, a violencia, a prostitución, o vandalismo ou o rock and roll. Este universo temático permítelle ao autor realizar unha crítica aos tempos actuais en contraposición aos pasados, a través do diálogo preciso e perfectamente desenvolto dos personaxes.

**Recensións:**

- Armando Requeixo, "Time out", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 894, "letras Atlánticas", 16 agosto 2015, p. 28.

En primeiro lugar, fala brevemente de dúas das obras que o autor publicou con anterioridade: *Intercom-ba-by* e *Despois do sinal*. A continuación, sinala que o seu novo libro é "unha sinfonía teatral, un percutir triunfal, Wagner rabioso que esmaga os cerebros depauperados polo capitalismo cínico e hipócrita". Destaca a presenza de temas como a soidade, o amor truncado e as oportunidades perdidas, entre outros. Ademais, sinala a "feliz decisión" de outorgarlle á obra o III Premio MOME de Teatro Varela Buxán.

# XII.4. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

## XII.4.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

**Neira Vilas**, Xosé, *Con Anisia Miranda na Costa da Morte*, A Coruña: Edicións Embora, outubro 2014, 150 pp. (ISBN: 978-84-92644-86-5).

Monografía de Xosé Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces-Pontevedra,1928-2015) que se concibiu como unha recompilación das experiencias, sucesos e vivencias do autor e a súa muller coa Costa da Morte. Principia cun texto a modo de introdución "Adiante", onde comenta a chegada do autor con Anisia Miranda, en 1981, á Costa da Morte. O volume está estruturado en catro apartados. O primeiro, "Dietario persoal de X. N. V.", recolle acontecementos que van dende o 16 de setembro de 1981 até o 30 de agosto de 2014. Posteriormente, en "Traballos publicados" e "Discursos, pregóns e outros textos", presenta textos de diversa índole relacionados cos veciños, amizades e sucesos acontecidos arredor da Costa da Morte. Pecha o volume un "Apéndice gráfico" con fotos representativas, carteis e cubertas de libros.

**Vilas Meis**, Diana e Óscar **Rodríguez García**, *Cousas de nenos. Unha aproximación á representación da infancia en* Cousas da vida *de Castelao*, prol. Valeriano Bozal, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 2014, 129 pp. (ISBN: 978-84-8457-428-6). ◆

Despois da presentación institucional reprodúcese o prólogo de Valeriano Bozal no que salienta a capacidade dos deseños de Daniel Alfonso Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950) para facer pensar máis alá da representación icónica, na que as nenas e nenos son os elementos centrais que propician a reflexión a través de recursos como a sobriedade e a síntese, os cales levan á suxestión para crear arquetipos. A seguir, aparece un limiar dos autores, Diana Vilas Meis e Óscar Rodríguez García, no que adiantan o seu interese pola temática tratada e os contidos dos catro capítulos que conforman a obra, os cales levan por título "A infancia na arte", "Máis alá de Castelao; outras visións da infancia galega", "O ideario artístico de Castelao" e "As *Cousas de nenos*". A partir desta estrutura desenvolven unha "historia sobre a infancia" que toma como fío condutor as representacións que dos máis novos fixo o autor rianxeiro en oitenta e unha estampas, a través das que estudan as actitudes sociais da Galicia do momento e contrastan a infancia vivida coa infancia construída polo artista. Reprodúcese cada unha das *Cousas* acompañada da súa análise. Para este estudo recórrese ao agrupamento temático para analizar o conxunto, que salienta polo seu carácter transversal, configurando unhas reflexións atemporais e universais baseadas en trazos idiosincráticos da Galicia de inicios do século XX. Conclúen que con este estudo se pon de manifesto o diagnóstico lúcido, rigoroso e crítico de Castelao sobre determinadas problemáticas que inciden no mundo da infancia e na Galicia do seu tempo, dende os roles dos membros da familia, as problemáticas do sistema educativo ou as causas que levan ao desamparo dos máis novos, todo baixo unha ollada lúcida que reflicte e critica actitudes, feitos ou tradicións, convertendo a nenas e nenos en depositarios e conciencia da fatalidade, aínda que tamén como recanto de esperanza.

# XII.5. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

## XII.5.1. NARRATIVA

### XII.5.1.1. NARRADORES GALEGOS

**Pita**, Charo, *Quen pode vencer o vento?*, ilust. Marion Arbona, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [prelectorado], novembro 2014, 48 pp. (ISBN: 978-84-9871-506-4).

Álbum narrativo de Charo Pita (A Coruña, 1966) localizado nun tempo pasado no que os humanos cultivaban a terra e vivían en poboados. Os protagonistas do relato son os animais salvaxes que traballan conxuntamente coas persoas nos diversos labores do campo. Un día os cultivos comezan a secar debido á falta de choiva e os bechos deciden visitar ao vento para intentar arranxar a situación. Porén, o vento, a cambio de levarlles auga, quere que un deles o venza nunha carreira e especifica "se queres gañar, non mires atrás". O león, a hiena e a lebre son derrotados polo vento, uns tras outros acaban tropezando ou caendo por botar a vista atrás. Finalmente proponse voluntaria a tartaruga, o que desencadeará un inesperado resultado. Narración fabulada, en terceira persoa, que xira arredor da humildade como acompañante do triunfo. A ilustradora Marion Arbona (Francia) ofrece un traballo onde a plasticidade do trazo do grafito e a expresividade no uso das cores vivas e saturadas aparecen conxugadas á perfección. Mediante contrastes cromáticos e lumínicos (xogando co branco do papel) consegue crear unha atmosfera persoal, alegre e chea de vida onde situar a historia. Arbona amosa gran habilidade e dominio na distribución dos elementos na páxina imprimindo gran dinamismo ás composicións. Tanto a cuberta como as páxinas interiores aparecen ateigadas de personaxes sen comprometer o ritmo áxil do relato.

### XII.5.1.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

**García Teijeiro**, Antonio, *A nena do parque*, ilust. Nuria Díaz, Ferrol: Edicións Embora, [lectorado autónomo], novembro 2014, 29 pp. (ISBN: 978-84-92644-89-6).

Reedición aumentada e revisada do relato fantástico de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) denominado orixinalmente *Noa* (Galaxia, 1989, col. "A Chalupa"). Principia con dúas dedicatorias, unha para a súa filla Noa e outra para a súa sobriña Libby, que se presenta como unha nova nesta edición. En terceira persoa, narra a historia da protagonista, unha nena que quere protexer a natureza e que reflexiona sobre o dano que o ser humano provoca no mundo. *A nena do parque* presenta novos personaxes que non aparecían en *Noa*, como o poeta da vila ou a profesora de galego. Ademais, engade profundidade ao personaxe protagonista e versos ao texto orixinal para outorgarlle un ton máis poético. As ilustracións de Nuria Díaz (Vilagarcía de Arousa, 1982) reforzan o ton poético da obra. As tonalidades suaves empregadas na cuberta en combinación co trazo do grafito tan característico no traballo de Nuria D. fan máis sutil o paso ás ilustracións interiores en escala de grises. Tanto as composicións, os escenarios e personaxes creados destacan pola súa simplicidade e mirada amable, concluíndo nunha

proposta plástica chea de sensibilidade que nutre cunha mirada inocente e cun certo aire naif o relato.

**Recensións:**

- Ana Moreda, "O amor no universo mariñeiro", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 9 agosto 2015, p. 6.

Comeza indicando que se trata dunha reedición e que nela se transmiten "valores de contido ecolóxico e social a través da ollada infantil da súa protagonista". Salienta o emprego dunha "prosa poética característica do autor, a través da cal o lector sente como propia a tristura de Noa pola decadente situación de abandono do parque, ao que leva acudindo acotío desde ben pequena". Incide que pretende transmitir como valores o ecoloxismo, a igualdade de xénero e a denuncia de problemáticas sociais caso da corrupción política.

**Manuel María**, *O bigote de Mimí*, A Coruña: Fundación Manuel María de Estudos Galegos, 2014, 43 pp. (ISBN: 978-84-942893-3-0). ◆

Reedición deste conto fantástico-realista de Manuel María (Outeiro de Rei, 1930-A Coruña, 2004), publicado en 2003 en Everest Galicia na colección "Montaña encantada" e descrito no *Informe de literatura 2003*. Os cambios salientábeis con respecto á primeira edición son a mudanza da editorial así como a presenza de ilustracións da autoría de Xaquín Marín.

# XII.5.1.3. TRADUCIÓNS. VERSIÓNS. REEDICIÓNS

**Bruno**, Pep, *Os camiños das árbores (Los caminos de los árboles),* ilust. Mariona Cabassa, trad. María Alonso Seisdedos, Fraga (Huesca): Ediciones La Fragatina, col. Lo Mullarero, [prelectorado e lectorado autónomo], abril 2014, [30] pp. (ISBN: 978-84-942502-0-0).

Álbum realista, de Pep Bruno (Barcelona, 1971), no que se conta, por medio dun narrador en terceira persoa, a relación de afinidade que se estabelece entre un neno e o seu avó. Ao longo da historia o avó vaille dando resposta a medos e dúbidas que ten o seu neto á hora de subir a unha ameixeira. Grazas a iso, logra facerlle ver que, na vida, os nosos adentros son o fío que nos move ao longo dos diferentes camiños. A ilustradora, Mariona Cabassa (Barcelona, 1977), apoia o texto con imaxes que amplían a información ofrecida polo texto. Emprega unha técnica mixta na que tanto hai formas recortadas e rotulador como debuxos a lapis acuarelas ou trazos de ceras. As composicións son sinxelas, con formas sintéticas e moitos detalles da natureza que acompañan aos textos enriquecéndoos.

**Juventeny**, Raimon, *Manual do bo paseante. Descrición en vinte puntos* (*Manual del buen paseante*), ilust. do autor, trad. Xosé Ballesteros, pról. Carl Honoré, Pontevedra: Faktoría K de Libros, [lectorado mozo], xuño 2014, [42] pp. (ISBN: 978-84-15250-71-5).

Conto de Raimon Juventeny (Barcelona, 1977), quen tamén asina as ilustracións, e que se abre coa dedicatoria "Para Carlota, Jana e Nora". Continúa cun prólogo asinado por Carl Honoré (Escocia, 1967) no cal rexeita os malos hábitos como coller o coche para ir a calquera lugar aínda que estea preto ou andar con présas sen reparar no que nos rodea. O prologuista mantén que o bo paseante é o que leva un ritmo sosegado e saborea os detalles, de xeito que o paseo se converte nun exercicio de coñecemento. O libro de Juventeny trata precisamente esta cuestión e preséntase como un manual que recolle consellos e suxestións para o paseante. A través de vinte puntos exprésase unha idea concreta como non ter apuro no andar, observar os detalles do arredor ou recordar unha melodía. Péchase cos agradecementos a varias persoas. Por último, o propósito do libro é animar a ter outra xeito de entender os paseos nos cales saquemos proveito e coñecementos. O autor coloca en imaxes a deriva dun paseante que recorre as páxinas deste álbum cunhas imaxes sinxelas, esquemáticas e cheas de poesía. As tonalidades cálidas deste álbum reforzan un estilo con formas simples que conseguen artellar unha narración visual serena, que transcorre placidamente, sen sobresaltos nin contrastes acusados.

**Mazo**, Margarita del, *O rabaño* (*El rebaño*), ilust. Guridi, trad. María Alonso Seisdedos, Fraga (Huesca): Edicións la fragantina, col. Lo mullarero, [prelectorado], setembro 2014, [34] pp. (ISBN: 978-84-16226-03-0).

Álbum narrativo de Margarita del Mazo (Toledo, 1960) acompañado das ilustracións de Raúl Nieto Guridi (Sevilla, 1970) que principia con dúas citas: a primeira asinada pola escritora "Aos que logran facernos saltar moi alto" e a segunda polo ilustrador "Aos meus amigos, a todos os que se atreven a dicir non...". Narra a historia dunha ovella que pertence a un rabaño cuxa única finalidade é axudar a durmir a Miguel cando el non pode. O seu traballo consiste en saltar por orde até que o neno quede durmido, porén unha noite a ovella número catro decide non saltar o balado. O relato presenta un final sorprendente e tenro no que a negativa da ovella acaba por converterse na solución a todos os problemas. A proposta plástica do ilustrador Guridi reforza o ton divertido e poético do texto. Faino cun trazo solto e expresivo onde combina a plástica do garabato cun aire caricaturesco co que dar conta das emocións polas que pasan as personaxes. As ilustracións a dobre páxina sucédense con dinamismo e coidado compositivo; en tres delas o fondo negro procura a mirada atenta dos lectores para saír por un momento da fantasía e conectar coa realidade do protagonista, Miguel. O conxunto é un traballo fresco e inocente de ilustracións de liña sinxela na que se aposta pola expresividade.

# XII.5.2. POESÍA

# XII.5.2.1. POETAS GALEGOS

**Golfiños**, *Té, chocolate, café,* ilust. dos autores, [Bilbao]: Gestión Cultural, maio 2014, [prelectorado e lectorado autónomo], [36] pp. (ISBN: 978-84-6169-715-1).

Libro disco do colectivo Golfiños, integrado por Elena Paz, Diego Paz e Xosé Liz. Principia cun texto, a modo de presentación, de Andrea Bayer e está composto por 14 composicións de ton desenfadado: "Bo día", "Té chocolate, café", "Adiviñas", "O Peixe salmonete", "Brubribré", "Os cabalos de Rosiña", "A selva", "Fíos", "O sorriso de Daniela", "Durme, durme negriño", "Martes", "Cinco patiños", "A Xaneliña" e "Aburrido". A obra complétase coas ilustracións de corte infantil de Carlota Liz e Elena Paz. Inspirándose e aproveitando debuxos infantís realizan as ilustracións. Cada canción vai acompañada dunhas imaxes xeradas por ordenador, onde letras, textos e debuxos organizan unhas composicións moi simpáticas e agradábeis.

**Nogueira**, Paulo e Magoia **Bodega** (directores do proxecto), *Non hai berce coma o colo*, ilust. Mariona Cabassa, pról. Mini, Pontevedra: Kalandraka Editora, [prelectorado e lectorado autónomo], 2014, [48] pp. (ISBN: 978-84-8464-907-6).

Proxecto levado a cabo por Paulo Nogueira e Magoia Bodega que conta coa colaboración de Mariona Cabassa (Barcelona, 1977) nas ilustracións. O libro ábrese con dúas dedicatorias, unha asinada conxuntamente polos directores do proxecto e a outra pola ilustradora. Deseguido conta cunha introdución na cal Paulo Nogueira e Magoia Bodega explican o motivo deste traballo: recuperar os cantares de berce para que non se esquezan e para que continúen a herdarse de xeración en xeración. A continuación o prólogo, asinado polo músico Mini, reflexiona sobre o papel das nais como cantareiras e transmisoras da lingua. Describe os cantares de berce como melodías suaves e doces para cantar a media voz mentres se acompaña co arrolo que o pai ou a nai dan á crianza. O prologuista afirma que estas cantigas dan seguridade ao cativo e que as letras adoitan facer referencia á vida e ás ilusións malia as cousas mudaren no noso presente. O libro pretende, por tanto, recuperar e cantar as cantigas de arrolo e ofrécenos quince composicións tomadas de diversos lugares da xeografía galega (Domaio, Riós, Cuñas, Meira ou Ribeira de Piquín). A extensión destas cantigas é variábel ("Non hai berce coma o colo" son apenas tres versos que contrasta coas nove estrofas de "Arrolo de Domaio"). Todas as cantigas son recollidas da tradición cultural agás "Canto de berce", que é unha peza instrumental asinada polo músico Roxelio Groba. Nas ilustracións de Mariona Cabassa (Barcelona, 1977) a cor é a protagonista. Son composicións amábeis nas que predominan as liñas curvas. Utiliza cores alegres e saturadas para representar escenas acolledoras mediante imaxes sinxelas que acompañan os versos.

# XII.5.3. CÓMIC

# XII.5.3.1. GALEGOS

**Iglesias,** Fernando, *Dédalus en Compostela*, ilust. do autor, Ourense: Deputación Provincial de Ourense e Fundación Vicente Risco, [mocidade], 2014, 44 pp. (ISBN Fundación Vicente Risco: 978-84-942726-2-2) (ISBN Deputación de Ourense: 978-84-92554-83-6). ◆

Banda deseñada realizada integramente por Fernando Iglesias (Vilagarcía de Arousa, 1967) e asinada baixo o pseudónimo Kohell que adapta o texto narrativo homónimo da autoría de Vicente Risco publicado no volume *Leria* en 1961, o cal recolle diferentes traballos do autor escritos antes da guerra civil. Esta información é proporcionada por un primeiro limiar realizado por José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense, no cal tamén se fai referencia ao protagonista da obra, Dédalus, ideado por Risco como alter ego literario do escritor irlandés James Joyce, e á peregrinaxe que realiza á capital de Galicia. Un segundo limiar da autoría de Arturo Lezcano como representante da Fundación Vicente Risco, afonda no coñecemento da obra e na referencialidade do protagonista coa figura do escritor irlandés. A historia é narrada en primeira persoa por un personaxe que se identifica coa figura de Vicente Risco, o cal sitúa os feitos un venres (día da Ascensión) de 1926 en Santiago de Compostela. Alí atopa por segunda vez a Stephen Dédalus, do cal nos conta que xa o viñera visitar o pasado inverno no seu despacho de Ourense. Nesta ocasión atópase nunha libraría de Santiago cun Dédalus moito máis novo, de dezanove anos, co cal comeza a falar mentres pasean pola cidade até chegar á Catedral. Nesta conversa, Dédalus manifféstalle a Risco a súa intención de morrer naquel lugar, para así converterse no derradeiro peregrino. Ante esta declaración, Risco formúlalle tres preguntas que son contestadas baixo presupostos propios da metafísica que afondan na dicotomía ceo-inferno, os vicios e a pertenza a unha patria. Para elaborar a súa resposta, Dédalus mostra un amplo coñecemento das crenzas e da cultura galega para rematar afirmando que é a este lugar onde pertence en esencia. Finalmente a obra remata cunha última reflexión de Risco acerca da veracidade empírica do relatado, a cal afirma non poder confirmar, mais existe, de feito, na percepción do mundo interior do propio autor. En canto aos debuxos Kohell muda o seu estilo cara a un sistema de viñetas máis ordenado e sobrio que favorece a lexibilidade do texto complexo. A estrutura predominante da páxina é de 6x2 con caixas rectangulares en vertical que só se rompe puntualmente para representar imaxes oníricas da Santa Compaña, o ceo e o inferno ou, en outras ocasións, para salientar a presenza da cidade. Os debuxos, de liñas simples, claras e poderosas están próximas ao cartoon e acadan unha certa profundidade grazas aos sombreados de liñas finas inspiradas no autor Christophe Blain. A partir dunha paleta limitada de cores saturadas e cálidas, hai unha aplicación narrativa na que sobresae a presenza intensiva do granate e o alto contraste. As imaxes ilustran o texto, especialmente o diálogo entre Risco e Joyce, con abundancia de primeiros planos, ademais do paseo polas rúas de Compostela.

**Referencias varias:**

- Belén López, “Fernando Iglesias. ‘Galicia ten material humano para unha industria do cómic propia dende hai anos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Cultural”, 18 xuño 2015, p. 10.

Conversa co autor deste cómic na que fala do proceso de adaptación do relato de Vicente Risco, define a obra como “relato visionario”, do seu traballo como mestre da escola de cómic O Garaxe Hermético e do futuro da banda deseñada galega.

# XII.6. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

## XII.6.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

**Cebeiro Fernández**, José María e Xosé Francisco **Noia Souto**, *Boqueixón, música e tradición*, [Teo]: A. C. A Regionalista, 2014, 64 pp. (DL: C 2193-2014). Inclúe CD.

Volume que recolle información sobre diversos aspectos culturais relacionados co concello de Boqueixón e co que se pretende facer unha homenaxe a todas aquelas persoas que viviron nel. Para a realización desta obra contouse coa colaboración dalgúns veciños e veciñas de Boqueixón, grazas a quen se obtivo información sobre celebracións como o entroido ou o Nadal e se puideron recoller fotografías, cantares e coplas. O contido da obra divídese en cinco apartados: "O Nadal", "O entroido", "Os maios", "O estío", e "Actualidade en Boqueixón. O tecido asociativo". O volume comeza cunhas palabras de agradecemento por parte do alcalde e unha carta de presentación, e remata cuns agradecementos ás persoas que fixeron posíbel a obra. Este traballo está acompañado por un disco no que podemos escoitar algúns cantos recollidos e explicacións dalgunhas celebracións.

**Referencias varias:**

- M. T., "Presentan 'Boqueixón, música e tradición sobre la cultura popular, el día 8", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 1.176, 6 febreiro 2015, p. 5.

Infórmase da celebración dun acto de presentación deste libro-CD, no que se estuda a cultura tradicional de Boqueixón. Destácase a participación dos veciños da localidade e a actuación de grupos de música tradicional para amenizar a sesión.

**Fernández Fernández**, Xosé, *Vicente Risco, mestre de mestres*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense / Fundación Vicente Risco, 2014, 512 pp. (ISBN Fundación Vicente Risco: 978-84-942726-3-9) (ISBN Deputación Provincial de Ourense: 978-84-92554-78-2).

Volume de Xosé Fernández Fernández (Maside, 1958) que profunda nos coñecementos das implicacións de Vicente Risco no ámbito educativo. Entre os distintos capítulos hai un titulado "Literatura popular e tradición oral ao servizo da escola" que sinala a dificultade que supuxo para Risco estudar o folclore galego e cita algunhas das súas obras en relación con esta temática. Ademais, presenta os tres grandes bloques nos que o escritor dividía a literatura popular: o narrativo (lendas, contos e romances), o didáctico (cantigas, refráns, proverbios, trabalinguas, adiviñas…) e o dramático (entremeses do Entroido, autos sacramentais…). Por último, dentro deste mesmo capítulo, comenta o proveito da literatura popular para a praxe escolar.

**González Pérez**, Clodio, *O Gran libro de San Cibrán ou Tesouro do Feiticeiro*, Noia: Editorial Toxosoutos, decembro 2014, 186 pp. (ISBN: 978-84-943014-2-1).

Clodio González Pérez (Cenlle, Ourense, 1947) recupera este libro esotérico de fondo enraizamento na cultura popular galega. Contén un limiar no que o propio autor lembra o primeiro achegamento a esta obra, coñecida popularmente polo *Ciprianillo*, e refírese ademais ao número exiguo de manuscritos e impresos que se coñecían del ao redor da década dos anos 70. Apunta que houbo posteriores reedicións da obra, das que a primeira versión galega foi realizada por Xosé María Álvarez Blázquez, e que a partir da versión castelá en 1985 gozou de boa acollida comercial polo que deixou de ser exclusivo de bibliófilos e curiosos. Para rematar, apunta que aínda hoxe en día, moitas persoas seguen crendo no poder prodixioso dos seus feitizos, ensalmos e receitas. Séguelle un estudo introdutorio baixo o título de "O libro de San Cibrán... máis que un libro", no que se realiza unha aproximación ao contido do libro, á súa posíbel autoría, á chegada ao país deste texto esotérico e á relación dos tesouros de Galicia, así como á vixencia das prácticas de feitizos e esconxuros que se detallan no libro. Conclúe este estudo previo cunha epígrafe na que se anotan cuestións vencelladas á presente edición, informando que hai notas modernas do editor, "respectando sempre as poucas que figuran no orixinal". Contén ademais unha sección bibliográfica. A continuación, "O gran libro de San Cibrán ou tesouro do feiticeiro", co subtítulo de "Historia verdadeira acontecida no reino de Galicia", está xebrado en seis partes. É o terceiro dos volumes que completan a edición publicada en 1893 pola Livraria Económica de Domingos Fernandes de Lisboa. As seccións son: os "Grimorios de san Cibrán ou prodixios do diaño. Historia verdadeira acontecida no reino de Galicia", que conta a historia de Vítor Siderol, o labrador francés que descubre este libro de feitizos; "Os tesouros de Galicia", extracto dun pergamiño achado no século XII no que se recollen os tesouros agochados polos mouros e romanos; os "Espíritos diabólicos que infestan as casas con estrondos e remedios para evitalos", composto por dous capítulos; os "Poderes ocultos do odio e do amor", descubertos polo mago Jannes e practicados por san Cibrán; a "Alquimia ou arte de facer ouro"; e "A feiticeira de Évora ou a historia de sempre noiva", tirada dun manuscrito de Amador Patricio datado en Salvaterra o 23 de abril de 1614. O volume contén deseños modernos de Xoán Ramón Marín Martínez, agás a ilustración da cuberta que pertence á edición decimonónica.

**Reigosa**, Antonio, *Galicia encantada. O país das mil e unha fantasías*, pról. Xabier P. Docampo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Libro X, n.º 8, 2014, 240 pp. (ISBN: 978-84-9914-780-2).

Recompilación a cargo de Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, 1958) dunha parte dos documentos que forman parte da enciclopedia virtual *Galicia Encantada.* Ábrese cun "Prólogo", asinado por Xabier P. Docampo, quen reflexiona sobre os elementos característicos da narración, e séguelle unha presentación asinada polo creador e coordinador, Antonio Reigosa que, baixo o título "O país das mil e unha fantasías", indica que o proxecto naceu hai dez anos na internet e comenta que medrou até a actualidade, celebrando que sexa un proxecto que segue vivo, ao tempo que destaca as achegas de profesorado e alumnado de moitos centros escolares de Galicia ou de galegos e galegas que andan polo mundo. Sinala tamén que esta publicación ten como obxectivo homenaxear ás persoas que achegaron documentos e datos para o proveito xeral e que son unha "pequínisima parte do publicado na web". A continuación, aparece

unha longa listaxe de agradecementos, que contén os nomes dos colaboradores. O volume xébrase tematicamente en vinte e oito apartados, compostos por unha totalidade de cen historias relacionadas co imaxinario marabilloso de Galicia en relación a cuestións tales como o alén, a astroloxía e meteoroloxía, o poder das fontes, os monstros, o demo, os edificios encantados, a fauna máxica, a flora, as lendas urbanas, os heroes e heroínas, os lugares míticos, o lume, a medicina tradicional, a mitoloxía relixiosa, a morte, as pedras, os ritos, a peregrinaxe, os seres míticos, os tesouros ou os xogos. O último titúlase "Poéticas do imaxinario" e contén dúas composicións de Marta Dacosta e Antonio García Teijeiro, respectivamente. Entre a ampla nómina de colaboradores, máis de cincuenta, destácase a Xabier López Rodríguez, Helena Villar Janeiro, Calros Solla, Rafa Quintiá, Isidro Novo, Xesús Fraga ou Xurxo Souto. Nalgunhas historias engádense, con frecuencia, notas a pé de páxina, ofrecendo información sobre as fontes, a persoa recompiladora, etc. Para rematar, engádese un apartado de bibliografía consultada, tamén con webs e blogs citados.

**Recensións:**

- Francisco Martínez Bouzas, "País encantado", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 538, "Libros", 16 abril 2015, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 493, "Letras galegas", 25 abril 2015, p. 10.

Sinala que esta obra de Antonio Reigosa divulga un cento de historias pertencentes á mitoloxía, á simboloxía e á contística galega, transmitidas durante anos a través da oralidade. Destaca a importancia do material recollido, que constitúe un rexistro enciclopédico da cultura galega cotiá, rural e mariñeira. Dá conta do amplo número de colaboradores no proxecto e recorda a figura de Cunqueiro "Somos a metade soño".

**Referencias varias:**

- Jaureguizar, "Reigosa busca 'dar sentido' nun libro a lendas coma as zapatillas colgadas", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 11 febreiro 2015, p. 57.

Dá conta da presentación desta obra en Lugo. Sinala que é unha escolma levada a cabo por Antonio Reigosa na que se acolleron arredor de 2.500 narracións achegadas por 150 informantes, especialmente vinculadas coa provincia de Lugo. Comenta que se pretende dar acollida a unha representación de toda Galicia.

- R. Nicolás, "O tesouro da tradición oral", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Letras", "En galego", 15 maio 2015, p. 12.

Coméntase que esta obra tivo a súa orixe nun proxecto na rede e que acolle "centos de mitos, lendas, ritos, contos e outros ducedidos como as chamadas 'lendas urbanas". Indícase que supón un "tesouro que cómpre recoñecer e coñecer".

**Villarino Espino**, Julio, *Contos e lendas de Baiona*, Santiago de Compostela: Sacaúntos, 2014, 110 pp. (ISBN: 978-84-16121-25-0).

Compilación de lendas pertencentes á tradición oral de Baiona, adaptadas por Julio Eulogio Villarino Espino (Sevilla, 1982), e acompañadas de debuxos elaborados polo ilustrador Jacobo Lijó Viaño (1981). O libro áchase composto por un total de dez contos, enumerados con cifras romanas: “A ponte da Ramallosa”, “A cala das serpes”, “A guerra dos Herminios”, “A calella das Sete Esquinas”, “As pantasmas da Colexiata”, “As campás da Colexiata”, “A tumba do pirata Pata de Pau”, “A moura da Fonte do Pombal”, “O ouro dos mortos das Estelas”, “O demo en Baiona”. As historias desenvólvense a través dunha linguaxe sinxela, centrando a acción na maioría das veces na vila de Baiona. Péchase esta edición con agradecementos e notas. Nos agradecementos indícase que se trata dunha obra literaria que ten como base os contos e lendas da tradición oral de Baiona, mais que presentan liberdade narrativa. Por exemplo, na lenda que leva por título “A guerra dos Herminios” sinálase que está inspirada na campaña de Caio Xulio César contra os Herminios durante a súa segunda prefectura en Hispania.

# XII.7. LITERATURA MEDIEVAL

## XII.7.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

**Asaka**, Takekazu, *Xograr Martin Codax*, pról. Xesús Alonso Montero, Xapón, 2014, [96] pp. [resto de datos en xaponés].

Tradución bilingüe galego-xaponés realizada polo especialista Takekazu Asaka (Toquio, 1952) das sete cantigas de amigo do trobador Martin Codax. O volume consta, ademais, dun prólogo titulado "Sete poemas de amor escritos en galego do século XIII traducidos ó xaponés do século XXI" realizado por Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega (RAG), dunha reprodución fotográfica do Pergamiño Vindel onde se atoparon esas sete cantigas; dunha introdución contextual e analítica do propio tradutor da obra; dun selecto glosario galego medieval-xaponés e dunha completa bibliografía crítica. A obra complétase, finalmente, coa inclusión dun CD no que Yuri Ensemble interpreta musicalmente as sete composicións.

**Referencias varias:**

- Javier García, "As cantigas de Codax xa teñen unha tradución ao xaponés", *El Correo Gallego*, 1 agosto 2015, p. 52

Dá conta do acto de presentación da obra no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) no que participaron o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, o presidente da Real Academia Galega (RAG), Xesús Alonso Montero, o académico e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, Francisco Fernández Rei, o presidente do CRIPH, Armando Requeixo, e o propio autor da obra, Takekazu Asaka. Ademais, a nova inclúe un resumo detallado do volume e achega datos sobre a relación que Asaka mantén con Galicia e coa lingua galega.

- Xurxo Melchor, "Editan unha tradución ao xaponés das sete cantigas de Martin Codax", *La Voz de Galicia*, 1 agosto 2015, p. 39.

A nova resume o acto de presentación da obra de tradución dos sete poemas de Martin Codax da man do profesor nipón Takekazu Asaka. No resumo do acto cítanse algunhas das palabras emitidas polos encargados de presentar o libro. Cédese, tamén, un espazo da páxina para afondar sobre a figura do profesor Asaka e da singular relación deste con Galicia, destacando o seu labor de divulgador da lingua e cultura galega en Xapón.

**Pazos,** Cándido, *Códice Calixtino en los Caminos a Santiago*, [Santiago de Compostela]: Tórculo Comunicación Gráfica, 2014, [300] pp. (ISBN: 978-84-615-7426-1).

Adaptación do capítulo do Códice Calixtino dedicado aos camiños de peregrinación xacobea. A publicación achega ao peregrino ou ao lector interesado esta guía do século

XII, que recolle os itinerarios do Camiño de Santiago. O texto, escrito en castelán e acompañado de tradución a sete linguas -inglés, francés, alemán, xaponés, italiano, portugués e galego-, repasa minuciosamente as etapas galegas dos seis camiños trazados na obra. O libro percorre cidades, vilas e parroquias galegas e achega información, entre outras moitas cuestións de interese para o peregrino, sobre súa historia, os seus paisaxes e os seus templos. Decórase a lectura con ilustracións do autor, Cándido Pazos, ou reproducións facsimilares dalgunhas seccións do códice, que completan esteticamente a edición.

**Referencias varias:**

**-** A. Mauleón, "Cándido Pazos: 'El Códice Calixtino es la primera guía turística conocida", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 24 abril 2015, p. 44.

Informa do acto de presentación da obra na que Cándido Pazos realiza unha adaptación contemporánea do manuscrito traducindo a sete linguas o camiño francés. Indica que inclúe unha copia dalgunhas páxinas orixinais da obra medieval coa colaboración do Cabildo. Tamén comenta que o artista compostelán tamén presentou *El Quijote Políglota* no que traduce a galego o capítulo 32 desta obra mestra.

**-** Sara P. Seijo e I. C., "Premio para Javier Solana al final del Camino", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 21 agosto 2015, contracuberta.

Entre outras cuestións, dá conta de que o artista Cándido Pazos dedicou un exemplar da súa obra ao ex-ministro socialista Javier Solana.